

Xogo popular e Educación Física. Unha investigación etnográfica no Concello de Malpica de Bergantiños

Autor: Apolinar Graña Varela

Tese doutoral/2015

Directores: Mar Rodríguez Romero/Raúl Fraguela Vale

Departamento de Didácticas específicas



NOTA

Nesta investigación empregamos o estilo de citación de autores tomando como referencia o manual da APA 3ª edición traducida do ano 2010 e as súas respectivas actualizacións recollidas no sitio web <http://www.apastyle.org/> .

Para aquelas persoas que estean interesadas en citarme rogaría e agradecería que me citasen polo meu segundo apelido, xa que é o que emprego habitualmente. Exemplo: Varela, A. (2015).



MARÍA DEL MAR RODRÍGUEZ ROMERO, PROFESORA TITULAR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN.

RAÚL FRAGUELA VALE, PROFESOR TITULAR (DOUTOR) ESCOLA UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

CODIRECTORES DA TESE PRESENTADA POR:

D. Apolinar Graña Varela

Titulada: Xogo popular e Educación Física. Unha investigación etnográfica no concello de Malpica de Bergantiños.

FAN CONSTAR QUE:

A DEVANDITA TESE REÚNE OS REQUISITOS TEÓRICOS, CIÉNTIFIOS E METODOLÓXICOS DEBE TER UN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN DESTA ÍNDOLE, DANDO O SEU VISTO BO PARA A LECTURA E DEFENSA PARA OBTER O TÍTULO DE DOUTOR.

A Coruña 9 de xullo do 2015

Raúl Fraguela Vale Facultade de Ciencias da Educación - Campus de Elviña - s/n 15071 A Coruña
Telf.:981167000/ ext.: 4619. Correo: raul.fraguela@udc.es

Mar Rodríguez Romero Facultade de Ciencias da Educación – Campus de Elviña- s/n 15071 A Coruña
Telf: 981167000/ ext: 1721. Correo: mar.rromero@udc.es

Eugenia†

Sempre no corazón

*A la mano muerta,
ciérrame esa puerta,
que si viene el cura,
dile que estoy muerta.*

Non desesperedes, os que de verdade sintades a emoción galega, seguides sempre con fe, e se se vos ocorre pensar acaso se sementades ou se só esparexedes, desbotade ese pensamento e tede por certo que calquera traballo, grande ou pequeno, duro u liviá, que emprendades en nome de Galicia, sempre é sementeira (Florentino L. Cuevillas).

AGRADECEMENTOS

A miña nai Carmen Manuela e a meu irmán Adrián polo seu amor e apoio nos momentos máis duros. Nada disto tería sido posible sen vós.

Aos meus directores Mar e Raúl, pola súa axuda, consellos e confidencias compartidas nesta travesía chea de pozas que non impediron chegar ao destino. Graciñas por todo!!

Á REDE RINEF-CISOC pola miña aceptación na súa dinámica e pola colaboración económica na impresión da tese.

A Paco Veiga e todo o colectivo da AGXPT, por deixarme colaborar con eles e por manter o xogo popular con vida en Galicia.

A Vanesiña polo seu apoio nestes anos e a súa axuda no tempo de desconto, ademais da súa fotografía na portada.

Ao Concello de Malpica de Bergantiños, en especial a Cristina por abrirme o arquivo fotográfico.

Aos centros educativos e aos profesionais da educación entrevistados pola súa sinceridade e colaboración.

As nativas/os entrevistados por compartir a súa infancia para esta etnografía.

Á Fundación Deporte Galego pola colaboración coa cesión do informe relativo á situación dos xogos populares en Galicia.

A todas as persoas que me queren de corazón, elas saben quen son.

Resumo

En esta investigación aproximámonos ao xogo popular como un elemento sociocultural na infancia e adolescencia de varias xeracións, que conviven nun concello da Costa da Morte. Abordamos o estudo do xogo tratando de describir o impacto e a evolución do fenómeno desde unha perspectiva diacrónica atendendo á súa complexidade, aos informantes, aos escenarios e a algúns elementos como a contorna, o xénero, os valores ou e as canles de comunicación, para deste xeito trazar un retrato do xogo popular na comunidade. Na busca por adaptarnos ao contexto e ao fenómeno de estudo, partimos dun enfoque antropolóxico, apoiándonos no emprego da etnografía como metodoloxía. O desenvolvemento da etnografía permítenos establecer unha relación directa coas nativas/os e cos escenarios, a través de entrevistas, observacións, fotografías, etc. Isto posibilita a exposición dun relato complexo e minucioso da realidade do xogo popular, a través das voces e vivencias da propia poboación interpelada. Podemos extraer como conclusión xeral que, malia ser un contexto rural no que a priori poderíamos pensar que os xogos populares ocuparían un lugar destacado nos hábitos lúdicos das distintas xeracións, tanto no lecer como na escola, a realidade nos amosa todo o contrario, constatando a debilidade do fenómeno actualmente.

Abstract

This research is an approach to the folk games as a cultural element in the childhood of several generations, who live in a council of A Costa da Morte. We study the game from a diachronic perspective and according to its complexity, informers, places and some elements such as the local environment, genders, values or communication channels to thereby draw a portrait of the folk games in the community. We try to adapt the investigation to the context and the phenomenon of study from an anthropological approach, relying on the use of ethnography. The development of ethnography allows us to establish a direct relationship with natives and contexts, through interviews, observations, photographs, etc. This makes possible a complex and meticulous description of the reality of folk games through the voices and experiences of the genuine population. All of that enables us to say that despite being a rural context, in which a priori folk games could occupy a remarkable position in fun routines across these different generations, both in leisure time and in school, the reality shows us the opposite, showing the currently weaknees of the phenomenon.

Resumen

En esta investigación nos aproximamos al juego popular como un elemento sociocultural en la infancia y adolescencia de varias generaciones, que conviven en un ayuntamiento de A Costa da Morte. Abordamos el estudio del juego atendiendo a su complejidad, a los informantes, a los escenarios y a algunos elementos como el entorno, el género, los valores o las vías de comunicación, para de esta manera trazar un retrato del juego popular en la comunidad. En la búsqueda por adaptarnos al contexto y al fenómeno de estudio, partimos de un enfoque antropológico, apoyándonos en el empleo de la etnografía. El desarrollo de la etnografía nos permite establecer una relación directa con las nativas/os y con los escenarios, a través de entrevistas, observaciones, fotografías, etc. Esto posibilita exponer un relato complejo y minucioso de la realidad del juego popular, a través de las voces y vivencias de la propia población interpelada. Podemos extraer como conclusión general que, a pesar de ser un contexto rural en el que a priori podríamos pensar que los juegos populares ocuparían un lugar destacado en los hábitos lúdicos de las distintas generaciones, tanto en el ocio como en la escuela, la realidad nos muestra lo contrario, constatando la debilidad del fenómeno actualmente.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN, XUSTIFICACIÓN DA INVESTIGACIÓN E OBXECTIVOS	1
INTRODUCCIÓN	3
XUSTIFICACIÓN DA INVESTIGACIÓN E OBXECTIVOS	5
MARCO TEÓRICO	9
CAPÍTULO 1. O XOGO: APROXIMACIÓN AO FENÓMENO	11
1. 1. O XOGO, BREVE DEFINICIÓ	13
1. 1. 1. AS RETÓRICAS DO XOGO	16
1. 2. O XOGO POPULAR: ACLARACIÓN SOBRE O TERMO	22
1. 3 XOGO POPULAR: ANTECEDENTES	27
CAPÍTULO 2. O XOGO COMO MANIFESTACIÓN CULTURAL	35
2. 1. O XOGO E A VISIÓN ANTROPOLÓXICA	37
2. 1. 1. OS PRIMEIROS ANTROPÓLOGOS	37
2. 1. 2. HUIZINGA E CAILLOIS	41
2. 1. 3. O NOVO PULO ANTROPOLÓXICO DO XOGO NO SÉCULO XX	45
2. 1. 4. AS ACHEGAS DO ENFOQUE PSICOLÓXICO	49
2. 1. 5. O ESTRUCTURALISMO	59
2. 1. 6. O SIMBOLISMO CULTURAL NO XOGO	62
2. 2. O XOGO POPULAR: AS POSIBLES ORIXES CULTURAIIS	65
2. 2. 1. XOGO POPULAR E OS ELEMENTOS SOCIOCULTURAIIS	69
2. 3. O XOGO POPULAR COMO SOCIOFACTO CULTURAL: ENTRE A VIDA E A MORTE ...	72
CAPÍTULO 3: O XOGO POPULAR NO CONTEXTO EDUCATIVO	83
3. O XOGO POPULAR NO CURRÍCULO DA EF: DA ILE Á LOMCE	85
3. 1. O XOGO POPULAR NA ILE E NA DITADURA	85
3. 2. O XOGO POPULAR NOS CURRÍCULOS DA DEMOCRACIA: DA LOXSE Á LOMCE.	91
3. 2. 1. A LOXSE	92
3. 2. 1. 1. EDUCACIÓN PRIMARIA	93
3. 2. 1. 1. 1. ÁREA DE EF	94
3. 2. 1. 2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	95
3. 2. 1. 2. 1. ÁREA DE EF	96
3. 2. 2. A LOE	98
3. 2. 2. 1. EDUCACIÓN PRIMARIA	98
3. 2. 2. 1. 1. ÁREA DE EF	100
3. 2. 2. 2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	102
3. 2. 2. 2. 1. ÁREA DE EF	104
3. 2. 3. A LOMCE	106
3. 2. 3. 1. EDUCACIÓN PRIMARIA	106
3. 2. 3. 2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	115
3. 3. XOGO POPULAR E AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	121
3. 3. 1. O XOGO POPULAR NAS ACTIVIDADES FÍSICAS EXTRAESCOLARES	122

CAPÍTULO 4: O XOGO POPULAR EN CONTEXTO: OS CONDICIONANTES SOCIOCULTURAI	135
4. 1. O XOGO POPULAR E OS VALORES SOCIOCULTURAI	137
4. 2. O XOGO POPULAR E O XÉNERO	147
4. 3. O XOGO POPULAR E A CONTORNA	159
4. 4. O XOGO POPULAR E OS MATERIAIS: O XOGUETE POPULAR	168
ESTUDO EMPÍRICO	181
CAPÍTULO 5: DESENVOLVEMENTO METODOLÓXICO	183
5. A ETNOGRAFÍA E A METODOLOXÍA CUALITATIVA	185
5. 1 DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO DE CAMPO	187
5. 1. 1. TEMPORALIZACIÓN	187
5. 1. 2. ENTRADA NO CAMPO	188
5. 1. 3. 1. SELECCIÓN DOS INFORMANTES	190
5. 1. 3. 2. SELECCIÓN DOS ESPAZOS DE OBSERVACIÓN	194
5. 1. 3. 3. SELECCIÓN DOS DOCUMENTOS FOTOGRÁFICOS	194
5. 2. 1. ENTREVISTAS	195
5. 2. 1. 1. TIPOS DE ENTREVISTAS	197
5. 2. 1. 2. AS ENTREVISTAS ETNOGRÁFICAS	197
5. 2. 1. 3. AS ENTREVISTAS SEMIESTRUTURADAS	199
5. 2. 2. O INFORME AUTOBIOGRÁFICO	201
5. 2. 3. OS DOCUMENTOS FOTOGRÁFICOS	202
5. 2. 4. A OBSERVACIÓN PARTICIPANTE	203
5. 2. 4. 1. AS OBSERVACIÓNS NO PORTO E NA PRAIA	206
5. 2. 4. 2. AS OBSERVACIÓNS NAS ESCOLAS	207
5. 2. 5. REXISTROS E INSTRUMENTOS NO CAMPO	209
5. 3. ANÁLISE DOS DATOS	210
5. 3. 1. A CODIFICACIÓN DOS DATOS	212
5. 3. 2. ANÁLISE E CLASIFICACIÓN DOS DOCUMENTOS FOTOGRÁFICOS	230
5. 4. A EXPOSICIÓN DOS ACHÁDEGOS	240
5. 4. 1. A CONFIGURACIÓN NON NARRATIVA DOS ACHÁDEGOS: OS MAPAS CONCEPTUAIS E MATRICES CUALITATIVAS	241
5. 4. 2. A CONFIGURACIÓN NARRATIVA DOS ACHÁDEGOS	247
5. 5. CRITERIOS DE CREDIBILIDADE	247
5. 5. 1. FIABILIDADE	248
5. 5. 2. VALIDEZ	249
5. 5. 3. TRIANGULACIÓN	250
5. 6. FORTALEZAS E DEBILIDADES	254
CAPÍTULO 6: PRESENTACIÓN DE ACHÁDEGOS I	259

6. PRESENTACIÓN DA CONFIGURACIÓN NON NARRATIVA DOS ACHÁDEGOS: MAPAS CONCEPTUAIS, MATRICES CUALITATIVAS E TÁBOAS ANÁLITICAS.....	261
6. 1. MAPAS CONCEPTUAIS.....	261
6. 2. MATRICES.....	265
6. 3. TÁBOAS ANÁLITICAS XOGOS E ESPAZOS.....	274
CAPÍTULO 7: PRESENTACIÓN DE ACHÁDEGOS II.....	291
7. CONFIGURACIÓN NARRATIVA DOS ACHÁDEGOS.....	293
7. 1. INFORME ETNOGRÁFICO DESCRIPTIVO.....	293
7. 2. INFORME ETNOGRÁFICO INTERPRETATIVO.....	293
7. 2. 1 O XOGO POPULAR NO CONTEXTO ESCOLAR.....	294
7. 2. 2. O XOGO POPULAR NO CONTEXTO MUNICIPAL.....	306
7. 2. 3. LECER MOCIDADE.....	312
7. 2. 4. OS ESPAZOS DE XOGO.....	317
7. 2. 5. O XÉNERO.....	323
7. 2. 6. VALORES/ANTIVALORES.....	329
7. 2. 7. OS MATERIAIS.....	335
7. 2. 8. VÍAS DE TRANSMISIÓN.....	340
CAPÍTULO 8: CONCLUSIÓNS FINAIS.....	343
8. 1. O PATRIMONIO LÚDICO LOCAL: DA PRÁCTICA Á MEMORIA.....	345
8. 2. O XOGO POPULAR NO CONTEXTO DA EDUCACIÓN FÍSICA ESCOLAR E DA ACTIVIDADE FÍSICA EXTRAESCOLAR: UNHA OPORTUNIDADE DESAPROVEITADA.....	349
8. 3. O XOGO POPULAR NO MARCO SOCIOCULTURAL. A EVOLUCIÓN OU A INVOLUCIÓN LÚDICA POPULAR?.....	355
8. 4. FUTURAS LIÑAS DE INVESTIGACION.....	362
BIBLIOGRAFÍA.....	365
APÉNDICES.....	413
ENTREVISTAS E INFORME AUTOBIOGRÁFICO.....	415
APÉNDICE 1. ENTREVISTAS E INFORME AUTOBIOGRÁFICO.....	417
1. 1. ENTREVISTAS NATIVAS/OS.....	417
1. 1. 1. ENTREVISTA N1.....	417
1. 1. 2. ENTREVISTA N2.....	430
1. 1. 3. ENTREVISTA N3.....	441
1. 1. 4. ENTREVISTA N4.....	457
1. 1. 5. ENTREVISTA N5.....	464
1. 1. 6. ENTREVISTA N6.....	472
1. 1. 9. ENTREVISTA NCD2.....	480
1. 1. 7. ENTREVISTA N7.....	498
1. 1. 8. ENTREVISTA N8.....	507

1. 1. 10. ENTREVISTA N9	522
1. 1. 11. ENTREVISTAS N10	531
1. 2. ENTREVISTAS DOCENTES	565
1. 2. 1. ENTREVISTA DP1	565
1. 2. 2. ENTREVISTA DP2	578
1. 2. 3. ENTREVISTA DP3	592
1. 2. 4. ENTREVISTA DS1	602
1. 2. 5. ENTREVISTA DC1	623
1. 2. 6. ENTREVISTA CARTAFOL	641
1. 4. GUIÓNS ENTREVISTAS	653
1. 4. 1. MODELO DE ENTREVISTAS PARA AS NATIVAS/OS	653
1. 4. 2. MODELO DE ENTREVISTAS PARA OS DOCENTES ESCOLAS	654
1. 4. 3. MODELO ENTREVISTAS DOCENTES CONCELLO	658
ANÁLISE FILMACIÓNS	663
APÉNDICE 2. ANÁLISE FILMACIÓNS	665
2. 1. ANÁLISE VÍDEOS ESCOLA	665
2. 1. 1 CENTRO EDUCATIVO A	665
2. 1. 2. CENTRO EDUCATIVO B	685
2. 2. ANÁLISE VÍDEOS ESPAZOS	694
2. 2. 1. VÍDEOS PORTO	694
2. 2. 2. VÍDEOS PRAIA	730
DIARIOS DE CAMPO	757
APÉNDICE 3. DIARIOS DE CAMPO	759
3. 1. DIARIO DE CAMPO CENTRO EDUCATIVO A	759
3. 2. DIARIO DE CAMPO CENTRO EDUCATIVO B	765
3. 3. DIARIO DE CAMPO PORTO E PRAIA	774
MATRICES	791
APÉNDICE 4. MATRICES CUALITATIVAS DE ACHÁDEGOS	793
4. 1. EXPLICACIÓN MATRIZ CONTEXTO ESCOLAR	793
4. 1. 1 MATRIZ CONTEXTO ESCOLAR	799
4. 2 EXPLICACIÓN MATRIZ CONTEXTO MUNICIPAL	842
4. 2. 1. MATRIZ CONTEXTO MUNICIPAL	846
4. 3. EXPLICACIÓN MATRIZ ESPAZOS	869
4. 3. 1. MATRIZ ESPAZOS	871
4. 4. EXPLICACIÓN MATRIZ LECER MOCIDADE	886
4. 4. 1. MATRIZ LECER MOCIDADE	888
4. 5. EXPLICACIÓN MATRIZ MATERIAIS	898
4. 5. 1. MATRIZ MATERIAIS	900
4. 6. EXPLICACIÓN MATRIZ REGULAMENTO	911

4. 6. 1. MATRIZ REGULAMENTO	912
4. 7. EXPLICACIÓN MATRIZ VÍAS DE TRANSMISIÓN	917
4. 7. 1. MATRIZ VÍAS DE TRANSMISIÓN	920
4. 8. EXPLICACIÓN MATRIZ XÉNERO	931
4. 8. 1. MATRIZ XÉNERO	933
4. 9. EXPLICACIÓN MATRIZ VALORES/ANTIVALORES	948
4. 9. 1. MATRIZ VALORES/ANTIVALORES	951
4.10. EXPLICACIÓN MATRIZ XOGOS POPULARES	966
4. 10. 1 MATRIZ XOGOS POPULARES	969
MAPAS CONCEPTUAIS	995
APÉNDICE 5. MAPAS CONCEPTUAIS	997
5. 1. MAPAS CONCEPTUAIS CONTEXTO ESCOLAR.....	997
5. 1. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/CURRÍCULO	997
5. 1. 2. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/CURRÍCULO	999
5. 1. 3. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR / PROFESORADO	1000
5. 1. 4. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/PROFESORADO.....	1001
5. 1. 5. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/RECREO	1002
5. 1. 6. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/RECREOS	1004
5. 1. 7. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR /ALUMNADO- FAMILIAS.....	1005
5. 1. 8. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR CURRÍCULO/ALUMNADO- FAMILIAS.....	1006
5. 1. 9. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR PROFESORADO/ALUMNADO-FAMILIAS.....	1007
5. 1. 10. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR PROFESORADO/ALUMNADO.....	1008
5. 1. 11. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR CURRÍCULO /PROFESORADO.....	1009
5. 1. 12. MAPA CONCEPTUAL CURRÍCULO/PROFESORADO	1010
5. 1. 13. EXPLICACIÓN CONTEXTO ESCOLAR/RECREO/XÉNERO	1011
5. 1. 14. MAPA CONCEPTUAL /CONTEXTO ESCOLAR/RECREOS/XÉNERO	1013
5. 2. MAPAS CONCEPTUAIS CONTEXTO MUNICIPAL E LECER MOCIDADE	1014
5. 2. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO MUNICIPAL	1014
5. 2. 2. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO MUNICIPAL.....	1016
5. 2. 3. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO MUNICIPAL/LECER MOCIDADE	1017
5. 2. 4. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO MUNICIPAL/LECER MOCIDADE	1019
5. 3. MAPAS CONCEPTUAIS ESPAZOS	1020
5. 3. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL ESPAZOS	1020
5. 3. 2. MAPA CONCEPTUAL ESPAZOS	1021

5. 4. MAPAS CONCEPTUAIS MATERIAIS.....	1022
5. 4. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL MATERIAIS.....	1022
5. 4. 2. MAPA CONCEPTUAL MATERIAIS.....	1023
5. 5. MAPAS CONCEPTUAIS REGULAMENTO/VALORES-ANTIVALORES.....	1024
5. 5. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL REGULAMENTO /VALORES-ANTIVALORES.....	1024
5. 5. 2. MAPA CONCEPTUAL REGULAMENTO/VALORES-ANTIVALORES.....	1026
5. 5. 3. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL VALORES-ANTIVALORES.....	1027
5. 5. 4. MAPA CONCEPTUAL VALORES-ANTIVALORES.....	1028
5. 6. MAPAS CONCEPTUAIS XÉNERO.....	1029
5. 6. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL XÉNERO.....	1029
5. 6. 2. MAPA CONCEPTUAL XÉNERO.....	1030
5. 7. MAPAS CONCEPTUAIS VÍAS DE TRANSMISIÓN.....	1031
5. 7. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL VÍAS DE TRANSMISIÓN.....	1031
5. 7. 2. MAPA CONCEPTUAL VÍAS DE TRANSMISIÓN.....	1033
5. 8. MAPAS CONCEPTUAIS XOGOS POPULARES.....	1034
5. 8. 1. EXPLICACIÓN MAPAS CONCEPTUAL XOGOS POPULARES.....	1034
5. 8. 2. MAPA CONCEPTUAL XOGOS POPULARES 1.....	1035
5. 9. MAPAS CONCEPTUAIS CATEGORÍAS CONDICIONANTES SOCIOCULTURAIS.....	1036
5. 9. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CATEGORIAS CONDICIONANTES.....	1036
5. 9. 2. MAPA CONCEPTUAL CATEGORÍAS.....	1038
CATÁLOGO XOGOS POPULARES LOCAIS.....	1039
APÉNDICE 6. CATÁLOGO RECOMPILATORIO XOGOS POPULARES.....	1041
6. 1. XOGOS DE LANZAMIENTO/PRECISIÓN/DISTANCIA.....	1041
6. 2. XOGOS DE LANZAMIENTO E PRECISIÓN.....	1042
6. 3. XOGOS DE LOCOMOCIÓN E BRINCOS.....	1048
6. 4. XOGOS DE EQUILIBRIO.....	1053
6. 5. XOGOS DE AGOCHADAS.....	1054
6. 6. XOGOS DE COLABORACIÓN-OPOSICIÓN.....	1056
6. 7. XOGOS DE OPOSICIÓN.....	1058
6. 8. XOGOS DE TRABAJO.....	1058
6. 9. XOGOS DE EXPLORACIÓN DA CONTORNA.....	1060
6. 10. XOGOS DE PELOTA.....	1061
6. 10. XOGOS PASIVOS.....	1062
6. 11. XOGOS MATERIAIS RECICLAXE.....	1064
6. 12. XOGOS DE LOCOMOCIÓN.....	1066
6. 13. XOGOS DE IMITACIÓN.....	1071
6. 14. XOGOS DE LOITA.....	1072
INFORME ETNOGRÁFICO DESCRIPTIVO.....	1073
7. INFORME ETNOGRÁFICO DESCRIPTIVO.....	1075

7. 1. O XOGO POPULAR NO CONTEXTO ESCOLAR.....	1075
7. 1. 1. O XOGO POPULAR NA ESCOLA DA DITADURA E DA TRANSICIÓN.....	1075
7. 1. 2. O XOGO POPULAR NO CURRÍCULO DA EF NAS ESCOLAS ACTUAIS.....	1078
7. 1. 3. O XOGO POPLAR E AS AXUDAS INSTITUIONAIS NAS ESCOLAS.....	1084
7. 1. 4. O XOGO POPULAR E A INTERDISCIPLINARIEDADE NA EF.	1086
7. 1. 5. O XOGO POPULAR E AS ACTIVIDADES EXTRACURRICULARES FÓRA DOS CENTROS.	1088
7. 1. 6. O XOGO POPULAR E OS TEMPOS DE RECREO.	1091
7. 1. 7. OS XOGOS POPULARES NOS RECREOS.	1092
7. 1. 7. 1. OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LÚDICA: CAUSAS.	1094
7. 1. 7. 2. OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LÚDICA: A ORGANIZACIÓN.....	1095
7. 1. 7. 3. OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LÚDICA: COMPARATIVA.	1101
7. 1. 7. 4. OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LÚDICA: LOGROS.	1104
7. 1. 8. INTERESES, PERSPECTIVAS SOBRE AS CLASES DE EF E PARTICIPACIÓN ANPAS NAS PROPOSTAS ESCOLARES.	1106
7. 4. O XOGO POPULAR NO CONTEXTO MUNICIPAL.....	1114
7. 4. 1. O XOGO POPULAR E PROGRAMACIÓN EXTRAESCOLAR.	1114
7. 4. 2. OS XOGOS POPULARES E AS INICIATIVAS DE PROMOCIÓN NO CONCELLO.....	1117
7. 4. 3. OS XOGOS POPULARES E OS RECURSOS MUNICIPAIS.	1120
7. 4. 4. OS XOGOS POPULARES E AS DEMANDAS SOCIAIS NO CONCELLO.	1124
7. 5. O XOGO POPULAR E O LECER DA MOCIDADE.....	1128
7. 5. 1. O XOGO POPULAR NO LECER DA MOCIDADE.....	1129
7. 5. 2. O XOGO POPULAR E AS OPCIONS DE LECER DA MOCIDADE.....	1132
7. 5. 3. OS PASATEMPOS TECNOLÓXICOS NA MOCIDADE.	1133
7. 6. O XOGO POPULARE E OS VALORES /ANTIVALORES E REGULAMENTO.....	1136
7. 6. 1. O XOGO POPULAR, AS NORMAS, O ABUSO E A VIOLENCIA.	1136
7. 6. 2. O XOGO POPULAR, A COMPETITIVIDADE, O VALOR MOTRIZ E SOCIO EDUCATIVO.	1141
7. 7. O XOGO POPULAR E O XÉNERO.....	1147
7. 7. 1. O XOGO POPULAR DAS NENAS E NENOS.	1148
7. 7. 2. A SOCIEDADE E O XÉNERO.	1151
7. 7. 3. A COEDUCACIÓN DOS XÉNEROS.....	1153
7. 7. 4. O XOGO ESCOLAR E O XÉNERO.	1157
7. 8. O XOGO POPULARE E AS VÍAS DE TRANSMISIÓN.....	1158
7. 8. 1. O XOGO POPULAR E A CADEA ORAL.....	1158
7. 8. 2. O XOGO POPULAR E AS NOVAS CANLES DE TRANSMISIÓN.....	1160
7. 8. 3. O XOGO POPULAR E A QUEBRA INTERXERACIONAL.	1162
7. 8. 4. O XOGO POPULAR E A ENCULTURACIÓN LÚDICA DA XUVENTUDE.	1164
7. 9. O XOGO POPULAR E OS MATERIAIS DE XOGO.....	1165

7. 9. 1. O XOGO POPULAR E OS MATERIAIS TÍPICOS E RECICLADOS.....	1165
7. 9. 2. O XOGO POPULAR E OS MATERIAIS MODERNOS E ESCOLARES.....	1168
7. 10. O XOGO POPULAR E OS ESPAZOS DE XOGO	1171
7. 10. 1. O XOGO POPULAR E OS ESPAZOS ESTANDARIZADOS.....	1172
7. 10. 2. O XOGO POPULAR NOS ESPAZOS NON ESTANDARIZADOS.....	1173
7. 10. 3. O XOGO POPULAR NO PORTO. “AO SAÍR DA ESCOLA:.....	1174
7. 10. 4. O XOGO POPULAR NA PRAIA.....	1179
7. 10. 5. O XOGO POPULAR NA CERCA.....	1184
7. 10. 6. O XOGO POPULAR E A TRANSFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS ESPAZOS DE XOGO.....	1185
NARRACIÓN VISUAL DOS ESPAZOS	1191
APÉNDICE 8. NARRACIÓN VISUAL DOS ESPAZOS.....	1193
8. 1. O PORTO	1193
8. 2. A PRAIA	1219
8. 3. A CERCA	1231
8.4. OS ESPAZOS ESCOLARES	1233

ÍNDICE DE TÁBOAS XERAIS

Táboa 1. Elementos do xogo (Eberle, 2014, p. 221).	16
Táboa 2. As sete retóricas do xogo (Sutton-Smith, 1997, p. 215).	22
Táboa 3. Oxogo no currículo na primeira etapa franquista (Pastor 2005, p. 104).	88
Táboa 4. Presenza da cultura popular no currículo da LOXSE (Decreto 245/1992).	93
Táboa 5. O xogo popular na EF na EP (Decreto 245/1992).	94
Táboa 6. Presenza da cultura popular no currículo da ESO na LOXSE (Decreto 78/1993).	96
Táboa 7. O xogo popular na EF da LOXSE na ESO (Decreto 78/1993).	97
Táboa 8. O xogo popular na EF da EP (Decreto 130/2007).	101
Táboa 9. O xogo popular na EF na etapa da Educación Secundaria	105
Táboa 10. Comparativa da presenza da cultura popular galega nos currículos oficiais de LOXSE, LOE e LOMCE na Educación Primaria.	109
Táboa 11. O xogo popular na EF na Educación Primaria (Decreto 105/2014).	111
Táboa 12. Comparativa das áreas de coñecemento nas que a cultura popular galega está presente nos currículos da LOXSE, LOE e LOMCE.	117
Táboa 13. Presenza do xogo popular no currículo da Educación Secundaria (Proxecto de Decreto, 2015)	119
Táboa 14. Distribución das actividades programadas polos concellos galegos (Fundación Deporte Galego, 2009, p. 216).	129
Táboa 15. Dimensións nas que se expresan valores asociados á actividades físicas e recreativas segundo Frost & Sims (1974, pp 72-82).	139
Táboa 16. Valores recollidos en 4 dimensións recollidas por Frost e Sims (1974, pp.72- 80).	139
Táboa 17. Clasificación dos xogos populares practicados por xénero e idade na Galicia rural.	150
Táboa 18. Clasificación dos xogos populares de xénero na zona de Muros (Romaní, 1983).	152
Táboa 19. Xogos populares por xénero e idade segundo Veiga (1998, p. 191)	154
Táboa 20. Cronograma Investigación.	188
Táboa 21. Clasificación perfís informantes.	193
Táboa 22. Niveis de concreción na codificación	220
Táboa 23. Categorias teóricas centrais da investigación	220
Táboa 24. Categorias temáticas relacionadas coas categorías teóricas.	221
Táboa 25. Descrición dos códigos creados.	222

Táboa 26. Documentos xerados na análise dos datos.....	227
Táboa 27. Datos fotografía porto 1.....	233
Táboa 28. Datos fotografía Porto 10.	235
Táboa 29. Datos fotografía praia 15.	237
Táboa 30. Datos fotografía A cerca 14.....	239
Táboa 31. Táboa de relacións entre nodos nos mapas conceptuais.....	242
Táboa 32. Cores de identificación informantes nas matrices	245
Táboa 33. Cores de identificación da triangulación nas matrices	246
Táboa 34. Xogos programas de dinamización lúdica nos recreos.....	304
Táboa 35 Clasificación tipos de saltos ao mar no porto	1051
Táboa 36. Comparación programas dinamización lúdica recreos.	1103
Táboa 37. Datos fotografía porto 1(fp1).....	1194
Táboa 38. Datos fotografía porto 2 (fp2).....	1196
Táboa 39. Datos fotografía porto 3(fp3).....	1198
Táboa 40. Datos fotografía porto 4 (fp4).....	1200
Táboa 41. Datos fotografía porto 5 (fp5).....	1202
Táboa 42. Datos fotografía porto 6 (fp6).....	1204
Táboa 43. Datos fotografía porto 7 (fp7).....	1206
Táboa 44. Datos fotografía porto 8 (fp8).....	1208
Táboa 45. Datos fotografía porto 9 (fp9).....	1210
Táboa 46. Datos fotografía porto 10 (fp10).....	1212
Táboa 47. Datos fotografía porto 11(fp11).....	1214
Táboa 48. Datos fotografía porto 12.....	1216
Táboa 49. Datos fotografía porto 13.....	1218
Táboa 50. Datos fotografía praia 2 (fpr2).....	1222
Táboa 51. Datos fotografía praia 3(fpr3).....	1224
Táboa 52. Datos fotografía praia 4(fpr4).....	1226
Táboa 53. Datos fotografía praiar 5(fpr5)	1228
Táboa 54. Datos fotografía praia 6.	1230
Táboa 55. Datos fotografía Cerca (1).	1232
Táboa 56. Datos fotografía Centro educativo 1(fce1)	1234
Táboa 57. Datos fotografía Centro educativo 2 (fce2).....	1236
Táboa 58. Datos fotografía centro educativo 3(fce3).....	1238

ÍNDICE TÁBOAS ANALÍTICAS

Táboa analítica 1. Mapas conceptuais elaborados na investigación.....	262
Táboa analítica 2. Matrices cualitativas elaboradas para presentar os achádegos.....	265
Táboa analítica 3. Clasificación xogos populares recollidos nas entrevistas.	275
Táboa analítica 4. Comparativa práctica libre de xogos populares a través das xeracións.....	279
Táboa analítica 5. Xogos populares recollidos a través das fontes de información.	284
Táboa analítica 6. Clasificación tipos de saltos no porto.	289
Táboa analítica 7 Clasificación dos espazos de xogo segundo Legendre (2011).....	290

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. O xogo como proceso emerxente (Eberle, 2014, p. 230).....	15
Figura 2. Visión sincrónica do xogo popular, fluxo de intercambios e influencias asimétricas exercidas polas realidades socioculturais da contorna local (Lavega, 2009a, p. 116).....	71
Figura 3. Cadea de transmisión oral interxeracional (Trigueros, 2000).....	74
Figura 4. Características das actividades extraescolares desde a perspectiva escolar..	125
Figura 5. Clasificación das actividades físico-deportivas practicadas por xénero	127
Figura 6. Modelo de ficha de rexistro adaptada de Flick (2004, p. 188).....	196
Figura 7. Fotografía empregada na entrevista N3. A mocidade xogando á cucaña.	199
Figura 8. Exemplo do proceso de toma e análise dos datos.	211
Figura 9 .Esquema dos ciclos da codificación dos datos empregados na investigación.....	214
Figura 10. Xestor de documentos primarios da unidade hermenéutica no Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH).....	216
Figura 11. Xestor de códigos Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH).....	217
Figura 12. Xestor de memos Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH).....	218
Figura 13. Exemplo de análise de documento primario no Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH).....	219
Figura 14. Vista panorámica do porto no ano 1929.	232
Figura 15. A rapazada tomando o baño na rampla do carro anos 80.	234
Figura 16. O público asistindo a un partido de fútbol praia con marea baixa.	236
Figura 17. Vista panorámica da Cerca de Limia. Lugar de xogos.	238
Figura 18. Esquema das configuracións e formatos dos achágedos.....	240
Figura 19. Esquema da triangulación analítica seguida nas matrices.....	246
Figura 20. Esquema da credibilidade da investigación.	248
Figura 21. Esquema triangulación de fontes de información.	251
Figura 22. Triangulación de informantes.	251
Figura 23. Triangulación Docentes.	252
Figura 24-.Esquema triangulación escenarios.	252
Figura 25. Esquema triangulación metodolóxica aplicado na investigación.....	253
Figura 26. Esquema da tirangulación de analítica.....	253

Figura 27. Esquema da triangulación de formatos na configuración non narrativa e narrativa dos achádegos.....	254
Figura 28. Exemplo de mapa conceptual contexto escolar recreos [apéndice 5.1.5]...	263
Figura 29. 20 outubro de 1933 primeira representación do Retablo de fantoches das Misións pedagóxicas en Malpica. Obra de Rafael Dieste: La Doncella Guerrera. Imaxe obtida de <i>Las Misiones Pedagógicas</i> (Otero, 2007).....	294
Figura 30. Xogando no recreo coas mariolas. Centro educativo B.	303
Figura 31. Taboleiro central explicativo das zonas de xogo no patio de recreo no centro educativo B co cadro de Brueghel presidindo o taboleiro.....	305
Figura 32. Un membro do equipo gañador da 1ª edición do concurso de barcanas e castelos de area, posando orgulloso coa nai no ano 2001.	312
Figura 33. A mocidade reunida no porto nas vacacións de verán, adolescentes xogando a “a, e,i, o, u” e ás cartas no chan.	315
Figura 34. Patio cuberto do centro educativo A, decorado para o programa de dinamización lúdica nos recreos.....	320
Figura 35. Vista aérea de Malpica a finais do século XX.	321
Figura 36. As novas xeracións de mozas e mozos compartindo xogos no muro do gas do porto.....	325
Figura 37. Figuras e construcións na area. O medio natural ao servizo do xogo popular na comunidade.....	336
Figura 38. Rapaz vogando na dársena do porto, un dos xogos máis comúns na comunidade. Os materiais dos traballos como as chalanas serven como medio de xogo.....	337
Figura 39. As novas xeracións probando a facer figuras de barro, no Forno do Forte en Buño, na Mostra da Olería de Buño do 2014.	338
Figura 40. Ficha didáctica programa de dinamización lúdica.	1100
Figura 41. Os maiores ensinando aos máis pequenos o tres en raia.....	1101
Figura 42. Vista panorámica do porto no ano 1929.	1193
Figura 43. Vista da grúa e a rampla, á finais da década dos 20.....	1195
Figura 44. Vista do primeiro dique de abrigo década dos 40.....	1199
Figura 45. Vista da grúa, dársena e as obras do muro do gas no 1949.....	1201
Figura 46. Vista dársena ano 1956.	1203
Figura 47. Vista panorámica do porto na década dos 60.....	1205

Figura 48. Vista aérea do porto no ano 1969, comeza unha nova ampliación do peirao.....	1207
Figura 49. Vista da dársena e a rampla do carro dos barcos a finais da década dos 70.....	1209
Figura 50. Crianzas bañándose na rampla do carro.....	1211
Figura 51. Vista aérea porto nos anos 90.....	1213
Figura 52. Vista da dársena no ano 2010.	1215
Figura 53. Vista desde satélite do porto na actualidade.	1217
Figura 54. Vista da praia con marea baixa. A xente espectante comtempla un partido de fútbol praia.....	1219
Figura 55. As xentes tomando un baño de algas nas pedras do Caldeiron nos anos 30, ao fondo as dunas e Canido.	1221
Figura 56. Vista da praia con marea chea. A expansión urbanística comeza.....	1223
Figura 57. Vista da praia década dos 80. Os grandes edificios invaden a praia.....	1225
Figura 58. A praia na actualidade. A consolidación da masificación inmobiliaria. ...	1227
Figura 59. Vista satélite da praia- Zonas da praia.	1229
Figura 60. Vista panorámica da Cerca, década do 40.	1231
Figura 61. Vista cenital centro educativo A.	1233
Figura 62. Vista cenital centro educativo B.	1235
Figura 63. Vista cenital centro educativo secundaria.....	1237

ÍNDICE DE MATRICES

Matriz 1. Contexto escolar.....	799
Matriz 2. Contexto Municipal.....	846
Matriz 3. Espazos.....	871
Matriz 4. Lecer Mocidade.....	888
Matriz 5. Materiais.....	900
Matriz 6. Regulamento.....	912
Matriz 7. Vías de transmisión.....	920
Matriz 8. Xénero.....	933
Matriz 9. Valores/antivalores.....	951
Matriz 10. Xogos populares.....	969

INTRODUCCIÓN, XUSTIFICACIÓN DA INVESTIGACIÓN E OBXECTIVOS

INTRODUCCIÓN

O estudo que presentamos está centrado no fenómeno cultural dos xogos populares nunha comunidade rural da Costa da Morte. Esta investigación trata de aproximarnos ao patrimonio lúdico desde unha perspectiva etnográfica. Con este enfoque pretendemos recoller a singularidade do escenario a través das vivencias dos propios habitantes do escenario. Para lograr recoller as particularidades do contexto apoiámonos no emprego de diversas fontes de información e técnicas de recollida de datos, que nos axudan a contrastar as distintas visións sobre o fenómeno de estudo. Desta maneira afondamos na realidade do xogo popular ao longo de distintas épocas dentro da comunidade, para posteriormente rescatar os temas máis relevantes relacionados cos xogos populares no contexto.

A investigación está estruturada en dúas partes: o marco teórico e o estudo empírico. A primeira parte do estudo está composta por catro capítulos:

- No primeiro capítulo aproximámonos brevemente ao concepto do xogo e ás diferentes perspectivas que trataron de descifrar o fenómeno. Ademais completamos este capítulo coa aclaración terminolóxica sobre o xogo popular e a xustificación do seu uso na investigación. Así mesmo neste capítulo achegamos un apartado de antecedentes onde nos facemos eco dalgunhas das investigacións máis relevantes sobre o xogo popular no Estado e Galicia.
- O segundo capítulo afonda na perspectiva antropolóxica do xogo recollendo os enfoques máis relevantes da disciplina e o seu posicionamento sobre o fenómeno. Sumamos a este capítulo unha aproximación ás posibles orixes culturais dos xogos populares e os elementos socioculturais que determinan a súa evolución. Para rematar este capítulo centrámonos na supervivencia do xogo popular e a situación de vida e morte na que actualmente se enmarca o fenómeno.
- O terceiro capítulo está centrado no xogo popular e a súa presenza no currículo escolar. Para iso comezamos o repaso partindo da Institución Libre de Enseñanza, pasando pola época da ditadura. Posteriormente centramos a nosa atención na presenza do xogo popular no currículo dos decretos galegos da LOXSE, LOE e LOMCE; a seguinte parte deste capítulo trata o tema do xogo

popular nas actividades educativas de lecer non curriculares, sendo as extraescolares da realidade galega as que reciben maior atención.

- O último capítulo do marco teórico, achégase a algúns elementos culturais como os valores sociais que poden estar relacionados cos xogos populares; ao xénero dos participantes; tamén nos facemos eco da importancia da contorna e os espazos de xogo; xunto cos materiais de xogo empregado e a súa singularidade.

O segundo apartado deste traballo é o estudo empírico que está formado por tres capítulos:

- O primeiro capítulo deste apartado consta dunha presentación da etnografía como metodoloxía empregada na investigación, o desenvolvemento do traballo de campo, selección das fontes de información, a recollida dos datos e a súa análise, os criterios de credibilidade e as fortalezas e debilidades da investigación.
- O capítulo seguinte amosa os resultados da investigación, neste caso están divididos en resultados non narrativos nos que se inclúen as matrices cualitativas, os mapas/redes conceptuais e as táboas relacionadas cos xogos populares, os espazos, etc. A outra parte dos resultados é a sección narrativa que está composta por un informe etnográfico descritivo e outro informe etnográfico interpretativo. Neste último relato recolleemos as liñas interpretativas máis relevantes do primeiro informe para relacionalos cos contidos presentados no marco teórico. Aclarar que o informe descritivo por unha cuestión de volume e para axilizar a lectura da tese está situado nos apéndice [7]. Asemade a descrición dos xogos populares rescatados das entrevistas tamén é presentada no apéndice [6].

O terceiro apartado da tese presenta as conclusións da investigación relacionadas cos xogos populares, a escola, as actividades municipais e os condicionantes socioculturais. Este punto é completado polas futuras liñas de investigación.

A outra parte que completa a investigación son os apéndices. O volume de documentos xerados no desenvolvemento da investigación obrigounos a incluír neste

apartado unha parte dos achádegos. Neste inserimos unha abondosa parte dos achádegos non narrativos como son as matrices cualitativas e os mapas/redes conceptuais, que pola súa dimensión e número son inseridas nese apartado. Ademais nos apéndices son incluídas as descrições dos xogos recollidos nas entrevistas, xunto coa a narración visual dos espazos de xogo máis característicos da comunidade.

XUSTIFICACIÓN DA INVESTIGACIÓN E OBXECTIVOS

A investigación que presentamos é unha forma de reivindicar a cultura lúdica popular galega, con este estudo facemos un esforzo de recoñecemento do patrimonio lúdico galego, para trazar a súa evolución no tempo nun contexto rural. Parécenos que este tipo de escenario é axeitado para explorar se a vixencia dos xogos populares aínda prevalece nunha sociedade rural, na que nun principio podemos pensar que está afastada da sociedade diximodernista (Kirby, 2009) globalizada, que ten nos videoxogos e nos pasatempos visuais unhas das principais manifestacións culturais e lúdicas dos nosos días.

A comunidade que propoñemos para levar adiante esta etnografía é un concello situado na Costa da Morte, cuxas poboacións representativas son Buño e Malpica (capital do concello), aínda que existen outros núcleos de poboación de menor entidade. Historicamente este concello permaneceu illado en moitos aspectos, ao igual que moitas poboacións da zona. Froito desta peculiaridade este escenario tivo un especial interese para Ruth Matilda Anderson que por encargo da *Hispanic Society of America* realizaba unha escala en Buño (Rial, 2014) da que se conservan fotografías de carácter etnográfico nas que se recolle familias oleiras e mulleres carretando olas de barro na cabeza; casualmente tivemos a oportunidade de contemplar algunhas destas fotografías nunha exposición organizada na *Fundación Caixa Galicia* no ano 2009. Tamén como consecuencia deste illamento, a capital do concello recibiu no 1933 a visita das *Misións Pedagóxicas* (Porto, 1985), estes dous datos danos unha idea da situación social que se vivía neste concello durante gran parte do século XX.

O concello tivo na olería de Buño e na pesca de Malpica os dous grandes motores económicos durante boa parte do século XX, acompañados polos sectores

agrícola e gandeiro, pero as profesións distintivas do concello son a olería e a pesca, asemade co tempo o sector da construción e servizos gañaron pulo na comunidade. Na actualidade tanto o sector da olería como o pesqueiro atravesan unha crise de carácter crónico que lastra as expectativas de futuro da colectividade. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (2014), o concello conta cunha poboación aproximada de 5768 persoas, cun saldo vexetativo de -78 persoas no 2013, en constate retroceso ademais unha parte da poboación censada no concello reside en núcleos semiurbanos e urbanos como Carballo ou A Coruña; destacamos que a poboación menor de 15 anos estaba contabilizada no ano 2014 en 453 persoas. A poboación escolar no ano 2013 contaba con 71 matriculados en Educación Infantil, 215 en Educación Primaria (EP) e 147 na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Esta poboación está repartida en dous CEIP e nun instituto da ESO.

Para caracterizar a presenza do xogo popular no escenario proposto partimos dunha perspectiva diacrónica que nos facilita achegarnos a diferentes épocas. Para manter esa visión apoiámonos no uso da etnografía de corte procesual (Boyle, 2003), xa que nos centramos nun elemento cultural e como este se interrelaciona nun determinado período, tendo en conta que queremos explicar o fenómeno na actualidade recollendo as vivencias do pasado. Para iso realizamos un percorrido interxeracional desde a década do anos 30 do século XX ata a actualidade. Debemos aclarar que empregamos o termo xeración asumindo que non só podemos establecer unha correspondencia de ligazóns entre o tempo social e individual na historia, senón que permite achegarse á identidade como mecanismo de construción de relacións temporais entre o colectivo e individual (Abrams como se citou en Leccardi & Freixa, 2001, p. 18). Queremos recoller na investigación as valoracións dos informantes sobre o fenómeno, xa que o seu testemuño resulta de vital importancia para descubrir o rol que estes xogos posúen nas diferentes xeracións, ademais de proporcionar información sobre como os condicionantes socioculturais se transforman co tempo, e como se reflicte isto nos xogos populares locais. Deste xeito podemos constatar a evolución do impacto do xogo popular nas diferentes xeracións e na identidade colectiva, atendendo a factores como os lugares de xogo, as canles de transmisión, as actividades no tempo libre, o xénero, etc,

Sabemos que o xogo popular é unha manifestación cultural que ten un carácter formativo en múltiples aspectos, por esta razón nos achegamos ao ámbito educativo

para describir cal é a presenza da cultura lúdica popular na área da Educación Física (EF), recoller a valoración que realizan os profesionais relacionados coa materia en relación ao tema. Centramos unha parte da nosa atención na recuperación das experiencias escolares de nativas/os¹, para retratar o rol dos xogos populares en diferentes períodos temporais dentro da escola. Pero o noso interese tamén abrangue a EF que se promove fóra dos centros educativos, por esta razón nos aproximamos á formación non curricular relacionada coa área, para completar unha panorámica do papel que posúen os xogos populares na EF, desde o punto de vista curricular e o extraescolar. Porén queremos subliñar que esta investigación non é unha etnografía escolar polo que non afondamos nas dinámicas escolares dentro da área de EF nin dos centros escolares. Pero si que nos interesa rescatar os significados que son atribuídos aos xogos populares desde o enfoque dos docentes²

Dentro dos estudos relacionadas cos xogos populares, existen algúns exemplos máis ou menos recentes (citarémolos no punto dos antecedentes) centrados no estudo dos xogos populares desde unha perspectiva etnográfica. Neste sentido en ocasións están focalizados en xogos concretos, mentres que noutras ocasións os estudos son taxonomías compilatorias que rescatan o patrimonio lúdico dunhas comunidades concretas. Pero debemos indicar que existe un salto temporal amplo no que as etnografías relacionadas cos xogos populares, deixaron de ter protagonismo no estudo do fenómeno en Galicia e no Estado.

Todas as investigacións supoñemos que parten dun interese persoal, no caso desta ademais de reivindicar o xogo popular como valor da cultura física popular fronte aos deportes de masas, e o papel dominante que estes posúen no campo da EF (Vicente & Brozas, 1997). Tamén se presentan factores emotivos, xa que unha parte das vivencias persoais do investigador están ligadas a este concello e aos recordos dunha infancia na que os xogos populares neste escenario foron imprescindibles nesa etapa vital.

¹ Empregaremos esta denominación para referirnos á poboación local entrevistada. No estudo empírico explicamos que tipo de informantes entran dentro desta denominación e o porque.

² Empregamos o termo docentes para aludir aos profesionais entrevistados na investigación, tanto se están relacionados coa EF como se non.

A investigación ten como obxectivo global: describir a presenza do xogo popular nunha comunidade rural ao longo de distintas xeracións, comezando na das avóas e avós aproximadamente na década dos anos 30, ata as xeracións actuais, e o significado que ten. Ademais desenvolvemos outros obxectivos para que nos facilite capturar a situación xeral dun xeito máis preciso. Estes obxectivos son:

- Documentar os xogos populares practicados polas xeracións adultas e describir as actividades lúdicas actuais e como son interpretados.
- Explorar a evolución de determinados condicionantes socioculturais como os materiais e os espazos no concello de Malpica de Bergantiños.
- Caracterizar os procesos de transmisión e difusión dos xogos populares, a relación entre o xénero e estes xogos, os valores socioafectivos expresados na súa práctica e as perspectivas lúdicas das novas xeracións
- Comprender os significados atribuídos ao xogo popular no marco educativo local desde a perspectiva curricular e non curricular, con especial atención á área da EF.

MARCO TEÓRICO

CAPÍTULO 1. O XOGO: APROXIMACIÓN AO FENÓMENO

- O xogo, breve definición
- O xogo e as súas retóricas
- Xogo popular: antecedentes
- O xogo popular: aclaración sobre o termo

O oposto ao xogo é a depresión (Sutton-Smith, s.d).

1. 1. O XOGO, BREVE DEFINICIÓN

O xogo é un fenómeno tan amplo, posúe tantas formas de presentarse que sería imposible definir esta manifestación se nos referimos a ela coma se fora un obxecto físico. Ademais parte da dificultade para definilo está na súa volatilidade porque é un fenómeno que semella aparecer sen dar nova e desaparecer igual de rápido (Henricks, 2008). A riqueza e a variabilidade de adaptación do xogo (Sutton-Smith, 1997, 2008), fai complexo que nunhas poucas liñas se recolla a esencia dunha manifestación que é anterior á propia cultura humana (Huizinga, 1995). O xogo é algo tan misterioso que aínda a día de hoxe resulta dificultoso definir a súa natureza e complexidade, pero hai que sinalar que o xogo está asociado coa liberdade dos seres humanos para expresarse abertamente, supón unha porta aberta ao descanso das necesidades e das obrigas da vida seria, e asemade no xogo establecece un novo campo de relacións dentro dun marco protexido, así o acto de “xogar é crear e despois habitar un mundo distinto creado por nós mesmos” (Henricks, 2008, p. 159).

Non faremos un repaso sobre todas as definicións existentes sobre o xogo, xa que sería unha tarefa titánica, ademais no capítulo seguinte citaremos algunha. Emporiso si que nos faremos eco das reflexións que nos achega Eberle (2014; TEDx, 2010.). O autor desde unha perspectiva neuropsicolóxica indicanos que o xogo podemos entendelo como “un aspecto do desenvolvemento humano que nos ofrece unha mestura de gratificacións nos planos físico, social, emocional e intelectual en todas as etapas da vida” (Eberle, 2014, p.217). Neste sentido o xogo é presentado polo autor como un proceso que emerxe, tomando o concepto de emerxente entendido como algo que se compón de distintas microestruturas, patróns e propiedades organizadas por elas mesmas que dan lugar a sistemas complexos. Deste xeito o xogo é definido como:

Un proceso emerxente antigo que guiado polo pracer, tamén fortalece os nosos músculos, instrúe as nosas habilidades sociais, temporiza e afonda nas nosas emocións positivas, e permite acadar un estado de equilibrio que nos facilita xogar máis (Eberle, 2014, p. 231).

Para completar esta definición e aproximala ao campo que nos ocupa engadiríamos que non só instrúe as habilidades sociais, senón que ademais é portador de valores socioculturais que nos permiten mellorar a nosa inclusión no mundo circundante, xa que o fenómeno maniféstase como representación dunha sociedade portadora dos seus propios valores.

O xogo segundo o autor consta de 6 elementos que son a anticipación, sorpresa, pracer, entendemento, forza e equilibrio, todos eles sucesivos un dos outros e que se relacionan nun proceso circular de retroalimentación. O primeiro elemento do xogo é a anticipación, xa que antes de que nos involucremos nun xogo existe un impas de tempo no que o organismo se prepara para xogar. Este feito xa nos prepara para involucrarnos no xogo, centrando a nosa atención no que vai acontecer posteriormente.

O segundo elemento é a sorpresa expresada durante o xogo, que actúa como unha forma de recompensa que se asocia á memoria, pero para apreciar esta recompensa no xogo debemos estar preparados previamente, de aí que se fale da anticipación. A sorpresa lévanos ao terceiro elemento que é o pracer, que supón un elemento vital no xogo, xa que sen certa alegría, sen satisfacción no xogo, este deixa de ser xogo para transformarse noutra cousa, porque “o xogo é pracer positivo que é transferido aos nosos sentimentos e ao resto da existencia cotiá e fai que sexa posible vivir máis plenamente no mundo, non importa o aburrido, duro ou perigoso que a realidade poida parecer” (Sutton-Smith, 2008, p. 95). Pero o pracer é algo pasaxeiro que soamente se manifesta en determinados intreos, agora ben canto máis pracer existe no xogo máis amplía os beneficios sociais, físicos, intelectuais e emocionais na persoa.

O cuarto elemento é o coñecemento que nos achega o xogo a nivel intelectual e afectivo, xa que o xogo permite desenvolver a empatía polos outros, o coñecemento e a capacidade para anticiparnos e manter unha relación de mutualidade no xogo con xogadores e con outros elementos dos propio xogo. O penúltimo elemento é a forza, o xogo pode fortalecernos a nivel físico, mental e social. O xogo é unha fonte de vitalidade, creatividade, enerxía, aspectos necesarios na vida diaria, que se producen no xogo de maneira natural. A través do desenvolvemento da forza no xogo melloramos a nosa condición física para mellorar a nosa execución nas propias accións do xogo tanto a nivel físico, como a nivel cognitivo á hora de mellorar a toma de decisións no xogo.

Así mesmo o xogo fainos forcener as nosas relacións e ligazóns sociais a nivel individual e colectivo, axundando a construír mellores lazos entre as nosas sociedades con asociacións, experiencias e obxectivos comúns.

Xa para rematar o sexto elemento presente no xogo é o equilibrio ou balance que logramos cando aprendemos a xogar con coñecemento e forza, nun estado de completa harmonía. Este elemento xurde como recompensa para aqueles que experimentan no xogo de xeito paulatino a dimensión da graza, a compostura, a facilidade, o enxeño, a perspicacia, que beneficia o equilibrio mental. Tamén este equilibrio se reflicte no corpo e no social, xa que permite mellorar as nosas capacidades motoras e as habilidades sociais o que favorece o desenvolvemento da persoa dun xeito equilibrado.




Figura 1. O xogo como proceso emerxente (Eberle, 2014, p. 230).

Con este esquema dos elementos que conforman a estrutura do xogo Eberle (2014) indica o seguinte en relación ao xogo e a forma que se organizan os distintos elementos:

Un proceso emerxente de retroalimentación no que as causas e os efectos están ligados, así isto mostra como a anticipación guía cara unha especie de sorpresa que facilita a aparición do pracer que amplía o coñecemento, que a súa vez constrúe a forza que contribúe ao equilibrio e que de novo permite a anticipación (Eberle, 2014, p. 230).

A táboa que presentamos na páxina seguinte recolle os elementos do xogo citados anteriormente. A lectura horizontal das filas permítenos describir os elementos do xogo manifestados de maneira progresiva. Se a lemos en vertical cada columna permítenos ver os elementos que medran máis poderosamente cando máis xogamos.

Táboa 1. Elementos do xogo (Eberle, 2014, p. 221).

ELEMENTOS DO XOGO

ANTICIPACIÓN	SORPRESA	PRACER	ENTENDEMENTO	FORZA	EQUILIBRIO
Interese	Apreciación	Satisfacción	Tolerancia	Estamina	Dignidade
Franqueza	Espertar	Optimismo	Empatía	Vitalidade	Graza
Preparación	Estimulación	gratificante	Coñecemento	Devoción	Calma
Expectación	Entusiasmo	Goce	Habilidade	Inxenitude	Facilidade
Curiosidade	Descubrimento	Alegría	Perspicacia	Enxeño	Satisfacción
Desexo	Excitación	Deleite	Mutualidade	Empurre	Realización
Exuberancia	Emoción	Xúbilo	Sensibilidade	Paixón	Espontaneidade
Asomo	Estupefacción	Divertido	Mestría	Creatividade	Equilibrio

1. 1. 1. AS RETÓRICAS DO XOGO

O xogo é algo transversal e variado que foi estudado desde diferentes disciplinas, así cada unha destas tentou darlle sentido desde o seu prisma, pero cada achega, cada matiz engadido non fixo máis que completar a paleta das cores que contén o xogo na súa propia natureza, e ao mesmo tempo complicar a tarefa de identificar ao xogo desde unha disciplina concreta. Tal é o problema para enmarcar o fenómeno que Sutton-Smith (1997) recalca o carácter ambiguo e paradoxal do xogo no que se entrelazan e solapan tantos aspectos que desde a linguaxe propia de cada disciplina é imposible clasificalo, xa que “o xogo é un fenómeno complexo con moitos niveis e calquera teoría aceptable sobre o xogo debe abarcalos todos e telos en conta para a súa existencia” (Sutton-Smith, 2008, p. 116). Baixo este argumento non nos deteremos a facer un percorrido de todas

as teorías existentes, xa que existe sobrada bibliografía (Andreu, 2007; Bantulá, 2005; Carlisle, 2009; Henricks, 2008, 2014; Lavega, 1997; Navarro, 1995, 2002; Ortí, 2010; Paredes, 2002a, 2003; Trigueros, 2000; Veiga, 1998) na que se recolle a totalidade de enfoques que tiveron o xogo como obxecto de estudo e teorizaron sobre o tema.

Ante o problema de enmarcar o xogo nun só campo teórico e ante a ausencia da claridade sobre a retórica cultural que subxace nas distintas teorías do xogo, o gran estudoso do xogo recentemente finado, Sutton-Smith (1997) presenta as chamadas sete retóricas do xogo, nas que se poden identificar os discursos implícitos de cada unha das disciplinas que procuraban manter a súa visión sobre o resto a través dun discurso persuasivo, que en ocasións estaba máis baseado en intuicións que en comprobacións segundo nos indica o autor. As seguintes retóricas do xogo son:

- A retórica do xogo como progreso: está centrada no xogo animal e infantil, deixando á marxe o xogo adulto. Considera esta retórica que o xogo é unha forma de adestramento ou aprendizaxe no medio circundante que permite desenvolver unha serie de habilidades físicas, intelectuais e sociais, que facilitan o desenvolvemento integral da persoa. Esta perspectiva foi moi desenvolvida pola psicoloxía, bioloxía e a educación, que centraron unha gran parte das súas investigacións neste punto.
- A retórica do xogo como fe ou sorte: nesta ocasión o xogo é unha forma de expresar o destino, o universo o desexo dos deuses ou a propia sorte. Desde a creación da humanidade o home tentou dar resposta ao que sucedía ao seu redor a través de distintas manifestacións. Con determinados xogos o ser humano buscaba solucións aos retos que o destino, a sorte ou os deuses lle presentaban na súa vida diaria, por esta razón o carácter místico, máxico e de ritual que moitos xogos teñen. Deste xeito as novas formas destas manifestacións lúdicas derivan en ocasións nos xogos de sorte e apostas, nos que o participante deixa a acción en mans doutros elementos. Esta retórica opónse á primeira e tivo na antropoloxía e nas matemáticas os campos de máis atención sobre o tema.

- A retórica do xogo como poder: está centrada no xogo adulto, e identifícase principalmente co xogo competitivo colectivo, sendo os deportes o seu máximo expoñente. Baixo esta perspectiva o xogo é unha simulación do conflito existente nas sociedades. A través desta retórica o fenómeno convértese nunha representación da loita de clases, de países, na que o modelo dominante é o reforzado, a través da imposición ideolóxica xerárquica. Neste senso esta retórica está asociada á guerra e ao machismo patriarcal das sociedades. Así mesmo esta liña de interpretación do xogo está relacionada coa retórica do xogo como identidade cando esta se manifesta a través da competición como forma de imposición do modelo dominante.
- A retórica do xogo como identidade: neste caso ao que nos convida a reflexionar é sobre a relación existente entre a identificación da comunidade co xogo, que neste caso está asociada principalmente ao folclórico e o tradicional que busca a través das celebracións e festivais a procura e mantemento da identidade e o poder da colectividade. Pero non debemos centrar só nas tradicións lúdicas dos adultos esta retórica, xa que tamén se refire á identidade da infancia e mocidade e as súas formas de expresión, xa que a través do seu propio “childlore”-cultura oral infantil- (Sutton-Smith, 1970; Sutton-Smith, Mechling, Johnson, & McMahon, 1999) as crianzas definen a través do xogo a súa propia identidade e as súas propias relacións de poder. Esta relación do xogo coa identidade tamén é plantexada por Cheska (como se citou en Renson, 1991, p. 77), que recoñece a diferenciación étnica dos xogos populares nas sociedades contemporáneas a través de tres procesos: a revivificación da oposición étnica á cultura dominante; a supervivencia residual que é presentada como opción alternativa dos valores étnicos nunha sociedade contemporánea; ou a revivificación residual ou incorporación dos valores étnicos na cultura dominante.
- A retórica do xogo como imaxinación: neste caso son aquelas prácticas nas que a creatividade, a improvisación, a espontaneidade e a imaxinación dominan no xogo. A importancia desta retórica xurde da relación no movemento cultural do romanticismo, este tipo de xogo é relacionado coa as artes plásticas, co teatro e coa literatura. Nesta retórica tamén se insire o chamado xogo fantasmagórico da infancia, nesta modalidade a imaxinación da infancia resulta vital para crear ese

universo lúdico no que a realidade tanxible é substituída pola intanxible, esta modalidade prodúcese a nivel individual e colectivo.

- A retórica do xogo como realización do ego: aquí o xogo serve como catalizador do pracer a nivel individual, esta retórica é principalmente asociada aos xogos de risco e adrenalina. Focaliza a súa atención no individuo, pero non desde unha perspectiva puramente individualista, senón tratando de observar tamén como o fenómeno afecta á propia persoa. Xa que non só o xogador xoga no xogo, senón que o xogo tamén o fai con el levándoo a novos retos e estados mentais. Ademais nesta visión considerase a alegría como a esencia propia do xogo, e como unha forma de expresarnos a través da euforia. Esta concepción sobre o xogo foi posteriormente ampliada por Henricks (2014) que mantén que esta retórica podería conter todas as demais, partindo da idea de que a individualidade non só comprende a parte subxectiva, senón que tamén engade elementos relacionados coa adquisición e asimilación (Piaget, 1961, 1976, 2001) de habilidades, coñecementos, accións e compromisos que levan a persoa cara un comprensión xeral do seu lugar e circunstancias.
- A retórica do xogo como frivolidade: esta centrada en destacar a visión que se mantivo do xogo como algo irrelevante desde as visións hexemónicas do puritanismo e do capitalismo industrial, que consideraron ao xogo como algo inútil e trivial fora do mundo serio do adulto e do traballo. O feito de que moitos xogos sexan asociados a determinadas festividade e festivais, que sexan relacionado coas burlas e a mofa, a que determinados personaxes coma os paiaos, os cigarróns ou arlequíns, toman o protagonismo no xogo, sumado ao pouco recoñecemento académico que tivo a disciplina do folclore e do estudo da cultura popular, produce que o xogo fose apreciado desde certas disciplinas como algo frívolo carente de suficiente valor académico, por iso o autor nos fala da retórica da frivolidade do xogo.

Como resposta a toda esta amalgama de enfoques teóricos Sutton-Smith (1997), elabora a retórica ou teoría do xogo como modelo de adaptación variable, que sitúa a este como unha manifestación que se transforma nunha diversidade de formas no universo infantil e adulto, e animal. Esta adaptación variable do xogo apoiase na idea de

que o xogo ao igual que outras manifestacións dos humanos tivo que saber evolucionar co tempo para adaptarse aos novos retos como forma de supervivencia. Esta perspectiva de corte evolutivo considera clave a permeabilidade do xogo de aí que fose capaz de sobrevivir no tempo, xa que este fenómeno móstrase como unha modalidade máis da cultura, ao igual que outras artes como a música, o baile, etc. Neste senso o xogo popular está identificado neste contexto de variación cultural, xa que a existencia destes xogos non pode ser posible sen unha adaptación do patrimonio lúdico de cada cultura a cada momento temporal e as súas circunstancias. Desta forma entendemos que a futura supervivencia dos xogos populares reside na súa propia capacidade para asimilar os novos retos sociais cos que se atopan nunha sociedade coma actual.

Seguindo o eixo das retóricas é preciso indicar que todas están representadas nos xogos populares. Porén o xogo popular é identificado de maneira clara coa retórica da identidade, xa que supón unha parte importante do armazón cultural (Cores Trasmonte, 1983; Veiga, 1998, 2001b; González, 2006), pero ademais desta relación entre a identidade e xogo popular existen outras. Así a retórica do progreso está presente neste xogos, xa que son unha maneira de facilitar as aprendizaxes e o desenvolvemento integral da persoa. Dentro das variantes existentes dos xogos populares atopamos a relación coa retórica da fe ou do destino, xa que o místico e o ritual está presente nas orixes remotas de moitos xogos (Cabral, 1998), como tamén nas formas de comezar os xogos coas chamadas “sortes”, que simula esa parte de ritual que anticipa a posta en acción. Ademais engádese que en moitos xogos populares a aposta está presente, así xogos como a chave, a rá, as bolas, os birlos, ou a pelota vasca son exemplos de como estas manifestacións lúdicas poden dar lugar a unha serie de intercambios entre xogadores ou espectadores, que supoñen en ocasións un valor engadido á dinámica dos xogos.

A retórica do poder está presente fundamentalmente naqueles xogos populares de carácter competitivo, nestes reflíctese o simbolismo da confrontación entre clases sociais, comunidades ou individuos, que tratan de reforzar as súas identidades, por esta razón a identidade e poder se relacionan de maneira máis ou menos clara en determinados xogos. A retórica do poder acaba reforzada pola creación da figura do heroe, escollido pola sociedade como tal tanto pola vitoria conseguida, como polos valores socioculturais que representa (Cantarero, 2006).

A retórica da imaxinación ten cabida nos xogos populares, xa que existen numerosas rimas, trabalinguas, enredos, xoguetes, etc, que son unha mostra da creatividade humana para desenvolver novas formas de xogo para dar resposta as súas necesidades. Desta forma na infancia podemos atopar como exemplo deste xogo imaxinario as bonecas de millo, que as nenas empregaban para representar o rol da nai. Esta capacidade para a creatividade atopámola tamén nos xogos dos adultos como no xogo de palabras da regueifa, no que o intercambio de rimas satíricas improvisadas no momento entre dous contendentes fan as delicias dos participantes, atrevémonos a dicir que é o Hip-hop tradicional galego.

Os xogos populares son unha forma de experimentar o pracer dun xeito lúdico. Por esta razón a retórica do ego está presente neles, xa que nos mergullan nun contexto no que o propio pracer reside en mantelos vivos o maior tempo posible. Os xogos populares son autotélicos (Piaget, 1961), o pracer está presente cando dominamos o xogo na súa totalidade, así as crianzas cando aprenden a bailar a buxaina o pracer alcánzase cando por fin son capaces de facela xirar. O pracer no xogo popular vén complementado pola alegría que normalmente manifestamos cando xogamos e estamos plenamente involucrados no mesmo, a alegría é necesaria para que estes existan e sexan significativos para a sociedade. Poida que ao identificar o xogo popular coa alegría e co pracer este sexa considerado como algo frívolo que non é digno de ter en conta no mundo serio, por esta razón a retórica da frivolidade reflíctese nos xogos populares. A hexemonía existente na actualidade dentro dos distintos ámbitos sociais, fai que se limite aos xogos populares a determinados momentos, contextos e lugares que se afastan da visión dominante, así estes son considerados como algo secundario e frívolo que non axuda ao importante.

Na seguinte páxina recollemos a táboa explicativa sobre as retóricas e os elementos máis característicos que as compoñen. Nela podemos contrastar a procedencia histórica das retóricas, a súa función, a forma en que se manifesta, o tipo de xogadores que se soen identificar, a rama do coñecemento á que se soe asociar e tamén os autores máis relevantes desa disciplina.

Táboa 2. As sete retóricas do xogo (Sutton-Smith, 1997, p. 215)³.

<i>Retóricas</i>	<i>Historia</i>	<i>Función</i>	<i>Forma</i>	<i>Xogadores</i>	<i>Disciplina</i>	<i>Expertos</i>
Progreso	Progreso Evolución	Adaptación Crecemento Socialización	Xogo/ Xogo regrado	Xuvenís	Bioloxía Psicoloxía Educación	Vygotsky Erikson Piaget Berlyne
Fe/Sorte	Animismo divino	Maxia Sorte	O chou	Apostador	Matemáticas	Bergler Fuller Abt
Poder	Política guerra	Status Vitoria	Habilidade Estratexia Xogo profundo	Atletas	Socioloxía Historia	Spariosu Huizinga Scott Von Neumann
Identidade	Tradición	Comunidade Cooperación	Festivals Desfiles Festas Xogos novos	Popular	Antropoloxía Folclore	Turner Falassi DeKoven Abrahams
Imaxinación	Romanticismo	Creatividade Flexibilidade	Fantaxía Tropos	Actores	Arte/ literatura	Bakhtin Fagen Bateson
Ego	Individualismo	Experiencia extrema	Lecer Soidade Xogos extremos	Vangardistas Xogadores solitarios	Psiquiatría	Csikszentmihalyi
Frivolidade	Traballo/ética	Inversión Alegría	Sen sentido	Timadores Cómicos Bufóns	Cultura Pop	Welsford Stewart Cox

1. 2. O XOGO POPULAR: ACLARACIÓN SOBRE O TERMO

Nesta investigación empregamos a etnografía, porque se caracteriza polo interese de diversos fenómenos culturais que residen na sabedoría popular das diversas comunidades, sociedades e culturas. Neste sentido, decidimos empregar o termo xogo popular, porque nos aproxima a esas manifestacións culturais que están directamente asumidas e integradas para maioría da poboación do contexto analizado. O noso estudo realiza un percorrido cronolóxico por diferentes xeracións, das que nos interesa recoller as actividades lúdicas que teñen unha ampla difusión entre a colectividade, para logo contrastar e describir o catálogo lúdico recompilado ao logo das diferentes xeracións,

³ Os expertos que se se presentan como representativos destas retóricas son amplamente completados polo mesmo Sutton-Smith (1997, pp. 219-220)

por este motivo empregamos xogo popular para referirmos aos xogos practicados amplamente na comunidade, sabedores da existencia doutra terminoloxía relacionada co que nos empregamos.

O concepto do xogo popular está relacionado con termos como xogo tradicional, autóctono e folclórico. A variedade de adxectivos que habitualmente se empregan para denominar á mesma tipoloxía de xogos, provoca certa confusión para identificalos entre si, xa que os conceptos son tan similares e os matices tan lixeiros que dificulta empregar un termo ou outro

Autores como Trigo (1994b) apóianse nas definicións recollidas pola Real Academia Española da Lingua, en torno á palabra tradicional, para xustificar o emprego do termo xogo tradicional, no canto de xogo popular. A autora define deste xeito: “xogo tradicional é aquel que foi transmitido de xeración en xeración, case sempre de forma oral. De pais a fillos, de fillos a netos, de nenos maiores a nenos pequenos. Soamente nos últimos tempos, comezouse a súa transmisión escrita” (Trigo, 1994b, p. 10). A mesma autora sinala a distinción entre popular e tradicional, aludindo ao estrato social onde estes xogos eran practicados, sendo os tradicionais os que proviñan das clases nobres, mentres que o popular era o propio das clases baixas, porén admite que na actualidade esta división dos xogos por clases resulta innecesaria.

Lavega (2000) nunha definición similar define ao xogo tradicional como: “aqueles xogos que os coñecemos desde sempre, que mesmo as persoas máis anciás do lugar os lembran desde a súa infancia, son prácticas que sobreviviron ao longo do tempo e que polo tanto foron transmitidas entre as distintas xeracións” (Lavega, 2000, p. 31). Mentres que para definir o xogo popular faino nos seguintes termos: “cando localizamos un xogo que está moi arraigado nunha determinada zona e os habitantes do lugar o practican habitualmente, xa sexa en xeral -diversas idades ou xéneros- ou nun sector da poboación concreto -por exemplo persoas anciás, poboación escolar...-” (Lavega, 2000, p. 31). Neste caso a atención da definición non está focalizada no intercambio interxeracional, senón na práctica dos xogos por un sector da poboación de xeito xeralizado, con independencia de que este sexa transmitido dunha maneira ou outra.

Nesta mesma posición, centrada na difusión masiva dos xogos, atopamos outra explicación, que sinala que os xogos populares son aqueles “practicados polas masas e non necesariamente son xogos tradicionais, aínda que co tempo poidan chegar a perpetuarse” (Torres et al, como se citou en Trigueros, 2002, p. 121). Este razoamento estaría en certa medida explicando que “por moi tradicionais que sexan, o certo é que os xogos máis antigos no tempo foron populares nalgún momento, polo cal non semella coherente trocarlles o cualificativo na actualidade” (Veiga, 2001b, p. 35). Ante a dicotomía entre as acepcións tradicional e popular, Lavega (2000) opta por agrupar os dous conceptos para identificar a esta tipoloxía de xogos como populares e/ou tradicionais, para recoller a importancia do xogo tanto a nivel de difusión como de vixencia temporal.

O termo xogo popular ademais da difusión e impacto na poboación, é tamén asociado ás necesidades vitais da sociedade ás que este debe responder, xa que de non ser así a súa expansión e difusión non estarían garantidas. Isto é expresado do seguinte modo:

Aquel xogo nacido no seo dunha determinada comunidade para dar satisfacción ás súas necesidades lúdicas. Afirmábase, tamén que detrás desta sinxela definición se agachan as dúas principais connotacións que podemos outorgarlles aos xogos populares. Unha, o feito de constituíren unha creación cultural xenuína -ou adaptada- da comunidade en cuestión. Outra o feito de seren transmitidos ao longo dos tempos de pais a fillos, supoñendo este feito unha interrelación dunha grande transcendencia educativa (Veiga, 1998, p. 130).

Outros autores recollen similares definicións pero neste caso empregando o termo xogo tradicional:

Que formando parte da cultura dun pobo, son ensinados e aprendidos desde orixes afastados non precisos e reiterados posteriormente coas mesmas estruturas, case idénticas palabras, movementos, fórmulas e melodías... Xeracións sucesivas transmítenos e vanos encadeando mediante non meditados actos didácticos nos que un adulto, ou un neno explícaos ou preséntaos a uns

nenos expectantes, que asimilan, reteñen e, a veces, reelaboran (Madina, como se citou en Trigueros, 2000, p. 119).

Estas dúas definicións presentan tantas similitudes, que nos demostra a dificultade para dissociar os dous termos, sen que exista coincidencia nalgunha das características atribuídas a este tipo de xogos. Neste caso para os dous autores, estes xogos son considerados como un fenómeno sociocultural que é mantido ao longo do tempo, grazas á cadea de transmisión oral interxeracional, que no caso da segunda definición o proceso de perpetuación está ligado ao proceso de adquisición (Gee, 2005), no que se aprenden estes xogos fóra dun proceso de aprendizaxe baseado en principios didácticos, de aí que exista unha maior liberdade para adaptación dos xogos aos contextos nos que son reproducidos.

Outro termo empregado é o que nos fala do xogo autóctono, Moreno (1992), indícanos que esta tipoloxía de xogos son aqueles creados nunhas circunstancias moi concretas. Estes nacen dentro dunha comunidade que presenta un illamento en relación a outras culturas, aquelas que non tiveron un proceso de aculturación ou de intercambio cultural con outras sociedades. É preciso aclarar que a basta difusión dos xogos por todo os lugares da terra, fai complexo que nos atopemos con manifestacións lúdicas que sexan exclusivas dunha comunidade, que non teñan algunha representación similar en puntos diferentes do planeta. Este fenómeno de difusión das manifestacións lúdicas, dificulta que se empregue o termo autóctono, xa que é preciso delimitalo e interpretalo culturalmente (Hernández, Castro, & Navarro, 2003), para establecer se realmente un xogo é autóctono ou non.

Estes autores sinalan que existe unha corrente que xustifica o emprego do termo autóctono, cando un xogo é modificado ou transformado nalgún dos seus elementos. Debemos interpretar nesta afirmación que a transformación dos elementos dos xogos debe ser moi significativo, porque se mantemos unha perspectiva ampla do termo moitos dos xogos catalogados ata o momento como non autóctonos, pasarían ser exclusivos dun pobo, vila, aldea, parroquia, ou bisbarra, simplemente polo feito de variar algún elemento sexa o nº de xogadores, unha regra, o espazo, etc. Por isto debemos ter precaución ao empregar o termo autóctono. Para Hernández et al. (2003) a distinción entre popular, tradicional e autóctono, reside en que cada termo refírese a

elementos diferentes, así o adxectivo autóctono alude á orixe dos xogos, o tradicional ao intercambio interxeracional, e o popular ao contexto do xogo que está determinado por ser algo relacionado coa cultura rural, ou ao nivel de participación nos xogos.

Outra verba que é empregada para referirse a este tipo de xogos, é o termo folclórico, neste caso a orixe deste procede da cultura anglosaxona e foi introducido na cultura hispánica a mediados do século XIX (Bantulá, 2005). Este termo semella que na nosa cultura é algo anacrónico e pexorativo (Veiga, 2001b), pola degradación da palabra ao longo do tempo, asociándoa a determinados estereotipos televisivos. Malia que na cultura anglosaxona podemos atopar publicacións aludindo ao termo “folk games” ou “Folklore” con naturalidade. A tradución do termo anglosaxón “folk”, significa popular e está asociado aos procesos de transmisión oral da cultura popular, polo que nos inclinamos a pensar que na cultura anglosaxona cando empregan este termo, estarían aludindo aos que nós denominamos xogos populares.

Na actualidade desde diferentes organismos internacionais como a UNESCO ou Asociación Europea do Xogo e Deporte Tradicional, empregan o termo xogo tradicional coa intención de identifica e clasificar este patrimonio lúdico. Esta iniciativa de unificación é o resultado da reunión de expertos en diferentes congresos e Portugal e Bélxica, a finais dos anos 80 principios dos 90, tomando a definición de Renson e Smulders do ano 1978 de referencia. Esta definición considera xogos e deportes tradicionais a “todo aquel xogo tradicional, local, activo de carácter recreativo que require destreza física, estratexia ou sorte, ou algunha combinación das tres” (como se citou en Moreno, 1992, p. 13), aínda que Renson (1991) tamén formulou unha definición case igual “os xogos populares son xogos de esparcemento tradicionais, locais e activos que esixen aptitudes particulares, estratexia ou sorte, ou ben unha combinación das tres” (Renson, 1991, p. 78).

A nosa investigación malia empregar o termo xogo popular, non busca renunciar ou excluír ningunha das outras terminoloxías empregadas para identificar este tipo de patrimonio lúdico, de feito ante os matices tan lixeiros que hai entre uns termos e outros, obríganos a manter unha perspectiva laxa sobre o termo que empregamos. A investigación que é unha etnografía, céntrase no coñecemento dos xogos que gozan de maior difusión nas diferentes xeracións, sen rexeitar a posibilidade de que unha parte

dos xogos populares locais fosen perpetuados ao longo das diferentes xeracións, ou quedasen esquecidos no pasado. O termo que empregamos está amplamente aceptado para denominar aos xogos recollidos no noso estudo, polo que está xustificado o seu uso na investigación.

1. 3 XOGO POPULAR: ANTECEDENTES

O xogo popular foi obxecto de diversas investigacións que se aproximaron ao fenómeno desde diferentes perspectivas e con diferentes intereses. Neste punto recolleamos unha parte das investigacións realizadas en Galicia e no Estado, desta forma recolleremos estudos relacionados coa Educación, coa Educación Física (EF), a literatura, as artes, ou a arqueoloxía. Pero si que debemos subliñar que existe unha maior presenza de estudos relacionados coa EF, debido ao pulo que este fenómeno tivo nesta área nas últimas décadas. Nestes antecedentes non incluímos investigacións foráneas, xa que nos parece máis relevante focalizarnos nas investigacións que próximas ao contexto sociocultural estudado, pero existen sobradas referencias ao longo do estudo de autores doutras partes do mundo que tamén se preocuparon polo fenómeno estudado.

Unha obra de referencia é a de Moreno (1992), que no seu estudo destaca a vixencia destes xogos en España, diseña un mapa de zonas nas que se indica o nivel de práctica dos xogos populares, situando a Galicia como unha zona na que o peso da práctica dos xogos populares é elevada. Ademais efectúa unha clasificación dos xogos e deportes tradicionais, a cal serviría de guía para moitas clasificacións posteriores. Nesta obra destaca a caída e recuperación do xogo e do deporte tradicional, sinalando a industrialización, emigración do primeiro terzo do S. XX, e a invasión dos deportes foráneos como causas da desaparición; mentres que a paulatina recuperación viría da man das Comunidades Autónomas e o interese por recuperar o patrimonio lúdico destas como elemento diferenciador.

Dentro da EF o enfoque estruturalista e praxiolóxico de Parlebas (2002b, 2002c), tivo un gran impacto no estudo dos xogos populares. Neste enfoque están investigacións como as de Olasso (1993) que se centra no estudo da lóxica interna do xogo de pelota valenciano. Nunha liña similar están os estudos de Lavega (1996), e

Castro (2001), que mesturaron as técnicas etnográficas coa praxioloxía, os estudos están centrados no estudo do xogo de birlos dunha zona catalana no primeiro caso, e do xogo da pina en Canarias no segundo exemplo.

Sobre o xogo de birlos (Lavega, 1996, 1997) é unha investigación na que se conxuga o estudo da lóxica interna dos xogos e a externa, é dicir a visión sociocultural do xogo. Para Lavega o estudo do xogo popular debe estar sustentado baixo unha perspectiva diacrónica que permita ver a evolución do xogo no tempo, e así observar cales son as razóns socioculturais polas que o xogo de birlos evoluciona cara a súa deportivización. Este estudo apoiase no emprego de técnicas etnográficas, que están solapadas polo emprego da praxioloxía como principal eixo de análise dos datos. O mesmo Lavega (2009b; Lavega, Lagardera, Molina, Planas, Costes, & Saez de Ocariz, 2006), baixo a mesma perspectiva achegaría novos datos sobre os xogos populares da comarca de Urgell e de certas rexións de Europa. No caso do estudo europeo (Lavega, et al 2006) financiado pola UE no marco do proxecto “Cultura 2000” é un estudo de corte intercultural no que se recollen xogos regrados de adultos de 11 rexións europeas de países como Francia, España, Bélxica, Polonia e Italia. Algúns datos deste estudo son a elevada porcentaxe de xogos de corte psicomotor, a dominancia dos xogos masculinos e unha ampla porcentaxe de xogos mixtos.

No caso da investigación sobre o xogo da pina canario (Castro, 2001), é un estudo praxiolóxico que emprega técnicas etnográficas, pero onde a etnografía e o tratamento dos datos desde a metodoloxía cualitativa queda nun segundo plano. Este estudo está centrado nun xogo de pau e bola, de corte sociomotor no que se recollen aspectos do xogo que son ligados ao traballo dos labregos canarios e a outros elementos socioculturais que se analizan baixo o enfoque praxiolóxico. Tamén Castro xunto con outros autores (Hernández, Navarro, Jiménez, & Castro, 2008), realizarían un estudo recompilatorio dos xogos motores canarios claramente influenciado polos plantexamentos da praxioloxía. Neste estudo afondan sobre o concepto do xogo popular e as súas posibles dominacións, e realizan unha taxonomía dos xogos regrados motores canarios.

Outra investigación realizada desde a perspectiva praxiolóxica e sociolóxica é a presentada por Etxebeste (2001, 2009), discípulo directo de Parlebas. O autor vasco

elabora un impresionante repaso polos aspectos máis característicos dos xogos tradicionais vascos. Presenta a diferenciación do *joko*, xogo no que existen vencedores e perdedores, e nos que se admite a aposta, e o *jolasa* que se asocia máis aos xogos cooperativos. Estuda a socialización das crianzas e os roles que adopta cada xénero e o tipo de prácticas que desenvolven uns e outros, sendo curioso que os xogos mesturados e sociomotores son os que dominan na cultura vasca; asemade rescata os xogos con animais tan característicos das culturas rurais, o valor da festividade; xunto con estes elementos analiza os espazos de xogo, os tempos de xogo, as relacións entre os xogadores e os obxectos cos que xogan. Para realizar este estudo toma como referencia o estudo do grupo Etniker (1993), do que realiza unha profunda análise praxiolóxica de cada un dos xogos seleccionados que son presentados en 4 volumes como apéndices da súa tese doutoral.

Outros estudos de corte máis histórico son os de Adell e García (1999). Realizan un repaso ao proceso de desaparición dos xogos tradicionais de Aragón e o proceso de transformación a deporte que moitos deles sufriron co transcórren dos tempos e a progresiva implantación do deporte na rexión. Un fermoso repaso á actividade lúdica desta zona xeográfica que explica a evolución de moitos dos xogos populares da zona de Aragón e o proceso de deportivización que sufriron moitos deles desde finais do século XIX, ata finais do XX. Destacan o carácter interdisciplinario dos xogos populares e o interese que esperta desde diferentes áreas de estudo como a pintura, literatura, etnolingüística, etnoloxía, etnografía, antropoloxía, ou a EF.

Desde unha perspectiva histórica e motriz o valenciano Andreu (2007, 2009a, 2009b, 2010), ofrécenos na súa investigación un repaso dos xogos populares nas culturas máis occidentais do Mediterráneo como Francia, España, Italia e Grecia, nas zonas árabes africanas, Marrocos, Túnez, Exipto e Libia, ademais da zona máis oriental do Mediterráneo como Turquía, Israel, Libia e Siria. Ao longo do estudo establece diferentes analogías entre os xogos practicados nas diferentes zonas xeográficas citadas, establecendo patróns comúns nos xogos, facendo fincapé na variación dos significados culturais de moitos dos xogos que se contemplan nestas culturas, porén a destaca que cunha mediterránea pola súa capacidade para o intercambio cultural permitiu que existan analogías claras entre os xogos das distintas zonas analizadas. Esta revisión histórica ademais é acompañada da observación dos xogos a nivel motriz empregando a

táboa de análise da motricidade, para realizar unha avaliación e taxonomía motora dos xogos de cara a súa aplicación na EF, neste estudo destacamos o potencial motriz dos xogos populares que se sitúan a un nivel de esixencia motora semellante aos deportes convencionais.

A posición dos xogos populares nos currículos da EF tamén ten a súa importancia, por esta razón estudos como o de Trigueros (2000, 2009) son relevantes. Na súa investigación aplica a complementariedade metodolóxica para investigar a presenza do xogo tradicional en centros educativos de distintos contextos de tipo rural, rural-urbano e urbano, na provincia de Granada. A través da súa investigación queda comprobada a paulatina desaparición dos xogos tradicionais na comunicación oral, debido á presenza das novas tecnoloxías, redución dos espazos e tempos de xogo, a uniformidade cultural lúdica consecuencia da expansión do deporte, nas crianzas. Asemade resalta que nos centros escolares investigados os xogos tradicionais son empregados como un recurso máis que non afonda nas raíces históricas dos mesmos, así como o papel residual que estes ocupan nos currículos e na materia de EF, e a pouca importancia que estes teñen na práctica docente nos centros educativos.

Outra perspectiva é a taxonómica e praxiolóxica de Bantulá (2005, 2006), que nos presenta un amplo estudo comparativo dos xogos populares de diferentes culturas como a de Cataluña, Colombia, Marrocos, Perú e República Dominicana. Para realizar a súa propia taxonomía apoiase no modelo praxiolóxico COMET, que recolle a interacción bidireccional entre 5 variables: compañeiros (C), opositores (O), materiais (m), espazos (E), e tempos (T). Con este modelo establece sucesivas categorías taxonómicas ata chegar a 32 categorías distintas. Este estudo plantexa o carácter transcultural dos xogos clasificados.

Outro recente estudo que se sitúa nunha perspectiva máis artística, aínda que cunha clara influencia no seu estudo do modelo praxiolóxico na súa análise, atopamos a Ortí (2010), que nos presenta o xogo popular como obra artística na filatelia. Este realiza unha análise da presenza dos xogos populares neste formato e ao mesmo tempo sobre as bases da praxioloxía analiza a lóxica interna e externa dos mesmos. Incide na importancia dos xogos populares como elemento multicultural, e recolle a importancia do proceso de aculturación na transmisión dos xogos populares.

O profesor Herrador (2005, 2008, 2011a, 2011b, 2012a, 2013a, 2013b, 2013c; 2005), tamén se interesa polo estudo dos xogos populares na filatelia a través de diversos artigos, pero debemos destacar que a obra deste autor caracterízase polo estudo dos xogos populares como expresión cultural artística. Por esta razón estuda a presenza do patrimonio lúdico en todo tipo de soportes artísticos que van desde escultura, a filatelia, a escultura, a pintura de Goya e Brueghel, o cine, e mesmo na publicidade. Con este enfoque ponse en valor o xogo popular como un elemento que despertou o interese desde diferentes enfoques artísticos e formatos, que confirman ao xogo popular como un fenómeno cultural cunha gran potencialidade estética e plástica, de aí que desde diferentes correntes formatos artísticos se interesen en plasmalo.

A relación entre o xogo popular e a literatura reflíctese nos estudos de Pelegrín (2002, 2013), onde dá boa conta da riqueza literaria que existe nos xogos populares, a través das súas rimas, cantigas, adiviñanzas, etc. Sendo esta parte dos xogos dun gran valor, xa que son estas cantigas, rimas e adiviñanzas portadoras da historia da cultura oral existente en cada sociedade, como ademais son formas fundamentais de adquisición das rimas e métricas existentes na poesía.

Gustaríanos recoller algunhas das investigacións galegas de maior relevancia e singularidade realizadas no campo dos xogos populares. As investigacións asociadas ao patrimonio lúdico galego viñeron do interese da etnografía, a educación, a EF, e o interese pola recompilación do xogo popular en Galicia.

No caso galego son unha gran parte dos membros da Xeración Nós, os que se dedican a estudar e presentar o patrimonio lúdico galego desde a perspectiva antropolóxica e etnográfica, malia que tamén existise algún estudo previo como o de Nicolas Tenorio (1982), unha etnografía que rescata o xogo de birlos na zona de Viana do Bolo en Ourense. Autores da Xeración Nós destacados son Vicente Risco (1933, 1957, 1962, 1993), Florentino López Cuevillas e Xaquín Lourenzo (1930; 1992), Taboada Chivite (1972), Bouza Brey (1963), entre outros⁴. Estes autores centráronse no

⁴ Veiga (1998, 2001b), da boa conta da numerosa produción galega relacionada co xogo popular na Xeración Nós e dos posteriores autores que seguiron o camiño destes, tanto no eido da etnografía coma noutros. Recomendamos a consulta deste autor para obter un listado máis completo da bibliografía galega dos que destacan Otero Pedrayo, Fernández Costas, Fraguas, Álvarez Blázquez, entre outros. Autores máis

estudo do xogo popular en diversas zonas de Galiza, recollendo a orixinalidade e variedade do patrimonio lúdico dunha sociedade claramente rural, tratando de explicar a relación entre a cultura e o xogo popular.

Dentro da obra destes autores destacamos *As idades da vida* de Risco (1962), que xa publicara unha parte do exposto neste capítulo nun artigo anterior publicado na Revista de Dialectologías y Tradiciones Populares no ano 57 (Risco, 1957). No capítulo da obra *Historia de Galiza* (Otero Pedrayo, 1962), Risco realiza un percorrido por todo o ciclo vital das crianzas galegas desde o nacemento ata a idade adulta, recollendo os costumes do rural galego. Realiza un fermoso retrato da realidade lúdica galega asociada ao ciclo vital, que a día de hoxe e vista coa perspectiva que nos dá o tempo, supón un retrato da realidade social da Galicia daqueles tempos dun valor superlativo pola riqueza e minuciosidade dos datos e detalles que nos achega.

O interese polo xogo popular e a súa presenza no currículo da EF, toma forma coa investigación de Uxía Trigo (1994a, 1994b), que avalía a presenza do xogo popular no currículo da EF da LOGSE. Na investigación través do emprego de cuestionarios, recolle o retroceso dos xogos populares en favor doutras actividades recreativas nas prácticas físicas da xuventude, asemade presenta un interesante percorrido interxeracional no que queda contrastada a evolución dos xogos populares nas distintas xeracións. Así mesmo analiza a práctica dos xogos populares por xéneros, que máis adiante no apartado dedicado ao xénero no xogo popular comentaremos máis en profundidade. Esta investigación está delimitada na provincia de Pontevedra.

Debemos subliñar a investigación de Veiga (1998, 2001a, 2001b), centrada no xogo popular como canle educativa e de medio para a identificación cultural. Esta investigación é sen dúbida un estudo de referencia sobre a realidade lúdica galega, nel o xogo popular galego é mantido como armazón cultural e medio catalizador da conservación dos valores da cultura galega tanto a nivel colectivo e individual. Este estudo está focalizado na presenza dos xogos populares no repertorio lúdico das crianzas e nas posibilidades educativas que este posúe, por esta razón avalía a presenza do xogo popular en 320 centros educativos de Galicia. Constata neste estudo que aínda

recentes que seguiron a liña marcada pola Xeración Nós son Pereiro, Bertoxo, Ojea, Vega Pato, entre outros.

se manteñen certos xogos populares de xeito espontáneo nas crianzas; asemade comproba que existen centros que contemplan o xogo popular como recurso de gran valor educativo, por isto deseñan estratexias ou intervencións nos centros empregando estes xogos como recursos; tamén nos mostra como existen profesionais que se centran en difundir e divulgar os xogos populares para mantelos vivos conscientes da importancia deste patrimonio cultural. Completa a investigación cunha magnífica clasificación de 123 xogos populares galegos que van desde xogos para os máis pequenos ata os adultos.

Queremos tamén destacar a enorme obra recompiladora do mestre Cortizas (2001, 2013), que recolle un impresionante catálogo etnográfico do patrimonio lúdico galego en dúas obras enciclopédicas como son *Chirlosmirlos* e *Tastarabás*, que supoñen as maiores obras de catalogación e recompilación a nivel galego. A primeira publicación está centrada nos xogos populares galegos, recollidos a través principalmente das súas vivencias e de fontes orais. A segunda investigación focalizada nos materiais e xoguetes empregados nos xogos populares. Nesta voluminosa obra recolle uns mil xogos, enredos e xoguetes que nos permite retrotraernos aos xoguetes e materiais empregados polas xeracións dos nosos ancestros, e deixa constancia da riqueza e creatividade do patrimonio xogueteiro.

Outra investigación ben curiosa pola súa orixinalidade e riqueza visual é a que nos achega Costas (2009), que nos presenta un estudo de corte arqueolóxico no que realiza un percorrido sobre os xogos de taboleiro e pedras que tiveron presenza en Galicia. Neste estudo afonda nas raíces deste tipo de xogos, recollendo imaxes de petróglifos, taboleiros en pedra da época romana. Nesta obra recóllense xogos de taboleiro circulares, xogos de tres en raia, xogos de alquerque campos de xogos de birlos, xogos de labirintos, xogos de mariola e de bolas xa que son considerados como xogos de taboleiro polo autor ao ser este debuxado no chan. Este é un interesante estudo que revitaliza o interese polos xogos populares galegos desde unha perspectiva pouco frecuente.

Queremos rematar este punto dos antecedentes lembrando tamén a cultura oral que vai ligada aos xogos populares, xa que estes están ateigados de rimas, cancións, ditos e recitados, que conforman unha parte importantísima da nosa lingua e da

sabedoría popular galega. A obra de Barrio e Harguindey (1983), rescata a través da revisión bibliográfica sobre o xogo popular unha gran parte de cantigas da infancia e de rimas que acompañaban aos brinquedos populares. Neste sentido e moito máis recentemente Yus, Campos e Fernández, encabezan o proxecto de recuperación da tradición oral *Orella Pendella*, (www.orellapendella.org/) no que se encargan de rescatar parte da tradición oral ligada aos xogos populares infantís galegos.

CAPÍTULO 2. O XOGO COMO MANIFESTACIÓN CULTURAL

- O xogo e a visión antropolóxica
- O xogo popular como valor cultural
- O xogo popular e as súas posibles orixes
- O xogo popular como sociofacto cultural: entre a tradición viva e a tradición morta

Un xogo apréndese xogando, entón unha cultura e os seus significados apréndese vivíndoos. De aí que a participación sexa condición sine qua non do coñecemento do sistema cultural (Gúber, 2004, p.111).

2. 1. O XOGO E A VISIÓN ANTROPOLÓXICA

A antropoloxía, disciplina centrada no estudo de calquera tipo de manifestación cultural do home, comezou a coller pulo a finais do século XIX. Ao igual ca outras disciplinas tamén se interesou polo xogo, con independencia do enfoque e da corrente antropolóxica fose a do evolucionismo, funcionalismo, estruturalismo, simbolismo, etc. Aínda que como nos lembra Margaret Mead (como se citou en Sutton-Smith, 1974, p. 8), a antropoloxía non tivo especial interese no propio xogo, senón que foi empregado para demostrar ou tratar temas e asuntos que os expertos consideraban máis importantes que o xogo.

Esta rama do coñecemento sitúa o xogo no campo da cultura humana, buscando nesta a resposta ás orixes, significados e función dos xogos en cada unha das sociedades e culturas existentes na terra. O interese pola busca da orixe e do significado do xogo tivo nos antropólogos de finais do XIX o comezo dunha serie de estudos relacionados co xogo sendo a corrente anglosaxona e francesa as que máis se preocuparon polo tema. Os traballos enfocados desde unha perspectiva antropolóxica non foron en abondosos no Estado malia que existen traballos etnográficos e folcloristas que se preocuparon polo tema (Medina & Sánchez, 2006), pero tamén existen algunhas referencias de relevancia sobre o tema (Bantulá, 2006; Enriz, 2011; Gómez, 1993; González, 2006; Medina & Sánchez, 2003, 2006; Paredes, 2002b; Vicente & Brozas, 1997).

2. 1. 1. OS PRIMEIROS ANTROPÓLOGOS

As primeiras investigacións levadas desde esta disciplina nadaron entre as correntes do evolucionismo e do difusionismo (Enriz, 2011). Un dos estudos máis citados e relevantes dentro do campo é o escrito por Tylor (1971a) Neste artigo o autor detalla unha serie de xogos como as cometas chinas, o xogo da chueca ou crosse⁵, a marra, o polo, o croquet, as tabas, entre outros xogos. No artigo recolle exemplos da

⁵ Este xogo é similar ao xogo da pina canario, e tamén garda similitudes co xogo descrito por algún dos informantes denominado como xogo da nica [apéndice, 6], mesmo poderíamos falar perfectamente do xogo da porca.

presenza destes xogos e outros en diferentes zonas do planeta e argalla sobre unha posible ruta de orixe de cada un dos xogos que cita. O antropólogo sostén a teoría de que os xogos, malia que puideron experimentar certa evolución espontánea en determinadas zonas e sociedades sen a necesidade de que existise contacto con outras culturas. Agora ben, o feito de que se creasen xogos en determinadas culturas e zonas sen necesidade de intercambio cultural, non xustifica que existan xogos tan iguais en partes tan dispares do mundo, por esta razón avoga pola corrente do difusionismo nos xogos, esta idea queda patente na seguinte afirmación:

Un viaxeiro intelixente entre os Kalmuts, decatouse de que xogaban a unha especie de xadrez que se asemella ao noso, non puido por un momento entreterse na idea de que tal invención puidera ser creada máis dunha vez, pero sería satisfactorio pensar que eles, nós e todos os xogadores de xadrez, debemos ter o xogo da fonte orixinal. Neste exemplo atópase a esencia do argumento etnolóxico dos xogos artificiais, que cando aparecen en dúas zonas este debeu viaxar dun lugar a outro, a partires dun centro común [...]. Non só os xogos complexos como o xadrez ou o tenis, incluso os deportes infantís, semellan creacións ben definidas, das cales a súa propagación pode ser trazada no mapa como o botánico traza as súas plantas desde as orixes xeográficas (Tylor, 1971a, p. 63).

O autor sinala que os xogos son expandidos grazas ao intercambio cultural que se produce entre diferentes sociedades que nalgún momento da historia tiveron contacto, asimilando e adaptando os xogos dunha cultura a outra. Esta liña argumental sería mantida noutro artigo de Tylor (1971b), no que dá conta do xogo do pachisi⁶ asiático e o patolli azteca, para o autor este xogo supón un indicio claro do intercambio cultural entre América e Asia antes de que Cristobal Colón puxera o pé en América, aínda que sinala que para outros antropólogos esta teoría resulta pouco válida, xa que destaca que “a idea de que a similitude entre os xogos americanos e asiáticos son como resultado da creación independente ten sido probable para máis dun antropólogo” (Tylor, 1971b, p. 92).

⁶ Unha especie de parchis primitivo.

Para explicar este argumento pon un exemplo ficticio, preguntándose se a lingua inglesa tivera aparecido noutro lugar do mundo, ninguén argumentaría en contra da hipótese que el mantén para os xogos que compara, en cambio cando se fala dos xogos a oposición é maior, para rematar o seu artigo explica o seguinte:

Se este argumento fose admitido, a relación dos grupos de xogos do pachisi-patolli no Vello e Novo Mundo, debe ser explicada polas relacións acontecidas antes da conquista española, e non pola dos homes escandinavos, que non responde ás condicións. Si a comunicación a través do Atlántico falla, a comunicación alternativa é a través do Pacífico desde o este de Asia, onde o material de xogo podería ser facilmente suministrado (Tylor, 1971b, p. 93).

Seguindo coa tradición dos antropólogos de finais do século XIX atopamos ao taxonomista Culin (1894, 1895, 1902), situado no difusionismo como Tylor (1971a, 1971b). Moitos dos traballos de Culin céntranse na recompilación dun basto catálogo de xogos na cultura americana e oriental. Este autor elabora unhas das primeiras clasificacións taxonómicas dos xogos indios americanos e coreanos (Culin, 1895, 1902). No caso dos xogos americanos Culin (1902), realiza unha clasificación dividida en dúas grandes categorías: xogos de azar e destreza, sendo esta unha das primeiras taxonomías relativas ao xogo.

Culin (1895), explica que a orixe do xogo atópase na necesidade do home por divertirse, e indica dúas posibles causas para explicar a presenza dos xogos nas diferentes zonas xeográficas do planeta: por unha parte a transmisión entre os diferentes pobos, e outra pola creación propia de cada unha das culturas de xogos similares en condicións sociais, económicas e xeográficas comúns. Mantivo a mesma idea que Tylor (1971a, 1971b), sobre a expansión dos xogos a través do intercambio cultural das diferentes sociedades e pobos, presente na explicación sobre o xogo da mancala (Culin, 1894), no que realiza un retrato do xogo de taboleiro, e como este era amplamente coñecido en numerosas rexións de África e de Oriente Medio. As posicións deste autor foron revisadas por diferentes autores que cuestionaron a súa visión da grupalidade dos xogos, ademais do feito de que se considerase de nivel evolutivo medio á sociedade coreana (Enriz, 2011).

Unha gran parte dos traballos antropolóxicos de finais do século XIX estiveron focalizados nas culturas e tribos de América. Dentro destes estudos destacamos o centrado no xogo de bola da tribo Cherokee (Mooney, 1890), no que o autor nos describe o xogo que posteriormente será denominado como o xogo La-crosse, considerado para esta tribo como o xogo de maior relevancia, xa que para esta tribo era o xogo da clase dominante, “para o guerreiro roxo tratábase efectivamente dun xogo real, digno de ser xogado en día de reis” (Mooney, 1890, p. 107). A práctica deste xogo tivo unha gran difusión por toda Norteamérica ata a zona de México. Este xogo xa fora recollido por Tylor (1971a), como o xogo da chueca ou crosse, pensamos que a evolución deste xogo dou orixe a dúas variantes deportivas como xoquei e o lacrosse. Describe Mooney (1890) todo o desenvolvemento do xogo, desde o ritual místico asociado a este entretemento, ata que debía ser practicado polos mellores atletas da comunidade debido a súa dureza. Para os cherookes era unha honra participar nel, xa que se asociaba a súa capacidade como guerreiro, a súa práctica outorgáballe un estatus de gran recoñecemento dentro da sociedade.

Neste xogo comprobamos como o lúdico, a competición, a festividade e o místico se mesturan. Chámanos atención a importancia do místico ou máxico. Exemplo disto é que mesmo se desenvolvían conxuros por parte dos chamáns para interferir na sorte do xogo ou contra algún dos adversarios, “cando un xogador teme a un particular adversario do outro bando, é frecuente o caso de que o seu propio chamán realice un encantamento especial para evitar a derrota ou mesmo buscar a morte do rival” (Mooney, 1890, p. 111). Este feito indícanos como toda a comunidade Cherokee se integraba no desenvolvemento dos partidos, sendo este xogo un elemento de gran cohesión social da colectividade. O xogo transfórmase no epicentro da actividade social dos cherookes, no que a identidade, o poder, a maxia, a destreza física, e o recoñecemento social están moi presentes.

Na corrente británica da antropoloxía existiron numerosos estudosos que se centraron no xogo, sendo unha das autoras máis destacadas Lady Alice Bertha Gomme (como se citou en Ann, 1999, p. 11). Esta folclorista foi unha das encargadas de recompilar un dos maiores catálogos de xogos de Inglaterra, Irlanda e Escocia. Esta autora entendía que os xogos eran o testemuño do pasado antigo que reflectían as ideas e prácticas dos pobos primitivos. Na súa obra segundo Dorson (como se citou en Ann,

1999, p. 12), o que trataba de determinar eran as posibles orixes dos xogos británicos, de aí que modificara o nome dalgún xogo, para axustalo a súa explicación teórica, asociando determinados xogos a certos rituais e orixes místicas. Observamos como desde a antropoloxía se incide na idea do misticismo tanto na orixe como na práctica dalgúns dos xogos existentes nas diversas civilizacións e culturas. Este pensamento xa fora exposto por Tylor (1971a), tomando como referencia os xogos sedentarios de apostas, os xogos dos pelouros ou tabas. Nos que claramente relaciona a súa orixe na necesidade dos druídas, chamáns ou bruxos en adiviñar o futuro, e de explicar determinados fenómenos en base a forzas sobrenaturais.

2 .1. 2. HUIZINGA E CAILLOIS

No centro das teses que relacionan ao xogo coa cultura temos a un dos autores máis influentes dentro do campo da investigación do xogo como é Huizinga (1995). Este autor situado por Enriz (2011) na corrente taxonómica, elaborou unha obra que supuxo un punto de inflexión dentro do campo da investigación do xogo. Huizinga (1995), introduce o concepto de *homo ludens* fronte ao *homo faber*, sitúa ao xogo no epicentro da actividade humana como fenómeno cultural. De feito o libro comeza explicando o xogo como un fenómeno cultural que está presente dun xeito implícito en todas as manifestacións culturais do home, xa que as actividades consideradas máis serias, son reproducidas como acontece nos xogos, cun protocolo de actuación e unhas limitacións espazo temporais, que ben poderían ser unha analogía do acto de xogar.

Define Huizinga (1995) o xogo como unha actividade libre, non produtiva, recreativa e fóra da esfera das actividades máis serias, limitado a unhas condicións espaciais e temporais. Considera que os xogos como universais a tódalas culturas e sociedades, algo que sería rebatido por Sutton-Smith (1972), apoiándose este último na existencia de diferentes comunidades nas que o xogo non está presente.

Huizinga asocia o acto de xogar, de novo co máxico, co acto ritual, no que o ser humano se transporta a unha dimensión fóra da realidade espazo-temporal, a imaxe e semellanza dos rituais sacros de cada sociedade. Como xa comentamos en parágrafos anteriores a orixe dos xogos nos ritos místicos é algo que os estudosos do xogo sempre

tiveron en conta nas súas explicacións. Neste caso o feito de que se transporte a mente a un estado no que se focaliza plenamente no xogo, deixando á marxe a realidade que rodea ao participante, lémbra-nos a aqueles ritos nos que os chamáns mascaban allahuasca ou pellote para manter experiencias fóra da realidade e lograr unha fase trazo. Este argumento é apoiado por Norbeck (1971), “como outras formas de xogo, os trazos e as experiencias visionarias, foron a miúdo consideradas, desexadas e postas no uso humano como experiencias relixiosas” (Norbeck, 1971, p. 52), algo que tamén ocorre con algúns animais, como no caso dos gatos que son adictos á planta da nébeda ou menta de gato, a cal consumen para acadar fases de trazo e xogo.

Esta percepción sobre os xogos entraría de cheo co concepto dos xogos de vertixe de Caillois (2001), nos que se busca unha experiencia sensorial extrema. Entendemos que Huizinga cando nos fala desa situación de focalización no xogo estase a referir ao concepto de “flow” de Csikszentmihalyi (como se citou en Stevens, 1978, p. 18), que alude ao estado mental logrado cando nos concentramos nunha determinada actividade, na que se acada unha disposición cerebral que nos permite afastarnos da realidade, e estar plenamente centrados na acción realizada, este estado mental aparece en determinadas actividades humanas, como o xogo ou o traballo.

Huizinga (1995) fai fincapé no xogo como manifestación cultural case puramente competitiva, considera que non existe o xogo como manifestación cultural, senón se produce a manifestación agonística do mesmo dun xeito social, no que a manifestación da forza, da enerxía e do afán pola vitoria estea presente, deixando de lado claramente aquelas manifestacións lúdicas que non impliquen a competición.

Parece obvio que a conexión entre cultura e xogo haberá que buscala nas formas superiores do xogo social, nas que se nos presenta como actuación ordenada dun grupo ou dunha comunidade ou de dous grupos que se enfrontan. O xogo no que o individuo xoga para si só, en moi limitada medida é fecundo para a cultura (Huizinga, 1995, p. 64).

Non, nos foi difícil sinalar, no xurdimento de todas as grandes formas da vida social, a presenza dun factor lúdico da maior eficacia e fecundidade. A competición lúdica, como impulso social, máis vella que a cultura mesma,

enchía toda vida e actuou de fermento das formas da cultura arcaica (Huizinga, 1995, p. 205)

Esta asociación entre a competitividade e o xogo como elemento indisoluble da cultura, será revisada por Caillois (2001), xa que mostra o seu desacordo en outorgarlle tanta importancia ao factor competitivo dentro do xogo, xa que deixa á marxe outro tipo de xogos, en especial os de apostas. Esta relación entre xogo, competición e cultura como única forma lúdica relevante, tamén é criticada duramente por Sutton-Smith (1997), que se manifesta nos seguintes termos en relación a este tema:

A tese de Huizinga, tamén é unha particular visión da historia do xogo baseada no agonístico e no machismo. A súa definición do xogo fundamentalmente como competición, reflicte a retórica masculina xeralizada que favorece a exaltación do poder combativo, no canto de falar exhaustivamente sobre o xogo en si. O combate pode ser xeralizado, pero dificilmente é unha verdade universal sobre o xogo e todas as súas formas (Sutton-Smith, 1997, pp. 79-80).

Comprobamos como a visión do xogo baixo unha perspectiva de manifestación cultural na que predomina o factor agonístico, non responde ás manifestacións lúdicas nas que non existe unha confrontación. Os xogos simbólicos, cooperativos, ou os individuais, quedarían con esta interpretación lonxe de ser considerados como unha manifestación cultural lúdica de valor. Paradoxalmente para Huizinga as manifestacións deportivas quedarían fóra do ámbito do lúdico, xa que a formalización dos xogos afastan a estes da propia esencia do xogo, “con esta crecente sistematización e disciplina do xogo pérdese, a larga, algo do seu puro contido lúdico” (Huizinga, 1995, p. 232). Afirmación esta coa que coincidimos no momento actual, na que o deporte está logrando cotas de profesionalización e regulamentación, que acaban por homoxeneizar o xogo, ademais de rachar coa visión máis romántica do propio fenómeno para impoñer unha visión exclusivamente centrada no agonístico.

Malia que a perspectiva de Huizinga fose extrema na súa idea sobre a cultura, o xogo e a competitividade, resulta claro que estes elementos están intimamente relacionados coa cultura capitalista occidental, especialmente na actualidade que vivimos nun sistema global ultracompetitivo. Aínda que como ben nos explican algúns

autores (Gray, 2009; Sutton-Smith, 1972), determinados xogos como os xogos competitivos non estaba presente nas sociedades cazadoras e colleitadoras, polo que o xogo competitivo como universal á cultura humana quedaría en entredito, por moito que na actualidade este sexa a manifestación dominante en moitos ámbitos sociais.

Para Huizinga (1995), o xogo representa a orde, unha manifestación na que os participantes se someten a unhas normas, como acontece na vida real na que o home vive baixo un esquema de organización de tipo normativo, no que o autor liga claramente co dereito. Esta afirmación será cuestionada por Sutton-Smith (1997), xa que argumenta que a existencia de xogos de azar, de guerra, simbólicos, que incitan ao caos, alimentando o carácter paradoxal do xogo, sendo este unha manifestación cultural que vive nunha ambigüidade constante, na que a orde a desorde no xogo son caras dunha mesma moeda (Henricks, 2009).

Outro estudoso sobre o xogo foi Caillois (2001), desde unha perspectiva de corte fenomenolóxica e taxonómica (Gómez, 1993). Comeza facendo unha pequena discusión arredor da obra de Huizinga (1995), nesta reflexión o autor considera que o xogo é algo oposto á vida seria e ao traballo, o non produtivo fronte ao produtivo, en liña con Huizinga, pero tamén crítica o feito de que a súa obra sexa unha especie de investigación sobre a fecundidade do espírito do xogo no dominio da cultura, asociado principalmente aos xogos competitivos. Queremos destacar que a visión do xogo como algo improdutivo aínda que moi aceptada, pensamos que sitúa ao xogo baixo a influencia do pensamento máis capitalista, na que o xogo ao non achegar un beneficio cuantificable en termos de resultado socioeconómico, é considerado como algo inútil, “podemos afirmar que o xogo non produce nada, engádense cousas a el. Si produce o deporte profesional, porque se trata dunha profesión nas ganancias se distribúen á marxe do desenvolvemento do xogo e non substitúen, ou suman, á puntuación” (Hernández et al., 2003). Esta visión sobre o xogo desde a perspectiva do pensamento capitalista, reduce ao xogo a unha cuestión de produtividade só en termos económicos, obviando que produce no ser humano e na sociedade outro tipo de beneficios que non poden ser valorados e cuantificados só en termos de resultados económicos, porque as utilidades dos xogos van máis alá do valor económico. Esta visión parécenos totalmente anacrónica e reduccionista.

Na súa obra Caillois (2001), achega finalmente unha nova definición sobre o xogo na liña do expresado por Huizinga (1995) entendendo que este é unha actividade libre, incerta, delimitada no tempo e no espazo, improdutivo, sometida á normativa e fóra da realidade, observamos como a definición do xogo non difire moito da presentada polo autor holandés. Caillois (2001), en contraposición a Huizinga (1995) considera outras formas de xogo, deste xeito achega unha clasificación dos xogos en catro grandes categorías: *agón – competitividade*, aquelas actividades nas que se identifica un gañador claro, *alea – sorte*, aqueles xogos nos que o chou é factor determinante no resultado do xogo, *mimicry – imitación*, aquelas prácticas nas que o elemento simbólico está presente, e *ilinx – vertixe* son as actividades nas que se busca unha distorsión das capacidades de percepción, mesmo da conciencia.

Cada unha das categorías expostas pode ter diferentes xogos que se poden identificar en dous polos opostos: *paidia*, principio común de diversión, frenética, de libre improvisación, e alegría sen preocupacións; o outro polo é o *ludus*, no que prevalece a arbitrariedade, o imperativo e as aburridas convencións, mesmo usar trucos para lograr o efecto desexado no xogo. Como nos recorda Gómez (1993), a dualidade entre o ludus e a paidea, supoñen a relación clásica entre o apolíneo e o dionisiaco, que se combinan no xogo.

2. 1. 3. O NOVO PULO ANTROPOLÓXICO DO XOGO NO SÉCULO XX

Segundo nos indican Blanchard and Cheska (1986), ata mediados do século XX non houbo estudo tan relevante nesta rama como o de Roberts, Arth, and Bush (1959). Estes autores realizaron en primeiro lugar unha definición de xogo entendido como unha actividade recreativa, pero que limitaba o xogo a unhas determinadas características.

Aquí, o xogo é definido como unha actividade recreativa caracterizada por: xogo organizado, competición, dous ou máis bandos, criterio para determinar o gañador, acordo nas regras. Outras actividades que non satisfagan esta definición

como o nado non competitivo, xiros, figuras en cadea, son considerados como pasatempos (Roberts et al., 1959, p. 597).

Con esta definición delimitan o concepto de xogo deixando fóra todas aquelas manifestacións lúdicas que non mostren algúns destas características, algo similar ao que nos achegaba Huizinga (1995). Tamén nunha liña semellante maniféstanse posteriormente Levi-Strauss (1964), e Parlebas (2002b, 2002c). Este último indica que aquelas actividades lúdicas que non están sometidas a normas non son considerados como xogos. Pero o Roberts reconece nun artigo posterior (Roberts & Sutton-Smith, 1962) que esta definición non se axusta a moitos dos xogos que se recollen nos estudos etnográficos e que se consideran como xogos.

No estudo de Roberts et al. (1959), realizan outra taxonomía que divide os xogos en azar, habilidade, e de estratexia. Na súa investigación indican que os xogos de azar están relacionados coas crenzas relixiosas; os de estratexia son asociados ao sistemas sociais estruturados e complexos; mentres os xogos de habilidade física poden estar relacionados coas condicións ambientais. Os autores mesmo se aventuran a indicar que con posteriores estudos se poderá demostrar que os xogos de estratexia axudan a aprendizaxe de roles, os de azar están ligados coa responsabilidade e o éxito, e os brinquedos de habilidades físicas coa autoconfianza. Máis adiante retomaremos a este autor para recoller a teoría do conflito de enculturación do xogo (Roberts & Sutton-Smith, 1962; Sutton-Smith & Roberts, 1981)

Outro antropólogo relevante de corte neoevolucionista foi Norbeck (1971), que co seu artigo “*Man at play*”, explica o pouco interese que tivo o xogo por parte dos biólogos e primatólogos, en contraposición ao interese da educación e da psicoloxía, e outras áreas de estudo. Na súa opinión “o xogo é igualmente un fenómeno biolóxico e sociocultural” (Norbeck, 1971, p. 48), que nos humanos está condicionado pola aprendizaxe duns valores e unhas actitudes, algo que non ocorre no resto das especies. A súa definición de xogo non dista moito das expresadas por outros autores citados en parágrafos anteriores, só que neste caso non pecha a definición de xogo en torno á regra, mantén unha visión aberta sobre o tipo de actividades que poden ser consideradas como xogos.

Apoiándose no evolucionismo reflexiona sobre o valor que ten o xogo na supervivencia do home, xa que de non ser así este non se tería mantido no tempo a medida que o home evolucionaba en liña co expresado por Sutton-Smith (1997) e a retórica do xogo como manifestación variable adaptativa. E reflexiona do seguinte modo sobre a adaptación biolóxica do xogo humano:

Nun intento por comprender o valor da adaptación biolóxica do xogo humano, pode ser útil considerar que a retención da capacidade do home para xogar ao longo da súa vida está ligada á xuventude neurofisioloxicamente, e como os actos de xogo teñen efectos neurofisiolóxicos vitalizadores (Norbeck, 1971, p. 50).

Esta reflexión que nos achegaba o autor na década dos setenta continúa sendo relevante no presente, se a comparamos coa seguinte afirmación: “o xogo é parte da secuencia do desenvolvemento para converterse en primate humano. Se miras o que produce na aprendizaxe, na memoria e no benestar, o xogo é fundamental como outro aspecto da vida, incluídos durmir e soñar” (Stuart Brown como se citou en Marantz, 2008,) Comparando as dúas afirmacións, observamos como ambos investigadores atribúenlle ao xogo uns beneficios neurofisiolóxicos, considerándoo como vital para o desenvolvemento saudable da persoa, confirmando que é básico para a evolución e supervivencia da raza humana. O xogo polo tanto non é só manifestación cultural, senón que é unha necesidade biolóxica que permite ao ser humano adaptarse e desenvolver determinadas habilidades sociais e cognitivas, que baixo o enfoque destes autores resultan vitais para a supervivencia da raza humana, de aí que se manteña o xogo ao longo do tempo.

Para Norbeck (1971) o xogo está claramente ligado ás manifestacións festivas, rituais, divinatorias, feito que o enriquece, xa que sitúa a este na esfera das manifestacións humanas máis antigas da cultura humana. Recalca que o xogo vive condicionado polas características de cada sociedade, de aí que exista maior afección por determinados xogos, en función dos condicionantes socioculturais. Por iso mesmo se limita a súa práctica en determinados contextos culturais. As ideas deste antropólogo sobre o fenómeno poderían ilustrarse a través da seguinte afirmación:

O xogo é un comportamento humano. É polo tanto presumiblemente vital para a existencia do ser humano. As sociedades manteñen e manexan o xogo de xeito diferente. Algunhas sitúano nun lugar de honor e póneno no uso social. Outras sociedades, notablemente a nosa nos séculos recentes, colocan ao xogo en deshonra, o curso desta acción que fixo crear uns resultados positivos e uns monumentais éxitos económicos, pero que ao mesmo tempo, temos presentado un tranvía de problemas sociais (Norbeck, 1971, p. 52).

No campo da antropoloxía cultural un estudo de gran relevancia é o que nos achegaron Blanchard and Cheska (1986), coa súa obra *Antropoloxía do deporte*, na que fan un repaso de numerosas obras de corte etnográfico e antropolóxico, algunhas delas citadas nos parágrafos anteriores, e dos diferentes modelos teóricos nos que se apoia a antropoloxía para estudar as diferentes manifestacións culturais, para logo elaborar unha teoría de corte neoevolucionista (Medina & Sánchez, 2006), en liña coa tese exposta por Norbeck (1971), de feito será este autor o que realice o prólogo do libro.

Para estes antropólogos o xogo enmárcase dentro da actividade humana, que está compartimentada en catro polos diferenciados como son o xogo, o lecer, non xogo e o traballo. Baixo estes parámetros das actividades humanas a combinación destes provoca que existan actividades nas que o traballo resulta agradable, actividades lúdicas propiamente pracenteiras, actividades de lecer que non resulten pracenteiras, e finalmente actividades laborais que se fan por obriga sen ningún tipo recompensa ligada ao pracer. Blanchard e Cheska coinciden con Huizinga e Callois na división entre a esfera do traballo e do xogo, algo que cuestiona Stevens (1978), baixo un prisma psicolóxico apoiase no concepto do “flow”, para rebatir esta a división, xa que ambas tarefas levan ao humano ao mesmo estado mental, esta posición sobre a discusión sobre o xogo e o traballo como conceptos antagonistas será tamén mantida por outros autores (Brown & Vaugman, 2009; Malaby, 2007).

A perspectiva darwinista de Blanchard and Cheska (1986), é latente en toda a súa obra, pero é na seguinte manifestación na que podemos confirmar a súa posición:

O aumento do volume e a especialización do cerebro do home permitiron desenvolver a fala e a posibilidade de comunicar simbolicamente e de

conceptualizar; é dicir, falar e pensar sobre o pensamento; de reflectir e especular sobre o seu propio comportamento, xogo incluído. Así a metalinguaxe do xogo puido acadar novas cotas e novos niveis de abstracción (Blanchard & Cheska, 1986, p. 83).

Comprobamos como para estes autores, a evolución física e cognitiva da raza humana supuxo un punto de inflexión, para que o ser humano puidera facer uso da súa creatividade e da súa capacidade de imaxinación, de cara a formalizar novas formas de relacionarse socialmente, nas que destaca o xogo como un fenómeno cultural que está en permanente evolución sendo o deporte a máxima expresión desta progresión. Seguindo este fío presentan a evolución do xogo ata chegar ao deporte, a través de exemplos de sociedades e tribos que en función da súa organización e evolución tecnolóxica, desenvolven unhas determinadas actividades lúdicas na medida que estas son máis complexas os xogos tamén o son, algo que fora constatado na teoría do conflito de enculturación do xogo (Roberts & Sutton-Smith, 1962).

A obra de Blanchard and Cheska (1986), tivo na bibliografía estatal un grande impacto, de aí que autores como Bantulá (2005) Navarro (1995), Paredes (2002b), ou Rodríguez (2000), realicen as súas particulares revisións sobre esta publicación. Gustaríanos destacar a adaptación que realiza Navarro (1995). Este autor para explicar o xogo como fenómeno cultural, reformula as explicacións relativas á cultura expostas por Blanchard and Cheska (1986), seleccionando algúns puntos e substituíndo a verba cultura por xogo nos seguintes puntos: xogo e a sociedade, a universalidade do xogo, o xogo como comportamento adquirido, o xogo como un mecanismo adaptativo, e o xogo como integrador da cultura, natureza do xogo, e carácter simbólico do xogo. Baixo estas premisas explica o fenómeno do xogo como claro exemplo de adaptación e manifestación sociocultural.

2. 1. 4. AS ACHEGAS DO ENFOQUE PSICOLÓXICO

Elkonin (2003) sucesor de Vigotski (1982) e da escola histórico-cultural da psicoloxía sostén que é preciso manter unha perspectiva histórica na que o xoguete e o xogo son considerados medios polos que as crianzas se integran nas sociedades adultas. “A orixe

histórica do xogo está relacionada estreitamente co tipo de educación das xoves xeracións nas sociedades que ese atopan baixo niveis de desenvolvemento da produción e da cultura” (Elkonin, 2003, p. 48). O autor, que mantén o seu enfoque no xoguete e no xogo, coincide nesta afirmación co plantexamento de Sutton-Smith e Roberts (1981), xa que en función do tipo de métodos de crianza, o tipo de sociedade e o nivel cultural desta, determina o tipo de xogos que se manifestan nela.

Elkonin (2003) focaliza unha parte do seu argumento na relación que se establece entre o mundo infantil e adulto a través dos útiles de traballo. Sostén que o manexo dos apeiros de traballo busca introducir ás crianzas no mundo das obrigas laborais dos adultos, co obxectivo de instruílos no manexo destes para o seu correcto uso, pero ademais engádesse a necesidade que existía nas sociedades de baixo nivel evolutivo de facilitarlles ás crianzas a independencia necesaria para desenvolverse sen a presenza do adulto nas obrigas que deberá asumir a curto prazo. Neste senso as crianzas darán uso dos obxectos baseándose na experiencia e influencia dos adultos da comunidade, pero isto non significa que se transformen en xoguetes, malia que nese proceso de aprendizaxe e asimilación existan algúns elementos lúdicos como a alegría ou a imitación.

A propósito do dito, quixera sinalar que, en xeral, toda acción cun obxecto que o neno asimila polo modelo que lle ofrece os maiores presenta dobre natureza. Por unha banda, ten o seu aspecto técnico operativo, que require unha orientación cara as propiedades do obxecto e ás condicións de execución do acto; por outra parte, é un modo social de executar a acción da que o adulto é vehículo e, polo mesmo, dá lugar a que o neno se equipare ao adulto (Elkonin, 2003, p. 60).

Sostén o autor ruso que é a partir desta destreza cos obxectos e da integración do neno na vida adulto, cando xorde a competición entre as crianzas, que asumen o modelo adulto da competición para expresar a súa mestría no manexo do instrumento. Esta forma de xogo competitivo entraría de cheo coa perspectiva do xogo de Huizinga (1995), que mantén unha posición pechada do xogo neste sentido. Pero para Elkonin (2003) estas competicións non deixan de ser unha forma máis ou menos orixinal de comprobación de todo o proceso de aprendizaxe e formación das habilidades físicas e técnicas que son sometidas a unha especie de avaliación e comprobación social.

Destaca o autor a importancia da participación do neno na vida do adulto, dun xeito distinto en cada unha das sociedades, desta forma nas sociedades menos desenvolvidas, nas que a organización social está baseada en pequenas comunidades, as crianzas comezan a asumir roles laborais desde moi novas debido ás necesidades da colectividade. Isto fai que separación entre vida dos adultos e a dos nenos non sexa clara, xa que as obrigas laborais son compartidas, e polo tanto o xogo non existe nin tampouco é incentivado pola sociedade adulta. A aprendizaxe dos traballos complexos, o adestramento no manexo dos útiles de traballo correspóndese con outro nivel de desenvolvemento social máis avanzado, na medida que as sociedades incrementan os medios de produción e estes son máis complexos a incorporación das crianzas ao modelo produtivo é máis tardío. Neste sentido coincide con outros autores (Blanchard & Cheska, 1986; Roberts & Sutton-Smith, 1962; Sutton-Smith & Roberts, 1981), ao incidir na idea de que o nivel de complexidade social determina o tipo de xogos que van aparecendo en cada sociedade, situando ao xogo nunha orixe filoxenética (Navarro, 2002). Desta maneira para o autor ruso cos cambios nos medios de produción aparecen novos significados e roles para os obxectos, e tamén nace o xogo protagonizado:

Este xogo nace ao longo do desenvolvemento histórico da sociedade como resultado do troco de lugar do neno no sistema de relacións sociais. Por conseguinte, é de orixe e natureza social. O seu nacemento está relacionado cunhas condicións sociais moi concretas da vida do neno na sociedade e non coa acción de enerxía instintiva innata, interna, de ningunha clase (Elkonin, 2003, p.67)

Baixo os novos esquemas de produción aparece o xoguete simbólico e o xogo protagonizado que estaría en certa medida relacionado co xogo simbólico (Piaget, 1961, 1971, 1976), xa que nos dous casos manteñen plantexamentos similares, só que para Elkonin o xogo nace consecuencia do cambio social e non do cambio nas fases do desenvolvemento cognitivo da infancia. O retraso da incorporación das crianzas ao traballo adulto fai que os materiais de traballo se convertan en xoguetes a través dos cales as crianzas imitan as novas formas sociais dos adultos. Coa incorporación tardía ao traballo por parte dos pícaros a infancia alóngase no tempo, e o xogo comeza dominar nas comunidades infantís. Porén o autor mantén que o o xogo protagonizado non nace como resultado da creatividade infantil, senón que responde á adaptación por

parte das crianzas na esfera infantil da dramaturxia dos adultos e dos roles interpretados polos adultos. Esta mesma idea é mantida por Sutton-Smith (1989) sen referirse aos medios de produción, senón desde unha perspectiva relacionada co místico e o profano do mundo adulto e infantil.

Poida que existan algunhas situacións culturais, nas que a xenerosidade entre os límites de adultos e nenos, entre o sagrado e o profano, poida permitir unha situación, na que o xogo infantil sexa unha especie de incorporación das tradicións adultas, un resto delas (Sutton-Smith, 1989, p. 34).

O antropólogo e psicólogo Brian Sutton-Smith e co-fundador da Asociación de Estudos Antropolóxicos do Xogo, máis tarde coñecida como Asociación para o Estudo do Xogo. Este autor a través de múltiples estudos e publicacións (Roberts & Sutton-Smith, 1962; Sutton-Smith, 1952, 1953, 1959, 1966, 1970, 1974, 1986, 1989, 1997, 2006, 2008; Sutton-Smith et al., 1999; Sutton-Smith & Roberts, 1981), é o estudoso que máis leva contribuído á investigación do xogo e a súa posta en valor. Xa comentamos anteriormente algúns elementos da súa perspectiva sobre o fenómeno cando presentamos as retóricas do xogo (Sutton-Smith, 1997, 2006, 2008), polo tanto non afondaremos moito máis nelas.

Comezou a súa obra centrándose no xogo popular de Nova Zelanda (Sutton-Smith, 1952, 1953, 1959, 1972) e no que denomina como o “childlore” -folclore infantil- (Sutton-Smith, 1970; Sutton-Smith et al., 1999). Nestes primeiros estudos sobre os xogos infantís nos centros educativos de Nova Zelanda destaca a importancia dos procesos de aculturación e sincretismo cultural aos que os xogos e infancia están sometidos, centrándose na cultura maorí e a inglesa. Sostén que o encontro e intercambio cultural pode dar lugar á desaparición duns xogos ou o fortalecemento doutros.

En conclusión pódese dicir que nun novo ambiente cultural proporcionado polo encontro destas dúas culturas, houbo unha tendencia a descartar os pasatempos da cultura sometida, mentres que para os pasatempos de ambas culturas reforzouse. Pero esta tendencia foi afectada por outra influencia máis poderosa ca o énfase nos puntos análogos de cada cultura. Esoutra influencia foi a puxa do

deporte organizado que tende a suprimir todos os xogos menores de ámbalas dúas culturas, con independencia da súa natureza (Sutton-Smith, 1972, p. 330).

Esta perpetuación duns xogos sobre os outros está ligado ás retóricas do poder e da identidade (Sutton-Smith, 1997), xa que por unha parte o xogo é un elemento que reforza os lazos culturais, ao mesmo tempo que é unha mostra de empoderamento dunha cultura sobre a outra, mesmo no grupo de iguais que practican os xogos porque “de acordo co conflito da teoría da enculturación dos xogos, os nenos aprenden como exercer o poder sobre outros pola astucia, a habilidade física ou a espiritualidade” (Sutton-Smith, 1997, p. 82). Esta relación de forzas no proceso de aculturación e a desaparición duns xogos en favor doutros, ten explicacións psicolóxicas e sociais, xa que “é razoable pensar que o contacto cultural desenvolve conflitos tamén psicolóxicos e precisa dunha reestruturación cognitiva que conduce á preparación de xogos novos e ao rexeitamento dos antigos” (Roberts & Sutton-Smith, 1962, p. 20), isto asociado aos cambios nos métodos educativos e a paulatina aculturación deportiva provoca que parte dos xogos infantís das comunidades tradicionais sexan desprazados do lecer infantil.

Considera que os xogos son tradicións (Sutton-Smith, 1989), que están ligadas a elementos psioxenéticos e socioxenéticos, por esta razón a través de estudos interculturais formula a versión da teoría do conflito de enculturación do xogo (Roberts & Sutton-Smith, 1962) na que se centran nos xogos regrados, esta sería ampliada e revisada anos máis tarde polos mesmos autores (Sutton-Smith & Roberts, 1981), diferenciando o xogo non regrado como aquel subconxunto de condutas voluntarias nos que a persoa inverte a relación usual de poder ao expresar normas de conduta prototípicas dun xeito vivencial; mentres os xogos regrados son un subconxunto das formas de xogo nos que un sistema de normas rexe os resultados de condutas competitivas nas que existe un gañador na competición; o deporte, é un subconxuntos de xogos regrados nos que os xogadores participan con outros individuos aleatoriamente.(Sutton-Smith & Roberts, 1981).

Este intento por entender o xogo como fenómeno enculturador a nivel individual e colectivo entraría de cheo coa perspectiva do funcionalismo (Malinowski, 1970, 1986). O propio Malinowski (1986) reflicte esta idea cando na súa estancia convivindo cos agounautas nas Illas Trobiand, se manifesta do seguinte xeito:

Tiven que aprender a comportarme, e ata certo punto, adquirín o sentido das boas e malas maneiras indíxenas. E foi grazas a isto, a saber gozar da súa compañía e a participar nalgún dos seus xogos e diversións, como comecei a sentirme de verdade en contacto cos indíxenas (Malinowski, 1986, p. 26).

Queda claro polas súas palabras que para involucrarse na cultura o xogo cumpre esa función integradora nos valores propios da comunidade, que permite que o conxunto de membros da colectividade se relacionen baixo os mesmos patróns culturais e sociais.

Na aproximación intercultural e intracultural ao xogo, parten da clasificación dos xogos que fixeran Roberts et al. (1959). Deste xeito analizan os xogos de habilidade física, os de habilidade física e estratexia, tamén os exclusivos de estratexia e finalmente os de sorte, de distintas sociedades. Parten da idea de que os xogos que se presentan en cada sociedade están marcados por factores psicolóxicos, como a mestría e o tipo de estímulos, a xestión do poder social e da ansiedade, a xestión comunicativa e da linguaxe; mentres os aspectos culturais refírense ás tradicións sociais, a complexidade cultural e aos métodos educativos (Sutton-Smith & Roberts, 1981).

A teoría implica que existe un exceso en todo o proceso de patróns culturais polos que a sociedade induce ao conflito nas crianzas, a través dos seus procesos de formación infantil; que a sociedade busca a través de formas e variedade de modelos lúdicos apropiados unha calma destes conflitos mediante unha correcta representación das súas polaridades emocionais e cognitivas na estrutura lúdica; e que a través destes modelos de sociedade trata de proporcionar unha forma de aprendizaxe tamponada a través da cal o neno poida dar o paso a paso un progreso enculturador cara o comportamento adulto (Roberts & Sutton-Smith, 1962, pp. 18-19)

Desta maneira os xogos de estratexia están relacionados ca obediencia e con sociedades que posúen formas de educar severas orientadas a aceptación das estrutura xerárquica. Asemade son culturas que posúen un elevado grao de complexidade social a todos os niveis, ademais nestas son recompensadas as habilidades e as decisións estratéxicas.

Os xogos de sorte están relacionados cunhas formas de educar orientadas á asumir responsabilidade e independencia, estes poden estar presentes en sociedades avanzadas ou simples, pero tiveron a súa orixe en sociedades pequenas onde non tiñan garantidos os sustentos básicos. Ademais estas sociedades están aferradas a crenzas máxico-relixiosas e a segregación de xénero está presente.

Por outra parte os xogos de habilidade física, que son relacionados co éxito, teñen unha maior presenza naquelas sociedades que recompensan a obtención do logro e a súa frecuencia, esta última asociación estaría en liña co manifestado por Elkonin (2003), cando se refire ao nacemento das competicións, como forma de recoñecemento e avaliación da habilidade técnica das crianzas. As culturas nas que soamente se manifestan estes xogos son as de menor complexidade social en todos os aspectos, e normalmente existe unha maior segregación e unha preponderancia do xénero masculino cara estes xogos.

Existen tamén sociedades nas que todos os xogos están presentes, que se corresponden con aquelas culturas máis complexas e tecnolóxicamente avanzadas, que estiveron presentes nas culturas clásicas e por suposto nas sociedades industrializadas. Agora ben tamén existen sociedades nas que o xogo non está presente, son aquelas simples con baixo nivel tecnolóxico, cunha economía de subsistencia. Poida que esta ausencia dos xogos fose produto dunha ausencia na súa sociedade dos xogos, por un proceso de deculturación. Asemade existen sociedades que non posúen xogos competitivos. A ausencia de xogos en determinadas culturas rompería co discurso evolucionista e difusionista que moitos antropólogos mantiñan sobre a universalidade do xogo na humanidade.

O xogo e os deportes baixo o enfoque do conflito de enculturación, está moi relacionado coas retóricas do poder, da identidade (Sutton-Smith, 1997). Neste sentido as novas xeracións a través dos diferentes xogos coas súas imitacións e novidades son inseridos no total da sociedade, xa que acaban por interactuar coa ideoloxía dominante, e cando existe un conflito coa cultura dominante o xogo é capaz de axustarse creando novas formas no contexto social (Sutton-Smith & Roberts, 1981). Pero como nos recorda o propio autor os esquemas culturais só supoñen unha capa máis das múltiples funcións evolutivas de carácter lúdico (Sutton-Smith, 2008). Así mesmo o xogo supón

unha forma de evolución cognitiva, porque as crianzas deben ir adaptando as súas condutas e esquemas de xogo en función do que a sociedade demanda, por esta razón as crianzas aprenden a regular as súas emocións ante os conflitos que xorden cando deben responder aos diferentes modelos educativos ben sexan orientados á obediencia, á responsabilidade ou ao éxito, por esta razón esta maneira de enfocar o xogo estaría ligada tamén á retórica do progreso (Sutton-Smith, 1997).

Sutton-Smith non só afirma que o xogo é un elemento enculturador para as novas xeracións, senón que é un fenómeno que se adapta as circunstancias o que o autor chama a adaptabilidade variable do xogo (Sutton-Smith, 1997, 2008). Esta perspectiva retoma o enfoque do evolucionismo antropolóxico para defender esta capacidade do xogo para adaptarse, tendo en conta aspectos neurolóxicos, cognitivos e culturais. Sobre esta premisa de carácter evolutiva presenta unha novo enfoque sobre o xogo considerando a este como un elemento de coevolución de funcións múltiples (Sutton-Smith, 2008), nesta nova visión sobre o fenómeno, o xogo é visto como unha cebola que se compón de diferentes capas nas que se recollen diferentes aspectos, como o conflito evolutivo da orixe do xogo, sumado ás outras capas que presenta en forma de visión dual do xogo como un acto reflexo e reflexivo, xunto cunha dualidade nas emocións primarias e secundarias, nas accións do xogo, xunto coa relación ambivalente do xogo coas diferentes culturas.

A primeira capa é a que se refire ás orixes do xogo, na que se recollen varias hipóteses sobre a súa orixe. Esta pode ser derivada dunha mutación xenética en resposta ás dificultades de adaptación do ser humano; outra posibilidade é que este sexa unha manifestación dos conflitos e ameazas entre contendentes; tamén se pode deber a unha adaptación dos rituais defensivos que se tornan en imitacións simbólicas dos conflitos para evitar comprometerse nas disputas, isto viría a ser unha inspiración de carácter ritual do xogo; por outra banda a outra posibilidade que manexa é a de que os mamíferos fosen capaces de desenvolver a capacidade para crear o xogo simulado para recrear situacións que posteriormente serían substituídas por estímulos máis perigosos.

Outro estrato do xogo é a consideración deste como un acto reflexo e como produto do pensamento reflexivo. Neste caso o xogo evoluciona como consecuencia do conflito que nace entre a resposta innata que nos pode levar a unha situación non

desexada e a resposta meditada, froito desta indecisión xorde o xogo que permite simular este conflito sen expoñerse aos riscos da vida real. A terceira capa refírese ás emocións primarias e secundarias, neste caso parte do feito de asumir o xogo baixo a premisa de que este é unha manifestación orixinada pola adaptación dual das respostas involuntarias e meditadas. Baixo esta premisa o xogo é unha manifestación dualística de emocións, xa que nel son expresadas emocións de carácter irracional que están asociadas ás respostas involuntarias. Estas serían as emocións primarias; mentres as emocións secundarias están relacionadas coas condutas reflexivas, que estarían ligadas a determinados elementos do xogo como os ritos, tradicións ou as normas. Para falar desta dualidade emocional no xogo apoiase na neurobioloxía ao identificar as zonas cerebrais onde se produce cada resposta emocional. Así nos xogos atopamos as emocións primarias como a carraxe, o medo, a tristeza, alegría, etc; ao mesmo tempo no xogo presentanse emocións secundarias como o orgullo, a felicidade, a empatía, a vergoña, a culpa...

A cuarta envoltura do xogo é a dualidade das actuacións nos xogos, esta supón a identificación das emocións co tipo de condutas que se expresan nos xogos. Desta forma podemos buscar a relación entre a emoción e o xeito de encarar a súa actuación no xogo por parte do xogador. A súa participación ou acción pode estar motivada pola rabia, o control do risco, a personalidade, ect. o que leva ao participante a intervir dunha maneira concreta en función destes factores e do tipo de xogos practicados.

A derradeira capa do xogo é a que se refire á relación entre os tipos de xogos e os esquemas culturais nos que estes se enmarcan. Esta capa do xogo sería a parte que se relaciona directamente coa teoría enculturadora do xogo, que xa detallamos nos parágrafos anteriores, e que relaciona o xogo cos esquemas culturais dominantes na sociedade, dando lugar a un determinado tipo de manifestacións lúdicas en función do nivel de desenvolvemento social e os patróns culturais dominantes.

Nesta nova revisión do xogo, retoma con máis forza a perspectiva evolutiva da antropoloxía cultural, pero engade matices relacionados coa neuroloxía que tratan de explicar o fenómeno do xogo desde unha perspectiva darwinista cultural que actúa baixo o esquema da dualidade bidireccional no plano da inconsciencia e a consciencia, das emocións primarias e secundarias, e na dualidade entre xogo practicado e cultura

dominante. Recollemos a seguinte cita para ilustrar esta nova reformulación do xogo desde a perspectiva antropolóxica:

Particularmente desde unha retrospectiva humana, probablemente deberíamos darlle un peso maior á actividade consciente, xa que ao longo do tempo dou resultado a sociedades máis plurais, a múltiples linguas e ao incremento das sociedades suxeitas a normas, que os nosos xogos viñeron a reflectir. Na miña propia investigación descubrín como as sociedades máis complexas teñen os xogos máis complexos, os cales están mellor simbolizados, posiblemente, polas complexidades dos xogos de estratexia como o xadrez.

Debemos supoñer tamén que probablemente na evolución cultural as emocións secundarias e da conciencia gradualmente gañaron terreo sobre as emocións instintivas e primarias, aínda que estas posteriormente puideran permanecer en certa disputa cultural por manter os seus roles como representacións nos xogos practicados. Xa discutimos como o córtex primario (as operacións conscientes) limitou a amígdala instintiva (operacións involuntarias) para producir límites normativos aceptables. Pero que lado da dualidade, instinto ou astucia, debería ser máis esencial para o propio éxito dos propios xogos, semella un cara ou cruz, se discutimos os deportes, a sorte, a estratexia, paganismo, festivais ou actuacións contemplativas. Máis importante foi que visionamos os xogos fundamentalmente como unha mutación, unha síntese da súa dualidade, tanto da expresión emocional como da regulación emocional (Sutton-Smith, 2008. p. 117).

Esta mestura de aspectos culturais neurolóxicos e biolóxicos desde a perspectiva antropolóxica como a que nos presenta Sutton-Smith (2008) abre un novo campo para o estudo do xogo que se relaciona co enfoque da neuroantropoloxía (Lende & Downey, 2012). Baixo esta perspectiva as ideas sobre a variabilidade do xogo as capas que o compoñen e a súa importancia como elemento clave na enculturación, atopan apoio nesta nova disciplina que se centra en comprobar como as diferentes formas de enculturación, as normas sociais, as formas de adestramento, a linguaxe e os patróns de experiencia, dan forma ao noso cerebro (Downey & Lende, 2012), ademais este plantexamento reivindica ao uso da etnografía como fundamental para relacionar como actúan os procesos sociais no modelado do noso cerebro; un exemplo de como a

neuroantropoloxía se pode aplicar ao estudo do xogo atopámolo no traballo de Downey (2012) sobre a capoeira e o equilibrio, onde demostra como desenvolvemento deste está influenciado polas ideoloxías culturais, os métodos de adestramento e o asesoramento dun experto, o que acaba por repercutir nos patróns de acción motriz e no desenvolvemento do equilibrio, recoñecendo as diferenzas existentes entre a capoeira e outras actividades como a danza, e a ximnasia no equilibrio.

Con este enfoque podemos indicar que os xogos máis complexos pertencen as sociedades máis complexas por unha mestura de factores psicolóxicos, culturais, tecnolóxicos que afectan ao desenvolvemento das nosas conexións cerebrais, o que orixina que o xogo sexa elemento de coevolución de funcións múltiples (Sutton-Smith, 2008). Con esta perspectiva ábrese un campo de estudo para o xogo con múltiples posibilidades de aplicación na área da EF.

2. 1. 5. O ESTRUTURALISMO

Debemos destacar neste repaso ás perspectivas antropolóxicas o enfoque estruturalista de Levi-Strauss (1964, 1973). Baixo esta perspectiva o que se pretende é buscar a lóxica organizativa dos elementos na sociedade. Na súa argumentación distingue o pensamento salvaxe e o positivismo empírico (Levi-Strauss, 1964), estas formas de operar mentalmente contribúen á busca dunha estrutura social, que está composta polas relacións sociais, que son as que dan orixe á estrutura social que se organiza en forma de sistema máis complexos. Para explicar isto apoíase na idea do bricolaxe, na que a partir de diferentes elementos existentes o home emprega aqueles que xa teñen un uso concreto determinado polo usos pasados.

Establece o autor unha comparativa entre o científico e o máxico, a través do rito e o xogo (Levi-Strauss, 1964). Para o autor francés o xogo “defínese polo conxunto das súas regras que fan posible un número practicamente ilimitado de partidas” (Levi-Strauss, 1964, p. 55), por esta influencia das regras no xogo, o autor atribúelle o éxito dos deportes nas sociedades máis avanzadas e industrializadas. Por outra parte para el o rito e o xogo opóñense, xa que mentres o xogo é disxuntivo, porque busca o desequilibrio, vencedores e vencidos; o rito é conxuntivo, porque busca o equilibrio nas

estruturas existentes, a restauración da estrutura. O francés concibe o xogo como un elemento competitivo e regrado, e o resultado das accións nos xogos está determinado previamente pola influencia destas.

No caso do xogo a simetría está, polo tanto preordenada; e é estrutural, posto que se deriva do principio de que as regras son as mesmas para os dous campos. A asimetría, é exendrada; derívase inevitablemente da continxencia dos acontecementos, dependan estes da intención, da sorte, ou do talento (Levi-Strauss, 1964, p. 58).

Baixo a influencia deste enfoque estruturalista temos ao seu compatriota Parlebas que a través da posta en marcha da praxioloxía motriz (Parlebas, 2001, 2002b, 2002c), disciplina centrada no estudo da acción motriz, que trata de esclarecer as relacións que se producen no desenvolvemento dos xogos entre os seus participantes. Para facelo fálanos da lóxica do xogo deportivo, que é “o sistema de elementos pertinentes desa situación ludomotriz e o cortexo de consecuencias prácticas que conleva este sistema” (Parlebas, 2002b, p. 146).

No seu intento por clasificar e analizar os xogos, céntrase no xogo deportivo regrado para defender o carácter predeterminado do xogo, “a pesar das aparencias, os comportamentos lúdicos non son anárquicos, senón que están fortemente determinados pola razón das regras” (Parlebas, 2002b, p. 147). Esta predeterminación do xogo reside en tres ideas básicas: o acordo de base, a supresión da desorde no xogo, a os dous niveis de intelixibilidade do xogo no sentido da cooperación do xogo e o seu propio código. Observamos no plantexamento a coincidencia coa posición de Levi-Strauss (1964), sobre o xogo e a regra, e a influencia desta na actuación dos xogadores. Para dar solución a este argumento, Parlebas (2001, 2002b, 2002c), preséntanos os universais ludomotores, que son modelos operadores que portan a lóxica interna de cada xogo e que son as estruturas do seu funcionamento.

Este plantexamento dos universais nos xogos baixo a lente da lóxica que rexe nestes non resulta novidoso dentro do estudo desta temática, xa que anteriormente Avedon (1971), presentara outros universais ben parecidos aos expostos por Parlebas (2002b, 2002c) atendendo á lóxica do xogo, co obxectivo de facilitar unha posible

análise de todos os xogos. Os argumentos presentados por ambos autores son moi similares: en ambas propostas recóllese a influencia dos modelos matemáticos, antropolóxicos e sociolóxicos para elaboralos, só que no caso de Avedon inspírase principalmente na obra de Mead (1934), e Goffman (como se citou en Avedon, 1971, p. 421), ambos autores representantes do interaccionismo simbólico⁷.

Nos universais presentados por Avedon (1971, pp. 422-425), están o obxectivo do xogo, procedementos para a acción, o regulamento, xogadores necesarios para xogar, roles dos participantes, resultados, capacidades e habilidades, patróns de interacción, acondicionamento dos espazos e da contorna e por último o equipamento requirido para xogar. Parlebas (2002b, 2002c), pola súa parte presenta sete universais aplicables aos xogos de regras, e partindo da distinción entre lóxica interna estrutura interna do xogo do xogo e a lóxica externa, elementos socioculturais, así presenta desde a lóxica interna do xogo os seguintes universais: a rede de comunicación motriz, rede de interacción de marca, sistema de puntuación, sistema de cambio de roles, sistema de cambio de subroles, código xestémico e código praxémico.

Se establecemos unha comparativa entre os universais dun e outro, identificamos elementos comúns, aínda que manteñen matices diverxentes na súa posterior exposición, sendo Parlebas o que desenvolve de maneira máis completa estes universais. Deixaremos que sexan os expertos na praxioloxía os que analicen con maior profundidade e rigor estas posibles correlacións entre os universais presentados por un e outro autor. Queremos reflexionar sobre o feito de que ambas propostas dos universais do xogo baséanse en modelos matemáticos e antropolóxicos-sociolóxicos, agora ben a proposta de Avedon (1971) é anterior á de Parlebas, polo que o precursor na busca dos universais do xogo entendemos que sería este autor, que curiosamente a pesar de ser un autor de gran prestixio e anterior ao desenvolvemento da praxioloxía non tivo un gran impacto na corrente parlebasiana.

⁷ O interaccionismo simbólico é un enfoque relativo ao estudo da vidados grupos humanos. Está fundamentado en 3 cirterios: O primeiro “é que o ser humano orienta os seus actos cara as cousas en función do que significan para el [...]. A segunda premisa é que o significado das cousas é derivado, ou xorde comoconsecuenciada interacción social que cada cal mantén co igual. A terceira é que os significados manipúlanse e modifícanse mediante un proceso interpretativo desenvolvido pola persoa ao enfrentarse coas cousas que van aparecendo ao seu paso” Blumer (Blumer, 1981, p. 2).

Retomando a cuestión antropolóxica o feito de que cada cultura e sociedade manifeste a súa motricidade, ou etnomotricidade (Parlebas, 2001, 2002b), e que os xogos supoñan o espello da sociedade na que se crean (Parlebas, 2002c), non afecta a unha variación fonda dos universais, aínda que reconece que poidan existir prácticas nos que non se presenten todos debido ás variacións interculturais e intraculturais que se producen nos xogos de cada cultura e sociedade.

Finalmente, nin as diverxencias macroetnomotices, entre sociedades, nin as microetnomotrices, entre grupos, invalidan en absoluto a noción de universal. Moi ao contrario, poderíamos dicir, respecto aos xogos, o que dicía Saussure respecto á lingua: non atopamos máis ca diferenzas. As oposicións descubertas entre sociedades ou entre grupos poden validar cada representante dos universais, marcando a través das oposicións rexistradas, a identidade das modalidades adoptadas por cada un deles, por unha parte, e a pertinencia dos metamodelos por outra (Parlebas, 2002b, p. 160).

Pero debemos subliñar que en moitos xogos populares os universais plantexados por Parlebas non son aplicables xa que non son xogos regrados, o que el considera como os case-xogos (Parlebas, 2002b). Os plantexamentos de Parlebas tiveron unha gran influencia na investigación lúdica e deportiva no Estado o que fomentou numerosos estudos desde esta perspectiva dentro do campo da EF e do xogo.

2. 1. 6. O SIMBOLISMO CULTURAL NO XOGO

A perspectiva da antropoloxía simbólica no xogo atopámolo na obra de Geertz (2003), que durante a súa estancia en Bali, recolle os significados que lle outorgan os balineses ás pelexas de galos. Para o autor a pelexa de galos cumpre unha función primordial, xa que que é un acto de interpretación da cultura balinesa, na que a súa propia historia é contada por eles mesmos, sobre eles mesmos (Geertz, 2003). Considera que xogo é coma outras artes que expresan unha información de gran valor sobre a nosa existencia, este supón unha representación creada de algo real na nosa vida social, que nos facilita guiar a agresión e a rivalidade nunha esfera simbólica coa que nos comprometemos. É certo que outros autores (Elkonin, 2003; Piaget, 1961, 1976;

Roberts & Sutton-Smith, 1962; Vigostky, 1978) nos falan do xogo simbólico, pero parten desde posicións variadas que en ocasións non se corresponden co trasfondo cultural existente no no xogo.

Nas pelexas observamos como se participa da estrutura social e cultural dos balineses, expresada a través destas pelexas de galos, estas son en primeira estancia un sacrificio de sangue no que se tenta dar resposta ao instinto caníbal, e por outra parte é unha expresión da masculinidade e da animalidade que opera de forma ambivalente. “Na lea de galos, o home e a besta, o ben e o mal, o ego e o ilo, a forza creadora da masculinidade excitada e a forza destrutora da animalidade desencadeada, fúndense nun sanguento drama de odio, crueldade, violencia e morte” (Geertz, 2003, p. 345)

Para Geertz as apostas realizadas nas pelexas de galos supoñen unha manifestación do que el chama xogo profundo⁸ (Geertz, 2003), xa que neste xogo de pelexas, non só é unha aposta económica, senón unha representación dunha sociedade, dun sistema de relacións tribais ou comunais, no que as apostas e os galos supoñen o símbolo a través do cal se indica o estatus de cada unha delas e dos seus membros, non se posta polos cartos senón pola honra que supón a vitoria dun galo sobre do outro. A pelexa dos galos supón a ligazón coa función interpretativa, na que o galo simboliza a loita do home contra o home polo recoñecemento social, “pois só aparentemente son os galos os que combaten; en realidade son os homes” (Geertz, 2003, p. 343). Esta visión do xogo foi recentemente revisada por O’Donnell (2014). Claramente influenciado polo estruturalismo e simbolismo antropolóxico, indica que a visión de Geertz (2003) sobre o xogo profundo, demostra a interrelación global que existe entre o xogo, a cultura e as estruturas, principalmente as normas. Para o autor o xogo profundo debe estar presente en todas as manifestacións lúdicas, por isto reflexiona sobre a adaptación que debe facer a antropoloxía e a etnografía ao ter que abordar novos campos de xogo nun contexto globalizado, que anteriormente non existía, e que esixe dunha nova conceptualización do xogo (O’Donnell, 2014).

⁸ Concepto recollido do filósofo Bethman, que se asocia á práctica de determinados xogos nos que se perde a racionalidade, asumindo grandes e graves riscos, neste caso asociado claramente ao tema das apostas no xogo.

Esta mesma perspectiva do xogo como manifestación simbólica da cultura é presentada por Azoy (2010), neste caso centrada no xogo afgán *buzkashi*, no que se trata de recoller unha cabra amputada nunha zona e facer un percorrido ata depositala onde foi recollida. Cada equipo loita por levar antes a cabra e para iso poden empregar calquera manobra sexa violenta ou non, xa que non hai máis normas no xogo. Neste caso o xogo tamén simboliza a cultura afgana do seguinte xeito:

O *Buzhasite* ten catro dimensións de significado. En primeiro lugar, é, sinxelamente, e pode ser o máis importante, un xogo de acción violenta, que ten lugar no que Goffman denominaría marco de diversión máis que de formalidade. En segundo lugar, é unha conmemoración vivencial da herdanza cultural ecuestre da rexión. En terceiro lugar, serve como unha metáfora entre os afganos para describir calquera axitación repentina e caótica, tanto no fogar como no ámbito nacional. En cuarto lugar-e o máis sorprendente—é que serve como escenario político e local (Azoy, 2010, p. 91)

No caso deste xogo ao igual que acontece no caso balinés, está en liza o prestixio dos xogadores, do patrocinador e da comunidade que representan. No caso afgán este xogo é unha metáfora da confrontación política entre diferentes estamentos sociais que pugnan polo recoñecemento social e pola capacidade para controlar a violencia no propio xogo e nas zonas onde manteñen o control. O xogo é unha especie de test onde os líderes tribais deben ter as habilidades para xestionar as disputas no propio xogo e as que derivan despois do mesmo na vida real.

Aquí invertemos o símil e pensemos nun xogo competitivo como a política: o *buzkashi* como campo de batalla político no que os patrocinadores *khan*, compiten por obter un prestixio xeralizado e máis especificamente a reputación de ser capaces de controlar os acontecementos (Azoy, 2010, p. 92).

Tanto no caso balinés como no afgán son casos onde con maior ou menor intensidade as retóricas do poder, da identidade e da sorte (Sutton-Smith, 1997), represéntanse nun contexto de carácter festivo e ritualístico, no que os participantes se entregan á cerimonia final do xogo. En ambos casos as apostas e os premios ao gañador son comúns nos xogos, pero a aposta non se realiza cunha mera intención mercantil na

que se trocan cartos ou outros bens, senón que é a honra do criador de galos, do patrocinador *Khan*, e das súas respectivas comunidades a que está en xogo. A aposta serve como motivo para expoñer o orgullo de cada participante, de cada criador, cada patrocinador e de cada colectividade nunha manifestación cultural asumida polo total da sociedade. A identidade masculina é expresada nos xogos de diferentes formas, xa que mentres nos galos son considerados como unha prolongación máis do sexo masculino, no caso do *buzkashi*, a masculinidade representada pola agresividade, a loita e a violencia das accións no propio xogo, e fóra do mesmo. A manifestación do poder é evidente xa que no caso afgán este non é só un xogo, senón que exemplifica a loita polo control xeopolítico das zonas nas que cada goberno local, cada patrocinador *khan*, trata de acadar a súa cota de poder e recoñecemento social non só a través da vitoria senón tamén coa súa capacidade nas negociacións á hora de controlar a violencia que é expresada no xogo; mentres que no caso balinés o poder é o recoñecemento adquirido coa vitoria do galo, e non existe unha traslación tan clara do recoñecemento ao campo da política local. Pero queremos indicar que ao fin e cabo nos dous casos “os diferentes participantes toman parte no xogo polas mesmas razóns que as persoas se implican nun xogo: diversión e/ou transcendencia pura da condición humana”(Azoy, 2010, p. 91).

2. 2. O XOGO POPULAR: AS POSIBLES ORIXES CULTURAIIS

Resulta complexo atopar as orixes do patrimonio etnolúdico (Parlebas, 2001), que existe nas diferentes sociedades que atopamos ao longo do globo, noutras palabras “a orixe parece comprenderse: os xogos son espello da sociedade e os reflexos que estes nos mostran son tan variados e diversos como as sociedades de onde estes emerxen” (Parlebas, 2002a). Polo tanto a orixe dos xogos populares está na propia sociedade e nos patróns culturais que a rexen, sendo unha manifestación máis ao servizo da comunidade.

Xa comprobamos no apartado da antropoloxía como os procesos de intercambio cultural daban lugar á teoría difusionista polo que a orixe dos xogos resulta un pouco difícil de rescatar debido á gran expansión destes. Pero como xa apuntábamos, nos rituais máxico-relixiosos, na loita ante o opoñente, na exploración no medio, e nos

traballos máis típicos de cada contexto (Lavega, 1996, 2000; Martín & Escribano, 1994), podemos atopar as orixes dos xogos populares.

Nesta busca pola orixe dos xogos populares existe unha posición clara que a sitúa, principalmente nos traballos das sociedades nas que se crean (Cabral, 1985; Elkonin, 2003; Veiga, 1998). Resaltan estes autores o feito de que son numerosos os exemplos que nos mostran como o xogo popular estivo fundamentalmente ligado aos traballos que desenvolvían as sociedades rurais tradicionais. Evidentemente as sociedades portuguesa e galega son irmáns, de aí que os dous autores recollan numerosos exemplos que nos indican que moitos dos xogos populares tiveron nos traballos do rural a súa inspiración para ser creados e desenvolvidos, sendo estes o medio polo que as novas xeracións se adestraban para as labores da vida adulta e que desta influencia entre traballo e xogo se deriva o carácter estacional de moitos dos xogos populares (Veiga, 1998)⁹. Quizais froito desta relación entre os traballos, as estacións e a climatoloxía hoxe en día moitos xogos manteñan ese carácter estacionario nos patios de recreo sen estar ligados aos calendarios laborais pasados. De todas formas debemos insistir en que a orixe de moitos xogos populares non debemos atribuírla, en exclusiva á inspiración nos traballos, aínda que resulta evidente que nas sociedades eminentemente rurais estes foron fontes de inspiración do patrimonio lúdico.

Outra posibilidade sobre as orixes dos xogos populares tamén aparecen ligadas aos ritos máxicos, relixiosos ou místicos, de corte festivo ou non, de aí a retórica do destino ou da sorte no xogo (Sutton-Smith, 1997). Como nos lembra Wunenburger (2006), o sagrado non está reducido ao relato, senón que este é tamén experimentado nunha esfera lúdica, na que se representa dun xeito teatralizado o sacro.

⁹ Este plantexamento de que o xogo é unha especie de adestramento para o traballo na vida adulta, tradicionalmente admitido na investigación do xogo popular e no ámbito da investigación do xogo en xeral, está sendo cuestionada por un enfoque de corte bioloxicista (Eberle, 2008; TEDx, 2008 Maio), que entende o xogo como unha entidade propia que ocupa un papel dentro da vida ao igual que o fan os sonos, entendendo que o xogo vai máis alá do proceso de aprendizaxe ou preparación dun traballo concreto, senón que é un patrón biolóxico, xa que para este investigador existe unha desconexión entre a preparación para a vida adulta e o xogo.

Huizinga (1995) considera que no xogo a festividade e o rito se entrelazan. En tempos máis ou menos remotos nas culturas tradicionais a xente cumpría as súas obrigas coa sociedade de maneira pública, xa que se mesturaban a importancia dos esquemas culturais e os símbolos coa creatividade persoal. Neste tipo de xogos todos saben que levan unha carga simbólica especial que os afasta dos momentos diarios da vida, do profano, e que ao igual que acontece nos rituais estes son practicados nunha esfera similar aos ritos sagrados. Neste sentido Caillois (1984) coincide en sinalar que o xogo e o rito están sempre mesturados, agora ben para o autor o xogo e o sagrado son elementos diferenciados; o xogo representa a forma que comeza e remata nela mesma sendo as normas as que rexen este, namentres o sagrado é o contido do xogo puro, a tensión propia do que encarna o xogo; no xogo os participantes controlan o transcurso das accións, mentres que no ritual sagrado estes están a supeditados á vontade doutros.

Observamos pois como o sagrado móvese entre o xogo e o rito, desta forma o xogo sacro ou “*ludus sacer*” (Wunenburger, 2006, p. 45) é manifestado en diferentes formas en función da cultura na que nos atopamos, desta forma segundo Wunenburger (2006, p. 46), as formas lúdicas rituais son:

- Aquelas actividades lúdicas de carácter puntual que requiren unha acción limitada do corpo: pregarías, ofrendas, ou manexo de obxectos sacros.
- Xogos orientados a repetir de xeito mimético o mito, para recuperar a vida dos deuses ou a creación do mundo. Estes xogos de carácter litúrxico, poden ter unha dimensión festiva involucrando a toda a comunidade en ritos miméticos e agonísticos.
- Os últimos xogos son os complementarios dos miméticos ou festivos. Nestes búscase reproducir a atmósfera emocional do sacro, xerando nos participantes estados de sobreexcitación ou perda da consciencia. Os xogos de vertixe ou de chou, tronso ou posesión están dentro desta tipoloxía.

Poñamos por exemplo o xogo das tabas ou dos pelouros, e comparemos a imaxe dos xogos coas escenas que observamos nas películas nas que o bruxo, chamán, druída ou feiticeiro, colle unha saca e dela saca uns ósos, ou pedras para lanzalas ao aire e deixalas caer para logo ver o futuro. É significativo que ámbolos dous xogos se caractericen pola mesma acción de lanzar e os mesmos materiais que nos rituais, o que

nos leva a pensar que estes xogos deberon ser unha adaptación dos procesos que os feiticeiros das diferentes comunidades realizaban. Estes ben puidera ser para iniciar aos máis pequenos nestes rituais, ou que precisamente fosen as xeracións máis novas as que imitasen aquilo que observaban con curiosidade nos adultos. Tamén podemos falar dos rituais de danza nos que podemos ligar a orixe aos xogos de corro, nos que nalgún caso cantan estrofas ao mesmo tempo que se realizan algunhas accións. Estes perfectamente poderían estar inspirados en ritos funerarios, festivos, ou luares como é o caso da danza galega en honra á lúa (Antón & Mandianes, 1998), ou as danzas de cintas, espadas e arcos (Pita, 1962). Manifestacións que co tempo algunhas delas e tras sucesivas adaptacións rematasen por transformarse en xogos populares cooperativos nas sociedades.

Tamén debemos lembrar que os rituais de carácter profano son protagonistas de moitos dos xogos en diferentes culturas. Así no caso galego é a época do Entroido cando isto se fai máis evidente, nos disfraces e no simbolismo que encarnan figuras coma os peliqueiros e os cigarróns (Cocho, 2014), por poñer un exemplo.

A loita pola supervivencia na contorna e contra as tribos rivais son outras das fontes orixinarias nas que podemos situar moitos xogos (Gray, 2009) de habilidade e destreza. A supervivencia na contorna dou lugar a que o ser humano tivera que explorar o medio natural para obter os recursos necesarios para vivir, grazas a esta exploración da contorna moitos dos xogos populares teñen nado. Un exemplo deste proceso dos xogos populares que se recollen ao longo da bibliografía relacionados coa flora e coa fauna (Cortizas, 2007, 2013; Etxebeste, 2001; Risco, 1957, 1962). Por poñer un exemplo, no caso galego era frecuente que de cativo se fose aos grilos, cágados, bolboretas, vagalumes, aos bilitroques, a gabear árbores, etc. Xogos todos eles que supoñían unha acción de exploración e aprendizaxe na propia natureza, que permitía integrar unha serie de coñecementos ligados ao medio no que se desenvolvía a meirande parte da poboación rural.

O instinto pola supervivencia e a competencia pola vida entre grupos tribais dá lugar a un gran número de xogos e actividades que claramente se reflicten en moitos dos xogos populares que se recollen nas diferentes culturas, principalmente de habilidades físicas. Un exemplo claro son os xogos loita, neste caso o exemplo máis claro témolo no

que a cultura anglosaxona denomina “rough and tumble”¹⁰, o que poderíamos chamar loita simulada. Este xogo que reflicte ese instinto pola supervivencia, deriva en fórmulas máis avanzadas como a loita grecorromana, galega, canaria, leonesa ou africana. Todas elas formas de combate corpo a corpo con agarre.

Outros xogos como os tirapedras, as fondas, os arcos e frechas, son xogos nos que a súa orixe poderíamos situala tanto na loita pola supervivencia na contorna, como na defensa da propia comunidade. A súa existencia ao longo de milleiros de anos dificulta que lle poidamos atribuír unha orixe exacta, pero intuimos que aquel cazador ao descubrir que o seu instrumento servía para golpear obxectivos a distancia, decatárase de inmediato que tamén servía para defenderse ou atacar a distancia, ou viceversa.

A orixe dos xogos populares non fai máis que incidir na idea de que son manifestacións culturais que recollen e reflicten as condicións socioculturais nas que son creadas. Ao longo do tempo, estes experimentaron diferentes transformacións a medida que as sociedades nas que se creaban ían avanzando a todos os niveis, social, tecnolóxico, económico, etc. Non só se transformaban a medida que avanzaba a sociedade, senón que o intercambio cultural entre diferentes sociedades orixinaba que se creasen novas manifestacións lúdicas ou se convertesen noutras, por isto é complexo de determinar unhas orixes concretas a moitos dos xogos populares existentes na actualidade. Ademais o feito de que en moitos casos a súa orixe se remonte a milleiros de anos atrás, dificulta rastrexar o nacemento de moitos deles.

2. 2. 1. O XOGO POPULAR E OS ELEMENTOS SOCIOCULTURAI

A cultura identifícase como “o conxunto integral constituído polos utensilios e bens dos consumidores, polo corpo de normas que rexe os diversos grupos sociais, polas ideas e artesanías, crenzas e costumes” (Malinowski, 1970, p. 42) que cada sociedade crea para dar satisfacción a unha serie de necesidades que precisa cubrir. O xogo popular é un

¹⁰ Xogo infantil de loita simulada, na que os participantes xogan a derrubarse simulando unha pelexa, na que é válido facerse cóxegas, bromas, etc.

subsistema cultural (Veiga, 1998), ou cultura subalterna (Lavega, 1997), que está asociado ás condicións sociais, económicas e xeográficas das comunidades nas que este se manifesta. Polo tanto estes xogos non son unha manifestación cultural que permaneza illada dos elementos existentes no contexto no que xorden. Estes son produto das sucesivas transformacións sociais que se produciron ao longo dos tempos, unha especie de testemuña do pasado no presente. Por esta razón Veiga (1998), reclama que estes xogos debe ser estudados desde unha forma diacrónica, que permita ver a evolución tanto da sociedade como do xogo popular, de cara a dar resposta a esta relación entre o pasado e o presente que estes xogos manifestan.

O contexto sociocultural no que os xogos populares son creados e reproducidos, é fundamental para comprender a súa relación e a pegada na sociedade na que son practicados. Estes vense afectados polas relacións existentes entre diferentes elementos que provocan o seu avance nunha dirección ou noutra, aparición, transformación ou desaparición, xa que os brinquedos populares son unha manifestación permeable aos cambios socioculturais.

Baixo a perspectiva sociocultural dos xogos populares Lavega (1996, 1997, 2009a), presenta unha serie de elementos internos e externos que nos permiten identificalos como manifestación sociocultural, asemade estes elementos permiten realizar a súa análise tanto desde unha perspectiva sincrónica como diacrónica.




Figura 2. Visión sincrónica do xogo popular, fluxo de intercambios e influencias asimétricas exercidas polas realidades socioculturais da contorna local (Lavega, 2009a, p. 116).

Os elementos internos espazos, xogadores, tempadas, materiais e as apostas nos xogos populares, vense afectados polos elementos externos existentes no contexto social como son os traballos e a socialización do lecer, os costumes culturais e relixiosas, o deporte, e os poderes políticos. En función da presión que exerzan estes elementos externos sobre o xogo popular, este evoluciona nun sentido ou noutro. Así se desde os poderes políticos se reprimen ou se fomentan estes xogos, existirán ou desaparecerán en función dos intereses e das políticas imperantes do momento; a influencia do deporte poderá dar lugar á transformación dalgúns xogos en deportes, pero tamén provoca a desaparición do aspecto máis lúdico do xogo e unha homoxeneización da cultura recreativa dos pobos; a influencia da relixión-máxia cuxa carga simbólica aínda perdura nos brinquedos populares, sendo a orixe de moitos deles. No momento actual cunha sociedade máis laica, a influencia da maxia e da relixión no xogo popular é limitada, xa que non é un elemento que teña un impacto no xogo popular como puido ter en tempos pasados. Outros elementos como as condicións laborais e de distribución do lecer seguen a ser determinantes nos enredos populares, xa que posúen unha carga cultural e simbólica claramente vencellada ao contexto laboral no que se crean, cuxa práctica estaba ligada aos momentos de lecer das comunidades.

Observando o xogo popular desde a perspectiva das necesidades socioculturais, estes nacen para inserir e integrar aos diferentes estratos poboacionais da comunidade, principalmente ás novas xeracións que precisan adoptar os coñecementos e valores que son propios da cultura onde teñen nado. Esta integración na colectividade prodúcese a través da enculturación dos membros da comunidade, principalmente debido ao proceso de adquisición (Pinker como se citou en Gee, 2005), xa que estes xogos historicamente foron conservados a través da imitación de modelos, aínda que tamén puidese existir un proceso de aprendizaxe (Gee, 2005), máis consciente para a transmisión dos mesmos por parte de determinadas sociedades.

Nunha sociedade en rede (Castells, 2006), diximodernista (Kirby, 2009), e global como a que vivimos nos países máis desenvolvidos, este proceso de enculturación lúdica perdeu forza na actualidade a prol do proceso de aculturación, sexa a través de institucións educativas, da rede, a través do emprego das TIC, etc. A cultura propia de cada tribo, comunidade, e sociedade deixa paso a unha cultura de carácter globalizado, nunha especie de dominación cultural universal, na que se recollen os valores das potencias dominantes, pero que se esquece das culturas menos poderosas que operan a un nivel local ou micro. Emporiso non queremos expresar que o proceso de enculturación estea desaparecido da sociedade, o que si parece claro que non se manifesta coa mesma intensidade que en décadas e séculos pasados debido ao tipo de sociedades nas que vivimos no mundo occidental.

2. 3. O XOGO POPULAR COMO SOCIOFACTO CULTURAL: ENTRE A VIDA E A MORTE

A gran parte da cultura popular das diferentes sociedades estivo marcada polos diferentes momentos históricos nos que estas tiveron que desenvolverse e sobrevivir. Para logralo, as comunidades tiveron que transmitir unha serie de símbolos, coñecementos e valores que lles permitisen aos membros da colectividade sobrevivir e integrarse na mesma para manter a reprodución da orde social tal e como acontecía na Grecia clásica a través dos seus xogos (Cantarero, 2006). Os xogos populares buscaban a enculturación das novas xeracións nos valores da sociedade, e para facelo estes debían ser transmitidos.

Estes xogos como manifestacións do patrimonio inmaterial cultural podemos consideralos como un sociofacto (Prat, 2007), é dicir, aqueles comportamentos, ritos e costumes que son practicadas dun xeito habitual ao longo da vida. Tendo este concepto na mente, na actualidade poderíamos valorar os xogos populares en parte como unha especie de tradición viva (Prat, 2007), considerada como aquelas manifestacións que se enmarcan dentro do folclore e que permanecen na memoria humana. Porén, tamén pode considerarse tradición morta (Prat, 2007), entendida esta como aquilo coñecido a través dos libros e conservado en museos.

Sabemos que os brinquedos populares foron transmitidos oralmente e a través da práctica (Trigueros, 2000). Deste xeito mantíñanse coma unha tradición cultural viva en constante reprodución e evolución, adaptándose ás necesidades do momento histórico da comunidade. Este proceso de transmisión oral é identificado como a mutación e a oicotipificación da tradición oral da que nos fala Sydow (como se citou en McDowell, 1999, p. 50), que supón que as narracións orais son transmitidas acomodándose ás características do contexto e dos narradores locais, dando orixe a novas variantes locais.

Para lograr a supervivencia dos xogos populares debemos falar do que Sydow (como se citou en McDowell, 1999, p. 50), identifica como depositarios pasivos e activos na transmisión das manifestacións culturais. Neste caso son os depositarios activos os que transfíren o coñecemento das tradicións duns a outros. Porén os suxeitos pasivos son os que reciben os coñecementos que trasladan os activos, os depositarios pasivos malia coñecer e lembrar estas manifestacións non son capaces de transmitilas.

Só un pequeno grupo de portadores activos da tradición provistos dunha boa memoria, imaxinación intensa, e poder narrativo transmiten as historias. É só cando eles llo contan a estes. Entre a súa audiencia é só unha porcentaxe pequena que aínda o fai. A maioría de aqueles que teñen escoitado a historia e son capaces de recordala, permanecen pasivos portando a tradición, cuxa importancia para a continuidade da historia consiste principalmente no interese en escoitala e reproducila de novo (Sydow como se citou en McDowell, 1999, p. 50)

Son polo tanto os depositarios activos os que garanten a transmisión da cultura popular, nos que se enmarcan os profesionais e os afeccionados como elementos clave no proceso da cadea de transmisión (Prat, 2005). Os depositarios activos teñen un número reducido en proporción aos suxeitos pasivos. Deste xeito no caso de que os depositarios activos deixen de transmitir os coñecementos por cuestións socioculturais ou de idioma os materiais folclóricos non sobreviven no tempo, polo tanto a tradición non se perpetúa. Esta peculiaridade provoca que estas formas culturais sexan transmitidas en saltos irregulares no tempo e espazo, que no caso dos xogos populares serían os saltos interxeracionais na cadea de transmisión oral, como os que nos presenta Trigueros (2000). Mesmo Veiga (1998), pon data á ruptura da cadea interxeracional en Galicia, situando esta quebra a mediados do século XX como consecuencia do comezo da emigración das zonas rurais ás urbanas, e a sucesiva desaparición da poboación rural debido ao proceso de industrialización sufrido nesta época.




Figura 3. Cadea de transmisión oral interxeracional (Trigueros, 2000)

O plantexamento dos depositarios activos e pasivos no proceso de mantemento da cadea oral, podemos ligalo coa perspectiva psicoantropolóxica da epidemioloxía das representacións culturais (Sperber, 2005), na que “chamamos culturais ás representacións que están distribuídas de forma xeralizada e duradeira nun grupo social” (Sperber, 2005, p. 52). O que busca este enfoque é dar resposta ao estudo das cadeas causais a través das representacións culturais que se producen na sociedade dentro das cales se inclúen os xogos populares.

Hai, pois, dúas clases de procesos relevantes para unha epidemioloxía das representacións: os procesos intraindividuais de pensamento e memoria e os procesos interindividuais nos que as representacións dun suxeito afectan ás dos outros suxeitos que mediante as modificacións do seu ambiente físico común.

Os procesos intraindividuais son puramente psicolóxicos. Os procesos interindividuais teñen que ver coas entradas no cerebro –input- e as saídas do mesmo -output-; é dicir, coa interface entre cerebro e o seu medio; son en parte psicolóxicas e en parte ecolóxicas (Sperber, 2005, p. 63)

Baixo este enfoque a durabilidade das representacións culturais ou tradicións vivas, depende dos procesos psicolóxicos que se producen nos depositarios activos e pasivos, así mesmo de como estes se relacionan entre eles en relación ao contexto. Sperber e Sydow coinciden en que é necesario que os relatos sexan lembrados con facilidade e precisión, a través das narracións orais. Por iso é preciso que os depositarios activos teñan unha boa memoria e capacidade comunicativa para ser transmitidos, así mesmo concordan no feito de que as narracións sofren mutacións ao longo do tempo en función dos contextos culturais.

Pero ademais debe existir outro factor que soporte a transmisión das tradicións vivas, que é a cuestión dos incentivos para reproducilas. Neste caso Sperber (2005), explica que unha representación para que se manteña viva no tempo esta deberá ser atractiva para o grupo, é dicir significativa para o colectivo. Por esta razón algúns xogos desaparecen, outros se manteñen e outros evolucionan adaptándose as novas necesidades socioculturais do colectivo.

Os atraentes culturais xorden, decaen ou desprázanse, uns rapidamente, outros amodo, outros de forma máis repentina, no tempo histórico. Algúns destes cambios teñen causas ecolóxicas ordinarias: nichos ecolóxicos sobreexplotados perden o seu atractivo económico; os camiños que non se utilizan énchense de maleza; unhas prácticas tenden a aumentar e outras a reducir o tamaño das poboacións ás que poden atraer, e así sucesivamente (Sperber, 2005, p. 110).

Polo tanto, a supervivencia dos xogos populares como representación cultural no tempo debe manter unha relevancia dentro da colectividade, como consecuencia os depositarios activos e pasivos deben percibila como positiva e importante, para que o depositario activo se vexa motivado a transmitila posteriormente a unha audiencia, que a súa vez se manteña curiosa e interesada pola representación cultural que se trata de transmitir.

Asemade para que estes xogos sexan tradición viva, debemos ter en conta o ciclo vital dos depositarios activos e pasivos (Sydow como se citou en McDowell, 1999; Prat, 2005, 2007), xa que a madurez duns e outros provoca que se transmitan dunha maneira ou de outra, esta madurez inflúe na capacidade para reproducilos, en función do ciclo vital que nos atopemos. A contribución dos individuos á transmisión cultural varía nos sucesivos pasos do ciclo vital, xa que os individuos non só transmiten cantidades e contidos diferentes, senón que transforman o que transmiten en direccións distintas, transmitíndoo aos receptores dun xeito diferente segundo a fase da vida. A amplitude das transformacións tamén varía coa idade e a función social do comunicador en relación aos receptores (Sperber, 2005).

Existe polo tanto unha relación entre a transmisión oral dos xogos populares, e o nivel de madurez psicolóxica e social que os depositarios activos e pasivos teñen para actuar ante os cambios socioculturais nos que están inmersos. Isto supón que o nivel de madurez dos depositarios, inflúe para manter a cadea dos xogos populares viva nas sucesivas idades da vida. Sutton-Smith (1959), nun artigo sobre a análise dun xogo popular de persecución chamado “Bar the door”, sintetiza a importancia da madurez psicolóxica na transmisión dos xogos populares dos depositarios.

Os cambios sociolóxicos no lecer determinaron que os adolescentes agora pasan o seu tempo con formas de deporte organizado, daquela expresións de equipo como *Bar the door*, non perduran á larga. Os nenos máis novos que practican o xogo hoxe, aínda non son o suficientemente maduros socialmente para manter esas formas de xogo de xeito espontáneo (Sutton-Smith, 1959, p. 16).

Comprobamos como o ciclo vital no que se atopan os depositarios activos e pasivos resulta fundamental para a transmisión dos xogos populares, xa que a madurez psicolóxica e social que os depositarios teñen inflúe de forma decisiva na conservación da tradición viva. De aí que existan saltos xeracionais nas cadeas orais, xa que os depositarios activos deben ter unha madurez para saber transmitilos ás seguintes xeracións, ademais de que o seu número é menor e isto dificulta que a cadea oral se manteña viva. Por esta razón teñen tanta importancia os depositarios activos profesionais e afeccionados que son capaces de transmitir ao longo de varias xeracións os xogos populares.

Como apuntabamos ao principio deste epígrafe, o xogo popular tamén o podemos considerar como tradición morta (Prat, 2007), xa que cadea oral non foi a única canle pola que o patrimonio lúdico chega ata nós na actualidade. Diferentes expertos e interesados nos xogos encargáronse de mantelos vivos ata os nosos días, o que Renson (1991) chamaría a conservación dos xogos fronte a preservación destes como obxectos anacrónicos. Hoxe son múltiples os formatos nos que os xogos populares están recollidos, como na literatura, escultura, pintura, fotografía, cine, TV, as TIC. Por esta razón existen estudosos e que se encargan de aproximarnos ao mundo dos xogos populares nestes campos (Carmona, 2009; Herrador, 2005, 2008, 2011a, 2011b, 2012a, 2013a, 2013b, 2013c; Ortí, 2010; Pelegrín, 2002, 2013; Rosa & Río, 2005), ademais da extensa produción literaria relacionada cos xogos populares (Bantulá & Mora, 2002; Bustos et al., 2010; Carlisle, 2009; Cortizas, 2001, 2013; Doncel, 2010; Gracia, 1991; Ínsua, 2006; Lavega & Olaso, 1999; Martín, 2002; Moreno, 1992; Pérez i Verdes & Taberero, 1986; Renson, 1992; Romani, 1983; Rosa & Río, 1997; Veiga, 2001a), que se ocupa de analizar, rescatar e clasificar o variado patrimonio lúdico existente no mundo.

Do interese pola conservación e divulgación do patrimonio lúdico nacen museos específicos dedicados ao xogo popular e ao xoguete, espallados por diferentes lugares de Galicia e do planeta. Fácemonos eco dalgúns museos¹¹ asociados ao patrimonio lúdico como son o *Museo Etnolúdico Galego* en Ponteceso, ou o *Museo Galego do Xoguete* en Allariz, curiosamente estes dous museos xorden da colaboración e doazón de material de dous profesores do INEF Galicia, Ricardo Pérez i Verdes no caso de Ponteceso, e Alberto Oro no de Allariz. Tamén o *Museo do Pobo Galego* en Santiago lle reserva o seu espazo na súa exposición permanente. Noutros lugares como Huesca tamén existe o *Museo de Xogos Tradicionais de Campo*, e a nivel internacional en Bélxica o museo *Sportium*, pioneiro en Europa en prestarlle atención a estes xogos que recentemente foi recoñecido pola UNESCO polo seu labor. En Estados Unidos está o *National Museum of Play*, que conta ademais cunha librería sobre o xogo en honra a

¹¹ Somos conscientes da existencia outros museos relacionados co xoguete e co xogo popular noutras comunidades do Estado Payá (2011a) destaca museos relacionados cos xogos en Cataluña, País Valencián, Illes Baleares, e Aragón.

Sutton-Smith. Estes son uns poucos exemplos das moitas entidades e museos que se dedican á difusión dos xogos populares ao longo do globo, que virían a confirmar o rexurdimento e o interese pola conservación dos xogos populares (Renson, 1991).

Non só a través das publicacións e museos se garante e a conservación dos xogos, como xa comentamos son os depositarios activos aqueles que son capaces de transmitidos. Deste xeito resulta fundamental o papel das asociacións e fundacións que se dedican a fomentar o patrimonio lúdico, no caso galego existen numerosas iniciativas populares que se dedican na medida das súas posibilidades a difundir e divulgar os xogos populares, a través de cursos de formación, xornadas escolares, de sensibilización, etc.

Destacamos a *Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional*, colectivo afincando en Melide que é un dos axentes sociais galegos máis activos na defensa do patrimonio lúdico galego, céntrase na formación de profesionais relacionados coa educación, na divulgación dos xogos en centros educativos, concellos e festas de todo tipo, ademais é membro recoñecido da *Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais*. Outras asociacións e colectivos galegos a destacar son:

- *Xotramu*: asociación de Muimenta que organiza anualmente unha das máis recoñecidas concentracións festivas de Galicia relacionadas co xogo popular que se realiza na provincia de Lugo.
- *Brinquedia*: na súas propostas destacan a concentración anual escolar dos xogos populares e o día do peón, ademais de colaborar recentemente co encontro europeo do xogo tradicional Ludaria.
- *Club a Cambadela*: club deportivo que se ocupa por recuperar e difundir a loita galega.
- *A Liga Nacional da Billarda e a asociación O Varal*: dedicados á recuperación do xogo da billarda ou estornela, que a través da deportivización do xogo logran realizar unha competición a nivel galego.
- *A Federación Galega da Chave*: que se encarga de organizar a competición oficial da chave.
- *Centro de Cultura Popular Xaquín Lourenzo*: esta fundación dedica a súa actividade a manter a cultura popular galega viva, e realiza actividades de

formación relacionadas cos xogos populares e mesmo presta material para actividades pedagóxicas ou de divulgación dos xogos populares.

A nivel internacional a encargada de agrupar a diferentes colectivos, entidades, asociacións, museos, etc, é a *Asociación Europea dos Xogos e Deportes Tradicionais*, que está exercendo de coordinadora para manter unha idea común sobre o futuro dos xogos populares en Europa. Participou no Proxecto Cultura 2000, rescatando gran parte do patrimonio lúdico europeo, ademais é encargada de exercer como grupo de presión no Parlamento Europeo de cara a lograr un recoñecemento moito maior deste patrimonio inmaterial.

Outra forma de manter o patrimonio lúdico é a través de proxectos e investigacións, algo que xa foi subliñado por Renson (1991), sería complicado e case imposible citar todas as investigacións relacionadas cos xogos populares, pero si queremos destacar algunhas pola súa relevancia e singularidade, sumado aos estudos que se citan nesta investigación dun modo ou outro. Neste sentido queremos recuperar unha das primeiras iniciativas realizadas a finais do século pasado que foi a do Instituto de Educación Física da Universidade Católica de Lovaina, en Bélxica no 1973. Estaba dirixida polo propio Renson (1991), e na que se tomaba como referencia o cadro de Bruegel *Nenos Xogando* do 1560. Neste proxecto estableceron unha taxonomía coa intención de unificar criterios para a clasificación dos xogos populares noutras rexións europeas, así identificaron: xogos de pelota, xogos de bochas e birlos, de lanzamento, de tiro, de loita, con animais, de locomoción e de acrobacia.

Outra iniciativa de recuperación do patrimonio lúdico é o proxecto Belgrado-OMEP encabezado por Ivic (1986). Neste caso o que se buscaba era facer unha compilación dos xogos populares en diferentes países, co obxectivo de manter as tradicións populares lúdicas, a través do proxecto tamén pretende ver as implicacións educativas que os xogos populares poden ter no eido da educación, defendendo o seu uso nas escolas como forma de conservación, ademais da importancia que lle outorga ás campañas de sensibilización.

Queremos subliñar o proxecto *Childhoods and Play* proxecto liderado pola Universidade de Sheffield dirixido por Jackie Marsh, recoñecido co *British Academy*

Research Project Status 2012-2017, este proxecto está centrado na recuperación de toda a obra do matrimonio Iona e Peter Opie, folcloristas incansables que centraron os seus estudos nos xogos populares británicos. Neste ambicioso proxecto que pretende dixitalizar a basta produción destes autores podemos ter acceso a podcasts con conferencias realizadas polos propios Opie, ao arquivo sonoro recompilado por eles mesmos durante o século XX nos patios de escola e rúas de Inglaterra (British Library, s. d.), ademais de toda as referencias bibliográficas empregadas polos Opie nas súas obras, guías para localizar as súas obras, ademais de diferentes informes de investigacións (Burn, Marsh, Mitchell, Robinson, & Willet, 2011; Marsh & Bishop, 2012) relacionadas con este proxecto, no que se analizan a través de etnografía

Tal é a cuestión e a preocupación por conservar o patrimonio lúdico existente no planeta que na actualidade a UNESCO, a través de diferentes publicacións e resolucións (Renson, 1991; UNESCO, 2001, 2004, 2005, 2006), preocúpase por manter os xogos populares vivos, instando a establecer unha estratexia común pola recuperación, conservación e divulgación dos xogos populares no planeta, consciente da importancia deste patrimonio cultural inmaterial.

Na súa declaración sobre a diversidade cultural (UNESCO, 2001), subliña a importancia de conservar a diversidade cultural como valor da humanidade non só como elemento cultural, senón como factor de desenvolvemento das sociedades. Para lograr a conservación desta variedade cultural as institucións responsables deben ter en conta que os xogos están enmarcados dentro dos dereitos humanos e dos dereitos culturais aos que toda persoa debe ter acceso. Recoñecendo que a diversidade cultural é fonte de creatividade ten que ser identificada e tratada dun xeito diferente a outro tipo de mercadorías, de aí que poña o acento nas políticas públicas culturais como punto de partida para garantir a diversidade cultural da humanidade.

Toda creación ten as súas orixes nas tradicións culturais, pero desenvólvese plenamente en contacto con outras. Esta é a razón pola cal o patrimonio, en todas as súas formas, debe ser preservado, valorizado e transmitido ás xeracións futuras como testemuño da experiencias e das aspiracións humanas, a fin de nutrir a creatividade en toda a súa diversidade e instaurar un verdadeiro diálogo entre culturas (UNESCO, 2001, p. 3).

A posta en valor e o recoñecemento das manifestacións culturais de todo tipo, incluídas os xogos populares, son unha preocupación para este organismo consciente de que supoñen unha conexión entre o pasado e o presente da humanidade. Tres documentos de gran relevancia relacionados coa Educación Física e o deporte (UNESCO, 2004), e cos xogos populares (UNESCO, 2005, 2006) poñen de manifesto a preocupación pola conservación do patrimonio lúdico. No informe da Cuarta conferencia de Ministros e Responsables oficiais da Educación Física e Deporte (UNESCO, 2004), subliñase que os xogos populares poden ser empregados nesta área para innovar os enfoques tradicionais desta materia nos sistemas educativos. Ademais indícase que con estes xogos poderíanse contrarrestar os elevados custes de infraestruturas, materiais, e financiamento que os deportes convencionais requiren dos sistemas educativos, especialmente naqueles países en vías de desenvolvemento. Xunto coa integración destes en espectáculos deportivos para promocionalos. Por estas razóns a UNESCO insta á promoción e desenvolvemento dos xogos populares a nivel internacional, xa que supón unha manifestación da riqueza e da diversidade cultural existente no planeta.

Froito deste compromiso a UNESCO en posteriores informes e resolucións específicas sobre os xogos populares (UNESCO, 2005, 2006), recoñece a importancia dos valores que transmiten estes xogos no eido educativo, da cultura, da comunicación, e da saúde, favorecendo o desenvolvemento da persoa dun xeito integral e da comunidade na que se manifestan. Sendo estes unha expresión cultural ligada aos medios de vida autóctonos de cada colectividade que permiten desenvolver a identidade comunitaria das persoas. Tamén se destaca a importancia destes cara a diminuír os custes dos sistemas sanitarios e sociais, xa que permiten adquirir hábitos de vida saudables a nivel físico e social, cun custe moi por debaixo do que requiren outro tipo de recursos ou iniciativas. Por estas razóns a UNESCO se preocupa e incide na importancia de manter estes xogos como tradición viva nas sociedades.

Insiste na necesidade de preservar a práctica dos xogos populares, adoptando medidas para a súa promoción no público concienciando a este da importancia que posúen, tendo en conta que están ameazados pola globalización e polo proceso de uniformidade cultural que vivimos na actualidade. Así mesmo subliñan a necesidade de

que se modernicen acorde cos tempos nos que vivimos para deste xeito pervivir no tempo.

Para garantir a súa supervivencia os xogos populares deberán ser presentados en actos públicos, festivais, e actos culturais facéndoos visibles e concienciar ao público da súa valía (Eichberg & Norgaard, 2009). Por esta razón as entidades sociais non gubernamentais e as administracións locais, nacionais e internacionais, deberían reconducir unha parte dos seus esforzos á promoción e divulgación dos mesmos implementando plans de acción a nivel educativo, municipal, autonómico e nacional, que sirvan para garantir a súa conservación e transmisión. Xunto coa colaboración dos medios de comunicación que deben axudar á promoción destes.

5.2 As organizacións gubernamentais e non gubernamentais deberían prestar maior apoio ao planeamento e organización de festivais de xogos e deportes tradicionais a todos os niveis e tomar en conta as necesidades específicas de grupos de poboación como as persoas de idade, os discapacitados, os xoves, nenos, ect. [...]

5.7 As organizacións gubernamentais e non gubernamentais deberían integrar os xogos e deportes tradicionais nos seus respectivos programas de apoio (UNESCO, 2005, p. 6).

O xogo popular como fenómeno cultural tivo na canle oral a maior vía de transmisión e divulgación. Aquelas persoas que tiñan a capacidade e madurez para transmitilos exerceron de xeito natural a función de transmisores do patrimonio lúdico ao resto da sociedade, mantendo o xogo como unha tradición viva. O atractivo que tivo o xogo en todas as culturas fixo que xa desde as civilizacións antigas os xogos populares fosen recollidos en distintos formatos artísticos e literarios. Este interese por recuperar o patrimonio lúdico popular incrementábase debido ao retroceso da transmisión oral dos xogos. Deste xeito o xogo popular pasa a converterse nunha tradición morta que precisa doutras vías como os museos, a literatura, investigacións, asociacións e de distintas institucións para manterse vivo na sociedade do S.XXI.

CAPÍTULO 3: O XOGO POPULAR NO CONTEXTO EDUCATIVO

- O xogo popular no currículo oficial da EF: Da Institución Libre de Enseñanza á LOMCE
 - O xogo popular e as actividades lúdico-educativas no lecer

Paralelamente á progresiva desaparición do xogo, dos xogos populares, dos xogos de sempre, estase producindo na escola, entre os ensinantes o “boom” da expresión corporal, da creatividade, teatro...En moitos casos, pobres sucedáneos cos que se intenta desenvolver “artificialmente” as capacidades que se manifestan libre e espontaneamente no xogo. Por isto nos parece necesario, incluso vital a recuperación dos xogos aos que nós, os nosos pais e ata os nosos avós nos dedicabamos de pequenos (Adarra, 1984, p 4).

3. O XOGO POPULAR NO CURRÍCULO DA EF: DA ILE Á LOMCE

Sabemos que o xogo popular é un elemento cun potencial educativo de gran valor (Adarra, 1984; Ivic, 1986; Trigo, 1994a, 1995; Trigueros, 2000, 2002, 2009; Veiga, 1998, 2001b), xa que este é un excelente transmisor da cultura de cada pobo, facilita as relacións interpersoais e sociais dos participantes, é un contexto ideal para a transmisión de valores; a variedade de xogos fai que nos ofrezan un inesgotable recurso para mellorar a psicomotricidade e a sociomotricidade; permite o coñecemento da contorna e do medio natural; incentiva os procesos creativos; fomentan un uso correcto do tempo de lecer; supón un elemento motivador e desafiante para os participantes e axuda ao desenvolvemento intelectual.

Grazas a estas potencialidades os xogos populares rescatáronse para ser empregados dentro do contexto escolar, o que Veiga (2001b) denomina a oficialización do xogo popular. Este feito limitou en parte a súa espontaneidade e naturalidade. Estes xogos pasan a ser instrumentalizados coa fin de acadar obxectivos pedagóxicos, pasando a ser o medio ou ferramenta para lograr a consecución dos diversos obxectivos propostos polos currículos oficiais e os docentes. Pero en función do período temporal no que nos atopemos, terán unha maior ou menor presenza dentro da escola, especialmente dentro da materia de Educación Física. A continuación faremos un repaso da presenza do xogo popular na EF en diferentes etapas do sistema educativo. Queremos recordar que a nosa intención non é realizar unha revisión histórica sobre a presenza do xogo na educación, senón que focalizamos a nosa atención sobre a presenza do xogo popular nas diferentes etapas educativas e nos currículos redactados, con especial interese naqueles elaborados na democracia.¹²

3. 1. O XOGO POPULAR NA ILE E NA DITADURA

¹² Recomendamos a investigación de Payá (2007), para aproximarse á presenza o xogo no sistema educativo español dese finais do século XIX ata o solpor do XX. O estudo é un interesante e fermoso percorrido histórico sobre o xogo na escola con especial atención á área de EF.

Unha das institucións educativas que apostou claramente polos xogos populares no contexto escolar foi a *Institución Libre de Enseñanza* (ILE), o seu carácter aperturista e reformista en relación aos métodos pedagóxicos, propiciou que os xogos populares fosen escollidos para ser desenvolvidos como contido central da Educación Física da época, en contraposición á ximnástica que dominaba a educación corporal naquel período (Payá, 2007).

Baseándose nun enfoque vivencial, esta institución valoraba profundamente o xogo popular non só como un compoñente cultural, senón como contido para lograr o desenvolvemento integral da persoa. Para logralo centraban a súa atención en dous aspectos: por un lado o papel do docente que debería ser un participante máis que vivise os xogos coas nenas e nenos, creando deste xeito un lazo emocional cos participantes; por outra banda o enfoque recreativo e social, afastándose da competición e do resultado, tanto das accións coma dos propios xogos (López, 1998). Mesmo convidaban a xente allea á propia ILE a que compartiran xogos coas crianzas ao aire libre (Payá, 2004). A ILE introduciu os xogos populares fronte aos exercicios ximnásticos. A elección dos xogos quedaba ao criterio dos docentes que debían escoller aqueles xogos que fomentasen o respecto polo xogador e que posibilitase o desenvolvemento da actividade física lúdica. Así a selección dos xogos debían ser ricos en esixencia e variedade, e no caso de que os xogos escollidos non cumprisen isto habería que facer unha progresión na programación dos xogos para que lograr os obxectivos desexados (Payá, 2004)

Lamentablemente esta iniciativa foi interrompida polo conflito bélico da guerra civil española, que traería como consecuencia un modelo educativo oposto ás innovacións pedagóxicas que a ILE puxera en marcha. Retornaríase á concepción ximnástica da EF e aos xogos deportivos como elementos centrais da formación segregada que se implanta no modelo educativo. Pero, máis alá da desaparición da ILE, moitas das súas ideas perduraron no tempo chegando ata a actualidade. Froito desta semente a presenza do xogo como contido comeza a ser recoñecida principalmente nas leis redactadas na democracia, as cales recolleron de xeito moi minimalista os xogos populares nos documentos oficiais, que serán analizados posteriormente no capítulo.

A vitoria fascista provocou que o sistema educativo quedase en mans dos ultracatólicos e das organizacións falanxistas da época, *JONS*, *Sección Femenina* e *Frente de Juventudes*. Isto tivo unha consecuencia directa sobre o modelo escolar, que en lugar de continuar na senda de renovación pedagóxica iniciada coa ILE, a escola pasará a ser un laboratorio no que se fomentará o control ideolóxico e político (Domínguez, 2003). Centrándonos na presenza dos xogos populares na materia da EF, e tendo en conta que estaba fóra do regulamento do Ministerio de Educación Nacional, que fundamentaba a súa práctica na ximnástica militar e hixienista, na división de contidos para nenas e nenos, e ademais contaba cunha escasa preparación na materia por parte dos docentes (Coterón, 2010). Non é sorprendente que o xogo popular na escola foi algo secundario na EF durante este período.

Apoiamonos no minucioso estudo de Pastor (2005), no que realiza un repaso sobre a EF no Estado nos diferentes momentos da etapa franquista. Nesta investigación presenta unha análise dos contidos da área nas sucesivas leis educativas desta época, dividindo ao período franquista en dúas amplas etapas que van de 1936 a 1961 e de 1961 a 1978. Neste período non existe nos currículos ningunha referencia explícita ao xogo popular, pero si que aparecen referencias aos xogos infantís, o que nos obriga a facernos eco das referencias curriculares onde apareza esta denominación.

A primeira referencia aos xogos infantís que atopamos para a etapa de Educación Primaria (EP) é duns cuestionarios elaborados no ano 1945, nos cales soamente se menciona os xogos que poderán ser de tipo libre, organizados, pedagóxicos, educativos, superiores e deportivos para os nenos. Mentres que para as nenas os xogos deberán ser libres ou dirixidos, destacar que a división por idades é distinta para nenas que para nenos. Debemos sinalar que nos centramos máis nos contidos da etapa de Primaria, xa que naquela época a implantación da etapa de Educación Secundaria (ES) era escasa e orientada cara a formación profesional (Pastor, 2005), polo que a presenza dos xogos nesa etapa é case anecdótica, aínda que existe algunha referencia ao contido.

No ano 1958 redactan un novo plan de EF no que volve haber unha distinta división por idades en función do xénero. Os xogos para as nenas aparecen como formación complementaria nas tres etapas, mentres que para os nenos aparecen de xeito

máis concreto. Na seguinte táboa presentamos un extracto dos contidos da materia focalizando a nosa atención naqueles contidos onde nos atopamos algunha referencia ao xogo no currículo da época. Para facelo adaptamos unha táboa que presenta Pastor (2005, p. 104), no seu estudo.

Táboa 3. Oxogo no currículo na primeira etapa franquista (Pastor 2005, p. 104).

<i>Período</i>	<i>Idade</i>	<i>Finalidade</i>	<i>Contidos</i>
1º	7-9	Orientación e formación física xeral	Ximnasia educativa: analítica, con efectos posturais e hixiénicos e sintética, con efectos de iniciación rítmica e educacional. Pode explicarse en forma de xogo lección. Xogos infantís-libres, dirixidos, de pequena e media intensidade-
2º	10-12	Formación Física Perfeccionamento físico e fisiolóxico Iniciación predeportiva	Xogos infantís -libre e dirixidos, de gran intensidade de traballo e de finalidade predeportiva de aplicación especial a tal ou cal deporte-
3º	12-14	Perfeccionamento psicofisiolóxico Desenvolvemento psicofísico Preparación deportiva xeral	Xogos predeportivos -con características deportivas de iniciación técnica e de aptitude pedagóxica-

Os xogos son un contido que debe estar ao servizo da visión ximnástica e deportiva da EF. Non existe unha verdadeira consideración dos xogos como contido con identidade propia, senón que debe ser empregado con fins máis ximnásticos que recreativos e lúdicos.

Para a Educación Secundaria preséntase igualmente unha educación diferenciada entre nenas e nenos, e de igual xeito que en na etapa educativa precedente, os contidos son presentados nunhas cartillas que non achegan moitos máis elementos innovadores

en relación aos contidos nin ás metodoloxías. Os contidos están centrados nos exercicios ximnásticos e xogos predeportivos (Pastor, 2005), polo que se continúa co mesmo deseño sobre os contidos na EF.

Os contidos da Ensinanza Media (EM) neste período non están claramente definidos, pero están centrados na ximnástica educativa e nos deportes, aínda que se inclúen tamén os xogos libres e dirixidos. A ximnasia educativa tiña un papel principal na formación dos estudantes, de feito as sesións deberían seguir un esquema parecido ao que presenta Miranda Huelín (como se citou en Pastor, 2005, p. 119):

Introdución: marcha, carreira, exercicios individuais estimulantes, exercicios de orde.

Parte correctiva: exercicios de brazos, pernas, pescozo e cabeza, tronco, e exercicios estimulantes de pernas.

Parte funcional: Exercicios de equilibrio, exercicios fundamentais de brazos, exercicio de marcha, exercicios de carreira, exercicio de salto e de tronco.

Parte final: marcha ou xogo sinxelo de curta duración.

Constatamos como o papel que se lle outorga na sesión tipo de EF aos xogos é mínimo, só se reserva a última parte da sesión. Non son considerados como un contido a desenvolver na parte principal.

Dúas leis educativas marcan a seguinte etapa franquista, a Lei de Educación Física de 1961 e a Lei Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa de 1970. Neste largo período seguíase mantendo unha concepción da EF fundamentada na educación ximnástica e deportiva. Neste sentido no ano 1965 son presentados uns cuestionarios organizados en bloques de contidos para a EF cos seguintes contidos en función das etapas e ciclos da Educación Primaria e do xénero dos escolares: deste xeito para o xénero feminino os contidos presentados son: xogos, ximnasia educativa, ritmo, deportes ao aire libre e probas de aptitude. Na primeira etapa que vai dos 6-8 anos, aparecen os xogos: libres e dirixidos. Ademais nos deportes e aire libre inclúen xogos con pelota e balóns adaptados. No seguinte ciclo de 8-10 anos, temos tamén os xogos: libres e dirixidos, e xogos predeportivos. No bloque de deporte e aire libre, insírense xogos con tendencia competitiva e iniciación aos xogos predeportivos. No seguinte

ciclo de 10-12 anos, temos os xogos: de gran intensidade -complexidade, interese e dificultade-. No bloque de ritmo engaden: xogos de ritmo con carácter estático e dinámico. Xa no derradeiro ciclo de Educación Primaria, de 12-14 anos, temos que no bloque de xogos a indicación para que os xogos infantís sexan substituídos paseniñamente polos deportes regulamentados.

A presenza dos xogos populares é bastante limitada na Educación Primaria feminina, e se observamos a evolución ao longo dos ciclos, xa no último deberán ser os xogos deportivos os que máis incidencia deberán ter no desenvolvemento da EF. Para o xénero masculino os contidos no esencial mantense a mesma tendencia que no xénero feminino en relación á presenza dos xogos infantís no currículo, pero os os xogos predeportivos toman un maior protagonismo.

Na Educación Secundaria neste período nas clases de EF seguen a mesma tendencia, onde a ximnasia deportiva tiña un gran peso na materia e onde “ocupaba un papel moi destacado a acrobacia no chan e os saltos para os cales se empregaba con especial preferencia o poldro, o plinton, o cabalo e os diversos modos de trampolín” (Pastor, 2005, p. 171). Os contidos da asignatura están compostos pola ximnasia educativa, analítica e sintética, os xogos libre e dirixidos, xogos predeportivos e predeportes, natación, marchas, paseos e torneos (Pajarón, 1995). Observamos que non existe unha evolución da concepción da EF neste período histórico. Nesta ocasión son as actividades deportivas as que marcaran os contidos da materia na Educación Secundaria, que seguirá coa mesma tendencia que nas décadas anteriores. No Ensino Medio os xogos tiveron o mesmo papel secundario que no período anterior, con pouca presenza entre os contidos centrais xa mencionados.

Malia que na etapa franquista se incluían os xogos populares infantís nos contidos das clases de EF, o seu peso destes non era comparable co da ximnasia ou os deportes. Os contidos curriculares da EF tiñan un marcado carácter hixienista e ximnástico e unha orientación militarista. Ante esta situación no houbo autores como Adolfo Maíllo, Sánchez Múgica, Francisco Azorín, Joan Tusquets (como se citou en Payá, 2007, pp. 341-342), que defenderon o emprego dos xogos populares non tanto como un contido de valor pedagóxico, senón como un elemento de exaltación da identidade e patriotismo nacional que axudarían ao afianzamento dos valores

nacionalcatólicos do franquismo ante manifestacións foráneas (Payá, 2007). A visión franquista en relación ao xogo popular podemos sintetizala deste xeito:

Os nosos xogos populares nunca deben caer no esquecemento, nin ser postergados por outros de importación. Moi ben o basse-ball, o hand-ball, o baloncesto e tantos outros de orixe norteamericano ou inglés que viñeron enriquecer aos nosos sistemas de recreo, pero non esquezamos nunca nin a pelota, nin o marro, nin os birlos, nin tantos outros xogos propios de España (Niños de Escuela Española como se citou en Payá, 2007, p. 342)¹³.

Aínda que a Lei Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa de 1970 supuxo unha nova reestruturación do sistema educativo estatal e da EF, xa que na primeira etapa da Educación Xeral Básica (EXB) a EF pasa a ser inserida dentro da área de Expresión dinámica asociada á música, mentres que na segunda etapa a área pasaba a denominarse como Educación Física e Deportes. Supoñía esta nova denominación unha declaración de intencións sobre o que acontecía no campo da EF, cuxa evolución pasou dunha concepción baseada na ximnástica, para ir cedendo definitivamente o espazo principal aos deportes. A posta en práctica dos contidos curriculares supuxo que os deportes convencionais experimentaran unha expansión, deixando de lado outros contidos como os xogos populares, esta situación será denunciada polo colectivo Adarra (1984), que alerta da desaparición dos xogos populares na escola, e reclama unha maior atención sobre estes xogos na EF. Esta lei estaría vixente ata a chegada LOXSE no ano 1992 que sería unha revolución do sistema educativo a nivel de organización nas etapas educativas e tamén no plantexamento dos obxectivos e contidos da EF.

3. 2. O XOGO POPULAR NOS CURRÍCULOS DA DEMOCRACIA: DA LOXSE Á LOMCE.

Neste apartado realizamos un repaso aos currículos oficiais para comprobar a situación dos xogos populares na área da EF na etapa da democracia. Para iso procederemos a

¹³ Publicación sen autor individual, que se corresponde cun suplemento infantil da revista Escuela Española (Payá,2007, p. 339).

unha análise do currículo oficial a partir dos decretos autonómicos redactados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que establece os contidos das materias nas etapas de Educación Primaria e na Educación Secundaria Obrigatoria. Centrarémonos nestas dúas etapas polo seu carácter obrigatorio.

Para comprobar a presenza dos xogos populares dentro do currículo de EF tomamos como primeiras referencias para a análise do currículo, a Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), e a Lei Orgánica de Educación (LOE), nas súas etapas de Educación Primaria (EP) e na Educación Secundaria Obrigatoria (Profesorado). Queremos aclarar que non temos en consideración a Lei Orgánica de Calidade do Ensino (LOCE) debido ao escaso período de vixencia que tivo e a súa baixa implantación nos centros educativos ademais do seu escaso impacto no sistema educativo. Finalmente aproximáronos ao novo currículo da polémica Lei Orgánica da Mellora da Calidade do Ensino (LOMCE), da que non faremos unha análise en profundidade sobre os aspectos máis controvertidos da mesma, xa que existe sobrada literatura ao respecto. Neste estudo soamente nos centramos na presenza da cultura popular galega e do xogo popular no currículo da EF no currículo galego, completado con algunhas referencias doutras áreas que nos permitan obter unha visión máis ampla sobre o tema.

3. 2. 1. A LOXSE

Nesta lei o papel do xogo na formación dos escolares adquire maior peso no deseño do currículo oficial. Por esta razón se destaca a potencialidade do xogo no currículo da LOXSE como contido curricular (Ortega, 1996; Valero, 2002). Ademais existen varios estudos que se centran en analizar a presenza do xogo popular na LOXSE, referidos á materia de EF, son os estudos de Trigo (1994a) e Trigueros (2000), que realizan unha análise profunda da presenza dos xogos populares dentro do currículo oficial na área de EF. Outro estudo que aborda de xeito global o xogo popular no currículo é o estudo de Veiga (1998), que realiza unha descrición xeral da presenza do xogo popular dentro de tódalas materias do currículo oficial galego.

3. 2. 1. 1. EDUCACIÓN PRIMARIA

No currículo oficial da LOXSE da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Decreto 245/1992), a cultura popular está recollida na etapa de Educación Primaria, en diferentes bloques de contidos a nivel de conceptos, procedementos e actitudes. Deste xeito a cultura popular podemos atopala de maneira explícita como contido en diferentes áreas como: *Coñecemento do medio, natural, social e cultural*, relacionando o xogo popular coa participación social no contorno físico e social; na área de *Educación Artística*: céntranse nas danzas, cantigas populares, no uso de instrumentos típicos galegos, ademais do xogo popular e a súa posta en valor; na área de *Lingua* refírese á importancia da cultura oral e dos medios e canles polas que esta é transmitida, incidindo nas manifestacións culturais que se valen deste desta vía para manter a cultura oral viva. O que se plasma no currículo é unha sensibilidade cara á cultura popular galega, á que os docentes deberán prestar atención nas súas programacións.

Táboa 4. Presenza da cultura popular no currículo da LOXSE (Decreto 245/1992).

<i>Áreas de coñecemento</i>	<i>Bloque contidos LOXSE</i>
Coñecemento do medio natural, social e cultural	O mundo actual
Educación Artística	Expresión rítmica e movemento: o xogo Expresión musical Expresión vocal e canto Os xogo Xogos de roles e procesos de creación dramática
Lingua	Lingua oral

Ao comprobar como é presentada a cultura popular galega nas diferentes áreas, o xogo popular podería servir para integrar aos escolares na súa contorna coa súa posta en valor a través da recollida oral dos xogos na súa zona e círculo social máis inmediato, da participación en distintas actividades lúdico-festivas relacionadas con este contido en diferentes épocas do ano. Asemade os xogos populares tamén axudarían a incrementar a sensibilidade pola música e a danza, xa que estes contan cun amplo abano

de cantigas e rimas que favorecen a introdución de contidos relacionados con áreas como a Educación Artística e da Lingua.

3. 2. 1. 1. 1. ÁREA DE EF

Dentro dos obxectivos xerais da área de EF non existe ningún que mencione de xeito explícito o xogo popular nin a cultura popular galega. Soamente existe un obxectivo que indica a importancia de practicar xogos de maneira xenérica, e noutro dos obxectivos alúdese á necesidade de que os escolares coñezan as actividades físicas da súa contorna, pero máis alá disto non se insire nin se subliña nada máis nos obxectivos xerais da EF respecto do xogo popular.

Dentro do bloque de *Xogos*, o currículo oficial establece que o xogo debe ser tratado como un contido único, aínda que se deban establecer relacións entre outros elementos do currículo. Dentro deste bloque de contidos os xogos populares son presentados do seguinte xeito:

Táboa 5. O xogo popular na EF na EP (Decreto 245/1992).

<i>Área de coñecementos: EF</i>		
<i>Bloque de contidos: Xogos</i>		
<i>Conceptos</i>	<i>Procedementos</i>	<i>Actitudes</i>
O xogo como fenómeno cultural e social	Recompilación de informacións sobre os xogos populares e tradicionais e a práctica dos mesmos	de
Recursos para a práctica do xogo e das actividades deportivas no seu contorno		
Xogos populares autóctonos e tradicionais		

Dentro dos contidos actitudinais, non existe ningunha mención directa aos xogos populares, senón que son contidos de carácter xenérico que poden estar vinculados aos xogos de calquera tipo.

Nos criterios de avaliación non se inclúe ningún especificamente relacionado co xogo popular. Son criterios que poden ser aplicados a moitas actividades físicas e xogos, sen necesidade de que sexan específicos dos xogos populares, polo que se ven en certa medida desacreditados no momento da avaliación dos coñecementos propios da área de EF.

A presenza do xogo popular de forma específica é escasa na materia de EF en comparación a outros contidos que aparecen no currículo desta área. O seu peso específico é tan reducido, que nin sequera se establece un mínimo de contidos actitudinais. Os xogos populares son considerados como fenómeno social e cultural, pero máis alá diso quedan no ostracismo. A pouca profundidade coa que é presentado este contido mostra o escaso interese que este tivo na elaboración do currículo da EF da LOXSE, tendo en conta que estes contidos teñen a mesma validez que calquera outros (Trigo, 1994a).

3. 2. 1. 2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Na etapa da Educación Secundaria o currículo oficial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Decreto 78/1993), os contidos varían en comparación cos contidos da Educación Primaria, aínda que existe certa correlación entre eles. A presenza das manifestacións culturais populares tamén están presentes no currículo desta etapa. Así a cultura popular galega recoñécese nas áreas *Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Música, Lingua*, ademais da EF.

Nas *Ciencias Sociais, Xeografía e Historia*, no bloque de contidos *Sociedades medievais e da época moderna*. Neste caso insiste no emprego da contorna como evidencia do pasado, e insta ao respecto polo patrimonio cultural galego. Ademais desta mención sobre a necesidade de conservar o patrimonio cultural, non existen outros elementos que nos permitan relacionar o xogo popular con esta área dun xeito claro.

Na de *Música* o bloque de contidos da *Expresión vocal e o canto e movemento e danza*. Nestes refírense ás cantigas populares e as danzas populares galegas como manifestacións culturais. Deberíase buscar a práctica das danzas e cantigas populares

galegas e o recoñecemento destas manifestacións para a súa posta en valor de cara a favorecer o desenvolvemento da percepción visual e musical.

Na área de *Lingua*, o currículo alude á produción literaria como vía de transmisión e de creación cultural, así como da expresión da realidade histórica. Búscase a relación entre a produción literaria e a realidade cultural histórica e social que levou a súa produción. Neste caso, ao igual que na área de Música o currículo insiste na necesidade de valorar o patrimonio da expresión lingüística como forma da identidade colectiva.

Táboa 6. Presenza da cultura popular no currículo da ESO na LOXSE (Decreto 78/1993)

<i>Áreas de coñecemento</i>	<i>Bloque de contidos LOXSE</i>
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	Sociedades Medievais e da época moderna
Música	A expresión vocal e o canto
Lingua	Lingua literaria
Educación para a cidadanía	
Educación Plástica e visual	

3. 2. 1. 2. 1. ÁREA DE EF

Centrados na área de EF, existen dous obxectivos que se relacionan dun xeito directo cos xogos populares. No primeiro ínstase a participar en actividades físicas que se centren en desenvolver valores relacionados coa cooperación e convivencia, e asemade para facer unha posta en valor dos xogos e actividades autóctonas que están ligados á cultura galega.

Participar, con independencia do nivel de destreza alcanzado, en actividades físicas e deportivas, desenvolvendo actitudes de cooperación e respecto, valorando os aspectos de relación que teñen as actividades físicas e recoñecendo como valor cultural propio os deportes e xogos autóctonos que os vinculan á súa comunidade (Decreto 78/1993, p. 89).

Outro dos obxectivos xerais inserido no currículo é o que insta a que os escolares logren acadar certo coñecemento relacionado coas manifestacións culturais relacionadas coa actividade corporal.

Recoñecer, valorar e utilizar, en diversas actividades, manifestacións culturais e artísticas, a riqueza expresiva do corpo e do movemento como medio de comunicación e de expresión creativa (Decreto 78/1993, p. 89).

Os xogos populares están incluídos no bloque de contidos *Xogos e Deportes*. Aínda que neste bloque os xogos comparten o título, é o deporte o que acapara máis atención sobre calquera outro contido lúdico, quedando o xogo popular relegado a unha escasa liña, que reflicte a pouca atención prestada a este contido no currículo oficial de Galicia. Na seguinte páxina mostramos unha táboa que se mostran as referencias directas aos xogos populares no currículo.

Táboa 7. O xogo popular na EF da LOXSE na ESO (Decreto 78/1993).

<i>Área de coñecemento: EF</i>		
<i>Bloque de contidos: Xogos e Deportes</i>		
<i>Conceptos</i>	<i>Procedementos</i>	<i>Actitudes</i>
O deporte como fenómeno social e cultural. Os xogos e deportes tradicionais autóctonos	Prácticas de deportes e xogos populares da nosa comunidade	Valoración dos xogos e deportes autóctonos como vínculo e patrimonio cultural da comunidade

Logo do revisado podemos indicar que os xogos populares teñen una escasa relevancia dentro do currículo oficial da Educación Secundaria na área de EF. Nos propios criterios de avaliación non se fai alusión a súa avaliación dentro da materia. E se establecemos unha comparación coa etapa de Educación Primaria o xogo popular non acaba de asentarse coma contido de importancia e referencia dentro da área de EF. Os deportes acaparan amplamente o currículo oficial dentro desta materia. Como manifesta Trigueros (2000), os xogos populares son os principais marxinados na área de EF, en comparación a outros contidos da área de EF.

Despois de revisar o currículo da LOXSE nas dúas etapas educativas, parece claro que os xogos populares están plantexados para ser empregados como un instrumento ou medio de traballo para conseguir outro tipo de metas estipuladas no currículo. Non se desenvolve suficientemente a capacidade educativa dos xogos populares, para que sexa tido en conta como un elemento relevante dentro das programacións curriculares dos docentes. Será polo tanto a vontade e a sensibilidade cara este tema por parte dos docentes, a que determine se os xogos populares son considerados como un contido con peso nas súas programacións ou se son mantidos no ostracismo da EF como acontece no currículo oficial.

3. 2. 2. A LOE

Nesta reforma educativa achéganos unha nova redacción do novo currículo que se presenta igualmente dividido para as etapas da Educación Primaria e da Educación Secundaria. A continuación e seguindo a mesma orde que na lei anterior pasaremos a detallar aqueles elementos que manteñan dun xeito explícito unha relación coa cultura popular galega e cos xogos populares.

3. 2. 2. 1. EDUCACIÓN PRIMARIA

Na LOXSE na etapa de Educación Primaria falábase de adquirir e desenvolver conceptos, procedementos e actitudes. Nesta nova versión do currículo da LOE para Galicia (Decreto 130/2007) son presentadas distintas competencias que os estudantes deberán desenvolver e adquirir ao longo da escolarización en cada un dos cursos. Na etapa de Educación Primaria o currículo expresa o seguinte:

O eixe do traballo nesta etapa educativa será o desenvolvemento das competencias básicas que permitan encamiñar todo o alumnado cara ao logro dunha formación integral, tanto na súa vertente persoal coma nas demandas sociais e culturais que faciliten a continuación dos estudos e, posteriormente, a inclusión na vida laboral, pero sempre coa asunción da necesidade de aprender ao longo de toda a vida. (Decreto 130/2007, p. 11666)

A formación integral do individuo está orientada a que os estudantes desenvolvan un conxunto de habilidades e destrezas que os doten dos recursos suficientes para seguir avanzando tanto no sistema educativo, como a unha posible entrada no mercado laboral. Como decreta o currículo, os escolares deben adquirir determinadas competencias como a matemática, lingüística, a interacción co mundo físico, competencia cultural e artística, a competencia social e cidadá, ou mesmo a dixital poderían ser desenvolvidas a través da práctica dos xogos populares desde unha perspectiva interdisciplinaria.

O potencial das manifestacións culturais como estes xogos como contido a traballar desde o prisma da interdisciplinabilidade nas áreas da etapa de Educación Primaria, fai necesario que recordemos as áreas na que a cultura popular galega está presente:

Coñecemento do medio natural, social e cultural, na que se introducen os xogos populares nos tres ciclos, dentro do bloque de contidos de *Vida e sociedade* e tamén dentro dos criterios de avaliación, sempre relacionando os xogos populares coa vida e coñecemento do contorno e da cultura popular galega.

Na área de *Música* establécese nos diferentes ciclos da etapa algúns elementos relacionados cos xogos populares. Así no bloque de contidos: *escoita, interpretación e creación musical* e a *observación plástica, expresión e creación plástica* faise referencia ás cantigas, danzas e xoguetes da cultura popular galega. Neste bloque o currículo indica que deberán ser traballados na área como forma de posta en valor da cultura musical e artística galega. Así mesmo, deberán estar en relación cos criterios de avaliación dos tres ciclos, que se poden sintetizar neste criterio de avaliación recollido no 3º ciclo de Educación Primaria, que establece como necesario identificar as manifestacións musicais e plásticas propias de Galicia (Decreto 130/2007 p. 11.704).

Na área de *Lingua* no que se centra o currículo nos diferentes cursos é na posta en valor e coñecemento da tradición oral galega, recollida en cantigas, lendas, contos, etc. Este interese recóllese dentro do bloque de contidos denominado, como *Escoitar e falar*. Nos criterios de avaliación faise referencia á necesidade que os estudantes recoñezan e valoren este tipo de creación cultural. Isto é dun xeito sintético o que

establece o currículo en relación aos xogos populares dentro do que sería a formación dos escolares.

3. 2. 2. 1. 1. ÁREA DE EF

Na área de EF os xogos populares están recollidos no bloque de contidos de Xogos e Deportes, o documento na introdución do bloque de contidos manifesta o seguinte en relación a este bloque de contidos:

Presenta contidos relacionados cos xogos e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relacionados á práctica de xogos e deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e compañeiras e compañeiros (Decreto 130/2007, p. 11.750).

O xogo está considerado en dúas dimensións, tanto como recurso para acadar determinados obxectivos, como contido propio. Tamén se destaca o valor cultural que posúe o xogo como unha manifestación propia da motricidade. Ademais, engadir que se apunta como primordial a importancia da práctica dos xogos populares que deben servir para fomentar un respecto polo resto das persoas, de igual xeito que se presentan estes xogos como un medio para establecer o respecto polas normas. Isto entraría de cheo no tema das competencias que se subliñaban en parágrafos anteriores e das posibilidades pedagóxicas que posúen os xogos populares dentro do ámbito curricular para favorecer o desenvolvemento integral das nenas e nenos.

No currículo considerase o xogo como unha manifestación que se presenta desde os primeiros momentos da vida e que ademais evoluciona coa mesma persoa, e identifícase como un recurso pedagóxico de gran valor que debe servir para lograr novas metas. Os xogos populares posúen unha continuidade ao longo dos tres ciclos da Educación Primaria, sempre subliñando a necesidade de que se poña en valor a cultura galega a través da súa práctica. “Os xogos populares tradicionais de Galicia están

presentes en tódolos ciclos de esta etapa educativa, de maneira que a área contribúa á conservación da cultura galega” (Decreto 130/2007, p. 11.750).

Na redacción do currículo especificase que nos obxectivos específicos da área de EF, que os escolares teñen que “coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade”(Decreto 130/2007, p. 11.752).

De seguido presentamos nunha táboa a presenza dos xogos populares dentro da área de EF.

Táboa 8. O xogo popular na EF da EP (Decreto 130/2007).

<i>Área de coñecemento EF</i>		
<i>Ciclo</i>	<i>Bloque de contidos</i> <i>Xogos e Deportes</i>	<i>Criterios de avaliación</i>
1º	Coñecemento e práctica dos xogos populares tradicionais galegos	Coñecer e practicar os xogos populares tradicionais galegos, interesándose pola súa busca e valorando a súa importancia
2º	Busca de información sobre os xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e práctica destes	Buscar información sobre os xogos populares tradicionais galegos en diferentes medios, interesarse polo seu coñecemento e practicalos
3º	Recompilación de información sobre xogos e deportes populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e a práctica deles	Coñecer, practicar e valorar os xogos e deportes populares, autóctonos e tradicionais de Galicia, recompilando información sobre eles e interesándose pola súa conservación

A presenza dos xogos populares nos diferentes ciclos de Educación Primaria, queda reducida ao coñecemento, busca, recompilación e práctica dos xogos populares dentro da clase de EF. Estas escasas referencias no currículo marcan o rol que teñen os

xogos populares dentro da EF, un papel secundario que a parece insuficiente para tentar unha posta en valor do patrimonio lúdico galego cun mínimo de impacto nos escolares.

Debemos aclarar que moitos dos contidos e criterios de avaliación que se presentan no bloque de *Xogos e deportes*, están presentes nos outros bloques. Estes contidos poden ser traballados través dunha estratexia metodolóxica que presente aos xogos populares como un contido transversal en toda a área de EF, que favoreza a aprendizaxe e desenvolvemento das competencias esixidas no currículo. Ademais do Bloque de *Xogos e deportes* sinalar que no bloque de contidos de *Actividades físicas artísticas-expresivas*, no currículo establécese que os escolares deban coñecer e practicar danzas e actividades nas que se presenten esquemas rítmicos e cantigas. A cultura popular galega ao igual que outras culturas, destaca pola súa riqueza na tipoloxía de danzas populares e cantigas que poderían perfectamente ser traballadas neste bloque de contidos.

O xogo popular ademais dun contido que busca a posta en valor do patrimonio inmaterial galego dentro da área da EF, podería ser empregado para fomentar o traballo interdisciplinario, contribuíndo aos desenvolvemento das competencias matemática, de coñecemento e interacción co mundo físico, social e cidadá, etc. As características do xogo popular, poden facilitar o seu emprego como recurso didáctico para o desenvolvemento doutros contidos que non estean inseridos na área de EF, permitindo desenvolver o xogo popular como contido dunha maneira transversal non só na EF, senón no resto das materias.

3. 2. 2. 2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Na etapa da ESO seguiremos a mesma liña, centrando a análise nos xogos populares na área de EF, sen renunciar a facer mención a aquelas áreas nas que a cultura popular galega estea presente, tomando como referencia o currículo da Educación Secundaria (Decreto 133/2007).

Na materia de *Ciencias sociais, Xeografía e Historia*, destaca a importancia de adquirir unha competencia cultural que induza a valorar, recoñecer, comprender, e

conservar o patrimonio inmaterial da cultura galega. Nesta materia é preciso fomentar o sentimento de pertenza ao pobo galego, valorar as manifestacións culturais de carácter histórico e artísticas promovendo a súa conservación como recurso para o desenvolvemento persoal e colectivo, atendendo sempre á diversidade e ás características propias do patrimonio cultural galego. Así, dentro do bloque de *Contidos comúns* propónse o coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas e culturais máis relevantes.

Na *Educación para cidadanía* propónse a posta en valor da variedade cultural existente e as posibles ameazas que se poidan producir por culpa dos procesos de globalización e aculturación, instando a achegar solucións para resolver problemas derivados destes procesos. Entrarían os xogos populares como unha manifestación propia en perigo que necesita de solucións para evitar a súa desaparición, como así o expón a UNESCO (2001, 2004, 2005, 2006), convidando ás administracións a tomar medidas cara a súa divulgación e conservación. Este recoñecemento das formas e costumes propios que están en perigo entraría dentro do bloque de contidos *Cidadanía en tempos de globalización*, que alude a esta posta en valor dos costumes propios no mundo actual.

Na *Educación Plástica e Visual*, que subliña a importancia da cultura galega e o seu patrimonio que debe ser recoñecido e valorado polos alumnos. Neste casos estarían moitos dos xoguetes que son empregados nos xogos populares, os cales son un tipo de manifestación artística tamén. O bloque de contidos de *Dimensión social e cultural* sería no que se indica a análise de obras do patrimonio cultural propio, atendendo ás semellanzas e diverxencias en relación a outras culturas e sociedades.

Outra área na que se recollen elementos relacionados coa cultura galega é a de *Música*. Nesta área establécese no currículo, ao igual que na Educación Primaria, a importancia das posta en valor e aprendizaxe das cantigas e rimas galegas, asemade das danzas populares galegas. Neste caso presentase os contidos relacionados nos bloques de contidos de *Audición, escoita e interpretación*.

3. 2. 2. 2. 1. ÁREA DE EF

No caso da EF debemos sinalar as competencias básicas que se propoñen no currículo, son exactamente as mesmas que as anteriormente mencionadas na etapa de Educación Primaria. Destacar que se alude á importancia da EF para adquirir unha competencia cultural e artística, baseadas na práctica de diversas actividades subliñando a importancia visual e súa plasticidade. Retómase a idea dunha posta en valor da cultura galega a través do coñecemento dos xogos populares e das danzas populares.

No primeiro caso, esta competencia supón apreciar, comprender e valorar as manifestacións culturais da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza, e consideralos como parte do patrimonio cultural dos pobos, algo que é necesario coñecer e preservar (Decreto 133/2007, p. 359).

No campo da EF os xogos populares son incluídos nos catro cursos da Educación Secundaria, malia que non existe ningún obxectivo específico que inste á conservación do patrimonio lúdico galego, como xa constaba na Educación Primaria. O que resulta destacable é o tipo de redacción que se realiza no documento oficial, xa que practicamente non varía, sendo sempre o mesmo tipo de contido e os mesmos criterios de avaliación nos diferentes cursos. Isto xa se producía na etapa de Educación Primaria polo que é indicativo do interese que se lles concede dentro do currículo oficial. Xa nos parágrafos introdutorios da materia se explica como que o enfoque da materia vai cara unha concienciación sobre o corpo, a condición física e o deporte como “valor social e parte específica das condutas motrices” (Decreto 133/2007, p. 355). Non se fai referencia clara ao patrimonio lúdico inmaterial galego, e a materia queda dividida en catro bloques de contidos, entre os cales se mantén o bloque de *Xogos e Deportes* ao igual que na Educación Primaria.

No mesmo documento non existe ningún obxectivo específico que se refira aos xogos populares. Son obxectivos de carácter xeral que poden ser aplicados a calquera tipo de actividade física ou deportiva. A continuación presentamos aqueles contidos e criterios de avaliación que se refiren explicitamente aos xogos populares na etapa da Educación Secundaria.

Táboa 9. O xogo popular na EF na etapa da Educación Secundaria

<i>Área de EF</i>		
<i>Curso</i>	<i>Bloque de contidos</i> <i>Xogos e Deportes</i>	<i>Criterios de avaliación</i>
1º	Coñecemento e realización de xogos e deportes tradicionais	Coñecer e realizar xogos e deportes tradicionais de Galicia
2º	Coñecemento e realización de xogos e deportes tradicionais de Galicia	Coñecer e realizar xogos e deportes tradicionais de Galicia
3º	Coñecemento e realización de xogos e deportes tradicionais de Galicia	Coñecer e realizar xogos e deportes tradicionais de Galicia
4º	Coñecemento e práctica de xogos e deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento. Procura de información sobre variacións locais.	Coñecer e realizar xogos e deportes tradicionais de Galicia, e propios do contorno.

Estes son os contidos e criterios de avaliación nos cales os xogos populares son nomeados directamente. A presenza e redacción de contidos específicos é limitada e reiterativa na súa formulación, outorgándolle aos xogos populares un rol secundario no que é o desenvolvemento do currículo.

Existen outros contidos que poden ser traballados a través da práctica dos xogos populares. Ademais, no bloque de contidos de *Expresión corporal*, inclúese o tratamento das danzas populares e tradicionais de Galicia nos catro cursos. A iso debemos sumar que dentro do bloque de contidos de *Actividades no medio natural* se insta a realizar actividades en distintos medios, auga, terra, area, etc. Como tamén á experimentación de actividades con cordas e construcións en árbores, e a busca da concienciación de actividades de baixo impacto no medio natural. A fusión destes contidos cos xogos populares permitiría entrar de cheo coa cultura popular galega ligada ao medio natural, que tivo tanta importancia no desenvolvemento do patrimonio lúdico galego e na propia identidade cultural galega.

Despois de ver como se presentan os xogos populares no currículo da LOE, queda reflectido que estes non teñen unha presenza nova edición do currículo. Non se incide nas potencialidades do xogo popular, soamente se estipula un certo grao de coñecemento e práctica dos mesmos. Tampouco se establece ningún tipo de criterio adicional que leve a unha presentación do contido como fundamental dentro das actividades que se deben realizar nas clases de EF. O currículo aposta dun xeito claro, polas actividades físicas orientadas a unha mellora da condición física e polos deportes convencionais sobre do resto dos contidos seguindo coa tradición histórica do currículo da EF no sistema educativo estatal.

3. 2. 3. A LOMCE

3. 2. 3. 1. EDUCACIÓN PRIMARIA

Agora pasaremos a detallar o que nos presenta a Xunta de Galicia no novo currículo da LOMCE para EP (Decreto 105/2014) en relación ao novo currículo oficial para a Educación Primaria. Coa nova Lei Orgánica para a Mellora Educativa, LOMCE, as materias aparecen divididas en tres grandes bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. No caso das materias troncais, os contidos, os criterios de avaliación, e os estándares das mesmas están fixados polo goberno central, será a administración autonómica a que estableza os horarios e a metodoloxía das materias, sempre adaptando os contidos a nosa realidade.

Nas áreas clasificadas como materias específicas, o goberno central será o que estableza os estándares avaliáveis e os criterios de avaliación. A Administración Autonómica será a responsable de establecer os contidos das materias e completar os criterios de avaliación. Xa no bloque de materias de libre configuración é o Goberno Autonómico o que establece os contidos, estándares de avaliación e criterios de avaliación, así mesmo os centros poderán completar os contidos destas materias.

Segundo o que nos marca este novo currículo, o que se busca é unha potenciación da aprendizaxe por competencias. O desenvolvemento destas debería ir acompañado dos esforzos necesarios para mellorar a innovación e a creatividade na práctica docente e no proceso de ensino-aprendizaxe. O desenvolvemento das competencias estará apoiado na aplicación duns principios metodolóxicos xerais relacionados coa atención á diversidade, a atención individualizada cara o alumno e os ritmos de aprendizaxe, e a aplicación dunha metodoloxía didáctica comunicativa, inclusiva e participativa.

Nesta nova lei as competencias son moi semellantes ás da LOE a unhas poucas competencias clave como a comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.

Neste currículo incídese no tema da transversalidade dos contidos xunto coa necesidade de traballar estes dun xeito interdisciplinario. Dentro dos temas transversais que recolle o currículo oficial da Xunta de Galicia, explica que se deben promover valores como a igualdade entre xéneros; a non discriminación entre persoas; a resolución de conflitos pacífica; a promoción de valores como a xustiza, igualdade; a non violencia, etc.

No que se refire ao tema dos obxectivos nesta lei, non se establece ningún deles específico para cada área. Enuméranse unha serie de obxectivos de etapa, pero neles non existe ningún que mencione ao xogo popular de forma clara, nin sequera se cita ao xogo dentro destes obxectivos xerais. O que si podemos indicar que nestes obxectivos existe un deles, identificado coa vogal “O” que sinala que os escolares deberán “coñecer, apreciar, e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega” (Decreto 105/2014, p. 37414). O currículo neste caso fala das singularidades e non das manifestacións culturais, polo que entendemos que as singularidades ás que se refire o documento estarán os xogos populares como tipo de manifestación cultural singular galega. A continuación recolleemos aquelas áreas de

coñecemento que recollen nos seus contidos a cultura popular galega, para logo centrarnos na área de EF e recoller o que se establece en relación aos xogos populares.

Na área de *Ciencias Sociais* nos bloques de contidos de *Vivir en sociedade* e *As pegadas do tempo* alúdese ao coñecemento, coidado e observación das características principais das manifestacións culturais da contorna próxima aos escolares, a investigación sobre diferentes manifestacións culturais da contorna, para poñer en valor a diversidade contribuír así a súa conservación. Ademais faise referencia ao coñecemento e conservación do patrimonio histórico cultural e artístico galego.

No caso da *Lingua galega e Literatura* no bloque de contidos de *Educación literaria* preséntase contidos relacionados coa valoración da tradición oral como fonte de coñecemento, tamén alude á reprodución de adiviñas, rimas, contos, xogos de sorte, trabalinguas, da tradición literaria galega e a posta en valor da riqueza cultural que supoñen as variedades lingüísticas do galego.

No caso da área *Educación artística* que engloba á Educación Plástica no bloque de contidos *Expresión artística* o currículo dispón a busca de manifestacións artísticas e culturais do contexto no que viven os escolares, tamén insta a facer indagacións sobre as orixes destas manifestacións artísticas, ao coñecemento e valoración dos identificadores artísticos do patrimonio cultural.

No caso da *Educación Musical*¹⁴ no bloque de *Escoita* tamén explica a necesidade de empregar xogos para estimular a discriminación auditiva, ademais insírese a necesidade da audición de pezas do repertorio tradicional galego de diferentes épocas. Outro bloque de contidos é *A música o movemento e a danza*, no que se decreta a práctica de xogos motores que vaian acompañados de secuencias sonoras, cancións, xunto coa interpretación de danzas da cultura galega.

Presentamos a continuación unha táboa comparativa na que se presentan aquelas áreas e bloques de contidos das tres leis, LOXSE, LOE e LOMCE dentro da Educación Primaria

¹⁴ Esta materia está tamén inserida dentro da asignatura de Expresión Artística.

Táboa 10. Comparativa da presenza da cultura popular galega nos currículos oficiais de LOXSE, LOE e LOMCE na Educación Primaria.

<i>A cultura galega nos currículos oficiais</i>			
<i>Áreas de coñecemento</i>	<i>Bloque contidos LOXSE</i>	<i>Bloque de contidos LOE</i>	<i>Bloque de contidos LOMCE</i>
Coñecemento do medio natural, social e cultural/ Ciencias Sociais	O mundo actual	A vida en sociedade Máquinas aparellos e tecnoloxías	Vivir en sociedade As pegadas do tempo
Educación Artística	Expresión rítmica e movemento: o xogo Expresión musical Expresión vocal e canto Os xogo Xogos de roles e procesos de creación dramática	Interpretación e creación musical Observación Plástica Expresión e creación plástica	Expresión artística Escoita A música o movemento e a danza
Lingua Galega	Lingua oral	Escoitar e falar	Educación literaria

Observamos como o peso da cultura popular galega, segue practicamente invariable, sendo as mesmas áreas as que manteñen a responsabilidade de garantir a súa permanencia no currículo escolar. Os bloques de contidos nos que a nosa cultura está presente varían levemente: novas denominacións e reformulacións sen os cambios de fondo necesarios para garantir unha conservación e promoción da cultura galega no contexto educativo escolar.

3. 2. 3. 1. 1. ÁREA DE EF

Na área de EF o currículo establece que o propósito final da asignatura debe ser a adquisición da competencia motriz suficiente, que lle proporcione aos escolares a capacidade para salvar as diversas dificultades motrices ás que se ven sometidos nas

clases e na vida diaria. Esta competencia motriz deberá ser tamén unha canle para acadar certas competencias como a social e cívica, aprender a aprender, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais, matemática e científico tecnolóxica, e con menor incidencia na competencia en comunicación lingüística e dixital.

Na etapa de Educación Primaria as competencias adquiridas non só deberán promover o desenvolvemento das habilidades básicas motrices e as capacidades físicas, senón que tamén se deberá ter moi en conta o tema das competencias ligadas coa relación social, atención á diversidade, os estereotipos sociais, resolución de conflitos, xogo limpo, etc.

Para logralo, o currículo ditamina que o principal recurso co que conta a materia é o xogo, pola súa compoñente motivadora, e tamén insire que “debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais” (Decreto 105/2014, p. 37785). É a primeira vez nos currículos da EF se fai unha alusión tan clara á importancia deste tipo de xogos. Certo é que nos outros currículos das outras leis se facía mención a posta en valor dos xogos populares, pero non existía unha afirmación deste calado en ningunha das leis anteriores.

A área polo tanto estará dividida nos seguintes bloques de contidos:

- Bloque 1. Contidos comúns
- Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción
- Bloque 3. Habilidades motrices
- Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas
- Bloque 5. Actividade física e saúde
- Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas

Recollemos na seguinte táboa aqueles contidos, criterios de avaliación e estándares de avaliación que están ligados aos xogos populares, por iso centramos a

nosa atención no bloque de contidos de *Xogos e actividades deportivas*. Porén, debemos puntualizar que noutros bloques de contidos insírense contidos, criterios de avaliación e estándares de avaliación relacionados co xogo, como o respecto polos participantes, normas do xogo, resolución de conflitos, etc. Estes elementos soltos nos diferentes bloques de contidos que aluden ao xogo en xeral, entendemos que poden ser aplicados a través dos xogos populares, perfectamente. Na táboa que presentamos non facemos unha diferenciación por cursos dos contidos, criterios de avaliación e estándares de avaliación, xa que ao logo da redacción do currículo estes aparecen de xeito reiterativo e con pouca variación dun curso a outro.

Táboa 11. O xogo popular na EF na Educación Primaria (Decreto 105/2014)

<i>Área de EF</i>		
<i>Bloque de contidos</i> <i>Xogos e actividades deportivas</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
O xogo como actividade común a todas as culturas.	Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial de Galicia	Práctica de xogos libres e organizados.
Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia.		Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
Descubrimento dos xogos interculturais		Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia, seguindo as regras básicas.
O xogo e o deporte como elementos da realidade social		Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecemento as súas características e diferenzas
Coñecemento e práctica dos xogos tradicionais de Galicia.		Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.
Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras de clase		Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza
		Recoñece a orixe e a

importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.

Expón as diferenzas características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos populares e os deportes tradicionais de Galicia

Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes

No bloque de contidos de *Xogos e actividades deportivas*, hai que subliñar a referencia á necesidade de que os escolares aprendan a xogar nas contornas naturais que rodean aos centros educativos, para que poidan valorar a importancia do medio que os rodea. Este punto parécenos fundamental para combinar coa práctica dos xogos populares, xa que debemos ter en conta que estes son nados nas rúas e nas contornas naturais, polo que sacalos ao contorno máis inmediato supón desde o noso punto de vista unha gran oportunidade para lograr distintos criterios e estándares de avaliación indicados no currículo. Ademais de ser unha maneira de poñer en valor os xogos populares e a contorna dos escolares dunha maneira atractiva.

Tamén no bloque de contidos *Actividade física artístico expresiva*, en todos os cursos están recollidos contidos, criterios de avaliación e estándares de avaliación, que buscan o coñecemento, práctica e a posta en valor dos bailes e danzas populares galegas, tomando como base para o emprego destas o uso do folclore popular galego, en liña co que se expresaba no currículo da LOE (Decreto 133/2007) que tamén insería as danzas galegas na área da EF.

A presenza do xogo popular no currículo da LOMCE (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria 2014a) da Educación Primaria, está recollido dun xeito reiterativo nos diferentes cursos, variando levemente a súa redacción como contido, criterio de avaliación e estándar de avaliación. Non existe apenas modificación ao longo dos cursos do tipo de contidos que se deberían desenvolver cos xogos populares, soamente se debe ter un certo coñecemento sobre os mesmos, nivel de práctica e posta en valor dos mesmos. Destacar que no currículo da EF insírense contidos como o respecto polas normas, a convivencia pacífica nos xogos, etc. que perfectamente se poden relacionar cos xogos populares, facilitando a posta en valor destes nas unidades didácticas.

Por outra parte debemos subliñar que nesta redacción do currículo a inclusión do artigo nº 20: *promoción de estilos de vida saudables*. Neste punto a administración insta a todos os centros educativos a inserir dentro do seu proxecto de centro educativo, propostas encamiñadas a fomentar práctica diaria de deporte e exercicio físico no horario lectivo. Malia de que no currículo oficial non se presentan de estratexias que orienten aos docentes que a administración denomina no currículo como cualificados ou especializados. Para logralo a Xunta de Galicia a través do *Plan Galego para o Fomento de Actividade Física* (Secretaría Xeral para o Deporte, 2011) e o *Plan Proxecta* (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. s.d.; Res do 14 de agosto de 2012)de innovación educativa permite a través do programa *Máis e Mellor Actividade Física* (Fundación Deporte Galego, 2014) realizar modificacións na área de Coñecemento do Medio¹⁵. Estas modificacións están orientadas a facilitar interdisciplinario coa área de EF. No programa alúdese á necesidade de que os escolares incrementen a actividade física a través de actividades con contidos relacionados coas dúas áreas, relacionando a historia da actividade física e o coñecemento da contorna

O traballo interdisciplinario entre as distintas asignaturas é algo que no currículo da LOMCE identifícase como necesario para lograr o desdenvolvemento das distintas

¹⁵ No currículo da LOMCE a asignatura de Coñecemento do Medio e substituída por Ciencias Sociais, malia este cambio na nomenclatura das asignaturas a Xunta de Galicia non actualizou a identificación correcta das materias , a pesar de que a iniciativa citada segue vixente.

competencias. Entedemos que o traballo interdisciplinario sería de gran relevancia para lograr un maior impacto dos xogos populares nos escolares. Neste sentido debemos ter claro que este tipo de traballo debería ser entendido como aquel que:

Ten como finalidade integrar e xustapoñer diferentes contidos das diferentes áreas curriculares, provocar e crear relacións e conexións entre diferentes contidos, de forma que sexa unha contribución recíproca, un desenvolvemento mutuo que provoca novas aprendizaxes, que facilitan e axudan a superar obstáculos e a resolver problemas no alumnado, xerando un ambiente de aprendizaxe continuo (Conde, Torre, Cárdenas, & López, 2009, p. 13).

Méndez and Fenández (2010) indicánnos que o xogo popular pode ser traballado atendendo ás diferentes competencias do currículo da LOE, que perfectamente se poden adaptar ás novas competencias da LOMCE, xa que son moi semellantes. Competencias como a comunicación lingüística poderían ser desenvolvidas deste xeito, xa que moitos dos xogos populares requiren dun alto grao de comunicación verbal e son transmisores da cultura popular oral (Pelegrín, 2002), e polo tanto favorecen o desenvolvemento desta competencia.

Tamén podemos asociar o xogo popular coa competencia matemática, xa que con este contido é posible desenvolver determinados elementos de razoamento numérico, identificar elementos xeométricos que permitan aos escolares asociar conceptos matemáticos durante a práctica dos xogos populares.

Igualmente é posible traballar e mellorar a competencia científica e tecnolóxica, xa que os xogos populares son unha manifestación máis da actividade física e da creatividade dos pobos. Estes xogos son un contido de gran interese para desenvolver contidos asociados á natureza, xa que moitos deles teñen afondadas raíces nas relacións coa contorna, Así mesmo moitos xogos precisan de determinados trebellos e materiais que estarían relacionados coa tecnoloxía máis elemental e con determinados coñecementos científicos que terían a súa continuidade con contidos relacionados coa física, a mecánica, a hidrodinámica, entre outros.

Asemade poden ser empregados para desenvolver a competencia cultural e artística, xa que estes están directamente relacionados coa cultura de cada sociedade, ademais están presentes en diferentes formatos como selos, pinturas, esculturas (Herrador, 2005, 2008, 2011a, 2012a, 2013b; Herrador et al., 2005; Ortí, 2010), que permitirían estudar o xogo popular asociada á obra dalgúns artistas, e a determinadas disciplinas das belas artes. Os xogos populares tamén precisan de certa creatividade e habilidade artística para construír os seus xoguetes, polo tanto aí tamén se podería traballar con eles. A todo isto hai que engadir todas as cantigas, rimas, ditos e refráns que existen relacionados cos xogos populares, que poderían relacionarse con contidos da expresión musical e escénica como pode ser o canto, o ritmo ou a declamación.

As competencias sociais e cívicas, é posible desenvolverlas a través dos xogos populares, non porque historicamente se transmitisen entre diferentes xeracións fomentando o diálogo interxeracional, senón pola variedade de valores sociais e culturais que estes posúen. Estes valores presentados na aula de xeito apropiado poden favorecer a formación dos escolares nuns valores sociais alternativos, que outros contidos non promoven.

Outra competencia é a dixital, que podería ser traballada grazas ao deseño de vídeos, recompilacións fotográficas, entrevistas de audio, elaboración de blogues, presentacións, revisión de películas (Herrador, 2013a, 2013b, 2013c). Nas que os escolares deban manter o xogo popular como elemento central das propostas. Deste xeito ligárase o emprego das TIC ao xogo popular como eixo de traballo. Un exemplo témolo na aplicación para PC e tabletas dixitais *Tux paint* na que se presenta a unión entre as TIC e o xogo popular no eido da EP (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas y de Formación del Profesorado, s.d). Mesmo atopamos experiencias que teñen como obxectivo a creación de aplicacións informáticas cos xogos populares como eixo de traballo na EF (Ureña, Alonso, Vicente, & Alarcón, 2009)

3. 2. 3. 2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

No que se refire á etapa da Educación Secundaria o novo currículo da LOMCE (Proxecto de Decreto, 2015) existen modificacións en todos os aspectos se o

comparamos cos currículos das outras leis analizadas. Dentro dos obxectivos xerais do currículo non existe ningún que indique a posta en valor da cultura galega dun xeito claro. A única mención a nosa cultura aparece do seguinte xeito:

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo (Proxecto de Decreto, 2015, p. 19).

Dentro das competencias clave da etapa, estas coinciden plenamente coas redactadas para a etapa de Educación Primaria. Por outra parte dentro dos principios metodolóxicos da Educación Secundaria están na liña cos expresados na etapa de Educación Primaria. De novo están centrados no proceso de desenvolvemento das competencias clave, e por lograr os estándares de avaliación indicados no currículo. Nestes principios de novo alúdese á necesidade de adecuar ás necesidades dos alumnos tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos. Algo que non aparece redactado de maneira clara nos principios metodolóxicos é a necesidade do traballo interdisciplinario entre asignaturas.

No currículo da LOMCE constatamos unha maior fragmentación das asignaturas que non acaban de recoller dun xeito claro a posta en valor da cultura popular galega, aínda que existan pequenas excepcións. No caso da *Lingua e Literatura Galega* ao igual que acontecía nos pasados currículos no bloque de contidos *Educación literaria* faise referencia á necesidade de que os escolares recoñezan aquelas obras e autores da literatura galega, asociando a estes coa historia de Galicia.

Na asignatura de *Artes escénicas tatro e danza* en Galicia faise referencia nos bloques de contidos *Común de Danza e Outras artes escénicas* alúdese ao coñecemento da danza, da ópera, e do teatro galego, tratando de fomentar o coñecemento e posta en valor das diferentes manifestacións artístico-culturais galegas. Na materia de *Música* dentro do bloque de *Contextos musicais e culturais* búscase a relación entre a cultura e a historia de Galicia, ademais de promover o coñecemento do patrimonio musical galego, atendendo a súa evolución temporal.

A continuación amosamos unha táboa comparativa da LOXSE, LOE e LOMCE, na que se mostran aqueles bloques de contidos nos que se fai referencia dalgunha maneira á cultura popular galega.

Táboa 12. Comparativa das áreas de coñecemento nas que a cultura popular galega está presente nos currículos da LOXSE, LOE e LOMCE.

A cultura popular galega nos currículos

<i>Áreas de coñecemento</i>	<i>de</i>	<i>Bloque de contidos LOXSE</i>	<i>Bloques de contidos LOE</i>	<i>Bloque de contidos LOMCE</i>
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	Sociais, e da época moderna	Sociedades Medievais e da época moderna	Bloque de contidos comúns	
Música		A expresión vocal e o canto	Audición Escoita interpretación	Contexto musicais
Lingua		Lingua literaria	Educación literaria	Educación Literaria
Educación para a cidadanía			Cidadanía en tempos de globalización	
Educación Plástica e visual			Dimensión social e cultural	
Artes Escéncias e Danza ¹⁶				Común. Danza. Outras artes escénicas

3. 2. 2. 2. 1 ÁREA DE EF

Ao igual que na etapa de EP a finalidade da asignatura é conseguir o desenvolvemento da competencia motriz, malia que esta non está inserida dentro das competencias clave. Maniféstase no currículo que a competencia motriz debe servir para desenvolvemento das competencias social e cívica, aprender a aprender, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais, matemática e científico tecnolóxica, e en menor grao a competencia en comunicación lingüística e dixital. Observamos unha continuidade co exposto no do currículo da Educación Primaria para esta asignatura.

¹⁶ Esta área só se presenta no 4º curso da ESO no currículo da LOMCE..

No currículo faise referencia á importancia do carácter vivencial e práctico dos contidos plantexados na asignatura. Así mesmo alúdese á necesidade de que se plantexen estratexias metodolóxicas como o descubrimento guiado, traballo por proxectos, resolución de problemas. Tamén se alude á necesidade de procurar a colaboración e participación dos escolares nas clases a través do emprego de materiais diversos e contextos diversos como a contorna que rodea aos centros educativos.

A asignatura queda dividida en 4 bloques do seguinte modo:

- Bloque 1. Contidos comúns
- Bloque 2. Actividades físicas artístico expresivas
- Bloque 3. Actividade física e saúde
- Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas

Dentro dos plantexamentos globais da materia existe unha alusión directa á cultura popular galega e aos xogos populares nos seguintes termos: “cómpre destacar os xogos populares e deportes tradicionais galegos, que, xunto coas danzas e bailes propios de Galicia. Supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural, ademais de fomentar as relacións interxeracionais” (Proxecto de Decreto, 2015, p. 649). Se comparamos esta afirmación coa da Educación Primaria, é idéntica á formulada no currículo da EP, polo que se pode presumir que o nivel de profundidade co contido será semellante que na anterior etapa.

Dentro da asignatura de EF no bloque de *Contidos comúns* e *Xogos e actividades deportivas*, faise referencia ao xogo de forma xenérica, pero en menor medida que na etapa da EP. Neste currículo os contidos de maior peso están relacionados coa saúde e condición física e co deporte convencional. O xogo queda nun segundo plano á hora de establecer os contidos da asignatura.

No relativo aos xogos populares estes non aparecen citados de maneira explícita ata o 4º curso da Educación Secundaria, algo que contrasta coa cita destacada anteriormente no plantexamento xeral da asignatura. A continuación recolleemos o peso dos xogos populares na EF da Educación Secundaria.

Táboa 13. Presenza do xogo popular no currículo da Educación Secundaria (Proxecto de Decreto, 2015)

<i>Área de EF</i>		
<i>Bloque de contidos:</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
<i>Comúns</i>		
<i>Xogos e actividades deportivas</i>		
<p>Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto dende o papel de participante como de espectador.</p> <p>Coñecemento e práctica de xogos e deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento.</p> <p>Busca de información sobre variacións locais</p>		<p>Valora as diferentes actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten dende o punto de vista cultural, para o goce e o enriquecemento personal para a relación cos demais</p>

A relevancia dos xogos populares no currículo desta etapa é testemuñal practicamente non se incide no contido en toda a etapa da Educación Secundaria. O contido nin tan sequera é reflectido explicitamente nos criterios e estándares da avaliación, polo que a avaliación do contido queda relegada da asignatura.

Queremos destacar que na asignatura no bloque de contidos *Actividades físico expresivas*, menciónanse as danzas e os bailes populares galegos. Estes teñen a súa correspondencia nos criterios e estándares de avaliación. No currículo faise mención á práctica e coñecemento deste contido ao longo de toda a etapa.

Tamén no bloque de *Contidos comúns* as recreativas no medio natural e na contorna poderían relacionarse cos xogos populares poden ser desenvolvidos na

contorna perfectamente polo poderían relacionarse con este tipo de contidos asociados á contorna e a actividade física recreativa.

Logo desta revisión aos diferentes currículos da LOXSE, LOE e LOMCE observamos que ao longo destas décadas o peso da cultura popular e dos xogos populares en particular pouco ten avanzado dentro do currículo escolar. Aínda que se teñen producido avances dentro do campo da EF, a maneira de presentar os xogos populares no currículo apenas varía, non existe unha formulación no currículo en ningunha das leis que presente ao xogo popular como un contido de peso relevante dentro da área de EF. A reiteración e repetición na redacción dos contidos e dos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxes relacionados cos xogos populares indica o escaso nivel de profundidade que se lle concede como contido dentro dos currículos. Estas leis non resaltan as potencialidades deste contido como medio para aproximar aos escolares á cultura popular galega e as súas tradicións para ligalo co folclore dos escolares. Tampouco se alude á posibilidade de que este contido poida ser incluído como unha actividade extraescolar que axude a establecer uns hábitos de lecer saudables

Malia que os xogos populares posúen uns valores educativos que non se contemplan noutros contidos como os deportes convencionais (Usabiaga & Martos i García, 2011). Resulta chamativo que despois de tantos avances na pedagogía en xeral e dentro do campo da EF en particular, se manteña nos currículos a tradicional visión hixienista tan propia dos currículos da ditadura e se manteña a tradición clásica do currículo da EF (Kirk, 2010). Neles aínda segue estando moi presente o discurso do rendimento na EF (Tinning, 1996), en lugar de avanzar dun xeito máis decidido cara o discurso da participación na EF (Tinning, 1996). No enfoque da participación este contido tería moito que achegar, xa que os xogos populares son igual de válidos que outros deportes e manifestacións deportivas foráneas (Trigo, 1994a), que posúen un maior peso no currículo e nas programacións de aula dos docentes. A presentación do contido queda exposta ao interese do docente que non ten doada a súa aplicación na propia clase. Navarro Adelantado (como se citou en Trigueros, 2000, p. 164), indica que poden plantexar dificultades no momento de ser trasladados ás aulas. Estes problemas poden estar relacionados coa propia natureza cultural deste contido, xa que este ao longo do tempo tivo un modelo pedagóxico baseado na adquisición de costumes, no que

o rol do docente está ligado a unha persoa experta recoñecida polo conxunto de participantes.

Esta situación do xogo popular no currículo denunciouse anteriormente por Trigo (1994a); Trigueros (2000); Veiga (1998) .Os xogos populares son considerados como fósiles folclóricos (Veiga, 2001b), xa que non se contemplan nos currículos como un medio didáctico de calado.

No decorrer da investigación achegámonos ás vivencias dos informantes nativos/os, para que nos relaten como foron as súas vivencias na escola relacionadas cos xogos populares. Tamén aproveitamos a nosa presenza no contexto escolar do escenario estudado para detallar cales son as iniciativas curriculares que se desenvolven dentro do marco da área de EF relacionadas cos xogos populares. Asemade queremos precisar se estes xogos están presentes no repertorio lúdico dos escolares, para contrastar se coinciden co repertorio lúdico das xeracións anteriores ou coa actividade lúdica que desenvolven no seu tempo de lecer fóra dos centros escolares.

3. 3. O XOGO POPULAR E AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Os xogos populares están directamente relacionados co lecer, xa que este é realizado libremente e produce pracer e felicidade nas persoas¹⁷. Supón un pilar fundamental para o desenvolvemento persoal a nivel social e individual, e incide directamente na saúde e calidade de vida das persoas, ademais é un dereito dos cidadáns (Cuenca, 2004). Isto tamén acontece cos xogos populares (Trigo, 1994a). Concretamente o xogo popular está máis conectado co *lecer autotélico*, xa que este “é o verdadeiro lecer, aquel que se realiza dun modo satisfactorio, libre e por si mesmo, sen unha finalidade utilitaria” (Cuenca, 2004, p. 35). Esta tipoloxía de lecer presenta a dimensión lúdica en clara referencia ás experiencias vitais relacionadas cos xogos, xoguetes e deportes. Tamén á

¹⁷ Somos conscientes de que nos xogos populares tamén existen determinados elementos como a violencia, a discriminación, o excesivo risco, etc. que poden derivar nunha práctica destes non desexable. Pero en liñas xerais os xogos populares son un momento de diversión, reunión e alegría para os participantes.

dimensión creativa que alude ás manifestacións culturais de cada sociedade. Así mesmo á dimensión ambiental-ecolóxica orientada á posta en valor da contorna e do medio natural. Todas estas dimensións do lecer autotélico (Cuenca, 2004) forman parte da natureza intrínseca dos xogos populares.

A sociedade actual demanda novas formas de intervención educativa no lecer que se adapten ás necesidades das familias. A ocupación do tempo de lecer dos escolares é unha preocupación de nais e pais, xa que polo ritmo de vida que da nosa sociedade sumado ás dificultades para a conciliar vida laboral e familiar, provoca que cada vez máis se busquen alternativas para os tempos non lectivos da infancia (Fraguela, Lorenzo, & Varela, 2011). Hoxe existen institucións públicas, empresas privadas e colectivos sociais que na medida dos seus recursos, competencias e intereses realizan un labor de promoción das actividades físicas, deportivas e de hábitos saudables, que buscan desde unha perspectiva educativa a construción dunha serie de rutinas axeitadas para os tempos de lecer da infancia e sociedade en xeral.

Baixo a premisa de acadar hábitos de lecer saudables estaría o chamado *lecer exotélico* que “é a práctica do lecer como medio para conseguir outra meta e non como fin en si mesmo” (Cuenca, 2004, p. 35). Este posúe unha dimensión educativa, na que a propia educación é un medio para acadar unha mellora na formación individual ou colectiva. Nela emprégase o lecer como unha canle renovadora da práctica pedagóxica e como alicerce para lograr unha maior implicación e motivación no proceso de aprendizaxe das persoas. Este tipo de lecer está relacionado coas actividades ou propostas educativas realizadas desde os centros educativos, institucións, empresas e colectivos que se dedican a programar actividades e contidos para os tempos de lecer. Neste campo estarían englobadas as actividades extraescolares.

3. 3. 1. O XOGO POPULAR NAS ACTIVIDADES FÍSICAS EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares supoñen un punto de interese na promoción e divulgación dos xogos populares fóra das canles curriculares. Este tipo de oferta educativa ten cada vez máis peso dentro da vida dos escolares. Achegámonos a este campo para analizar a

presenza destes xogos na oferta educativa das administracións e institucións educativas nos seus programas de apoio ás familias. A UNESCO (2004, 2005, 2006), insta a todo tipo de administracións públicas a inserir os xogos populares como elemento dinamizador do lecer das persoas, aludindo á necesidade de que estea presente non só en actividades festivas e culturais, senón que se afondase nas posibilidades destes xogos nas propostas encamiñadas e relacionadas coa promoción do deporte para todos e actividades similares. Neste senso a UNESCO no *Informe preliminar sobre la conveniencia y el alcance de una carta de juegos y deportes tradicionales* (2005), no artigo 5º subliña a pertinencia dos xogos populares en diferentes eidos de traballo, nos que as actividades extraescolares estarían integradas:

5.3.- Con miras a súa promoción, os xogos e deportes tradicionais deberán introducirse no labor de escolas, comunidades, institucións e organizacións tanto gobernamentais como non gobernamentais.

5.4.- Os xogos e deportes tradicionais deberían incorporarse a programas deportivos recoñecidos como “Deportes para todos” ou “Deporte e saúde” a fin de promover a súa popularidade e supervivencia.

5.7.- As organizacións gobernamentais e non gobernamentais deberían integrar aos xogos populares e deportes tradicionais nos seus respectivos programas de apoio (UNESCO, 2005, p. 3 anexo).

As actividades extraescolares son un campo de acción educativa no que se fomenta a oportunidade de desfrutar do lecer atendendo ás dimensións lúdica, creativa ecolóxica e educativa. Neste sentido a inclusión de programas de difusión e divulgación dos xogos populares están dentro dos contidos que poden ser programados dentro desta oferta educativa, xa que posúen unha “utilidade educativa na construción do lecer” (Trigueros, 2000, p. 167), que conecta coas distintas dimensións del. Pero como indica Fraguela (2007), a pouca atención prestada ás actividades extraescolares por parte das diferentes administracións e lexislacións existentes -nas cales incluímos a LOMCE que case non menciona as actividades extraescolares na súa redacción- fai complexo que se poidan establecer cales son os seus marcos de actuación, e polo tanto non existe unha

estratexia que unifique os criterios para deseñar os programas educativos ofertados nestas actividades.

O que podemos entender como actividades extraescolares xira principalmente arredor de dous enfoques, un deles ligado ao ámbito escolar que entende que “son actividades extraescolares as establecidas polo centro que se realicen dentro do intervalo de tempo comprendido entre a sesión de mañá e de tarde do horario de permanencia no mesmo os alumnos, así como as que se realicen antes ou despois do citado horario, dirixidas aos alumnos do centro” (Ministerio de Educación e Ciencia como se citou en Fraguela, 2007, p. 16). Na mesma liña en Galicia Cajide e Rodríguez (2008). no informe *Os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos* indican que:

O obxectivo principal das actividades extraescolares é, fundamentalmente potenciar a oferta de accións culturais e deportivas con carácter voluntario, coa intención de que contribúan á formación integral do alumnado e permitan ocupar eses espazos de tempo libre unha vez concluído o tempo lectivo, tratando de ampliar esa perspectiva reducida da formación aos espazos e tempos académicos” (Cajide & Rodríguez, 2008, pp. 41-42).

As características principais das actividades extraescolares desde a perspectiva máis próxima á vida escolar, están recollidas no seguinte cadro resumo do Real Decreto 1694/1995 presentado por Fraguela (2007, p. 19) no que se especifican algunhas das características das actividades extraescolares.




Figura 4. Características das actividades extraescolares desde a perspectiva escolar.

Esta perspectiva restrinxe a oferta destas actividades aos centros escolares, sempre fóra do horario. A oferta que se realiza desde clubs deportivos, asociacións, empresas e administracións públicas que organizan actividades lúdicas e culturais fóra dos centros escolares estarían excluídas desta perspectiva escolar. No momento actual no que existen tantos axentes implicados na organización deste tipo de actividades, limitar a súa presenza e organización aos centros educativos non se corresponde coa realidade. Polo tanto, é necesario manter unha visión afastada da perspectiva escolar, e recoller o que Sicilia (1998) puntualiza sobre actividades extraescolares, xa que poden ser aquelas que están fóra do currículo escolar que precisan dunha planificación a nivel de recursos, espazos, permisos, etc. Desta maneira serían actividades extraescolares tamén aquelas que son realizadas fóra dos recintos escolares, fóra do tempo no que a escola cumpre as súas funcións educadoras e socializadoras, polo que estas actividades estarían formando parte doutro tempo pedagóxico fóra das escolas.

Tendo en conta esta diversidade sobre a concepción das actividades extraescolares, entendemos que se debería manter unha visión ampla do fenómeno, xa que non só interesa que os xogos populares sexan promovidos dentro do ámbito escolar, senón que se consiga inserir dentro das programacións de concellos, empresas, e outros colectivos, así como en eventos de comercio, festivais, semanas culturais, parques de aventuras (Eichberg & Norgaard, 2009) en liña co que indica a UNESCO. No caso das

actividades organizadas polos propios centros educativos, Sería desexable a coordinación entre as materias curriculares e as actividades extraescolares para incrementar o impacto deste contido. Para as actividades organizadas por entidades alleas aos claustros, os xogos populares entrarían dentro do enfoque da promoción do deporte para todos e na promoción da cultura, dependendo dos intereses e necesidades que condicionen a programación deste contido.

Malia que sabemos que a práctica de actividades físicas e máis en concreto os xogos populares provocan beneficios no plano da saúde e do social, existen estudos que indican que os niveis de sobrepeso e obesidade son moi elevados na poboación infantil e xuvenil tanto a nivel estatal como galego (Consejo Superior de Deportes, 2011a, 2011b; Pérez-Farinós et al., 2013; Servizo Galego de Saúde, 2013). Ante este feito as actividades extraescolares relacionadas coas actividades físicas tórnanse como fundamentais para mellorar esta situación e promover hábitos de lecer saudables. A ao mesmo tempo que a poboación debe tomar conciencia sobre o feito de que o xogo e os xogos populares son perfectamente válidos para manterse en boa forma física (Eichberg & Norgaard, 2009).

Segundo nos indica *Plan Galego Galego para o Fomento da Actividade Física 2011-2015* (Secretaría Xeral para o Deporte, 2011) o 80,25% da poboación infantil e xuvenil galega menor de quince anos non realiza ningunha actividade física no tempo libre, sendo o xénero masculino o que ten un maior nivel de práctica en comparación co xénero feminino, e tendo nos concellos rurais unha menor participación en actividades relacionadas coa actividade física. A nivel estatal os datos melloran se nos referimos á asistencia un día á semana a actividades físicas extraescolares organizadas, cun 63% da poboación menores de idade, mentres que descende drasticamente cando se incrementan os días de duración da actividade, e que a partir dos 11 anos as taxas de abandono destas actividades comezan a aumentar significativamente (Consejo Superior de Deportes, 2011a). Nas preferencias das actividades físicas extraescolares destacan os deportes convencionais e danza nas nenas como nos indica a seguinte figura explicativa sobre a clasificación das actividades extraescolares máis frecuentadas polos escolares do estado.




Figura 5. Clasificación das actividades físico-deportivas practicadas por xénero (Consejo Superior de Deportes, 2011a, p. 29).

A presenza dos xogos populares como opción nas actividades extraescolares non aparece nesta clasificación. Quizais a predilección a practicar deporte convencional en lugar doutras alternativas como poidan ser os xogos populares, veña determinada polo interese dos escolares, polas preferencias dos titores legais e docentes, pola presión do núcleo social, a influencia dos medios de comunicación, a visión da EF, etc.

Pero ademais dos factores citados outro elemento que inflúe na divulgación dos xogos populares é a súa oferta dentro dos programas de actividades extraescolares que realizan as administracións públicas. Neste caso as entidades empresariais e colectivos sociais non teñen a mesma responsabilidade social que as diferentes administracións autonómicas ou locais, de cara a garantir unha oferta variada e de calidade a prol de fomentar hábitos de lecer saudables. Sería interesante que as administracións públicas se preocupen por aquilo que non está nas prioridades doutras entidades ou colectivos sociais.

Dentro da oferta de programas de actividades extraescolares das principais cidades galegas (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela e Pontevedra) predomina claramente a temática deportiva. Así no concello de Vigo (Concello de Vigo, s.d), existen programas relacionados coas carreiras populares, natación, e o croos escolar, ademais da colaboración que realiza o concello coas

diferentes entidades sociais na promoción de actividades deportivas. Na súa oferta non existe nada relacionado coa promoción dos xogos populares no lecer.

No caso da Coruña (Concello da Coruña, s.d), existen tres programas enfocados á promoción das actividades físicas: *Natación escolar*, *Deporte no Centro e Xogos escolares*. No caso do *Deporte no centro* faise a mención a encontros lúdicos, nos que se practiquen xogos e xogos rítmicos, e tamén incide na presentación destes como contido para a etapa de Infantil. O resto da oferta redúcese aos deportes e actividades como baile moderno, ximnasia rítmica, tenis de mesa, fútbol sala, baloncesto etc. No programa de *Xogos escolares* malia que se denomine así, soamente se refire á promoción da competición en torneos deportivos escolares de modalidades deportivas coma o baloncesto, fútbol e balonmán. Esta non se axusta á realidade, xa que non fai distinción algunha entre o xogo (na denominación do programa) e a competición deportiva (na súa práctica) Polo demais non existe ningunha oferta nas actividades extraescolares relacionada cos xogos populares dentro da programación do concello.

En Ourense (Concello de Ourense, s.d), Lugo (Concello de Lugo, s.d), e Pontevedra (Concello de Pontevedra, s.d). Nestes concellos a oferta deportiva mantén unha posición dominante nas súas programacións. Aínda que no concello de Lugo presentan unha gran oferta de deportes minoritarios, e no concello de Ourense promoven actividades recreativas na contorna no río no programa *Embárcate*.

Soamente en Santiago de Compostela (Concello de Santiago de Compostela, s.d), os xogos populares están inseridos dentro da oferta dos programas relacionados coas actividades extraescolares e co deporte para todos. O concello de Santiago de Compostela ademais de promocionar as diferentes modalidades deportivas existentes nos programas das outras cidades galegas, engade na súa oferta a *Campaña de promoción dos deportes populares*, que consiste na posta en valor do xogo da Chave. Esta supón a única actividade extraescolar na que se menciona dalgún xeito o xogo popular como elemento central.

A oferta dos concellos galegos máis importantes está orientada e limitada case na súa totalidade á promoción do deporte convencional. A súa actuación é un espello da realidade galega na promoción dos xogos populares nas iniciativas municipais. Segundo

o único informe oficial sobre a situación sobre o xogo popular en Galicia (Fundación Deporte Galego, 2009) titulado *Aproximación á realidade dos xogos e deportes populares e tradicionais de Galicia* a presenza dos xogos populares nas programacións dos concellos galegos é moi escasa.

Na seguinte táboa podemos comprobar a distribución de actividades relacionadas cos xogos populares nos concellos galegos.

Táboa 14. Distribución das actividades programadas polos concellos galegos (Fundación Deporte Galego, 2009, p. 216).

<i>Actividades</i>	<i>Número de actividades</i>	<i>Número de concellos</i>
Obradoiros	112	60-(19'4%)
Escolas especializadas	42	26-(8.5%)
Xornadas periódicas	87	57- (8,09%)
Xornadas Eventuais	218	126-(40%)
Competicións	98	59-(18,73%)
Intercambios	32	23-(7,30%)
Outras programacións	8	7-(2,22%)
TOTAL	597	157-(49,84%)

Gustaríanos subliñar que numerosos xogos populares están en niveis semellantes de esixencia motora que deportes convencionais como o fútbol ou o baloncesto (Andreu, 2010). Ademais cumpren cunha función educativa na infancia e ocupan un lugar destacado nas actividades de lecer de todas as culturas, xa que son un campo abonado para a construción da identidade individual, o desenvolvemento cognitivo e desenvolvemento do imaxinario (Vigne, 2011). Constitúen unha alternativa ao pensamento único do deporte (Serrabona, 2001). Porén observamos como existe unha falta de sensibilidade xeralizada por parte dos concellos galegos á hora de inserir os xogos populares dentro das súas programacións de lecer e actividade física dun xeito claro e continuado, obviando as recomendacións da UNESCO nesta materia, algo que condiciona a divulgación e promoción do patrimonio lúdico galego entre a poboación escolar.

A nivel autonómico desde a Secretaría Xeral para o Deporte na actualidade oferta 4 programas orientados á promoción da actividade física e hábitos saudables nos escolares galegos, que son ofrecidos para as escolas dentro do plan *Proxecta* (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, s.d; Res, 14 agosto 2012), orientado á innovación educativa en diferentes áreas de coñecemento dun xeito transversal. Estes programas son *Xogade*, *Deportivo de centro*, *Máis e mellor actividade física* e *Móvete+* -este último está inserido dentro do programa Xogade-.

Na oferta descrita parécenos salientable o programa Xogade (www.deporteescolargalego.com). Esta iniciativa está orientada á practica de actividades físicas extraescolares e no que se aborda a práctica da actividade física cunha aparente vocación lúdica, xa que o seu nome s é *Xogos Galegos Deportivos*. A través do programa Xogade, establecece unha colaboración cos centros educativos de EP, ESO, e municipios de Galicia, no que participan as federacións e agrupacións deportivas, para organizar contidos e actividades relacionadas coa actividade física e deportiva.

O programa Xogade nace na tempada 2009-2010 con só dúas actividades mentres que na actualidade conta con 10 actividades ofertadas. Unha progresión constante que permitiu integrar novas opcións de lecer para os escolares galegos. Este programa ten como obxectivo principal incrementar os niveis de práctica de actividade física e hábitos de lecer saudables nos escolares galegos. Ademais é o programa con maior impacto na poboación escolar cunha participación de 108.215 escolares e 406 centros educativos inscritos no programa, segundo os datos recollidos por teléfono a 26 de maio do 2015 ofrecidos amablemente pola Secretaría Xeral para o Deporte¹⁸. Nel recoñécese a importancia dos xogos populares como elemento de promoción de hábitos saudables no lecer escolar, engadíndoos na súa proposta como contido do programa, algo que non acontecía nanos programas da maioría dos núcleos urbanos.

Dentro das actividades propostas neste programa existe unha maior presenza das actividades deportivas, xa que as ofertas *Actividade deportiva*, *Actividade federada*,

¹⁸ Na páxina web da Fundación Deporte Galego e da Secretaría Xeral para o Deporte non aparecen estes dato, por esta razón nos tivemos que poñer en contacto coas administracións telefonicamente.

Coñece o meu club, Educación, deporte e valores, Correndo por Galicia e Seguro federado de 6 a 16, teñen como prioridade a promoción de diferentes modalidades e eventos deportivos, a través de diferentes mecanismos e coa colaboración de diversos axentes sociais como federacións, asociacións ou concellos.

Nunha perspectiva aparentemente máis lúdica temos as propostas como *Actividade Lúdica, Xogos populares, Xogando co vento e Móvete+*. No caso da oferta *Actividade lúdica* fai fincapé no emprego do xogo como ferramenta de traballo, pero insiste de novo na promoción de modalidades deportivas neste caso minoritarias como a esgrima, béisbol, baile, espeleoloxía, colombofilia, etc. Esta iniciativa consiste en achegar aos centros escolares, en xornadas puntuais as diversas modalidades deportivas que ofertan. No caso da proposta *Móvete+*, busca o incremento da actividade física dunha maneira lúdica, que neste caso centrada no baile e na realización de coreografías básicas. Con esta intención a Xunta de Galicia ofrece vídeos tutoriais e músicas para orientar estas actividades, na que o resultado final debe ser un “flashmob” ou coreografía longa. Non se alude ao emprego da danza popular galega en ningunha das súas formas.

Outra das actividades que posúe unha perspectiva lúdica é *Xogando co vento* que neste caso trata de darlle pulo ás actividades relacionadas co mar, xa que estas contan cunha larga tradición en Galicia. Esta proposta pretende achegar aos escolares as actividades do mar, do vento e a vela como instrumentos de xogo. A iniciativa entraría claramente coas manifestacións lúdicas das zonas costeiras, nas que historicamente os xogos populares relacionados co medio acuático tamén teñen presenza a través de diversas manifestacións como a cucaña, as trañas ou a vía, son algúns exemplos. Quizais con esta proposta ademais de ligarse a estas actividades tenten achegar aos escolares “novas” actividades para o seu lecer como o surf, a vela deportiva, o piragüismo, a pesca submarina, etc.

A seguinte proposta presentada no programa *Xogade* son Os xogos populares, que ten este contido como eixo principal. A inclusión do xogo popular nun programa destas características supón un recoñecemento ao patrimonio lúdico galego. Este programa está orientado á promoción e práctica dos xogos populares nos centros escolares, tanto como actividade curricular, como complementaria ou extraescolar, dependendo do tipo de organización de cada centro educativo. Neste programa non

existen unhas directrices contextualicen os xogos populares desde unha perspectiva cultural na contorna inmediata dos escolares, quedará ao criterio dos docentes responsables realizar este traballo.

A proposta aínda que supón o recoñecemento a estes xogos, consiste na cesión dun baúl con materiais de xogo durante 5 días laborais a aqueles centros que o tiveran solicitado previamente e que non participaran nesta actividade no ano previo. Impídese que os centros escolares poidan solicitar este material durante dous anos consecutivos, este criterio busca unha distribución equitativa deste recurso. Ademais o reparto destes xogos realizase en función de criterios xeográficos coa intención de que todas as zonas de Galicia teñan acceso a este material. Pode ocorrer que un centro poida ter solicitado o baúl, e que non lle sexa concedido. O contido do baúl está composto por buxainas, cordas de diversos tamaños, panos, bailaretes, aros, chapas e os tres tipos de chaves que se practican en Galicia, acompañados dunhas fichas didácticas nas que se describen os xogos asociados a estes materiais e dunha unidade didáctica.

Nesta proposta non se fala do traballo con entidades e axentes sociais como ocorre noutras iniciativas como a Actividade Federada, Actividade deportiva, Xogando co vento ou Actividade lúdica, que si buscan a colaboración de entidades como federacións, clubs, ANPAS e outros axentes que teñen responsabilidades na organización de actividades extraescolares. Entendemos que a busca dun maior impacto da actividade dos xogos populares pasa por buscar figuras e colectivos sociais involucrados na divulgación do patrimonio lúdico, cunha experiencia contrastada en actividades deste tipo como a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, así como a figura do experto ou especialista que poida axudar aos docentes e aos escolares a comprender e presentar dun xeito máis contextualizado os xogos populares.

Resulta lóxico e pertinente que desde a Secretaría Xeral para o Deporte e os concellos, se programen iniciativas para fomentar a práctica deportiva, porén tamén é certo que parecen centrarse demasiado no deporte escolar e federado, deixando nun segundo plano outro tipo de actividades lúdicas, que tamén poden axudar ao desenvolvemento de hábitos saudables. Compre aclarar que unha estratexia centrada case en exclusiva nas prácticas deportivas, con tanta implicación das federacións

deportivas na organización e na competición, pode acabar reproducindo certos problemas que en teoría se queren evitar e solucionar, xa que:

En xeral, as federacións incrementan os problemas da sociedade actual: o consumismo, a competitividade, a agresividade, o fanatismo e a intolerancia. O exemplo do deporte de elite non é precisamente bo para o comportamento do mozo; polo contrario, predispono a entrar na cultura da violencia (Calzada, 2004, p. 55).

É preciso contemplar que a organización da EF e actividade física, en torno á visión competitiva pode levar aos escolares a certa desafección pola asignatura e pola actividade física e o deporte no ámbito escolar (Valverde, 2008). A isto engádese que actualmente o deporte escolar mantén unhas condicións de discriminación contrarias a calquera principio educativo, e aínda que se realicen dentro do espazo físico da escola, a súa posta en práctica maioritariamente faise en oposición á propia natureza da escola (Calzada, 2004).

Logo de ver cal é a atención que lle brindan as institucións, tanto desde perspectiva escolar e extraescolar, parece que o xogo popular está nun plano secundario desde a perspectiva da EF en xeral. Máis alá das boas intencións nos discursos curriculares e institucionais, en Galicia o xogo popular carece de suficiente pulo institucional para frenar a constante desaparición deste patrimonio na cultura infantil e xuvenil (Veiga, 2001b). A recuperación, divulgación e conservación do patrimonio lúdico galego non é posible contando só co esforzo de colectivos e asociacións ligadas á divulgación do xogo popular, xa que os recursos cos que contan as administracións e o alcance que teñen é infinitamente maior ao que posúen algunhas das asociacións e colectivos nomeados neste estudo.

Malia que se realice un discurso institucional no que o xogo debe ser fundamental na práctica escolar e no eido da EF, posteriormente nas propostas que se realizan non poñen en valor os xogos populares, senón que apostan por outro tipo de contidos. Pero tamén é certo que os xogos populares son un medio, un contido e unha ferramenta educativa co suficiente potencial para que desde as administracións

competentes lle presten unha maior atención á inclusión destes nos ámbitos educativos, sendo conscientes da dificultade que supón encaixar os xogos na dinámica curricular (Kuschner, 2012) e do traballo de contextualización que precisan.

Entendemos que é algo vital que desde as administracións comecen a concienciarse para desenvolver máis actividades de lecer nas que se inclúan os xogos populares, tanto a nivel de actividades extraescolares como en actividades relacionadas co deporte para todos en xeral de cara a lograr unha maior visibilización e difusión deste patrimonio cultural lúdico galego, ao mesmo tempo que se incentiva a actividade física.

No marco dun escenario rural como é no que desenvolvemos a investigación achegámonos ao contexto da EF tanto no marco curricular como no extracurricular e de lecer, para determinar cal é o tratamento que o xogo popular posúe desde a perspectiva da EF, nos centros educativos da comunidade e tamén no contexto municipal de actividades. Detallaremos a valoración que realizan os diferentes perfís de profesionais sobre este contido, o papel que posúe nas súas clases, nas dinámicas dos centros educativos e nas iniciativas municipais para detallar o papel que se outorga aos xogos populares no ámbito da EF no contexto do concello de Malpica de Bergantiños.

CAPÍTULO 4: O XOGO POPULAR EN CONTEXTO: OS CONDICIONANTES SOCIOCULTURAIS

- Os xogos populares e os valores sociais e educativos
- Xénero e xogo popular
- A contorna e o xogo popular
- Os materiais de xogo: o xoguete popular

No xogo popular non só importa o xogo en si, senón todo o que o rodea ata o máis mínimo detalle. Xogo é tamén o espazo no que se desenvolve, as relacións que se establecen entre os xogadores, as actitudes que se observan, a linguaxe empregada, os termos técnicos do propio xogo. Tal vez radique aí tamén a capacidade de integración dentro da propia cultura do xogo popular infantil; tal vez eses pequenos e apenas perceptibles detalles sexan elementos cun peso específico nesta cuestión tan importantes como o xogo en si (Veiga, 1998, p.115).

4. 1. O XOGO POPULAR E OS VALORES SOCIOCULTURAIS

Todos lembramos cando nos xuntabamos coas amigas e amigos nas rúas ou no patio do colexio para xogar. Negociábase a que se ía xogar, como se e onde xogaba, escollíanse os membros dos equipos, a orde de participación, as regras e sancións, etc. Todos estes pasos supoñen a activación duns procesos sociais e educativos que os participantes interiorizan pouco a pouco coa práctica dos xogos populares.

O xogo popular como creación social e cultural integrada no seo da comunidade, convértese nunha actividade que socializa e educa ás persoas desde as primeiras etapas vitais a modo de microcosmos (Roberts & Sutton-Smith, 1962). Estes xogos permiten o desenvolvemento da conciencia interior dunha maneira lúdica. Grazas a relacionarse, posicionarse e integrarse en diferentes situacións ante un grupo de iguais, o ser humano aprende a asumir e interpretar diferentes papeis e roles dentro da colectividade, os cales conforman parte importante da socialización e educación do ser humano. Esta experiencia lúdica supón a adquisición e aprendizaxe duns valores, imprescindibles para integrarse no conxunto da sociedade.

Coa práctica dos xogos populares a persoa expresa diferentes facetas da súa personalidade, será máis solidaria co compañeiro de equipo, competirá contra o adversario, cooperará na dificultade, dialogará no conflito, reprimirá a agresividade, abusará dun compañeiro, fará trampas ou respectará a norma. En definitiva, evidenciará diferentes actitudes e condutas que serán o espello da súa personalidade, a cal está en constante evolución nas diferentes etapas vitais. Sendo a infancia e mocidade as etapas máis críticas para a aprendizaxe de moitos dos valores que a sociedade esixe para convivir e integrarse nela (Turiel, Enesco & Linaza, 1989). A sociedade será a que determine que comportamentos a nivel individual e colectivo son aceptables en función dos valores dominantes, e iso condiciona a educación e as posibilidades de integración da persoa na sociedade

De xeito cotiá empregamos indistintamente termos para referirnos a valor. Polo que é necesario facer unha breve aclaración conceptual para situar a temática do

apartado. Intentar identificar un valor cunha definición en exclusiva non é unha tarefa doada, para iso tomamos as definicións que están relacionadas coa rama da socioloxía (Ruíz & Cabrera, 2004), que identifican os valores desde un prisma sociocultural como:

Fins e orientacións fundamentais, xerais e centrais das accións humanas e da convivencia social dentro dunha subcultura, unha cultura ou incluso o conxunto da humanidade. Os valores por tanto están determinados pola historia, son culturalmente relativos e cambiantes e, en consecuencia, poden ser configurados conscientemente (Hillman como se citou en Ruíz & Cabrera, 2004, p. 13).

Outra definición é a que considera os valores como “conceptos ou crenzas sobre estados finais ou condutas desexables que transcenden as situacións concretas, guían a selección ou avaliación dunha conduta e os eventos, e están ordenados pola súa importancia relativa” (Schwartz & Bilsky como se citou en Gutiérrez, 2003, p. 37).

Podemos extraer das definicións a idea de que os valores son integrados na personalidade do individuo, pero que ao mesmo tempo é un concepto que emana do grupo social ao que se pertence, polo que existe unha relación constante entre individuo e medio social circundante. A persoa aprende a identificar que actitudes e valores serán útiles ao longo da vida, segundo se vaia enfrontando a distintas situacións. Os valores que son adquiridos polas persoas están directamente relacionados co tipo de contorno educativo, sociocultural e familiar nos que os individuos se relacionan a diario.

Dentro dos valores desexables para o desenvolvemento moral dos máis pequenos existen numerosas clasificacións. A modo de exemplo, recolleemos unha mostra da clasificación dos valores asociados ás actividades lúdicas, físicas e recreativas elaborada por Frost e Sims (1974), xa que é das máis completas que existen froito da posta en común de numerosos expertos. Estes autores dividen os valores en distintas dimensións e identifican distintas metodoloxías, problemas, recomendacións para lograr desenvolver os distintos valores que se identifícan en cada unha delas.

A continuación recolleemos unha pequena táboa na que se recollen as distintas dimensións nas que se expresan distintos valores sociais e educativos.

Táboa 15. Dimensións nas que se expresan valores asociados á actividades físicas e recreativas segundo Frost & Sims (1974, pp 72-82).

Dimensións de valores asociadas as actividades físicas, lúdicas e recreativas

Xeral	Filosófica
Piscosocial	Deportes Internacionais
Axencias Sociais	Actividades físicas e deportivas no lecer
Escolas de Deportes na Secundaria	Actividades no medio natural
Deporte feminino	

Coa variedade de dimensións que son recollidas polos autores existe unha gran variedade de valores que se expresan en cada unha delas. Queremos expoñer os valores daquelas dimensións que entendemos que poderían ter un mellor encaixe cos xogos populares.

Táboa 16. Valores recollidos en 4 dimensións recollidas por Frost e Sims (1974, pp.72-80).

<i>Dimensións</i>	<i>Valores</i>
Filosófica	Gozo, alegría, lealtade, coraxe, honestidade, autoestima e autoconhecimento, respecto polas visións diversas, adversarios e compañeiros, determinación, control emocional, empatía, saúde, tolerancia, paciencia, resiliencia, liderado, autoesixencia e disciplina, integridade, cooperación, humildade, amizade e empatía
Psicosocial	Autoexpresión e autorealización, cooperación, autorespeito, respecto aos demais, integridade, responsabilidade, tolerancia, participación, expresividade corporal, adaptabilidade
Actividades físicas e deportivas no lecer	Uso creativo do tempo libre, relaxación, estética, goce e satisfacción persoal, automotivación e autorrealización, recoñecemento, participación familiar, interés vocacional, saúde e mellora emocional e física, aceptación retos, participación non competitiva
Actividades no medio natural	Respecto e aprezo pola natureza, cooperación e participación coa natureza, desenvolvemento da propia imaxe e da autoconfianza, control emocional, confianza na xente, na natureza, nos compañeiros e un mesmo, orientación ao logro e a experiencia, responsabilidade, mellora da conduta, coñecemento propio e dos demais, mellora da espiritualidade e

da moral, orixinalidade, liderado, lealtade ao grupo e á natureza,
inxeniudade, iniciativa propia.

No contexto de práctica dos xogos populares prodúcese un diálogo entre personalidades diferentes, idades diversas e intereses variados. Esta diversidade de elementos, tamén dan lugar a situacións que non son desexables, como as discusións violentas, a excesiva competitividade, a discriminación ou o abuso, entre outros antivalores. O xogo popular non é un paraíso que todas as crianzas viven da mesma maneira, xa que hai nenas e nenos que nunca son escollidos nos equipos ao principio, os de maior idade abusan dos máis pequenos, fanse trampas para lograr unha vantaxe, existen discriminacións e agresións entre os xogadores, etc. Isto indica que os xogos populares tamén teñen un lado escuro, que os sitúa afastados desa visión romántica coa que se nos presentan en moitas ocasións. Consideramos que é importante mostrar a presenza os antivalores dos xogos populares de cara a mellorar a súa posta en valor, e lograr un recoñecemento dos antivalores a evitar, que en ocasións están xa implícitos nas denominacións dos propios xogos (Herrador, 2012b).

Máis alá das posibles situacións nas que se poden desvirtuar as potencialidades do xogo popular como elemento socializador en positivo, este supón un medio educativo no que as crianzas tradicionalmente organizaron o seu repertorio de valores en torno a modelos sociais de referencia. Isto estaría relacionado coa teoría da aprendizaxe social na que os valores son aprendidos grazas a imitación de modelos de referencia. Mentres que no plano didáctico da escola a transmisión destes valores estaría relacionada coa teoría do desenvolvemento estrutural que se apoia nun proceso elaborado e programado en cada fase do desenvolvemento das persoas (Álvarez, 2007). Como apuntabamos anteriormente o período de maior sensibilidade para a interiorización de valores sitúase na infancia e na mocidade. Isto débese a que nestas etapas os menores pasan dunha moral heterónoma, na que os modelos de referencia son os que marcan o camiño á hora de identificar os valores axeitados, para posteriormente formar unha moral autónoma na que desenvolven o seu criterio persoal (Piaget, 1971).

A importancia destas etapas como fases vitais especialmente sensibles para adquirir determinados valores, sitúa aos xogos populares como un medio interesante para desenvolver moitos dos valores enumerados anteriormente. Unhas das riquezas

destes xogos radica nos propios procesos previos á acción do xogo. Poñamos por exemplo, o mecanismo das “sortes” no cal xa se está establecendo un diálogo previo ao xogo, no cal podemos escoller o campo, os compañeiros, fixar as normas, etc. Este proceso ausente noutras actividades lúdicas, permite desde o primeiro momento no que se inicia o xogo un diálogo entre os participantes. Neste diálogo os participantes comezan a aceptar que existen uns mecanismos sociais de carácter ritual, que terán a súa representación noutros ámbitos sociais nos que as persoas tamén deberán aceptar e comprender que ás veces hai que ceder o lugar de participación a outras persoas, asumir o teu rol como representante, como axudante ou calquera outro que fose.

Outro elemento de interese que fai que xogos populares se transformen en catalizadores sociais, son as normas ou regras. Se por algo se caracterizan estes xogos é pola súa variabilidade e adaptabilidade das normas que rexen a súa lóxica interna, algo que facilita que as normas perdan a súa autoridade incuestionable e orixinen novas formas de xogo (Linaza & Maldonado, 1987). Como nos indica Piaget (1971), os xogos de regras son situacións nas que as crianzas se someten a unha norma que é imposta polo colectivo, e a súa ruptura produce como consecuencia unha sanción ou falta.

As regras son percibidas e respectadas de distinto xeito en función da idade. Ante isto o autor establece catro estadios¹⁹ coronolóxicamente ordeados relacionados que están relacionados co eixo motor e individual, onde se fala de regras motoras máis que de sociais, comezamos polo segundo estadio: o estadio egocéntrico, no que as crianzas xogan pero aínda cara si, sen asumir unha regra que uniforme a acción de xogo; o seguinte estadio é o de cooperación nacente, no que se tenta domear ao compañeiro coas regras e por iso se unifican as normas; e o derradeiro estadio é o da codificación

¹⁹ Non abordaremos o estadio motor e individual xa que non existen regras colectivas nel, por iso non o expoñemos. Para complementar o exposto por Piaget, queremos comentar que Elkonin (2003, p. 199-204) explica 4 niveis de desenvolvemento no xogo protagonizado, sendo no 3º e 4º nivel nos que a regra condiciona as accións e respostas no xogo, especialmente no último nivel no que a execución da acción vai acorde á lóxica da norma na vida real. Neste sentido Elkonin (2003, p. 214) presenta 4 fases sobre o respecto á norma no xogo protagonizado: a 1ª fase na que non hai normas, a 2ª fase que aparece a norma pero en caso de conflito o desexo prevalece sobre a regra, na 3ª fase a regra aparece de xeito claro pero o desexo por facer outra acción distinta prevalece ata que é corrixido por alguén externo ao xogo, a 4ª fase as condutas son determinadas polos papeis adquiridos e neste caso prevalece a regra sobre o desexo.

das regras, onde se detalla ata o máis mínimo elemento do xogo e estas regras son coñecidas pola sociedade adulta. A comprensión e a aceptación da norma e a socialización co colectivo ao redor dela vese afectada polos aspectos culturais relacionados coa interacción interpersonal (Garoz & Linaza, 2006). Elementos como a autoestima, o rol de xénero, o rendemento escolar, a conduta social no grupo, habilidades de comunicación, variables cognitivas de interacción social e adaptación socio-emocional (Garaigordobil, 1992; Prat & Soler, 2002) afectan á comprensión das propias normas nos xogos.

Os xogos populares son un medio que permite establecer un mundo particular no que o respecto pola norma orienta a adquisición de diferentes roles de interacción social, permite desenvolver o autocontrol e o control do grupo, e adquirir unhas normas de convivencia que non soamente permiten o desenvolvemento do xogo, senón que axudan ao estímulo de valores democráticos e identitarios (Whinter-Lindquist, 2009) baseados na responsabilidade sobre o cumprimento dun contrato non escrito como son as regras. Pero debemos recoñecer que isto non sempre se logra, xa que t en ocasións se producen situacións que derivan reproducindo determinados antivalores.

A variedade de xogos populares e das normas que os rexen dá lugar a que a súa propia lóxica interna nos mergulle nun contexto lúdico de múltiples variables. Para que os xogos populares teñan unha incidencia positiva nas relacións sociais entre os participantes, deben estar sometidos ao cumprimento da regra. Sen o respecto pola norma non poderemos acadar unha relación social estable e saudable dentro do xogo, e polo tanto tampouco fóra del. Como nos apunta Parlebas (2010), os xogos populares posúen unha ludodiversidade que os sitúa nun primeiro plano do benestar relacional, no cal os participantes deben asumir o rol asignado en cada situación durante o desenvolvemento do xogo, xa que para que se poida asentar o benestar relacional é necesario que se se acepten as dificultades da regra do contrato colectivo (Parlebas, 2010). Polo tanto o respecto á regra é o que marca a diferenza entre o benestar ou o conflito social entre os participantes.

A riqueza dos valores que poden achegar os xogos populares tamén radica na variabilidade de roles que un participante pode adquirir no desenvolvemento do xogo: pasar de perseguido a perseguidor; de adversario a compañeiro, de saltar na corda a

darlle á corda, etc. Neste senso Parlebas (2002b, 2002c, 2010), alude ás diferentes redes de comunicación motriz dos xogos, que esixen da interacción dos participantes en distintos planos, o cal favorece a adquisición e aprendizaxe dos roles sociais. Todas estas posibles situacións que se presentan nos xogos populares baixo o criterio do cumprimento da norma, supoñen unha simulación do tipo de relacións sociais que se establecen no mundo adulto, no cal teremos que interpretar diferentes roles para sobrevivir integrados nos distintos colectivos dunha sociedade cada vez máis complexa e cambiante.

Baixo esta perspectiva, en función dos tipos de xogos que se practican, os valores que son desenvolvidos varían, Lavega (2006), expón que nos xogos populares de carácter psicomotor e de medio estable, favorecerase a aparición de valores asociados ao sacrificio, a superación persoal, e a tenacidade; nos xogos populares de colaboración ou cooperación, maniféstanse valores asociados á solidariedade, xenerosidade, empatía, responsabilidade, etc; nos xogos populares de oposición e de oposición-colaboración, desenvólvense valores relacionados coa toma de decisións, o liderado, a resolución de conflitos, o control da frustración, da alegría, o respecto ao adversario; mentres que para os xogos populares que son practicados en medio inestable aparecen valores relacionados co control dos riscos, a autoconfianza, o desfrute da natureza, o autocontrol das emocións, dos medos, etc.

Os xogos populares son un contexto de reunión no que as crianzas aprenden a coñecerse a elas mesmas desde unha perspectiva lúdica e recreativa. Estes xogos posibilitan ás persoas un mundo de pracer no que se experimentan diferentes sensacións que lles permiten desenvolver a súa personalidade en situacións que son de goce e recreo afastadas do mundo das obrigas. Polo tanto os xogos populares constitúen unha fonte inacabable de estímulo nos que as crianzas evolucionan no seu estado afectivo-emocional. Baseándonos en diversos estudos (De Borja i Solé & Martín, 2012; Garaigordobil, 1990, 1992, 2005; Garaigordobil & Fagoaga, 2006; Gomaratur, 2010), podemos explicar que os xogos populares son fonte de diversión, debido a que ofrecen múltiples experiencias aos cativos as cales axudan a establecer un vínculo positivo cos seus semellantes. Neste senso os xogos populares propician situacións de gozo e alegría que debemos resaltar tamén á hora de falar dos valores sociais que posúen, xa que:

Os xogos da cultura popular non poden ser entendidos sen o ruído de desfrute e alegría, a ironía, as citas obscenas, a risa a conta da situación cómica, ou o fallo ou a caída. Todo isto non é un efecto colateral senón a base central do mesmo (Eichberg 2010, p. 133).

Neste senso, estes xogos deben ter os seus momentos de alegría e risa para os participantes, xa que a broma, a sorna, a cantiga, o chiste e a burla, están presentes en moitas das accións e elementos que se desenvolven nestes. Pensemos en calquera xogo de persecución no que se realizan fintas e movementos a modo de engano, para librarse de ser atrapado, ou cando no xogo das bolas se gaña unha bola do adversario, as rimas e cancións que se cantan nalgúns xogos, etc. É aí cando o xogo popular se volve alegría, risa e pracer para os participantes. Os xogos populares son un mecanismo polo cal as nosas emocións e sentimentos son expresados, e de algunha maneira axudan ao control emocional (Lavega, Filella, Lagardera, Mateu, & Ochoa, 2013; Lavega, Alonso, Etxebeste, Lagardera & March, 2014) ante diferentes situacións nas cales se poñen a proba a nosa capacidade para asumir a derrota, a mofa, o éxito, o risco, o perigo, a tensión, etc.

Un dos aspectos nos que o xogo popular incrementa a súa valía, é na organización e resolución de problemas e conflitos. O conflito “prodúcese cando hai un enfrontamento dos intereses ou das necesidades dunha persoacoas doutra, ou cos do grupo, ou cos de quen ostenta a autoridade lexítima” (Casamayor como se citou en Sánchez, Bada, Mosquera, & Cebrián, 2008, p. 19). Neste senso os xogos populares son fonte de posibles situacións de conflito, porque neles existen determinadas circunstancias que poden orixinar certa polémica nos participantes, desde escoller o tipo de “sortes” que se empregan para comezar o xogo, a selección dos membros dun equipo, trampas no xogo, etc. Estas accións orixinan un momento de diálogo entre iguais no que se deben poñer de acordo, aprendendo a ceder, a respectar e acatar as decisións para continuar o xogo, baixo o esquema da reciprocidade como lei moral que fundamenta a lóxica da resolución de conflitos de poder entre iguais (Ortega, 2002). Lembremos como exemplo a expresión “xogo revoltó”, que momento que se invoca por algún xogador automaticamente o xogo detense, para discutir sobre algunha norma incumprida, dúbida, ou acción que non está clara e precisa ser resolta. Unha vez

discutido e solucionada a incidencia o xogo volve de novo a comezar, sempre que exista acordo entre as partes.

Pero as veces durante os xogos populares créanse situacións de certa tensión entre os participantes, que derivan en actitudes e comportamentos violentos (Bosacki, Coplan, & Woods, 2014; Boulton, 1992; DiCarlo, Baumgartner, Ota, & Jenkins, 2014; Pellegrini, 1991, 1992), debido a determinados conflitos que poden xurdir da excesiva competitividade, do quebranto das normas, polo abuso de poder, da falta de control das emocións, etc. A violencia mesmo se manifesta como algo intrínseco de determinados xogos populares (Azoy, 2010) que pola súa natureza transmiten uns valores cun certo compoñente violento ou de gran agresividade (Monge, 2001), asociados principalmente á retórica do poder no xogo (Sutton-Smith, 1997). A violencia e agresión no xogo buscan normalmente a eliminación do adversario (Sánchez et al., 2008), pola vía da forza ou do abuso, segundo o contexto no que nos atopemos, e normalmente sempre se reproduce do máis forte cara o máis feble ou do maior ao máis pequeno.

A violencia ou a agresividade poden estar provocadas por unha excesiva predominancia da competitividade fóra dos termos do chamado xogo limpo no que o respecto polo adversario e pola norma é imprescindible (Stoll, Beller, & Barmann, 1997). Os xogos de carácter competitivo buscan a representación dun conflito entre dúas partes (Sutton-Smith, 1997), por esta razón os xogos populares competitivos entrañan certos riscos (Garaigordobil & Fagoaga, 2006) e poden desenvolver determinados antivalores. Porque estes xogos fomentan que se vexa ao compañeiro de xogos como adversario exclusivamente, dificultando o diálogo entre eles; tratan de eliminar ao rival para lograr a vitoria. A busca da vitoria provoca tensións entre os propios compañeiros e rivais, e a risa desaparece tornándose o xogo en guerra, de modo que existe o medo ao fracaso ou á derrota. En moitos xogos populares as expulsións e os castigos son frecuentes, e sempre se penaliza ao máis inexperto ou menos habelencioso, o que deriva en situacións de discriminación, perda de confianza e imposibilidade de progreso. Se á competitividade nos xogos populares lle sumamos os conflitos que as veces derivan das trampas, das infraccións, etc, poderíamos atoparnos situacións de certa violencia entre os participantes, como acontece de xeito frecuente no deporte espectáculo, como poida ser no xoquei sobre xeo, no que se permite a agresión entre xogadores.

Os xogos populares foron trasladados ao eido educativo, nun proceso que Veiga (2001b) denominou a oficialización do xogo popular. Cómpre ter en conta as dificultades existentes para integrar o xogo nos currículos, xa que non podemos equiparar o concepto do xogo coas metas do currículo (Kuschner, 2012). Porén no currículo escolar deben existir momentos e pautas que permitan desenvolver estes xogos cunha perspectiva saudábel a nivel social, afectivo e emocional, para aproveitar todo o seu potencial para fomentar as relacións sociais, a resolución de conflitos e o desenvolvemento da moral a través do xogo limpo (Gibbons, Ebbeck, & Weiss, 1995; Jarvis, Newman, & Swiniarski, 2014; Kuschner, 2012; Lavega et al., 2006; Ortega, 1992; Sánchez & Goudena, 1996).

No ámbito educativo os educadores fomentan un clima de respecto a todos os participantes nas clases, para o que é necesario que nas propostas de centro se creen espazos e situacións que fomenten o diálogo entre as crianzas, evitando os liderados exacerbados, a discriminación por cuestión de xénero, raza ou capacidade motriz, a violencia, etc (Amador, Zagalaz, Martínez, & Sánchez, 2010; MacDonald, 1992; Méndez & Fernández, 2011; Reed, Brown, & Roth, 2000; Sánchez, 2007). Como indica Linaza (1996) é importante buscar un equilibrio entre a competitividade e a cooperación dentro dos xogos para que se poidan desenvolver tódalas facetas da personalidade. En definitiva trátase de promover un clima de alegría e goce para que os xogos populares poidan ser unha ferramenta educativa de utilidade no marco escolar para fomentar valores positivos.

Os xogos populares amosasen como unha vía de socialización cun potencial educativo de gran calado. Este patrimonio lúdico supuxo desde tempos inmemoriales a canle de referencia pola que as crianzas adquirían os valores e antivalores socioculturais das distintas sociedades. Os xogos populares son un contexto ideal para:

- Fomentar o diálogo entre iguais e interxeracionalmente.
- Promover a resolución de conflitos entre os participantes nos xogos.
- Estimular a cooperación, solidariedade e a cohesión entre o grupo.
- Mellorar a autoconfianza e a integración da persoa no grupo.

- Incrementar o control emocional ante situacións favorables, adversas, ou nas dificultades que poida xurdir, aumentando a capacidade de resiliencia (McArdle, Harrison, & Harrison, 2013; Muñoz & De Pedro, 2005).
- Axudar a que se aprendan a aceptar e respectar as normas do xogo sen violencia e abuso.
- Incentivar o espírito de superación na súa práctica.
- Interpretar distintos roles nos xogos, que axuden a poñerse na situación dos demais e vivenciar distintas sensacións, sexa como compañeiro, adversario, panda, ou espectador.
- Valorar as derrotas e vitorias na xusta medida sen dramatizar as mesmas.
- Proporcionar risa, alegría e goce aos seus participantes no desenvolvemento dos xogos.
- Promover hábitos de vida saudables.
- Interpretar o chou como algo circunstancial, que se escapa as veces do control da persoa e debe ser aceptado tanto cando nos favorece como cando nos prexudica.
- Identificar os antivalores nos xogos para evitalos e abordar solucións para que non se reproduzan.
- Recoñecer a importancia da conservación da contorna e do medio ambiente.

A importancia da transmisión dos valores sociais nos xogos populares obríganos a que na investigación tratemos de recoller cal é seu papel no proceso de socialización das diferentes xeracións entrevistadas. Para iso queremos explorar os aspectos que poidan estar relacionados coa transmisión de valores ou antivalores a través da práctica dos xogos.

4. 2. O XOGO POPULAR E O XÉNERO

O xogo popular igual que calquera outra manifestación cultural dun pobo, leva consigo unha serie de valores e aprendizaxes sociais. En moitas ocasións, estes valores están relacionados coa transmisión de determinados roles e estereotipos de xénero que son como “unha idea que se repite e se reproduce sen variación, sendo unha imaxe uniformada, común para tódolos membros dun grupo, e que non recolle as diferenzas individuais” (Álvarez como se citou en Baena & Ruiz, 2009, p. 112). Ao longo da

historia, estes roles e estereotipos asociados ao xénero mudan en función do momento histórico no que nos atopemos.

Os xogos populares no son alleos a este fenómeno, xa que son unha especie de espello que reflicte os valores e manifestacións culturais dunha determinada sociedade. Sempre existe a teima por recomendar un xogo ou outro, ou os xoguetes e materiais cos que se xoga en función do xénero. As bonecas para as nenas e os coches para os nenos, son exemplos de estereotipos asociados ao xénero que permanecen moi arraigados no imaxinario social.

Segundo a cultura, a sociedade e a época na que se vive, mulleres e homes desempeñan diferentes roles que son transferidos ás seguintes xeracións, a través de diferentes comportamentos e usos sociais que logran perpetuar roles e estereotipos de xénero. A familia é a primeira das institucións educativas na que a diferenciación dos roles masculinos e femininos comezan a adquirirse, a través do reparto das tarefas do fogar.

Na sociedade galega historicamente a muller e o home tiveron roles diferenciados na súa vida cotiá e aínda que a muller estivo sempre ligada ao ámbito doméstico nas distintas sociedades e culturas (Baroja, 1981; Roberts & Sutton-Smith, 1981), no caso galego o xénero feminino tivo unha gran capacidade de liderado e poder de decisión dentro da organización familiar e das comunidades, de aí que exista certo debate relativo á idea de que a sociedade galega puidera ter sido un matriarcado na Idade Antiga (Linares, 2010). A muller galega tivo sempre un rol destacado na economía da familia e da sociedade galega, xa que realizaba todo tipo de traballos fóra da casa. Basta con recordar o seguinte pasaxe de principios do século XX, para comprender a importancia da muller en Galicia.

As mulleres da aldea interveñen moi directamente nas tarefas agrícolas co seu traballo persoal. Calquera que viaxe pola rexión galega nas distintas épocas do ano nas que os labregos fan o cultivo da terra, terán observado como as mulleres axudan aos seus pais e maridos nas tarefas do campo. Vestidas con muradanas e camisas de cores moi vivos, panos na cabeza, zocas nos pés, e case sempre cantando, atópanse nas valgadas e ladeiras, unhas veces guiando os bois e o

arado; outras, estendendo os abonos sobre a terra, sementando patacas, regando os prados e hortas, e moitas, coa gadaña e o sacho, removendo o chan cos seus propios brazos. Pero a máis interesante de todas as operacións nas que interveñen, pola forma de organizarse para efectualas e os contratos que celebran e a sega do centeo, que chaman xeitura (Tenorio, 1982, p. 157).

En Galicia as mulleres tiveron sempre un lugar destacado no desenvolvemento da economía familiar e social, asumindo todo tipo de responsabilidades laborais no campo e no mar. Ademais foron as responsables da educación das crianzas e actuaron como transmisoras principais dos calores e coñecementos da cultura tradicional, ao igual que noutras culturas como a vasca (Etxebeste, 2001). Malia este protagonismo da muller na vida familiar e social, a división dos traballos segundo o xénero en Galicia xa comezaba desde idades moi temperás.

Os nenos comezan a traballar moi cedo. Xa desde os tres anos, pouco máis ou menos, van axudando nas cousas da casa, facendo recados -mandiques-, indo cos seus irmáns un pouco maiores ao monte co gando. As nenas axudan a prender o lume, tender a roupa, pelar as patacas, esfollar o millo, esponxar a la que han de fiar as mulleres, levar a merenda aos homes que están no traballo, e tamén coidar dos seus irmáns que aínda están no berce, polo que ás veces se lles chama naiciñas. Aos nenos da aldea esíxelles máis que aos de cidade, e son tratados máis severamente cáscanlle máis que aos da cidade: porén gozan dunha maior liberdade noutros aspectos e o seu mundo é, polo lado natural moito máis amplo e variado. Desde os catro anos, ou cousa así comezan a iniciarse no traballo da terra: xeralmente, o primeiro que fan é ir camiñando diante xugada que leva o arado, para guiala no seu camiño, de maneira que vaian facendo dereitos os regos: “Xa vai diante dos bois”, din os pais. Máis adiante recollen e atan os feixes na sega, enchen os cestos na vendima, pisan as uvas no lagar, etc. Algo semellante pasa coas nenas, que interveñen, por exemplo, na recollida da pataca (Risco, 1957, p. 227).

Observamos como xa desde moi novos o núcleo familiar comeza a impoñer roles asociados ao xénero, este feito tamén terá a súa reprodución nos xogos populares practicados, provocando que se etiqueten determinados xogos como de nenas ou de

nenos. Esta identificación non se produce só por unha cuestión de preferencias por determinados xogos en función do gusto de cada xénero, ou pola maneira de relacionarse cada xénero, senón que é produto da influencia dos roles que o núcleo familiar e a sociedade transmiten ás crianzas, e que non se logra exclusivamente a través da diferenciación dos traballos, senón que precisa doutras manifestacións culturais que permitan a asimilación de determinados roles, e a identificación de estereotipos de xénero. Pero a pesar dos roles que se impoñen socialmente desde as idades máis tenras Rabaté (1993-1994), e Risco (1957), coinciden en recordar que durante a infancia as crianzas coinciden nos xogos que practican, sendo a partires dos 5 ou 6 anos cando comeza a aparecer nas crianzas a separación lúdica no xogo.

Froito da influencia dos contextos a práctica dos xogos varían dun lugar a outro segundo o xénero dos participantes. No caso galego os estudos etnográficos de Risco (1957, 1962), nos que se destaca que moitos dos xogos recollidos podían ser practicados por ambos xéneros, tanto de xeito mesturado como separado, e subliñase a existencia de xogos máis afíns a cada xénero. Presentamos a continuación unha táboa resumo dos xogos populares clasificados segundo o xénero.

Táboa 17. Clasificación dos xogos populares practicados por xénero e idade na Galicia rural.

XOGOS POPULARES

	<i>Práctica común mesturada²⁰</i>	<i>Práctica máis común nas nenas</i>	<i>Práctica máis común nos nenos²¹</i>
Infancia	O quedache; escondites; A pita cega; De codín de codán; Pinto, pinto gorgorito, A ola-ola; Xogo de San Xulián; O	Os As bonecas de millo; As comidiñas; O aro; A corda ou comba; A raqueta; A roda- roda	Os soldados; A guerra; Xusticias e ladróns; Chave; Xogos con animais; A buxaina; Os birlos; Montana

²⁰ Neste caso a práctica dos xogos tamén podía ser exclusiva dun xénero. Aínda que en ocasións xogasen xuntos non significa que o fixeran sempre.

²¹ Recollemos aqueles máis característicos, aínda que os xogos con animais e no medio natural eran tamén característicos do xénero masculino.

	truco; Os estalotes; O aro.	Churra; A porca; As pelexas; A billarda.
Mocidade	Xogo das prendas; Xogo dos casados; O xogo dos labradores; Xogo do Sarillo; Xogo dos Zapatos; Loita galega; Monta a cabalo	Carreiras a pé; Carreira do galo; Carreiras de cabalos

Comprobamos que na infancia atópanse unha maior variedade de xogos populares asociados á práctica masculina, pero tamén existe un repertorio de xogos asociados aos dous xéneros, con independencia de que sexan practicados xuntos ou separados. Por outra parte as nenas mostran menor cantidade de xogos asociados ao seu xénero, sendo estes de cancións, rodas e simbólicos principalmente, mentres que os nenos teñen máis xogos relacionados coa natureza e coa loita. Porén na mocidade os xogos recollidos son máis practicados polos dous xéneros, quizais polo feito de que son xogos asociados ao namoramento na puberdade, agora ben os xogos populares relacionados con eventos festivos están máis asociados ao xénero masculino.

Subliñar nos xogos de mocidade a loita en Galiza, que chegou ata os nosos días, sendo practicada de xeito bastante xeralizado no século XIX e principios do XX (Mayoral como se citou en Iglesias, Gómez, & Mato, 2012, p. 4), quizais como herdanza do posible matriarcado que puido ser a sociedade galega. Este xogo do que se descoñecen as orixes exactas, reflicte a idea dunha muller aguerrida e valente, que probablemente tivera que ter loitado ao carón dos homes ou en ausencia destes ante posibles ameazas. Neste xogo as mozas tiñan o mesmo estatus que os mozos e loitaban entre ámbolos dous xéneros para ver quen era máis hábil e forte, sendo a muller a máis habilidosa en moitas ocasións. Así o expoñen dúas mulleres ilustres como son Rosalía de Castro (1943), e Emilia Pardo-Bazán, (1900), nalgún fragmento da súa obra.

Xa preto de media noite,
 Dan encomezo as peleas,
 Os mozos loitan c'as mozas
 Medindo as forzas que teñan,

E n´andan en cumprimentos
Para botarse por terra.
¡Si as vírades que valentes
S´amostran n´a loita as nenas!...
Fanlle ôs mozos cada magoa
C´as súas mans pequeneiras!..
-Un xá caiu... foy...un home..
¡Ela venceu... venceu ela!
¡Ben po-la nena bonita!..
¡Que vivan as montañasas! (Castro, 1943, p. 90)

Era costume da loita, que xa vai desaparecendo, subsiste aínda nalgunhas comarcas galaicas, resto quizais dun estado social belicoso no que a muller combatía ao lado do varón. Loitan aínda as mozas entre si, e ata desafían ao mozo, dexenerando entón a batalla en deleitable xogo. Pero desde o intre en que Santiago -cuxa sangue ardía en tumultuosa ebulición- axeonllouse fronte a Mariniña, tamén axeonllada, comprendeu por instinto que aquela loita non sería coma outras; que ía de veras. Só con ver o movemento da moza ao arremangarse, o brillo dos seus ollos orgullosos, a rixidez do seu talle, a dura barra do seu entrevexo, adiviñábase a loita seria, en que trata de derregar ao contrario, empregando todo o vigor dos seus músculos e toda a resolución da alma (Pardo-Bazán, 1900).

A distinción do xénero nos xogos populares está presente na recompilación de Romaní (1983), que nun pequeno catálogo de xogos da zona de Muros rescata un gran abano de xogos, principalmente asociados ao xénero masculino. A seguinte táboa recolle os xogos identificados con cada xénero.

Táboa 18. Clasificación dos xogos populares de xénero na zona de Muros (Romaní, 1983).

Xogos Populares da zona de Muros

Nenas	A pala; Paleta ou cotelo; Cotelo de parella; O mundo; O coviño
Nenos	A trompa; Trompo ou sevillana; A chave; A primeira non che toco; Estornela; A unha

dáme a mula; O marro; O corno; Tres mariños ao mar; Arrancapinos; Fulaniño que me matan; Coscolinto; A machurra; Al de nada; O pincho; A tela; Alturas; Hai lume na fume na túa casa; As anelas; Os anuncios; Ta-te-ti; Tomba de gatos; O guá; Escorredoiro; A chave; As carrilanas; A partida

Con esta mostra comprobamos como o volume de práctica asociada ao xénero masculino é maior en comparación ao xénero feminino, cunha actividade lúdica bastante reducida na zona de Muros, dos que se destaca que practiquen xogos de pala e bateo, semellantes á billarda. Neste caso non se mostran xogos que fosen compartidos polos dous xéneros, sendo para as nenas xogos de menor implicación física.

Trigo (1994a) e Veiga (1998) presentan algúns datos relacionados coa práctica dos xogos populares e o xénero dos participantes. Trigo (1994a), nun estudo interxeracional, destaca que a segregación dos xogos por xéneros é evidente nas xeracións das avoas/avós e nais/pais. Coincide que nesas dúas xeracións a división dos roles coa chegada da ditadura acentúase en todos os ámbitos, mesmo no lúdico. No estudo son identificados 16 xogos exclusivos do xénero masculino, e 13 do xénero feminino dun total 152, o resto de xogos recompilados podían ser practicados, indistintamente polos dous xéneros, ben fose de maneira mesturada ou segregada.

Trigo (1994b, p. 105), recolle as seguintes conclusións en relación ás xeracións das avoas/avós - nais/pais:

Diferenzas: máis xogos de cooperación e inclusión nos das mulleres que nos dos homes; as mulleres dedican máis esforzo aos seus xogos que os homes; os varóns prefiren os xogos que dominen os espazos, seguidos das habilidades e as mulleres á inversa; os xogos dos homes eran fundamentalmente competitivos individuais e os das mulleres competitivos individuais e de duelo asimétrico por igual. A situación de duelo asimétrico prodúcese nos xogos nos que o número de participantes e os roles son distintos. Poden ser xogos con situacións de 1 xogador contra todos ou ao revés. Outra situación é por quipos cun número distinto de participantes por equipo e con roles distintos nos equipos. Xogos de pilla como a cadea, polis e cacos presentan este tipo de situacións de duelo asimétrico.

No que se refire ás coincidencias dos xogos Trigo (1994b, p. 105) indícanos que: ámbolos dous xéneros preferían xogar en grupos pequenos, que a duración dos xogos é indeterminada e practícanse xogos de pouca complexidade.

Pola súa parte Veiga (1998), cataloga 123 xogos populares dos que analiza a práctica por xénero segundo a etapa vital dos xogadores, e o tipo de xogos practicados desde unha perspectiva tradicional. Recollemos a continuación a táboa resumo elaborada polo autor, na que se mostra de novo unha maior proporción de xogos masculinos, especialmente a partir dos 6 anos en diante, destacando un predominio de práctica de xogos regrados e predeportivos por parte dos nenos. Mentres o xénero feminino posúe un maior repertorio lúdico nas primeiras fases da infancia, co xogo simbólico como protagonista desta práctica, porén o xogo predeportivo e os xogos relaxados non existen no xénero feminino na adolescencia, e a presenza dos xogos-traballo é anecdótica. Pero este estudo reflicte unha elevada porcentaxe de xogos que podían ser practicados conxuntamente por ámbolos dous sexos, de xeito simultáneo ou segregado.

Táboa 19. Xogos populares por xénero e idade segundo Veiga (1998, p. 191)²²

<i>Xénero</i>	<i>E1</i>	<i>E2</i>	<i>E3</i>	<i>E4</i>	<i>E5</i>	<i>E6</i>	<i>Totais</i>
Indiferente	26	12	14	11	2	1	66
Nenos/Homes	4	2	15	5	8	5	39
Nenas/Mulleres	3	9	5	-	1	-	18
Totais	33	23	34	16	11	6	123

Cos datos presentados nestes estudos, é posible afirmar que na práctica lúdica popular galega predominan os xogos practicados indistintamente por ambos xéneros, aínda que estes fosen en ocasións practicados de forma mesturada ou segregada, segundo fose o contexto ou zona xeográfica da práctica. En menor número están os exclusivos de cada xénero, nos que observamos que existe unha tendencia a asociar

²² E1: Xogos funcionais (0-3 anos, fundamentalmente). E2 Xogos simbólicos (3-6 anos, fundamentalmente). E3 Xogos de regras (6-12 anos, fundamentalmente). E5 Xogos-traballo, xogos competitivos moi marcados (idade adulta, fundamentalmente). E6 Xogos relaxados (vellez, fundamentalmente)

máis xogos ao xénero masculino. A variedade dos estudos, das fontes, dos momentos temporais e das zonas xeográficas onde se recollen os xogos fai complexo establecer unha coincidencia plena á hora de identificar os xogos de cada xénero. Así segundo o estudo consultado podemos atopar xogos que son do xénero feminino e noutro poden ser de ambos ou do masculino.

O xénero feminino tamén manifesta un alto compoñente físico nos xogos populares que practica, ao igual que acontecía nos traballos que realizaba no mundo rural. Prefiren os xogos de habilidades psicomotrices, ademais de posuír maior proporción de xogos populares simbólicos exclusivos do seu xénero, e máis xogos cantados.

O xénero masculino posúe un maior número de xogos exclusivos, principalmente a partir dos 6 anos en diante, feito este que coincide co establecemento dos roles sociais de xénero. É a partir destas idades nas que se representa a vida familiar e o ambiente máis achegado na súa actividade lúdica. Destaca no xénero masculino a súa preferencia polos xogos psicomotores e competitivos de carácter predeportivo, tamén o gusto polos xogos e asociados ao traballo, e tenden a empregar grandes espazos para xogar.

Noutras investigacións fóra do contexto galego como a de Lavega (2009b) que analiza 246 xogos populares na comarca de Urgell en Cataluña, os resultados obtidos mostran unha porcentaxe dun 44,8% de xogos masculinos, un 31,2% de xogos femininos, un 21% de xogos de práctica mesturada, ademais dun 12% de xogos que aínda que son practicados polos dous xéneros, son practicados de maneira exclusiva por cada colectivo, sen práctica en conxunto. Nesta zona os xogos masculinos teñen un marcado carácter sociomotriz 75%, sendo os xogos de oposición os que predominan neste xénero. No caso feminino tamén son maioritarios os xogos sociomotrices 71%, sendo os preferidos os xogos cooperativos cunha porcentaxe de 37,8%, fronte a un 29% dos xogos de carácter antagónico. No caso dos xogos mesturados as porcentaxes de xogos sociomotrices están en niveis similares á cando son por practicados de xeito segregado. Neste indicador os xogos que predominan son os de oposición 40%, fronte aos de cooperación 23,4%, e de cooperación-oposición, cun 18,2% de práctica.

Nas investigacións sobre o patrimonio lúdico vasco Etxebeste (2001, 2009), recolle a relación existente entre o xénero e os xogos populares. Destaca que na cultura vasca a porcentaxe de xogos populares mixtos é dun 66%, de práctica exclusiva de nenos son un 15,8% dos xogos recompilados, mentres que xogos exclusivos de nenas son un 22,3% do total. Estes datos revelan que na cultura vasca os dous xéneros compartían un gran espazo de encontro nos xogos populares, e destaca o feito de que existan máis xogos de exclusivas de nenas, en contraposición a outras culturas como a catalá ou a galega que a situación era á inversa.

Etxebeste (2009), indica que existe unha tendencia clara do xénero masculino a practicar xogos tipo *jokoa*²³ (competitivos, gañar-perder, apostas), mentres que os xogos tipo *jolasa* (non competitivos, non apostas, contorna natural) non existen diferencias entre ambos xéneros polo que os denomina xogos mixtos, sendo lixeiramente superior nas mulleres. Por outra parte nos xogos *jolasa-jokoa* (características compartidas dos anteriores) predomina no xénero feminino. Probablemente o dominio histórico do xénero masculino nos xogos populares máis competitivos, teña como consecuencia que na actualidade a presenza da muller nos deportes tradicionais vascos sexa menor cun acceso máis dificultoso e acompañado de estereotipos sexistas que coartan a súa participación (Egibar & Garai, 2009).

Lavega et al. (2006), non seu estudo intercultural en Europa no que se recollen xogos populares infantís, festivos e federados, analizan unha recompilación de xogos de Aragón, Canarias, Cantabria, Cataluña, Valencia, Murcia, Flandes, Portugal no Baixo Guadiana, Poznan, a Bretaña francesa, e a zona do Pirineo galo. Nesta investigación indican que no xogo popular existe unha predominancia dos xogos populares de carácter

²³ Segundo as explicacións recollidas por Etxebeste (2001;2009) a cultura vasca emprega diferentes denominacións para identificar o tipo de xogos populares. Deste xeito empregan o termo *jokoa* para denominar aqueles xogos competitivos, recreativos ou de aposta. En liña co anterior vén a significar que un gaña e outro perde, xogos como o lanzamentos de bolas ou moedas serían deste tipo, ademais , practicados en espazos próximos ao fogar.. Outra expresión que empregada é *jolasa* (*jolastu*) que viría a significar alegría, xogar sen competición nin aposta. Estes xogos serían nos que todos gañan e perden, xogos de agochadas, ou ca natureza e animais. Estes xogos son practicados na contorna natural principalmente Afondando no tema o autor propón a fusión dos dous termos para identificar os xogos de tipo *jokoa-jolasa* como aqueles que manteñen características de ambos do *Jokoa* -espazo e o obxecto- e do *Jolasa* –relacións e tempo-.

mesturados (39%), seguido dos identificados como masculinos (38 %), a presenza de xogos exclusivos do xénero feminino é escasa (5%), e existe unha porcentaxe de xogos que son practicados de forma segregada (18%), aínda que están presentes no repertorio dos dous xéneros.

Destacase nesa investigación (Lavega et al., 2006) o dominio da masculinidade no xogo en Cantabria cun 72%, Valencia 61% e Murcia cun 50% dos xogos recollidos asociados a este xénero, mentres que en Canarias este indicador descende ao 7,7%, porén en Canarias é a rexión española onde máis se xoga de xeito mesturado cun 53% dos xogos neste indicador, mentres que Valencia ten un 38,1%, e Murcia un 18,8%. No lado oposto está Cantabria que só mantén un 8% de xogos practicados mesturados; tamén Canarias amosa a maior porcentaxe de práctica segregada cun 38% da súa actividade lúdica, seguida de Murcia cun 25% neste parámetro, mentres que Aragón amosa o nivel máis baixo cun 8,2% de práctica segregada; ademais indícase que soamente en Aragón cun 28%, Murcia cun 6% e en Cataluña cun 1,5%, existen xogos exclusivos de xénero.

Ademais sinálase que para os dous xéneros a práctica xeralizada prodúcese nos xogos psicomotores. Os xogos de oposición son maioritariamente practicados polo xénero masculino especialmente en Cantabria cun 100% e en Aragón cun 62,5%; mentres que os xogos de cooperación chegan ao seu tope cando estes son practicados polos dous xéneros en Canarias cun 100% mentres que en Cataluña un 58,8%.

Grazas aos estudos citados nas páxinas anteriores, comprobamos que existe unha gran práctica de xogos populares que son compartidos por ambos xéneros, aínda que esta se produza de forma mesturada ou segregada, en función do contexto no que son auditados os xogos. Este tipo de xogos están moi presentes en Euskadi, Galicia, e Canarias.

En liñas xerais os xogos populares exclusivosfemininos, teñen unha proporción moito menor que os xogos de corte masculino, con excepción de Euskadi que mostra unha porcentaxe maior de xogos exclusivos de nenas, pero que ten a súa cara oposta no resto das rexións, destacando Cantabria, Valencia, e Murcia no volume de xogos exclusivos de nenos.

Ambos xéneros prefiren os xogos de corte psicomotriz, aínda que existen exemplos en Cataluña na zona de Urgell (Lavega, 2009b), onde a tendencia é practicar xogos sociomotrices como tamén ocorre en Euskadi. Por xéneros existe unha preferencia masculina polos xogos máis competitivos, e de ocupar espazos máis amplos. Porén no caso do xénero feminino prefírense os xogos cooperativos ou de inclusión en espazos máis reducidos.

Existe unha tendencia a educar aos nenos nos valores máis competitivos: gañar ou perder para acadar o éxito no xogo. Mentres que no xénero feminino hai unha maior preponderancia dos valores cooperativos e de inclusión. A existencia de xogos exclusivos de cada xénero tamén nos indica que existe a necesidade en determinadas culturas, de socializarse cos do seu propio xénero dun xeito diferente ao que se fai cando os xogos son practicados conxuntamente, sendo máis elevada a porcentaxe de xogos exclusivos de nenas en Euskadi e Aragón.

É nos xogos exclusivos nos que podemos ver máis claramente os roles e estereotipos que se asocian a cada xénero. Estes roles serán reforzados ou corrixidos segundo o marco cultural e o contexto no que nos atopemos, xa que os valores que transmiten as comunidades, os colectivos, as familias, a escola, etc, son diversos e diferentes, xa “que o xogo en si non é sexista, senón as sociedades nas que se crearon e posteriormente recreado” (Trigueros, 2000, p. 424).

Neste traballo describiremos se os xogos populares no contexto analizado seguen a tendencia que se recollen noutros estudos. Pero desde unha perspectiva etnográfica, queremos identificar a través das vivencias dos informantes, se o xénero condicionaba a práctica de determinados xogos. E no caso de que existise unha segregación tratar de identificar as súas posibles causas. Así trataremos de aproximarnos ao xogo popular desdea perspectiva de xénero no concello de Malpica de Bergantiños para clarificar resolver se realmente os xogos populares locais posuían unha clara distinción entre os xéneros.

4. 3. O XOGO POPULAR E A CONTORNA

A contorna sexa natural ou urbana, o medio onde se desenvolven os xogos populares supón un elemento de gran interese, por iso merece a pena deterse a explicar a influencia que o medio ten á hora de desenvolvelos. A relación entre o xogo e o espazo onde se practica, basta con repasar algúns dos enredos e xogos que recollía Lourenzo (1992), no seu estudo para decatarse que a contorna supoñía un elemento de gran inspiración nos xogos das crianzas.

A relación do xogo e o medio é algo intrínseco á propia actividade lúdica: “o xogo é a forma de manifestarse o afán de independencia, a vinculación ao mundo circundante e o camiño do saber vital” (Buytendijk, 1935, p. 168). No proceso evolutivo das diferentes civilizacións e culturas, estas sempre tiveron no medio natural os elementos necesarios para practicar os xogos populares: “todo isto, pódese resumir dicindo que cultura e a natureza realizan unha pegada directa no xogo, pero soamente na medida en que os xogadores sexan libres pra usar os elementos dispoñibles da cultura e da natureza” (Sutton-Smith & Roberts, 1981, p. 404).

A evolución espacial está directamente relacionada coa evolución social. Novos cambios sobre os contornos, novos usos sociais dos lugares e dos espazos, modelan as distintas actividades que manifesta o ser humano, onde o xogo popular, tamén se ve condicionado pola evolución espacial. Como apunta Muntañola (2004), esta nova distribución dos espazos ten repercusións moi importantes nas vidas das persoas. “Calquera transformación do espazo próximo aos nenos pode ser dunha grande repercusión educativa, se se analiza baixo a lei crítica dos “crono-tempos”, e da afinidade profunda, entre cambios no espazo-tempo e cambios na interacción social” (Muntañola, 2004, p. 226).

A evolución espacial que experimentan as zonas rurais e urbanas, provoca que cada vez máis se limiten os espazos de xogo a lugares específicos. De aí que na actualidade cada pobo, vila e cidade, conte con varios espazos orientados a concentrar o xogo das crianzas en pequenas áreas dos barrios, de parques, etc. Estes espazos están equipados con materiais deseñados, baixo estándares de calidade, seguridade e accesibilidade (Laris, 2005). Os espazos de xogo das sociedades actuais difiren dos

empregados polas sociedades tradicionais, xa que as necesidades da sociedade actual son diferentes. O confinamento en torno a un equipamento, quizais sexa unha maneira de manter o control e a seguridade dos xogos das crianzas por parte dos adultos, pero supón unha limitación excesiva á liberdade lúdica das crianzas.

Parlebas (2002b), desde a lóxica externa do xogo e atendendo ao carácter motor das actividades lúdicas, establece varias dimensións e polos do espazo e mesmo afirma que “definir o xogo é, en parte, establecer as características onde se realiza: dimensións e normas, posible compartimentación, natureza e consistencia -materiais artificiais, elementos en plena natureza-” (Parlebas, 2002b, p. 161).

Por unha banda o autor fálanos da dimensión salvaxe e domesticada dos espazos de xogo e destaca a influencia e a transformación que exerce o ser humano sobre os escenarios de xogo para adaptalos ao tipo de prácticas lúdicas que se realizan nun lugar concreto. Dentro destas dimensións explica tres tipos de espazos nos que se desenvolven as prácticas lúdicas aos que denomina “polos” que son os seguintes:

Polo domesticado: aqueles espazos construídos ou modificados especificamente para unhas actividades concretas, que non se ven afectadas na súa execución pola variabilidade das condicións espazo. Son os emprazamentos como as piscinas, pavillóns, pistas de atletismo entre outros os que se engloban dentro deste polo.

Polo salvaxe: son as zonas de xogo que non sufriron alteración por parte do home, e nas que a actividade que se desenvolve está en relación directa coa natureza do espazo que é utilizado. Son praias, ríos, montes, montañas, etc.

Ademais dos polos presenta o medio semidomesticado que é aquel no que a intervención do ser humano non chega a converter o espazo en completamente estandarizado, mais a súa intervención nel modifica o suficiente para orientalo á práctica de determinadas actividades. Neste caso estarían por exemplo as praias con boias, e outras zonas acoutadas para determinados usos, como pistas de esquí, lagos, etc.

Seguindo esta clasificación entendemos que “na práctica lúdica tradicional é incuestionable que os únicos espazos dispoñibles foron os semidomesticados e os salvaxes” Veiga (2001b, p. 43). Os espazos empregados nos xogos populares non son froito da modificación do contorna ou da construción de instalacións específicas para practicalos, senón da relación do xogo co propio contorna e a natureza. Os practicantes destes xogos adáptanse aos espazos que están ao seu alcance, non van á procura dun espazo estandarizado para xogar. Un exemplo, é o xogo da billarda ou da porca, nos que soamente se necesita un prado, eira, ou agra para poder xogar.

Xa comentamos que espazos de xogo mudaron. A presión urbanística nos núcleos rurais e o crecemento expansivo das cidades, favorece a creación e evolución dos espazos lúdicos. Este fenómeno provoca que o interese polos espazos medre en distintos campos de estudo.

Nas dúas últimas décadas a xeografía social e cultural ven de poñer nova luz no espazo social. Isto cambiou o noso entendemento do espazo, pasando dun espazo neutral a ser un espazo de acción social ou dun determinado resultado das condicións materiais, ...” (Christensen, James e Jenks como se citou en Gougoulis, 2003, p. 111).

Este interese desde distintas áreas do coñecemento permite formular novas dimensións dos espazos de xogo. Froito desta evolución e curiosidade polos espazos de xogo das crianzas e dos adolescentes, Legendre (2011), proponnos unha nova clasificación alternativa dos espazos atendendo a novas dimensións medioambientais producidas polos resultados do seu estudo.

Privada/Pública: alude á titularidade da xestión do espazo de xogo.

- Públicos: son aqueles espazos de acceso libre durante todo o día. Baixo este criterio estarían os parques, prazas, etc.
- Colectivos: aqueles espazos que poden ser públicos ou privados cuxo acceso é restrinxido e controlado. Son os espazos escolares, pavillóns deportivos, etc.
- Privados: son aquelas zonas onde o acceso é controlado e privado. Entran nesta categoría, os xardíns de urbanizacións, casas familiares, etc.

Presenza/Ausencia de equipamentos de xogo

- Ausencia de equipamento de xogo: son espazos que non están acondicionados con materiais para o xogo. Neste tipo de espazos englobaríanse as rúas, prazas, áreas verdes, etc.
- Equipamento mixto: insírense neste criterio aquelas zonas, principalmente colectivas e privadas, que están parcialmente equipadas con materiais para os xogos. Son os parques, zonas privadas axardinadas, instalacións escolares, etc.
- Equipamento específico: son os lugares que están acondicionados con equipamentos ou construcións específicas para unha determinada actividade. Serían zonas como os “skate parks”, en parques, zonas saudables en paseos fluviais e marítimos, estacións de exercicios e mesas de tenis de mesa en parques, etc.

Mineral/Vexetal: son aqueles espazos que se caracterizan pola presenza ou ausencia de zonas verdes nos mesmos.

- Minerais: son aqueles espazos carentes de calquera tipo de vexetación contruídos con materiais sintéticos, como o asfalto e o formigón. Entran nesta categoría as pistas deportivas ao aire libre, certos tipos de prazas, etc.
- Mesturados: espazos que posúen partes asfaltadas e pavimentadas (camiños, accesos, etc) e parte con flora (arbustos, árbores, etc). Parques públicos, privados, instalacións deportivas ao aire libre, pertencen a este apartado.
- Verdes urbanos: son aquelas zonas dominadas pola vexetación e flora autóctona. Normalmente son parques públicos.
- Verdes naturais: correspóndese con aquelas áreas verdes de fragas e bosques que están nas aforas dos núcleos poboación.

Proximidade/Afastamento: alude a distancia que deben percorrer desde os domicilios ata os emprazamentos orientados ás actividades lúdicas.

- Prolongación da vivenda: son eses lugares que constitúen unha parte exterior das vivendas. Son os balcóns e terrazas das vivendas que serven como lugar de xogo das crianzas.
- Proximidade inmediata: son os espazos que están preto das vivendas sen ningún tipo de obstáculo de acceso. Entran neste tipo de espazos as urbanizacións residenciais con parques e zonas verdes.
- Mazá ou barrio: aqueles emprazamentos que están preto das vivendas de das crianzas e que non supoñen o acceso a elas a través de vías de grande densidade de tráfico.
- Vila: son espazos que se atopan dentro da casco urbano, pero que necesitan forzosamente desprazarse do seu barrio para acceder a eles. Englóbanse nesta categoría as instalacións deportivas, parques públicos, etc.
- Periféricos: Son aquelas zonas que se atopan a horas de distancia dos núcleos urbanos. Estes lugares son parques de xogo específicos, zonas de bosque, granxas escolas, estacións de esquí, etc.

Este enfoque sobre as dimensións espaciais proporciona un maior abano de posibilidades para identificar os espazos dos xogos populares e axustarse mellor á realidade do contorno socioambiental, porque axuda a aproximarse dun xeito máis preciso á realidade local dos espazos que empregan na actualidade as persoas para xogar nos contextos rurais, urbanos ou semiurbanos.

Hoxe en día, resultaría escasa unha análise do espazos, baseándose exclusivamente na clasificación que realiza Parlebas (2002b). Non ten sentido limitarse a identificar os espazos de xogo, dicindo si son salvaxes ou domesticados. Tendo en conta que, cada día os espazos son máis domesticados, é imprescindible establecer criterios alternativos que afonden no estudo da dimensión espacial do xogo.

Con novos criterios de clasificación sobre os espazos de xogo, podemos recoñecer aquelas localizacións nas que a infancia e a mocidade empregan para as súas actividades lúdicas dun xeito máis preciso, para ratificar realmente se os espazos existentes na actualidade son empregados polas novas xeracións para xogar. Neste punto, Rasmussen (2004), observa como a percepción dos espazos de xogo de adultos e

crianzas son moi diferentes e tamén as expectativas sobre os mesmos. Deste xeito, o propio Rasmussen (2004), remarca a diferenza entre “places for children” (espazos para os nenos), que son aqueles espazos designados e acondicionados polos adultos para o xogo das cativas e cativos, en contraposición aos “children’s places” (espazos dos nenos), que son os espazos que verdadeiramente escollen as crianzas para xogar dun xeito libre e voluntario, cos cales necesitan establecer unha conexión física para xogar.

Esta idea estaría ligada en certa medida, coa teoría de Gibson dos “affordances”²⁴ (Gibson, 1979; Heft & Chawla, 2006; Kytta, 2006) ou perspectiva ecolóxica do contorno, na cal o medio que nos rodea é percibido de xeito global polas persoas, as cales ven na contorna diversas potencialidades e posibilidades de usos e experimentación, dependendo do seu prisma sociocultural. A percepción que os adultos e menores teñen dos espazos de xogo difire claramente. Namentres que os nenos perciben un espazo para explorar e experimentar a través do xogo, os adultos ven un lugar no que os menores poden estar a salvo, baixo unhas condicións determinadas case sempre alleas aos intereses da infancia e mocidade. Uns criterios que se escapan das necesidades dos propios nenos, malia os intentos dos deseñadores (Laris, 2005), que tratan de recoller as motivacións e as necesidades dos máis pequenos e que tentan achegar a eses espazos de xogo, un novo mundo de “affordances” nos que os parques e os equipamentos que se deseñan, proporcionen un reto aos máis pequenos. De aí que sexa tan importante que se teña en conta a participación dos menores no deseño dos espazos que logo serán usados por eles. Isto pode axudarnos a interpretar os espazos desde unha visión máis enriquecedora e útil para o xogo.

A evolución urbanística experimentada nos diferentes escenarios urbanos e rurais está baseada en criterios de separación e especialización (Tonucci, 2009), afastados en moitas ocasións dos principios da “Critical Pedagogy of Place” (Jilk, 2005), que insiste na necesidade de construír e deseñar espazos aproximando os intereses arquitectónicos ás necesidades dos usuarios, que deben ser protagonistas no propio deseño dos espazos. Nesa liña de pensamento no panorama estatal tamén se fala da chamada “Pedagoxía dos espazos” (García del Dujo & Muñoz, 2004), como aquela

²⁴ O termo “affordances” ten difícil tradución ao galego. Viría a significar as oportunidades ou posibilidades de emprego e uso do contorno.

que se encarga de estudar o potencial educativo que posúen os distintos espazos nos que se desenvolve o ser humano. Deste xeito podemos establecer sinerxías entre os espazos de xogo, os propios xogos e o seu valor educativo que estes elementos teñen dentro do desenvolvemento das persoas. Os espazos por si mesmos posúen un potencial educativo que unido á práctica de xogos, pode provocar grandes beneficios no desenvolvemento das novas xeracións.

Outrora, poida que a deficiente planificación e construción dos espazos públicos dificultara a práctica do xogo ao aire libre. Ollando unha cidade ou pobo, podemos observar que hai máis estradas para os coches, bloques de edificios, menos zonas verdes e con espazos moi limitados, maior volume de instalacións deportivas, é dicir: unha serie de condicionantes que fortalecen a idea dunha deshumanización dos espazos públicos (Rissoto & Giuliani, 2006).

Esta deshumanización dos espazos públicos ten como consecuencia que o xogo popular tradicionalmente practicado nas rúas, prazas, agras e montes, sexa desprazado a lugares máis reducidos e institucionalizados, conque as xeracións novas desaparecen progresivamente dos espazos públicos, (Penn, 2005; Tonucci, 2009; Travlou, 2006), Este proceso vai limitando o xogo ao que Rasmussen (2004) denomina *triángulo institucional*, composto polos fogares, institucións escolares e recreativas. Por mor dese confinamento e afastamento das nenas e nenos dos espazos públicos, prodúcese a rachadura da transmisión oral do xogo popular entre crianzas (Eichberg & Norgaard, 2009). Malia que isto non implica que non continúe viva a cultura popular infantil e xuvenil de carácter oral.

Os xogos populares non atopan unha continuidade clara nas actividades que realizan as crianzas e xuventude ao aire libre. Aínda que as rapazas e rapaces prefiren os espazos ao aire libre para xogar (Burke, 2005; Legendre, 2011; Singer, D'Agostino, & Delong, 2009; Travlou, 2006), estase a producir un descenso continuado da práctica de xogos neses contornos (Clements, 2004; Gleave, 2010; Skår & Krogh, 2009; Singer, D'Agostino, & Delong, 2009), debido a causas como a marxinalización e a exclusión social xuvenil, os temores das nais e pais pola seguridade dos fillos, a preocupación da xuventude pola súa seguridade, o medo dos educadores aos litixios, a clase social e a etnia de orixe, unha pobre calidade do contorno, percepcións e prexuízos negativos

sobre a natureza, as comodidades e atracción dos espazos interiores, a comercialización dos espazos xuvenís, o cambio da natureza da infancia, etc (Little, 2013; Travlou, 2006). Estes factores conforman unha dificultade máis grande que calquera modificación espacial que se realice nos espazos públicos, resultan fundamentais para explicar a paulatina desaparición dos xogos populares, xunto coas nenas e nenos da paisaxe urbana e rural.

Todas estes factores que inflúen na práctica dos xogos ao aire libre e no contorno natural pode provocar o chamado “nature-deficit disorder” (Louv, 2005). Esta desorde do déficit de natureza, obedece á falta de contacto das nenas e nenos con contornos naturais nos que poder experimentar o xogo con semellantes, causando un illamento da realidade circundante ao que se denomina autismo cultural (Louv, 2005). Este illamento deriva dun contacto continuado cun mundo de sensacións provinte de estímulos audiovisuais procedentes do mundo das tecnoloxías, das pantallas dos ordenadores e televisións, que substitúe ao contacto e experimentación coa contorna física e natural. As xeracións actuais están perdendo a oportunidade de experimentar na natureza e co contorno dun xeito lúdico, o cal pode xerar certos problemas sociais e físicos. A ausencia de determinadas sensacións mentres se xoga en lugares pechados ou virtuais provoca unha desconexión do mundo natural que nos rodea.

Esta perda do xogo popular nas rúas, o illamento da xuventude en institucións recreativas e escolares, unido a un novo paradigma de mundo virtual, pode ter consecuencias como as que se describen no documental “Play again” (Merrill & Hessen, 2010), no que se presentan varios casos de adolescentes que están totalmente engaiolados nun mundo virtual e tecnolóxico, os cales non saben xogar e experimentar no medio natural, e teñen graves problemas para relacionarse fóra do mundo virtual. A significación de practicar os xogos populares ao aire libre é fundamental para o coñecemento sobre o medio e para que non se perda esa cultura popular asociada á contorna e á natureza. Pensamos que para os centros escolares sería interesante e produtivo incrementar as saídas á contorna que rodea aos centros (Beames & Ross, 2010; Humberstone & Stan, 2011; Maynard & Waters, 2007) e ao medio natural, rachando coa cultura curricular dominante nos centros escolares (Beames & Ross, 2010) Xa que debemos ter en conta que aquelas crianzas que proban e xogan máis ao aire libre transfiren mellor as habilidades que adquiren, presentan mellores resultados

académicos, practican un xogo máis creativo, posúen unha mellor atención, establecen mellores lazos emocionais e adquiren novos valores sociais, melloran a súa autoestima e control emocional, entre outros beneficios psicosociais (Kellert & Derr, 1998; Magnussen, 2011; Scrutton, 2014; Taylor & Frances 2006; Travlou, 2006; Waite, 2007; Waite, Rogers, & Evans, 2013).

Os xogos populares que sempre tiveron unha relación directa coa contorna natural e cos espazos ao aire libre, poden ser unha boa ferramenta para proporcionarlles ás novas xeracións un medio axeitado para reconectar coa natureza e a contorna que os rodea. Estes xogos practicados nas contornas e no medio natural favorecerían a adquisición de novos coñecementos e o establecemento de novos valores psicosociais a nivel individual e colectivo. Ademais a práctica dos xogos populares nunha contorna ao aire libre en espazos máis naturais, pode mellorar as capacidades físicas en comparación aos xogos practicados en espazos máis estandarizados (Fjortoft, 2001, 2004), deste xeito as crianzas que xoguen máis en contornas máis naturais terán maiores posibilidades de manter unha mellor condición física e unha mellor saúde (Cleland, Crawford, Baur, Hume, Timperio, & Salmon, 2008; Dymont & Bell, 2008; Wheeler, 2010).

Se ás crianzas de hoxe as comparamos coas xeracións anteriores teñen unha menor práctica de xogos na contorna (Clements, 2004), e un uso diferente dos espazos ao aire libre (Skår, & Krogh, 2009). Como consecuencia, carecen das ferramentas e coñecementos necesarios para relacionarse coa contorna dun xeito apropiado, que lles permita adquirir uns valores e coñecementos sobre o medio que os rodea, que outrora as xeracións maiores obtiñan derivados da vivencia dos xogos populares na contorna e no medio natural dun xeito cotiá e continuado no tempo, que favorecía o seu desenvolvemento outorgándolles unha educación ambiental a través da propia experimentación na contorna. Especialmente nos contextos rurais que son os lugares nos que se presume a priori, que está presente o chamado idilio rural “rural idyll” (Matthews & Limb, 2000; Powell, Taylor & Smith, 2013), que percibe os contornos rurais como o único lugar onde as rapazas e rapaces poden medrar dun xeito seguro e cun contacto coa natureza, lonxe dos perigos e da corrupción da urbe. Malia que tamén nestes contextos nos podemos atopar o concepto do “anti-idyll” (Powell & Smith, 2013), que se explicaría do seguinte xeito, “... as construcións alternativas da ruralidade as cales constitúen unha forma de anti-idilio, caracterizado pola monotonía e

aburrimento, privación e horror que tamén existe” (Powell, Taylor & Smith, 2013, p. 117).

O xogo popular e a súa práctica nos espazos ao aire libre revélase como un punto de interese desta investigación. Por esta razón nos aventuramos a realizar na parte empírica unha aproximación aos espazos de xogo da comunidade ao longo das distintas xeracións. A través dun repaso histórico tratamos de presentar os espazos de xogo e a presenza do xogo popular nos mesmos. Queremos mostrar no estudo como evolucionan os espazos de xogo ao longo do tempo e cales poden ser os factores que inflúen na súa modificación, en caso de que exista algún tipo de evolución urbanística dos espazos. Asemade realizaremos unha taxonomía dos espazos de xogo do concello estudado. Pensamos que achegarnos aos espazos de xogo axudará a comprender dun xeito máis global as características dos xogos populares practicados no contexto e da idiosincrasia da comunidade, achegando á propia investigación unha maior riqueza e profundidade sobre o fenómeno estudado.

4. 4. O XOGO POPULAR E OS MATERIAIS: O XOGUETE POPULAR²⁵

A universalidade do xoguete fai complexo que se poida establecer un punto concreto na historia que nos permita afirmar o momento exacto no que os xoguetes foron creados e usados para fins lúdicos. Para xogar en moitas ocasións precisamos de curiosos aparellos, estes trebellos denominados como enredos ou xoguetes, aínda que nos pareza estraño non son unha invención exclusiva do ser humano. O uso de diferentes recursos para xogar, xa foi tido en conta por diversos mamíferos, antes de que os homínidos conquistasen o planeta até chegar ao ser humano actual. Pensemos no verán cando os golfinhos ou arroaces se aproximan á costa nadando no medio das ondas, saltando, facendo acrobacias aproveitando a forza das ondas do mar, como o facemos nós cando imos á vía deslizándonos nas mesmas ondas; lembremos aos nosos parentes os

²⁵ Tomamos de Veiga (1998), a expresión xoguete popular para facer referencia aos materiais e xoguetes creados para practicar determinados xogos populares que precisan destes para ser xogados, e que se caracterizaron por ser construídos artesanalmente.

orangutáns, cando estes xogan nas pólas das árbores a balancearse e a saltar nas árbores, de xeito parecido ao que nos faciamos cando eramos nenos do rural e practicabamos os pinadoiros que recollía Lourenzo (1992). Nos xogos populares calquera material aínda que se presente na súa forma orixinal como poida ser o mar, as árbores, a area, flores, etc, pode ser empregado como un xoguete igual que aqueles materiais deseñados especificamente para tal propósito.

Foi a arqueoloxía a que nos proporcionou información sobre os primeiros xoguetes dos que hoxe temos constancia. Mesopotamia, Exipto, ou Capúa (Italia) son lugares onde se atoparon os primeiros xoguetes. Na antiga Mesopotamia atopáronse restos de xoguetes coma os axóuxeres, que se sitúan no 3000 A.C. (Gorrís, 1981). Coñecidos por todos é a especial relación que tiña a cultura exipcia coa morte, de aí que en moitos sarcófagos espoliados das necrópolis se atopasen bonecas de ouro, bronce e madeira ou buxainas, entre outros xoguetes.

Na cultura da antiga Grecia e de Roma os xoguetes tamén estiveron moi presentes na vida da infancia. Sabemos que os gregos e os romanos foron apaixonados dos xogos. Estas dúas civilizacións facían agasallos ás crianzas en determinadas datas como os nacementos, o tránsito dunha idade a outra, ou en cerimoniais rituais como na festa da Primavera en Grecia. Nesta regalaban figuras ás crianzas na festa de Anthesteries (Antoñazas, 2005), e en Roma nas Ludis Saturnalis (Amado, 2011) ou nas festas en honor a Baco (Veiga, 1998), nas que se agasallaban a nenas e nenos con distintos xoguetes. Así, nestas festas os xoguetes regalados podían ser ánforas decoradas con xogos, bonecas, figuras bélicas, pelotas, aros, etc. Unha mostra destes xoguetes podemos visitala no museo arqueolóxico de Tarragona cunha boneca tallada en marfil que mesmo posúe os brazos e pernas articuladas que data dos séculos III-IV d.C. Nas dúas culturas as nenas e nenos empregaban nos seus xogos bonecas, aros, buxainas, dados, taboleiros, espadas, pelotas, etc.

Coa chegada da Idade Media, malia que sexa considerada como un punto de inflexión con respecto á cultura clásica, no caso dos xoguetes mantiveron o seu uso e desfrute nas xeracións máis novas. A presenza dos xoguetes neste período está recoñecida pola chamada idade dos xoguetes (García, 1997). A mesma autora indícanos que os xoguetes semella que foron compartidos por nenas e nenos nos primeiros anos da

infancia, asemade sinala que a produción dos xoguetes estivo ligada á produción artesanal non especializada, xa que non existían os mestres xogueteiros. Recolle esta autora como se teñen pagado grandes cantidades a artesáns para elaborar zancos, cabalos, e mesmo os Reis Católicos pagaron por deseñar vestidos para as bonecas das infantas. Pero como recolle Piponnier (como se citou en García, 1997) os xoguetes da Idade Media eran dunha baixa calidade e principalmente de construción doméstica.

No Renacemento o xoguete popular mantivo a súa esencia practicamente intacta nas clases baixas da sociedade. Basta con ollar a pintura de Bruegel, *Xogos de nenos* para decatarnos de que os materiais de xogo por esa época nas clases baixas seguía a manter a súa función e estética. Así os xoguetes populares eran construídos con trapos, barro, madeiras, cordas, etc. Eran feitos polas propias crianzas, familiares ou artesán con maña, que asemade eran empregados fundamentalmente no xogo ao aire libre. Nas clases altas, os xoguetes, deducimos grazas a Corredor (1989), comezan a ser considerados como un obxecto cun valor que vai máis alá do lúdico e do místico, de aí que xurda a necesidade de comezar a importar bonecas e xoguetes por parte da nobreza de toda Europa. A división tan clara entre as clases altas e as baixas, dá orixe a unha nova maneira de entender a produción dos xoguetes. Deste xeito comeza a desenvolverse unha nova concepción do xoguete que está asociada ao comercio, de aí que se comece unha nova maneira de construír os xoguetes cada vez máis técnica e específica.

Chegados ao século XVIII comeza unha nova transformación social co nacemento da burguesía, os avances en todas as disciplinas das ciencias sociais e naturais, xunto coa nova concepción educativa que sitúa ás crianzas no eixo da renovación pedagóxica cuxo máximo expoñente é Rousseau (Corredor, 1989). Con estas novas ideas o xoguete avanza cara a súa industrialización ao longo de toda Europa, sendo na península Ibérica o lugar no que máis se tarda en asumir os novos avances que se producen no continente. Deste xeito os xoguetes populares manteñen a súa vixencia, como o recolle Goya en diferentes obras como *O pelele*, *Nenos xogando ao balancín*, etc. Mentres que nas clases altas os xoguetes son cada vez máis caros, elegantes, e con novos materiais como o latón das casas de bonecas.

Será no século XIX e no XX cando o xoguete pase a ser obxecto da industrialización masiva e o xoguete popular experimentará un paulatino retroceso, en favor das novidades que se producen nas fábricas principalmente de Alemaña (Hamlin & Arbor, 2007). No Estado a industria do xoguete aparece en Cataluña a finais do século XIX, onde se construíría a primeira fábrica especializada, xurdirán máis a principios do século seguinte en Alacant (Payá, 2011b). Os soldadiños de chumbo, os xoguetes de latón en miniatura, os novos autómatas que xa introduciran os musulmáns séculos atrás (Corredor, 1989).

En definitiva, a aplicación dos avances científicos aos xoguetes que nos relata Fraser (1972), supón unha nova transformación da concepción do xoguete nestes dous séculos. Será, a finais do século XX e principios do XXI, cando outra nova evolución se produce, coa aparición dos primeiros ordenadores e dos videoxogos como o arcanoid, os comecocos, entre outros, que posteriormente irán evolucionando para ser presentadas en formato portátil e que permitirán poder usar os videoxogos en calquera lugar e momento e mesmo xogar cos propios movementos do corpo manexando os bonecos na pantalla como acontece en dispositivos como a Nintendo Wii.

No caso galego o xoguete popular non foi unha excepción a esta evolución histórica, por iso recollemos a división temporal de Chaves (2011) no relativo á convivencia do xoguete popular co xoguete industrial, durante o século XX. O autor establece unha primeira división temporal que vai desde o 1901 ao 1955. Nesta etapa o xoguete popular comeza a convivir cos xoguetes industriais época esta na que comezan a aparecer algunha fábrica coma a de Riché, que se asentaba na Coruña. O seguinte período estaría comprendido entre 1956 e 1975. Neste tempo o xoguete popular aínda mantén a súa vixencia malia que exista o xoguete industrial, acaparando cada vez maior presenza na vida lúdica galega. Establece o autor un terceiro período comprendido entre o ano 1976 e 2000: o xoguete popular desaparece case por completo e o industrial predomina nos fogares.

O ser humano foi capaz de fabricar diferentes xoguetes segundo o contexto cultural e xeográfico no que se atope, deste xeito o xoguete foi creado atendendo aos valores culturais da sociedade e dos recursos dos que se dispoñía. Estes xoguetes deben responder ás necesidades das crianzas, do xogo e dos xogadores, xa que segundo a

teoría do arousal “as crianzas prefiren xogar con obxectos cando estes obxectos son novidosos ou complexos, sensibles ás propias accións dos nenos con eles e lles permiten resolver problemas” (Ellis, & Scholtz. Como se citou en Sutton-Smith, 1986, p. 123). Polo tanto, un xoguete que non resolve as demandas dos seus destinatarios deixa de ser material de xogo para converterse en material decorativo ou inútil para o neno.

Os xoguetes e materiais empregados para o xogo posúen diferentes significados e valores en función do contexto cultural no que se atopan. O xoguete foi en moitas sociedades primitivas considerado en ocasións como algo máxico e místico polos adultos, e ao mesmo tempo era usado para xogar polas crianzas (Sutton-Smith, 1986). Adquiren un valor simbólico a través da imaxinación das persoas e do significado que estas lle dan aos diferentes obxectos que empregan as culturas como xoguetes. Como se explicaría que un pichorro de millo, poida ser transformado nunha boneca con só alterar a orde dos elementos que o compoñen? Ou que unha lata cunha corda atada sexa un animal de compañía? Non poderíamos facelo senón tivésemos a capacidade para proxectar sobre o pichorro ou a lata a idea de que pode ser algo máis do que realmente é, podendo deste xeito xogar a arrolar a boneca ou pasear o can. Ademais poden ser obxectos considerados como mercadoría: cando xogamos ás bolas queremos gañar, pero ademais de gañar queremos obter o maior número delas para completar a nosa colección, ou no xogo das palletas queremos ter o maior número de cartas do rival, polo que o xogo implica que o material co que se xoga non é so xoguete senón unha mercadoría coa que xogamos. Así mesmo hai que engadir o valor artístico que posúe o xoguete, que na súa evolución acaba por convertese en verdadeira obra técnica e artística, que os converten en obxectos de contemplación e admiración. Os xoguetes recollen toda a sabedoría e habilidade do artesán e recolle a tradición artística dunha cultura (Medrano de Luna, 2012, 2013).

Os materiais nos xogos populares tiveron unha relación directa cos traballos ligados a mundo rural (Cabral, 1998; Elkonin, 2003; Veiga, 1998). Estes labores foron fonte de inspiración para reciclar os materiais e empregalos para darlles novos usos.

A sociedade presenta aos nenos a necesidade de aprender o manexo dos útiles de traballo máis necesarios coa destreza que se require para o futuro cazador, gandeiro, pastor ou agricultor, e iso dá lugar a todo un sistema de exercicios.

Precisamente sobre esta base xorde o espírito que anima ás competicións de diversos tipos (Elkonin, 2003, p. 60).

Cando o primeiro ferreiro deseñou as ferraduras para que as bestas puidesen camiñar con maior seguridade, non pensaba en que estas se fosen dar orixe ao xogo das ferraduras. Ou os sacos de quintal que se enchían despois de apañar as patacas. Tampouco foron pensados para que raparigas e raparigos os enfundasen e se puxeran a choutar as carreiras. Isto confirma o feito de que unha das primeiras orixes que teñen os xoguetes e materiais de xogo están asociadas aos traballos da sociedade na que nacen, no caso da sociedade galega tradicional, tiveron a súa inspiración nos traballos do rural fosen no interior ou na costa.

Os materiais dos enredos populares estiveron historicamente ligados ao medio natural e á contorna. Esta supuxo a maior fonte de inspiración, tanto para explorar como para obter os elementos necesarios para crear os xoguetes e enredos que posteriormente se empregarían nos xogos populares. Basta con lembrar algúns dos xogos recollía Risco (1957, 1962). Grazas á natureza, a esta relación coa contorna, as crianzas aprendían a saber o que eran os bilitroques e xogar a estalalos, a elaborar colares de flores e de bugallos, a facer barcanas de area para navegar sen navegar, a ir aos grilos ou aos lagartos, a recoñecer qué madeira era a idónea para construír uns arcos, frechas e mesmo unha billa. A contorna supuxo un dos mellores estímulos para o xogo popular e os enredos das cativas e cativos, facendo que a relación entre o ser humano e a natureza fose dunha constante vivencia lúdica a través dos elementos que esta facilitaba. Por esta razón debemos falar dunha transformación lúdica da natureza (Cortizas, 2007).

Esta modificación dos elementos da contorna responde ás necesidades lúdicas das crianzas. Cortizas (2007) fálanos de cinco tipos de transformación da natureza e da contorna, que son: a transformación funcional, aquela non precisa modificar nada do elemento natural para xogar; a transformación imitativa que modifica elementos naturais para construír trebellos que imitan a outros obxectos xa coñecidos; a transformación creadora, aquela na que se crean novos xoguetes a partir de materiais da contorna; a transformación tecnolóxica, nesta os materiais da natureza son convertidos en enredos que son froito en moitos casos da mestura de elementos naturais con manufacturados; e a transformación incorpórea ou fantástica considerando calquera elemento real ou ficticio como fonte de goce e pracer.

A relación coa contorna ten tamén unha compoñente estacional, xa que para obter os materiais de construción dos xoguetes é preciso ter determinados elementos que non están dispoñibles en todas as estacións do ano. Así coa fin do verán co millo florecido, temos as bonecas de millo; coa chegada do outono no magosto están os colares de castañas e as buxainas; no inverno os xogos coa neve nas zonas que disfrutan dela; e xa na primavera os colares de flores, ou os bilitroques. De cada estación do ano poderíamos recoller en cada cultura distintos elementos que darían lugar a distintos xoguetes e enredos.

O catálogo de materiais e de xoguetes reflicten a modo de espello o nivel de evolución tecnolóxica dunha sociedade. Estes enredos e xoguetes son froito da creatividade, evolución e adaptación tecnolóxica que o ser humano soubo dar aos materiais que tiña ao seu alcance. A evolución social e tecnolóxica que experimentou o ser humano, tivo a súa repercusión en moitos dos materiais empregados para construír xoguetes tanto no seu deseño como na súa realización e no uso destes das diferentes xeracións (Sandberg & Vuorinen, 2008). Se antes da revolución industrial a sociedade dependía do bo labor dos artesáns, familiares, ou amigos mañosos para realizar as buxainas, na actualidade estas son producidas en masa en materiais sintéticos como os plásticos ou nobres como a madeira. Froito desta evolución tecnolóxica nacen novas representacións dos xogos populares e dos xoguetes empregados, que no futuro próximo, permitiranos combinar os xogos populares coas novas tecnoloxías virtuais do xogo (Anónimo, 2011), o que nos levaría un paso máis na evolución dos xogos populares e os seus materiais, chegando a estar presentes no mundo lúdico da pantalla, algo completamente impensable hai unhas décadas.

Os xoguetes e os materiais empregados nos xogos populares supoñen un elemento fundamental á hora de educar ás crianzas. Os xoguetes populares son fonte de creatividade, imaxinación e habelencias físicas que permiten o desenvolvemento na infancia e mocidade tanto a nivel cognitivo (Smirnova, 2011), como social e físico. Esta tipoloxía de enredos e xoguetes populares que foron eminentemente sociais, permitiron durante milleiros de anos que distintas xeracións transmitisen os seus coñecementos dunhas a outras.

Como nos recorda Sutton-Smith (1986), no decorrer da historia a natureza do xogo foi xogar con outros, non xogar cos xoguetes como acontece agora, consecuencia da atomización e illamento do neno na sociedade moderna. Os xoguetes como espello da sociedade, son polo tanto a herdanza cultural de usos, hábitos e valores das xeracións pasadas e dos pobos nos que se desenvolveron. Asemade son unha vía de comunicación coa cultura e coa sociedade que rodea ás crianzas e contribúen a unha mellor relación coa contorna. Deste xeito, mentres nas “sociedades rurais existe unha interrelación continuada entre a herdanza cultural e a riqueza dos xogos e xoguetes dos nenos. Non existe unha división clara entre o folclore dos adultos e o dos nenos” (Chanan & Francis, 1984, p. 88). Na actualidade cunha sociedade moderna industrializada e tecnolóxica, cada vez menos rural e moito máis urbana mesmo no rural, a división da cultura infantil e adulta é máis profunda que nas sociedades do pasado.

Froito desta evolución social o xoguete adquire novos matices en función dos contextos nos que observamos os xoguetes. Así Sutton-Smith (1986) presenta catro contextos nos que os xoguetes teñen unha connotacións totalmente diferentes. Estes contextos son o familiar, o tecnolóxico-científico, o educativo e o mercantil.

No contexto familiar os xoguetes empréganse como unha forma de estreitar os lazos familiares, pero ao mesmo tempo para que as crianzas xoguen en solitario, como consecuencia dun ritmo de vida no que as novas xeracións pasan menos tempo cos seis proxenitores. Os xoguetes son considerados como formas de agasallos ou de consolación para recoñecer determinadas festividade familiares e colectivas buscando unha ligazón emotiva coas crianzas, aínda que posteriormente elas teñan que xogar en soidade.

O contexto tecnolóxico-científico contempla os xoguetes como ferramentas que poden axudar ao desenvolvemento das crianzas en aspectos como a concentración, xa que requiren estar focalizados na acción plenamente; a estimulación da agudeza visual e a sonora, primeiro porque obrigan ao xogador a estar atento aos posibles cambios e estímulos que se producen na pantalla e aos distintos sons que se producen nos mesmos; asemade precisan dunha resposta motora rápida, xa que demandan a coordinación de diferentes accións dun xeito rápido; tamén esixen o desenvolvemento duns patróns perceptivos de aprendizaxe relativos á velocidade, o espazo, etc. Neste sentido son as

novas máquinas como as consolas, ordenadores, teléfonos móbiles de última xeracións, os que pertencen a este contexto.

Para o contexto educativo os xoguetes son algo fundamental para desenvolver distintas habilidades sociais, cognitivas e motrices grazas as posibilidades creativas e imaxinativas que estes lles ofrecen, outras veces supoñen un reto para as crianzas, que estes deben dominar para acadar o éxito, froito da insistencia e do progreso que os xoguetes lle permiten adquirir co seu uso. Os xoguetes son unha ferramenta que facilita establecer o xogo simbólico e favorece o desenvolvemento cognitivo. Así mesmo, o xoguete convértese en educativo cando é empregado para acadar algún obxectivo didáctico que vai máis alá do propio pracer que produce xogar con el. Un exemplo deste proceso son as iniciativas como as de Decroly e Monchamp (1986), que deseñaba xoguetes para lograr certos progresos en determinadas áreas do coñecemento, como a lingua ou as matemáticas.

Outro contexto é o mercantil que desde a industrialización do xoguete o valor comercial deste pouco ten que ver co que se manexaba antes de que a economía de mercado invadise definitivamente a vida infantil. Neste caso os xoguetes son considerados como novidades e modas que a través do entretemento televisivo, anuncios, etc, son introducidos nas vidas dos máis pequenos. Estes factores converten ao xoguete nun obxecto que se debate entre a concepción de elemento que serve como mecanismo para o control social, ou como unha cousa que ofrece unha oportunidade para que as crianzas evolucionen coas novidades ao igual que se produce noutros ámbitos. Dentro deste contexto o xoguete é un paso máis na inserción das novas xeracións na sociedade de consumo e no sistema capitalista, xa que o xoguete pasa a ser unha posesión máis, como o poidan ser uns calcetíns. Ademais neste contexto o carácter artesán dos xoguetes é substituído pola produción en masa que busca un maior beneficio de explotación económica do xoguete.

Sabemos que a sociedade ten mudado moito no século XX e no inicio do XXI, de aí que a percepción do xoguete teña evolucionado paralelamente. Segundo a sociedade na que se crea o xoguete, este é percibido como algo totalmente distinto e máis aínda cando establecemos a comparación entre sociedade rural e urbana.

Por isto, é tamén distinta a reacción ante o xoguete: o cidadán sinte curiosidade de saber como é, tende a desfácelo para analízalo. O labrego non sinte esa necesidade e límitase a utilizalo unha vez confeccionado. É máis; moitas veces o pracer que lle proporciona o xoguete reside na súa confección, e, unha vez rematado, límitase a regalárllo a outro neno máis pequeno, actuando así o seu autor de persoa maior (Lourenzo, 1992, p. 11).

O etnógrafo galego establece a división entre as crianzas do rural e do urbano e das necesidades que espertan nelas os xoguetes segundo sexa a súa orixe. Neste caso, cómpre dicir que na actualidade o rural galego pouco se parece ao dunhas décadas atrás. Os xoguetes populares das xeracións pasadas non son os mesmos que na actualidade empregan as crianzas nos pobos e vilas do rural. Elementos como a billarda, os quebranoces, os colares de bugallos, a porca, as zoadeiras, os barquiños de noces, etc, teñen desaparecido do imaxinario das novas xeracións galegas. Feito este que é confirmado con obras de recompilación sobre o xoguete popular galego como *Tastarabás* (Cortizas, 2013), ou *Os xoguetes esquecidos* (López & García, 2002), que buscan a posta en valor dos xoguetes populares. Comprobamos como o título da segunda obra, vén confirmar o feito de que na actualidade os xoguetes populares galegos son practicamente descoñecidos polas novas xeracións, e que permanecen no esquecemento da sociedade rural e urbana galega. Algo que non acontece noutras partes do mundo, como África, onde para moitos nenos a súa forma de vida está centrada na construción de xoguetes populares (Rodríguez, 2004) como medio de subsistencia e como factor de desenvolvemento socioeconómico. Noutras palabras:

Se algo non está vivo, non ten utilidade, pois a cultura dos pobos evoluciona. O pobo, tanto se é primitivo como se é avanzado, selecciona do medio ambiente o que considera útil para as súas propias necesidades. Así, se algo desaparece, isto significa que non serve ou, alternativamente, que foi destruído por unha influencia externa. De ser así, é preciso que repasemos que o destruíu e por que, e voltar a utilizalo. Porén, se esa morte ou desaparición foi natural, se non ten utilidade ante as novas necesidades da sociedade, non ten obxecto recrear exactamente o mesmo modelo. Pódense tomar algunhas ideas, algunha inspiración, por exemplo, para crear cousas en lugar de mercaldas. Isto é algo

fundamental que aprendemos do pasado: nosos antepasados non esperaban xoguetes nin os mercaban (Chanan & Francis, 1984, p. 28).

Esta afirmación lévanos a reflexionar sobre a necesidade de retomar aquilo que é positivo para o desenvolvemento da sociedade, como poden ser os xoguetes populares (outrora os únicos xoguetes útiles), e que na actualidade permanecen en gran medida no esquecemento. Deberían ser recuperados para a infancia e mocidade actual, xa non por unha cuestión romántica que nos faga reivindicar os xoguetes dos xogos populares, senón por cuestións educativas, culturais e medioambientais, que permitan ás novas xeracións valorar a importancia dun xoguete, que non só serve para xogar, xa que a construción dos mesmos pode favorecer o coñecemento da natureza e dos seus recursos, e que asemade favorece o desenvolvemento cognitivo, afectivo, emocional e motriz das crianzas. Tornándose este xoguete popular ante os ollos da sociedade en algo máis necesario do que nun principio se puidera imaxinar.

No marco desta investigación describiremos como foi a relación das xeracións máis vellas cos materiais de xogo. Queremos recoller a orixe dos materiais que empregaban para xogar, para comprobar se realmente existía unha relación coa contorna para obter os materiais, ao longo das diferentes xeracións. Trataremos de analizar como se relacionan as novas xeracións cos materiais de xogo e se existen coincidencias coas adultas. Para completar este tema, estúdase como se enfoca o tema dos materiais e xoguetes populares dentro do contexto escolar, porque nos parece pertinente coñecer se dentro das escolas son empregados como unha ferramenta para xogar, ou se ademais os perciben como un contido ou unha parte do xogos populares que debe ter unha atención especial.

Neste punto damos por finalizado o marco teórico. Nel no primeiro capítulo fixemos unha concisa aproximación ao fenómeno de xeito xeral achegando unha breve definición sobre o xogo, e considerándoo como algo intimamente ligado ao máis fondo da nosa condición de seres vivos sociables. Neste mesmo apartado facémonos eco das retóricas do xogo (Sutton-Smith, 1997) que nos aproximan ao fenómeno considerándoo como unha manifestación variable e que pode ser explorada desde distintos enfoques teóricos sen a necesidade dunha hexemonía dun sobre outro. Para finalizar este primeiro capítulo presentamos a aclaración terminolóxica sobre o termo xogo popular e a razón

pola que o empregamos nesta etnografía. Ademais facemos un percorrido por aqueles estudos relacionados cos xogos populares desde distintas perspectivas.

No segundo capítulo focalizamos a nosa atención no xogo desde unha perspectiva antropolóxica e cultural. Realizamos unha revisión dalgúns dos autores e enfoques máis relevantes pasando polos primeiros antropólogos americanos e a visión difusionista do tema. Recollemos tamén o expresado por Huizinga (1995) coa súa consideración do ser humano como *Homo Ludens* e as achegas de Caillois (2001) coa súa clásica taxonomía. Posteriormente analizamos as obras dos novos protagonistas da antropoloxía como Roberts et al (1959); Norbeck (1974) ou Blanchard e Cheska (1986) e as súas visións neo evolucionista. Completamos estas visións coas achegas dos enfoques psicolóxico-antropolóxico de Elkonin (2003) e Sutton-Smith coa súa basta obra, o estruturalismo-praxiolóxico de Levi-Strauss (1964; 1973) e Parlebas (2002b; 2002c) e o simbolismo cultural de Geertz (20003) e Azoy (2010). Neste capítulo tamén achegamos información sobre as posibles orixes dos xogos populares e os seus elementos máis característicos. Finalizamos este apartado explicando os procesos de transmisión e conservación polos que atravesamos o xogo popular a súa consideración como tradición viva e morta.

O terceiro capítulo está centrado na presenza dos xogos populares no contexto educativo con especial atención ao currículo oficial galego da EF. Nel facemos un pequeno repaso polas distintas etapas históricas do sistema educativo. Comezamos cunha pequena abordaxe ao xogo popular desde a Institución Libre de Enseñanza, como gran valedora da posta en valor deste patrimonio lúdico nas clases. Posteriormente recollemos o encaixe do xogo popular no período da ditadura fascista. Para facelo tomamos como referencia o estudo de Pastor (2005), centrando o noso interese na área de EF. A terceira parte deste capítulo engloba a análise do currículo oficial galego das tres leis educativas de maior vixencia na democracia como LOXSE, LOE e LOMCE, nelas focalizámonos exclusivamente na área de EF e o papel curricular do xogo popular, que o complementamos con aquelas alusións á cultura galega noutras áreas.

No derradeiro capítulo do marco teórico expoñemos algúns elementos socioculturais que están asociados de maneira directa aos xogos populares como son o xénero, os valores/antivalores, a contorna e os materiais de xogo. Con este apartado

queremos poñer en valor estes elementos e a importancia que posúen dentro dos xogos populares. Achégamonos ao xénero e as diferentes tendencias que existen dunha cultura a outra no relativo aos xogos populares de nenas e de nenos, expoñendo a gran variedade de xogos galegos de carácter mixto. Por outra parte expoñemos a potencialidade destes xogos para transmitir determinados valores e tamén algún que outro antivalor, tratando de fuxir dunha visión esencialista dos xogos populares. Outro punto ao que lle prestamos gran atención é a contorna e a súa influencia no xogo popular e a importancia da práctica destes xogos nos espazos orixinarios destes e os posibles beneficios cognitivos, sociais e físicos que a práctica dos xogos poden ter nas crianzas. O derradeiro punto sobre os materiais de xogo quere expoñer a importancia da adaptación dos xogos populares a todo tipo de materiais e ao papel que posúen os xoguetes populares.

ESTUDO EMPÍRICO

CAPÍTULO 5:DESENVOLVEMENTO METODOLÓXICO

- A etnografía e a metodoloxía cualitativa
- Desenvolvemento do traballo de campo
- Recollida de datos
- Análise dos datos
- Criterios de credibilidade

No estado actual da etnografía, cando aínda queda tanto camiño por trillar para futuras investigacións e para o establecemento do seu propio camiño de acción, é preciso que cada novo traballo xustifique a súa aparición respondendo a algúns puntos: debe achegar algunha innovación metodolóxica; debe aventaxar, tanto en profundidade como en extensión, o estado da investigación precedente, e por último, debe tratar de presentar os seus resultados de maneira exacta e sen que a exposición resulte aburrida (Malinowski, 1986, p. 14).

5. A ETNOGRAFÍA E A METODOLOXÍA CUALITATIVA

A metodoloxía cualitativa é “a investigación que produce datos descritivos: as propias das persoas, faladas ou escritas, e a conduta observable” (Taylor & Bogdan, 1992, p. 20). Con esta investigación queremos reivindicar a fortaleza da metodoloxía cualitativa como ferramenta de cambio social, en concreto da etnografía, que representa a base de gran parte da metodoloxía cualitativa e da investigación social (Denzin & Lincoln, 2000; Miles & Huberman, 1994).

A etnografía etimoloxicamente significa a descrición dos costumes, ritos, tradicións, ou calquera outra manifestación que teña no seo dunha comunidade, tribo, ou pobo. Esta metodoloxía ten as súas orixes nos estudos dos primeiros antropólogos, sendo Boas e Malinowski os considerados como pais da etnografía moderna (Nawrath, 2010). A estes pioneiros seguiulles a escola de Chicago cun grupo de numerosos sociólogos e antropólogos que conformaron a corrente máis potente da etnografía moderna (Jo Deegan, 2007). Esta escola será a orixe dunha variada tipoloxía de etnografías, que continúan renovándose con aproximacións como a etnografía crítica e a etnografía reflexiva.

A etnografía destaca por investigar as manifestacións culturais en comunidades, tomando como referencia a descrición e interpretación do que cada colectividade nos transmite. Para tratar de comprender todos os elementos da cultura do contexto, achegándose á busca do holismo (Díaz de Rada, 2003). Esta aproximación metodolóxica fundamenta os seus construtos na obtención de datos fenomenolóxicos, a través do uso de entrevistas, notas, observacións no contexto, fotografías, vídeos, etc para retratar a visión dos propios nativos. É principalmente un método indutivo, porque aínda que o investigador parte cunhas determinadas ideas, será o contexto e os datos obtidos neste o que determine as diferentes categorías relevantes para o estudo

Para lograr comprender o fenómeno de estudo a etnografía emprega a triangulación (Denzin, 1970), que supón o emprego de dúas ou máis teorías, métodos de investigación e fontes de datos, que sumado á perspectiva dos informantes permite reformular a obxectividade a través da intersubxetividade (Velasco & Díaz de Rada, 1997). Noutras palabras, descubrir as diferentes perspectivas das nativas/os, en torno a

un fenómeno concreto, combinando as descrições “etic” elaboradas polas nativas/os, xunto coas descrições “emic” procedentes das interpretacións e descrições realizadas polo etnógrafo.

A importancia e riqueza da etnografía reside na documentación do que non está documentado na realidade social (Rockwell, 2009). Tendo en conta isto a nosa etnografía de corte procesual (Boyle, 2003) aproxímase a un escenario rural, para esbozar un retrato da situación do xogo popular nun pequeno concello da Costa da Morte. Baixo este propósito e tendo en conta a diversidade de informantes na investigación, axudámonos do enfoque do “interaccionismo simbólico” (Blumer, 1981; Charmaz, 2014; Rock, 2007), que se preocupa polo significado que os propios protagonistas lle dan aos diferentes elementos que os rodean. Entroncándonos un pouco máis dentro deste enfoque, o noso estudo podería ser considerado como unha microetnografía (Spradley, 1980). Porque nos cinguimos a un contexto relativamente pequeno que non representa a ningunha macroestrutura social, que sumado á variedade de roles asumidos polo investigador durante a investigación favorece que nos achegemos a este enfoque (Angrosino, 2012). Así mesmo a nosa investigación podería ter a consideración de autoetnografía xa que nos centramos na nosa propia xente e cultura (Hayano como se citou en Axpe, 2003, p. 37). Desta forma colocamos ao propio investigador ao mesmo nivel que os informantes entrevistados, posicionando a acción deste en dous planos diferenenciados, etnógrafo e informante en diálogo co cultural e co social (Adams & Holman, 2008).

Seguindo o enfoque interaccionista, a etnografía que presentamos non parte dunha planificación pechada que indique que facer no campo en cada momento e lugar. Baseámonos nun deseño aberto (Maxwell, 2009) que nos ofrece a liberdade necesaria para movernos no campo e obter as informacións necesarias. Empregamos o proceso da mostraxe teórica (Glaser & Strauss, 1967) que nos facilita seleccionar, codificar e analizar conxuntamente os datos, para logo escoller onde recompilar a información que nos axude a desenvolver a teoría posterior. Este proceso está regulado polo emprego da “Grounded Theory”²⁶ (Glaser & Strauss, 1967). A recollida e análise dos datos prodúcese dun xeito acompasado e simultáneo (Rockwell, 1987) que nos axuda a

²⁶ Traducido ao galego Teoría Fundamentalada ou Teoría emerxente.

adaptarnos aos escenarios e informantes a través do principio de selección gradual (Patton, 1990) e o criterio de conveniencia (Patton, 1990), que nos facilitan a accesibilidade ás diferentes fontes de información.

Para a recollida da información empregamos as entrevistas, observación participante, informe autobiográfico e a narración fotográfica. Todo está debidamente documentado e xustificado de cara a garantir a credibilidade da investigación. A análise dos datos defínese por diferentes fases e tipos de codificación dos datos (Charmaz, 2014; Miles, Huberman, & Saldaña, 2014; Miles & Huberman, 1994; Saldaña, 2009), que nos permite elaborar distintas categorías orientadas a reflectir como os informantes perciben ao xogo popular desde a súa perspectiva no marco da comunidade. A presentación dos resultados está marcada pola presenza de elementos non narrativos como os mapas/redes conceptuais e as matrices [apéndice 4; 5], xunto cun informe descritivo [apéndice, 7] e outro de corte máis interpretativo, todo isto está orientado a conseguir a maior credibilidade posible no estudo.

A continuación pasaremos a detallar o proceso metodolóxico da investigación que está estruturado en diferentes bloques: temporalización da investigación, entrada no campo, recollida de datos, análise dos datos, criterios de credibilidade, debilidades e fortalezas, presentación de achádegos, conclusións e futuras liñas de investigación.

5. 1 DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO DE CAMPO

5. 1. 1. TEMPORALIZACIÓN

A continuación presentamos o cronograma de accións desenvolvidas no estudo. Neste cronograma inserimos un estudo exploratorio no ano 2010 que se corresponde co traballo de fin de mestrado, como aproximación inicial ao fenómeno do estudo. Despois expoñemos os anos sucesivos de traballo e as diferentes accións levadas adiante en cada ano. En total presentamos 4 anos de traballo de investigación.

Táboa 20. Cronograma Investigación

Cronograma de accións

<i>Anos</i>	<i>Accións desenvolvidas</i>
2010	Estudo piloto
2011	Estadía no campo, realización entrevistas e gravacións, transcripción entrevistas e gravacións, análise de datos, devolución entrevistas
2012	Estadía no campo, realización entrevistas e gravacións, transcripcións entrevistas e gravacións, análise datos, devolución entrevistas
2013	Análise datos Atlas.ti
2014	Análise datos Atlas ti, redacción informes de resultados

5. 1. 2. ENTRADA NO CAMPO

O acceso ao campo realizámolo de maneira progresiva, segundo obtiñamos a información dos informantes e enfocando a recollida dos datos. As dúbidas iniciais á hora de seleccionar os informantes xunto cos perfís que estes deberían ter, obrigábanos a non establecer criterios ríxidos que nos limitaran a liberdade para manobrar nos diferentes escenarios da investigación.

Unha das cuestións que nos preocupaba era o feito de que o investigador tivese lazos persoais co escenario, xa que tamén podería considerarse como nativo. Por este motivo tivemos que tratar ao escenario partindo da idea do antropoloxicamente estraño (Hammersley & Atkinson, 1994). Tamén chamado estrañamento (Velasco & Díaz de Rada, 1997) no que “o etnógrafo debe estar intelectualmente suspendido entre a “familiaridade e o estrañamento, mentres que o seu papel oscila entre o amigo e o estraño” (Hammersley & Atkinson, 1994, p. 130).

Para lograr este distanciamento e aproximación ao campo, adoptamos diversos roles que nos posibilitaron manter unha distancia cos informantes que iamos a entrevistar e observar, para que nos facilitase manter certa perspectiva do fenómeno a investigar. Isto conseguímollo tratando de ter o menor contacto posible cos participantes que entrevistabamos adoptando un rol de estraño visitante (Flick, 2004). Porén para realizar as observacións e determinadas entrevistas pasamos a ter un rol de estraño

iniciado (Flick, 2004), que nos levaba a manter unha actitude máis activa nos escenarios e cos informantes para obter a información necesaria.

Para manter o primeiro rol establecemos un máximo de tres contactos para realizar as entrevistas. Isto produciuse fundamentalmente nos casos das nativas/os, xa que fixemos unha aproximación para contactar e presentarlles a posibilidade de colaborar nunha investigación, o segundo para a realización da entrevista e o terceiro para a devolución da mesma, agás no caso dos participante N4²⁷ co que a relación era de maior confianza e tivemos maior contacto. Neste caso concreto poderíamos mesmo falar do chamado porteiro (Hammersley & Atkinson, 1994), que nos abre o acceso ao campo. Aínda que este informante non formase parte de ningunha institución coas que tratamos na investigación, si que nos achegou datos de gran valor para seleccionar posibles participantes e información constante durante os diferentes momentos da investigación. Nos casos dos informantes N5, DP1, DP2, DP3²⁸, tivemos un maior contacto debido a que eran informantes que precisaban dunha maior atención por parte do investigador, xa que grazas a estes tiñamos un mellor acceso aos diferentes escenarios nos que tivemos que movernos. Dado que o acceso pasaba por manter un maior interese e consideración sobre eles.

A investigación precisaba que os informantes cumprisen cuns requisitos biográficos e cronolóxicos que nos facilitasen diferentes visións desde momentos temporais distintos. Para acceder aos informantes optamos por establecer acordos verbais (Stake, 1998). Deste xeito, tanto o investigador como os entrevistados tiñan unha maior liberdade e o establecemento do rapport (Gúber, 2004; Taylor & Bogdan, 1992) era máis sinxelo de acadar. Soamente no caso das entrevistas aos estudantes N10, dentro dun centro educativo precisou dunha carta de presentación, que foi entregada á directora do instituto para que nos permitise acceder aos adolescentes en horario lectivo.

No caso dos escenarios nos que se realizaron as observacións, debemos diferenciar dous tipos de contextos: os centros educativos e os lugares públicos. Como xa comentamos anteriormente o acceso aos centros educativos foi realizado a través de

²⁷ Na táboa 18 da páxina 202 están recollidos todos os perfís dos entrevistados

²⁸ Na táboa 18 da páxina 202 están recollidos todos os perfís dos informantes entrevistados na investigación

acordos verbais (Stake, 1998). Grazas a estes puidemos filmar nos patios escolares durante unha semana no centro educativo A, mentres que no centro educativo B, estivemos 4 días no recreo e tamén asistimos a 5 clases de EF neste centro. Os outros escenarios observados foron espazos públicos polo que non tivemos que negociar o acceso a estes.

5. 1. 3 SELECCIÓN DAS FONTES DE INFORMACIÓN

5. 1. 3. 1. SELECCIÓN DOS INFORMANTES

A investigación realizou un varrido cronolóxico xeracional que nos permitiu retratar o rol dos xogos populares nos diferentes espazos temporais, situados entre a década dos anos 30 ata o momento actual, mantendo deste xeito unha perspectiva diacrónica sobre o fenómeno estudado. Os informantes debían ter distintos perfís cronolóxicos, profesionais e diferente xénero, para que nos achegasen puntos de vista diversos que nos permitisen contrastar as informacións obtidas. O número de entrevistados non estivo marcado por unha decisión previa á realización das entrevistas. Acadamos o número final de entrevistados logo de que a densidade dos datos obtidos nos posibilitase o final da selección de informantes.

A selección dos participantes non foi unha cuestión doada, xa que a limitación dos recursos humanos e materiais, dificultaba que puidésemos dispoñer de moitos medios para visitas ao campo pouco proveitosas. Para realizar a mostraxe teórica (Glaser & Strauss, 1967), e obter a información precisa, decidimos atendendo á dispoñibilidade dos recursos cos que contabamos, e aos criterios que debían cumprir os informantes, apoiarnos no principio de selección gradual (Flick, 2004). Isto permitiríanos ter a capacidade para variar a selección dos informantes, non só en función da dispoñibilidade dos recursos, senón tamén segundo a información que obtiñamos a medida que a investigación avanzaba. Para logralo aplicamos o criterio de conveniencia (Patton, 1990), que nos axudaba a axustarnos en cada momento tanto ás nosas necesidades como ás da investigación. Ademais deste criterio, empregamos o denominado criterio do caso crítico (Patton, 1990) ao seleccionar informantes que

posuían unhas características de idade, xénero, percorrido vital ou profesión con independencia de que estiveran relacionados co ámbito da EF.

Na investigación contamos coa participación de 26 informantes de diferentes idades. Esta selección posibilitounos facer un percorrido cronolóxico a través de diferentes xeracións. Aos informantes garantíuselles o seu anonimato na investigación, por iso empregamos códigos para identificalos. Optamos pola distinción entre informantes nativas/os e os que non o eran, aínda que existían participantes que levaban traballando no municipio moito tempo como no caso dos informantes DS1, DS2, DC1. Isto fíxonos dubidar á hora de identificar aos informantes, pero decidimos aplicar un criterio moi restritivo facendo fincapé en que fosen naturais da comunidade e que tivesen lazos familiares afondados nela. Seguindo este criterio identificamos aos informantes naturais do concello coa letra N, mentres que para os docentes empregamos a letra D. Polo tanto as nativas/os son identificados cun N seguido dun número que nos indica a orde cronolóxica biográfica dos informantes de maior a menor idade, sempre que a técnica para recoller os datos fose a entrevista.

Debemos sinalar a excepción nos nativos co informante N11, que malia corresponder a unha xeración previa á de N9 e N10, identificámolo como N11, debido a que a técnica para a recollida de datos foi un informe autobiográfico. Por esta razón aparece como aparte saltando a orde cronolóxica biolóxica das entrevistas. Outra aclaración correspóndese co código N10, que está ligado coas entrevistas dos escolares da ESO realizadas todas no mesmo día e analizadas en bloque por esta razón decidimos identificalas cun só código de identificación.

No caso dos docentes tamén engadimos as letras P, para indicar que se corresponde coa etapa de Educación Primaria (EP), é dicir un informante relacionado coa Educación Primaria está identificado como DP, xunto cun número que indica a orde en que foron entrevistados. Para a etapa de Educación Secundaria empregamos a S, seguida do número tamén, é dicir DS seguida do número en función da orde en que realizamos a entrevista. No caso dos docentes sinalar o caso daqueles ligados á actividade municipal que nesta ocasión, estarán identificados coa letra C, neste caso sería DC e o número correspondente. No caso de que calquera dos educadores en activo fose nativo sempre está identificado coa letra N ao principio.

A seguinte táboa que presentamos recolle a todos os informantes que participaron na investigación, as nativas/os aparecen clasificados segundo a técnica empregada para recoller os datos e seguindo a orde cronolóxica xeracional dos mesmos, agás o caso N11 que aparece despois ao ser outro tipo de técnica a empregada na recollida de datos de aí que apareza ao final da columna das nativas/os. Asemade, acompañamos na táboa unha columna na que se indica a xeración á que pertence cada informante no caso das nativas/os.

Queremos indicar que nos casos dos informantes N5-N8, N4-N11 son familia directa polo que se recolle o salto xeracional dunha maneira moi clara, este feito achega á investigación maior riqueza no tipo de perfís dos entrevistados e unha mellor perspectiva sobre os salto xeracional nos xogos populares. O caso do informante NDC2 aparece na columna das nativa/o, porque malia ser un profesional relacionado coa EF é natural da comunidade de aí que apareza coas nativa/o. Debemos engadir que presentamos na táboa os perfís profesionais de cada un dos informantes que participaron na investigación. Aclarar que ás entrevistas efectuadas persoalmente, sumamos unha entrevista publicada no xornal educativo Cartafol (Insua, 2011) [apéndice 1] que sería analizada do mesmo xeito que o resto das entrevistas. Neste documento un membro do equipo docente do centro educativo B presentaba información relacionada coa nosa investigación, por esta razón a analizamos e presentamos a entrevista na investigación.

Na páxina seguinte dispoñemos unha táboa resumo na que se recollen todos os perfís dos informantes, número de entrevistados, o tipo de entrevista realizada, e a clasificación por grupos dos informantes.

Táboa 21. Clasificación perfís informantes.

<i>Informantes</i>	<i>Perfil</i>	<i>Código</i>	<i>Profesión</i>	<i>Xeración</i>	<i>Entrevista</i>	<i>Nº</i>
19	Nativa/o	N1	Mariñeiro Xubilado	Avó	Etnográfica	1
		N2	Ama de casa Xubilada	Avoa	Etnográfica	1
		N3	Mariñeiro	Pai	Etnográfica	1
		N4	Xardineira	Nai	Etnográfica	1
		N5	Bibliotecaria	Nai	Etnográfica	1
		N6	Profesor Universitario	Pai	Etnográfica	1
		NDC2	Técnico deportes	Pai	Etnográfica	1
		N7	Licenciado INEF	Fillo	Etnográfica	1
		N8	Mestre Primaria nativo	Fillo	Etnográfica	1
		N9	Nena estudante	Neta	Semiestruturada	1
		N10	Nenas e Nenos estudantes	Netas/os	Semiestruturada	4
7	Non nativa/o	N11	Investigador	Fillo	Autobiografía	1
		DP1	Mestra E.F. Primaria		Etnográfica	1
		DP2	Mestre E.F. Primaria		Etnográfica	1
		DP3	2 Mestras Primaria		Semiestruturada	1
		DS1	Profesor E.F. ESO		Etnográfica	1
		DS2	Profesor E.F. ESO		Etnográfica	1
		DC1	Monitora deportes		Etnográfica	1
Total: 26			Total: 21			

5. 1. 3. 2. SELECCIÓN DOS ESPAZOS DE OBSERVACIÓN

A estancia no campo en distintos momentos temporais axudounos a completar as fontes orais, con observacións e filmacións de escenas da vida cotiá en distintos escenarios. Para realizar as observacións nos espazos públicos da praia e o porto apoiámonos tamén no criterio de caso crítico (Patton, 1990). Xa que a medida que analizabamos as primeiras entrevistas, estes aparecían como lugares de gran importancia nas experiencias vitais presentadas polos informantes. Por esta razón decidimos aproximarnos a estes contextos para obter datos visuais que nos permitisen caracterizar o papel que posúen na actualidade.

A nosa pescuda tamén se aproxima aos contextos escolares xa que necesitabamos explorar o significado do xogo popular na área de EF. Neste caso puidemos gravar nos centros educativos de Educación Primaria da comunidade que amablemente nos abriron as súas portas grazas á predisposición dalgúns dos seus docentes. Para realizar as observacións nos centros educativos que nos abriron as portas empregamos o criterio de conveniencia (Patton, 1990), xa que tivemos que adaptarnos aos momentos temporais da investigación e da dispoñibilidade dos centros escolares.

5. 1. 3. 3. SELECCIÓN DOS DOCUMENTOS FOTOGRÁFICOS

O tema da escolla das fotografías, xurde da necesidade de apoiar os datos orais e proporcionar unha maior credibilidade ao relato dos informantes. A selección dos documentos fotográficos está determinada pola relevancia destes nos testemuños dos informantes. Ademais o acceso a parte das imaxes empregadas é público en formato papel na biblioteca do concello. As copias dixitais que se presentan na investigación foron obtidas grazas ao rapport establecido cunha das informantes que nos facilitou obter estas imaxes en formato TIFF e JPG. Esta circunstancia simplificou o posterior traballo, porque se as imaxes antigas que se presentan na investigación non estivesen en formato dixital, sería complexo que nos permitisen facer copias dixitais das fotografías fóra do arquivo municipal.

En relación ás fotografías empregadas na análise dos espazos [apéndice 8], unha gran parte do fondo do arquivo foi doado casualmente pola informante N2, algo do que fomos informados pola mesma participante na investigación. O resto das fotografías empregadas na investigación non só proceden dos arquivos municipais, unhas son realizadas polo propio investigador, outras obtidas a través da aplicación informática Sigpac que nos permitía realizar copias centais de espazos concretos, e outras imaxes recollidas dos blogs dos centros escolares que visitamos durante a investigación.

5. 2. RECOLLIDA DE DATOS

A obtención dos datos para desenvolver a investigación estivo marcada polo uso de diferentes técnicas e procesos, todos eles encamiñados a lograr a maior credibilidade (Goetz & LeCompte, 1998) a través de triangulación de técnicas (Hammersley & Atkinson, 1994), no proceso de recollida de datos. No estudo empregamos as entrevistas, un informe autobiográfico, observación participante e documentos fotográficos. Todo isto permite ter unha ampla variedade de fontes de datos que nos achega unha maior riqueza de matices á hora do contro cruzado dos datos e fornecer as interpretacións posteriores.

5. 2. 1. ENTREVISTAS

A entrevista é unha das técnicas máis empregadas e aceptadas na etnografía. Cando nos plantexamos o uso das entrevistas foi unha cuestión que nun primeiro momento esixiu de certa reflexión e preparación de documentos previos que servisen para aproximarnos ao fenómeno de estudo, como para garantir a fiabilidade.

O primeiro paso para as entrevistas foi a realización dunha ficha, que nos permitise rexistrar datos sobre os informantes que participaban, e no caso de que se producise algunha anomalía, incidencia ou aclaración durante o desenvolvemento das entrevistas tivésemos unha ferramenta na que explicar o acontecido durante o desenvolvemento das mesmas. A continuación, presentamos un exemplo do tipo de ficha elaborada para cada unha das entrevistas.

FICHA DE REXISTRO

Data da entrevista:

Lugar:

Duración:

Entrevistador:

Identificador para o entrevistado:

Xénero do entrevistado:

Idade:

Profesión:

Campo profesional:

Educado en:

Filios:

Peculiaridades da entrevista:

Figura 6. Modelo de ficha de rexistro adaptada de Flick (2004, p. 188)

O seguinte paso foi a composición dos guións das entrevistas, estes permitiron focalizarnos en diferentes temas e informantes, por iso adaptamos os guións en función do interlocutor ao que iamos entrevistar. Desta forma depuramos os guións das entrevistas e as preguntas que iamos formular aos participantes. Como consecuencia, redactamos tres guións diferentes en función do perfil da persoa que iamos entrevistar. Tiñamos un guión máis sinxelo e cun menor número de preguntas para as nativas/os [apéndice 1.4.1], que adaptabamos en función do informante entrevistado; os seguintes guións realizados foron para os profesionais da educación que estaban traballando no ámbito educativo desde diferentes perspectivas, por esta razón adaptamos os guións á realidade coa que estaban familiarizados [apéndice 1.4]

Os guións das entrevistas [apéndice 1.4] estiveron estruturados en diferentes bloques temáticos, o que nos permitía movernos duns temas a outros, facilitando o proceso de comunicación e diálogo cos informantes. Desta maneira as preguntas eran de tres tipos: introdutorias, temáticas e valoracións persoais (Kvale, 2011). As entrevistas móvense ao redor do eixo biográfico (Valles, 2007), en dúas dimensións pasado e presente (Valles, 2007), da vida dos nosos informantes, isto nos permitiu esbozar un

trazo temporal ao longo das distintas xeracións entrevistadas, a nivel individual e colectivo.

5. 2. 1. 1. TIPOS DE ENTREVISTAS

A investigación tivo que valerse de diferentes tipos de entrevistas para recompilar a información necesaria, e dar resposta ás diferentes sensibilidades e perfís que se recollen no estudo. Por esta razón empregamos o formato das entrevistas etnográficas (Gúber, 2001; Spradley, 1979), e semiestruturadas (Báez, 2009), para adaptarnos aos informantes. Estes formatos de entrevista permitíronnos gozar dunha liberdade para axustarnos aos temas que centraban o eixo da entrevista e asemade establecer un rapport en positivo cos informantes.

5. 2. 1. 2. AS ENTREVISTAS ETNOGRÁFICAS

Na investigación valémonos da entrevista etnográfica (Gúber, 2001; Spradley, 1979), que “foi empregada ao longo do tempo como unha maneira de iluminar as experiencias persoais, as dinámicas interpersoais e os significados dos participantes nos seus propios escenarios sociais” (Sherman, 2007, p. 372) Estas entrevistas caracterízanse pola cordialidade cos informantes, polas doses elevadas de rapport cos participantes, e por recoller as visións e experiencias dos informantes expresadas na súa propia linguaxe (Spradley, 1979).

Decidimos apostar por este tipo de entrevista, xa que nos permitía unha maior flexibilidade cos informantes, porque neste tipo de entrevista “todo é negociable” (Agar, como se citou en Gúber, 2004, p. 151). Un elemento que nos invitaba a empregar este formato era o factor do repertorio metacomunicativo (Briggs como se citou en Gúber, 2001) que supón o proceso global de comunicación tanto na linguaxe xestual coma na oral entre entrevistados e investigador, porque as expresións coloquiais e formas de expresión son propias e únicas. No caso de que non estiveramos familiarizadas con elas podería levar á perda dunha parte do seu valor informativo e comunicativo.

Aos informantes garantíuselles o anonimato nas súas declaracións e a confidencialidade das manifestacións recollidas no desenvolvemento da entrevista. Evidentemente non puidemos obter o mesmo volume de información de cada un dos informantes, pero si que o contraste de visións, de idades e de perfís vitais axudaron a que a calidade da información fose o suficientemente relevante para que finalizáramos as entrevistas, tendo en conta o criterio de saturación teórica (Glaser & Strauss, 1967). É dicir, no momento no que a información que obtemos non achega a suficiente información vital para o estudo, e esta non posibilita a creación de novas categorías temáticas durante a análise dos datos.

Realizamos un total de 14 entrevistas etnográficas 8 delas ás nativas/os adultos e 6 a docentes, nas cales non tivemos ningún problema no momento da realización da entrevista con ningún dos informantes, todas foron desenvolvidas en condicións normais co tempo suficiente para realizalas, e sen ningún tipo de censura nas preguntas efectuadas. No momento de facer as entrevistas tentamos axustarnos ao guión elaborado, pero en función do tipo de respostas obtidas, engadimos máis variacións no guión para recoller información significativa para cada informante sempre mantendo os temas clave da investigación.

No caso do informante N3 decidimos empregar unha imaxe obtida do arquivofotográfico, xa que resultou ser o rapaz que recollía o pano na cucaña, de aí que o emprego da fotografía fose pertinente, e o realizásemos para obter máis datos a partir da fotografía e da memoria (Banks, 2010; Bate, 2010b; Kuhn, 2007).

Como xa comentamos anteriormente a estas entrevistas etnográficas engadimos un documento xornalístico (Insua, 2011) [apéndice 1.], no que se recolle unha entrevista realizada a unha docente dun dos centros educativos, que nós incorporamos a nosa investigación e segue o mesmo tratamento de análise que o resto das entrevistas realizadas persoalmente.



Figura 7. Fotografía empregada na entrevista N3. A mocidade xogando á cucaña.

5. 2. 1. 3. AS ENTREVISTAS SEMIESTRUTURADAS

A variedade de informantes e de perfís que tiñamos que manexar, obrigounos a escoller outro tipo de entrevista que nos permitise maior liberdade para adaptarnos aos adolescentes entrevistados e unha parella de docentes que non tiñan relación coa área de EF. Para conseguilo escollemos a entrevista semiestruturada (Báez, 2009). Á hora de empregar estas entrevistas decidimos adaptar os guións das entrevistas etnográficas, en función das características dos informantes. Realizamos un total de seis entrevistas deste tipo.

Este tipo de entrevista foi empregada cos adolescentes N9, N10. O feito de enfrontarnos a informantes menores facía que o uso dun guión como o dos adultos nos dificultase a tarefa de obter información. No momento de facer as entrevistas aos menores tivemos que ter en conta os tres principais problemas aos que se enfronta o investigador cualitativo que son: os derivados da propia capacidade cognitiva e discursiva dos menores, a cuestión da relación de asimetría ao ser maior ca eles, e tamén co feito de que a poboación infantil estea considerada como un grupo de poboación protexido (Rodríguez, 2006).

Tendo en conta estes factores decantámonos por escoller informantes adolescentes, xa que non tiñamos a suficiente habilidade e experiencia para entrevistar aos escolares de Educación Primaria. Asemade estabamos preocupados pola información que obteríamos destes en relación ao tema, porque a súa bagaxe vital non é a mesma que a que pode ter un adulto. Por esta razón comezamos por facer unha primeira entrevista a unha adolescente N9 [apéndice 1.1.10], para isto tivemos que solicitar permiso ao seu pai que grazas aos acordos verbais (Stake, 1998), puidemos facer a entrevista.

Esta primeira entrevista á informante N9 mostrounos as dificultades que ten entrevistar á infancia e a mocidade, máis cando o investigador non ten experiencia previa en tratar con este tipo de informantes no formato de entrevista. Nesta entrevista tivemos grandes dificultades para obter respostas cun discurso continuo e elaborado. Esta circunstancia fíxonos repensar a estratexia que seguiríamos cos informantes do seu mesmo perfil. Desta forma nas posteriores entrevistas centrámonos máis nos núcleos de interese sobre os que obter información. Por esta razón utilizamos preguntas similares pero con pequenas variacións para adaptarnos ás características dos adolescentes.

No caso N10 [apéndice 1.1.11] que son os outros adolescentes entrevistados a estratexia de acceso foi distinta, xa comentamos anteriormente que precisamos xustificar ante a dirección do centro visitado os motivos para entrevistar aos escolares. Neste caso o tempo que tivemos foi un pouco máis pautado, porque os estudantes debían saír das aulas para acudir ao despacho onde realizabamos as entrevistas. Polo tanto as limitacións para recrearnos na realización das entrevistas eran maiores, xa que debían volver ás aulas. Nestes casos os informantes foron entrevistados por parellas de xénero mixto todas, de distintos puntos xeográficos do concello e con idades comprendidas entre os 13 e 16 anos. A decisión de entrevistalos por parellas foi consensuada coa directora do centro escola, porque nos pareceu máis axeitado para que os escolares non se sentiran tan intimidados ao realizar a entrevista. Ademais ao facela por parellas chegabamos a un espectro maior de adolescentes o que posibilitaba unha maior riqueza nos datos e unha maior credibilidade ao estudo. No momento de facer as entrevistas xa íamos previstos ante a posibilidade de que as respostas fosen curtas, de aí que durante as entrevistas tivésemos que estar tirando constantemente do fío da

conversa. A participación dos escolares nas entrevistas estivo correcta, pero a timidez dalgún informante dificultaba o diálogo na entrevista.

Este tipo de entrevista tamén foi utilizado coas informantes DP3 [apéndice 1.2.3] que neste caso foi unha entrevista en parella por explícito desexo das docentes que nos solicitaron facer a entrevista deste xeito. Neste caso a entrevista estaba limitada a un tempo debido á dificultade que as informantes tiñan para cadrar horarios. Polo tanto con estes condicionantes a entrevista foi realizada durante o horario lectivo. Debido aos seus perfís profesionais e a súa implicación no proxecto de dinamización lúdica dos recreos, forzounos a prestar atención sobre temas que non estaban presentes nos guións das entrevistas aos profesionais da EF.

5. 2. 2. O INFORME AUTOBIOGRÁFICO

A investigación conta coa elaboración dun escrito autobiográfico [apéndice 1.3], que nos axuda a completar as fontes de información. Tamén nos facilita conectar coa propia orixe da etnografía (Pujadas, 2000) e aproximarnos aos métodos biográficos de investigación cualitativa e etnográfica (Bolívar, 2002; Bolívar & Domingo, 2006; Bolívar, Domingo, & Fernández, 2001; Gallego, 2008; Pujadas, 1992, 2000). Achegámonos á etnografía autobiográfica (Reed-Danahay, 2007), xa que pensamos que contar as propias vivencias e ler -no sentido de interpretar- ditos/accións, á luz das historias que os axentes narran, converteuse nunha perspectiva peculiar de investigación cualitativa (Reed-Danahay, 2007).

A subxetividade é, tamén, unha condición necesaria do coñecemento social (Bolívar & Domingo, 2006, p. 4) e “constitúe unha clave metodolóxica digna de ser tida en conta, tanto para mellorar o establecemento da validez e a fiabilidade das nosas informacións, como para servir de ferramenta didáctica para os lectores de etnografías” (Pujadas, 2000, p. 132). Este recurso metodolóxico permite obter unha maior profundidade no estudo que nos aproxime ao obxecto de estudo a través das propias vivencias do investigador durante a súa infancia e mocidade

Coa redacción deste informe autobiográfico participamos na investigación non só como investigador, senón como participante a analizar. Este proceso implica facer visibles as perspectivas do investigador como parte do proceso do estranamento. O informe autobiográfico está enfocado desde a perspectiva do modelo lineal (Hernández & Rifá, 2011), consistente en elaborar unha narración na que facemos un percorrido ao longo da experiencia vital ata chegar ao presente. No noso caso máis centrada nas experiencias vividas na infancia e mocidade dentro da comunidade e do contexto social no que realizamos a nosa investigación. Aínda que tamén conta cun pequeno apartado dedicado ás experiencias vividas en relación ao xogo popular dentro da EF. A elaboración do informe permítenos poñer enriba da mesa as propias vivencias e comparalas coas do resto de informantes, aumentando así a riqueza dos datos situando ao propio investigador como parte do fenómeno, transformando a este en informante activo durante a investigación.

5. 2. 3. OS DOCUMENTOS FOTOGRÁFICOS

Para completar a achega de fontes documentais e como resposta ás propias necesidades do estudo apostamos polo traballo con documentos fotográficos. Esta nova fonte no noso estudo, entraría dentro da lonxeva tradición das ciencias sociais no uso da fotografía como fonte documental (Banks, 2010). Esta é unha fonte de datos que na actualidade volve a coller pulo a través de variados estudos que empregan as imaxes como medio de coñecemento social e cultural (Bate, 2010a; Kuhn, 2007; Pink, 2007a, 2007b, 2008, 2011; Pink, Kürti, & Afonso, 2004).

Os documentos fotográficos permítenos establecer relacións directas coas evidencias de determinados informantes e as fotografías, engadindo maior veracidade á investigación. Ao mesmo tempo que nos permiten describir o pasado e presente dunha maneira máis precisa.

As imaxes fotográficas van ofrecer un testemuño do pasado próximo dun valor de moitos quilates. Complementando outras fontes históricas, ou tamén, achegando primicias e informacións novidasas que escaparan a outros rexistros

de fontes, pois revelan certos aspectos aos que as outras fontes non chegan pola súa propia natureza (Lara, 2005, p. 12).

O emprego de fotografías vai máis alá do seu valor estético ou artístico. Son unhas fontes documentais de importancia, porque nos permiten aproximarnos a distintos momentos históricos que doutro xeito sería complexo de acceder visualmente, facilitando ao lector da etnografía mergullarse en diferentes escenarios e momentos, dun xeito máis inmediato que a narración descritiva dun fenómeno ou feito concreto.

A recompilación dos documentos fotográficos centrouse nos espazos de xogo máis característicos da poboación. A focalización nas fotografías do espazo responde á necesidade de explicar a evolución dos espazos de xogo e a influencia que estes cambios teñen nas vivencias dos informantes. Coa presentación das fotografías queremos recuperar para a memoria colectiva o pasado e comparalo co presente, para ver a evolución temporal do espazo de xogo das distintas xeracións presentadas no estudo. As fotografías ademais serven para apoiar as informacións obtidas e achegar maior credibilidade ao estudo.

Os documentos fotográficos analizados na investigación son principalmente froito da estancia no campo, a través de diferentes visitas realizadas ao arquivo fotográfico municipal. Neste caso despois de consultar os álbumes relacionados cos espazos tratados, tivemos que revisar cunhas 400 fotografías, amablemente cedidas en formato dixital. Paulatinamente en diferentes fases reducimos a mostra que presentamos na investigación. Ademais utilizamos unha cámara dixital para sacar algunha fotografía que empregamos no estudo, asemade recollemos fotografías dos blogues e páxinas web dos centros escolares visitados (Milladoiro, s.d; Joaquin Otero Rodríguez, s.d), tamén empregamos informática en rede Sigpac, que é empregada no campo da topografía para identificar o tipo de terreos e fincas, e que a través de tomas cenitais realizabamos capturas de imaxe para o seu posterior uso.

5. 2. 4. A OBSERVACIÓN PARTICIPANTE

A investigación etnográfica caracterízase pola estadía no campo durante períodos de tempo máis ou menos longos o que se coñece como a observación participante (Gúber, 2001, 2004). Agora ben quedan lonxe os tempos da etnografía clásica de Malinowski (1986) que permaneceu entre os nativos das illas de Nova Guinea durante catro anos no campo. No caso desta investigación apuntamos anteriormente na introdución do estudo empírico que esta pode clasificarse como unha microetnografía (Hammersley, 2006) debido á limitación da estadía no campo para realización de determinadas fases da observación participante (Angrosino, 2012; Kawulich, 2005). A observación participante é definida da seguinte maneira:

Como o proceso para establecer relación cunha comunidade de forma que os seus membros actúen de forma natural, e logo saírse da comunidade do escenario para mergullarse nos datos e comprender o que está ocorrendo e ser capaz de escribir acerca diso (Bernard como se citou en Kawulich, 2005, p. 2).

A estadía no campo no escenario estivo limitada a momentos concretos en diferentes fases da investigación. Isto ocorreu así debido aos recursos dispoñibles e a accesibilidade aos escenarios que nos interesaba observar. Deste xeito no decorrer da investigación observamos diferentes escenarios, que nos permitiron obter unha imaxe global dos diversos escenarios dos xogos na comunidade.

Como xa comentamos, durante o desenvolvemento da investigación adoptamos diferentes roles para manter a perspectiva en relación ás entrevistas, filmacións e observacións recollidas no campo. Dentro de cada contexto tivemos que saber adaptarnos ás necesidades do momento e da fase de investigación. Deste xeito nas observacións obtidas nos espazos de xogo tivemos que filmar e observar apoiándonos en dous roles distintos: observador como participante e como observador completo (Gold, 1958).

As observacións realizadas nos centros educativos estiveron marcadas por manter un rol de observador como participante (Gold, 1958). Neste caso participamos dalgunhas actividades que se realizaban no grupo observado. Desta maneira no centro educativo B cooperamos activamente dando clase, axudando á mestra e xogando cos escolares nas clases de EF e nos recreos que estivemos presentes [apéndices 2.2, 3.2].

Este mesmo rol foi mantido na primeira filmación obtida no centro educativo A [apéndices 2.1, 3.1] Nesta escola participamos dialogando cos docentes alí presentes nun día de probas do programa lúdico dos recreos. Este rol facilitounos obter unha maior confianza cos informantes e mergullarnos dun xeito máis natural nos distintos escenarios.

Outro rol que mantivemos foi o de observador completo (Gold, 1958). Neste caso consiste en realizar as observacións, filmacións, sen que as persoas que están sendo escrutadas se decatén da presenza do investigador. Este é o exemplo das filmacións obtidas na praia e no porto, escenarios nos que mantivemos este rol en determinados momentos. Aclarar que nas filmacións do porto este rol foi menos empregado, xa que por unha parte o investigador non quería estar agochado filmando. Ademais por outra a necesidade de ter que filmar de preto obrigaba a manternos próximos aos participantes das escenas recollidas.

Nos espazos públicos filmados pasamos dun rol a outro con liberdade, sendo na praia onde o rol de observador completo era máis latente. Aínda que houbera momentos nos que a proximidade ás persoas fixera que non permanecésemos no anonimato e tivésemos que mostrarnos para filmar. Deste xeito falamos de observacións de tipo intrusivas e non intrusivas (Angrosino, 2012). A adopción de diferentes roles durante as observacións nos diversos escenarios fixo que nas escolas, no porto e nalgúns momentos na praia estas fosen de tipo intrusivas. Mentres que as observacións non intrusivas foron realizadas nos espazos públicos da praia, principalmente, e no porto en menor medida.

Para rexistrar as observacións apoiámonos no emprego de filmacións. Para isto non seguimos unha folla de ruta que nos pautase en que emprazamentos filmar, xa que en ocasións dependiamos das condicións climatolóxicas e marítimas. Neste punto a estratexia seguida estivo inspirada na idea do “place making” (Pink, 2008). Nesta o emprazamento do etnógrafo pode ser usado para o contexto dual da investigación, o lugar que habitamos e o lugar que investigamos. Nós mesmos estamos situados no espazo, pero ao mesmo tempo estamos tratando de entender o emprazamento doutros e as prácticas polas cales os espazos dos que forman parte son constantemente reconstituídos.

Seguindo esta liña as filmacións son realizadas desde diferentes puntos dos espazos, tanto nos centros escolares como nos espazos públicos. Desde xeito estamos gravando sobre a idea da “multi-locality” (Rodman como se citou en Pink, 2008, p. 4). A través da cal buscamos entender a reconstrución do espazo desde diferentes puntos de vista, sendo o espazo físico entendido como algo cambiante no que cada usuario lle atribúe un significado diferente. Partindo desta idea as representacións visuais obtidas van na liña de ofrecer a posibilidade de imaxinarnos dentro dos lugares e sentir en certo modo as sensacións que senten outros (Pink, 2008).

Para conseguir isto as gravacións obtidas non están presentadas a modo de película, senón que se presentan tal é como son, sen montaxe. Xa que as filmacións etnográficas “deben ser obxectivas, non editadas, non manipuladas, isto debe ser guiado polos principios científicos, en lugar das intencións cinematográficas” (Pink, 2007, p. 78). As nosas gravacións carecen de calquera intención cinematográfica, son simplemente documentos visuais que capturan a realidade do momento sen ningún tipo de pretensión artística. Estas gravacións están tratadas coma se fosemos fotoxornalistas en busca da nova relevante para a nosa investigación.

5. 2. 4. 1. AS OBSERVACIÓNS NO PORTO E NA PRAIA

Para as observacións nos espazos de xogo como a praia e o porto estivemos alternado a estancia nestes dous escenarios durante o mes de agosto do 2011. As inclemencias meteorolóxicas limitaron a nosa observación nestes espazos, reducindo as horas de observación previstas a unha cantidade menor, pero igualmente válidas para a nosa investigación. Para realizar as filmacións empregamos unha cámara de afeccionado sen trípode, cuxa batería nos permitía realizar un máximo de dúas horas e media de gravación. Neste sentido sinalar que o emprego de cámaras de vídeo para obter datos dentro da investigación, aínda que é relativamente recente, está plenamente integrado dentro das técnicas da etnografía actual (Banks, 2010; Pink, 2007).

Para realizar estas gravacións non necesitamos de ningún tipo de permiso para acceder aos espazos, por ser estes lugares públicos. Durante a filmación nestes espazos non tivemos o rexeitamento por parte de ningunha persoa a ser gravada. Malia que

podería ser problemático a filmación de menores e adultos nestes emplazamentos, non tivemos ningunha incidencia que nos obrigase a parar estas filmacións.

Procuramos ser o máis discretos posibles non interferindo en ningún momento nas actividades que estaban a ser recollidas. Tratamos de integrarnos como un membro máis da comunidade. Malia a camiñar polos espazos de xogo cunha cámara e asistir frecuentemente aos lugares de reunión e xogo, soamente houbo un rapaz que nos preguntou que faciamos alí filmándoos no porto [apéndice 3.3]. Cando sucedeu isto explicóuselle que era para un traballo académico que estabamos a realizar. Este foi o único interrogante que se nos propuxo por parte dos protagonistas das gravacións. As veces tiñamos unha sensación de mirón ou algo semellante, mesmo de soidade, xa que malia estar rodeado de xente nas filmacións, sempre estabamos en certa medida illados ou distantes para manter a distancia cos protagonistas.

A falta de coñecementos relacionados coas técnicas de filmación, fixo que nos aventurásemos a realizar no principio gravacións de longa duración. Pero un par de días despois decidimos cambiar, para realizar clips de pequena duración. Esta modificación permitíanos movernos de emprazamento cunha maior liberdade, asemade alongábanos a duración da batería da cámara e facilitaba a posterior análise dos vídeos. Obtivemos durante este mes un volume de 21 xigas de filmacións nos espazos da praia e do porto, nos que se recollen distintas escenas lúdicas que posteriormente foron transcritas para a súa análise.

5. 2. 4. 2. AS OBSERVACIÓNS NAS ESCOLAS

As observacións nas escolas realizáronse en anos distintos, cunha duración dunha semana en cada centro, debido ás circunstancias que nos forzaban a facelo deste xeito. Para realizar estas filmacións utilizamos a cámara de vídeo de igual modo que nas filmacións nos espazos públicos. Comezaremos por explicar as gravacións obtidas no centro educativo B [apéndices 2.1.2; 3.2], xa que cronoloxicamente foron realizadas antes que as do centro educativo A.

No centro educativo B, as filmacións obtivémolas a finais de curso do ano 2011. Non foi un acto premeditado o de realizar as gravacións dentro desta escola, nun principio soamente estaba contemplado visitar o centro para recoller as impresións da mestra de EF en relación ao tema de estudo. Pero cando chegamos a finais de maio do 2011, a mestra indicounos que xusto esa semana recibiran un material da Fundación Deporte Galego relacionado cos xogos populares co que ía traballar a unidade didáctica relacionada nesa mesma semana. Por esta razón decidimos realizar as gravacións, xa que foi a propia mestra a que nos facilitou a nosa estancia no centro.

A observación no centro educativo B foi a primeira estancia nun centro educativo da nosa investigación. Neste tempo no centro tivemos que colaborar en todo o que puidemos coa mestra. Así axudamos a colocar material, dar clase nalgún momento, ensinando os xogos, xogar cos nenos e integrarnos o máis rapidamente na dinámica das clases e do centro. Esta estancia no centro educativo foi moi enriquecedora, aínda que non exenta de problemas. A falta de experiencia creaba en nós certa intranquilidade, de feito consecuencia da inexperiencia coa cámara de vídeo, tivemos algún problema técnico coa mesma o que nos impediu tomar máis gravacións durante a estadía no centro.

Durante a nosa presenza no centro puidemos presenciar as clases de EF e os recreos, sendo estes dous escenarios nos que se manifestaban os xogos populares dentro do centro educativo. A experiencia foi algo moi interesante e gratificante, xa que non tivemos ningún tipo de traba e o trato cos escolares foi moi agradable e desde o primeiro momento aceptaron a nosa presenza con total naturalidade.

No caso do centro educativo A [apéndices 2.1.1; 3.1], tivemos que agardar ata o ano 2012 para realizar as gravacións oportunas. Neste caso non tivemos acceso a ningunha clase de EF, xa que debido aos problemas de organización escolar que tiñan no centro educativo naqueles tempos polos recortes de persoal, non puideron realizar as sesións correspondentes. Polo tanto neste centro unicamente obtivemos gravacións dos recreos, relacionadas co programa de dinamización lúdica do centro educativo.

Neste centro tivemos varios contactos previos coas responsables do programa de dinamización lúdica DP3, xa que foron elas as que nos convidaron a participar na

observación do proxecto que estaban poñendo en marcha nese tempo. Para realizar as observacións tivemos que agardar uns seis meses aproximadamente. Porque o equipo director do proxecto tivo problemas para compatibilizar horarios e isto derivou no retraso da súa posta en marcha.

Debido ao retraso na posta en marcha do proxecto, xunto coa escaseza dos nosos propios recursos obrigounos a realizar unha estancia de tempo limitado no centro escolar. Deste xeito tivemos a oportunidade de gravar un día no patio cos profesores xogando [apéndices 2.1.1; 3.1] nunha proba piloto para poñer en marcha programa dos recreos a finais de maio do 2012. Posteriormente acudimos en xuño dese mesmo ano, porque as mestras nos solicitaron visitar o centro cando os rapaces tivesen interiorizada a dinámica de funcionamento do proxecto. A estancia nos recreos estivo marcada pola normalidade e boa recepción do equipo docente e dos escolares que nos permitiron integrarnos sen problema. O único inconveniente foi a nivel técnico coa cámara de gravación que debido ao tipo de filtro de luz que estaba seleccionado os primeiros clips do día 1 de gravación saen moi escuros e faise moi dificultoso distinguir as imaxes.

Desta forma temos unha estancia nos centros educativos dunha semana en cada centro, durante estas semanas gravamos uns 10 xigas de material que posteriormente foron transcritos para a súa análise. Debemos subliñar que este estudo non é unha etnografía escolar. Por esta razón non afondamos en cuestións de dinámica dos centros, métodos de ensino ou cuestións relativas aos procesos pedagóxicos nas escolas.

5. 2. 5. REXISTROS E INSTRUMENTOS NO CAMPO

A investigación conta cuns breves diarios de campo [apéndice 3], nos que se recollen algunhas anotacións e reflexións, relacionadas cos escenarios nos que realizamos as observacións. Os diarios son realizados para ter unha constancia e un pequeno rexistro dos días observados. Os diarios non son escritos desde unha mirada interpretativa ou bucólica, na que o etnógrafo faga un exercicio de narrativa e ensaio. No noso caso as anotacións feitas nos diarios son dun baixo nivel inferencial (Goetz & LeCompte, 1998) porque permanecemos nunha redacción do diario de campo moi descritiva. Realizamos tres diarios un para cada centro educativo [apéndices 3.1; 3.2] e outro [apéndice 3.3] das

filmacións realizadas nos espazos públicos. Estes diarios, malia non ser uns diarios dun gran contido narrativo, si que nos permiten achegar unha información complementaria ás filmacións que enriquece nun plano descritivo os datos recollidos. E polo tanto constitúen un recurso metodolóxico que achega maior fortaleza á investigación.

Para a investigación foi necesario empregar diferentes ferramentas que nos facilitasen a recollida dos datos e o seu posterior tratamento. Como xa comentamos os recursos cos que contabamos foron limitados. As entrevistas foron gravadas en formato analóxico e dixital, porque que nas primeiras entrevistas soamente tiñamos unha gravadora de audio Sony de cintas cassette que nos prestou unha amiga, con esta gravadora realizamos 5 entrevistas. Para o resto de entrevistas tivemos a oportunidade de realizalas en formato dixital cunha gravadora Olympus VN-8600PC, isto facilitou o traballo posterior no computador. Isto permitíao intercambio de arquivos entre diferentes computadores para manexar despois no momento de transcribir as entrevistas. Outro instrumento empregado na recollida dos datos foi a cámara de vídeo dixital modelo Flipbox Yakarta HD, que empregamos para obter as filmacións nos distintos escenarios. Como era dixital fixo que os arquivos recollidos puideran ser intercambiados ao computador sen problema.

Á hora de transformar os datos en formato audio e vídeo empregamos diferentes programas informáticos que nos facilitaron esta parte do traballo de investigación. Así para as entrevistas en formato dixital empregamos o programa Express Scribe (versión 5.14, NCH Software) que nos simplificaba o traballo de transcripción das entrevistas [apéndice 1]. E para os vídeos como o formato non era admitido polo Atlas.ti (versión 7.1 Scientific Software Development GmbH), decidimos empregar o reprodutor de vídeo de Windows e facer dun xeito máis artesanal a transcripción dos vídeos.

5. 3. ANÁLISE DOS DATOS

Para a análise dos datos recollidos, decidimos tomar como referencia parte dos principios básicos da “Grounded Theory” ou Teoría Fundamentalada (Britosoci, 2013, 8:30; Charmaz, 2014; Charmaz & Mitchell, 2007; Kelle, 2005; Miles & Huberman, 1994; Tavory & Timmermans, 2009; Timmermans & Tavory, 2012) que se caracteriza

polo traballo simultáneo entre a recollida dos datos e a análise dos mesmos, a busca de temas emerxentes na análise temperá, o descubrimento dos procesos sociais a través dos datos, a construción indutiva de categorías abstractas que expliquen e sinteticen este proceso, xunto coa integración destas categorías nun marco teórico que especifique as causas, condicións e consecuencias do proceso.

A Teoría Fundamentada aplicada á etnografía facilita o traballo cos datos e a posterior presentación dos mesmos. Esta maneira de traballar permite aos etnógrafos “comparar os datos cos datos desde o principio da investigación; comparar os datos coas categorías emerxentes; e demostrar relacións entre os conceptos e as categorías” (Charmaz & Mitchell, 2007, p. 161), facilitando mergullarnos de cheo na investigación. Seguindo esta maneira de traballar, unha vez que iamos obtendo os datos brutos, procediamos a unha análise progresiva dos mesmos. Neste senso a análise dos datos foi realizada en diferentes momentos aos longo do traballo de campo.




Figura 8. Exemplo do proceso de toma e análise dos datos.

Observamos como o proceso da análise dos datos foi alternando coa recollida dos datos, a medida que este proceso avanzaba nos achegábase ao criterio de saturación teórica (Glaser & Strauss, 1967). Esta prodúcese en dous planos para cesar na toma de datos (entrevistas, observacións, etc) e para dar por completada a análise dos datos ao non ser posible extraer novas categorías.

O proceso de análise, realizado está composto de diversas operacións, que dou lugar a diferentes categorías de análise e orixinou diferentes tipos de documentos para organizar a información obtida nos diferentes momentos do proceso da análise. A continuación presentaremos o proceso de codificación dos datos, as táboas explicativas das categorías temáticas, as táboas dos documentos creados na análise dos datos, xunto coa análise e clasificación das fotografías, e finalmente os resultados que están compostos por mapas conceptuais, matrices ademais do informe etnográfico.

5. 3. 1. A CODIFICACIÓN DOS DATOS

O tipo de metodoloxía empregada para a análise dos datos, precisa dunha serie de pasos que nos permitan fragmentar os datos obtidos e organizar a presentación dos mesmos dunha maneira ordenada, clara e sinxela, que facilite a comprensión tanto dos propios investigadores como dos posibles lectores. A Teoría Fundamentada distínguese ao igual que outras metodoloxías cualitativas por establecer un proceso de codificación ou “coding” de maneira indutiva (Charmaz, 2014; Miles & Huberman, 1994; Saldaña, 2009). Este proceso realizámolo extraendo citas textuais dos datos e asignándolle códigos a determinadas pasaxes dos textos. Un código non é máis que “unha palabra ou unha frase curta que simbolicamente asigna unha recompilación, subliña, ou captura a esencia, e/ou un atributo evocador dunha porción da linguaxe escrita ou dos datos visuais” (Saldaña, 2009, p. 3).

A codificación dos datos está composta por dúas fases de codificación cada unha delas composta por dous ciclos de codificación respectivamente. A primeira fase de codificación composta polo primeiro ciclo de codificación no que empregamos “in vivo” (Saldaña, 2009) e a codificación descritiva (Miles & Huberman, 1994; Saldaña, 2009). Estas dúas maneiras de codificar os datos facilitaba a identificación dos temas máis relevantes dentro da investigación. Esta codificación foi realizada de maneira manual nas primeiras entrevistas realizadas, nas posteriores entrevistas empregamos un programa informático do que explicaremos algúns detalles nos seguintes parágrafos.

Froito deste proceso continuamos co seguinte ciclo de codificación dos datos centrándonos na codificación focalizada (Charmaz, 2014; Saldaña, 2009) que nos

facilitaba xerar códigos máis selectivos e conceptuais, que darían orixe á creación das primeiras familias no Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH) Esta codificación orientábanos para chegar ás categorías que en función da súa relevancia e os obxectivos da investigación tornábanse máis decisivas. Ademais axudaba a sintetizar grandes cantidades de datos que posteriormente construírían as categorías de maior peso.

A segunda fase da codificación comeza co ciclo de codificación no que empregamos a codificación axial (Charmaz, 2014; Saldaña, 2009) que se centra na análise dos códigos ou subcategorías creadas previamente. Neste sentido o proceso seleccionado foi filtrar e renomear determinados códigos e categorías para axustarnos ao contexto do fenómeno do estudo e darlle unha maior coherencia aos datos. Neste fase da codificación elaboramos as primeiras redes/mapas de relacións conceptuais para que nos permitise reenfocar os códigos e categorías cara o ciclo final de coa chamada codificación teórica (Charmaz, 2014). “Os códigos teóricos sustentan os códigos de peso e amosan as relacións entre eles en lugar de substituír aos códigos de peso con outros cos que construír a teoría” (Charmaz, 2014, p. 150). Neste derradeiro ciclo da codificación recolleemos aquelas categorías e códigos seleccionados nas fases previas, para relacionalos definitivamente entre eles. Este paso facilitou a construción dun discurso estruturado ao redor das categorías teóricas centrais. Nesta fase da codificación rematamos de plasmar as relacións entre códigos e categorías para finalmente configurar os mapas conceptuais presentados na investigación [apéndice 5].

A Teoría Fundamentada apoia-se no enfoque abductivo (Charmaz, 2014; Timmermans & Tavory, 2012). “No razoamento abductivo o investigador saca inferencias, como dar conta de evidencias sorprendentes e de como estas evidencias se apoian en formas de razoamento imaxinativas. Despois volta aos datos para examinalos de novo ou probablemente obter máis datos para someter novas interpretacións teóricas baixo un riguroso escrutinio empírico” (Charmaz, 2014, p. 201). Este enfoque facilitáanos a aplicación do método da comparación constante (Glaser & Holton 2004) entre os incidentes, códigos, categorías xa que o seu obxectivo é a elaboración teórica, a saturación, a verificación e densificación dos conceptos desenvolvendo as súas propiedades para así xerar futuros conceptos. Isto facilitounos a posibilidade de establecer o control cruzado dos datos (Taylor & Bogdan, 1992). Asemade esta

peculiaridade posibilitounos afondar nos datos e nas declaracións dos informantes. Grazas ao constante exame e revisión dos datos a nosa capacidade de análise evolucionou e mellorou a nosa propia sensibilidade teórica (Glaser & Strauss, 1967; Glaser & Holton 2004). Esta capacidade iase refinando de forma continua froito da propia aprendizaxe que supóno traballo cos datos e coa literatura relacionada co tema, que facilitaba a asimilación de novos conceptos, que se sumaban aos propios coñecementos e ideas que tiñamos antes de mergullarnos na investigación e na análise dos datos.




Figura 9 .Esquema dos ciclos da codificación dos datos empregados na investigación.

O proceso de codificación dos datos estivo acompañado en todo momento polo “memoing” (Maxwell, 2005; Miles et al., 2014; Charmaz, 2014). É dicir, pola anotación de diferentes comentarios e recordatorios. “As memos collen os nosos pensamentos, capturan as nosas comparacións e as conexións que establecemos, e cristalizan as cuestións e direccións que perseguimos” Charmaz (2014, p. 163). O uso das “memos” facilitaba a análise dos datos e a posterior presentación dos resultados dun xeito coherente. Para iso empregamos “memos” observacionais (Casasempere, 2014) obtidas no campo como os diarios de campo, as transcricións das entrevistas e dos vídeos, completadas polas chamadas “memos” analíticas ou teóricas (Saldaña, 2009) coas que establecíamos as relacións entre os datos.

Durante a análise dos datos empregamos o programa informático Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH). O emprego de software en investigación cualitativa non é novo. Miles and Huberman (1994) xa nos falan do uso destes programas para a investigación cualitativa décadas atrás. Actualmente existen numerosas investigacións (Bringer, Johnston, & Brackenridge, 2006; De Gregorio, 2009, 2010; Evers & Silver, 2013; Grunden & Lewis, 1999; La Pelle, 2004; Mckether, Gluesing, & Riopelle, 2009; Sungsoon, 2008), que empregan estas ferramentas de traballo ou analizan o seu uso na investigación cualitativa. Este programa opera baixo os esquemas da Teoría Fundamentada polo que nos simplificaba aplicar os procesos propios desta perspectiva de análise.²⁹ Para a nosa investigación foi vital o uso deste programa porque nos simplificou o traballo cun volume importante de datos. Con este programa podíamos realizar dun xeito relativamente áxil a comparación entre os códigos e a súa concurrencia, entre o discurso dos informantes, a elaboración de mapas conceptuais, e a construción das matrices de resultados grazas aos informes de resultados obtidos co software.

Nas seguintes páxinas mostramos unas imaxes capturadas da nosa unidade hermenéutica a modo de exemplo do traballo co software Atlas.ti 7.1 (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH) na nosa investigación.

²⁹ Resultou complexo aprender a manexar o programa, debido á falta de persoas próximas que nos puidesen ilustrar no manexo básico do programa para comezar a traballar con el. Tivemos que aprender a base de ensaio-error sen ningún tipo de axuda. Ata que nos permitiron asistir a como oíntes nun curso de nivel avanzado organizado para profesores da UDC. Neste puidemos comprobar o noso nivel de destreza no manexo do programa. Recentemente a UDC organizou outro curso para investigadores noveis ao que asistimos e superamos sen problemas. Estes cursos reforzaron a nosa análise dos datos e a investigación.




Figura 10. Xestor de documentos primarios da unidade hermenéutica no Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH).




Figura 11. Xestor de códigos Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH)




Figura 12. Xestor de memos Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH).




Figura 13. Exemplo de análise de documento primario no Atlas.ti (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH).

Logo de ter os datos analizados, establecidos os códigos e as categorías nas sucesivas revisións, decidimos crear tres grandes categorías teóricas: contextos da escola, o municipal, e os condicionantes socioculturais. Dentro de cada unha destas dimensións temos diferentes categorías que ao mesmo tempo engloban os códigos que fomos obtendo na análise dos datos.

A continuación presentamos as táboas explicativas xurdidas do proceso de codificación e categorización dos datos que nos explican a que se refire cada dimensión, cada categoría e cada código. Comezaremos pola táboa que nos indica os niveis de concreción sobre os datos en relación aos códigos e as categorías, as definicións das mesmas e dos propios códigos.

Táboa 22. Niveis de concreción na codificación

<i>Niveis de concreción dos datos</i>		
<i>3º nivel</i>	<i>2º nivel</i>	<i>1º nivel</i>
Supón a agrupación de diferentes categorías de contidos relacionadas cun ámbito presentado na investigación dunha maneira máis xeral. Neste caso son as categorías macro.	A categoría permítenos clasificar os diferentes códigos en torno a un tema máis central que nos permite agrupar diferentes construtos. Neste caso son as categorías xurdidas da codificación axial.	Identifica temas dun xeito descritivo, asociando cada un deles a citas textuais presentes nos documentos analizados. Neste caso son os códigos.

Táboa 23. Categorías teoréticas centrais da investigación

<i>Categorías teoréticas centrais</i>		
<i>Dimensións</i>	<i>Explicación</i>	<i>ID</i>
Contexto escolar	Refírese aos temas relacionados coas dinámicas escolares e a relación cos xogos populares.	1
Contexto municipal	Engloba aspectos vinculados ás accións e valoracións por parte do concello.	2
Condicionantes Socioculturais	Apaña conceptos, temas, valoracións e características ligadas aos xogos practicados na comunidade.	3

Táboa 24. Categorías temáticas relacionadas coas categorías teoréticas.

<i>Categorías dimensión escolar</i>		<i>ID</i>
Curriculo	Refírese a aqueles aspectos que teñen unha relación entre o xogo popular e o tratamento que ten dentro do currículo da EF	1.1
Profesorado	Fusiona aspectos relacionados cos docentes, como pode ser a súa formación, a súa visión persoal sobre un elemento.	1.2
Recreos	Achega elementos e actividades ligadas aos recreos dentro dos centros educativos.	1.3
Alumnado/Familia	Valoracións relativas ás experiencias das nenas e nenos e familias dentro da dinámica escolar e curricular.	1.4
<i>Categorías dimensión contexto municipal</i>		
Programación	Agrupar os temas máis relevantes relacionados co xogo popular desde o prisma da EF programada polo concello.	2.1
Poboación	Recolle temas que están directamente relacionados coa xente da comunidade estudada.	2.2
Profesionais	Fusiona aspectos relacionados cos docentes, como pode ser a súa formación, a súa visión persoal sobre un elemento.	2.3
<i>Categorías Condicionantes Socioculturais</i>		
Espazos	Engloba os lugares de práctica dos xogos e a súa transformación no tempo.	3.1
Lecer mocidade	Aglutina aspectos e valoracións ligadas as posibilidades de uso do tempo libre por parte das xeracións máis novas.	3.2
Materiais	Recolle temas e valoracións relacionadas co uso de diferentes materiais de xogo nas distintas xeracións.	3.3
Regulamento	Reflicte como se establece a dinámica do xogo ao redor da normativa.	3.4
Valores-Antivalores	Explica elementos positivos e negativos asociados á práctica dos xogos populares.	3.5
Vías de transmisión	Identifica a tipoloxía de canles de difusión e divulgación dos xogos populares.	3.6
Xénero	Explica aspectos relacionados co xénero dentro da práctica lúdica da comunidade.	3.7
Xogos populares locais	Engloba distintos elementos que caracterizan os xogos populares da colectividade.	3.8

Táboa 25. Descrición dos códigos creados.

<i>Códigos Dimensión contexto escolar</i>			
<i>Categoría</i>	<i>Código</i>	<i>Explicación</i>	<i>ID</i>
Currículo	Ditadura-Transición	Explica o tratamento do xogo popular dentro da formación académica escolar dos informantes que non estiveron no sistema educativo actual.	1.1.1
	Programación curricular	Expón o tratamento do xogo popular dentro das programacións dos mestres e profesores de EF nos centros escolares.	1.1.2
	Iniciativas interdisciplinares	Alude á colaboración de diversas áreas de coñecemento coa de EF no tratamento dos xogos populares.	1.1.3
	Actividades Extracurriculares	Explica as iniciativas promovidas fóra e dentro dos centros á marxe da programación de aula.	1.1.4
	Programa lúdico recreos	Fai referencia ao programa de dinamización social nos patios de recreos nos centros de Educación Primaria.	1.1.5
	Axudas institucionais	Subliña a presenza de fondos ou materiais que sexan proporcionados en exclusiva para desenvolver xogos populares.	1.1.6
Profesorado	Formación docentes	Destaca o feito de que os educadores teñan algunha formación específica relativa aos xogos populares.	1.2.1
	Visión Educación Física	Refírese ao tipo de visión da EF que manteñen os distintos educadores sobre a materia.	1.2.2
	Iniciativas dos profesionais	Agrupa o tipo de propostas que poñerían en funcionamento os educadores para promocionar este tipo de xogos fóra da escola.	1.2.3
	Concepto xogo popular	Explica cal é a definición que entenden os profesionais sobre os xogos	1.2.4

		populares.	
Tempos de recreo	Tempos de recreo	Indica valoracións unidas aos tempos de lecer que existen nos centros educativos e o uso que se fai deles.	1.3.1
	Problemática Socialización EP	Explica as dificultades das crianzas para relacionarse nos patios dos recreos.	1.3.2
	Socialización EP	Expresa como se relacionan as nenas e nenos a través dos xogos nos programas lúdicos nos recreos.	1.3.3
	Xogos programa recreos	Indica que xogos son incluídos no programa lúdico nos recreos de Primaria.	1.3.4
	Xogos populares escola	Destaca cales son os xogos máis difundidos dentro dos centros escolares.	1.3.5
Alumnado-Familias	Motivación EF	Refírese ao interese co que se enfrontan os alumnos á clase de EF.	1.3.6
	Interese nenas /os	Alude á aceptación e curiosidade pola práctica dos xogos populares nos escolares.	1.3.7
	Participación ANPAS	Informa se existe unha integración ou inclusión das nais e pais nas actividades programadas polos centros educativos relacionadas cos xogos populares.	1.3.8
		<i>Códigos Dimensión Contexto Municipal</i>	
Programación	Actividades extraescolares	Engloba aspectos e temas relativos ás actividades relacionadas coa actividade física propostas por parte do concello.	2.1.1
	Iniciativas municipais	Alude á programación de actividades específicas de xogos populares.	2.1.2
	Actividades Interdisciplinares	Refírese á colaboración á hora de programar actividades desde diferentes áreas do concello.	2.1.3
	Recursos municipais	Explica os medios que se empregan para programar ou desenvolver actividades que teñan como contido principal o xogo popular.	2.1.4

Poboación	Demandas sociais	Explica ao tipo de reivindicacións sociais que se realizan dentro do concello para programar actividades.	2.2.1
	Participación familiar	Subliña a integración de nais e pais á hora de desenvolver actividades por parte do concello.	2.2.2
Profesionais	Concepto xogo popular	Explica cal é a definición que teñen os profesionais sobre o xogos popular.	2.3.1
	Iniciativas profesionais	Agrupa o tipo de propostas que poñerían en funcionamento os educadores.	2.3.2
	Formación técnicos	Destaca o feito de que os educadores teñan algunha formación específica relativa aos xogos populares.	2.3.3
<i>Códigos Dimensión condicionantes socioculturais</i>			
Espazos	Espazos Informais	Alusión de forma xenérica aos lugares ao aire libre onde se practicaba o xogo popular.	3.1.1
	A cerca	Refírese a un dos espazos de xogo das xeracións máis vellas, xa desaparecido	3.1.2
	A praia	Identifica un dos espazos máis característicos de xogo da comunidade	3.1.3
	O porto	Alude a un espazo adaptado para o traballo no que se manifesta unha gran actividade lúdica	3.1.4
	Espazos formais	Engloba os espazos de xogo construídos para satisfacer as necesidades dos escolares	3.1.5
	Presión urbanística	Subliña a importancia da evolución espacial ao longo do tempo nos distintos espazos, froito da modificación e reconstrución dos espazos de xogo.	3.1.6
Lecer mocidade	Actividades no lecer	Agrupa o tipo de actividades que realizan os máis novos no seu tempo libre.	3.2.1
	Opcións de lecer	Fai referencia ao tipo de posibilidades de lecer que existen ou que se ofertan no concello.	3.2.2

	Pasatempos tecnolóxicos	Valoracións relativas ao emprego da tecnoloxía na xuventude como forma de lecer.	3.2.3
Materiais	Materiais típicos	Son eses materiais que sempre estiveron unidos aos xogos populares.	3.3.1
	Materiais reciclaxe	Refírese ao feito de empregar materiais cuxo uso non estaba destinado para o xogo.	3.3.2
	Materiais actuais	Especifica o tipo de materiais que se empregan para o xogo na actualidade.	3.3.3
	Materiais escolares	Focaliza a atención sobre os xoguetes ou materiais empregados dentro dos centros escolares.	3.3.4
Regulamento	Funcionamento regras	Refírese ao establecemento e transmisión das normas de xogo	3.4.1
	Trampas	Subliña a violación das normas dos xogos populares	3.4.2
Valores-Antivalores	Abuso	Recolle as valoracións e opinións relativas ao uso da forza por parte dos maiores sobre os máis pequenos durante a práctica dos xogos	3.5.1
	Violencia	Fai referencia ás manifestacións agresivas dentro da práctica do xogo das xeracións máis vellas.	3.5.2
	Competitividade	Agrupa as opinións e valoracións referidas á competitividade dentro do desenvolvemento do xogo	3.5.3
	Valor motriz	Identifica o potencial dos xogos populares a nivel de desenvolvemento das habilidades motrices	3.5.4
	Valor socioafectivo	Recolle as valoracións referidas ao impacto social e emocional que o xogo causou o pode causar nas nenas e nenos que o practican	3.5.5
Vías de transmisión	Orais interxeracionais	Identifica unha canle de comunicación e difusión dos xogos populares	3.6.1
	Novas canles de comunicación	Describe as outras vías que poden ser empregadas na actualidade para	3.6.2

		transmitir o xogo popular	
	Adquisición imitación modelos	Explica a aprendizaxe informal dos xogos a través da reprodución de modelos	3.6.3
	Ruptura interxeracional	Reflicte o feito da eliminación da cadea oral interxeracional como medio de transmisión.	3.6.4
	Enculturación lúdica xuventude	Refírese ao coñecemento das xeracións máis novas dos xogos populares das xeracións anteriores	3.6.5
Xénero	Xogos de xénero	Explica a presenza do xénero como elemento diferenciador na práctica	3.7.1
	Sociedade e xénero	Reflicte a influencia da presión social para establecer roles e estereotipos en función do xénero	3.7.2
	Coeducación escolar	Subliña a importancia do modelo educativo integrador dos dous xéneros	3.7.3
	Xogo escolar e xénero	Identifica os xogos máis practicados en función do xénero nas escolas	3.7.4
Xogos populares locais	Xogos populares cantados	Recolle aquelas referencias a xogos nos que se empregaban cantigas durante a práctica dos xogos.	3.8.1
	Xogos populares traballo	Fai referencia a aqueles xogos que poidan ter unha ligazón cos traballos máis característicos da comunidade estudada	3.8.2
	Xogos populares estacionais	Subliña á estacionalidade temporal para os momentos da práctica dos xogos	3.8.3
	Xogos populares pasivos	Engloba aquelas actividades lúdicas na que o compoñente motriz e case inexistente	3.8.4
	Risco xogos populares	Describe o perigo asociado á práctica dalgúns xogos populares	3.8.5
	Prácticas lúdicas actuais	Refírese aos xogos ou actividades recreativas que están máis presentes nas xeracións máis novas no momento actual	3.8.6

Durante todo o proceso de análise creamos diferentes tipos de documentos que nos axudaban a agrupar e presentar os resultados en diferentes formatos. Isto disciplina todo o proceso da investigación e a súa fiabilidade, ademais facilita a lectura e comprensión de todas as evidencias recollidas na investigación. Froito deste traballo presentamos a continuación unha táboa na que se recollen todos os documentos xerados na análise dos datos. Na táboa indicamos a denominación asignada ao documento, a súa finalidade, unha breve descrición explicando o contido do documento, a cantidade, e onde localizar os documentos.

Táboa 26. Documentos xerados na análise dos datos

<i>Denominación</i>	<i>Finalidade</i>	<i>Descrición</i>	<i>Unidades</i>	<i>Localización</i>
Táboas de codificación	Presentar os diferentes contidos distribuídos en categorías e códigos seungo o nivel inferencial de cada contido.	Categoría teóricas: recolle a totalidade de contidos que están ligados a un ámbito máis abstracto e teórico. Nesta atópanse: o contexto escolar, contexto municipal, e condicionantes socioculturais.	1	Análise de datos
		Categorías: engloba os contidos específicos ao redor dun tema máis xeral.	1	
		Códigos: describen temas concretos que conforman o groso de cada categoría.	3	
Matrices cualitativas de	Visualizar dun xeito organizado os resultados despois da análise	Nestas matrices presentamos citas textuais situadas nos datos brutos, agrupadas polo contido temático,	10	Apéndice 4

achádegos	dos datos obtidos.	en función do tipo de informante, en orde cronolóxica biolóxica do informante, ou en función da etapa educativa. Ademais inserimos algunhas memos analíticas e teóricas que completan os achádegos.		
Explicación xeral matrices	Informar ao lector sobre a estrutura xeral das matrices de resultados para facilitar a comprensión lectora das mesmas.	Consiste nunha explicación para que a lectora/or poida ler e comprender a estrutura xeral das matrices e situarse á hora de afrontar a lectura de cada unha das matrices.	1	Resultados non narrativos
Explicación individual matrices	Explicar as evidencias que se presentan en cada unha das matrices.	É unha aclaración particular para cada matriz sobre os contidos que compoñen a mesma en cada punto e a maneira de interpretar a triangulación.	10	Apéndice 4
Mapa conceptual	Presentar a relación dos distintos contidos analizados en cada categoría.	Supón a presentación gráfica das distintas relacións establecidas durante a análise dos datos, entre os códigos que conforman cada categoría.	18	Apéndice 5
Explicación xeral mapas conceptuais	Facilitar a lectura do total dos mapas conceptuais que se presentan na investigación	Achega á lectora/or unha aclaración sobre a lectura e comprensión dos mapas conceptuais a nivel xeral.	1	Exposición achádegos configuración non narrativa. [punto

				5.4]
Explicación individual mapas conceptuais	Aclarar cada relación exposta nos mapas conceptuais.	Explica dun xeito breve e conciso as relacións establecidas entre os diferentes códigos de cada categoría e as categorías.	19	Apéndice 5
Clasificación e descrición xogos populares	Rexistrar os xogos populares practicados polas diferentes xeracións para clasificalos en categorías.	Presenta os xogos populares recollidos das diferentes entrevistas.	3	Presentación de acháegos non narrativos e apéndice 6
Clasificación espazos	Identificar os espazos de xogo segundo as distintas dimensións	Ilustra a variedade dos espazos de xogo		Presentación acháegos non narrativos

5. 3. 2. ANÁLISE E CLASIFICACIÓN DOS DOCUMENTOS FOTOGRÁFICOS

Como xa mencionamos tivemos a posibilidade de traballar con documentos fotográficos na nosa investigación. Este traballo foi realizado dun xeito máis artesanal que a análise dos outros documentos xerados na investigación. Para estes documentos o primeiro paso que tivemos que realizar foi depurar o total das aproximadas 400 fotografías que recollemos dos arquivos fotográficos do municipio e doutras fontes. Foi un proceso laborioso que nos levou a trocar a selección dos documentos en máis dunha ocasión ata chegar á presentación que realizamos finalmente na investigación. A análise destas fotografías está ligado ao tema dos espazos de xogo, aínda que tamén presentamos máis imaxes na parte do informe etnográfico.

Os documentos fotográficos seleccionados foron clasificados tomando como referencia o *Manual de procedimiento para la catalogación de documentos patrimoniales históricos y etnográficos* (Astudillo, 2010). Tomando este documento como referencia clasificamos e ordenamos as fotografías. Desta forma non empregabamos a fotografía só para apoiar o relato dos informantes. Estes documentos fotográficos son unha fonte de información que require dun tratamento específico que permita afondar no propio documento. Por esta razón empregamos un rexistro preciso dalgúns elementos de cada fotografía para describir o contido da fotografía e para contextualizar as mesmas. Desta forma ofrecemos ao lector unha maior información sobre os documentos, porque “a relación entre o contexto no que cada imaxe é producida é importante para calquera análise etnográfica fotográfica ou en vídeo” (Pink, 2007, p. 97).

O traballo destas fotografías estivo principalmente ligado a un intento por achegarnos á iconografía fronte a iconoloxía (Bohnsack, 2008; Castiñeiras, 1998). Os documentos presentados non presentan elementos simbólicos que nos permitan realizar interpretacións das fotografías, de aí que realicemos descriucións ou denotacións (Lara, 2005) que expliquen ao espectador o que está apreciando na fotografía.

As fotografías analizadas requiren por parte do investigador da competencia iconográfica, narrativa, estética e enciclopédica (Vilches, 1987). Neste senso as fotografías seleccionadas son presentadas atendendo á necesidade de presentar imaxes facilitando ao lector a interpretación das formas e obxectos propios dos escenarios presentados. Isto realizámolo a través dunha narración visual (Lara, 2005), xa que grazas á experiencia do investigador sobre o campo facilitounos a realización desta presentación visual. Asemade as fotografías están escollidas na medida do posible, con certo criterio estético. Este relato fotográfico dos espazos seleccionados aproxímase á narración cíclica (Snodgrass como se citou en Castiñeiras, 1998, p. 56). Xa que realizamos unha presentación dos espazos en diferentes momentos históricos nos que os escenarios protagonistas, o porto e a praia, son os mesmos.

A continuación expoñeremos unha pequena mostra como exemplo da narrativa visual dos espazos que analizados e descritos na investigación. Posteriormente no seu correspondente apartado do informe etnográfico interpretativo e descritivo [apéndice 7.10] esta narrativa dos espazos será analizada con maior profundidade. Comezaremos a sucesión de imaxes presentando os espazos de xogo na seguinte orde: porto, praia, e Cerca. Deixamos para o apéndice [8] o resto da narración visual

O PORTO



Figura 14. Vista panorámica do porto no ano 1929.

Táboa 27. Datos fotografía porto 1.

Unidade de información	de Concello Malpica, Centro cívico. CMCC
Lugar físico	Biblioteca Municipal Malpica. BMM
Tipo de documento	de Fotográfico
Título	Vista xeral do porto.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF e papel.
Condicións accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Panorámica paisaxística.
Data	1929
Resumo	Panorámica da vila mariñeira de Malpica co cabo de San Hadrián ao fondo. Na foto aparece o propio autor da fotografía Laxe Vidal. Nesta fotografía vese o porto natural de Malpica se ningún tipo de construción. Sería coa II República no ano 1931 cando comezarían as primeiras obras correspondentes ao dique de abrigo ou chamada polos nativos como “punta das obras” estas obras comezan na década dos 30 que pasarían por sucesivas fases que se verán a continuación na narración visual fotográfica. As últimas obras efectuadas no porto correspóndense coa primeira década do século XXI.
Descritor temático	O Porto. OP.
Descritor xeográfico	Malpica. M.
Lugar evento	do O castelo.
Nº de fotografía	de Fp1.




Figura 15. A rapazada tomando o baño na rampla do carro anos 80.

Táboa 28. Datos fotografía Porto 10.

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	Nenos na rampla
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF.
Condições accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Escena.
Data	Década dos 80
Resumo	Escena de nenas e nenos, xogando na rampla do carro no “piojo”. Este espazo creado na década de finais dos 60, sería un dos espazos máis concorridos polas xeracións dos fillos. Esta zona convértese na zona de baño para tódalas cativas e cativos da vila. Non soamente se frecuentaba para nadar, senón que tamén era empregada para pescar, andar nas chalanas e mergullarse. Pasaría a ser un dos centros de reunión e xogo dos pequenos.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	do Rampla do carro no “piojo”.
Nº de fotografía	de Fp10.

A PRAIA



Figura 16. O público asistindo a un partido de fútbol praia con marea baixa.

Táboa 29. Datos fotografía praia 15.

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	Praia de Malpica
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos
Titulo serie	A vila.
Formato	TIF.
Condicións de accesibilidade	Acceso restrinxido. Xa que se atopa escanado nun ordenador de uso privado para os traballadores do centro cívico.
Especialidade fotográfica	Paixasística.
Data	Sen determinar.
Resumo	Na imaxe a area maior da praia de Malpica con marea baixa. Ao fondo da imaxe apreciase unha zona rochosa que é zona do Caldeirón, outro espazo de lecer dentro da praia. No fondo podemos ver o monte da Atalaia e debaixo del a Cerca, outro dos espazos de xogo das distintas xeracións. Xa na area maior vemos como a xente se congrega observando un partido de fútbol praia, cousa común por aquela época xa que aínda non existía campo de fútbol na vila e o único lugar para xogar ao balón era a praia con marea baixa.
Descritor temático	PM.
Descritor xeográfico	M.
Lugar de evento	do Furna de Canido.
Nº de fotografía	de Fpr15.

A CERCA



Figura 17. Vista panorámica da Cerca de Limia. Lugar de xogos.

Táboa 30. Datos fotografía A cerca 14.

Unidade de información	de Concello Malpica, Centro cívico . CMCC
Lugar físico	Biblioteca Municipal Malpica. BMM
Tipo de documento	Fotográfico
Título	Malpica vista xeral
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos
Titulo serie	Malpica en fotos 2
Formato	TIF
Condições de accesibilidade	Acceso restrinxido. Xa que se atopa escanado nun ordenador de uso privado para os traballadores do centro cívico.
Especialidade fotográfica	Panorámica
Data	década dos 40.
Resumo	Na imaxe pódese ver todo Malpica na marxe esquerda vese unha gran área sen ningún tipo de construción que está indicada como a Cerca. Este foi un lugar de xogo e recreo para moitas das xeracións de Malpica que ían ás escolas da Cerca, as cales estaban ao seu carón. Ca expansión urbanística este espazo desaparece para ser substituído por edificacións de vivendas de maiores dimensións cas que aparecen na imaxe, será unha área que desaparecerá paseniñamente.
Descritor temático	AC.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	do Pedra Queimada.
Nº de fotografía	de Fc14.

5. 4. A EXPOSICIÓN DOS ACHÁDEGOS

Na investigación cualitativa a presentación dos achádegos varía segundo os estudos (Goezt & Lecompte, 1988). No noso caso expoñemos os achádegos en dous tipos de configuracións: non narrativa e narrativa. Dentro da configuración non narrativa amosamos as evidencias dun xeito máis visual que permite contemplar os datos organizados en torno a centros de interese. Mentres que na configuración narrativa afondamos nos datos describindo e intepretando os mesmos para elaborar os nosos propios informes. A interrelación destas configuracións permítenos amosar os diferentes niveis de intepretación acadados na análise dos datos brutos.

Nesta exposición dos achádegos apoiámonos no uso de distintos formatos cualitativos como táboas, mapas conceptuais [apéndice 5], matrices [apéndice 4] e informes (Miles et al., 2014; Miles & Huberman, 1994). Na configuración non narrativa empregamos os formatos máis visuais como as táboas, mapas e matrices. O emprego das táboas, matrices e as mapas conceptuais permite visualizar as ligazóns e a estrutura entre os diferentes temas extraídos do datos brutos. Estes conforman os cimentos dis posteriores informes narrativos. Mentres na configuración narrativa desenvolvemos dúas clases de narrativas a través dos informes descritivo e interpretativo. Estes formatos están orientados a presentar os datos e os achádegos dun xeito claro e representativo do fenómeno estudado e pretenden facilitar ao lector a comprensión dos datos e das relacións existentes entre eles.




Figura 18. Esquema das configuracións e formatos dos achádegos.

5. 4. 1. A CONFIGURACIÓN NON NARRATIVA DOS ACHÁDEGOS: OS MAPAS CONCEPTUAIS E MATRICES CUALITATIVAS

A configuración non narrativa dos achádegos precisa algunhas explicacións sobre os formatos empregados nela. Neste sentido detémonos a realizar algunhas apreciacións sobre os mapas conceptuais [apéndice 5] e as matrices cualitativas [apéndice 4] realizadas.







Os mapas conceptuais son froito das diferentes fases de codificación e análise dos datos. Este tipo de formato está amplamente recoñecido na investigación cualitativa e etnográfica. Os mapas conceptuais son definidas como:

Un conxunto de nós ou puntos conectados por enlaces ou liñas que presentan uns fluxos de accións dos participantes, eventos ou procesos. As redes préstanse perfectamente a unha abordaxe aproximada que recrea o argumento dos acontecementos no tempo, así como a exposición de relacións mutuas complexas entre variables (Miles et al., 2014, p. 111).

Estes mapas son unha forma de presentar os achádegos dunha de maneira visual e agrupada en torno ás diferentes categorías e códigos xerados nos ciclos da codificación dos datos. Aínda que neste tipo de formato Neste tipo de formato aínda que podemos inserir “memos”, citas, ou obervacións, no noso caso soamente presentamos as conexións entre as categorías e os códigos elaborados na análise dos datos. Cada un dos mapas conceptuais está acompañado dunha breve explicación sobre o tipo de conexións establecidas. Estas redes foron construídas co software Atlas.ti 7.1 (Versión 7.1; Scientific Software Development GmbH), para relacionar os diferentes conceptos presentados en cada una delas empregamos as relacións existentes no operador de redes do que dispón o programa informático. Deste xeito tiñamos a posibilidade de ligar os distintos nodos, con nexos causais, de asociación, de pertenza, de propiedade, e unha relación dos conceptos máis concretos cos máis xerais.

A continuación presentamos unha táboa na que explicamos o tipo de ligazóns aplicadas nos mapas conceptuais e unha breve explicación sobre o significado da mesma.

Táboa 31. Táboa de relacións entre nodos nos mapas conceptuais.

<i>Tipo de relación</i>	<i>Indicador</i>	<i>Explicación</i>
É un/unha		Esta relación indica a que se están asociando conceptos máis concretos con aqueles máis xerais. Este tipo de relación soamente se establece entre códigos que están dentro dunha categoría, ou categorías que están dentro doutra categoría.
Está asociado con		Esta ligazón establece relacións entre diferentes conceptos sen que un estea incluído dentro do outro, mantendo unha relación de simetría entre ambos.
É parte de		A conexión que se realiza é unindo conceptos que no un deles completa ao outro, pero sempre dentro do mesmo nivel de abstracción, código con código ou categoría con categoría.
É causa de		Aquí o tipo de relación é causal, un fenómeno ou concepto é conectado con outro sendo o primeiro a consecuencia do segundo.
Contradí		Esta relación o que un e son elementos dun xeito simétrico entre ambos, no que ámbolos dous se opoñen claramente o un ao outro. Para establecer esta relación será necesario que os dous elementos se atopen ao mesmo nivel analítico.
É propiedade de		Esta ligazón representa unha relación entre un concepto e un posible atributo ou parte destacada dese tema, que estaría claramente vinculado ao concepto principal.

Outro formato empregado na configuración non narrativa son as matrices [apéndice 4], estas empréganse na metodoloxía cualitativa para presentar unha redución dos datos analizados. As matrices son “esencialmente a intersección de dúas listas, organizadas en filas e columnas” (Miles et al., 2014, p. 109). A través das matrices presentamos as evidencias que nos parecen relevantes para a comprensión da investigación agrupadas baixo os temas xurdidos na análise dos datos. Para elaborar as matrices empregamos unha adaptación das matrices de resumo tipo "Cluster" (Miles & Huberman, 1994), xa que presentamos os achádegos obtidos agrupándoas por temas.

Este tipo de matrices o que nos permiten na investigación é presentar dun xeito claro parte das evidencias obtidas nas entrevistas, gravacións, análise de vídeos, diarios de campo, ou das memos “memos”, baixo un tema central. No caso das matrices presentadas aínda que normalmente se presentan matrices menos voluminosas (Miles & Huberman, 1994), decidimos engadir o maior volume de datos posible, xa que como se presentan en formato dixital o groso das matrices [apéndice 4] nos pareceu axeitado inserir un maior volume de datos, xa que “ independentemente de como se presenten os resultados, estes deben ser claros e cribles [...]. Deben ofrecer datos suficientemente densos, complexos e representativos de varias perspectivas” (Goezt & LeCompte, 1988, p. 243). Esta peculiaridade pensamos que non dificultaría a lectura e interpretación das mesmas. Ademais de presentar unha maior transparencia dos datos e da organización dos mesmos nas matrices.

As matrices están organizadas en 5 columnas: *dimensións temáticas centrais*, *categorías*, *códigos*, *manifestado por*, e *triangulación*. A primeira columna engloba as categorías temáticas centrais como contexto escolar, contexto municipal e condicionantes socioculturais. Na segunda columna facemos referencia ao resto de categorías obtidas da análise de datos. Así na terceira columna temos os códigos que compoñen estas categorías.

A cuarta columna é identificada co termo "manifestado por", nela o que presentamos son principalmente citas dos informantes asociadas ao código no que están vinculadas. Tamén inserimos algunhas "memos" de carácter máis descritivo que permiten ao lector enlazar ese contido con algún outro tipo de fonte de información relacionada con ese tema concreto. Debemos engadir que nestas columnas sumamos algúns extractos dos diarios de campo ou das análises dos vídeos, documentos ou outro tipo de información, pero con menor impacto en comparación coa achega de citas de entrevistas xa que nos interesaba centrarnos máis nas voces dos informantes.

Na quinta columna atopamos o termo triangulación que fai referencia ao nivel consistencia dos datos obtidos para cada código concreto. Esta consistencia dos datos virá determinada pola triangulación analítica que está relacionada coa propia triangulación dos informantes cando se manifestan sobre un tema; o tipos de técnicas de recollida de datos relacionada con esa categoría, a frecuencia e concorrencia dos

códigos; ademais tamén se engaden "memos" nalgúns casos para recordarlle ao lector que existe un proceso de validación do dato por parte do investigador. Pero é preciso aclarar que nas matrices decidiuse non incluír moitas "memos", porque é nos informes etnográficos onde o investigador realiza unha síntese dos datos obtidos cunha lente máis interpretativa. Debido a que na configuración narrativa é onde se mesturan as interpretacións de 1º nivel, as propias manifestacións dos informantes, e as de 2º e 3º nivel as realizadas polo investigador (Flick, 2004), como consecuencia de todo o proceso de análise e revisión dos datos.

Debido á complexidade para ordenar os datos e seleccionalos para cada matriz presentada, no estudo achégase unha pequena descrición dos temas abordados para cada unha delas [apéndice 4]. No caso de que houberse algunha particularidade na mesma, esta aparecerá aclarada. Isto ademais de facilitar a comprensión e lectura das matrices, proporciona unha maior credibilidade á investigación, xa que se explica detalladamente cada unha das matrices cos temas que se tratan en cada unha delas.

A orde de aparición das citas das nativas/os nas matrices está ordenada cronoloxicamente, sempre presentamos os resultados comezando pola xeración das avoas/avós, nais/pais, fillas/fillos e netas/os. No caso dos nativas/os tamén empregamos unha cor gris para diferenciar as súas declaracións dos docentes. Ademais lembrar que a identificación para o informante N11 non significa que sexa da xeración máis nova, polo que pode aparecer intercalado na matriz antes que as declaracións do N9 e do N10 xa que a súa idade é maior da que presentan estes dous casos, polo que a súa orde interxeracional está antes que N9 e N10. O informante N11 lembrar que é o informe autobiográfico por ese motivo aparece como N11 para diferenciarse das entrevistas realizadas.

No caso dos docentes a orde de aparición das citas comeza polos profesionais que traballan na etapa de Educación Primaria, seguidos polas declaracións dos profesionais de Ensino Secundario e polos profesionais do concello. Recordarlle ao lector que no caso do NDC2 poderá aparecer indistintamente ben nas informacións dos nativos ou nas dos profesionais. Xa que cumpre cos dous perfís e en ocasións as súas manifestacións están referidas as súas vivencias como cativo e noutras ocasións está

dando a súa visión como profesional da EF. A cor que identifica as declaracións dos profesionais é azul. A continuación presentamos a táboa explicativa correspondente.

Táboa 32. Cores de identificación informantes nas matrices

Identificación informantes na matriz

<i>Cores</i>	<i>Informantes</i>
	Nativos
	Educadores

Na presentación da cita irá identificada co informante que expresa esa información e coas liñas dos parágrafos nos que se sitúa a cita correspondente no texto, sexa unha entrevista, ou calquera outro tipo de documento. Para unha maior identificación dos perfís dos entrevistados é preciso que se consulte a ficha de informantes [táboa 18] que se presenta no apartado das fontes de información. As “memos”, citas extraídas dos diarios de campo, das análises dos vídeos poderán aparecer indistintamente nunha cor e outra, xa que dependendo do tema que nos atopemos poden estar apoiando as informacións con independenciada fonte. Á hora de seleccionar a información que se presenta nas matrices, intentouse buscar aquelas declaracións que tivesen unha maior representatividade do tema que se está expoñendo. Por esta razón procuramos que nelas sempre aparezan reflectidas os saltos xeracionais dos informantes e tamén das etapas educativas, sempre que sexa posible.

A identificación do nivel de triangulación sobre cada tema será identificado con cores para saber se está suficientemente contrastado, atendendo á frecuencia e concurrencia das citas, o tipo de axentes que se manifestan sobre un tema concreto, o tipo de técnicas empregadas para a constatación dese tema e a presenza de “memos”. A continuación presentamos un esquema e unha táboa na que explicamos como interpretar as cores que aparecen na columna de triangulación dos datos




Figura 19. Esquema da triangulación analítica seguida nas matrices

A continuación presentamos a táboa explicativa sobre a composición das matrices que facilita a comprensión das matrices de datos que se presentan na investigación [apéndice 4].

Táboa 33. Cores de identificación da triangulación nas matrices

Nivel de triangulación por cores

<i>Cores</i>	<i>Explicación</i>
	Indica que nese tema o nivel de triangulación de axentes e de técnicas de recollida de datos é baixo. Soamente se recolle ese tema en concreto a través dunha técnica de recollida de datos, e o nivel de triangulación de axentes, (nativos ou profesionais educativos) está reducido a menos de 4. Ademais pode ocorrer que a frecuencia e concorrencia dos códigos é baixa.
	Sinala que existe un nivel de triangulación de axentes e de técnicas de recollida de datos tipo medio. En ocasións este nivel pode vir marcado polo incremento de triangulación de axentes sempre superior a 4 ou tamén polo emprego de máis de unha técnica de recollida de datos, e as memos. A frecuencia e concorrencia dos códigos é media.
	Esta cor indica que a triangulación de axentes é alta, sendo de máis de 4 os informantes que o apoian. Ademais son máis de dúas técnicas de recollida de datos as que sustentan o tema que se presenta, e están acompañadas de memos. A frecuencia e concorrencia dos códigos é elevada.

5. 4. 2. A CONFIGURACIÓN NARRATIVA DOS ACHÁDEGOS

Unha das partes máis relevantes de toda etnografía é a redacción do informe etnográfico. No caso desta etnografía redactamos dous tipos de informes, un de corte máis descritivo [apéndice 7] que se centra en cada unha das categorías e dos códigos extraídos na análise dos datos e outro de corte máis interpretativo no que se recollen os aspectos máis relevantes das categorías do primeiro que son relacionados con aspectos máis teóricos.

Sabemos que na redacción etnográfica están permitidas certas retóricas e licencias literarias para tratar de ser persuasivos para empatizar co lector (Atkinson, 1991). Pero tamén sabemos que “nunca podemos trazar as nosas etnografías para interesar a toda a audiencia potencial ao completo. Ningún texto pode cumprir todas as expectativas de todos os lectores” (Hammersley & Atkinson, 1994, p. 279). Por esa razón apostamos por un estilo directo máis próximo ao realismo etnográfico (Marcus & Cushman, 1991) “que busca aludir a unha totalidade por medio de partes e focos de atención analítica, que constantemente evocan unha totalidade social e cultural”(Marcus & Cushman, 1991, p. 175). Desta maneira queremos facilitar a lectura dos nosos informes a todo tipo de audiencias, con especial interese a aquelas que non están familiarizadas cos textos etnográficos ou antropolóxicos, caracterizados pola súa densidade e complexidade na redacción. Para facilitar a lectura deste informe está estruturado seguindo as categorías construídas durante a análise dos datos seguindo co encaixe da etnografía coa Teoría Fundamentada (Charmaz & Mitchell, 2007).

5. 5. CRITERIOS DE CREDIBILIDADE

Unha das preocupacións de todo investigador cualitativo é a consideración da súa investigación como un relato veraz e que non sexa avaliada como un relato pouco creíble. Evitar esta perda de confianza no proceso da investigación foi unha das maiores preocupacións de todo o proceso da investigación. Polo que nos vemos obrigados a xustificar a credibilidade da investigación apoiándonos en diferentes técnicas e procesos que apoian a autenticidade e a calidade dos datos obtidos na investigación. Pasaremos da detallar como se garantiu a fiabilidade, a validez e a triangulación do estudo.




Figura 20. Esquema da credibilidade da investigación.

5. 5. 1. FIABILIDADE

A fiabilidade da investigación etnográfica non se sitúa nos parámetros positivistas no que se refire á replicabilidade deste tipo de investigacións. Dito doutra maneira “non se agarda que un investigador que observa a unha comunidade nun momento dado duplique exactamente os descubrimentos dun investigador diferente que observe a mesma comunidade nun momento diferente” (Angrosino, 2012, p. 86). Malia esta peculiaridade da etnografía, no noso estudo a fiabilidade é proporcionada pola toma de datos en diferentes escenarios, con estratexias diversas que nos facilitan garantir dun xeito apropiado a fiabilidade (Kirk & Miller, 1986).

Todos os procesos de recollida de datos está completamente detallado a través de diferentes medios de rexistro como fichas de entrevistas, diarios de campo, transcricións de entrevistas, fichas das fotografías, descricións dos vídeos, gravacións de audio das entrevistas, filmacións nos espazos escolares e públicos. Aqueles documentos traballados en formato papel están adxuntos nos apéndices para que poidan ser revisados. Estes rexistros son completados coa descrición de todo o proceso de análise que está acompañado de todos o documentos xerados nesta fase, que tamén están documentados nos apéndices, os cales foron explicados con detalle no apartado previo.

Este conxunto de accións estiveron encamiñadas a garantir o proceso de fiabilidade da investigación como nos indican Kirk and Miller (1986).

5. 5. 2. VALIDEZ

Debemos partir da idea de que a validez está orientada a confirmar que os nosos datos e interpretacións sobre os mesmos, teñen transparencia e presentan un achegamento veraz á realidade documentada. Para manter a validez do estudo debemos falar en primeiro momento do chamado “realismo sutil” (Hammersley como se citou en Flick, 2004, p. 239). Este consiste na asunción de que o coñecemento non pode ser avaliado como certeza, senón pola súa credibilidade e plausibilidade. Debemos ter en conta que os fenómenos acontecen con independencia das valoracións dos investigadores, e o discurso dos investigadores soamente se aproxima ao fenómeno investigado. Ademais a realidade faise visible segundo os testemuños recollidos, presentando o fenómeno de estudo non reproducíndoo.

A validez da investigación está fundamentada no tipo de acordos e consentimentos obtidos para realizar as entrevistas e as observacións nos escenarios presentados. Estes acordos facilitaron realizar as entrevistas nos lugares nos que os informantes designaban que están debidamente rexistrados nas fichas das entrevistas. O mesmo proceso de rexistro seguiron as gravacións obtidas, que van acompañadas dun breve diario de campo [apéndice 3] que constata a estancia no campo. Así mesmo a realización das gravacións están transcritas [apéndice 2]. Neste senso é importante subliñar o feito de que as entrevistas e as filmacións nos diferentes escenarios estean debidamente rexistradas en formato dixital, o que achega maior transparencia e validez a nosa investigación.

O consentimento expresado polos informantes para empregar as súas entrevistas na nosa investigación garante tamén a validez do estudo. Para evitar que os entrevistados non se recoñecesen ou se viran distorsionados na transcripción das entrevistas, en todos os casos, agás no N6, aos informantes que participaron na investigación entregóuselles un CD cunha copia da súa entrevista transcrita e o audio da

mesma. En ningún dos casos mostraron a súa desconformidade a que as súas declaracións fosen empregadas na nosa investigación.

A validez da investigación ademais é garantida porque as descrições realizadas por parte do investigador teñen un carácter de baixo nivel inferencial (Taylor & Bogdan, 1992) Nos documentos xerados a partir da estancia no campo, e logo vai aumentando o nivel das inferencias progresivamente. Deste xeito o filtro interpretativo de 2º e 3º nivel (Flick, 2004) aplicado polo investigador queda ligado aos diferentes procesos realizados cos datos, principalmente á exposición dos resultados no posterior informe interpretativo etnográfico. Subliñar que na investigación producíronse fundamentalmente descrições de tipo “emic”, nas cales son os propios informantes os que nos proporcionan a explicación sobre o contexto, sendo as descrições “etic” as de menor volume na investigación.

Ademais a validez do estudo está ligada á fiabilidade do proceso de investigación proporcionado pola descripción de todos os procesos, acompañada de rexistros e documentos analíticos elaborados. Así mesmo explicamos todos os roles mantidos polo investigador no campo, tanto á hora de realizar ás entrevistas como ao facer as observacións nos escenarios descritos na investigación. Complementamos a validez do estudo coa presentación dos resultados en diferentes formatos como son os mapas conceptuais, as matrices e o informe etnográfico. Todo isto realizámolo indicando sempre como se debe realizar a lectura ou interpretación dos mesmos o que lle atribúe a fiabilidade do procedemento (Flick, 2004) a toda a investigación

5. 5. 3. TRIANGULACIÓN

A credibilidade é garantida grazas á triangulación de axentes, escenarios, fontes e dos datos (Denzin, 1989), ademais da triangulación no análise e da na exposición dos achádegos. É preciso sinalar que a produción dos datos brutos estivo marcada pola variedade de fontes información empregadas. O emprego destas fontes achega un maior empaque e riqueza a investigación, garantindo deste xeito unha maior credibilidade á mesma.




Figura 21. Esquema triangulación de fontes de información.

Outro factor que nos garante a credibilidade é a triangulación de axentes. Neste estudo tivemos a oportunidade de contar cunha selección de participantes moi heteroxénea a que serviu para establecer un mellor control cruzado dos datos.




Figura 22. Triangulación de informantes.

Se focalizamos a atención no caso dos educadores entrevistados debemos sinalar que indicar que no estudo existen diferentes perfís profesionais que nos facilitan unha maior riqueza nos testemuños, e achegar unha maior credibilidade ao estudo.




Figura 23. Triangulación Docentes.

O estudo ademais conta coa participación doutros educadores que non están relacionados coa EF que proceden doutras áreas de coñecemento todos eles da Educación Primaria. Esta variedade engade de informantes engade maior credibilidade ao estudo.

Debemos mencionar que pola riqueza dos escenarios observados a triangulación dos escenarios está garantida na investigación. Queremos subliñar que o emprego de diferentes roles por parte do investigador no estudo permítenos complementar a triangulación nos escenarios e cos axentes.




Figura 24. Esquema triangulación escenarios.

Sumamos á investigación a chamada triangulación metodolóxica (Denzin, 1989), que conforma un dos criterios máis transversais dentro da investigación

cualitativa á hora de sustentar a credibilidade dos datos e da investigación. O noso estudo conta co emprego de diferentes métodos que posibilitan lograr a credibilidade.




Figura 25. Esquema triangulación metodolóxica aplicado na investigación.

É necesario que tamén expoñamos o esquema da triangulación de análise desenvolvido na investigación, xa que este tipo de triangulación é a que nos permitía realizar o control cruzado dos datos a medida que o proceso de análise avanza.




Figura 26. Esquema da triangulación de análise

Xunto con este tipo de triangulacións presentamos a triangulación na exposición dos achádegos, xa que dentro das configuracións narrativa e non narrativa empregamos diferentes formatos cualitativos que achegan maior credibilidade ao estudo.




Figura 27. Esquema da triangulación de formatos na configuración non narrativa e narrativa dos achádegos.

Todos estes tipos de triangulacións están orientadas a garantir a credibilidade do estudo e permitir ao lector seguir todos os pasos e procesos desenvolvidos na investigación.

5. 6. FORTALEZAS E DEBILIDADES

Polas súas características o estudo presenta unha serie de fortalezas e debilidades produto da heteroxeneidade de procesos, escenarios e informantes recollidos na investigación. Nesta exposición comezaremos en primeiro lugar polas fortalezas para despois centrarnos nas debilidades. Neste sentido queremos aclarar que as fortalezas e debilidades están relacionadas entre elas, xa que de cada fortaleza ten o seu contrapunto cunha debilidade asociada.

A primeira fortaleza está relacionada coa coherencia entre a perspectiva teórica de corte antropolóxico e o posterior estudo empírico etnográfico, algo que vai na liña do expresado por Gómez (1993) que reivindica o estudo do xogo desde unha visión micro e cualitativa. O xogo como fenómeno cultural precisa dun tipo de indagación ligada coa súa propia natureza social, que permita rexistrar o compoñente simbólico que transmite ao mesmo tempo que o constrúe. A través desta etnografía tentamos amosar as ligazóns existentes entre a comunidade presentada e os xogos populares practicados nela. O estudo mantén unha perspectiva diacrónica que nos permite analizar o xogo popular a través das vivencias de diferentes xeracións correlativas. Grazas a estas xeracións observamos as formas e relevancia que adopta ao longo do tempo dentro da colectividade. Tendo en conta a evolución temporal que mostra como estes xogos están afectados polos cambios sociais e formas de vivir que se producen ao longo do tempo ata chegar ao presente.

O xogo popular exprésase de formas diversas. Deste xeito unha investigación que busque precisar esta singularidade, debe variar as fontes, os procedementos na toma de datos e os escenarios onde se recollen estes. Por esta razón tivemos que empregar diferentes ferramentas metodolóxicas como as entrevistas, a observación participante, fotografías, e informe autobiográfico. Este abano de procedementos permite recoller o fenómeno de estudo desde diferentes perspectivas, enriquecendo á propia investigación.

A variedade de informantes levounos a empregar diferentes tipos de entrevistas. Isto mellora a calidade da investigación xa que nos achega unha textura de matices nas informacións de gran interese para o estudo. A fortaleza do estudo neste sentido está marcada polo emprego de distintos tipos de entrevistas e guións, que nos axudaron a adaptarnos a variedade de informantes, e as súas necesidades

A condición de nativo do investigador está apoiada pola inclusión dun informe autobiográfico no propio estudo. Pode considerarse como unha fortaleza e debilidade. Por unha parte ser nativo facilitaba establecer un rapport positivo e unha certa confianza cos informantes locais. Ademais esta identificación permitía achegarnos á linguaxe e idiosincrasia da colectividade e dos escenarios estudados. Isto intentamos conseguilo mantendo a perspectiva do estrañamento antropolóxico, xunto co emprego de diferentes roles segundo o contexto no que nos atopabamos durante o desenvolvemento do estudo.

As observacións obtidas no campo ofrecen a posibilidade de contrastar diferentes escenarios e achegan maior fortaleza ao estudo, xa que nos permite comprobar a situación do xogo popular en distintos lugares. Esta circunstancia facilitaba un mellor control cruzado dos datos entre as evidencias obtidas a través doutras fontes de información coas propias observacións realizadas nos escenarios públicos e institucionais. Deste xeito a investigación incrementaba a credibilidade dos testemuños e a o propio estudo.

Os distintos documentos de rexistro como os diarios de campo e as transcricións dos vídeos, son elementos que fortalecen a investigación, xa que estes plasman a variedade de recursos empregados no desenvolvemento do estudo. No caso dos diarios de campo son breves e sinxelos, sen afondar en demasiados detalles sobre a percepción do investigador en relación ao observado. Non se realiza nestes documentos unha reflexión en profundidade sobre as accións que se observan e filman na investigación. No caso das filmacións soamente nos centramos en tratar de transformar a imaxe á forma escrita, sendo o máis directos posibles nas transcricións. Debemos subliñar que nas transcricións dos vídeos non se inclúen conversas entre os protagonistas, xa que a calidade do son das gravacións non posibilitou rexistrar con claridade as conversas

A distribución e exposición dos achádegos en dúas grandes configuracións (narrativa e non narrativa) facilita comprobar ao lector como se constrúe o corpo da investigación a través dos diferentes filtros descritivos e interpretativos aplicados no desenvolvemento da investigación. Esta maneira de amosar e presentar os achádegos fortalece a propia credibilidade do estudo, porque posibilita achegarnos ás evidencias desde distintas perspectivas que se apoian no rigor no detalle e meticolosidade expresada en todas as decisións metodolóxicas e analíticas aplicadas no desenvolvemento da investigación.

Como xa comentamos a investigación pola súa particularidade fai que o propio estudo se vexa resentido no seu desenvolvemento, xa que provoca a aparición de certas debilidades. Neste sentido unha das primeiras debilidade está relacionada coa variedade de informantes e o feito de que nos enfrontásemos a adolescentes. Esta circunstancia foi

un reto para nós pola nosa inexperiencia con este perfil de informantes. Froito desta falta da bagaxe cos adolescentes, as entrevistas quizais non lograron establecer o rapport axeitado para recoller un volume máis amplo de información. Ademais tivemos que simplificalas para achegarnos a unha linguaxe máis familiar para os escolares, e aínda así entendemos que non chegamos a conectar o suficiente como para recoller un volume de información maior.

A riqueza de informantes tamén nos forzou a descartar os testemuños dos docentes na súa infancia. Estes informantes clasificámoslos como non nativos, xa que o interesante para a investigación era a súa perspectiva como docentes, malia que sabiamos que desbotaríamos certa información. Queremos recordar que as vivencias dos profesionais aos que se lle fixo o bloque de preguntas relacionado coas súas vivencias, estaban nunha liña similar ao expresado polas nativas/os na súa experiencia cos xogos populares na infancia e mocidade.

A condición de nativo tamén puido influír como unha debilidade do estudo, xa que como consecuencia desta condición os desprazamentos ao campo producíronse dun xeito máis espazado nas diferentes fases da investigación. Esta particularidade non responde aos criterios clásicos da etnografía. Esta distribución das nas estadias no campo responde á heteroxeneidade dos informantes e a súa disposición para ser entrevistados, da posta en marcha dos programas dos recreos que nos condicionaba a nosa presenza nos centros e a propia dispoñibilidade dos docentes, importante tamén a climatoloxía que permitise realizar filmacións nos espazos públicos, ademais da necesidade de avanzar na consulta de documentos fotográficos. Estes factores dificultaban manter a nosa presenza no campo durante estadias longas.

A debilidade das observacións está marcada pola pouca duración das estadias nos distintos escenarios, especialmente nos centros escolares. As observacións realizadas están limitadas a unha semana de duración, para equiparar as estancias nos dous centros. Nos dous casos as gravacións foron realizadas ao final do curso escolar, o cal complicaba manter a continuidade nos escenarios. Ademais os cambios de destino dos nosos contactos e diferentes circunstancias alleas a nós dificultaba manter as estancias nos centros escolares. No caso do centro educativo A, non tivemos a oportunidade de observar as clases de EF, o que limita a riqueza da investigación. Pero debemos insistir

que o noso estudo non é unha etnografía escolar. Por esta razón non é tan preocupante o feito de non ter unhas estadias longas nos centros.

CAPÍTULO 6: PRESENTACIÓN DE ACHÁDEGOS I

- Configuración non narrativa dos achádegos

Os investigadores da sociedade humana terán que plantexarse a cuestión de se as súas inquiredanzas con respecto ás categorías da estrutura e da organización, se axustan realmente ao proceso interpretativo polo medio do cal os seres humanos individual ou colectivamente, actúan na sociedade (Blumer, 1981, p.67).

6. PRESENTACIÓN DA CONFIGURACIÓN NON NARRATIVA DOS ACHÁDEGOS: MAPAS CONCEPTUAIS, MATRICES CUALITATIVAS E TÁBOAS ANÁLITICAS

A continuación mostraremos os achádegos non narrativos que se compoñen polos mapas conceptuais, matrices cualitativas e táboas analíticas. Estes formatos están debidamente xustificadas e explicados no punto 5.4 onde explicamos como están estruturados os achádegos nas dúas configuracións.

6. 1. MAPAS CONCEPTUAIS

No desenvolvemento da investigación construímos distintos mapas conceptuais que están relacionados coas diferentes categorías construídas na codificación dos datos. Estes mapas permiten comprobar as distintas relacións entre códigos e categorías dun modo directo e de doada comprensión. Ademais cada un dos mapas conceptuais que presentamos está acompañado dunha breve descrición que explica de xeito esquemático as relacións establecidas en cada un dos mapas [apéndice 5]. Desta forma achegamos á investigación un maior detalle sobre os temas xurdidos na análise dos datos, o que garante unha maior credibilidade da investigación.

Na páxina seguinte presentamos unha taboa resumo de todos mapas conceptuais elaborados unha vez finalizados os ciclos de codificación e análise dos datos. Cada mapa conceptual está acompañado dunha breve explicación sobre o tipo de relacións establecidas en cada mapa. Neste punto por unha cuestión de operatividade e para facilitar a lectura do documento só inserimos un mapa conceptual como mostra, o resto dos mapas están no apéndice [5].

Táboa analítica 1. Mapas conceptuais elaborados na investigación.

<i>Categorías</i>	<i>Mapas conceptuais</i>	<i>Unidades</i>
CONTEXTO ESCOLAR	Contexto escolar/Currículo [apéndices 5. 1. 1; 5. 1. 2] Contexto escolar/Profesorado [apéndices 5. 1. 3; 5. 1. 4] Contexto escolar/Recreo [apéndices 5. 1. 5; 5. 1. 6] Contexto escolar/Alumnado-Familias [apéndices 5. 1. 7; 5. 1. 8] Contexto escolar Profesorado/Alumnado-Familias [apéndices 5. 1. 9; 5. 1. 10] Contexto escolar Profesorado/Alumnado [apéndices 5. 1. 10; 5. 1. 11] Contexto escolar Currículo/Profesorado [apéndices 5. 1. 11; 5. 1. 12] Contexto escolar Recreo/ Xénero [apéndices 5. 1. 13; 5. 1. 14]	8
CONTEXTO MUNICIPAL/LECER MOCIDADE	Contexto Municipal [apéndices 5. 2. 1; 5. 2. 2] Contexto Municipal/Lecer Mocidade [apéndices 5. 2. 3; 5. 4. 5]	2
ESPAZOS	Espazos [apéndices 5. 3. 1; 5. 3. 2]	1
MATERIAIS	Materiais [apéndices 5. 4. 1; 5. 4. 2]	1
REGULAMENTO/VALORES-ANTIVALORES	Regulamento/valores-antivalores [apéndices 5. 5. 1; 5. 5. 2] Valores-antivalores [apéndices 5. 5. 3; 5.5.4]	2
XÉNERO	Xénero [apéndices 5. 6. 1; 5. 6. 2]	1
VÍAS DE TRANSMISIÓN	Vías de transmisión [apéndices 5. 7. 1; 5. 7. 2]	1
XOGOS POPULARES LOCAIS	Xogos populares locais [apéndice 5. 8. 1; 5. 8. 2]	1
CATEGORÍAS CONDICIONANTES SOCIOCULTURAIS	Categorías Condicionantes Socioculturais [apéndices 5. 9. 1; 5. 9.2]	1

A continuación amosamos a modo de exemplo unha das redes elaboradas coa súa correspondente explicación. Neste caso presentamos unha das redes configuradas dentro do contexto escolar asociada á categoría tempos de recreo. Nela podemos ver algunhas das relacións que explicabamos no punto 5. 4. 1.




Figura 28. Exemplo de mapa conceptual contexto escolar recreos [apéndice 5.1.5].

Como xa comentamos en parágrafos anteriores cada mapa está acompañado por unha explicación individualizada na que se describen e sintetizan as conexións entre os diferentes códigos..

Explicación do mapa contexto escolar-recreos:

Agora presentamos o mapa conceptual que describe as conexións da categoría do *recreo* dentro da categoría central do *contexto escolar*. Nesta rede temos a ligazón entre a categoría *recreo* e a dimensión coa relación de "é unha", porque partimos dun aspecto moi concreto que se centra na realidade que se vive nos patios escolares no recreo. A categoría que está composta polos códigos *tempos de recreo*, *problemática socialización primaria*, *socialización primaria programa recreos*, *xogos programas recreos*, *xogos populares escola*. Esta categoría mantén con estes códigos a relación de "é unha", xa que son temas concretos asociados aos recreos nos centros educativos e son os códigos que compoñen a categoría.

Comezamos coa explicación das ligazóns do código *tempos de recreo* que está conectado cos códigos *problemática socialización primaria*, *socialización primaria programa recreos*, *xogos populares-escola*, *xogos programas recreos*. A relación con estes é "está asociado con", porque entendemos que todos os códigos mencionados manteñen unha vinculación cos tempos de lecer dos escolares, nos cales se producen diferentes fenómenos relacionados coa socialización dos escolares e o tipo de prácticas lúdicas practicadas nestes tempos de lecer.

As seguintes unións son as correspondentes ao código *problemática socialización primaria*, que conecta cos códigos de *socialización primaria* e *programa recreos* coa relación de "contradí". Xa que a falta de socialización e de dinamismo detectada nos recreos nos centros de Educación Primaria está completamente oposta ao nivel de participación e relación que manifestan os escolares cos programas de dinamización lúdica durante os recreos. Outro nexo que presentamos para o código *problemática socialización primaria* é o encadeamento co código *xogos populares escola*. Neste caso a relación é de "é causa de", porque a falta de riqueza lúdica nos recreos sumada á ausencia de alternativas aos xogos máis difundidos nos recreos, provoca que se produzan situacións de conflito social entre os escolares nos tempos de lecer.

Outro código é o de *socialización primaria programa recreos*, que está vinculado co código *xogos programas recreos* coa relación de "é causa de", porque a mellora das relacións sociais entre os escolares nace da tipoloxía e da variedade de xogos que se inclúen nos programas de dinamización dos recreos. Este programa

permite unha maior comunicación entre os escolares, mellor ocupación do seu tempo de lecer, ademais dunha redución dos conflitos entre escolares.

Engadimos nesta rede a unión entre o código *xogos programa recreos* co código *xogos populares escola* coa relación de "contradí", xa que os xogos que gozan de maior popularidade nos patios escolares dos centros educativos, non se corresponden cos xogos propostos desde os equipos docentes involucrados. Malia que os xogos propostos son considerados como populares-tradicionais entendemos que estes non teñen esta consideración na realidade lúdica escolar dos centros educativos.

6. 2. MATRICES

Outro dos formatos cualitativos empregados dentro da configuración non narrativa dos achádegos son as matrices cualitativas. Este formato agrupa en distintas categorías as evidencias recollidas no transcuro da investigación. Como xa apuntabamos no punto 5. 4. están centradas nas citas recollidas das entrevistas. Cada matriz está acompañada dunha pequena explicación na que detallamos todos os temas inseridos en cada unha. A continuación mostramos o total de matrices realizadas e un exemplo delas, xa que como acontecía cos mapas conceptuais por unha cuestión de operatividade estas están inseridas no apéndice 4.

Táboa analítica 2. Matrices cualitativas elaboradas para presentar os achádegos.

<i>Matrices cualitativas</i>	<i>Unidades</i>
Matriz Contexto escolar [apéndices 4.1; 4. 1. 1]	1
Matriz Contexto Municipal [apéndices 4. 2; 4. 2. 1]	1
Matriz Espazos [apéndices 4. 3; 4. 3. 1]	1
Matriz Lecer Mocidade [apéndices 4. 4; 4. 4. 1]	1
Matriz Materiais [apéndices 4. 5; 4. 1. 5]	1
Matriz Regulamento [apéndices 4.6; 4. 6. 1]	1
Matriz Vías de Transmisión [apéndices 4. 7; 4. 7. 1]	1
Matriz Xénero [apéndices 4. 8; 4. 8. 1]	1
Matriz Valores/Antivalores [apéndices 4. 9; 4. 9. 1]	1
Matriz Xogos populares [apéndices 4. 10; 4. 10. 1]	1

A continuación mostramos un exemplo do total das 10 matrices [apéndice 4] feitas para esta investigación. É necesario recordar que para cada unha das matrices existe a súa correspondente explicación [apéndice 4]. Neste caso referímonos á matriz

relacionada coa categoría do regulamento, que está composta soamente por dous códigos

Matriz Regulamento.

<i>Matriz Regulamento</i>				
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Códigos</i>	<i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Condicionantes Socioculturais	Regulamento	Funcionamento regras	<p>Dos intereses sempre, cando queriamos xogar ao fútbol, as veces xuntabamos 40, e saímos da escola: "veña imos xogar á area ao fútbol". E ían vindo máis e máis, e iamos escollendo os mellores: "ti dalle cara Canido, ti con nós". E así, e se podías sempre escollías aos mellores e os máis frouxos no outro equipo (risas), pero os malos como tiñan orgullo empezaban a patada limpa, patas nas canillas. N1 - (115:116)</p> <p>As regras do xogo, non había regras do xogo daquela. PREGUNTA: Non había? R: Non había nada. N2 - (133:136)</p> <p>Si, si, si. Iso cada un facía como lle daba a gana, ti poñías as túas normas. Por exemplo a pillar, había quen tiña que levar a un ao lombo, outros daban a machucar. Iso poñías ti as normas, cada un. N3 - (131:142)</p> <p>Pois ao comezo dicíase: "panda calquera". E poñíase. Pero xa nos viñan dadas tamén. Quero dicir que non se trocaban porque si, tódolos días. Quero dicir, os tres navíos ao mar ese, que ao mellor íamos, que a min parecíame unha burrada de xogo porque corrías todo Malpica e ías ata os pinos de Cotelo por enriba. Pois a min como xa me viñeron dados nós non inventamos nada. Sabes que pasa? Ao mellor na corda si que podía haber unha nova canción, nada máis. N5 - (92:93)</p> <p>Non. Mantiñámolas porque se transmitían de xeración en xeración, quero dicir, que xogar a montana churra, ou a pandalas, ou os grandes e pequenos, que era ir correndo os pequenos detrás dos grandes e os grandes detrás dos pequenos, era así son catro normas. Outro que me acordo agora, o palenque ou a billa que lle chamamos nós. Sabes o que é? N6 - (71:72)</p>	

Resposta: A verdade é que as veces eramos bastante cabróns, e cambiábmolas en función do noso interese. En función do interese de gañar, de xuntarte coa xente que fose máis potente, ata despois coñeces mellor o espazo, ata aquí fóra ata aquí non, aquí podes aquí non, se ti sabes xogar mellor e fas cousas que os outros non controlan, pois isto si vale esoutro non, todo iso (risas)

N7 - (74:75)

Resposta: Pois tiña que aprender a pelo, coma todo o mundo. Homeee! Ninguén llas explicaba ata que preguntaba, porque non lle quedaba outra. Porque xa estaba ata ao cu de levábalas ou deeee.... pois dicíaslle: "pois isto é así espabilate a base de xogar aprendes".

N7 - (74:81)

Eu penso que era un pouco por consenso, non se poñía en dúbida as normas do xogo, xa estaban postas de antemán. Eu nunca recordo poñer moitas normas, eu creo que como che dicía antes, se os maiores as puxeron e tiñas que aprendelas.

PREGUNTA: Podíanse cambiar en función do momento?

R: Mmm (SILENCIO) non me lembro moi ben, pero supoño que si. Eu sempre recordo de xogar sempre coas mesmas regras. Por exemplo, na áncora recordo que sempre estaban as mesmas regras e ninguén se propoñía trocalas. É dicir: "imos cambiar..." Non, non, eran as que había e estaba así, postas para todos. Era curioso, alí comezaban a xogar o primeiro que chegaba e máis o dono do balón, ninguén propoñía. É dicir, era un xogo no que o que chagaba a tres goles, ou non me lembro se eran tres ou cinco, supoño que era un pouco polo número de xente que houbera. E o que era o rei do campo, é dicir o que gañaba enfrontábase a outro que estaba agardando a que lle tocase o seu turno. Pero os primeiros que comezaban eran o primeiro e mais o que chegaba co balón. É dicir, se ti chegabas alí pero non tiñas balón, o que viña co balón era o do balón o que xogaba contra ti. Entón era unha norma que estaba implícita no xogo e ninguén se propoñía cambiar, xa era coñecida por todos.

N8 - (105:108)

Evidentemente preguntabas. É dicir, ti chegabas a un sitio no que (silencio) nunca xogaches ou non coñecías eh lle preguntabas aos que estaban xogando para que chas explicaran. É dicir, nese momento tiñaste que enterar de como xogaban para poder entrar un pouco na dinámica do xogo.

		<p>N8 - (109:114)</p> <p>No monte xogabamos aos indios e os vaqueiros, partidas case infinitas nas que os equipos respectaban as normas coma se un pacto de cabaleiros fose. Podías agocharte onde quixeses, facer emboscadas, camuflarte, enganar o que quixeses, pero iso si cando un escoitaba: Ta ta, estas morto! Inmediatamente sabías que había que entregarse e voltar a casa, de caso contrario algún compañeiro podía exercer o seu dereito de berrar: Xogo revoltó! Daquela automaticamente parábase a partida e discutíase sobre a infracción das normas e comezaba a partida de novo ou dábase por perdida automaticamente segundo fose a infracción de grave, e isto era respectado por todos. Porque de non ser así, se cadra non xogabas nesa tarde nin o día seguinte, e tamén existía a posibilidade de que che quentasen os focíños se eras teimudo nos teus argumentos. As partidas eran entre os rapaces da mesma zona do pobo ou entre equipos de zona, así estaban os da praza, da costa, do empalme, de xaviña, ect... Sempre xogabamos os nenos sen as nenas.</p> <p>N11 - (22:22)</p> <p>Hombre a veces si, porque entre que unos juegan de una manera, luego que las reglas no son las mismas por cualquier cosa, otros que tienen mal perder y cosas así.</p> <p>PREGUNTA: Cando non sabedes as normas, explicádesvolas?</p> <p>R: Si.</p> <p>N9 - (226:237)</p>	
Condicionantes Socioculturais	Regulamento	<p>Un grupo de profesoras e profesores están xogando aos pelouros. Xorde unha discusión pola maneira de xogar. Unha recrimínalle á outra que deixa botar a pelota para coller os pelouros é que así é máis fácil. A outra dille que ela xogaba así na infancia é que a ela dáballe igual como xogase a compañeira que cada un tiña unha forma distinta de xogar e que ela en Andalucía xogaba así e que non se metese na súa vida. Un dos profesores ironiza coa discusión e ameázalles con retirarlle o xogo se continúa a polémica.</p> <p>Análise vídeos Recreos - (31:31)</p>	
	Trampas	<p>Trampas Cando había algún trampulleiro?</p> <p>R: Buuuu, había piñas moitas veces meu filliño, hoo cantas veces “agharreabamos”. Duraban moito tempo e vouche explicar porque. Antes en Malpica case todos eramos familiares, antes casaban case todos uns entre os outros, eu non que xa casei cunha da aldea e teu pai tamén. Pero antes era así, os Chouciños cos Villares e así. Entón ti dábaslle unha castaña a un compañeiro meu, ou primo que era máis (físicamente) ca el daquela era: "Abusón!" E viña un que era teu primo e veña, e despois un do outro lado, e así empezabamos andar a piñas todos xuntos (risas). Pero gozabamos, e de alí a un</p>	

momento xa eramos todos amigos outra vez. Nada a piña limpa, non collías pedras nin paus, a piña limpa non era nada ohh, ti dábame a min eu a ti, cousas de rapaces.

N1 - (119:122)

Cando había trampulleiros tiñamos moita rabia, enfadabámonos: "Es un trampulleiro, non fas máis ca trampas, non é así".

PREGUNTA: Castigabádelos?

R: Non os castigabamos, rifabamos con el ou con ela, con quen fora.

N2 - (145:148)

Oooiiiiii! Nada, non pasaba nada. Porque os trampulleiros eran sempre os máis grandes, e mandaban eles e había que facer o que quixeran eles (Risas). Ameazábante con darche unha hostia, ou dábanha e despois chegabas á casa: "papá aaahhh!" E aínda levabas outra. Valía máis calar.

N3 - (133:142)

Home, collías a fama de trampulleiro, e os compañeiros apartábante un pouco, si, si. Home trampas non lle gusta a ninguén facelas, salvo en momentos dados, collías fama e quedabas un pouco illado.

N4 - (101:102)

Pois chamábaslle trampulleiro, dicíaslle que non xogaba máis ata o outro día. Non xogaba ese día nada máis [risas] despois esqueciaste. Pero si que había trampulleiros, claro que había.

N5 - (94:95)

Porque esas normas xa viñan dadas. A trampa, está nos pasos. Entón claro si o ves: "así non vale!! Me cago en tal!! Non sei que". Lío, podía haber trompazos tranquilamente, se xogaban os rapaces sós seguro que había tortas. (risas)

N5 - (97:97)

Normalmente xa había as súas normas de castigo, perdías puntuación, saíaste do xogo, pero digamos que nos partidos non había árbitros, nos xogos non había árbitros todos, sabíamos o que era man o que era penalti, aínda así cando xogabas contra os grandes, abusaban.

N6 - (75:78)

Pois depende da forza que tivese o trampulleiro. Se era un trampulleiro que era bo trampulleiro, pero que despois as podía levar, como o cazaran levábaas. Se era un compañeiro forte podía facer trampas que ninguén lle ía dicir nada.

PREGUNTA: Había castigo daquela?

R: A medida da forza era moi importante naquela momento, o poder tíñao a forza, e o liderado tíñao a forza, na rúa é che así.

N7 - (78:81)

Puff, Eu creo que sempre houbo trampulleiros. Eu creo que nunca pasou nada. É dicir , creo que tamén é unha cousa que ten que ver xogos non?

PREGUNTA: Non había pois eu que sei, penalizacións, ou pois agora non xogas máis, perdes turno?

R: O que o facía, o que facía trampa perdía iso seguro, pero "bueno" era unha cousa que a ver. Non habitualmente, pero nun xogo de nenos con normas eu penso que imposible que non haxa trampulleiros, porque o neno por natureza quere gañar. A min pásame agora que os meus cativos na aula, quédaste mirando para o patio inconscientemente, ves que o neno intenta gañarlle ao outro, ti non te metes e eles mesmos solucionan os problemas. Que pasa que un neno máis, un pouco máis pícaro, pois sempre sae gañando, pero "bueno" que é unha cousa que vai implícita ao xogo.

PREGUNTA: Cando non se sabían as normas que pasaba?

R: Evidentemente preguntabas. É dicir, ti chegabas a un sitio no que (silencio) nunca xogaches ou non coñecías eh lle preguntabas aos que estaban xogando para que chas explicaran. É dicir, nese momento tíñaste que enterar de como xogaban para poder entrar un pouco na dinámica do xogo.

N8 - (109:114)

Podías agocharte onde quixeses, facer emboscadas, camuflarte, enganar o que quixeses, pero iso si cando un escoitaba: Ta ta, estas morto! Inmediatamente sabías que había que entregarse e voltar a casa, de caso contrario algún compañeiro podía exercer o seu dereito de berrar: Xogo revoltó! Daquela automaticamente parábase a partida e discutíase sobre a infracción das normas e comezaba a partida de novo ou dábase por perdida automaticamente segundo fose a infracción de grave, e isto era respectado por todos. Porque de non ser así, se cadra non xogabas nesa tarde nin o día seguinte, e tamén existía a posibilidade de que che quentasen os fociños se eras teimudo nos teus argumentos.

N11 - (22:22)

PREGUNTA: Cando hai trampulleiros?

R: Hombre se les dice, y contestan: No, no se que. Fastidía un poco, pero siempre los hay.

PREGUNTA: Castigádelos ou deixádelos xogar?

R: Los dejamos jugar.

N9 - (226:237)

Como acontecía cos mapas conceptuais para cada matriz existe unha breve descrición do contido da mesmas. Este proceso foi realizado para cada unha das matrices que poden ser consultadas no apéndice 4. Agora presentamos a explicación individualizada da matriz do regulamento

A seguinte categoría é a relacionada coas regras dos xogos, que está inserida na categoría *regulamento*. Neste caso soamente temos dous códigos que a compoñen que son o código de *funcionamento regras* (con este código interesámonos en saber como era a dinámica das regras, desde a súa posta en común ao seu aprendizaxe) e o código de *trampas* (con este código vemos cal é o comportamento en relación ás infraccións). No caso desta categoría queremos explicar como era o funcionamento dos xogos, dentro dun marco normativo no que son os propios practicantes os encargados de velar polo cumprimento das regras. No caso desta matriz soamente se recollen declaracións das propias nativas e nativos.

O primeiro código de funcionamento regras, obsérvase como as normas malia que xa viñan dunhas xeracións a outras, podían ser modificadas polos participantes adaptándoas as necesidades que tivesen en cada momento, o que podía derivar en situacións de conflito nalgúns casos. Neste punto tamén incluimos un extracto dunha observación recollida nun centro educativo, como mostra da variedade de normas que poden existir para un mesmo xogo. Neste punto a triangulación identificámola con cor laranxa, xa que soamente se recolle información a través da entrevistas, e malia que incluimos unha pequena mostra das observacións, consideramos que é a modo de anécdota que confirma que as normas dos xogos populares variaban dun lugar a outro.

O seguinte código que temos é o de trampas, este código o que nos permite é ver como se solucionaba o tema das infraccións nos xogos populares da comunidade. Neste punto o que comprobamos que moitos dos antivalores que se manifestan nos xogos populares, son como consecuencia das infraccións da regras. Agresións, pelexas, abuso, etc. Son condutas que se poñen de manifesto principalmente cando as normas non son acatadas por unha parte dos que xogan. Neste código a cor da triangulación é verde, xa que existe unha ampla triangulación de axentes e a información está recollida a través de entrevistas e informe autobiográfico.

Recordarlle ao lector que o resto das matrices e as súas explicacións poden ser consultadas no apéndice 4.

6. 3. TÁBOAS ANÁLITICAS XOGOS E ESPAZOS

Ademais das matrices presentamos táboas analíticas relacionadas cos xogos populares recollidos e clasificados durante a investigación. Nestas mostramos os xogos recollidos a través das distintas fontes de información, o tipo de saltos que se realizan no porto e e unha clasificación dos espazos dos brinquedos da comunidade. I

Nas seguinte presentamos a táboa correspondente aos xogos recollidos na investigación, para realizar a clasificación tratamos de adaptarnos á clasificación de Moreno (1992). A descrición máis profunda dos xogos pode ser consultada no apéndice 6.

Táboa analítica 3. Clasificación xogos populares recollidos nas entrevistas.

Clasificación Xogos Populares

Xogos lanzamentos/ precisión/ distancia	Reúne aquelas prácticas no que o obxectivo é mandar un obxecto con precisión a un obxectivo situado a unha distancia longa.	A billa, billarda ou estornela. As pedradas
Xogos lanzamento/ precisión	Son aqueles xogos nos que se require dunha gran puntería para atinar nun branco a unha distancia relativamente pequena.	As bolas A buxaina/croques A Chave A rá O punzón Os pelouros/tabas Os tirapedras/ Tiramillos
Xogos locomoción/ brincos	Engloba os brinquedos nos que os desprazamentos son principalmente realizados con saltos.	A corda A goma A mariola As pandas Saltos ao mar Monta na churra, monta na churra O perillote

Xogos locomoción/ Desprazamentos/ Deslizamento	Son todos os xogos nos que a acción principal son os desprazamentos en calquera superficie	Arma barra A pedra A pandalas Á vía As bicicletas Ouchear nas pedras O aro O cinto/a cuncha O corrompa O nado O patinete Os rolos Pomba negra, pomba branca A cucaña
Xogos de equilibrio	Refírese aos brinquedos nos que se debe manter o equilibrio sobre unha superficie para xogar e lograr o obxectivo.	
Xogos de agochadas	Son aqueles xogos nos que se debe adiviñar a posición dalgúns dos participantes.	A laviscura/agochadas A pita cega Bote-botero Cen navíos ao mar

Xogos de colaboración/oposición	Aqueles prácticas principalmente xogadas por equipos ou de xeito colectivo.	A nica Brilé Mundialiños O abellón
Xogos de oposición	Neste caso son aqueles enredos nos que se enfrontan directamente os participantes sen colaborar ou cooperar con ningún compañeiro.	As palas
Xogos traballo	Son eses enredos que están principalmente inspirados nos traballos	A pesca As chalanas Manualidades con barro Pescar paxaros
Xogos exploración contorna	Recolle os xogos nos que os participantes actúan coa contorna natural como elemento principal.	Gabear as árbores O mergullo
Xogos pelota/balón	Aglutina aquelas manifestacións lúdicas nas que é necesario o uso dunha pelota ou dun balón para ser practicados.	A pelota Balón na area “a, e, i, o, u”.
Xogos pasivos	Aqueles enredos sen carácter motriz.	A carraca As cartas As palletas Os botóns asubiadores Xogos de taboleiro

Xogos material
reciclaxe

Aquelas prácticas nas que se aproveitan claramente materiais destinados a
outros usos para xogar.

As espadas
As barcanas/Figuras na area
As pistolas
Arcos e frechas
Os boliches/chapas
Os lilos

A seguinte táboa que presentamos, explica a evolución da práctica libre dos xogos populares recollidos nas entrevistas acorde ás xeracións que tratamos na investigación. Nesta táboa presentamos os xogos recollidos nas entrevistas e establecemos a comparativa entre as diferentes xeracións, a través de cores indicativas para cada xeración e xogo, aqueles espazos que están en branco indica que a práctica do xogo non era coñecida ou practicada na súa xeración.

Táboa analítica 4. Comparativa práctica libre de xogos populares a través das xeracións.

Comparativa da práctica libre de xogos populares entre xeracións

<i>Xogos populares</i>	<i>Xeración avoas/os</i>	<i>Xeración Nais/pais</i>	<i>Xeración Fillas/os</i>	<i>Xeración netas/os</i>
Billa, billarda ou estornela				
As bolas				
A buxaina/croques				
A Chave				
A rá				
O punzón				
Os pelouros/tabas				
Os tirapedras/ tiramillos				

A corda	
A goma	
A mariola	
As pandas	
Saltos ao mar	
Monta na churra, ovo, pico, araña	
O perillote	
Arma barra	
A pedra	
A pandalas/A pilla	
Á vía	
As bicicletas	
Ouchear nas pedras	
O aro	

O cinto/A cuncha
O corrompa
O nado
O patinete
Os rolos
Pomba negra, pomba branca
A cucaña
A laviscura/agochadas
A pita cega
Bote-botero
Cen navíos ao mar
A nica
Brilé
Mundialiños





Os botóns asubiadores	
As espadas	
As barcanas/	
Construcións na area	
As pistolas	
Arcos e frechas	
Os boliches/chapas	
Os lilos	

A seguinte táboa que presentamos é unha comparativa que nos indica os xogos que se practicados na comunidade. Aqueles que posúen un asterisco significa que tiveron pouca presenza durante as nosas observacións, ou teñen unha práctica pouco masiva ou limitada a momentos temporais moi concretos.

Táboa analítica 5. Xogos populares recollidos a través das fontes de información.

Comparativa entre os xogos populares recollidos e fontes de información

<i>Entrevistas</i>	<i>Observacións centros educativos</i>	<i>Observacións porto/praiá</i>
Billa, billarda ou estornela	A buxaina/ bailaretes	Á vía sen material/con material táboa bodyboard, Surf. No mar e na beira do mar
As bolas	A chave	A pesca
A buxaina/croques	A corda	A pilla
A Chave	A pita cega	As chalanas
A rá	A rá	As barcanas/ construcións na area
O punzón	A corda	As bicicletas
Os pelouros/tabas	A mariola	Balón na area“a, e, i, o, u”/mundialiños
Os tirapedras/ tiramillos	As catro esquinas	Manualidades con barro*

A corda	As chapas	O nado/ O nado con hinchables
A goma	As tabas/pelouros	O patinete
A mariola	A zorregadora	O Mergullo
As pandas	Brilé	O fresbee*
Saltos ao mar	Carreiras de sacos	“Ouchear” nas pedras
Monta na churra, ovo, pico, araña	O Aro*	Pasatempos tecnolóxicos
O perillote	O boliches ³⁰	Saltos acrobáticos no porto
Arma barra	O muiño	Xogos ximnásticos
A pedra	O pano	
A pandalas/A pilla	Os birlos	
Á vía	Os zancos	
As bicicletas	Soga-turra/tiro de corda	

³⁰ Na cultura popular da comunidade as achapas e os boliches eran o mesmo xogo, porén nas escolas ao boliche chámase a unha especie de funil que ten atado no mango de abaixo unha cordiña cunha bola que hai que encestar no furoco do funil. Son xogos distintos coa mesma denominación por iso neste caso aparecen separados na táboa.

Ouchear nas pedras

O aro

O cinto/A cuncha

O corrompa

O nado

O patinete

Os rolos

Pomba negra, pomba branca

A cucaña

A laviscura/agocha-

das

A pita cega

Bote-botero

Cen navíos ao mar

A nica

Brilé

Mundialiños

O abellón

O pano

As palas

A pesca

As chalanas

Manualidades con barro

Pescar paxaros

Gabear as árbores

O mergullo

A pelota

Balón na area

A carraca

As cartas

As chapas/boliches

As palletas

Os botóns asubiadores

As espadas

As barcanas/construcións na area

As pistolas

Arcos e frechas

Os lilos

Engadimos ás táboas anteriores a clasificación do tipo de saltos acrobáticos que se realizan no porto. Inserimos esta táboa xa que este é un dos xogos populares máis característicos da comunidade, ademais de que conta cunha participación interxeracional moi ampla.

Táboa analítica 6. Clasificación tipos de saltos no porto.

Clasificación saltos acrobáticos no porto

Con carreira	Curta 1-2 metros
Sen carreira	Media 3-4 metros
	Longa + de 4 metros
Con altura	Curta 1-2 metros
	Media 3-4 metros
	Elevada + de 4 metros
Individuais	
Colectivos	
Simultáneos	
Con rotación	Eixo lonxitudinal
	Eixo transversal
	Eixo antero-posterior
De fronte	
De costas	
Estendido	
Agrupado	
Con apoio de mans previo	
Sen apoio de mans previo	
Entrada na auga coas mans	
Entrada na auga cos pés	

Táboa analítica 7 Clasificación dos espazos de xogo segundo Legendre (2011).

Clasificación espazos de xogo característicos

<i>Dimensións Espaciais</i>		
Privada-Pública	Pública Colectiva Privada	Praia Escolas/Porto
Mineral-Vexetal	Mineral (Pavimentados) Mixtos Verdes Urbáns Verdes Naturais	Porto/Escolas Praia
Proximidade-Lonxanía	Anexos casa Proximidade inmediata Barrio-Rúa Vila Periferia	Praia/escola /Porto Praia/escola /Porto Praia/escola /Porto

CAPÍTULO 7: PRESENTACIÓN DE ACHÁDEGOS II

- Configuración narrativa dos achádegos

Considero que unha fonte etnográfica ten un valor científico incuestionable sempre que poidamos facer unha clara distinción entre, por unha parte, o que son os resultados de observación directa e as exposicións e interpretacións do indíxena e, por outra parte as deducións do autor baseadas no seu sentido común e capacidade de penetración psicolóxica (Malinowski, 1986, p 21).

7. CONFIGURACIÓN NARRATIVA DOS ACHÁDEGOS

Como xa comentamos no punto 5.4 a investigación tamén posúe outra configuración dos achádegos de carácter narrativa. A redacción destes informes está apoiada e interrelacionada cos outros formatos cualitativos empregados anteriormente. A configuración narrativa está composta por dous informes un de corte descritivo e outro interpretativo. A continuación pasamos a presentar os dous informes.

7. 1. INFORME ETNOGRÁFICO DESCRITIVO

Neste informe preséntase de maneira exhaustiva cada un dos temas traballados na investigación. Nel descríbense as diferentes perspectivas mantidas polos informantes en relación aos diferentes temas codificados na investigación. As evidencias inseridas a modo de citas entre o texto descritivo están organizadas polos perfís dos informantes que presentamos para completar e compactar a redacción, así como para expoñer as propias voces dos informantes dentro do propio discurso. Este informe pola súa densidade e volume está recollido no apéndice 7. A construción do informe está organizada segundo as diferentes categorías e códigos empregados na análise dos datos.

7. 2. INFORME ETNOGRÁFICO INTERPRETATIVO

Neste punto presentamos o informe etnográfico interpretativo. Nel recollemos a modo de reflexión os elementos máis relevantes do informe etnográfico descritivo [apéndice 7]. Como xa indica o título neste relato é onde a interpretación das evidencias recollidas na investigación se manifesta con maior intensidade. Neste informe tratamos de ligar conceptos teóricos cos testemuños expresados na investigación. Como acontece no informe descritivo a aparición das voces dos informantes aparecen agrupadas para facilitar o seu recoñecemento. Nesta especie de memoria hermeneútica dos achádegos amosaremos interpretacións relativas ao contexto escolar, contexto municipal, lecer da mocidade, espazos de xogo, o xénero no xogo, os materiais e as vías de transmisión. En liña coas categorías máis relevantes xurdidas do análise.

7. 2. 1 O XOGO POPULAR NO CONTEXTO ESCOLAR

A continuación faremos un repaso aos aspectos máis relevantes relacionados coa escola e o papel que posuía o xogo popular nesta. Neste punto centrarémonos na área de EF para ver cal é a atención prestada a este contido na área. Comezamos polas vivencias das xeracións das avoas/os que pasaron polo sistema educativo no franquismo, ata chegar á xeración dos fillos e a primeira etapa da chamada transición, para rematar este repaso no período actual.

Para situarnos é preciso lembrar que a comunidade tiña unha carencia educativa histórica. Proba disto é a visita das misións pedagóxicas. Nesta visita estreouse o primeiro teatro de marionetas das misións pedagóxicas (Porto, 1985). Polo que nos podemos imaxinar que o nivel das escolas que existían antes e despois da guerra no escenario non debía ser o máis idóneo, coñecendo as necesidades que existiron logo da guerra.



Figura 29. 20 outubro de 1933 primeira representación do Retablo de fantoches das Misións pedagóxicas en Malpica. Obra de Rafael Dieste: *La Doncella Guerrera*. Imaxe obtida de *Las Misiones Pedagógicas* (Otero, 2007).

- Nativas/os

Non. Si. Claro, fóra da escola si. Na escola non nos deixaba. Había moita vara daquela. Eramos 60 ou 70 rapaces na escola e para o mestre iso é unha esaxeración. Era a Escola Nacional, non había escola de pago. E daquela iamos á escola 60 ou 70 rapaces, e ensinabamos uns aos outros, entendes? O que sabía sumar ensinaba, ti se sabías restar despois ías aprender a sumar, e así multiplicar, e ensinabamos os máis grandes aos máis pequenos, así. ♂N1 - (36:39)

Logo de analizar as experiencias dos informantes de maior idade na súa etapa escolar, resulta evidente que a escola do franquismo parecía pouco á que temos na actualidade. A educación escolar das xeracións adultas do estudo foi totalmente instrumentalizada en favor duns intereses ideolóxicos e políticos, que buscaban a perpetuación da ideoloxía do nacionalcatolicismo fascista nos escolares. Naquela época segregaban por xénero e diferenciaban os contidos que tiñan que ter as crianzas. As nenas debían ser educadas para ser sumisas amas de casa (Frax & Matilla, 2009) e os nenos patriotas que deberían defender os ideais do nacionalcatolicismo. Feito este que se reflectía na EF deste período (De Mena, 2007; Herrero, 2002).

Non, non iso era fóra da escola, cando saíamos da escola, no recreo case non xogabamos que tiñamos moi pouquiño tempo.

PREGUNTA: E o mestre non vos facía xogar a nada?

R: Non, nada máis que nos ensinaban a facer punto de cruz, e cousas de costura. Na escola faciannos rezar cando entrabamos e cando saíamos, e mais faciannos cantar o Cara el sol, e mais cantabas. ♀N2 - (40:46)

“Non, na escola sempre xogabamos no recreo, non había xogos dentro do que era a formación”. ♀N4 - (36:37).

Das evidencias recollidas constatamos que o xogo popular non estaba presente dentro do que era a educación regulamentada. Ademais non se fai referencia á EF como materia na que se empregase o xogo como contido. Soamente a partir da xeración da transición democrática atopamos algunha referencia ao emprego dos xogos populares na escola. No resto de xeracións os xogos populares estiveron sempre á marxe da

educación académica tradicional. Os únicos momentos para o xogo eran os curtos descansos nos recreos e as entradas e saídas aos centros educativos. Isto confirma que os xogos populares foron por eles mesmos a única forma de EF que tiveron na maioría das xeracións, aínda que estes fosen contemplados nos currículos escolares (Bustos et al., 2010, Payá, 2007). Soamente cando nos achegamos á etapa da transición na chamada E.X.B. é cando se produce unha pequena presenza do xogo popular aplicado como contido nas aulas e na EF.

Na actualidade as xeracións adultas consideran vital un maior compromiso na escola para divulgar, fomentar o coñecemento nas crianzas dos xogos populares da súa infancia nos colexios. As xeracións adultas aprecian neles grandes beneficios sociais e físicos por iso se manifestan a favor da súa potenciación nos centros educativos. As súas reflexións reforzan a idea de que “o ensino debe camiñar cara unha participación máis activa por parte dos nenos no proceso educativo. Hai que fomentar a actividade lúdica como calquera outra actividade que implique o compromiso, a curiosidade, a creatividade, a intelixencia emocional” (Paredes, 2003, p. 107).

Si, si, indubidablemente si. Non obrigatorio, pero si un contido que estivera presente, que se puxera enriba da mesa e que se invitase aos nenos a probalo, porque é lei de vida simplemente iso. Non obrigatorio porque a obrigatoriedade non é a lei nin a forma, pero si invitar a coñecer o que somos. ⚡N7 – (113:114)

Creo que si. Ehh, eu creo que si, ehh. O neno aprende xogando entón o xogo debería de ser unha materia sobre todo nos primeiros anos de escola, creo que os especialistas na materia así o din, e sobre todo na Educación Física vese que ten que ser todo baseado no xogo. (SILENCIO) ⚡N8 - (159:160)

Temos claro que determinados contidos curriculares transmitidos na escola corresponden a estruturas sociais e a determinados intereses sociopolíticos, que a través do currículo oculto é onde se expresan as ligazóns máis poderosas entre a experiencia escolar e os procesos sociais (Rockwell, 1995). Seguindo o fío do currículo escolar a presenza dos xogos populares nos centros educativos da comunidade na actualidade é dispar segundo o centro e etapa na que nos atopemos. Malia que os docentes teñen a liberdade suficiente para interpretar o currículo e deseñar unha parte do mesmo (Gil,

2002), e así nolo fai notar un dos docentes entrevistados da Educación Secundaria. A EF historicamente baseou a elaboración dos currículos apoiándose na ximnasia sueca e nos deportes como os grandes contidos centrais da área de EF (Kirk, 2010). Esta tivo que evolucionar e incorporar novos contidos a medida que a modernización do currículo se producía no tempo.

- Docentes

Pero iso é libre dentro do currículo. Realmente está aí un tema que che aparece ao último do libro, pero nada máis.

PREGUNTA: Máis que nada como testemuña.

R: Efectivamente fala deles. Pero canta xente non sabe deles? Porque eu coñezo un pouco o tema porque vivín nunha aldea pero ao mellor xente da miña idade que vivían nas cidades, xa non vivían isto coñecen isto, nin a “canica” nin unha chea de cousas. É un tema que está aí, e mais se queres ti moi romántico destas cousas, pero eu creo que non hai tanta práctica, sobre todo a nivel de escola de rapaces. ⚔DS1 - (132:135)

Tendo en conta isto é na etapa de Educación Primaria na que comprobamos como os xogos populares teñen unha mellor valoración por parte dos educadores que na Educación Secundaria. É na Educación Primaria onde os docentes apostan por incluír este xogos nas súas programacións didácticas de EF. Aínda que as sesións son limitadas os teñen presentes á hora de deseñar a súa proposta pedagóxica. Na Educación Primaria valoran os xogos populares como un contido curricular moi interesante para traballar contidos de carácter actitudinal e físico. Estes docentes céntranse no feito de que estes xogos son un excelente medio socializador e recreativo, cos que poden traballar determinados aspectos do currículo que en comparación con outros contidos lles resulta máis complexo desenvolverlos.

Caso contrario ocorre na Educación Secundaria. Nesta etapa empregan os xogos populares como un medio instrumental de quecemento nos deportes. Os docentes entrevistados consideran que este contido non se axusta á visión curricular da EF desenvolvida nas súas clases. A asignatura está fundamentalmente focalizada na

condición física e nos deportes, en liña coa tradición histórica da área de EF. Neste senso pensamos que malia que existen experiencias na EF e en centros educativos relacionadas co xogo popular (Álvarez, 2012; Baroja, 1995; Bustos et al., 2010; Durbá i Cardó, 2000; Fernández, 1995; Malarriaga & Carranza, 1995; Ortí, 2003; Sosoaga, 2000; Usabiaga & Martos i García, 2011), a nivel global de ambas etapas detectamos a tendencia dos docentes cara programar e reproducir o coñecido e dominado (Villagra, 2003), mantendo un certo inmovilismo no currículo. Isto é especialmente chamativo no centro da Educación Secundaria onde a visión da EF está centrada na condición física e nos deportes mantendo os xogos populares no ostracismo curricular da EF.

Son actividades motivantes yo son las que busco, ya te digo. Después te digo de este tipo de actividades como no las veo tan motivantes no las integro en mi trabajo, porque no les veo salida en mi esquema de trabajo. Me gustan las cosas que les mueva el movimiento. ♂DS2 - (200:200)

Entendemos que esta visión sobre a materia teña moito que ver coa tendencia curricular ofertada nas licenciaturas, diplomaturas, os graos, e na tradición histórica do currículo da EF. A formación recibida nestes contextos están moi enfocados cara a orientación deportiva e o alto rendemento polo que a formación universitaria dos futuros docentes está centrada neses modelos (De la Torre, 2011; Tinning, 1996). Isto non axuda a desenvolver alternativas diferentes. Soamente unha das informantes tivo durante a súa formación académica universitaria algunha asignatura específica do tema, o que nos indica a pouca atención que se lle presta desde as universidades (Jaouen, 2009) aos xogos populares.

Porque ao mellor é que o che dicimos antes. Non tiñamos un coñecemento moi profundo, entón pois claro. E tampouco nas escolas de maxisterio tampouco nos metían iso. E como acabas de dicir parece que no INEF tamén o quitaron, parece que outras cousas foron absorbendo esas cousas que van quedando no esquecemento, se te das conta. Porque hai outro tipo de actividades, outro tipo de instalacións, xa ti vas practicar natación e non te metes nas escoliñas como iamos nós. ♂DS1 - (198:201)

A visión dos docentes e sobre a EF reflíctese nos contidos e como enfocan os xogos populares. Constatábase como os docentes de Educación Primaria posúen unha visión máis aberta cara os xogos populares. Valoran este contido inseríndoo nas súas programacións, malia que só temos a constancia visual dun dos docentes. Porén os responsables da materia de EF na Educación Secundaria falábanos do emprego dos xogos populares en momentos puntuais, considerando a estes como un medio de quecemento para introducir aos deportes convencionais, e mesmo indicando que estes xogos non eran o suficientemente motivadores.

Isto ten como consecuencia que nos atopemos un modelo de docente eficaz (Siedentop como se citou en De la Torre, 2011, p. 100), que pretende facer unha extrapolación entre o adestramento e rendemento deportivo ás aulas de EF, centrándose máis en obter o resultado motriz, que non a formación máis integral do escolar (De la Torre, 2011). Entendemos que isto provoca que a EF ensine habilidades deportivas illadas e menos significativas que os xogos. Ademais de que o modelo de EF tamén sexa máis enfocado cara a saúde (Devís & Peiró, 1992; Pérez & Delgado, 2004) que cara o psicosocial e recreativo. Cremos que malia que a realidade da EF vén determinada polas limitacións oficiais, as propias de cada contexto educativo, a personalidade, e as crenzas de cada docente participante (De la Torre & Trigueros, 2013). É preciso que os docentes interioricen de que a mellor forma de aprendizaxe das habilidades motrices e sociais reside no xogo, xa que é maneira máis natural de aprendizaxe dos escolares.

Deste xeito revisando as declaracións dos estudantes e docentes [apéndice 4.2], quizais nas clases de EF na etapa da Ensino Secundario, en ocasións se traspase en ocasións a liña do esforzo como “consecuencia da implicación persoal cara unha actividade que resulta pracenteira” (Cecchini, Fernández, & Cecchini, 2013, p. 10) ao sacrificio nas clases de EF. Xa que non debemos esquecer que a “derradeira e válida interpretación do currículo é a que cada docente realiza co seu correspondente alumnado no seu día a día da aula” (De la Torre & Trigueros, 2013). Ademais hai que ter presente que moitos dos docentes basean o seu ensino nas propias experiencias vividas (De Moraes & Rodrigues de Amorim, 2007). Así que se os docentes manteñen unha visión

do currículo e da EF e focalizada na condición física e no deporte, os xogos populares quedan fóra do eixo principal da materia.

Yo creo que si, por lo menos a mis clases vienen con la predisposición de trabajar y se nota porque además a mis clases vienen con ganas de ducharse, o sea vienen con ganas de ducharse, vienen con ganas de trabajar porque luego se duchan. Es decir, es un círculo vicioso que logré hacer muy bien en ese sentido. Como saben que van a currar ya vienen con ganas de ducharse. ♂DS2 - (133:134).

Entendemos que estes elementos acaban por incidir na motivación que os adolescentes manteñen cara a materia da EF. A repetición dos contidos na Educación Secundaria é algo que provoca certa desmotivación por parte dos escolares cara a materia. Algo que mesmo é admitido por un dos docentes entrevistados nesta etapa. Os escolares consideran que é necesario variar e non programar sempre os mesmos deportes, nin as mesmas actividades que se repiten no tempo. Neste sentido detectamos que é importante que se fomente a motivación dos estudantes, xa que “os estudantes con pouca motivación intrínseca soen percibirse como pouco competentes e encontrar as clases aburridas o que os leva a unha baixa participación” (Cecchini et al., 2013, p. 532). Ademais de non lograr o enganche pola actividade física recreativa no longo prazo (Siedentop & Locke como se citou en Kirk, 2010, p 26). E a isto hai que sumar que o interese e a predisposición pola EF diminúe a medida que avanzamos nas etapas educativas (Moreno, Hellín, & Hellín, 2006). Entedemos polo tanto que é preciso que esta materia sexa o máis motivadora e atractiva posible para a comunidade escolar do concello.

PREGUNTA: Daquela facedes os deportes, e dicides que é moi monótono?

RESPOSTA 2: Para min si.

PREGUNTA: Para ti?

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Gustaríavos ter outro tipo de cousas, por exemplo?

RESPOSTA 1: Non sei, outros deportes.

RESPOSTA 2: Máis xogos, non tanto aí. Porque sempre facemos flexións e tal.

A deportes xogamos tamén, pero é aburrido.

PREGUNTA: A ti abúrrete, e a ti?

RESPOSTA 1: Tamén.

PREGUNTA: Pensades que ao resto dos compañeiros?

RESPOSTA 2: Home se están nas “colchonetas” tirados sen facer nada, pois si a verdade. ♀♂N10 - (833:852)

No estudo non prezamos evidencias que nos indiquen que se traballa de maneira interdisciplinaria para presentar os xogos populares nas distintas etapas. Só un par de actividades puntuais no centro educativo A de Educación Primaria e no de Educación Secundaria de maneira totalmente illada. No primeiro a actividade estaba centrada en decorar unhas buxainas. Desta non temos datos suficientes para valorar se realmente foi unha actividade interdisciplinaria ou unha adaptación aplicación específica dun contido nunha materia. E no caso da Educación Secundaria unha clase maxistral sobre as buxainas de Ricardo Pérez y Verdes.

Aínda que os xogos populares son un contido co que se poderían desenvolver proxectos interdisciplinarios desde áreas diversas (A.A.V.V., 1995; Herrador, 2008, 2012a, 2013b, 2013c; Méndez & Fernández, 2010; Unsain, 1995), para mellorar a posta en práctica dos xogos populares non existe este tipo de traballo nos centros. Sostemos que a dificultade para elaborar proxectos interdisciplinarios reside fundamentalmente nas relacións internas entre os claustros de profesores, as dinámicas de centro e a propia formación dos educadores (Conde et al., 2009 & López, 2009; Johnson, 2003; Williams, Prestage, & Bedward, 2001) que conforman unha serie de obstáculos que complican o desenvolvemento de proxectos educativos interdisciplinarios cos xogos populares, e mantense o ensino das materias de xeito independente unhas das outras.

Non vén nas materias, pero entre nós si que traballamos entre todos.

PREGUNTA: Ademais vén pola proposta, pola xuntanza de area de EF e NL.

Porque dentro do currículo escolar sabes que veñen na área de Expresión Artística, Coñecemento do Medio e Lingua Galega?

R: Si, pero concretamente así nas áreas non os tratan. ♂DPI - (220:223)

Esta dificultade para levar adiante iniciativas interdisciplinarias entendemos que tamén repercute no momento de propoñer actividades fóra dos centros educativos. En ningún dos casos que presentamos no estudo se realiza algunha actividade que teña como obxectivo a posta en valor dos xogos populares na contorna. Só na Educación Secundaria realizan algunha sesión no medio natural na EF. Isto é síntoma das dificultades que existen para programar este tipo de iniciativas fóra dos centros e levar os xogos populares ao medio natural para desenvolver proxectos en colaboración con outras áreas. Baixo a nosa perspectiva a cooperación intedisciplinaria dos claustros para realizar actividades dentro e fóra das instalacións escolares, resulta vital para a posta en valor do xogo popular. Así mesmo iniciativas deste tipo serven para mellorar as aprendizaxes nos escolares, as propostas didácticas docentes, e o clima escolar (Beames & Ross, 2010; Fägerstam, 2013; Hindin, Morocco, Mott, & Aguilar, 2007; Meirink, Imants, Meijer, & Verloop, 2010; Waite, 2010b).

Xa falaches dos espazo que os tedes divididos e todo iso. Tendes algunha actividade programada fóra do centro educativo que vaia dirixida á practica dos xogos populares-tradicionais?

Resposta: Non. ♀DPI - (241:242)

Aínda que o traballo interdisciplinario é case nulo na área de EF en relación ao fenómeno estudado. Debemos recoñecer o esforzo por parte de determinados docentes que conformaron equipos de traballo nos dous centros de Educación Primaria para organizar os programas de dinamización lúdica. Estes equipos traballaron de maneira colaborativa para poñer en marcha cadanseu programa de dinamización lúdica nos recreos nos anos 2011 e 2012. Estes programas nacen polas mesmas razóns nos dous centros: os constantes conflitos entre os escolares, a falta de integración dos nenos e nenas e a falta de repertorio lúdico dos escolares e a pouca actividade física. Son o fútbol, a pilla e os paseos as actividades recreativas que dominan nos centros escolares de todas as etapas educativas do concello. A conflitividade nos recreos e o aburrimiento dos escolares ten orixes diversas como poden ser a falta de oferta lúdica e control nos recreos, a superpoboación nos espazos, as dificultades na organización dos tempos de recreo, ou a ausencia de competencias sociais que faciliten o xogo (Oliveira, Neto, & Smith, 1997; Pereira, Neto, Smith, & Angulo, 2002). Ante a problemática local dos patios de recreo algúns docentes poñen en marcha os programas de dinamización lúdica

ante unha situación de conflito que se vive nos centros escolares de Educación Primaria nos tempos de recreo.

Si, a partir de 3º fútbol, as nenas a pasear, xogan a pasear. En 1º e 2º xa xogan un pouco máis xuntos entre nenos e nenas, pero a pillarse sen ser o xogo da pillla, correr uns detrás dos outros e pouco máis. Polo menos a principio de curso xogaban só a iso. Ehh claro, había problemas nos recreos que ao final acábanse enfadando uns cos outros, acaban pelexándose. Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo. ♀DPI - (80:83)



Figura 30. Xogando no recreo coas mariolas. Centro educativo B.

Tendo en conta que os recreos son uns espazos sensibles e que teñen unha importancia vital no desenvolvemento infantil (Blatchford, Creeser, & Mooney, 1990), pensamos que é positivo que se fagan iniciativas baseadas en modelos de intervención de carácter educativo e non sancionador (Martín, Fernández, Andrés, Del Barrio, & Echeita, 2003) e que eviten un uso desequilibrado dos tempos e dos espazos nos recreos (Subirats & Tomé, 2007; Tomé & Ruíz, 1996). Este tipo de iniciativas supoñen unha forma de poñer en valor os xogos populares a través da participación e socialización dos

escolares, proporcionándolles estímulo que vaian a prol da convivencia entre eles nos recreos. Aínda que estes xogos contan cunha gran aceptación e interese por parte dos escolares de Educación Primaria. Estes proxectos non poden continuar no tempo, se non existen profesores comprometidos con estas iniciativas, algo que non sempre ocorre nos centros escolares.

Debemos subliñar o feito de que estes problemas de socialización entre os escolares se produzan nos dous centros ao mesmo tempo, podería ser un feito anecdótico reducido ao contexto social no que se enmarca a investigación. Porén revisando a bibliografía (Abraldes & Argudo, 2008; Burn et al., 2011; Cantó & Ruíz, 2005; Darian-Smith, 2012; Holmes, 2012; Jover, López, & Thoilliez, 2010; Marín, Molins, Martínez, Hierro, & Aragay, 2011; Marsh & Bishop, 2012; Martínez, Santos, & Fraile, 2004; Vidal, 2003) atopamos similitudes coas condutas dos escolares e iniciativas parecidas que nos indican que este tipo de problemas non son exclusivos da comunidade da nosa investigación. De feito programas de dinamización lúdica similares aos recollidos nesta investigación, están sendo aplicados en 150 escolas en Euskadi (Fernández, 2014), para evitar os mesmos problemas acontecidos nos centros de Educación Primaria do concello. Coa aplicación destes programas a pesar das diferentes organizacións, a problemática social dos recreos nos centros de Educación Primaria cambia notablemente. Grazas a estas iniciativas redúcense os conflitos, o diálogo entre os escolares incrementase, intensifícase a variedade de actividade física, aumenta a práctica de xogos en común por parte dos dous xéneros, e asemade o aproveitamento dos espazos escolares para xogar mellora, e interiorízanse novas formas de lecer nos escolares.

Táboa 34. Xogos programas de dinamización lúdica nos recreos.

XOGOS CENTRO A

XOGOS CENTRO B

Chapas, buxaina, salto á corda, pelouros, tabas, zancos, zorregadora, tres en raia, petanca, saltar á pata coxa, birlos, a rá, os funís, brilé, tiro de corda, carreiras de sacos, o muíño, as catro esquinas.	A pita cega, o pano, o tres en raia, a mariola, a corda, a goma, os birlos, e as chapas. Durante unha semana tamén xogaron á chave, tiro de corda, aros, buxainas e bailaretas,
--	---



Figura 31. Taboleiro central explicativo das zonas de xogo no patio de recreo no centro educativo A co cadro de Brueghel presidindo o taboleiro.

Dentro dos centros non existe unha implicación das ANPAS nos proxectos de dinamización dos recreos. A participación das ANPAS limítase a unha colaboración na entrega de material nun centro de Primaria e a colaboración na etapa da Ensino Secundario en actividades puntuais como o magosto ou días do estilo. Malia que parece que existe unha boa relación entre centros educativos e familias. Pensamos que unha parte do labor dos claustros debería ser implicar ás familias nas actividades dos centros para establecer unha comunicación e participación que repercuta de xeito positivo nos escolares (Díez & Terrón, 2014). Especialmente no caso dos programas de dinamización lúdica, porque é importante que as familias coñezan as dificultades e conflitos que poidan existir nos centros educativos, e aínda máis importante que sexan parte da solución. Porque a problemática social de cada centro educativo é particular e cunhas características concretas. Por iso entendemos que é precisa a proposta dunha solución conxunta entre centros escolares e familias (Mariñas & Rodríguez, 1999).

Xa para rematar, referimos ás axudas ou recursos institucionais que reciben os centros e á formación específica sobre os xogos populares que teñen os educadores. Destacar que soamente no centro educativo B se recibiu por parte da Xunta de Galicia

un baúl do programa Xogade. Este material puidérono desfrutar no centro durante 5 días lectivos. No resto dos centros non se solicita ou recibe ningunha axuda para promover estes xogos. A Falta de formación específica e de axudas institucionais supoñen dous elementos que son igual de relevantes, xa que unha mellor formación sobre as posibilidades educativas dos xogos populares e un maior apoio institucional suporía incrementar as posibilidades de que un maior número profesionais relacionados coa educación estarían en mellores condicións para incrementar o impacto destes xogos na poboación escolar.

7. 2. 2. O XOGO POPULAR NO CONTEXTO MUNICIPAL

No contexto municipal centramos a nosa atención sobre a dinámica que existe no concello en relación á promoción dos xogos populares desde a perspectiva da EF. Comezamos explicando a oferta das actividades extraescolares. Na programación anual do concello son deportes como o fútbol, baloncesto, ximnasia rítmica e o aerobic as actividades que copan o groso da oferta municipal en materia de lecer. Esta situación está relacionada coa asociación que se realiza na actualidade entre tempo de lecer e deporte escolar, sendo a práctica deportiva a que copa máis tempo na vida dos escolares (Fraile, 2004).

- Docentes/escolares

E daquela chega un momento que ti tes unha programación e por exemplo, nós traballamos ata infantís. Pois había unha hora, un oco aí libre e facíase multideporte e os nenos podían vir e xogar ao que quixeran. Claro chega o momento que tes moitos nenos e non dan as horas para poder. Sabes? E fóronse ampliando, pois deportes e agora podes ir a competir co deporte escolar, e imos co baloncesto e daquela xa tes que ter máis horas de adestramento, e ao final non hai esa hora de deporte libre. Entendes? Esa hora aquí non a hai, tampouco hai conserxe no pavillón, co cal aínda que ti quixeras abrir, ten que haber alí un responsable, é difícil. ♀DCI - (259:259)

As actividades extraescolares son presentadas en forma de escolas deportivas. Nelas as competicións son un formato con certo impacto no modelo do concello que a súa vez é incentivado polas axudas que reciben de Administracións superiores como a Deputación provincial e Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo desde o concello aseguran que as familias demandan que os escolares acudan ás competicións, o que viría a confirmar o feito de que as familias aproximan aos fillos ás actividades físicas e recreativas a través da competición deportiva. Probablemente por unha falta de certos coñecementos sobre cultura físico-deportiva, e ante a ausencia de máis ofertas nas que as familias poidan distribuír o tempo de lecer cun criterio máis fundamentado e razoado (Nuviala, Ruíz, & García, 2003).

Creo que non, pero tamén che digo que na dinámica (silencio), ao mellor tamén podería ir por outra liña que é actividade cultural e recreativa. Iso é botar balóns fóra, pero na dinámica que ten o departamento de deportes. Agora mesmo estaba máis centrado nas actividades regradas que de algún xeito podemos fomentar, porque tamén nos están axudando institucións como a Xunta o a Deputación a facer esas actividades e non os xogos populares-tradicionais.
♂NDC2 - (168:168)

É preciso puntualizar que no relativo ao desenvolvemento das iniciativas e actividades que se realizan desde o concello están moi relacionadas co tipo de políticas que emanan das diferentes administracións: autonómica, provincial e local (San Salvador del Valle, 2000). Esta circunstancia provoca que as iniciativas desde a perspectiva da EF se vexan en determinados momentos limitadas ou impulsadas en función das políticas aplicadas polas diferentes administracións. Estas institucións superiores condicionan a distribución dos recursos a prol duns intereses concretos, normalmente enfocados ás modalidades deportivas.

Os intereses políticos provocan que no concello os investimentos nos xogos populares sexan practicamente nulos. Porén sucesivos gobernos locais apostaron por investir fundamentalmente en obra pública en distintos tipos de instalacións deportivas e recreativas (Longueira, do 2014; Redacción, 2014), no deporte convencional e a saúde sobre calquera outra actividade lúdico-recreativa. Algo que é común a toda Galicia, xa

que só 31% dos municipios galegos destinan algunha cantidade de recursos económicos para organizar ou promover os xogos populares nos seus concellos, e 1 de 4 algún tipo de recurso humano a promover este patrimonio lúdico (Fundación Deporte Galego, 2009). Comprobamos como as recomendacións da UNESCO (2001, 2004, 2005, 2006) relativas ao xogo popular non se teñen en conta de cara a promover iniciativas para a súa posta en valor no concello.

Houbo cartos puntualmente, porque era un proxecto que alguén quería que se fixera. Entendían a xente que estaba aquí toda, os plenarios todos, non lle vou a botar a culpa a ninguén aprobaron. Tela, entón sobre iso o pobo de Malpica, ten que decidir. E decidiu seguir adiante coa piscina, porque en teoría estes que están aquí son representantes do pobo no concello, e iso a sorte que temos en democracia que cada certo tempo vaise renovando. A sorte ou a desgraza, vaite ti a saber. Entón a día de hoxe, xa che digo que está a instalación feita. Hai pasta para iso? Houbo, porque alguén determinou que a había, pero nin ao técnico de deportes nin á compañeira do técnico de deportes que é animadora deportiva do concello non se lle consultou absolutamente nada. Nin sobre o deseño da instalación, nin sobre a xestión, nin onde se ía a facer non se nos consultou nada. É máis o 31 de agosto do ano 2010 prometéusenos que se nos ía levar á instalación nunha xuntanza con quen mandaba naquel momento e coa concelleira. Eu repítoche o 14 de setembro do 2011 e xa fai meses que o anterior equipo de goberno non está, pois foi a primeira vez que visitei a instalación. E atopeime unha instalación impresionante e son consciente de que aí, hai un montón de cartos. Un montón de cartos, que realmente se poñemos nunha balanza que prefires facer xogos tradicionais durante cincocentos anos e ter unha piscina? Eu dígoche sinceramente prefiro facer xogos tradicionais, pero non depende de min eu aquí estou para asesorar, non estou para decidir.

♂NDC2 - (207:208)

Malia que as políticas condicionan os recursos que se dotan á promoción dos xogos populares no concello. Esta circunstancia non debe ser unha desculpa para que non se programen máis iniciativas desde o departamento de deportes cos xogos populares como elemento central, xa que o nivel de investimento que se require para

organizar algunha actividade deste tipo é menor a todo o que se poida presupostar polo concello promovendo outro tipo de actividades deportivas.

A ningún se lle pon unha pistola no peito para facer as cousas. É dicir poden xogar, e é cuestión de imaxinación, de buscar as súas alternativas. As políticas que saen dos concellos, ao mellor están máis encamiñadas ao deporte non ao xogo especificamente. Que a xente, si pode xogar cando queira e onde queira, pero o concello non é quen para impedirlle nada a ningún. ♂NDC2 - (176:177)

A programación municipal desde a perspectiva da EF entendemos que se move entre as lexítimas demandas da poboación e os recursos municipais. Esta situación empurra ao concello a programar os deportes anteriormente citados e as súas respectivas competicións. Pero apreciamos signos evidentes de que os intereses da mocidade entrevistada non van na liña da programación extraescolar do concello. Isto provoca que exista certo malestar e desconformidade nos escolares entrevistados, xa que como acontecía nas programacións curriculares na escola, son de novo os deportes os que ocupan unha posición dominante. Os xogos populares non son apreciados polos programadores como un contido relevante ante as supostas demandas sociais que deben satisfacer.

R: Aí, hai un problema grande porque que é o que solicitan os pais? "Ou espazo ou a piscina? A piscina". E non se dan conta que os seus fillos non teñen onde xogar. Eu penso que as veces é como se nos, coma se quixeramos copiar o que hai nos sitios. E ao mellor, noutros sitios esas cousas van detrás de outras, pero aquí aínda non hai esas. Pero a xente non quere quedar detrás dos outros sitios.

Resposta 1: A verdade que en Malpica non hai moita cousa, e puxeron a piscina e está parada.

RESPOSTA 2: Antes aínda estaba ben, porque antes facían xogos no porto.

PREGUNTA: Agora xa non os fan?

RESPOSTA 2: Non, deixaron de facelos. A última vez fixéronos no pavillón que estaban arranxando o porto, e dende esa non os volveron a facer. N10 - ♀♂(200:204)

Esta preponderancia dos deportes provoca que outros contidos relacionados coa actividade física no lecer como os xogos populares non teñan cabida nas actividades extraescolares do concello. Baixo a nosa perspectiva faise imprescindible que os distintos colectivos participen na elaboración das distintas propostas (Fraile & de Diego, 2006). Isto axudaría a contrastar contidos e valoracións dos axentes educativos, ademais permitiría unha mellor planificación da oferta municipal facéndoa máis atractiva e útil de cara a estruturar e optimizar o tempo de lecer dos escolares de todas as etapas educativas. Algo que non sucede na actualidade, xa que a actividade lectiva dos centros e a extraescolar municipal desenvólvese de maneira independente. Desta maneira non existe un coñecemento mínimo por parte dos docentes dos centros educativos do que se programa por parte do concello nin do que se programa nas aulas o que deriva na repetición de contidos nos dous ámbitos e favorece desafección da mocidade polas actividades extraescolares.

RESPOSTA 1-2: Si,

PREGUNTA: Por exemplo, que non teñades en Malpica, porque vós cando non estades aquí no voso tempo libre que opcións tedes?

RESPOSTA 1: Moi poucas, como non te apuntes aos deportes que fan no polideportivo outra cousa non hai. ♂♀N10 - (438:441)

No caso do concello aínda que existe certo contacto coas familias a tenor das demandas que realizan e nas que supostamente só reclaman fútbol, baloncesto, ximnasia rítmica e aerobic. A participación das familias nas dinámicas das actividades propostas polo concello non existe. Entendemos que esta ausencia de colaboración entre familias e concello nas actividades extraescolares limitan as posibilidades de participación da poboación nas actividades. Así mesmo produce un estancamento nas propostas do concello que se cingue a cubrir o básico, deixando de lado outras alternativas que permitan aumentar a variedade no lecer do concello.

Claro o pouco que facemos son os campus multideportivos de verán pero aí ti tes os teus monitores e non ven xente de fóra. Para min sería algo positivo pois tratar de involucrar á xente e que de forma puntual. Pois iso que lle viñese a ensinar aos nenos, pois iso catro pais e avós que veñan a competir cos rapaces pois non sei ás bolas ou ao soga-tira, penso que sería algo positivo. Pero ao mellor non se tivo esa iniciativa ou non se levou a cabo. (Silencio) ♀DC1 - (275:276)

Fóra da programación deportiva anual do concello as iniciativas que se promoven para a difusión dos xogos populares, están reducidas a momentos moi puntuais e ocasionais no tempo. O concello malia a escasa presenza dos xogos populares na súa oferta, aposta basicamente polo concurso de barcanas e castelos de area que se celebra desde verán do ano 2001. Este concurso naceu da iniciativa particular do artista e doutor en Belas Artes Quique Lista, que o concello con bo criterio continuou a promover nos sucesivos anos ata o momento actual. Existe ademais algunha xornada puntual con xogos populares para maiores das que dan conta na prensa dixital (Cerqueiro, 2013). Tamén nalgunha ocasión nos xogos organizados na Mostra de olería de Buño cando esta era xestionada polo concello. As iniciativas están reducidas a días moi concretos e puntuais que non supoñen a posta en marcha dunha estratexia ao longo prazo para recuperar, promover e poñer en valor os xogos populares, estas propostas son pequenas gotas na inmensidade do Atlántico.



Figura 32. Un membro do equipo gañador da 1ª edición do concurso de barcanas e castelos de area, posando orgulloso coa nai no ano 2001.

Entendemos que o feito de que non se programen actividades extraescolares brinquedos populares como contido, responde a unha falta de pulo por parte das iniciativas municipais de cara a dinamizar e variar a proposta na programación municipal. Como no contexto escolar a visión da EF que manteñen os profesionais incide dun xeito directo no tipo de programación que se realiza no municipio. A ausencia dunha formación específica e dunha sensibilidade cara este contido, fai que os axentes educativos reproduzan as actividades que teñen unha maior visibilidade e apoio institucional. Suporía unha estupidez negar que os deportes son importantes no lecer. Pero ante a dominación destes é preciso indicar que os xogos populares poderían ser unha alternativa para axudar a mellorar os problemas sociais existentes, e para que a sociedade repense o sistema actual de lecer e deporte (Jaouen, 2009).

7. 2. 3. LECER MOCIDADE

O primeiro elemento que destacamos do lecer da mocidade é a presenza de determinados enredos populares practicados polas xeracións adultas. Agora ben esta afirmación non implica que estes xogos se mostren como algo cotiá no lecer da

mocidade, nin que o volume de xogos practicados sexa comparable ao que tiñan as xeracións anteriores como se mostra nas táboas analíticas anteriores.

Xa destacamos no punto anterior que a mocidade entrevistada non consideraba que as actividades extraescolares organizadas polo concello tiveran unha gran concordancia cos seus intereses. Feito este que nos preocupa, xa que a xuventude laiase das poucas posibilidades que ten no seu tempo de lecer. Isto viría a confirmar que as novas xeracións perciben a súa localidade como un lugar no que non hai nada que facer, un contexto aburrido sen as suficientes motivacións, e no que senten a desigualdade de oportunidades en comparación con outras comunidades (Shucksmith, 2012). Esta situación acaba por desmitificar o “rural ydill” e afondar no “anti-rural ydill. (Powell & Smith, 2013; Rye, 2006; Valentine, 1997; Watkins & Jacoby, 2007) no que as novas xeracións se aliñan.

- Escolares/nativas-os/docentes

RESPOSTA 1: No equipo de fútbol campo, e máis fútbol sala.

RESPOSTA 2: Eu ao único así que tal vou a baile rexional e pandeireta.

RESPOSTA 1: Pero as rapazas que van, fan aerobic.

PREGUNTA: Fan aerobic aquí as chicas?

RESPOSTA: As máis pequenas algunha de 1º e 2º que fan baloncesto. Andrea fai baloncesto. ♀♂N10 - (144:153)

A mocidade ocupa unha parte importante do seu tempo libre realizando actividades académicas como os deberes, clases de apoio, e outras obrigas parecidas. Isto acaba por provocar un exceso de actividades no lecer (Trilla, 1998), que non favorece o xogo espontáneo das novas xeracións (Singer & Singer, 2005) na contorna. As novas xeracións véñse envoltas nunha maraña burocrática e institucional que guía o proceso de desenvolvemento dunha maneira “socio-institucionalmente guiada e estruturada polas definicións e obxectivos que se manexan nas propias institucións e polos actores que nelas traballan” (Franzé & Póveda, 2011, p. 23). Isto constrinxen a espontaneidade lúdica na infancia e mocidade e impón de maneira clara os valores

dominantes das institucións, deixando á marxe as culturas alternativas, que neste caso serían os xogos populares.

Os nenos de agora é que non teñen tempo nin para xogar, porque saen das escolas do recreo e veñen para a casa e teñen que facer os deberes despois van para o bar ou van para unha casa de xogos, xogar ás máquinas ou ao que sexa . Non desfrutan das cousas de desfrutar ao aire libre, na rúa ♀N2 - (197:197).

Eu creo que algo si, porque as veces non lles deixamos tempo para que xoguen eles. Non? Témoslle a vida moi organizada. Saen de aquí e teñen clase, pois teñen fútbol, e despois pois teñen clase de manualidades ou clase de inglés. Non sei creo que os nenos de hoxe en día teñen a vida moi organizada, e non se poden expresar eles espontaneamente ou xogar de forma espontánea. ♀DPI - (143:144)

Home sen dúbida, sen dúbida. Porque a claro a cousa séguese noutro momento, a informática. Eses xogos que existían espontaneamente, hoxe o tempo teñen, as actividades programadas, entón iso quítalles tempo. Os tempos cambiaron totalmente, os xogos de antes hoxe non os hai. Hoxe xa vas e quedas, aos rapaces quítaselles esa creatividade, claro non se lles deixa tempo libre para as súas actividades. Antes había un (salmo) en todo o día e facía o que quería. Eu acórdome dun domingo pola tarde que chovía e xuntabámonos todos e tiñamos toda a tarde para crear xogo, agora non hai ese tempo libre ♂DS1 - (147:148).

Establecemos unha diferenciación no uso do tempo de lecer segundo a época do ano na que nos atopemos. Observamos nas evidencias como durante a época invernal as actividades lúdicas ao aire libre son menores, no inverno as obrigas académicas, e a excesiva organización dos tempos dos escolares limita que as novas xeracións poidan dispoñer de máis tempo para facer cousas cos seus amigos en espazos onde eles se atopen cómodos, fóra do entramado das actividades extraescolares e das obrigas escolares.

RESPOSTA 2: De verán vas para a praia ou para o porto e aínda.

RESPOSTA 2: De inverno, non saímos do bar.

RESPOSTA 1: De inverno non saímos do bar ou imos a casa dun amigo ver unha película. Pero sabes, “Play”, todo televisión por dicilo así. ♀♂N10 - (216:218)

No verán observamos como as novas xeracións retoman o xogo e actividade recreativa nos espazos máis característicos da comunidade como fixeron as xeracións adultas, voltando a aparecer o xogo popular como un elemento enculturador en consonancia coa contorna. Nas observacións realizadas na praia e do porto [apéndice 2.2] a xuventude actual segue a manter vivos algúns briqueados populares, como os saltos no porto, “ouchea” polas pedras do Caldeirón, facer barcanas de area, xogar ao balón, ir á vías, as palas, pescar nas pedras, o baño, entre outras. Interpretamos que unha vez que os escolares dispoñen dunha maior liberdade nas súas obrigas retoman aqueles espazos nos que os discursos lúdicos da comunidade se manifestaron ao longo das distintas épocas e xeracións. Desta forma manteñen o xogo popular como factor enculturador, aínda que na actualidade esta situación só se manifesta claramente no verán.



Figura 33. A mocidade reunida no porto nas vacacións de verán, adolescentes xogando a “a, e, i, o, u” e ás cartas no chan.

A poboación adulta é consciente de que na actualidade a sociedade ten mudado moito desde a súa infancia. Por esta razón as actividades e opcións de lecer son máis diversas que nas décadas pasadas. Pero percibimos a baixa estima que posúen os adultos respecto as novas xeracións e sobre as súas actividades no lecer. Para os adultos as

novas xeracións non posúen a suficiente capacidade para xogar e aproveitar as oportunidades que lles ofrecen. Os adultos perciben que estragan o tempo en cousas menos proveitosas a nivel de colectividade, xa que se decantan por ver a televisión, estar no ordenador, cos videoxogos, cos móbiles, etc. Algo que para xeracións adultas é considerado coma unha perda dos valores e da cultura lúdica da colectividade, porque consideran que as novas xeracións case non xogan aos xogos que eles practicaban nas rúas durante a infancia.

Eu creo que os rapaces de agora teñen outras cousas máis modernas e non se paran a aprender esas cousas de antes. Non, porque ti agora non ves a ninguén cunha corda, a unha nena saltando á corda. Agora con doce anos xa andan con mozo e xa non. Xa abandonan o xogo todo, e máis a súa nenez. É que estas xa non disfrutan da nenez, porque van ás escolas, das escolas cos deberes para a casa, xa non teñen nin tempo para xogar, ♀N2 - (185:186).

A ver, oportunidades téñenas todas. O problema é facerllas ver, e que sexan copartícipes desa realización, porque non é tanto culpa deles que non saiban xogar. Eles fan o que ven, como nos fixemos. Se eles non ven habitualmente a nenos xogando a pandala, a laviscura, ás agochadas. Xogan ás agochadas, pero xogan na casa. debaixo dunha cama, por detrás da lavadora. ♂N6 - (103:104)

Contrastamos dentro das opcións de lecer que posúen na actualidade a visión que teñen as xeracións adultos fronte as xeracións novas sobre os pasatempos tecnolóxicos. Neste punto os adultos manteñen unha percepción máis negativa sobre estes pasatempos. Para as xeracións de maior idade estes pasatempos son vistos como unhas opcións ás que as novas xeracións dedican demasiado tempo, o que provoca que non se socialicen a través dos enredos populares e nas rúas como acontecía na súa infancia e mocidade. Porén as xeracións máis novas non cren que estes pasatempos lles impidan facer outras cousas, para os escolares estar cos amigos e facer actividades deportivas ou recreativas de outro tipo están antes nas súas prioridades. Feito que coincide co expresado no informe *Xeración 2.0* (Sánchez & Fernández, 2010), que indica que saír cos amigos, facer deportes, ir ao cine, son as actividades preferidas pola xuventude, mentres que os videoxogos e as redes sociais están moi por detrás nas porcentaxes.

Teño 36 pois dende os meus 14 ou 13 anos ata agora, penso que se perderon un lote de cousas, polo que eu vexo, ca chegada do ordenador, da rede, da "playstation" e todas estas historias. Creo que o xogo popular, incluso diría que está en perigo de extinción. Mentres haxa pobos e vida rural está a a salvo, pero nas cidades creo que está bastante fodida a cousa con respecto ao xogo popular, ♂N7 - (99:99).

Xogades á "playstation" e cousas destas ou preferides outro tipo de actividades.

Resposta 2: Eu nada.

PREGUNTA: Ti nada.

RESPOSTA 1: Eu, algo á "play" xogo, pero prefiro actividades deportivas que "play" ♂♀ N10 - (144:147)

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 2: Eu á "Play" ou algo así.

PREGUNTA: E ti a nada, a nada de nada? E logo que fas cando estás no teu tempo libre?

RESPOSTA 2: Ou pasear, ou en internet, ♂♀N10 - (358:361).

7. 2. 4. OS ESPAZOS DE XOGO

As xeracións adultas focalizaban os xogos nos espazos ao aire libre fundamentalmente. Os adultos posuían un maior contacto coa natureza e a presenza de xogos no triángulo institucional (Rasmussen, 2004), era moito máis reducida que na actualidade. A contorna era un dos elementos claves do xogo popular dentro da integración das distintas xeracións no conxunto da sociedade. Nas xeración das fillas/os a influencia da contorna nos brinquedos comeza a mudar, debido a que nesta xeración a escola e os seus espazos acondicionados comezan a tomar máis peso na vida da comunidade como lugares de reunión e lecer. O proceso de aculturación lúdica comeza a tomar corpo tamén nos usos dos espazos. Esta evolución social provoca que os xogos se localicen

máis nos espazos escolares estandarizados, por isto podemos considerar a xeración das fillas/os como a derradeira xeración na que a práctica dos xogos populares nos espazos da contorna era maioritaria. A actividade lúdica no concello tiña maior presenza nos espazos como a praia, no porto e na Cerca, sendo a xeración das fillas/os a derradeira que tivo a oportunidade de desfrutar do espazo da Cerca. Nas décadas da ditadura e na transición as escolas non contaban coas instalacións que teñen na actualidade, as crianzas adaptaban os seus brinquedos aos espazos que tiñan ao seu alcance.

- Nativas/os

Fundamentalmente na vila, na, na vila. Nós colonizabamos os espazos, é dicir se nun espazo había un portalón, esa era unha portería, un garaxe era unha portería, un campo de barbeito das patacas era un estadio. Ehhh, a praia en marea baixa aí xa de todo, a praia en marea chea xogabamos na area seca, ehhh unha horta cunha árbore iso era o terreo dos indios e dos vaqueiros. Interactuabamos co medio, entón nese sentido marcaba moito o tipo de xogos.

♂N6 - (60:61)

As xeracións adultas experimentaban un proceso enculturador de carácter lúdico na contorna natural. Esta circunstancia posibilitaba adquirir uns coñecementos sobre as árbores, animais, mareas etc., que enriquecían as dinámicas dos xogos. Con estes coñecementos comezaban a dominar a linguaxe propia da comunidade e a sabedoría necesaria para desenvolver no futuro as súas profesións nalgúns casos. Desta maneira a contorna e a cultura impregnaban os brinquedos locais reforzando a integración nas dinámicas sociais da colectividade, en liña co expresado por Sutton-Smith e Roberts (1981) e o impacto que ten a contorna nos brinquedos infantís.

pero cando viña o verán, despois de ir á praia, bañarte nas ondas e ir á vía, porque despois tamén aproveitabas as ondas, ir a non había surf, nin bodisurf, nin windsurf, ninguén tiña unha táboa, pero nos tamén facíamos surf co corpo e aproveitabamos moi ben esa interacción co medio. Todo o que tiña que ver ca praia desfrutaba, todo o que era ir aos panchos á bocana do porto, aos "pulpos", ás barbadas, todo iso, eu desfrutaba especialmente. ♂N6 - (94:94)

E despois recordo diferentes sitios para xogar iamos tamén moito á Cerca, ao arredor das escolas. Porque eu creo que tamén eh, no que xa tes collido ese sitio, o campo xa estaba montado alí, xa sabiamos cal era unha portería e cal era a outra, un pouco, non? ♂N8 - (88:88)

As xeracións actuais malia que empregan a praia e o porto para xogar, tamén centran a súa actividade lúdica nos espazos estandarizados como os centros escolares e as instalacións deportivas. Estes lugares supoñen para os escolares un lugar habitual de interacción tanto na xonarda lectiva, na extraescolar e no tempo de lecer, non só porque se xuntan coas amizades, senón porque unha gran parte da actividade recreativa está asociada aos deportes dentro destes emplacementsos. Como consecuencia tamén da institucionalización dos tempos e dos espazos de lecer, como xa se advertía na clasificación de Legendre (2011) sobre o uso dos contornos empregados para xogar. O uso dos espazos escolares das instalacións deportivas vese reforzado desde todo tipo de institucións que inciden na posta en valor de espazos asociados ás prácticas deportivas.

As escolas malia contar cunhas contornas naturais moi próximas non fomentan as actividades lúdicas fóra dos centros escolares, soamente nalgunha sesión de EF na Educación Secundaria se realizan actividades fóra dos límites espaciais do centro educativo. As escolas viven de costas á contorna deixando á marxe calquera tipo de integración lúdica no medio natural no que conviven os escolares. Aínda que os niveis de actividade física se incrementan coas actividades recreativas no medio natural e estas inflúen decisivamente na mellora do desenvolvemento social, afectivo e cognitivo dos escolares (Maynard & Waters, 2007; Maynard, Waters, & Clement, 2013; Mygind, 2007; O'Brien, 2009; Waite, 2007, 2010a; Waite et al., 2013). As iniciativas nos centros educativos no medio natural son unha oportunidade perdida para promover os xogos populares dun xeito contextualizado e significativo, incrementar os beneficios a nivel físico, social e cognitivo nos escolares e para mellorar as dinámicas nos centros educativos.



Figura 34. Patio cuberto do centro educativo A, decorado para o programa de dinamización lúdica nos recreos.

Un dos factores determinantes que condicionan os espazos de xogo na comunidade é a presión urbanística exercida nas sucesivas décadas [apéndices 7; 8] no núcleo principal do concello. O núcleo de poboación principal do concello estivo sometido durante diferentes épocas a un desenvolvemento urbanístico fundamentado no interese inmobiliario e industrial, que provocou a transformación da morfoloxía urbanística do principal núcleo de poboación do concello. A falta dunha planificación urbanística asociada á idea da “Critical Pedagogy of place”(Jilk, 2005), ou a unha concienciación sobre o valor educativo dos espazos recollida na Pedagogía dos espazos (García del Dujo & Muñoz, 2004). Provocou que os espazos non fosen valorados como algo asociado ao xogo, á educación e aos valores culturais colectivos. Aínda a día de hoxe é algo que acontece actualmente co derrubo da lonxa vella (Cerqueiro, 2015; Anónimo, 2015; Redacción, 2015), exemplo de como se destrúe o patrimonio histórico por unhas prazas de aparcamento á marxe do valor identitario da colectividade.

Todas estas modificacións urbanísticas provoca que os espazos naturais como o porto a praia e a Cerca [apéndice 8] se viran notablemente afectados, mesmo chegando a súa desaparición total ou parcial. Estas transformacións da morfoloxía espacial afectan dunha maneira clara sobre os xogos locais. O feito de pasar dun porto e unha praia

naturais, sen construcións urbanísticas a un porto industrial como o actual, xunto cunha praia invadida polas construcións, dá un pouco a idea de como afecta isto ao xogo na comunidade.

A praia, agora non temos praia. Antes era unha praia grande, onde está o Oceano (bar) alí era todo praia, alí poñíamonos todas ao sol. Agora é paseo marítimo agora xa nada. Agora non hai praia. Había aquel terraplén onde están as casas antes de chegar á furna e por aí si que íamos xogar, ves! Por aí si que íamos xogar, viñamos así cara baixo. ♀N2-(87:91)

Non, non, non, non. Antes por exemplo no “Piojo” en Malpica onde está agora a dársena había antes a ribeira unha praia, hoxe iso non existe que é todo cemento é todo, hai lanchas alí, pero sobre todo porque é todo cemento, non atopas nada natural alí. ♀N4 -(88:97)

Na Cerca! Era onde máis íamos xogar. Alí na Cerca porque alí había escola todo o día, tanto á tarde como á noite, non sabes? E como sempre, estaba sempre libre, había unha cerca grande, e alí podías xogar a todo. Podías xogar á buxaina, á mariola as rapazas por exemplo, e nós xogabamos así. Onde nos encontrabamos. ♂N3 - (81:82)



Figura 35. Vista aérea de Malpica a finais do século XX.

A transformación dos espazos de xogo foi realizada para servir aos intereses económicos, inmobiliarios e industriais, que coa complicidade das Administracións foron capaces de transformar a un dos paraxes máis fermosos da Costa da Morte a mediados do século XX, nunha das vilas con maiores aberracións urbanísticas de Galicia. En Malpica a cultura do ladrillo está moi presente nos diferentes gobernos locais, neste modelo desenvolvemento urbano o xogo das crianzas importa pouco. Así acabouse por destruír a Cerca para edificar, o porto natural e a chamada *Ribeira* polas nativas/os foi substituída por un porto industrial, e parte da praia para ter paseo marítimo e edificios. Así é difícil que o xogo popular se manteña vivo no tempo nestes lugares, porque a modificación dos espazos de xogo é un elemento que inflúe decisivamente na conservación destes.

Entendemos que a relación entre contorna e xogo debe ter efecto un positivo e significativo sobre a poboación local para que se produzan novos procesos de creación, evolución e difusión dos xogos populares dentro da comunidade (Varela, 2013). Dous exemplos que ilustran as dúas caras deste razoamento son a desaparición da duna na zona que estaba a furna e dividía Canido na praia [apéndice 8.2], e o outro as sucesivas transformacións do porto. Así na praia coa presión urbanística o xogo de baixar a rolos pola duna de area tivo que desaparecer porque a duna que ofrecía as condicións necesarias foi destruída. Por outra parte no porto as sucesivas modificacións deron lugar á colonización do espazo polas diferentes xeracións que se valeron deste para desenvolver o baño e saltos no porto, a pesca na bocana, vogar nas chalanas, etc. O uso destes lugares para xogar está relacionado coa idea da perspectiva ecolóxica dos espazos (Gibson, 1979) pola interpretación e uso que a poboación que fai destes, adaptándoos aos briqueados expresados pola colectividade.

O incremento de novas instalacións escolares e deportivas, unido aos cambios sociais nun contexto rural cunha dispersión da poboación alta e unha crise demográfica, provoca que cada vez máis as xeracións actuais desaparezan da contorna. Isto incide na idea dunha ausencia de contacto coa natureza da que falaba Louv (2005) das xeracións actuais. No noso caso malia vivir no rural rodeadas dun contorno natural, este non é aproveitado pola xuventude. Isto fai que consideren a súa contorna como algo aburrido sen demasiadas opcións que apoiaría a idea do “anti rural-idyll” (Powell, Taylor & Smith, 2013), que fuxe desa imaxe bucólica do rural na que as crianzas poden

experimentar a contorna sen problemas e con total liberdade. Isto contrasta coas xeracións dos avós, pais, e fillos que sempre tiveron a contorna como espazo de xogo vital para o seu desenvolvemento e formación como persoal, e ao mesmo tempo servía para manter o xogo popular vivo na comunidade.

7. 2. 5. O XÉNERO

As evidencias recollidas na investigación indicánnos que as xeracións dos adultos tiveron un volume considerable de xogos practicados polos dous xéneros de maneira mixta [apéndices 7.7; 6]. Xogos como o perillote, a billarda, saltos no porto, a corda, mariola o baño, as barcanas, a vía, entre outros, foron practicados por ambos xéneros. Porén, isto non contradí a existencia de xogos cunha maior aceptación por parte dun xénero ou outro, e que houbera momentos nos que a segregación entre nenas e nenos nos enredos locais existise. Algúns destes xogos xa eran identificados como propios de cada xénero por distintos autores (Risco, 1957, 1962; Romani, 1983; Trigo, 1994a; Veiga, 1998, 2001a). Polo que podemos deducir que determinados brinquedos tiveron unha maior aceptación ou imposición social en función do xénero en Galicia, que no caso da poboación estudada tamén coinciden nalgúns casos.

- Nativas/os

Umm, case tódolos nenos faciamos as mesmas cousas.

PREGUNTA: Pero ti antes contábasme que os nenos xogaban máis ao corrompa e a estas cousas?

R: Si, pero máis ou menos xogabamos ás mesmas cousas. Á billa tamén xogabamos as mulleres e mailos homes, incluso na praia xogabamos á billa.

Faciamos así unha morea de area [indica que facían unha pequena morea de area] poñiamos a billa e PLAF!!! Xogabamos os rapaces e máis as rapazas.

♀N2 - (80:85)

Na actualidade puidemos comprobar grazas ás observacións no campo, a existencia dunha práctica común de determinados xogos populares como mergullarse no

porto, “ouchear” polas pedras, facer figuras na area, ir á vía, as palas, ect. No caso das observacións nos espazos públicos [apéndice 2.3] a actividade lúdica era común nas nenas e nenos, pero si que debemos destacar que a práctica dos xogos con balón, ben na praia ou no porto son maioritariamente masculinos.

Malia que existían xogos mixtos practicados por nenas e nenos, un elemento decisivo na segregación nos brinquedos era a presión familiar e social sobre as crianzas. O dominio dos estereotipos e roles asociados ao xénero, provocaba que a práctica de moitos dos xogos populares estiveran condicionados pola presión social. Esta situación provocaba que en ocasións se etiquetaran as crianzas con termos como *marimacho* ou *mariquita*. Estes calificativos eran empregados para facer mofa cando se practicaban certos xogos considerados como de nenas ou nenos, ao igual que acontecía na cultura vasca (Etxebeste, 2001, 2009).

Como nos relataban algúns dos informantes as veces eran as propias nais e pais os que impedían que as cativas e cativos xogasen xuntos. Esta influencia social sobre os brinquedos das crianzas confirma que a sociedade buscaba unha distinción no xénero a todos os niveis. Porque “esíxese unha correspondencia rigorosa entre o sexo anatómico, o sexo xurídico, o sexo social: eses sexos teñen que coincidir e colócanos nunha das dúas columnas da sociedade” (Foucault, 2001, p. 624). De aí que a influencia da familia, grupo de iguais, escola e da comunidade en xeral fose un elemento de presión sobre a práctica de determinados xogos populares. Aínda hoxe esta segregación está presente nas actividades lúdicas practicadas nas escolas do concello.

Eu, xogos de nenos e nenas claro que había. Pero á corda xogaban as nenas, antes xogaban as nenas soas e os nenos sós, pero eu como non teño irmáns, nin teño nada, e tiven moita relación con dous primos por iso xoguei a cousas de nenos.

PREGUNTA: Dependía un pouco do ámbito familiar que xogases con nenos ou con nenas?

R: Moitísimo Claro, dependía.” ♀N4 - (67:70)

A influencia social nas actividades lúdicas non só se corresponde coas xeracións máis vellas. Como nos relatan os docentes, eles detectan unha imposición de roles e

estereotipos nas actividades lúdicas e físicas nos contextos institucionalizados. Na súa opinión esta situación deriva da propia dinámica social existente na comunidade e da educación que reciben os escolares nas casas. Baixo a nosa perspectiva debemos indicar que a presión social sobre os xéneros está moi presente nos contextos escolares. Estes son escenarios nos que as actividades están máis dirixidas e as dinámicas son máis rixidas, o que acaba por incrementar a segregación dos xéneros (Thorne, 2009). Mentres que as observacións obtidas nos espazos públicos non chegamos a apreciar unha diferenza tan grande entre os xéneros como a que se manifesta nos centros escolares, aínda que existise certa predominancia do xénero masculino en determinados xogos de balón, principalmente.

Si. Mira iso vén das casas. Para min, é unha opinión miña, iso vén das casas que imponen eses roles. Levamos moito tempo loitando contra eles, pero non somos capaces. Porque nós entendemos que o deporte e o xogo é para todos sen distinción de sexos, nin de relixión, nin de raza, nin de nada. Pero normalmente atopámonos coa realidade que é. As nenas van a pandeireta e a gaita como actividades lúdicas recreativas, e os rapaces van ao fútbol. De xeito xenérico non é unha barbaridade en si. ♂NDC2 - (69:70)



Figura 36. As novas xeracións de mozas e mozos compartindo xogos no muro do gas do porto.

Esta imposición nos xogos non soamente é exercida pola familia, senón que a escola tamén acentuou esta brecha en todas as xeracións recollidas no estudo. Xa comprobamos como no apartado do contexto escolar se buscaba unha separación de roles no franquismo (Nielfa, 2003; Valls, 2009). Nas xeracións máis vellas a escola interfería para separar nenas e nenos, xa que na época do franquismo debía ser unha educación segregada, polo tanto os xogos tamén debían selo. Nas xeracións dos fillos que foron á escola na período da transición, malia que a educación era xa mesturada nos centros educativos, a integración dos dous xéneros non estaba case presente en moitos dos xogos que se practicaban na escola, algo que aínda acontece no momento actual. Os modelos educativos que predominaron nas escolas durante décadas non promoveron a coeducación en igualdade dun xeito eficaz, o que acaba por manifestarse nos briqueados escolares.

O modelo de educación segregada protagonista durante moitas décadas, deixou paso co fin da ditadura ao modelo mixto da actualidade. Aínda que na teoría todos os colexios mixtos promoven a coeducación, pensamos que na práctica non se chega a completar (Subirats, 2011) nos centro do concello. Así mesmo as dinámicas de funcionamento dos centros escolares como a separación en grupos, filas, idades, distribución dos espazos, etc, acaban por repercutir na segregación dos xéneros nos xogos dos escolares (Subirats & Tomé, 2007; Thorne, 2009; Wenzel, Stigger, & Meyer, 2013).

Había, Sabes o que non había? Coeducación. É dicir, non había o sentido de poder mesturarnos todos e tal, nos faciamos un equipo de rapaces (masculino) pero xogabamos na liga de brilé, todos rapaces pero na liga de brilé que era cousa de nenas, pero nós xogabamos e queriamos gañar. Non había coeducación porque os nenos querían xogar todos xuntos eles e as nenas todas xuntas elas. Teño 36 anos estouche falando fai vinte anos e para arriba, que viñamos do franquismo aínda. Que eu nacín no franquismo, que nacín no 74 e daquela... coidado na escola, coeducación moi pouquiña. Pero isto non quere dicir que non xogaras a cousas de nenas, nos queriamos xogar a todo. Ao que había apuntabámonos, nós queriamos xogar, de nenas ou de nenos iso era así.

♂N7 - (56:58)

A ausencia dunha escola que aposte pola coeducación durante un período de tempo tan longo, entendemos que é un dos elementos da orixe de que na actualidade nos centros educativos exista unha segregación tan marcada nos xogos dos escolares. Este é un panorama desolador en pleno século XXI, xa que mentres as nenas se socializan con actividades máis pasivas, os nenos buscan actividades deportivas de carácter competitivo. Esta situación non é exclusiva dos centros educativos da comunidade, este fenómeno está presente en múltiples contextos tanto nos patios de recreo como nas clases de EF (Blández, Fernández, & Sierra, 2007; Holmes, 2012; Jarret & Duckett-Hedgebeth, 2003; Soler, 2009; Subirats & Tomé, 2007; Tomé & Ruíz, 1996; Vázquez, Fernández, & Ferro, 2000; With-Nielsen & Gertrud, 2011).

- **Docentes**

Resposta 1: Non se xogaba, practicamente fútbol era o que vías xogar aos nenos fóra. Era a fútbol e a correr uns detrás doutros, había moitas pelexas. Non xogaban.

RESPOSTA 2: As maquiniñas tamén ultimamente, algún que a traía a súa Nintendo.

RESPOSTA 1: Si, ata agora pouco, basicamente fútbol e correr.

RESPOSTA 2: Fútbol e correr. ♀♀ DP3 - (19:23)

Os rapaces o fútbol e as rapazas sobre todo o baile. Hai algunhas rapazas tamén que lles gusta o fútbol, pero é unha minoría ehh. Ao mellor nun grupo te podes atopar unha ou dúas, pero non é o habitual, que xogan ben e lles gusta xogar”. ♂ DSI - (89:91)

A diferenciación dos xéneros nos xogos escolares é tamén é froito do rol que xogan os educadores e o currículo culto que trasladan ás súas clases (Soler, 2009; Thorne, 2009; Torres, 2000, 2005; Vázquez et al., 1990). Xa que este supón un elemento moi potente á hora de diferenciar e dividir as actividades físico-lúdicas segundo o xénero (Paetcher, 2003). Aínda que os profesionais no seu discurso e na práctica trate de loitar contra esta segregación nas dúas etapas, entendemos que incoscientemente rematan por perpetuar os estereotipos sociais, fomentando situacións e xogos en función

do xénero (Baena & Ruiz, 2009; Da Fonseca, Guedes, De paiva, Antunes, & Aparecida da Cruz, 2008; Moreno, Sicilia, Martínez, & Alonso, 2008; Soler, 2009) o cal non axuda á integración de ámbolos dous xéneros nos xogos.

*A ver se é no recreo, non. Porque considero que é o tempo deles e unha cousa é que lles guíes ou lle deas algunha suxestión, pero son eles os que deben decidir a que xogar e con quen xogar e como. Pero nas clases de EF, si. As veces pois dicindo: "veña facemos parellas". Aínda que eles tentan, pero dígolles: "parellas mixtas". E aí tento buscar o que máis lles guste porque as veces é difícil e outras veces déixoo. Pois nenos contra nenas, pois nenas contra nenos. Tampouco imos estar aí: "non, non, non". Todos mesturados sempre, non. ♀
DPI - (254:255)*

Aínda que sabemos que existen dificultades para integrar aos dous xéneros en determinados xogos (Clark & Paetcher, 2007; Gutierrez & García-López, 2012; Soler, 2009). Nos centros escolares atopamos unha situación na que existen unhas actividades recreativas e lúdicas moi estereotipadas. As nenas case sen actividade lúdica e os nenos fútbol. Este panorama provoca que as iniciativas e estratexias dos docentes sexan diversas tanto nas clases de EF como nos patios escolares. Na Educación Primaria xa comentamos que empregaron os xogos populares como un medio para rachar coas dinámicas segregadas que se mantiñan nos recreos. Nestas iniciativas buscan unha maior integración dos dous xéneros e favorecer a relación social entre eles, quebrar estereotipos, ademais incrementar o nivel participación en xogos mesturados.

Estes programas buscan rachar cos modelos e estereotipos asociados ao xénero, pero estes están limitados debido á falta de continuidade dos equipos organizadores. Ademais a estratexia non vai acompañada doutras actividades de apoio, o cal fai que o impacto sexa menor na poboación escolar. A falta dun traballo anterior e continuo nos centros escolares de Educación Primaria con iniciativas deste tipo provoca que na Educación Secundaria se manteña e incremente unha separación nos xéneros. Nesta etapa os estereotipos asociados ás actividades lúdicas nos centro escolar son reafirmados no contexto nos tempos de recreo e nas clases de EF.

Non queremos dicir que exista unha falta de sensibilidade cara este tema por parte dos docentes entrevistados, senón que realmente estes profesionais carecen das ferramentas ou da preparación específica que lles permita deseñar estratexias máis efectivas, tanto a nivel de centro como na aula de EF. Aínda que o discurso dos profesionais e as súas accións van a prol de reducir esta diferenciación. As súas estratexias e prácticas nas aulas e recreos, non logran reducir os estereotipos sociais nos centros educativos. O tratamento do xénero é diferente á hora de dar clase, así mesmo as expectativas que se depositan en cada sexo (Piedra de la Cuadra, 2010) fan que os profesionais as veces opten por diferenciar e non por integrar. Entedemos que é necesario que nas clases de EF se avance cara un modelo cun enfoque máis feminista (Scraton, 2000) que faga fincapé nas diferenzas para tratar de equiparar o rol dos xéneros e transforme a cultura lúdica e física dominante, noutra completamente diferente á que percibimos nos centros escolares da comunidade.

Non, non son os educadores os que os separan, senón que non fan nada para que non pase iso, entendes? Por exemplo, eu non separo aos meus nenos na miña clase, pero fago todo o contrario, tento de mesturalos sempre. E non vexo esa parte. Iso involucrase desa maneira porque creo que é algo bo para todos. Quizais eu o vivo un pouco, eu de pequena xogaba ao fútbol e recibín moitas, e seguín xogando ao fútbol porque o meu carácter. Sabes? Non me ía quedar sen xogar porque mo dixera quen fora, pero insultáronme moitas veces e vexo que iso hoxe en día en Malpica, pode seguir pasando non por parte da maioría, pero si que segue a haber ese punto. ♀ DC1 - (128:131)

7. 2. 6. VALORES/ANTIVALORES

Os xogos populares como representación do folclore infantil son no contexto estudado un momento de relación social no que se transmiten determinados antivalores e valores (Cobas, 1995) culturais e psicosociais. Nesta investigación recolleemos determinados antivalores como o abuso e a violencia que estiveron moi presentes nos brinquedos populares das xeracións adultas. Estes antivalores están ligados de xeito claro ao xénero masculino, como forma de manifestar o seu poder e reforzar a identidade no grupo a

través do xogo entrando de cheo coa retórica do poder e da identidade (Sutton-Smith, 1997).

En relación aos antivalores debemos ser conscientes que a maneira de relacionarse socialmente do xénero masculino está moi ligada á violencia, porque esta foi usada para reafirmar a identidade do xénero masculino. Este antivalor foi empregado como manifestación cultural facilitadora do tránsito de neno a home (Kimmel como se citou en Hernández, Vidiella, Herraiz, & Sancho, 2007, p. 105). Polo tanto entendemos que algúns dos xogos populares máis violentos practicados polas diferentes xeracións de nenos eran, en certo modo, unha forma de manifestar a personalidade individual e reforzarse ante o grupo, ademais de fornecer a identidade colectiva masculina. Por esta razón este tipo de xogos máis violentos, como andar a pedradas, o cinto, a cuncha, as espadas entre outros, tivesen nas xeracións pasadas unha gran aceptación entre os nenos.

- Nativas-os/docentes

E A roda dividía Corea de Malpica, nós chamabámoslle Corea aos da Atalaia, hai uns anos houbo a Guerra de Corea, non sabes? Pois nós aos de enriba chamabámoslle os coreanos, e cando saíamos da escola preparabámonos, e a pedrada limpa. Pero a pedradas! Aínda teño aquí a sinal, a pedrada limpa (risas) ♂NI - (84:84)

Ademais da propia violencia que podía aparecer como consecuencia da lóxica propia do xogo. Debemos lembrar que o abuso a través da forza era un mecanismo de control no xogo na rede de iguais (Ortega, 2002). Por iso é preciso recordar que no xogo popular ao igual que noutros campos da vida, quen ten o poder de establecer a lexitimidade da orde e o seu discurso, naturaliza formas de violencia como lexítimas e coloca, á outra persoa, nunha posición subordinada que asume o seu dominio (Hernández et al., 2007). Na práctica o exercicio deste poder e control, producíase a través do abuso e da violencia. Eran os máis vellos ou máis fortes os que establecían o seu criterio no xogo popular, a través da ameaza, da agresión, do castigo e da imposición da regra.

PREGUNTA: Había castigo físico?

R: EHHHH, había xogos nos que o castigo físico era a ollos de agora salvaxe, salvaxe. Por exemplo, xogar aos indios e vaqueiros con arcos en cabanas, e disparar cos arcos de frechas feitas de varillas de paraugas, pois nas cachas, nas pernas. ♂N6 - (79:80)

O funcionamento das normas ten unha importancia capital no desenvolvemento de moitos dos xogos populares da comunidade. As crianzas no xogo descóbreuse socialmente e aprenden a afrontar distintas situacións de conflito que deben resolver (Garoz, 2009) axudando a desenvolver a moral das crianzas. A violencia tamén se manifestaba froito dos conflitos orixinados polo funcionamento das normas, das infraccións e trampas producidas nos xogos populares. Así podemos establecer que a regra ademais de posibilitar adquirir determinados compromisos sociais e axudar ao desenvolvemento da moral nas distintas xeracións, tamén supoñía unha escusa para que en determinadas situacións a violencia se manifestase para exercer o control a través forza e da ameaza entre os propios xogadores, sendo os máis vulnerables aqueles rapaces máis febles tanto a nivel físico como na súa posición social no grupo de iguais.

Si explicábanse, pero algún asasino dos máis vellos, igual che estaba explicando como xa che estaba dando, non sabes? E dicías: "Hostia!" Non xogo, a este conto non xogo, a este non volvo xogar (risas).

PREGUNTA: Había moito abusón?

R: Uff, había moito abusón nos grandes.

PREGUNTA: Había moita violencia nos xogos?

R: Si, si, si.

PREGUNTA: Ehh, e era?

R: Ameazábante, ho! Ameazábante, mandaban todo eles, ho! Tiñas que facer o que quixeran eles. ♂N3 - (135:142)

A competitividade nos xogos populares locais non é considerada como algo negativo polas nativas/os, senón que é vista como un estímulo positivo que motivador. Pero non só para esforzarse para lograr a vitoria, senón para demostrar a habilidade e destreza en determinados xogos, por exemplo os saltos ao porto, saltar á corda, a pelota. A competitividade servía de alicerce para mellorar a propia execución motriz e lograr deste xeito certo recoñemento social. Esta capacidade para xogar dun xeito eficaz e

eficiente é o que os docentes perciben como limitador do exceso de competitividade por parte dos escolares cando practican os xogos populares. Debido a que os dominadores nos deportes convencionais non o son nestes xogos. O feito de que para moitos escolares os briqueados populares sexan pouco coñecidos e eles non os dominen claramente, fai que a competitividade entre os escolares se reduza en comparación coas actividades deportivas.

Eu creo que si, a todos nos gusta gañar, aínda que esteas xogando. Era a ver quen saltaba mellor, quen remataba mellor a mariola, eu creo que si que eran competitivos ♀N4 - (104:105).

Eu creo que menor, porque a ver normalmente son xogos descoñecidos para todos entón non hai. Algún si que pode destacar que sexa máis hábil e si que pode destacar. Pero en xeral como ningún sabe xogar parten todos do mesmo nivel e xa non hai tanta competitividade. Eu creo que non hai tanta competitividade por iso, porque máis ou menos teñen todos o mesmo nivel. Creo que é así. ♀DPI - (257:258)

Consideramos que os xogos populares son unha manifestación lúdica clave para desenvolver a motricidade dun xeito global e integra (Andreu, 2010; Lanuza, Pérez, & Ferrando, 1980). Este feito é apreciado polas nativas/os que consideran estes brinquedos como unha ferramenta eficaz para desenvolver as habilidades motrices e as capacidades físicas. Xa que para eles que non tiveron EF en moitos casos, estes xogos foron a maneira de aprender a lanzar o balón, a botar, golpear, saltar, etc. Foron polo tanto os xogos populares a canle fundamental pola que desenvolveron gran parte da súa motricidade.

Resposta: Siiii, si. Difíciles non eran difíciles, pero si que tiñas que ser hábil porque tiñas que correr moito, tiñas que saltar, se querías estar aí, tiñas que espelirte. ♀N4 - (107:108).

Existe na comunidade educativa do concello unha disparidade entre a Educación Primaria e a Educación Secundaria, á hora de considerar os xogos populares como un recurso que permita desenvolver a motricidade de maneira completa. Mentres que para

os docentes de Educación Primaria os brinquedos populares son considerados como unha ferramenta moi axeitada para desenvolver calquera tipo de habilidade motriz e capacidade física. Na Educación Secundaria este contido non se contempla como suficiente de cara a desenvolver a motricidade dos escolares en toda as dimensións. Como xa comentamos no apartado do contexto escolar a visión da EF na Educación Secundaria, está máis relacionada coa condición física a través dunha visión da EF hixienista. Por esta razón non se valoran os xogos populares como un contido eficaz para desenvolver as habilidades motrices e as capacidades físicas, mentres que na etapa de Educación Primaria os docentes si que os consideran como válidos para desenvolver a motricidade dun xeito global.

A verdade que sempre o fago cos xogos populares porque me parecen os máis axeitados e incluso gústalles moito o tema de zancos. As habilidades motrices básicas trabállanse todas, por medio deste tipo de xogos. Logo hai moitas habilidades específicas de lanzamentos e recepcións que si que tamén, tamén as desenvolvemos con estes xogos. ♂DP2 - (168:168).

Todas las habilidades motrices no. Yo creo que no.

PREGUNTA: Por que?

R: Porque yo creo que no. Si, si por ejemplo aspectos de fuerza, condición de resistencia mucho mejor con otro tipo de actividades mucho más lúdicas. El, no le veo el aspecto tan lúdico a muchas actividades de deportes modernos, por así decirlo, con los tradicionales. Los veo menos motivantes para los chavales, es mi opinión, claro. ♂DS2 - (195:197)

Os xogos populares que son transmisores de múltiples valores socioculturais e psicosociais (Kishimoto, 2005; Marin, Ribas, Parlebas, Stein, & Crestani, 2012; Marín, 1995; Öfele, 2003; Ortí, 2003; Trigueros, 2002; Veiga, 2007). Están considerados por todos os adultos entrevistados como posuidores dun gran potencial social, afectivo e emocional. Para eles estes xogos tiveron unha gran importancia na súa formación e desenvolvemento como persoas. Os xogos populares lles permitiron adquirir unha serie de habilidades sociais que lles axuadron a integrarse no grupo de iguais, facer amizades, ser solidarios, divertirse, adquirir hábitos de lecer saudables, ect. Para os informantes

compartir momentos de xogo coas demais amizades era unha forma de consolidar os lazos no grupo e reforzar a cohesión da colectividade. Pola contra as xeracións adultas perciben ás novas xeracións como máis individualistas e considéranas menos solidarias que as xeracións anteriores. Algo que intúen que é causado pola falta de práctica destes xogos e a excesiva presenza dos pasatempos tecnolóxicos nas novas xeracións.

Todo, porque o xogo é o que te saca a ti do que é a educación do núcleo familiar, é o que te socializa é o que reforza o concepto da amizade, onde non hai maiores, protectores, educadores. Onde só es ti e mais os teus amigos... Esas normas aprendelas a pelo entre nós, sabes? É unha forma de educación, de autoeducación, sen profesores. E o xogo para iso é básico, entendes? Para a formación integral do rapaz é necesaria a educación na casa, no colexio e é necesario o xogo claramente, coma a educación na casa e máis no colexio. O xogo é básico na educación, e na formación integral do individuo, senón hai xogo pérdese unha parte importante da educación eu creo que é así. ♂N7 - (92:93)

Por outra parte os docentes de ámbalas dúas etapas educativas pensan que os xogos populares fomentan valores que con outro tipo de actividades deportivas non sería posible. Curioso este punto, xa que despois non se lle recoñece o peso suficiente na programación curricular que desenvolven nas súas materias. Engaden os informantes a este debate, o feito de que na actualidade as crianzas manteñen unha tipoloxía de xogos deportivos e de corte máis individualista. Sumado todo isto entendemos que os xogos populares no contexto da nosa investigación, teñen un maior potencial á hora de transmitir valores sociais que outro tipo de actividades deportivas ou de lecer como poidan ser os pasatempos tecnolóxicos. Algo que foi constatado nas escolas e nos espazos abertos [apéndice 2], nos que comprobamos como os xogos populares tanto fóra como dentro dos centros escolares, supoñen un elemento de reunión e relación entre as novas xeracións, aínda que non se manifesten estes xogos coa mesma intensidade e impacto que no pasado.

7. 2. 7. OS MATERIAIS

No caso dos materiais as xeracións adultas, especialmente as máis vellas, foron as que tiveron unha maior relación cos materiais típicos dos xogos populares. Neste caso estas xeracións xogaron con maior intensidade cos aros, arcos e frechas, carracas, billardas, chaves, etc. A escaseza de recursos económicos limitaba as posibilidades para mercar materiais e xoguetes. Deste xeito, os xoguetes e os enredos eran moi valorados polas crianzas, porque a accesibilidade a moitos xoguetes era moi limitada. Así os materiais eran compartidos polo grupo de amizades cunha alta sensibilidade, porque estes xoguetes debían ser conservados para que todos os puideran desfrutar. Neste senso non existía unha individualización dos xoguetes como na actualidade, nin as posibilidades económicas para mercalos. Esta circunstancia facía que os lazos emocionais entre os xoguetes, propietarios e amizades se intensificasen debido a que se tiñan que compartir e conservar os materiais para xogar. Deste xeito o impacto dos brinquedos e dos enredos populares no proceso de enculturación das crianzas viase intensificado.

Ademais a pegada enculturadora incrementábase porque unha gran parte da vida lúdica estivo ligada dunha forma clara aos materiais que as propias crianzas obtiñan do medio natural. Para as xeracións adultas este medio supuxo unha fonte vital de recursos para xogar. Da contorna obtiñan por exemplo, unhas pólas para facer a billa e xogar á billarda, para construír tirapedras, os arcos e frechas, etc. Así mesmo era o propio medio o que servía como material de xogo, como gabear e abanear as árbores, ir á vía, as barcanas e figuras de area, etc.

A falta de medios facía que as xeracións das avoas/os, nais/pais e en menor medida a dos fillos, empregaran moitos materiais da reciclaxe doutros obxectos que non estaban orientados aos xogos. Grazas a isto na infancia e mocidade aprendían a desenvolver determinadas habelencias manuais e coñecementos sobre a contorna, que para moitos deles estes serían útiles para a súa futura profesión. Ademais esta construción artesanal de xoguetes provocaba que existise un maior contacto interxeracional de carácter solidario. Porque en moitas ocasións dependíase da maña dos maiores para construír os xoguetes, o que favorecía a difusión de valores nas novas xeracións.



Figura 37. Figuras e construcións na area. O medio natural ao servizo do xogo popular na comunidade.

- Nativas/os

E a pelota quen a tiña? Non a tiña ninguén, faciamos unha pelota, as pelotas non había quen as movese. Faciamos todo a trapos, e con fíos, e ías amarrando, e despois cando chegaba a pelota ao mar e mollábase. Quen movía a pelota?
♂N1 - (84:84)

Tamén eran xogos onde o utensilio pois sempre había un avó, un pai, un irmán maior que cho facía. Un veciño que che preparaba o palenque, o aro, e hoxe en día a estrutura familiar é outra, a socialización faise moito cara dentro dos fogares, e todo iso fai que sexa unha perda. ♂N6 - (98:98).



Figura 38. Rapaz vogando na dársena do porto, un dos xogos máis comúns na comunidade. Os materiais dos traballos como as chalanas serven como medio de xogo.

Na comunidade os materiais obtidos eran en numerosas ocasión procedentes dos traballos típicos da colectividade a pesca e a olería, ou doutros como os de carpinteiro, ferreiro, labrego, gandeiro. Pero debemos lembrar que as afondadas raíces no barro da olería de Buño e no mar de Malpica fixeron que en moitas ocasións os materiais estiveran marcados pola proximidade ao mar e á pesca. Así as distintas xeracións en especial as adultas empregaban as lanchas para vogar e facer carreiras, para pescar xureliños coas liñas e trueiros, entre outras actividades. E por suposto co traballo da olería xogando a facer manualidades co barro, ou xogando aos lilos, a facer olas. Estes xogos populares locais precisaban duns materiais e recursos que en moitos dos casos acabarían por ser a ferramenta de traballo na vida adulta. Polo que o uso lúdico destes materiais supuña unha adquisición de habilidades necesarias no futuro laboral para moitas das persoas da poboación estudada.

Da vida lúdica da comunidade podemos manifestar que os materiais de xogo empregados en moitos casos cumprían unha función simbólica e imitadora (Cortizas, 2011, 2013; Sutton-Smith, 1986) e ademais favorecían a división dos roles (Benton, 2013). Xa que se empregaban redes de pesca para capturar paxaros en lugar de peixe, os

restos das coceduras para xogar aos lilos como se fosen verdadeiros obxectos dunha cociña, as barcanas de area que se fan na praia imitando ás embarcacións, os arcos e frechas feitos cos “taraños” para xogar aos indios. Estes exemplos son unha mostra de que os materiais eran empregados para recrear situacións dunha maneira simbólica e asumir diferentes roles asociados en ocasións ás profesións propias do concello.

En Buño xogábase moito, chamábanse lilas ou lilos, non estou segura, creo que eran lilas. Cando se cocían as olas, pois había pezas defectuosas e íámolos buscar aos fornos, e con iso xogabamos o que se coñece como as casiñas, "bueno" non sei como se coñecerá hoxe, chamábanse lilos ou lilas, cos cus das cuncas, das potas con cachiños das pezas cocidas. ♀N4- (40:40)



Figura 39. As novas xeracións probando a facer figuras de barro, no Forno do Forte en Buño, na Mostra da Olería de Buño do 2014.

En relación cos materiais empregados polas novas xeracións a evolución tecnolóxica fixo que aparecesen novos materiais, instrumentos e xoguetes. A produción en masa fai que estes materiais sexan máis accesibles para as novas xeracións desde o punto de vista de vista comercial. Mentres que nas xeracións pasadas non se coñecían as táboas de bodyboard ou surf, os freesbes, os inchables, os caldeiros de plástico, etc. As xeracións actuais fan uso masivo destes, que en moitos casos non trocan a esencia do xogo popular. Por exemplo, actualmente as novas xeracións teñen a posibilidade xogar nas ondas enriba dunha táboa como xa o facían as culturas de Perú ou Hawaii

(Warshaw, 2010), moito antes de que as xeracións adultas da comunidadeoubesen que xogar a ir á vía cunha táboa noutras culturas lle chamaban surf.

Na escola os materiais empregados nos programas de dinamización lúdica, en especial, son en gran parte os materiais típicos como os aros, chapas, buxainas, cordas, tabas, bolas, ou pelouros, etc. Estes materiais son mercados na súa maioría. A reciclaxe de material para construír os xoguetes para os programas de dinamización lúdica é moi limitada. Salvo algúns materiais como os pelouros, as chapas, boliches caseiros, a zorregadora, e algún outro que son elaborados e seleccionados polos equipos docentes, nunca polos escolares. Nos centros educativos fan uso materiais adaptados máis actuais que substitúen aos clásicos das xeracións pasadas, deste xeito empregan as tabas de plástico, balóns de espuma no brilé, rás e aros plástico, zancos de corda e base de plástico, e materiais similares. Neste sentido a evolución tecnolóxica tamén é aproveitada polos centros educativos para facilitarlle aos escolares a práctica dos xogos populares adaptándoos ás necesidades dos escolares e tratando de manter a súa seguridade.

Nos centros educativos de Educación Primaria para aplicar os programas de dinamización lúdica nos recreos, empregaron os materiais típicos dos xogos populares. Pero nestas iniciativas non deseñaron ningunha estratexia que implique que os xoguetes populares sexan elaborados polos escolares. Entedemos que a participación dos escolares na elaboración dos materiais é un punto vital de cara a incrementar a motivación e posta en valor dos xogos populares na escola. Accións tan triviais de custe reducido como como ir buscar uns pelouros á praia e pintalos, facer unhas chapas, decorar as buxainas ou construír un tirapedras, poden axudar a unha mellor comprensión dos materiais e dos xoguetes populares, favorecendo o incremento do valor creativo, emocional e afectivo por estes. Ademais con este tipo de accións fóméntase no coñecemento da contorna, das técnicas de elaboración destes xoguetes, mellora o desenvolvemento de habilidades cognitivas e motrices, e por suposto mellorar a capacidade creativa e artística á hora de construír os seus propios xoguetes (Maestro, 2011). Iniciativas didácticas cos xoguetes populares supoñen unha mellora da posta en valor dos xogos populares moito máis completa e motivadora para os escolares (Río, 2011).

7. 2. 8. VÍAS DE TRANSMISIÓN

Os xogos populares da comunidade tiveron na canle oral a súa mellor forma de transmisión e conservación. Historicamente esta foi a única forma pola que as diferentes xeracións coñecían os xogos populares. Esta transmisión oral estaba acompañada dunha descuberta dos xogos baseada na imitación de modelos. As crianzas descubrían as dinámicas dos xogos grazas a copiar e asimilar o que o resto do colectivo lles ensinaba. O coñecemento dos xogos populares era realizado dun xeito natural sen estrutura de contidos, unidades didácticas ou sesións, como acontece nas escolas na actualidade. O proceso de transmisión dos xogos era o froito dun proceso de adquisición duns coñecementos que non partía da idea dunha planificación dos procesos de ensino-aprendizaxe.

- Nativas-os/docentes

Por imitación era, era os grandes, os pequenos, xogabamos moi interxeneracionalmente, sobre todo os xogos de a pillar, a pandalas, o "escondite". Era moi habitual que os maiores que nos podían levar 3, 4 ou 5 anos, xogabamos con eles, educaban ludicamente aos que viñan de atrás. ♂N6 - (48:49)

A cadea oral foi mantida grazas ás distintas xeracións que transmitían o seu coñecemento interxeneracionalmente, porén esta cadea foi perdendo pulo ao longo das décadas. Esta quebra da cadea xa era advertida por Taboada (1972) bastante décadas atrás. Co tempo este fenómeno de quebra da cadea oral non mellora (Marín, 1995; Veiga, 1998) e no caso da poboación estudada tampouco. Como nos lembran os participantes de maior idade foron poucos os que transmitiron os xogos populares aos seus coñecidos e familiares máis achegados. Este feito viría a reforzar a idea dos depositarios activos³¹ e da importancia que estes teñen á hora de manter vivo un sociofacto como os xogos populares. Pero malia que a cadea oral na comunidade estea nun baixo nivel de impacto, a oralidade interxeneracional aínda se mantén viva nos xogos populares do porto e da praia [apéndice 2.2].

³¹ No apartado 2.3 explicamos o significado dos depositarios activos.

Non, non, porque eles xa colleron outras cousas, as bicicletas, os patíns e todo iso. ♀N2 - (74:75)

Non, non, nada. De "ouchea" xa nada, porque os nenos xa non van nin tolos, como íamos nós, nin tolos (silencio). ♂N3 - (249:250)

PEGUNTA: Como os coñeciches?

R: En el colegio

PREGUNTA: No colexio?

R: Si

PREGUNTA: Non che ensinaron ningún xogo mamá ou papá, ou os amigos?

R: No, que me de cuenta, pero a lo mejor si. ♀N9 - (49:56)

A emigración e a crise demográfica que sofre o concello acentuada a partir do último terzo do século XX, ademais da delegación de funcións na escola, provocou a paulatina desaparición da cadea oral interxeracional. Isto ten como consecuencia que as xeracións actuais sufran un proceso de enculturación lúdica moi distinto ao que viviron as xeracións pasadas. Na actualidade o proceso de enculturación lúdica ten moito menos impacto que nas xeracións pasadas. Agora as novas xeracións están máis expostas ao proceso de aculturación que no pasado, debido á debilidade da cadea oral, xunto coa sobreexposición aos novos medios de comunicación e pasatempos electrónicos (Singer & Singer, 2005; Singer, D'Agostino & DeLong, 2009). Ademais do rol que xogan a escola e outras institucións na actualidade que prestan máis atención a outro tipo de actividades recreativas.

Eu creo que non, que se non o facemos na escola mal, pero debería ser a familia tamén a que contribuíra, "bueno" a sociedade en xeral que contribuíra á difusión. ♀DP1 - (181:182)

Non, penso que debería haber un maior apoio de diversas institucións. Pero si que é certo que a escola é un lugar moi importante para que se conserven e se poidan difundir. Aquí hoxe en día, incúlcense moitos hábitos, moitas "rutinas" de xogo, ou si aquí os practican temos maiores posibilidades de que se sigan practicando fóra. ♂DP2 - (143:144)

Non, penso que se perdeu moitísimo, nestes teño 36 pois dende os meus 14 ou 13 anos ata agora, penso que se perderon un lote de cousas, polo que eu vexo, ca chegada do ordenador, da rede, da "play-station" e todas estas historias. Creo que o xogo popular, incluso diría que está en perigo de extinción. Mentres haxa pobos e vida rural está a salvo, pero nas cidades creo que está bastante fodida a cousa con respecto ao xogo popular. ♂N7 - (98:99)

Para contrarrestar o fenómeno de uniformidade lúdica e cultural que estamos a vivir (Veiga, 1998) e para tratar de recuperar a herdanza cultural dos xogos populares (Parlebas, 2002a; Piech & Cieslinski, 2007). É necesario que se facilite e incentive a práctica destes xogos nos escenarios nos que as novas xeracións teñen máis presenza. Neste senso entendemos que a escola e concello ante a falta de consistencia da cadea oral familiar na colectividade teñen a responsabilidade de recuperar e recoller o legado lúdico da colectividade. E tratar de facer unha posta en valor dos xogos populares e revitalizar a cadea oral nas novas xeracións da tribo, en colaboración coas familias.

Ademais a escola e o concello contan coa capacidade para acceder a infinidade recursos materiais, humanos, económicos e didácticos que poden axudar á recuperación destes xogos. E tratar así de presentar os vellos xogos como novos xogos (Eichberg & Norgaard, 2009) ante as novas xeracións da comunidade. A desaparición da enculturación lúdica nas novas xeracións provoca a perda da identidade cultural da colectividade, o cambio das relacións sociais, e permite que outro tipo de opcións de lecer menos proveitosas e saudables se manifesten no tempo libre dos escolares.

CAPÍTULO 8: CONCLUSIÓNS FINAIS

- Conclusións
- Futuras liñas de investigación

Escribir etnografía é para moitos estudantes a tarefa de composición máis esixente coa que se teñen atopado nunca (Atkinson, 1991, p. 162).

8. CONCLUSIÓN

A realidade presentada xera unha serie de reflexións finais que expoñeremos, a continuación, estruturadas en tres liñas interpretativas que se corresponden coas categorías centrais emerxidas da análise dos datos. A exposición destas liñas interpretativas parten dos obxectivos da investigación, buscando dar resposta aos mesmos. Para facelo, tratamos de desenvolver as conclusións apoiándonos cos aspectos teóricos tratados na primeira parte da investigación.

8. 1. O PATRIMONIO LÚDICO LOCAL: DA PRÁCTICA Á MEMORIA.

Tendo en conta que o noso obxectivo global é *describir a presenza do xogo popular nunha comunidade rural ao longo de distintas xeracións -comezando na das avóas e avós, aproximadamente na década dos anos 30, ata as xeracións actuais- e o significado que ten*, neste primeiro punto explicaremos, desde unha perspectiva máis xeral, as conclusións relacionadas cos xogos populares dentro da vida das distintas xeracións estudadas, sen afondar nos temas máis concretos, xa que o faremos posteriormente.

Ao longo das distintas xeracións, comprobamos como o significado e a importancia dos xogos populares mudaban co tempo. Grazas ás lembranzas das nativas/os de maior idade (avoas/os, nais/pais e fillas/os) contrastamos como os xogos populares se expresaban de xeito cotiá e cun gran impacto nas súas vidas. Para as nativas/os adultas/os o xogo popular era protagonista dunha parte importante do progreso e formación tanto a nivel individual como colectivo. Estes xogos supoñían un elemento enculturador de primeira orde. As diferentes xeracións dos agora adultos intercambiaban coñecementos e valores propios relacionados coa identidade e singularidade do contexto sociocultural. A participación nestes xogos dou orixe a un proceso de adquisición dos discursos da comunidade (Gee, 2005), é dicir, dunha aprendizaxe espontánea que contribúe á construción da identidade nativa. Mentres que nas novas xeracións, este proceso substitúese pola proceso de aprendizaxe, é dicir, ten un carácter intencionado, pola práctica das actividades lúdicas principalmente nos escenarios institucionais. Por esta razón, o valor outorgado a estes xogos por parte destas xeracións é moi elevado. Para as xeracións de adultos actuais, o xogo popular,

ademais de ser algo lúdico, era un momento de refuxio, de alegría, de encontro, de amizade, de exercicio, de afirmación da identidade, de aprendizaxe, de coñecemento, etc. Pero malia que estes lle concederon e lle seguen a conceder un gran valor aos xogos populares, non tiveron a capacidade para manter a riqueza e variedade lúdica recollida no catálogo [apéndice 6] con saúde.

Para as novas xeracións, os enredos populares das xeracións pasadas son, en gran parte, algo que os seus familiares practicaban cando eran novos, pero descoñecen a riqueza e os valores que estes tiñan na vida da comunidade. Para as nenas e nenos, o xogo popular segue a manterse vivo nas súas actividades de lecer, pero cun impacto moito menor que no pasado. Na actualidade, aínda se conservan unha pequena parte de xogos populares dos que practicaban as xeracións predecesoras. Curiosamente, só se manteñen aqueles xogos populares que están directamente ligados cos espazos máis característicos do escenario analizado (praia e porto) e con aquelas actividades menos reguladas e máis individualizadas e que, polo tanto, non precisaron dunha cadea oral robusta para manterse no tempo. Xogos populares como os saltos no porto, as barcanas de area, ir á vía, “ouchea polas pedras”, as palas, xogos con animais do mar, os mundialíños na praia e o balón son as principais manifestacións lúdicas do pasado que podemos atopar na actualidade de xeito espontáneo.

Os xogos populares perderon riqueza e variedade na actualidade, ademais de impacto na enculturación da infancia e mocidade. A mocidade actual é vítima dun proceso de transformación social que dificulta que unha gran parte do patrimonio lúdico local se manteña vivo e os discursos propios da comunidade teñan forza nas novas xeracións. A crise demográfica, a dispersión da poboación, a perda de peso dos traballos típicos da comunidade, a influencia dos procesos de aculturación, a quebra da cadea oral, a democratización dos pasatempos electrónicos e a implantación da era diximodernista (Kirby, 2009), outras formas de lecer (televisión, etc), as actividades deportivas, a modificación dos espazos, as obrigas escolares e extraescolares, as modas comerciais, ademais da falta de pulo dos xogos populares nas escolas e na actividade municipal, provocan que a infancia e mocidade actuais soamente se relacionen ludicamente como facían as xeracións pasadas con aquelas prácticas que están máis

entroncadas coa identidade da comunidade, como as citadas anteriormente³². A mocidade actual, malia coñecer algún xogo popular das xeracións pasadas como a corda, a mariola, a chave, o brilé ou a buxaina, é consciente da pouca presenza que estes xogos teñen na súa experiencia vital e non é capaz de atribuírle ningún significado na súa vida cotiá. A xuventude é consciente da falta de coñecemento dos brinquedos populares, quizais por esta situación de escaso pouso lúdico, ao que se lle suma o aburrimiento dos deportes propostos nos contextos escolares e extraescolares. Todo isto axuda a que se mostren abertos e receptivos a demandar e participar en iniciativas de redescubrimento dos xogos populares nos marcos educativos. A xeración dos fillos/as supón a última quinta de idade na que os xogos populares teñen unha forte presenza na enculturación das crianzas, será a partir desta xeración cando os xogos populares comezan a sufrir a súa paulatina desaparición e a reducir o seu impacto na comunidade.

O xogo, como sabemos, é un fenómeno evolutivo de adaptación variable (Sutton-Smith, 2008), que se configura a través dos diferentes procesos sociohistóricos. Así, os enredos populares locais tamén se viron afectados polos procesos de intercambio cultural, dando lugar ao descarte e á desaparición de moitos xogos das xeracións pasadas pola poxa dos xogos foráneos sobre todo os deportes, principalmente o fútbol³³, e os pasatempos electrónicos e as súas variantes. Esta situación reflicte o conflito entre a forza da propia identidade lúdica e o poder das prácticas alleas, así como a súa capacidade para ser asumidas en calquera contexto. Deste xeito, xogos colectivos locais como a nica³⁴ desaparecen, pero rapidamente asúmese o fútbol na praia como algo propio, nos dous casos son brinquedos que comparten características comúns, pero soamente sobrevive o segundo, o foráneo. Este proceso de intercambio cultural tamén nos axuda a recoñecer actividades que teñen puntos identitarios claros, permitindo compaxinar as dúas variantes do xogo, xa que interactúan coa ideoloxía dominante da comunidade, facilitando a retroalimentación das dúas variantes. O exemplo máis claro atopámolo no brinquedo de ir á vía e os chamados “bodyboard” e “surf”. Neste caso, as

³² Na exposición dos achádegos non narrativos do estudo empírico [punto 6.3] presentamos unha táboa analítica na que se plasma o repertorio lúdico de cada xeración.

³³ Compartimos a opinión de Trigueros (2000) no relativo ao tema do fútbol. Xa que non consideramos que a maneira de practicalo das crianzas se someta ao criterio de deporte. Porén, si que se pode considerar o xogo popular de maior difusión na comunidade estudada.

³⁴ Xogo similar á pina canaria que era practicado na praia.

tres variantes comparten protagonismo nas xeracións actuais e, se afondamos máis nestas manifestacións, podemos comprobar como a chegada das táboas axudou a que o xogo de ir á vía se presente nas crianzas de idades máis temperás que non dominan aínda o medio completamente, pero que coa axuda dos novos materiais poden imitar como o fan aqueles que si dominan o mar, xa que lles resulta máis doado esvarar na onda coa táboa que co corpo, polo que se dá unha maior difusión do xogo. Polo tanto, entendemos que o sincretismo cultural, en ocasións, favoreceu a permanencia da variante local e a foránea, aínda que excepcionalmente. As distintas xeracións e os seus xogos non fixeron máis que dar unha resposta aos novos criterios socioculturais que a sociedade demandaba en cada momento. Por esta razón, na actualidade, os videoxogos, os deportes e as actividades lúdicas e recreativas máis individuais (“bodyboard”, “surf”) comparten espazo coas barcanas de area, os saltos no porto ou o ir á vía. A este abano de manifestacións lúdicas poderíamos denominalos como os novos xogos populares³⁵ do século XXI na comunidade. Agora ben, á vista da nosa investigación, os xogos populares desde unha perspectiva máis clásica están en claro proceso de desaparición ou estancamento na súa difusión.

Se nos aproximamos ao obxectivo relativo a *recompilar e clasificar os xogos populares da comunidade*, grazas ao catálogo elaborado [apéndice 6], tomando como referencia os brinquedos citados polas xeracións adultas, podemos indicar que as condicións xeográficas e socioeconómicas favoreceron a manifestación dunha ampla variedade de xogos populares, tanto no medio acuático como no terrestre. A estes enredos podemos denominalos como identitarios ou característicos da comunidade. Un exemplo destes xogos serían os seguintes: figuras e barcanas de areas, ir á vía, o perillote, os lilos, as figuras co barro, os saltos no porto, a pesca, ir a rolos ou a cucaña, entre outros. Evidentemente, non queremos manifestar que sexan exclusivos do contexto de Malpica de Bergantiños, pero pensamos que en poucos lugares existen as condicións para que se poidan recoller brinquedos con este contraste nunha mesma comunidade. Porén, nas xeracións máis novas o que prevalecen son os xogos populares de corte máis psicomotor, como os saltos no porto, ir á vía, as figuras de area, “bodyboard”, andar nas pedras, “surf”, etc. E isto é, en parte, froito da perda lúdica e da

³⁵ De feito, se realizamos unha busca por palabras clave no Scopus poñendo popular games, aparecen infinidade de referencias aos videoxogos.

transformación social na que vivimos actualmente, que nos leva a unha maior individualización nas nosas actividades; aínda que estes xogos tamén son practicados en compañía de grupos de amigas/os e, as veces, de maneira colectiva. Así mesmo, na comunidade existían enredos que tiñan unha alta dose de risco na súa práctica, dentro destes xogos estarían os saltos no porto ou nas pozas naturais, a cucaña, ir á vía, saltar polas pedras, ir a rolos, gabear as árbores, xogar ás espadas, ás escopetas ou ás pedradas, os tirapedras, o desparafusador, Na actualidade, os saltos ao mar desde o porto, andar polas pedras e ir á vía son practicamente as únicas manifestacións lúdicas que manteñen o mesmo risco dos xogos da xeracións pasadas. Anteriormente, existía unha alta dose de vértixe/lynix (Caillois 2001) en moitos dos xogos que tamén poderíamos considerar como algo propio da identidade da comunidade.

8. 2. O XOGO POPULAR NO CONTEXTO DA EDUCACIÓN FÍSICA ESCOLAR E DA ACTIVIDADE FÍSICA EXTRAESCOLAR: UNHA OPORTUNIDADE DESAPROVEITADA.

Para o desenvolvemento da investigación tamén nos marcamos como obxectivo *comprender os significados atribuídos ao xogo popular no marco educativo local desde a perspectiva curricular e non curricular, con especial atención á área da Educación Física (EF)*. Isto débese a que entendemos que a presenza do xogo popular na Educación máis regulamentada e na non curricular é un elemento clave na supervivencia do patrimonio lúdico local. Por esta razón, nos interesamos en saber como se valoran estes xogos á hora de ser empregados como un contido no ámbito relacionado coa Educación Física e a actividade física.

A escola foi un ámbito da comunidade no que se reproduciron historicamente os patróns culturais dominantes, alleos na maioría dos casos á cultura lúdica popular. Grazas ás entrevistas realizadas ás diferentes xeracións e as nosas visitas aos centros educativos, puidemos comprobar como a escola na comunidade non foi capaz de facer unha posta en valor do patrimonio lúdico popular en ningunha xeración. Neste sentido, a escola foi un elemento aculturador de primeira orde xa que, en lugar de procurar un

empoderamento dos xogos populares, buscou a posta en valor das actividades relacionadas coa condición física, a saúde e o deporte.

Malia que os xogos populares están recollidos na tradición curricular desde a Institución Libre de Enseñanza, pasando pola ditadura fascista e ata chegar á LOMCE actual, estes son presentados de maneira moi tímida nas programacións da Educación Física ou, sinxelamente, non se programan, como acontece na Educación Secundaria, tal e como confirmamos a partires da nosa investigación. No tocante á Educación Primaria, este contido é condenado ao ostracismo curricular e é traballado con pouca intensidade, xa que se realiza dunha maneira pouco significativa, descontextualizada e cunha visión recreativa con escasa relación co valor cultural e identitario que estes xogos teñen. E isto sucede malia ser un contido que esperta o interese dos escolares e ser recoñecido polos docentes de tódalas etapas como un contido de gran valor psicosocial e que facilita o traballo de valores e actitudes, que cos deportes e outros contidos resulta máis complexo de acadar. Deste xeito, os xogos populares non chegan a cristalizar de maneira firme nas programacións das aulas e, polo tanto, quedan nun segundo plano na área da Educación Física. E mesmo na etapa de Educación Secundaria son considerados como actividades pouco motivadoras que non se axustan á visión da Educación Física desenvolvida na etapa. Nesta etapa educativa, ademais, estes brinquedos son basicamente abordados como exercicios de quecemento ou introdutorios aos deportes convencionais, sen reflexionar máis sobre o significado do contido. Malia a escasa motivación dos escolares na Educación Física da Educación Secundaria mantense a visión clásica da materia, priorizando a aprendizaxe da habilidade motora e o rendemento motriz, en lugar de buscar un desenvolvemento dunha cultura física global e variada que resulte motivadora para o alumnado.

Neste escenario, constatamos como a importancia do significado dos xogos populares que é outorgado no eido educativo está en clara desvantaxe en comparación co valor que neste se lle outorga aos outros contidos relacionados coa área de Educación Física. Neste sentido, poderíamos recordar a retórica do poder no xogo (Sutton-Smith, 1997) e establecer unha analoxía entre a dominancia da cultura curricular fronte a cultura popular, como se dunha loita de clases se tratase, na que os poderes políticos e económicos dominan a corrente máis ortodoxa do currículo, mentres as clases populares ou alternativas e a súa cultura ocupan un lugar residual no currículo. Nesta pugna, a

cultura curricular está reforzada pola imposición da ideoloxía a través dos contidos da área de Educación Física dunha maneira xerárquica, que neste caso tería no deporte o seu máximo expoñente. No caso contrario, temos a cultura lúdica popular –onde podemos encadrar os xogos populares- que, como nos recordaba un dos docentes de Educación Secundaria, é algo que está ao final do libro e ao que non se lle presta atención como a outros contidos. Así, constatamos como a tradición ideolóxica do currículo segue a manter un control e influencia á hora de lexitimar determinados contidos e valores fronte a outras propostas e valores alternativos que, aínda que están intimamente ligados co progreso e a evolución das persoas, semella que non responden aos criterios establecidos polos responsables encargados de redactar os currículos.

Mentres que as xeracións dos agora adultos, con moita menos carga lectiva e curricular, empregaban os recreos para practicar os xogos populares, actualmente os escolares non os practican de forma espontánea. O patrimonio lúdico popular tivo nas xeracións adultas un maior impacto e unha presenza fundamental coma elemento educativo de primeira orde a todos os niveis, curiosamente fóra do currículo. Para as xeracións das avoas/os e das nais/pais, estes xogos foron en gran medida a única Educación Física que tiveron, e non precisamente dentro da xornada escolar. Os docentes entrevistados son conscientes da falta de riqueza lúdica que teñen os escolares, así coma das dificultades que teñen a día de hoxe para xogar libremente tanto nas escolas como nas rúas. Consideran entre os principais causas: a dispersión da poboación, a chegada dos pasatempos electrónicos e as novas formas de lecer (televisión, etc), as modas comerciais, as actividades deportivas, a modificación dos espazos, as obrigas escolares e extraescolares e o pouco tempo de recreo que teñen nos centros escolares.

É, curiosamente, nos espazos e tempos escolares onde o xogo popular e a actividade lúdica en xeral están tristemente reducidos á súa mínima expresión. A escaseza de repertorio lúdico na realidade escolar, móstranos como de maneira espontánea na Educación Primaria e Educación Secundaria soamente se xoga aos mundialiños de fútbol no xénero masculino; ás pillas e ao brilé de xeito mesturado, nas dúas etapas. Observamos unha homoxeneización da cultura lúdica nos espazos escolares como resultado da aplicación da cultura curricular dominante e da aculturación lúdica experimentada durante décadas. Este feito retrata o proceso de desaparición dos xogos

populares do imaxinario infantil e xuvenil e dos espazos escolares. As consecuencias desta situación nos patios de recreos son, principalmente, os problemas de socialización, a segregación dos xéneros nas actividades recreativas e a escasa presenza de actividade física nos recreos nos centros de Educación Primaria e Secundaria. Esta circunstancia repercute na convivencia dos patios coa presenza de liortas, discusións, condutas segregadas e pouca actividade lúdica e motriz na etapa de Educación Primaria. Por estas razóns, nos centros de Educación Primaria puxeron en funcionamento cadanseu programa de dinamización lúdica nos tempos de recreo cos xogos populares como eixo principal. Estas iniciativas reivindicán o xogo popular como un elemento recreativo e de cohesión social (non cultural) dentro dos centros escolares, xa que a través destes conseguen que as dinámicas nos patios de recreo melloren. Aínda que se manifesten determinados conflitos puntuais, estes programas melloraron a convivencia nos recreos de xeito notable durante a súa aplicación. Estes proxectos non parten dunha estratexia continuada nos centros escolares, desafortunadamente son consecuencia da acción e vontade de docentes preocupados pola falta de recursos e habilidades sociais que detectan nos patios escolares da Educación Primaria. No momento que parte destes equipos docentes cambian de centro, os programas quedan orfos de responsables que os manteñan. Por outra banda, a falta de traballo interdisciplinario nos centros, debido ás dificultades existentes nas súas dinámicas escolares, dificulta a existencia de propostas nas que o xogo popular sexa asociado a áreas como Ciencias Sociais, Lingua, ou Ciencias da Natureza.

Dentro do que é a programación municipal relacionada co lecer exotético³⁶ e coas actividades extraescolares asociadas á actividade física, a actitude respecto dos xogos populares vai na liña do expresado no contexto escolar, pero aínda cun punto máis de retroceso en relación á posta en valor dos brinquedos populares. As actividades extraescolares ofertadas polo Concello están centradas, basicamente, no deporte convencional. De novo a hexemonía do deporte no ámbito da actividade físico deportiva faise patente. Os xogos populares non son programados polo Concello desde a perspectiva da actividade física, nin tampouco apreciamos que vaia a existir intención de que se fomenten iniciativas orientadas á súa divulgación, malia que non existe unha

³⁶ No punto 3.2 do capítulo 3, explicamos detalladamente as diferenzas entre o lecer autotético e o exotético tomando como referencia a Cuenca (2004).

razón aparente para que estes xogos non estean presentes nas programacións das súas actividades, máis aló das posibles demandas sociais e os recursos dispoñibles. Esta ausencia de actividades extraescolares relacionadas cos enredos populares estaría dentro das dinámicas dos Concellos galegos aos que faciamos referencia no capítulo terceiro, no que confirmabamos a escasa atención que os xogos populares posúen nas súas programacións e a omisión constante das recomendacións da UNESCO no relativo á inserción destes nas ofertas de institucións con competencias educativas e relacionadas coa actividade física.

No relativo ao tipo de programación do Concello, destacamos a influencia que ten a política de subvencións e axudas que recibe. Como acontecía no contexto escolar, a lóxica político-económica impón de xeito directo ou indirecto unha serie de actividades lúdicas e recreativas relacionadas co deporte e a saúde marxinando a cultura lúdica popular. Estaríamos de novo nesa loita de clases e de poder no marco das actividades lúdicas, as oficiais e as alternativas, a aculturación fronte á enculturación. O financiamento das actividades programadas no concello está claramente determinado por institucións como a Deputación Provincial da Coruña ou a Xunta de Galicia. Estas fomentan, desde as súas políticas e presupostos, o modelo hexemónico do deporte e da inversión en obra pública no acondicionamento e construción de distintas instalacións. Un exemplo claro desta tendencia é o do programa Xogade, promovido pola Fundación do Deporte Galego e a Secretaría Xeral para o Deporte, que só cede durante 5 días lectivos un baúl con materiais aos centros escolares e Concellos que o soliciten. Isto supón a mostra do pouco interese das distintas institucións para promover o patrimonio lúdico galego. Entendemos que iniciativas deste tipo perpetúan a visión tradicional da Educación Física e da actividade física.

Polo tanto, este tipo de accións políticas acaban por repercutir nos recursos e propostas do Concello, que se ve condicionado á hora de deseñar a súa oferta de actividades ao depender en gran medida das subvencións das administracións superiores para garantir a viabilidade económica desta oferta. Malia todo, queremos subliñar que a cuestión das axudas non debe servir de parapeto do Concello, xa que non é unha cuestión exclusiva de financiamento económico e apoio institucional, senón de iniciativa propia. Neste sentido, atopamos que a política municipal de mala xestión dos recursos económicos e humanos provoca que se destinen millóns de euros á construción

de instalacións deportivas claramente deficitarias, mentres que as inversións para os xogos populares é practicamente inexistente. A falta de criterio técnico e pedagóxico en moitas das decisións tomadas polo Concello orixina situacións non desexables. Ademais da desconformidade na mocidade entrevistada en relación a elas, xa que mentres os seus intereses son deixados de lado e non se propón nada que rache coa hexemonía das actividades deportivas, observan a escaseza de alternativas municipais asociadas ás súas inquedanzas, algo no que tamén coinciden os docentes escolares entrevistados.

Queremos destacar que os profesionais entrevistados relacionados coa Educación Física posúen unha escasa ou nula formación específica sobre os xogos populares. Entendemos que este feito debería ser tido en consideración e, polo tanto, que se deberían organizar iniciativas relacionadas cos enredos populares tanto nos centros escolares como no concello, rachando así coa visión clásica da Educación Física e das actividades físicas e elevando o nivel das propostas. Deste xeito favoreceríase, ademais, a mellora da cultura física na comunidade descrita. Esta falta de interese, sensibilidade ou coñecemento sobre as posibilidades pedagóxicas, motrices e culturais que ofrecen os xogos populares no eido da Educación Física lastra a promoción destes nas novas xeracións do concello. Ademais, atopamos no discurso dos profesionais entrevistados unha certa contradición entre a súa valoración dos xogos populares como un contido de gran valor psicosocial, E a súa pouca iniciativa á hora de poñelos en práctica nas súas clases. Así mesmo, queremos apuntar que, malia que as forzas das institucións dominantes someten aos individuos a unha presión constante para reproducir os modelos hexemónicos nos ámbitos educativos, son os profesionais en última estancia os responsables de que os xogos populares non posúan un significado de calado nas programacións extraescolares e na súa actividade pedagóxica diaria. Neste sentido, queremos rescatar a primeira premisa da natureza do interaccionismo simbólico que indica que “o ser humano orienta os seus actos cara as cousas en función do que estas significan para el” (Blumer, 1981, p. 2). Se os xogos populares non posúen un significado relevante para os docentes e estes non se relacionan con persoas que posúan unha sensibilidade cara este contido, vai ser complexo e titánico que os xogos populares teñan espazo nas programacións escolares e municipais, xa que desde as institucións educativas, políticas e económicas actuais os xogos populares posúen un significado claramente residual.

8. 3. O XOGO POPULAR NO MARCO SOCIOCULTURAL. A EVOLUCIÓN OU A INVOLUCIÓN LÚDICA POPULAR?

Como xa explicamos con anterioridade, tanto no marco teórico como nos informes etnográficos, existen unha serie de elementos socioculturais como os espazos, os materiais de xogo, as formas de transmisión e difusión dos xogos, os valores/antivalores, o xénero e o lecer que están directamente relacionados cos xogos populares do municipio. En referencia a estes elementos, na investigación establecemos dous obxectivos que focalizan a atención neles: *explorar a evolución de determinados condicionantes socioculturais como os materiais e os espazos no concello de Malpica de Bergantiños e caracterizar os procesos de transmisión e difusión dos xogos populares, a relación entre o xénero e estes xogos e os valores socioafectivos*. A continuación, presentamos as conclusións referidas aos condicionantes socioculturais que serán presentadas seguindo a mesma lóxica de organización seguida nos informes etnográficos. Deste xeito comezaremos polo lecer e a mocidade, para seguir cos espazos de xogo, o xénero, os valores, os materiais e as formas de transmisión.

Como xa sabemos, os xogos populares son un elemento directamente relacionado co lecer autotélico e a súa dimensión lúdica; mais, como xa comentamos en parágrafos anteriores, na actualidade o impacto dos xogos populares no lecer da mocidade é moito menor que no pasado. A interacción con estes xogos é especialmente menor nos espazos escolares, nos que a actividade lúdica é practicamente inexistente nos momentos de lecer. Porén, é nos espazos como o porto e a praia nos que a mocidade se relaciona co xogo popular. Desta maneira, e así é como acontecía nas xeracións pasadas, estes lugares seguen a ser un punto de encontro no lecer das xeracións actuais. É nestes espazos onde as novas xeracións aproveitan o seu tempo libre de maneira clara e, ademais, é onde podemos comprobar como o proceso de enculturación a través do patrimonio lúdico local segue latexando.

A infancia e mocidade están claramente sometidas aos procesos de aculturación, ás novas tecnoloxías e pasatempos electrónicos e aos medios de comunicación. Así mesmo, o seu tempo de lecer está directamente relacionado cos horarios lectivos, as actividades extraescolares e os deberes escolares, que condicionan a súa capacidade

para desfrutar do seu tempo libre e que, en certa medida, guían ou determinan o que poden facer no seu lecer. A mocidade entrevistada contempla a súa comunidade como un lugar pouco favorable para desenvolverse como colectivo social. Perciben o contexto como un escenario no que non existe nada que facer, agás no verán, xa que non hai oferta de actividades extraescolares que se enmarquen dentro dos seus intereses. Soamente se lles ofrecen os deportes convencionais (durante anos e anos de escola e actividades extraescolares sempre se impoñen as mesmas actividades no eido da Educación Física) e unha escasa oferta cultural. Esta situación afonda na idea do “anti-rural ydill”³⁷ (Powell & Smith, 2013), xa que senten que non poden expresarse como a mocidade do seu tempo. A comparativa entre as posibilidades de ocio que posuían as xeracións adultas e as novas sae a favor das novas xeracións, pero comprobamos como o cambio xeracional se reflicte na percepción sobre as posibilidades de lecer na mocidade actual. Así, para os adultos, a xuventude non sabe aproveitar todo o que se lles ofrece na súa contorna inmediata, mentres que a mocidade pensa o contrario.

En relación á contorna e aos espazos de xogo, debemos indicar que no pasado da comunidade a rúa, as prazas, os montes, as praias e os campos eran os lugares que dominaban á hora de practicar os enredos populares. Non existían espazos estandarizados nos que xogar como acontece hoxe en día. A propia contorna era o escenario de xogo, non se precisaban instalacións deportivas ou escolares nin parques infantís para poder brincar. As xeracións adultas relacionábanse dun xeito natural coa contorna. Precisamente por esta razón, practicaban a cotío os brinquedos nos espazos naturais como o perillote, ir á vía, ir a rolos, saltar nas pedras, as barcanas de area, a nica, o corrompa, gabear as árbores, etc. Estes espazos axudaban a fortalecer o potencial enculturador dos enredos e a establecer unha maior conexión coa comunidade, cos seus valores e cos seus discursos desde ben cativas/os.

A medida que as transformacións sociais e urbanísticas se producen, os xogos populares perden protagonismo na contorna, reducindo a súa presenza a uns poucos espazos. Neste sentido, as instalacións escolares e deportivas, os fogares, a ludoteca, ou o centro cívico son novos espazos estandarizados que as novas xeracións empregan para

³⁷ No marco teórico no apartado do xogo popular e a contorna [4.3] e no informe etnográfico explicamos o que significa o termo.

brincar. A infancia e a mocidade adaptaron os seus enredos a estas condicións e ás novas demandas sociais, empregando os espazos segundo a sociedade lles demanda. Deste xeito, a enculturación lúdica no medio natural vese minguada como consecuencia da nova realidade social, na que o xogo pasa a manifestarse en espazos máis acondicionados, seguros e controlados. Xa mencionamos que a día de hoxe só quedan dous espazos característicos e comúns a todas as xeracións como son a praia e o porto, nos que os xogos populares están presentes e continúan sendo lugares de enculturación interxeracional. A presión urbanística e industrial sobre parte da contorna natural e a sucesiva transformación da morfoloxía espacial da vila e dos espazos da praia e do porto fan que, na actualidade, a mocidade soamente se aproxime a xogar a espazos semidomesticados, pero case nunca aos salvaxes.

No relativo ao xénero, podemos indicar que, como acontecía no global da cultura galega, a muller tivo un papel fundamental na vida socioeconómica da comunidade. Quizais por ese papel relevante dentro da vida social, non atopamos unha gran diferenciación á hora de identificar xogos de nenos e de nenas. Agora ben, isto non significa que non existise unha maneira de relacionarse e adquirir determinados valores socioculturais de xeito diferente en determinados momentos, dando lugar aos chamados xogos de nenas e nenos. Grazas ás diferentes entrevistas e ás observacións, puidemos identificar algúns xogos como propios de cada un dos xéneros [apéndice 6]. Pero tamén grazas aos datos obtidos, debemos indicar que na comunidade houbo unha gran cantidade de xogos practicados indistintamente por ambos xéneros, tanto por separado como de maneira conxunta. Polo tanto, non podemos concluír que existise unha segregación moi marcada como acontece noutras culturas, dado que as evidencias recollidas indícanos que a separación nos xogos por cuestión de xénero era máis ben forzada polo ámbito familiar, educativo e social, que pola propia relación entre os individuos de ambos xéneros. Neste sentido e tendo en conta que a maioría das distintas xeracións entrevistadas medraron na ditadura e na postditadura, é evidente que a familia, a sociedade e a escola foron determinantes para que as condutas lúdicas segregadas se incrementasen e acentuasen en determinados contextos e momentos temporais. Pero malia todo, reiteramos que non constatamos unha segregación lúdica acentuada fóra dos contextos institucionais, xa que nas observacións realizadas nos espazos públicos puidemos comprobar como nenas e nenos, mozas e mozos, xogaban conxuntamente e indistintamente a diferentes xogos.

A segregación por xénero nos brinquedos atópase curiosamente máis presente no contexto escolar, tanto no pasado como, tristemente, na actualidade. Se ben é certo que no pasado era unha cuestión de imposición por parte do modelo educativo do fascismo imperante; na actualidade, teoricamente cun modelo de coeducación, entendemos que esta separación nos xogos é consecuencia da perpetuación dos modelos e estereotipos asociados ás actividades lúdicas, que veñen reforzados a través dos medios de comunicación, as familias, os profesionais da educación, etc. Seguramente por iso, nos ámbitos educativos institucionais ou máis oficiais os estereotipos á hora de practicar actividades lúdicas e recreativas se fagan máis patentes que naqueles contextos nos que os dous xéneros comparten actividades sen supervisión. A falta dunha estratexia constante no tempo que busque a integración dos xéneros nas actividades lúdicas e físicas escolares e extraescolares da comunidade, provoca que as nenas sempre se manteñan nun discreto segundo plano nas clases de Educación Física e nos xogos practicados nos patios de recreo. O xénero masculino abarca unha gran parte da actividade lúdica e física nos centros escolares, así como na utilización dos espazos para xogar, quedando o xénero feminino relegado a un segundo plano. Esta situación nos patios escolares foi unha das razóns polas que os programas de dinamización lúdica nos recreos se puxeron en marcha. Grazas aos xogos populares propostos nos recreos, a relación e integración entre os dous xéneros mellorou durante a aplicación dos programas de dinamización lúdica. Tamén nos gustaría destacar que percibimos certo déficit á hora de tratar o tema do xénero por parte dos profesionais entrevistados, xa que se evidencia certa confusión á hora de encarar a coeducación nos xogos, nas clases de Educación Física e nas actividades extraescolares.

No tocante aos valores, temos que dicir que determinados valores e antivalores son transmitidos a través dos xogos populares como consecuencia do proceso enculturador que se produce na súa práctica. No caso dos brinquedos populares practicados polas xeracións adultas, a presenza de antivalores como a violencia e o abuso era común; en especial no xénero masculino, como forma de expresar e reafirmar a súa identidade. O poder no xogo producíase a través destes antivalores, fundamentalmente. A enculturación lúdica no xénero masculino estaba acompañada dunha certa dose de estoicismo, xa que en moitas ocasións os participantes debían aceptar a imposición de determinadas agresións, unhas veces camufladas como castigo, e outras sinxelamente se practicaban xogos con altas doses de agresividade, como

podían ser as espadas, as pedradas, etc. O criterio dominante era imposto a base de exercer o poder e control sobre o xogo e as súas dinámicas, a través do castigo físico, da exclusión, da agresión, das violacións da normas, etc. A identidade reforzábase no grupo a través da experimentación e o xogo coa violencia. A conflitividade xorde, principalmente, pola modificación do regulamento nos xogos. É nese momento cando a violencia e o abuso se fan máis patentes na dinámica do xogo popular local, manifestándose principalmente dos maiores aos máis pequenos e dos máis fortes aos máis febles. A identificación destes antivalores tamén nos permiten fuxir desa visión idealizada e deformada que nos atopamos en ocasións na literatura relacionada, que sempre deixa á marxe os aspectos máis controvertidos dos xogos populares, ofrecendo unha visión parcial do fenómeno.

Porén os xogos populares son tamén produtores de valores socioculturais que facilitan a integración na comunidade e o desenvolvemento de determinadas habelencias sociais e persoais. Para as xeracións adultas estes xogos supuxeron unha forma de adquisición fundamental dos propios costumes da comunidade e tamén serviron de medio para desenvolver a súa personalidade fronte ao grupo de iguais. A potencialidade social dos enredos fai que sexan recordados con cariño polas nativas/os e considerados de gran utilidade para a formación das novas xeracións como persoas. Así mesmo, son apreciados como un contido de gran impacto no plano psicosocial por parte dos docentes, aínda que despois non os valoren debidamente nas súas propostas programáticas. Tal é a súa potencialidade a nivel psicosocial, que nas escolas de Educación Primaria recorren aos xogos populares para tratar de reducir a conflitividade nos patios de recreo. Os programas de dinamización lúdica elaborados nestes centros conseguen reducir a conflitividade nos patios durante a súa aplicación, aínda que, como recollimos nas observacións realizadas, existían determinadas condutas anómalas que requirían a intervención dos docentes.

Os materiais de xogo evolucionaron a canda a sociedade. Así, as xeracións de maior idade aproveitaban todo tipo de materias para reciclalos e crear novos xoguetes de carácter artesán, como os aros, arcos, espadas, tirapedras, o barro, etc, que precisaban da experiencia da xeracións adultas para crealos. Nas épocas pasadas era frecuente que a rapazada construíse e compartise interxeracionalmente os xoguetes entre compañeiros de xogo, o que fomentaba unha serie de valores como a solidariedade, a cooperación,

etc, fornecendo o proceso de enculturación. Ademais, subliñar que a relación entre o medio natural, os traballos típicos e os materiais era crucial. Esta circunstancia incrementaba o potencial enculturador dos xogos populares e facilitaba unha mellor integración na comunidade e na contorna. Moitos dos materiais empregados polas xeracións adultas procedían dos traballos da pesca e da olería, polo que a contorna supoñía unha fonte inesgotable de recursos. Mesmo os propios elementos naturais como as árbores, a area, o mar, as rochas, ou as pedras convértense no elemento principal en xogos como gabear as árbores, ir á vía, os pelouros, facer figuras de area, etc. As crianzas das xeracións agora adultas reciclaban todo tipo de materiais para xogar: as caixas de mistos para xogar ás palletas, as redes de pesca para pescar paxaros, as pólas das árbores para facer a billa, etc. Isto axudaba ao desenvolvemento integral da persoa, mellorando a creatividade, as habilidades manuais, a percepción do valor dos xoguetes, etc.

Pola contra, as xeracións actuais non constrúen case ningún tipo de xoguetes. A aculturación social e a evolución cara unha sociedade de consumo, xunto coa transformación da industria do xoguete, fan que a accesibilidade a estes enredos sexa relativamente doada. Mentres as xeracións pasadas construían balóns a partir de calcetíns, agora as novas xeracións viven bombardeadas polo marketing comercial, a publicidade, as modas³⁸, etc, e mercan os xoguetes no canto de crealos. A evolución dos materiais fai tamén que na actualidade nos encontremos con que as crianzas empreguen para xogar novos materiais plásticos, sintéticos e similares que se atopan nos caldeiros de praia, inchables, táboas de bodyboard, buxainas de plástico, zancos de corda, etc.

No que se refire aos materiais empregados nos xogos populares da escola, salvo algunha ocasión puntual, non se realiza ningún tipo de posta en valor do xoguete popular. Nos programas de dinamización lúdica nos recreos, os materiais son meros

³⁸ Recentemente comprobamos como as buxainas comezaron a aparecer nos parques infantís da Coruña e a ver numerosos grupos de rapaces con buxainas de plástico. Ante tal explosión do xogo popular, pensabamos que sería resultado dalgunha campaña de sensibilización nas escolas, pero nada máis lonxe da realidade. Para a nosa sorpresa, un día paseando pola rúa vemos un cartel pegado nunha librería que anunciaba unha especie de colección de buxainas e viña dicir que era o tempo delas e que corresen a mercaldas. Este fervor polas buxainas nace dunha campaña comercial dalgunha marca que observa unha posibilidade de negocio.

instrumentos que son valorados pola súa seguridade, custes, funcionalidade ou adaptabilidade; pero non como elemento que vai ligado a unha serie de valores educativos, culturais e ambientais. Tampouco se contemplan os beneficios que os xoguetes populares achegan ao desenvolvemento das crianzas. De novo, os xogos populares son presentados sen o seu significado cultural e social na escola, que neste caso estaría exemplificado nos materiais de xogo ou tamén chamados xoguetes populares. Xa que non se realiza un traballo de sensibilización sobre os materiais de xogo e as posibilidades que nos ofrecen os materiais obtidos da contorna ou da propia reciclaxe de distintos materiais asociados ás características socioculturais da comunidade e da cultura popular galega.

Para rematar, falaremos dos xeitos de transmisión. As fontes orais interxeracionais tiveron historicamente un papel imprescindible no traspaso dos brinquedos populares da comunidade, facendo ás crianzas partícipes da tradición cultural común. Esta vía de transmisión está en claro retroceso e mesmo en desaparición. Porque aínda que o “childlore”³⁹ se manteña vivo nas novas xeracións, as experiencias transmitidas varían, evolucionan e desaparecen a medida que a aculturación se fai máis forte e daquela a enculturación lúdica perde peso nas xeracións actuais. Ademais, a cadea oral vese debilitada pola crise demográfica e a dispersión da poboación que fai que cada vez sexa máis complexo que os depositarios activos⁴⁰ teñan coñecemento dos xogos populares e poidan transmitilos aos depositarios pasivos. Así mesmo, os depositarios activos teñen a desvantaxe de ter unha proporcionalidade en número menor que os pasivos, polo que dificulta máis que se continúe coa cadea oral. Ao mesmo tempo é preciso que exista un certo nivel de madurez para ser capaz de continuar a cadea oral e para ser capaz de comprender o significado da manifestación cultural, por iso a transmisión interxeracional resulta tan importante de cara a supervivencia do patrimonio lúdico e dos valores socioculturais da comunidade.

Pero a perda da cadea oral tamén é consecuencia do proceso da excesiva institucionalización da infancia e da xuventude. Por estas razóns as novas xeracións

³⁹ Termo recollido de Sutton-Smith (1970) que xa explicamos no marco teórico e que viría a ser a cultura oral infantil.

⁴⁰ No punto 2.3 do marco teórico explicamos os significados dos termos depositarios activos e pasivos recollido por Sydow (como se citou en Ann, 1999, p 50).

descoñecen unha gran parte dos xogos populares das pasadas xeracións e a enculturación lúdica é menor na mocidade actual. Na actualidade, o proceso de transmisión oral prodúcese fundamentalmente nos xogos do porto e nalgúns casos nas actividades lúdicas da praia. Seguen activos maiormente os xogos populares como ir á vía, facer barcanas de area, saltar pedras no Caldeirón, as palas, mergullarse no porto, xogar ao balón OU actividades similares que non precisan dunha cadea oral tan forte como para transmitir as normas e peculiaridades dos xogos, xa que non posúen case normas, e ademais son de corte psicomotriz en moitos casos. Mentres que os xogos populares sociomotores das xeracións pasadas son basicamente substituídos polos xogos de balón (mundialiños de fútbol, especialmente no xénero masculino) e os deportes, que están continuamente sendo impostos nos currículos, nas actividades extraescolares, nos medios de comunicación, etc.

Actualmente, o xogo popular local, en particular, e o xogo popular, en xeral, precisan de todo tipo de apoio institucional para manterse no imaxinario colectivo. Neste senso, a familia (a sociedade en xeral), a escola e o Concello non conseguiron manter vivo o patrimonio lúdico das xeracións máis adultas. Hai que dicir que as institucións escolares ou de goberno non foron capaces de manter o xogo popular contextualizado na comunidade máis alá das iniciativas puntuais, como o concurso de barcanas na praia, a xornada de fin de curso no porto (que xa está desaparecida), os días soltos na Mostra de Olería ou algunha xornada para maiores e máis recentemente algunha visita ao museo MELGA e os programas de dinamización lúdica. Máis aínda, pódese dicir que serviron para subestimar o patrimonio lúdico e cultural popular en favor daquelas manifestacións e fenómenos alleos tanto a nivel lúdico como cultural, como a festa medieval importada recentemente e carente de ningún valor cultural na comunidade, ou como os canóns de espuma para as crianzas na praia nas festas grandes da comunidade, por nomear dous exemplos.

8. 4. FUTURAS LIÑAS DE INVESTIGACION

Neste apartado apuntaremos distintos retos futuros no relativo á investigación relacionada cos xogos populares, que nun futuro poidan ampliar e incrementar o volume de datos para acadar unha mellor comprensión dos xogos populares en concreto,

e do xogo en xeral. Isto facilitará explorar e analizar novos campos para realizar un mellor retrato da situación do patrimonio lúdico popular e as súas posibilidades nunha nova era dixital como a actual.

Un posible reto futuro como proxecto de investigación é o tratamento do patrimonio lúdico popular fóra das canles escolares. É necesario evidenciar cal é o compromiso das institucións locais, autonómicas, estatais e supraestatais, en relación ao tratamento do xogo popular nos seus programas educativos. Ademais de establecer cal é o nivel de coñecemento e cumprimento por parte destas administracións das recomendacións que realiza a UNESCO en relación ao tema.

Unha interesante liña que queda aberta é o tema do tratamento dos xogos populares dentro dos centros escolares como contido curricular interdisciplinario. Esta posibilidade pode dar lugar a unha área de estudo que nos achegue maiores evidencias sobre o encaixe e artellamento dos brinquedos populares nos tempos de lecer e nos horarios non lectivos. Como tamén dentro das diferentes áreas, con especial interese naquelas que polas súas características como a EF, Ciencias Sociais, Lingua, etc, puideran ter un papel destacado na posta en valor do patrimonio lúdico galego.

Outro punto de investigación a completar e afondar é o propio tratamento dos xogos populares na formación dos futuros educadores nos estudos universitarios, con especial énfase nas Ciencias da Educación e nas Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Xa que a formación específica en relación a este contido é limitada dentro da formación académica inicial. Deste xeito resultaría enriquecedor explorar a presenza dos enredos populares nos graos universitarios e mestrados para establecer novas estratexias que permitan aumentar a sensibilización dos profesionais pola cultura lúdica popular, con especial interese naquelas carreiras ligadas ao eido educativo.

Unha posibilidade que nos parece de gran interese é o estudo do xogo popular nas experiencias femininas das xeracións adultas no rural. Entendemos que a posta en valor do patrimonio lúdico galego pasa polo estudo máis minucioso das vivencias das nosas avoas e nais das comunidades rurais. Para achegar unha visión menos masculinizada do patrimonio lúdico popular.

Pensamos que outro posible campo de exploración sería achegarse aos valores que a xuventude lle atribúe aos xogos populares. Recoller o que representa para a mocidade practicar os xogos dos seus avós. Tratando de comparar as actividades físico-deportivas que dominan o lecer escolar cos brinquedos populares, gran parte descoñecidos nas novas xeracións.

A análise dos espazos de xogo en todo tipo de contornas rurais e urbanas, tomando como metodoloxía de referencia a etnografía visual, xunto co emprego doutras técnicas cualitativas (Cook & Hess, 2007; Lee, 2009; Karsten, 2005) e outros enfoques como *Mosaic approach* (Clark, 2005) permitiría trazar en diversos escenarios a evolución lúdica deles. Isto facilitaría a recomposición das paisaxes lúdicas das distintas épocas de diferentes contextos. Así mesmo axudaría á elaboración de cartografías lúdicas en distintos lugares en diferentes momentos temporais, posibilitando unha mellor comprensión da relación entre os espazos de xogo a sociedade e os xogos en xeral.

Outro reto futuro estaría ligado ao emprego da etnografía e a súa posta en práctica desde un posicionamento máis participativo que nos permita empregala como ferramenta para afondar dun xeito máis preciso nas vivencias e escenarios nos que o xogo está presente, en especial nos centros escolares. Este tipo de etnografía permite unha participación máis activa dos informantes. Neste sentido estaríamos situándonos dentro da corrente da investigación etnográfica colaborativa (Díez, 2012; Rappaport, 2008) que se serve da participación das nativas/os para elaborar posteriormente o relato dun xeito máis preciso e afondando nas perspectivas dos informantes desde a súa propia acción na investigación.

BIBLIOGRAFÍA

- A.A.V.V. (1995). El baúl de los recuerdos. *Aula de Innovación Educativa*, (44). Recuperado de <http://www.grao.com/revistes/aula/044-juego-tradicional-y-educacion-fisica--participacion-en-la-comunidad-educativa/el-baul-de-los-recuerdos>.
- Abralde, J. A., & Argudo, F. M. (2008). Utilización del recreo escolar por niños de 4º y 6º de Primaria. *Retos. Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, (14), 88-91. Recuperado de http://www.retos.org/numero_14_13/retos%2014-17.pdf.
- Adams, T. N., & Holman, J. (2008). Autoethnography is queer. En N. K. Denzin, Y. S. Lincoln & L. Tuhiwai (Eds.), *Handbook of Critical and Indigenous Methodologies* (pp. 373-390) Thousand Oaks. California: Sage.
- Adarra, Grupo. (1984). *En busca del juego perdido*. Bilbao: Adarra.
- Adell, J. A., & García, C. (1999). *El fenómeno deportivo en Aragón, del juego tradicional al deporte moderno*. Diputación General de Aragón: Zaragoza.
- Álvarez, M^a. (2007). Valores morales del juego. *Wanceulen E.F. Digital*, (3). Recuperado de <http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/1714/b1534973.pdf?sequence=1>.
- Álvarez, P. (2012). Cada cual que aprendas su juego: juegos populares de la infancia como patrimonio de la educación física. *Tandem. Didáctica de la Educación Física*, (039), 99-106. Recuperado de <http://tandem.grao.com/revistes/tandem/039-actividades-fisicas-artistico-expresivas-que-nos-preocupa/cada-cual-que-aprenda-su-juego-juegos-populares-de-la-infancia-como-patrimonio-de-la-educacion-fisica>.
- Amado, J. (2011). A história dos brinquedos na antiguidade classica. *Revista Galega de Educación* (11), 24-27.
- Amador, J., Zagalaz, M., Martínez, E., & Sánchez, L. (2010). Non-Traditional sports at school. Benefits for physical and motor development. *Journal of Physical Education and Sport.*, 29(4), 47-51. Recuperado de <http://www.efsupit.ro/images/stories/imgs/JPES/2010/4/Microsoft%20Word%20-%20%20macheta.pdf>.
- Andreu, E. (2007). *La actividad Lúdica Infantil en el Mediterráneo*. Sevilla: Wanceulen.

- Andreu, E. (2009a). El juego infantil en el Mediterráneo. *Aloma. Revista de Psicología, Ciéncias de l'Educació i de l'Esport*, (25), 39-51. Recuperado de <http://www.raco.cat/index.php/Aloma/article/viewFile/144635/196455>.
- Andreu, E. (2009b). Traditional Children's games in the Mediterranean: Analogies. *Journal of Human Sport and Exercise*, 4 (3), 201-210. doi: 10.4100/jhse.
- Andreu, E. (2010). *¿Juego o Deporte? Análisis psicopedagógico de la riqueza motriz de los juegos tradicionales infantiles*. Sevilla: Wanceulen.
- Angrosino, M. (2012). *Etnografía y observación participante en investigación cualitativa*. Madrid: Morata.
- Anónimo. (28 de xaneiro do 2011). Nintendo podría incorporar a la Wii los juegos tradicionales, *Diario del Alto Aragón*. Recuperado de <http://www.diariodelaltoaragon.es/NoticiasDetalle.aspx?Id=670071>.
- Anónimo. (1 de xuño do 2015). Movemento en Malpica contra o derrubo da Lonxa Vella e na defensa da memoria como vila, *Sermos Galiza*. Recuperado de <http://www.sermosgaliza.gal/articulo/galiza/malpica-defensa-da-memoria-colectiva-na-lonxa-vella-piqueta/20150120135656034197.html>.
- Ann, S. (1999). Who are the folklorist of childhood? En B. Sutton - Smith, J. Mechling, T. W. Johnson & F. R. McMahon (Eds.) (pp, 11-17). *Children's Folklore. A source Book*. Recuperado de http://digitalcommons.usu.edu/usupress_pubs/71/.
- Antón, F. M., & Mandianes, M. (1998). Danza gallega en honor a la luna. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLV (110), 249-256. Recuperado de <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/viewFile/210/213>.
- Antoñazas, F. (2005). *Artistas y juguetes*. (Tese doutoral) Recuperado de <http://biblioteca.ucm.es/tesis/bba/ucm-t28496.pdf>.
- Astudillo, C. (2010). *Manual de Procedimiento para la Catalogación de Documentos Patrimoniales Históricos y Etnográficos* [versión Adobe Digital Edicións]. Recuperado de http://margotloyola.ucv.cl/wp-content/uploads/2010/03/Manual_de_catalogacion_de_documentos_historicos_y_etnograficos.pdf
- Atkinson, Paul. (1991). Supervising the text. *International Journal of Qualitative Studies in Education*, 4 (2), 161-174. doi: 10.1080/0951839910040205.

- Avedon, E. (1971). The Estrutural Elements of Games. En E. Avedon & B. Sutton-Smith (Eds.), *The Study of games* (pp. 419-427). New York: John Wiley and Sons.
- Axpe, M^a. A. (2003). *La investigación etnográfica en el campo de la educación. Una aproximación meta-analítica (Tese doutoral)*. Recuperado de http://dialnet.unirioja.es/buscar/tesis?quersDismax.DOCUMENTAL_TODO=axpe
- Azoy, W. (2010). Dominar el buzkashi. Violencia i ambigüitat: múltiples significats i simbolismes en un joc tradicional afaganés. *Revista d'Etnologia de Catalunya*, (37), 88-97. Recuperado de <http://www.raco.cat/index.php/RevistaEtnologia/article/view/259344/346564>.
- Baena, A., & Ruiz, P. (2009). Tratamiento educativo de la coeducación y la igualdad de sexos en el contexto escolar y en especial en educación física. *Aula Abierta*, 37 (2), 111-122. Recuperado de <http://redined.mecd.gob.es/xmlui/handle/11162/4978>.
- Báez, J. (2009). *Investigación cualitativa*. Madrid: Esic Editorial.
- Banks, M. (2010). *Los datos visuales en Investigación Cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata.
- Bantulá, J. (2005). *Joc motor tradicional: Estudi taxonòmic i comparatiu (tese doutoral)*. Recuperado de <http://www.tdx.cat/handle/10803/2908>.
- Bantulá, J. (2006). Los estudios socioculturales sobre el juego tradicional: una revisión taxonómica. *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, 61 (2), 19-42. doi:10.3989/rdtp.2006.v61.i2.12.
- Bantulá, J., & Mora, J. (2002). *Juegos multiculturales 255 juegos tradicionales para un mundo global*. Barcelona: Paidotribo.
- Baroja, P. (1981). *Los pueblos de España*. Madrid: Istmo.
- Baroja, V. (1995). El baul del abuelo. *Aula de Innovación Educativa*, (44). Recuperado de <http://www.grao.com/revistes/aula/044-juego-tradicional-y-educacion-fisica-participacion-en-la-comunidad-educativa/el-baul-del-abuelo>.
- Barrio, M., & Harguindey, E. (1983). *Lerías e enredos para os máis pequenos*. Vigo: Galaxia.
- Bate, D. (2010). The Memory of Photography. *Photographies*, 3 (2), 243-257. doi: 10.1080/17540763.2010.499609.

- Beames, S., & Ross, H. (2010). Journeys outside the classroom. *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 10 (2), 95-109. doi: 10.1080/14729679.2010.505708.
- Benton, B. H. (2013). Gender, Games, and Toys: Role Communication and Socialization through Play. *Communication Teacher*, 27 (3), 141-145. doi: 10.1080/17404622.2013.782416.
- Blanchard, K., & Cheska, T. (1986). *Antropología del Deporte*. Barcelona: Ediciones Bellaterra.
- Blández, A., Fernández, E., & Sierra, M. (2007). Estereotipos de género actividad física y escuela: la perspectiva del alumnado. *Profesorado. Revista de currículum y formación del profesorado*, 11(2), 1-21. Recuperado de <http://www.ugr.es/~recfpro/rev112ART5.pdf>.
- Blatchford, P., Creaser, R., & Mooney, A. (1990). Playground games and playtime: the children's view. *Educational Research*, 32(3), 163-174. doi: 10.1080/0013188900320301
- Blumer, H. (1981). *El interaccionismo simbólico: perspectiva y método*. Barcelona: Hora.
- Bohnsack, R. (2008). The interpretation of pictures and the Documentary Method. *Forum: Qualitative Social Research*, 9(3). Recuperado de <http://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/1171>.
- Bolívar, A. (2002). "¿De nobis ipsis silemus?": Epistemología de la investigación biográfico-narrativa en educación. *Revista Electrónica de Investigación Educativa*, 4 (1). Recuperado de <http://redie.uabc.uabc.mx/vol4no1/contenido-bolivar.html>.
- Bolívar, A., & Domingo, J. (2006). La investigación biográfica y narrativa en Iberoamérica: Campos de desarrollo y estado actual. *Forum Qualitative Research*, 7(4). Recuperado de <http://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/161/357>.
- Bolívar, A., Domingo, J., & Fernández, M. (2001). *La investigación biográfico-narrativa en educación. Enfoque y metodología*. Madrid: La Muralla.
- Bosacki, S., Coplan, R., & Woods, H. (2014). Canadian female and male early childhood educators' perceptions of child aggression and rough-and-tumble play. *Early Child Development and Care*. doi: 10.1080/03004430.2014.980408.

- Boulton, M. (1992). Rough Physical Play in Adolescents: Does It Serve a Dominance Function? *Early Education and Development*, 3(4), 312-333. doi: 10.1207/s15566935eed0304_4.
- Bouza, F. (1963). Xogos iniciáticos de Galiza. *Revista de Etnografía* (1).
- Boyle J. S. Estilos de etnografía. (2003) En: J. M. Morse. *Asuntos críticos en los métodos de investigación cualitativa*. (pp. 185-212). Medellín: Universidad de Antioquia.
- Bringer, J. D., Johnston, L. H., & Brackenridge, C. H. (2006). Using Computer-Assisted Qualitative Data Analysis Software to Develop a Grounded Theory Project. *Field Methods*, 18(3), 245-266. doi: 10.1177/1525822x06287602.
- Britosoci (2013, Xaneiro 8). BSA Medsoc 2012 - Professor Kathy Charmaz presents "The Power and Potential of Grounded Theory" [archivo visual]. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=zY1h3387txo>.
- Brown, S., & Vaugman, C. (2009). *Play: How it shapes the Brain, Opens the Imagination and Invigorates the Soul*. New York: Penguin Press.
- Burke, C. (2005). "Play in focus": Children Researching Their Own Spaces and Places for Play. *Children, Youth and Enviroments.*, 15(1), 27-53. Recuperado de <http://www.colorado.edu/journals/cye/>.
- Burn, A., Marsh, J., Mitchell, G., Robinson, J., & Willet, R. (2011). *Children's Playground Games and Songs in the New Media Age (2009-2011) [Informe de Investigación]*. Recuperado del sitio de internet University of Sheffield http://www.opieproject.group.shef.ac.uk/PDFs/end_of_project_report.pdf.
- Bustos, M^a., Carrión, M., García, J., Guzmán, J., Irigoyen, A., Larrasa, I., & Zoroza, A. (2010). *Juegos populares. Una propuesta práctica para la escuela*. Alpedrete. España: Pila Teleña.
- Buytendijk. (1935). El juego y su significado. *Revista de Occidente*.
- Cabral, A. (1985). *Jogos populares portugueses*. Porto: Domingos Barreira.
- Cabral, A. (1998). *Jogos populares portugueses de jovens e adultos*. Lisboa: Editorial Notícias.
- Caillois, R. (1984). *El hombre y lo sagrado*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Caillois, R. (2001). *Man, Play and Games*. Illinois: The Free Press.
- Cajide, J., & Rodríguez, A. (2008). *Os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia sostidos*

- con fondos públicos 2007-2008 [Informe].* Consello Escolar. Recuperado de file:///C:/Users/Usuario/Downloads/informe07-08%20(2).pdf
- Calzada, A. (2004). Deporte y Educación. *Revista de Educación*, (335), 45-60. Recuperado de http://www.revistaeducacion.mec.es/re335/re335_06.pdf.
- Cantarero, L. (2006). El papel de los juegos en la transmisión cultural: los poemas homéricos y las Olimpiadas en la sociedad oral griega. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 61(2), 99-113. doi: 10.3989/rctp.2006.v61.i2.16.
- Cantó, R., & Ruíz, L. M. (2005). Comportamiento motor espontáneo en el patio de recreo escolar: análisis de las diferencias por género en la ocupación del espacio durante el recreo escolar. *RICYDE. International Journal of Sport of Science*, (1), 28-45. Recuperado de <http://www.cafyd.com/REVISTA/art3n1a05.pdf>.
- Carlisle, R. (2009). *Encyclopedia of Play in Today's Society*. Thousand Oaks, California: Sage.
- Carmona, R. (2009). Juegos tradicionales, patrimonio cultural inmaterial de la humanidad. Una revisión a través de la pintura. *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, (15), 7-20. Recuperado de file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-JuegosTradicionalesPatrimonioCulturalInmaterialDeL-3891729%20(1).pdf.
- Casempere, A. (2014). *Investigación cualitativa y análisis de datos con Atlas. ti 7.1*. Documento facilitado no curso Métodos de análise cualitativos Atla.ti 7.1 .A Coruña. CualSoft Consultores.
- Castells, M. (2006). *La sociedad red: una visión global*. Madrid: Alianza Editorial.
- Castiñeiras, M. (1998). *Introducción al método iconográfico*. Barcelona: Ariel.
- Castro, R. (1943). *Follas Novas*. Recuperado de http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/Archivos/ENL/Escritores_actividades_L_G/Rosalia/ROSALIA%20_PARA_SEMPRE/3_FOLLAS_NOVAS/FOLLAS_NOVAS.pdf (Trabajo orixinal publicado en 1880).
- Castro, U. (2001). *Estudio etnográfico y de la lógica de las situaciones motrices de un juego tradicional desaparecido: La pina (Tese doutoral inédita)*. Universidad de las Palmas de Gran Canaria, Las Palmas de Gran Canaria.
- Cecchini, J., A, Fernández, J. L., & Cecchini, C. (2013). La cultura del esfuerzo en las clases de educación física. *Cultura y Educación*, 25(4), 523-534. doi:10.1174/113564013808906924.

- Cerqueiro, U. (18 febreiro do 2015). As máquinas xa derruban a lonxa vella de Malpica a pesar do rexeitamento local, *Que pasa na Costa*. Recuperado de <http://www.quepasanacosta.com/?p=40389>.
- Cerqueiro, U. (27 de abril do 2013). Os maiores de Malpica súbense ao carro e recuperan a billarda, *Que pasa na Costa.com*. Recuperado de <http://www.quepasanacosta.com/?p=23160>.
- Clark, A. (2005). Talking and listening to children. In M. Dudek (Ed.), *Children Spaces* (pp. 1-13). Oxford: Elsevier.
- Clark, S., & Paetcher. (2007). "Why can't girls play football" Gender dynamics and the playground. *Sport, Education and Society*, 12(3), 261-276. doi:<http://dx.doi.org/10.1080/13573320701464085>.
- Cleland, V., Crawford, D., Baur, L. A., Hume, C., Timperio, A., & Salmon, J. (2008). A prospective examination of children's time spent outdoors, objectively measured physical activity and overweight. *International Journal of Obesity*, 32(11), 1685-1693. Recuperado de <http://www.nature.com/ijo/journal/v32/n11/full/ijo2008171a.html>.
- Clements, R. (2004). An Investigation of the Status of Outdoor Play. *Contemporary Issues in Early Childhood*, 5(1), 68-80. doi: 10.2304/ciec.2004.5.1.10.
- Cobas, X. (1995). *A acción madurativa e integradora do folclore infantil. O xogo do folclore infantil*. Santiago: Tórculo.
- Cocho, F. (2014). *A festa do Entroido*. Baiona: Nigraterra.
- Concello da Coruña (s.d). Coruña tardes. Recuperado de http://edu.coruna.es/ga/libro_dixital_2014_2015/programas_educativos_do_sme/coruna_tardes.
- Concello de Santiago de Compostela. (s.d). Deporte para todos. Recuperado de http://www.santiagodecompostela.org/facendo_cidade/facendo.php?txt=fc_deporte&lg=gal.
- Concello de Lugo. (s.d). Escolas deportivas 2014-2015. Recuperado de <http://www.lugo.es/ws/deportes/index.jsp>.
- Concello de Ourense. (s.d). Concello de Ourense Deportes. Recuperado de <http://www.deportesourense.com/>.
- Concello de Pontevedra. (s.d). Concello de Pontevedra. Recuperado de <http://educacion.pontevedra.eu/index.php/actividades/132-olimpiadas>.

- Concello de Vigo. (s.d). Programas Deportivos. Recuperado de http://hoxe.vigo.org/movemonos/deportes_programas.php?lang=gal.
- Conde, J., Torre, E., Cárdenas, D., & López, M. (2009). La concepción del profesorado sobre los factores que influyen en el tratamiento interdisciplinar de Educación Física en Primaria. *Cultura, Ciencia y Deporte*, 5, 11-24. Recuperado de <http://ccd.ucam.edu/index.php/revista/article/view/65>.
- Consejo Superior de Deportes. (2011a). Los hábitos deportivos de la población escolar española: Estudio.(Informe de investigación) Recuperado de <http://www.csd.gob.es/csd/estaticos/dep-escolar/encuesta-de-habitos-deportivos-poblacion-escolar-en-espana.pdf>.
- Consejo Superior de Deportes. (2011b). Plan integral para la actividad física y el deporte. Recuperado de <http://www.lamoncloa.gob.es/espana/eh14/otras/Documents/Plan%20A+D.pdf>.
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. (s.d). Plan Proxecta. Recuperado de <http://www.edu.xunta.es/web/planproxecta>.
- Cook, T., & Hess, E. (2007). What the Camera Sees and from Whose Perspective: Fun methodologies for engaging children in enlightening adults. *Childhood*, 14(1), 29-45. doi:10.1177/0907568207068562.
- Cores Trasmonte, B. (1983).Limiar. *Xogos infantiles de Galicia* (pp. 5-13). Santiago de Compostela: Follas Novas.
- Corredor, J. (1989). *El Jugete en España*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Cortizas, A. (2001). *Chirlosmirlos*. Vigo: Xerais.
- Cortizas, A. (2007). Os brinquedos e enredos tradicionais: a transformación lúdica da natureza. *Revista Galega de Educación*(37), 32-35.
- Cortizas, A. (2011). Catalogación do brinquedo tradicional. *Revista Galega de Educación*(51), 16-19.
- Cortizas, A. (2013). *Tastarabás*. Vigo: Xerais.
- Costas, F. J. (2009). *As pedras e os Xogos. A orixe dos taboleiros de xogo galegos*. Vigo: Instituto de Estudos Vigueses.
- Coterón, J. (2010). La Educación Física en los primeros años de Franquismo (1939-1945). *Materiales para la Historia del Deporte*, (10), 1-11. Recuperado de http://www.upo.es/revistas/index.php/materiales_historia_deporte/article/view/540/689.

- Cuenca, M. (2004). *Pedagogía del Ocio: Modelos y propuestas*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Culin, S. (1894). Mancala, The National Game of África. En Avedon, Sutton-Smith (Eds) (pp. 597-606). *The Study of Games*. Whashington D.C: U. S. National Museum
- Culin, S. (1895). *Korean Games with notes on the corresponding games of China and Japan*. Recuperado de <https://archive.org/details/cu31924023272424>.
- Culin, S. (1902). *Games of the North American Indians*. Recuperado de <https://archive.org/stream/gamesofnorthamer00culirich#page/n0/mode/2up>
- Chanan, G., & Francis, H. (1984). *Juegos y juguetes de los niños del mundo*. Barcelona: Ediciones del Serbal. Unesco.
- Charmaz, K. (2014). *Constructing Grounded Theory*. London: Sage.
- Charmaz, K., & Mitchell, R. (2007). Grounded Theory in Ethnography. En P. Atkinson, A. Coffey, S. Delamont, J. Lofland & L. lofland (Eds.), *Handbook of Ethnography* (pp. 160-176). London: Sage.
- Chaves, A. M. (2011). Evolución e identidade do xoguete popular. *Revista Galega de Educación*(51), 40-42.
- Da Fonseca, A., Guedes, P., De paiva, M., Antunes, L., & Aparecida da Cruz, L. (2008). A questao de gênero nas aulas de Educação Física. *Revista Brasileira de Educação Física, Esporte, Lazer e Danza*, 3(3), 79-88. Recuperado de http://www.educadores.diaadia.pr.gov.br/arquivos/File/2010/artigos_teses/EDUCACAO_FISICA/artigos/genero_aulas.pdf.
- Darian-Smith, K. (2012). Austalian children´s play in historical perspective: Continuity and change on the school playground. *International Journal of Play*, 1(3), 264-278. doi:10.1080/21594937.2012.739826.
- De Borja i Solé, M., & Martín, M. (2012). *El juego en las ludotecas y en los patios escolares*. España: Octaedro.
- Decreto 245/1992 do 30 de xullo polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOGA nº158. Santiago de Compostela 14 de agosto do 1992. Recuperado de http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/srv/www/doga/Publicados/1992/19920814/Secciones22B3A_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=14/08/1992.

Decreto 78/1993 do 25 de febreiro polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade autónoma de Galicia. DOGA nº 63. Santiago de Compostela, 2 abril do 1993. Recuperado de http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/srv/www/doga/Publicados/1993/19930402/Secciones2824A_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=02/04/1993.

Decreto 130/2007 do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia: DOGA nº132. Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2007. Recuperado de http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED_6.pdf.

Decreto 133/2007, do 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia DOGA nº 136. Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2007. Recuperado de http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED_7.pdf.

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOGA nº 171. Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2014. Recuperado de <http://www.edu.xunta.es/web/node/13316>.

De Gregorio, E. (2009). The Role of Offender Experience and Crimes in Shaping Accounts. *Journal of Investigative Psychology and Offender Profiling*, (6), 101-116. doi:10.1002/jip.96.

De Gregorio, E. (2010). Dynamics of a robbery: criminological aspects, security issues and prevention - an exploratory study. *Police Practice and Research*, 1-12. doi:10.1080/15614263.2010.500100.

De la Torre, E. (2011). *Significados de la Educación Física en el ámbito educativo. Un estudio desde las percepciones de los estudiantes de Magisterio*. Universidad de Granada, Granada.

De la Torre, E., & Trigueros, C. (2013). La educación física entre el hoy y el mañana. En el contexto español qué hacemos y qué queremos hacer. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, (42), 18-26. Recuperado de <http://www.grao.com/revistas/tandem/042-que-se-hace-en-educacion-fisica-en-otros-contextos/la-educacion-fisica-entre-el-hoy-y-el-manana-en-el-contexto-espanol-que-hacemos-y-que-queremos-hacer>.

- De Mena, J. M. (2007). Educación física durante el franquismo: de la posguerra al desarrollismo (1939-1964). *Papeles Salmantinos*, (9), 93-119. Recuperado de <http://summa.upsa.es/results.vm?q=id:0000029555&lang=es&view=main>.
- De Morais, E. H., & Rodrigues de Amorim, A. (2007). A importância das brincadeiras folclóricas na Educação Física Infantil. *Revista Mackenzie de Educação Física e Esporte*, 6(3), 33-41. Recuperado de <http://editorarevistas.mackenzie.br/index.php/remef/article/view/1221>.
- Decroly, O., & Monchamp, E. (1986). *El juego educativo. Iniciación a la actividad intelectual y motriz*. Madrid: Morata.
- Denzin, N. K. (1970). *Sociological Methods: a Source Book*. Chicago: Aldine Publishing Company.
- Denzin, N. K. (1989). *The Research Act*. Englewood Cliffs, NJ: Prentice Hall.
- Denzin, N. K., & Lincoln, Y. S. (2000). *Handbook of Qualitative Research*. Thousand Oaks California: Sage.
- Devis, J., & Peiró, C. (1992). *Nuevas perspectivas curriculares en Educación Física: la salud y los juegos modificados*. Barcelona: Inde.
- Díaz de Rada, A. (2003). Las formas del holismo. La construcción teórica de la totalidad en etnografía. *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, 58(1), 237-262. doi:10.3989/rdtp.2003.v58.i1.170.
- DiCarlo, C. F., Baumgartner, J., Ota, C., & Jenkins, C. (2014). Preschool teachers' perceptions of rough and tumble play vs. aggression in preschool-aged boys. *Early Child Development and Care*, 1-12. doi: 10.1080/03004430.2014.957692.
- Díez, G. (2012). Reflexividad y diálogo en etnografía colaborativa: el acompañamiento etnográfico de una institución educativa "intercultural" mexicana. *Revista de Antropología Social*, 63-91. doi: org/10.5209/rev_RASO.2012.v21.40050.
- Díez, E. J., & Terrón, E. (2014). Romper las barreras entre la familia y la escuela. Experiencia de investigación-acción en los centros escolares para promover la relación con las familias. *Cultura y Educación*, 18(3-4), 283-294. doi:10.1174/113564006779172993.
- Domínguez, M. (2003). La actualización del Magisterio durante el franquismo. *Anuario de pedagogía*(5), 121-166.
- Doncel, L. (2010). *Deportes Tradicionales de Fuerza en España*. Madrid: Visión Libros.

- Downey, G. (2012). Balancing between Cultures: Equilibrium in Capoeira. In D. H. Lende & G. Downey (Eds.), *The Encultured Brain. An introduction to Neuroanthropology* (pp. 169-194). Massachusetts: The MIT Press.
- Downey, G., & Lende, D. H. (2012). Neuroanthropology and the Encultured Brain. En D. H. Lende & G. Downey (Eds.), *The encultured Brain. An introduction to Neuroanthropology* (pp. 22-65). Massachusetts: The MIT Press.
- Durbá i Cardó, V. (2000). Enfoque didáctico de la pelota valenciana. *Apunts. Educació Física i Esports*, (61), 96-101. Recuperado de file:///C:/Users/Usuario/Downloads/61_096_101_ES.pdf.
- Dyment, J. E., & Bell, A. C. (2008). Grounds for movement: green school grounds as sites for promoting physical activity. *Health Education Research*, 23(6), 952-962. doi: 10.1093/her/cym059
- Eberle, S. (2014). The elements of Play. Toward a Philosophy and a Definition of Play. *American journal of play*, 6(2), 214-233. Recuperado de <http://www.journalofplay.org/sites/www.journalofplay.org/files/pdf-articles/6-2-article-elements-of-play.pdf>.
- Egibar, M., & Garai, B. (2009). La participación de la mujer en los deportes vascos tradicionales; de Euskal Herria: aspectos sociológicos y perspectivas de futuro. *Donostia-San Sebastian: Eusko Ikaskuntza*, (51), 203-2011. Recuperado de <http://www.eusko-ikaskuntza.org/es/publicaciones/colecciones/lankidetzan/articulo.php?o=21062>.
- Eichberg, H. (2010). La risa en los juegos y deportes populares. Hacia una fenomenología de la gente risueña. In C. Dela Villa (Ed.), *Juegos tradicionales y salud social* (pp. 133-173). Peñaranda del Duero: Asociación cultural La Tanguilla. Asociación Internacional de Juegos y Deportes Tradicionales. Recuperado de https://repositorio.ufsc.br/bitstream/handle/123456789/127863/Libro_JJ_TT_y_S_Soc-_2a_prueba%5b1%5d.pdf?sequence=1&isAllowed=y.
- Eichberg, H., & Norgaard, K. (2009). Traditional games as a new games: towards an educational philosophy of play. *Sport, Ethics and Philosophy*, 3(2), 253-273. doi:10.1080/17511320902982451.
- Elkonin, D. B. (2003). *Psicología del juego* (2 ed.). Madrid: A. Machado Libros.
- Enriz, N. (2011). Antropología y juego: apuntes para la reflexión. *Cuadernos de Antropología Social*, (34), 93-114. Recuperado de

- http://www.scielo.org.ar/scielo.php?pid=S1850-275X2011000200005&script=sci_arttext website.
- Etniker. (1993). *Juegos infantiles en Vasconia*. Bilbao: Eusko Jaurlaritz.
- Etxebeste, J. (2001). *Les jeux sportifs, elements de la socialisation traditionnelle des enfants du Pays basque. (Tese doutoral inédita)*. Université Paris V-Rene Descartes. U.F.R., Paris.
- Etxebeste, J. (2009). Juegos deportivos y socialización en la cultura tradicional vasca. In V. Navarro & C. Trigueros (Eds.), *Investigación y juego motor en España* (pp. 49-77). Lleida: Universitat de Lleida.
- Evers, J., & Silver, C. (2013). The First Atlas.ti User Conference. *Forum Qualitative Research*, 15(1). Recuperado de <http://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/2096>.
- NCH Software (2015) Express Scribe Transcription Software (5.14) [Software Transcripción]. Recuperado de <http://www.nch.com.au/index.html>.
- Fägerstam, E. (2013). High school teachers' experience of the educational potential of outdoor teaching and learning. *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 14(1), 56-81. doi: 10.1080/14729679.2013.769887
- Fernández, A. (1995). Los juegos de la calle. *Aula de Innovación Educativa*, (44). Recuperado de <http://www.grao.com/revistes/aula/044-juego-tradicional-y-educacion-fisica--participacion-en-la-comunidad-educativa/los-juegos-de-calle>.
- Fernández, M. (24 de maio do 2014). 150 colegios reorganizarán el patio para evitar que los chicos y el fútbol se adueñen del recreo, *El Diario Vasco*. Recuperado de http://www.diariovasco.com/sociedad/201405/24/colegios-reorganizaran-patio-para-201405240916.html?ns_campaign=WC_MS&ns_source=BT&ns_linkname=Scroll&ns_fee=0&ns_mchannel=FB.
- Fjortoft, I. (2001). The Natral Environment as a Playground for Children: The impact of Outdoor Play Activities in Pre-eliminary School Children. *Early Childhood Education Journal*, 29(2), 111-117. Recueprado de <http://www.imaginationplayground.com/images/content/3/0/3002/The-Natural-Environment-As-A-Playground-For-Children-The-Impac.pdf>.
- Fjortoft, I. (2004). Landscape as Playscape: The effects of Natural Environments on Children's Play and Motor Development. *Children, Youth and Enviroments*, 14(2), 21-44. Recuperado de <http://www.colorado.edu./journal/cye/>.

- Flick, U. (2004). *Introducción a la investigación cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata.
- Foucault, M. (2001). Il misterioso ermafrodito. In M. Foucault (Ed.), *Dits et écrits II, 1976-1988*. Paris: Gallimard.
- Fraga, X., & Pose, H. (2001). *Malpica de Bergantiños. Crónica do século XX en imaxes*. A Coruña: Espiral Maior.
- Fraguela, R. (2007). *La actividad físico-deportiva como educación del ocio: estudio evaluativo del programa "luditarde" de la ciudad de A Coruña. (Tese doutoral)*. Recuperado de <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/9979>.
- Fraguela, R., Lorenzo, J., & Varela, L. (2011). Conciliación y actividad física de ocio en las familias con hijos en Educación Primaria. Implicaciones para la infancia. *Revista de Investigación en Educación*, 2(9), 162-173. Recuperado de <http://reined.webs.uvigo.es/ojs/index.php/reined/index>.
- Fraile, A. (2004). *El deporte escolar en el SXXI: análisis y debate desde una perspectiva europea*. Barcelona: Graó.
- Fraile, A., & de Diego, R. (2006). Motivaciones de los escolares europeos para la práctica del deporte escolar. Un estudio realizado en España, Italia, Francia y Portugal. *Revista internacional de Sociología*(44), 85-109. doi: 10.3989/ris.2006.i44.29.
- Franzé, A., Jociles, M., & Póveda, D. (2011). El estudio etnográfico de la infancia y adolescencia: posibilidades y retos. In M. Jociles, A. Franzé & D. Póveda (Eds.), *Etnografías de la infancia y de la adolescencia* (pp. 9-36). Madrid: Catarata.
- Fraser, A. (1972). *A history of toys*. Indiana: Spring Books.
- Frax, E., & Matilla, M. J. (2009). La enseñanza de la sumisión. La escuela de niñas en el primer franquismo. In M. P. Pérz (Ed.), *El origen histórico de la violencia contra las mujeres* (pp. 371). Madrid: Dilema.
- Frost, R. B., & Sims, E. J. (1974). *Development of Human Values through Sports*. National Conference on Development of Human Values Through Sports. [Versión Adobe Edición Dixital] Recuperado de <http://files.eric.ed.gov/fulltext/ED099352.pdf>
- Fundación Deporte Galego. (2009). *Aproximación á realidade dos xogos e deportes populares e tradicionais en Galicia* [Informe inédito]. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral para o Deporte.
- Gallardo, J. (2003). Delimitando os contidos da cultura corporal que correspondem a área de Educaçao Física. *Revista Conexões*, 1(1), 39-54.

- Gallego, B. (2008). La investigación biográfico-narrativa en un estudio sobre la situación de las mujeres en el deporte. *RIE. Revista de Investigación Educativa*, 26(1), 121-140. Recuperado de <http://revistas.um.es/rie/article/view/94151>.
- Garaigordobil, M. (1990). *Juego y desarrollo infantil. La actividad lúdica como recurso psicopedagógico, una propuesta de reflexión y de acción*. Madrid: Seco Olea.
- Garaigordobil, M. (1992). *Juego cooperativo y socialización en el Aula*. Madrid: Seco Olea Ediciones.
- Garaigordobil, M. (2005). Importancia del juego infantil en el desarrollo humano. *Aula de infantil*, (25). Recuperado de <http://aulainfantil.grao.com/revistas/aula-infantil/025-acercar-la-escuela-a-la-familia/importancia-del-juego-infantil-en-el-desarrollo-humano>.
- Garaigordobil, M., & Fagoaga, J. (2006). *El juego cooperativo para prevenir la violencia en los centros escolares*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia. Cide.
- García del Dujo, A., & Muñoz, J. (2004). Pedagogía de los espacios. Esbozo de un horizonte educativo para el siglo XXI. *Revista española de Pedagogía*, (228), 257-278. Recuperado de <http://revistadepedagogia.org/2007060296/vol.-lxii-2004/n%C2%BA-228-mayo-agosto-2004/pedagogia-de-los-espacios.-esbozo-de-un-horizonte-educativo-para-el-siglo-xxi.html>.
- García, M. C. (Agosto 1997). *Elementos para una Historia de la infancia y de la juventud a finales de la Edad Media* Comunicación presentada en VII Semana de Estudios Medievales, Nájera. La Rioja.
- Garoz, I. (2009). Desarrollo social y conocimiento transcultural de las reglas. En V. Navarro & C. Trigueros (Eds.), *Investigación y juego motor en España* (pp. 165-205). Lleida: Universitat de Lleida.
- Garoz, I, & Linaza, J. (2006). Juego, Cultura y Desarrollo en la Infancia: El caso del Palín Mapuche y el Hockey. *Revista internacional de Ciencias del Deporte. RICYDE*, 2(2), 33-48. Recuperado de <http://www.cafyd.com/REVISTA/ojs/index.php/ricyde/article/viewFile/83/71>.
- Gee, J. (2005). *La ideología en los Discursos*. Madrid: Morata.
- Geertz, C. (2003). *La interpretación de las culturas*. Barcelona: Gedisa.
- Gibbons, Sandra L., Ebbeck, V., & Weiss, M. R. (1995). Fair Play for Kids: Effects on the Moral Development of Children in Physical Education. *Research Quarterly for Exercise and Sport*, 66(3), 247-255. doi: 10.1080/02701367.1995.10608839.

- Gibson, J. (1979). *The Ecological Approach to visual Perception*. Boston: Houghton Mifflin.
- Gil, P. (2002). La programación en la enseñanza de la Educación Física. En S. Bañuelos (Ed.), *Didáctica de la Educación Física* (pp. 73-95). Madrid: Prentice Hall.
- Glaser, B. G., & Strauss, A. L. (1967). *The discovery of grounded theory: Strategies for Qualitative Research*. New York: Aldine.
- Glaser, B. G., & Holton, J. (2004). Remodeling Grounded Theory. *Forum: Qualitative Social Research*, 5(2). Recuperado de <http://nbn-resolving.de/urn:nbn:de:0114-fqs040245>.
- Gleave, J. (2010). Community play: a literature review. London: Playday.
- Goetz, J., & LeCompte, M. (1998). *Etnografía y diseño cualitativo en investigación educativa*. Madrid: Ediciones Morata.
- Gold, R. (1958). Roles in sociological field observations. *Social Forces*, 36(3), 217-223. doi:10.2307/2573808.
- Gomaratut, Ch. (2010). Juegos tradicionales en el sudeste de Asia: Investigación sobre los valores en Ciencias de la Salud y Ciencias Sociales. En C. De la Villa (Ed.), *Juegos tradicionales y salud social* (pp. 174-200). Recuperado de https://repositorio.ufsc.br/bitstream/handle/123456789/127863/Libro_JJ_TT_y_S_Soc-_2a_prueba%5B1%5D.pdf?sequence=1.
- Gómez, J. A. (1993). *Tractatus ludorum. Una antropología del juego*. Barcelona: Anthropos. Editorial del hombre.
- González, O. (2006). Fundación cultural en el deporte: el caso de la pelota vasca. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 61(2), 209-224. doi:10.3989/rdtp.2006.v61.i2.22.
- González, T. (2009). Los programas escolares y la transmisión de roles en el franquismo. La educación para la maternidad. *Bordón. Revista de pedagogía*, 61(3), 93-106. Recuperado de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3054923>.
- Gorrís, J. M. (1981). *El juego y el juguete. Un paseo pedagógico por el mundo de los juegos a través del tiempo*. Madrid: Queimada Ediciones.
- Gougoulis, G. (2003). *The material culture of children's play: space, toys and the commoditization of childhood in an Greek community* (Tese doutoral, University of London) Recuperada de <http://ethos.bl.uk/OrderDetails.do?uin=uk.bl.ethos.413222>.

- Gracia, L. (1991). *Juegos aragoneses*. Zaragoza: Mira editores.
- Gray, P. (2009). Play as a Foundation for Hunter-Gathered Social Existence. *American Journal of Play*, 1(4), 476-522. Recuperado de <http://www.journalofplay.org/sites/www.journalofplay.org/files/pdf-articles/1-4-article-hunter-gatherer-social-existence.pdf>.
- Grunden, A. M., & Lewis, R. (1999). AFTER: A Framework of Tools for Ethnographic Research. *Field Methods*, 11(1), 77-88. doi: 10.1177/1525822x9901100109.
- Gúber, R. (2001). *La etnografía, método campo y reflexividad*. Bogotá: Norma.
- Gúber, R. (2004). *El salvaje metropolitano*. Barcelona: Paidós.
- Gutiérrez, D., & García-López, L. (2012). Gender differences in game behaviour in invasión games. *Physical Education and Sport Pedagogy*, 17(3), 289-301. doi:10.1080/17408989.2012.690379.
- Gutiérrez, M. (2003). *Manual sobre valores en la educación física y el deporte*. Barcelona: Paidós.
- Hamlin, D., & Arbor, A. (2007). *Work and Play: The production and consumption of toys in Gerny, 1870-1918*. Michigan: University of Michigan Press.
- Hammersley, M. (2006). Ethnography: problems and prospects. *Ethnography and Education*, 1(1), 3-14. doi:10.1080/17457820500512697.
- Hammersley, M., & Atkinson, P. (1994). *Etnografía. Métodos de investigación*. Barcelona: Paidós.
- Heft, H., & Chawla, L. (2006). Children as agents in sustainable development: the ecology of competence. En C. Spencer (Ed.), *Children and their environments, Learning, Using and Designing Spaces* (pp. 199-216). Cambridge: Cambridge University.
- Henricks, T. (2008). The nature of Play. *American Journal of Play*, 1(2), 157-180. Recuperado de <http://www.journalofplay.org/sites/www.journalofplay.org/files/pdf-articles/1-2-article-the-nature-of-play.pdf>.
- Henricks, T. (2009). Orderly and Disorderly Play: A Comparison. *American Journal of Play*, 2(1), 12-40. Recuperado de <http://www.journalofplay.org/sites/www.journalofplay.org/files/pdf-articles/2-1-article-orderly-disorderly-play.pdf>.

- Henricks, T. (2014). Play as self-realization. Toward a General theory of play. *American journal of play*, 6(2), 190-213. Recuperado de <http://files.eric.ed.gov/fulltext/EJ1023798.pdf>.
- Hernández, F., & Rifá, M. (2011). Introducción: Investigar sobre el relato de la propia experiencia. En F. Hernández & M. Rifá (Eds.), *Investigación autobiográfica y cambio social* (pp. 7-18). Barcelona: Octaedro.
- Hernández, F., Vidiella, J., Herraiz, F., & Sancho, J. M. (2007). El papel de la violencia en el aprendizaje de las masculinidades. *Revista de Educación*, (342), 103-125. Recuperado en http://www.mecd.gob.es/revista-de-educacion/numeros-revista-educacion/numeros-anteriores/2007/re342/re342_06.html.
- Hernández, J., Castro, U., & Navarro, V. (2003). *Los juegos y deportes tradicionales de Canarias*. Las Palmas de Gran Canaria: Gobierno de Canarias. Universidad de Las Palmas.
- Hernández, J., Navarro, V., Jiménez, F., & Castro, U. (2008). Análisis praxiológico comparado de los juegos y deportes tradicionales de las islas canarias una etnomotricidad singular. *Acción motriz*, (1), 59-102. Recuperado de <http://mdc.ulpgc.es/cdm/ref/collection/amotriz/id/42>.
- Herrador, J. (2005). Las tendencias lúdicas y deportivas en el ámbito educativo. Análisis de la evolución histórica a través de la pintura. En M. Zagalaz, P. Martínez & P. Latorre (Eds.), *Respuestas a la demanda social de actividad física* (pp. 76-86). Madrid: Gymnos.
- Herrador, J. (2008). Juegos populares y tradicionales en Pintura Flamenca de P. Bruegel (S.XVI). *Revista de educación física: Renovar la teoría y práctica*(99), 21-36.
- Herrador, J. (2011a). Cuando el juego se convierte en obra artística. *EsmásF: revista digital de educación física*, (10), 54-60. Recuperado de <file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-CuandoElJuegoSeConvierteEnObraArtistica-3659997.pdf>.
- Herrador, J. (2011b). Juegos populares en los décimos de lotería nacional española. *Ágora para la educación física y el deporte*, 13(3), 411-421. Recuperado de http://www5.uva.es/agora/revista/13_3/agora13_3j_herrador.
- Herrador, J. (2012a). El juego de las canicas en el arte urbano. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, (39), 85-92.

- Herrador, J. (2012b). Terminología lúdica con connotaciones discriminatorias, bélicas, xenófobas, sexistas...: una propuesta para trabajar la educación en valores. *EmásF. Revista Digital de Educación Física*, (17), 59-66. Recuperado de <http://emasf.webcindario.com/>.
- Herrador, J. (2013a). Análisis filmico de los juegos populares y tradicionales. *Fotocinema: revista científica de cine y fotografía*, (6), 231-268. Recuperado de <file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-AnalisisFilmicoDeLosJuegosPopularesYTradicionales-4218952.pdf>.
- Herrador, J. (2013b). *El cine como recurso didáctico: análisis filmico de los juegos populares y tradicionales*. Sevilla: Wanceulen.
- Herrador, J. (2013c). Los juegos tradicionales en la publicidad. Aplicación didáctica en educación física. *Habilidad motriz: Revista de ciencias de la actividad física y del deporte* (40), 2013.
- Herrador, J., Ayala, I., Zagalaz, M., & Latorre, P. (2005). La expresión musical en la pintura de Francisco de Goya: el cancionero tradicional, el componente musical y las danzas populares. *Música y educación: Revista trimestral de pedagogía musical*, 18(62), 15-42. Recuperado de https://www.academia.edu/2587214/La_expresi%C3%B3n_musical_en_la_pintura_de_Francisco_de_Goya_el_cancionero_tradicional_el_componente_instrumental_y_las_danzas_populares.
- Herrero, H. (2002). Por la educación hacia la revolución: La contribución de la Educación Física a la construcción de imaginario social del franquismo. *Revista Internacional de Medicina y Ciencias de la Actividad Física y el Deporte*, 2(4), 21-36. Recuperado de <http://cdeporte.rediris.es/revista/revista4/artfran.pdf>.
- Merrill, M (Producer), & Hessen, T (Director). (2010). *Play again*. E.E.U.U. Ground Studios.
- Hindin, A., Morocco, C. C., Mott, E, A., & Aguilar, C, M. (2007). More than just a group: teacher collaboration and learning in the workplace. *Teachers and Teaching*, 13(4), 349-376. doi: 10.1080/13540600701391911.
- Holmes, R. (2012). The outdoor recess activities of children at an Urban School. Longitudinal and intraperiod patterns. *American Journal of Play*, 4(3). Recuperado de <http://www.journalofplay.org/sites/www.journalofplay.org/files/pdf-articles/4-3-article-the-outdoor-recess-activities-of-children-at-an-urban-school.pdf>.

- Huizinga. (1995). *Homo Ludens*. Madrid: Emecé Editores.
- Humberstone, B., & Stan, I. (2011). Outdoor learning: primary pupils' experiences and teachers' interaction in outdoor learning. *Education 3-13*, 39(5), 529-540. doi: 10.1080/03004279.2010.487837.
- Iglesias, M., Gómez, S., & Mato, J. (2012). A loita dos nosos antergos. Unha proposta didáctica . Recuperado de <https://loitagalega.files.wordpress.com/2009/05/loita-dos-antergos-web>.
- Instituto Galego de Estatística. (2014). *Información Municipal Malpica*: Recuperado de [file:///C:/Users/Usuario/Downloads/ficha_15043%20\(1\).pdf](file:///C:/Users/Usuario/Downloads/ficha_15043%20(1).pdf).
- Ínsua, L. (2006). *Xogos, enredos y adiviñas: los entretenimientos tradicionales de Galicia*. A Coruña: Ea Editorial.
- Insua, V. (7 de xuño do 2011). Xogamos nos recreos?, *Cartafol*, pp. 10-11.
- Ivic, I. (1986). Un projet international sur les jeux d'enfants traditionnels. *Perspectives. Revue trimestrielle de l'éducation*, XVI(4), 573-583. Recuperado de <http://unesdoc.unesco.org/images/0007/000720/072076fo.pdf>.
- Jaouen, G. (2009). Wich sporting leisures for wich society of tomorrow? *Studies in Physical Culture and Tourism*, 16(2), 137-146.
- Jarret, O., & Duckett-Hedgebeth, M. (2003). Recess in Middle School: What do the estudents do? En D. Lytle (Ed.), *Play & Culture Studies* (Vol. 5, pp. 227-241). Maryland: University press of America.
- Jarvis, P., Newman, S., & Swiniarski, L. (2014). On 'becoming social': the importance of collaborative free play in childhood. *International Journal of Play*, 3(1), 53-68. doi: 10.1080/21594937.2013.863440.
- Jilk, B. (2005). Place making and chage in learning enviroments. In M. Dudek (Ed.), *Children's spaces* (pp. 30-43). Oxford: Elsevier.
- Joaquín Rodríguez Otero, C.E.I.P (s.d). Xogos populares 2011. Recuperado de <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjoaquinrodriguez/galeria/thumbnails.php?album=102>.
- Jo Deegan, M. (2007). The Chicago School of Ethnography. En P. Atkinson, A. Coffey, S. Delamont, J. Lofland & L. Lofland (Eds.), *Handbook of etnhgraphy* (pp. 11-25). London: Sage.
- Johnson, B. (2003). Teacher collaboration: good for some, not so good for others. *Educational Studies*, 29(4), 337-350. doi: 10.1080/0305569032000159651.

- Jover, G., López, E., & Thoilliez, B. (2010). *La presencia del juego y el juguete como recurso pedagógico en los colegios de Educación Primaria* [Informe]. Recuperado del sitio de Internet Observatorio del juego http://www.observatoriodeljuego.es/leer_estudio.php?id=7.
- Karsten, L. (2005). It all used to be better? Different generations on continuity and change in urban children's daily use of space. *Children's Geographies*, 3(3), 275-290. doi:10.1080/14733280500352912.
- Kawulich, B. (2005). La observación participante como método de recolección de datos. *Forum Qualitative Research*, 6(2). Recuperado de <http://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/466/998>.
- Kelle, U. (2005). "Emergence" vs. "Forcing" of Empirical Data? A Crucial Problem of Grounded Theory" Reconsidered. *Forum Qualitative Research*, 6(2). Recuperado de <http://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/467/3398>.
- Kellert, S. R., & Derr, V. (1998). A National Study of outdoor Wilderness Experience [Informe]. Recuperado do sitio web de internet National Outdoor Leadership School: <http://rendezvous.nols.edu/content/view/1713/739/>
- Kirby, A. (2009). *Digimodernism. How technologies Dismantle the Postmodern And Reconfigure Our Culture*. New York: Continuum.
- Kirk, D. (2010). *Physical Education Futures*. New York: Routledge.
- Kirk, J., & Miller, M. (1986). *Realibility and validity in qualitative research*. Thousand Oaks. California: Sage.
- Kishimoto, T. M. (2005). *Jogo, Brinquedo, brincadeira e educação*. São Paulo: Cortez.
- Kuhn, A. (2007). Photography and cultural memory: a methodological exploration. *Visual Studies*, 22(3), 283-292. doi: 10.1080/14725860701657175.
- Kuschner, D. (2012). Play is natural to childhood but school is not: The problem of integrating play into the curriculum. *International Journal of Play*, 1(3), 242-249. doi: 10.1080/21594937.2012.735803.
- Kvale, S. (2011). *Las entrevistas en investigación cualitativa*. Madrid: Morata.
- Kyttä, M. (2006). Environmental child-friendliness in the light of the Bullerby Model. En C. Spencer (Ed.), *Chidlren and their environments. Learning, Using and Designing Spaces* (pp. 141-158). Camdbrige: Camdbrige University.
- La Pelle, N. (2004). Simplifying Qualitative Data Analysis Using General Pupose software tools. *Filed Methods*, 16(1), 85-108. doi:10.1177/1525822X03259227.

- Lanclos, D. (2003). *At play in Belfast: Children's Folklore and Identities in Northern Ireland*. New Jersey, London: Rutgers University Press.
- Lanuza, E., Pérez, C., & Ferrando, V. (1980). *El juego popular aplicado en Educación*. Madrid: Cincel.
- Lara, E. L. (2005). La fotografía como documento histórico-Artístico y Etnográfico: Una epistemología. *Revista de Antropología Experimental*, (5), 1-28. Recuperado de <http://revistaselectronicas.ujaen.es/index.php/rae/article/view/2068>.
- Laris, M. (2005). Designing for play. In M. Dudek (Ed.), *Children's Spaces* (pp. 14-28). Oxford: Elsevier.
- Lavega, P. (1996). *Del Joc a l'sport. El joc de bitlles al Pla D'urgell (Tese doutoral inédita)*. Universitat de Barcelona, Barcelona.
- Lavega, P. (1997). *La liturgia de les Bitlles. Funcions i Sentit d'un Joc Tradicional*. Lleida: Pagés Editores.
- Lavega, P. (2000). *Juegos y deportes populares tradicionales*. Barcelona: Inde.
- Lavega, P. (2006). El juego y la tradición en la educación de valores. *Educación Social*, (33), 54-72. Recuperado de <http://www.raco.cat/index.php/EducacioSocial/article/viewFile/165535/373786>.
- Lavega, P. (2009a). Del juego al deporte de bitlles en Cataluña: visión contextualizada. *Donostia: Eusko Ikaskuntza*, (51), 111-131. Recuperado de <http://www.eusko-ikaskuntza.org/es/publicaciones/colecciones/lankidetzan/articulo.php?o=21082>.
- Lavega, P. (2009b). La investigación en los juegos tradicionales y en los juegos cooperativos. En V. Navarro & C. Trigueros (Eds.), *Investigación y juego motor en España* (pp. 77-116). Lleida: Universitat de LLeida.
- Lavega, P., Filella, G., Lagardera, F., Mateu, M., & Ochoa, J. (2013). Motor games and emotions. *Cultura y Educación*, 25(3), 347-360. doi: 10.1174/113564013807749731.
- Lavega, P., Lagardera, F., Molina, F., Planas, A., Costes, A., & Saez de Ocariz, U. (2006). Los juegos y deportes tradicionales en Europa: entre la tradición y la modernidad. *Apunts. Educació Física i Esports*, (85), 68-81. Recuperado de <http://www.revista-apunts.com/es/hemeroteca?article=118&highlight=juegos>.
- Lavega, P., Alonso, J. I., Etxebeste, J., Lagardera, F., & March, J. (2014). Relationship Between Traditional Games and the Intensity of Emotions Experienced by

- Participants. *Research Quarterly for Exercise and Sport*, 85(4), 457-467. doi: 10.1080/02701367.2014.961048.
- Lavega, P., & Olaso, S. (1999). *1000 juegos y deportes populares tradicionales. La tradición jugada*. Barcelona: Paidotribo.
- Leccardi, C., & Freixa, C. (2001). El concepto de generación en las teorías de la juventud. *última década*, (34), 11-23. doi:10.4067/S0718-22362011000100002.
- Lee, J., & Abbott, R. (2009). Physical activity and rural young people's sense of place. *Children's Geographies*, 7(2), 191-208. doi: 10.1080/14733280902798894.
- Legendre, A. (2011). Les lieux de jeux extérieurs des enfants d' âge scolaire: des espaces de proximité aux espaces public urbains. *Pratiques psychologiques*, 17, 31-48. Doi : 10.1016/j.prps.2010.01.005.
- Lende, D. H., & Downey, G. (2012). *The encultured Brain. An introduction to Neuroanthropology*. Massachusets: MIT Press.
- Levi-Strauss, C. (1964). *El pensamiento salvaje*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Levi-Strauss, C. (1973). *Antropología estructural*. Buenos Aires: Editorial Universitaria de Buenos Aires.
- Linares, M. (2010). *Hsitoria das mulleres en Galicia. Prehistoria, Historia Antiga*. Santiago de Compostela: Nigrategra.
- Linaza, J, L. (1996). El juego y los deportes como instrumentos pedagógicos en la Enseñanza Secundaria Obligatoria. *Aula de Innovación Educativa* (52-53), 31-34.
- Linaza, J., & Maldonado, A. (1987). *Los juegos y el deporte en el desarrollo psicológico del niño*: Barcelona.
- Little, H. (2013). Mothers' beliefs about risk and risk-taking in children's outdoor play. *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 15(1), 24-39. doi: 10.1080/14729679.2013.842178.
- Longueira, T. (22 de maio do 2014). La obra pública manda en Malpica, *La voz de Galicia*. Recuperado de http://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2014/05/22/obra-publica-manda-malpica/0003_201405C22C2991.htm.
- López, F. (1998). Los juegos en la Institución Libre de Enseñanza. *Ensayos: Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, 249-264. Recuperado de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2292645>.

- López, F., & Lourenzo, X. (1930). Vila de Calvos de Randín. *Cadernos do Seminario de Estudos Galegos*.
- López, X., & García, X. M. (2002). *Os xoguetes esquecidos*. Vigo: A Nosa Terra.
- Lourenzo, X. (1992). *Enredos*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- Louv, R. (2005). *Last Child in the Woods: Saving our children from Nature-Deficit Disorder*. North Caroline, Chapel Hill: Algoquin Books of Chapel Hill.
- MacDonald, K. (1992). A Time and a Place for Everything: A Discrete Systems Perspective on the Role of Children's Rough-and-Tumble Play in Educational Settings. *Early Education and Development*, 3(4), 334-355. doi: 10.1207/s15566935eed0304_5.
- Maestro, F. (2011). Baratos tesouros, prodixios de imaxinación. *Revista Galega de Educación*(21), 36-39.
- Magnussen, L. (2011). Play—the making of deep outdoor experiences. *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 12(1), 25-39. doi: 10.1080/14729679.2010.532995.
- Malaby, T. (2007). Beyond Play: A New Approach to Games. *Games and Culture*, 2(95), 95-113. doi:10.1177/1555412007299434.
- Malarriaga, A., & Carranza, M. (1995). Buscando el juego perdido. *Aula de Innovación Educativa*, (44). Recuperado de <http://www.grao.com/revistes/aula/044-juego-tradicional-y-educacion-fisica--participacion-en-la-comunidad-educativa/buscando-el-juego-perdido>.
- Malinowski, A. (1970). *Una teoría científica de la cultura*. Barcelona: EDHASA.
- Malinowski, A. (1986). *Los argonautas del Pacífico occidental. Un estudio sobre comercio y aventura entre los indígenas de los archipiélagos de la Nueva Guinea melanésica*. (Vol. 1). Barcelona: Planeta-De Agostini.
- Marantz, R. (17 de febreiro 2008). Taking Play Seriously. *The New York Times*. Recuperado de http://www.nytimes.com/2008/02/17/magazine/17play.html?pagewanted=all&_r=0.
- Marcus, G. E., & Cushman, D. E. (1991). Las etnografías como textos. En: Reynoso, C (Eds.), *El surgimiento de la antropología posmoderna* (pp. 171-213). México: Gedisa.
- Marin, E. C., Ribas, J. F., Parlebas, P., Stein, F., & Crestani, A. D. (2012). Traditional games in the State of Rio Grande do Sul: vibrant and muted expression.

- Movimento*, 18(3), 73-94. Recuperado de <http://seer.ufrgs.br/Movimento/article/viewFile/26564/21140>.
- Marín, I. (1995). *Juegos populares, jugar y crecer juntos*. Madrid: Rosa Sensat.
- Marín, I., Molins, C., Martínez, M., Hierro, E., & Aragay, X. (2011). *Els patis de les escoles: espais d'oportunitats educatives*. [Informe] Recuperado de sitio Web Observatorio del juego http://www.observatoriodeljuego.es/db_archivos/6_3.pdf.
- Marsh, J., & Bishop, J. C. (2012). *A Study of the Relationships between Media Commercial Markets and Children's Play in the UK between 1950 and 2011*. [Informe]. recuperado do sitio de internet University of Sheffield <http://www.opieproject.group.shef.ac.uk/PDFs/BARReport-2.pdf>.
- Martín, E., Fernández, I., Andrés, S., Del Barrio, C., & Echeita, G. (2003). La intervención para la mejora de la convivencia en los centros educativos: modelos y ámbitos. *Infancia y Aprendizaje: Journal for the Study of Education and Development*, 26(1), 79-95. doi:10.1174/02103700360536446.
- Martín, J. C. (2002). *Juegos tradicionales y deportes autóctonos de Castilla y León*. León: Universidad de León.
- Martín, J. C., & Escribano, M^a. M. (1994). Los juegos populares y tradicionales como elementos manifestadores de cultura y su relación con el currículo de Educación Física en Primaria. En S. Granados (Ed.). *Didáctica de la Educación Física. Diseños curriculares en primaria: ponencias y comunicaciones del Iº Congreso Nacional de Educación Física de Facultades de Ciencias de la Educación y XII de Escuelas U. de Magisterio* (pp. 221-223). Sevilla: Wanceulem.
- Martínez, L. F., Santos, M., & Fraile, A. (2004). Un recreo escolar para una motricidad en juego. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, (14). Recuperado de <http://tandem.grao.com/revistes/tandem/014-juegos-cooperativos/un-recreo-escolar-para-una-motricidad-en-juego>.
- Matthews, H., Taylor M., Sherwood, K., Tucker, F., & Limb, M. (2000). Growing-up in the countryside: children and the rural idyll. [16-9-2012]. *Journal of Rural Studies*, 16(2), 141-153. doi:10.1016/S0743-0167(99)00059-5.
- Maxwell, J. (2005). *Qualitative research design. An interactive approach* (Vol. 42). California: Sage.

- Maxwell, J. (2009). Designing a Qualitative Study. En L. Bickman & D. Rog (Eds.), *The SAGE Handbook of Applied Social Research Methods* (pp. 214-253). Thousand Oaks. California: Sage.
- Maynard, T., & Waters, J. (2007). Learning in the outdoor environment: a missed opportunity? *Early Years*, 27(3), 255-265. doi: 10.1080/09575140701594400.
- Maynard, T., Waters, J., & Clement, J. (2013). Child-initiated learning, the outdoor environment and the 'underachieving' child. *Early Years*, 33(3), 212-225. doi: 10.1080/09575146.2013.771152.
- McArdle, K., Harrison, T., & Harrison, D. (2013). Does a nurturing approach that uses an outdoor play environment build resilience in children from a challenging background? *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 13(3), 238-254. doi: 10.1080/14729679.2013.776862.
- McDowell, J. H. (1999). The transmission of Children's Folklore. En B. Sutton-Smith, J. Mechling, T. W. Johnson & F. R. McMahon (Eds.), *Children's Folklore. A Source Book* (pp. 49-62). Utah: Utah State University Press.
- Mckether, W., Gluesing, J., & Riopelle, K. (2009). From Interviews to Social Network Analysis: An Approach for Revealing Social Networks Embedded in Narrative Data. *Field Methods*, 21(2), 154-180. doi: 10.1177/1525822x08329697.
- Mead, G. (1934). *Mind, Self, and Society. From the standpoint of a social behaviorist*. Chicago: University of Chicago Press.
- Medina, X., & Sánchez, R. (2006). Introducción. La antropología del deporte en España: Visión crítica y perspectivas de futuro. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 61(2), 7-17. doi:10.3989/rntp.2006.v61.i2.
- Medina, X., & Sánchez, R. (2003). *Culturas en juego*. Barcelona: Icaria editorial.
- Medrano de Luna, G. (2012). *Juegos y juguetes de México. Cuando niño yo jugaba a hacer mis juguetes*. Alemania: Editorial Académica española.
- Medrano de Luna, G. (2013). *Los mundos mágicos de SShinda. La cultura oral y la obra artística de un juguetero popular de Guajanato, México*. Madrid: Centro de Estudios Cervantinos.
- Meirink, J. A., Imants, J., Meijer, P. C., & Verloop, N. (2010). Teacher learning and collaboration in innovative teams. *Cambridge Journal of Education*, 40(2), 161-181. doi: 10.1080/0305764X.2010.481256.
- Méndez, A., & Fenández, J. (2010). Los juegos tradicionales infantiles: Un marco privilegiado para el trabajo interdisciplinar y competencial. *Tándem. Didáctica de*

- la *Educación Física*, (33), 67-76. Recuperado de http://www.researchgate.net/publication/236231085_Los_juegos_tradicionales_infantiles_un_marco_privilegiado_para_el_trabajo_interdisciplinar_y_competencial.
- Méndez, A., & Fernández, J. (2010). Los juegos tradicionales infantiles: un marco privilegiado para el trabajo interdisciplinar y competencial. *Tándem. Didáctica de la Educación Física* (33), 67-76.
- Méndez, A., & Fernández, J. (2011). Análisis y modificación de los juegos y deportes tradicionales para su adecuada aplicación en el ámbito educativo. *Retos. Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, (19), 54-58. Recuperado de [file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-AnalisisYModificacionDeLosJuegosYDeportesTradicion-3713113%20\(1\).pdf](file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-AnalisisYModificacionDeLosJuegosYDeportesTradicion-3713113%20(1).pdf).
- Miles, M., Huberman, M., & Saldaña, J. (2014). *Qualitative Data Analysis. A Methods Sourcebook*. London: Sage.
- Miles, M., & Huberman, M. (1994). *Qualitative Data Analysis. An expanded sourcebook*. Thousand Oaks. California: Sage.
- Milladoiro, CEIP. (s.d). Xogos tradicionais. Recuperado de <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmilladoiro/>
- Monge, A. (2001). Juego motor reglado y transmisión de valores culturales. *Ágora para la educación física y el deporte*(1), 55-70.
- Mooney, J. (1890). The Cherokee Ball Play. *American Anthropologist*, 3(2), 105-132. Recuperado de <http://www.jstor.org/stable/658746?origin=JSTOR-pdf>.
- Moreno, C. (1992). *Juegos y deportes tradicionales en España*. Madrid: Alianza Editorial.
- Moreno, J. A., Hellín, P., & Hellín, G. (2006). Pensamiento del alumnos sobre la educación física según la edad. *Apunts. Educació Física i Esports*, (85), 28-35. Recuperado de <http://www.revista-apunts.com/es/hemeroteca?article=114&highlight=motivaci%C3%B3n>.
- Moreno, J., Sicilia, A., Martínez, C., & Alonso, N. (2008). Coeducación y climas de aprendizaje en educación física. Aportaciones desde la teoría de Metas de Logro. *Revista internacional de Ciencias del Deporte. RICYDE*, 4(11), 42-64. doi:10.5232/ricyde2008.01104.
- Muntañola, J. (2004). Arquitectura, educación y dialogía social. *Revista española de Pedagogía*, (228), 221-228. Recuperado de

- file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-ArquitecturaEducacionYDialogiaSocial-995402.pdf.
- Muñoz, V., & De Pedro, F. (2005). Educar para la resiliencia. Un cambio de mirada en la prevención de situaciones de riesgo social. *Revista complutense de Educación*, 16(1), 107-124. Recuperado de <http://revistas.ucm.es/index.php/RCED/article/view/RCED0505120107A>.
- Mygind, E. (2007). A comparison between children's physical activity levels at school and learning in an outdoor environment. *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 7(2), 161-176. doi: 10.1080/14729670701717580.
- Navarro, V. (1995). *Estudio de conductas infantiles en un juego motor de reglas. Análisis de la estructura de juego, edad y género (Tese doutoral)*. Universidad de las Palmas de Gran Canaria, Las Palmas de Gran Canaria. Recuperado de <http://acceda.ulpgc.es/handle/10553/2016> Acceda. Documentación científica de la ULPGC en abierto database.
- Navarro, V. (2002). *El afán de jugar*. Barcelona: Inde Publicaciones.
- Nawrath, H. (2010). El método etnográfico: origen y fundamentos de una aproximación multitécnica. *Forum: Social Qualitative Research*, 11(2). Recuperado de <http://www.ssoar.info/ssoar/handle/document/11977>.
- Nielfa, G. (2003). *Mujeres y hombres en la España franquista: sociedad, economía, política, cultura*. Madrid: Editorial Complutense.
- Norbeck, E. (1971). Man at Play. *A Natural History Magazine Special Edition*, 80, 48-53. Retrieved from <https://archive.org/details/naturalhistory80newy> website:
- Nuviala, A., Ruíz, F., & García, M. E. (2003). Tiempo libre, ocio y actividad física en los adolescentes. La influencia de los padres. *Retos. Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación*, 6, 13-20.
- O'Brien, L. (2009). Learning outdoors: the Forest School approach. *Education 3-13*, 37(1), 45-60. doi: 10.1080/03004270802291798.
- O'Donnell, C. (2014). On Balinese Cokfights. Deeply extended Play. *Games and Culture*, 9(6), 406-416. doi:10.1177/1555412014545783.
- Öfele, M. (2003). Papel social de los juegos tradicionales. Proyecciones pedagógicas. *Revista Tándem*, (10).
- Olasso, S. (1993). El "joc de pilota valenciana". Hacia un enfoque de sistemas. *Apunts. Educació Física i Esports*, (32), 82-90. Recuperado de <http://www.revista-apunts.com/es/hemeroteca?article=935>.

- Oliveira, B., Neto, C., & Smith, P. (1997). Os Espaços de Recreio e a Prevenção do "Bullying" na Escola. En C. Neto (Ed.), *Jogo e desenvolvimento da Criança* (pp. 238-257). Lisboa: Edições FHM.
- Ortega, R. (1992). *El juego infantil y la construcción social del conocimiento*. Sevilla: Ediciones Alfar.
- Ortega, R. (1996). The role of play in primary school. *Cultura y Educación*, 8(1), 115-128. doi: 10.1174/113564096321273683.
- Ortega, R. (2002). Lo mejor y lo peor de las redes de iguales. *Revista interuniversitaria de formación del profesorado*, (44), 99-113. Recuperado de file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-LoMejorYLoPeorDeLasRedesDeIguales-249634.pdf.
- Ortí, J. (2003). Los juegos tradicionales. Aplicación en el área de la educación física en el sistema educativo actual. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, 10.
- Ortí, J. (2010). *Els jocs i esports tradicionals d'arreu del món a través de la filatèlia (Tese doutoral)*. Recuperado de http://www.tdx.cat/bitstream/handle/10803/1279/jof_tesi.pdf?sequence=1.
- Otero Pedrayo, R. (1962). Historia de Galiza. En R. Otero Pedrayo (Ed.), *Historia de Galiza*. Bos Aires: Nós.
- Otero, U. (2007). *Las Misiones Pedagógicas 1931-1936*. Madrid: Residencia de Estudiantes de Madrid.
- Paetcher, C. (2003). Power, bodies and identity: how different forms of Physical education construct varying masculinities and feminities in secondary schools. *Sex Education*, 3(1), 45-59. doi: 10.1080/1468181032000052153.
- Pajarón, R. (1995). La educación física en la legislación escolar franquista. *Historia de la Educación: Revista interuniversitaria*, 14, 469-480. Recuperado de <http://campus.usal.es/~revistas_trabajo/index.php/0212-0267/article/view/10433/10857>
- Pardo-Bazán, E. (1900). *El molino*. [Versión HTML] Recuperado de www.ciudadseva.com/textos/cuentos/esp/pardo/el_molino.htm
- Paredes, J. (2002a). Aproximación teórica a la realidad del juego. En J. Moreno (Ed.), *Aprendizaje a través del juego* (pp. 11-32). Málaga: Aljibe.
- Paredes, J. (2002b). *El deporte como juego. (Tese doutoral inédita)*. Universitat d'Alicant. Recuperada de www.cervantesvirtual.com.
- Paredes, J. (2003). *Juego, luego soy*. Málaga: Wanceulen Editorial Deportiva.

- Parlebas, P. (2001). *Juegos, deportes y sociedades. Léxico de praxiología motriz*. Barcelona: Paidotribo.
- Parlebas, P. (2002a). *The Destiny of Games Heritage and Lineage*. Comunicación presentada en The International Nantes meetings 2002. "The traditional games inheritance, transmission and diffusion-histories and prospects", Nantes. Recuperado de http://www.wbc.poznan.pl/Content/6577/st10_no1.html#IDANGCVB
- Parlebas, P. (2002b). *Elementos de Sociología del Deporte*. Málaga: Instituto Andaluz del Deporte.
- Parlebas, P. (2002c). Réseux dans le jeux et les sports. *L'Année sociologique*, 52(2), 314-349. doi:10.3917/anso.022.0314.
- Parlebas, P. (2010). Salud y bienestar relacional en los juegos tradicionales. En C. De la Villa (Ed.), *Juegos Tradicionales y Saludo Social* (pp. 85-105). Aranda del Duero. Recuperado de https://repositorio.ufsc.br/bitstream/handle/123456789/127863/Libro_JJ_TT_y_S_Soc-_2a_prueba%5B1%5D.pdf?sequence=1.
- Pastor, J. (2005). *Educación Física y Currículum. Historia de una asignatura a través de sus programas (1883-1978)*. Madrid: Editorial P.A.M.
- Patton, M. (1990). *Qualitative Evaluation and Research Methods*. London: Sage.
- Payá, A. (2004). Joc corporal, esport i educació física a l'ideari pedagògic de la Institución Libre de Enseñanza. *Juventut, Esport i Cultura Física a L'Epoca Contemporània*, (7), 117-133. Recuperado de http://www.observatoriodeljuego.es/db_archivos/20_3.pdf.
- Payá, A. (2007). *La actividad lúdica en la Historia de la Educación en Española Contemporánea (Tese doutoral)*. Recuperado de <http://roderic.uv.es/bitstream/handle/10550/15336/paya.pdf?sequence=1>.
- Payá, A. (2011a). Museologia i patrimoni historicoeducatiu. Importància i funció dels materials lúdics. *Temps d'Educació*, (40), 163-178. Recuperado de http://www.observatoriodeljuego.es/db_archivos/21_3.pdf.
- Payá, A. (2011b). O xoguet educativo español do século XX. *Revista Galega de Educación*(51), 44-47.
- Pelegrín, A. (2002). *Juegos y poesía popular en la literatura infantil y juvenil (1750-1987) (Tese doutoral)*. Recuperado de <http://eprints.ucm.es/3311/> E-Prints. Universidad Complutense de Madrid.

- Pelegrín, A. (2013). Cada cual que atienda a su juego: de tradición oral y literatura. 2013. Recuperado de <http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/cada-cual-atienda-su-juego-de-tradicion-oral-y-literatura--0/html/01bf60e6-82b2-11df-acc7-002185ce6064.html>.
- Pellegrini, A. D. (1991). A Longitudinal Study of Popular and Rejected Children's Rough-and-Tumble Play. *Early Education and Development*, 2(3), 205-213. doi: 10.1207/s15566935eed0203_3.
- Pellegrini, A. D. (1992). Rough-and-tumble play and social problem solving flexibility. *Creativity Research Journal*, 5(1), 13-26. doi: 10.1080/10400419209534419.
- Penn, H. (2005). Spaces without children. En M. Dudek (Ed.), *Children's spaces*. Oxford: Elsevier.
- Pereira, O., Neto, C., Smith, P., & Angulo, J. C. (2002). Reinventar los espacios de recreo para prevenir la violencia escolar. *Cultura y Educación*, 14(3). doi:10.1174/11356400260366115.
- Pérez-Farinós, N., López-Sobaler, A., Dalre, M^a. A., Villar, C., Labrado, E., Robledo, T., & Ortega, R. (2013). The ALADINO Study: A National Study of Prevalence of Overweight and Obesity in Spanish Children 2011. *Biomed Research International*, 2013. doi:<http://dx.doi.org/10.1155/2013/163687>
- Pérez y Verdes, R., & Tabernero, X. (1986). *Xogos populares en Galicia*. Santiago: Consellería de Turismo, Xuventude e Deporte.
- Pérez, I. J., & Delgado, M. (2004). *La salud en Secundaria desde la Educación Física*. Barcelona: Inde.
- Piaget, J. (1961). *La formación del símbolo en el niño*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Piaget, J. (1971). *El criterio moral en el niño*. Barcelona: Editorial Fontanella.
- Piaget, J. (1976). *La construcción de lo real en el niño*. Buenos Aires: Ediciones Nueva Visión.
- Piaget, J. (2001). *The origin of intelligence of child*. London: Routledge.
- Piech, K., & Cieslinski, I. (2007). Traditional games and plays from southern Podlasie as an element of cultural heritage. *Studies in Physical Culture and Tourism*, 14(2), 149-158. Recuperado de <http://www.wbc.poznan.pl/dlibra/publication/62459?tab=1>.
- Piedra de la Cuadra, J. (2010). *El profesorado de Educación Física como Agente en la Coeducación: Actitudes y Buenas prácticas para construcción de Género en la*

- Escuela (Tese doutoral)*. Universidad de Sevilla, Sevilla. Recuperado de <http://fondosdigitales.us.es/tesis/tesis/1425/el-profesorado-de-educacion-fisica-como-agente-en-la-coeducacion-actitudes-y-buenas-practicas-para-la-construccion-de-genero-en-la-escuela/> Fondos Digitales Universidad Sevilla database.
- Pink, S. (2007a). *Doing Visual Ethnography: Images, Media and Representation in Research*. London: Sage.
- Pink, S. (2007b). Walking with video. *Visual studies*, 22(3), 240-252. <http://dx.doi.org/10.1080/14725860701657142>
- Pink, S. (2008). Mobilising Visual ethnography: Making routes, Making Place and Making Images. *Forum: Qualitative Social Research*, 9(3). Recuperado de <http://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/1166>
- Pink, S. (2011). Amateur photographic practice, collective representation and the constitution of place. *Visual Studies*, 26(2), 92-101. doi: 10.1080/1472586X.2011.571884
- Pink, S., Kürti, L., & Afonso, A. (2004). *Working images. Visual Research and Representation in Ethnography*. New York: Routledge.
- Pita, E. (1962). Música e Danza. In R. Otero Pedrayo (Ed.), *Historia de Galiza* (pp. 777/788). Bos Aires: Nós.
- Porto, A. (1985). *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Powell, M., Taylor, N., & Smith, A. (2013). Constructions of rural childhood: changelling dominant perspectives. *Children's Geographies*, 11(1), 117-131. doi:<http://dx.doi.org/10.1080/14733285.2013.743285>.
- Prat, J. (2005). El héroe en los relatos folklóricos: patrones biográficos, leyes narrativas e interpretación. *Revista de Folklore*, (300), 183-199. Recuperado de <http://www.funjdiaz.net/folklore/07ficha.php?ID=2273>
- Prat, J. (2007). *La transmisión de los mitos en la tradición occidental*. Comunicación presentada en Simposio sobre Patrimonio Inmaterial, Valladolid. Recuperado de http://media.cervantesvirtual.com/s3/BVMC_OBRAS/68e/9b4/3a5/bb7/11e/1b1/fb0/016/3eb/f5e/63/mimes/68e9b43a-5bb7-11e1-b1fb-00163ebf5e63.pdf.
- Prat, M., & Soler, S. (2002). Las posibilidades del juego, la actividad física y el deporte para la mejora de la convivencia. *Revista Electrónica de Investigación Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 5(2), 1-5. Recuperado de

- file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-LasPosibilidadesDelJuegoLaActividadFisicaYElDeport-1035022.pdf.
- Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia (2015). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Recuperado de <http://www.edu.xunta.es/web/node/14621>.
- Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y de Formación del Profesorado. (s.d). Las TIC en Educación. Juegos tradicionales con Tux Paint. Recuperado de http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/104/cd/pdf/2_Tuxpaint.pdf.
- Pujadas, J. (1992). *El método biográfico: el uso de historias de vida en ciencias sociales*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Pujadas, J. (2000). El método biográfico y los géneros de la memoria. *Revista de Antropología Social*, (9), 127-158. Recuperado de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=157925>.
- Rabaté, C. (1993-1994). Juegos y educación en algunas revistas infantiles madrileñas de mediados del siglo XIX. *Historia de la Educación: Revista interuniversitaria* (12-13), 365-382.
- Rasmussen, K. (2004). Places for Children-Children's Places. *Childhood*, (11), 155-173. <http://chd.sagepub.com/content/11/2/155> doi:10.1177/0907568204043053.
- Rappaport, J. (2008). Beyond Participant Observation. Collaborative Ethnography as Theoretical Innovation. *Collaborative Anthropologies*, 1, 1-34. Recuperado de http://muse.jhu.edu/journals/collaborative_anthropologies/v001/1.rappaport.html.
- Redacción. (8 de decembro do 2014). El concello de Malpica invierte 100.000 euros en adaptar un parque infantil a la normativa, *La Voz de Galicia*. Recuperado de <http://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2014/12/08/concello-malpica-invierte-100000-euros-adaptar-parque-infantil-normativa/00031418073816625453380.htm>.
- Redacción. (17 xaneiro do 2015). Más de 500 apoyos contra o derribo de la lonja vieja malpicana, *La Voz de Galicia*. Recuperado de <http://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2015/01/17/500-apoyos-contra-derribo-lonja-vieja-malpicana/00031421524518133121470.htm>.

- Reed-Danahay, D. (2007). *Autobiography, Intimacy and Ethnography*. En P. Atkinson, A. Coffey, S. Delamont, J. Lofland & L. Lofland (Eds.), *Handbook of Ethnography* (pp. 407-425). London: Sage.
- Reed, T., Brown, M., & Roth, S. (2000). Friendship formation and boys' Rough and tumble play. Implications for teacher education programs. *Journal of Early Childhood Teacher Education*, 21(3), 331-336. doi: 10.1080/0163638000210304.
- Resolución do 14 de agosto de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Santiago de Compostela: DOGA nº116. Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2012. Recuperado de <http://www.edu.xunta.es/web/node/6203>.
- Renson, R. (1991). El Retorno de los Juegos y Deportes Tradicionales. *Museum*, XLIII(2), 77-81. Recuperado de <http://unesdoc.unesco.org/images/0008/000886/088614so.pdf#88574>.
- Renson, R. (1992). Los Juegos y Deportes tradicionales. *El Correo de la Unesco. Deporte y Competición*, (Diciembre), 41-46. Recuperado de <http://unesdoc.unesco.org/images/0008/000886/088614so.pdf>.
- Rial, S. (4 de decembro do 2014). A los 90 años de la visita de Ruth Matilda Anderson a Galicia, *La Voz de Galicia*. Recuperado de http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2014/12/04/90-anos-visita-ruth-matilda/0003_201412C4C12991.htm.
- Río, X. (2011). Os xoguetes de sempre, sempre con nós. *Revista Galega de Educación*(51), 48-50.
- Risco, V. (1933). Folklore en Melide *Terra de Melide*. Santiago: Seminario de estudos galegos.
- Risco, V. (1957). Sobre la vida de los niños en la aldea gallega. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 13.
- Risco, V. (1962). Etnografía espiritual: Idades da vida. En R. Otero Pedrayo (Ed.), *Historia de Galiza* (Vol. 1, pp. 488-601). Bos Aires: Nós.
- Risco, V. (1993). *Unha parroquia galega nos anos 1920-1925*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

- Rissoto, A., & Giuliani, V. (2006). Learning neighbourhood environments: the loss of experience in a modern world. En C. Spencer (Ed.), *Children and their environments. Learning, Using and Desining spaces* (pp. 75-90). Cambridge: Cambridge University.
- Roberts, J., Arth, M., & Bush, R. (1959). Games in Culture. *American Anthropologist*, 61(4), 597-605. Recuperado de <http://www.jstor.org/discover/10.2307/667148?uid=3737952&uid=2&uid=4&sid=21104905937297>.
- Roberts, J., & Sutton-Smith, B. (1962). Child Training and Game Involvement. *Ethnology*, 1(2), 166-185. Recuperado de <http://www.jstor.org/discover/10.2307/3772873?sid=21106163115473&uid=2488144093&uid=2&uid=60&uid=3737952&uid=70&uid=3&uid=2488144083&uid=2134>.
- Rock, P. (2007). Symbolic Interactionism an Ethnography. En P. Atkinson, A. Coffey, S. Delamont, J. Lofland & L. Lofland (Eds.), *Handbook of Ethnography* (pp. 26-37). London: Sage.
- Rockwell, E. (1987). *Reflexiones sobre el proceso etnográfico*. México: DIE, CIEA, IPN.
- Rockwell, E. (1995). De huellas, Bardas y Veredeas: Una historia cotidiana en la Escuela. En E. Rockell (Ed.), *La escuela cotidiana* (pp. 13-57). México: Fondo de Cultura Económica.
- Rockwell, E. (2009). *La experiencia Etnográfica. Historia y cultura en los procesos educativos*. Buenos Aires: Paidós.
- Rodríguez, C. (Director) (2004). *Algo más que un juego. La llamada de África*. España: New Atlantis.
- Rodríguez, I. (2006). Redefiniendo el trabajo cualitativo con niños: el uso de la entrevista de grupo aplicada al estudio de la tecnología. *EMPIRIA. Revista de Metodología en Ciencias Sociales*, (12), 65-88. Recuperado de <http://rabida.uhu.es/dspace/handle/10272/6136>.
- Rodríguez, J. (2000). *Historia del Deporte*. Barcelona: Inde publicaciones.
- Romaní, A. (1983). *Xogos infantiles de Galicia*. Santiago de Compostela: Follas Novas.
- Rosa, J., & Río, E. (1997). *Juegos tradicionales infantiles en León*. León: Universidad de León.

- Rosa, J., & Río, E. (2005). *Vocabulario de juegos tradicionales, populares y autóctonos*. León: Universidad de León.
- Ruíz, C. (2007). *Nuevas formas de jugar. Campaña del juego y el juguete no sexista, no violento. Guía para transformar los juegos tradicionales*. Recuperado de http://www.educarenigualdad.org/media/pdf/uploaded/old/Mat_185_Guia_Nuevas_formas_de_jugar.pdf.
- Ruíz, G., & Cabrera, D. (2004). Los valores en el deporte. *Revista de Educación*, (335), 9-19. Recuperado de http://www.revistaeducacion.mec.es/re335/re335_03.pdf.
- Rye, J. (2006). Rural Youth's Images of the rural. *Journal of Rural Studies*, 22(4), 409-421. Recuperado de <http://www.sciencedirect.com/science/journal/07430167/22>.
- Saldaña, J. (2009). *The Coding Manual for Qualitative Researchers*. London: Sage.
- San Salvador del Valle, R. (2000). *Políticas de ocio. Cultura, turismo, deporte y recreación*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Sánchez, A., Bada, J., Mosquera, M., & Cebrián, Y. (2008). *Educación en Valores a través del Deporte*. Sevilla: Wanceulen.
- Sánchez, A., & Fernández, M^a. P. (2010). *Informe Generación 2.0*. Recuperado de <http://estaticos.elmundo.es/documentos/2010/07/06/Generacion20.pdf>.
- Sánchez, J., & Goudena, P. (1996). The role of peer interaction in the socialization process. Educational implications of a cross-cultural study on play in Andalusian and Dutch pre-school children. *Cultura y Educación*, 8(1), 87-98. doi: 10.1174/113564096321273665.
- Sandberg, A., & Vuorinen, T. (2008). Dimensions of childhood play and toys. *Asia-Pacific Journal of Teacher Education*, 36(2), 135-146. doi: 10.1080/13598660801975790.
- Servizo Galego de Saúde. (2013). Prevalencia de obesidade infantil no ano 2013 (Vol. 26) 5. *Bolentín Epidemiolóxico de Galicia*: Recuperado de http://www.sergas.es/gal/documentacionTecnica/docs/SaudePublica/begs/BEG_XXVI-5.pdf.
- Scientific Software Development GmbH. (2002-2015) Atlas.ti Qualitative Data Analysis (Versión 7.1) [Software Análise de datos]. Recuperado de <http://atlasti.com/>
- Scraton, S. (2000). *Educación física de las niñas: un enfoque feminista*. Madrid: Morata.

- Scrutton, R. (2014). Outdoor adventure education for children in Scotland: quantifying the benefits. *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 1-15. doi: 10.1080/14729679.2013.867813.
- Secretaría Xeral para o Deporte. (2011). *Plan Galego para o Fomento da Actividade Física*. Recuperado de http://www.xunta.es/c/document_library/get_file?folderId=577713&name=DLE-16970.pdf.
- Serrabona, M. (2001). El juego popular tradicional. Una opción actual al pensamiento único del deporte. *Revista Iberoamericana de psicomotricidad y técnicas corporales*, (2), 29-40. Recuperado de [file:///C:/Users/Usuario/Downloads/9ff68d_02-mayo2001%20\(1\).pdf](file:///C:/Users/Usuario/Downloads/9ff68d_02-mayo2001%20(1).pdf).
- Sherman, B. (2007). Ethnographic interviewing. En P. Atkinson, A. Coffey, S. Delamont, J. Lofland & L. Lofland (Eds.), *Handbook of Ethnography* (pp. 369-384). London: Sage.
- Shucksmith, M. (2012). Class, Power and Inequality in Rural Areas: Beyond Social Exclusion? *Sociologia Ruralis*, 52(4), 377-397. doi: 10.1111/j.1467-9523.2012.00570.x.
- Skår, M., & Krogh, E. (2009). Changes in children's nature-based experiences near home: from spontaneous play to adult-controlled, planned and organised activities. *Children's Geographies*, 7(3), 339-354. doi: 10.1080/14733280903024506.
- Sicilia, A. (1998). Actividad extraescolar, educación física y currículum. En M. Santos & A. Sicilia (Eds.), *Actividades físicas y extraescolares: una propuesta alternativa* (pp. 19-43). Barcelona: Inde.
- Singer, D. G., & Singer, J. L. (2005). *Imagination and play in the electronic age*. London: Harvard University Press.
- Singer, D. G., Singer, J., D'Agostino, H., & DeLong, R. (2009). Children's pastimes in sixteen nations. *American Journal of Play*, 1(3), 283-313. Recuperado de <http://www.journalofplay.org/sites/www.journalofplay.org/files/pdf-articles/1-3-article-childrens-pastimes-play-in-sixteen-nations.pdf> website:
- Smirnova, E. (2011). Character toys as psychological tools. *International Journal of Early Years Education*, 19(1), 35-43. doi: 10.1080/09669760.2011.570998.

- Soler, S. (2009). Los procesos de reproducción, resistencia y cambio de las relaciones tradicionales de género en la Educación Física: el caso del fútbol. *Cultura y Educación*, 21(1), 31-42. doi:10.1174/113564009787531253.
- Sosoaga, López de. A. (2000). Recuperamos un juego tradicional: jugamos a tocatorre. *Aula de Innovación Educativa*, (92). Recuperado de <http://aula.grao.com/revistes/aula/092-la-alimentacion-un-planteamiento-globalizador-e-interdisciplinar/recuperamos-un-juego-tradicional-jugamos-a-tocatorre>.
- Sperber, D. (2005). *Explicar la cultura. Un enfoque naturalista*. Madrid: Morata.
- Spradley, J. (1979). *The ethnographic interview*. Belmon: Wadsworth Cengage Learning.
- Spradley, J. (1980). *Participant Observation*. E.E.U.U: Holt, Rinehart and Witson.
- Stake, R. (1998). *Investigación con estudio de casos*. Madrid: Morata.
- Stevens, P. (1978). Play and Work: A false Dichotomy. *The Association for the Anthropological Study of Play*, 5(2), 17-21. Recuperado de <http://tasplay.org/tasplayfiles/files/vol5no2.pdf>.
- Stoll, S. K., Beller, J. M., & Barmann, T. E. (1997). Fair Play: The Purpose of the Game: Responsibility in Action. *Strategies*, 11(2), 5-7. doi: 10.1080/08924562.1997.10591304.
- Suárez, M. C. (22 de abril do 2012). Una piscina muy poco rentable, *La opinióncoruña.es*. Recuperado de <http://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2012/04/22/piscina-rentable/601638.html>.
- Subirats, M. (2011). La escuela mixta ¿garantía de coeducación? *Participación Educativa*, (11), 94-97. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/revista-cee/revista/indice-revista11.html>.
- Subirats, M., & Tomé, A. (2007). *Balones fuera*. Barcelona: Octaedro.
- Sungsoon, H. (2008). Utilizing Qualitative Data Analysis Software. A Review of Atlas.ti. *Social Science Computer Review*, 26(4). doi:10.1177/0894439307312485.
- Sutton-Smith, B. (1952). The Fate of Traditional Games in New Zealand. *Western Folklore*, 11(4), 250-253. Recuperado de <http://www.jstor.org/discover/10.2307/1496230?sid=21106170283143&uid=3737952&uid=2134&uid=3&uid=2488144083&uid=70&uid=60&uid=2&uid=2488144093>.

- Sutton-Smith, B. (1953). Marbles Are in: Som Observations on the "Seasonal" Nature if Children's Games in New Zealand. *Western Folklore*, 12(3), 186-193. Recuperado de <http://www.jstor.org/discover/10.2307/1497522?uid=3737952&uid=2&uid=4&sid=21105293368803>.
- Sutton-Smith, B. (1959). A formal Analysis of Game Meaning. *Western Folklore*, 18(1), 13-24. Recuperado de <http://www.jstor.org/discover/10.2307/1496888?uid=3737952&uid=2&uid=4&sid=21104960472547>.
- Sutton-Smith, B. (1966). Piaget on Play. A critique. En C. Cofer (Ed.), *Psychological Review* (pp. 104-110). Washington: Pennsylvania State University.
- Sutton-Smith, B. (1970). Psychology of Childlore: The Triviality Barrier. *Western Folklore*, 29(1), 1-8. Recuperado de <http://www.jstor.org/discover/1498679?sid=21105520502003&uid=70&uid=2488144083&uid=2488144093&uid=3737952&uid=2134&uid=2&uid=60&uid=3>.
- Sutton-Smith, B. (1972). *The folk games of Children*. Austin: University of Texas.
- Sutton-Smith, B. (1974). The anthropology of play. *The Association for the Anthropological Study of Play*, 1(2), 8-12.
- Sutton-Smith, B. (1986). *Toy as culture*. New York. London: Gadner Press.
- Sutton-Smith, B. (1989). Children's folk games as Customs. *Western Folklore*, 48(1), 33-42. Recuperado de <http://www.jstor.org/discover/10.2307/1499979?uid=3737952&uid=2&uid=4&sid=21105229282753>.
- Sutton-Smith, B. (1997). *The ambiguity of play*. Cambridge, Massachusets: Harvard University Press.
- Sutton-Smith, B. (2006). Play and Ambiguity. In K. Salen & E. Zimmerman (Eds.), *The game design reader: Rules of play anthology* (pp. 296-313). Massachusetts: Massachusetts Instute of Technology.
- Sutton-Smith, B. (2008). Play Theory. A Personal Journey and New Thoughts. *American Journal of Play*, 1(1), 80-123. Recuperado de <http://www.journalofplay.org/sites/www.journalofplay.org/files/pdf-articles/1-1-article-sutton-smith-play-theory.pdf>.

- Sutton-Smith, B., & Roberts, J.M. (1981). Play, games and sports *Handbook of cross cultural Psychology* (pp. 425-471). Boston: Allyn & Bacon Inc.
- Sutton-Smith, B., Mechling, J., W. Johnson, T., & R. McMahon, F. (1999). *Children's Folklore. A Source Book*. Utah: Utah State University Press.
- Sutton-Smith, B., & Roberts, J. M. (1981). Play, Games, and Sports. En H. Triandis & A. Herron (Eds.), *Handbook of Cross Cultural Studies*. (pp. 425-471). Boston: Allyn & Bacon.
- Sutton-Smith, B. (1989). Children's Folk games as customs. *Western Folklore*, 48(1), 33-42. Recuperado de <http://www.jstor.org/discover/10.2307/1499979?uid=3737952&uid=2&uid=4&sid=21105229282753>.
- Taboada, X. (1972). *Etnografía Galega. Cultura espiritual*. Vigo: Galaxia.
- Tavory, I., & Timmermans, S. (2009). Two cases of ethnography: Grounded theory and the extended case method. *Ethnography*, 10(3), 243-263. doi: 10.1177/1466138109339042.
- Taylor, A., & Frances, K. (2006). Is contact with nature for healthy child development? State of evidence. En C. Spencer (Ed.), *Children and their environment. Learning, Using and Designing Spaces* (pp. 125-140). Cambridge: Cambridge University.
- Taylor, S. J., & Bogdan, R. (1992). *Introducción a los métodos cualitativos de investigación*. Barcelona: Paidós básica.
- TEDx. (2008 Maio). *Stuart Brown-Play is more than just fun*. Recuperado de http://www.ted.com/talks/stuart_brown_says_play_is_more_than_fun_it_s_vital.
- TEDx. (2010, maio-11). *TEDxRochester- Scott Eberle 11/02/09*. Recuperado de <http://tedxtalks.ted.com/video/TEDxRochester-Scott-Eberle-1102;search%3Atag%3A%22TEDxRochester%22>.
- Tenorio, N. (1982). *La aldea gallega*. Vigo: Xerais.
- Thorne, B. (2009). *Gender play. Girls and Boys in school*. Berkshire. England: Open University Press.
- Timmermans, S., & Tavory, I. (2012). Theory Construction in Qualitative Research: From Grounded Theory to Abductive Analysis. *Sociological Theory*, 30(3), 167-186. doi: 10.1177/0735275112457914.
- Tinning, R. (1996). Discursos que orientan el campo del movimiento humano y el problema de la formación del profesorado. *Revista de Educación*, (311), 123-

134. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/dctm/revista-de-educacion/articulosre311/re3110600458.pdf?documentId=0901e72b81272f78>.
- Tomé, A., & Ruíz, R. (1996). El espacio de juego: Escenario de poder. *Aula* (52-53), 37-41.
- Tonucci, F. (2009). Ciudades a escala humana: la ciudad de los niños. *Revista de Educación, Extraordinario*, 147-168. Recuperado de http://www.revistaeducacion.mec.es/re2009_07.htm.
- Torres, J. (2000). Discursos explícitos y ocultos sobre el juego en las instituciones escolares. *Aula de Innovación Educativa*, (92).
- Torres, J. (2005). *El currículum oculto*. Madrid: Trotta.
- Travlou, P. (2006). *Wild Adventure Space for Young People*. [Informe Wasyp 1] Edinburg: Edinburg College of art. Recuperado de sitio de internet Open Space http://www.openspace.eca.ed.ac.uk/pdf/WASYP1_Lit_Rev_Survey220906.pdf
- Trigo, E. (1994a). *Aplicación del juego tradicional en el currículum de Educación Física*. Barcelona: Paidotribo.
- Trigo, E. (1994b). *Aplicación del juego tradicional en el currículum de Educación Física*. (Vol. II). Barcelona: Paidotribo.
- Trigo, E. (1995). El juego tradicional en el currículum de educación física. *Aula de innovación educativa*, (44). Recuperado de <http://www.grao.com/revistas/aula/044-juego-tradicional-y-educacion-fisica--participacion-en-la-comunidad-educativa/el-juego-tradicional-en-el-curriculum-de-educacion-fisica>.
- Trigueros, C. (2000). *Nuevos significados del juego tradicional en el desarrollo curricular de la Educación Física en centros de Educación Primaria en Granada*. (Tese doutoral). Recuperado de <http://digibug.ugr.es/bitstream/10481/24632/1/Carmen%20Trigueros%20Cervantes.pdf> Digibug. Repositoriodigital Universidad de Granada .
- Trigueros, C. (2002). El juego tradicional en la socialización de los niños. En J. Moreno (Ed.), *Aprendizaje a través del juego* (pp. 119-132). Málaga: Ediciones Aljibe.
- Trigueros, C. (2009). El juego tradicional en la escuela del SXXI. En V. Navarro & C. Trigueros (Eds.), *Investigación y juego motor en España* (pp. 243-269). Lleida: Universidad de Lleida.
- Trilla, J. (1998). *La educación fuera de la escuela*. . Barcelona: Ariel.

- Turiel, E., Enesco, I., & Linaza, J. (1989). *El mundo social en las mentes infantiles*. Madrid: Alianza Psicológica.
- Tylor, E. B. (1971a). The History of games. En E. Avedon & B. Sutton-Smith (Eds.), *The Study of games* (pp. 63-730). New York: Jon Wiley and Sons.
- Tylor, E. B. (1971b). On American lot-games, as Evidence of Asiatic Intercourse Before Time of Columbus. En E. Avedon & B. Sutton-Smith (Eds.), *The Study of games* (pp. 77-93). New York: Jon Willey and Sons.
- UNESCO. (2001). *Declaración Universal de la UNESCO sobre la Diversidad Cultural*. Recuperado de sitio de internet <http://unesdoc.unesco.org/images/0012/001246/124687e.pdf#page=72> website:
- UNESCO. (2004). *Fourth International Conference of Ministers and Senior Officials Responsible for Physical Education and Sport*. Recuperado de sitio de Internet Unesco <http://www.unesco.org/new/en/social-and-human-sciences/themes/physical-education-and-sport/traditional-sports-and-games/>.
- UNESCO. (2005). *Informe preliminar sobre la conveniencia y el alcance de una carta internacional de juegos y deportes tradicionales*. Recuperado de sitio de Internet Unesco <http://unesdoc.unesco.org/images/0014/001403/140342s.pdf>.
- UNESCO. (2006). *UNESCO'S Round table meeting on Traditional Sports and Games. Kazakhstan*. Recuperado de <http://www.unesco.org/new/en/social-and-human-sciences/themes/physical-education-and-sport/traditional-sports-and-games/>
- British Lybrary (s. d.). Sounds Collection. Opie collection of children's games & songs. Recuperado de <http://sounds.bl.uk/Oral-history/Opie-collection-of-children-s-games-and-songs->.
- Unsain, J. (1995). Ikaspilota: el juego de la pelota llega a las escuelas. *Aula de Innovación Educativa*, (44). Recuperado de <http://www.grao.com/revistes/aula/044-juego-tradicional-y-educacion-fisica--participacion-en-la-comunidad-educativa/ikaspilota-el-juego-de-la-pelota-llega-alas-escuelas>.
- Ureña, N., Alonso, J. I., Vicente, N., & Alarcón. F. (2009). Los juegos populares tradicionales en la Región de Murcia. Una experiencia de creación de materiales diácticos con Neobook y Webquest. *Revista de Pedagogía de Educación Física. ADAL*, (9), 14-21. Recuperado de <file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Dialnet-LosJuegosPopularesTradicionalesEnLaRegionDeMurciaU-4013896.pdf>.

- Usabiaga, O., & Martos i García, D. (2011). La tradición lúdica en el currículum educativo. Los juegos de pelota en Educación Física: una propuesta comprensiva. *Apunts. Educació Física i Esports*, (107), 35-44. doi: 10.5672/apunts.2014-09863.es.(2012/1).107.03.
- Valentine, G. (1997). A safe place to grow up? Parenting, perceptions of children's safety and the rural idyll. *Journal of Rural Studies*, 13(2), 137-148. doi: [http://dx.doi.org/10.1016/S0743-0167\(97\)83094-X](http://dx.doi.org/10.1016/S0743-0167(97)83094-X).
- Valero, A. (2002). El juego en la Educación Primaria. In J. A. Moreno (Ed.), *Aprendizaje a través del juego* (pp. 99-118). Málaga: Ediciones Aljibe.
- Valverde, J (2008). *Valoración de la asignatura de Educación Física y su relación con los niveles de actividad física habitual en adolescentes escolarizados en la región de Murcia. (Tese doutoral)*. Recuperado de <http://www.tdx.cat/handle/10803/10789>.
- Valles, M. (2007). *Entrevistas cualitativas* (Vol. 32). Madrid: Centro de investigaciones sociológicas.
- Valls, R. (2009). *Historia y memoria escolar: Segunda República, Guerra Civil y dictadura franquista en las aulas (1938-2008)*. Valencia: Publicacions de la Universitat de València.
- Vázquez, B., Fernández, E., & Ferro, L. (2000). *Educación Física y género. Modelo para la observación y el análisis del comportamiento del alumnado y del profesorado*. Madrid: Gymnos.
- Vázquez, B., Manzano, A., Álvarez, G., Fernández, E., Cano de Mateos, S., & López, C. (1990). *Guía para una Educación Física no sexista*. Recuperado de <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/detalle.action?cod=688>.
- Varela, A. (2013). O xogo popular no contorno natural. *Revista Galega de Educación* (55), 74-78.
- Veiga, F. (1998). *Xogo popular galego e Educación. Vixencia educativa e función de indentificación cultural dos xogos e enredos tradicionais (Tese doutoral inédita)*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Veiga, F. (2001a). *O libro dos xogos populares. Catálogo descriptivo e educativo*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- Veiga, F. (2001b). *Xogo popular galego*. Santiago de Compostela.: Sotelo Blanco.
- Veiga, F. (2007). O patrimonio lúdico galego. *Revista Galega de Educación* (37), 28-31.

- Velasco, H., & Díaz de Rada, V. (1997). *La lógica de la investigación etnográfica*. Madrid: Trotta.
- Vicente, M., & Brozas, M^a. (1997). La disposición regulada de los cuerpos. Propuesta de un debate sobre la cultura física popular y los juegos tradicionales. *Apunts. Educació Física i Esports*, (48), 6-16. Recuperado de <http://www.revista-apunts.com/es/hemeroteca?article=724&highlight=brozas>.
- Vidal, J. (2003). Juguemos todos juntos. *Tándem. Didáctica de la Educación Física*, (10). Recuperado de <http://tandem.grao.com/revistas/tandem/010-el-placer-de-jugar-el-placer-de-educar/juguemos-todos-juntos>.
- Vigne, M. (2011). Las actividades tradicionales de ocio como reflejo de una soiedad. *Acción Motriz*, (7), 62-76. Recuperado de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4028738>.
- Vigostky, L. (1978). *Mind in Society*. cambridge: Harvard University press.
- Vigotski, L. (1982). El juego y su función en el desarrollo psíquico del niño. *Cuadernos de Pedagogía* (85), 39-48.
- Vilches, L. (1987). *Teoría de la imagen periodística*. Barcelona: Paidós.
- Villagra, A. (2003). La educación Física y las necesidades educativas especiales: un análisis crítico en el marco de innovación educativa. *Tandém* (11), 7-18.
- Waite, S. (2007). 'Memories are made of this': some reflections on outdoor learning and recall. *Education 3-13*, 35(4), 333-347. doi: 10.1080/03004270701602459.
- Waite, S. (2010a). Losing our way? The downward path for outdoor learning for children aged 2–11 years. *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 10(2), 111-126. doi: 10.1080/14729679.2010.531087.
- Waite, S. (2010b). Teaching and learning outside the classroom: personal values, alternative pedagogies and standards. *Education 3-13*, 39(1), 65-82. doi: 10.1080/03004270903206141.
- Waite, S., Rogers, S., & Evans, J. (2013). Freedom, flow and fairness: exploring how children develop socially at school through outdoor play. *Journal of Adventure Education and Outdoor Learning*, 13(3), 255-276. doi: 10.1080/14729679.2013.798590.
- Warshaw, M. (2010). *The History of surfing*. San Francisco: Chronicle Books.
- Watkins, F., & Jacoby, A. (2007). Is the rural idyll bad for your health? Stigma and exclusion in the English countryside. *Health & Place*, 13(4), 851-864. doi: 10.1016/j.healthplace.2007.02.002.

- Wenetz, I., Stigger, M., & Meyer, D. (2013). As (des) construções de gênero e sexualidade no recreio escolar. *Revista Brasileira de Educação Física e Esporte*, 1(27), 117-128. Recuperado de <http://www.revistas.usp.br/rbefe/article/view/53224>.
- Wheeler, B., Cooper, A., Page, S., & Jago, R. (2010). Greenspace and children's physical activity: A GPS/GIS analysis of the PEACH project. *Preventive Medicine*, 51(2), 148-152. doi:10.1016/j.ypmed.2010.06.001.
- Whinter-Lindquist, D. (2009). Game Playing. Negotiating Rules and Identities. *American Journal of Play*, 2(1), 60-84. Recuperado de <http://www.journalofplay.org/sites/www.journalofplay.org/files/pdf-articles/2-1-article-game-playing.pdf>.
- Williams, A., Prestage, St., & Bedward, J. (2001). Individualism to Collaboration: The significance of teacher culture to the induction of newly qualified teachers. *Journal of Education for Teaching*, 27(3), 253-267. doi: 10.1080/02607470120091588.
- With-Nielsen, N., & Gertrud, P. (2011). Gender constructions and negotiations in physical education: case studies. *Sport, Education and Society*, 16(5), 645-664. doi:10.1080/13573322.2011.601145.
- Wunenburger, J. J. (2006). *Lo sagrado*. Buenos Aires: Biblos.

APÉNDICES

ENTREVISTAS E INFORME
AUTOBIOGRÁFICO

APÉNDICE 1. ENTREVISTAS E INFORME AUTOBIOGRÁFICO

1. 1. ENTREVISTAS NATIVAS/OS

1. 1. 1. ENTREVISTA N1

Data da entrevista: 20 de abril do 2010

Lugar: domicilio do entrevistado

Duración: 50 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela

Identificador para o entrevistado: N1

Xénero do entrevistado: Masculino

Idade: 76 anos.

Profesión: Armador, xubilado

Campo profesional: A pesca

Educado en: rural, escola ata os 9 anos

Fillos: Si, dous

Peculiaridades da entrevista: foi realizada nun contexto moi distendido e sen que o entrevistado se sentise invadido pola miña presenza, nin polo tipo de preguntas que se realizaron.

1ª.- Pregunta: Onde e cando naciches?

Resposta: Nacín en Malpica claro, no ano 1935. O 13 de outubro do 1935.

2ª.-Pregunta: Viviches sempre en Malpica?

Resposta: Sempre, sempre. "Bueno" estiven ano e medio en Chimbote, no Perú traballando.

PREGUNTA: Xa, iso cando eras xa grande.

R: Si, si. Con 27 anos, despois estiven en Malpica sempre.

3ª.- Cal foi a túa profesión?

Resposta: Pescador sempre.

PREGUNTA: Andar o mar?

R: Si, sempre, percebebes, centolas, todo sempre o mar.

4^a.- Pregunta: Que é o que máis recordas da escola?

Resposta: Da escola? Eu empecei a escola con seis, e os nove fun para o mar.

PREGUNTA: Por culpa de traballar? Daquela pouco fuches á escola, logo?

R: Exactamente, claro. Eu empecei á escola onde esta o concello, onde está a garda civil, alí empezamos á escola. E máis Paco Lisa, "bueno", empezamos no 35, "bueno" no 41 empezamos á escola, e en maio do 45 comecei ao mar, tiña 9 anos e medio. Andiven cando empecei á parrocha, nunha lancha de vela eu e máis meu pai. Cando tiña 9 anos e medio, e andabamos ás centolas, cando eu empecei a andar ao mar. E despois, xa máis para diante meu pai fixo unha lancha, unha lancha de remos. E despois no 53 fixo meu pai, onde está o bar da galleguiña naquel solar, fixo unha motorriña que lle chamaba "Areuca", e comecei con meu pai cunha motora de catro cabalos de gasolina, e comecei con meu pai, ata os 55.

5^a.- Pregunta: Na escola xogabades a algo, a algún xogo?

Resposta: Xogaba ho! Xogabamos e tamén levabamos máis vareadas ca Deus!!(risas)

PREGUNTA: Porque non vos deixaba xogar o mestre? Fóra da escola sempre?

R: Non. Si. Claro, fóra da escola si. Na escola non nos deixaba. Había moita vara daquela. Eramos 60 ou 70 rapaces na escola e para o mestre iso é unha esaxeración. Era a escola nacional non había escola de pago, e daquela iamos á escola 60 ou 70 rapaces, e ensinabamos uns aos outros, entendes? O que sabía sumar ensinaba, ti se sabías restar despois ias aprender a sumar, e así multiplicar, e ensinabamos os máis grandes aos máis pequenos, así.

PREGUNTA: Antonio Montero?

R: Don Antonio, si Antonio Montero. [...] Xogabamos, si as veces, collía Don Antonio, ía quedando (durmindo) xa era vello, e quedaba durmindo (risas). E mentres nos faciamos avións de papel e "xiun" (facendo o xesto de lanzar) e cando recordaba a paus con todos (risas), e despois xogabamos fóra, claro.

PREGUNTA: Fóra a que xogabades?

R: Primeiro cando eramos máis pequenos xogabamos á mariola, despois cando eramos máis grandiños, xogabamos ao cinto, si ao cinto.

PREGUNTA: Ao cinto? Explícame como era ese.

R: Era...quitábala correa, e a ver un virábase así, non todos virados así (de costas) e un escondía a correa, e ía e berraba: "Xa está!" Despois ía un corre, corre, corre... e dicíamos: "Frio! Quente!" E todos: "Quente, quente!" Ata que atopaba o cinto, e comezaba a cintazos con todos, e a correazos con todos, non, sabes? (risas) E así, era o que había daquela. E despois xogaban as rapazas á corda, as rapazas xogaban á corda.

PREGUNTA: Non xogabades nunca xuntos?

R: O malo que vin eu, na escola, que aínda o teño aquí (senalando a cabeza). Daquela había escola de nenas e escola de nenos. Caaa! Nooon, nunca, non. Aquí tiñamos unha mestra das rapazas que era malísima, a mestra das rapazas chamábanlle Dona Anita. A casa onde está o Banco de Galicia, alí chámanlle a casa de Cachón, e a de Dona Anita é da casa de Cachón. E cando nos saíamos da escola, berraba sempre: "Niñas! Apartarse de los niños". E non nos deixaban estar xuntos. E non estabamos, iso era unha tolería, apartábannos delas tamén, entendes? Despois xa houbo escola mixta. E xogabámosche a isto, despois xogaban as rapazas á corda, nos xogabamos a mariola, (risas) ou a billa. Nunca xogaches á billa? Non xogaches!

PREGUNTA: Eu, a min a billa non me tocou de neno, tocoume cando era xa grande.

R: Nós xogabamos moito, alí porque era un sitio moi bo.

PREGUNTA: Onde era ese sitio?

R: Agora explícocho todo. Non sabes, onde está a galleguiña? Que vas dar a unhas escaleiras, hai un bar baleiro que é Solares, toda aquela agra, todo aquilo todo, todo, era herba franca, e a escola eran aquelas casiñas que hai alí enriba. E todo aquilo era unha agra, non sabes? E alí xogabamos á billa, era un sitio precioso, era un sitio moi grande. E despois de alí, estiven nas escolas nacionais, e despois xa fun noviño de todo para o mar. Eu cando fun para o mar, non sabía nin restar, nin sumar, non sabía nada. Non, ves que nunca ía á escola? Porque non quería. Meu era carpinteiro e fíxome unha carteiiriña de madeira preciosa, vernizada e todo, e tiña unha pizarrilla así (cadrado pequeno), e dous cachos de xiz, unha pluma esgallada, porque daquela non había para ter outra cousa, un tinteiriño así, (pequeno) e un silabario. O silabario xa estaba sen tapa e sen nada, tiña dúas follas, metíao alí; meu pai que traballaba de carpinteiro, se non ía ao mar traballaba de carpinteiro. E eu miraba se non me vía meu pai, nas casas de pedra de

antes había furocos, e eu collía, metía a carteira nun oco tapabaa cunha pedra por diante e ía cara a Atalaia, andar aos paxaros.

Iamos pescar paxaros, iamos cunhas redes e pescabamos os paxaros, e dende a Atalaia víase, nin máis nin menos se entran ou saen, e cando saían da escola eu viña correndo collía a carteira e ía para casa, e viña da escola (risas). Ata que unha vez estaba meu pai traballando e pasou Don Antonio Montero, e preguntoulle a meu pai: "Su hijo está enfermo? Non. Es que faltó una semana a clase".

Despois cando cheguei a casa: (dille o pai) "Boas tardes". Que pasada levei.

PREGUNTA: Levaches máis delas.

R: Uff, eu era tremendísimo, eu e máis Peludo fomos os número 1 de Malpica, eu levábaas tódolos días (risas). Cando meu pai ía para o mar eu quería ir, porque a min gustábame o mar. Pero meu pai non me deixaba, pero el na lancha non se zafaba. "Leva o rapaz, carallo!" A min levábame moita idea ir ao mar "muchacho"! Empecei noviño de todo.

6ª.- Pregunta: Fóra da escola sempre xogabades ao mesmo?

Resposta: Non, non, fóra da escola iamos sempre para a praia, que tiñamos unha praia preciosa.

PREGUNTA: Iades a praia?

R: Si, si, á praia sempre iamos tódolos días, e de noite levabamos cada pasada ao chegar a casa. Nos xogabamos ao corrompa.

PREGUNTA: Ao corrompa? Iso que é?

R: O corrompa é. Mira, de verán, faciamos así contra as pedras, (Caldeirón) faciamos un círculo grande e contra Canido xunta as escaleiras facíamos outro círculo grande, entón era a ver quen pillaba, eramos 30 ou 40 rapaces todos dentro do círculo, e de repente: "Listo?! Listo!" E saíamos todos correndo, e un tiña que ir pillando, ata que se acabara, ata que chegáramos ao outro círculo e cando chegabamos ao outro círculo, xa estábamos a salvo.

PREGUNTA: Tiñades que chegar ao outro círculo?

R: Eu de rapaciño, sempre fun moi grande, e máis moi delgadiño, e nunca tiven pantalón largo, ata os catorce anos. Sempre tiña pantalón corto, eu de cote metíame ata aquí no mar (ata a cintura) corre, pumba....

E despois xogabamos a arma barra. Facíamos un círculo..... A ver como era? Faciamos un círculo, ah un círculo aquí e outro aquí (distancia equidistante) e pillaba un, e iamos

pillando uns aos outros, e quitabamos os calcetíns e ao saír do círculo a calcetinazos, e nós que facíamos, collíamos os calcetíns e metíámoslle area dentro da punta do calcetín, e iso doe moito, e daquela entre nós prohibimos iso, pero fillos de p... como eramos algúns deles que facíamos, mollabamos os calcetíns na auga (risas) e largabas e quedábache todo marcado, de noite andabamos así. Non había outros entretementos, a corrompa e arma barra.

A billa na praia, pousabas a billa así (en sentido transversal) e despois o outro a panda. Non sabes como era? Nunca xogaches á panda?

PREGUNTA: Non sei, a ver se é o mesmo?

R: Na panda facías así, colocábaste así (posición de poldro) e ías saltando e así ías saltando, e berrabas: "Salta!" E ías saltando ata que tocabas cos pes no chan ou caías, pandabas. E despois xogabamos a montala churra, colocábaste así pegado a parede, eramos 7 ou 8 e saltaba un, outro e así, aguantabas ou caías, e pandaba outro.

Non había outros entretementos Apoli. O xogo da espada.

PREGUNTA: Faciades espadas?

R: Si, facíamos espadas, as pistolas eu que sei o que facíamos, eu teño todo aquí apuntado ho. (saca unha lista de 10 xogos) O corrompa, a billa, o pucheiro cacerolo.

PREGUNTA: O pucheiro cacerolo, ese como é?

R: Ese era o que che dicía eu, que estaba enganado, ese era así ves, outros chamábanlle o vión? (levantase da cadeira e fai unha demostración) Ti poñíaste así (en paralelo a él) pernas semiflexionadas, e man dereita na faciana esquerda, e o do medio tapa a cara coas mans, e comeza a facer movementos e sons, uhhhhhhhh, e ti pon así a man na cara, e así empezaba uhhhhh, e daquela parabas. Fago que che dou a ti e doulle ó outro, ou ao revés, e ti teste que abaixar, para que non che dea, e se me colles cambiamos. (risas) e dabamos con toda a forza, algún que tiña moito peso tiraba patas para arriba aos outros (risas). Eramos como animais oh (risas) oíches a metade faltábanos a pluma (alusión ós indios)(risas) si coño non había outra vida, entendes? Era todo así, e acabouse.

Pero gozabamos, vivíase. Mira aquilo era unha marabilla, que che vou dicir "che". Se cadra estou equivocado, pero mira que che vou dicir "Puli". Eu para min que era a xente, a ver se me sei explicar ehh, que a xente era máis amiga, había outra amizade que non hai hoxe, parécemo a min ehh, nos veciños, nos amigos, paréceme que agora hai outra cousa.

PREGUNTA: Outro sentido na vida?

R: Eu creo que hai máis interese na vida, entendes? Todo é polo interese, todo mundo anda ao seu, case non hai amigos ehh, e máis non. Todo o mundo anda ao seu, entendes? Eramos máis unidos foder, unha cousa preciosa era. Pasábase fame, pero había máis diversión ca Deus!!! Era unha marabilla, e hoxe non hai nada, “maquinitas” e ordenador e nada máis e ó carallo!

7ª.- Pregunta: Existía algún xogo que tivese relación cos traballos?

Resposta: Eu non fago caso diso.

8.- Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Viña duns para os outros, dos máis vellos para os máis novos.

PREGUNTA: Ti ensinacheslle algún o teu fillo?

R: Que carallo ía ensinar! Se Cuevas (fillo) non quería nada máis que xogar ao fútbol. Cuevas dende que naceu non sabía nada máis que xogar ca pelota, e aínda a Esteban (neto) tamén lle leva idea. Eu non nunca me levou idea o fútbol, cando me dicían de xogar. Vén que falta fulano ponte de porteiro, eu ia non porque me levase idea, por xogar. E a pelota quen a tiña? Non a tiña ninguén, faciamos unha pelota, as pelotas non había quen as movea. Faciamos todo a trapos, e con fíos, e ías amarrando, e despois cando chegaba a pelota ao mar e mollábase. Quen movía a pelota? Deus. E despois os que tiñan algo, que pasou toda vida coma agora, o que tiña unha pelota o fillo de Puñal, e o fillo de aquel, e de acolá, e viña: "Pepe, trae a pelota!" Preciosa daquela, que no era nada unha pelota. E viña e: "Ti non xogas, ti non xogas e ti non xogas". Xogaban os que lle saían do carallo a el, e nós como eramos da praia e eramos coma os indios: "Pois se nós non xogamos, vós non xogades tampouco!" “Agharreadas” ou a pedradas, (risas) pois andabamos a pedradas, nunca cho contei? Mira onde estaba A roda (bar), pois alí vivía eu, onde A roda. Pois alí eran cañeiras de facer esterco para as leiras, para plantar patacas e isto. E A roda dividía Corea de Malpica, nós chamabámoslle Corea aos da Atalaia, hai uns anos houbo a Guerra de Corea, non sabes? Pois nós os de enriba chamabámoslle os coreanos, e cando saíamos da escola preparabámonos, e a pedrada limpa. Pero a pedradas! Aínda teño aquí a sinal, a pedrada limpa (risas).

PREGUNTA: Ao saír da clase e veña!

R: A pedradas uns cos outros, non había televisión, non había nada e andabamos así.

9ª.-Pregunta: Como aprendías os xogos, ensinábanche ou como era?

Resposta: Mirabas, e despois metíaste cos outros, ti mirabas como facían e despois metíaste. Ao saír da escola: "Imos xogar ó fútbol? Na ribeira ou na area?" Porque antes a ribeira é onde está agora a dársena, onde está todo aquilo era unha praiña.

PREGUNTA: No porto?

R: Si no porto, chamábanlle a ribeira, o bar Dársena para baixo ata o Pescador, "bueno" ata a grúa era unha praiña coma a de Malpica todía, pero alí facía falta que estivese a marea moi baixa porque era unha praiña moi corta, e a outra era unha praia moi grande.

PREGUNTA: A praia grande.

R: Si, Carallo! Era ancha e moito máis grande que agora, antes chegaba as casas, despois fixeron o paseo marítimo e acabaron con ela.

10ª.-Pregunta: Había xogos de neno e de nenas, e xuntabádesvos?

Resposta: "Bueno", si ao saír da escola, pero non nos xuntabamos moito. Non porque eu tiña unha navalliña, que chamaba a navalliña do tío Enrique, era un pouquiño máis pequena ca isto así de pau (case un dedo de larga con empuñadura e todo), eu era tremendo eh, e as rapazas estaban xogando, cantando: "ALI CHORI PATACA FRITA", no medio e medio de Malpica, alí na beirarrúa de Cachón. Era onde está o Banco Galego onde había beirarrúa, ata onde está o cachón pouco máis, despois era todo barro e pozas e aquilo era cemento, e as rapazas poñíanse alí. Alá imos saltar cas nenas, e as nenas: "os nenos Non!" E dábannos tiróns cando estábamos saltando, e gordos cando. Me cago na! E eu tiña unha navalliña así, eu era tremendo hoo, tódolos días queixas na casa, e eu metíame na corda e cando chegaba por aquí: (cintura) "Tiraaa!" E tiraban e eu collía e cortáballe a corda (risas) e despois xa andaban atrás de min sempre e dicíanlle ao meu pai, e cando chegaba a casa leña.

11ª.- Cales eran os sitios e porqué?

Resposta: Nos ao cinto xogabamos na grúa e despois case todo na praia. A pelota á praia, o corrompa á praia, era o único sitio que hai, e antes para que chegase arriba a marea, non chegaba nunca. Case sempre xogabamos na praia.

12ª.- Pregunta: Algúns deses sitios aínda seguen existindo?

Resposta: Mira, sabes onde xogabamos a buxaina? O sitio de xogar a buxaina era, a ver se me sei explicar. Tito de peseta, sabes onde ten a tenda? Alí case chegaba a beirarrúa, alí era barro "desnudo" e alí xogabamos á buxaina, [...] Na cerca tamén xogabamos alí

onde a escola, tamén á buxaina e á corda. Á corda si que xogabamos na rúa, non na area, e despois todos na area.

PREGUNTA: Mira ti dicíame que a praia antes era moi grande.

R: Si chegaba moito arriba ohh.

PREGUNTA: Porque pensas que se acabou ca praia e con algún sitio onde xogabades?

R: Mira a praia, a praia debía de ser, "bueno" o mundo cambiou eu iso comprendoo. Eu son de antes, pero comprendo tamén o que é a cousa, a praia ata o Océano (bar) case está ben, pero de alí para aló (Canido) chegáballe o paseño de enriba e o resto 5 ou 6 metros debería ser area. Alí quitóuselle demasiado, alí onde o Océano, aquela puntaña por riba e así había un paseo normal, para que queremos dous paseos? Ou é que temos unha praia tan grandísima. Nós cando eramos rapaces naquelas casas de diante, nós alí tirabamonos, saltos (fiunnn) todo era area para baixo, todo aquilo que agora é herba antes era area, pero cos anos foi chegando o mar arriba foi xuntando a terra e nacendo as herbas e fai que sexa terra. Antes a praia daba gusto uff, pero moitas cousas acabouse con todo ohh. Nesta praia non da o sol con tanto edificio que están pegados a praia, o carto, o cemento foi acabando con todo, cos montes ca praia, o cemento acaba con todo.

13ª.- Qué materiais empregabades para xogar, os materiais que atopabades na rúa ou como era? Si, por exemplo, para xogar a billa que empregabades?

Resposta: Como? Ah, pois mira para xogar á billa, iamos a Canido, sabes onde tendes vos a casa, pois antes era todo "taraios" e vimbios" (arbustos locais), alí bu, había moito monte.

PREGUNTA: Pois agora non hai nada.

R: Non hai nada que se acabou con todo. Estou falando, estaban así os paxaros (xesto de moitos) e alí pescabamos tamén os paxaros, alí onde ten a casa Vences onde o río unha casa marela, e todo aquilo era horta de patacas, había un canal de auga e os paxaros van beber, e que faciamos nós colliamos unha rede grande, metíámola debaixo da auga coma unha trampa e cando os paxaros viña beber e... RAS!

Despois tamén facíamos arcos e frechas cos "taraios", e andabamos ás frechas.

As cordas dábannolas os pais do mar para andar, a corda e todo iso, tódalas cousas facíámolas nós. Non había nada antes "Puli", agora hai de todo. Quen tiña un ordenador na casa antes? Ninguén

14^a.- Pregunta: As normas do xogos como eran, podíanse cambiar en función do momento ou en función dos intereses?

Resposta: Dos intereses sempre, cando queríamos xogar ao fútbol, as veces xuntabamos 40, e saímos da escola: "veña imos xogar á area ao fútbol". E ían vindo máis e máis, e íamos escollendo os mellores: "ti dálle cara Canido, ti con nós". E así, e se podías sempre escollías aos mellores e os máis frouxos no outro equipo (risas), pero os malos como tiñan orgullo empezaban a patada limpa, patas nas canellas.

PREGUNTA: Tontos non eran.

R: Non, pero como non había bota non había nada, non había lesións, porque se ti me dabas unha patada no pé, a ti tamén che doía. Non é coma agora que che dan cas botas esas e matante, e xogabamos así. De inverno remangados, con bañador, "bueno" bañador daquela maneira, que eu ata os catorce anos andaba case coa minga ao aire (risas) eu e máis os outros eh, eu tiña un taparrabos delgadiño, non había nada ho.

PREGUNTA: Cando alguén non sabía as normas?

R: Alí ninguén explicaba nada: "ti dálle para alí, ti para aquí e listo". Corre, xoga e acabouse.

PREGUNTA: Cando había algún trampulleiro?

R: Buuuu, había piñas moitas veces meu filliño, hoo cantas veces "agharreabamos". Duraban moito tempo e vouche explicar porque. Antes en Malpica case todos eramos familiares, antes casaban case todos uns entre os outros, eu non que xa casei cunha da aldea e teu pai tamén. Pero antes era así, os Chouciños cos Villares e así. Entón ti dábaslle unha castaña a un compañeiro meu, ou primo que era máis (físicamente) ca el daquela era: "Abusón!" E viña un que era teu primo e veña, e despois un do outro lado, e así empezabamos andar a piñas todos xuntos (risas). Pero gozabamos, e de alí a un momento xa eramos todos amigos outra vez. Nada a piña limpa, non collías pedras nin paus, a piña limpa non era nada ohh, ti dábasme a min eu a ti, cousas de rapaces.

15^a.- Pregunta: Eran moi competitivos os xogos, había que ganar sempre ou era xogar por xogar?

Resposta: Mellor era ganar carallo. Mira eu non creo nesas cousas amistosas, cando hai fútbol carallo para o amistoso largan cada patada. Mira en tódalas cousas todo o mundo quere gañar, eu nunca xoguei á baralla nunca fun home de xogar, pero cando os vexo no bar xogando a partida que non están xogando nada e cabréanse, pero xogan o orgullo. Todo o mundo quere gañar, é o orgullo.

É ou non é. Todo mundo quere gañar.

16ª.-Pregunta: Había que ser moi experto para xogar?

Resposta: Non, home sempre hai uns mellores ca outros pero non facía falta. Por exemplo, ca billa eramos 2, 4, os que fosen. Había algún que non cheiraba a pelota, pero iso tamén pasa agora.

17ª.-Pregunta: Había xogos de tempadas ou sempre xogabades os mesmos xogos todo o ano?

Resposta: "Bueno", a pelota xogabamos máis ben non verán. Porque quen paraba de inverno na praia? Despois aos outros xogos xogabamos todo o ano por onde a grúa. As cartas, perdón os mistos, as cartas dos mistos. Vouche contar, as caixas dos mistos hai que son de cartón, e daquela cortabas e deixabas a parte de arriba, e a de abaixo e andabas cos petos cheos: "a ver quen gana, cara ou cruz. Veña botas ti" Había que revirar a carta, e se non a revirabas cambiaba o turno, despois tirabas a carta contra a parede e caía enriba das outras, e despois tirabas da túa carta, e despois arrastrabas a carta coas que fosen caendo enriba. E se viñan arrastro eran todas túas, xogos que non había outra cousa.

18ª.- Pregunta: Cando eras neno que significaba o xogo para ti?

Resposta: Unha ilusión, daquela os pais non deixaban andar tanto pola rúa como deixan agora aos fillos, non antes estabamos máis amarrados.

PREGUNTA: Estabades máis amarrados?

R: O pai que era pai, amarraba máis aos fillos. Eu tiña un pai que viña da escola e dicíame: "Así que peche o Cachón para casa eh". E na cera de Cachón cando cerraba as 9 da noite había que estar na casa. E despois os xoves que tiñas escola xantar, facer as cousas do chan, e non saías ata a tarde.

PREGUNTA: E cando deixaches a escola, tamén xogabas?

R: Mira cando eu comecei ao mar, eu fun para o mar cando tiña case dez anos. E cando empecei andar ao mar, acaba a escola en maio e comezaba en outubro. Meu pai que era carpinteiro fíxome uha pizarra, así grande e cando viña do mar, cando chegabamos os dous do mar, meu pai agarraba a pizarra e poñíame ditado: "Mi hijo es un maleducado, mi hijo es un vago". E tiña que escribilo 20 veces, e doutra banda poñíame contas de sumar e de restar, e mentres non facía as contas non había paseo. Despois de vir do mar,

e eu collía e rrrrrr (xesto de escribir) a toda présa, porque vía aos amigos marchar e berraba: "xa está papá!" E viña meu pai collía e facía(xestos de borrar) e dicíame: "este mal, este mal, este mal". Borraba e a facer outras, eu medio protestaba: "eh dixérasme que estaba mal que o cambiaba. Non que vas facer outras e mira vai amodo que mentres non estean feitas non vas saír a rúa".

PREGUNTA: Eu refírome que cando chegabas despois de traballar, se xogabades?Ti unha vez que facías os deberes podías saír.

R: Si, porque mira eu todo o sei as catro regras, escribir coma calquera, foi porque me ensinou meu pai, eu cando fun para o mar, eu era un analfabeto. Ai meu pai tíñanos así,[...].

19ª.-Pregunta: Que xogos eran os que máis che gustaban a ti?

Resposta: A min o corrompa, a min correr, a min gustábame moito correr. Antes estabamos todos así (indica co dedo índice), agora teñen uns tacos nos costados así (aludindo aos michelins) están obesos, obesas. Chámanlle así, non? Antes non había rapaces así, "bueno" tampouco non había que comer, pero antes non había rapaces nin rapazas así, antes estabamos todo o día correndo, facendo deporte, xogando. Agora non fan nada ehhe, e mais eran outras comidas ehhe, antes comías caldo, caldeirada, comías cousas sanas, e agora pizzas, hamburguesas todo unha puta merda, están todo o día cos paquetiños eses (facendo xesto de ter un paquete na man)(risas) Iso é malísimo, non, é?

PREGUNTA: Si, moi san non é.

R: É malísimo. Eu vou a Coruña a casa de Sara, ela e máis os amigos e están todo día cos paquetiños eses. Que carallo comedes?.[...] A min encantábame correr, moito me gustaba correr oh! Nunca me gustou o fútbol ehhe, gústame velo uiiii, toleo, pero xogar ao fútbol nunca me gustou.

20ª.- Pregunta: Pensas que os xogos populares os coñecen os rapaces de agora?

Resposta: Eu penso que non, penso que non, porque nunca os vexo, entendes? Si ves un día un, mira ese rapaz carallo. Nunca os vexo.

Eu xogaba moito ao pello, ao pello. Non era o pello? (silencio)

Tirabas contos de plomo, como lle chamaban?

PREGUNTA: O pello?

R: Si que poñías un conto así (facendo o xesto dunha chave).Unha base así, e facía para arriba.

PREGUNTA: A chave!

R: Si, a chave, xogabamos á rá, na de Paco de Antón xogabamos a rá, que tiña unha rá, cun caixón así, e tiña a rá así. Había moitos xogos, agora onde vas, non vexo xogo ningún. Ves algún “Apuli”? Eu non vexo ningún, eu chego vou a praia un lote de veces, e cales son os xogos dos rapaces da escola? O fútbol, ou o balonmán, non ao... Como lle chaman?

PREGUNTA: Ao voleibol?

R: O voleibol, son os xogos de hoxe. A nica! Nunca xogaches á nica?

PREGUNTA: A nica?Eu nunca xoguei á nica.

R: Mira a nica, si e parecido a un que sae na televisión, que teñen un pau así virado(facendo forma de mazo), e unha bola, e danlle á bola no chan, aínda os hai que andan a cabalo.

PREGUNTA: Ahhhh! Si,si,si,si. Como o polo.

R: Si! O polo velaí está Nos iamos á praia, e xogabamos á nica, tiñamos unha buxaina vella así grande, quitámoslle o ferrón, facíamola redonda e na area, tiñamos uns contos de taraio así.

PREGUNTA: E ese xogo inventáchedelo vós?

R: Non sei de onde saíu. Xogabamos uns contra os outros, e pisabas a pelota cravábala na area, e levantábala ca nica e dábaslle, e despois outro. Había máis agarradas e piñas, porque a nica era uns contra outros, porque ti se ves contra mi e está, e daslle, pero si ves do revés.

PREGUNTA: Dáslle outra vez.

R: Un pau nos pes. (levántase e explica que a acción de golpear a vola dende detrás do compañeiro, sempre debe ser frontal o golpeo, implicaba sanción cun pau nos pes) era un pau nos pes, tes que atacar de fronte á nica.

Eu estouche dicindo que ando por todo, por aí e nunca vexo a ningún rapaz xogar a nada. Se ves un sentado, aí está ca maquinita, non vexo outra cousa.

21^a.-Pensas que se lle ensinan aos rapaces de agora, os xogos estes populares?

Resposta: Eu, non sei, non creo que se lle ensinen nada na escola destas cousas. Ti que dis, a ti ensináronche na escola algo diso?

PREGUNTA: A min, non.

R: Pois eu creo, que tampouco porque nunca vexo a ningún rapaz xogando a iso, nunca os vexo.

22^a.- Pregunta: Ti crees que os rapaces de agora de Malpica teñen as mesmas oportunidades para xogar que os de antes?

Resposta: Para xogar? Teñen máis coño, os rapaces de Malpica, ata neste tempo non van a ningún lado, hai quen estuda e hai quen fai que estuda. Hai ou non hai? Eu seino, coñezo unha chea deles que fan que estudan e andan, que segundo saen xa van para o Leño ou o Submarino (bares). É ou non é? É outro mundo “Puli”, o mundo foise virando, e para min que se virou todo para mal, para min que se virou todo para mal, porque eu non vexo onde imos ir parar [...].

23^a.- Pregunta: Que pensas que lle aportan os xogos ao pobo a sociedade?

Pregunta: Iso xa pouco está ao meu nivel, eu entendo pouco desas cousas.

PREGUNTA: Pero di o que pensas, o que che pareza a ti.

R: Eu penso que é boa cousa, debe ser algo marabilloso, non? Creo que é algo marabilloso esas cousas.

PREGUNTA: Ti antes falábasme de que erades máis unidos. Era polo xogo?

R: Si, si, si. Eramos máis unidos. Eu digo que era polo xogo, porque ti se colles unha maquinita, e vas agora, que che poden dicir para a punta das obras (dique), e te pos ti só a xogar á maquinita. Aí non hai amizades, non hai xuntanza coa xente, e nós estabamos non, todos estábamos na escola, e dicíanme C.....(nome): "ves despois de merendar para a area? Non vou ás seis que non me deixan antes". Despois estabamos na area ou na Cerca. Estabamos sempre xuntos. Agora ves dous ou tres xuntos, outros dous xuntos. Eu creo que a xente era de outra maneira coño, un veciño ía á casa doutro, coñecíámonos todos, agora cerrala porta, ninguén vai a ningún lado. Había outra amizade na xente, eu digo aquí, non na capital que vives nun edificio e non coñeces ao do terceiro.

Pero nos pobiños había outra cousa “che”, eu recórdome cando era rapaz, que chegaba a casa de miña avoa, e estaban os veciños todos xuntos, había unha unión que non hai hoxe. Hoxe anda todo o mundo por puro interese, entendes? Eu quero ter unha casa coma a túa, uns tenis como os teus.

PREGUNTA: Todo é ter, e ter.

R: Todo é ter, ter, ter e nada máis ca ter, "bueno" no que eu penso, o que me da a miña mente, o que me da a miña escola que eu tiven. Paréceme que é outra xente, non outra xente, outros mundos, eu para min que antes a xente era máis unida, todo máis unido.

1. 1. 2. ENTREVISTA N2

Data da entrevista: 17-5-2011

Lugar: Domicilio particular

Duración: 28 minutos.

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: N2

Xénero do entrevistado: feminino

Idade: 10-10-1933

Profesión: Ama de casa.

Campo profesional: Fogar

Educado en: rural, escolas.

Fillos: Si

Peculiaridades da entrevista: A entrevista realizouse no domicilio da informante nun clima distendido. Durante a conversación previa á entrevista, a informante mostrou todo un arquivo fotográfico de Malpica no cal moitas desas fotografías aparecen no arquivo fotográfico da Biblioteca Municipal. Foi esta entrevistada a que facilitou as fotografías para que o concello de Malpica realizase copias das orixinais.

1ªPregunta: Cando naciches?

Resposta: nacín o 10 do 10 do 1933.

2ªPregunta: Viviches sempre en Malpica?

Resposta: Vivín sempre en Malpica ata que me casei, e daquela fun dous anos para Muxía, dous anos para Corme, e dezaoito para A Coruña. E despois xa vin para aquí, cando morreu meu marido, xa volvín para aquí.

PREGUNTA: Pero pódese dicir que a túa infancia pasáchela aquí?

R: Si, si, si, ata que me casei pasei a miña infancia aquí. Fun ao colexio Compañía de María, pero non me gustaba e escapei do colexio (risas). Despois vin para aquí, e fun a profesor particular ata os 18 anos.

3ª Pregunta: A que te dedicahe?

Resposta: Pois dende que vin do colexio, que non quixen estudar, pois adiqueime a facer o traballo da casa de arriba, limpar as habitacións, aprendín a bordar, aprendín a coser. Aprendín a bordar a man, a máquina, ou sexa que aprendín tódolos traballos de manualidades, aprendín a todos. Miña nai obrigoume a aprender de todo para que o día que me casara fora unha muller completa.

4ª Pregunta: Fuches á escola?

Resposta: Fun á escola ata os 13 anos á escola nacional. Despois fun para o colexio da Compañía, e non me gustaba estar na Coruña interna, e escapeime do colexio e vin para aquí. E despois fun a un profesor particular ata os 18 anos.

5ª Pregunta: Que é o que máis recordas da escola?

Resposta: Da escola o que máis me gustaba era historia, xeografía. Encantábanme. As matemáticas nunca me gustaron moito, pero a xeografía e a historia encantábanme.

6ª Pregunta: Eh, mira acórdaste dalgún xogo da escola?

Resposta: Na escola, pois mira xogábase á mariola, xogabamos a...

PREGUNTA: Con cantos anos estamos falando? Con cantos anos?

R: Pois, con dez anos ou así.

PREGUNTA: E xogabades á mariola?

R: Xogabamos á mariola, xogabamos á corda moito, e despois faciamos aros de ferros, non sabes? Con eses contos [facendo o xesto da guía]. Despois merquei uns patíns e patinaba, patinaba dentro da lonxa que era aí, no concello que vendían o peixe. E dentro era todo cemento, e patinaba dentro da lonxa e iamos patinar para aí dentro.

7ª Pregunta: O Mestre deixávos tempo para xogar na escola ou era só fóra da escola?

Resposta: Non, non iso era fóra da escola, cando saíamos da escola, no recreo case non xogábase que tiñamos moi pouquiño tempo.

PREGUNTA: E o mestre non vos facía xogar a nada?

R: Non, nada máis que nos ensinaban a facer punto de cruz, e cousas de costura.

8ª Pregunta: Claro coma na escola non faciades nada?

Resposta: Na escola faciannos rezar cando entrabamos e cando saíamos, e máis faciannos cantar o Cara el sol, e mais cantabas.

9ª Pregunta: E fóra dos recreos da escola, xogabades ás mesmas cousas?

Resposta: Si, ás mesmas cousas, daquela era o que había non había outras cousas. Non había semellantes cousas distintas que hai agora. [silencio] E había un xogo tamén, que ese era no verán na praia que había que facíamos un círculo así [facendo o xesto coas mans], facíamos unha circunferencia e despois poñíamonos separadas así [indica a distancia de separación], e collíamos unha pedra ou un caño e tirabámosllo detrás dunha persoa, e esa tiña que ir correndo detrás de ti. Eran os xogos que tiñamos. Despois collíamos un cordón cun botón e íámolo pasando así [de man en man], ás agochadas e diciamos cantando: “el cordón pasó por aquí, yo no lo ví”. Non sabes? Así cantando e resulta que tiña que adiviñar o que estaba castigado, así no medio no centro, e onde estaba o anel, e senón seguía pandando.

PREGUNTA: E o da pedra igual?

R: Si, si, o que non collía, pandaba outra vez.

10ª Pregunta: Había algún xogo relacionado cos traballos daqueles tempos?

Resposta: Non, non había. Si había xogos de noite, os mozos e as rapazas cando tiñamos trece ou catorce anos, xogábamos a tres navíos a la mar, sabes o que é?

PREGUNTA: Si.

R: Pola noite iamos uns para un lado, outros para o outro, e xogabamos pola noite, así ao anoitecer. Pero cos traballos non.

PREGUNTA : A min téñenme contado que ían polas pedras na ribeira e así facendo que pescaban.

R: Collíamos nécoras coas agullas de calcetar, iamos ás pedras de aquí na ribeira, nas pedras.

PREGUNTA: Onde está o Caldeirón?

R: Si onde está o Leño (cafetería) iamos ás nécoras cunha agulla de calcetar. Iamos ás nécoras e collíamos lapas, ourizos..., e iso que antes había por tódolos lados, collíamos que non era coma agora. Collíamos iso para nós máis ben para pasar o tempo, e as nécoras eran para comer, e as minchas tamén os "minchóns" grandes, aínda o outro día pasou un señor cunha bolsa deles.

11ª Pregunta: A min contáronme que os rapaces se xuntaban na area para xogar á nica e máis ao corrompa, ti lémbraсте diso?

Resposta: Si acórdome, pero eran os rapaces máis ben. Si e despois había tamén... Ai, como se chama, oh?

PREGUNTA: A chave?

R: Si, a chave, que xogaban os homes aquí diante, que era o bar de Manolo de Añón,

PREGUNTA: No Submarino?(cafetería)

R: Si, no Submarino pero na parte de enriba, porque alí era terra, e colocaban a chave alí, os mozos tamén.

12ª Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Ai, aprendíamolos nós, non facía falta que nos ensinara ninguén. Cada un aprendía por si só. [risas]

PREGUNTA: Aprendíades vós mesmos pero como?

R: Mirando o que facía o outro. O primeiro que facía un e despois copiábamos todos. Como fan agora.

13ª Pregunta: Ti ensinácheslle algún aos fillos?

Resposta: Non, non, porque eles xa colleron outras cousas, as bicicletas, os patíns e todo iso.

14ª Pregunta: Cales eran os máis populares entre vós?

Resposta: En mozos daquela eran Chucho de Santiago e Ricardo o do Bar Novo, que eran os que máis xogaban a estes xogos. E tamén íamos bañarnos á dársena, bañarnos. Chamabámoslle a piscina cando era a dársena pequeniña, como está agora pero doutra forma non? E íamos bañarnos. Dicían: "íomos á piscina bañarnos". E íamos para a dársena bañarnos. E tirabámonos desde alí, o muro, xogabamos a chuparnos.

15ª Pregunta: Había xogos de nenos e de nenas?

Resposta: Umm, case tódolos nenos facíamos as mesmas cousas.

PREGUNTA: Pero ti antes contábasme que os nenos xogaban máis ao corrompa e a estas cousas?

R: Si, pero máis ou menos xogabamos ás mesmas cousas. Á billa tamén xogabamos as mulleres e mailos homes, incluso na praia xogabamos á billa. Facíamos así unha morea

de area [indica que facían unha pequena morea de area] poñíamos a billa e PLAF!!!
Xogabamos os rapaces e máis as rapazas.

PREGUNTA: E que a min contáronme que unha tal señorita Ana, que era mestra non deixaba xuntar ás nenas e aos nenos?

R: Ai sí, pero eu xa non fun a esa escola.

PREGUNTA: Pero sabes iso?

R: “Bueno” oía algo, porque eu como ía a particular, pois eu niso xa non estou ao tanto.

PREGUNTA: Ahh. É que a min contáronme que eran máis ben os maiores os que separaban aos nenos e nenas.

R: Si, claro, porque había escola de nenos e de nenas nunha casa que hai. A ver como cho vou dicir? Indo pola rúa de San Ramón para arriba, non sabes? Que hai unha casa antiga, que me parece que era dos de Limia que soben unhas escaleiras e que aínda hai unhas palmeiras dentro.

PREGUNTA: Ai si.

R: Pois, aí eran as escolas de homes e de mulleres, pero eran separadas as de mulleres para un lado e as dos homes para o outro.

PREGUNTA: Na Cerca?

R: Na Cerca! Pero na Cerca de Limia lle chamaban, porque era todo unha cerca así, [facendo o xesto dun recadro] e as mulleres ían para un lado e os homes para outro.

16ª Pregunta: Xogabades todos das mesmas idades ou había de moitas idades?

Resposta: Había de moitas idades, había máis pequenos, pero había de todo.

17ª Pregunta: Cales eran os sitios onde xogabades?

Resposta: Pois, mira, os sitios onde máis xogábamos eran aí abaixo na praia e máis no perillote.

PREGUNTA: Cal é o “perillote”?

R: O “perillote” era onde está o bar do JB, aí era o perillote, non había cemento era todo un montón de terra. E cando había baixa de mar e subía, o mar ías portas, chegaba á nosa porta ho! Cando había baixa de mar naquela época, pois alí era terra e tiraban aí as "barreduras" de todo no perillote.

PREGUNTA: Na Cerca tamén xogabades?

R: Na Cerca soamente cando íamos aos recreos da escola.

PREGUNTA: E no porto?

R: Non, no porto cando iamos no verán a bañarnos nada máis, no verán si. Porque eu xa saín pouco, porque mamá me facía ir á costura, e a bordar, e daquela andaba pouco pola rúa. Mentres fun pequena si, pero despois cando xa tiña trece ou catorce anos, xa me obrigaron a ir aprendendo cousas e saír da rúa.

18ª Pregunta: Seguen existindo eses sitios, pero algúns perdéronse?

Resposta: Perderon si, porque claro as Cercas de Limia e iso, xa se fixeron casas e iso xa non existe, a fábrica nosa onde está o Cornecho (bar) xa se perdeu.

PREGUNTA: Era unha fábrica?

R: Si, era unha fábrica de salgaduras dos meus avós. Alí tiñan caseta para poñer as redes apiladas e todo iso, había unha fábrica de salgadura de Vilagarcía e todo iso. Pero vamos, desapareceu todo.

PREGUNTA: Desapareceu e trocou todo?

R: Trocou todo.

PREGUNTA: Incluso a praia?

R: A praia, agora non temos praia. Antes era unha praia grande, onde está o Océano (bar) alí era todo praia, alí poñíámonos todas ao sol. Agora é paseo marítimo agora xa nada. Agora non hai praia. Había aquel terraplén onde están as casas antes de chegar á furna e por aí si que íamos xogar, ves! Por aí si que iamos xogar, viñamos así cara baixo.

PREGUNTA: A rolos?

R: Si, a rolos, iamos dando voltas coa area ata abaixo de todo. Porque era moi bonito. "Veña, imos tirarnos pola costa para baixo" Pero nenos e nenas, todos. Aí no verán si que o pasabamos moi ben. Agora non hai nada diso desapareceu todo.

19ª Pregunta: Que materiais empregabades para xogar?

Resposta: Xa che digo usabamos os diábolos.

PREGUNTA: Tamén?

R: Si, aínda teño un diábolo gardado enriba de non sei cantos anos. Xogabamos ao "yo-yo". Tamén xogabamos con dous paus de madeira así e tiñan un boneco no medio e dábaslle voltas ao pau e movíase o boneco ese. Había moito xogos particulares cada neno tiñas unha cousa. Tamén tiñamos as carracas.

PREGUNTA: E iso mercabádelo feito ou faciádelo vos?

R: Si iso mercabámolo nós, si. Tamén o diábolo tamén o "yo-yo" faciamos así.

PREGUNTA: Tamén reciclabades daquela?

R: Agarda que che vou ensinar, para que vexas ti o que fun recuperando dende que. [levántase e vai buscar unha carraca] Esta conseguina este ano. Fixéronma en Santiago a man, este ano en Santiago. Teño un tirábalas.

PREGUNTA: Ah, un tirapedras.

R: Si, este collino en Salamanca, o tirábalas. Este tamén o collín en Salamanca [un xoguete que posúe dúas bolas suxeitas por dúas pezas que o moves arriba e abaixo para facer que choquen as bolas] Recuperarei a buxaina de madeira. [Continúa buscando cousas] Mira, aquí están, trouxen "castañuelas" que tamén as tiña cando era pequena. Estes funos recuperando pouco a pouco de cando era nena, das cousas antigas. Pois, mira fun recuperando todo isto.

PREGUNTA: Está moi ben.

R: O "yo-yo", o diábolo. O diábolo téño enriba no faiado nunha caixa que tiña cos xoguetes. Pois, mira fun recuperando todo isto.

PREGUNTA: Pois isto.

R: Si, isto custoume cincuenta euros. O chico coñecino por un rapaz de Buño, que o amigo este é o que as trae. Trae cousas así. Fainas para os conxuntos das orquestras.

20ª Pregunta: As regras do xogo como eran?

Resposta: As regras do xogo, non había regras do xogo daquela.

PREGUNTA: Non había?

R: Non había nada.

PREGUNTA: Podíanse cambiar?

R: Xogabamos ao parchís, era normal. Había tamén a lotaría tamén se xogaba á lotaría, que máis xogos había daquela? As damas, o xadrez. Eu xogaba con papá ao xadrez aquí. Que máis había? O que ten o parchís por detrás.

PREGUNTA: A oca?

R: A oca, iso xogabamos a cousas desas.

PREGUNTA: Cando non se sabían as normas que pasaba?

R: Pois, pedíaslle a unha persoa que soubera que nos explicara: "e logo isto como se fai? Como se fai para iso das damas, do xadrez e así?"

PREGUNTA: Á mariola?

R: Si, á mariola, ao que fora.

PREGUNTA: Cando había trampulleiros?

R: Cando había trampulleiros tiñamos moita rabia, enfadabámonos: "Es un trampulleiro, non fas máis ca trampas, non é así".

PREGUNTA: Castigabádelos?

R: Non os castigabamos, rifabamos con el ou con ela, con quen fora.

21ª Pregunta: Eran moi competitivos os xogos?

Resposta: Non, non había así moita. Xogabamos por xogar por pasar o tempo. Pero non por interese de ningunha cousa de nada.

22ª Pregunta: Eran difíciles de xogar, necesitabas ser moi habilidoso?

Resposta: Para xogar á corda, e algunhas cousas había que ser habilidoso porque había que ir saltando así. Si había, e máis á churra.

PREGUNTA: A monta na churra?

R: Si, ese. Tamén iamos pola praia e había e caías. Había de todo.

PREGUNTA: Nos que se había que mover máis...

R: Claro, había moitos que non se movían, non eran capaces de saltar tanto, rapazas mesmo, e xa caían, tiraban ao que estaba de burro e máis ao que saltaba.

23ª Pregunta: Había xogos de tempada de inverno, primavera, verán?

Resposta: Si, de inverno xogabamos máis á corda e máis a cen navíos á mar. E de verán xa xogabas ás raquetas, a cousas así máis de verán. As raquetas xa as tiña dende que era ben pequena.

PREGUNTA: Vos xogabades a ir á vía?

R: Si, a ir á vía e máis a chuparnos por enriba das ondas. Si "buff" aínda me chupaba ata o ano pasado ou hai dous anos, á vía e más por enriba das ondas. Ata que tiven que parar por culpa dun cancro de pel que me operaron e prohibíronme o sol, e non podo ir á praia. Pero, ata hai dous anos bañeime á vía ata a beira de todo, "uff". E máis dende terra xa me chupaba por enriba dos pociños pequenos do mar, eu era moi nadadora.

PREGUNTA: Pois xa é raro, porque as mulleres naqueles tempos.

R: Eu nadaba á vía e máis había cada nadadora bárbara. Os sábados na praia nadando, desde aquí ata o outro lado nadando, si. Con dezaioito ou dezanove anos, había tres ou catro que lle chamaban Carne de Ramón, a Paoliña, Minota espera que máis, Bienvenida a de Olegario. Esas tirábanse desde as pontes dos barcos nos portos e

tirábanse desde as pontes ao mar na ribeira. Había rapazas moi valentes daquela xa para iso.

PREGUNTA: Non había ningún problema, non lle prohibían?

R: Non lle prohibían nada. Cada un facía o que podía.

PREGUNTA: Como naquela época.

R: Si, xa, pero non lle prohibían. Sabes que faciamos os domingos polas tardes sen permisos dos pais? Iamos ás bicicletas como non nolas mercaban pois iamos ao Ventorrillo á de Luís e resulta que aos domingos dábannos dúas pesetas.

PREGUNTA: Iades alugar as bicicletas?

R: Si, iamos alugar as bicicletas. O meu dicíame: "non che merco bicicleta ningunha que vas ter un accidente". El non me consentiu cousa ningunha de perigo. Pero nos colliamos a merenda e marchabamos para Seiruga, e iamos en bicicleta sen que o souberan os pais. Iamos a panda toda das rapazas, alugabamos as bicicletas e marchabamos e tiñamos a bicicleta todo o día.

24ª Pregunta: Que significaba o xogo para ti cando eras nena?

Resposta: Era un entretemento marabilloso. Si, porque pasabas o día entretido. Tanto xogando no verán na praia como xogando polo inverno ao parchís, ás damas a todo iso. Si un entretemento bárbaro.

25ª Pregunta: A ti cales eran os que máis che gustaban?

Resposta: A min gustábame moito o parchís, e mailo xadrez. Meu pai xogaba moi ben e ensinábame. Era o que máis me gustaba.

PREGUNTA: De correr e así?

R: De correr e así non era moito. Non corriamos moito

PREGUNTA: Pero, digo dos xogos de moverse máis, mariola.

R: Ai si, diso tamén xogabamos, cando non estabamos na escola, saiamos ao recreo e tamén xogabamos moito.

PREGUNTA: E deses?

R: A mariola e máis á corda me gustaba moito saltar á "comba".

26ª Pregunta: Pensas que os rapaces de agora coñecen estes xogos?

Resposta: Eu creo que os rapaces de agora teñen outras cousas máis modernas e non se paran a aprender esas cousas de antes. Non, porque ti agora non ves a ninguén cunha

corda, a unha nena saltando á corda. Agora con doce anos xa andan con mozo e xa non. Xa abandonan o xogo todo, e máis a súa nenez. É que estas xa non disfrutan da nenez, porque van ás escolas, das escolas cos deberes para a casa, xa non teñen nin tempo para xogar.

27ª Pregunta: Pensas que se ensinan aos rapaces?

Resposta: Nos colexios?

PREGUNTA: En xeral.

R: Eu penso que ensinan aos rapaces no colexio, pero penso que os pais hoxe son moi cómplices dos fillos contra os profesores. Porque un profesor chámalle a atención a un alumno, e o alumno vaise queixar aos pais, e os pais van chamarlle a atención ao profesor. Antigamente non había iso, antigamente se te castigaba un profesor chegabas a casa e o primeiro que che dicían: "ai, se te castigou era porque merecías o castigo". E agora, claro, os profesores penso que están un pouco, que teñen medo de facerlle calquera castigo aos rapaciños pola represalia dos pais. Eu penso que é así hoxe.

28ª Pregunta: Pensas que os rapaces teñen as mesmas oportunidades para xogar os de agora que os de antes?

Resposta: Teñen as oportunidades o que pasa que non as saben aproveitar. Porque agora xa se meten nas bibliotecas, aos ordenadores, xa se meten a esas cousas de informática, xa se meten máis a esas cousas que a xogos de rúa e xogos deses. Eu creo que non disfrutan de xogos de xuventude de nenos que non os disfrutan.

29ª Pregunta: Que pensas que lle achegaban os xogos que facíades antes á vida do pobo?

Resposta: Pois mira achegaban que tiñas o roce, “bueno” agora tamén o teñen os rapaces porque se xuntan pandas grandes. Pero antes como non había outra cousa para disfrutar, pois pasábalo bomba, facías unha panda e disfrutabas desas cousas. Non había bailes como agora, non había discotecas, pois facías todo iso no tempo que tiñas libre. E pasabámolo bomba, que viviamos felices, máis felices ca vivides vós agora. Ti agora non que xa es mozo. Os nenos de agora é que non teñen tempo nin para xogar, porque saen das escolas do recreo e veñen para a casa e teñen que facer os deberes despois van para o bar ou van para unha casa de xogos, xogar ás máquinas ou ao que sexa . Non disfrutan das cousas de disfrutar ao aire libre, na rúa.

30ª Pregunta: Pensas que debería facer o concello algunha cousa relacionada con isto, para recuperalos ou ..?

Resposta: Eu penso que o concello que aínda que puxera todo iso que a xente non accedía, a xuventude non accedía a nada desas cousas.

PREGUNTA: Pero aínda que fora para os máis pequenos, xa non digo de quince ou catorce.

R: Home non sei, poñendo unhas cousas para que se entretiveran.

PREGUNTA: Que estivera fóra da escola.

R: Si, si, aínda que estivera fóra da escola debería poñerlle algo para que pasaran os rapaciños o tempo, e estiveran entretidos e vivirán a vida. Pensando xa na saúde dos rapaces, de non estar tirados todo o día na rúa e non coller vicios e todo iso, eu penso que si un pouco. Eu creo que Moncho (Alcalde) que se preocupou bastante ao principio, agora non sei, están co de facer equipos de fútbol na praia.

PREGUNTA: Si, iso aínda se segue facendo.

R: O que pasa que a xente de Malpica non vale pra nada.

PREGUNTA: Por que?

R: Porque a xente de Malpica non é nada animada, non se une para facer estas cousas. Ti pensas que é?

PREGUNTA: Eu non che poden dicir [risas]. Eu estou facendo a entrevista.

R: Eu paréceme que a xente de Malpica non é nada.

PREGUNTA: Perdeu.

R: Perdeu todo. Porque mira os rapaciños entre películas de televisión, vídeos e unha cousa e outra, perdeu o encanto todo de cousas de desfrutar. Porque a min paréceme que estamos todo o día ca televisión acendida, e hai rapaciñas que veñen do colexio: "ponme os debuxos animados e ponme o outro". Deberían estar na rúa ou nun xardín, na praia paseando, ou no porto mesmo.

PREGUNTA: Igual non saben nin xogar.

R: Eu digo que si, que non. Que non saben xogar. Ti ves na rúa rapaciños xogar a algo?

PREGUNTA: Non, moitos non vexo.

R: Nin ensinan, nin os pais moitos viviron xa iso e xa non lle ensinan aos fillos. Porque eu a miña filla, cando estaba no colexio na Coruña, dicíame:-Mamá voume apuntar a correr no colexio, "Si, si, apúntate a todo", "mamá voume apuntar a isto". Gústame que aprenda a facer cousas, pero, claro no colexio cando estás co bacharelato perdes moito

tempo facendo cousas destas e perdes moito de estudar. E como están tan difíciles os estudos por iso. Incluso as obrigaba eu a facer no colexio algunhas cousas de deporte e todo iso. A máis pequena foi medalla de correr, non de saltos de altura. A máis nova de maratóns ten medallas. A miña neta si que fai natación, xa quedou campioa de Galicia dúas veces. A semana pasada quedou ela e mais o equipo de natación da Coruña. Pero esa vai a natación que está tódolos días na auga, na natación na Coruña. Sae da escola e xa vai para alí.

PREGUNTA: Para Bastiaguero?

R: Si para Bastiaguero. Si pois vai tódolos días desde que sae ás cinco e media ata as nove da noite, vai tódolos días. Ela estivo en Pontevedra ingresada no colexio. Pero o médico de natación da Coruña, fíxoa quitar porque lle facían demasiado esforzo para a idade que tiña a nena. Acabáballe cos tendóns e con todo. [...]

1. 1. 3. ENTREVISTA N3

Data da entrevista: 26-2-2011

Lugar: chabola (Porto)

Duración: 38 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: N3

Xénero do entrevistado: Masculino

Idade: 53

Profesión: mariñeiro

Campo profesional: a pesca

Educado en: rural, escola

Fillos: Si

Peculiaridades da entrevista: O contacto co informante produciuse grazas aos anuncios con fotografías de nenos xogando no porto que se distribuiron por distintos lugares de Malpica. A entrevista foi realizada nas chabolas do porto, espazo destinados para os aparellos e materiais das embarcacións de pesca.

Algo que me chamou poderosamente a atención foi a mestura de olores do mar, peixe, gasóleo, madeira, roupa do mar que fan ese cheiro propio e característico destes espazos do traballos do mar.

Para a entrevista empregouse unha gravadora dixital olympus e tamén un ordenador portátil onde estaban as preguntas e as fotografías. Realizouse de pé enriba duns conxeladores nun ambiente moi cordial e acolledor.

1ª.-Pregunta: Onde naciches?

Resposta: Eu nacín, disque nacín na Coruña, pero eu para min que nacín en aquí, pero nacín na Coruña o 2 de xullo do 57.

2ª.-Pregunta: Viviches sempre aquí?

Resposta: Si, sempre en Malpica, sempre aquí, teño 53 anos, e sempre en Malpica, non me movín a ningún sitio.

3ª.-Pregunta: E de profesión a que te adicas?

Resposta: Ao mar, son mariñeiro, (pregunta es mariñeiro?) si.

4ª.-Pregunta: Mira, de cando eras neno na escola que é o que máis recordas ti?

Resposta: Que recuerdo? Nada, da escola non recuerdo nada, que xa non iamos. Iamos máis aos paxaros e xogar por aí adiante. Escola tiven pouca.

5.-Pregunta: E porque non fuches á escola?

Resposta: Ai, porque era moi burro, non me gustaba ir á escola.

6ª.-Pregunta: E mira a que xogabades cando erades nenos?

Resposta: Xogabamos á buxaina. Tratábase de facer un círculo e botar se cadra un patacón ou así, ehh, bótase a sortes e ao que lle tocara de saír, lanzaba a buxaina. Se che cadraba de que a buxaina caese no círculo, podíala coller coa man e mentres bailaba na man, podías ir collendo os patacóns que puideras, ata que acabase de bailar e cando paraba tocáballe a outro.

PREGUNTA: E xogabades a máis cousas?

R: Si! Xogabamos de noite antes de ir para a casa ás agachadas (“escondite”), a pillar a uns e outros, así, os pequenos aos grandes, despois xogabamos a un aro, tratábase dun aro (comeza a sonar a sirena do porto) cunha forquilla que facías ti así de arame (indica

coas mans a forma do ferro que facía de guía para o aro) e xogabamos, así era o xogo que tiñamos.

7ª.-Pregunta: E xogos relacionados cos traballos daqueles tempos, de cando ti eras neno?

Resposta: Nada, íamos ao “gholfé” (traballo relacionado coa recolleita de algas mariñas), axudarlle aos meus pais, ir ao “gholfé” poñíaste pingando. Antes había unhas “arandas”. Ías ata o medio do peito, e de aí para terra viñas rastreado coma unha vaca do día (as vacas son un tipo de embarcación pesqueira), rastrexando coas “arandas” cheas de “gholfé” .

8ª.-Pregunta: Quen vós ensinaba os xogos?

Resposta: Ehh, ohh. Os máis grandíños, os máis grandes tamén eran os que máis abusaban.

PREGUNTA: Eran os que máis abusaban?

R: Si, eran os que máis abusaban.

9ª.-Pregunta: Eran os máis vellos os que volos ensinaban e vós como aprendiades?

Resposta: Como mandaban eles, eles mandaban sempre, eles dicíanche: "bueno (indescifrable) pillarnos a nós". Ao “escondite” por exemplo, e íanse agochar e algún xa ía cear , e non se acordaba de vir, e nós busca, ata que o tiñas que atopar, e se por exemplo non o atopabamos, viña para o outro día. Claro, nós marchabamos para a casa e viña para o outro día e cascábanos aínda por riba. Tiñas un conto destes, dábache 3 petos no lombo co puño cerrado.

PREGUNTA: Como era iso dos 3 petos?

R: Ai non me acordo, como lle chamaban así 3 petos, era levar 3 golpes no lombo.

PREGUNTA: Por perder?

R: Por perder, por perder non, por non os atopar. E eles ao mellor ían na casa, como eran os máis vellos.

PREGUNTA: Daquela os máis vellos abusaban de vós?

R: Sempre, sempre os máis vellos abusaban de nós sempre, e nós dos máis pequenos (risas).

10ª.-Pregunta: Eh. Cales eran os xogos máis coñecidos ou máis practicados?

Resposta: O da baralla, o da baralla e máis escravo. Por exemplo, o “peperiche”, empezabas a dar e unha vez que perdías, a baralla que che quedaba ían. Por exemplo, perdías e sacabas o as de espadas e daquela dábanche o “peperiche” na man e era un “*rebellisco*” (tanisco) pero dábancho os seis se estaban xogando seis, había veces que saías coa man inflamada, eh! (risas). Despois era, por exemplo, quedaba na baralla un tres ou quedaban os catro tres, eran catro toques ou tres toques, ao mellor aparecían os catros 3 e daquela dábanche 12 veces cada uns dos participantes.

PREGUNTA: Tamén xogabades ao balón e cousas así?

R: Si, na praia. Iamos sempre á praia, daquela campos había poucos. Os campos que había, non podías ir, porque ao mellor estabas xogando e víñache a dona da horta, que estaba espiándote, cando che ía o balón fóra ía e collíache cravábache unha navalla, picábache no balón e xa non xogabas e a virxe! Quedábasche sen balón. (silencio)

11ª.-Pregunta: eh, (silencio). Había xogos de nenas e de nenos?

Resposta: Si, o que pasa que eu das nenas xa pouco me acordo. As nenas andábanche así, a xogar aos médicos e cousas así pero xa non podías xogar. Porque viñan os pais e quitábanchas de diante.

PREGUNTA: Eran os pais os que as separaban?

R: Si, si, si.

PREGUNTA: A ti téñente separado?

R: Si, carallo! Moitas veces.

PREGUNTA Igual querendo xogar á mariola ou algo así?

R: Si, a todos, a todos. Ou ao escondite mesmo coas rapazas xa non podías xogar, vixiábante máis os pais ca nós. [xa, xa, xa]

PREGUNTA: Non era que vós ou as rapazas non quixerades?

R: Non, non, non.

PREGUNTA: Era cousa dos maiores?

R: Si, dos pais.

12ª.-Pregunta: Onde xogabades, cales eran os sitios onde xogabades?

Resposta: Pois mira, á buxaina, xogabamos sempre na escola, no recreo da escola sempre.

PREGUNTA: Na escola onde?

R: Pois mira, na escola, aquí na academia de “Chico” tiña xa alí un apartado, non sabes?

PREGUNTA: Onde ao concello? Non aquí, sabes?

R: Chámanlle (silencio) a ver se me acordo, [Pregunta:., Por onde a grúa? Onde está o Sodoma?] Si, na agra. Ai que non me sae! No Camiño do río!

PREGUNTA: Xogabades á buxaina alí?

R: Si aí, xogabamos á buxaina e despois ao saír da escola como non había casas coma agora, ehh, xogabas en descampados, como en hortas, en montes, logo!

PREGUNTA: (silencio) Na Cerca?

R: Na Cerca! Era onde máis íamos xogar. Alí na Cerca porque alí había escola todo o día, tanto á tarde como á noite, non sabes? E como sempre, estaba sempre libre, había unha cerca grande, e alí podías xogar a todo. Podías xogar á buxaina, á mariola as rapazas por exemplo, e nós xogabamos así. Onde nos encontrábamos.

PREGUNTA: E na area?

R: Despois á area, íamos máis ben de rapazolos xa facer "gamberradas". Facer "gamberradas" chamábase "ouchea". Nós chamabámoslle "ouchea". Esperar a que canto máis mal tempo houbera, máis nos mollabamos e, claro despois poñíaste a secar os zapatos antes de ir para á casa. Claro! Porque senón túa nai matábate ao chegar. E levabas os calcetíns queimados, os zapatos queimados (risas). Non sabes? Ao mellor secábalos tanto, tanto, tanto, que cando ías poñelo zapato tirabas do calcetín e rompíache e marchabas co calcetín.

PREGUNTA: Eh. Xogabades os nenos de tódalas idades?

R: Si, si. Todos, todos.

PREGUNTA: non había distinción?

R: Nada, nada, nada. Tanto de 5 anos para arriba ata os 40. Moitas veces os que non ían á escola viñan, igual xogar para onde nós, e xogábamos todos igual (silencio).

13ª.-Pregunta: E aqueles sitios onde xogabades seguen existindo?

Resposta: Non, por exemplo, na Cerca, o que lle chamámoslle nós a Cerca, onde estaba as escolas, agora fixeron uhh, fixeron uhh, o centro médico. Puideron deixalo como estaba porque total o centro médico agora non traballa, e puideron deixalo como estaba. Fixeron unhas casas para os mestres, non pagaban patacón ningún nin nada. Ata que se fartaron e deixáronas todas abandonadas e está todo aí abandonado, agora non vale nada (silencio).

14ª.-Pregunta: Por que pensas que se perderon eses espazos?

Resposta: Non sei (silencio). Porque como tamén levaron as escolas para Seaia (aldea veciña) daranlle sitios en Seaia, non sei. Antes a escola estaba aquí. [...].

PREGUNTA: E no porto tamén xogabades?

R: Non, porque no porto era todo auga.

PREGUNTA: Non había porto como agora?

R: Claro, agora tes unhas explanadas boas para xogar.

PREGUNTA: Cambiaron moito?

R: Cambiou coño! Agora tes unha explanada en cada sitio para xogar e máis para todo. E antes por exemplo, aquí era todo praia, se pola mañá era a marea baixa ti estabas na escola e xa non podías xogar á tarde, logo viña a noite. Xa tiñas que ir merendar e xa non che deixaban saír. Non é como agora. Agora a xente ten máis liberdade da que tiñamos nós antes, eh!

PREGUNTA: Si. Ti pensas que a xente agora ten máis liberdade?

R: Si, si, si, si, moita máis. Eu, por exemplo, lémbrome ata case que casei, case 26 anos eu tiña que estar ás 12, 12 e media, na casa. E agora teño fillos de 25 e máis de 20 que van e veñen cando queren, e non se lles pode dicir nada (Silencio).

15ª.-Pregunta: Cales eran os materiais cos que xogabades?

Resposta: Ai, iso facíámolo todo nós. Non sendo as buxainas. Para as buxainas xa había que ter cartos para ir compralas, que non cha daba calquera.

PREGUNTA: E de onde sacabades os materiais para xogar?

R: O aro, por exemplo, ías a unha “chatarrería”, a un ferreiro e non che cobraba nada. Dicíaslle: "fai un aro". Facíache un aro, pero claro ás veces cansábase porque íamos 5 ou 6 xuntos. E o homiño tiña que traballar para os seus fillos para comer.

PREGUNTA: Ou sexa que recollades os materiais vós e buscabádesvos a vida?

R: Si, nós. Despois sabes o que había? Outro xogo que me acordo, que lle chamaban a carraca. Era así un conto de madeira (fai un xesto indicando unha forma rectangular) e tiña así unhas estrías e dábaslle voltas e ía (onomatopeia) “gra, gra, gra, gra...” Non sabes? Como un parrulo. [si, si]. “gra, gra, gra, gra”. Érache un chiste así, naquel tempo. Despois, tamén había outro, por exemplo, que era a espada en Semana Santa, eu xa houben de perdelo ollo por dúas veces.

PREGUNTA: Xogabades aos espadachíns?

R: Si, xogabas cunha espada de madeira, dunha varanda facías unha espada. Despois, veña! Todos contra todos coma quen xoga ao fútbol, 11 contra 11 ou os que foran. E

veña, a “espadear” todos contra todos; e ao que non lle deran na barriga ou onde fora, ese xa ganaba ata que se eliminasen uns aos outros.

PREGUNTA: Mira, ti coñeces o xogo da nica? (silencio)

R: Da nica, non me acordo. Ai a virxe! Que non me acordo. Non! Eu digo a billa, da nica non me acordo.

PREGUNTA: Da nica non te acordas, era un que xogaban os máis vellos na praia, era coma un xoquei ou un polo?

R: Non me acordo, non.

PREGUNTA: Ti non xogaches a iso?

R: Non xoguei a iso.

PREGUNTA: Á billa si?

R: Si, á billa si. Ao palán e a billa, moito. E ademais, por certo, que vou bo de ir ao lombo da xente e máis a xente ao lombo meu. Daquela o que perdía tiña que levar dende onde caera a billa. Canto máis lonxe mellor. Ti tiras ata aquí e dende onde caeu a billa ata o punto onde ti lanzabas, tiñas que levar ao outro ao lombo, e había algún que estaba máis gordo (risas). E así o xogo, así.

PREGUNTA: (silencio) Eh, Ao cinto xogabades?

R: Non. Porque iso xa era de xente máis vella.

PREGUNTA: De xente máis vella?

R: Si de xente máis vella, ehh. O cinto e o pano xa é de xente máis vella. De xente máis vella quero dicir.

PREGUNTA: De nenos máis grandiños?

R: Non de xeracións máis vellas, ao mellor un que me levaba a min 3 anos ou así, facía era coma no fútbol. Ao mellor tiñas 10, 11, 12 anos e non che deixaban xogar cos de 15 ou 20 e así, non sabes? Polo medo, hai medo porque ao mellor levaban unha patada facilmente. Non é como agora.

PREGUNTA: E o corrompa?

R: Tamén, ao corrompa xogabamos moito, moito, moito. PREGUNTA: como xogabades? Xa non me acordo (silencio). Como era o corrompa? Non me acordo.

PREGUNTA: E arma barra?

R: Tampouco ese non me soa de xogar.

16ª.-Pregunta: As regras como eran, podíanse cambiar?

Resposta: Si, si, si. Iso cada un facía como lle daba a gana, ti poñías as túas normas. Por exemplo a pillar, había quen tiña que levar a un ao lombo, outros daban a machucar. Iso poñías ti as normas, cada un.

PREGUNTA: Cando había trampulleiros que pasaba?

R: Oooiiiiii! Nada, non pasaba nada. Porque os trampulleiros eran sempre os máis grandes, e mandaban eles e había que facer o que quixeran eles (Risas). Ameazábante con darche unha hostia, ou dábancha e despois chegabas á casa: "papá aaahhh!" E aínda levabas outra. Valía máis calar.

PREGUNTA: E cando alguén non sabía as normas, explicábanse?

R: Si explicábanse, pero algún asasino dos máis vellos, igual che estaba explicando como xa che estaba dando, non sabes? E dicías: "Hostia!" Non xogo, a este conto non xogo, a este non volvo xogar (risas).

PREGUNTA: Había moito abusón?

R: Uff, había moito abusón nos grandes.

PREGUNTA: Había moita violencia nos xogos?

R: Si, si, si.

PREGUNTA: Ehh, e era?

R: Ameazábante, ho! Ameazábante, mandaban todo eles, ho! Tiñas que facer o que quixeran eles.

17ª.-Pregunta: eran moi competitivos os xogos?

Resposta: Eran ho, eran competitivos.

PREGUNTA: Entre vós erades... Había que ganar ouuu?

R: Si, si. Alí había que gañar sempre, non é como agora no fútbol que gaña quen gaña. Alí había que ganar sempre. Aí suabas a camisola xogando. (risas)

18ª Pregunta: eran moi difíciles de xogar?

Resposta: Non, o máis difícil era a pedradas.

PREGUNTA: Iso como era?

R: Aí era, por exemplo, como aí nos países baixos (referencia ás revoltas da zona do Magreb que estaban a acontecer nese momento) era guerra todo guerra. Xuntabas un camión de pedras e despois era a pedradas uns cos outros. Se che daban cagábaste en Deus!

PREGUNTA: Onde xogabades ás pedras?

R: Depende porque por exemplo, nós largábamos redes aos paxaros, o que máis nos divertía do mundo eran os paxaros.

PREGUNTA: Iso por onde?

R: Pois mira polas hortas onde había niños de paxaros. Cando é o tempo dos paxaros e cando era o tempo de plantar e daquela viñas e quitábanche a rede. Quenes foron? Os da Atalaia pois veña guerra! Nós eramos os do Barreiro. Eu vivía onde o Ventorrillo e daquela iamos os do Barreiro contra os da Atalaia. Campionato e a pedradas, pero:: a pedradas ehh! E sangrar, non houbo mortos porque Deus non quixo, ehh!

19ª.-Pregunta: Había xogos de tempada, nas épocas do ano?

Resposta: Si, había.

PREGUNTA: Xogabades a unhas cousas no inverno e no verán a outras?

R: Si, claro, claro. Por exemplo no verán era máis de buxainas, perdón. No inverno era máis de buxainas, do aro e esas cousas. Porque chovía e claro. Por exemplo, no verán xa tes outra cousas, vas a praia, xogas ao fútbol, é outra cousa.

PREGUNTA: Xa praia a que xogabades?

R: Na praia a contar contos, a ver quen os contaba máis bonitos.

PREGUNTA: Ao “perillote”?

R: A saltar o “perillote”, a montar na churra, a ese que era de 2x2, ou 3x3 ou 4x4 os que fosen e os que pandaban, había sortes. Os que pandaban poñíanse de pé coa cabeza entre as pernas e facías coma un poldro, igual que se salta o poldro e claro cantos máis mellor, e tiñas que tratar de saltar todos por riba de todos os que estaban debaixo facendo de poldro. E se, por exemplo ti poñías a man, tiñan que acertar os dedos. Por exemplo: "porros, pinos" (indescifrábel), poñías porros un dedo, pinos era apertar a man, e tiñan que acertar e claro había un vixilante, porque senón me cago na Virxe! E se acertabas os de abaixo ían para arriba e os outros para abaixo.

PREGUNTA: ehhh, e no mar ir á vía e estas cousas, xogabades?

R: Si, si, si, si. E canto máis mal tempo estivera máis che gustaba, cantas máis voltas deras debaixo do mar, máis che gustaba viñas máis contento.

PREGUNTA: Ir á vía como era?

R: O de ir á vía tratábase de agardar polo pozo máis grande.

PREGUNTA: O pozo que é?

R: O golpe de mar antes de romper, cando ves que vén avultando, avultando, cando vexas que vai escachar, ti tíraste. Chámase á vía porque tes que ir coas mans diante da

cabeza todo estirado. E algún chegaba..., había moitos que chegaban mareados de dar tantas voltas, porque dependía de como te collera o golpe do mar.

20ª.-Pregunta: Mira ehh. Ti cando eras neno, ehh que significaba para ti xogar?

Resposta: Ai, moito, moito, moito, moito. Porqueee.

PREGUNTA: En que sentido?

R: Porque tiñamos que ir xogar un anaco a fóra, porque ás 10 da noite todo máis tardar, xa tiñas que estar na casa. Ás cinco ou seis da tarde saías da escola, ías merendar e cando vés, xa é hora de marchar de ir pa casa. Nós divertiámonos igual. Aquelas dúas ou tres horas que tiñamos divertiámonos moito, pasabámolo moi ben tódolos días.

21ª.-Pregunta: Volvendo atrás, aos xogos de verán, no porto xogabades e a que xogabades? Porque eu teño aquí unha foto (presentación fotografía das cucañas).

Resposta: Ahh, “bueno” iso xa é máis ben, ehh, que tería eu 18 ou 19 anos da primeira vez que fun xogar as cucañas aquí (silencio). Iso si que era un perigo. Eu teño un primo, agora xa morreu, que caeu en baixo.

PREGUNTA: Mira nesta fotos saes ti?

R: Si este (sinalando ao que se tira), pero fixo, ademais fixo.

PREGUNTA: O que se está tirando ao mar es ti?

R: Esta foi a primeira vez que fun á cucaña, esta foi a primeira vez que collín unha cucaña en Malpica. A primeira vez que fun, e máis a primeira vez que collín o primeiro premio de Malpica disto. Lémbrome eu coma se fora agora mesmo.

PREGUNTA: E como xogabades a isto?

R: Aínda teño o bañador, o bañador aínda o teño eu na casa. Isto trátase de poñer un pau de eucalipto, canto máis largo mellor, tanto na proa ou na popa da lancha, o que pasa que na proa como che pinza moito é case imposible de chegar adiante. Por que ese pau trátase de estar pelado ao dereito xa cría el lodo, e despois aínda vai untado de sebo, de sebo ehh! De graxa, propio sebo. E trátase de coller ti arrancada, e chegar ata os seis, sete , oito metros que ten o pau, na punta ten tres bandeiras e cantas máis collas máis vas sumando.

PREGUNTA: Aha, cada bandeira era un punto?

R: Si cada bandeira era un punto. E o que máis collera, ao mellor non collías nada máis ca unha pero se os outros non collían nada, gañabas ti, entendes?

PREGUNTA: Isto que o xogabades todo o ano ou en días puntuais?

R: Si, isto só na Festa do Mar, só na Festa do Mar.

PREGUNTA: E na Festa do Mar, faciades outros xogos?

R: Si. Carreiras de chalanas, facías. Si como lle chaman? Carreiras de botes e despois había cousa de baile pero iso xa non era para nós, era cousa xa de mulleres, era outra diversión.

PREGUNTA: Ás cucañas?

R: Había campionato de natación.

PREGUNTA: O das cucañas, que vos xuntabades, tódolos rapaces?

R: Si, o que quixera ir, que non tivera medo, o que non tivera medo, que había que ter medo que a primeira vez estábamos todos borrachos. Trouxéramos unha botella de coñac, adrede para "pimplarnos" (beber). Que isto non é un chiste, que isto é.

PREGUNTA: había moito perigo?

R: Había moito, moito, perigo. Porque xa che digo se caes para un lado ou outro do pau, podes quedar inútil tranquilamente, ou podes levar unha hostia no peito como teño levado eu moitas, ou na cabeza, porque aí non sabes como vas caer. (silencio)

PREGUNTA: Principalmente xogaban os rapaces, non as rapazas?

R: Non, soamente os rapaces, as rapazas non se asomaban por alí nin á lancha. Soamente nos xuntabamos os máis atrevidos. "Faino calquera, faino calquera". Pero despois algún chegaba alí e xa daba volta para casa. Xa non se tiraba nin unha vez. E despois outra cousa, canto máis te vas mollando, o pino tamén se vai mollando e maila lancha, porque ti segundo pises o pau esa graxa quédache nos pés, e despois tamén a lancha que xa son outros tres metros máis que tes que "pinzar", porque xa é a lancha e mailo pau. Porque tes que coller carreira.

PREGUNTA: E o barco era de algún que volo deixaba?

R: Si, si, era de calquera de aquí do porto. Pedías permiso e ías. E despois ao acabar as festas, as Festas do Mar, acababan en domingo pois tiñas que deixarlle limpo o barco ao señor. Que ao día seguinte tiñan que ir para o mar e non ían limpalo eles.

PREGUNTA: A parte disto. No porto xogabades a chuparvos?

R: Non, non. Entre nós, sen festa nin nada. Si entre nós, a ver quen se tiraba dende máis altura, a ver quen entra mellor á auga. Xa non é o primeiro que toca cabeza no fondo, porque de querelo facer tan ben, vou máis abaixo é embestir coa cabeza. Iso pasoulle a un rapaz, que aínda vive, grazas a Deus. Chámase Ricardo da "ghaivota", Ricardiño. Aquel tamén nos viu tirar a todos e el tamén era de aquí, pero estivera moito tempo estudando fóra. E veu, pero máis ben veu de "chulete": "como vós tírome eu!- Tira pero

ten coidado que non fai callado. “Bueno, bueno”! E houbo que ir buscalo abaixo, estaba todo "escoñado". A un fulano de aquí, que aínda vive que se chama Antoniño de Favores, Tono. Ese tamén foi para as cucañas: “Cago en Deus! E ese conto é difícil?! Monto eu!- (silencio) "Claro, vén que ninguén cho quita, aquí pode vir quen queira"- "Pois eu voume tirar ho!"- "Tírate!”. E espera, espera, pero despois non xurdía o fulano. Non sabía nadar. El vía tan fácil, quería coller a bandeira sen caer ao mar. “Ven! Que iso dío todo o mundo, pero despois hai que vir.” O fulano veu tirouse ao mar, e nos vimos burbullas, burbullas. “Hostia! Este home non vén!” Tirouse ao mar e estaba que non lle daba nin ás mans nin ás pernas, estaba esperando a que o foran coller, e xa tiña trinta moitos moitos anos, o que pasa que nós eramos nenos e non sabiamos tampouco que el non sabía nadar. El dixo: ”fago eu, fago eu!” (silencio)

22^a.-Pregunta: E na area, cambiou moito a area dende que ti eras rapaz a agora?

Resposta: Non o único que cambiou, é que agora hai unhas pedras no medio e medio da praia de Malpica. Que esas víanse tódolos días e agora hai anos que non se ven, pero están eh! Que este ano aínda se descubriron algo. Descubren por tempadas cando a auga sae para fóra.

REGUNTA: Mira, por exemplo, esta foto é moi antiga, non? Lémbreste así dela?

R: Si, si, acordo. (mostrando fotografía antiga da praia)

PREGUNTA: Ou sexa que cambiou moito no sentido dos edificios e así, hai menos espazo na area?

R: Moito, moito, moito, moito menos ese foi a cousa máis tonta do mundo foi deixar, obrar esas casas tan grandes. Porque as casas esas, antes daba o sol dende as 8 da mañá que saía o sol ata as 6, 7, 8 da tarde ata que se poñía, víase toda a praia con sol, e agora non. Hai anos xa dende que fixeron os edificios, agora quéntache un pouco pola mañá e chega a 1 da tarde e xa tapa o sol.

PREGUNTA: Ou sexa que daquela , cambiou moito onde xogabades?

R: Uuhh! Moito, moito, moito. Antes estabas unha hora onda alí. Eu acórdome, cando vivía no Ventorrillo e baixaba polas nove, dez da mañá con Alfredo de Robusto e cobrabas ás catro da tarde e despois ás cinco da tarde xa baixabas ata ás nove, dez da noite. E en toda daba o sol, poñíate como un negro. E agora nada tes aí dez minutos de calor, dende as nove ata ás doce e despois xa nada non tes sol na praia en todo o día. [EXPLÍCAME, EXPLÍCAME]. Despois estes, nas festas, a diversión que tiñan tamén os maiores, e tamén eu se quixera, os futbolistas. Os que querían ser futbolistas, que en

Malpica houbo xente moi boa de futbolista. Eses facían como no había equipos, nas festas xogaban os casados contra os solteiros, e aí non era coma agora que hai cambios nin dous cambios nin nada, alí era cansábase un e entraba outro. Claro, todo o mundo quería xogar. E era moita xente, ao mellor eran douscentos fulanos ou máis, e mais ca once non podían xogar, e se cadra non xogabas noventa minutos dun golpe, pero xogabas cada quince minutos.

PREGUNTA : E aparte das festas, tamén se xogaba ao balón?

R: Non, había equipos en Malpica, Buño e por aí.

PREGUNTA: Eu digo na area, non se xogaba á pelota?

R: Non, non había, quero dicir xogábase tódolos días, pero non había a organización de equipo.

PREGUNTA: De equipos non, refírome libres?

R: Si, si, tódolos días, todo o verán non che digo eu, que había moita area. E para xogar ao fútbol facías dous ou tres campos de fútbol e non molestabas a ningún dos que se estiveran bañando, e máis había máis xente antes que agora.

PREGUNTA: Si?

R: Si, había moita máis xente antes que agora. Moita máis, moita máis. Eu acórdome da praia de Malpica, hai fotos por aí desas vellas, que era coma antes na dársena non había onde poñer os barcos e na praia non había onde poñer á xente. (silencio).

23^a.-Pregunta: Ti viches a moita xente nadar no “piojo”?

Resposta: Si, si, si. Aí e onde aprendeu todo o mundo.

PREGUNTA: Aprendeu todo o mundo a nadar?

R: A xente de Malpica aprendeu todo o mundo a nadar alí, tanto vellos, vellas, nenos, nenas. Iso case todos foron no porto. Aínda incluso agora, agora vén máis rapazada ao porto que á praia, porque saben que (silencio) aprenden mellor a nadar, non sei porque.

PREGUNTA: Ti ves máis rapazada no porto que na area?

R: Si, si. De xente de xuventude, de nenos, hai máis no porto que na praia.

PREGUNTA: E ti pensas que agora coa obra nova esta, non vai perder un pouco?

R: Home! Perder moito, perdeu xa. Por exemplo, hai un ano ou dous anos, desde que se fixo, moita xente perde, porque non tes sitio coma antes.

PREGUNTA: Antes era máis de nenos pequenos?

R: Si claro, antes tiñas unha rampla, que tiña non sei, pero tiña case un campo de fútbol, e tiñan "colchonetiñas", tiñan toalla, tiñan de todo canto había. E tiñan outro sitio agora

non hai sitio. Agora hai moita xente na porta da lonxa, e máis na rampla que vai dar á dársena.

PREGUNTA: No muro do gas?

R: O muro do gas, a xente xa os rapaciños sen medo xa se tiran dende o muro do gas, despois xa tiran dende a caseta do surtidor, os que perden o medo vanse tirando, como facíamos nós antes. Mira nós tirabámonos dende a porta da dársena, dende a viseira da lonxa.

PREGUNTA: A lonxa vella?

R: Si desde a lonxa vella, desde a viseira. Tirarte dentro da dársena. Mira que xa pasaba a rúa que pasa agora, aínda. E tirábaste, tirábase todo o mundo. Toda miña mocidade tirábase todo o mundo.(Silencio)

24ª.-Pregunta: E a ti cales eran os xogos que máis che gustaban? (silencio)

Resposta: Nada o fútbol gustábame, pero non o quixen practicar. Gustábame xogar. Á buxaina moito, á baralla moito, aínda me gusta agora.

25ª.-Pregunta: Mira, estes xogos aos que ti xogabas cando eras neno, pensas que os rapaces de agora os coñecen?

Resposta: Non! Nada, nada! Nin os coñecen porque se os coñecesen. A buxaina aínda.

PREGUNTA: Ves a algún?

R: Si, vexo aínda a algún, (silencio) por Semana Santa. Despois, nada, ao aro nada. Ao aro ese nunca máis se viu en Malpica. Eu vino así en Carballo (ruídos de caer cousas, dun mariñeiro que traballa con el) Vin así, alí a un xitaniño así en Carballo e acordouseme, e ata me caía a min a lágrima de alegría. "Mira para aí aínda segue". E nada máis, non vin máis. E a baralla ao "peperiche" nada. A mocidade de agora nada, dedícanse a outras cousas.

PREGUNTA: Ou sexa que agora soamente queda así o do porto cando é o verán, así de andar polas pedras?

R: Si de nadar, de "ouchea" eso nada, nin falta fai.

PREGUNTA: Que é iso de "ouchea"?

R: O de andar polas pedras, e canto máis te acercases ao mar mellor, máis lle gustaba aos outros, e ti corrías o risco de morrer afogado, de levarte o mar tranquilamente.

26^a.-Pregunta: E ensínanselle aos máis pequenos? Ti dis que non os coñecen, pero a xente maior pensas que llos ensinaron?

Resposta: Non, non, nada. De “ouchea” xa nada, porque os nenos xa non van nin tolos, como íamos nós, nin tolos. (silencio)

27^a.-Pregunta: E teñen as mesmas oportunidades para xogar ca vós, os rapaces de agora? Resposta: Teñen máis. Porque, mira, se queren mercar unha buxaina non hai quen llo quite, que algún xa ten máis cartos ca nós. Teñen máis cartos os rapaciños de agora para cousas así, ca tiñan meus pais para darnos a nós. Despois, non sei dicirche. Teñen máis posibilidades ca nós. Uf para mercar unha buxaina, tiñas que estar aforrando os chocolates que che daba túa avoa, ou túa nai, nada. "Bueno" túa avoa máis ben. Eu ía sempre onde miña avoa, eu levaba sempre aos amigos e dicíalle: “bueno” eu marchaba que teño que ir merendar: "Paramos! Descanso!" E viñan todos. Porque miña avoa dáballe a todos. Xa me dicía ela: "Ou non traes a ninguén, ou senón hai que darlle a todos".

28^a.-Pregunta: Eh, Mira pensas que grazas aos xogos a xente tiña outro tipo de relación en comparación con agora?

Resposta: Si, ohh! Si, ohh! Eramos máis unidos antes que agora, antes por exemplo cando eu era rapazolo, mozo. Cando comezabamos a ir aos bailes, por aí adiante. Antes viñan sempre de "chulotes", viñan máis ben de chuletes, non sabes? E xa tiñan cartiños e tiñan un paquete de tabaco, non querían máis ca folións. Nós nunca tivemos medo, e mira eh! Cada sábado unha pelexa, e o domingo outra, aínda que fose cos mesmos. (risas) Antes non podíamos ver os abusos. Non! Que veñen que tal.

PREGUNTA: Soamente os abusos entre vós?

R: Claro si, entre nós. Eu, por exemplo metíase un comigo e aos cinco minutos xa estaba todo Malpica: "Que pasa aquí? Xa hai que “agharrear” (pelexar)". "Non, non tranquilos. Hai falar as cousas tranquilamente, tratar de calmar". Non, a xente o que quería era “agharrear”, tanto nós coma eles. Xuntábanse e na praza... E despois ao acabar, xa volvíamos a ser amigos, e íamos tomar algo con eles coma se nada pasara.

PREGUNTA: Ou sexa que entre vós pensas que grazas ao xogos de cando erades nenos había máis unión?

R: Si, si, si. Era outra cousa. Había máis unión xa era outra cousa. Non é coma agora, xa non “agharrean” coma antes. Agora crávanche unha navalla, agora a xente está tola.

(Silencio)

PREGUNTA: Cambiou moito agora, por exemplo ti se tiveras un fillo pequeno, deixaríaslle xogar a moitas cousas das que ti xogaches? R: Uf, mellor que o pasan así conforme están pasando agora, non o pasan mellor agora do que o pasábamos nós.

PREGUNTA: Pero deixaríaslle?

R: Deixaba oh. Si. E ademais quedaría contento de que xogasen as esas cousas.

PREGUNTA: Incluso ás pedradas?

R: Ao que fose, mellor ca o que se están metendo. Porque "atalora" hai xente que está moi mal da cabeza, moi mal. Non sei se é do porro ou se é da virxe, pero están moi mal.

A xente de agora está moi mal.

(silencio)

29ª.-Pregunta: E, ves que os rapaces de agora son menos activos ca vós antes?

Resposta: Non sei. Agora non hai grupos coma había antes agora é máis individual.

PREGUNTA: Pasan demasiado tempo na escola igual?

R: Ai, iso non o sei. Porque para á escola din que van, pero non sei a onde van. Porque eu non podo porque non os vexo. Porque non os vexo xogar. Aínda non hai moito tempo que fun a Carballo de compras e había xente, pero moita xente, Joder! Pero vós non tiñades que estar na escola? Nenas ehh, pero nenas de trece, catorce, quince e cala a boca non llo digas a meu pai. Porque non me gustaba a escola que había hoxe. E non me interesa e non vou. Eu antes dicíalle a miña nai que non fora á escola e uff. Non ía igual que non me gustaba! Pero levaba cada tunda tódolos días. (silencio)

30ª.-Pregunta: Ehh, debería facer algo o concello de Malpica para recuperar algo dos xogos, páreche a ti interesante?

Resposta: Home mellor era. Que fixeran un sitio, unha explanada. Un sitio en vez de ser para aparcamentos de coches que sexa para a xente xogar. Por exemplo coma un polideportivo sen estar onde está agora, onde o temos. Porque eu nunca subo, teño que andar 2 quilómetros. Podía ser aquí nun cacho de explanada mesmo.

PREGUNTA: pensas que iso favorecería?

R: Home! Máis a xuventude céntrica estaba. Porque moita xente marcha para outros sitios xogar. Eu estou vendo que van ao pavillón. Pero quen vai ao pavillón? Quen pode

ir. Porque, por exemplo ao pavillón hai que desprazarse. Se estivese aquí no porto, a xente iría tódolos días. Pero o pavillón vai a xente que ten coche. Vou eu porque me levan, ou levo eu a calquera porque o teño que levar. Pero mellor era preto. As cousas mellor son cerca. E como o conto de que están facendo unha piscina. Disque están, porque xa hai tempo que están e aínda non fixeron nada. Pero se estivera, por exemplo, onde foi o cine de Campecho, que hai sitio con forza, aínda que houbera que pagar, se non fóra polo concello que houbese que pagar, pero que non houbese que andar dous ou tres quilómetros. Porque agora aínda vas, pero de inverno cando queres ir... Hai xente que ten que facer ximnasia na piscina, pero para ir a dous quilómetros, se chove ou está mal tempo xa non vas. Se estivera no centro da rúa como estaba o cine de Campecho a xente iría.

PREGUNTA: Se houbera un sitio preto isto favorecería que estiveran eles xogando ás súas cousas?

R: Claro, porque a escola está alí, baixas vas merendar e despois tes que ir para o Ventorrillo, pásache o tempo e vir de noite. Por exemplo nenas, que non lle deixan ir ás nenas soas, porque ir polo Ventorrillo soas!!. Eu, por exemplo, teño unhas fillas novas, non as deixo ir soas ata o Ventorrillo, dous quilómetros a ela soa conforme está polo Ventorrillo. Agora e máis hai luz, pero non, non. Porque eu xa nacín non Ventorrillo, e xa víñamos ao baile, e non había luz na rúa, ata que chegabas a túa porta non vías a ninguén.

1. 1. 4. ENTREVISTA N4

Data da entrevista: 11 de maio do 2010

Lugar da entrevista: domicilio do entrevistado

Duración da entrevista: 30 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: N4

Xénero do entrevistado: Feminino

Idade: 50 anos.

Profesión: Xardineira.

Campo profesional: Xardineira

Educado en: rural e colexio internado de monxas en Santiago.

Fillos: 2 fillos homes.

Peculiaridades da entrevista: foi realizada na miña casa nun contexto absolutamente distendido.

1ª.-Pregunta: Onde e cando naciches?

Resposta: Nacín en Santiago o 4 de marzo de 1960.

2ª.-Pregunta: En que Concello viviches?

Resposta: Vivín no concello de Malpica. Vivín dende que nacín ata os 2 anos en Buño, e dos 2 anos ata os 12 en Malpica.

PREGUNTA: E a partir dos 12?

R: A partir dos 12 fun para Buño, e despois fun para Santiago á escola, pero tres anos nada máis.

3ª.-Pregunta: Cal é a túa profesión?

Resposta: A miña profesión dende que son adulta Xardineira.

4ª.- Que é o que máis recordas da escola, cando eras nena?

Resposta: Da escola, uff, moitas varas, moitas vareadas, nas mans e pouco máis.

5ª.-Pregunta: Acórdaste dos xogos da escola?

Resposta: Dalgúns si, lémbrome de xogar a mariola, de saltar á corda, de xogar á billa. En Malpica chámase billa, en Buño chámase estornela. A mariola de Malpica era distinta, diferente da de Buño, despois algún outro xogo máis. Eu xoguei cos meus primos en Buño, eu xogaba moito cos meus primos en Buño. E xogaba moito aos indios e aos vaqueiros, e tamén a un xogo que non recordo velo en ningún lugar máis, en Buño xogábase ás palletas, as palletas consistía en recortar as caras das caixas de mistos e facer como unha especie de baralla, xuntábanse moitas e achegabas unha, tiñas unha carta desas que era a que mandaba unha carta desas, chamábanse palletas e esa carta arriñábase a unha parede ou un valado e deixábase caer e ías, e ía cada, cada, neno que tiñamos palletas iamos deixando caer (facendo os xestos contra a parede) cando unha palleta dende a parede tocaba nas que había no chan ese gañaba e consistía neso.

PREGUNTA: Algún xogo máis do que te lembres?

R: Non, ahhh. A mariola, a corda, aí tamén a goma! Xogar á goma, nuns sitios chámase goma, pero é estira, que é a que se pon nas cinturas dos pantalóns, así (facendo xesto de cintura) e atábase nos dous extremos e xogabamos 3 rapazas, dúas polos lados e outra saltaba, e ía, íamos levantando pola altura da persoa que saltaba

6ª.- Pregunta: Na escola o mestre deixábovos tempo de clase para xogar ou sempre xogabades no recreo ou como faciades?

Resposta: Non, na escola sempre xogabamos no recreo, non había xogos dentro do que era a formación.

7ª.- Pregunta: Os xogos da escola eran os mesmos que fóra da escola ou variaban?

Resposta: Xogabamos os mesmos e podían variar un pouco, porque despois cada un andaba ambulante ehhhhh, e por exemplo, en Buño xogábase moito, chamábanse lilas ou lilos, non estou segura, creo que eran lilas. Cando se cocían as olas, pois había pezas defectuosas e íamolos buscar aos fornos, e con iso xogabamos o que se coñece como as casiñas, "bueno" non sei como se coñecerá hoxe, chamábanse lilos ou lilas, cos cus das cuncas, das potas con cachiños das pezas cocidas.

8ª.- Pregunta: Cales eran os máis coñecidos ou practicados na escola e na rúa?

Resposta: Eraann, a goma, a mariola, as quedas, é en Buño chámase en Buño, as quedas era tocar a un compañeiro e ese era o que corría detrás dos outros compañeiros dos seguintes, entendes? E despois ao "escondite". Que non sei como se chama en galego? O "escondite".

En Malpica de verán era ir para a praia, e andar por alí polo Caldeirón saltando, andar polos botes, pescar xureliños alí no porto.

PREGUNTA: No porto so pescabades?

R: Enredabamos alí, nadabamos, aprendiamos a nadar alí. Tamén tirabámonos dende a rampla, dende os botes, e alí pasabas a tarde ou o día.

9ª.- Pregunta: Había xogos que tivesen relación cos traballos daqueles tempos?

Resposta: Eu iso, non collín, unicamente o que tiña relación co de pescar, e os dos "lilos", tamén ven derivado do medio que se vivía en Buño.

10ª.- Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Home fómoslos aprendendo de xeración en xeración, pero na escola apréndelos duns rapaces con outros.

11^a.- Pregunta: E ti ensinácheslle algún ós teus fillos ou netos?

(Risas)

Resposta: Netos non teño, os meus fillos colleron outros mundos, e non nunca os vin xogar, unicamente ao fútbol, a min tamén me gustaba xogar moito ao balón, á pelota non, ao balón. Aiiiiii! Tamén había outro xogo en Malpica que consistía en lanzar o balón contra a parede, e cando a pelota rebotaba ti tíñala que saltar, sabes como che digo? Tirábala “plim” e tíñala que saltar.

PREGUNTA: Que a tirabades coa man?

R: Si, si, aiii, despois tamén había outro xogo que me estou lembrando agora, era o brilé, sabes como se xoga ó brilé? Pois o brilé tamén se xogaba moito. O que non recordo é que había unhas épocas duns xogos e doutros, cando comezaba a escola eran uns xogos e cando remataban eran outros, pero non sei cales eran uns e outros.

12^a.- Pregunta: Como aprendiades eses xogos?

Resposta: Iámoslos aprendendo dos rapaces que eran máis grandes ca nós, iso era a base principal. Ti ias mirando, cando empezabas á escola pois como querías ser xa grande, pois íaste fixando e incorporando aos que eran o grupo, que era dos máis vellos e se ti podías pois xa ias aprendendo cos máis vellos que xogaban.

PREGUNTA: Xogabades todos xuntos, non había diferenza de idades?

R: Home nos xogos había diferenza de idades, porque para xogar ao brilé non tiñan a mesma forza os pequenos cos grandes. Para saltar a corda eran distintos xogos na corda, distintos. Os pequenos na corda saltaban dunha maneira e os grandes xa saltaban doutra.

PREGUNTA: Había cancións?

R: Si,si. Eu recordo algunha aínda. (risas) (cantando): “soy la reina de los mares, ustedes lo van a ver, tiro mi pañuelo al suelo y vuelvo a recoger, pañuelito, pañuelito quien me lo diera tener guardadito en el bolsillo con un pliegue de papel”. Ti ías saltando, e isto era dun lado a outro, sen dar a volta a corda, cun balanceo, e ti tirabas o pano ao solo, e despois tíñalo que recoller. Todo iso saltando sempre e cantando a canción. E despois o máis forte, máis forte, que aí si que tiñas que moita, moitaaa, ahhh. A ver, capacidade de concentración porque, e máis saltar moito porque comezaba lento, as dúas rapazas dándolle á corda, comezaba lento e chamábase :(cantando)"Pan, vino,

agua, queso” Non, “Pan, queso, agua, tocino, tocino, tocino, tocino (incrementando a velocidade) e a medida que ía "tocino, tocino, tocino", a corda ía a máis xirando, xirando, xirando, e ti tiñas que ir saltando. Despois tamén había outro que nos poñíamos un grupo delas (nenas) e poñíámonos en fila e íamos entrando na corda, o grupo que formabamos a fila e íamos entrando na corda, e saltabamos todas na corda á par.

13.- Pregunta: Había xogos de nenos e de nenas ou xogabades todos xuntos?

Resposta: Eu, xogos de nenos e nenas claro que había. Pero á corda xogaban as nenas, antes xogaban as nenas soas e os nenos sós, pero eu como non teño irmáns, nin teño nada, e tiver moita relación con dous primos por iso xoguei a cousas de nenos.

PREGUNTA: Dependía un pouco do ámbito familiar que xogases con nenos ou con nenas?

R: Moitísimo Claro, dependía.

14^a.- Cales eran os sitios onde xogabades, tanto en Buño como en Malpica?

Resposta: En Malpica, na Cerca que estaban alí no Caldeirón as escolas, e na praia iso xaaa, no Caldeirón moitísimo, no Caldeirón enténdese polas pedras, "bueno". E en Buño xogábase, non se saía tanto a rúa como en Malpica, era o ambiente máis caseiro, xogabas máis nas leiras ou nos camiños, así á beira das casas, e nos recreos(patios) das escolas, son diferentes ambientes, moi diferenciados.

PREGUNTA: Porque o faciades alí, neses sitios?

R: Porque en Malpica era onde estaban os rapaces sempre, onde nos xuntabamos, eu en Buño recordo que non che deixaban ir a outro sitio que non fose arredor da casa, onde estivesen meus avós ou miña tía.

15^a.- Pregunta: Seguen existindo algúns deses lugares?

Resposta: Si de encontro, si. Eu creo que en Malpica se segue encontrando a xente no Caldeirón.

PREGUNTA: Non refírome se existe a Cerca, o porto.

R: Non, a Cerca xa non existe, está todo construído, e no porto nunca vexo a ningún neno xogar, salvo de verán algún neno nadando un pouco por alí, iso cambiou totalmente.

PREGUNTA: Porque cambiou, ou porque pensas que cambiou?

R: Unha porque xa non deixan pescar, creo, outra pola televisión.

PREGUNTA: Non, refírome aos sitios.

R: Ahh, os sitios. Os pobos, os lugares onde xogabamos, pois polo cemento que meteron nos sitios.

PREGUNTA: A praia era a mesma?

R: Non, non, non, non. Antes por exemplo, no “Piojo” en Malpica, onde está agora a dársena, había antes a ribeira, unha praia. Hoxe iso non existe que é todo cemento é todo, hai lanchas alí, pero sobre todo porque é todo cemento, non atopas nada natural alí.

16^a.- Pregunta: Que tipo de materiais empregabades para xogar?

Resposta: Os materiais, excepto a corda e a goma eran feitos, por exemplo a billa facíala ti dun pau, ahhh, claro o balón tamén era feito,

PERGUNTA: Feito, ou Faciádelo?

R: Nos tiñámolo feito, pero había xente que os facía con materiais.

PREGUNTA: Porque empregabades eses materiais e non outros?

R: Porque non había cartos, collías o que tiñas arredor, uns trapos que os enrolabas e xa tiñas un balón.

17^a.-Pregunta: As regras dos xogos podíadelas cambiar en función do momento ou sempre eran as mesmas?

Resposta: Eu sempre recordo as mesmas, nos xogos que eu participei sempre recordo as mesmas, as mesmas regras, era un pouco rutineiro.

PREGUNTA: Cando non sabían as regras alguén que pasaba?

R: Había un pouco de revolución ao principio, pero despois sempre buscabamos a alguén que nos dirixira para facelo ben, para xogar un pouco ben.

PREGUNTA: Cos trampulleiros que pasaba?

R: AHHH! Diso, somos todos un pouco. Se te collían ou non xogabas e despois collías mala fama ou aínda collías, dependía de con quen deses que ao mellor aínda eras máis capitán.

PREGUNTA: Cando había trampas, había castigo ou seguía xogando, ou por ser trampulleiro xa non xogabas máis?

R: Home, collías a fama de trampulleiro, e os compañeiros apartábante un pouco, si, si. Home trampas non lle gusta a ninguén facelas, salvo en momentos dados, collías fama e quedabas un pouco illado.

18ª.- Pregunta: Eran competitivos os xogos?

Resposta: Eu creo que si, a todos nos gusta ganar, aínda que esteas xogando. Era a ver quen saltaba mellor, quen remataba mellor a mariola, eu creo que si que eran competitivos.

19ª.- Pregunta: Requirían habilidade para poder xogar? Eran moi difíciles de xogar?

Resposta: Siiii, si. Difíciles non eran difíciles, pero si que tiñas que ser hábil porque tiñas que correr moito, tiñas que saltar, se querías estar aí, tiñas que espelirte.

20ª.- En función da época do ano había xogos diferentes?

Resposta: Si, pero non recordo como era. Non me é posible dicir cales se empregaban ao comezo da escola e ao comezo do verán.

21ª.- Pregunta: Que significou para ti o xogo cando eras nena?

Resposta: Para min divertirme e pasalo ben.

22ª.- Cales eran os xogos que máis che gustaban a ti?

Resposta: A min a corda, a mariola, e xogar moito ao balón.

23ª.- Pregunta: Pensas que os xogos de agora os coñecen agora?

Resposta: Eu creo que non, porque ata me parece que os xogos que empregan agora da corda me parecen moi individuais, que é como o adestramento que fan os boxeadores, moi individual, saltan á corda individual. Pero antes individual había, pero moi pouquiño, antes era todo con tódolos nenos, participabamos tódalas rapazas na corda, e a que tiña a corda ou a goma esa era a máis querida.

24ª.-Pregunta: Pensas que os xogos populares se lle ensinan ós máis pequenos?

Resposta: Non.

25ª.- Pregunta: Pensas que os rapaces de agora teñen as mesmas oportunidades para xogar cas xeracións anteriores?

Resposta: As mesmas oportunidades para xogar na rúa ao mellor non as teñen, teñen tantas “maquinitas”, teñen tanto ordenador, tanta televisión, e hoxe a rúa non se vai

coma antes. Pero na escola podían incentivar estes xogos, porque eran xogos de moita habilidade, mellores cos pasivos que hai hoxe de estar sentado mirando para mochila que ten a "Hanna Montana e Hello Kiti", todas esas, e o móbil.

Hoxe se fas saltar a unha nena á corda, eu creo que non ten capacidade para saltala, nin para tirar tan forte a pelota contra as paredes e despois saltalas. Porque era a ver quen máis alto saltaba a pelota.

E tamén recordo agora que estou falando das pelotas que había un xogo da pelota, que a ías botando cunha man (levantase para explicar) ías botando e ías dicindo ti: “mi pelota, salta y bota de una mano para la otra”, e a medidas que a ías cambiando(de man) íala pasando por debaixo das pernas tamén. E con iso movías todo, eses xogos non creo que os fagan, excepto na clase de ximnasia, pero antes facíámolos nós.

1. 1. 5. ENTREVISTA N5

Data da entrevista: 17-5-2011

Lugar: Centro de traballo

Duración: 23 minutos.

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: N5

Xénero do entrevistado: feminino

Idade:

Profesión: Bibliotecaria

Campo profesional: Biblioteca municipal

Educado en: rural, escolas.

Fillos: Si

Peculiaridades da entrevista: A entrevista realizouse no lugar de traballo da informante.

1ª Pregunta: Cando naceches?

Resposta: O oito de maio do 1959.

2ª Pregunta: Onde naciches?

Resposta: Por casualidades en Bos Aires.

PREGUNTA: En Bos Aires?

R: Si, estaban os meus pais emigrados.

3ª Pregunta: Viviches aquí en Malpica?

Resposta: Vin aos once meses. Nada, nacín e nada máis.

4ª Pregunta: A que te dedicas agora mesmo?

Resposta: Son funcionaria do Concello de Malpica.

5ª Pregunta: Mira, que é o que recordas da escola cando eras nena?

Resposta: Da escola, pois pouca cousa. Teño moi mal acordo eu. Eu o que me acordo, era que ía a unha escola diferente aos outros, porque ía a unha escola de pago, que era daquela a academia de Chico. Ti non sei si sabes?

PREGUNTA: No Camiño do Río?

R: No Camiño do Río. Os outros ían á Cerca e eu ía a aquela e entón nada. O de sempre, digo eu que será o de tódolos nenos, xogar e nada máis. Teño poucos acordos da infancia.

6ª Pregunta: Acórdaste dalgún xogo da escola?

Resposta: Nós máis ben xogabamos nos píos. Non sei se ti te acordas. De Xogar ao palán, á billa e á buxaina e ao brilé claro. Porque as nenas xogabamos ao brilé pero despois queríamos xogar cos nenos ao palán, o tres navíos.

PREGUNTA: Os tres navíos ao mar?

R: Si, e despois había un que nos sentabamos na fonte da rúa e xogabamos a paso de xigante.

PREGUNTA: Ese non o sabía.

R: Non o sabías? Pois unha sentábase e outros estabamos na outra en fronte. Unha dicía "fulanita dous pasos de pulga" E os pasos de pulga, e se non dicías: "se pode?" ti facíalos e dicíanche: "atrás, que non dixeches se pode". E estabamos alí tardes e tardes. Mentres estabamos nenos e nenas tamén sempre ligabas algo. Era un xogo un pouco aburrido porque eu agora o penso e digo: "mira que estar toda a tarde aquí, xogando. Paso de xigante! E dabas un paso: "paso de caracol!" E tiñas que dar unha volta. Pero "bueno" eran os xogos que había.

7ª Pregunta: O profesor deixábovos tempo de clase para xogar, ou sempre xogabades no recreo?

Resposta: Nos recreos.

PREGUNTA: Sempre? Na clase non había?

R: Non había nada.

8ª Pregunta: Cando non estabades na clase, xogabades a iso que me contabas na escola?

Resposta: Na escola xogabamos, si. Porque tiñamos o patio dentro e non podíamos saír. Brilé e nos píos que estaban. Porque sabes que aquilo fora unha fábrica?

PREGUNTA: De salgadura?

R: De Salgadura, e entón ao rematar o patio do colexio, para dentro tiña os píos e entón nós. Metíanse os rapaces que eran. Primeiro metíanse eles e despois íamos as rapazas, e andabamos por alí a saltar de pío en pío, ata que nos vía a mestra. Pero normalmente alí xogabamos ao brilé, ou á corda, ou á billa. O pouco espazo que che daba.

9ª Pregunta: E fóra da escola xogabades ao mesmo que na escola?

Resposta: Non, xogabamos a tres navíos ao mar, ás agochadas. Xa tiñas máis espazo, moito máis aberto.

10ª Pregunta: Había algún xogo que tivese relación cos traballos daqueles tempos? Quero dicir, iades polas pedras pescar?

Resposta: Non, íamos ás lapas unicamente. Si podíamos ir ás lapas, e as minchas, pero iso xa o faciamos máis de mocíños. Quero dicir de quince e dezaseis anos. Ías, así a media tarde e collías lapas e minchas e asábalas. Pero iso, xa non era un xogo, era unha especie de botellón, pero antigo. [risas] Non, eu non creo que xogos que faciamos nós tiveran relación. Nós non, eu porque, nunca me gustou ir en bote porque me mareaba, e entón non.

11ª Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Pois non sei. A min ninguén, quero dicir que estaban na rúa, estaba na rúa.

PREGUNTA: Ti chegabas alí e xa.

R: Xa estaba, si.

12ª Pregunta: E ti ensinácheslle algún aos teus fillos, aos rapaces, netos?

Resposta: Eu si. Porque eu tiven unha época que daba clases. Era unha especie de Amaliña, sabes? Que tiña unha gardería. Entón si que sempre me cadrou de estar con nenos e ensinarlles.

13ª Pregunta: Como aprendiades a xogar?

Resposta: Pois polos outros rapaces máis grandes, sempre che dicían: "hai que facer así". Normalmente aquí, en Malpica viviuse moito na rúa. Entón os maiores ensinábanche: "queres xogar aquí? Pois tes que facer así" Os maiores non tiñamos un mestre que nos ensinase, ou polo menos o mestre nunca me ensinou a xogar.

14ª Pregunta: Cales eran os xogos máis populares, así os máis practicados entre vós? Os que me contaches?

Resposta: Si, brilé e corda. Si brilé, corda. Porque o fútbol xa non era noso. Agora aínda xogan moitas nenas, antes non. E iso os tres navíos e as agachadas. Porque podíamos xogar todos.

15ª Pregunta: Había xogos de nenas e de nenos?

Resposta: Si.

PREGUNTA: Xogabades todos das mesmas idades?

R: Si, normalmente si. Normalmente, eramos todos os amigos da mesma idade, de oito anos, podía vir algún. Normalmente tiñamos aquelas cuadrillas. Antes xogábase moito na rúa, pero cada un tiña as súas cuadrillas e as súas amizades. Viña un máis grande e dicíalle: "pois hai que xogar así". Falabamos dos xogos que eran de nenos e de nenas?

PREGUNTA: Si.

R: Había algún rapaz que viña xogar con nós á corda, pero logo lle chamaban "mariquita" ou calquera cousa, ou que viña xogar ao brilé. Pero despois había separación, podía haber un rapaz.

PREGUNTA: Esa separación que era, digamos espontánea dos propios nenos e nenas ou en ocasións era imposta?

R: A min paréceme que viña xa imposta dende moito antes, xa había xogos masculinos e xogos femininos. Xa estaba feito así. Entón cando dicían: "xogades ao brilé? Ai ao brilé, ai ao brilé". Dicían os rapaces. Sabes cando xogaban máis? Cando xa eran máis grandíños, de catorce e quince anos. Polo tema de ligar e de facer manitas e tal. Pero oito, sete e nove anos xogabamos nenas por un lado e nenos polo outro.

16ª Pregunta: Onde xogabades, cales eran sitios? E por que eran eses sitios?

Resposta: Nos xogabamos moito, porque a goma permitíacho nas beirarrúas das Venturillas, onde está agora Foto Artús. Pois, alí había unha beirarrúa material que sobresaía, que despois recortaron. Pero antes soamente había un carril de estrada de rúa, e o resto era todo beirarrúa, e a casa tiña uns banquiños. E á metade sentábanse nos bancos tomar o sol, e o resto xogaban, ao que é a goma. E despois desde alí tamén pandabas aos tres navíos. Alí era un sitio onde estabamos. Máis tarde xa fomos, outro sitio era tamén o campo detrás de Tano, tamén había uns píos. O noso vai ser os píos. Alí tamén estabamos bastante porque eran xogos de agachadas e tal. Despois pola praia, a praia.

PREGUNTA: Seguen existindo eses lugares?

R: Non, a praia. O resto hai casas.

PREGUNTA: Vale xa me contestaches.

R: Non, casas e mais a rúa. Ti sabes onde é por foto Artús e agora hai dous carrís e antes non.

17ª Pregunta: Que tipo de materiais empregabades para xogar?

Resposta: Nada goma e unha pelota, o pau do palán e mailo da billa e nada máis. Pouca cousa, era barato.

PREGUNTA: Por que eses materiais?

R: Eu non sei. A min xa me viñeron dados. Tampouco había tantos xoguetes como para... Nós tiñamos unha boneca en reis, se cadra. Non é como agora, non tiñamos máis. Non sei, era porque eran os que había daquela.

18ª Pregunta: En relación ás regras. As regras dos xogos como funcionaba?

Resposta: Pois ao comezo dicíase: "panda calquera" e poñíase. Pero xa nos viñan dadas tamén. Quero dicir que non se trocaban porque si, tódolos días. Quero dicir, os tres navíos ao mar ese, que ao mellor íamos, que a min parecíame unha burrada de xogo porque corrías todo Malpica e ías ata os pinos de Cotelo por enriba. Pois a min como xa me viñeron dados nós non inventamos nada. Sabes que pasa? Ao mellor na corda si que podía haber unha nova canción, nada máis. Que escoitabas ao mellor, que tiñamos cancións o este das mans (corda na man). As regras eran as que nos ensinaron os grandes.

PREGUNTA: Cando había trampulleiros que pasaba con eles?

R: Pois chamábaslle trampulleiro, dicíaslle que non xogaba máis ata o outro día. Non xogaba ese día nada máis [risas] despois esquecíaste. Pero si que había trampulleiros, claro que había.

PREGUNTA: Cando non se sabían as normas, que pasaba? Explicábanse ou mirabas e tiñas que aprender porque si?

R: Si, si, o que pasa que ti cando vas xogar e agora será igual. Cando ía xogar ao palán: "e como se fai? Pois tes que dar, tra-tris". Explicábancho alí, quero dicir, se é a primeira vez, despois para outro día volvías e xa sabías as normas. Se fas trampas, porque ao palán as trampas que podías facer eran os pasos, en vez de tres dabas dez, se non te vía o outro claro.[risas] Porque esas normas xa viñan dadas. A trampa, está nos pasos. Entón claro si o ves: "así non vale!! Me cago en tal!! Non sei que". Lío, podía haber trompazos tranquilamente, se xogaban os rapaces sós seguro que había tortas.[risas]

19ª Pregunta: Eran competitivos os xogos?

Resposta: Home, todo mundo quería gañar pero coma sempre. Como pode haber, eu que sei os xogos agora. Eu fíxome cando xogan ao fútbol aquí no recreo, e andan a morte e son sempre os mesmos equipos, xa saen e teñen cinco e cinco, claro. En vinte minutos fan un partido de "champions" e nós tamén en vinte minutos faciamos do recreo. A min paréceme que os nenos eran máis competitivos que as nenas, parécemo. Tiñan aquela ansia de gañar, nós como xogabamos á goma ou ao brilé. Ves! Se había nenos no brilé había máis ansia de gañar, poñíanlle máis ganas eles, aquela cousa, en cambio as nenas. Oes, fodíache perder como todo Deus, pero nada máis, xogabas para pasalo ben. Pero en cambio cos nenos, a min paréceme que eran máis competitivos os nenos daquela época e agora tamén.

20ª Pregunta: Eran difíciles de xogar no sentido de que tiveses que ser un fenómeno?

Resposta: Había de todo, pero en xeral eran fáciles.

PREGUNTA: En xeral eran fáciles, sempre pode haber alguén que destaque.

R: Sempre hai, claro. Non, os de antes eran doados.

21ª Pregunta: Había xogos de tempadas, quero dicir de verán, inverno, primavera?

Resposta: Había, pero máis pola. Eu seino porque á buxaina, que a min nunca se me dou ben, por iso nunca xoguei. Me parece que era dunha tempada, me parece que de

inverno, parécemo pero non sei que tempada, pero non se xogaba todo o ano. Xogábase só naquela tempada e despois, claro, se xogas nun patio descuberto sempre hai tempadas porque se chove. Pero a buxaina si que era de tempada, os outros non me acordo. A goma, non porque a goma a min paréceme que xogabamos todo o ano.

PREGUNTA: E no porto e na praia xogabades a que xogabades?

R: Eu no porto nada, porque non ía a case nada. E na praia, na baixada que vai, onde está O pescador había unhas escolas, había unha baixada. Entón, naquela baixada eu acórdome, non xoguei porque xogaban os da escola que ían alí, á billa, ao palán, non sabes? O que vai para a grúa, ademais, era chan de terra para a buxaina para facer os "furolos" eses, non sei como lle chamaban. Eu normalmente xogaba na praia ou nas Venturillas.

PREGUNTA: Na praia que xogos faciades?

R: O brilé, e facer "perillotes" e saltar. Se tiñamos goma, á goma ou facer corazóns.

PREGUNTA: Ir á vía, faciades?

R: Máis os rapaces.

PREGUNTA: Máis os nenos que as nenas?

R: Máis os nenos. As nenas, algunha que lle chamábase "marimacho" ao mellor, sabes? Iamos pero non coma eles que ir á vía era cousa de nenos.

PREGUNTA: E baixar a rolos por Canido, non sei si era exactamente por Canido?

R: Si, sabes? Nós baixabamos nun prato de porcelana sentados. Nas escaleiras onde está o Leño, ti vas polo paseño da praia e alí hai unhas escaleiriñas que soben, pois alí, antes de haber escaleiras así, había uns corredoiros así, [facendo xesto de inclinación]. Daquela ti tiñas cinco anos e parecíache que era o pico da morte, e non era nada que serían tres metros por aí. Moitas veces ías e coa arrancada caías na area, claro non había pedras e ías desde enriba "siun" "pumba". Íaslle roubar o prato de porcelana a túa nai ou a túa avoa e ías [risas] e todo era así. A rolos, eu ía máis en Seaia que en Malpica, cando podíamos ir así, ao mellor ías a San Hadrián polas dunas aquelas. Eu por Malpica non, nunca. Pero había xente que si.

22ª Pregunta: Para ti que significou o xogo cando eras nena ou mociña?

Resposta: Para min era, "buff". Estar cos amigos, unha, outra saír da casa "mamá marchó". Porque antes non había nada, nin tiñas tele, non tiñas un libro. A televisión nós tiñamos unha pero aquí había moi pouquiñas.

PREGUNTA: Había unha que era a vosa [risas].

R: Había dúas ou tres.

PREGUNTA: A vosa e maila outra [risas].

R: Pero só había unha canle e entón: "vou xogar". E nos recreos, era a gloria bendita ir para os recreos, menos cando te castigaban, claro. Pero era iso liberdade, amizade e pasalo ben sacarte daquelas, porque antes era bastante duro que non é coma agora.

23ª Pregunta: A ti que era o que máis che gustaba particularmente?

Resposta: O xogo?

PREGUNTA: Si.

R: Pois o brilé. A goma non. Non era moi brincadeira, dáballe ben ás primeiras, pero ás segundas de aquí enriba non. O brilé.

24ª Pregunta: Pensas que estes xogos os coñecen os rapaces de agora?

Resposta: Si. A goma non. Ao brilé si que os vexo xogar. Aquí a parte de que hai algúns profesores que están intentando recuperar os xogos de antes para que se saquen do fútbol ao mellor. Pero, si.

25ª Pregunta: Os rapaces e rapazas pensas que teñen as mesmas oportunidades para xogar que os de antes?

Resposta: A min paréceme que teñen máis, teñen máis. Pero que non as aproveitan, quero dicir que non saen a xogar á rúa como saían antes. Antes eu que sei, non tiñamos outra cousa e xa tiñas que ir. Pero agora tamén tes un día material e dígolle eu: "pero idee para a praia, che! Xogar á pelota". Estanche aquí ou na casa coa "maquineta". Quero dicir, ter teñen as mesmas porque para xogar na rúa non fai falla ter. Pero que pasa que agora teñen máis onde escoller, escollen outra cousa máis cómoda para eles, digo eu.

26ª Pregunta: Ensínanselle aos rapaces de agora, pensas que se lle ensinan estes xogos á parte do que poida ser un pouco a escola ou algunha cousa en concreto?

Resposta: Como che dixen antes, hai poucos mestres que ensinen e os pais. Eu seiño porque eu vou a sitios que nolos ensinan a nós agora. Por exemplo, nós imos ir o sábado a Carrueiro á festa folk esta que hai, e alí pola tarde xogamos a todo o que xogabamos de pequenos. O aro que non che dixen, porque tampouco me gustaba que non o usei, pero Juan pásao pipa xogando ao aro, porque se acorda de cando era pequeno, e a rá e

estamos toda a tarde xogando. Quéroche dicir non todos hai poucos, pero sempre hai algún que saca o que, porque ademais son bonitos e máis son feitos doutro material que non tes agora, de plástico, son de madeira. Non todos, pero algún si.

1. 1. 6. ENTREVISTA N6

Data da entrevista: 25 de abril

Lugar da entrevista: lugar de traballo (despacho)

Duración da entrevista: min

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: N6

Xénero do entrevistado: Masculino

Idade:45

Profesión: Profesor universitario.

Campo profesional: Docencia universitaria.

Educado en: rural e tamén en internado.

Filios: Si, 2.

Peculiaridades da entrevista: Foi realizada nun ambiente relaxado e distendido, no lugar de traballo do informante.

1ª.-Pregunta: Onde e cando naciches?

Resposta: Nacín en Malpica o 21 de xullo de 1964.

2ª.- Pregunta: Viviches sempre en Malpica?

Resposta: "Bueno", sempre non. Teño 45 anos, entón vivín ata os 10 anos en Malpica, logo fun estudar para A Coruña a un colexio interno, que era o que se estilaba daquela, ou ías ao seminario ou ías para Coruña. Uns ían ao Calvo Sotelo outros ao Fogar de Santa Margarida, e tal. Entón a colonia estudantil de Malpica estaba fundamentalmente no Fogar, entón dende os 10 ata os 17 anos estudei no Fogar de Santa Margarida, e claro viña a casa as fins de semana, todas as vacacións e todo iso. E logo xa marchei para Santiago facer a carreira universitaria e partir do ano 1991 vivín en Malpica ata o 1997. Porque traballei alí, e partir do ano 1997 como me casei e como xa estaba de profesor

aquí, pois xa me trasladei a vivir á Coruña, ese é o meu itinerario vital con respecto ao domicilio.

3ª.- Pregunta: A que te dedicas profesionalmente?

Resposta: Actualmente son profesor de universidade.

4ª.- Pregunta: Que é o que máis recordas da escola? Da infancia.

Resposta: Da escola, da infancia. Home eu estudei nas escolas da Cerca o que era o parvuliños daquela, porque te escolarizaban a partir dos 5 anos. Dos 0 a 5 anos pois criábaste na rúa, ca familia, todo iso. E logo, todo o que é a educación infantil básica estudeina alí nas escolas da Cerca, e logo tamén nas escolas Vicente.... Perdón Vizconde San Alberto, que eran as coñecidas como as escolas do Pescador en Malpica. E lémbrome con moito cariño do profesorado que tiven, Dona Fernanda, Don Francisco, Don Ramón, Don Adolfo, "bueno" era unha escolaridade aínda que en castelán moi pegada á vila, e os recordos que teño son bastantes bos. Logo xaaa, na EXB, e no internado aínda que a nivel docente os recordos tamén son moi bos paréceme que foi unha ensinanza bastante boa. A nivel de experiencia, xa de vida o internado é algo bastante duro, sobre todo para un rapaz que o sacan dunha vila pequena, onde te crías na rúa e coñeces a todo o mundo pois a unha cidade e vas cada tres semanas a casa e bueno en fin todo iso.

5ª.- Pregunta: Acórdaste dos xogos da escola, relacionado cos xogos populares?

Resposta: Si, si. Fundamentalmente os rapaces xogabamos ao fútbol os rapaces. E logo eh xogos de máis carácter, ehh, mixto eh. É dicir rapaces, nenos e nenas xogando á mariola, que era de pintar uns cadros cuns números na rúa e cunha pedra, a poder ser un anaquiño de terrazo, que esvarase bastante ben, pois xogabamos á mariola. Tamén xogabamos á corda que acompañabamos con cancións: “a vi, chorola, que perdeches chora”. Ou: “rei, rei cantos anos vivirei, vintecinco non o sei” Pois o que aguantaras. Despois xa había xogos como a laviscura o "escondite".

PREGUNTA: Ese da laviscura Como é?

R: Ehh, era un pandaba e os outros escondíámonos e eehhhh, tiñas que tocar no cachiño de parede que outro defendía ou que pandaba , sen que te vira, era un “escondite”. Logo xogábamos a monta na churra, que era un xogo bastante duro e animal, e xogabamos

fundamentalmente os rapaces, ehhh ovo, pico araña, non? Este de saltar uns enriba dos outros.

Despois xogabamos moitísimo no contorno, interactuabamos con el e xogar. Dende andar nas embarcacións figurando que eramos navegantes e descubridores, ata ir pescar na bocana do porto, ou iamos ás poucas árbores que había por alí a facer cabanas, aos paxaros, á froita e xogabamos aos indios e os vaqueiros. E dende logo, había outra zona ou agra pública por excelencia lúdica que era a area, na area xogabamos aos “cacharrillos” ou aos médicos cas rapazas, ou xogabamos a facer unha “barcana”, un barco de area e algas, fronte ao mar ata que viñeran as ondas, ou xogabamos partidos sen fin, porque duraban horas, e tamén moito na area, nas pedras do caldeirón, iamos moitos ás minchas, ás lapas, a buscar ferralla, a bañarnos, buscar polbos, ect. Era interactuar co medio que tiñas.

6ª.-Pregunta: Na escola o mestre deixaba tempo para xogar, ou só o podíades facer no recreo?

Resposta: Sempre era no recreo, ou nos momentos de entrar ou saír do colexio, sempre era no recreo.

PREGUNTA: Non houbo ensinanza destes xogos por parte dos profesores?

R: Non houbo, que eu recorde.

7ª.-Pregunta: Dentro da escola xogabades e fóra da escola xogabades as mesmas cousas ou variaban, ou había máis repertorio fóra?

Resposta: Normalmente ehhh, había máis repertorio fóra, fóra, a creatividade. Xa digo, viña imposta moito polo medio, polo contorno. Pero sobre todo na escola limitabámonos ao que o propio espazo de xogo nos limitaba, non era un patio de colexio, era a rúa. De feito xogabamos partidos costa abaixo indo cara a grúa, e cantas veces nos caía o balón no mar. Había que ir buscalo, saltar nun bote, non sei que. Ou xogabamos a baixar por, eran xogos un tanto animais daquela, baixar por un poste da luz, non? Coma se fósemos bombeiros e moitas veces caíamos dende metros de altura, magoarse xogando era moi habitual.

9ª.-Pregunta: Polo que falaches antes si que os había, pero había xogos que tivesen relación cos traballos daqueles tempos?

Resposta: Sobre todo traballos que teñen que ver co mar, había moitos dos rapaces, viamos e faciamos o que viamos. E o que viamos era andar cas redes ir a pescar, preparar os aparellos, vogar, todo iso. E é raro que alguén non tivera un pai, un avó, un tío, ou un amigo mariñeiro entón. Incluso os nenos tiñan o seu bote pequeno, non? Pois auxiliar de non sei que, era unha ilusión dispoñer dunha embarcación dunha chalana, e iamos moitísimo aos "pulpos", ás sollas, a mirar polo espello, a coller camarón, pescar os panchos na bocana do porto, as xardas, largar uns tramalliños que eran un cacho de rede, pero era moi habitual iso, si, si.

10ª.-Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Por imitación era, era os grandes, os pequenos, xogabamos moi interxeneracionalmente, sobre todo os xogos de a pillar, a pandalas, o "escondite". Era moi habitual que os maiores que nos podían levar 3, 4 ou 5 anos, xogabamos con eles, educaban ludicamente aos que viñan de atrás.

11ª.-Pregunta: Ensinácheslle algún xogo aos rapaces máis pequenos, ou aos teus fillos, primos, netos?

Resposta: Si, si. Pero ensineinos máis como familiar, porque a miña infancia foi truncada nese sentido, porque eu marchei aos 10 anos, e xogos na cidade xa eran máis regrados, a rebumbio, no patio, a unhas horas, cuns espazos determinados, o terreo de xogo marcado, entón nese sentido a miña función socializadora a través do xogo co xogo, pois ehheh trunouse. Pero si que aos meus sobriños, aos meus fillos non sei si por deformación profesional, ou porque valoro ese traslado de patrimonio lúdico ás diferentes xeracións si que o fixen.

12ª.-Pregunta: Como transmitían estes xogos?

Resposta: A través da práctica, oralmente e a través da práctica. Establecíanse as mínimas regras e despois facíase e rapidamente se collía a dinámica.

13ª.-Pregunta: Que xogos eran os máis coñecidos ou practicados na escola e na rúa?

Resposta: sabes que marcaba moito o tipo de xogos e a cantidade? A estación do ano, é dicir chegaba a primavera xogabas a uns xogos que o tempo permitía, ou pola luz ou polo chan, é dicir se na primavera comezaba a facer bo tempo, e menos pozas, e menos mal tempo digamos, o solo tamén estaba mellor e daquela xogabamos á buxaina,

xogabamos co punzón un círculo no chan, xogabamos ás chapas, aos boliches que lle chamabamos nós, a mariola. En cambio no inverno se cadra, xogabamos máis ao aro, ou a facer un bote, un barco cunha lata de aceite que nos axudaban as nais ou as avoas, ou xogabamos máis na praia, cando o mar estaba máis embravecido, a facer as “barcanas” que eran coma buques, proa ao mar, e nada agardar a que viñera e xogabamos a “ouchea”. “Bueno” había cada, cadaaaaa, “bueno” ía dicir tunda, pero a tunda viña despois (risas), cada molladura tremenda, tremenda.

14ª.-Pregunta: Cales eran os sitios onde xogabades e porque o facíades alí?

Resposta: Fundamentalmente na vila, na, na vila. Nós colonizabamos os espazos, é dicir se nun espazo había un portalón, esa era unha porteria, un garaxe era unha portería, un campo de barbeito das patacas era un estadio. Ehhh, a praia en marea baixa aí xa de todo, a praia en marea chea xogabamos na area seca, ehhh unha horta cunha árbore iso era o terreo dos indios e dos vaqueiros. Interactuabamos co medio, entón nese sentido marcaba moito o tipo de xogos.

15ª.-Pregunta: Seguen existindo algúns deses lugares?

Resposta: Obviamente, eh acabou, a fagotización do espazo público pola amplitude das construcións e a adecuación do espazo público dunha forma máis urbana, como pode ser xardín público, parques ehhh, pois iso tamén marca o tipo de xogos, entón moitos deses espazos que antes eran desacampados ou que se podía xogar porque se vía normal que os rapaces xogasen aí, pois agora non existen, desgraciadamente. Pero tamén hai outros hábitos lúdicos, xogar máis individualmente, xogar con videoconsolas, internet ect. Un xogo máis fogareño, non tanto no espazo público, e eu sempre lembro unha frase que era moi habitual xogaras onde xogaras, que a tribo, a xente nos dicía: “ide xogar á area!!”- Iso dicíannolo moi a miúdo. Se eran as catro da tarde e estabamos xogando un partido.

PREGUNTA: Para non molestar, non?

R: Claro. Había mariñeiros que estaban durmindo antes de ir para o mar, ou que viñeran do mar e estaban durmindo, pois ide xogar á area, porque alí podías darlle ao balón, berrar, correr, saltar, ti caer no chan que non te magoabas, non estorbabas, e por iso digo que era a nosa ágora lúdica por excelencia.

16ª.-Pregunta: Que tipo de materiais empregabades para xogar? E por que?

Resposta: Pois, tamén dende empregar o propio contorno, había cachos de corda polo porto de arraxar as redes, pois empregabámolo e sempre había alguén que tiña unha pelota, se a pelota non era de plástico, e era xa dun material máis duro, deses “curtis” que alguén lle regalaban por Nadal ou de aniversario, ese tiña un tesouro, pois animábalo: "Oes vai buscalo balón, o Curtis". Sobre todo para ir xogar á area, e despois temos feito partidos con botellas de aceite, con botellas de lixivia, e rematar de cabeza, e as porterías eran dúas pedras, dous ladrillos. E na area as “barcanas” facíamolas coas mans, con area e algas que deixaba o “gholfe”, que deixaba o mar en pedras que nos recollíamos. Utilizabamos sobre todo a imaxinación, e sobre todo o medio.

17ª.-Pregunta: Podíanse cambiar as normas en función das necesidades do momento?

Resposta: Non. Mantiñámolas porque se transmitían de xeración en xeración, quero dicir, que xogar a monta na churra, ou a pandalas, ou os grandes e pequenos, que era ir correndo os pequenos detrás dos grandes e os grandes detrás dos pequenos, era así son catro normas. Outro que me acordo agora, o palenque ou a billa que lle chamamos nós. Sabes o que é?

PREGUNTA: Si.

R: Pois non podías facer o que che apetecía: "non mira tes que estar neste círculo dous toques e pum e a por el".

PREGUNTA: Cando alguén non sabía as normas?

R: Pois normalmente os maiores explicábanlle aos pequenos, e logo transmitíase pola práctica.

PREGUNTA: Se había algún trampulleiros, que pasaba con eles?

R: Normalmente xa había as súas normas de castigo, perdías puntuación, saíaste do xogo, pero digamos que nos partidos non había árbitros, nos xogos non había árbitros todos, sabíamos o que era man o que era penalti, aínda así cando xogabas contra os grandes, abusaban.

PREGUNTA: Había castigo físico?

R: EHHHH, había xogos nos que o castigo físico era a ollos de agora salvaxe, salvaxe. Por exemplo, xogar aos indios e vaqueiros con arcos en cabanas, e disparar cos arcos de frechas feitas de varillas de paraugas, pois nas cachas, nas pernas. "Bueno!"

18ª.- Pregunta: Eran competitivos os xogos?

Resposta: Si, moitos deles si.

19ª.- Pregunta: Había que ser moi habilidoso para xogar?

Resposta: Non sei si había que selo, pero os habilidosos en certos xogos triunfaban, eran tamén os referentes na infancia.

PREGUNTA: Refírome a se había que ser un fenómeno para xogar?

R: Non, xogabamos todos, grandes e pequenos, fracos e gordos, altos e baixos, nenos e nenas en moitas ocasións xogabamos. Era moi interactivo e moi inclusivo o xogo. Outra cousa é que foras bo e quixeran xogar contigo.

20ª.- Pregunta: Que significou o xogo para ti cando eras mozo ou neno?

Resposta: Pois dende logo, un momento de relación de interacción social, un momento de descuberta no contorno. Cando digo descuberta refírome, pois a diferenza que había entre un pino do país e unha maceira, entre un xílgaro e un verderolo, ou entre un pardal e unha andoriña, quero dicir que iso aprendíámolo co xogo. E despois unha maneira de interaccionar cos maiores, e de iniciarte á vida, ás conversas ehhe sobre o sexo, sobre moitas cousas que teñen que ver co sentido da vida descubríalas a través do xogo.

21ª.- Para ti a nivel individual que xogo, ou xogos eran os que máis che gustaban?

Resposta: Pois, seguramente ehhe, se se pode denominar xogo, máis unha actividade, pero cando viña o verán, despois de ir á praia, bañarte nas ondas e ir á vía, porque despois tamén aproveitabas as ondas, ir a non había surf, nin “bodysurf”, nin windsurf, ninguén tiña unha táboa, pero nos tamén facíamos surf co corpo e aproveitabamos moi ben esa interacción co medio. Todo o que tiña que ver ca praia disfrutaba, todo o que era ir aos panchos á bocana do porto, aos "pulpos", ás barbadas, todo iso, eu disfrutaba especialmente.

22ª.- Pregunta: Pensas que estes xogos os coñecen os rapaces de agora?

Resposta: Moitos deles non, moitos deles non. Algúns é imposible agora desenvolverlos, por exemplo se queren ir pescar aos panchos non poden. Non hai, esquilmouse esa especie, polo menos na bocana do porto.

Pero é unha mágoa, porque efectivamente hai moitos xogos que foi dunha transmisión de pais a fillos, de maiores a menores fóronse perdendo, os espazos xa non son os mesmos, hai moitas zonas asfaltadas onde se podería xogar. Tamén eran xogos onde o utensilio pois sempre había un avó, un pai, un irmán maior que cho facía. Un veciño que

che preparaba o palenque, o aro, e hoxe en día a estrutura familiar é outra, a socialización faise moito cara dentro dos fogares, e todo iso fai que sexa unha perda.

23^a.- Pregunta: Crees que se lle ensina aos máis pequenos?

Resposta: Non, pero precisamente por iso. Porque os hábitos dos pais e nais son outros. Eses pais e nais de moitos xogos esquécense. Os nenos prefiren xogar obviamente co que lles resulta máis coñecido que son as videoconsolas, as Nintendo, os móbiles, internet, a televisión, e estase a perder un cúmulo de creatividade tremendo.

24^a.- Crees que os rapaces teñen as mesmas oportunidades para xogar que as xeracións de antes?

resposta: A ver, oportunidades téñenas todas. O problema é facerllas ver, e que sexan copartícipes desa realización, porque non é tanto culpa deles que non saiban xogar. Eles fan o que ven, como nos fixemos. Se eles non ven habitualmente a nenos xogando a pandala, a laviscura, ás agochadas. Xogan ás agochadas, pero xogan na casa. debaixo dunha cama, por detrás da lavadora.

25^a.- Pregunta: Que poden achegar os xogos populares á sociedade, a vida do pobo?

Resposta: Pois, eu creo que en moitos casos valorar o respecto ao entorno, nos cando iamos xogar ao agro, sabiamos que había unha plantación de patacas ou de outro tipo de cousa, millo. Pois sabiamos que por alí non podíamos pisar, ou se gabeabamos por unha árbore normalmente sabiamos que tipo de árbore estabamos, cales eran as polas que estaban ben, que dureza tiñan. Aínda así, sempre había algún rapaz máis “randolo” que outro, que sempre, pois facía algunhas avarías como desfacerlle o niño a unha andoriña ou. Pero eu creo que iso era unha interacción xeral de respecto de valoración de disfrute co medio.

26^a.- Pensas que na escola se garante a transmisión e conservación dos xogos na escola?

Resposta: Non, non para nada a escola o que fai en gran medida é perpetuar o que xa hai, e outorgarlle unha pátina de politicamente correcto que isto é o que se estila, e o que se fai, e en algúns casos fomenta iso. É unha mágoa porque cos recursos que teñen, os coñecementos que teñen, os espazos que teñen, e a sensibilidade que ten o profesorado e outros profesionais que podería haber e non hai. Ou os que hai non teñen esa cualificación ou sensibilidade de respecto ao patrimonio. Dende logo é un cúmulo

de experiencias que se están perdendo, hai iniciativas por aí de recuperación de xogos populares, pero que son pequenas aldeas de Asterix.

PREGUNTA: Debería ser un contido obrigatorio na escola? Non, non, tanto como contido obrigatorio non. Pero si debería ser unha sensibilidade de docentes e profesionais complementarios que comezan a acudir e asistir as aulas nos contornos educativos, si que poderían coñecer as plusvalías de promover o xogo tradicional máis noso.

27^a.- Pregunta Cal é a túa experiencia cos xogos populares no ámbito educativo?

Resposta: “Bueno”, o que, dende o meu punto de vista como pedagogo municipal, tentei traballar algo ese aspecto. Indo máis como apoio á escola con xogos cooperativos, xogos tradicionais e achegarlos á escola a través de profesionais expertos, grupos de investigación desa liña, para que llos transmitisen tanto ao profesorado, como ao alumnado. Non sei si o conseguín, ou se hai graos na consecución, e despois popular a nivel local non tiven tempo de desenvolverlo máis ou non lembro agora se o fixen.

28^a.-Pregunta: Agora mesmo que fas ti para fomentar os xogos populares?

Resposta: Dentro das túas posibilidades. Na miña faceta como pai si que llos transmito aos meus fillos. Por exemplo: "quen baixa mercar unha barra de pan? Pois o que fago é: "Rabo de boi, rabo de besta dixo meu pai que estaba nesta". É unha maneira de repartir roles a través dunha canción, e estallo transmitindo, en lugar de dicirlle que baixas ti. E si estamos nunha situación que o permite pois ensínolle algo.

E logo na miña faceta como profesional, xa dentro do ámbito da aula, pois incido moito no tema do valor dos patrimonios culturais, e dende logo está o xogo popular.

29^a.-Pregunta: Xa para rematar e volvendo ó tema dos xogos. Ti coñeces os xogos da nica, corrompa, arma barra?

Resposta: Si, si, si. Arma barra non. Pero a nica era como os albores do xoquei, e aínda que eu nunca o vin xogar, pero si que escoitei moito falar del aos vellos, que se xogaba na praia, escoiteille as vellos, pero ,arma barra, nunca escoitei falar del.

1. 1. 9. ENTREVISTA NCD2

Data da entrevista: 11-10-2011

Lugar: Salón de plenos Concello de Malpica

Duración: 57 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela

Identificador para o entrevistado: NCD2

Xénero do entrevistado: masculino

Idade: Sobre 45

Profesión: Diplomado en Maxisterio

Campo profesional: Técnico municipal de deportes. Experiencia no Concello 18 anos

Educado en: Rural-semiurbano

Fillos:-----

Peculiaridades da entrevista: A entrevista foi realizada nun clima moi correcto e con moita amabilidade por parte do informante. Foi feita no salón de plenos do Concello de Malpica. Ningún tipo de incidencia. Sempre estivo moi ligado ao deporte. Estivo federado en distintas modalidades deportivas e sempre mantivo a súa formación permanente orientada ao deporte.

1ª Pregunta: Imos comezar cun bloque de preguntas coas túas vivencias persoais cos xogos populares-tradicionais. Cando eras neno practicaches algún xogo popular?

Resposta: Algún si. Mira xogabamos ao peón, ás bolas, á billarda. A billarda descubrino aquí en Malpica. A billa que lle chaman, noutro lado chámanlle billarda. Os aros, de arrastrar o aro, e logo xogos populares eran os que había. A miña vida transcorreu entre Malpica e Carballo. E xogaba ás agachadas ao que xogaban o resto dos compañeiros.

PREGUNTA: Por exemplo ao cinto xogaches?

R: Non.

PREGUNTA: Á nica?

R: Non me soa. Sei o que é, pero de xogar eu non. A nica non ven sendo coma a billa.

PREGUNTA: Non, aquí en Malpica non. Por exemplo, ao corrompa, arma a barra, xa non te colleron a ti estes xogos?

R: Non.

2ª Pregunta: Onde xogabades máis, onde xogabas ti máis na escola ou na rúa?

Resposta: Eu na rúa.

PREGUNTA: Por que?

R: Porque as circunstancias mo permitían. Agora mesmo na escola, na escola tamén xogabamos, pero os tempos eran máis curtos. Os recreos eran cando empezabas á clase, neses momentos era cando xogabas. Despois na rúa permitíanche desde que saías da escola, estabamos normalmente na rúa. Agora, eu recoñezo que iso non se pode. Nin se debe polas circunstancias de inseguridade cidadán e demais, e tampouco hai os espazos para xogar como tiñamos nós. Eu, por exemplo, estudei a primaria en Carballo e tiña todo o monte para min, para min e para os resto dos da escola.

PREGUNTA: Digamos que hai certa inseguridade cidadá, trasladado isto a Malpica pensas que existe inseguridade de que os rapaces non poidan para xogar na rúa?

R: Agora mesmo os rapaces non xogan se os pais non están mirando para eles, e como os pais non queren mirar para eles, pois non xogan. Téñenos alí moi cómodos cando nós facemos actividades, que non son actividades evidentemente, de xogos populares-tradicionais. Pero aproveitan a estrutura que está montada para levalos ao pavillón, e mentres están no pavillón si xogan. Pero mentres están por fóra dificilmente ves un neno. Unicamente que non sexa de Malpica vila, senón da aldea que teñen máis espazos porque aquí en Malpica tes o parque para xogar. E a vida do Concello de Malpica non é so Malpica vila son todos os municipios (parroquias). A xente de fóra de Malpica vila si xoga moito máis que os nenos de aquí, e hai nenos de aquí que só xogan cando van ás actividades municipais, iso é unha realidade.

PREGUNTA: Sen embargo, teñen ou sexa, quero dicir que teñen un espazo como é a praia e non o empregan?

R: A praia está infrautilizada porque aínda que pareza mentira, despois de todo o tempo que levamos de loitar contra esa idea que ten a xente de facer actividades no mar, pois na area actividades. Malpica segue vivindo tristemente de costas ao mar, é dicir a actividade do mar é para traballar. E para sacar uns recursos e actividades como o surf, todo o que podes facer na praia, pois normalmente non soen ter acollida. De feito, este verán unha das actividades que ofertamos, de xeito de balde. Foi xogos na praia, non se presentou ninguén. Había unha nena, non lle interesa e é un pouco reflexo da realidade de aquí, o mar é para traballar. En cambio outras veces sacamos cursos de vela e funcionan. Funcionan porque debe ser que hai máis pasta, ou non sei.

3ª Pregunta: Volvendo ao tema das vivencias persoais, que nos fomos un pouco. O mestre deixabamos para xogar dentro da escola?

Resposta: No recreo, no recreo, e despois na hora de volver despois de comer. Normalmente iamos ao centro educativo, e para nós o colexio Bergantiños era un centro de lecer, polo menos para min. E cando remataba o colexio tamén nos quedabamos alí xogando ao fútbol, ao baloncesto ou ao que fora.

4ª Pregunta: Dentro da escola ou fóra da escola xogabades ao mesmo ou variaban os xogos ou se mantiñan?

Resposta: A ver, antes tampouco tiñamos os recursos que teñen agora os rapaces, os pais. Era unha cuestión máis de imaxinación, é dicir queriamos xogar ao fútbol non tiñamos balón, pois xogabamos cunha lata. Agora mesmo ninguén se plantexa xogar ao fútbol cunha lata creo eu. Todos teñen cinco balóns, e o que non ten cinco ten dez. E xogan ao fútbol co que teñen que xogar e coas súas botas. Todo máis especializado. E a nivel de xogos populares-tradicionais ao mellor como non lle traías unha bola de marca xa non queren xogar. É unha opinión miña non unha realidade.

5ª Pregunta: Cando ti xogabas había algún xogo que tivese relación cos traballos de aqueles tempos, quero dicir, (silencio) por exemplo, aquí andar polo Caldeirón polas pedras?

Resposta: Ir ás lapas?

PREGUNTA: Si, refírome a ese tipo de actividades que teñen un carácter lúdico tamén.

R: A ver nós andabamos polas lapas, perdón polo Caldeirón saltando de pedra en pedra ehh, tamén aos polbos. Pero non entendía que fose un xogo naquel momento, andabas aos ourizos, pero despois non os comías. Ás lapas tamén fomos, ao mellor era unha maneira de malgastar os recursos, ao mellor si que as empregabamos para ir pescar.

PREGUNTA: Non ías nos botes?

R: Tamén, e ensinar a nadar a algún colega meu sen saber eu nadar. Eu dende o bote (risas), fáloche en serio el nadaba, e eu dáballo ao remo: "aguanta aquí, arrima alí un pouco máis". Sen saber realmente o que te estabas xogando.

6ª Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Pois, aprendías doutra xente doutros compañeiros. Quen controlaba moito disto de xogar era Alfredo de Veigamar, ao lado do Sodoma. Pois eses traían cousas novas, non é que foran moito máis mañosos ca nós, pero eles sempre traían cousas.

7ª Pregunta: Ti ensinácheslle despois algún xogo destes aos teus fillos, netos ou sobriños.

Resposta: Vai ser que non, só xogar á buxaina. Porque era a moda que pasou por aquí, que deben de ser cíclicas. E trouxo unha buxaina e logo conseguín dúas ou tres buxainas máis. E ensinarlle a aprender a xogar, e no momento de aprenderlle a tirar coincidiu que tiña un problema no ombreiro que me impedía lanzar.

8ª Pregunta: Como aprendiades os xogos?

Resposta: Coa práctica. Ti mirabas como facía o resto da xente e así facías.

9ª Pregunta: Os máis coñecidos ou populares?

Resposta: As "canicas", noutro lado lle chaman as bolas. O peón, e algo de aro e pouco máis. Eu o que dicías antes de andar polos barcos, que andabamos sempre polos botes, de bote en bote. Para nós non era un xogo, era porque queríamos ir pescar e era o divertimento que tiñamos, pero tampouco era un xogo.

PREGUNTA: Ou sexa que ti non o consideras que fose un xogo?

R: Non. De feito un irmán meu houbo de morrer dúas veces afogado, por culpa das caralladas. Para nós non era un xogo, era o que faciamos tódolos días, cando estabamos de vacacións.

10ª Pregunta: Había xogos de nenos e de nenas?

Resposta: Pois evidentemente, me da que si. Eu ao das nenas nunca xoguei.

PREGUNTA: Non? Por exemplo?

R: Pois, non sei me imaxino que xogarían ás casiñas e a cousas desas.

PREGUNTA: Á mariola nunca xogaches?

R: Ah, si.

PREGUNTA: E a corda?

R: Á corda tamén. Si eu nese sentido era un pouco atípico. Xogaban dous ou tres, pero non tódolos nenos. Había a goma tamén.

11ª Pregunta: Porque pensas que existía esa segregación, era espontánea ou social máis que nada?

Resposta: Si. Mira iso vén das casas. Para min, é unha opinión miña, iso vén das casas que impoñen eses roles. Levamos moito tempo loitando contra eles, pero non somos

capaces. Porque nós entendemos que o deporte e o xogo é para todos sen distinción de sexos, nin de relixión, nin de raza, nin de nada. Pero normalmente atopámonos coa realidade que é. As nenas van a pandeireta e a gaita como actividades lúdicas recreativas, e os rapaces van ao fútbol. De xeito xenérico non é unha barbaridade en si.

12ª Pregunta: Onde xogabades e por que o faciades alí?

Resposta: Pois xogabamos nas zonas máis próximas que tiñamos á casa, nas áreas de recreo.

PREGUNTA: Aquí en Malpica?

R: Pois aquí en Malpica, como eu son do Camiño do río, na parte de abaixo había unha explanada onde estaba a Cruz Vermella e mais o "taller". Pois por aí nós xogabamos, aí aínda era de terra e podíamos facer "guás", e xogar á billa, a cousas destas.

PREGUNTA: Ao punzón?

R: Ao punzón nunca xoguei. Xogar a lanzar un punzón e cravalo nunca xoguei. Xoguei con balestas e arcos, pero foron momentos puntuais.

PREGUNTA: Na Cerca xogaches?

R: Non na Cerca non fun.

PREGUNTA: Xa non existía?

R: Si, si, existía pero eu non ía á Cerca. Porque a Cerca era máis para a xente de aquí. Para min quedaba un pouco fóra de man.

PREGUNTA: Non entendo isto que me dis.

R: Para a xente de Malpica, e a min quedábame fóra de man. Porque nós íamos cara a zona do mar e o Caldeirón, o Tallo. Eramos máis de pedras.

PREGUNTA: No porto?

R: No porto claro. Se entendes por xogar andar de barco en barco, e andar pescando.

PREGUNTA: Si entendo iso. E por exemplo, o de tirarse dende o muro do gas, e estas cousas.

R: Si. Pero eu non sabía nadar. Eu vía como os outros se lanzaban, pero eu nunca me tirei. De feito, aprendín a nadar aos dezoito anos, por cabezón. Eu si ía ver como os outros se lanzaban, pero eu nunca. Si se lanzaban, de feito dende a grúa grande antes tirábanse, en marea chea claro.

13ª Pregunta: Seguen existindo eses lugares onde xogaches?

Resposta: Si, pero doutro xeito. Séguense tirando ao mar e tal, pero cada vez son máis conscientes de que hai certas actividades perigosas. Como tirarse dende arriba do muro do gas, dende arriba dende a cúpula onde está. Non hai o calado suficiente como para tirarse. Xa llo vai dicindo a xente: "Mira que calquera día quedades aí" Séguense tirando de cabeza sen ningún tipo de protección, pero eu penso que cada vez son máis conscientes do perigo que están pasando nese momento, e tamén o fan menos, creo. (Silencio)

PREGUNTA: Por exemplo nos espazos coméntasme que existe algunha modificación ou reestruturación deles?

R: Si, que se foi urbanizando máis o contorno de Malpica. Creo que se urbanizou máis e quedan menos sitios para xogar, que realmente entraría outra situación que che digo. Que os rapaces agora normalmente non os deixan ir sós, porque nós andabamos por todo o pobo e ninguén nos dicía nada. Agora é máis difícil ver a un rapaz só. Hai algúns, pero sempre son os mesmos e con isto non digo nada, non digo que sexa malo nin bo.

14ª Pregunta: Que tipo de materiais empregabades para xogar e por que?

Resposta: Pois xogabas ca billa. Á billa xogabas un par de veces. Lle pegabas un golpe ao palitroque, e era como ao béisbol que lle tiñas que dar e lanzala o máis lonxe posible. Pois ese material facíámolo. Os peóns comprabámoslos no estanco, e non sei se Parraña vendía tamén. Parraña é un dos xogos recreativos, de hai uns cantos anos. E material que fixeras ti, pouco. Ti se consideras pescar como un xogo, pois había présa por ter liñas para ir pescar.

PREGUNTA: Por exemplo, se non tiñades un balón?

R: O facías de papel ou collías unha lata, ou un cartón, e facías un balón.

15ª Pregunta: Eran competitivos eses xogos?

Resposta: Normalmente si, normalmente si. Ata cos peóns tentabas de gañarlle ao outro, e incluso de romperlle o peón ao outro.

PREGUNTA: Os croques?

R: Si. Pero canto máis grande fose o teu peón mellor para cargarte o peón do veciño, pero partido pola metade. Non é o meu caso que a min máis ben rompíanmos. E o das bolas xogabas a chimpalas bolas fóra, e as chapas tamén xogabamos. As chapas era outro xogo que me acabo de lembrar, que era as tapas das bebidas. E había antes ao

redor do Pescador, había unha beirarrúa cunhas escaleiras cara baixo, e todo na volta tiña un rego, e aí xogabamos moitas veces coas chapas, a ver quen chegaba ao final e volvías. Pero iso o contorno cambiou totalmente desapareceron as escaleiras que tamén xogabas ao fútbol aí abaixo e cambioulle o uso a esa, ese núcleo de xogo. Pasabamos moito tempo nese sitio.

PREGUNTA: Onde está a reixa?

R: Si, onde están os escaleiróns había un borde amarelo e xogabamos moito ás chapas.

16ª Pregunta: Era difíciles de xogar?

Resposta: Non, os xogos eran moi fáciles.

17ª Pregunta: Había xogos de tempada, no verán xogabades a unha cousa no inverno a outra?

Resposta: Claro, é que ten que ser así.

18ª Pregunta: Na escola lembras que tiveses algunha actividade relacionada con este tipo de xogos?

Resposta: Non.

PREGUNTA: Algunha actividade puntual?

R: Non, non me lembro de nada diso, nin sequera nas clases de EF.

19ª Pregunta: Imos pasar a outro bloque relacionado co xogo popular no contexto de Malpica. Dende túa posición como técnico de deportes poderías dicirme a que xogan as rapazas e rapaces de Malpica?

Resposta: Pois agora realmente os nenos case xogan ao mesmo que as nenas a día de hoxe. Teñen diversos xogos pintados nos patios do colexio como a mariola, xogase tamén nas clases de EF, me consta que se xoga á corda, ao soga-tira, que non sei exactamente onde está diferenza que limita cal é xogo, e cal é deporte. Porque a soga-tira pos aos rapaces a tirar e para ti é un xogo, pero resulta que é un deporte de competición e con competicións internacionais. A iso si que xogan. Tamén me consta que xogan no patio do colexio ás bolas, aos peóns. Segundo as tempadas que sexan, e teñen material diverso na escola para xogar. Que poderíamos facer máis? Si, pero.

PREGUNTA: Este material é achegado polo Concello de Malpica?

R: O concello ten parte de material e a outra parte é do colexio.

20ª Pregunta: En liñas xerais pensas que os rapaces teñen facilidades para xogar?

Resposta: Os rapaces si, pero depende do que lle deixen nas casas. Os rapaces queren xogar a todo, queren estar xogando todo o día. Pero nas casas ao mellor non lles deixan, polas circunstancias non poden traelos aquí. Sabes ou es coñecedor, senón dígocho eu, da dispersión xeográfica que existe neste concello. E que neste colexio hai alumnos de Cerqueda, Santiso entón aí xogarían os nenos unha vez que chegan as súas casas, xogarían nos seu núcleos poboacionais. Aquí en Malpica o típico é ir ao parque, aínda que cada vez máis ao porto, pero no porto tampouco hai unha infraestrutura deportiva como tal. Está deseñada a instalación para actividade económica que é a pesca, de feito hai carteis que está prohibido o baño, pescar. Hai carteis, e dentro de pouco estará prohibido ir alí, se non vas a sacar pasta.

PREGUNTA: Digamos que con isto que me contas. Estáselle quitando aos propios nativos de aquí, algo que foi deles, como foi uso xeneralizado que está intrínseco á propia natureza da vila.

R: Son as normas, e ou se acatan ou non se acatan. O de pescar no porto pescouse en tódolos portos sempre, porque os portos realmente son viveiros do peixe e hai rapaces e nenos pequenos que van a pescar. Pero realmente alí hai sinais que poñen que está prohibido pescar, outra cousa é que ti vaias pescar, e non pasa nada. É coma xogar ao fútbol, poderían poñer unhas porterías, ou unhas canastras, ou pintar unha mariola ao largo. É un porto impresionante de grande, pero realmente non ten nada para aproveitar, ten unhas camas para tomar o sol, ou non sei para que son, porque a estas alturas xa non sei para que son.

PREGUNTA: Isto que me contas dende o meu punto de vista é un pouco contradictorio. Porque vendo o descenso da actividade industrial pesqueira, que xa leva anos pasando, non so en Malpica senón a nivel de comunidade autónoma, e de país tamén. Digamos que é un pouco contradictorio que seguen invertendo e rexistren o uso a unha soa actividade cando antes eran varias actividades, resúltame un pouco contradictorio.

R: A ver, un dos erros que estamos detectando, é que a este pobo hai que darlle unha saída, pero como a este a todos. E ao mellor está que hai que enfocalo dalgún xeito cara o turismo. Paralelamente ten actividades recreativas, e esas todas actividades. Estase demostrando co paso do tempo, por exemplo, o surf. O surf ofértase dende unha escola que é o Silfocamp e plantéxase como unha actividade lúdica, e demais. Pero é moi

difícil que a xente de Malpica se meta niso. Fanche un curso no verán pero logo durante todo o inverno non queren facer surf, un ou dous

PREGUNTA: Eu vouche contar unha anécdota persoal, que por exemplo meu irmán tivo problemas nun momento dado tivo que ir a patrulla da Garda Civil.

R: Me consta iso.

PREGUNTA: Ti agora estasme dicindo que hai que apostar por outro tipo de actividades que movan que dinamicen o contexto social.

R: Eran outros tempos.

PREGUNTA: Non sei agora se hai outro enfoque.

R: Eran outros momentos e outra xente. E as persoas non respectaban unhas normas que había, se había unha zona para o surf. É imposible eu creo que que é imposible porque nesta praia por onde te vas a meter, é como cando poñen unha senda balizada para entrar as embarcacións, é moi difícil que sempre vaia por aí, por esa senda. Pero non é a praia moi grande, pero debería sacarse máis partido á praia do que se lle está sacando.

21ª Pregunta: Voltando ao tema dos espazos, cales son os espazos que empregan os rapaces de Malpica para xogar?

Resposta: Para xogar como che dicía antes, basicamente o parque, e logo as actividades deportivas e recreativas teñen o centro cívico, e o pavillón se me falas da vila. E despois en Buño teñen actividades, pero son actividades regradas na maioría dos casos. Para xogar en si os patios dos colexios cando están nos recreos. Pero eu penso que pouco xogarán, adicaranse a dar voltas ao instituto e cando toque a bucina entran e punto.

22ª Pregunta: Onde pensas que xogan máis os rapaces da vila na escola, na rúa ou na casa?

Resposta: Se na casa teñen algo de rúa, pois xogarán o máis próximo posible á casa ou é o que creo. A ver se me explico, se teñen algo de campo na súa casa pois xogarán por aí. Hai nenos que teñen unhas zonas axardinadas ao lado da súa casa ben públicas ou privadas, e xogan por aí. Aquí en Malpica os espazos para xogar son o porto, a praia e o pavillón. Hai máis, hai algún parque, pero os parques ou non están ben situados como o parque da praia, que está pendente dun derribo ou o parque está ao lado do hotel Fonte do Fraile. Pois ese parque normalmente non soe estar cheo de nenos. En cambio o parque que está ao lado Camuza, que non é un tema meu, pero síntome tan culpable

coma se o xestionara, pero ese é outro parque no que realmente hai moitos nenos e non teñen acondicionada a zona. (sona un teléfono)

23ª Pregunta: Que tipo de materiais empregan agora os rapaces para xogar?

Resposta: O que van mercando por modas, normalmente isto funciona a base de peto. Se sae a moda dos peóns, mercan peóns, nin sequera se plantexa a facer un peón; sae a moda das cordas, mercan cordas; e se sae a moda dos cromos, mercan cromos por un tubo, e cada paquete de cromos costa sesenta céntimos.

PREGUNTA: Digamos que teñen hábitos máis consumistas?

R: Dáme que si, pero iso nóvalo en todo. Tamén na actividade deportiva, cando eles van xogar ao fútbol, van totalmente equipados coas súas zapatillas de marca, os seus calcetíns, os seus pantalóns, e todo de marca. E iso é bo, non ten porque ser malo.

24ª Pregunta: Consideras que a competitividade é unha parte importante dos xogos que practican agora os nenos e nenas?

Resposta: A ver, estamos nun mundo baixo o meu punto de vista que é competitivo, e o que ten que sacar son ensinanzas positivas para a vida. Hai que saber gañar e saber perder, e nós o que ensinamos é a participar. O noso obxectivo, o noso lema é se gañas ben, se perdes ben e se empatas tamén ben. Porque nos imos a sacar o mesmo rendemento, non estamos buscando superdeportistas. O que queremos é que os rapaces xoguen, e participen, e iso é o máis difícil, de mantelos, de fidelizalos aos participantes, nada máis.

25ª Pregunta: As vías de transmisión dos xogos son as mesmas agora que nas xeracións anteriores?

Resposta: Pois, non sei que dicirche. Nós estabamos máis tempo que agora na rúa, e nós xogabamos ao que viamos, e nós xogabamos coma os outros. Agora como me dá que os rapaces non están moito na rúa, pois o ven pola TV, ou no patio do colexio cando algún descobre algo novo, ou polas modas que traen de fóra.

26ª Pregunta: Existe unha separación ou diferenciación espontánea do sexo nos xogos de hoxe?

Resposta: Hai xente que quere que exista, e a min dáme a impresión que hai nenas moi botadas para adiante, e que queren xogar a calquera cousa. Non so me dá a impresión e

que quero crer iso. Antes había nenas que xogaban podías contalas cos dedos da man, pero agora cada vez máis. De feito, o outro día levei unha sorpresa moi grande que estaban xogando na clase de EF, fun facer un recado dentro do pavillón, e había sete ou oito nenas xogando ao fútbol contra tres nenos, e xogaban calquera deles, cando iso antes era impensable. Ao mellor, é porque España quedou campioa do mundo e hai que sacar que todo mundo xogue.

27ª Pregunta: Seguen a ter a mesma importancia a nivel de relación social e afectiva estes xogos en comparación cos xogos da túa época?

Resposta: Eu creo que si. Ti vas xogar cos rapaces, cos que andas e creas uns lazos de amizade, que de cara ao futuro van a ser importantes na túa vida.

28ª Pregunta: Pensas que existe un fenómeno de substitución dos xogos de carácter espontáneo por outro tipo de actividades dentro do tempo de lecer tanto dentro do centro educativo coma fóra?

Resposta: Eu dentro do centro educativo non. Podo falar das nosas escolas. A espontaneidade do rapaz vese limitada polas circunstancias. Se o rapaz se anota a unha clase baloncesto invención, invención. Eles non van a inventar nada, eles van a facer o que lle digan, e normalmente as clases son guiadas. Espontaneamente si que teñen moita imaxinación os rapaces, pero xorden poucas cousas, moi pouquiñas.

29ª Pregunta: Consideras que as novas prácticas de lecer das rapazas e rapaces como xogo populares. Antes falabas do surf. O surf, o skate e todo este tipo de prácticas substitúen os xogos?

Resposta: Pode ser, pódese chegar a entender iso. Aínda que en si son deportes regrados, tanto o surf como o skate son actividades que son deportes.

30ª Pregunta: Comparten algunha característica os xogos que practican agora as rapazas e os rapaces na actualidade cos que practicabas ti?

Resposta: Os xogos sempre son xogos, e o que buscan é pasalo ben. Realmente cualidades comparten todas, porque eles o que queren é pasalo ben, e a poder ser cos “coleguitas”, cos amigos, tanto do cole coma de fóra.

31ª Pregunta: Cres que o concello presta a atención necesaria aos xogos das rapazas e dos rapaces?

Resposta: Creo que non, pero tamén che digo que na dinámica (silencio), ao mellor tamén podería ir por outra liña que é actividade cultural e recreativa. Iso é botar balóns fóra, pero na dinámica que ten o departamento de deportes. Agora mesmo estaba máis centrado nas actividades regradas que de algún xeito podemos fomentar, porque tamén nos están axudando institucións como a Xunta o a Deputación a facer esas actividades e non os xogos populares-tradicionais.

PREGUNTA: En que sentido vos axudan?

R: En plan economicamente.

PREGUNTA: Para a compra de material?

R: Con subvencións para levar aos rapaces que é o máis caro de todo.

PREGUNTA: Estades dentro do programa Xogade?

R: Si, no programa Xogade.

32ª Pregunta: Pensas que as políticas locais educativas e deportivas do concello crean espazos e iniciativas suficientes para que os rapaces poidan xogar libremente, e insisto no de xogar libremente?

Resposta: A ninguén se lle pon unha pistola no peito para facer as cousas. É dicir poden xogar, e é cuestión de imaxinación, de buscar as súas alternativas. As políticas que saen dos concellos, ao mellor están máis encamiñadas ao deporte non ao xogo especificamente. Que a xente, si pode xogar cando queira e onde queira, pero o concello non é quen para impedirle nada a ninguén.

PREGUNTA: Pero non me refiro a que o concello a ninguén. Refírome a si por exemplo unha iniciativa que se leva a cabo noutros concellos bastante ben pois é que abren os pavillóns para o xogo?

R: Xogos tradicionais?

PREGUNTA: Non ao xogo libre, eles abren o pavillón e xogan. O día "x" chegan os rapaces co seu material.

R: Pois iso, aínda non chegou a Malpica e non che digo que non vaia a chegar, pero aínda non chegou. Cando á xente lle propós que faga o que lle dea a gana, iso moitas veces leva consigo que ou lle pos os medios, traelos ou levalos de volta, ou lle compras o material, ou ao mellor póneno eles. Iso como xogo libre, libre, se ti lle dis: "pois hoxe xogos populares-tradicionais e imos a xogar a isto". Pois xa estamos dirixíndoos.

PREGUNTA: Non, non eu refírome ao xogos libre. Evidentemente se ti pos o pavillón os luns para que veñan a xogar, danos igual ao que. Senón que haxa unha persoa que estea vixiando, pero sen facer unha intervención directa tipo: "Imos a facer equipos, agora fulanito vai para alí". Que sexa máis espontáneo.

R: Digamos que de algún xeito nós estamos condicionados pola ordenanza reguladora da instalación. Se ti queres facer algo ou dirixes dende o concello que a día de hoxe. Pois pos unha persoa vixiando que na nosa instalación non a hai. Hai un bedel, pero é un bedel compartido co centro cívico, e prefire estar no cívico. Ou mandas para alí un monitor naquelas horas a facer xogos, e entón estás dirixindo ti a actividade, ou senón estamos condicionados pola ordenanza á hora de ir abrir. Que o feito de entrar na instalación e vas facer uso dela, e pagas que son unhas cantidades mínimas, e non queren pagar. A xente prefire que se lle dea todo de balde, por iso estamos falando de xogos fóra dunha instalación. Ou a diriximos nós e poñemos día dos xogos populares-tradicionais tódolos mércores e poñémoslle os aros, a mariola, as cordas para xogar, e así xa non sería un deporte libre.

33ª Pregunta: Que tipo de estratexia ou proposta ou actividade, que non está contemplada dentro do programa de actividades do concello, sería viable para mellorar as condicións do desenvolvemento do xogo por parte das rapazas e rapaces?

Resposta: Agora mesmo estamos moi, moi involucrados coa posta en marcha da piscina. Co cal meternos, enfrascarnos noutra estratexia, noutra modalidade, no que suporía outra parte máis do noso traballo a facer algo máis é complicado e estratexias (silencio). Se facer concursos é facer. Levalos aos patios dos colexios, aínda que xa che digo é algo complicado até o día de hoxe. Até agora as actividades que levamos aos coles son ben recibidas. Sempre que os profesores non teñen que traballar fóra do seu horario, e nós o que facemos é case todo fóra do horario lectivo. Entón cremos, que os mestres serían unha parte importante ou fundamental da práctica deportiva. Incluso máis que os mestres os pais.

34ª Pregunta: Imos a pasar con outro bloque. Ti que entendes por xogo popular e xogo tradicional, pensas que son as mesmas cousas?

Resposta: Os xogos populares é aquilo ehh, que se celebra ehh, ao que pode chegar calquera en idade ehhh e condición, calquera persoa pode xogar a el. E tradicional que é algo típico desa zona, aquí típico hai algúns xogos que me dicías ti da nica. ehh O do

Humbolt (bar) a Paco do Humbolt escoiteille falar a el, pero non sei como se xoga. Pode haber algúns xogos. (...) Como xogos tradicionais aquí en Malpica, eu creo que se van adoptando doutros lados. Como tal non coñezo ningún específico de aquí. Non che digo que non exista específico de Malpica. Pero como era pregunta?

Pregunta: Si entendes que o xogo popular e mesmo que o tradicional?

R: Pois basicamente para min si.

PREGUNTA: Algunha característica que compartan que consideres relevante.

R: Popular é que chega a todo o mundo, e tradicional é esa diferenciación a pesar que son uns xogos moi similares. Eu dentro de ese ámbito incluíría xogos que non son deporte, pois a mariola a buxaina, que nalgúns sitios tamén fan campionatos diso.

35ª Pregunta: Espertan interese nos rapaces e rapazas estes xogos populares-tradicionais?

Resposta: Nos consta que si, cando facemos algunha xornada eventual ao ano de xogos populares que se soe facer. Pois si que lle gusta moito, e aprender cousas novas, todo o que sexa aprender cousas novas gústalle.

36ª Pregunta: Pensas que ensinando soamente na escola os xogos populares-tradicionais se garante a súa conservación e difusión?

Resposta: Continuidade? Eh, (silencio) Só quédase moi curto. Pero é un dos medios.

PREGUNTA: O concello tamén debería poñer?

R: Si, e nas casas xogando por fóra pola rúa.

37ª Pregunta: Que farías ti para a súa mellor divulgación e coñecemento?

Resposta: Imos ter cartos? Porque é a pregunta que sempre fago. Se temos cartos para poder promocionar, podemos traer a xente que controla, que hai especialistas ensinarlle cinco ou seis xogos distintos, facer xornadas pois poderíanse facer. Pero se non hai cartos dificilmente se fan algunhas cousas. Cartos como subvencións, axudas ou tal. Aínda que che pareza raro as cousas fanse se hai pasta. Hai noutros concellos e me consta que so fan aquilo para o que teñen subvención.

PREGUNTA: Ti coméntasme agora que se non hai cartos é difícil que se poidan facer esas actividades, e sen embargo hai cartos para pedir determinada instalación que ten un volume de inversión moi importante e de custos anuais que é difícil de manter, e non hai

cartos para outro tipo cousas que teñen un custe moitísimo menor e non se fan. Por que pensas que é iso?

R: A iso respóndoches que esa instalación que a día de hoxe está feita e que eu visitei por primeira vez o catorce de setembro do ano 2011. (...) Como eu non tiven acceso a nada, a nada absolutamente, a nada de información, nin de deseño, nin de información de esa instalación. Non se me tivo en conta para nada, non me sinto responsable absolutamente de nada do que se fixo. Agora si, voume comer o marrón xa empezou o outro día polo tema da xestión da industria e demais. Que os documentos están mal, e había que arranxalos, e tiven que arranxalos eu. Pero ata día de hoxe non tiña ningún tipo de información.

PREGUNTA: Voltando ao tema que nos centra. Quero dicir que hai cartos ou houbo cartos.

R: Houbo cartos puntualmente, porque era un proxecto que alguén quería que se fixera. Entendían a xente que estaba aquí toda, os plenarios todos, non lle vou a botar a culpa a ninguén aprobaron. Tela, entón sobre iso o pobo de Malpica, ten que decidir. E decidiu seguir adiante coa piscina, porque en teoría estes que están aquí son representantes do pobo no concello, e iso a sorte que temos en democracia que cada certo tempo vaise renovando. A sorte ou a desgraza, vaite ti a saber. Entón a día de hoxe, xa che digo que está a instalación feita. Hai pasta para iso? Houbo, porque alguén determinou que a había, pero nin ao técnico de deportes nin á compañeira do técnico de deportes que é animadora deportiva do concello non se lle consultou absolutamente nada. Nin sobre o deseño da instalación, nin sobre a xestión, nin onde se ía a facer non se nos consultou nada. É máis o 31 de agosto do ano 2010 prometéusenos que se nos ía levar á instalación nunha xuntanza con quen mandaba naquel momento e coa concelleira. Eu repítoche o 14 de setembro do 2011 e xa fai meses que o anterior equipo de goberno non está, pois foi a primeira vez que visitei a instalación. E atopeime unha instalación impresionante e son consciente de que aí, hai un montón de cartos, un montón de cartos, que realmente se poñemos nunha balanza que prefires facer xogos tradicionais durante cincocentos anos e ter unha piscina? Eu dígoche sinceramente prefiro facer xogos tradicionais, pero non depende de min eu aquí estou para asesorar, non estou para decidir.

PREGUNTA: Digamos que son decisións políticas?

R: Decisións políticas de todos eh! De todos non vou excluír a ninguén.

PREGUNTA: Son propostas que exclúen aos profesionais?

R: A realidade foi esa.

PREGUNTA: E en moitas ocasións pasa iso?

R: Si, pero nós non podemos facer nada. Quen toma as decisións son os políticos, nos somos os traballadores.

PREGUNTA: Entón non hai unha labor, como dicilo. Non existe un asesoramento pedagóxico por parte dos políticos. Por exemplo, eu non sei dunha cousa pregúntolle a quen saiba para poder mellorar?

R: Até agora non a houbo. Eles veñen con proxectos de por aí adiante, eles din: "queremos facer balonmán en tal sitio". Se interesa fano e non che consultan a ti, se é bo facelo ou non, fano. E ti aí tes que xestionar, despois quen vai ser o monitor, quen vai impartir as clases, e como se vai a pagar. Porque para todos estes inventos fai falla cartos, porque aínda que pareza mentira dificilmente fas cousas sen recursos, que poden ser inventados e nós podemos facer moitas cousas, pero sempre estamos no mesmo. As actividades que a xente demanda, pois nós temos un horario que está moi limitado que son as trinta e sete horas e media semanais. Pero queren que fagamos o domingo, e o domingo vas pero non o cobras, até agora era así. Pero vai ser que non, se poden decidir se vou ou non vou, non vou. Tristemente é o que hai. Xa hai tempo que deixei de traballar para o inglés, e teño o malo costume que cando traballo gústame cobrar. Iso é un vicio pero é o que hai.

38ª Pregunta: Consideras que os xogos populares deberían ter unha discriminación positiva na EF en relación con outros contidos?

Resposta: Si, pero depende do deseño curricular base, non depende de nós.

PREGUNTA: No deseño curricular existe.

R: Eu entendo que se pode facer de todo. O paradigma do deporte para min, para min, a nivel técnico ou onde me gustaría apoiar sempre é no atletismo, pero as veces poden, e as veces non poden. No atletismo collen todos e ao mellor tes aí o enganche. Nos xogos populares-tradicionais pode participar todo o mundo, no atletismo colle todo o mundo, outra cousa é que poida facelo e moitas veces ou case sempre non depende de min. Porque si que poderíamos xogar á billa, pero si lle dedicas tempo a iso, non lle podes dedicar a outra cousa, e hai que priorizar en función das demandas que existen. E a xente che demanda fútbol e baloncesto, e iso é que tes que intentar dar. Demándanche natación, pois tentas darlle natación. Nun momento dado tiñamos cursos de natación que levabamos aos nenos ata Laracha, facían o curso e volvían, e custaba unha pasta.

Pero pagaban encantados, pagaban esa pasta encantados. Agora mesmo non o podemos facer porque temos unha piscina aquí e mentres non se lle dea saída a esta piscina, non podemos facer cursos noutros lados, non é de recibo.

PREGUNTA: Si claro, se tes unha instalación aquí ao lado.

R: Se non se fixera dábanos a pasta, o que se invertiu aí, para levar durante cen anos aos rapaces, aos seus fillos e aos seus netos á piscina onde quixeran poñéndolle nós o bus a onde quixeran. Pero non é o caso.

39ª Pregunta: Dentro da túa formación académica tiveches algún tipo de formación específica en relación ao contido dos xogos populares-tradicionais?

Resposta: Non, lin algún libro como o de Pérez i Verdes, e algún máis de xogo popular galego, pero non tiven ningunha formación específica. Nas clases de EF tamén nos obrigaban a facer un choio de douscentos xogos, que non era formación específica. Nós collíamos as fichas e copiábamos as de anos anteriores, pero nada máis tampouco os levabamos á práctica.

40ª Pregunta: Consideras que os xogos populares son o suficientemente coñecidos entre as nenas e nenos que asisten ás actividades do concello?

Resposta: Podería ser. Xa che digo que sempre nós poderíamos esforzar un pouquiño máis. Eu son consciente da nosa limitación, poderíamos poñer algo máis da nosa parte, pero.

41ª Pregunta: Recibes ou solicitades algunha axuda ou subvención das administracións provinciais ou autonómicas?

Resposta: Puntualmente, puntualmente, hai uns anos apareceu unha axuda, do "cachibol". Para terceira idade, para as señoras. Tiñan moito interese en que aprenderan o "catchball", era un balón grande. Pois mandaron un libro, o balón non o mandaron.

PREGUNTA: Nin axuda económica nin cesión de material ou algo así?

R: Iso depende das necesidades de cada concello, e se o concello necesita para facer unha pista polideportiva en Barizo destina os fondos que vai a pedir para facer unha pista polideportiva en Barizo, con todas a súa indumentaria de disfrace, porterías, canastras o que faga falta, redes para o arredor para poñela ben bonita. Iso as subvencións que se piden normalmente, son para colaboración á deputación para monitoraxe e demais. Específicos para o tema deportivo non se pide nada. Temos aí,

acabamos de sacar uns aparellos que tampouco son tradicionais, que debían de ser de algún amigo que tiña unha fábrica que tiña moitos aparellos, para a xente da terceira idade.

PREGUNTA: Iso son os espazos saudables, que é unha iniciativa de Fundación Deporte Galego.

R: Pois se Deporte Galego di que os xogos populares-tradicionais teñen que saír, pois eles nun momento dado sairán cunha promoción de buxainas e demais, porque non saben onde meter a pasta.

42ª Pregunta: Cando desenvolvedes algunha actividade deste tipo dos xogos populares-tradicionais contades con algunha axuda dos pais, avós para axudar aos rapaces a axudar nesa transmisión?

Resposta: Non, nós moitas veces pecamos diso, pero ademais nese sentido creo que somos, non sei se dos poucos. Temos xuntanzas periódicas para comunicarlle o que imos facer a nivel deportivo, a nivel de xogos e demais nin contamos con eles. Unha vez ao ano dicímoslle que veñan xogar cos seus fillos e iso a algúns xa lle parece moito.

PREGUNTA: Non hai un “feedback” positivo a participar nesas actividades.

R: Case que non, veñen obrigados pero veñen, e séntense obrigados a vir. Pero vamos a ver son os vosos fillos. Se non vides a xogar cos vosos fillos que ides facer? Facemos equipos. Digo a nivel deportivo, non de xogos tradicionais.

PREGUNTA: E funciona ben a actividade ese día os pais ven que é positivo e sen embargo?

R: Cústalles vir ese día, é a clausura das escolas municipais traemos aos pais a xogar contra os nenos ao final deberíamos ter un detalle cos pais. Aí me consta que estamos fallando, cos pais que veñen sobre todo para reforzalos, darlle unha chocolatina, pero non temos pasta. Ti ves que ao final todo se reduce a cartos.

1. 1. 7. ENTREVISTA N7

Data da entrevista: 18 de abril do 2010

Lugar da entrevista: domicilio do entrevistado

Duración da entrevista: 30 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela

Identificador para o entrevistado: N7

Xénero do entrevistado: Masculino

Idade: 36 anos.

Profesión: profesional da actividade física

Campo profesional: Educación física

Educado en: rural e colexio internado

Fillos: non

Peculiaridades da entrevista: foi realizada nun contexto moi distendido e sen que o entrevistado se sentise invadido pola miña presenza, nin polo tipo de preguntas que se realizaron.

1ª.- Pregunta: Onde e cando naciches?

Resposta: 10 de febreiro do 1974, en Malpica.

2ª.-Pregunta: Viviches sempre no mesmo concello?

Resposta: Non, "bueno", foi o sitio de referencia sempre, a casa do núcleo familiar onde podes vir sempre, o fin de semana..., si. Aínda que vivín fóra tamén por motivos profesionais.

3ª.- Pregunta: A que te dedicas, cal é o teu campo profesional?

Resposta: "Bueno", o meu campo profesional tecnicamente falando é a Educación Física, porque son licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, pero tamén fixen outras cousas que non estiveron relacionadas co campo da E.F. Para probar, e agora mesmo penso volver as raíces e quero seguir ca Educación Física.

4ª.- Pregunta: Que recordas da escola?

Resposta: Ufff, moitísimas cousas que agora non pasan. Por onde queres que empece?

5ª.- Pregunta: Podes empezar polos xogos da escola?

Resposta: Si, pois eu que sei. Eu acórdome que aquí en Malpica por exemplo, pois superaba o que era unha clase, eramos 30 ou 40 persoas. Non había unha limitación espacial concreta, era o pobo enteiro, desde xogar a pillar, desde porto de Malpica, desde facer "barcanas" na praia, xogar as buxainas, os patinetes, as bicicletas o que nos

saíra dentro do contorno natural. Calquera cousa que fose en grupo, a quen se ocorrese, porque estabamos fóra da casa, e estabamos por aí, e podíamos facer cousas, pois podíamos facer cousas de todo tipo, incluso facíamos "play-backs" de cancións, en casas de vez en cando ehhh. Xuntos, facendo todo o que se nos pasaba pola cabeza, coa liberdade de poder escoller estando por aquí, polo contorno natural.

6ª.- Pregunta: Na escola era o mestre o que deixaba os tempos para xogar ou so podiades xogar no recreo?

Resposta: Eu estouche falando xa fóra da escola.

PREGUNTA: Xa pero a min agora interésame dentro da escola.

R: Ahhh, vale, pois na escola os tempos para xogar está marcados, tes recreos e tes E.F. E fóra diso as actividades extraescolares relacionadas cos xogos, unicamente iso na escola.

PREGUNTA: Iso era o que tiñades vos dentro da escola.

R: Na escola e no recreo, iso o tempo libre que non estabas dentro da aula, pois o que tocara.

7ª.- Pregunta: E dentro da escola, cales eran os xogos os que máis xogabades?

Resposta: Pois, os que teñen calquera neno na socialización nunha escola. A que se xoga cando están todos xuntos? Pois eu que sei, dentro das aulas e dos pasillos, pois ao que se vote, saltar á mariola, ao fútbol a quen lle toca. Outros están na terra porque lles gusta facer cousas e escarvar na terra, coller grilos e historias, pum, pum. Pois na escola había así variado, no recreo había campo, había pista, había de todo e grupos de xente facendo cousas variadas, entendes?

8ª.- Pregunta.- Eran os mesmos xogos dentro da escola que fóra da escola?

Resposta: Reproducías, uns nun sitios. A ver, os da escola sacábalos fóra da escola pola tarde cos teus amigos, se che interesaban e se eran bonitos. Por exemplo, os que che ensinaban a aprender saltar en E.F. Un por riba do outro, a cabalo, e todas estas historias, así un por riba do outro, pum pum. E iso reproducíámolo na praia ao mellor, e cousas así, e viceversa. Moitas veces no recreo cando era a época da buxaina no recreo en vez de xogar ao fútbol, xogabamos á buxaina, entendes? E era así. Segundo como fose a tempada e a época do ano. Pois, ías movéndote, e sempre mesturando co deporte

de sempre, que é o fútbol e estas cousas así, e sempre mesturando coas demais cousas. Isto é o que recordo, que había de todo.

9ª.- Pregunta: Eh “Bueno”, igual a ti non te colleu esa época de ter xogos relacionados co traballo.

Resposta: Como que?

PREGUNTA: Eh Pois “bueno” facer co millo algún tipo de xogo.

R: Tiñamos relacionado ca cultura, non co traballo, non co mundo porque o mundo laboral tampouco cho metían moito na cabeza, sabes? O mundo laboral representábancho nunha excursión, ías ver o muíño de non sei que, e vías como facían a fariña para.... Un día e nada mais.

10ª.- Pregunta: Eh mira. Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Os xogos populares, de que van? Duns a outros, de boca a boca.

PREGUNTA: Pero quen volos ensinaba os rapaces máis vellos, os pais....?

R: Eu a sorte que vexo nesta historia é que no colexio, xúntanse xente das aldeas, dos pobos, dos arredores, todos traen cousas que viron dos seus avós, sabes? Os de Buño gústalle moito, por exemplo, cantar e facer cousas de barro e toda esa historia, entón a xente de alí xa ven condicionada por vir de aí, con esas historias na cabeza e a xente de Malpica pásalle con cousas diferentes. Entón na escola xuntábase todo, e aí bebías de tódalas cousas, e algúns dicíanche: "é que miña dicía que se xogaba así. Xa pero agora nos xogamos así". E daquela tamén vas vendo a evolución do xogo, como van cambiando as normas do xogos duns a outros.

11ª.- Pregunta: E como os aprendiades os xogos, por imitación ou vendo ti xa directamente...?

Resposta: Ninguén nace aprendido, ti ves a uns e un día entras, e despois segues, e despois aprendes, e despois se che gusta transmítelo, coma todo na vida.

12ª.- Pregunta: E ti despois tiveches ocasión de ensinarlle os máis rapaces pequenos?

Resposta: Si, si, si e mais vouche dicir unha cousa, por exemplo, na miña xeración e na miña clase. A miña clase, sacámola do que era a escola e xogabamos a fútbol praia todos xuntos da miña escola, eramos Sesi, Pombo.... todos estes e xogabamos ao brilé coas rapazas, os campionatos xogabamos. É dicir non había deportes de nenos e nenas.

PREGUNTA: non había?

R: Había, Sabes o que non había? Coeducación. É dicir, non había o sentido de poder mesturarnos todos e tal, nos faciamos un equipo de rapaces (masculino) pero xogabamos na liga de brilé, todos rapaces pero na liga de brilé que era cousa de nenas, pero nós xogabamos e queriamos gañar. Non había coeducación porque os nenos querían xogar todos xuntos eles e as nenas todas xuntas elas. Teño 36 anos estouche falando fai vinte anos e para arriba, que viñamos do franquismo aínda. Que eu nacín no franquismo, que nacín no 74 e daquela... coidado na escola, coeducación moi pouquiña. Pero isto non quere dicir que non xogaras a cousas de nenas, nos queriamos xogar a todo. Ao que había apuntabámonos, nós queriamos xogar, de nenas ou de nenos iso era así.

13ª.- Pregunta: Cales eran os xogos máis populares entre vos que era o que máis xogabades?

Resposta: Fútbol, non che vou mentir, non che vou mentir, pero "bueno" había derivados nas rúas, vouche falar de algo moi importante que na miña educación foi fundamental, e no meu proceso de aprendizaxe do fútbol foi fundamental. Chamábanse os "mundialitos" e xogabamos coa portería cunha caixa da froita, ancha non estreita, e a pelota era unha pelota de tenis, e iso para a coordinación e a praxia fina era a p... os.... E xogabamos moitas, moitas, moitas, moitas veces e ata 20 ou 30 persoas, de 1x1, 2x2, 3x3, 4x4... Tamén coas caixas xogabamos ao tenis, e os adoquíns da rúa facían os cadrados e cas caixas facían de rede, e a tenis tamén temos xogado, pónoche exemplos na rúa, na rúa, non facía falta material didáctico.

14ª.- Pregunta: Seguindo coa rúa, que sitios eran aos que iades xogar?

Resposta: A tódolos sitios da rúa, praia, porto, explanadas grandes, rúa, rueiros con casa pechada. Onde non puidese vir xente, nin tránsito de coches e así. Pero por tódolos sitios, non había sitio fixo, as veces escapabamos para o monte e facíámolo alí, na Atalaia, para Canido cerca, pero non sabes? Onde houbera espazos nos que puideramos estar moitas persoas facendo o que nos dera a gana.

15ª.- Pregunta: E estes espazos seguen existindo moitos deles ou.....?

Resposta: Si, si, e eu sigo os practicando, non para xogar, pero si para recordalos e para estar alí neles como estaba cando era pequeno.

16ª.- Pregunta: Os materiais nos xogos populares que tipo de materiais empregabades?

Resposta: Pois, o que tocaba na época, cando era a bicicleta cada un poñía na súa bicicleta, pois o que podía. E cando era a buxaina cada un tiña a súa buxaina personalizada, cando era o punzón cada un tiña o seu punzón, cando era o patinete cada un tiña o mellor patinete, e todo así, todo así. Eh había moita xente que era moi mañosa e que facía na súa casa as súas historias, mira escopetas con pinzas, arcos con varillas de paraugas, todo era así cousas destas, que incluso as veces eran perigosos, perigosos que podían danar e matar persoas, pero facíanse. As veces había épocas nas que era ir poñer latas encima das paredes, e con pinzas e gomas e faciamos obxectos arroxadizos e faciamos así.

PREGUNTA: Ou sexa que reciclabades o material que atopabades?

R: Si, si, pinzas da roupa si, iamos ás carpinterías e os paus largos que lle sobraban, e faciamos escopetas, poñías pinzas atrás e gomas e diante unha punta e soltabas a punta e chiunnnn saía disparado, e era todo con material da casa, que da carpintería que lle sobraba e así reciclable todo.

17ª.-Pregunta: E mira nos xogos que vos xuntabades os amigos así e tal, as regras que papel tiñan, variaban en función da necesidade do momento?

Resposta: A verdade é que as veces eramos bastante cabróns, e cambiabámolas en función do noso interese. En función do interese de gañar, de xuntarte coa xente que fose máis potente, ata despois coñeces mellor o espazo, ata aquí fóra ata aquí non, aquí podes aquí non, se ti sabes xogar mellor e fas cousas que os outros non controlan, pois isto si vale esoutro non, todo iso (risas).

PREGUNTA: Cando alguén non sabía as normas?

Resposta: Pois tiña que aprender a pelo, coma todo o mundo. Homeee! Ninguén llas explicaba ata que preguntaba, porque non lle quedaba outra. Porque xa estaba ata ao cu de levábalas ou deeee.... pois dicíaslle: "pois isto é así “espabilate” a base de xogar aprendes”.

PREGUNTA: Cando había algún trampulleiro?

R: Pois depende da forza que tivese o trampulleiro. Se era un trampulleiro que era bo trampulleiro, pero que despois as podía levar, como o cazaran levábaas. Se era un compañeiro forte podía facer trampas que ninguén lle ía dicir nada.

PREGUNTA: Había castigo daquela?

R: A medida da forza era moi importante naquela momento, o poder tíñao a forza, e o liderado tíñao a forza, na rúa é che así.

18ª.-Pregunta: Eran competitivos os xogos sempre?

Resposta: Si, si, si, si. Todo mundo quería xogar e gañar, todo mundo na rúa quere gañar, sempre todo o mundo quere gañar. Se perdes na rúa estas fodido, e daquela queres gañar sempre, e irás a aqueles xogos onde poidas gañar, para ser alguén en algo, e poder destacar en algo e que te respecten en algo.

19ª.- Pregunta: Eran difíciles de xogar?

Resposta: Que va!! Non, e é máis se son moi difíciles, pero son motivadores, xa funcionan mellor as cousas porque se son motivadores e divertidos non importa a dificultade que teñan. Porque te motivan, pero se son aburridos da igual as normas que poñas, que se non te motivan non o aprendes, porque non queres xogar porque non che apetece. Pero como sexa divertido a normativa da igual porque un cree que canto máis difícil máis motivador. Entendes o que che quero dicir? E aprendes a base de xogar.

20ª.-Pregunta: E falando dos xogos. Nas, durante as estacións eran sempre os mesmos xogos ou durante o verán e o inverno variaban?

Resposta: Non che podo dar os ciclos exactos, pero si que había ciclos, non che podo dicir de febreiro a marzo, pero si que había ciclos de cousas ó longo do ano, víñache o patinete e despois non sabías moi ben como empezaban as bicicletas e despois a buxaina, e sacábala túa e así pouco a pouco todos, e así con outros xogos.

21ª.- Pregunta: Para ti o xogo que significou cando eras neno ou mocinho?

Resposta: Todo, porque o xogo é o que te saca a ti do que é a educación do núcleo familiar, é o que te socializa é o que reforza o concepto da amizade, onde non hai maiores, protectores, educadores. Onde só es ti e mais os teus amigos... Esas normas aprendelas a pelo entre nós, sabes? É unha forma de educación, de autoeducación, sen profesores. E o xogo para iso é básico, entendes? Para a formación integral do rapaz é necesaria a educación na casa, no colexio e é necesario o xogo claramente, coma a educación na casa e máis no colexio. O xogo é básico na educación, e na formación integral do individuo, senón hai xogo pérdese unha parte importante da educación eu creo que é así.

22^a.-Pregunta: E a ti aparte do fútbol, Que xogo era o que máis che gustaba?

Resposta: Todos, tío. A min é que de pequeno era non sei, de pequeno viña a época e tódalas tardes querías ir facelo mesmo, ata que pasaba a época, era así sabes.

23^a.- Pregunta: Pensas que os xogos populares os coñecen os rapaces de agora?

Resposta: Non, penso que se perdeu moitísimo, nestes teño 36 pois dende os meus 14 ou 13 anos ata agora, penso que se perderon un lote de cousas, polo que eu vexo, ca chegada do ordenador, da rede, da "play-station" e todas estas historias. Creo que o xogo popular, incluso diría que está en perigo de extinción. Mentres haxa pobos e vida rural está a salvo, pero nas cidades creo que está bastante fodida a cousa con respecto ao xogo popular.

24^a.- Pregunta: Ti crees que se lle ensinan ós máis pequenos?

Resposta: Os de sempre da rúa creo que se aprenden sempre. Creo que existen uns xogos que hai unha esencia aí pillada, mariola...Catro cousas de barrio, da igual que esteas na cidade, de barrio cos amigos ou veciños, creo que os nenos hai certos xogos que os aprenden sempre, fóra o fútbol. Creo que os hai, non che podo dicir cales e numeralos, pero creo que os hai. E fóra diso depende do tipo de educadores que che toque, e que teñan especial interese por isto que seguro que che motivan moito neste sentido. E ao mellor tes saídas ao campo, e saben motivarte ben e iso quédache e engánchate e quédache gravado, e iso despois para ti ten moita importancia. En cambio hai educadores que non están moito deste sentido, e daquela o neno perde neste sentido, e ao longo da súa vida notará que carece desta experiencia.

25^a.- Pregunta: Pensas que os rapaces de agora teñen as mesmas oportunidades para xogar?

Resposta: É relativo de onde vivan, aquí en Malpica penso que sempre nos pobos é máis fácil que nas cidades. O do mundo da rúa vamos, de feito penso que o noto vaia, que a xente que ven no verán pasar as vacacións aquí, trae os seu fillos e os fillos aquí teñen un horario totalmente diferente, non teñen que estar nin as 8 nin as 9 na casa, déixanos marchar sós con outros amigos durante horas. É porque saben que viven este tipo de cousas na rúa aquí, e os pais confían en que iso é importante para eles, e sácanos da cidade de vacacións en sitios onde saben que os nenos poden estar un pouco máis

soltos, e vivir este tipo de cousas. Isto é o que noto eu cando vén a xente pasar o verán, que os nenos están máis tempo fóra, e tocan máis a rúa, e concepto do que é o xogo na rúa.

26^a.- Pregunta: Que poden achegar os xogos populares á sociedade dun pobo?

Resposta: A historia, a cultura, as raíces, que achegan? Achegan iso, que se manteña iso, e que iso se saiba que existiu, e que foi unha forma de vida moi importante, e moi sabes? Da cultura de toda a vida, e que pasa que é como deixar que esa cadea se rompa, que eses eslavóns queden perdidos por aí para sempre se o xogo popular se perde, da outra maneira tirarás dunha cadea que che vai levar ao que pasa cós teus ancestros, como era a súa vida, que é a túa mesma vida cando eras neno, e é o que era o que é, e o que vai ser e como está cambiando todo isto. O xogo popular creo que é o enlace de tódalas cadeas estas, para poder saber de onde vimos a onde imos.

27^a.- Pregunta: Pensas que está garantida a transmisión e a conservación dos xogos na escola?

Resposta: Agardo, teño ilusión, esperanza de que así sexa. garantido? Non che podo garantir nada nesta vida.

28^a.- Pregunta: Pensas que debería ser un contido obrigatorio na escola?

Resposta: Si, si, indubidablemente si. Non obrigatorio, pero si un contido que estivera presente, que se puxera enriba da mesa e que se invitase aos nenos a probalo, porque é lei de vida simplemente iso. Non obrigatorio porque a obrigatoriedade non é a lei nin a forma, pero si invitar a coñecer o que somos.

29^a.- Pregunta: A túa experiencia cos xogos populares dentro do ámbito educativo, ou como técnico de concello, dentro da túa experiencia profesional, como foi? Tiveches algunha experiencia con eles?

Resposta: O mundo laboral na E.F. Non é predestinado e cando te metes nun concello tes que estar preparado para todo. Porque cando vén a época do verán, cando hai sol, e hai espazos fóra teste que montar a vida fóra, para darlle alimentos aos nenos e daquela hai que montar xogos populares, actividades ao aire libre e daquela os xogos populares non poden faltar. Entón hai que pasar por aí, en certos momentos hai que ir á praia, ao campo, facer carreiras de orientación, os xogos libres na natureza, o xogo popular entra.

30ª.- Pregunta: Que pensas que fas ti para fomentar os xogos populares?

Resposta: Que penso que fago, polo de agora desfruteinos, penso que son fundamentais e tento transmitilos, porque penso que son moi importantes, e daquela tento transmitilos.

1. 1. 8. ENTREVISTA N8

Data da entrevista: 9-3-2011

Lugar: Domicilio Particular

Duración: 45 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: N8

Xénero do entrevistado: Masculino

Idade: 31

Profesión: mestre de Educación Primaria

Campo profesional: a docencia

Educado en: rural, escola

Fillos: Non

Peculiaridades da entrevista: Foi realizada nun ambiente distendido e no domicilio particular do entrevistado, sen ningún tipo de contratempo.

Para a entrevista empregouse unha gravadora dixital olympus e tamén un ordenador portátil onde estaban as preguntas e as fotografías. Realizouse unha mesa de salón.

1ª.-Pregunta: Onde naceches?

Resposta: Bueno, nacín na Coruña. Son de Malpica pero nacín en Coruña.

2ª.-Pregunta: en que ano naceches?

Resposta: o 27 de febreiro do 1980

3ª.-Pregunta: viviches sempre en Malpica?

Resposta: Sii, "bueno" dende pequeno ata os 17 anos que vin a vivir para A Coruña por motivos. "Bueno" ao principio cando empecei a xogar ao fútbol, e cando recibín unha

oferta do Deportivo pois foi cando vin vivir para aquí. Pero ata os 16 anos, si pasei toda a infancia no pobo, no pobo natal.

4ª.-Pregunta: Cal é a túa profesión?

Resposta: "Bueno", a verdade é que fago un pouco de todo, xogar ao fútbol. Teño unha clínica de nutrición en Malpica e ademais dende hai un ano, máis ou menos pois son mestre de Educación Primaria, pois saquei unha oposición o pasado verán.

5ª.-Pregunta: Mira así a groso modo que é o que máis recordas da escola?

Resposta: Home! Pois da escola. Sobre todo o colexio, o colexio do pobo cos meus compañeiros.

PREGUNTA: Onde estaba?

R: No centro, onde hoxe en día é o centro de saúde, antes estaba alí o colexio.

PREGUNTA: Onde a Cerca?

R: As escolas da Cerca, exactamente. Pois aí creo que é, sobre todo dende pequeno, teño moitas experiencias alí e recordo, sempre conto a mesma anécdota do meu primeiro día de escola. Cando miña nai me deixou alí e me encerraron e pecharon a porta con pestillo e "bueno", aquilo era un mar de lágrimas, tódolos compañeiros estivemos chorando, eu creo que toda a mañá.

6.-Pregunta: acórdaste dalgún xogo que fixerades na escola?

Resposta: Buff, si moitos. "Bueno" ao que máis xogabamos era evidentemente ao fútbol, non che vou dicir que non.

PREGUNTA: ao fútbol como?

R: Na rúa, na rúa. Todos contra todos, alí tirabas unha pelota ao medio, e uns ían para un lado e outros ían cara o outro, para min que xa non había nin equipos. O que collía a pelota tiña que marcar gol, pero despois "bueno" outros moitos tipos de xogos. Xogabamos moito aos "escondites", outros xogos de pilla, ehh. Alí xogábase moito ahh, cen navíos ao mar.

PREGUNTA: Como era ese?

R: Era un xogo de pillar, pero uns ehheh. Non era diferente a calquera xogo de pilla, soamente que escapabas por todo o patio que alí tampouco había moito patio, utilizábase toda a Cerca, eh, eh igual uns dos que pillaban empezaban berraban en alto: "Cen navíos ao mar!" E os outros escoitaban de devolvíanlle o grito: "Outros cen a

navegar!² E comezaba un pouco o xogo, non? Era un pouco mestura de pillar e de agochadas ao mesmo tempo.

7.-Pregunta: o mestre deixabamos tempo para que xogardes, ou soamente podíades xogar no recreo?

Resposta: Ehh. Non, non a verdade é que a miña mestra dende, "bueno" que antes era parvuliños e (silencio) ata quinto de E.X.B foi sempre a mesma, unha señora que se chamaba Rosalía, da que gardo moi bos recordos dela, ehh si que nos deixaba na aula, tempo para xogar. Na aula tiñamos moito tempo para xogar. E ela mesma propoñía xogos. O que si non me lembro moito dos xogos, pero si que tiñamos moito tempo para xogar.

PREGUNTA: Cando xogabades non tempo libre, falábasme dos cen navíos. Algún xogo máis que practicádes ou que practicases nese tempo libre?

R: Xa che digo, xogábamos tamén moito á pita cega, sobre todo a ese cando xogábamos dentro da escola, pois facías un pouquiño de sitio entre as mesas e "bueno", supoño.

PREGUNTA: Iso era dentro da escola ou onde?

R: Dentro da aula.

PREGUNTA: Coa supervisión da profesora?

R: Eh, si, "bueno" deixaba xogar, tampouco era un xogo que requiría que ela estivera moi atenta a nós, pero si xogabamos dentro, sobre todo dentro.

8^a.-Pregunta: Fóra da escola xogabades ao mesmo que dentro da escola ou variaba?

Resposta: Non variaba un pouco máis, sobre todo, porque polo espazo que podías empregar e que podías utilizar. Xogabas a calquera xogo predeportivo. Por exemplo, temos xogado moito en Malpica ao brilé, xogábase moito ao brilé. É mais, eu recordo xa dende pequeno, e era fóra da escola. Eraa, ehh pola asociación cultural que había en Malpica, que hoxe en día é moi raro velos hoxe en Malpica. Hoxe en Malpica ves campionatos de fútbol praia e fútbol sala, pero campionatos de brilé non. En cambio antes na area montábase un campo, como se montan os de fútbol praia, con cordas e todo, o árbitro ehh, xogabamos os campionatos. Entón iso tamén se reflectía un pouquiño na escola, era un dos xogos que xogabamos moito, sobre todo porque ás nenas o fútbol non lle gustaba a todas, entón cando había moita, pois xogabas, soias facer ou o xogo do brilé ou o fútbol, entón a xente ía escollendo.

9ª.-Pregunta: Ehh, mira había algún xogo que tivese relación co traballo, no momento no que ti estabas en Malpica, ou actividade lúdica, un xogo concreto ou actividade lúdica?

Resposta: Co traballo? Co traballo da xente do pobo? Non me lembro. Penso que non. Home tamén está moiii. Home tamén se levaba moito xogar ao típico que xogaban os nenos pequenos, que era formar unha familia e iso, un era a nai outro era o pai e resto eran os fillos. Iso tiñámolo feito moito, pero sobre todo dentro, o mesmo que che comentei da pita cega. Pois dentro soia facer iso, non? Unha alumna era a nai, outro era o pai, outro era. Era un pouco, era facer teatro se lle pode chamar, facer un pouco actividades, pois o que fai unha familia. Pois agora é a hora de comer, e os pais e as nais chamaban aos nenos, quizais o máis relacionado co que pode ser o mundo real, pero así co traballo non lembro.(Silencio)

10ª.- Pregunta: ehh, e como se ensinaban os xogos?

Resposta: ehh, uff. A verdade que a mestra algún que outro, pero o resto eu penso que non facía falla nin que nolos ensinaran. Eu penso que eran xogos que, pois que se ían ehh, pasando de xeración en xeración. Eu supoño que llos veríamos aos máis maiores, aos alumnos máis maiores que si tamén viñan xogando a estes xogos na escola. E mais vanse pasando aos máis pequenos, non lembro que ninguén en particular nolos ensinara. (Silencio)

11ª.-Pregunta: ehh, e tiii, ensinácheslle algún xogo algún neno ou rapaz, tanto agora como profesor ou na túa evolución vital?

Resposta: Sss, "bueno" ehh. A ver eu. A verdade.

PREGUNTA: Cando eras máis grande ensinabas a aqueles que non sabían, que eran máis pequenos, ou polo contrario nunca tiveches a oportunidade?

R: Mmm. A ver, si tiven a oportunidade porque "bueno", agora como mestre, a miña experiencia é moi curta, entón tampouco. É dicir, levo catro ou cinco meses dando clase. Pero si que teño unha idade larga, si se pode dicir larga a miña idade, que tampouco é tanta. Pois cos nenos porque sempre estiven moi ligado a eles, pero sobre todo a nivel deportivo. Entón a nivel de adestramentos con nenos máis pequenos, ou facer campus de verán con eles, pois sempre tes a oportunidade, xa non a oportunidade, eu diría case a obrigación de propoñer actividades lúdicas con eles para que pasen ese

tempo ehh, o máis ameno posible, entón sempre eh estar propoñendo diferentes tipos de xogos. (Silencio)

12^a.-Pregunta: Mmm, eh. O aprendizaxe dos xogos como era? Como aprendiades, ensaio erro, ou como?

Resposta: Eh, si. Eu propoño un determinado xogo eh, non sei imaxínate por poñer un exemplo, non mundo do fútbol cos nenos máis pequenos cremos que non debemos centrarnos a nivel deportivo, senón máis a nivel predeportivo. Os xogos predeportivos que che dicía antes, pois o que se soe facer.

PREGUNTA: Pero na túa vivencia persoal, non como, como, profesional do ámbito educativo. Do ámbito educativo pois ti propós un xogo aos nenos.

R: Pois propoño un xogo e ensínolle as súas regras, eles empezan a xogalo e durante o transcurso do mesmo xogo, propós ou as modificacións oportunas que creas, ou porque non está funcionando, ou porque cres que se pode mellorar e ao mesmo tempo. Pois o que ti dicías ensaio-erro están probando e van vendo un pouco como se xoga.

PREGUNTA: E ti aprendías así? (silencio)

R: Siii, eeu, acórdome tamén de aprender así sempre. Nun primeiro momento me ensinaron as normas dese xogo, e despois es ti mesmo. Eu penso que ese xogo vai evolucionando un pouquiño tamén grazas aos participantes do mesmo.

13^a.-Pregunta: Os xogos máis coñecidos ou practicados na escola cales eran?

Resposta: Xa che digo sobre todo os predeportivos, tanto as competicións que che falaba antes tanto de brilé como de fútbol.

PREGUNTA: Nesas competicións eh, organizabádelas vós?

R: Si, nós mesmos. Eu recordo competicións feitas polos mestres ata, ata máis avanzado, a partir de sexto e sétimo de primaria, que aí si que lembro xa que os mestres. Sobre todo o mestre de Educación Física, que aí si que propoñía máis competicións nos recreos. De pequeno eu recordo de propoñelas nós mesmos. É dicir, que tódolos recreos no patio, pois se xogaba un partido de algo, sexa de brilé ou sexa de fútbol. Sobre todo, eu recordo que sempre se facía, con dous equipos para xogar todos, entón sempre nós xuntábase os mesmos, pero "bueno" eran os equipos que se facían e chegaba o día seguinte e sempre se voltaban a facelos mesmos. Nós iamos anotando as vitorias de cada un dos dous.

14^a.-Pregunta: Había xogos de nenos e de nenas?

Resposta: (Silencio) Mmm Non. Non, eu non recordo facer distincións.

PREGUNTA: Pero, si que por exemplo igual vías que as nenas xogaban máis a unhas cousas que a outras?

R: Si é o que che comentaba antes un pouquiño do fútbol. Eu recordo un par de compañeiras que si xogaban ao fútbol, pero o resto non.

PREGUNTA: Cando falas de fútbol, falas de xogar ao balón?

R: Si, exactamente. De xogar ao balón era un partido de fútbol que se montaba alí. Eu creo que por iso, un pouco se facía paralelamente ao do brilé non? É dicir, as nenas non participaban tanto neses partidos de fútbol por iso. Pero non que non se lles permitira xogar. Que en cambio, ehh, creo que si que hai veces que pasa coas nenas: "ahh, as nenas non xogan ao fútbol".

PREGUNTA: Erades todos das mesmas idades?

R: Sii. Eu e os meus compañeiros, ehh (silencio) todos do mesmo ano, da xeración dos oitenta, non? Que se fala eu recordo sempre os mesmos compañeiros dende parvuliños ata 5º de EXB. E si que é certo que a partir de 6º collías aos repetidores, e ías collendo aos máis maiores. Pero aos que eu coñezo como os meus compañeiros de escola que, por dicir un pouquiño a escola que é ao que fas máis referencia cando eres máis pequeno. E sempre recordo da mesma idade.

15^a.-Pregunta: E xa fóra do que era do ámbito da escola. Fóra da escola onde xogabades, en que sitios xogabades e porque?

Resposta: Eh, pois eu dende pequeno, recordo ir xogar moito á praia, porque "bueno" grazas que temos sorte de ter unha praia no pobo, e despois recordo varios sitios pola rúa. Cando xogabamos aos xogos de pillar e de "escondite", era un pouco por tódalas rúas do pobo. Porque tamén é unha sorte a dos nenos vivir nun pobo pequeno, porque polas tardes unha vez que cumpría coas miñas obrigas, que eran facelos traballos que me viñan da escola, eu despois estaba libre para andar por onde quixera. É dicir, miña nai non me preguntaba: "a onde vas?" Como pode pasar aquí na Coruña, hoxe ves un neno pola Coruña nun barrio ou mesmo nun parque, pero nós andabamos soltos, entón un pouco a pillar, e iso, xa che digo por todo o pobo. E despois recordo diferentes sitios para xogar iamos tamén moito á Cerca, ao arredor das escolas. Porque eu creo que tamén eh, no que xa tes collido ese sitio, o campo xa estaba montado alí, xa sabiamos

cal era unha portería e cal era a outra, un pouco, non? Despois por exemplo, tamén recordo xogar moito no, na áncora que che chamabamos nós.

PREGUNTA: Onde está iso?

R: Debaixo da Casa do Pescador.

PREGUNTA: No porto?

R: Non, eh. Na rúa principal onde se pon [Ah] Onde se poñía o palco que hoxe en día está inutilizado, porque cambiaron. Pois antes alí facíase un pequeno campo e os rapaces do pobo inventabamos un xogo. O xogo de 1x1 con dúas porterías, un campo dividido á metade, e un pouco, como digo eu un xogo de Malpica non? Porque para ese xogo requirías ese espazo concreto, tiñas que ter esas dimensións, non podías xogar a iso noutro sitio. Recordo xogar moito tamén aos "mundialitos" no campo, que tamén era un pouco especial.

PREGUNTA: O campo onde está?

R: O campo lle chamamos, á rúa do campo, é unha zona de Malpica que está xusto no centro paralela á rúa principal, entón alí tamén se daba unhas condicións específicas para xogar a iso, e soamente necesitabamos unha caixa de cartón e unha pelota de tenis, e faciamos a portería e coa pelota de tenis. Alí montábanse os chamados "mundialitos", o que nós lle dicíamos.

PREGUNTA: E no porto?

R: No porto, sobre todo a pillar. Eu recordo xogar moito a pillar, e mais na época estival ou cando chegaba o bo tempo, alí si que temos xogado moito. Porque era, é moi de Malpica irnos bañar á dársena e ao muro do gas, que son dúas zonas onde os nenos e aínda hoxe se bañan moito. Entón ao mesmo tempo que ías alí a pasar a tarde de verán, pois ao mesmo tempo practicabas xogos. Pero aí sobre todo xogos de pilla.

PREGUNTA: seguen existindo algúns deses lugares?

R: Si, xa che digo. Quitándoo, (silencio) o da áncora que agora por culpa das obras quedou inutilizado, eh. O que son os xogos no porto eu sigo vendo aos nenos xogando polas explanadas a pillar. O que si que se perdeu sobre todo foi o da Cerca. Porque ao desaparecer o colexio, onde hoxe é o centro de saúde, pois agora non é unha zona onde vexa moitos nenos xogar. Aínda que eu creo que non xogan tanto como antes na, pola rúa. Ou polo menos eu non vexo a tantos nenos como antes.

PREGUNTA: Estes lugares ou ben desapareceron ou modificáronse porque pensas, cales cres que son as razóns?

R: Eu creo que. Eu moitas veces o comento que recordo pasar as miñas tardes, recódoas iso como che dicía antes. Recordo que miña nai me mandaba facer o meu traballo ehh, pois o traballo da escola, o meu tempo da lectura, porque claro miña era bibliotecaria e un pouco medrei entre libros, e remataba de facer os meus deberes na biblioteca e tocábame ler. E dunha vez que acababa un pouco xa estabas libre, e un pouco te botabas á rúa, a atopar aos amigos e incoscientemente atopábalos a todos. É dicir, non tiñas que quedar coma hoxe, vale? Ti vas estes sitios dos que eu che falaba, pois por exemplo, hai sempre unha época do ano que xogabamos ás buxainas, non? E tamén antes non o dixen e creo que sempre xoguei tamén. Entón cando chegaba esa época, ti ías ao adro da igrexa e alí xa te atopabas á xente. É dicir aos teus amigos ou a outros que estaban xogando. Pois facíanse os grupos os máis maiores tiñan a súa zona de xogos, ti buscábaste outra e cada un tiña o seu propio grupo, pero ninguén quedaba en plan: “esta tarde imos ao adro”. Non ti mesmo ías alí a buscalos. Eu penso que os rapaces de agora non se botan tanto á rúa a xogar, eu non sei se é que son doutra xeración, ou chamado este efecto das consolas un pouco que tamén pode ser, que se adican máis a outro tipo de xogos e non ves tanto nenos pola rúa xogando. Entón, pouco a pouco os xogos de antes se foron perdendo eu creo que un pouco polos gustos de eles mesmos.

16ª.-Pregunta: Os materiais que empregabades para xogar?

Resposta: Pois a nós valíanos con moi pouco. Xa che digo sobre todo o balón porque eu dende pequeno andiven sempre cun balón. Eu saía tódalas tardes co meu balón aínda que despois deixaras o balón na esquina, a pelota era un material indispensable iso seguro, acórdome sempre. Despois xa che digo un pouco o que estivera nesa época un pouco de moda. Pois cando tocaban as buxainas, pois saías coa túa buxaina ou se nos daba por ehh. Tamén en Malpica eu recordo xogar no verán a guerras de globos de auga, foi un xogo ao que xogábamos moito, moito, moito. Entón un pouco o que estivera de moda nese momento. Pasabamos épocas, pois xogando á buxaina, e outras botabas xogando ao fútbol, como outras veces xogabas aos "escondites", non era moito de utilizar moitos materiais, non.

17ª.-Pregunta: Eh, as regras dos xogos, como funcionaban?

Resposta: Eu penso que era un pouco por consenso, non se poñía en dúbida as normas do xogo, xa estaban postas de antemán. Eu nunca recuerdo poñer moitas normas, eu creo que como che dicía antes, se os maiores as puxeron e tiñas que aprendelas.

PREGUNTA: Podíanse cambiar en función do momento?

R: Mmm (SILENCIO) non me lembro moi ben, pero supoño que si. Eu sempre recuerdo de xogar sempre coas mesmas regras. Por exemplo, na áncora recuerdo que sempre estaban as mesmas regras e ninguén se propoñía trocalas. É dicir: “imos cambiar...” Non, non, eran as que había e estaba así, postas para todos. Era curioso, alí comezaban a xogar o primeiro que chegaba e máis o dono do balón, ninguén propoñía. É dicir, era un xogo no que o que chagaba a tres goles, ou non me lembro se eran tres ou cinco, supoño que era un pouco polo número de xente que houbera. E o que era o rei do campo, é dicir o que gañaba enfrontábase a outro que estaba agardando a que lle tocara a súa quenda. Pero os primeiros que comezaban eran o primeiro e mais o que chegaba co balón. É dicir, se ti chegabas alí pero non tiñas balón, o que viña co balón era o do balón o que xogaba contra ti. Entón era unha norma que estaba implícita no xogo e ninguén se propoñía cambiar, xa era coñecida por todos.

PREGUNTA: Cando había trampas, cando había algún trampulleiro?

R: Puff, Eu creo que sempre houbo trampulleiros. Eu creo que nunca pasou nada. É dicir, creo que tamén é unha cousa que ten que ver xogos non?

PREGUNTA: Non había pois eu que sei, penalizacións, ou pois agora non xogas máis, perdes turno?

R: O que o facía, o que facía trampa perdía iso seguro, pero "bueno" era unha cousa que a ver. Non habitualmente, pero nun xogo de nenos con normas eu penso que imposible que non haxa trampulleiros, porque o neno por natureza quere gañar. A min pásame agora que os meus cativos na aula, quedaste mirando para o patio incoscientemente, ves que o neno intenta gañarlle ao outro, ti non te metes e eles mesmos solucionan os problemas. Que pasa que un neno máis, un pouco máis pícaro, pois sempre sae gañando, pero "bueno" que é unha cousa que vai implícita ao xogo.

PREGUNTA: Cando non se sabían as normas que pasaba?

R: Evidentemente preguntabas. É dicir, ti chegabas a un sitio no que (silencio) nunca xogaches ou non coñecías eh lle preguntabas aos que estaban xogando para que chas explicaran. É dicir, nese momento tiñaste que enterar de como xogaban para poder entrar un pouco na dinámica do xogo.

18ª.-Pregunta: Eran competitivos os xogos?

Resposta: Normalmente si. Eu sempre me lembro de xogos competitivos, eh sempre por algures saía a competición e o gañador e o perdedor.

19ª.-Pregunta: Eran moi dificultosos para xogar?

Resposta: Non, eu creo que, polo menos a miña xeración nunca foi de xogos moi difíciles, son xogos que, que creo que todo o mundo coñece. Son fáciles de xogar e que non teñen ningún tipo de dificultade.

20ª.-Pregunta: había xogos de tempadas, inverno, verán...?

Resposta: Si, si sempre un pouco creo que foi o que comentamos antes na entrevista. É dicir, por exemplo, non me lembro cal era a época da buxaina, pero si que me acordo que durante o ano chegaba un momento que as buxainas chegaban ás tendas, e era a época na que comezabas a xogar coa buxaina. E iso pasaba un pouco a moda, que non era unha moda, porque era periódica tódolos anos e parabas de xogar. Cortábase xogar a iso, e despois había algúns que se xogaba durante todo o ano, pero "bueno" tamén había, xa che digo os xogos de pillar no porto, eran no verán eu non me lembro de xogar no porto noutra época.

PREGUNTA: Eh volvendo aos xogos do verán, dicías que xogabades moito na area, concretamente na area onde xogabades, por toda a area ou nunha zona concreta, xogabades co mar, xogabades soamente ca area, ou ao balón, de que te lembras?

R: Na praia eu do que máis me lembro son dos partidos de fútbol praia. En Malpica houbo, hai e sigue habendo porque é unha das cousas que non se perdeu, son moitas competicións de fútbol praia, ehh. Era raro chegar á praia a Malpica e non ver un partido, evidentemente xogas coa marea, porque coa marea arriba non se pode xogar, é dicir non queda area para xogar, entón é unha cousa coa que tes que contar. E despois xogabas un pouco a todo, cando eras máis pequeno xogas a pillar, eu na area acórdome de xogar a pillar, e sobre todo despois xogar no mar. No mar recordo xogar á vía que lle chamamos nós. É dicir, coller, facer surf sen táboa, aproveitar a forza da onda para que te trouxera á terra. É o típico xogo que non ten normas, cada un desfruta, coma facer surf. Acórdome de xogar ás palas tamén, é dicir un par de raquetas e unha pelota, e xogar a pasar a pelota. Pero "bueno" no había unha zona na que xogaras, se non era un partido de competición feito por unha, bueno por unha liga, que alí si que marcaba o

campo de xogo, como as ligas de voleibol. Pero o xogo en si era espontáneo utilizábase toda a area.

21^a.-Pregunta: para ti que significou o xogo cando eras neno ou mociño, que significaba?

Resposta: Home! Pois supoño que o mesmo que significa para todos, para todo neno non? O xogo vai unido á infancia, non? Eu medrei xogando, eu desfrutaba xogando cos meus amigos. É ben certo que eu era así por chamalo un pouco aburrido, porque pasaba a metade da tarde coa pelota, pero eu penso que unha forma de aprender e mesmo de medrar. Non hai moito, oín nunha discusión cun compañeiro de cole que dicíamos que eramos diferentes porque tínhamos rúa. Chamámoslle, que medramos na rúa nos mesmos, solucionabamos os nosos problemas sen necesidade de ningún adulto. É dicir, ti botábaste á rúa, pasabas a tarde cos teus amigos, xogabas e solucionabas os teus problemas, aprendías un pouquiño, eh, por ti so, un pouco a sobrevivir, é dicir non a sobrevivir, a vivir cos teus amigos e cas túas disputas, cas túas leas pero nunca nada pasaba. É dicir, porque un protestaba o outro pedía unha explicación e chegabas a un conflito, pero ti mesmo o solucionabas con el. Chegaba o día seguinte e non pasou nada, e estabamos todos. Eu penso que iso se perdeu un pouquiño, penso que os nenos eh, non teñen esa, como dicimos nós, esa rúa. Esas horas de xogar xuntos sen que ninguén che poña unhas normas, é dicir, sen ter que ser un xogo pautado por un maior. A nós ninguén nos pautaba nada, xogabamos e punto, ninguén pedía explicacións, eran as normas que se puxeron entre todos. E un pouco che axudan a medrar, pero eu penso que se perdeu un pouquiño.

22^a.-Pregunta: eh, pensas que estes xogos os coñecen os nenos de agora, os nenos , rapaces?

Resposta: Algúns si e outros non, porque non se xogan. Pero a maioría deles si. Os xogos da pilla, os xogos do "escondite", xogos de (silencio) por exemplo. Si que é certo que outros moitos igual non. Eu acórdome de xogar a xogos chamados de nenas, que eran os xogos da mariola , os xogos da goma, que se cantaba unha canción e andabas a facer saltos dun lado a outro, agora mesmo non vexo nin xogar ás nenas. E eses eran uns xogos que nós xogabamos moito, os nenos. Pois os nenos non o coñecen e antes era típico polas rúas de Malpica, ver pintada cun xiz unha mariola no chan, e agora mesmo non o ves. É dicir, antes si se xogaba e agora non se xoga tanto a iso.

23ª.-Pregunta: Pensas que se lle ensinan aos máis pequenos estes xogos?

Resposta: Si, é certo que nos colexios é raro non ver, eh a típica xornada de xogos populares, que creo que a súa función e explicarlle aos nenos estes xogos que se perden.

PREGUNTA: Pero máis alá dun día puntual?

R: Non.

PREGUNTA: Pensas que existe un compromiso por parte dos docentes ou dos pais, avos en recuperar esa parte cultural?

R: Non creo, non. Porque se o sacamos deses días puntuais (silencio) eh. Normalmente no patio os nenos xogan ao que queren e os mestres non se meten, a función do mestre no recreo é ver que non haxa folión.

PREGUNTA: Un vixiante?

R: Exactamente. Que non haxa folións entre os alumnos e con que pase a media hora os vinte minutos, ou a media hora de recreo, pois listo. Os que xogan, son eles os encargados. E por exemplo, en Malpica por parte do concello tense, séguese facendo o día de xogar no porto, onde si que se recrean diferentes xogos un pouco diferentes xogos, ou lle das alternativas ao neno para xogar a diferentes cousas do que o fan normalmente. Pero é ese día, tampouco é que vexas que tódolos días hai.

24ª.-Pregunta: O concello debería facilitar ou orientar as súas políticas (silencio) noutro sentido neste punto, ou polo contrario..?

Resposta: Eu sempre dixen . Eu creo (silencio) que en Malpica fomos perdendo moitas das cousas coas que eu medrei, por parte do concello. Eu recordo, o concello non, porque era unha asociación cultural. Pero eu acordo que aquela asociación cultural, Alen eh. Nos facía moitas máis actividades, creo das que hai hoxe en día. Sobre todo, empezando polos que contamos antes, o brilé, competicións de brilé, eu acórdome de campionatos de concurso de pintura na rúa. É dicir, tódolos que se querían anotar, e despois había un premios aos mellores debuxos ou aos máis orixinais. Recordo carreiras populares por Malpica.

PREGUNTA: En que consistían esas carreiras?

R: Buff. Píllasme eu non debería ter máis de dez anos, faciamos carreiras populares, saída no porto e chegada outra vez ao porto, pasando pola rúa principal. Por categorías, os maiores daban dúas voltas e os pequenos facían unha. Ou os pequenos comezaban saltando a costa do porto. Porque "bueno", dando un pouco de facilidades, pero en

distintas categorías en carreiras populares, e recordo que había moitos participantes. Entón, eu penso que iso foise perdendo, pero un pouquiño deixadez por parte dos que mandan, ou dos que están agora no concello. E mesmo tamén por cansazo dos que sempre as fixeron. Porque eu tamén estiven na asociación Illas Sisargas con distintos compañeiros, e rematas por cansarte de tentar propoñer, propoñer, propoñer e o único que gañas son paus. É dicir, o bo ninguén cho agradece e o malo sempre cho están recriminando. Entón a xente tamén se cansa un pouquiño, e supoño que será un pouco por iso. Pero esa xente, xente que se meta nas asociacións é moi importante para que estas, estes xogos non se perdan de todo.

25^a.-Pregunta: Os rapaces de agora pensas que teñen as mesmas oportunidades para xogar que as xeracións anteriores?

Resposta: Si, as oportunidades si. Eu creo que si. Porque, "bueno" as mesmas, mesmas non, polo que acabo de dicir. Nós tiñamos, creo máis actividades por parte do concello e das asociacións culturais. Pero se nos quitamos deste xogos pautados por eles, o que son xogos na rúa feitos por nós teñen as mesmas. É dicir, o porto está aí para todos, a area está aí para todos, senón van é porque non queren, ou porque lle gusta máis facer outras cousas.

26^a.-Pregunta: eh, que pensas que lle poden achegar os xogos populares ao conxunto do pobo ou á sociedade do pobo?

Resposta: Pois un pouco o que falaba antes. O xogar a diferentes cousas enriquece, e xa non so a nivel deportivo de xogar a esas cousas, senón tamén a nivel persoal. É dicir, o que falabamos antes, de saír e que haxa un xogo feito por nós mesmos. Porque había xogos que si que son de tódolos sitios, pero que ti lle pos as túas normas, non? E vén condicionada polo sitio, ou polos gustos desa xente que xoga, pero que é un pouco un xogo teu, entón o xogar así cos teus compañeiros, e solucionar os problemas por ti mesmo, e por eles creo que che axuda un pouquiño a medrar como persoa tamén, ao mesmo tempo que divertirte, porque o xogo o que ten que ser é diversión, non?

27^a.-Pregunta: Pensas que se garante a transmisión e conservación destes xogos na escola?

Resposta: Si se atopa?

PREGUNTA: Non, si se garante a transmisión e conservación destes xogos na escola?

R: Creo que se debería facer máis. Evidentemente creo que na escola non se fai o suficiente para que non se perdan determinados xogos, quitando algúns colexios que fan actividades puntuais, o día dos xogos populares ou calquera actividade así. Creo que se podería facer máis.

28ª.-Pregunta: Debería ser un contido obrigatorio na escola?

Resposta: Creo que si. Ehh, eu creo que si, ehh. O neno aprende xogando entón o xogo debería de ser unha materia sobre todo nos primeiros anos de escola, creo que os especialistas na materia así o din, e sobre todo na Educación Física vese que ten que ser todo baseado no xogo. (SILENCIO)

29ª.-Pregunta: Tes algún tipo de experiencia cos xogos populares no ámbito educativo?

Resposta: "Bueno" , ehh. Como mestre non teño moita experiencia nese sentido. Sen embargo, nunha das miñas asignaturas da carreira de maxisterio era o xogo. Eu recordo de coller asignatura, e senón recordo mal non era obrigatoria era optativa eh de aprender moitos xogos populares.

30ª.-Pregunta: Mira vouche poñer aquí unha fotografía, "bueno" non é que te recoñezas pero veste identificado? (Nesta pregunta inclúese unha fotografía como material de apoio e de evocación de recordos no informante)

Resposta: Evidentemente iso é o que che falaba do verán é dicir, os nenos, nós dende pequenos na rampla da dársena era un sitio onde pasabamos a maioría da tarde. Porque cando aprendes a nadar, o que che gusta é que o mar estea coma un prato, como dicimos nós, e iso onde o atopas é no porto, entón ías alí. Ademais ao mesmo tempo tiñas a posibilidade de xogar por terra e ter o mar cerca, sobre todo os días que había mal mar, que había moita oleaxe na praia, que non che gustaba moito bañarte, ou mesmo os socorristas che prohibían o baño coa bandeira vermella, entón acababas no porto. Esa é unha imaxe moi típica de Malpica.

31ª.-Pregunta: Na actualidade vemos que este espazo desapareceu, que eh. Cal é a túa opinión sobre a modificación dos espazos e a que se debe iso?

Resposta: "Bueno" neste caso en particular o que se pretende é a mellora dun espazo para o traballo dos mariñeiros, non? O traballo principal do pobo, entón pois un pouco

os cativos téñense que adaptar ao novo espazo que hai, eles mesmos se están adaptando. Non teñen a rampla da dársena, pero utilizan a escollera outra zona ou o muro do gas. É dicir, esta era moi cómoda porque era unha zona de baixada fácil, pero é dicir ti adaptaste ao espazo que hai senón está a rampla e non nos podemos bañar alí, pois buscamos outro sitio. É dicir o espazo é o de menos ti atopas un sitio onde poder divertirte e xogar cos teus compañeiros.

32^a.-Pregunta: Xa para acabar, ti coñeces, xogaches á nica?

Resposta: Non, igual por ese nome non, igual xoguei pero por ese nome non.

PREGUNTA: A nica era unha especie de xoquei?

R: Non acórdome que mo comentaba meu pai, pero nunca xoguei a xoquei na area.

PREGUNTA: E ao “perillote”?

R: Depende nos ao “perillote”, igual non é o mesmo facer un “perillote” cun pau na area. Xogabamos por quendas íamos quitando area, e ao que lle caía o pau perdía e despois ese pau o resto dos compañeiros agochábano enterrado na area e el co queixo tiña que atopalo era un pouco así.

PREGUNTA: A ovo, pico araña xogaches?

R: Si non me lembro, ovo, pico araña.

PREGUNTA: Ao punzón xogaches?

R: Ao punzón si que non me acordo.

PREGUNTA : Era tirar un disparafusador ao chan?

R: Non a ese non xoguei.

PREGUNTA: E aos pelouros?

R: Tampouco. Silencio.

PREGUNTA: Ao cinto?

R: Non. E como é?

PREGUNTA: Ti escondías o cinto buscando frío quente, e o que atopaba o cinto comezaba a dar.

R: Ah “bueno” non pero é unha variante de xogar a agochar unha cousa e ti coa pista ías guiando para que atopase.

PREGUNTA: e ao corrompa xogaches?

R:Non

1. 1. 10. ENTREVISTA N9

Data da entrevista: 23 de maio do 2010

Lugar da entrevista: Domicilio paterno

Duración da entrevista: 30 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: N9

Xénero do entrevistado: Feminino

Idade: 13 anos.

Profesión: Estudante

Campo profesional:

Educado en: rural

Fillos:

Peculiaridades da entrevista: foi realizada na casa do pai, dentro dun clima absolutamente distendido.

1ª Pregunta: Onde e Cando naciches?

Resposta: En Carballo 27 de agosto de 1995.

2ª Pregunta: Onde vives?

Resposta: En Carballo.

PREGUNTA: Vives en Carballo, pero tes familia en Malpica?

R: Si

PREGUNTA: E en Buño?

R: También.

PREGUNTA: E as vacacións onde as pasas?

R: En Malpica, en Carballo y aquí también (refírese ao domicilio paterno).

3ª Pregunta: Agora estás no instituto?

Resposta: No, porque voy a un colegio.

PREGUNTA: Ahh, estás nun colexio, Cantos anos tes?

R: Tengo catorce.

4ª Pregunta: Da escola que é o que máis che gusta?

Resposta: De asignaturas?

PREGUNTA: Non, en xeral, de ir a escola.

R: Ir allí para estar con mis amigos, y para aprender algo.

5ª Pregunta: Mira na escola, agora ou antes. A que xogades ou xogas normalmente?

Resposta: Dónde en los recreos?

PREGUNTA: Si, nos recreos ou cos amigos por aí, pola rúa.

R: Al baloncesto.

PREGUNTA: Xogades ao baloncesto, sempre?

R: Casi siempre.

6ª Pregunta: Eh, mira na escola só podedes xogar no recreo ou vos deixan tempo para xogar aparte?

Resposta: No, en el recreo y luego en las clases de E.F. pero lo que manden.

PREGUNTA: O que manden?

R: Lo que manden.

7ª Pregunta: Ti coñeces os xogos populares?

Resposta: Si, (tímido)

PREGUNTA: Como os coñeceches?

R: En el colegio

PREGUNTA: No colexio?

R: Si

PREGUNTA: Non che ensinaron ningún xogo mamá ou papá, ou os amigos?

R: No, que me de cuenta, pero a lo mejor si.

8ª Pregunta: Eh, mira desta lista que che vou pasar. Coñeces algún xogo, que son de Malpica e de Buño?

Resposta: De estos o de esos?

PREGUNTA: Dos dous.

R: No.

PREGUNTA: Coñeces o corrompa?

R: No.

PREGUNTA: E a billa?

R: Uy me suena, pero.

PREGUNTA: E o pucheiro cacerolo?

R: No, (facendo non coa cabeza)

PREGUNTA: O cinto?

R: No.

PREGUNTA: Nada non? Arma a vara?

R: Tampoco.

PREGUNTA: A mariola? A montala churra?

R: Si, la mariola si.

PREGUNTA: Ovo, pico, araña?

R: Ay, eso si.

PREGUNTA: Acórdaste?

R: Algo si.

PREGUNTA: A chave?

R: Uff, eso me suena, pero.

PREGUNTA: E a rá?

R: No.

PREGUNTA: E a corda?

R: Si.

PREGUNTA: A nica?

R: No

PREGUNTA: As quedas?

R: Eso, que es?,

PREGUNTA: Como tú la llevas.

R: Si

PREGUNTA: As agochadas?

R: Si, el escondite si.

PREGUNTA: As tabas?

R: Si

PREGUNTA: A buxaina?

R: También

PREGUNTA: A isto xogabas na escola ou fóra da escola?

R: No, me enseñaron lo típico, es esto y se juega así, pero nunca jugué.

PREGUNTA: Nunca xogaches, ensinároncho, pero nunca xogaches. Quen cho ensinou, papá, ou non te acordas?

R: Eh, a ver, no me acuerdo. Bueno si la peonza si, me enseñaron en el colegio, y luego lo típico los amigos en el jardín y jugué, pero tampoco demasiado.

PREGUNTA: O punzón?

R: No.

PREGUNTA: Non sabes o que é o punzón?

R: No (coa cabeza)

9ª Pregunta: Ehhhhh. Mira cando xogades, que xogades nenos e nenas, ou non?

Resposta: Niños y niñas.

PREGUNTA: Sempre?

R: Si, siempre.

PREGUNTA: Ao que xoguedes, sempre nenos e nenas?

R: Si, siempre.

PREGUNTA: Incluso á corda?

R: Si, un poco difícil, pero si siempre.

PREGUNTA: Por que difícil?

R: Porque los niños no quieren.

PREGUNTA: Ahh, non queren xogar á corda.

R: No.

PREGUNTA : A que xogades, a saltar á corda?

R: Si, antes ahora ya no tanto.

PREGUNTA: Coñeces a goma?

R: Si.

PREGUNTA: Os lilos ou lila? Que é de xogar cos cacharros de barro. Este é de Buño.

R: No, ah, bueno ahora que me dices que es de jugar con los cacharros de barro si, pero ni idea.

PREGUNTA: Os globos de auga?

R: Si.

10ª Pregunta: Onde xogades, onde xogas ti normalmente?

Resposta: Pues mira al baloncesto, a lo que jugamos en el colegio en el recreo, en una pista (espazo do patio do colexio) que tenemos, y luego pues si jugamos fuera en cualquier pista de Carballo.

PREGUNTA: En Malpica?

R: Uff, en Malpica es muy difícil, cuando jugábamos, subíamos hasta el, cuando se podía, hasta el Milladoiro.

PREGUNTA: Onde é o Milladoiro?-

R: El colegio.

PREGUNTA: Ah, no colexio.

R: Antes se podía pero ahora ya no.

PREGUNTA: Pero iso ao baloncesto?

R: Si

PREGUNTA: E cando non xogades ó baloncesto en Malpica. A que xogades?

R: Depende, es que Malpica tampoco, a las palas en la playa, al fútbol playa.

PREGUNTA: e ao porto. Ti acórdaste de algo no porto?

R: Al puerto si.

PREGUNTA: A que xogades no porto?

R: En el puerto (silencio) cuando nos vamos a bañar, juegan a eso de llevársela, sabes?

PREGUNTA: Non, o coñezo. Non sei, conta.

R: Pues uno coje la pelota y el otro, pues le tiene que dar a otra persona, y vale todo el puerto.

PREGUNTA: Pero iso que se xoga. Que é correndo?

R: Corriendo, nadando como quieras.

PREGUNTA: Por todo o porto.

R: Uhum. (asentindo coa cabeza)

11ª PREGUNTA: Ehhh. No porto algún xogo máis que fagades, aparte de nadar, eu que sei vos tirades, saltades?

Resposta: Yo solo nado normal, pero si que hay gente que se tira y luego patinar, a veces patinar.

12ª Pregunta: Na praia as palas e ó fútbol praia só xogas a iso. Nunca fuches polo Caldeirón andar ás lapas?

Resposta: Si, a las lapas, si también

PREGUNTA: Andar á vía, sabes o que é?

R: En el agua?

PREGUNTA: si na auga. Sabes o que é?

R: Si, a eso también

PREGUNTA: E (silencio) a iso xogades nenos e nenas todos xuntos?

R: Si.

13ª Pregunta: Mira ti na escola que me dixeches que che ensinaran os xogos populares. Quen volos ensinou?

Resposta: El profesor

PREGUNTA: Pero o profesor de que?

R: De Educación Física

PREGUNTA: Ningún outro profesor os ensinou os xogos populares?

R: Hombre, ahora tampoco me acuerdo, hablamos así de ellos en clase, en gallego y así.

PREGUNTA: En E.F que faciades con eses xogos?

R: Pues practicamos algunos si, nos madaron hacer alguno si.

PREGUNTA(Silencio) Faciades algún, pero que volos explicaba el, ou tiñades que traelos vos da casa?

R: Si. No. Nos los explicaba.

PREGUNTA: E as clases que eran facer ese xogo e nada máis. Como era?

R: Pues nos los explicaba y después jugábamos nosotros.

14ª Pregunta: Deses xogos cal é o que máis che gustaba ou o que máis che gusta do que te acordas?

Resposta: Pues, lo del aro

PREGUNTA: Ahh, xogachedes ó aro, ese gustouche?

R: Si.

PREGUNTA: algún xogo máis de que te lembres, así dos que xogaredes na escola?-

R: Pues, es que ya no me acuerdo hace tantos años, que ya no me acuerdo.

PREGUNTA: Fai moitos anos, pero so tes trece anos?

R: Ya, pero ya hace ehh.

PREGUNTA: Como cantos, 2 ou 3 anos, ou máis?

R: Más.

PREGUNTA: Máis, cando ías en Primaria?

R: Si.

PREGUNTA: E agora que estás en Secundaria, non che ensinaron nada? En que curso estás de Secundaria?

R: No, estoy en terceiro de Secundaria.

15ª Pregunta: Explicáronvos algo de onde viñan eses xogos na escola?

Resposta: No.

PREGUNTA: Non vos explicaron de onde viñan nin nada?

R: No, es que fue mucho por encima, sabes?

PREGUNTA: Ahhh, moito por riba foi.

R: Si.

PREGUNTA: A ti gustáronche eses xogos, ou en Malpica cando xogas cos amigos, ou en Buño. (Pon cara de circunstancias) "Bueno" en Buño pouco xogas, non?

R: Poucos nenos hai, máis ben ningún.

R: Si, poco en Buño. (Risa)

16ª Pregunta: Pásalo ben xogando a estas cousas?

Resposta: Si, los que son entretenidos si.

PREGUNTA: Cales son os entretidos para ti, os que che parecen máis para ti?

R: Pues el del escondite, que es de toda la vida, el aro.

PREGUNTA: Pero ao aro non xogas porque non o tes?

R: Claro, no. La cuerda.

PREGUNTA: Eu refírome aos que teñas ti posibilidades de xogar.

R: Pues al escondite y la cuerda, qué más. Así dese estilo que puedan jugar varias personas y como no hace falta nada.

17ª pregunta: (Silencio)Ti tes moito tempo para xogar?

Resposta: No.

PREGUNTA: Non tes tempo para xogar, por que?

R: Porque el colegio, las clases después del colegio, no da mucho tiempo para jugar.

PREGUNTA: Non, pero non rematades cedo as clases, as dúas, ou non?

R: No, porque en mi colegio tengo clase por la mañana, voy a casa a comer y luego vuelvo por la tarde y luego tengo clases extraescolares hasta las 7 y hasta las 7 y media no llevo a casa

PREGUNTA: E nas clases extraescolares, de que van?

R: Nada de asignaturas normales, matemáticas, lingua...

PREGUNTA: Non tedes deportes ou nada parecido?

R: Si te quieres apuntar si, pero.

PREGUNTA: Ahh. Ti so vas as clases de estudar?

R: Si, claro.

PREGUNTA: E cando saes da escola?

R: Para casa, hacer los deberes y estudiar.

18ª Pregunta: Ti cando xogas como te sentes?

Resposta: Bien, porque al estar entretenida me lo paso bastante bien, y como suelo estar acompañada pues bien.

19ª Pregunta: Reñedes moito cando xogades?

Resposta: Hombre a veces si, porque entre que unos juegan de una manera, luego que las reglas no son las mismas por cualquier cosa, otros que tienen mal perder y cosas así.

PREGUNTA: Cando non sabedes as normas, explicádesvolas?

R: Si.

PREGUNTA: Que xogades para ganar sempre?

R: No, para pasarlo bien.

PREGUNTA: Hai que ser moi fenómeno para xogar, ou con ser unha persona normal?

R: No, hombre hay mucha gente que se le da bien, pero sino con tal de esforzarte y participar ya llega.

PREGUNTA: Cando hai trampulleiros?

R: Hombre se les dice, y contestan: No, no se que. Fastidía un poco, pero siempre los hay.

PREGUNTA: Castigádelos ou deixádelos xogar?

R: Los dejamos jugar.

20ª Pregunta: Xogades todo o ano aos mesmos xogos a parte do baloncesto?

Resposta: Hombre si. Bueno siempre se varía algo, pero el baloncesto es el que más gusta.

PREGUNTA: Xa pero a ese podedes xogar todo o ano.

R: Si. Bueno depende, porque en verano ya cambia, porque puedes jugar algo al aire libre, y claro vas a la playa, el "freesbe", las palas y todas esas cosas.

PREGUNTA: As palas, "freesbe" e a que máis xogades?

R: El fútbol playa, ahhh el brilé, que se me olvidaba, a qué más(silencio) ¡Ahh! ¡A la indiaca!

21ª Pregunta: (Silencio)Na escola a parte de en educación física nunca fixéchedes o día de... da cociña, algún día houbo dos xogos populares?

Resposta: No, de deportes, pero yo no estuve, porque tuve que ir a hacer unas pruebas de la espalda. Mira que me enfadé, pero bueno.

PREGUNTA: Xa, non se pode estar sempre, para algo divertido que hai. Verdade?

R: Si, además era todo el día.

22ª Pregunta: Como é un día normal na escola, que pasa un día normal na escola?

Resposta: Pues, de 9 bueno, tres horas así de clase, lo que nosotros le llamamos de unha hora pero son 50 minutos o 45 así de clase. Luego viene el recreo jugar o dar unos paseos, porque no da tiempo a mucho tampoco, luego clase, vas a comer haces unos pocos deberes, luego clase y luego clases extraescolares, y quien tenga deportes, deportes. No te da tiempo a mucho más.

PREGUNTA: Saes e xa vas para casa.

R: Claro.

PREGUNTA: Na casa que soes facer, como te entretés?

R: Pues depende, leyendo, viendo la tele, y haciendo deberes. Y ya está porque se acaba pronto el día.

23ª Pregunta: Ti que é o que máis che gusta, andar cos teus amigos e xogar ao baloncesto, ou andar cas consolas e en internet?

Resposta: Estar con mis amigos.

PREGUNTA: os teus amigos andan moito cas consolas e en internet?

R: No.

24ª Pregunta: Ti cando xogas que é o que máis che gusta, que antes dicías que o pasabas ben, pero para ti ?

Resposta: Diversión por participar

PREGUNTA: A ti gustaríache, por exemplo que teu pai e túa nai xogasen máis contigo, agora que xa es maior non tanto, pero cando eras máis pequena?

R: Jugaban lo normal, también me gustaba jugar sola.

PREGUNTA: gustábache xogar soa cos amigos.

R: Si.

25ª Pregunta: Os materiais que empregades, utilizades algún material aparte do balón de baloncesto, que usades?

Resposta: Hombre depende de lo que haga falta.

PREGUNTA: Pero ides ao monte e collédelo vós, ou ides a unha tenda e comprádelo, ou facédelos vos?

R: No, lo solemos comprar, pero tampoco hace falta muchas cosas, además no tenemos (dinero)

1. 1. 11. ENTREVISTAS N10

Data da entrevista: 14-maio-2012

Lugar: Despacho baleiro.

Duración: 27 minutos.

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: N 10

Xénero do entrevistado: Feminino e masculino.

Idade: 16 anos.

Profesión: Estudantes.

Campo profesional:

Educado en: Rural.

Fillos: non

Peculiaridades da entrevista: Foi unha entrevista de tipo aberto, realizada simultaneamente aos dous estudantes de último ciclo da ESO. Hai que recordar que o tempo para as entrevistas non estivo limitado a un tempo concreto, pero si condicionado

polos horarios de clase, polo que as entrevistas tiñan que axustarse un pouco máis que no caso dos adultos. Os entrevistados foron escollidos pola directora do centro.

PREGUNTA 5 emprego de video de saltos.

1ª Pregunta: Vos sabedes o que son os xogos populares-tradicionais?

Resposta 1: Máis ou menos si.

2ª Pregunta: Practicádelos ou algún día xogáchedes a eles?

Resposta 1: Cando eramos máis pequenos si, eu polo menos.

PREGUNTA: Cando erades máis pequenos?

RESPOSTA 1: Non sei, refírome con dez anos ou así.

PREGUNTA: No colexio ou fóra do colexio?

RESPOSTA 1: Nos dous lados.

RESPOSTA 2: Aínda fixemos este ano.

RESPOSTA 1: Si o da petanca.

PREGUNTA: Aquí no instituto?

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Iso que foi un día so?

RESPOSTA 1: Iso foi o día da paz, non?

RESPOSTA 2: Non.

RESPOSTA 1: No magosto?

RESPOSTA 2: Si no magosto.

3ª Pregunta: Pero despois aquí dentro das clases de EF, non facedes nada?

Resposta 1: Deporte, máis baloncesto, badminton, fútbol, correr.

RESPOSTA 2: Si.

4ª Pregunta: Vós a que xogades, cando estades fóra da escola? Se xogades a algo.

Resposta 2: Buff.

RESPOSTA 1: Eu fútbol, tamén deportes. Fútbol, baloncesto.

RESPOSTA 2: Fútbol.

PREGUNTA: Ti fútbol tamén. Sodes os dous futboleiros.

5ª Pregunta: Onde xogades? Cando vos reunides cos amigos e iso, cando quedades. Onde?

Resposta 2: No campo da festa.

Resposta 1: Ou no campo da festa, que está aí detrás, ou no pavillón ou no campo de fútbol.

PREGUNTA: Ao porto ides?

RESPOSTA 1: Xogar ao fútbol te refires?

RESPOSTA 2: Non.

PREGUNTA: Non, a quedar cos amigos.

RESPOSTA 1: Agora dar unha volta e nada máis. É raro.

6ª Pregunta: Vos bañades no porto?

Resposta 1: Si

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Vou a poñervos un vídeo.

RESPOSTA 1: Campal ese, se cadra aínda estou por aí.

PREGUNTA: Non sei se coñeces a algún rapaz destes, pero de verán que pasades a maior parte do tempo no porto ou na praia?

RESPOSTA 1-2: Depende todo da marea.

PREGUNTA: Depende da marea?

RESPOSTA 1: Porque se está marea baixa imos á praia xogar ao fútbol e cando sobe imos ao porto, normalmente.

7ª Pregunta: A que xogades aquí, no porto?

Resposta 1: Como é o do balón? É que non che sei o nome.

PREGUNTA: A “a, e, i, o, u”?

RESPOSTA: Non, tamén. Xogamos a un que é un estilo do pilla, pilla pero con balón, sabes.

RESPOSTA 2: Tirar o balón e despois tes que ir a por el.

RESPOSTA 1: A toques, rondos, a “a, e, i, o, u”.

PREGUNTA: E sen balón, a tiravos ao mar, soamente saltar ao mar?

RESPOSTA 1: "Chuparnos". Mais que nada si. Podes facer unhas carreiras a nado pero é raro.

PREGUNTA: Hai algún xogo que se chame rei, tirándose de cabeza ou algo así?

RESPOSTA 1: Non sei. Nin idea.

8ª Pregunta: Dentro da escola, soamente practicades deporte nas clases de EF?

Resposta 1-2: Si, na maioría si.

RESPOSTA: Se cadra algunha hora libre que temos e nos deixan ir ao pavillón.

PREGUNTA: E xogades aos deportes.

9ª Pregunta: Que tipo de materiais empregades? Cales son os que máis se practican neste instituto relacionado cos xogos?

Resposta 1: Depende, porque o noso vai todo por avaliacións.

PREGUNTA: Non me refiro a cando estades na clase senón cando estades no patio.

RESPOSTA 1: Fútbol. Cando facemos algo, facemos fútbol, e sobre todo no verán que facemos ligas. Xuntámonos todos e facemos uns equipos.

PREGUNTA: As ligas onde son?

RESPOSTA 1: Son fóra, no patio.

PREGUNTA: A que hora?

RESPOSTA: No recreo.

PREGUNTA: Pero o recreo canto dura?

RESPOSTA 1: Dura quince minutos, cada un.

PREGUNTA: Vos dá tempo?

RESPOSTA 1: Porque, se ao mellor hai dez equipos, o luns xoga o A contra B, entón collen os dous recreos. O martes o C contra D, e así teñen media hora para xogar. A maioría da xente soe estar sentada ao sol vendo o partido.

10ª Pregunta: As rapazas xogan ao mesmo que as rapazas?

Resposta 1: Xogar, xogan menos, as cousas como son. Pero hai rapazas que xogan tamén no noso equipo.

PREGUNTA: E ti, xogan máis as rapazas que os rapaces?

RESPOSTA 2: Non, xogan máis os rapaces.

RESPOSTA 1: É que xa non hai tampouco.

PREGUNTA: A que xogan as rapazas? Como que non hai rapazas?

RESPOSTA 1: Refírome que non hai rapazas, ou hai poucas rapazas que queiran xogar. Na miña clase pode haber tres.

PREGUNTA: Pero fan outras cousas?

RESPOSTA 2: As outras rapazas cando non se xoga están tiradas ao sol ou están mirando como xogan.

PREGUNTA: Ou sexa, que non fan nada.

RESPOSTA 1-2: Non.

11ª Pregunta: Os xogos populares practicastes, a que xogabades cando erades máis pequenos?

RESPOSTA 1: Aí tes, esta é túa.

RESPOSTA 2: Eu ao “escondite”, á “pilla, pilla” e non me acordo máis.

RESPOSTA 1: Eu, como se chama o que debuxabas os contiños no chan?

RESPOSTA 2: Mariola.

RESPOSTA 1: Á mariola, e pouco máis. O fútbol de toda a vida.

PREGUNTA: Entón xogos como o “corrompa, a nica”

RESPOSTA 1: Nada, as "canicas" si.

PREGUNTA: O aro, a rá?

RESPOSTA 1: Non.

PREGUNTA: Nin sequera os coñecedes?

RESPOSTA 1: A maioría non.

12ª Pregunta: Aquí non volos ensinan? Non tedes por exemplo unha semana onde xoguedes a estes xogos?

Resposta 1: Aquí non.

PREGUNTA: Non facedes algún tipo de actividade relacionada con isto?

RESPOSTA 2: Se cadra, algunhas veces veñen darnos unha charla.

RESPOSTA 1: Aí atrás déronnos un papel a todo o instituto contando cal era o xogo que máis nos gustaba.

PREGUNTA: Pero como foi iso do papel, explícame iso?

RESPOSTA 1: Foi unha hora por dicilo así. Tivemos que estar falando dos xogos que coñeciamos, dos que nos gustaban, os que máis tal.

PREGUNTA: Unha hora en que clase? Na de EF?

RESPOSTA 1: A non, non. Non me lembro, pero dun día normal nunha clase, nunha hora. Perdemos unha clase ou dúas.

RESPOSTA 2: E máis viñeron despois dar unha charla onde nos explicaron o das buxainas e todo iso.

RESPOSTA 1: Que estaban en Ponteceso.

PREGUNTA: Fostes a Ponteceso?

RESPOSTA 2: Non, viñeron aquí dar a charla.

RESPOSTA 1: Dixéronos os días que podías ir, pero non fomos.

RESPOSTA 2: Sacamos fotos e tal, pero non fomos.

PREGUNTA: Cando veu Ricardo Pérez y Verdes. Un señor de bigote.

RESPOSTA 1-2: Si.

13ª Pregunta: Vós cando non estades na escola, en que pasades o tempo?

Resposta 2: No fútbolín.

PREGUNTA: Pero esa non vale.

RESPOSTA 1: Pasamos horas no fútbolín.

PREGUNTA: Pasades moitas horas no fútbolín?

RESPOSTA 1: Bastante.

PREGUNTA: Cando non estades no fútbolín.

RESPOSTA: Falando cos amigos, ao mellor quedamos no porto. Tumbámonos nas hamacas a maioría do tempo pasámolo dando voltas, paseos por Malpica. Outra cousa que facer, non hai moito máis.

14ª Pregunta: Xogades á “playstation” e cousas destas ou preferides outro tipo de actividades.

Resposta 2: Eu nada.

PREGUNTA: Ti nada.

RESPOSTA 1: Eu, algo á “play” xogo, pero prefiro actividades deportivas que “play”

PREGUNTA: Estades apuntados nalgunha cousa?

RESPOSTA 1: No equipo de fútbol campo, e máis fútbol sala.

RESPOSTA 2: Eu ao único así que tal vou a baile rexional e pandeireta.

RESPOSTA 1: Pero as rapazas que van, fan aerobic.

PREGUNTA: Fan aerobic aquí as chicas?

RESPOSTA: As máis pequenas algunha de 1º e 2º que fan baloncesto. Andrea fai baloncesto.

15ª Pregunta: Despois dentro do que son as clases de EF. Como son as clases? Xa sei que hai dous profesores e supoño que serán distintos.

Resposta 2: Moi distintos!

RESPOSTA 1: Cun por dicilo así.

PREGUNTA: Sen dicir nomes.

RESPOSTA 1: Ah, vale. Manexamos nós as clases: "que facemos hoxe? Fútbol. Pois fútbol". Que era o que faciamos antes. Co de agora por dicilo así, o que queira. Se di tal.

RESPOSTA 2: Normalmente temos un tema por cada avaliación. Esta por exemplo, estamos dando bádminon, a outra demos baloncesto.

RESPOSTA 1: Iso si, imos correr seis veces a San Hadrián

PREGUNTA: Cando fai bo tempo.

RESPOSTA 1: Si, por exemplo, hoxe fomos a primeira hora. Iso si facémolo tódalas avaliacións, a segunda non. A primeira e a terceira.

PREGUNTA: Iso gústavos ou non?

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Que preferides, facer máis clases, por exemplo, tedes unha praia aí ao lado ou estar no centro dando as clases?

RESPOSTA 1: Si, prefiro estar correndo todo o día a estar dando clases.

PREGUNTA: Ti, si. E ti?

RESPOSTA 2: Eu non.

PREGUNTA: Prefires aquí dentro do instituto?

RESPOSTA 2: Eu si, antes de ir correr, si.

PREGUNTA: E se non fose correr?

RESPOSTA 1: Ir para a praia tomar o sol.

RESPOSTA 2: Si, tomar o sol sobre todo (tono retranca). A ver na praia estase ben, pero dame igual.

16ª Pregunta: Dentro do que son as clases que vos gustaría incluír, así para non facelas tan monótonas porque sempre xogar ao fútbol e ir só a correr, ou xogar a bádminon durante tres meses igual faise un pouco monótono. Vós que propoñeríades?

Resposta 1: Non sei (silencio)

PREGUNTA: Quedastes en branco?

RESPOSTA 1: Non sei que dicir.

PREGUNTA: Pois non sei. A min gustaríame facer máis xogos colectivos, practicar outro tipo de deportes.

RESPOSTA 1: Facer como fixemos hai dous anos. Ou sexa, un día todos no pavillón e facer equipos, ían por cursos, e facer partidos de volei. Ese día “molárame”. Iso facémolo, tódolos anos facemos algo, pero este ano fixemos o do fútbol, e normalmente sempre é o fútbol. Eu que sei gústame e tal, pero tamén me gustaría volei, eu que sei.

17ª Pregunta: Despois cando estades fóra que materiais empregades?

Resposta 1: Para o deporte? Un pantalón corto, unha camiseta, uns tenis e nada máis.

PREGUNTA: E que máis? Un balón fará falta. Porque necesitas algo máis para xogar.

RESPOSTA 1: Non fai falla nada máis. Os amigos.

PREGUNTA: Os amigos son importantes. As porterías e iso?

RESPOSTA 1: Xa están feitos.

PREGUNTA: Que campos son?

RESPOSTA 1: Está o pavillón que é de fútbol sala.

PREGUNTA: Ao pavillón podedes acceder?

RESPOSTA 2: Alégase.

RESPOSTA 1: Alégase por días, nós témolo alugado tódolos xoves de sete a nove.

PREGUNTA: Canto pagades?

RESPOSTA 1-2: Seis euros e dous céntimos.

RESPOSTA 1: Pero refírome que somos vinte, e sei que sae a pouco cada un. Sempre imos os mesmos de quince a vinte máis ou menos. Senón está o campo da festa se fai bo día.

PREGUNTA: Cal é o campo da festa?

RESPOSTA 1: O de Seaia. E despois está o campo de fútbol que entramos por detrás. Salta un, abre a porta e entran todos.

18ª Pregunta: Pensades que o concello vos ofrece actividades suficientes aos rapaces?

Resposta 1: A verdade que en Malpica non hai moita cousa, e puxeron a piscina e está parada.

RESPOSTA 2: Antes aínda estaba ben, porque antes facían xogos no porto.

PREGUNTA: Agora xa non os fan?

RESPOSTA 2: Non, deixaron de facelos. A última vez fixéronos no pavillón que estaban arranxando o porto, e dende esa non os volveron a facer.

19ª Pregunta: Que vos gustaría que fixera o concello por vós, para ter máis actividades lúdicas dentro do concello?

Resposta 1: Con poñer a piscina eu penso que xa estaría, porque poñerse a construír algo non. Pero deportes máis ou menos.

RESPOSTA 2: Aínda fan, hai rutas. Fan o día da bicicleta e así. Tampouco...

PREGUNTA: Tampouco fan moita cousa polo que me contades?

RESPOSTA 1: Non fan campionatos nin nada, iso si que me parece unha tontería. Se queremos xogar campionatos.

PREGUNTA: Tedes que organizalos?

RESPOSTA 1: Non, fóra a Baio, Ponteceso onde sexa. Normalmente a Baio.

PREGUNTA: Por exemplo, o que me contas, de acondicionar algún espazo, gustariavos. Quero dicir que non faia falla que se constrúan máis cousas porque xa hai cousas, pero igual facer algunha cousa distinta. Non tedes opinión sobre iso.

RESPOSTA 2: A ver a Malpica fáltalle aínda algo, polo menos para non aburrirse.

RESPOSTA 1: Polo inverno que de verán pásalo cos amigos.

RESPOSTA 2: De verán vas para a praia ou para o porto e aínda.

RESPOSTA 2: De inverno, non saímos do bar.

RESPOSTA 1: De inverno non saímos do bar ou imos a casa dun amigo ver unha película. Pero sabes, “Play”, todo televisión por dicilo así.

20ª Pregunta: Gustaríavos que se abrise o pavillón para vos sós? Sen ter que pagalo.

Resposta 1: Si. De inverno imos igual.

PREGUNTA: Pero soamente ides ese día que tedes reservado, de que hora a que hora?

RESPOSTA 1: De sete a nove.

PREGUNTA: Soamente de sete a nove. Porque antes non poderdes?

RESPOSTA 1: Porque antes están os de fútbol sala.

PREGUNTA: As actividades extraescolares son?

RESPOSTA 1: Si.

RESPOSTA 2: O que pasa que os do fútbol sala despois son pequenos. Quero dicir, aínda que queiran o único que poden son as de penas.

RESPOSTA 1: A ver, a maioría dos que imos temos todos equipos de fútbol, estamos todos no Malpica, e entón, por exemplo, nós adestramos martes e venres e eses días xa non podemos ir ao pavillón e os luns tamén temos clase pola tarde. Despois exames, salvo que non estudes.

21ª Pregunta: Os vossos pais ensináronvos algún xogo destes?

Resposta 1: Meu pai a min si. Este de poñer así os paus e darlle para arriba así.

PREGUNTA: A billarda, a billa.

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: E a ti?

RESPOSTA 2: (SILENCIO)

PREGUNTA: Non che ensinaron moito polo que vexo.

22ª Pregunta: Despois a parte do porto, praia e pavillóns, son eses os tres grandes sitios onde vos reunides?

Resposta 1: O mirador.

PREGUNTA: Onde está o mirador?

RESPOSTA 1: O mirador está.

RESPOSTA 2: Por onde está o Pescador.

RESPOSTA: En fronte subindo a costia do porto toda.

PREGUNTA: Indo polo Camiño do río. No que era a Cruz Vermella.

RESPOSTA: Si, pero está máis abaixo.

23ª Pregunta: Gustaríavos facer algún tipo de actividade relacionada con estes xogos? Para coñecelos máis.

Resposta 1: Si, estaría ben.

RESPOSTA 2: Si.

24ª Pregunta: Porque pensas que non se fan?

Resposta 1: Non sei, porque eu que sei. Agora fanse máis outras actividades non sei. Agora anda toda xente con móbil, e antes andabas, non andaba así. Despois a “Play” ordenadores, etc. Despois diso aínda están os deportes, saír que queiras que non tamén tira.

PREGUNTA: Saír cos amigos queres dicir.

RESPOSTA 1: Claro, saír de festa.

PREGUNTA: De festa, pouco vas. E de festa vas pola tarde noite?

RESPOSTA 1: Claro e hai durmir pola tarde.

25ª Pregunta: Pensades que sería positivo ter máis iniciativas deste tipo?

Resposta 1: Positivo si.

PREGUNTA: Para romper un pouco coa monotonía das clases?

RESPOSTA 1: Por dicilo así. Eu que sei, é a cultura eses xogos son os populares.

26ª Pregunta: Vós cando estades no colexio gustaríavos ter máis tempo de recreo?

Resposta 1: Iso sempre.

PREGUNTA: Por que canto tempo tedes de clase?

RESPOSTA: Unha hora corenta, un recreo de quince, hora e corenta, recreo de quince, hora e corenta e despois para casa.

PREGUNTA: Ou sexa seis horas de clase e media hora de recreo. É pouco non, gustaríavos ter máis.

RESPOSTA 1: Si ohh, iso si.

RESPOSTA 2: Pero, a ver, se metemos máis horas de recreo, non van quitar horas de clase. Así que teríamos que ir máis tarde comer, así que tampouco.

RESPOSTA 1: Preferimos así.

PREGUNTA: Preferides marchar antes que ter máis recreo.

27ª Pregunta: Dentro do que son os recreos e así, soamente se xoga ao fútbol?

Resposta 1: Aquí sempre se xoga ao fútbol porque tampouco podes ir para o pavillón. Ti saes para fóra e pouco máis. Nós agora estamos seguido na cafetería. Estás alí e non fai frío, non chove.

RESPOSTA 2: Porque ademais a cafetería levámola nós.

28ª Pregunta: Que fariades vós por exemplo para facer unha iniciativa cos xogos, que se podería facer?

Resposta 1: Pois por exemplo darlle un día.

PREGUNTA: Un día ao ano, ao trimestre..?

Resposta 1: Un día ao trimestre, non estaría mal non me parece moito.

PREGUNTA: Que máis a parte do día ese que máis, como fariades nese día, que organizades?

RESPOSTA 1: Unha charla sobre os xogos?

PREGUNTA: Ese día ou antes?

RESPOSTA 1: Ese día, ou antes tampouco pasa nada. Pois unha charla explicando e despois probamos, saímos todos por fóra e probamos.

RESPOSTA 2: Se cadra así, como algunha vez fixeron no Castro de Borneiro, que vén xente e teñen alí os xogos montados e vanche explicando como se xoga e máis así.

PREGUNTA: Iso do Castro de Borneiro, onde é?

RESPOSTA 2: En Cabana.

PREGUNTA: Ti como fuches a iso?

RESPOSTA 2: Porque a min levoume un amigo de meu pai.

PREGUNTA: Que o fan alí tódolos anos?

RESPOSTA 2: Esta no concello de Cabana e gústalle iso.

PREGUNTA: Gustouche?

RESPOSTA 2: Si, e mais porque che fan obras de teatro, e fan cousas. Explicábanche como era un tear.

RESPOSTA 1: Está ben para pasar a tarde.

PREGUNTA: Por exemplo, nese día que organizádeses, gustaríavos contar coas familias, os vosos pais para compartir máis tempo con eles ou cos avós?

RESPOSTA 2: Para nós ao mellor pasar tempo non era malo pero no meu caso meus pais non ían vir.

RESPOSTA 1: E os meus tampouco.

PREGUNTA: Por que?

RESPOSTA 1-2: Polo traballo.

RESPOSTA 1: Meus pais traballan de noite entón.

PREGUNTA: Claro estarían durmindo, ou están durmindo agora.

RESPOSTA 1: Meu pai si, miña nai está na casa.

RESPOSTA 2: Meus pais traballan e levántanse antes ca min e chegan despois ca min.

PREGUNTA: Védelo un pouco complicado.

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Se fose en fin de semana, un domingo, sábado?

RESPOSTA 2: Se fose un domingo si. O sábado nada.

PREGUNTA: O sábado está ocupado, é sagrado. Por exemplo onte non fixen nada aburrirme na casa e fun ver a miña prima e nada máis.

PREGUNTA: Que vos aburrídes un pouco aquí en Malpica?

RESPOSTA 1: Exacto, é que é sempre a mesma historia. Por exemplo, levántaste un sábado ás dúas, mira ti. Comes, vas ver o partido que xogamos nós. Acaba ás seis,

baixas ata o mirador, vemos os partidos, ceamos por Malpica e se saímos, saímos, e senón para casa. Sempre a mesma ruta.

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Pero iso está un pouco nas vosas mans. Si sempre facedes a mesma ruta, algo teredes que cambiar! Pregunto.

RESPOSTA 2: Tampouco hai moito máis que facer. Ou vas dar unha volta á praia.

RESPOSTA 1: Por exemplo, eu se estivera en Coruña. Para o ano que ven xa vou marchar para a Coruña. Facer un ciclo de FP que en Ponteceso non o hai. E xa estiven falando co meu primo de meternos a tenis e fútbol americano, sabes? Aquí non o podes facer, xa che digo fútbol, baloncesto e acabouse, e nada máis.

PREGUNTA: Tampouco vos dan máis opcións, porque por exemplo, non se organiza nada as fins de semana por parte do concello.

RESPOSTA 1: Claro, e se queres ir á piscina tes que ir a Carballo ou a Cabana.

RESPOSTA 2: Está a piscina parada.

PREGUNTA: Que vos parece que estea a piscina parada?

RESPOSTA: Fatal! A piscina tiña que estar aberta e agora polo verán non se nota tanto, pero polo inverno.

PREGUNTA: Ti pensas que é rentable ter esa piscina?

RESPOSTA 1: Non sei. Iso xa non o sei.

RESPOSTA 2: Eu creo que se a piscina lla ofreceron ás empresas, e as empresas non colleron será que non.

PREGUNTA: Daquela, por exemplo, se cos cartos que custou a piscina se fixeran outras cousas en Malpica, orientadas a vós ou aos maiores?

RESPOSTA 1: A piscina parada non fai nada.

PREGUNTA: Por exemplo, unhas canastras no porto?

RESPOSTA 2: Se arranxaran o pavillón.

PREGUNTA: E logo que lle pasa ao pavillón?

RESPOSTA 1: No pavillón antes había xoquei agora non o hai.

RESPOSTA 2: No pavillón, de inverno como chova.

RESPOSTA 1: Como chova moito.

RESPOSTA 2: Moito non, non lle fai falla chover moito e se chove moito unha piscina hai aí.

RESPOSTA: O único así que fan é o teatro no centro cívico que teñen para os nenos.

PREGUNTA: Non vos podedes apuntar?

RESPOSTA 1: Poder, podemos pero eu que sei.

PREGUNTA: Non vos gusta tanto.

Data da entrevista: 14-maio-2012

Lugar: Despacho baleiro.

Duración: 17 minutos.

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: (nenos 2º ciclo ESO)

Xénero do entrevistado: feminino e masculino

Idade: -

Profesión: estudantes

Campo profesional:

Educado en: rural

Fillos: non

Peculiaridades da entrevista: Foi realizada en parella.

1ª Pregunta: Vós a que xogades normalmente no voso tempo de lecer?

Resposta 1: Xogar, xogar a nada.

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 2: Eu á “Play” ou algo así.

PREGUNTA: E ti a nada, a nada de nada? E logo que fas cando estás no teu tempo libre?

RESPOSTA 2: Ou pasear, ou en internet.

2ª Pregunta: Coñeces algún xogo popular, ou xogastes a algún cando erades máis pequenos?

Resposta 1: Si.

PREGUNTA: Por exemplo?

RESPOSTA 1: Os de sempre, á mariola, as agochadas, á roda, á corda.

PREGUNTA: Á roda? Como é iso da roda, é levar un aro?

RESPOSTA 1: Non, un grupo de rapaces póñense agarrados da man e comezan a cantar e van dando voltas.

PREGUNTA: Iso que o faciades na escola?

RESPOSTA 1: En Primaria

3ª Pregunta: Aquí na escola facedes algún xogo destes? A que xogades?

Resposta 2: Non, xogamos ao fútbol.

PREGUNTA: Soamente ao fútbol?

RESPOSTA 2: No recreo si, despois en EF xogamos ao badminton e baloncesto.

PREGUNTA: Ti tamén? E nos recreos?

RESPOSTA 1: Si. Nos recreos non xogo a nada.

PREGUNTA: Tómbaste ou andas paseando por aí.

4ª Pregunta: Fóra da escola onde vos reunides, onde vos xuntades os rapaces de Malpica?

Resposta 1: Normalmente no centro de Malpica.

PREGUNTA: Ti tamén?

RESPOSTA 2: As veces.

PREGUNTA: Cando non estás en Mens?

RESPOSTA: Si.

PREGUNTA: No centro de Malpica, cal é o centro de Malpica, cóntame?

RESPOSTA 1: Pois por onde está a caixa, despois podes ir dar unha volta polo porto, polo paseo da praia.

PREGUNTA: No porto ou na praia xogades a algo?

RESPOSTA 1: Non. Eu polo menos non.

PREGUNTA: Ti non xogas a nada, nin a chuparte dende o porto?

RESPOSTA 1: Ah, iso de verán si.

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 2: Eu nas praias de Barizo.

PREGUNTA: Vas máis ás praias de Barizo, que ás de aquí?

RESPOSTA: Si, están máis preto.

5ª Pregunta: Nas clases de EF, sempre son aquí no colexio ou saídes fóra?

Resposta 1: Saímos fóra cando hai que ir correr ata á capela.

PREGUNTA: Soamente cando hai que ir correr?

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Gustaríavos que se fixeran máis cousas fóra do que é o instituto, a parte de correr?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: Como por exemplo esas clases que vos gustaría ter fóra, na praia e así que propoñeríades?

RESPOSTA 2: Voleibol ou así.

RESPOSTA 1: Fútbol.

PREGUNTA: Pero xogar ao fútbol fóra?

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Pero ti non xogas ao fútbol estás dicindo.

RESPOSTA 1: Non xogo ao fútbol normalmente, pero en EF gústame.

PREGUNTA: Voleibol ou así, e algunha cousa relacionada cos xogos populares pensades que sería positivo facela?

RESPOSTA 1: Eu penso que si.

PREGUNTA: Como pensades que se podería organizar unha actividade así na vós fósedes os responsables?

RESPOSTA 1: Pois collendo un grupo de cada clase e que falaran cos demais.

PREGUNTA: Iso que sería unha vez ao mes, unha ao ano, á semana. Canto tempo pensades que sería bo?

RESPOSTA 1: Unha vez ao trimestre.

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 2: Unha vez ao mes.

6ª Pregunta: Vós cando erades máis pequenos xogáchedes ás agachadas e iso, pero xogáchedes cos vosos pais, ensináronvos algún xogo destes?

Resposta 1: Creo que cando era máis pequeniña si, pero non me acordo moi ben.

7ª Pregunta: O concello, tedes moitas actividades para facer, dávos moitas alternativas?

Resposta 1: O concello organiza no polideportivo, pero son deportes todo.

PREGUNTA: Que deportes son?

RESPOSTA 1: Fútbol, baile, baloncesto e ximnasia rítmica e creo que nada máis.

PREGUNTA: Gustaríavos ter algunha cousa máis, distinta?

RESPOSTA 1: Natación.

PREGUNTA: Pero no tedes piscina.

RESPOSTA 1: Piscina hai, pero está inutilizada.

PREGUNTA: Porque está pechada a piscina.

RESPOSTA 1: Disque porque non hai auga.

RESPOSTA 2: Polo acceso.

PREGUNTA: Pero ao pavillón ides andando e está ao lado.

RESPOSTA 1: Polo acceso de obra, porque como está tan enriba, disque non chega, pero antes chegaba.

PREGUNTA: Non pensades que pode ser por outra cousa? (silencio)

8ª Pregunta: Por exemplo, se en lugar de gastar os cartos na piscina gustaríavos que se adicasen a propoñervos máis cousas, máis actividades, excursións outro tipo de cousas?

RESPOSTA 1-2: Si,

PREGUNTA: Por exemplo, que non teñades en Malpica, porque vós cando non estades aquí no voso tempo libre que opcións tedes?

RESPOSTA 1: Moi poucas, como non te apuntes aos deportes que fan no polideportivo outra cousa non hai.

PREGUNTA: En Mens, non hai nada xa?

RESPOSTA 2: O campo de fútbol.

PREGUNTA: Pero que o concello faga algo alí?

RESPOSTA 2: Pouco, case nada. Unha vez ao ano.

PREGUNTA: E que se fai?

RESPOSTA 2: As agochadas e así.

PREGUNTA: Pero, que o organiza o concello iso?

RESPOSTA: Non, unha asociación que hai alí.

9ª Pregunta: Despois aquí as clases no colexio gústanvos ou pensades que se podería cambiar algunha cousa, que se podería incluír os xogos populares en lugar de tanto deporte, ou facer outro tipo de cousas, que pensades?

Resposta 1: Home os xogos populares vanse perdendo ao estar no instituto, non pensas tanto niso, en xogar. Céntrate máis nos deportes.

PREGUNTA: Pero céntrate porque non chos ensinan ou porque che gusta máis?

RESPOSTA 1: Porque che gustan máis.

PREGUNTA: Pero sen embargo ti no practicas. Soamente fútbol cando estás na clase.

RESPOSTA 1: Eu practicaba, pero tiven que deixalo.

PREGUNTA: Porque o deixaches?

RESPOSTA 1: Por problemas de saúde de lesións.

PREGUNTA: Ah por saúde, por lesións. Daquela outro tipo de actividades si que poderías practicar.

Porque xa non fas as clases de EF?

RESPOSTA 1: Si que as fago, pero como practicaba artes marciais e facía moito esforzo pois agora xa non podo.

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 2: Eu as actividades non vou a ningunha, pero pola miña conta ando en bici, as veces xogo ao fútbol.

PREGUNTA: Cando non estás na escola. E vés ata aquí ou en Mens?

RESPOSTA 2: En Mens.

PREGUNTA: Cos rapaces de Mens. Hai moitos?

RESPOSTA 2: Non moitos non. Son máis pequenos.

PREGUNTA: Aínda por riba.

10ª Pregunta: Nos recreos pensades que sería mellor ter máis tempo para xogar a máis cousas ou como vedes iso?

Resposta 1: Eu penso que está ben, temos media hora, quince minutos para cada recreo.

PREGUNTA: Pero é suficiente se queres xogar a algo?

RESPOSTA1: Home se queres xogar a algo.

11ª Pregunta: Pensades que sería mellor ter máis tempo libre na escola?

Resposta 2: Si, vinte minutos polo menos.

PREGUNTA : Vinte e vinte sería mellor, así faise un pouco curto o recreo?

RESPOSTA 1-2: Si

12ª Despois nas clases de EF, como son as clases? Sen dar nomes. Son divertidas , aburridas o profesor manda moito.

RESPOSTA 1: Son divertidas pero tamén é estrito.

PREGUNTA: En que senso?

RESPOSTA: En que tes que facer as cousas, non podes dicir : "isto non me gusta, non o fago". Telo que facer, aínda que sexa... Esforzarte.

PREGUNTA: Que vides facendo nas clases?

RESPOSTA 1: Agora estamos co tema do bádminton.

PREGUNTA: No resto do curso que facedes?

RESPOSTA 1: No primeiro trimestre hai que ir correndo a San Hadrián.

PREGUNTA: Tódolos días?

RESPOSTA: Si, cando fai bo tempo claro.

PREGUNTA: Non é un pouco aburrido? Pregunto, ir tódolos días ir correr na clase en vez de ir á praia e facer outro tipo de actividades?

RESPOSTA 1: A min gústame ir correr.

PREGUNTA: Pero igual a outros compañeiros non lle gusta tanto. A ti gústache ir correr?

RESPOSTA 2: Si.

RESPOSTA 1: Claro ao mellor hai xente que lle gusta o fútbol, e outros correr, e vai alternando. Noutras clases fai fútbol, baloncesto, badminton.

13ª Pregunta: Vós se organizades unha actividade como a que falabamos antes, gustaríavos que participaran os vosos pais, ou avós. Para pasar máis tempo con eles, que vos ensinen a xogar aprender algo deles?

Resposta 1: Os pais non. As persoas maiores pois sempre saben máis.

PREGUNTA: Prefires aos avós que os pais?

RESPOSTA 1: Si, sempre saben máis.

14ª Pregunta: As fins de semana en Malpica que facedes? Porque me dixeron que era algo aburrido.

Resposta 1: Pois se non é verán pois si que te aburres. Porque non hai cines, non hai birlarías. O único que tes é porto e praia. Pasear nada máis.

RESPOSTA 2: Eu vou a Carballo porque están alí os cines e iso. E daquela vou ata alí.

15ª Pregunta: Que pensades que podería facer o concello para a xuventude, para vós?

Resposta 1: Pois un centro comercial que teña algo de lecer.

PREGUNTA: Iso é un pouco ciencia ficción, algo máis real.

RESPOSTA: Se abren unha piscina que non vale para nada. Porque non poden abrir algo así? Viría máis xente.

PREGUNTA: En lugar dun centro comercial, que ten que ter tendas e unha serie de cousas. A parte dun centro comercial para ir estar quentiño e que teña cines e todo iso,

que está ben pero que non é do concello. Por parte do concello fanse outro tipo de actividades por exemplo, teatro, danza e cousas así, que pensades diso.

RESPOSTA 1: Pola miña parte deberían organizar moitas máis cousas de baile.

PREGUNTA: Gústache, que houberse máis actividades desas. Doutro tipo? Se tivésedes máis actividades iriades ou quedariades no porto?

RESPOSTA: Home é que actividades na fin de semana tampouco che apetece moito, porque xa fas pola semana.

PREGUNTA: Non me refiro a actividades obrigatorias que teñas que ir. Digo que se houberse, por exemplo, que botasen unha película no centro cívico pola tarde iriades?

RESPOSTA: Si.

PREGUNTA: Ou sexa que non ides ás cousas porque non se vos oferta nada, soamente os deportes.

RESPOSTA: De verán fan un pouquiño máis, poñen películas ao aire libre na rúa e fan concertos que lle gusta á xente, é máis para que veñan turistas, pero de inverno nada, está todo parado.

PREGUNTA: Claro, non hai que pensar soamente nos turistas senón nos que viven aquí.

16ª Pregunta: Os materiais cos que xogades cales?

Resposta 1: Na escola ou fóra?

PREGUNTA: Da igual

RESPOSTA 1: Son os propios de cada un.

PERGUNTA: Xa, pero que utilizades, cando xogas coas amigas, un balón?

RESPOSTA 1: Nada

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 2: O balón.

Data da entrevista: 14-maio-2012

Lugar: Despacho baleiro.

Duración: 12 minutos.

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: (nenos 1º ciclo ESO)

Xénero do entrevistado: feminino e masculino

Idade: -

Profesión: estudantes

Campo profesional:

Educado en: rural

Fillos: non

Peculiaridades da entrevista: Realizada en parella por unha nena e un neno.

1ª Pregunta: Coñeces os xogos populares?

Resposta 1: Algún.

PREGUNTA: Por exemplo?

Resposta 1: A buxaina, a billa.

Resposta 2: A chave.

(silencio)

PREGUNTA: Non é un exame, non pasa nada.

2ª Pregunta: Vós cando estades fóra da escola a que xogades?

Resposta 2: Fútbol, baloncesto.

Resposta 1: Fútbol, buxaina.

PREGUNTA: Os deportes basicamente?

RESPOSTA 1-2: Si.

3ª Pregunta: Onde xogades, ti en Leiloio na Feira Nova, ou onde?

Resposta 2: Si na Feira Nova xogase á chave e máis ao fútbol no campo. Despois nos parques.

PREGUNTA: Nos parques de Buño porque en Leiloio tampouco hai moito máis.

RESPOSTA 2: A raxeira.

PREGUNTA: Onde está iso?

RESPOSTA 2: Nas escolas da Raxeiras para atrás, onde está a igrexa de Leiloio pois por alí detrás das escolas hai un campo.

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 1: Eu xogo na casa ou no campo da Festa de Seaia.

PREGUNTA: Non vas ao porto, nin á praia, nin así. Nin a "chuparte".

RESPOSTA 1: Á praia si.

PREGUNTA: Tirarte dende o porto nunca?

RESPOSTA: Non.

RESPOSTA 2: Eu si.

PREGUNTA: Ti si?

RESPOSTA 2: Non, eu non me tirei pero si que vin tirarse. Tampouco xogo á chave pero vin xogar, xoga meu pai.

PREGUNTA: Ti non xogas á chave?

RESPOSTA 2: Xoguei unha vez pero...

PREGUNTA: Non se che dá ben?

RESPOSTA 2: Non.

4ª Pregunta: A que xogades, contádeme ti no campo da Raxeira e ti no campo de detrás?

Resposta 1: No campo da festa xogo ao fútbol (silencio).

RESPOSTA 2: Nós tamén xogamos ao fútbol, nós tamén aló xogamos todos ao fútbol.

PREGUNTA: Soamente xogades ao fútbol?

RESPOSTA 2: Non, porque soamente levan o balón nada máis para xogar ao fútbol.

PREGUNTA: E non levades outras cousas ou davos pereza?

RESPOSTA 2: Algunha si. Antes algún día aínda iamos cos patíns e así, pero agora.

5ª Pregunta: Dentro da escola a que xogades?

Resposta 2: En ximnasia?

PREGUNTA: No recreo tamén.

RESPOSTA 1: Eu nos recreos non xogo a nada.

RESPOSTA 2: Eu tampouco.

PREGUNTA: Non xogades a nada? E logo?

RESPOSTA 1-2: Non

RESPOSTA 2: Eu dou voltas.

RESPOSTA 1: Eu quedo parado.

PREGUNTA: Falando cos amigos nada máis? E logo por que non vos apetece xogar a nada?

RESPOSTA 1-2: Si

RESPOSTA 2: Aparte ninguén xoga, quitando un pouco ao fútbol alí detrás.

6ª Pregunta: Nas clases de EF que facedes?

Resposta 2: Xogamos ao brilé, bádminton.

RESPOSTA 1: Fútbol, baloncesto. Despois algún día o que queiramos nós, andar cos patíns.

RESPOSTA: Si, ademais saltar no trampolín, e dar volteretas.

7ª Pregunta: Fóra do colexio ides dar algunha clase por aí fóra?

Resposta 1-2: Non.

PREGUNTA: Nunca saides, non ides correr ata San Hadrián?

RESPOSTA 1-2: Siii.

RESPOSTA 2: A San Hadrián si. Antes agora, pff. Co tempo que hai.

PREGUNTA: Máis no verán.

8ª Pregunta: Gustariavos ter máis clases fóra? Soamente ir correr, ou outro tipo de actividades?

Resposta 2: Outro tipo. Algunha vez fomos á praia xogar cos discos.

PREGUNTA: Co fresbee?

RESPOSTA 2: Iso.

PREGUNTA: Gustariavos facer máis cousas? Cousas máis diferentes.

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Porque é un pouco aburrido sempre os deportes, sempre?

RESPOSTA 2: Si, un pouco cansa, moito xa.

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Na vosa opinión debería cambiar un pouco nas clases de EF?

RESPOSTA 1-2: Si

9ª Pregunta: Pareceriavos ben facer outro tipo de actividades, por exemplo, organizar algo de xogos populares?

Resposta 1-2: Si

PREGUNTA: Como organizariades vós se fósedes os responsables? Unha vez ao mes, ao ano, á semana

RESPOSTA 2: Pois, cantos días de ximnasia temos? Dous, pois un día cada dúas semanas.

PREGUNTA: Ti tamén pensas así?

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Nese día como organizades?

RESPOSTA 2: Pois toda a clase facendo xogos populares e despois xa nada máis.

PREGUNTA: Por que non llo propoñedes aos profesores?

RESPOSTA 1: Algún día xa falamos diso pero..

PREGUNTA: Pero queda aí no aire.

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: A vós gustariavos?

RESPOSTA: Si.

10ª Pregunta: Pensades que o concello vos dá oportunidades para pasar o voso tempo libre?

RESPOSTA 2: Nin idea.

PREGUNTA: Non ides a ningunha actividade extraescolar?

RESPOSTA 1: Eu non.

RESPOSTA: Eu tampouco. Vou a baile pero non é extraescolar.

PREGUNTA: Que organiza unha asociación de baile ou algo así? E ti non vas a nada. Cando saes de aquí vaste cos amigos e para casa?

RESPOSTA: Si, para casa.

11ª Pregunta: Se organizades eses días dos xogos, gustariavos que viñesen os vosos pais a ensinarvos e pasar un pouco máis de tempo con eles?

Resposta 1: Si

PREGUNTA: Un si, a medias parece. Un si completo ou a medias.

Resposta 2: A medias, porque meu pai xa ía vir para ensinar como se xogaba á chave, pero despois non puido vir e trouxo ás cousas, pero senón ía vir el ensinar a chave.

PREGUNTA: Gustariavos iso, sería divertido?

RESPOSTA 1: Si.

12ª Pregunta: Por onde andades? Ti en Leiloio na Feira nova e ti aquí no campo da festa?

Resposta 2: Por Buño, na Raxeira.

RESPOSTA 1: Si, despois vou a San Hadrián ou a Barizo.

PREGUNTA: Andar ou pasear.

RESPOSTA 1: Si.

13ª Pregunta: Na fin de semana que facedes no voso tempo libre?

Resposta 2: Depende.

PREGUNTA: Se vos deixan ou non?

RESPOSTA 2: Ou se teñen plans ou non.

PREGUNTA: Os amigos?

RESPOSTA: E mais os pais.

14ª Pregunta: Gustaríavos ter máis actividades por parte do concello? Os compañeiros falaban de que non hai nada que facer ás fins de semana porque non hai nada.

Resposta 2: A verdade que non hai nada.

PREGUNTA: Gustaríavos ter cousas pra facer na fin de semana?

RESPOSTA 2: Si, así que se reuniran para facer algo.

PREGUNTA: Por exemplo, que che gustaría facer cos amigos, unha ruta ata Monte Neme na bicicleta ou ir andar ata San Hadrián ou unha película no centro cívico ou no teleclub?

RESPOSTA 2: Si, moitas veces imos nas bici. Antes había películas no teleclub pero quitáronas.

PREGUNTA: As fins de semana estades un pouco aburridos.

RESPOSTA 2: Aburridos non, porque nós imos para o campo e estamos aló pero se houbera actividades iríamos, pero como non hai.

15ª Pregunta: Vós xogades á “play” a estas cousas?

Resposta 1: Eu algo ao ordenador.

PREGUNTA: Que preferides xogar co ordenador ou estar por aí cos amigos?

RESPOSTA 2: Depende porque eu os sábados ando todo o día cos amigos e daquela pola noite.

PREGUNTA: Estás á túa bola co ordenador.

RESPOSTA 2: Si.

RESPOSTA 1: Eu, igual ca ela.

PREGUNTA: Andades todo o día por aí, e despois ao ordenador.

16ª Pregunta: No colexio non xogades no recreo pero nas clases de EF gústanvos ou non?

Resposta 1-2: Depende.

PREGUNTA: Depende de que?

RESPOSTA 2: Porque hai algunha vez foliada, uns non queren ir cos outros.

PREGUNTA: Hai pelexas?

RESPOSTA 2: Non hai pelexas pero...

PREGUNTA: Discuten

RESPOSTA 2: Si

17ª Pregunta: Hai cousas de nenos e de nenas?

Resposta 2: Non

RESPOSTA 1: No noso caso non.

RESPOSTA 2: Sempre xogamos todos.

PREGUNTA: Sempre xogades todos ao mesmo, non hai problemas.

18ª Pregunta: A vós gustaríavos ter máis tempo nos recreos? Pensades que son moi curtos?

Resposta 2: Son dous.

RESPOSTA 1: De quince minutos.

PREGUNTA: Parece pouco.

RESPOSTA 2: De vinte polo menos.

PREGUNTA: De vinte polo menos, estaría mellor.

RESPOSTA 2: Polo menos.

PREGUNTA: Por que?

RESPOSTA 1: Porque así poderíamos ter máis tempo para descansar das clases.

PREGUNTA: Porque saídes moi esgotados das clases

RESPOSTA 1: Depende dalgunhas si, doutras non.

RESPOSTA 2: Agora, por exemplo, antes de vir estabamos en inglés e antes tivemos exame. Cando temos máis dun no día eu que sei.

19ª pregunta: Ti ao porto nunca vas, bañarte nin de verán nin nunca. Pero sabedes que alí se bañan os rapaces?

Resposta 1: Non, nunca.

RESPOSTA 2. Eu as veces, porque non coñecía a ninguén de Malpica. Este ano si e creo que imos ir, pero eu nunca me tirei.

20ª pregunta: Que pensades nas actividades estas que ides organizar de xogos, como organizariades? Por que vós cando estabades na escola primaria xogabades máis a isto? Lembrades.

Resposta 1: Na escola primaria.

RESPOSTA 2: Na escola primaria nós tiñamos cada trimestre unha cousa diferente, nunca repetido. Sempre xogabamos algo distinto.

PREGUNTA: A que escola ías á de Buño ou á das Raxeiras?

RESPPOSTA 2: Fun ás dúas.

RESPOSTA 1: Eu ía á de Malpica, e cada 5 días de EF tiñamos un libre.

PREGUNTA: Un libre para xogar ao que quixerades.

RESPOSTA 1: Si.

RESPOSTA 2: Nós tamén en fin de curso. Cando chegaba o trimestre final, tiñamos uns días libres.

PREGUNTA: E gustaríavos ter máis días así?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: Por que?

RESPOSTA: Para xogar ao que nós quixeramos.

PREGUNTA: Sen que vos estiveran dicindo: "fai isto, fai así".

RESPOSTA 1-2: Si, isto faise así.

PREGUNTA: Preferiríades organizar un pouco máis as clases. Sen que vos estean mandando.

RESPOSTA 1-2: Si

21ª Pregunta: Por que son aburridas as clases cos profesores nas de EF?

Resposta 1: Aburridas non, pero cansan un pouco.

RESPOSTA 2: Cansa un pouco que sexa sempre o mesmo.

PREGUNTA: Cánsavos, abúrrevos. Por que estades moito tempo facendo mesmo a mesma cousa?

RESPOSTA 2: Algunha vez estamos toda a hora xogando ao brilé.

PREGUNTA: E iso aburre?

RESPOSTA 2: Si, porque entre que discuten: "deches, non me deches"

PREGUNTA: Gustaríavos que houbera na clase catro ou cinco actividades e que puidesedes ir cambiando cada pouco tempo para que sexa máis dinámico, máis ameno?

RESPOSTA 1-2: Si

PREGUNTA. Por que así que pasa nas clases, chegades e estades co baloncesto e sempre baloncesto, por exemplo?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: Votades de menos un pouco iso que funcione doutra maneira. Iso dicídesllo ao profesor?

RESPOSTA 1: Eu ás veces si, pero...

PREGUNTA: Pero como clase? Non ti só alí protestando un pouco.

RESPOSTA: Algunhas veces pedímoslle que nos deixe xogar a algún xogo que nos guste a nós, e cando lle pedimos brilé algunhas veces cólalle, e déixanos e outras non.

22ª Pregunta: Gustaríavos facer máis actividades fóra, como por exemplo que non me dicides, o do fresbee si pero que propoñeríades vós?

Resposta 2: A min gustoume moito que xogamos así na praia, na area.

PREGUNTA: Xogos na praia, por exemplo, máis que estar correndo ata San Hadrián?

RESPOSTA 1-2: Siiii.

PREGUNTA: Vós tamén ides correr á San Hadrián?

RESPOSTA 1-2: Si.

RESPOSTA 1: Eu vou de boa gana.

RESPOSTA 2: Eu tamén.

PREGUNTA: Por que vos gusta.

RESPOSTA 2: Cansa moito.

PREGUNTA: Pero igual era mellor estar xogando e cansándovos igual na praia que correndo?

RESPOSTA 1: Cambiar un pouco.

Data da entrevista: 14-maio-2012

Lugar: Despacho baleiro.

Duración: 16 minutos.

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: (nenos 1º ciclo ESO)

Xénero do entrevistado: feminino e masculino

Idade: -

Profesión: estudantes

Campo profesional:

Educado en: rural

Filios: non

Peculiaridades da entrevista: Realizada en parella por unha nena e un neno.

1ª Pregunta: Coñeces os xogos populares, sabes o que son?

Resposta 1-2: Así, así.

PREGUNTA: Nunca xogastes a nada?

RESPOSTA 1: Si, pero.

PREGUNTA: A ver que xogastes?

RESPOSTA: Non sei.

PREGUNTA: Á roda, á billarda, á mariola, á corda, ás agochadas?

RESPOSTA 1-2: Á mariola si.

PREGUNTA: Non vos acordades de ningún máis?

RESPOSTA: (SILENCIO)

PREGUNTA: Non.

2ª Pregunta: Vós cando non estades na escola a que xogades?

Resposta 2: Depende, ás agochadas, fútbol.

PREGUNTA: Ti

RESPOSTA 1: Igual.

PREGUNTA: Igual, es futboleira tamén?

RESPOSTA 1: Si.

3ª Pregunta: Onde xogades?

Resposta 1: Nun campo que hai en Barizo, un campo de fútbol que hai alí.

RESPOSTA 2: En Cerqueda outro.

PREGUNTA: Outro alí en Cerqueda. Soamente ides ao campo de fútbol, xogar quero dicir. Porque Barizo non só é o campo de fútbol, nin Cerqueda.

RESPOSTA 2: No parque.

PREGUNTA: Quedades alí cos amigos e que facedes?

RESPOSTA 2: Falar e xogar.

RESPOSTA 1: Falar, xogar eu que sei.

PREGUNTA: Xogar a que? Tódolos días ao fútbol.

RESPOSTA 1: Ás agochadas.

RESPOSTA 2: Ao tenis.

PREGUNTA: Aos deportes basicamente.

RESPOSTA 1: Si

4ª Pregunta: Aquí a Malpica vides de verán?

Resposta 2: Buenoo.

PREGUNTA: Non moito. Andades máis preto da vosa casa.

5ª Pregunta: Na escola que é o que facedes nas clases e nos recreos?

Resposta 1: Estar cos rapaces, xogamos cunha pelota pequena. Senón estou cos rapaces e falo, e así.

PREGUNTA: A que xogas con esa pelota pequena?

RESPOSTA1: Ao fútbol.

PREGUNTA: E ti tamén ou estas coas amigas paseando?

RESPOSTA 2: Estou cas amigas.

6ª Pregunta: Nas clases de EF que facedes?

Resposta 1: A bádminon.

RESPOSTA 2: No trimestre.

PREGUNTA: Aos deportes.

RESPSOTA 2: Si.

7ª Pregunta: Gustaríavos facer outro tipo de cousas?

Resposta 1-2: Si (risas)

PREGUNTA: Por que?

RESPOSTA 2: Porque é moi monótono e aburrido.

PREGUNTA: É moi monótono e aburrido as clases. Pero cos dous profesores ou cun.

RESPOSTA 1: Como cos dous profesores?

PREGUNTA: Hai dous profesores no instituto e a vós dánvos clase os dous?

RESPOSTA 1-2: Non.

RESPOSTA 1: Un dá primeiro e segundo, o outro terceiro e cuarto.

PREGUNTA: Daquela facedes os deportes, e dices que é moi monótono?

RESPOSTA 2: Para min si.

PREGUNTA: Para ti?

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Gustaríavos ter outro tipo de cousas, por exemplo?

RESPOSTA 1: Non sei, outros deportes.

RESPOSTA 2: Máis xogos, non tanto aí. Porque sempre facemos flexións e tal. A deportes xogamos tamén, pero é aburrido.

PREGUNTA: A ti abúrrete, e a ti?

RESPOSTA 1: Tamén.

PREGUNTA: Pensades que ao resto dos compañeiros?

RESPOSTA 2: Home se están nas “colchonetas” tirados sen facer nada, pois si a verdade.

8ª Pregunta: Se por exemplo, gustaríavos ter un día de xogos populares, máis actividades relacionadas con isto?

Resposta 1-2: Si.

PREGUNTA: Como fariades vós, como organizariades?

RESPOSTA 1: Pois no patio, fóra traer así algún xogo e organizarse.

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Dentro das clases, fóra?

RESPOSTA 2: Fóra, fóra.

PREGUNTA: Fóra das clases, ou fóra das clases de EF ou no recreo?

RESPOSTA 1: No recreo e nas clases de EF.

PREGUNTA: Nos dous lados.

9ª Pregunta: E poñeríades os xogos, gustaríavos que viñeran os pais e os avós, tamén a participar un pouco ou non?

Resposta 1: Bueno,

PREGUNTA: Así, así, non estades moi convencidos.

10ª Pregunta: Facedes cousas fóra da clase, fóra do instituto ides facer clases de EF fóra?

Resposta 1: As veces.

PREGUNTA: Gustaríavos ir máis?

RESPOSTA 1-2: Sss

PREGUNTA: Si ou non? Non digas así (asente positivamente coa cabeza) que non se oe (risas) os xestos non se escoitan.

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Que vos gustaría facer nesas clases, ir correr ou que vos gustaría, xogos na praia, ir andar...?

RESPOSTA 2: Ir á praia.

RESPOSTA 1: Na praia.

PREGUNTA. Por que non facedes nada na praia?

RESPOSTA 1-2: Non.

PREGUNTA: Cando saídes que facedes? Cando saídes fóra do instituto facer as clases de EF que facedes?

RESPOSTA 1: Imos andar ata San Hadrián, mais que correr.

PREGUNTA. Ides ata alí e volvedes?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: Nada máis. Ou sexa que ides falando tan tranquilos. Coma ir de paseo por aí.

11ª Pregunta: Vós facedes actividades extraescolares?

Resposta 1-2: Si.

PREGUNTA: A que ides?

RESPOSTA 1: Eu a fútbol.

RESPOSTA 2: Eu á piscina.

PREGUNTA: Gostaríavos que dende o concello fixeran máis cousas para os rapaces?

RESPOSTA 1-2: Si

PREGUNTA: Porque vós que propoñedes, que vos gustaría que fixera o concello para vós?

RESPOSTA 1: Campamentos polo verán.

PREGUNTA: Campamentos polo verán. E polo inverno que fai máis frío e é algo máis aburrido todo?

RESPOSTA 2: Pois podían poñer un autobús algunha clase de EF de aquí á piscina. Porque facemos todo, que os deportes que facemos están máis relacionados coa resistencia e coa forza e a elasticidade non, queda aí apartado. Soamente facemos fútbol e baloncesto e pouco máis.

PREGUNTA: Pero iso o concello?

RESPOSTA 2: Nas clases de EF.

PREGUNTA: Nas clases de EF. Pero digo se vos gustaría que o concello puxera xogos no pavillón ou na praia.

RESPOSTA 1: De inverno no pavillón estaría ben.

PREGUNTA: Pero ti non dis que vas a fútbol? Que xogas co Malpica?

RESPOSTA 1: A ver, si, pero.

PREGUNTA: Non vas as actividades do concello, pero sabes que existen?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: E ti tampouco vas?

RESPOSTA 2: Non.

PREGUNTA: Que vos gustaría que fixera o concello para que tivesedes, eu que sei nas fins de semana, que sería bo para as rapazas e rapaces?

RESPOSTA 2: Xogos e así.

PREGUNTA: Por exemplo, os compañeiros dicían de poñer películas, porque teñen que ir a outros lados para velas.

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Por exemplo, outras actividades máis relacionadas coas actividades física, por exemplo o surf.

RESPOSTA 1-2: Si, si.

PREGUNTA: Si, gustaríavos o surf. Non o hai, tampouco baixo moito a Malpica pero creo que non. Non vos chega o folleto non sabedes.

12ª Pregunta: Que materiais empregades para xogar?

Resposta 2: Para xogar como e onde?

PREGUNTA: Pois se xogades ao tenis con que xogades cunha raqueta ou cun carabullo, da igual onde xogades?

RESPOSTA 1: Aquí xogamos coa raqueta e coa pluma.

PREGUNTA: E cando estades fóra do cole con tanto material?

RESPOSTA 1: Pois prestámonos entre nós. Se alguén ten máis dunha, déixalla.

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: As raquetas, pero non só xogades ao bádminton. Pouco xogades fóra de aquí a iso. Eu preguntovos polo que xogades fóra. Cando xogades, pois que levades un balón, unha portería as costas, como facedes? Ou xogo coas cousas que hai por alí.

RESPOSTA 2: O balón.

RESPOSTA 1: Si, na praia sobre todo. Collemos dúas pedras de portería e levamos o balón.

PREGUNTA: En Cerqueda tamén xuntades alí dous pinos e xa vale de portería.

RESPOSTA 2: Si, ou na casa.

13ª Pregunta: Os recreos aquí son curtos son largos?

Resposta 2: Son curtos, pero hai dous.

PREGUNTA: Canto duran, queredes que sexan un pouco máis longos?

RESPOSTA 2: Duran quince minutos pero entre que saímos da clase e tal pois.

PREGUNTA: Xa se pasou.

RESPOSTA 1: E se tes unha clase que tes que quedar cinco minutos máis para explicar unha cousa, xa soamente che quedan dez, entre que saímos e tal, pois xa se queda en cinco nada máis.

PREGUNTA: Ou sexa que vos gustaría ter máis recreo.

RESPOSTA 1-2: Si.

14ª Pregunta: Cando vos reunides cos amigos, onde vos reunides tanto en Barizo como en Cerqueda?

Resposta 1: Ou quedamos todos nun sitio, e se teño un amigo preto de min pois imos buscar ao outro e despois imos a un parque que hai alí xunto ao campo, ou ir dar unha volta ao bar dun rapaz, que ten un bar e estamos alí con el, e así.

15ª Pregunta: Por que pensades que non se fan máis cousas con estes xogos?

Resposta 2: Porque fai falla xente e material.

PREGUNTA: Xente en que sentido, sodes unha morea de nenos na escola.

RESPOSTA 2: Xa pero responsables.

RESPOSTA 1: Que non rompan o material.

PREGUNTA. Logo que pasa rompen moito material, no coidades das cousas?

RESPOSTA 2: Si, pero hai xente.

RESPOSTA 1: Que se pasa.

RESPOSTA 2: Si

PREGUNTA: Son os maiores os que se pasan?

RESPOSTA 1-2: Si.

16ª Pregunta: Na primaria facíades máis cousas era máis divertido o xogos cando íades de pequenos que agora, e nas clases de EF tamén?

RESPOSTA 1-2: Si

1. 2. ENTREVISTAS DOCENTES

1. 2. 1. ENTREVISTA DP1

Data da entrevista: 24-5-2011

Lugar: Despacho do centro educativo

Duración: 39 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: DP1

Xénero do entrevistado: feminino

Idade: 1977 (34 anos)

Profesión: Mestra

Campo profesional: Mestra Educación Física (2003) 1 curso en Malpica.

Educado en: Urbano

Fillos: Non

Peculiaridades da entrevista: A entrevista foi realizada nun ambiente relaxado e distendido. Por outra banda casualmente recibiu da Xunta de Galicia un caixón cheo de material para os xogos populares.

1ª Pregunta: Por que te dedicaches á EF?

Resposta: Porque era unha das opcións que me gustaban, pero ao principio era enfermería e como non entrei en enfermería ao final a segunda opción era EF. Gustábame o deporte.

PREGUNTA: Imos pasar a un bloque de preguntas relacionadas cos xogos populares e as túas vivencias persoais.

2ª Pregunta: Practicaches algún xogo popular cando eras nena? Cales?

Resposta: Si. Que me acorde ao que máis xogabamos era a mariola e o pano. Ao pano de atar xogabamos moito.

3ª Pregunta: Onde xogabades máis, onde xogabas ti máis, na escola ou na rúa?

Resposta: Na escola.

PREGUNTA: Por que?

R: Na rúa... Eu vivía na Coruña e non me deixaban baixar á rúa, e xogaba máis na casa, viña algunha veciña a miña casa ou eu a dela. Pois xogar na casa ás bonecas, a esas cousas. E despois así o tempo de xogo que máis tiña era pois no patio do colexio, no recreo.

4ª Pregunta: Dentro do tempo de clase os mestres deixábanvos tempo para que xogades ou era sempre no recreo. Onde podíades xogar?

Resposta: No recreo si, nas horas de clase non.

5ª Pregunta: Cando non estabades dentro do que era a formación, a que xogabades na escola? A parte da mariola e o pano. Algunha cousa máis así?

Resposta: Ao brilé tamén xogabamos algo e non recordo así máis.

PREGUNTA: Comentabas que pouco xogabas, pouco fóra da escola. Que estabas atada pola dinámica de vida que tiñas na Coruña.

R: Si claro. Na rúa non nos deixaban baixar. "Bueno" si no parque, levábanos ao parque. No parque máis ben á pilla, e nos "columpios" xogabamos.

6ª Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Pois a verdade é que non o lembro. Ao mellor entre nós, algunha maior.

7ª Pregunta: Ensinácheslle ti despois algún xogo destes aos rapaces?

Resposta: Si, si. Non sei se porque xa os xogara eu, ou se porque despois "bueno" cursos que fixen en maxisterio, pois unha asignatura que tiven. Pois claro volves a ver todos eses xogos. Non sei se foi que os recordei ao velos nesa asignatura, recordei ao que eu xogaba e a raíz diso pois si.

8ª Pregunta: Como eran transmitidos eses xogos?

Resposta: (silencio) De forma oral.

9ª Pregunta: Como aprendiades a xogar? No sentido de se tiñades alguén que volos explicaba ou aprendiades por imitación, por demostración.

Resposta: De pequena? Eu creo que xogando e despois aparecía unha que dicía: "non así non se xoga hai que poñer esta norma". E se ían introducindo así normas.

10ª Pregunta: Cales eran os máis coñecidos dentro da escola, que ti recordes?

Resposta: Pois eses que che digo, na escola a mariola, o pano, e o brilé.

11ª Pregunta: Había xogos de nenos e de nenas?

Resposta: É que estudei nun colexio feminino. Entón.

PREGUNTA: Logo xa tiñas unha segregación imposta.

R: Claro, claro. A ver cando estaba en bacharelato foi cando entraron nenos no colexio. Eran pequenos daquela, nós non xogabamos con eles.

12ª Pregunta: En que sitios xogabades?

Resposta: No patio do colexio, había un patio exterior. Á mariola xogabamos nunha zona de terra que había, e ao brilé, e o pano pois nunha zona de cemento que había xa nunhas pistas polideportivas que había.

13ª Pregunta: Que tipo de materiais empregabades?

Resposta: Unha pedra, o zapato para facer as raias na terra, e o cinto do uniforme para o xogo do pano.

PREGUNTA: Por que eses materiais?

R: Porque era o que tiñamos, non había outra cousa.

14ª Pregunta: Eran competitivos os xogos?

Resposta: (Silencio) "Bueno", algo. Tampouco excesivamente, un pouco si, pero non en exceso.

15ª Pregunta: Eran difíciles de xogar, requirían moita habilidade para xogar, ou necesitabas ser moi habilidoso?

Resposta: Á mariola un pouco máis, como había varias mariolas, había algunha que si que era máis complicada despois o outro non, normal.

16ª Pregunta: Había xogos de tempada, en inverno xogabades a unha cousa, en verán a outra, en primavera?

Resposta: Creo que non, creo que non.

PREGUNTA: Indistintamente practicabades os mesmos xogos?

R: O que recordo si.

17ª Pregunta: Na escola recordas que tiveses algunha actividade relacionada cos xogos populares, dentro dalgunha asignatura ou algo?

Resposta: Non, non.

18ª Pregunta: Que é o que máis lembrades deses xogos?

Resposta: A ver, eu lembro que o pasaba ben coas miñas amigas e que era un anaco agradable e divertido que pasabamos xuntas.

19ª: Pregunta: Imos pasar a outro bloque relacionado cos rapaces de aquí. Dende a túa posición como mestra poderías dicirme a que xogan os rapaces pertencentes a esta escola de Buño que é o do Concello de Malpica?

Resposta: A ver, os nenos maiores a fútbol.

PREGUNTA: Ao balón?

R: Si, a partir de 3º fútbol, as nenas a pasear, xogan a pasear. En 1º e 2º xa xogan un pouco máis xuntos entre nenos e nenas, pero a pillarase sen ser o xogo da pilla, correr uns detrás dos outros e pouco máis. Polo menos a principio de curso xogaban só a iso. Ehh claro, había problemas nos recreos que ao final acábanse enfadando uns cos outros, acaban pelexándose. Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo. Desde que o fixemos, foi por aí por xaneiro cando comezamos con iso, pois xa xogan algo máis. Puxemos material a disposición deles que antes non o tiñan e si que xogan á goma, xogan coa corda, collen balóns. Si que xogan algo máis.

PREGUNTA: Ese material vos dispoñédelo alí e eles cólleno libremente.

R: Si, temos unha caixa aí no corredor, e eles teñen un papel para anotarse. Teñen que anotar quen o leva, e o que leva, para despois devolvelo.

PREGUNTA: Seguindo con este tema, hai un cambio dos rapaces?

R: Si. Si, que hai antes sempre viña algún: "ai é que este me pegou, o outro empurroume". Sempre e agora non.

PREGUNTA: Eles recollen o material e xogan libremente sen intervención dun adulto?

R: Si, agora si. Ao principio explicáronselles os xogos, estivemos con eles, practicando con eles. Os maiores, claro, cólleno antes e explicábanlle aos pequenos, e agora si que son eles os que xogan libremente.

20ª Pregunta: En xeral pensas que os rapaces teñen facilidades para xogar?

Resposta: Non, cústalles.

PREGUNTA: En que senso?

R: Que non saben a que xogar. Non saben a que xogar, eu creo que lles falta imaxinación.

PREGUNTA: Sobre que idades estamos falando?

R: Nenos pequenos de seis a nove anos principalmente. Porque os maiores comezaron xogando algo pero seguen igual.

PREGUNTA: Xa teñen a súa dinámica.

R: Si fútbol e as nenas a mirar como xogan, algunha, algunha xoga tamén con eles, pero poucas.

21ª Pregunta: Cres que as nenas e nenos teñen as mesmas oportunidades para xogar que as xeracións de antes?

Resposta: (silencio) Home, oportunidades eu creo que si. Eu creo que agora hai outros, outras modas, antes non tiñamos tantos videoxogos, e non tiñamos tanta televisión. Eu penso que agora están máis influenciados por iso e que lles gusta máis. Se lles deixas xogar no ordenador eu creo que prefiren quedar xogando no ordenador que saír a xogar eles.

22ª Pregunta: Aquí dentro da vila de Buño, sabes onde xogan os rapaces a parte de fóra da escola?

Resposta: Algúns na praza alí xunto a igrexa, creo que xogan alí algo. Pero despois a maioría como viven en casas xogan ao redor da súa casa.

PREGUNTA: Aquí dentro da escola que espazos empregan máis para xogar?

R: Porque vexo que hai moita pista pequena.

R: Si, os maiores van sempre para a pista de fútbol de arriba, sempre. Despois, claro, os de infantil xa lle temos unha zona de xogos reducida, onde teñen a zona dos columpios, e despois os pequenos están case sempre na pista de abaixo de baloncesto, e nun anaco que hai alí de herba. Os pequenos de primeiro e segundo están sobre todo sempre por aí, os de quinto e sexto están na pista grande, e os de terceiro e cuarto que tamén xogan ao fútbol, e como hai outra pista de fútbol pois tamén están abaixo, pero como son máis pequenos os maiores son os que mandan.

23ª Pregunta: Onde pensas que xogan máis os rapaces dentro da escola ou fóra da escola ou na casa?

Resposta: (silencio) A ver, de tempo real eu creo que fóra. Quero pensar que fóra, porque aquí realmente teñen un recreo de media hora.

PREGUNTA: Nada máis?

R: Si.

24ª Pregunta: Que tipo de materiais empregan aquí os rapaces para xogar?

Resposta: Que traían eles, o balón e algunha corda.

PREGUNTA: E vós que facilidades?

R: Pois, agora si que temos corda, gomas, bolas, chapas, balóns.

PREGUNTA: As bolas son mercadas evidentemente, pero as cordas, chapas e isto que proveñen da reciclaxe de algunha cousa ou mercádelas?

R: As chapas trouxéronas os nenos da casa, pedímoslle que as trouxeran, e o demais é todo mercado.

25ª Pregunta: Consideras que a competitividade é unha parte importante dentro dos xogos que practican as nenas e nenos?

Resposta: Non, eu penso que é máis importante que se relacionen.

PREGUNTA: Eu dígo para eles, no sentido de que cando xogan á corda, por exemplo, sempre hai algún que quere gañar.

R: A ver, sempre hai algún que sempre quere gañar a todo, dá igual a que xoguen que sempre quere gañar. Pero eu creo que son xogos nos que non é tan fácil que compitan entre eles. Aínda que haxa algún que si que queira competir contra todos. A maioría non, xogan por xogar non polo feito de gañar.

26ª Pregunta: Pensas que as vías de transmisión destes xogos son as mesmas agora que antes?

Resposta: Non, porque eu creo antes transmitíase. As persoas maiores si que lle ensinaban ao mellor algún xogo aos nenos. Pero de nenos maiores a nenos pequenos penso que era onde se transmitía o xogo, e agora case sempre son os maiores ou somos os maiores os que transmitimos os xogos aos nenos.

PREGUNTA: Por que pensas que é ese cambio porque se produce ese cambio?

R: Porque eles non os coñecen, eu creo que houbo unha xeración na que houbo un parón no que se perdeu a práctica deses xogos. E hai aí unha xeración que non coñece ese tipo de xogos, entón claro, non os pode transmitir.

27ª Pregunta: Existe unha separación ou diferenciación espontánea por sexos nos xogos que practican hoxe os rapaces?

Resposta: Si. A partires dos 8 anos si. Antes non.

PREGUNTA: Ata os 8 anos, digamos que non existe esa diferenciación.

R: Non, xogan máis por afinidade que por sexo. Pero a partir dos 8 anos si que xa se comezan a separar uns e outros.

PREGUNTA: Por que pensas que é iso desde o teu punto de vista. Pasa en tódolos lados?

R: Si, si. Eu penso que é algo innato, biolóxico porque é o que dis ti, pasa en tódolos lados. E creo que pasou sempre.

28ª Pregunta: Segue a ter a mesma importancia a nivel de relación social e afectiva estes xogos en comparación coa túa época?

Resposta: (silencio) Non sei. Non, eu creo que non. Eles agora xogan porque llo propós ti, non sae deles xogar a iso, creo.

PREGUNTA: Pero mantén, digamos pensa que mantén. Antes comentábasme que xogaban máis, propoñiades máis no aspecto de relación social. A través deste contido traballas ben este aspecto.

R: Si, eu creo que si. Cando xogan si.

29ª Pregunta: Pensas que existe un fenómeno de substitución dos xogos de carácter espontáneo por outro tipo de actividades no seu tempo de lecer, ben sexa dentro da escola ou fóra nas casas?

Resposta: Eu creo que algo si, porque as veces non lles deixamos tempo para que xoguen eles. Non? Témoslle a vida moi organizada. Saen de aquí e teñen clase, pois teñen fútbol, e despois pois teñen clase de manualidades ou clase de inglés. Non sei creo que os nenos de hoxe en día teñen a vida moi organizada, e non se poden expresar eles espontaneamente ou xogar de forma espontánea.

30ª Pregunta: Consideras que as novas practicas no lecer das nenas e nenos como surf ou skate, estarían dentro dos xogos populares do S. XXI? "Bueno" aquí son demasiado pequenos para isto pero.

Resposta: Si, claro. Home pensando en maiores pode ser, pero non creo que cheguen a ser populares, populares.

31ª Pregunta: Comparten algunha característica os xogos que practicabas ti cos que practican agora os rapaces?

Resposta: (silencio) Home, pode ser o feito de divertirse e pasar tempo cos amigos, aínda que os xogos sexan distintos.

32ª Pregunta: Dende o teu punto de vista pensas que o concello presta a atención necesaria aos xogos dos rapazas e rapaces?

Resposta: Non, ningunha.

PREGUNTA: Por que?

R: Din que non hai cartos.

33ª Pregunta: Pensas que as políticas locais educativas e deportivas do concello crean espazos suficientes e iniciativas suficientes para que os rapaces poidan xogar libremente?

Resposta: Eu creo que pouco, pouco. Algo hai pero non é suficiente, eu creo.

PREGUNTA: Que é o que fan?

R: Que eu saiba pois teñen o campo de fútbol e póñeno a disposición deles e pouco máis.

PREGUNTA: O campo de fútbol de aí?

R: Si.

34ª Pregunta: Imos pasar a outro bloque de preguntas relacionado co ámbito profesional e os xogos populares. Que entendes ti por xogo popular-tradicional?

Resposta: Pois un xogo que é practicado por moita xente ao longo dos anos durante moito tempo, e por moita xente.

PREGUNTA: Podes nomear algunha característica a parte do que me acabas de dicir?

R: A ver, que che digo? Pois que son transmitidos principalmente pola vía oral e que perduran no tempo e moitas veces transmitidos de pais a fillos.

PREGUNTA: Pero ti antes comentabas que había un salto interxeracional no que non se transmites así.

R: Por iso non son tan coñecidos.

PREGUNTA: Digamos que deixaron de ser populares para pasar a tradicionais? Desde a túa opinión. (Silencio)

R: Non, digamos que houbo un tempo que deixaron de ser populares. Tradicionais eu creo que foron sempre. "Bueno" ao principio non, cando se comezou, pero "bueno" tradicionais foron sempre, populares deixaron un tempo de ser.

35ª Pregunta: Consideras que os xogos populares-tradicionais deben ser un contido cunha discriminación positiva en relación con outros contidos da EF e por que?

Resposta: Si, deberían ter algo de discriminación positiva, e eu creo que aínda que teñen unha pequena parte de competitividade non teñen un carácter tan competitivo coma outros, ese carácter.

PREGUNTA: Coma outros que te refires aos deportes convencionais?

R: Si, si.

36ª Pregunta: Espertan interese nas nenas e nenos?

Resposta: Si, si, que lles gusta. Si.

37ª Pregunta: Pensas que transmitindo estes xogos unicamente na escola se consegue a súa conservación e difusión?

Resposta: Eu creo que non, que se non o facemos na escola mal, pero debería ser a familia tamén a que contribuíra, "bueno" a sociedade en xeral que contribuíra á difusión.

38ª Pregunta: Que farías ti para facilitar unha mellor divulgación?

Resposta: Pois nos parques infantís, que teñan alí algún material ou algunha persoa encargada de proporcionarlle algún material, nas praias incluso. Nos lugares así de lecer.

39ª Pregunta: Dentro da túa formación académica tiveches ou recibiches algún tipo de formación específica en relación ao contido dos xogos populares-tradicionais?

Resposta: Tiven unha asignatura en maxisterio un curso.

PREGUNTA: Exclusiva de xogos populares?

R: Si.

PREGUNTA: Onde na Coruña?

R: Non, en Lugo.

PREGUNTA: Dentro de maxisterio?

R: Si, na especialidade de EF e non me lembro se foi en segundo ou en terceiro que unha das optativas que podías pedir eran xogos populares.

PREGUNTA: Pensas que é positivo recibir este tipo de formación?

R: Si, si. Para min foi unha das mellores asignaturas que tiven na carreira.

40ª Pregunta: Na túa programación anual hai algún contido relacionado cos xogos populares-tradicionais?

Resposta: Si, teño unha unidade didáctica orientada a iso.

PREGUNTA: Así en grandes rasgos como a desenvolves? Porque antes contábasme que tiñades xogos populares.

R: Si, iso foi independente á clase. Iso foi o claustro que o decidimos. Eu a miña programación xa a tiña feita, e xa tiña previsto iso. Unha unidade didáctica a finais de curso porque eses xogos é mellor xogalos ao aire libre, temos mellor tempo. Iso tiña prevista unha unidade didáctica a finais de curso cunhas catro ou cinco sesións tratando distintos xogos, de lanzamento, de pelota, etc.

41ª Pregunta: Cales son os valores que tentas inculcar con este contido?

Resposta: Home a que coñezan ese tipo de xogos que permanezan e despois igual que con case todos os demais. Como todos os demais de EF. Que vamos teño unha unidade de xogos populares, pero despois en tódalas sesións se utilizan xogos que ao fin ao cabo, xogos de pilla.

PREGUNTA: Xogos motores?

R: Si.

42ª Pregunta: Desenvolvedes con outras áreas temáticas no colexio algunha proposta interdisciplinar para os alumnos que teña o xogo popular-tradicional como contido central?

Resposta: Así interdisciplinar con outras áreas non. O que temos é iso que fixemos no recreo, que iso si decidímolos entre todos.

PREGUNTA: Aí participan tódolos mestres?

R: Si, ao principio si.

PREGUNTA: Pero que é o que está de garda, ou como?

R: Non, cando comezamos con isto foron dúas semanas que estivemos explicándolle, entón cada curso foi o encargado de explicarlle o xogo aos demais nenos e nenas do cole.

PREGUNTA: Cada mestre de cada curso?

R: Cada curso, entón cada mestre ensináballe ese xogo aos alumnos da súa clase, practicaba con eles, explicáballes como era e practicábano. E eles despois que esas nenas e nenos xa sabían xogar a ese xogo, eran os nenos os que ensinaban aos demais. Isto fíxose no recreo. Un día había uns xogos, o luns uns, o martes outros, e o mércores outros. E distribuíamos por grupos e aí si que colaboraron todos, todos os profesores e despois non, xa xogan eles.

PREGUNTA: Agora non, xa teñen a dinámica adquirida?

R: Si, algúns si.(risas da mestra) Pintamos mariolas no patio, distribuímoslle un pouco as zonas para xogar aos distintos xogos.

PREGUNTA: Esta idea xorde no claustro, pero a unha petición túa ou é que como detectades que existe un problema de socialización e de comportamento, e condutas un pouco distorsionadas no patio. É o claustro o que decide por imaxinación?

R: Non, isto comezouse a falar coa compañeira de Normalización lingüística e máis eu. Comezámolo a falar e desde Normalización Lingüística dixeron que o ían propoñer eles e despois no claustro xa propuxérono eles, pero tomamos a decisión todos de levalo a cabo.

PREGUNTA: Entón si que é interdisciplinar?

R: Non vén nas materias, pero entre nós si que traballamos entre todos.

PREGUNTA: Ademais vén pola proposta, pola xuntanza de area de EF e NL. Porque dentro do currículo escolar sabes que veñen na área de Expresión Artística, Coñecemento do Medio e Lingua Galega?

R: Si, pero concretamente así nas áreas non os tratan.

43ª Pregunta: Como valoras o nivel de coñecemento e relevancia que outorgan as mestras e mestres doutras áreas ao contido dos xogos populares? Venos como unha cousa o típico isto é das asignaturas das "marías".

Resposta: Si, eu creo que para utilizar eles na clase non. E aquí saíu para xogar no recreo para o tempo de lecer. Non o vén como un contido académico na súa área.

PREGUNTA: ía dicirche sobre todo aqueles que teñen o contido dentro do currículo.

R: A ver, eu non estou na clase dos demais, pero eu creo que non, que non o teñen.

44ª Pregunta: Cales son os xogos populares que máis triúnfan dentro da práctica dos rapaces, a parte de xogar ao balón?

Resposta: Si, Claro. O brilé porque se xoga co balón tamén pero despois a corda quizais.

PREGUNTA: A corda, a saltar?

R: Si

PREGUNTA: Non ao soga-tira.

R: O de saltar á corda.

PREGUNTA: Aí xogan nenos e nenas?

R: Si, máis nenas que nenos. Os birlos tamén lles gustan moito.

PREGUNTA: Por que pensas que son eses?

R: Pois non o sei. O do brilé polo balón pero despois non o sei. A mariola creo que lles resulta difícil e por iso se cansan, e abandonan. E despois por exemplo a chave non temos. Temos agora esta semana un caixón destes. E estamos utilizando agora e gústalles, a chave gústalles. Eu creo que se a puideran ter máis tempo no recreo aí colocada xogarían máis a ela.

45ª Pregunta: Xa falaches dos espazo que os tedes divididos e todo iso. Tendes algunha actividade programada fóra do centro educativo que vaia dirixida á practica dos xogos populares-tradicionais?

Resposta: Non.

PREGUNTA: Dos materiais xa falamos. Coméntame iso de que a Fundación Deporte Galego mandáronvos iso.

R: Si, a principios de curso, non sei nin como me decatei que en Deporte Galego tiñan un material de xogos populares que podías solicitar e que nolo enviaban. Mandáronnolo agora, é un baúl de madeira e dentro trae unha corda para xogar ao sogá-tira, despois ten feitas en madeira tres claves a da Coruña, Ferrol e Ourense e os pellos para lanzalos. Trae algún peón e outras cordas pequenas, chapas.

PREGUNTA: Trae billarda?

R: Non. O problema que lle vexo é que soamente nolo deixan unha semana.

PREGUNTA: Ah! Ese material soamente volo deixan unha semana?

R: Si, unha semana ademais chegou o luns pola tarde a última hora e virán o venres a buscalo, non sei a que hora exactamente. É moi pouco, pouquísimo. Pero é que comezaron co préstamo, non sei se o organizaron ben.

PREGUNTA: Logo de solicitálo case un ano antes, dánvolo agora?

R: Si solicitámolo en setembro, pero xa non a nós. Non é que houbera moita demanda e que andara paseando por moitos colexios, non. É que comezaron agora os primeiros colexios, comezaron en maio. Eu creo que deberon de ter algún problema de organización e comezaron moi tarde. A ver, se para o ano que vén tamén o temos, volvémoslo a pedir e a ver se funciona mellor. Paréceme moi interesante porque vén cunhas fichas didácticas de como se xoga e está ben, pero penso que é moi pouco tempo.

PREGUNTA: Moi pouco tempo e o material é suficiente?

R: Se houbera máis estaría mellor, pero polo menos algo é algo. Pero se o puidésemos ter dúas semanas mínimo, creo eu que sería o necesario. (silencio)

46ª Pregunta: Como inflúes? Prodúcese separación de sexos espontaneamente nos xogos polo que me comentabas antes e empregas algún tipo de estratexia para influír ou para evitar estas situacións?

Resposta: A ver se é no recreo, non. Porque considero que é o tempo deles e unha cousa é que lles gués ou lle deas algunha suxestión, pero son eles os que deben decidir a que xogar e con quen xogar e como. Pero nas clases de EF, si. As veces pois dicindo: "veña facemos parellas". Aínda que eles tentan, pero dígolles: "parellas mixtas". E aí tento buscar o que máis lles guste porque as veces é difícil e outras veces déixoos. Pois nenos

contra nenas, pois nenas contra nenos. Tampouco imos estar aí: "non, non, non". Todos mesturados sempre, non.

47ª Pregunta: Cando empregas os xogos populares manifestan unha competitividade maior ou igual ca nos deportes convencionais?

Resposta: Eu creo que menor, porque a ver normalmente son xogos descoñecidos para todos entón non hai. Algún si que pode destacar que sexa máis hábil e si que pode destacar. Pero en xeral como ningún sabe xogar parten todos do mesmo nivel e xa non hai tanta competitividade. Eu creo que non hai tanta competitividade por iso, porque máis ou menos teñen todos o mesmo nivel. Creo que é así.

48ª Pregunta: Que estilo de ensinanza empregas para que os rapaces aprendan estes xogos?

Resposta: A ver, pois cando é o principio pois un pouco de mando directo, despois as veces déixolles que exploren eles algo co material. Aínda que o xogo teña unhas normas. Por exemplo, os aros que xoguen libremente, coas chapas pois que lle vaian dando como poidan e principalmente así. E "bueno" despois tamén por asignación de tarefas porque poño varios xogos para que vaian pasando duns a outros.

49ª Pregunta: Cando desenvolvedes xogos populares contades con algún tipo de axuda de pais ou avós ou incluídelos ou pensades en incluílos en algunha actividade futura? Pensas que sería positivo, negativo?

Resposta: Actualmente non o fago, pero creo que estaría ben que ao mellor puideran vir pais e avós pois a contarlle un xogo. Eu o que lles digo que pregunten na casa, que lles conten o que fixeron aquí. Que pregunten na casa se eles xogaban a iso. Iso si que lle digo que o fagan.

1. 2. 2. ENTREVISTA DP2

Data da entrevista: 16-11-2011

Lugar: Sala de internet dos profesores

Duración: 38 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela

Identificador para o entrevistado: DP2

Xénero do entrevistado: masculino

Idade: 29

Profesión: Diplomado Maxisterio en EF e rematando licenciatura de pedagogía

Campo profesional: Mestre de Educación Física. Experiencia no concello 1 ano.

Educado en: Urbano

Fillos:-----

Peculiaridades da entrevista: A entrevista foi realizada nun clima agradable e íntimo. Feita nunha pequena sala habilitada para os mestres. Sempre estivo vinculado ao deporte durante toda a súa vida, grandes recordos e amigos foron feitos grazas á actividade física.

1ª Pregunta: Imos pasar cun bloque de preguntas relacionados cos xogos populares e as túas vivencias persoais. Cando eras neno practicaches algún xogo popular?

Resposta: Si. A verdade que antes, eu non me considero moi maior, pero os xogos populares están bastante máis presentes. Si, que é certo que xa empezaban a desaparecer, e sobre todo o que practicabas era un pouco o tema da corda, o brilé, os máis coñecidos. Agora hai materiais que están moito máis adaptados para traballar estes xogos populares. Pero si, o tema das bolas e todo iso si que se practicaba antes.

2ª Pregunta: Onde xogabas máis na rúa ou na escola?

Resposta: Eu xogaba moito máis na rúa que na escola. Porque na escola onde estudaba tiñamos un patio moi reducido. Era un colexio de centro de cidade e non tiñamos moito espazo. A verdade que as actividades reducíanse un pouco á pilla e case non se podía xogar, e non había nin balóns nin nada diso.

3ª Pregunta: O mestre deixábovos tempo para xogar ou soamente podíades xogar no recreo?

Resposta: Non. A verdade que quizais na primaria foi cando menos practiquei. Primeiro porque non tiñamos espazo, segundo porque non tiñamos moitos, non se prestaban os recursos. Porque non había espazo, e tamén pola falta de especialistas da nosa área.

4ª Pregunta: Cando non estabas na clase a que xogabades, acabas de contestar realmente.

5ª Pregunta: Isto non creo que o teñas. Había algún xogo relacionados cos traballos de aqueles tempos?

Resposta: Claro. Cando eu estaba na Primaria, os xogos que practicabamos eran xogos que non requirisen espazo, bolas e cousas así. O tres en raia, si que se practicaba. Todo o que en xeral necesitaba un maior espazo, pois non se podía practicar polas características do centro.

6ª Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Nós. Penso que a maioría dos xogos foron aprendidos por persoas maiores, e sobre todo por persoas do medio rural. Eu si que recordo na miña aldea, que era cando máis xogábase e iso se transfería moito despois á rúa. O tema das buxainas, todo iso. Pois quizais, no rural ou os meus pais e avós eran os que me ensinaban.

7ª Pregunta: Ti despois ensinaches algún xogo destes aos rapaces, curmáns sobriños?

Resposta: Si, aos familiares pequenos si que lles ensino. Porque penso que é importante desde diversos puntos de vista. E sobre todo no traballo principalmente e onde máis me toca. Sempre fago, sempre traballo cos xogos populares especificamente e xeralmente.

8ª Pregunta: Como aprendiades eses xogos?

Resposta: Pois nós os xogos os aprendiamos máis que nada na rúa. Xuntábase e pois un día xogabamos ao fútbol, e outro día tocaban xogos populares.

PREGUNTA: Pero como aprendiades, por imitación?

R: Si, si, por imitación pura e dura, dos maiores da rúa e por imitación dos pais, dos avós, que eran familiares maiores que eran os que nos ensinaban un pouco.

9ª Pregunta: Cales eran os xogos máis coñecidos ou practicados na escola ou na rúa?

Resposta: Os máis practicados eran o brilé, a buxaina, as bolas. Logo eran moi comúns os xogos de pilla, tipo “polis e cacos”. Teñen todos unha dinámica parecida, eran tamén moi populares. Sobre todo aqueles xogos que non necesitaban material específico porque eran moi fáciles de poñer en práctica moi rápido.

10ª Pregunta: Había xogos de nenos e nenas?

Resposta: Si, totalmente. Era moi característico que as nenas quixeran xogar á corda e a goma, que era máis característico das nenas. Nós tamén xogabamos, e logo había xogos que eran máis comúns aos dous sexos como as pillas e carreiras, etc. E logo había xogos que tamén eran máis comúns nos nenos, non sei a razón, pero si.

11ª Pregunta: Erades todos das mesmas idades ou non?

Resposta: Si, si. Um, Máis ou menos tiñamos todos a mesma idade.

12ª Pregunta: Onde xogabades e por que eran eses lugares?

Resposta: Eran eh, principalmente xogaban nas prazas, eh que había cerca da miña casa. Xuntábame cos veciños, e alí xogabamos. Logo na, na aldea, no rural si que pois, se cadra estabas todo o día por fóra. E entón alí xuntabámonos, aí si que había unha maior mestura de idades, porque como hai menos poboación nesa idade, pois nos xuntabamos todos e xogabamos todos.

13ª Pregunta: Eh. Que tipo de materiais empregabades para xogar?

Resposta: Claro, eh os materiais, xa daquela algúns estaban comercializados como na caso das buxainas, bolas. E logo claro, había cando non tiñamos nada pois xogabamos, por exemplo, con pedras nos xogos de destreza, nos lanzamentos, marcabamos co xiz un pouco a mariola. Claro nos adaptabamos un pouco ao que había naquel momento.

14ª Pregunta: Eran competitivos os xogos?

Resposta: Eh. Depende, depende. Xeralmente si, porque xeralmente os xogos soen ser competitivos. De feito é moi difícil plantexar un xogo que non o sexa. Pola característica xa innata dos rapaces e das rapazas, pero uns máis que outros.

15ª Pregunta: Eran difíciles de xogar, requirían de habilidades específicas?

Resposta: No. Eh Requirían bastante práctica. Todo o xogo motor implica unha certa destreza, pero non é que foran cousas. E cada un se adaptaba as súas posibilidades.

16ª Pregunta: Había xogos de tempada?

Resposta: Non. Penso que, o que che comento que nós adaptabamos un pouco os nosos xogos ao espazo e á climatoloxía. Cando o tempo era malo, pois tiñas que adaptarte a outro espazo.

17ª Pregunta: Na escola lembrás que tiveses algunha actividade nas aulas relacionada cos xogos populares?

Resposta: Non, na escola penso que era o lugar onde menos se traballaban, curiosamente.

18ª Pregunta: Que é o que máis recordas destes xogos?

Resposta: Pois, destes xogos principalmente o momento de desfrute, o momento de diversión. Porque era cando nos xuntabamos tódolos compañeiros, tódolos amigos, e pasabamos un moi bo anaco a verdade.

19ª Pregunta: Imos pasar a outro bloque de preguntas relacionado no contexto do concello de Malpica. Desde a túa posición como mestre podes dicirme a que xogan os rapaces e rapazas de Malpica, ou nenos e nenas no teu caso?

Resposta: Eh. Pois os rapaces de aquí, sobre todo os rapaces ao fútbol, como ocorre na maioría dos centros que visitei. E as rapazas segundo o rango de idade, si que soen xogar moito á pilla. E si que cando son maiores, si que se ve que van decrecendo no nivel de xogos. Aquí como se está implantando, precisamente o tema do obradoiro dos xogos populares. Agora mesmo practicamente tódolos rapaces xogan coa corda. Un pouco porque se foi introducindo intencionadamente e funcionando. O tema moitas veces é o descoñecemento, ou a falta de iniciativa por parte deles.

20ª Pregunta: En xeral pensas que teñen facilidades para xogar os rapaces e as rapazas?

Resposta: Si, si. Os rapaces teñen facilidades para xogar a calquera cousa.

PREGUNTA: Digo se, non no sentido de si eles integran o xogo rapidamente, senón si se lles proporcionan as facilidades suficientes para que poidan xogar?

R: A ver, pola nosa parte estase procurando, e a verdade que penso que si, que eles teñen moitas posibilidades en tanto a recursos materiais, e en canto a persoal. É dicir aquí todos, todo mundo está bastante involucrado, e a todo o mundo lle gustaría que practicasen estes xogos. Polo tanto, si que teñen a axuda necesaria para poder, para poder practicalos.

21ª Pregunta: Pensas que teñen as nenas e os nenos de agora as mesmas oportunidades para xogar que as das xeracións anteriores?

Resposta: O meu caso é curioso porque eu traballo aquí e vivo na cidade, entón non. Penso que hoxe en día teñen menos posibilidades, porque están máis tempo, hai maior sedentarismo. Están máis tempo na casa con outro tipo de xogos, moitas veces relacionados coa tecnoloxía que tamén é boa, pero claro perden moita socialización. No rural, pois teñen maior facilidade porque si que é certo que están máis tempo na rúa. O que pasa que claro a poboación é dispersa, tamén hai casos de alumnos que viven moi afastados dos seus compañeiros, entón iso non facilita tanto.

22ª Pregunta: Poderíasme contestar, igual coñeces, en que lugares da vila xogan os rapaces e as rapazas?

Resposta: Eu aí non coñezo tanto. Seguro que hai outras persoas que poden contestar máis facilmente iso.

23ª Pregunta: Onde pensas que xogan máis na escola, na casa ou na rúa?

Resposta: A día de hoxe na escola case con total seguridade. De feito moitas veces sendo días non lectivos, pois os rapaces están por aquí. Porque veñen e reúnen cos compañeiros para xogar.

PREGUNTA: Veñen aquí á escola por que é un punto de reunión deles?

R: Si, está aberto veñen aquí, e están xogando.

PREGUNTA. Abre o centro?

R: Claro, os días que está aberto que igual non son lectivos, que están de vacacións, pero o centro abre, sempre ves a algún rapaz aquí. Pois é significativo.

24ª Pregunta: Que tipo de materiais empregan os nenos e nenas? Que traian eles que non llo facilitedes vós como material curricular.

Resposta: Que traian eles, houbo fai anos unha práctica dunha exposición de buxainas, e a maioría deles teñen na casa. Iso si que o traen por tempadas, pero agora mesmo tódolos materiais son facilitados por nós.

PREGUNTA: Non traen nada da casa?

R: Non traen nada.

PREGUNTA: Por que o centro non admite ou por que ou sinxelamente non o traen?

R: Non o traen. Traen xogos máis actuais non relacionados cos xogos populares.

25ª Pregunta: Consideras que a competitividade é unha parte importante dos xogos que practican agora os nenos e as nenas?

Resposta: Si, eu son da opinión de que é unha parte importante, e sobre todo é unha parte en que debe ser controlable. É dicir, que sexa un aspecto positivo que non interfira no xogo de maneira negativa.

26ª Pregunta: As vías de transmisión dos xogos pensas que son as mesmas agora ou cambiaron?

Resposta: Antes penso que eran por comunicación oral, e agora si que hai máis materiais editados e impresos, incluso na web que tratan sobre os xogos, e hai moi bos materiais. Penso que se poden aprender mediante a busca, pola curiosidade, se pode acceder a moitos materiais.

25ª Pregunta: Existe unha separación ou diferenciación espontánea nos xogos de hoxe en día?

Resposta: En canto a sexos queres dicir? Penso que si. Segue habendo unha separación, pero non sabería tampouco contestar a esta pregunta porque tódolos rapaces se integran bastante. Si, que é certo que os rapaces soen tender máis a xogos de pelota, e quizais as nenas pois máis a xogos de corda, de goma, máis de destrezas. Pero todos se involucran bastante ben e con interese.

26ª Pregunta: Seguen a ter o mesmo nivel de importancia, no sentido de relación afectivo-social, estes xogos que practican agora que os que practicabas ti na túa época?

Resposta: Si. Cando estes xogos son practicados xa con normalidade porque xa os coñecen e eles os practican penso que si, penso que si. O que pasa hoxe en día, é que hai máis recursos. Entón estes xogos parece que se van abandonando, se non son coidados por nós, polas persoas máis responsables. Unha vez que os practican si, penso que si.

27ª Pregunta: Pensas que existe un fenómeno de substitución dos xogos de carácter espontáneo, por outro tipo de actividades no seu tempo de lecer, tanto dentro do centro educativo como poida ser nas súas casas?

Resposta: Si, si, si. Sobre todo nas casas, estes xogos espontáneos están substituídos por xogos máis mecánicos, por xogos máis ehh. Supoño que tamén interveñen fins comerciais, e certos materiais, si de carácter máis estático. Porque claro un pouco vai

relacionado cos nosos hábitos, coas nosas rutinas. Se nós pasamos o maior tempo de lecer no fogar, pois ao final, claro tes que buscar outras alternativas que non sexan xogos espontáneos que requiran espazo, que requiran compañeiros, adversarios.

28ª Pregunta: Consideras que as novas prácticas de lecer dos rapaces e das rapazas como xogos populares? Quero dicir como por exemplo o surf o “skate” o patinete etc.

Resposta: A verdade que hai moitos xogos novos que están baseados en xogos populares. Imaxino que lles dan outro aspecto igual máis moderno, que sexa máis motivador. E sobre todo penso que se lucran moitas marcas comerciais, pero si que é certo que eu vexo certos aparatos como as buxainas, esas que tiran que se basea na buxaina de toda a vida. O que pasa que eu vexo que empeora un pouco a dinámica do xogo, pero si que parten desas ideas moitas cousas.

PREGUNTA: Ou sexa que consideras que manteñen ese pouso, que son populares?

R: Penso que se basean no popular, pero por outro lado si que perden un pouco a esencia do xogo popular, que é un xogo máis espontáneo. Como dicías ti antes é un xogo no que incluso se poden fabricar moitos materiais na maioría deles, porque precisamente se caracterizan por ser xogos que non necesitas moito material, ou en caso de necesitalo o podes facer ti. Entón claro, estes novos xogos parece que están baseados un pouco no, pois un pouco no mercantilismo que impera hoxe en día.

29ª Pregunta: Comparten algunha característica os xogos que practican agora os nenos cos que practicabas ti?

Resposta: Si, home si. Claro, hai xogos que como che dicía antes que se basean en xogos anteriores, logo seguen existindo xogos que se practican. Entón, penso que si que se comparte bastante.

30ª Pregunta: Cres que o concello presta a atención necesaria aos xogos das nenas e nenos do concello?

Resposta: A verdade que eu no tempo que levo aquí non vin ningunha iniciativa que fomentase a práctica deste tipo de xogos.

PREGUNTA: Deste ou de outro tipo cando falo de xogos motores quero dicir.

R: Si, non vai máis alá das actividades extraescolares. Pero a verdade que non poñen ningunha traba e sempre si que están. Se se presenta algo están dispostos a participar e a axudar. Nese sentido penso que o que falta sempre é un pouco de iniciativa.

PREGUNTA: Eles non teñen a iniciativa sempre van un pouco a remolque?

R: Exactamente.

31ª Pregunta: Está pregunta tamén está relacionada. Pensas que as políticas locais educativas e deportivas do concello crean espazos e iniciativas suficientes para que os rapaces e rapazas poidan xogar libremente?

Resposta: Eu penso que non. Eu penso que ademais das actividades que teñen os rapaces despois do horario escolar, non se crean eses espazos, eses lugares que propician a práctica de calquera tipo de xogo.

32ª Pregunta: Imos a pasar co último bloque que é relacionado cos xogos populares-tradicionais e a práctica educativa nos centros escolares. Que entendes ti por xogo popular-tradicional se me podes nomear algunha característica relevante?

Resposta: Si eu por xogo popular-tradicional entendo.

PREGUNTA: Ou diferenzas entre xogo popular-tradicional, ou o xogo popular é unha cousa e o tradicional é outra?

R: Si, os xogos tradicionais son os que se veñen practicando pois ao longo de moito tempo, e penso que son transmitidos por diversas xeracións, si que era por tradición oral. Agora si que hai moitos máis materiais o que che dicía antes. Impresos que versan sobre estes xogos, e son este tipo de xogos que se van transmitindo de xeración en xeración. Populares, pois porque acadan certo nivel de práctica certa popularidade dentro dun entorno determinado, entón eu entendo por xogos populares-tradicionais os que viñan practicando os meus antepasados. E tiñan un nivel de practica elevado, por tanto foron considerándose populares, e foron conservándose na tradición normalmente de maneira oral, e seguen pois presentes ata hoxe en día.

33ª Pregunta: Consideras que os xogos popular-tradicionais deben ser un contido con discriminación positiva en relación con outros contidos da EF? Por que?

Resposta: Totalmente, si, si. Eu penso que os xogos populares teñen que estar moi presentes na programación de calquera mestre, porque son moi beneficiosos dende o punto de vista curricular para traballar calquera tipo de contido. Calquera tipo de contido se pode traballar con xogos populares. E sobre todo, no aspecto de socialización, actitudinal, e son moi beneficiosos incluso teñen moita, moita aplicación. Unha aplicación moi extensa porque a partir de aí, podes traballar con certos materiais

que xa son creados por eles. Trabállanse moitos valores que con outro tipo de actividades máis dirixidas máis mecánicas, pois quedan sen tocar.

34ª Pregunta: Espertan interese nas nenas e nenos este tipo de xogos?

Resposta: Si, é curioso que en moitos casos, fóra dos máis practicados os rapaces non coñecen e tal. Pero unha vez que os xogos son explicados son tomados con boa predisposición, aos rapaces lles gusta. E si que triúnfan bastante.

35ª Pregunta: Pensas que ensinando exclusivamente na escola este tipo de xogos popular-tradicionais na escola se garante a súa conservación e difusión?

Resposta: Non, penso que debería haber un maior apoio de diversas institucións. Pero si que é certo que a escola é un lugar moi importante para que se conserven e se poidan difundir. Aquí hoxe en día, incúlcense moitos hábitos, moitas "rutinas" de xogo, ou si aquí os practican temos maiores posibilidades de que se sigan practicando fóra.

36ª Pregunta: Que farías ti para unha mellor divulgación?

Resposta: Pois mira, penso que no noso caso pois estamos tentando facer un proxecto moi interesante. Estamos en fase de iniciación, e sobre todo é iso que os rapaces aquí teñen que coñecer os xogos, teñen que practicalos, e teñen que desfrutalos para seguir con eles fóra. Por parte de outras institucións, quizais non sexa a persoa máis adecuada, non teña esa solución. Pero si que debería haber un maior número de iniciativas. Non sei, ao mellor de que maneira, en grandes acontecementos, ou xornadas onde se practicasen máis. Penso que igual un punto que une bastante, é o tema de practicalos dun xeito máis familiar, que se involucren ao mellor os pais ou diversos familiares. Porque iso sempre crea un bo ambiente e chama a atención de todos, penso que si se pode fomentar máis.

37ª Pregunta: Dentro da túa formación académica tiveches algún tipo de formación específica en relación con este contido?

Resposta: Asistín a cursos, calquera curso relacionado coa EF sempre se traballa un pouco en diversas xornadas, pero si que é certo que non. É máis un pouco por iniciativa propia e curiosidade que por formación en si. Na carreira si que nos ensinaron un pouco, e logo nas actividades de formación. Pero non hai algo concreto que verse sobre este tema.

38ª Pregunta: Pensas que sería positivo descubrir algún tipo formación específica?

Resposta: Si, eu penso que si. Porque claro, neste caso é un pouco de iniciativa propia sempre estaría ben que xente especializada, que hoxe en día hai, pois iso que puidesen compartir estes coñecementos falando como mestre de EF pois poder aplicalos redundaría positivamente.

39ª Pregunta: Na túa programación anual hai algún contido relacionado cos xogos popular-tradicionais?

Resposta: Si, eu sempre teño por costume sempre, como mínimo traballo unha unidade didáctica que é específica. na que aos rapaces lles explico un pouco, segundo sexa o nivel, e o ciclo no que estean. explícolles en que consisten estes xogos, porque se lles chaman así, e logo se traballa especificamente con este tipo de xogos. Soen ser de seis sesións que non é moito. Pero claro, como temos que distribuír os contidos ao longo do curso iso é específico, e logo a maiores disto durante todo o curso practico outro tipo de contidos, os desenvolvo con xogos populares. É dicir adapto os xogos aos contidos. Pois porque é unha das características positivas que teñen que podes traballar un montón de contidos con estes xogos que son moi variados.

40ª Pregunta: Que valores tentas inculcar con este tipo de contido, ou que tratas de desenvolver?

Resposta: A ver, a parte dos aspectos curriculares que toca en cada unidade didáctica. Logo hai uns aspectos comúns de socialización de oposición, de valores de esforzo, compañeirismo, axuda e adaptación as nosas posibilidades, ademais do que traballamos concretamente no currículo.

41ª Desenvolvedes xunto con outras áreas temáticas do colexio algunha proposta interdisciplinar que teña o xogo popular como elemento central?

Resposta: Si, fíxose hai dous anos, fíxose unha exposición coa área de expresión plástica. Fíxose unha exposición co tema das buxainas, decoración de buxainas. Logo pois claro o coñecemento do medio tamén estaba un pouco relacionado. Tentamos sempre de tratar de maneira un pouco interdisciplinar o tema dos xogos, porque para nada son específicos dunha área se traballan diversos contidos.

42ª Pregunta: Como valoras o nivel de coñecemento e relevancia que lle outorgan os demais compañeiros e mestres sobre todo aqueles que teñen este contido no currículo oficial?

Resposta: Pois penso que neste centro teño a sorte de que os meus compañeiros os valoran positivamente, e ademais están moi predispostos a axudar na súa divulgación. É xente bastante involucrada co tema, e si que teño moita sorte. Igual que aquí, hai noutros centros que a xente non está tan predisposta.

43ª Pregunta: Que xogos popular-tradicionais son os que máis practican os nenos e nenas e por que pensas que son eses?

Resposta: Os xogos que máis practican os nenos e nenas pois todos os xogos que impliquen locomoción, que impliquen socialización, que impliquen estratexias de cooperación-oposición logo o traballo de coordinación, de lanzamentos, de precisión nos lanzamentos. A verdade que sempre o fago cos xogos populares porque me parecen os máis axeitados e incluso gústalles moito o tema de zancos. As habilidades motrices básicas trabállanse todas, por medio deste tipo de xogos. Logo hai moitas habilidades específicas de lanzamentos e recepcións que si que tamén, tamén as desenvolvemos con estes xogos.

44ª Pregunta: Dentro das túas clases que xogos son os que teñen maior aceptación?

Resposta: Pois mira dentro das clases, a corda, o brilé, os zancos, calquera xogo de precisión no lanzamento como pode ser a ra, os birlos. Quizais sexan os xogos, e despois os xogos de pilla claro. Porque é moito máis agradable facer ao inicio da clase unha animación mediante xogos populares, que dando voltas a unha pista correndo, non?

45ª Pregunta: Cales son os espazos onde se desenvolven estes tipo de xogos?

Resposta: Na clase os practicamos no pavillón, e logo tanto no recreo como, (como agora este fóra tal) Pois no patio de recreo, na zona cuberta e na que non está cuberta.

46ª Pregunta: Tedes programado algunha actividade fóra do centro educativo que vaia dirixida á práctica destes xogos?

Resposta: Fóra do centro? Fóra do centro non temos ningunha.

PREGUNTA: Por que?

R: Pois a verdade é que non hai unha razón concreta, cinguimonos dentro do marco escolar. E fóra do centro o que si fixemos o ano pasado foron visitas a brinquedos, que traballan moito. Pero non considero que sexan actividades programadas. Son máis pois iso visitas puntuais para que os rapaces vexan como traballan eles e un pouco os animen.

47ª Pregunta: Os materiais que empregades?

Resposta: Si aquí mercamos o material a ANPA, por medio do concello axudou moito. Facilitaron tamén materiais, e logo tamén dende a área de EF aportei. Co presuposto da área mercamos as cousas que consideramos importantes.

48ª Pregunta: Realizan os nenos e nenas unha segregación espontánea ou diferenciación de sexos dentro dos xogos? E como inflúes ti nese tipo de situacións si inflúes?

Resposta: Non, non creo que a segregación sexa por tipo de sexos, mais ben por tipo de habilidades ou competencia no xogo. Por iso che digo que, o que falabamos antes da competitividade é un aspecto positivo, porque sempre fomenta o interese e o compañeirismo. Pero claro é un tema que ten que estar sempre moi controlado, que non dea lugar a discriminacións eles teñen que saber as súas posibilidades, e as súas limitacións. E a súa vez axudar a superalas como a si mesmo como ao resto. Ten que ser un elemento moi complicado de xestionar, pero moi importante.

49ª Pregunta: Pensas que a través destes xogos se poden desenvolver as capacidades e habilidades básicas motrices na mesma medida que nos deportes convencionais?

Resposta: Si, eu penso que si. Que teñen as mesmas posibilidades que calquera tipo de deporte, e incluso máis porque levan implícitas moitos xogos populares unha maior carga de valores que os deportes. Ademais que nos deportes ao estar tan institucionalizados sempre provocan maior número de conflitos.

50ª Pregunta: Volvendo ao tema da competitividade mostran a mesma competitividade neste tipo de xogos que nos deportes convencionais, ou maior ou menor?

Resposta: Si eles son bastante competitivos igual, non tanto como nos grandes deportes que imperan hoxe en día. Porque aí xa están condicionados por outras cousas, pero si logo son bastante competitivos. Pero estes xogos o bo que teñen é que claro, como moitos non son tan coñecidos non hai tanta diferenza nas habilidades que eles teñen. E

logo claro como teñen un carácter moi variado entón nun xogo unha persoa destaca moito pero noutro é a outra persoa a que destaca entón é como máis repartido.

51^a Pregunta: Consideras que os xogos popular-tradicionais son un contido suficientemente coñecido polos teus alumnos e alumnas?

Resposta: Penso que pouco a pouco, e sobre todo cando están no centro si que van coñecendo. É raro que lle preguntes a un rapaz por un xogo popular, sobre todo a un rapaz que xa estea avanzado na escolaridade e que non o coñeza. Pero claro, antes das primeiras unidades, si que teñen un descoñecemento bastante grande.

52^a Pregunta: Recibides ou solicitudes por parte da administración educativa autonómica e local algún tipo de apoio para a divulgación deste tipo de xogos dentro do centro educativo?

Resposta: Non, a verdade que é un proxecto, que é moi recente. Por aí, si que non podemos dicir nin que si nin que non, porque estamos comezando. O ano pasado xa foi un ano de tránsito, de iniciación onde conseguimos materiais, este ano xa se puxo en práctica. Como é tan recente non temos aínda nada.

53^a Pregunta: Que estilo de ensinanza empregas para que os rapaces e rapazas aprendan este tipo de xogos ou descubran os xogos?

Resposta: A ver eu normalmente o que suxiro é que antes de comezar a unidade didáctica que eles pregunten, e se interesen pola práctica de xogos. Pois os xogos que eles descubriron ou que a eles lle ensinaron nas súas casas. A partir desas listas que eles traen eu teño un esquema de xogos que quero practicar, que quero coñezan. E sumo outra sesión cos que eles traen os máis aplicables. Nada é un pouco de metodoloxía por descubrimento deles, e logo tamén un pouco tamén por imitación, e asignación de tarefas. Porque si que é certo, que normalmente traballo circuítos por estacións para que os grupos sexan reducidos, para que teñan un contacto directo e veñan moi a miúdo, e vaian cambiando de estacións. Son un pouco unhas clases de coñecemento para practicalos despois.

54^a Pregunta: Cando desenvolvedes este tipo de contidos contades con algunha axuda de pais, avós ou incluídelos nalgún tipo de actividade ou algo?

Resposta: Nos o que facemos ou o que estamos facendo nesta iniciación. Ter como responsables a alumnos de ciclos avanzados, pero si que é certo que os pais cando están presentes, cando veñen e están presentes nos centros curiosamente interveñen e algo que lles gusta, e soen involucrarse, e axudar. Entón é algo que ves que si que ten un certo éxito.

PREGUNTA: Tendes pensado facer algo a parte de cando os veñan a buscar?

R: Si claro. Temos pensado nun principio continuar con este proxecto, que os xogos se establezan como algo cotiá. A partir de aí involucrar máis á comunidade educativa. É un traballo importante, pero tamén é un traballo continuo e longo, leva un tempo non podemos pretender que en dous meses estean xogando cos pais porque é máis complicado ca iso.

1. 2. 3. ENTREVISTA DP3

Data da entrevista: 17-5-2011

Lugar: despacho de dirección do colexio

Duración: 25 minutos.

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: DP3

Xénero do entrevistado: feminino

Idade: -

Profesión: mestras en centro escolar

Campo profesional: Educativo

Educado en:

Fillos: Si

Peculiaridades da entrevista: Esta entrevista foi de tipo semiestruturada, para a mesma elaborouse unha selección de temas de interese para a investigación. Outra peculiaridade da entrevista é que se fixo de xeito conxunto a dúas informantes por expreso desexo das mesmas. O motivo desta entrevista era recoller información sobre o proceso dunha iniciativa que van a levar nos recreos para impulsar os xogos populares-tradicionais.

1ª Pregunta: Por que nace este proxecto e con que antecedentes nace?

Resposta 1: Pois naceu porque entre os mestres empezamos a observar, xa cando comezamos no centro antes de estar no equipo directivo. Xa observamos que as dinámicas no recreo non nos gustaban entre os rapaces, só xogaban a dúas cousas a correr uns detrás dos outros e a xogar ao fútbol, entón xa faciamos a proposta de que había que darlles alternativas e tal. Entón cando nos metemos no equipo directivo pois dixemos: "agora temos a oportunidade de dar alternativas e de organizar algo". Entón un ano comezamos a facer coa buxaina e vimos que os nenos se interesaban, entón xa nos plantexamos a raíz de que un ano Fátima foi a un cole onde tiñan este tema moi ben traballado. Pois se nos uniu esa experiencia coa nosa intención de dar alternativas e comezamos a organizalo, un pouco baseándonos no que ela experimentou alí. Empezamos a recoller información e plantexarnos como organizalo.

2ª Pregunta: O xogo no centro escolar, que pasaba era moi limitado ou non se xogaba?

Resposta 1: Non se xogaba, practicamente fútbol era o que vías xogar aos nenos fóra. Era a fútbol e a correr uns detrás doutros, había moitas pelexas. Non xogaban.

RESPOSTA 2: As maquiñiñas tamén ultimamente, algún que a traía a súa Nintendo.

RESPOSTA 1: Si, ata agora pouco, basicamente fútbol e correr.

RESPOSTA 2: Fútbol e correr.

3ª Pregunta: As nenas?

Resposta 1: Igual, igual. Os nenos máis fútbol, pero despois correr.

RESPOSTA 2: As nenas pasean polo patio.

RESPOSTA 1: Algunha xoga ao fútbol.

PREGUNTA: Teñen actividades menos físicas?

RESPOSTA 2: Si, menos físicas, totalmente.

4ª Pregunta: Iso que ven marcado polo contexto sociocultural da vila ou polo propio centro?

Resposta 1: Eu creo que o do fútbol é bastante xeral, non é de aquí só.

PREGUNTA: Refírome, se as nenas en concreto que falabades de que só pasean?

RESPOSTA 1: Si vías que non tiñan alternativas de xogos, pasean, teñen leas entre elas, discuten e pouco máis. Xogan un pouco ás mariolas porque as teñen pintadas no chan, e agora cando empezamos con isto só están as cordas a súa disposición, e xa revolucionou o patio completamente. Chegan e o primeiro que collen é a corda, están todos xogando á

corda nenos e nenas. Eu incluso teño unha clase que eran futboleiros total e agora me meto con eles, lles digo: "que, o fútbol que!" Porque xa non están abaixo xogando ao fútbol, os ves xogando á corda cos demais.

5ª Pregunta: Este proxecto en que momento se elabora, dentro da dinámica escolar. Nos patios de recreo soamente, nas vosas aulas?

Resposta 1: Estamos niso, non está funcionando aínda o dos recreos. Collen as cordas e xogan fóra, pero foi iniciativa deles, comezou así extraoficialmente. A intención é porque se comezou a pintar. As pinturas esas que ves polo patio eran decoración para iso, se pintaron algunhas cousas no chan, ao principio só había as mariolas e agora hai máis cousas pintadas. Falta por pintar cousas no patio exterior e despois vai ir organizado así (ensina un documento) cada zona ten un xogo. Cada xogo vai ter unha ficha.

Resposta 2: Cunha cor.

PREGUNTA. Estas fichas ides entregar unha?

Resposta 1-2: Van estar pegadas.

Resposta 1: Entón hai que elaborar un horario porque cada día se xogará a unhas cousas, e os mestres teñen que estar pendentes pois se organizará o control por parte dos mestres. Non van poder xogar a todo tódolos días, porque os espazos teñen que estar limitados.

PREGUNTA: Luns zona verde, venres?

RESPOSTA 1: Non, ao mellor na zona verde se xogará a isto, o martes a isto e o mércores a isto.

6ª Pregunta: Canto tempo ides tentar desenvolver, durante canto tempos ides desenvolver este proxecto?

Resposta 1: Se pretenderá instauralo e que dure. Logo dependerá das persoas que vaian vindo se o queren manter ou non.

RESPOSTA 2: Claro primeiro é un traballo a nivel de aula titoría, de que se involucren cos nenos. Non é un traballo só de un proxecto, dun grupo de traballo, ímolo aclarar dentro do colexio de que os titores se involucren tamén nesta forma de entender a hora de lecer no patio.

7ª Pregunta: Dende o punto de vista interdisciplinario, me contades que tentades de involucrar a todo centro escolar, aos docentes en concreto. Esta proposta lúdica conta co apoio de outras áreas, por exemplo dende a área de Educación Física, dende a área de lingua galega, coñecemento do medio?

Resposta 1: Claro, no momento que se organice isto o primeiro que vai a ir é a titorías. Para que traballen os titores nas clases.

PREGUNTA: Ou sexa, que vai haber unha primeira parte teórica na aula.

RESPOSTA 1: Primeiro vai a ser formativa cos profes para que todos dominemos en que consiste cada xogo e como vai a ser a organización. Despois cada titor se encarga cos seus alumnos de traballar todo isto. Xa é organización libre de cada titor, pero os nenos teñen que saír sabendo o que se van a atopar, e mailo de Educación Física.

8ª Pregunta: Con que material contades, que tipo de materiais ides empregar?

Resposta 1: Os materiais están xa practicamente todos. Faltaban as fichas dos xogos de mesa que está pintados no chan. A ver materiais?

RESPOSTA 2: As cordas, buxainas, gomas.

RESPOSTA 1: Buxainas, chapas os zancos, panos.

PREGUNTA: Este material?

RESPOSTA 1: Algún doouno a ANPA, outro o mercamos, outro xa existía no cole.

RESPOSTA 2: Outro doárono tamén os nenos, as buxainas que ían traendo da casa, que lle pedimos algunha a maiores que quixeran doar.

RESPOSTA 1: Se fixo unha caixa de cada cor, entón o material cos xogos de cada cor están metidos nesa caixa e os alumnos de 5º van a ser os responsables de cada día repartilo. Por que os de 6º son os responsables que se ocupan dos préstamos da biblioteca. Entón 5º se van a responsabilizar de xogos populares. Cada día colleran a súa caixa, farán os préstamos do material e recolleran ao final do patio.

PREGUNTA: Nestes materiais, ides construír algún tipo de material para ensinarlles aos rapaces? Ou xa con isto xa pensades que vai seguir para adiante

RESPOSTA 2: Home había un xogo que era de encestar que era dos vasos, de encestar a pelotíña dentro. E o que falamos é de facelos na aula, pero despois unha compañeira trouxo un vasiño de encestar moi chulo, e ante tódolos proxectos que temos.

RESPOSTA 1: O que se traballou moito coa buxaina fixemos moitas actividades da buxaina.

PREGUNTA: Tendes documentado este tipo de traballo?

RESPOSTA 1: Pois queda, as buxainas que pintaron os rapaces.

RESPOSTA 2: Estarán enriba de cando a exposición.

RESPOSTA 1: Quedarán enriba? Pero fotos haberá seguro. Iso fixo, seguro que nos blogues do cole. Entrás na páxina web do centro e nos blogues de aula ou de biblioteca vas atopar todo.

9ª Pregunta: Os espazos van a ser sempre no patio cuberto e exterior, non ides traballar nada no pavillón ou fóra do centro?

Resposta 2: Non, porque ten que ser en espazos onde accedas rápido aos recreos. Porque o obxectivo é que nas entradas e nos recreos teñan, saiban xogar a outras cousas.

10ª Pregunta: Ides sacar estes xogos fóra da escola?

Resposta 1: De momento non está pensado.

PREGUNTA: Non ides levar algún día, pois eu que sei polas características xeográficas e do contexto social de Malpica, se os ides levar á praia ou ao porto, este tipo de iniciativas?

RESPOSTA: De momento o obxectivo é organizalo no cole. Despois se isto roda e funciona ben, pois igual nos plantexamos máis cousas. Pero de momento o obxectivo é establecelo no cole.

11ª Pregunta: Ides contar nun futuro coa colaboración das familias?

Resposta 1: De momento non hai nada.

RESPOSTA 2: Non porque é a nivel interno nas horas de lecer e dentro do horario lectivo co cal non.

RESPOSTA : Claro é que de momento só nos plantexamos, porque para organizalo aquí é bastante (difícil). Porque para sacar tempo, porque mira para xuntarnos contigo. Entón imos máis amodo do que queríamos, pero despois se isto se pon a funcionar xa miraremos de facer cousas e que veñan. Por exemplo, no das buxainas si que nos plantexamos traer e facer demostracións. Logo sería organizar actividades ao redor disto, pero de momento instauralo.

12ª Pregunta: Volvendo ao tema dos xogos que se me pasaba. Fixestes algunha recolecta dos xogos autóctonos da vila, se incorporastes algún, ben a través da consulta bibliográfica de materiais didácticos, libros e tal?

Resposta 1: Collemos os xogos a partir de xogos populares.

RESPOSTA 2: Chirlomirlos de Antón Cortizas, e a partir de aí fomos traballando. E da experiencia de (intelixible, pero falan dunha experiencia doutro CEIP que os axudou moito)

13ª Pregunta: Cal é papel do concello neste proxecto?

Resposta 1: Non contamos co concello.

PREGUNTA: Para nada?

RESPOSTA 1: Non.

RESPOSTA 2: A ANPA foi o único que nos doou as pinturas. O concello non nos dou nada porque tampouco o pedimos.

RESPOSTA 1: Non lle comunicamos ao concello.

PREGUNTA: Pensades que estarían receptivos?

RESPOSTA 1: Ummm, ao mellor para o tema da pintura. Pero de doar a pintura, de facelo non.

PREGUNTA: Pensades que por exemplo, tería unha continuidade curricular na programación.

RESPOSTA 1: Na súa programación?

PREGUNTA: Que eles continuase a vosa labor no centro que tivese unha continuidade fóra do que é actividade escolar.

RESPOSTA 1: Isto se funciona ben e se lle propoñen cousas pode que si, algunha iniciativa si, de actividades culturais si.

14ª Pregunta: Aos rapaces o pouco que levan experimentado con isto das cordas que me contabas, como perciben o tema?

Resposta 1- 2: Moi ben

RESPOSTA 1: Eu co tema das cordas estou alucinada eh. Porque ademais foi así algo moi espontáneo. Comezaron a vir cordas, non sei ben como foi o tema.

RESPOSTA: A mestra Pilar que sacou unha corda ao recreo e comezou cos nenos, e entón xa aí, e na hora da custodio, aí neses momentos de entrada e saída.

RESPOSTA 1: Foi case sen querer.

RESPOSTA 2: E os nenos vendo que o mestrado, que os mestres se involucran eles tamén se senten máis receptivos.

RESPOSTA 1: Si, porque se nos ven saltar, nos ven darlle a corda.

RESPOSTA 2: Claro para ensinarlles.

RESPOSTA 1: Enseguida che veñen: "nos das, saltas?"

PREGUNTA: Interésalles, é algo novo para eles.

RESPOSTA: Si

15ª Pregunta: Tedes pensado facer algunha recollida de datos sobre o proxecto este que ides a levar a cabo.

Resposta 1: Pero datos sobre que?

PREGUNTA: No sentido de recoller fotografías, vídeos.

RESPOSTA: Si, porque nos temos blogues. Sempre o facemos con todo tipo de actividades, está todo publicado ou ben no da biblioteca ou nos blogues de aula pero sempre hai.

16ª Pregunta: Volas dúas sodes, ti es xefa de estudos e ti?

Resposta: Eu son titora de 2º.

17ª Pregunta: Esta iniciativa nace da problemática que vedes de recreo, pero realmente como se estrutura entre vós?

Resposta 1: Fixemos unha comisión de profes para colaborar neste proxecto.

RESPOSTA 2: O profe de EF que é Rubén, e a orientadora, a mestra de infantil, nolas dúas, a titora de 2º e ninguén máis. Unha titora de cada etapa Infantil e primaria, educación física, orientadora e xefa de estudos.

18ª Pregunta: Que problemas pensades que poden xurdir con este tipo de iniciativa?

Resposta 1: Profesorado, que queiran facerse cargo nos recreos, que queiran involucrarse e mentalizar ao alumnado e ensinarlles. Eu vexo que é o maior problema polo que vexo.

PREGUNTA: Ou sexa que non son os alumnos senón o profesorado.

RESPOSTA 1: O profesorado. Primeiro organizativo que non saquemos tempo para poñelo en marcha porque nada estamos atascadas e segundo que o profesorado colabore é o maior problema.

RESPOSTA 2: Para organizalo.

19ª Pregunta: Porque é dificultoso reunir aos profesores ou que se mostren receptivos a participar en proxectos fóra da súa aula?

Resposta 1: Todo o mundo está pillado de tempo. Iso para organizalo e por outro lado tódalas iniciativas, proxectos que queres comezar pois a xente se satura porque todos estamos pillados de tempo tes moitas cousas que facer.

RESPOSTA 2: Máis proxectos máis traballo, quero dicir máis traballo extraescolar porque tal é como estamos non nos da tempo a moito máis. Entón as cousas que se fan son na túa casa, non as estás facendo no horario que ti tes lectivo.

RESPOSTA 1: Despois supón unha obrigas na hora do patio, porque despois cada profesorado ten que estar controlando a cada zona de xogos. Entón a liberdade que tes agora de vou para alí, vou para aquí. Despois tes unha responsabilidade na hora do recreo, non te podes mover.

20ª Pregunta: A responsabilidade do material vai recaer nos rapaces de 5º dciades, estes rapaces van a coller o material, pero cal pretendedes que sexa a súa misión, soamente coller o material e levalo alí ou ..?

Resposta 2: Repartir os materiais.

RESPOSTA 1: Controlar eles o material. Pois hai cinco cordas, eu entrego as cordas se ese día se xoga ese día á corda, eu entrego a corda e as persoas que queiran, e as recollo ao final do xogo.

RESPOSTA 2: Claro todos teñen que ser responsables do material. É o que temos que inculcar dende as titorías.

RESPOSTA 1: Os nenos se a cousa está ben organizada , facer préstamos e despois recollelos, eles son responsables.

PREGUNTA: Eles propoñen algo?

RESPOSTA 1: Non saben aínda o que vai pasar nos recreos.

21ª Pregunta: Pensades que pode ser positivo incluír ideas deles ou máis ben nunha primeira fase de desenvolvemento ides guiar máis vós?

Resposta 1: Non, sempre se lles fai caso. Se eles, se lles propón algo, eles fan ofertas.

RESPOSTA 2: Primeiro teñen que pasar o proceso de experimentar, como funciona, como reaccionan e despois eles xa virán coas propostas á aula. Logo che din: "profe preferimos este xogo ou aquel".

RESPOSTA 1: Eles enseguida che fan propostas, eles son moi botados para adiante. Exa se ten feito o concurso de cartas de amor que foi idea deles, che propoñen moitas cousas aquí son moi botados para adiante.

22ª Pregunta: Tedes relación co Instituto, ca outra etapa educativa?

Resposta 1: Non.

PREGUNTA: Non mantedes ningún tipo de contacto nin unha continuidade?

RESPOSTA 1: Non.

23ª Pregunta: Cando tedes pensado poñer en marcha, ou que comece o proxecto, pola primavera?

Resposta 2: Primeiro aínda temos que acabar de pintar o patio exterior, que hai que facer un campo rectangular. E claro con estas condicións meteorolóxicas non podes e imos agardar á primavera.

RESPOSTA 1: Eu creo que temos que poñer en marcha, e despois incorporar eses xogos, porque estamos parados.

PREGUNTA: Se mo permitides non vos obcequedes no tema da pintura, porque se tedes que pintar un campo podedes pintar cun xiz, e que os propios rapaces sexan os que pinten o campo. Porque tamén é parte do proceso.

RESPOSTA 2: As zonas do patio exterior, salvo que siga o anticiclón non se utilizan porque está descuberto.

RESPOSTA 1: Temos que ter alternativas sen patio. Ademais vaise ir a compañeira e quero organizar agora cousas antes de se vaia ela.

RESPOSTA 2: Si, hai que facelo. Esas tres zonas de xogo, hai que organizalas para todos. Porque Infantil sae antes ao recreo, entón eles xogan e organízanse, pero en Primaria de primeiro a sexto hai que organizar as zonas.

PREGUNTA: En Infantil isto tamén se vai a levar a cabo?

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: A mestra de Infantil tamén se vai encargar de facer iso?

RESPOSTA 1: Seguramente, non sei. Non o pensamos, pero seguramente organizará os xogos.

RESPOSTA 2: Doutra maneira claro. Igual non lle valen as mesmas zonas ou haberá xogos que non lle interesen, e en diferentes días pois diferentes xogos.

24ª Pregunta: Contabades ao principio que no patio non xogaban, había pelexas. Pelexas en que sentido? Os propios rapaces tiñan moito conflito entre eles.

Resposta 1: Si, basicamente de empurróns.

RESPOSTA 2: De estar aburridos. Cando un neno non ten algo que facer, pois como non estou facendo nada, abúrrome e se me aburro teño que aburrir ao que teño ao lado. E ao final acábanse enfadando por tonterías. Empurroume ou me molestou, insultou, ou queixas así continuas. E non é porque sexa un grupo conflictivo ou un cole conflictivo. É así, porque claro non hai unha actividade que facer durante unha hora de lecer, entón abúrrome e os nenos véñenche: "están xogando ao fútbol e eu non podo e abúrrome".

RESPOSTA 1: E a correr, entón me empuñan, agora caio, agora non sei que, ao final.

RESPOSTA: Entón si durante 25 minutos lle das actividades, pásanlle os 25 minutos voando. E non van a ter entre eles, si vai haber discusións porque son moi competitivos entón.

RESPOSTA: "Agora non son o teu amigo, vou con este non con estes tres".

PREGUNTA: Iso pasou toda a vida.

RESPOSTA 1: Si. Agora ves que xogan á corda e están trinta alumnos. Antes iso era impensable.

PREGUNTA: Unha participación moi masiva.

RESPOSTA 1: Que estiveran trinta nenos xogando ao mesmo e divertíndose?!

RESPOSTA 2: Nenos e nenas!

RESPOSTA 1: Nenos e nenas!

PREGUNTA: Porque antes era, había unhas condutas moi segregadas.

RESPOSTA 1-2: Si. Máis segregadas.

RESPOSTA 2: Estaban ao fútbol e elas pois a mariola, pero coa corda están participando todos.

RESPOSTA 1: E o dos grupíños non me deixan xogar con eles. Agora hai dúas cordas, dous grupos masivos.

PREGUNTA: E todos participan. Ou sexa, que un cambio con só incorporar dúas cordas xa cambia a dinámica.

RESPOSTA 1-2: Só con cordas.

RESPOSTA 1: Xa no da buxaina ían os nenos para atrás a xogar. Claro, porque a buxaina é algo máis limitado, e non podes estar trinta persoas xogando e tirando buxainas, pero agora coa corda!

RESPOSTA 2: É ao mellor menos viable, porque cando fomos á Capela teñen así xogos e non sabes tirala e se non sabes enroscala, chega un momento que se aburren porque se frustran. "Non sei facelo, abúrrome. Xa quero cambiar de xogo". En cambio nos xogos da corda, de goma, de pillar da pita cega. Pásano pipa porque todos poden participar e poden facer.

25ª Pregunta: Desta actividade ides informar aos pais?

Resposta 1-2: Si, seguramente.

RESPOSTA 2: Home informados xa están, porque nos viron pintar e decorar o patio exterior. Coa ANPA.

PREGUNTA: Refírome se ides a pedir certa colaboración para que continúen.

RESPOSTA: Para que incentiven?

PREGUNTA: Exactamente. Se o tiñades plantexado?

RESPOSTA 1: Pois non, pero é boa idea.

RESPOSTA 2: Pero seguramente os nenos lle pedirán, sairá dos nenos porque se chegan a casa xogando á goma, ou á corda, e lles gusta. Pedirán pois que lles compren unha goma. Porque eu sei que algúns nenos van chegar a casa e pedir.

RESPOSTA: É que aquí como non é un cole demasiado numeroso a ANPA está bastante involucrado en todo. Aquí veñen moitas nais entón todo se corre rápido sen programalo moito. E os nenos chegan enseguida coas informacións ás casas e enseguida veñen rápido: "oe que pasa con isto?" Non fai falla.

PREGUNTA: Tedes unha relación fluída.

1. 2. 4. ENTREVISTA DS1

Data da entrevista: 23-5-2011

Lugar: Despacho Departamento Educación Física IES Urbano Lugrís

Duración: 62 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela.

Identificador para o entrevistado: DS1

Xénero do entrevistado: Masculino

Idade:

Profesión: Profesor

Campo profesional: Educación Física

Educado en: rural, escolas.

Filios: Si

Peculiaridades da entrevista: A entrevista foi realizada nun clima distendido realizado no despacho do departamento de Educación Física do IES Urbano Lugo do Concello de Malpica. Destacar a amabilidade para realizar a entrevista.

1ª.- Pregunta: Onde naciches?

Resposta: En Sofán, Concello de Carballo.

2ª.- Pregunta: Cal é a túa profesión?

Resposta: Pois, neste momento son profesor de EF no Instituto Urbano Lugo de Malpica.

3ª.- Pregunta: Cantos anos levas exercendo aquí en Malpica?

Resposta: Pois debo levar aproximadamente, pois do 97 que veñen sendo 14 anos.

4ª.- Porque te adicaches á EF?

Resposta: Home! A maior parte da xente di que existe a vocación, pero eu penso que máis ben por buscar unha forma de vida. Fas o Bachiller, e vas mirando, estudando que saídas que che van a convir máis, ou cal se adapta máis ás túas posibilidades. Entón dentro das carreiras que eu naquel momento, no ano 77 aproximadamente. A carreira que lle vía eu máis saídas e que se adaptaba máis as miñas posibilidades, tanto de capacidades, como económicas era maxisterio. Entón fixen maxisterio. Despois a raíz disto, tiven unha gran oportunidade de facer a especialidade en EF estiven preparando uns meses con outros compañeiros. Ehh, non foi por vocación. Foi un pouco introducirte en algo, que era a vida que te foi levando cara alí.

5ª.- Pregunta: Cando eras neno xogaches a algún xogo popular?

Resposta: Si, era o que había naquelas datas. Naquelas datas dos anos 60, pois realmente o que existía eran os xogos populares. Porque os demais xogos que hoxe entendemos como deportes non existían nas aldeas, eu era dunha aldea.

6ª.- Pregunta: Uhum, e así cales eran os que máis practicabas ti?

Resposta: Home, o que practicabamos pois eran os xogos de persecución, carreiras, saltos. Enténdeme, tampouco había moitas posibilidades. Eran aldeas, parroquias, entón xogabamos un pouco a estas cousas. Eu acórdome de xogos populares como era xogar ao “patacón”. Que era lanzar a moeda contra unha parede e entón esa rebotaba e tocaba á outra, pois ti gañábaslle unha xogada, que valía un céntimo, dous céntimos e temos xogado moito ao que se chamaba a “roda”. Que era levar.

PREGUNTA: o aro?

R: O aro, temos xogado moito a el. Xogabamos naquel momento á mariola, que era un xogo que sabes describir perfectamente. Que máis? Ao "escondite". Sobre todo pola noite, o sábado que viñan moitos compañeiros que nos xuntabamos para isto. Despois os da pelota, non había, non había terreos de xogo e nós mesmos nas leiras, nas eiras, ou nos camiños con pelotas malas porque non as había. Outras veces faciamos unhas incluso de papeis envoltos e dabámoslle patadas. Era o que había, os xogos. Un pouquiño máis para diante con trece anos, iniciamos tamén o xogo do pano. Acórdome nunhas correidoras, marcabamos un punto intermedio, e entón saíamos en dous equipos, o xogo do pano. Que máis? (silencio) Foron así os xogos aos que máis xogamos.

7ª.- Pregunta: Ehh. Onde xogabas ti máis, na rúa ou na escola?

Resposta: (silencio) Viñamos xogando sobre todo na rúa. Na rúa ou nos camiños, nos prados porque non, non.

PREGUNTA: Quero dicir máis fóra da escola que dentro do ámbito educativo.

R: Máis ben fóra, dentro da escola non se xogaba nada, non se xogaba porque non había educación, había un momento a mediodía. Naquel tempo os rapaces tanto estudaban, como traballaban na escola. Estouche falando en tempos de primaria ata os dez anos. Despois un pouquiño máis para diante, cando estudei no seminario, xa había recreos e os deportes un pouco máis regrados. Eu o que che falaba ao principio era a época da aldea. Non sabes? Despois no seminario xa había pelotas, xa había fútbol, voleibol, baloncesto. A partires do ano 60 por aí ou 70.

PREGUNTA: Non había un recreo estipulado. Alá, veña saíde.

R: "Bueno", a min gustaríame facer unha división. Ata os doce anos que fun estudar para Santiago no internado. Antes dese tempo, que eu vivín na aldea, entón o que che describín ao principio era ese.

PREGUNTA: Era esa parte a que a min máis me interesa, máis que a parte do seminario.

R: Ben, era ese o momento, ese momento que che describía ao principio, os xogos que tiñamos na aldea, todo iso do pano, todo iso da mariola, o do patacón, etc.

8ª.- (silencio) Pregunta: Mira xogos que tivesen algunha relación cos traballos daqueles tempos, algún xogo, practicabades algún?

Resposta: Que fose útil para o traballo?

PREGUNTA: que fose útil, que fose unha adaptación do propio traballo que vós adaptabades.

R: Xogos de imitación dos maiores, imitación para despois. Pois home, algo había. Venme agora á memoria, pois, por exemplo, cando iamos para unha finca, unha leira coas vacas, que daquela había que ir coas vacas pacendo. Entón nos adicabamos a arrancar as cañotas.

PREGUNTA: das verzas?

R: Do millo, máis ben do millo. E entón faciamos unha especie de cabanas, cabanas imitando un pouco o que facían os maiores, e coa folla do millo, que facían cabanas para esa folla darlle de comer ás vacas e aos animais. Entón nós imitabamos ese tipo de forma de construción que os maiores facían coa folla. Nós facíamola coas cañotas do millo. Que máis che podía dicir, de cousas que podiamos imitar?

PREGUNTA: Non, porque aquí por exemplo facía que pescaban en Malpica.

R: Pois o que che comentaba das cabanas, si.

9ª.- Quen vos ensinaba os xogos, quen volos ensinaba?

Resposta: Eu creo que viña por tradición duns e outros. Non había iso dun profesor ou un adestrador que nos ensinara a iso, senón que tradicionalmente iamos copiando duns e outros. Non había unha explicación lóxica nin nada. Oe estabamos xogando a iso, porque un era un pouco maior e ía ensinándolle aos outros.

10ª Pregunta: E ti ensinácheslle algún aos teus fillos ou netos, algún dos xogos populares que ti practicaches?

Resposta: Home! Eu sempre despois cando estaba en primaria.

PREGUNTA: Fóra do que que é o ámbito educativo.

R: Non, creo que non, así intencionadamente creo que non.

11ª Pregunta: Cal era a forma de transmisión? Era duns a outros, pero cal era a forma de transmisión?

Resposta: Eu creo que era forma oral, non? Sinxelamente por, por práctica por tradición.

12ª Pregunta: E mira, había xogos de nenas e de nenos?

Resposta: Home! Había xogo de nenos o que pasa que eu sinxelamente case me recordo exclusivamente dos nenos, porque naquel tempo, a pesar de que xa había escolas mixtas, había unha separación.

PREGUNTA: Porque pensas que había esta separación, esa segregación?

R: Viña por tradición, era un sistema realmente.

PREGUNTA: Quero dicir era unha cousa imposta polos adultos ou máis ben polo tipo de prácticas que facíades? Evidentemente, sempre hai algunha cousa á que as nenas xogan máis que os nenos, pero había esa imposición por parte dos adultos ou era en función dos xogos esa segregación de sexos.

R: Eu creo que no fondo, che viña dicindo, eran xogos de nenas e xogos de rapaces. Non era que os pais lle impuxeran, a sociedade parece que xa non admitía iso. As rapazas xogaban coas bonecas e os rapaces coa pelota. Había unha separación.

13ª Pregunta: Ehh, Contábasme antes que xogabades nas leiras e nos camiños, porque xogabades alí e porque eran eses lugares?

Resposta: Porque non había outro tipo de instalacións, sobre todo nunha finca. Viñamos un domingo, un sábado pola tarde e xuntabámonos rapaces de varios sitios e concertabamos un partido, e por aquel entón non había instalacións. Entón xa ías ventilando máis o menos pola semana: "oes van vir estes compañeiros xogar. Onde xogamos?" Pois había un prado que se prestaba, pois íamos sen permiso xogar aí. Non había nada de nada nas aldeas, onde estiveran un terreos adicados aos rapaces.

14ª Pregunta: Que materiais utilizabades e por que?

Resposta: Ai, mira os materiais, é que non había materiais. Nas aldeas non había. Entón casualmente lograbamos unha pelotíña pequena e xa nos valía. Noutras ocasións en grupos máis reducidos pois ao mellor facíamos unha pelota de trapos e xogabamos con iso. E despois se casualmente lle mercaban a un rapaz un balón, pois con ese xogabamos todos. Pero non había pelotas, non as había.

15ª Pregunta: Eran competitivos os xogos. Tiñan un compoñente elevado de competitividade, digamos entro vós?

Resposta: Non, eran máis ben lúdicos, eran máis ben lúdicos. Porque tampouco non había nada que organizara esa competencia. Era unha reunión duns cantos rapaces para xogar por xogar. Que despois competías, pero non se apuntaba nada. Eu me acordo nunha ocasión que vendo ou soábanos algo de atletismo, unha vez un grupiño de dez ou doce, imos facer un torneo de competición. Entón vimos un camiño un pouco máis ancho e un domingo pola tarde nos xuntamos, entón fomos competir, pero “bueno” tampouco había premios, nin apuntamos nada. Era por imitar, se queres, algo que oiramos e non había outra exclusividade, e fomos competir coa roupa que tiñamos e sen nada de nada. Pero non era competición que non apuntabamos nada, nin había premios. Non era competitivo.

16ª Eran dificultosos de xogar, non sentido de ser moi habilidosos para xogar?

Resposta: Non, era o máis fácil posible. Non había nada de obstáculo, nin regulamentación, nin nada de nada.

17ª Pregunta: Había xogos de tempadas, de inverno, primavera, verán?

Resposta: Si, si. Ponte no caso de que chegada a primavera, que non cho dixen antes, viña o tema do guá, como se di [PREGUNTA: as "canicas", as bolas] Si as "canicas", na primavera era cando se comezaba con iso. Eu imaxínome porque era cando o terreo estaba, era máis fácil de picar, me parece que van os tiros por aí. Home non sei en que momento buscabas cada un, pero que si que había tempadas para un e tempadas para outro. Non sei porque eran, agora neste momento. Despois outras veces tamén así, faciamos algún xogo de pelota porque xa chegaban os compañeiros, que iso era do verán e xa traían esa pelota para xogar. Porque ao mellor durante todo o ano non tiñamos pelota. Entón estamos agardando de aqueles que viñan, que estaban estudando en Santiago para dicir: "oe veña, e tal". Para xogar á pelota. Iso ía no verán, no verán cando eles viñan en xullo era cando xogabamos a iso.

18ª Pregunta: Ti lembrás que na escola tivédes algo relacionado, algunha actividade relacionado cos xogos populares na escola, ben sexa no seminario ou naaa...?

Resposta: Si, si. Incluso antes me acordo unha profesora de Sofán, en concreto que ela no recreo nos sacaba. e entón nos facía un xogo cunha pelota pequena. Coma se fora

unha pelota de goma, incluso un pouquiño máis pequena ca de tenis. Entón pasabamos a pelota duns aos outros. Entón ela tiña o costume de alagar a aquel rapaz que a collía, ben porque a maior parte deles non a sabiamos coller. Eu sei que a collía ben, porque eu fun unha persoa dunha familia de traballador de, de gandeiros, de labregos, entón sempre tes os dedos un pouquiño máis fortes. Así a pelota (indescifrábel). Nese momento era dos que a collía ben. Ela tenme dito: "mira, mira como colle Antonio! Como a suxeita". Cando á maioría a pelota lle marchaba. Entón foi algo que me ensinou a min, que realmente ese exercicio que facía de pequeno de adhesión e de agarre que eu collín aí nese xogo. Entón acórdome que a profesora nos ten feito ese xogo.

19ª Pregunta: Imos a pasar con outro bloque de preguntas máis relacionadas co Concello de Malpica.

Dende a túa posición como profesor, poderías dicirme a que xogan as rapazas e rapaces de Malpica?

Resposta: Ehh, O que máis lle gusta ao rapaz de Malpica é o fútbol. (Silencio) Non sei se é porque entean pola praia. Un pouquiño tamén de lorchanaría, non tes falta de baixarte, é máis fácil xogar de pé. É o que lle gusta. Despois xogar a outros deportes é un pouco máis difícil, e acórdome algo xa, por exemplo, do voleibol que montamos un pouquiño aquí. Pero a gran maioría o que queren é xogar á pelota. Pero xogar sobre todo sós. Despois ás rapazas, o que lle gusta ás rapazas moito é a danza, o baile. Dende logo que elas a isto, velas bailar e elas mesmas como lle poñas o casete xa bailan. Son as dúas cousas que lles gustan máis.

Os rapaces o fútbol e as rapazas sobre todo o baile. Hai algunhas rapazas tamén que lles gusta o fútbol, pero é unha minoría ehh. Ao mellor nun grupo te podes atopar unha ou dúas, pero non é o habitual, que xogan ben e lles gusta xogar.

20ª Pregunta: En xeral crees que os rapaces teñen facilidades para xogar, aos xogos motores quero dicir?

Resposta: Home, estes rapaces de aquí realmente practícanche calquera deporte.

PREGUNTA: Pero teñen facilidade para practicalo. Facilitade non no sentido de que sexan hábiles, senón que se teñen a oportunidade.

R: Si, si eu penso que tanto a nivel de aquí, de instituto Urbano LUGRÍS como a nivel de Concello eu creo que lle están ofertando moitas posibilidades. Polo menos eu vexo

papeis de cursos que lle están ofertando. Sexa fútbol, sexa atletismo, sexa baloncesto. Incluso me parece, agora non me recordo. Aquí, chegan ao principio do curso, que o concello lle manda, a concellaría de deportes os papeis para apuntarse.

Agora que se apunten ou non, é outro tema. Eu creo que lle facilitan bastante as posibilidades. O que pasa é que non queren en moitos casos.

PREGUNTA: En relación coas outras xeracións teñen as mesmas oportunidades, digamos coas xeracións dos irmáns máis vellos, os pais, tíos e avós en consideración dos espazos, do tempo?

R: Creo que estamos fallando un pouco niso, porque os rapaces teñen moitas ocupacións e posiblemente deixen un pouco o deporte de lado e se vaian a outro tipo de actividades porque son moitas as ofertas e ao mellor. Incluso mesmo o equipo de Malpica lles ofrece xogar no Malpica e non queren xogar porque prefiren quedarse algún día con outro tipo de xogos, que poden ser a consola que poden ser outras cousas. Os pais ao mellor non teñen tempo para outras cousas e queren marchar para A Coruña. Eu vexo que faltan rapaces para xogar incluso, non sei se é a pregunta que me querías facer.

PREGUNTA: Si, eu quero que ti opines. Digamos que non teñen unha adhesión pola práctica deportiva como ti dicías, que falta xente para os equipos para as cousas. Digamos que falta esa adhesión a hábitos lúdicos, que permitan pasar o tempo en cousas que estean relacionadas coa actividade física?

R: Home, (silencio) estes rapaces fan actividade física, pero que é unha sociedade aquí en Malpica sobre todo de acatar unhas normas. Entón nun momento prefiren, no momento que os chames ti para entrar no equipo de Malpica ou entrar naquelas escolas deportivas, eles queren actividade libre.

PREGUNTA: Non queren o tempo medido.

R: Efectivamente, entón eles prefiren quedarse na rúa a xogar catro ou cinco que entrar aí. Estes rapaces son moi indisciplinados como che dicía antes, buscan deportes que non haxa moito sacrificio. O fútbol, queren o fútbol. Porque non teñen. Cando cheguei aquí os primeiros anos en Malpica que viñas de Sofán, que xogabamos ao baloncesto, que xogabamos ao voleibol. Aquí en cambio querían o fútbol, porque estes rapaces son algo lercháns e se xogan ao baloncesto teñen que dobrarse entón prefiren o fútbol porque andan de pé. Foi a conclusión que saquei eu. Co tempo funme dando conta que non son rapaces iguais ca os demais. Son moi peculiares e moi bos ao mesmo tempo, pero. E

creo que nese caso son moi pouco disciplinados. Son moi particulares estes rapaces de Malpica, eh. Moi particulares, como é a xente. Esa foi a conclusión que saquei eu.

21ª Pregunta: Onde pensas que xogan máis na escola, na casa ou na rúa?

Resposta: Eu creo que xogan máis na rúa. Aquí realmente non teñen moito tempo de xogar. Porque se analizas teñen dúas horas á semana cada grupo. Que non son dúas horas, que son sesións de cincuenta minutos, son realmente corenta, corenta e corenta, oitenta á semana que tampouco é tanto. Despois nos recreos, son recreos moi curtiños, dun cuarto de hora. Que saen, toca a serea e baixan, non hai tempo material. Cando saen ao recreo, pois botan a súa “pachanga” ou calquera cousa. Entón saes, tomas un bocadillo que ata non che da tempo, e xa tes que volver. Outras dúas sesións, vas outro cuarto de hora, outras dúas e rematouse non da tempo para máis, aquí realmente os rapaces non teñen tempo material para xogar. Por tanto xogan fóra, pero aquí non.

Despois me imaxino que fóra xogarían, eu véxoos na praia, véxoos despois na rúa. Pero a que xogan? Ao mellor están charlando, pero non teñen tempo xa para xogar.

PREGUNTA: Digamos que está fallando niso o plantexamento educativo, nos tempo de recreo. Xa non vou a entrar que si máis horas para a EF. Que podería ser, senón nos tempos que teñen os propios rapaces para estar eles dentro do propio centro pero sen ese control estrito.

R: Efectivamente, non teñen tempo para desfrutar eles dun tempo material para charlar e xogar dentro do patio, tal e como está o sistema educativo nada. Todo está tan regrado, tan regrado como che acabo de dicir que incluso se dis: "oe se podería montar unha cafetería". Pero tampouco se di, non se dá esa posibilidade, porque como lle vas dar tempo nun cuarto de hora, que entre baixar che toca serea, baixas tomas un bocadillo se o traes, vas o recreo e xa estás para subir. Non hai tempo, igual era mellor reducir a cinco xornadas ou cinco sesións de traballo na aula e despois xa nada e ao mellor empregar ese tempo libre. Pero temos en España un sistema tan apiñado, tan apiñado que non lle vexo opción.

22ª Pregunta: Que materiais empregan as rapazas e os rapaces para xogar?

Resposta: Home materiais, a nivel balóns temos todo tipo de balóns como podes observar, aquí hai balóns de baloncesto suficientes.

PREGUNTA: Pero propios que traian eles da casa.

R: Eles soen traer poucos, o que soen traer é a raqueta de bádminton, e mais as plumas. Despois aquí facilitámoslle todo o material, para o que sexa. Para que xoguen aquí.

23ª Pregunta: A competitividade é unha parte importante do que practican agora os rapaces?

Resposta: Non, eu penso que non. Os rapaces agora o que queren é xogar. Compiten mentres está aí, pero a partir desfrutan, meteron gol: "como quedamos? Tres-catro" Non lles importa non entran nesas cousas.

PREGUNTA: Digamos que nese momento que estar facendo a práctica sempre existe ese espírito de superación.

R: Efectivamente.

PREGUNTA: Non, porque sexa para meter cen goles sobre o outro, ou as rapazas bailar mellor que as do lado.

R: Non eu penso que non, que eles mesmos se queren satisfacer por eles. Non porque digan nos somos de 1ª os outros son de 2ª imos a bailar mellor ca eles, non. Eu penso que as de 1ª están bailando, gústalle bailar o seu baile, e despois actuar. Hai unha época que van actuar ao centro cívico, e alí cada un expresa e actúa, pero non hai esa rivalidade, nin esa competitividade. Nin premio, nós tampouco damos premio a quen baile máis. Cada un que se exprese como queira. Entendes?

24ª pregunta: As vías de transmisión son as mesmas agora que antes, que nas xeracións anteriores?

Resposta: O que pasa que os xogos hoxe en día ,foi o que dixemos, pasou máis ao tempo do deporte. O xogo popular salvo nalgún quecemento ou nun momento puntual é cando se están levando á práctica, principalmente. Eu doume conta incluso as veces despois de falar contigo do tema este, que tratei de ao mellor de tratar aos rapaces: "oe que xogo coñeces vós?". E levalo á práctica que penso que lle vas a quitar esa competitividade, ou ese tecnicismo que ten o baloncesto. E creo que tamén as novas editoriais penso que se esqueceron un pouco tamén do tema este. E posiblemente se inventou outras cousiñas, pero non o tradicional ese como a billarda, as bolas non hai ou como era o "trompo" (buxaina) foise máis ben a outro tipo de xogos distintos.

PREGUNTA: Cara o deporte convencional.

R: Convencional, pero incluso con outros adestramentos, outros xogos que se foron inventando e que ao mellor un pouco cursís e que non meten aos rapaces tanto.

Realmente agora son outros tempos. Eu acórdome que desfrutabas do patacón que xogabas sobre todo a mediodía, e ao mellor estabamos desexando, xa non comías para ir facelo xogo. Ou aquel tipo de “escondite” que estabas buscando a fin de semana para facelo, entón a transmisión destes xogos populares que dis ti populares hoxe en día para min que existe moi pouco aquí.

PREGUNTA: Pensas que hai un déficit aí, xa non so a nivel curricular senón na propia formación dos docentes? No sentido de que non teñen, digamos si que se dan xogos en maxisterio e así, pero que non existe unha sensibilidade especial cara ese tipo de prácticas.

R: Eu penso que non, que fomos a estes xogos de deportes en concreto, que lle damos sempre tanto nas escolas coma no INEF. Ti sabes máis ao mellor, si hai uns profesores especialistas en baloncesto, moi especialista. Por exemplo, en balonmán adestradores ou incluso en preparación física. Pero o tema iso que dis ti curricular dos populares ou tradicionais ou autóctonos, moi pouquiño se fala. Home eu non estiven na escola do INEF, pero creo que ao mellor dis ti.

PREGUNTA: Agora xa quitaron a asignatura, que tiña un montón de xente aínda por riba, tiña máis que moitas asignaturas e quitárona.

R: Quitárona, tampouco hai tempo para todo.

PREGUNTA: Evidentemente non hai tempo para todo, pero sempre se pode, en lugar de dedicarse sempre ao atletismo, baloncesto, fútbol, voleibol. Pois igual meter un cambio de xogos.

R: Pero iso é libre dentro do currículo. Realmente está aí un tema que che aparece ao último do libro, pero nada máis.

PREGUNTA: Máis que nada como testemuña.

R: Efectivamente fala deles. Pero canta xente non sabe deles? Porque eu coñezo un pouco o tema porque vivín nunha aldea pero ao mellor xente da miña idade que vivían nas cidades, xa non vivían isto coñecen isto, nin a “canica” nin unha chea de cousas. É un tema que está aí, e mais se queres ti moi romántico destas cousas, pero eu creo que non hai tanta práctica, sobre todo a nivel de escola de rapaces.

25ª Pregunta: Existe unha separación ou unha diferenciación espontánea nos xogos de hoxe dos rapaces e das rapazas?

Resposta: Non, eu penso que non. Porque ademais claro ti tes. Por que te refires aquí dentro do centro?

PREGUNTA: Refírome ao que ti ves, que ti estás traballando aquí cos rapaces e coas rapazas tódolos días. Refírome a iso que comentabamos antes, que na túa época podía ser unha segregación máis imposta pola sociedade se agora segue vixente ese tipo ou non?

R: Non, eu creo que foise igualando a cousa un pouco. Os xogos son xogos mixtos e incluso hai que mirar un pouco incluso como era tanto rapazas como rapaces sempre xogaron un pouco. Ao brilé van xogando, non é que digan os rapaces non, non se mesturan coma en tódolos ordes da sociedade está coa coeducación, vanse xuntando. Non é coma antes de rapaces, hoxe están mesturados. Entón vaise facendo unha uniformidade, a pesar de que claro, ás rapazas non lle gusta tanto o fútbol, elas van por outros derroteiros, gústalle máis o baile pero nun principio colaboran todos.

26ª Pregunta: Teñen o mesmo nivel de importancia a nivel relación socio-afectivo os xogos que practican agora que os que practicabas ti?

Resposta: Penso que non. Nós eramos un pouco diferentes porque eran aqueles exclusivos, entón tiñamos que estar máis xuntos, eramos grupos máis reducidos. Hoxe penso que igual cambiou un pouco.

27ª Pregunta: Pensas que existe un fenómeno de substitución dos xogos de carácter espontáneo, digamos libres, por outro tipo de actividades no tempo de lecer. Tanto dentro do centro educativo coma nas casas?

Resposta: Non comprendín ben a pregunta.

PREGUNTA: Digamos que os xogos de creación espontánea dos rapaces son substituídos por outro tipo de práctica no tempo de lecer dos rapaces.

R: Home sen dúbida, sen dúbida. Porque a claro a cousa séguese noutro momento, a informática. Eses xogos que existían espontaneamente, hoxe o tempo teñen, as actividades programas, entón iso quítalles tempo. Os tempos cambiaron totalmente, os xogos de antes hoxe non os hai. Hoxe xa vas e quedas, aos rapaces quítaselles esa creatividade, claro non se lles deixa tempo libre para as súas actividades. Antes había un (salmo) en todo o día e facía o que quería. Eu acórdome dun domingo pola tarde que chovía e xuntabámonos todos e tiñamos toda a tarde para crear xogo, agora non hai ese tempo libre.

28ª Pregunta: Ehh, Consideras que as novas prácticas de lecer dos rapaces e das rapazas como xogos populares, por exemplo o surf (Soa a serea) andar na bicicleta, considerarías que entrarían no século XXI como xogos populares ou como prácticas populares?

Resposta: É que o están cambiando, realmente son os que están ocupando agora. O surf, como dis ti que non é o surf, o que o inventou aí que está comercializado e cobrado. O outro anda de balde, pero "bueno" iso é o que están facendo. Están substituíndo ao outro, entón todo este depor, este tipo de actividades están substituíndo a aquelas que nós faciamos antes. Porque estas non as podiamos facer, entón aquelas que faciamos nós antes, hoxe non se fan porque se fan outras, estamos cambiando unhas polas outras.

29ª Comparten algunha característica os xogos de agora cos que practicabas ti cando erades rapaces?

Resposta: Eu creo que si. Comparten moitas cousas. Comparten un tempo de lecer antes dunha maneira agora de outra e do asociacionismo ségueno compartindo e o tema da competitividade que aínda isto está un pouco aí. Quero dicir que é xogo tanto antes coma agora son todos rapaces, antes había uns e agora outros pero realmente os fins son os mesmos e os obxectivos dunha forma ou de outra.

30ª Pregunta: Pensas que o concello presta a atención necesaria aos xogos das rapazas e dos rapaces, non ás practicas deportivas que ofertan senón aos xogos en xeral?

Resposta: Penso que si. A pesar de que non teño moito coñecemento do concello, pero se te das conta hai unha manifestación, sobre todo que se chama aquí en Malpica que se chama xogo no porto, que é no final de curso. No porto lle montan todo tipo de xogos, entón en certa medida pois algo se preocupan. Non sei se é con fins políticos ou lúdicos, pero haber hainos. E despois tamén lle organizan me parece o día da bicicleta, outro tipo de para todos. Que máis? "Bueno" xa hai outro tipo de deportes, e xa organiza outro tipo de actividades non as coñezo de preto, pero aquí os papeis chegan. E no porto acórdome de estar algunha ocasión neste tipo de actividade, xa fai anos e creo que seguen con este tipo de actividade. Non sei se con fins políticos ou con outros fins.

PREGUNTA: Ou por verdadeiro interese.

R: Efectivamente, de tódolos xeitos os medios pónenos o técnico e a monitora, entón quere dicir que... O que fan non sei, pero facer, fano. Os rapaces vexo que os tratan e que miran por eles.

31ª Pregunta: En relación con isto, pensas que as políticas educativas locais e deportivas do concello crean espazos e iniciativas suficientes para que os rapaces poidan xogar libremente, libremente?

Resposta: Aquí en Malpica te refires? Libremente. Igual non son suficientes pero algo hai. Se ti colles está ruta que vai de Malpica vindo todo pola praia de Beo (Quere dicir Seaia) que vai ata San Hadrián, aí hai unha serie, e gastáronse moitos cartos, hai un circuíto. Realmente entón dirás ti: "se o levan á práctica ou non os nenos". Pero iso indica que algo o concello preocupado está, en teoría ou había que gastalos cartos e gastalos aí. Que ao final parece que vai quedando un pouquiño abandonado, pero eu teño feito ese percorrido e haber xente que o estaba facendo. Incluso teño levado aos rapaces algunha vez andando a San Hadrián e facendo as estacións. Despois outras áreas que o concello fixo, pois mira alí mesmo onde o colexio de Buño tamén fixo as súas instalacións, xa nunha zona polideportiva. Que poderían facer máis? Eu, home, penso que neste aspecto penso que traballan no concello de Malpica. Ti es de aquí, non? Quero dicir, a min non me gusta. Eu non teño nada que ver con todo isto, pero estou ensinando uns casos que dis ti preocupar, se preocupan. Que despois, que oe, que os fins non sexan, pero estase facendo en Buño que hai algúns parques infantís, e en Malpica tamén hai algo alí. Incluso alí na praia, alí arriba tamén hai unha especie de balancíns para nenos. Xa poderían facer máis, pero eu creo que así dentro das pequenas posibilidades que hai, non imos vir aquí con instalacións de.. Porque é un concello pequeno con moi poucos rapaces, pero algo vaise facendo.

PREGUNTA: Imos pasar xa co último bloque de preguntas relacionado co ámbito profesional e cos xogos populares-tradicionais?

32ª Pregunta: Gustaríame saber que entendes ti por xogos popular/tradicional, (silencio) que entendes ti por xogo popular e por xogo tradicional ou se ves algunha diferenciación entre xogo popular e xogo tradicional?

Resposta: Si, si. Home eu case son sinónimos tradicional e popular. Tradicional enténdese que ese xogo que sen saber porque sen estar regrado. Tradicional que por tradición se foi xogando sen escribir e sen nada, non. Os populares porque realmente son do pobo, da xente humilde con poucos medios, e un pouco tal. O xogo tradicional que veñen por comunicar os xogos transmitidos por medios orais. Iso "bueno" é o que

entendo eu. Despois, tamén está o concepto de autóctono eu o entendo un pouquiño máis localizado en zonas moi concretas, autóctono do Courel ou autóctono de Sofán, isto é unha aldea da zona de Bergantiños. Entón ese é o concepto que teño eu.

33^a Pregunta: Pensas que algún xogo dos populares de antes se converteron en tradicionais, no sentido de que non seguen sendo tan populares coma antes pero manteñen ese rol de tradicional, no sentido de que agora non son practicados polos rapaces, non está no de agora pero si que está no tradicional, comprendes o que?

Resposta: Non.

PREGUNTA: Quero dicir, antes o que ti falabas que viñan da tradición e os populares porque os practicaban o pobo, pensas que agora algúns non son practicados, non existe ese compoñente de práctica pero si que se manteñen na tradición.

R: Home si, si. Hai xogos que realmente non se practicaron porque a billarda en concreto falouse dela, meus pais xogaron, pero eu xa me acordo moi pouco de xogar á billarda, pero si que segue falando da billarda. Na historia está a billarda, non está na practica a billarda, pero que se pode dicir en calquera momento imos xogar á billarda e hai xente que sabe xogar á billarda, eu sei máis ou menos como se xoga á billarda. Igual pasa co “trompo” (buxaina) que aínda o seguen practicando hoxe, antes xogouse moito á "peonza", nós chamabámoslle o "trompo" e sabemos o que é. Que hai competitivo, pero todo mundo sabemos lanzalo trompo e pasamos o tempo con el. Entón e a pesar de que non se practiquen seguen estando aí na historia. Non sei se era o que ía relacionado con iso.

34^a Pregunta: Xa falamos antes un pouco diso, Pensas que os xogos populares-tradicionais deberían ser un contido cunha discriminación positiva en relación con outros contidos da EF?

Resposta: “Bueno”, eu penso que. Tampouco a collín moito a ver repítema.

PREGUNTA: Se consideras que os xogos populares-tradicionais deberían ser un contido cunha discriminación positiva en relación con outras prácticas deportivas ou lúdicas e porqué?

R: Home como cultura te refires?

PREGUNTA: Non, dentro do ámbito curricular.

R: Eu penso que realmente deben estar metidos para iniciarse noutro deporte, tomar esa base de asociacionismo, que é o que fago realmente. Ao mellor antes de xogar ao

deporte do baloncesto pois o que lle fago un xogo popular para quecemento, entón xa pode entrar aí para favorecer os outros deportes. (Silencio) É unha ferramenta que realmente che vale a ti para aplicar na aprendizaxe doutros deportes.

35ª Pregunta: Espertan interese dentro dos rapaces cando fas algún xogo destes?

Resposta: Si, si. Hoxe en concreto ehh, que xa contaba contigo. Pois mira eh, espontaneamente: "algún sabe algún xogo de antes? Eu ese xogo xa o coñecía de atrás". Non me lembro como se chamaba o xogo ese, todos se poñen detrás dunha liña, unponse de costas e vai mirando. "Palomita negra, palomita branca", entón vemos que os rapaces acabaron unha vez e oe: "repetimos! Repetimos!" Repetímolo e tivemos toda a clase, de tal forma que esperta interese neles. Creo que e sobre todo nalgúns da clase é moito máis motivador ca ao mellor tiros á canastra.

36ª Pregunta: Pensas que transmitindo só dentro do ámbito escolar garantiríase a súa transmisión e conservación?

Resposta: Penso que si, é que realmente hoxe en día é case o único medio de transmisión. Os rapaces de primaria veñen para aquí e vexo que alí na escola tamén llos explicaron, algún profesor, e despois continuo aquí con eles. Home, raramente porque non tes tempo pra todo, pero sobre todo en quecementos e cousas así si que fago.

37ª Pregunta: Farías ti algo para unha mellor divulgación ou coñecemento destes xogos, que farías ti dende as túas posibilidades?

Resposta: Home, eu faría promocionalos sobre todo entre os alumnos e despois oe posibilidade de outras cousa, pois tampouco.

PREGUNTA: Xa, eu refírome dentro das túas posibilidades, tampouco vas ir ti co libro e te vas poñer ti so no parque: "rapaces!! Aquí a xogar á billa!!

R: Non, a min gustaríame, pero que pasa non hai tempo. Estamos tan encerrados con tantas cousas, con tanta televisión que non tes tempo para estas cousas. Se te das conta a nivel adultos, eu acórdome antes que calquera obreiro, que antes de ir comezar a traballar pola tarde xogaba unha partida nun bar cun café, pero agora non rematamos de comer e volvemos para traballar outra vez, non hai tempos libres ehh.

38ª Pregunta: Dentro da túa formación académica tiveches algún tipo de formación específica con relación aos xogos populares?

Resposta: Non, non. Nada porque ademais. Eu ben é verdade que despois fixera a especialidade de EF, fixera fóra da carreira de maxisterio entón foi unha ocasión que para crear o de EF a Xunta ofertounos aos que xa estabamos un pouco metidos aí. Entón liberounos un pouco de traballo e dounos un curso de catro meses, e foi un tema que tocamos pouco, tocamos máis ben a condición física, o baloncesto, os deportes pero o tema este de xogos tradicionais non me acordo agora, pero moi pouquiño.

39ª Pregunta: Sería positivo recibir algún tipo de formación específica neste campo, voluntaria quero dicir?

Resposta: Eu creo que é outro ámbito do saber como outra cousa calquera.

40ª Pregunta: Dentro da túa programación anual existe algún contido relacionado cos xogos populares?

Resposta: Non, así en concreto o bloque este a pesar de que nos libros de texto hai algún que chos pon. Eu non os programo nunha unidade en concreto. Despois noutras unidades, o que che dicía antes ao mellor nun quecemento, ou nun momento oportuno que vexo que os rapaces para motivalos métoo. Pero non como dicir programar esa unidade de xogos populares ou de xogos autóctonos pois non chego a facer.

PREGUNTA: Por que?

R: Porque ao mellor é que o che dicíamos antes. Non tiñamos un coñecemento moi profundo, entón pois claro. E tampouco nas escolas de maxisterio tampouco nos metían iso. E como acabas de dicir parece que no INEF tamén o quitaron, parece que outras cousas foron absorbendo esas cousas que van quedando no esquecemento, se te das conta. Porque hai outro tipo de actividades, outro tipo de instalacións, xa ti vas practicar natación e non te metes nas escoliñas como iamos nós. Porque hai instalacións e antes non as había, porque eses deportes practicalos en calquera parte. Tirar unha corda sinxelamente nun patio dunha igrexa xa o facías entre sete ou oito. Hoxe non, ao mellor faste un partido de voleibol nunha romaría, non vas a iso, ou mesmo nunha praia.

41ª Pregunta: Que valores tentas inculcar cando pos algún contido destes nas túas clases?

Resposta: Sobre todo o de cooperación, o de cooperación tentalo pero despois claro. Incluso a condición física que me vale tamén para practicar sobre todo que os rapaces se desenvolvan. O que che dicía eu a ti antes; non é o mesmo un rapaz como me pasaba a

min de chegar a un centro a dar unhas clases de EF, como chegar a unha aldea onde houberan feito todo este tipo de xogos populares. Pois gabear por unha árbore, tirar por unha corda ou incluso ao mellor coller unha ferramenta. En estes xogos, pois tamén tratas de desenvolver todas as partes do corpo e incluso a asociación a sociabilidade que temos que facer. Pero sobre todo habilidades físicas.

42ª Pregunta: Desenvolvedes con outras áreas temáticas no colexio algunha proposta interdisciplinar?

Resposta: Non.

43ª Pregunta: Como valorarías o grao de relevancia que lle outorgan outros profesores doutras áreas temáticas?

Reposta: Os xogos populares?

PREGUNTA: Que tamén os teñen.

R: Si, si. Como materia de sociedade de historia ou de literatura como se estuda calquera outra cousa.

PREGUNTA: Por exemplo, lingua galega temos incluídos, aquí xa non hai a área de expresión en Primaria si que os teñen. Aquí segue existindo Coñecemento do Medio?

R: Si.

PREGUNTA: Pois tamén o teñen.

R: Despois entra un pouquiño aí hai xente que realmente bos profesores que na súa materia sobre todo de Sociais e Historia.

44ª Pregunta: Cales son os xogos populares. “Bueno” falábasme antes que o fútbol, xogar coa pelota era o que máis, xa mo explicaches máis ou menos as razóns. Xa estamos rematando, xa non queda nada.

45ª Pregunta: Que espazos utilizan aquí para xogar?

Resposta: Aos xogos populares?

PREGUNTA: Si, ao que xoguen eles, ao popular que xoguen eles, tampouco teñen porque estar xogando á billarda. Ao que xoguen eles, que espazos empregan?

R: Pois utilizan o pavillón que é o que viches ti a, o patio libre. Despois hai veces que baixamos á praia, sobre todo cando vén un pouquiño de bo tempo na primavera, para un pouco o “fresbee”, incluso para tipo de relevos que realizamos e empregamos pois a

praia de abaixo, e sobre todo empregamos o itinerario que vai ata San Hadrián, para marcha ou incluso carreiras de natureza, como se din? Carreiras de orientación. Entón temos un patio interior, o patio cuberto, o patio ao aire libre a praia.

PREGUNTA: Facedes moitas cousas fóra do centro?

R: Imos sobre todo agora.

PREGUNTA: Agora que vén o bo tempo?

R: Si incluso, un pouco o tema da resistencia é a carreira ata San Hadrián que nos leva exactamente uns 50 minutos chegamos á parte de riba, á capela baixamos e estamos de volta para lavalos e asealos un pouco.

46ª Pregunta: Tedes programada algunha actividade fóra do centro educativo que vaia á promoción dos xogos populares como centro?

Resposta: Ehh, como centro nós soemos, pois cada dous anos ir á neve. Por que cada dous anos? Porque cada dous anos vaise a París e cada dous anos e outro vaise á neve. Entón, aí si que temos as dúas saídas esas, que van os rapaces de 2º e 3º. Cada dous anos se mira esa posibilidade de ir á neve. Despois tamén no mes de xuño tamén os levamos ao acuático de Cerceda. Este ano de momento están sen programar, e tamén temos no mes de xaneiro ou febreiro imos a patinar ao coliseo á Coruña, antes iamos a Carballo pero non nos gusta a pista e decidimos este ano levalos á Coruña.

47ª Pregunta: Cando utilizas algún xogo popular que tipo de material empregas ou non empregas?

Resposta: Home en principio moi pouco material realmente. Tampouco é tanto o que che acabo de dicir. Entón de material neste momento pode haber os panos para identificalos, pode haber unhas camisetas que lle dou unha cor a cada un tamén para outro tipo de xogos. Ben pelotas, ben camisetas, ben panos, porque tampouco practicamos outra cousa. Podería ser a chave pero tampouco a practicamos porque eses deportes tamén con estes rapaces son algo perigosos. É dicir, eu venme unha bola de ferro ou cunha, como se chama? Unha xavelina pois non a quero ver.

PREGUNTA: O factor risco inflúe?

R: Inflúe moito. Iso foi unha das cousas polo que se foi deixando moito tipo de actividade en EF, foi sobre todo o risco. Que a hora da verdade, como haxa calquera cousa vante culpar a ti entón antes de asumir ese risco, eu non o collo. Procuo facer outro tipo de actividades porque se non as fago ninguén me di nada, pero se as fago e

me pasa algo eu son o culpable. Mesmo todas estas cousas como o “minitramp”, as “colchonetas” de salto eu evítoas. Porque isto se un rapaz che cae mal, pódelle pasar calquera accidente. Mira a min non mo mandan utilizar e entón non o utilizo. Pasa igual cas saídas a fóra, ou estes deportes que antigamente que teño gran recordos cando andaba en primaria de facelos campionatos escolares á Coruña etc, etc. Hoxe non o fago, por que? Porque ninguén che recompensa ese traballo, e tes un risco moi grande, entón pois mira falo o mellor posible. Aquí en Malpica nunca, nunca saímos cos rapaces a competir un sábado, nin xornadas deportivas polas tardes. Por que? Porque non tes un (silencio).

PREGUNTA: Digamos que por un lado non queres correr o risco de que lle pase algo pero por outro lado tamén a falta de recompensa, xa non digo económica senón que che.

R: Si, que cho valoren, nada recompensa de nada. Vasllo coller e lévasllo e traes todo. Iso foi algo que para min se perdeu. E o que falabas ti antes se compiten, hai competitividade? Non hai, non lle damos esa competición con outros centros, que para min era san, a ver se me entendes. Os rapaces vanse equilibrando e tamén van vendo o nivel e aprendendo a competir, a competir porque a vida é competición realmente toda. Diso aquí chegou a quitarse e incluso a nivel do concello algo hai e no club de Malpica pero a nivel de centros non hai. Os tempos cambiaron moitísimo de aqueles anos oitenta que che acabo de dicir, onde en primaria incluso a nivel da Coruña da Delegación de Deportes que viña xuntábase, traballaba e pum, pum, iso realmente acabouse.

48ª Pregunta: Realizan os nenos unha segregación espontánea de nenos e nenas e como inflúes ti cando ocorre algo disto, para solventar esas situacións ou para influír nelas?

Resposta: Home, esas situacións o ideal é que xogaran todos a todo. Agora eu hoxe en día a experiencia que teño case prefiro que haxa un deporte individualizado. É dicir, que eles busquen o que máis lle guste. Non impoñerlle un deporte en concreto. Entón que eu estou nunha aula, nunha clase despois dun quecemento. E uns rapaces che din que queren isto, e outros catro ou cinco que che din que queren tirar á canastra e outras queremos ir bailar esta danza, pois eu prefiro iso. Non uniformar. Entón se queres uniformar vaiche haber moitos rapaces que van estar sen traballar e moitos se van quedar, entón eu prefiro diversificar. Dar opción coma nos maiores, é dicir, ti cando ides a un sitio un vai a unha cousa, e outro fai outra por libre. Impoñer nunha clase cun orde actividade é fodida. Entón o mellor é dicir. A ver hai que ter unha orde, dominar a situación para lle deixar facer. Entón a ver, oe porque hoxe se hai un grupo de catro que

ao mellor están moi entretidos xogando ao baloncesto, e vexo que hai outros rapaces noutro espazo, porque lle reparto o espazo, e piden o "fresbee" pois tamén llo deixo. Vexo outras que me queren facer música e bailar, pois tamén as deixo. Ao mellor un que o vexa dende fóra di: "isto é unha desorde". Hoxe a educación ten que ser individualizada. Pois como un vai a un polideportivo e uns están traballando na piscina, outros no ximnasio e cada un traballando ao seu aire. Hai que deixalos traballar. (Silencio)

49ª Pregunta: Son coñecidos os xogos populares entre os teus alumnos?

Resposta: Estes que che acabo de contar, si. Poderíache facer un pouco de enumeración dos que faciamos nós aquí. O brilé que é moi popular aquí e tamén xa é moi coñecido, encántalle que desfrutan con el, co brilé. Veñen os de primeiro: "podemos xogar ao brilé?" Entón tes que deixarlle esa ilusión.

PREGUNTA: Home tampouco van estar tódolos días co brilé.

R: Hai que recoñecer outra cousa dos rapaces. Os rapaces teñen moito medo a actividade física, non todos. Pero hai certos alumnos e mais certas alumnas que para eles é un trauma. (indescifrible) Hai rapaces que van con medo, entón tes que ter esa sensibilidade con eles. O brilé é unha cousa que a gran maioría lle gusta. Ben porque non o complica moito, ben porque un pode estar un pouquiño ao seu aire e van por aí. Pero non pensemos que a clase todos van moi contentos senón que non, coidado! E despois hai outros que din: "teño que ducharme". Oe hai xente que ao mellor ducharse é un problema porque non se acostuman a poñerse diante dos compañeiros porque... Entón iso telo que ir logrando que ao mellor se comecen a duchar dous ou tres que os outros vexan que non pasa nada e incorporándoos a actividade.

50ª Pregunta: Recibides algún tipo ou solicitudes aquí no centro educativo por parte da administración autonómica ou local dalgún tipo de apoio para a divulgación dos xogos populares?

Resposta: Non, non houbo actividade que eu saiba nada. Non nada.

51ª Pregunta: Que estilo de ensinanza soes empregar para ensinar os xogos populares?

Resposta: Home o mando directo en principio é explicativo. E logo pois vaise explicando e van eles descubrindo o xogo que é.

52ª Pregunta: Cando desenvolvedes xogos populares contades coa participación de pais, avós. É dicir das familias, co ámbito familiar?

Resposta: Non. Hai ao mellor en Entroido cando veñen os pais pero non, non se contou nada con eles.

PREGUNTA: Pensas que sería positivo, cal é a túa opinión deberían participar?

R: A ver eu tamén son dos típicos que os pais canto máis lonxe mellor porque ao mellor cohiben aos rapaces, pero tamén agora penso que en ocasións deberían estar máis involucrados na dinámica do centro. Involucrarse máis. Que non haxa uns descoñecidos entre os profesores o alumnos.

PREGUNTA: Como que agora, parece que hai un choque entre o profesor e os pais? Os centros somos unha cousa, os centros somos outra e non participamos por unhas razóns ou por outras.

R: Eu penso que hai bastante entendemento entre pais e profesorado. Hai pouca relación porque os pais están moi ocupados. Entón cando che vai vir un pai aquí mirar, realmente? Moi pouco, porque os pais entran ao mellor a traballar ás 8 oito da mañá e pola tarde hai poucos que poidan dicir esta mañá vou ir falar co profesor.

PREGUNTA: Xa non digo no sentido de vir falar unha titoría.

R: De darlle interese a actividade dos rapaces?

PREGUNTA: Si.

R: Eu penso que si. Hai excepcións, pero eu creo que Malpica é un pobo onde os pais están preocupados.

PREGUNTA: Pero participan?

R: Se os chamas para unha actividade como en Entroido ou Nadal os pais están aquí, e hai que traer os bocadillos e están aquí, e hai que traer coca colas e están aquí. Faise unha festa no pavillón e cada pai trae pois unhas orellas, outro unhas filloas e faise unha festa, quero dicir que os chamas e veñen. Hai excepcións, ao mellor estaslle reprimendo ao rapaz e despois venche el a ti.

1. 2. 5. ENTREVISTA DC1

Data da entrevista: 11-10-2011

Lugar: Salón de plenos Concello de Malpica

Duración: 48 minutos

Entrevistador: Apolinar G. Varela

Identificador para o entrevistado: DC1

Xénero do entrevistado: feminino

Idade:-----

Profesión: Licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Campo profesional: monitora municipal de deportes. Experiencia no concello 10 anos.

Educado en: Rural-semiurbano

Fillos:-----

Peculiaridades da entrevista: A entrevista foi realizada nun clima agradable e íntimo. Realizada no Salón de plenos do concello. Tivemos unha breve interrupción no medio da entrevista.

1ª Pregunta: Cando eras nena practicaches algún xogo popular?

Resposta: Si.

PREGUNTA: Cales?

R: As bolas, os peóns, despois carros de bolas iso xa non. Despois ovo, pico araña todos estes, os típicos digamos.

2ª Pregunta: Onde xogabas máis?

Resposta: Na rúa.

PREGUNTA: Máis que na escola?

R: Si.

PREGUNTA: Por que pensas que xogabas máis fóra?

R: Porque eran outros tempos e a maior parte do tempo estabas só na rúa cos teus amigos. Hoxe en día iso é inviable, hoxe teñen que estar os pais tamén, e antes estabamos sempre, e tiñamos moito tempo libre.

3ª Pregunta: Porque o mestre non vos deixaba tempo libre para xogar ou non había eses tempos ou soamente podíades xogar no recreo?

Resposta: Non, claro. Xogabas no recreo despois tiñas a túa clase de EF ou o que fora, pero nada máis e daquela no recreo si xogabas. Pero eu xogaba máis ao fútbol, baloncesto e despois ese tipo de xogos facíámolos máis na rúa cos amigos, porque a

verdade que antes que tiñas moito tempo para desfrutar iso dos amigos e había moita máis creatividade.

4ª Pregunta: Xa case me contestaches á seguinte pregunta. Fóra da escola non xogabades ao mesmo que na escola, ou xogabades ao mesmo no recreo ou variaban nos recreos?

Resposta: Non, pois debido a que estabas no colexio e tiñas máis amigos que xogaban ao fútbol, pois como soamente era vinte minutinhos, pois claro non daba para xogar a tantas cousas. Sen embargo, na rúa estabas toda a tarde e dábache tempo a xogar ao fútbol e a calquera outro tipo de xogos.

5ª Pregunta: Había algún xogo que tivese relación cos traballos de aqueles tempos?

Resposta: Todos, no meu caso todos practicamente.

PREGUNTA: Por que?

R: Porque está todo relacionado coa actividade física.

PREGUNTA: Non, refírome a traballos non ao teu, senón a traballos, por exemplo , andar coas vacas ou algo disto, igual ti ao criarte nun núcleo máis urbano pois non tiveches

R: Non, eu non, para min eran xogos, eran tempo libre para desfrutar, para xogar. Pero non nese sentido.

6ª Pregunta: Quen vos ensinaba os xogos?

Resposta: Eu creo que de maiores a pequenos.

PREGUNTA: Ti ensinácheslle algún despois a rapaces, fillos, sobriños ou netos?

R: Non teño fillos, teño sobriños e iso. Si a nenos, é que creo que era coma un círculo que os maiores ensinaban aos máis pequenos, e ti ensinabas aos que viñan detrás. Por exemplo, eu no meu caso eran como barrios sabes e ao final acabábase xogando tódolos nenos que vivían por alí, xogabamos no mesmo sitio.

7ª Pregunta: Como se transmitían eses xogos?

Resposta: Involucrando aos nenos nos xogos e cando ían tendo idade para poder xogar, pois xa lle dicías se querían xogar contigo.

8ª Pregunta: Algún máis popular dentro do voso núcleo de amigos ou de barrio que recordes?

Resposta: Non, eu creo que así os típicos, os peóns, as bolas, xogar a pillar, ovo pico araña, os máis típicos, pero ningún en especial.

9ª Pregunta: Había xogos de nenos e de nenas, ou xogabades conxuntamente ou ao contrario había unha segregación?

Resposta: Había. A ver, había segregación en canto que había ao mellor nenas que non xogaban a ningún deses xogos, pero outras si que xogabamos a todo. Entendes? Pero había ao mellor que algunhas xogaban só ás bonecas e as casiñas.

PREGUNTA: Era unha segregación espontánea máis que social?

R: Si, era espontánea? Eu penso que si.

10ª Pregunta: Os sitios onde xogabades cales eran e porque o facíades alí? Unha breve descrición.

Resposta: Pois, a ver, nós xogabamos moito nun campo que tiñamos alí entre as dúas rúas, que os nenos que xogabamos eramos así do barrio. Era a rúa de Rosalía de Castro e de Correos, e había alí un campo moi grande, era onde nós xogabamos sempre. Cando era a época das bicicletas, pois montabamos un campo de cros, cando era o tempo fútbol faciamos un campo, con troncos as porterías, e aproveitabamos ese espazo para xogar a todo. E despois cando quedamos sen ese campo porque construíron alí, pois xogabamos na rúa, nos portais. Alí había uns talleres de Varela Urbietta, e había así un entrante e daquela alí dábase moi ben para xogar cando chovía.

PREGUNTA: Fostes adaptando os xogos aos espazos?

R: Non. Eu creo que xa buscabamos os espazos onde puideramos xogar ao que queríamos. Sabes? Un sitio onde non chovera para non mollarse, pero xogando ao mesmo que xogabamos no outro sitio.

PREGUNTA: Adaptando.

R. Si, si, iso está claro. Seguíamos xogando ao fútbol, pero en porterías pequeniñas porque non había máis espazo, pero si ao mesmo.

11ª Pregunta: Que materiais empregabades para xogar?

Resposta: Rudimentarios. De imaxinación total e absoluta, e de reciclaxe.

PREGUNTA: Por que?

R: Porque non había, non tódolos días che compraban unha pelota. Agora pícaselle a pelota, e ao día seguinte. Que día seguinte, no mesmo día! Xa lle mercan outra pelota. Nós tiñamos unha pelota e se estaba picada, pois xogabas con ela picada, estaba dura, pero xogabas. E o mesmo coas bolas e as buxainas, reciclaxe puro e duro.

12ª Pregunta: Eran competitivos os xogos tiñan un carácter competitivo?

Resposta: Si, si. Algúns si. Eu acórdome que cando xogabas ás bolas, pois era a xogar a gañar bolas, e daquela eu penso que si.

13ª Pregunta: Eran difíciles de xogar, no sentido que requirisen moita habilidade ou era asumibles por tódolos rapaces?

Resposta: Eu penso que eran asumibles por todos. Logo claro, había os que ao mellor tiñan unha destreza máis grande e notábase, e víase a súa superioridade. Pero xogar, xogar, podían xogar todos.

14ª Pregunta: Había xogos de tempadas, de inverno, verán ...?

Resposta: Penso que non, é que agora mesmo non me dou conta. Penso que non, que xogabamos sempre ao mesmo.

15ª Pregunta: Na escola lembrás que tiveses algunha actividade nas aulas relacionadas cos xogos populares, algunha clase de EF ou algunha actividade puntual?

Resposta: Ao mellor algunha xornada puntual de tirar á corda, de carreiras de sacos no colexio algunha vez si.

PREGUNTA: Pero digamos que era algo puntual.

R: Si, algo puntual.

16ª Pregunta: Do que te poidas lembrar que é o que máis recordas deses xogos que ti practicabas cando eras nena?

Resposta: O grupo que se facía, que todos se levaban ben. Os nenos xogaban todos xuntos, non había grupos, non había. Non sei agora ves que uns nenos, non se relacionan cos outros e antes iso era imposible, antes tiñamos que xogar todos xuntos, non sei exactamente porque, pero xogabamos todos xuntos, todos.

17ª Pregunta: Imos pasar a outro bloque de preguntas relacionado co contexto do concello de Malpica. Desde a túa posición como profesora, técnica ou monitora, a que xogan as rapazas e os rapaces de Malpica?

Resposta: A que xogan? Ao fútbol, ao baloncesto e pouco máis.

PREGUNTA: Pouco máis?

R: Si, porque incluso de tentar algunha vez de xogar á mariola, xogar á corda. O ano pasado quixen facer unha sesión para a xente maior nas clases, para recordaran vellos tempos e xogaran á corda e a goma e tal. E para preguntarlle a unha nena que soubera como se xogaba, buff moi pouquiñas sabían xogar. Cando lles explicabas, porque algunha das maiores xa non se lembraba: "é que eu non me lembro como era isto?" E preguntarlles e non sabían. Sabían moi pouquiñas.

18ª Pregunta: En liñas xerais, pensas que os rapaces e rapazas teñen facilidades para poder xogar, e cales cres que son as razóns tanto a nivel positivo como negativo, que é o que ti pensas?

Resposta: Penso, que facilidades si que as teñen porque teñen espazos para poder xogar. De feito antes non tiñamos instalacións, e quizais ao mellor pois iso substituíu ao que faciamos antes. O que faciamos era, pois iso na rúa sen máis instalacións e agora hai máis instalacións e esas instalacións utilízanse para outro tipo de actividades. Actividades máis estandarizadas ou máis profesionais. Sabes? Deportes xa de equipo.

PREGUNTA: Digamos deportes convencionais.

R: Si, deportes convencionais e non se lle da cabida a ese tipo de actividades. E despois un problema que temos nesta sociedade é o das maquiniñas que hoxe en día practicamente hai moitos nenos que nin deporte fan que o fútbol e baloncesto tampouco lles... Porque están ensimesmados coa "maquinita" e daquela é un problema que hai aí.

19ª Pregunta: Xa case me contestaches, en relación coas xeracións anteriores.

Resposta: Claro, antes por exemplo podías ir. Eu por exemplo, podías ir a clases de fútbol ou a clases de baloncesto. Ía ás escolas municipais igual que se vai agora, pero despois eu saía de aí e ía xogar á rúa, e xogabas así a xogos populares, ou senón podías seguir xogando ao fútbol que pode ser, pero algo máis sempre facías. E despois collías a bicicleta e andabas en bicicleta, pero é que agora. E antes non todos tiñamos bicicleta co cal facías carros de bolas para poder participar todos ou prestábase á xente, e todo

mundo lle deixaba as cousas aos outros. Ti ao mellor deixábaslle a bicicleta e outro ao mellor o balón, e daquela había máis colaboración entre nós.

20ª Pregunta: En que lugares da vila soen xogar as rapazas e os rapaces de Malpica?

Resposta: No parque, en algún que outro rueiro e despois iso no colexio e no pavillón. No verán no porto.

21ª Pregunta: Onde pensas que xogan máis, na escola, na rúa ou na casa?

Resposta: Penso que na escola.

PREGUNTA: Entendo por escola

R: Igual que vir ás actividades deportivas, si eu penso que si na escola. Home igual na casa meten máis horas xogando coa “maquinita”, pero eu aí xa non os controlo.

PREGUNTA: Porque pensas que xogan máis na escola?

R: Porque penso que é o sitio no que están cos demais compañeiros.

22ª Pregunta: Os materiais que empregan os rapaces para xogar que tipo de materiais empregan?

Resposta: Pois material totalmente, balóns e iso.

PREGUNTA: Ti comentabas que xogabas con material de reciclaxe e así.

R: Para nada. Non existe.

PREGUNTA: É un material convencional.

R: Si totalmente.

23ª Pregunta: Voltando ao tema da competitividade. Pensas que a competitividade é unha parte importante dos xogos que practican as rapazas e os rapaces?

Resposta: Penso que non debería de ser, e aquí trátase de que non sexa. Pero sempre hai algún que trata de marcar a diferenza, pero trátase de que non sexa así.

PREGUNTA: Trátase, pero eles?

R: Hai de todo, depende do que ti lle inculques. Hai nenos que son capaces de entender o que ti tratas de incularlles e parécelles lóxico e razoable e hai outros que aínda así pretenden estar por enriba dos outros. Creo que iso, pero debe formar parte do carácter do neno ou do que se lle inculca na casa, e ao mellor son un pouco máis egoístas, pero iso é cuestión de traballalo.

24ª Pregunta: As vías de transmisión son as mesmas que nas xeracións anteriores e cales crees que son as razóns?

Resposta: Eu penso que non. Penso que antes a parte máis importante de transmisión eran os irmáns maiores e os amigos maiores e agora practicamente iso na escola. Ou senón agora por exemplo, coas maquiniñas, porque se intercambian os xogos. Quizais sería o mesmo que faciamos nós, só que nós o faciamos con xogos populares e con outro tipo de materiais, e eles agora fano coa “Wii”, coa “Play” ou o monopatín con motor xa (risas), e daquela, pois iso.

25ª Pregunta: Existe unha separación ou diferenciación espontánea dos sexos nos xogos de hoxe, no que ti ves ou percibes como profesional e que estás en trato continuo con eles?

Resposta: Penso que estamos nun momento quizais un pouco complicado. Penso que houbo un momento no que estaba ben visto que as nenas xogaran cos nenos. E sen embargo parece que hai unha corrente que trata outra vez de separalos.

PREGUNTA: Iso é por parte deles ou máis ben que non é espontánea deles? Pois iso que me contabas que unhas nenas querían xogar a unhas cousas e os nenos xogaban a aquelas, pero independentemente diso había conexión entre os dous para xogar.

R: Pero para xogar, a ver, por exemplo, unha rapaza ten un carácter forte e é capaz de impoñerse ao mellor vai seguir xogando pero ao mellor é unha rapaza que é máis retraída pois como lle digan: "ti aquí non xogas porque isto é de nenos" ou "ti es un marimacho". Pois a nena ao mellor xa se queda. E non vexo esa axuda por parte dos profesionais para, para, para. Non para obrigarlles, porque non creo que sexa o que se deba de facer, senón para transmitirles porque debe ser igual para todos. Eu boto iso en falta, eu vexo que moitas veces no patio de colexio ou en moitos sitios que os separan e algo en contra.

PREGUNTA: Aquí mesmo, aquí en Malpica?

R: Si, aquí en Malpica. É algo.

PREGUNTA: Digamos que os propios educadores os que?

R: Non, non son os educadores os que os separan, senón que non fan nada para que non pase iso, entendes? Por exemplo, eu non separo aos meus nenos na miña clase, pero fago todo o contrario, tento de mesturalos sempre. E non vexo esa parte. Iso involucrase desa maneira porque creo que é algo bo para todos. Quizais eu o vivo un pouco, eu de pequena xogaba ao fútbol e recibín moitas, e seguín xogando ao fútbol

porque o meu carácter. Sabes? Non me ía quedar sen xogar porque mo dixera quen fora, pero insultáronme moitas veces e vexo que iso hoxe en día en Malpica, pode seguir pasando non por parte da maioría, pero si que segue a haber ese punto.

PREGUNTA: Ese punto, digamos machista.

R: As veces dende as propias nais no lugar dende os pais, dende as nais e iso é algo que che choca. “Jolín”! Nos días que estamos non debería pasar iso. Ou ao revés eh. Nenos que ao mellor queren ir a aerobic ou queren ir a calquera actividade así, e te sigan mirando como se foras un bicho raro.

26ª Pregunta: Seguen a ter a mesma importancia a nivel de relación social e afectiva os xogos de agora en comparación cos que ti xogaches na túa época?

Resposta: Home, iso é difícil de responder. Penso que non, porque quizais eran xogos moito máis asumibles a todo mundo, tiveran os nenos o nivel que tiveran. Entendes? Era o que me dicías antes, se eran difíciles os xogos? Non. Podía xogar calquera, sen embargo agora como a maior parte da actividade que fan son deportes convencionais neses deportes búscase gañar e daquela o que non o fai ben, apártano. Daquela aí e onde debe estar o papel dos formadores, da xente que traballamos nese ámbito que non é o resultado o máis importante.

PREGUNTA: Pensas que perdeu valor?

R: Si, eu penso que si.

27ª Pregunta: Pensas que existe un fenómeno de substitución dos xogos de carácter espontáneo por outras actividades no seu tempo de lecer, tanto dentro do centro educativo como nas súas? Por que e cales serían as causas, si existen?

Resposta: O que dicíamos de xogos populares a por exemplo, que estea xogando a Wii?

PREGUNTA: Si.

R: Pois claramente. Á “Wii”, á “Play” e demais.

PREGUNTA: Por que pensas que pasa isto?

R: Eu creo que en parte porque os nenos non están xuntos. Eu penso que desde que rematan as actividades. Por exemplo, pódenos mandar a actividades extraescolares para que estean cos outros nenos pero a partir de aí, pois ao mellor un neno vai de catro e media a cinco e media a unha actividade e a partir das cinco e media practicamente vai para a súa casa. E se non vai para a súa casa, vai á biblioteca a internet. Na biblioteca non se relaciona cos que están ao lado, relacionase con outros que está lonxe. É algo que

non acabo de entender porque nese os nenos si que están alí e en lugar de xogar entre eles tratan de buscar ou ter relación con outra xente que está fóra é algo que eu non o acabo de comprender.

PREGUNTA: Chámache a atención?

R: A min chámame moito a atención.

28ª Pregunta: Consideras que as novas prácticas de lecer dos rapaces e rapazas como xogos populares? Refírome a estas novas practicas que saen agora tipo o “skate” o surf este tipo de actividades consideralas ti como xogos populares, cal é a túa opinión? Por exemplo, este verán estiven gravando no verán e vía a moitos nenos que non é que estiveran facendo surf. Pero si que están coa táboa alí xogando.

Resposta: o que queres dicir e a que cambiaron? E que iso hoxe en día pode ser un xogo popular

PREGUNTA: Si, se na túa opinión dirías que si, ou ao contrario non? Cal é a túa opinión?

R: Eu véxoas máis como actividades deportivas porque ao final ves que é un deporte que eles tratan de imitar. Pero non o vexo coma un xogo. O de antes era un xogo, onde non había competitividade, onde non hai campionatos nada diso. Era un xogo máis entre os amigos, nada máis. Sen embargo, o outro vexo como unha actividade deportiva que eles queren imitar, ao mellor queren imitar a algún ídolo ou a alguén que o fai ben.

29ª Pregunta: Pensas ou cres que comparten algunha característica os xogos que practicabas ti cos que practican agora os rapaces?

Resposta: Si eu penso que si. Ao fin ao cabo é actividade física. Relaciónanse con outra xente, ao mellor non con tanta xente coma nós gustaría, ou non todos xuntos, Pero si que comparten.

30ª Pregunta: Pensas que o concello presta a atención necesaria aos xogos das rapazas e dos rapaces?

Resposta: Aos xogos das rapazas e dos rapaces? Xa me estás separando.

PREGUNTA: Non, non. Quero dicir en xeral, quero dicir se por parte do concello existe algún esforzo para fomentalos.

R: Penso que si, que se trata de facer un esforzo para que polo menos desde aquí, desde o departamento de deportes trátase de que tódolos nenos sexan iguais. (Interrupción da entrevista, breve)

Continuación da entrevista:

PREGUNTA: Dende o concello estades facendo iniciativas ou esforzos.

R: Penso que dende o departamento de deportes estamos facendo esforzos nese sentido. Si, que se está tratando de que os nenos e as nenas teñan as mesmas actividades que poida participar calquera neno e nena na actividade. Desde a parte que me toca trato de que non se dean eses problemas que pode haber entre nenos e nenas, ou porque unha nena xogue ao fútbol se lle trate distinto. Eu iría máis alá, non o transmitiría soamente ao aspecto do sexismo. Penso que quizais hai máis problemas, e dámoslle moita importancia a ese tipo de problema. Pero penso que ao mellor hai máis problemas entre o que é o gordiño, o que é máis torpe, e aí si que os nenos apartan a uns dos outros. Penso que aí si que se están facendo esforzos para que todos xoguen.

31ª Pregunta: Pensas que as políticas locais educativas e deportivas do concello crean espazos e iniciativas suficientes para que os rapaces poidan xogar libremente? Quero recalcar isto de libremente porque me parece un aspecto importante.

Resposta: Suficientes nunca, porque penso que todo o que se intenta para que os nenos poidan xogar, e se poidan desenvolver nunca está demais. O que pasa que Malpica é unha vila así un pouco diferente, non hai moitos espazos onde poder. Sabes? Moitas veces estivemos así comentando que claro que soamente poden xogar no colexio e que non hai pistas aquí. Pero claro, aquí no centro da vila onde colocas unha pista é moi complicado, e outro espazo que hai así grande é o porto e non hai.

PREGUNTA: No porto si que xogan libremente.

R: Exactamente é que eu penso que...

PREGUNTA: É un pouco paradoxal o que me estás contando. É un pouco contradictorio no sentido de que ti explícasme que non hai posibilidade de construír de facer ou de adaptar.

R: Sempre hai posibilidades, eh. Eu penso que hai algunha.

PREGUNTA: Ben, está ben. Sen embargo, eu vexo que os adaptan as súas condutas motrices lúdicas aos espazos que teñen, entón gustaríame que aclarases un pouco máis o tema.

R: Home. Eu penso que ao mellor os espazos non son os máis axeitados a hoxe en día. Porque ao mellor hai algún parque que non está todo o utilizado que se podería utilizar. Pero todo isto é cuestión de ir cambiando e aspectos de cartos e se pode e hai ou non, iso eu non o domino, entendes? Penso, que si que se podería facer algo.

PREGUNTA: Ti fálasme dos cartos e tal, eh.

R: De cartos nunca falo.(risas)

PREGUNTA: Ti falas das posibilidades. Se depende da economía, se depende de factores que ti non controlas e que non está na túa man, evidentemente, porque ti non es a lexisladora, nin a que xestiona, digamos. Eh, digamos, un equipamento público deportivo como poida ser unha piscina municipal que costa “x” millóns, é un equipamento moi caro e moi custoso de manter, sen embargo a creación ou adaptación dalgún espazo, non custaría moito.

R: Non custaría moito.

PREGUNTA: Entón isto.

R: Aí, hai un problema grande porque que é o que solicitan os pais? "Ou espazo ou a piscina?A piscina". E non se dan conta que os seus fillos non teñen onde xogar. Eu penso que as veces é como se nos, coma se quixeramos copiar o que hai nos sitios. E ao mellor, noutros sitios esas cousas van detrás de outras, pero aquí aínda non hai esas. Pero a xente non quere quedar detrás dos outros sitios.

PREGUNTA: Digamos que non soamente aplicado a Malpica, isto é un fenómeno que se produce en tódolos lugares. Que a nivel local sempre queremos ter máis, cando igual non podemos telo.

R: Claro, é que de feito unha piscina para un pobo pequeno, é como hipotecarse e ao mellor hai outras formas de chegar a ter actividades, ou de chegar a ter ese tipo de actividade, pero buscando outras formas. Pero aí entran os egos da xente. Entendes? Todo mundo quere ter igual que os demais e ao mellor igual que os demais non se pode.

32ª Pregunta: Agora imos pasar a outro bloque de preguntas relacionado co ámbito profesional e os xogos populares-tradicionais e a práctica nos centros e escolas do

concello de Malpica. Ti que entendes por xogo popular e por xogo tradicional, gustaríame que falases.

Resposta: Xogo popular e xogo tradicional? É o mesmo, non? (Risas)

PREGUNTA: Ti pensas que é o mesmo, dende o teu punto de vista. Eu quero saber a túa opinión tampouco é un exame isto.

R: Para min máis ou menos é o mesmo. O xogo tradicional e o xogo popular é o mesmo.

PREGUNTA: Algunha característica relevante que compartan os dous ou que poidas dicir algunha cousa.

R: Que poida ser un xogo que poida practicar calquera persoa que non fai falla un material excesivo ou sexa un material accesible.

PREGUNTA: (silencio) Entón non pensas que algún xogo popular se converteu en tradicional?

R: Si. A ver, pero para min ou sexa os xogos que son populares practicamente son todos tradicionais ao final chega o momento que todos son tradicionais, todos eses xogos.

33ª Pregunta: Desde a túa opinión como profesional da EF, aínda que non exerzas nun centro escolar, consideras que os xogos populares-tradicionais deben ser un contido con discriminación positiva en relación a outros contidos da EF e por que?

Resposta: Penso que si se deben utilizar puntualmente como unha ferramenta para poder unir. Era o que dicíamos antes que o neno gordiño, o neno que é máis hábil, que todos se sintan igual. Son xogos nos que todos son accesibles a eles e entón penso que si que é unha ferramenta moi útil. E logo iso que non se perdan as tradicións da nosa cultura.

PREGUNTA: Deberían ter unha discriminación positiva en relación aos deportes convencionais, que están todo o día na televisión, que si a F1, que si as motos.

R: Penso que debería ser nin uns máis nin uns menos. Penso que debería ser un formato máis.

34ª Pregunta: Despertan interese nos rapaces este tipo de xogos populares-tradicionais?

Resposta: Penso que si, cando a xente que lles ensina, cando a xente involucrada é xente que participou. Por exemplo, se un avó lle ensina a un neno que el bailaba a buxaina, e lle ensina entón si que desperta interese. Pero ao mellor un monitor só non, home si que lles chama a atención, pero antes ou despois déixano, pero si ven que os seus avós xogaban e que os seu pais tamén xogaban chámalles máis a atención.

35ª Pregunta: Pensas que ensinando exclusivamente os xogos populares-tradicionais na escola se garante a súa conservación e difusión?

Resposta: Home, soamente na escola, sempre se pode ir un pouco máis alá. Pero si penso que si se ensinaran habitualmente, o fixeran dunha forma correcta penso que si se pode manter.

36ª Pregunta: Que farías ti para unha mellor conservación e divulgación destes xogos?

Resposta: Involucrar á xente maior. Penso que ao mellor facer unha unidade didáctica, pero igual que moitas veces cando ti queres promocionar o fútbol, ou baloncesto, traes a unha persoa a un deportista famoso ou a alguén moi popular na zona ou algo así. Pois penso que se pode facer o mesmo con xente maior, que en resumidas contas son como os deportistas de elite de agora, non?

37ª Pregunta: Dentro da túa formación académica tiveches algún tipo de formación específica relacionada co contido de xogos populares-tradicionais?

Resposta: Si, dentro da signatura de xogos.

PREGUNTA: De xogos motrices?

R: Si. Dentro diso había algún bloque sobre xogos tradicionais, pero nada máis.

PREGUNTA: Nada máis. Non cursaches ningunha signatura específica?

R: Específica non.

PREGUNTA: E había esa signatura cando ti cursaches a carreira?

R: Non, cando eu cursei non.

38ª Pregunta: Pensas que sería positivo recibir algún tipo de formación específica?

Resposta: Si.

39ª Pregunta: Na túa programación anual hai algún contido relacionado cos xogos populares-tradicionais?

Resposta: Si, algunhas veces iso, tento facer algunha unidade didáctica ou algunhas ou varias sesións. E sobre todo iso coa xente maior, pois para tratar de que non se esquezan dos xogos de cando eran pequenos.

40ª Pregunta: Cales son os valores que tentas de inculcar dentro do desenvolvemento deste contido nas túas clases?

Resposta: Dentro dos xogos populares?

PREGUNTA: Pois cando ti programas vou a desenvolver determinados aspectos que me interesen como a cooperación ou outros contidos?

R: Para min os puntos chave nas escolas son eses. Todo o que fago vai enfocado a iso. Aquí por exemplo, superpoñemos o comportamento, ou que todos se relacionen con todos, ou que todos se respecten, o afán de superación superponse á mellora técnica. Eu emprégoo como unha ferramenta máis para o meu traballo.

41ª Pregunta: Desenvolvedes xunto con outras áreas temáticas do concello ou da escola algunha proposta interdisciplinar relacionada cos xogos populares-tradicionais, que sexa o xogo o elemento central.?

Resposta: Nas miñas funcións nada.

PREGUNTA: Nin o departamento de cultura, nin de medio ambiente.

R: Non o de cultura nada. Nós os de deportes a parte, un mundo aparte. Non, é que non hai traballo entre diferentes departamentos.

PREGUNTA: Cada un ten a súa área e ninguén se mete. Ninguén se mete a facer un programa de colaboración conxunta das distintas áreas.

R: Falouse moitas veces desde o noso departamento, eu particularmente fixen a proposta de que por exemplo, coa xente maior ca terceira idade pois que se podía facer en lugar de clases de ximnasia terapéutica, clase de memoria, clase de non sei que. Pois tratar de facer un obradoiro conxunto no que iso tivesen moitas actividades diferentes para elas.

PREGUNTA: Tratar de que se involucrasen distintos departamentos, pero non vai adiante.

R: Non se fai isto.

PREGUNTA: Por que pensas que non se fai, por comodidade, por descoñecemento, ou por dificultades insalvables?

R: Por comodidade. Penso que si porque a xente non se quere involucrar.

PREGUNTA: Digamos que ti propós pero non hai unha aceptación desas propostas que ti fas, que non se asumen como súas e non interesa

R: No, e mais que para facer este tipo de traballos hai que molestarse, hai que reunirse, hai que traballar. Hai que ver que podo achegar eu, a ver que pode poñer el, e daquela

hai que reunirse. E daquela por comodidade, pois moitas veces oes pois mira eu fago o meu, ti fas o teu. E ao final o que se ve prexudicado é o usuario.

42ª (silencio) Pregunta: Como valoras o nivel de coñecemento e que lle outorgan outras áreas do concello, como pode ser cultura, aos xogos populares-tradicionais?

Resposta: (silencio) É que..

PREGUNTA: Digamos se hai unha distribución de fondos cara ese tipo de contidos.

R: É que non che sei dicir, non teño nin idea. Sinto moito pero non teño nin idea. Sei que algunhas veces cando por exemplo, cas persoas maiores. Pero non sei si é desde cultura ou desde traballo social ou asuntos sociais, non sei desde onde se fai. Sei que cando as señoras teñen acudido a algunha actividade puntual pois téñenme comentado: "xogamos á ra, e xogamos a tal". Pero claro non sei dende onde sae esa iniciativa.

43ª Pregunta: Cales son os xogos de maior aceptación dentro do que ti programas dentro do desenvolvemento que ti fas?

Resposta: Pouco, porque as actividades xa veñen dadas, baloncesto, fútbol.

PREGUNTA: Non hai, por exemplo, a hora de xogos, na que ti pos o material alí e os rapaces vaian xogar libremente.

R: É que non hai tempo xa para iso.

PREGUNTA: Por que non hai ese tempo?

R: Por que hai unha persoa soa para traballar e non dá, claro.

PREGUNTA: Entendo o que me queres dicir, pero non entendo.

R: A ver, eu cheguei aquí fai dez anos e por exemplo, cando empezamos había menos actividades e había algún monitor para colaborar, e daquela había unha actividade.

PREGUNTA: Perdoa que te interrompa. Non sodes dous?

R: Si, pero el é técnico.

PREGUNTA: E non fai, non dá.

R: Non, as clases dounas eu.

PREGUNTA: Aha, ti impartes as clases.

R: E daquela chega un momento que ti tes unha programación e por exemplo, nós traballamos ata infantís. Pois había unha hora, un oco aí libre e facíase multideporte e os nenos podían vir e xogar ao que quixeran. Claro chega o momento que tes moitos nenos e non dan as horas para poder. Sabes? E fóronse ampliando, pois deportes e agora podes ir a competir co deporte escolar, e imos co baloncesto e daquela xa tes que ter máis

horas de adestramento, e ao final non hai esa hora de deporte libre. Entendes? Esa hora aquí non a hai, tampouco hai conserxe no pavillón, co cal aínda que ti quixeras abrir, ten que haber alí un responsable, é difícil.

PREGUNTA: Está moi ben isto que me acabas de contestar.

R: É o que hai.

PREGUNTA: Porque son cousas que parece que non teñen importancia pero despois teñen moita.

R: Buff, teñen moita, porque non podes. Non da. (...)

44ª Pregunta: Tedes algunha actividade programada fóra das instalacións deportivas relacionada cos xogos populares-tradicionais?

Resposta: Non.

PREGUNTA: Non existe nada, quero dicir non os levades ao monte a recoñecer algo.

R: Non, en deportes non. A ver, hai o día da bici, pero vamos (risas). A ver algunha vez no verán. No verán si que as actividades varían, e daquela aí temos actividades puntuais. Temos ido por exemplo, a picadeiros onde hai cabalos e para ver tamén plantas, como lle poñen as ferraduras ao cabalo e cousas así, pero de xogos non. Non hai saídas así. Minto, nalgún campus deportivo dos que facemos no verán si que ao mellor, dentro dos xogos. Pois o xogo da soga-tira, carreiras de sacos. Pero actividade específica dirixida a ese tema, non.

45ª Pregunta: Contades con algún tipo de axuda, subvención, por parte de algunha institución superior a vós, non que dependa do Concello de Malpica senón da Deputación?

Resposta: Para deportes tradicionais?

PREGUNTA: Si.

R: Eu non teño coñecemento sobre as subvencións que recibimos, pero creo que as normais. Refírome a equipamento e actividades. Actividades que engloba o programa de actividades, pero nada máis.

46ª Pregunta: Volvo ao tema, cando desenvolvedes xogos populares-tradicionais contades con algún tipo de axuda dos pais ou avós para desenvolver este tipo de contido? Para transmitirlos aos rapaces. Tense en conta esa presenza. Como non facedes.

Resposta: Claro o pouco que facemos son os campus multideportivos de verán pero aí ti tes os teus monitores e non ven xente de fóra. Para min sería algo positivo pois tratar de involucrar á xente e que de forma puntual. Pois iso que lle viñese a ensinar aos nenos, pois iso catro pais e avós que veñan a competir cos rapaces pois non sei ás bolas ou ao sogá-tira, penso que sería algo positivo. Pero ao mellor non se tivo esa iniciativa ou non se levou a cabo. (Silencio)

47ª Pregunta: Pensas que a través dos xogos populares-tradicionais se poden desenvolver as habilidades e capacidades físico-motrices, na mesma medida que nos deportes convencionais?

Resposta: Si, eu penso que si. Non sei se na mesma medida pero penso que si se poden desenvolver.

48ª Pregunta: A nivel socio-afectivo, igual ou peor ca no fútbol?

Resposta: Eu penso que é diferente. É diferente polo que dicimos, por ese afán competitivo que ten o fútbol. Que é un partido, e un gaña e outro perde, pero nos xogos populares tamén, un gaña e outro perde. O que pasa que é algo diferente. Non sei, xogar máis entre amigos sen competir. E penso que é como ti o enfoques se o enfocas o fútbol como un afán competitivo pois claro pasa o mesmo pero senón penso que si que pode ser igual.

49ª Pregunta: Cal é a razón para que non se programe nada relacionado con este contido?

Resposta: Non hai ningún motivo especial, penso. Penso que o motivo, non ter medios para poder facelo tanto humanos como materiais, penso que non hai ningún outro motivo. Penso que é cuestión de que cousas se lle dan máis valor ou que cousas se necesitan. De prioridades e penso que nada máis, non porque se teña nada en contra, nin porque se pense que con eles non se poida traballar.

PREGUNTA: Digamos que é unha cousa de loxística e que se opta por outro tipo de alternativas.

R: Si, é un pouco o que dicimos antes. A xente solicita máis outras cousas. Era o que dicimos da piscina, solicítase unha piscina, e ao mellor teu fillo non ten onde xogar. Por exemplo, este ano pasou cos pais que moitas veces queren que vaian a competir a campionatos, e ao mellor non se dan conta de que a partir de “x” anos, xa non é que non

teñan campionatos, é que non poden adestrar e non se pensa máis alá, e dis ti: "vale". Penso que o primeiro e ir paso a paso e ter o básico se tes o básico podes ir dando pasos

1. 2. 6. ENTREVISTA CARTAFOL



1. 3. INFORME AUTOBIOGRÁFICO

Os primeiros records que teño do xogo e do que me lembro máis que polo xogo en si, é polo camiño que percorría con miña avoa, un camiño que non era nada curto para un neno tan pequeno. Un camiño que nos levaba ata o campo de fútbol da Feira Nova. Non era exactamente do meu pobo, xa que era dunha aldea veciña chamada Leiloio, para chegar ata alí tiñamos que percorrer unha pista de terra e chegar a un camiño que pasaba polo medio do monte, cheo de toxos, silveiras e feitas que tiñas que ir apartando en ocasións para poder avanzar e chegar finalmente a un campo de herba, era empregado

como pasto para as ovellas dalgún veciño, porque sempre me lembrarei que estaba espallado de pequenas defecacións de ovella.

Un campo encravado no medio dunha espesa vexetación de eucaliptos, pinos, nogueiras e algunha que outra figueira, cunhas poucas casas espalladas por alí. Pois alí estabamos miña avoa e máis eu, un neno que non levantaba nin medio metro cun balón de plástico do Mundial de España 82, co debuxo de “Naranjito” ben grande, que case era igual de grande ca min. Eu pegándolle patadas e miña avoa de porteira, estes foron os meus primeiros pasos da miña carreira futbolística xa que despois sempre xoguei a fútbol sala e grande tanto como afeccionado como deportista federado.

A medida que fun medrando a miña práctica lúdica tamén foi evolucionando, grazas a que sempre fun un neno moi áxil, coordinado e tiven unhas capacidades atléticas moi chamativas para ser un neno tan pequeno. Na miña curta vida experimentei dúas realidades ben distintas, unha vez que fun escolarizado e a miña familia trasladouse a vivir A Coruña. Foi un cambio bastante importante xa que en Buño era unha realidade absolutamente distinta á vida da cidade, era bastante frustrante para un rapaz acostumado a vivir no contorno rural. Sempre estaba desexando volver a casa de miña avoa para estar con ela e poder andar en liberdade xa que na cidade pouco andaba eu so, o único lugar ao que ía era a praza que había debaixo do edificio no que vivía por aquela época, na que xogaba ao balón.

Os xogos que máis recordo de cando era neno, aparte dos deportes convencionais (fútbol, baloncesto, voleibol, ect...) pois nun principio eran as bolas, das que cheguei a ter infinidade delas incluso miña avoa me chegou a dar bolas de madeira, xa que as que tiña eu eran de cristal. Cas bolas xogabamos ao “guá”, á raia e ao círculo principalmente, para xogar ás bolas necesitabamos un pequeno recuncho de terra, na escola era unha pequena esquina na que había unha árbore enorme e despois fóra da escola en calquera recuncho de terra que houbese. Apostando as bolas que xogabas en cada partida con independencia do xogo que fose, nun espazo que tivese un recuncho de terra para poder delimitar a zona de xogo. Sempre xogaba con nenos nunca xoguei con nenas, e aprendías a xogar vendo como facían os outros, como en tódolos xogos da rúa que tiven ocasión de practicar

Tamén xogabamos ás chapas, para conseguir as chapas íamos a calquera bar do pobo e pediamos chapas das botellas de cristal, logo traballabámolos cun martelo ou con pedras os bordes para que quedasen ben planas, en ocasións era miña nai quen me axudaba a facelo. Unha vez que estaban preparadas eran personalizadas con caras de famosos, deportistas, artistas ect... Facíamos carreiras por un percorrido debuxado na terra ou no cemento cun resto de barro ou de ladrillo. Outras veces xogabamos partidos de fútbol de chapas empregando un garavanzo coma balón e así podíamos pasar toda a tarde. Sempre xogabamos os nenos sen as rapazas e non se necesitaba de moita amplitude de espazo, pero si que fose liso.

Outro xogo era a buxaina, na que eu non era excesivamente bo, aínda que me defendía. Ca buxaina recordo ademais de miña avoa que xogaba e facíama bailar cando me estaba aprendendo a min que tamén miña nai me ensinaba, pero sobre todo uns primos de miña nai que sabían facela bailar moito. Ca buxaina xogaba a bailala sen máis, a facela bailar e logo collela coa corda e faciámola saltar, collela coa man e ir pasádoa polo corpo e tamén me ensinaron a xogar aos croques. Aos croques xogábase con varias buxainas de amigos e ías por orden primeiro un bailaba a súa buxaina e despois o compañeiro tiña que bailar a súa pero chocando contra a túa para botarte fóra do círculo ou ben para romper a túa buxaina de facerche un croque. A bailar a buxaina miña nai aprendeume algo pero eran os primos irmáns de miña nai os que realmente me ensinaron a xogar á buxaina.

O punzón, cravar o desaparafusador, a navalla ou algo punzante no moi grande, na herba. Tiña que ser un terreo brando para que cravase a parte punzante, aínda que este xogo pouco o practiquei xa que miña nai non lle gustaba cando me vía argallando cunha navalla ou algo punzante, non era moi educativo que digamos e realmente tampouco é que fose moi divertido pero como vía a tódolos maiores xogando con iso eu tamén quería.

Outro clásico eran as “tabas” ou pelouros, xa na miña época eran de plástico pero miña nai contábame que ela cando era nena empregábanas de osos de vaca e pelouros do mar principalmente. Para xogar aos pelouros tamén era preciso ou unha moeda ou pelota pequena para poder lanzala ó aire e mentres ir collendo os pelouros a isto xogabamos nenos e nenas sen distinción de xénero. A mariola, aínda que a practicasen máis as nenas que os nenos eu tamén xoguei bastante tanto con elas como sen elas, xa que non

se precisaba máis ca unha pedra e facer o debuxo no chan e xa estaba, xogabamos moito na rúa, nas pistas dos rueiros da Costa de Buño ou no adro da igrexa.

Outro xogo era ovo, pico, araña, no que realmente se podían facer algunha que outra barbaridade xa que no momento que ti pandabas non había maneira de saber se os demais compañeiros, estaban aliados entre si para que ti estiveses máis tempo, que teñas a cabeza entre as pernas dun compañeiro e que salten enriba de ti se que se vexa o que se está a realizar pois faite desconfiar un pouco, ademais había algúns que saltaban a facer dano ás veces. Os compañeiros ían saltando enriba un detrás doutro ata que saltaba o derradeiro e daquela o que saltara de primeiro facía o xesto coa man e facendo xestos de un ovo, con puño, pico co dedo corazón e araña coa palma aberta e cos dedos semiflexionados,. O que estaba debaixo tiña que acertar para cambiar e pasar a saltar, e a nai dicía : "ovo, pico araña?" e daquela o que estaba debaixo tiña que acertar. Podíase xogar por equipos ou individual.

Ás agochadas, que podía haber partidas infinitas e nas que se tiña que demarcar o territorio xa que senón podías estar toda a vida buscando polos compañeiros, existía unha variante en Buño que lle chamabamos Bote, botero, na que o que pandaba tiña unha botella de plástico que protexer xa que os outros podían chegar darlle un máximo de tres patadas e liberaba a tódolos compañeiros que estivesen xa descubertos, tendo que voltar dende o principio a buscar. Había que poñerse as pilas xa que de caso contrario podías estar toda a tarde pandando, o espazo era sempre a praza de Buño e sempre xogabamos tirando á noitiña tanto nenos coma nenas, pero principalmente eramos nenos os que xogabamos, cando un dos participantes se negaba a seguir pandando aplicábaselle un correctivo a modo de castigo que era a chamada aceiteira, que consistía en recitar o abecedario e ir dándolle cos cotelos do puño nas costas dos compañeiros que marchasen sen rematar os xogos.

Pomba branca, pomba negra, que realmente era máis de nenas que de nenos e a min particularmente non era do que máis me gustaba consistía en poñerse o que pandaba nunha parede, tiña que berrar pomba negra pomba branca, e mentres os demais movíanse antes de que rematase a frase e dese a volta, se vía alguén movéndose tiña que dicilo nome e este volvía ó comezo, valía calquera espazo que tivese unha parede preto. As partidas eran longas porque tentábase que todos os que xogaban tivesen que pandar polo menos unha vez.

A medida que ía avanzando o ano e o bo tempo comezaba a dar a súa mellor faciana, os xogos se ben xa eran todos ou case todos ó aire libre, tomaban outra dimensión xa que o bo tempo sempre invita a que se alarguen as xornadas na rúa e aparece un novo elemento, ata agora case era imposible de saborear. A natureza que mostraba todo o seu potencial e por suposto a posibilidade de facer outras actividades. Andabamos na bicicleta durante horas, ata onde nos dese a gana e o que non tiña bici pois montaba na dun compañeiro, lémbrome dun rapaz (Vicente, dos Genaro), debía ser o único do pobo que non tiña bicicleta, e sen embargo era o que mellor andaba nela, facía cabaliños e derrapadas coma se tivese bicicleta propia, era o que mellor andaba con diferenza. Pois na bici os rapaces sempre sós percorríamos grandes distancias, ou iso pensabamos nós. Pois aló nos metíamos por carreiros imposibles, camiños rochosos, e canto máis rápido mellor. Iso si, algunha que outra caída tamén había, sobre todo eu que era un especialista en saltar en marcha e tirarme da bici polas posibles consecuencias. Cas bicis eramos auténticos exploradores do mundo sen medo a nada, facíamos excursións ás minas de wolframio do Monte Neme, famoso sobre todo durante a posguerra xa que de alí saía moito do wolframio que despois era empregado para fabricar as bombas nazis. Subir uns 400 metros de desnivel por pistas forestais cheas de rochas e penedos non era unha tarefa doada. Unha vez que estabamos alí percorríamos toda a mina e íamos ó lago de residuos ou penso eu que sería de residuos, porque estaba prohibido bañarse non porque puxera un cartel senón porque os maiores avisaban do perigo. Exploradas as minas comezaba o emocionante, descender a toda velocidade, e canto máis rápido mellor e cantas máis derrapadas, saltos e berros mellor, até que ben pinchabas ou rompías os fociños contra o chan e daquela xa te tranquilizabas e volvías para casa sen dentes, cos cóbados ensanguentados, os xeonllos en carne viva e aínda por riba tiñas que escoitar a reprimenda na casa, pero e o ben que o pasamos, non había ninguén que nolo quitase. Na bicicleta tamén íamos á praia de Aviño, coloquialmente coñecida por “As Torradas”, unha praia ben perigosa á vez que fermosa. Nela con marea baixa pódese desfrutar dunha das poucas praias virxes que hai pola zona. Se a bicicleta e o bo tempo eran simbioses, non era menos o monte e o bo tempo. No monte xogabamos aos indios e os vaqueiros, partidas case infinitas nas que os equipos respectaban as normas coma se un pacto de cabaleiros fose. Podías agocharte onde quixeses, facer emboscadas, camuflarte, enganar o que quixeses, pero iso si cando un escoitaba: Ta ta, estas morto! Inmediatamente sabías que había que entregarse e voltar a

casa, de caso contrario algún compañeiro podía exercer o seu dereito de berrar: Xogo revoltó! Daquela automaticamente parábase a partida e discutíase sobre a infracción das normas e comezaba a partida de novo ou dábase por perdida automaticamente segundo fose a infracción de grave, e isto era respectado por todos. Porque de non ser así, se cadra non xogabas nesa tarde nin o día seguinte, e tamén existía a posibilidade de que che quentasen os fociños se eras teimudo nos teus argumentos. As partidas eran entre os rapaces da mesma zona do pobo ou entre equipos de zona, así estaban os da praza, da costa, do empalme, de Xaviña, ect... Sempre xogabamos os nenos sen as nenas.

Outro xogo que era moi arriscado era gabear polas árbores, ben fosen eucaliptos, pinos ou carballos daba igual. O que me parece increíble agora, porque realmente era un xogo moi arriscado xa que o que era capaz de subir máis alto era o que gañaba, pois alí estabamos nós uns rapaces sen medo as alturas. As árbores estaban ben sinaladas con cravos, supoño que as xeracións anteriores se encargaran de cravar, eu nunca cravei ningún porque non facía falla e ademais estaban ben colocados para que un puidese ir facendo os agarres e apoios necesarios ata chegar a zona das pólas e alí xa non necesitabas de nada, salvo as túas mans, pernas e as túas habilidades coma escalador e unha alta dose de bravura. Porque había que ser bravo para chegar até a copa das árbores. Unha vez que estabas alí debías abanear ben na copa para que tivese máis emoción, o problema era baixar porque algunha póla xogábache unha mala pasada e daquela podías caer ata que te parase outra póla máis grande, nunca xogou a isto ningunha rapaza que eu me lembre.

Xogar ao xoquei, cos coleiros das verzas ou con calquera pau que tivese forma parecida a un “stick” de xoquei. Cos paus e unha pelota de tenis ou calquera bola que fose pequena e non quedaba nada máis que poñer unhas chaquetas ou caixas de froita para facer as porterías e xa estaba a partida montada. Non precisabamos de nada máis, valía calquera lugar que fose un terreo o máis liso posible, este tamén era un xogo de nenos.

No verán cando maduraba o millo adicabámonos a ir ao millo e comelo cando aínda esta leitoso o gran do millo, pero tamén asaltabamos as plantacións, na procura dos grans para ter munición para os tiramillos, eran coma uns tiracroios que se facían coa boca dunha botella de plástico e logo colocábase un globo polo lado do tapón e fixábase con cinta ou esparadrapo, e xa tiñas un tiramillos. Servía para darlle ás dianas ou botes

que nos colocabamos, ou para darnos entre nós mesmos, sempre xogabamos nenos a isto nunca as rapazas.

Tamén se xogaba á cuncha, neste xogo un dos que xogaba escondía a cuncha ou chapa e o resto dos participantes non sabía onde estaba, unha vez que estaba agochada a cuncha daba a orde para que o resto a fose a buscar, mentres os participantes buscaban pola cuncha pola praza ou onde fose a nai ía berrando: "frío, quente". Para ir despistando, se atopabas a cuncha o seguinte que tiñas que facer e ir dando patadas no cu aos demais participantes, se eras un pouco listo non dicías que tiñas a cuncha e cando o menos agardaban os compañeiros comezabas a repartir patadas no cu. As veces as patadas no cu eran verdadeiras agresións, porque as veces collíase a algún compañeiro despistado e a patada podía desprazar ao outro uns metros. Sobre todo os máis fortes e grandes eran moitas veces os que máis forte pegaban aos máis pequenos, a isto nunca xogaban as nenas.

Xa cando era verán estaba a praia, na praia teño o recordo de cando era moi neno e miña nai me levaba nunha cadeira de neno, andando dende buño ata a praia de San Miro. Eu era moi, moi pequeno, e non logro lembrar moito máis. Na praia miña nai aprendeume a nadar, aprendín a nadar no mar igual que aprendeu ela e meu pai, e igual que aprendeu meu irmán. O que si é certo que non fun un neno de xogar moito coas típicas palas de area de tódolos nenos, era máis de andar polas pedras investigando o contorno.

Os xogos variaban en función da praia e do pobo, a pesar de que eran do mesmo concello. En Buño íamos en bicicleta ata a praia de Aviño, debido a que para acceder a praia había moito desnivel na costa, unha muller ben amable, sempre nos deixaba aparcas as bicicletas dentro da súa casa e logo baixabamos por un atallo camiñando, resultaba menos custoso subir andando que na bici. Na praia xogabamos as carreiras ata á auga, carreiras no mar a nado, a saír da auga e rebozarte na area quente e volver á auga, na praia si que xogabamos tanto nenos e nenas todos xuntos. Pero o máis divertido era sempre o máis perigoso, nesta praia na parte dereita ao fondo existe un espazo natural onde as rochas forman pozas. Pois ben alí estaban o pozo da cunca, chamado así porque facía a forma dunha cunca e sendo dunha vila oleira non lle podían por outro nome, este pozo é pouco profundo, con fondo de area e alí podías tirarte ou

nadar un pouco cando eras máis pequeno, o outro pozo era chamando Pozo do Demo chamado así porque alí morrera xa moita xente e por iso o nome, pero ese era o mellor cando estaba a marea chea; tiña a profundidade suficiente para mergullarte de cabeza dende as rochas que estaban ben por riba en altura e reitero isto porque había certa altura, alí era o mellor porque había concurso de saltos de bomba, de pé, de cabeza, os de cabeza eran os máis divertidos e ademais eran os máis espectaculares e tamén onde eu deixaba a boca aberta a tódolos demais. Eu era o máis pequeno de todos tanto en idade coma en corpo sen embargo era o máis áxil e habilidoso, tamén o que mellor nadaba, non digo isto por medrar o meu ego persoal senón porque era recoñecido polos amigos. Esta facilidade que tiña facía que me tirase de cabeza e non salpicase nada e facía unhas entradas na auga moi boas. E así pasabamos a tarde cando a marea o permitía.

A area tamén daba moito xogo, xa que faciamos figuras e despois eran vestidas con algas, e cousas que íamos atopando pola praia e que lle colocabamos, para que quedasen máis vistosas.

Non podía faltar un clásico na praia como xogar ao balón na area, organizábase pequenos partidos ao fútbol na area.

En Malpica era ben diferente a praia e tamén os xogos no mar, xa que alí a meirande por non dicir todo o pobo aprendeu a nadar no porto, cando miña nai era pequena na dársena da lonxa vella e cas sucesivas ampliacións do porto ían variando as zonas de xogo das distintas xeracións.

No porto era algo marabilloso, porque había competicións a tirarse na auga, ou como se di en Malpica a “chuparse” expresión que significa tirarte de cabeza ou saltar dende altura ó mar. Alí pasabas a tarde, tirándote e subindo e sucesivamente ao muro do gas, tanto nenas como nenos. No porto existía unha zona para os máis pequenos. Agora xa non existe debido a última ampliación do porto que acabou cunha das zonas de máis encanto, vistosidade, e vida no verán de todo Malpica, tamén era atractivo para os visitantes xa que alí estaban as máis pequenas e pequenos aprendendo a nadar na rampla do “Piojo”, alí aprendeu case toda a vila a nadar dunha parte ata agora, os rapaces máis pequenos xogaban sen problema na auga e era moi frecuente ver moitos nenos e nenas alí xogando co mar. Moitos dos que non sabían nadar levaban chalecos salvavidas e outros os manguitos de plástico. Nese pequeno espazo xogábase ao nado, á pesca de carlous, que son un tipo de moluscos grandes que antes había en abundancia, dubido

que agora sigan existindo no porto, a pescar xureliños, luras en definitiva o que facían tódolos rapaces da vila.

No porto tamén aprendías a vogar nas chalanas ou botes, dalgún amigo. É unha vila mariñeira e sempre había algún pai, avó, amigo ou coñecido que che deixaba a chalana ou ía unha persoa maior cos máis pequenos para seguridade e aprendías a vogar, para moitos rapaces era xa un primeiro contacto coa súa futura profesión de mariñeiro. No porto non existía moita diferenza entre nenos e nenas xa que os xogos eran de todos, quizais os nenos fosen un pouco máis atrevidos cas rapazas.

Lembro tamén a pequena praia que se deixaba ver cando había baixamar moi grande e entón xogabamos tamén nela ó balón, poucas veces pasaba iso pero aínda me lembro dela. Agora xa non existe foi cuberta por grandes cantidades de bloque para poder construír enriba a nova zona de bancos da dársena.

No porto tamén ías ata a punta das obras e pasábala tarde andando por aqueles cubos de pedra xigantes.

Na praia de Malpica existe un xogo moi común e habitual que aínda se conserva é “ir a vía” consiste en ir na onda co corpo totalmente estendido e coas mans por diante para protexerte, e un vai esvarando sobre o mar até chegar á beira do mar. Este xogo é moi entretido, aínda agora sempre que me baño o fago porque realmente é moi emocionante e sinxelo de facer, non necesitas nada de nada, o único e que haxa ondas e non necesariamente de gran tamaño, para poder xogar, agora canto máis grandes maior dificultade e emoción e moi frecuente ver a grupos de nenos e nenas competindo a ver quen colle máis ondas ou a ver quen chega antes á area. Hoxe en día os nenos empregan o corpo e tamén táboas tipo "bodyboard" en moitas ocasións.

Andar pola pedras ou “ouchear” (palabra local) na procura de pequenos moluscos, por exemplo minchas, lapas, e calquera cousa que se movea, tamén era unha un xogo moi oportuno durante o verán na praia de Malpica. Chimpando de rocha a rocha, de poza en poza, unha actividade que despertaba a curiosidade en cada nova pedra que saltabas, investigando o entorno que non era visible dende a area, un territorio cheo de misterios indiscifrables para un nenos curioso.

Na area algo o que se xoga moi a miúdo é ao balón, tanto para xogar pequenos partidos como para xogar por xogar co balón a dar toques, a isto case sempre xogan os nenos aínda que agora cada vez máis as nenas van incorporándose a este tipo de xogo.

En tódolos xogos había participantes de distintas idades, e nos xogos os maiores eran os que se encargaban de velar polo cumprimento das normas e de impoñer as sancións a aqueles que non as cumprisen, en ocasións as sancións podían levar o castigo físico como elemento de reprimenda para aquelas infraccións graves, ou o mesmo xogo era bruto e salvaxe na súa natureza. Cando xogabamos non tiñamos un profesor que nos explicase os xogos simplemente con mirar e observar detidamente xa chegaba, xa estabas preparado para xogar, imitabas o que vías que facía o resto dos rapaces.

Non é que se tivese que ser un prodixio da natureza para poder xogar a estas cousas, requirían de certa habilidade pero non dunha especialización específica para xogar, iso si canto mellor xogases maior estima social tiñas e maior respecto por parte dos compañeiros, aínda que tamén podías espertar algunha que outra envexa entre os compañeiros de xogo.

Na maioría xogábase ó aire libre sempre en relación co contorno, ben podías xogar nunha praza, pista, nun monte que estivese preto, no porto, na praia en calquera lugar que non fose transitado por coches ou que tivese unhas dimensións moi reducidas que fixeran o xogo imposible.

EDUCACIÓN FÍSICA E XOGO NA ESCOLA.

Algo que sempre lembrarei son as clases de E.F. Na etapa da antiga EXB. As clases basicamente estaban dominadas por un par de contidos: a ximnasia deportiva, algún deporte colectivo convencional e xogos motrices.

A ximnasia deportiva ocupaba unha alta porcentaxe de clases, nestas a maioría do tempo era adicados a saltos de plinto, poldro, saltos con trampolín e posteriormente de “minitramp”, estes chimpos eran combinados con saltos mortais, leóns, carpas... Aprendiamos a dar reviravoltas laterais, rondadas, pinos, e demais acrobacias, todo isto aderezado con abdominais, fondos tiramentos e cousas así. Sempre coa batuta do mando directo con tódalas súas letras. Nada de asignación de tarefas, descubrimento guiado ou ensinanza recíproca a pedagogía moderna aínda non calara no profesorado máis tradicional, e cun nivel de esixencia importante, lembro que cando había avaliación as probas eran do tipo test, o dos abdominais era o máis duro. Durante un minuto tiñas que realizar un mínimo 30 abdominais para superar a proba e cousas así tiñas que facer para superar o exame.

Outro contido eran os deportes colectivos onde tampouco é que se dedicase moito tempo, e o que se facía era dividir a clase e mentres as nenas xogaban ao brilé ou algunha cousa así os nenos xogabamos ó fútbol sala, baloncesto, agás o voleibol que xogabamos en moitas ocasións por equipos mixtos.

Os xogos motrices tamén eran importantes durante as clases de E.X.B pero en poucas ocasións eran de tipo popular. Eran xogos de carreiras e de moito salto, tipo o can e o gato, tamén o salto á corda toda a clase, dous encargábanse de dar ritmo e unha fila situada detrás de calquera dos compañeiros e sucesivamente os nenos e nenas ían saltando, podían ser varios saltos consecutivos ou non, e tamén podía incrementar o número de saltadores á vez, e en ocasións cantabamos algunha canción como acompañamento ao xogo. Non me lembro de ningunha das cancións que se cantaban nas clases.

Coa corda tamén xogabamos a soga-tira, que consistía en facer dous equipos colocar dous panos atados á corda cunha distancia equidistante entre ambos e despois facer unha marca non chan e o equipo que máis forte tiraba da corda acababa gañando o reto. Xogabamos tamén ao pano, consistía en facer dous equipos e a cada membro asignábaselle un número, cada vez que o compañeiro que sostiña o pano berraba un número debían saír correndo aqueles que tivesen ese número, levar o pano o seu campo e así eliminaban a un dos rivais. Non empregabamos ningún tipo de sistema de puntuación nin nada polo estilo, sinxelamente eras eliminado cando fracasabas no obxectivo do xogo.

Ao brilé xogabamos moito, tanto nenas coma nenos.

Lémbrome que había unha época do ano, non podo indicar en que momento exacto, na que pasabamos moita parte das clases xogando ás carreiras de relevos. Eran moi divertidas e normalmente sempre estaba no equipo gañador. Como formaba parte dos contidos da clase a isto participaba toda a clase sen distinción de sexos.

Sempre xogabamos no patio do recreo que era unha pista de cemento nos primeiros anos de escola, despois pintárona e foron ampliándoa.

Do que si me acordo, era daquel día da festa do neno ou algo así, nese día facíanse xogos populares, coma as carreiras de sacos, de carretillas, as carreiras ca culler cun ovo

no extremo, a rá, sogá-tira, a petanca. Pero soamente duraba unha mañá nunca era desenvolvido coma un contido das clases reais de E.F.

Outra etapa dentro do colexio foi cando estaba en B.U.P. Tiñamos un profesor máis dialogante, un profesor que viña das primeiras fornadas do INEF de Bastiagueiro e que tiña un estilo pedagóxico máis relaxado. O que pasaba que os contidos baseábanse nos deportes colectivos principalmente e non faciamos moitas cousas relacionadas cos xogos populares, ou polo menos non lembro que os xogos populares se traballasen durante B.U.P. .

Xa cando comecei os estudos universitarios na licenciatura de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, decateime que dentro deste campo temos unha formación orientada moi orientada ao rendemento deportivo e a saúde, quizais sexa consecuencia da súa pouca formación pedagóxica ou porque moitos profesores procedían ou estaban ligados ao deporte de elite. Non sabería explicar unha razón pero sempre pensando no sentido competitivo da educación, sen ter moito en conta a necesidade dunha visión distinta da licenciatura e no xeito de enfocar as materias, desde o meu punto de vista.

Dentro da licenciatura existía unha materia cuadrimestral adicada en exclusiva aos xogos populares e foi cursando a mesma onde realmente me chamou a atención tódolos xogos que existían e tamén o divertidos que eran e o ben que o pasabamos aínda de mozos. Realmente nestas clases a pesar da esixencia máxima do profesor, gardo moi bo recordo. Eran unhas clases moi dinámicas e divertidas aínda que nalgúns momentos semellasen un caos, tamén unha cousa ben curiosa das clases eran as tarefas que tiñamos que facer en ocasións levar un implemento construído por nos mesmos coma billas, chapas, outras veces era organizar as estacións, ect. Cousas que non se facían noutras materias, xa que iso ou quedaba baixo o control do profesor na maioría dos casos.

O aspecto social era tamén moi relevante xa que tódolos compañeiros e compañeiras creabamos unha complicidade dentro do grupo, na clase. Existía un ambiente de solidariedade, de intercambio continuo de impresións e cultural, xa que non todos eramos galegos. Había compañeiras e compañeiros doutras comunidades e países

que facía desta materia algo especial. Algo que non existía en ningunha outra, nin nos deportes, nin na outra materia relacionada cos xogos motores, e xa non digamos coas materias de teoría pura e dura. Non podo comprender como unha materia con tanto éxito dentro da carreira sexa apartada dos plans de estudo, a sensibilidade dentro do INEF de Bastiagueiro polo patrimonio lúdico galego brilla pola súa ausencia na actualidade.

1. 4. GUIÓNS ENTREVISTAS

1. 4. 1. MODELO DE ENTREVISTAS PARA AS NATIVAS/OS

- ***Bloque de preguntas introductorias.***

- 1.- Onde e cando naciches?
- 2.- Viviches sempre no mesmo concello (Malpica)?
- 3.- Cal foi ou é a túa profesión?
- 4.- Que é o que máis recordas da escola?

- ***Bloque de preguntas sobre o xogo e a escola***

- 5.- Acórdaste de xogos da escola?
- 6.- O mestre deixaba tempo de clase para que xogades, ou so podíades xogar no recreo?
- 7.- Cando xogabades no tempo libre ou no recreo que xogos practicabas? ¿Fóra da escola xogabades aos mesmos xogos ou había máis catálogo de xogos?
- 8.- Había xogos que tivesen algunha relación cos traballos daqueles tempos?
- 9.- Quen vos ensinaba os xogos? Ti ensinacheslle algún ós rapaces, fillos ou netos?
- 10.- Como se transmitían eses xogos?¿Como aprendías eses xogos?
- 11.- Que xogos eran os máis coñecidos ou practicados na escola?
- 12.- Había xogos so de nenos e nenas?¿Erades todos das mesmas idades?

- ***Bloque sobre características dos xogos***

- 13.- Cales eran os sitios onde xogabades e porque o facíades alí?
- 14.- Seguen existindo algún deses lugares? Se responde negativo¿Porque pensas que se perderon?
- 15.- Que tipo de materiais utilizabades para xogar? ¿ Porque empregabades eses materiais?
- 16.- Podíanse cambiar as regras dos xogos en función das necesidades do momento?¿Se había algún trampulleiro? ¿Cando alguén non sabía ben as normas que pasaba?
- 17.- Eran competitivos os xogos?
- 18.- Eran difíciles de xogar?
- 19.- Había xogos de tempada, inverno, verán colleitas ect?

- ***Bloque opinións persoais***

- 20.- Que significaba para ti o xogo cando eras neno ou mociño?
- 21.- Cales eran os que máis che gustaban?
- 22.- Pensas que estes xogos os coñecen os rapaces de agora?
- 23.- Crees que se ensinan ós máis pequenos?
- 24.- Pensas que os rapaces teñen as mesmas oportunidades para xogar que as xeracións de antes?
- 25.- Que poden aportar os xogos populares á sociedade?
- 26.- Pensas que se garante a transmisión e conservación dos xogos na escola?¿Debería ser un contido obrigatorio na escola?
- 27.- Cal é a túa experiencia cos xogos populares no ámbito educativo?
- 28.- Que fas ti para fomentar estes xogos populares?

1. 4. 2. MODELO DE ENTREVISTAS PARA OS DOCENTES ESCOLAS

- ***Preguntas introductorias***

- 1.-Cal é o teu nome?
- 2.-Onde naciches?
- 3.-Cal é a túa profesión? E cal é a túa especialidade?
- 4.-Cantos anos levas exercendo? E canto tempo levas traballando no concello de Malpica?
- 5.-Porque te adicaches á Educación Física?

- ***Preguntas de vivencias persoais e características dos seus xogos populares .***

- 6.- Cando eras neno practicaches algún xogo popular? (en caso afirmativo) Cales?
- 7.-Onde xogabas máis na rúa o na escola? Porque?
- 8.-O mestre deixaba tempo de clase para que xogades, ou so podíades xogar no recreo?
- 9.-Cando non estabades na clase ¿A que xogabades na escola? ¿Fóra da escola xogabades aos mesmos xogos ou había máis xogos?
- 10.-Había xogos que tivesen algunha relación cos traballos daqueles tempos?
- 11.-Quen vos ensinaba os xogos? ¿Ti ensinácheslle despois algún xogo aos rapaces, fillos ou netos?
- 12.-Como se transmitían eses xogos? Como aprendías eses xogos? Que xogos eran os máis coñecidos ou practicados na escola, e na rúa?
- 13.-Había xogos so de nenos e nenas? Porque pensas que existía esa segregación? Erades todos das mesmas idades?
- 14.-Cales eran os sitios onde xogabades e porque o facíades alí?
- 15.-Que tipo de materiais utilizabades para xogar? ¿Porque empregabades eses materiais?
- 16.-Eran competitivos os xogos?
- 17.-Eran difíciles de xogar?
- 18.- Había xogos de tempada, inverno, verán colleitas, etc.?
- 19.-Na escola lembrás que tiveses algunha actividade nas aulas relacionadas cos xogos populares? (en caso afirmativo) Dentro de que asignatura, ou eran actividades puntuais tipo festas escolares?
- 20.-Que é o que máis lembrás deses xogos?

- ***O xogo popular na actualidade no contexto do concello de Malpica.***

- 21.-Dende a túa posición como mestre/profesor podes dicirme a que xogan os rapaces e rapazas de Malpica (actualidade)?
- 22.-En xeral crees que os rapaces teñen facilidade para poder xogar (motores)? Cales crees que son as razóns?
- 23.-Creces que os rapaces e rapazas de agora tñen as mesmas oportunidades de xogar que os das xeracións anteriores? (Aclarar, espazo, tempo....)
- 24.-En que lugares da vila soen xogar os rapaces e rapazas?Cales son os espazos empregados polos rapaces e rapazas para xogar?
- 25.-Creces que xogan máis os rapaces e rapazas da vila, na escola, rúa, ou na casa?
- 26.-Que tipo de materiais empregan as rapazas e rapaces de para xogar?
- 27.-Consideras que a competitividade é unha parte importante dos xogos que practican os rapaces e rapazas?
- 28.-As vías de transmisión dos xogos na actualidade son as mesmas que as de xeracións anteriores? Porqué?
- 29.-Existe unha separación-diferenciación espontánea por sexos nos xogos de hoxe en día?
- 30.-Seguen a ter a mesma importancia a nivel de relación social e afectiva estes xogos en comparación cos xogos da túa época?
- 31.-Pensas que existe un fenómeno de substitución dos xogos de carácter espontáneo por outro tipo de actividades no seu tempo de lecer tanto dentro do centro educativo como nas súas casas? Porqué e cales?
- 32.-Consideras as novas prácticas de lecer dos rapaces e rapazas como xogos populares? (surf, skate, bici)
- 33.-Creces que comparten algunha característica os xogos que practican os rapaces e rapazas na actualidade cos que practicabas ti?
- 34.-Creces que o concello presta a atención necesaria aos xogos dos rapaces e rapazas?
- 35.-Pensas que as políticas locais educativas e deportivas do concello crean espazos e iniciativas suficientes para que os rapaces poidan xogar libremente?

- *Preguntas relacionadas co ámbito profesional e os xogos populares-tradicionais e práctica educativa nos centros escolares do Concello de Malpica.*

- 36.-Que entendes por xogo popular-tradicional? Poderías nombrar algunha característica que consideres relevante.
- 37.-Cales cres que son os xogos que se convertiron en tradicionais?
- 38.-Consideras que os xogos populares-tradicionais deben ser un contido cunha discriminación positiva en relación con outros contidos da EF? Porque?
- 39.-Despertan interese nos rapaces estes xogos populares-tradicionais?
- 40.-Pensas que ensinado exclusivamente os xogos populares-tradicionais na escola se garante a súa conservación e difusión? Que farías ti para a súa mellor divulgación e coñecemento?
- 41.-Dentro da túa formación académica tiveches algún tipo de formación específica en relación ao contido dos xogos populares-tradicionais? Sería positivo recibir algún tipo de formación específica?
- 42.-Na túa programación anual hai algún contido relacionado cos xogos populares-tradicionais? (en caso afirmativo) Describe en que consiste. (en caso negativo) Porque?
- 43.-Cales son os valores que tentas inculcar no desenvolvemento deste contido? Cal é a razón?
- 44.-Desenvolvedes xunto con outras áreas temáticas do colexio algunha proposta interdisciplinar para os alumnos que teña o xogo popular-tradicional como elemento central?
- 45.-Como valoras o nivel de coñecemento e relevancia que lle outorgan os profesores doutras áreas ao contido dos xogos populares-tradicionais? Sobre todo aqueles que teñen este contido dentro do currículo oficial da súa área? (Língua galega, Coñecemento do Medio, Expresión artística)
- 46.-Cales son os xogos populares-tradicionais que máis practican no centro educativo e porque pensas que son eses? e cales son os xogos populares de maior aceptación e participación nas túas clases? Poderías explicar as razóns.
- 47.-Cales son os espazos onde desenvolven os xogos populares-tradicionais? (dentro do centro educativo)
- 48.-Tendes programada algunha actividade fóra do centro educativo que vaia dirixida a práctica dos xogos populares-tradicionais? (en caso afirmativo) En que lugares? (En caso negativo) Poderías explicarme cales son os motivos?
- 49.-Que materiais empregades para os xogos populares-tradicionais?
- 50.-Realizan os nenos e nenas espontáneamente unha separación por sexos dentro dos xogos populares? Que estratexias empregas para influir nestas situacións?

51.-As relacións socio-afectivas que se producen no desenvolvemento dos xogos populares como as definirías? E en comparación cos deportes convencionais?

52.-Pensas que a través dos xogos populares-tradicionais se poden desenvolver as capacidades e habilidades motrices? Na mesma medida que os deportes convencionais?

53.-Cando empregas os xogos populares-tradicionais nas túas sesións manifestan os rapaces e rapazas unha competitividade maior, igual ou menor que nos deportes convencionais?

54.-Consideras que os xogos populares-tradicionais son un contido suficientemente coñecido polos teus alumnos?

55.-Recibes ou solicitades por parte da administración educativa autonómica e local algún tipo de apoio para a divulgación e promoción dos xogos populares-tradicionais dentro do centro educativo? De que tipo? É suficiente?

56.-Cantos dos xogos deste listado que che presento coñeces e cantos deles son ensinados aos nenos e nenas?

57.-Que estilo de ensinanza empregas para que os rapaces e rapazas aprendan e descubran os xogos populares-tradicionais?

58.-Cando desenvolvedes os xogos populares contades con algún tipo de axuda dos pais ou avós para transmitirllos aos rapaces?

1. 4. 3. MODELO ENTREVISTAS DOCENTES CONCELLO

- *Preguntas introductorias*

1.-Cal é o teu nome?

2.-Onde naciches?

3.-Cal é a túa profesión? E cal é a túa especialidade?

4.-Cantos anos levas exercendo? E canto tempo levas traballando no concello de Malpica? Posto que desenvolves dentro do concello? Dás clases?

5.-Porqué te adicaches á Educación Física?

- *Preguntas de vivencias persoais e xogos populares-tradicionais*

- 6.-Cando eras neno practicaches algún xogo popular? (en caso afirmativo) Cales?
- 7.- Onde xogabas máis na rúa o na escola? Porque?
- 8.-O mestre deixaba tempo de clase para que xogades, ou so podiades xogar no recreo?
- 9.-Cando non estabades na clase, A que xogabades na escola? Fóra da escola xogabades aos mesmos xogos ou había máis xogos?
- 10.-Había xogos que tivesen algunha relación cos traballos daqueles tempos?
- 11.-Quen vos ensinaba os xogos? Ti ensinacheslle despois algún xogo aos rapaces, fillos ou netos?
- 12.-Como se transmitían eses xogos?Como aprendías eses xogos? Que xogos eran os máis coñecidos ou practicados na escola, e na rúa?
- 13.-Había xogos so de nenos e nenas? Porque pensas que existía esa segregación? Erades todos das mesmas idades?
- 14.-Cales eran os sitios onde xogabades e porque o faciades alí?
- 15.-Que tipo de materiais utilizabades para xogar? Porque empregabades eses materiais?
- 16.-Eran competitivos os xogos?
- 17.-Eran difíciles de xogar?
- 18.-Había xogos de tempada, inverno, verán colleitas ect?
- 19.-Na escola lembrás que tiveses algunha actividade nas aulas relacionadas cos xogos populares? (en caso afirmativo) Dentro de que asignatura, ou eran actividades puntuais tipo festas.

- ***O xogo popular na actualidade no contexto do concello de Malpica.***

- 20.-Dende a túa posición como mestre/profesor podes dicirme a que xogan os rapaces e rapazas de Malpica (actualidade)?
- 21.- En xeral crees que os rapaces teñen facilidade para poder xogar (motores)? Cales crees que son as razóns?
- 22.-Creas que os rapaces e rapazas de agora tñen as mesmas oportunidades de xogar que os das xeracións anteriores? (Aclarar, espazo, tempo....)
- 23.-En que lugares da vila soen xogar os rapaces e rapazas?Cales son os espazos empregados polos rapaces e rapazas para xogar?
- 24.-Creas que xogan máis os rapaces e rapazas da vila, na escola, rúa, ou na casa?

- 25.-Que tipo de materiais empregan as rapazas e rapaces para xogar?
- 26.-Consideras que a competitividade é unha parte importante dos xogos que practican os rapaces e rapazas?
- 27.-As vías de transmisión dos xogos na actualidade son as mesmas que as de xeracións anteriores? Porqué?
- 28.-Existe unha separación-diferenciación espontánea por sexos nos xogos de hoxe en día?
- 29.-Seguen a ter a mesma importancia a nivel de relación social e afectiva estes xogos en comparación cos xogos da túa época?
- 30.-Pensas que existe un fenómeno de substitución dos xogos de carácter espontáneo por outro tipo de actividades no seu tempo de lecer tanto dentro do centro educativo como nas súas casas? Porqué e cales?
- 31.-Consideras as novas prácticas de lecer dos rapaces e rapazas como xogos populares? (surf, skate, bici)
- 32.-Crees que comparten algunha característica os xogos que practican os rapaces e rapazas na actualidade cos que practicabas ti?
- 33.-Crees que o concello presta a atención necesaria aos xogos dos rapaces e rapazas?
- 34.-Pensas que as políticas locais educativas e deportivas do concello crean espazos e iniciativas suficientes para que os rapaces poidan xogar libremente?
- 35.-Que tipo de estratexia, proposta ou actividade que non está contemplada dentro do programa de actividades do concello sería viable para facilitar e mellorar as condicións para o desenvolvemento do xogo por parte dos rapaces e rapazas?

• *Preguntas relacionadas co ámbito profesional e os xogos populares-tradicionais e práctica educativa do Concello de Malpica.*

- 36.-Que entendes por xogo popular-tradicional? Poderías nombrar algunha característica que consideres relevante.
- 37.-Cales cres que son os xogos que se convertiron en tradicionais?
- 38.-Consideras que os xogos populares-tradicionais deben ser un contido cunha discriminación positiva en relación con outros contidos da EF? Porque?
- 39.-Espertan interese nos rapaces os xogos populares-tradicionais?

- 40.-Pensas que ensinado exclusivamente os xogos populares-tradicionais na escola se garante a súa conservación e difusión? Que farías ti para a súa mellor divulgación e coñecemento?
- 41.-Dentro da túa formación académica tiveches algún tipo de formación específica en relación ao contido dos xogos populares-tradicionais? Sería positivo recibir algún tipo de formación específica?
- 42.-Cales son os valores que tentas inculcar no desenvolvemento deste contido? Cal é a razón?
- 43.-Cales son os xogos populares-tradicionais que máis practican os nenos e nenas do concello?
- 44.-Cales son os espazos onde desenvolven os xogos populares-tradicionais? (dentro do centro educativo)
- 45.-Que materiais empregades para os xogos populares-tradicionais?
- 46.-As relacións socio-afectivas que se producen no desenvolvemento dos xogos populares como as definirías? E en comparación cos deportes convencionais?
- 47.-Pensas que a través dos xogos populares-tradicionais se poden desenvolver as capacidades e habilidades motrices? Na mesma medida que os deportes convencionais?
- 48.-Cando empregas os xogos populares-tradicionais nas túas sesións manifestan os rapaces e rapazas unha competitividade maior, igual ou menor que nos deportes convencionais?
- 49.-Consideras que os xogos populares-tradicionais son un contido suficientemente coñecido polos nenos e nenas que asisten ás actividades do concello?
- 50.-Recibes ou solicitades por parte da administración educativa autonómica e local algún tipo de apoio para a divulgación e promoción dos xogos populares dentro do centro educativo? De que tipo? É suficiente?
- 51.-Que estilo de ensinanza empregas para que os rapaces e rapazas aprendan e descubran os xogos populares-tradicionais?
- 52.-Cando desenvolvedes os xogos populares-tradicionais contades con algún tipo de axuda dos pais ou avós para transmitirllos aos rapaces?

ANÁLISE FILMACIÓNS

APÉNDICE 2. ANÁLISE FILMACIÓNS

2. 1. ANÁLISE VÍDEOS ESCOLA

2. 1. 1 CENTRO EDUCATIVO A

- ***VÍDEO PROFESORES RECREO 1. Duración: 5,11 minutos.***

O primeiro que se ve é que un profesor toma o rol de responsable do material, mentres os demais compañeiros van recollendo material e organizándose polas zonas que teñen asignadas. Rinse co feito de que teñan que apuntar no caderno e porque están sendo gravados en vídeo. Así algúns docentes preguntan por algún xogo e polo material que deben coller e se teñen que facer tódalas estacións.

Outros docentes, xa se poñen a xogar á corda, un dos profesores que estaba no material comeza a xogar á corda tamén. Proban distintas modalidades, saltando e pasando, saltando o maior número de persoas á vez, pasando por baixo sen saltar, con cantigas e sen elas, ademais van rotando á hora de dar corda. Algunha das profesoras comeza a cantar en castelán e unha compañeira pregúntalle se non coñece ningunha en galego, mentres dous profesores saltan no medio.

Outros mestres están recollendo material e tentando de descubrir posibles erros ou detalles para mellorar. Unha profesora decátase de que o tiro de corda non corresponde coa zona na que estaba. Tamén se decatan de que faltan os sacos para poder xogar e non os atopan porque aínda os teñen que traer e lavar.

Tamén se gravan os taboleiros de cores que indican a zona e conteñen toda a información relativa aos xogos.

- ***VÍDEO PROFESORES RECREO 2. Duración: 3,08 minutos.***

Neste clip vese como dúas profesoras están xogando nun corredor do patio cuberto. Elas

están xogando ás chapas, nesa zona hai varios circuítos pintados no chan para que as crianzas poidan xogar. Durante a partida de chapas, as profesoras dialogan sobre as regras e como se deben ir pasando as estacións do circuítos. Unha delas pregunta se pode pasar varias de golpe saíndose do circuítos. A compañeira explícalle que debe seguir o camiño aínda que pode pasar varias dunha vez se vai por dentro dos límites do campo de xogo. Hai unha compañeira que observa e tamén explica o mesmo e ao mesmo tempo dille como xogar e anima as compañeiras cando lanzan.

Os mestres falan de cando un xogador cae no cárcere que debe estar unha quenda sen tirar, se cae no pozo dúas quendas, se cae nas areas movedizas tres quendas e se cae na morte o xogador debe comezar de novo o circuítos. De novo o debate céntrase no tema de saltar varias estacións dun lanzamento. Decátanse que pola propia dinámica do xogo no momento que traten de pasar varias estacións nun lanzamento, sairán máis veces fóra do circuítos polo que non lles compensará e deberán seguir polo camiño. Unha das compañeiras non está de acordo con iso e manifesta que se cae dentro porque non o van a poder facer e que se cae perdes. A outra compañeira argumenta que iso non sería moi lóxico porque tirar ao chou.

Recollen as buxainas e póñense a bailalas o que pasa que se decatan que non se pode facer un círculo porque o chan é de cemento e baldosa tipo de beirarrúa. Unha profesora explica que a buxaina é de bailar na terra e non nesta superficie. Tamén se fai unha observación por parte do investigador, xa que lle explica a unha profesora como debería lanzar para que baile a buxaina.

- ***VÍDEO PROFESORES RECREO 3. Duración: 1,03 minutos.***

Observamos como as mestras envolver a buxaina para logo lanzala. Falan do grosor da corda que é incómoda para lanzar, proban a lanzar varias veces e non poden bailar a buxaina ningunha vez. Trocan as buxainas entre elas para ver se é máis cómodo cunhas que con outras.

Unha das profesoras indícalles ás compañeiras que teñen que rematar para ir probas outro xogo. Ao que outra lle manifesta a súa negativa a sentarse no chan e que prefere quedar coas buxainas, a compañeira dille que soamente é probar que non fai falla

sentarse.

- **VÍDEO PROFESORES RECREO 4. Duración: 2,38 minutos.**

Un grupo de profesoras e profesores están xogando aos pelouros. Xorde unha discusión pola maneira de xogar. Unha recrimínalle á outra que deixa botar a pelota para coller os pelouros é que así é máis fácil. A outra dille que ela xogaba así na infancia é que a ela dáballle igual como xogase a compañeira que cada un tiña unha forma distinta de xogar e que ela en Andalucía xogaba así e que non se metese na súa vida. Un dos profesores ironiza coa discusión e ameázalles con retirarlle o xogo se continúa a polémica. Logo seguen as mesmas compañeiras a falar de como se xoga e como recollen os pelouros (“tabas”), na primeira recollen unha na segunda dúas e así sucesivamente ata collelas todas. Outra compañeira pregunta se xogan con segundas voltas aos pelouros e explícalles que ela de nena xogaba cos pelouros pequenos da praia.

Os profesores están gozando e están moi metidos no xogo e na súa dinámica. Outro grupo xoga a dar voltas coa bola no nocello. Unha profesora comeza a facelo e resto comeza a animala para que continúe, outras compañeiras téntano con máis ou menos éxito.

- **VÍDEO PROFESORES RECREO 5. Duración: 1,40 minutos.**

Neste clip varias mestras van a xogar a zorregadora. Unha delas explica o funcionamento do xogo , ante as preguntas das compañeiras de como deben xogar. Aparece un compañeiro que engade que se deben dar tres voltas escapando antes de poder sentarse no sitio libre. Comezan a facer unha demostración, unha das mestras ponse a cantar indicando que lle vai tocar ao máis malote. Neste caso é o mestre que está xogando con elas. A mestra fai a entrega e comeza a correr fuxindo do mestre entre as súas propias risas e as das compañeiras, no final xa el fai unha pequena trampa e cóllea, ante os berros e a risas dela protestando polas trampas feitas por el. O resto das compañeiras están a rirse.

- **VÍDEO PROFESORES RECREO 6. Duración:1,17 minutos.**

Neste clip obsérvase como un grupo de mestras e un mestre xogan á petanca. O xogo transcorre tranquilamente ata que unha compañeira golpea a bola pequena e teñen que poñela outra vez. Un compañeiro entre risas, dille que a esa non lle pode dar e ela dille que é máis de birlos.

Unha das compañeiras dilles que non están xogando correctamente porque a petanca é un xogo de lanzar e que a bola debe quedar chantada no chan. O compañeiro explícalle que nesa superficie non é posible facelo dese xeito é que teñen que adaptarse ao terreo que lles toca. Outra compañeira dille con moita retranca que se deben ler as normas antes de xogar e outra dille que non hai terra para facelo como di ela.

Recollen a petanca entre varios e pasan a outra cousa.

- ***VÍDEO PROFESORES RECREO 7. Duración: 1,31 minutos.***

No clip hai varios profesoras e un profesor subidos nos zancos de corda. Hai unhas risas vendo aos compañeiras e compañeiras como camiñan sen caer ao chan. Unha das que participa pregunta se pode empurrar a alguén. Algunha di que os que lle parecen difíciles son os zancos de madeira, outra compañeira pregunta se non hai uns zancos de madeira. Outro dille que non se van empregar por iso non se sacan. Deixan os zancos e recollen para ir a xogar a outra cousa.

- ***VÍDEO PROFESORES RECREO 8. Duración: 7, 11 minutos.***

Obsérvase como están xogando ao tres en raia con nove pezas, nun taboleiro debuxado no chan, este ten tres cadrados de xogo, aumentando as probabilidades de liberdade de movemento. Unha profesora di que ela así non sabe xogar. Unha compañeira dille que podes poñer as pezas libremente onde ti queiras. Comezan a xogar e comezan as primeiras discusións polas xogadas xa que hai ocasións nas que as diagonais non se poden comer liñas se fas tres en raia. Comeza unha acalorado debate para dilucidar cales son as diagonais adecuadas para facer tres en raia. Uns din que deben ser as liñas verticais, horizontais e diagonais sen que se poidan saltar liñas e outros din que debe ser doutro xeito. Finalmente chegan ao acordo de que serán as que fagan diagonais, horizontais e verticais.

Seguen a xogar e comezan a facer combinacións coas pezas, pero como van facendo xogadas e soprando fichas as xogadas comezan a ser máis complexas. Unha das profesoras di que parece que están xogando todos contra ela, outra compañeira respóndelle que están probando tódalas posibilidades. Seguen xogando e volven a aparecer dúbidas sobre o movemento das pezas cando están tódalas pezas no taboleiro. Unha di que ten ganas de ver tódalas pezas no taboleiro para ver como se xoga. Aclaran que os movementos das pezas deben ser continuos. Seguen xogando entre todos, porque todos opinan sobre a xogadas a facer. Unha profesora di que para os nenos isto vai ser moi complicado de xogar. Neste intre o investigador presente na escena di que este é un bo xogo para os maiores, non para os de Educación Infantil pero si para os de cuarto de Primaria en diante. Unha das que xoga di que porque non ten todas as fichas colocadas no taboleiro e volve ter dúbidas sobre como mover logo as pezas. Explicanlle que deben ser continuos. Ten dúbidas de como ten que seguir a xogada, cando non teña fichas novas por poñer no taboleiro e por onde as pode mover. Acláranlle como facelo e segue a partida. Unha das mestras fai unha graza dicindo que con ela no patio non van xogar ao tres en raia.

Continúa a partida e dialogan sobre as xogadas que van saíndo. A partida ponse nun punto que as xogadas son máis decisivas. Un profesor dos que xogan chega ao punto que se ve gañador da partida e indícalle á rival que ten a xogada estudada dende fai un bo anaco. Unha das compañeiras dille que iso non vale que é porque é o profesor de EF, facendo risa. Nese intre o investigador fai unha intervención no xogo para explicarlle á xogadora que pode salvar a situación con outro movemento. A mesma mestra di que non vale que é porque tamén é de EF. A isto o investigador responde argumentado que é unha cuestión de lóxica non de EF, en ton de risa. Seguen xogando e dialogan sobre como deberán anotar as puntuacións os nenos. Se o deben facer en cadernos ou se poderán mentalmente. Deben deixar de xogar para ir comer.

- ***ANÁLISE VÍDEOS RECREOS MALPICA***

DÍA 1

- ***VÍDEO RECREO 1. Duración: 1,23 minutos.***

Na saída ao recreo as rapazas e rapaces comezan a facer fila en cada unha das zonas que teñen asignadas por grupo e día. Deste xeito vanse organizando filas en cada unha das cores que hai no patio. Os alumnos de 5º son os encargados de recoller o material no almacén e despois repartilo cos seus compañeiros de escola. Para iso levan un rexistro nun caderno e anotan que material se recolle e quen o colle.

No momento de facelas filas de espera ocorre o típico de tódalas filas, un rapaz que se quere colar outro que se mete co que ten ao lado, outros que están impacientes por recoller o material. Isto sucede en tódalas filas que se forman. Pouco a pouco cada rapaza e rapaz van recollendo o material que solicitan na mesa de reparto e os responsables anotan no caderno os materiais que prestan e a quen llos prestan.

- ***VÍDEO RECREO 2. Duración: 1,18 minutos.***

Neste clip obsérvase como se realiza o proceso de entrega do material nunha mesa. Os maiores anotan no caderno quen colle o material e que material toma para ir xogar. Por cada mesa hai dous encargadas ou encargados que se van rotando en función do día da semana, estes teñen compañeiras e compañeiros suplentes que no caso de que houbera algunha baixa encargaríanse de substituílos.

- ***VÍDEO RECREO 3. Duración: 1,49 minutos.***

Neste vídeo vese como na parte do dereita do patio cuberto, hai nenas e nenos que están xogando cos zancos de corda, algúns camiñan outros corren, dialogan cos zancos postos.

Tamén se pode ver a unha parella mixta como xogan no chan ao tres en raia que teñen pintado para iso.

Nun recuncho do patio cuberto outro grupo de nenas e nenos xogan á zorregadora, que consiste en facer un círculo e entregar unha especie de testemuña a un dos compañeiros por parte doutro compañeiro que está dando voltas polas costas do resto dos participantes. Unha vez que o deposita este comeza a correr e o que ten a testemuña trata de pillar ao outro compañeiro e este debe alcanzar o sitio libre con éxito.

Con este xogo hai un gran barullo e participación por parte das nenas e nenos que están xogando a iso, hai moitos berros de emoción e apoio ás compañeiras e compañeiros.

- **VÍDEO RECREO 4. Duración: 1,02.**

Obsérvase como unha nena e un neno xogan ás tres en raia nun taboleiro pintado no chan. Un dos participantes fai tres en raia, mentres outras nenas e nenos observan como descorre a partida e fan algunha observación aos participantes.

Nun pequeno corredor que hai no patio unhas nenas e un nenos xogan a percorrer un verme que está debuxado no chan, van dando pequenas zancadas en cada unha das partes do corpo do verme. Un dos nenos fai o percorrido en zancos de corda. Nun recuncho do patio seguen a xogar á zorregadora, os berros de apoio aos compañeiros son constantes neste xogo por parte do grupo que está xogando.

- **VÍDEO RECREO. Duración: 0,47 segundos.**

Neste clip o que se recolle esta a suceder na parte descuberta do patio, onde hai unha pequena zona asfaltada cunhas canastras e uns campos de baloncesto debuxados. Nesta zona hai por unha banda un numeroso grupo de nenos xogando un rebumbio de fútbol cunha portería improvisada. Son moitos e xogan ocupando unha gran parte do espazo. Ao seu lado hai outro grupo, neste caso de nenas que xogan ao brilé formando dous equipos.

- **VÍDEO RECREO 6. Duración: 0,15**

Este vídeo é descartado xa que non se ve nada.

- **VÍDEO RECREO 7. Duración: 2,35 minutos.**

Agora a acción transcorre nun pequeno recuncho, moi pequeno. Insuficiente para poder xogar con comodidade. Están xogando a meter unha bola atada cunha corda no furoco dun funil. Hai certo diálogo entres as participantes por como debe ser a

técnica a empregar para facelo con éxito. Hai outros que xogan con aros a bailalo nas cadeiras o maior tempo posible. Tamén xogan á petanca nun reducido espazo. Unha das mestras está presente nesta zona e axuda ás nenas e nenos a xogar cos distintos materiais.

- ***VÍDEO RECREO 8. Duración:-***

Este vídeo queda descartado xa que non se pode ver nada na imaxe por problemas de contraste de luz.

- ***VÍDEO RECREO 9. Duración:1,51 minutos.***

Vese como xogan un grupo de nenas e un neno ao brilé. Semellan ser dun dos cursos dos maiores. A partida descorre con gran tensión xa que por un equipo hai poucos participantes por ser tocados coa pelota, que neste caso é de goma-espuma.

Na outra parte do patio están xogando un rebumbio de fútbol.

- ***VÍDEO RECREO 10. Duración: 1,10 minutos.***

No clip apreciase como noutra pequena zona do patio hai unhas nenas xogando á buxaina, con máis ou menos acerto á hora de bailar a mesma.

- ***VÍDEO RECREO 11. Duración: 1,14.***

Neste clip vese como varios nenos e nenas xogan cos zancos camiñando polos debuxos dos circuítos das chapas e van dun lado a outro.

- ***VÍDEO RECREO 12. Duración: 1,28 minutos.***

Neste clip escoitase o son da serea que indica o fin do recreo, que ten unha duración de 20 minutos aproximadamente. As rapazas e rapaces comezan a correr dun lado a outro, cruzándose entre eles, tropezando para chegar á mesa correspondente onde teñen que devolver o material antes de subir a clase. Mentres os encargados recollen en orde todo

o material.

DÍA 2

- ***VÍDEO RECREO 13. Duración: 2,21 minutos.***

Na saída ao patio, obsérvase como as nenas e nenos se dirixen cara as mesas habilitadas nas distintas zonas do patio para a entrega e recollida do material. Algúns deles consultan no taboleiro grande a zona que teñen asignada para ese día.

Vese como unhas nenas e un neno comezan a xogar ás catro esquinas cuns piares que hai no patio cuberto. Como ninguén se move para cambiar de esquina unha das nenas berra: “hai lume!” E todos se moven ao escoitar a palabra, así o que panda ten máis posibilidades de poder roubar unha posición. Aínda que ás catro esquinas deberían xogar 5 están xogando algún máis.

No resto do clip vese como os responsables do material recollen do almacén o mesmo e comezan a repartilo co resto das nenas e nenos do colexio. Obsérvase unha gran responsabilidade e implicación polos nenos á hora de facer esta tarefa, tanto polos que anotan como polos que recollen o material xa que agardan pacientemente a que se lles entregue.

- ***VÍDEO RECREO 14. Duración: 1,28 minutos.***

No clip vese como un neno anota no caderno a un compañeiro que toma material.

Por outra banda na parte central do patio cuberto un grupo de nenas comeza a xogar á corda. Van saltando ata que unha se enreda na mesma e daquela comezan de novo, van rotando á hora de darlle á corda cada vez que iso sucede. Non cantan ningunha canción.

- ***VÍDEO RECREO 15. Duración: 1,34 minutos.***

No vídeo vese como nenas e nenos xogan mantendo o equilibrio nos zancos e van camiñando dun lado a outro. Nun corredor do patio cuberto no que se atopan debuxos de circuitos pintados no chan hai un par de nenos xogando á chapas, baixo a mirada doutros compañeiros. Resulta curioso ver que ningún dos que xoga é quen de facelo percorrido ben e teñen que comezar unha e outra vez. As nenas e nenos que xogan cos

zancos pasan ao seu lado pero sen molestalos o máis mínimo.

Mentres na zona non cuberta un gran tumulto de nenas e nenos están a dialogar sobre o tema da elaboración dos equipos.

- ***VÍDEO RECREO 16. Duración: 1,43 minutos.***

Neste vídeo recóllese unha escena interesante. Porque unha das mestras realiza unha intervención no xeito que teñen as nenas e nenos que están xogando ao brilé. No vídeo anterior víase como dialogaban para facelos equipos, pois agora xa os teñen feitos pero o problema é que fixeron equipos segregados, é dicir nenas nun lado e nenos no outro. A mestra intervén e indícalles que volvan a facer equipos de novo. De novo se volven a reunir e comezan a discutir sobre como facelos equipos. Para facelos dúas nenas comezan a escoller aos compañeiros que se sitúan en fila e comezan a facelo co “pito, pito, gorgorito”.

- ***VÍDEO RECREO 17. Duración: 2,15 minutos.***

No clip vese como unhas nenas e nenos xogan nun pequeno recuncho. Uns xogan a metela bola no funil, outras xogan co aro a darlle voltas polo nocello o maior tempo posible. Tamén obsérvase a dous nenos facendo trasnadas cos birlos, no canto de xogar con eles están tirándollos á compañeira que é a responsable do material, é curioso que soamente son nenos os que están a facer trasnadas.

No patio exterior un grupo de nenas e nenos xogan un rebumbio de fútbol, cunha improvisada portería.

- ***VÍDEO RECREO 18. Duración: 0,47 segundos.***

Na imaxe obsérvase como unhas nenas xogan ás catro esquinas de xeito moi animado, dialogan entre elas sobre como debe ser a orde do xogo, tamén participan nenos en varias quendas, berran: “LUME” para que o xogo sexa máis dinámico e exista unha maior rotación nos piares.

De súpeto chega un neno dos que estaban xogando ao brilé, para queixarse sobre unha acción do xogo a unha mestra que está de garda no recreo. A mestra trata de explicarlle a situación e tranquilizalo.

- ***VÍDEO RECREO 19. Duración: 3,14 minutos.***

No clip vese como un grupo de nenas e nenos xogan á “zorregadora” nun recuncho do patio cuberto . Os protagonistas van rotando cada vez que o obxecto e depositado nas costas dun compañeiro. Tamén nesta ocasión o xogo é acompañado por unha cantiga que entoan mentres o que está ca testemuña pensa a quen lla vai entregar para que o persiga logo. Despois as nenas e nenos animan con berros de pulo aos compañeiros, ben para que escape ou ben para que pille.

- ***VÍDEO RECREO 20. Duración: 2,04 minutos.***

Obsérvase como dous grupos diferentes xogan ao brilé. Nun deles o número de participantes é maior e as discusións e diálogos entre eles son frecuentes, en ocasións pola orde de lanzamentos, outras para ver a quen se lle lanza, todo cousas deste tipo. Mentres no outro xogan dun xeito máis fluído e sen ningún tipo de interrupción ou discusión que os distraia do propio xogo. Na outra zona do patio cuberto vense a nenos xogando cos zancos dun lado a outro.

- ***VÍDEO RECREO 21. Duración: 0,43 segundos.***

Neste clip vese como unha nena xoga á corda individual, logo únese a unha compañeira e as dúas comezan a dar saltos á vez. Nas catro esquinas agora unha mestra participa do xogo coas nenas e nenos que están xogando a iso. Vese como seguen xogando á zorregadora, e outros nenos seguen cos zancos dun lado a outro do patio. Tamén hai un grupo de nenas reunidas nunha das mesas de recollida de material que dialogan tranquilamente, algunhas non participan de ningunha actividade e outras si que van e veñen aos xogos.

- ***VÍDEO RECREO 22. Duración: 1,55 minutos.***

Neste vídeo volve a verse como xogan ao brilé no patio exterior, e comezan discutir e recriminarse entre eles algunhas accións do xogo. De novo volve a ter que intervir unha

mestra, que me comenta que o que máis lle custa aos rapaces é ter que resolver os conflitos entre eles e admitir outras opinións. Ten que acudir de novo a tranquilizar os ánimos en especial dun neno que é algo máis competitivo ca o resto dos compañeiros. Soa a serea que indica o fin do recreo.

- **VÍDEO RECREO 23. Duración: 0,50 segundos.**

No vídeo obsérvase como os nenos devolven o material que lles foi prestado para xogar e as responsables de tomar nota e recollelo fan de xeito moi rigoroso e axeitado. Anotan no caderno se o devolve todo e táchano da lista.

DÍA 3

- **VÍDEO RECREO 24. Duración: 3,00 minutos.**

Compróbase como moitas nenas e nenos acoden a taboleiro grande para ver que zona teñen asignada neste día. Seguidamente os responsables de hoxe do material comezan a dispoñer o mesmo para que os compañeiros o recollan. Hai certa impaciencia por algún neno para comezar a xogar e recoller o material.

Un grupo de nenas e uns rapaces comezan a xogar á corda na zona central do patio cuberto, chegan a conseguir ter unha gran nº de participantes saltando ao mesmo tempo. Os nenos son os que lle dan á corda.

- **VÍDEO RECREO 25. Duración: 0,25 segundos.**

Neste vídeo ves como un grupo de rapaces xogan un partido de fútbol no patio. Mentres outros compañeiros aínda están recollendo material e o grupo da corda segue saltando á corda.

- **VÍDEO RECREO 26. Duración: 2,04.**

Compróbase como as nenas e nenos recollen material para xogar. Neste caso a zona de xogos é moi reducida e practicamente as nenas e nenos non collen dentro da zona. Un

dos responsables da entrega do material participa activamente en ordenar unha ringleira para que lancen as pezas a unha rá xigante na que teñen que meter as pezas. Moitas nenas e nenos collen unha especie de lazo cunha bola nun extremo, este semella unha bola estilo carcerario antigo. As nenas e nenos meten o pé no aro e despois teñen que facer que a bola dea voltas arredor do pé de apoio saltando a pata coxa.

Hai demasiados nenos para tan pouco espazo.

- ***VÍDEO RECREO 27. Duración: 2,01 minutos.***

No patio exterior obsérvase como un grupo de nenos xogan ao brilé, un deles é tocado e pasa ao lado dos sancionados e comeza a xogada de novo. No patio cuberto un gran grupo de nenas e algún neno continúan a xogar á corda. Tamén hai algunha nena que xoga á corda de xeito individual. Outro grupo de nenas e nenos están xogando ao pano no espazo que hai entre piares no patio cuberto.

Tamén algún dos responsables do material está a facer algunha trasnada co material sobrante, de feito un mestre achégase a un deles para facerlle algunha observación ao respecto.

- ***VÍDEO RECREO 28. Duración: 0,59 segundos.***

Na escena aparecen un grupo de nenas e un neno xogando ao pano, hai berros e emoción por perder ou gañar, algunha que recrimina por non dicir o seu nº.

Obsérvase tamén a unha nena xogando á corda individual e tamén se pode ver un gran grupo xogando á corda colectivamente. Algúns responsables do tratan de xogar a pasarse unha pelota pero un deles evítalo xa que se pon a molestar aos outros compañeiros roubándolles a pelota e non deixándoos tranquilos.

- ***VÍDEO RECREO 29. Duración: 1,02 minutos.***

Obsérvase como un grupo de nenas xogan á zorregadora, nun recuncho do patio. As nenas cantan unha canción e teñen os ollos pechados mentres a cantan. A que panda entrega nas costas dunha compañeira a testemuña e comezan a correr unha detrás da outra, ata que a que escapa se senta nun sitio libre.

- **VÍDEO RECREO 30. Duración: 0,49 segundos.**

Neste clip hai nun grupo de nenas e un neno que están xogando ao pano. Hai moita tensión xa que se celebran os puntos coma grandes vitorias. No clip da tempo a que se produzan varias quendas de números, aínda que a que di os números se trabuca nunha ocasión.

- **VÍDEO RECREO 31. Duración: 0,35 segundos.**

Agora o grupo que xogaba á corda varía a forma de xogar, os participantes deben ir saltando de un en un sucesivamente, no momento que un tropeza coa corda, pasa a darlle á mesma. Neste momento soamente participan nenas mentres hai varios nenos que observan con detalle.

- **VÍDEO RECREO 32. Duración: 3,04 minutos.**

Vese neste clip como nenas e nenos xogan nun recuncho do patio, a bailar o aro nas cadeiras, meter a bola no funil, bailar a bola atada ao nocello a pata coxa. Os que participan destes xogos, nalgunha ocasión chaman a atención dalgunha compañeira ou compañeiro para ensinarlles como están a facer, as veces para explicar como se fai e outras para demostrar o ben que o fan. Algunhas nenas tamén xogan entrelazando os aros facendo un pequeno arco.

Outro par de nenos xogan aos birlos no mesmo espazo, isto provoca que non teñan espazo para poder lanzar con algo de distancia. Aclarar que a zona é demasiado reducida para a cantidade de nenos que hai, pero aínda así eles son capaces xogar. As nenas maiores permanecen na mesa observando e controlando o uso do material e que todo discorra en orde. Anotan os que toman o material, os que o devolven sen ter ningún tipo de problema.

- **VÍDEO RECREO 33. Duración: 0,47 segundos.**

No clip compróbase como un grupo de nenas xogan á corda no espazo central do patio cuberto, pasando todas as participantes polo medio dando un salto e saíndo velozmente. Tamén se ve que hai nenas que xogan á corda individualmente, un par de rapazas organizan unha carreira entre elas dando brincos coa corda. Dan a saída nun extremo do patio ata o outro. Outras compañeiras saltan variando os pasos de salto.

- ***VÍDEO RECREO 34. Duración: 1,03 minutos.***

No patio exterior vese a un grupo de nenos que xogan ao brilé. Un dos nenos é golpeado pola pelota e pasa á zona de brilados. Non se está a xogar cumprindo coas normas, cada un que colle a pelota atravesa os campos para lanzarlle a pelota ao compañeiro que lle apetece, o xogo comeza a ser algo persoal entre uns poucos participantes mentres o resto observa. Chega a producirse unha pequena agresión por parte dun neno a outro por ver quen tiña a posesión da pelota. Vai dexenerando a calidade do xogo pouco a pouco.

- ***VÍDEO RECREO 35. Duración: 4,10 minutos.***

Un grupo de nenos está xogando ao pano nun corredor central do patio cuberto. Algúns dos que xogan móstranse impacientes por xogar correctamente e discuten coa nena que berra os números. Un neno móstrase moi alterado e contrariado coa situación, fai xestos e berra ostensiblemente. Un mestre comeza a xogar con eles. No momento que comeza a xogar con eles volven a numerarse no seu equipo. A nena que canta os números comeza de novo e xa no primeiro número que di hai unha confusión nun equipo e saen dous. Isto provoca unha situación de tensión no equipo, en especial nun neno que chega a perder o control e berra queixándose reiteradamente. O mestre intermedia un pouco e semella que se calmaron os ánimos, pero non é así. O equipo cun menos volve a numerarse. Cantan outro número e de novo o mesmo equipo ten problemas no momento de saber quen sae e acaban perdendo o punto. Isto provoca unha reacción esaxerada do neno que comeza a recriminarlle á compañeira que non saíse no seu número. Bérrolle de tal xeito que o mestre ten que intervir para dicirlle ao neno que se tranquilice e que non berre deste modo. Continúan xogando cos problemas típicos de poñelos números. Hai despistes por parte dalgún neno que se trabuca nas saídas e sae cando non debe. O neno volve a berrarlle a compañeira porque non sae no seu número e de novo o mestre ten que intervir para numeralos e que non se produzan máis conflitos neste punto. Seguen a

xogar na mesma liña baixo a supervisión do mestre.

- **VÍDEO 36. Duración: 0,35 segundos.**

Uns nenos no patio exterior xogan un rebumbio cunha portería improvisada por unha pequena caseta que fai neste caso de meta.

Vese a un grupo de nenos xogando nos balancíns do patio exterior.

Soa a serea e remata do recreo.

- **VÍDEO 37. Duración: 0,36 segundos.**

Vese como os responsables do material recollen de xeito ordenado tódalas cousas, axudándose entre si e cooperando para gardar o material e volver ás aulas o antes posible.

- **VIDEO RECREO 38. Duración: 0,16 segundos.**

No clip recóllese a saída das nenas e nenos ao patio no tempo do recreo.

- **VÍDEO RECREO 39. Duración: 4,58 minutos.**

Seguen a saír as nenas e nenos ao recreo, algúns consultan no taboleiro grande que zona lles toca e outros para saber se lles toca coidar do material.

Os responsables do material van ao almacén recoller o mesmo e van para a mesa que teñen asignada, todos colaboran para colocar o material e facelo reparto entre os outras nenas e nenos da escola. Vanse formando ringleiras e de xeito ordenado van repartindo o material.

Xa distribuídos os materiais un grupo de nenas comeza a xogar ao pano no corredor central do patio pequeno, na zona onde están as mariolas debuxadas, coma sempre hai certa polémica na saída dos números porque algunha nena se trabuca e saen dúas no mesmo número pero transcorre de xeito normal o xogo, cos típicos diálogos entre compañeiras pola orde de saída, numeración, etc.

Hai nenas que colleron algunha corda individual e andan brincando polo patio. Outro gran grupo anda cuns zancos de cordas dun lado a outro do patio cuberto. Unha parella, unha nena e un neno, xogan no chan nun taboleiro de tres en raia, máis tarde máis compañeiras e compañeiros únense para ver como xogan e facer algunha observación.

- **VÍDEO RECREO 40. Duración: 3,29 minutos.**

Seguen a xogar ao pano o mesmo grupo de nenas, manteñen os mesmos diálogos e negociacións entre elas para asignar os números, enfádanse porque algunha trabúcase cando sae cando non toca. Tamén hai unha gran actividade por parte das rapazas e rapaces que teñen os zancos andan dun lado a outro do patio, facendo carreiras entre eles ou sinxelamente andando polo patio.

Outros nenos botan algunha carreira entre eles, xogan a collerse uns a outros por todo o patio.

Hai varias nenas xogando coa corda individualmente. Unha nena que ten unha corda comeza a brincar e outra nena únese a ela e saltan á corda ao mesmo tempo cunha corda pequena, así o fan moitas nenas que xogan a saltar coa mesma corda, con máis ou menos éxito. Outras brincan coa corda seguindo os cadrados da mariola Nun recuncho do patio cuberto hai un grupo de nenos xogando á corda colectivamente. Van rotando á hora de darlle á corda. Cando saltan hai un neno que salta e xira sobre si mesmo tratando de manterse no medio saltando o maior número de brincos posibles.

Hai un grupo de nenos que está a xogar á pita cega, un dos maiores tócalle pandar e está sendo acosado polos máis pequenos que tratan de facerlle o maior número de trasnadas. Os responsables do material seguen nos seus postos asumindo a responsabilidade do material.

- **VÍDEO RECREO 41. Duración: 1,59 minutos.**

No día de hoxe a climatoloxía é adversa por esta razón están tódalas nenas e nenos no

patio cuberto. Séguese a ver os mesmos xogos no recreo.

Nenas con corda, unha variante que están realizando dúas nenas que dan corda coma se fosen a saltar en grupo e logo unha delas métese dentro a brincar ao mesmo tempo que da corda e logo coordinan o salto. Outras saltan nos cadros da mariola e vanse retando unhas a outras. No recuncho hai un grupo de nenas e nenos que xogan á corda colectivamente.

Outro grupo de nenas e nenos xogan á pilla entre eles, correndo por todo o patio. Hai uns nenos que xogan facendo carreiras de zancos e van dun extremo ao outro do patio correndo para ver quen gaña. As nenas que xogaban ao pano seguen xogando e negociando cada pouco para seguir xogando. Outros nenos recollen e entregan material nas mesas correspondentes.

- ***VÍDEO RECREO 42. Duración: 5,24 minutos.***

Na zona verde a máis pequena do patio hai varias nenas e nenos xogando cos funís a metela bola dentro, outras nenas xogan co aro a saltalo á pata coxa, e outros cunha bola enganchada ao pé fan o mesmo. Na zona grande do patio cuberto segue a actividade frenética. Nun recanto do patio xogan nenas e nenos á corda, neste grupo existen grandes diferenzas e discusións, a partires do minuto 2, 04 pódese comprobar como dúas nenas se enfrontan unha á outra, unha chega a empurrar á compañeira pra que se aparte do medio onde están xogando, e a que é empurrada recrimínalle a súa acción, namentres as compañeiras e compañeiros están parados observando atentamente, a nena que empurrou discute con outro neno acaloradamente. Logo dun pequeno intre sen brincar volven a brincar. Dous nenos comezan a molestar e saltar polo medio da corda e son recriminados por varias nenas chaga a tal punto que ten debe intervir unha nena maior para calmar os ánimos e os rapaces desisten na súa conduta e marchan.

Ao lado están un grupo de nenas xogando á mariola e ao seu lado hai unhas nenas xogando á corda sobre os debuxos da mariola e saltando á pata coxa. Un neno xoga a saltar coa corda de xeito individual. Detrás delas hai outro grupo de nenas que xogan ao pano. Outros rapaces andan a camiñar e correr sobre os zancos de cordas. Nun lado do patio están uns nenos recollendo o material que estaba empregando, neste caso son uns pelouros de plástico e unha pequena pelotiña.

- **VÍDEO RECREO 43. Duración: 4,50 minutos.**

No patio vese como a actividade non continúa nas distintas zonas do patio.

Nenas que fan carreiras de cordas polo patio, outras que saltan nas mariolas e outras que o fan individualmente. No recuncho seguen a xogar á corda colectivamente e con certa dificultade para organizarse.

Na parte central na zona das mariolas hai un grupo de nenas e nenos xogando á goma. Mentres ao seu carón outras nenas xogan á mariola sen problemas.

Outros nenos xogan a lanzar o balón contra un cadro que ten número e fan reconto da puntuación. Segue habendo carreiras de zancos dun lado a outro do patio.

Outro gran grupo de nenas e nenos xogan á pilla cun balón tentando coller a aquel que ten o balón, neste están participando nenas e nenos de maior idade.

Outras nenas e nenos recollen material. Soa a serea do patio e todos comezan a devolver o material antes de retornar á clase.

DÍA 5

- **VÍDEO RECREO 44. Duración: 1,48.**

Neste día o xogo é libre, poden facer o que lles preste, as nenas e nenos non teñen ningunha tarefa relacionada co material e tampouco teñen zona de xogos asignada coma nos outros días. Obsérvase como saen ao patio e un gran número de rapaces comezan a xogar un partido de fútbol. Algunhas nenas e nenos baixan con bolsas de caramelos e andan a pasear, falar mentres comen as lambonadas.

Outros xogan a pandalas e corren uns detrás doutros, unha nena dálle unhas patadas no cu a un compañeiro a modo de broma. Un dos rapaces que está nun grupo de rapazas e rapaces corre detrás dunha nena agarrándoa do pelo. Hai distintos grupos de nenas e nenos espallados polo patio, pero a maioría deles están a falar sen facer nada en concreto. Unha das mestras comenta que neste día pouco van a xogar ao que xogan pola semana porque o fútbol tira moito.

- ***VÍDEO RECREO 45. Duración: 2,10 minutos.***

No patio hai un grupo de rapaces que están organizando un partidoño de fútbol, ao mesmo tempo no patio cuberto unhas nenas xogan á corda, son catro nenas concretamente e xogan a saltala corda e pasar sen tocala. Teñen unha pequena discusión entre elas e unha das que salta repite o salto, aínda que unha nena das que dá corda non debe estar moi conforme porque no seguinte intento dálle con moita forza á corda. Volven a repetir e a intensidade da corda diminúe un pouco pero non demasiado, está claro que as que dan corda queren que tropece coa corda. Outro grupo de nenos está xogando a pandalas e tamén existe algunha polémica porque unha nena queixase de como foi agarrada á hora de ser collida e empurra ao neno que a pillou. Na entrada ao centro atópase o director rodeado de nenas coas que dialoga tranquilamente.

- ***VÍDEO RECREO 46. Duración: 0,28 segundos.***

Nun lado do patio unhas nenas e uns nenos xogan un pequeno partidoño de fútbol sala e no outro extremo hai outro grupo maior e composto unicamente por nenos xogando ao fútbol.

- ***VÍDEO RECREO 47. Duración: 0,47 segundos.***

As nenas que estaban xogando á corda seguen a xogar. Teñen algunha discusión xa que lle dan moi forte á corda e a que salta resúltalle imposible brincar sen tropezar coa corda no corpo, malia que llo recrimina a unha delas, as nenas que dan corda seguen na súa teima de darlle moita forza á corda e conseguen que a compañeira vaia correndo ao director a dar unha queixa.

- ***VÍDEO RECREO 48. Duración: 0,58 segundos.***

As nenas e nenos continúan a xogar ao fútbol no patio exterior. Na outra zona do patio algúns rapaces xogan a pandalas correndo uns detrás dos outros. A gran maioría pasea en grupos e falando das súas cousas, mentres van comendo en moitos casos unha bolsa

de larpeiradas.

- **VÍDEO RECREO 49. Duración: 1 minuto.**

As nenas e nenos continúan a facelo mesmo uns xogan ao fútbol, outros grupos camiñan en grupos falando e degustando as larpeiradas e outros van dun lado a outro correndo xogando a pandalas.

- **VÍDEO RECREO 50. Duración: 1,23 minutos.**

Grupos de nenas e nenos xogan a pandalas dun lado a outro do patio cuberto. Nun caso escápaselle das mans e comezan a fuxir cara os baños e algún dálle patadas á porta pra poder entrar e coller ao compañeiro. Outras nenas e nenos falan tranquilamente, mentres comen nas lambonadas. No patio non cuberto os dous grupos seguen a xogar ao fútbol sen máis problemas.

- **VÍDEO RECREO 51. Duración: 0,44 segundos.**

Unhas nenas xogan a saltar nas celas da mariola pero sen pedra, soamente tratan de facer ben os pasos de salto nos cadrados debuxados.

O resto manteñen a mesma conduta, correndo nalgúns casos, falando noutros e xogando ao fútbol no patio exterior, os nenos.

2. 1. 2. CENTRO EDUCATIVO B

DÍA 1

- **VÍDEO ESCOLA B 1. Duración: 3, 44 minutos.**

Neste vídeo os alumnos van a un corredor do edificio principal e atenden como a mestra introduce o tema dos xogos populares cunha pequena charla na que vai explicando os materiais que ten no caixón. Explica que o material é cedido pola Xunta en concreto pola Fundación Deporte Galego.

A mestra pregunta se coñecen a chave e explica cal é a da zona de Santiago, a de Ourense e a ferrolá. Algúns dos rapaces xa coñecen un tipo de chave, pero descoñecen as outras chaves e preguntan como se xoga coas outras. A profesora explica o funcionamento das chaves resolvendo tódalas dúbidas das nenas e nenos, mentres lles intercala preguntas durante as aclaracións, sobre como se lanzan os “pellos”, e como se xoga cos distintos tipos de chave. Continúa explicando e agora saca os aros e móstralle como se xoga co eles. Un neno comenta que seu pai ten un aro tamén e que o ten na casa.

A mestra segue a clase repartindo os materiais entre as nenas e nenos. Colle as buxainas para entregarlles ás nenas e nenos. Indícalles que van ir xogar ao patio exterior. Nel hai un pequeno terreo con herba e un par de canchas pavimentadas e un corredor exterior. Os nenos reaccionan de xeito moi positivo ao saber que van ir fóra a facela clase.

- **VÍDEO ESCOLA B 2. Duración: 1 minuto.**

No vídeo vese como a mestra comeza a organizar a clase. Mentres tamén se gravan todas as mariolas que teñen debuxadas nunha zona do patio exterior.

- **VÍDEO ESCOLAS B 3. Duración: 4,31 minutos.**

Obsérvase como a mestra explica como xogar cos bailaretes ou “perinolas”. Ela mesma distribúe ás nenas e nenos por zonas, en cada unha delas levan un material distinto. Os escolares cos aros van con ela e outros compañeiros quedan xogando cos bailaretes. Comezan a xogar un grupo de catro, contan ata catro e fan xirar os bailaretes ata que soamente quede un bailando, así varias veces, algún neno xa celebra que gaña algunha quenda.

Outro neno colle unha buxaina, pero non sabe como facelo. Nese intre o investigador participa co neno explicándolle como debe atar a buxaina para facela bailar, logo de explicarlle como se ata a buxaina realiza unha demostración lanzando a buxaina e facéndoa bailar á primeira. Seguidamente pregunta ás nenas e nenos se precisan axuda para que lles explique como se ata a buxaina. O investigador explícalles

que primeiro se debe atar polo perucho, pasar a corda ao longo da barriga da buxaina e despois atala no ferrón e ir en sentido ascendente e logo deixar algo de corda para suxeitar nos dedos para poder lanzar a buxaina. Os escolares están moi atentos durante a explicación e despois póñense a practicar pola súa conta, con maior ou menor habilidade.

O resto das rapazas e rapaces están a xogar co aro coa supervisión da mestra, algúns xa case bailan o aro e outros non atinan a facelo correr, non saben enganchar correctamente o aro para que despois sexa máis fácil correr co aro. Algúns alumnos son axudados pola mestra, ela demóstralles como se fai. O resto segue tentando bailar as buxainas con pouco éxito.

- ***VÍDEO ESCOLAS B 4. Duración: 1,47 minutos.***

No clip obsérvase como xogan ao aro varias nenas e nenos. Mentres o resto xoga coas buxainas. Neste clip vese como o investigador axuda a unha nena explicándolle como debe suxeitar o aro coa guía, indícalle que debe andar primeiro ela e logo o aro. O investigador anima a unha nena que o fai ben e pídelle que lle ensine ao resto das compañeiras e compañeiros como fai. Un neno non ten claro como suxeitar o aro coa guía e o investigador acode a axudarlle, para explicarlle como debe suxeitar por detrás o aro e coa guía ben colocada nel e comezar a andar primeiro que o aro, para que este non se desequilibre e caia. O resto das nenas e nenos seguen experimentado co aro. Hai algunha nena que o fai bastante ben para ser a primeira vez que o colle nas súas mans.

- ***VÍDEO ESCOLA B 5. Duración: 13,49.***

No vídeo vese como xa hai algún neno que logra ir co aro guiado durante bastante tempo. A mestra indica que vai haber un troco de estacións e de xogos. Os rapaces corren para situarse na zona onde se dirixe a mestra. Na zona da mariolas coloca a chave de Santiago e explica como se debe lanzar á chave, os rapaces interrompen o discurso da mestra e ela ten que parar e chamar a atención a algún dos nenos. Logo pasa á zona da herba para explicarlles a chave ourensá. Os nenos están algo impacientes por comezar.

A mestra fixo os equipos non lle deixou marxe para que as nenas e nenos se organizasen. Comezan a xogar nas dúas zonas ás distintas chaves, algúns con maior éxito que outros, pero o xogo descorre con normalidade. Agás os problemas que xorden á hora de recoller os pellos e efectuar os lanzamentos, salvo eses pequenos problemas no momento de organizarse para lanzar e respectar a orde de lanzamento o xogo transcorre nas dúas zonas con normalidade e cun ambiente distendido por parte dos rapaces. A mestra fai algunha observación sobre como debe lanzar, indícalles que non vale lanzar e que toque o chan antes que a chave. Tamén o investigador anima ás nenas e nenos cando logran tirar a chave ou facer que xire. O grupo que está na herba é un pouco máis nervioso ca o outro e fan algo máis de barullo á hora de xogar pero en xeral manteñen un comportamento bo.

Logo duns minutos a mestra decide poñer a chave ferrolá para xogar. Os nenos comezan a lanzar dende moi preto a profesora decátase e dilles que teñen situarse un pouco máis para atrás. As nenas e nenos seguen xogando ás chaves sen incidencias, salvo que algún compañeiro lanza cando outro está recollendo os pellos. De feito o investigador advírtelles que iso non o poden facer porque lle poden facer dano ao compañeiro.

Na zona da herba os lanzamentos non se fan de xeito moi técnico, máis ben lanzan ao chou. A mestra decátase diso e chámalles a atención. Hai algún problema e a mestra decide intervir e separa a un dos rapaces do xogo.

Seguidamente manda cambiar aos grupos de xogo, a clase vai a golpe de mando directo. Seguen xogando ás chaves sen maiores problemas, agás que non lanzan cunha boa técnica en moitas ocasións e a mestra corrixe como facelo mediante indicacións.

Os nenos organizan as súas quendas e pouco a pouco tódalas nenas e nenos van tirando con maior ou menor acerto á hora de atinar coas chaves. Algún neno presume do seu acerto e que no seu lanzamento a chave dou moitas voltas outro di que o seu lanzamento tamén dou moitas, pero máis alá diso as nenas e nenos xogan tranquilamente.

Logo de varios minutos xogando a clase finaliza e deixan o material para outra clase.

- **VÍDEO ESCOLA B 6. Duración: 24, 57 minutos.**

Neste vídeo aparecen xa outras nenas e nenos que asisten a clase de EF. A mestra trae unha gran corda e tamén un pano para xogar con eles. Fai unha breve explicación sobre

o que vai a ser a clase explicándolle a que se vai a xogar nos vindeiros minutos. A profesora dirixe ao grupo cara a cancha de baloncesto fai dous equipos para que xoguen ao pano. Un dos grupos non ten moi claro como numerarse e o investigador achégase a eles para facer un círculo coas nenas e nenos e que se numeren de xeito adecuado.

Comezan a xogar, a profesora é a encargada de ir cantando os números. Aparecen as primeiras infraccións xa que algunhas nenas ou a maioría non saben o regulamento ben e a mestra para as accións e explícalles como facelo correctamente, por exemplo cando saen números trabucados, se pasan as liñas do campo dun lado a outro, como se puntúa neste caso porque xogan a dar puntos non a eliminar aos participantes. Logo duns minutos a mestra indícalles que agora debe levar dous números por xogador. Seguen xogando sen problema, os nenos disfrutan e berran de ledicia cando un compañeiro consegue un `punto para o equipo.

Logo de case 10 minutos xogando ao pano a mestra decide parar e cambiar de xogos. Organiza os grupos como ela cre pertinente e a uns mándaos a unha zona do patio a xogar á chave e outro grupo quedan xogando na cancha de baloncesto cos bailaretes. A profesora explícalles como deben xogar con eles. O grupo de nenas que se queda xogando cos bailaretes divídese entres parellas e comezan a xogar.

Por outra banda na zona da chave o grupo comeza a xogar sen problema, a mestra acode a preguntarlles se saben xogar e indicarlle que garden a orde para lanzar e que tomen algo máis de distancia para lanzar á chave. As nenas que xogan cos bailaretes non teñen ningún problema para xogar con eles e de feito semellas que se aburren un pouco porque miran insistentemente aos compañeiros que están na chave xogando.

O investigador tamén fai correccións e explícalles ás nenas e nenos que xogan á chave a técnica de lanzamento, permanece con eles vendo como xogan e axudando cando o precisan os cativos, fai algunha observación e nada máis. De novo a mestra indica o cambio de zona de xogos para os rapaces, así uns pasan a xogar á chave e os outros ao bailaretes. O que se observa no cambio é que na zona da chave os lanzamentos van fluídos e non hai ningún tipo de problema, agás que fallan bastante e non son capaces de atinar e facer chave. As nenas xogan sen problemas. Dialogan entre elas e avisan á lanzadora se pasa a liña de lanzamento, ta mén celebran como éxito colectivo cando unha nena lanza e fai que a chave dea voltas. A mestra nesta ocasión

está co grupo dos bailaretes explicándolles como se xoga, no vídeo non se aprecia pero está ocorrendo igualmente.

De novo a mestra ordena o cambio de xogo, agora comezan a xogar ao tiro de corda. As nenas que son maioría neste grupo, soamente hai un neno na clase. Móstranse moi animadas e con moita ilusión por poder xogar ao tiro de corda. A mestra pídelles que lle dean os pellos e despois xa os grupos de antes xa son os equipos que van a tirar de cada lado. A mestra explícalles como teñen que facer e que liña deben superar co pano que divide a corda. Comezan a tirar e a mestra decátase de que os equipos están un pouco desequilibrados e decide cambiar a unhas nenas de equipos. Seguen xogando e a verdade que se observa que o pasan moi ben con este xogo. As nenas do equipo que gañan a disputa celebran os puntos con moito entusiasmo. Logo duns minutos a mestra remata a clase e comeza a indicarlle a cada unha das nenas que material deben recoller e levar para dentro, as nenas unha por unha van collendo o material especificado pola profesora recólleno e van para o almacén e cara o caixón para devolver o material.

- **VÍDEO ESCOLA B 7. Duración: 3,33 minutos.**

No vídeo vese como a mestra reúne ao grupo nun corredor do colexio para entregarlles o material que hai no caixón. As nenas e nenos móstranse impacientes por recoller material e todos queren colaborar levando algún tipo de material. Recollen as claves, aros, buxainas, bailaretes, cordas, etc. Tódalas nenas e nenos levan algún material baixo a súa responsabilidade. Unha vez que todos teñen o material, as nenas e nenos comezan a facer barullo entón chega a mestra e antes de que saian ao patio dilles que garden silencio, inmediatamente fican en silencio.

- **VÍDEO ESCOLA B 8. Duración: 40 minutos.**

As nenas e nenos reúnen en torno á profesora para deixar o material. El indícalles que van xogar ao pano e comeza a facelos equipos. As nenas e nenos non mostran ningunha obxección, antes de comezar a xogar, mándalles que se reúnan para colocar os números a cada membro do equipo. A un grupo lévalle máis tempo que a outro, nese momento o investigador achégase a ese grupo para axudarlles a resolver esas dúbidas, non quedan claras e debe achegarse a profesora para aclarar algunha cousa máis. Antes de que

comece a partida, o investigador realiza unha observación no xeito que deben de xogar. Intres máis tarde a profesora explícalle de novo tódalas regras e como se debe xogar. Primeiro número e duelo e prodúcese o primeiro ferido por caída. Un participante tropeza ao ser tocado polo neno que o perseguía, despois de queixarse un pouco aséntase do xogo por pouco tempo, nese tempo o investigador ocupa o seu lugar, ata que chega outro neno e este cédelle o lugar. As nenas e nenos están moi animados co xogo, animan aos compañeiros e celebran os puntos do equipo con moita expresividade e alegría, a mestra tamén se ri coas rapazas e rapaces.. Algunha nena e neno trabúcanse pero sen maiores incidencias.

Logo de case 13 minutos xogando ao pano a mestra indica que se cambia de actividade. Reúneos de novo e comeza a explicarlles que é o seguinte que van a facer. Hai un gran barullo antes de que a mestra comece a explicar en que vai consistir as seguintes actividades. Un grupo vai comezar xogando cos bailaretos e coas buxainas, nese intre o investigador axuda explicándolle aos nenos como se ata a buxaina e logo como se lanza para que baile. As outras nenas e nenos xogan por parellas cos bailaretos, retándose para ver quen fai bailar durante máis tempo os mesmos. A mestra colle ao outro grupo divídeo e ponos a xogar a uns á mariola e a outros ponos a xogar á chave. Mentres o investigador continúa axudando a bailar buxainas, pero minutos máis tarde diríxese á zona da mariola para explicarlles ás nenas e nenos como se xogan realizando unha demostración. As nenas e nenos continúan xogando e eles mesmos dialogan e razoan sobre o regulamento que deben cumprir nunha ocasión diríxense ao investigador para preguntar se poden facer algunha cousa. O grupo que está xogando á chave non ten problemas de ningún tipo. A mestra ordena o cambio de xogo e de zona. Os que chegan á mariola son preguntados para ver se saben xogar ou non, responden afirmativamente e comeza a xogar unha nena que o fai cunha grande destreza, logo outra nena tamén o tenta e así sucesivamente van probando tódalas nenas e nenos. Na chave seguen lanzando sen problemas e a mestra está presente para explicarlles como facelo correctamente.

Logo o outro grupo que está agora xogando cos bailaretos forman un círculo e todos se poñen a xogar con eles agás un neno que quere aprender a bailar a buxaina. O investigador acode de novo a explicar como se debe atala buxaina para bailala. Son nenas e nenos pequenos que lles custa bastante poder facer bailar a buxaina. A mestra

tamén acode a ver como xogan e quitar algunha fotografía. O resto do grupo xoga cos bailaretes e dialogan entre eles.

A mestra manda de novo parar a actividade que se recollan os materiais e explica que se vai xogar ao tiro de corda. A mestra e un neno estiran a corda mentres o resto agarda sentados nunha repisa. Comeza a facer os equipos para tirar á corda que basicamente son os grupos nos que tiña dividida a clase. As nenas e nenos están excitados por tirar da corda, case no momento que se poñen en ringleira para tirar xa comezan a tirar xa da corda. A profesora colócase no medio e da a sinal para que comece a contenda. Sempre gaña o mesmo equipo de maneira clara. Logo de varias partidas a clase remata e indícalles que deixen o material para os seguintes grupos.

- ***VÍDEO ESCOLA B 9. Duración: 1,34 minutos.***

Neste vídeo pódese ver un percorrido por todo o patio de recreo con todo os materiais espallados en distintas zonas do espazo, tamén se fai un relato do material co que contan.

Así na zona de terra temos as dúas chaves situadas ao lado da cancha de baloncesto. A zona das mariolas situada nun corredor do patio. Na pequena zona de herba hai unha corda preparada para xogar ao sogu-tira. O resto do material está situado nun lateral da pista de baloncesto para que as crianzas o recollan libremente e xoguen con el. No material disposto atopamos uns birlos, buxainas, bailaretes, panos, aros e guías, gomas e cordas para saltar. Este material é disposto deste xeito como día excepcional, para que os nenos poidan xogar. Así o comenta o investigador no clip.

- ***VÍDEO ESCOLA B10. Duración: 0,55 segundos.***

Vese como un grupo de rapaces logo de facer os equipos prepáranse para dar o saque de centro para comezar o partido. Dan o sinal e comezan a xogar o partido.

- ***VÍDEO ESCOLAS B 11. Duración: 12,32 minutos.***

Neste clip vese o material disposto e como pouco a pouco chegan rapaces ao patio no tempo do recreo. Unhas nenas achéganse onde está o material e comezan a coller algúns

bailaretes, colócanse no chan e comezan a xogar con eles. Outros crianzas collen aros, empezan a tentar guialos ao longo do patio con máis ou menos éxito. O investigador achégase para axudar e ensinarlle como deben facelo para levalo aro. Asemade explícalles a unhas nenas como atala buxaina para facela bailar, realiza unha demostración pero con pouco éxito. Mentres outros nenos e nenas xogan co aro.

No minuto 3,15 aparecen na escena un nenos que comezan a xogar na chave santiaguesa. As nenas seguen a xogar coas buxainas sen maior problema. Máis nenas se achegan para coller material do caixón que está no chan, fano dun xeito tranquilo e ordenado sen que existan disputas ou discusións. Mentres os nenos que estaban xogando á chave deixan de facelo.

No minuto 4,12 a imaxe céntrase nun grupo de nenas que están xogando ao soga-tira na zona da herba, están tirando os dous equipos e de súpeto unha nena que estaba de observadora, únese a un equipo e comeza a tirar da corda. Logra que ese equipo gañe coa conseguinte protesta do outro equipo, comeza un acalorado debate pola legalidade da acción e as adversarias tiran levando ao equipo gañador ao seu lado facendo que algúns das adversarias caian. Agora volven a organizar outra tirada e unha nena que non tira fai de xuíz e establece onde se debe colocar cada equipo e cando poden comezar a tirar. Comezan a tirar e segundos máis tarde a xuíz establece o equipo gañador indicando que o pano pasou a liña que demarca o límite dese equipo. As nenas do equipo gañador celebran o triunfo efusivamente con todo o equipo, mentres o equipo contrario cae ao chan derrotado.

Na cancha de baloncesto vense distintos grupos de nenas e nenos xogando a diversas cousas. Unhas nenas xogan á buxaina pegadas ao caixón do material. Outros xogan ao aro por toda a pista con maior ou menor éxito nos seus intentos de correr co aro. Hai unha nena que está a debuxar con chan cun xiz un circuío para xogar ás chapas e outra debuxa círculos empregando o aro como molde. Outros nenos xogan aos birlos ao ancho da cancha de baloncesto. Máis ao fondo da pista de baloncesto dúas nenas maiores xogan á chave tranquilamente e na outra chave un grupo de nenos xogan a outra modalidade de chave, un deles non lanza ben e é advertido pola mestra para que o faga no xeito correcto.

No minuto 7,40 dúas nenas xogan ás chapas no circuíto que debuxaron antes. Na zona da herba un grupo de nenas segue a xogar ao soga-tira e teñen algunha discusión por ver quen gaña ata tal punto que requiren a intervención do investigador para que decida quen gañou, este respóndelles que quedaron en empate. O investigador aparece de novo no minuto 9,18 axudando a un neno a atala buxaina para facela bailar, agora hai varios nenos e nenas xogando á buxaina, tentan bailala. Outro grupo de nenas xoga ao aro de ximnasia facendo manipulacións e lanzamentos co mesmo e facéndoo rodar polo chan. Outras crianzas andan correndo detrás do aro coa guía. As nenas e nenos achéganse libremente a recoller o material sen ningún tipo de problema e sen ter ningunha discusión.

No minuto 11 obsérvase como un grupo de nenas xogan á chave sen problemas dunha forma pouco ortodoxa xa que para facer bailar a chave están moi preto e tiran dun xeito que non é o máis técnico.

2. 2. ANÁLISE VÍDEOS ESPAZOS

2. 2. 1. VÍDEOS PORTO

- **VÍDEO PORTO 1. Duración: 10 minutos.**

Do minuto 3 ao 5, un grupo de 4 rapaces, na zona nova dos bancos da dársena comezan a saltar sucesivamente en distintas posicións, con carreira e sen carreira. Soamente un do grupo decide coller carreira e brincar ao mar de cabeza o resto fano de pé.

- **VÍDEO PORTO 2. Duración: 12 minutos.**

No minuto 1,20 achegasen un par de rapaces máis, estes visten traxes de neopreno. Son un grupo de 6 rapaces en total. Un dos rapaces decide saltar ao mar colgándose do saínte que existe na zona dos bancos. No minuto 1,40 outro rapaz colle carreira e chimpa collendo gran altura. Minuto 5,30 un rapaz colle unha gran carreira e realiza un salto do anxo con gran altura e distancia no seu intento. No minuto 6,20 un rapaz realiza un brinco ao mar dende a zona do muro do gas e simultaneamente outro neno dende a

zona de bancos. Logo de saltar ao mar van todos cara unha pequena embarcación para descansar. Mentres outro rapaz toma unha pequena carreira e brinca ao mar de cabeza facendo un pequeno apoio coas mans no saínte da zona de bancos e así coller un pouco máis de pulo no salto. Logo outro neno salta ao mar para reunirse cos compañeiros no bote. No minuto 10 unha pequena chalana ven chea de nenos, semella que veñen de dar unha volta nela e achéganse á zona de amarre que se está entre a grúa e a rampla nova.

- **VÍDEO PORTO 3**

Outro novo de rapaces chega ao porto á zona de bancos da dársena, mentres os outros rapaces permanecen no bote sen facer nada.

- **VÍDEO PORTO 4. Duración: 9,13 minutos.**

Logo de varios minutos sen facer nada en menos dun minuto, saltan todos ao mar e realizan unha pequena carreira ata a zona do muro do gas, a partir do minuto 2,30 comezan a realizar saltos dende as distintas alturas das escaleiras do muro do gas, con intervalos de descanso entre os saltos neses intervalos dialogan e parece que se retan os uns aos outros. No minuto catro comezan de novo a saltar dende o dique facendo o salto un dos rapaces cun último pulo coas mans no borde do porto e outro salta de cabeza. No minuto 7 un dos rapaces pasa ao lado da caseta de gas e realiza un salto de cabeza. Outro rapaz realiza no minuto 9 un salto de cabeza en posición lateral.

- **VÍDEO PORTO 5. Duración: 1 minuto.**

Un par de rapaces brincan ao mar desde en fronte das escaleiras do muro do gas, collen carreira e mergúllanse de cabeza e van nadando ata as escaleiras.

- **VÍDEO PORTO 6. Duración: 12, 37 minutos.**

Troco a posición de gravación e sitúome máis preto dos rapaces. En fronte a eles. No segundo 10 un par de nenos realizan un salto simultáneo mergullándose ámbolos dous de cabeza xusto ao lado da caseta do gas. No minuto 1 da gravación un dos nenos

realiza un mortal cara adiante dende as escaleiras, outro ao mesmo tempo mergullase dende o lado do caseto do gas de cabeza. No minuto 1,20 un dos rapaces empurra por detrás a un deles e este é capaz de saltar e realizar un mergullo de cabeza sen ningún tipo de dificultade. No minuto 1,40 outro rapaz vestido cun neopreno mergullase de cabeza logo dun salto de gran distancia en posición lateral e agardando ata o derradeiro intre para situar as mans na fronte. Nos seguintes segundos saltos ao mar dende distintos puntos. No minuto 2, 35, dous nenos realizan un salto simultáneo dende unha altura das escaleiras do muro, colócanse de costas ao mar coa punta dos pés no muro e realizan ao mesmo tempo un salto de cabeza de costas simultaneamente.

A continuación outro rapaz realiza o mesmo tipo de salto dende a mesma zona. No minuto 3, de novo un dos que saltaran antes realiza o mesmo mergullo de costas. Durante uns intres falan entre eles e mentres dende a beira de en fronte mergúllase outro neno, ao velo un dos compañeiros decide saltar á bomba unha vez que rexorde da profundidade, de seguido outro novo salto de bomba doutro compañeiro para salpicalos. Dende o minuto catro prodúcese unha sucesión encadeada de saltos en bomba uns sobre dos outros para molestarse e ver quen salpica máis. No minuto 5 distintos saltos de cabeza dende diferentes alturas, nunha ocasión dos nenos realiza o salto de cabeza sen colocar mans diante. No minuto 6,20 de novo saltos de cabeza dende unha pequena altura, outro salta e cae sentado no mar e dende a outra beira un deles realiza un salto de cabeza no que colle unha gran distancia. No minuto 7, 15 prodúcese unha situación de risco xa que un dos nenos mergúllase e cando está saíndo da auga un dos compañeiros salta de costas e sen decatarse case cae sobre del. No 7,43 un deles realiza de novo un mergullo de cabeza facendo un apoio no borde do dique coas mans.

No minuto 8,50 chegan unha rapaza e un neno cunha roda inchable, e ao mesmo tempo un empurra a outro ao mar dende as escaleiras e case no mesmo intre outro salta de cabeza dende a beira de en fronte. No 10,20 dous saltos sucesivos con certo perigo xa que os realizan dende o caseto do muro do gas pero para caer no mar necesitan evitar as escaleiras que están xusto debaixo polo que é unha acción bastante arriscada. De novo no minuto 11 un compañeiro empurra a outro como represalia por salpicalos e mentres uns falan e descansan outros saltan de lado a lado do porto.

- **VÍDEO PORTO 7. Duración: 4,38 minutos.**

Varios nenos e nenas nadan no porto e a sucesión de saltos continúa. No minuto 1 un neno salta de cabeza sen mans e ao mesmo tempo tres nenas comezan a pelexar por tirar a unha das compañeiras, mentres ao mesmo tempo un dos nenos salta dende o muro e no 1,42 outro rapaz dende a outra beira mergúllase de cabeza. Agora os nenos engáñanse á pelexa para tirarse os uns aos outros e xogan a salpicarse e a bañarse nas escaleiras. Os diálogos son constantes entre nenos e nenas.

- **VÍDEO PORTO 8. Duración: 0,24 segundos.**

Soamente se pode apreciar que os rapaces están nadando, un deles con inchable.

- **VÍDEO PORTO 9. Duración: 1 minuto.**

Neste minuto podemos ver soamente un chimpo ao mar dende en fronte das escaleiras.

- **VÍDEO PORTO 10. Duración: 5 minutos.**

Neste vídeo a gravación realizase enfocando á zona dos bancos da dársena nova. Nos 10 primeiros segundos dous adolescentes realizan un mergullo de cabeza e logo van nadando cara as escaleiras. Mentres na zona do muro do gas os rapaces e rapazas continúa mergullándose e xogando co inchable. No minuto 3 un salta de bomba na zona dos bancos, mentres o resto dos compañeiros se deciden a facelo mesmo ou se realizar outro tipo de salto, no 3,50 un deles colle carreira e mergullase de pé.

- **VÍDEO PORTO 11. Duración: 5,26 minutos.**

Un dos rapaces que se atopa nadando no mar sobe a unha pequena embarcación comandada por un mariñeiro e lévao cara terra. No 1,14 dous rapaces mergúllanse dende as escaleiras da grúa e simultaneamente no muro do gas seguen os rapaces reunidos falando e saltando ao mar igual que antes e xogando algúns co inchable, no 2,20 varios saltos de cabeza dende a zona media das escaleiras da zona do muro do gas.

No 3,34 saltos de pe e agora os rapaces van saltando do muro do gas e van pasando á outra beira do porto.

- **VÍDEO PORTO 12. Duración: 0,26 segundos.**

Un gran grupo de rapazas e rapaces xogando na zona do muro do gas cuns colchóns vellos que empregan como flotadores na auga.

- **VÍDEO PORTO 13. Duración: 0,30 segundos.**

As nenas e nenos continúan a xogar cos colchóns a modo de táboa de surf e mentres dende a outra parte mergúllanse brincando dende o dique.

- **VÍDEO PORTO 14. Duración: 1,14 minutos.**

Os nenos e nenas continúan xogando cos colchóns e brincan dende as escaleiras para caer enriba dos colchóns e afundilos no mar. Ao mesmo tempo achéganse ás escaleiras. No minuto 1 o enfoque móvese cara o novo dique onde existe unha gran actividade por parte das nenas e nenos de menor idade que na gran maioría dos casos están acompañados polos seus pais e nais.

- **VÍDEO PORTO 15. Duración: 2,23 minutos.**

Os rapaces e rapazas dende en fronte ás escaleiras mergúllanse e van nadando ata a escalinata e sumarse ao grupo que está cos colchóns. Os rapaces únense para poder subir polas escaleiras os colchóns e no segundo 58 un dos nenos brinca dende a caseta do gas de pé sobre dun dos colchóns que se atopan flotando na auga. No minuto 1 un dos rapaces realiza un mortal cara adiante, mentres o resto segue a recoller tódolos colchóns na zona das escaleiras, algúns deles pisan neles para escorrerlles a auga. Ao mesmo tempo distintos rapaces mergúllanse dende o dique.

- **VÍDEO PORTO 16. Duración: 1,45 minutos.**

O clip comeza cun neno brincando ao mar dende o dique en fronte das escaleiras de pé e ao mesmo tempo un dende a metade das escaleiras realiza un mortal cara adiante e un grupo de nenos permanece no medio do porto cos colchóns. No segundo 46 un par de rapaces soben as escaleiras para poñerse na caseta do gas e lanzarse enriba dos colchóns que se atopan debaixo deles. Nese mesmo intre dende o outro extremo do porto preto á grúa, mergúllanse de pé de cabeza indistintamente, mentres o grupo dos colchóns volve ás escaleiras para mergullarse de novo.

- **VÍDEO PORTO 17. Duración: 1,06 minutos.**

O clip comeza cun salto ao mar dende o dique das escaleiras por parte dun rapaz e case ao mesmo tempo un dos compañeiros realiza un mortal cara adiante dende as mesmas escaleiras, e de seguido outro rapaz brinca para chapuzalo mentres este rexorde da auga. No segundo 30 pódese ver como o grupo dos colchóns teñen situados os mesmos xusto debaixo do dique do muro do gas e van saltando sobre eles e cos compañeiros agardando no mar. A actividade no porto hoxe é frenética xa que hai rapazas e rapaces en todo o porto. No segundo 54 captúrase coma un grupo de adolescentes están xogando na zona dos bancos cun balón a dar toques.

- **VÍDEO PORTO 18. Duración: 0,30 segundos.**

Continúan os rapaces dos colchóns mergullándose sucesivamente con saltos sucesivos de cabeza, mortais adiante e de pé.

- **VÍDEO PORTO 19. Duración: 0,38 segundos.**

Dous rapaces saltan dende a plataforma da zona dos bancos ao mar.

- **VÍDEO PORTO 20. Duración: 0,47 segundos.**

Pódese comprobar como en cada banco da zona nova da dársena agrúpanse distintos grupos de rapazas e rapaces todos eles en bañador e preparados para mergullarse en calquera intre e algúns deles xogan cun balón a dar toques. No segundo 21 o que se

enfoca é a rampla nova onde se congrega un bo número de rapaces, non se pode distinguir dende a miña distancia as idades pero su que se están a bañar no mar. No segundo 46, 4 rapaces realizan un salto simultáneo coordinados entre eles.

- **VÍDEO PORTO 21. Duración: 1,39 minutos.**

As gravacións son realizadas dende outra posición e dende o segundo 3 do clip os saltos dende a zona dos bancos son sucesivos, de pé e xirando a modo de desaparafusador. Neste clip pódese ver como un grupo de rapaces dialogan entre eles sen máis, no que aparentemente semella ser unha asemblea para ver que van a facer despois.

- **VÍDEO PORTO 22. Duración: 1,30 minutos.**

A gravación agora tómase dende a zona da grúa e dende alí faise un pequeno percorrido coa cámara para ver todo o porto e ver que en cada zona está sucedendo algo distinto e igual ao mesmo tempo xa que a gran maioría está bañándose no porto. No final do clip pódese comprobar como un pequeno grupo de rapazas e rapaces dialogan para tentar de convencer a un compañeiro para que se tire ao mar.

- **VÍDEO PORTO 23. Duración: 1,10 minutos.**

A gravación segue centrada no grupo de rapaces e rapazas que estaban dialogando para logo facer outro cambio para a zona da rampla onde están os máis meniños. No segundo 45 vese como un pequeno vestido con neopreno salta ao mar dende o dique collendo unha pequena carreira. Nun segundo plano vese como os nenos e nenas de bañan na rampla e nadan.

- **VÍDEO PORTO 24. Duración: 1,34 minutos.**

No segundo 8 vense a distintos nenos saltando de pé dende o muro do gas. Ao mesmo tempo nos bancos e na grúa ninguén dos rapaces e rapazas é quen de tirarse ao mar. A cámara xira cara a rampla nova e no segundo 55 de novo o mesmo neno salta ao mar

dende o dique. Na rampla non hai movemento debido a que unha moto de auga está atracando no peirao.

- **VÍDEO PORTO 25. Duración: 1,30 minutos.**

Neste vídeo volve a cámara ao grupo dos rapaces que dialogaban e nun segundo plano xa no segundo 3 compróbase como un rapaz salta ao mar dende a zona dos bancos. No segundo 33 despois de falar un rapaz do grupo que dialogaba mergúllase de pé debaixo da grúa, mentres outro deles realiza un salto xirando no eixo lonxitudinal sobre si mesmo.

- **VÍDEO PORTO 26. Duración: 1,21 minutos.**

Neste clip grávase a rampla nova onde podemos ver como nais, pais e fillos se bañan no mesmo lugar así mesmo no segundo 25 vese a un rapaz saltando de pé ao mar e no segundo 46 outro neno tamén se mergulla no mar dende o dique.

- **VÍDEO PORTO 27. Duración: 0,50 segundos.**

Nesta gravación vese como dous rapaces se mergullan dende a zona dos bancos e como todos os bancos están ocupados por distintos grupos de amizades. No segundo 34 un rapaz mergúllase dende a zona do dique da rampla, semella ser o mesmo neno que nas outras ocasións.

- **VÍDEO PORTO 28. Duración: 0,18 segundos.**

Este vídeo queda descartado xa que non contén nada apreciable e a duración é mínima.

- **VÍDEO PORTO 29. Duración: 2,33 minutos.**

Obsérvase como un grupo de rapazas e rapaces dialogan para convencer a unha compañeira para que se mergulle. Un deles explícalle que el se vai tirar de costas ao mar, mentres un dos compañeiros dille que se vai a caer e magoarse, aclarar que o

compañeiro que advirte non é de Malpica. No segundo 50 o rapaz salta ao mar de pé pero de fronte ao dique. Na zona nova dos bancos as nenas e nenos continúan mergullándose tomando pulo na pequena rampla, así mesmo outro grupo de rapaces estase a bañar no muro do gas. Tamén na rampla nova as nenas e nenos continúan saltando ao mar coa vixilancia das nais e pais.

Os rapaces da grúa continúan dialogando para convencer á compañeira para que se tire ao mar, aínda que ela mantense esquivada xa que ten certo temor. Tentan facelo realizando unha conta atrás pero ela non se decide. Pide que se tire alguén agarrada da man dela e explica que ela ten máis medo que o resto de compañeiros. No minuto 1,44 na zona da rampla os máis pequenos saltan ao mar de pé collendo un pouco de carreira. Así continúan tamén na zona dos bancos.

- **VÍDEO PORTO 30. Duración: 3,06 minutos.**

Dende a grúa enfócase á zona dos bancos onde os rapaces permanecen falando e mergullándose no Mar. No segundo 40 uns dos rapaces que está na grúa salta ao mar e detrás del outro rapaz colle carreira e tamén salta de pé, sen embargo a compañeira segue sen atreverse a tirarse ao mar. Os rapaces da grúa continúan convencendo a amiga para que se mergulle e que non lle vai a pasar nada. No dique das comportas hai un pequeno grupo de rapaces e rapazas que agardan a que unha pequena embarcación lles deixe o espazo libre para poder seguir saltando ao mar.

- **VÍDEO PORTO 31. Duración: 1,51 minutos.**

Na zona dos bancos un grupo de rapaces está reunido falando.

Continúa o diálogo do grupo de rapazas e rapaces na grúa para que a compañeira se tire, un dos compañeiros móstralle como ten que saltar, facendo unha demostración de como ten que coller pulo para saltar. No minuto 1 dende zona dos bancos varios rapaces saltan ao mar. No 1, 26 un dos nenos da grúa amaga con saltar pero ao final non salta. No minuto 1, 33 os rapaces do muro do gas saltan de cabeza ao mar. No mesmo intre un dos adolescentes da grúa salta ao mar e na zona da rampla os nenos seguen nadando e bañándose.

- **VÍDEO PORTO 32. Duración: 2,24 minutos.**

No segundo 32 un dos rapaces que están na grúa decide saltar de cabeza pero no último segundo dubida e salta pero caendo moi mal case de costas en lugar de cabeza. A compañeira exclama de asombro ante tal entrada na auga. No segundo 46 algúns rapaces que se atopan no muro do gas seguen a saltar de pé e de distintas maneiras, unha e outra vez. Tanto dende o dique de comportas como dende o muro do gas van saltando e co impulso xa chegan case dun lado a outro. No segundo 1,38 un dos rapaces salta dende a zona dos bancos de cabeza pero co impulso que leva non controla no aire o corpo e acaba entrando en diagonal e de costas en sentido inverso o que debería ser. Logo no segundo 1,54 na mesma zona dos bancos un dos rapaces empurra a outro e este cae ao mar totalmente desequilibrado, outros compañeiros saltan despois de pé e tipo bomba.

- **VÍDEO PORTO 33. Duración: 1,15 minutos.**

Os rapaces da rampla e do dique da comporta seguen a facer saltos acrobáticos, bomba, cabeza e toman gran carreira e pasan dun lado a outro case do salto e chegan á beira contraria nadando sen problemas. Na rampla nova os máis pequenos xogan na auga mentres unha moto acuática marcha deixando un rastro de ondas preto dos rapaces.

- **VÍDEO PORTO 34. Duración: 1,46 minutos.**

Na grúa a rapaza que non se decidía a botarse ao mar por fin salta coa compañía doutro rapaz e realizan un salto simultáneo de pé, cos aplausos das compañeiras e compañeiros que estiveron tratando de convencela durante toda a tarde para que saltase.

No segundo 37 un rapaz salta dende a zona de bancos e posteriormente no minuto 1,20 outros dous nenos saltan de pé ao mar. Ao mesmo tempo a rapaza que non quería saltar volve de novo a mergullarse de pé. No muro do gas pero na parte de detrás un par de rapaces collen unha gran carreira e entran de cabeza á auga.

- **VÍDEO PORTO 35. Duración: 0,34 segundos.**

Neste clip vemos como pais e fillos comparten o baño na zona da rampla nova.

- **VÍDEO PORTO 36. Duración: 0,49 minutos.**

Vese como os rapaces na zona de bancos collen careira un detrás doutro e van saltando de pé ao mar. Mentres na zona da rampla continúan o baño os máis pequenos xunto coas nais e pais.

- **VÍDEO PORTO 37. Duración: 0,35 segundos.**

No segundo 11 vemos como unha rapaza e un rapaz se dispoñen a facer un salto simultáneo de pé. Logo no segundo 29 un dos compañeiros toma carreira e salta case enriba dos compañeiros para salpicalos.

- **VÍDEO PORTO 38. Duración: 1,08 minutos.**

Nun primeiro plano vemos como uns rapaces se agarran a un pequeno bote para descansar e ir cara as escaleiras da grúa. No segundo 29 un neno colle carreira dende a parte de atrás da caseta dos gas e salta de pé, a continuación outro compañeiro salta ao mar pero sen tanta carreira.

- **VÍDEO PORTO 39. Duración: 2,16 minutos.**

Na zona da grúa uns rapaces e rapazas aclaran como se van a tirar ao mar, logo de falar no segundo 45 un deles salta de pé sen coller carreira. Seguidamente un compañeiro realiza un salto xirando sobre o eixo lonxitudinal, logo unha rapaza salta de pé. Logo volven a reunirse no mesmo lugar para descansar un intre. No outro lado do peirao un grupo de rapaces segue saltando dende alí de distintas maneiras.

- **VÍDEO PORTO 40. Duración: 0,35 segundos.**

Este vídeo descartase xa que non hai nada que analizar que sexa relevante.

- **VÍDEO PORTO 41. Duración: 0,30 segundos.**

Este vídeo descartase xa que non hai nada que analizar que sexa relevante.

- **VÍDEO PORTO 42. Duración: 1 minuto.**

No segundo 21 na zona de detrás da caseta do gas, un rapaz colle carreira e realiza un mortal adiante pero a execución non é moi boa e acaba dándose un golpe de costas, afortunadamente par el viste neopreno e para un pouco máis o golpe. No segundo 50 uns rapaces diríxense a nado cara unha pequena chalana.

- **VÍDEO PORTO 43. Duración: 0,22 segundos.**

Este vídeo descartase xa que non hai nada que analizar que sexa relevante.

- **VÍDEO PORTO 44. Duración: 0,18.**

Este vídeo descartase xa que non hai nada que analizar que sexa relevante.

16 DE AGOSTO 2011

- **VÍDEO PORTO 45. Duración: 0,49 segundos.**

Pódese ver a varios grupos de mozas e mozas sentados nos bancos da dársena. Dous grupos de rapaces están xogando a dar toques cun balón mentres outros rapaces están dialogando. No segundo 34 no muro do gas unhas nenas e nenos xogan cuns inchables con forma de roda. No segundo 36 un rapaz salta ao mar de cabeza pero acaba dando a volta caendo case de costas baixo a mirada do resto do grupo. Tamén podemos ver como unha nena e un neno xogan ou gabean polas pedras do espigón da comporta.

- **VÍDEO PORTO 46. Duración: 0,33.**

Obsérvase como un grupo de rapaces xogan cun balón a dar toques en círculo na explanada da nova dársena, a maioría deles está descalzos.

- **VÍDEO PORTO 47. Duración: 0,28 segundos.**

Na zona de explanada da dársena vemos como dous grupos de rapaces xogan a dar toques cun balón en círculo, a maioría deles descalzos. Tamén hai varios compañeiros que están como espectadores.

- **VÍDEO PORTO 48. Duración: 0,17 segundos.**

Obsérvase como varios adolescentes están deitados na toalla no saínte da zona dos bancos. No segundo 7 vemos como unha nena salta dende o borde do saínte de pé.

- **VÍDEO PORTO 49. Duración: 2,07.**

Vese dende o principio unha carreira a nado de varios rapaces. Na zona do muro do gas vese como un grupo de nenas e nenos xogando cuns inchables con forma de aro, no segundo 28 vese como un dos nenos salta de bomba para salpicar ás compañeiras e compañeiros que están nos inchables, logo no segundo 34 outro rapaz salta de pé para salpicar tamén e inmediatamente outro rapaz salta de bomba preto dos amigos que están na auga, mentres unha rapaza sitúase na caseta do muro do gas e dispónse a saltar e chaga un compañeiro cun inchable e tírao ao mar e salta de cabeza a nena salta inmediatamente despois de pé. Logo algúns soben ao dique e outros permanecen sentados nos inchables no mar. No segundo 1, 35 un rapaz salta ao mar collendo unha pequena carreira e realiza un salto de bomba xirando sobre o eixo lonxitudinal, seguidamente outro neno salta pero realiza un salto mal e cae case sentado, outro neno salta dando un salto de pé con xiro sobre o eixo lonxitudinal e outro compañeiro segue o exemplo.

- **VÍDEO PORTO 50. Duración: 0,28 segundos.**

Vese como un rapaz golpea un balón a maior distancia posible, chega a rebotar contra o mar e a parede do dique das escaleiras do muro do gas. No segundo 23 un rapaz realiza

un salto con carreira para saltar a unha gran distancia ao mesmo tempo seguen a xogar nas escaleiras cos inchables e a tiralos dende o dique ao mar e saltar enriba deles.

- **VÍDEO PORTO 51. Duración: 2,33 minutos**

Varios nenos saltan sucesivamente de bomba caendo case mo mesmo punto todos e facendo a maior salpicadura posible, logo salta unha nena de pé. Simultaneamente outros están a subir polas escaleiras os inchables. Outro rapaz colle un balón e lánzao contra un compañeiro que está na auga.

No segundo 28 un rapaz realiza un salto de cabeza sen mans diante ata o momento da entrada que as coloca, nadando cara as escaleiras do muro do gas un dos rapaces salta dende o dique directamente sobre el de pé. No segundo 50 un rapaz realiza un mortal adiante dende o dique das escaleiras. Unha nena no segundo 58 salta de cabeza dende o medio das escaleiras, no minuto 1,08 un neno salta de bomba dende o dique. As nenas e nenos que tiñan os inchables están todos lanzando os inchables ao mar dende a caseta do gas para logo saltar sobre eles, outros saltan co inchable agarrado ou con eles no medio do inchable, algún outro salta tentando salpicar aos que teñen inchable e outros descansan na repisa das escaleiras e algún é empurrado ao mar. Algúns van cambiando das escaleiras ao dique das comportas a nado. No minuto 2,12 unha nena salta de pé dende a repisa das escaleiras e no minuto 2, 31 un dos nenos salta pasando polo medio do inchable

- **VÍDEO PORTO 52. Duración: 0,37 segundos**

Neste clip obsérvase como algúns das nenas e nenos saltan cos inchables e outros saltan sobre os inchables que están na auga. No segundo 30 unha nena salta de pé dende o dique e outro ao mesmo tempo dende a caseta do gas.

- **VÍDEO PORTO 53. Duración: 0,41**

Dende a zona dos bancos un par de rapaces saltan dende o saínte e van nadando cara a zona das escaleiras. Na zona do muro do gas continúan xogando cos inchables e a mollarse uns a outros.

- **VÍDEO PORTO 54. Duración: 0,37**

Na zona do muro dos gas as nenas e nenos continúan xogando cos inchables, tíranse ao mar con inchable ou sen el. Asemade un grupo de 4 ou 5 rapaces veñen a nado dende a zona dos bancos e diríxense á zona do muro.

- **VÍDEO PORTO 55. Duración: 2,04**

Compróbase como na zona do muro do gas seguen xogando cos inchables. Na caseta do gas vemos a un par de rapaces cos inchables preparados para saltar. No segundo 8 un neno salta dende o dique da comporta de bomba ao mar, ao mesmo tempo un neno salta co inchable deixando o inchable atrás no aire. No segundo 11 os rapaces que viñan a nado aparecen na imaxe. No segundo 16 dous rapaces un dende o muro e outro dende o dique da comportas coinciden no momento do salto un de bomba e outro de pé preto dun inchable. Asemade na zona dos bancos seguen a brincar ao mar dende o saínte da zona dos bancos. No segundo 58 un rapaz salta de cabeza cos brazos estendidos en cruz e coloca as mans no último intre para entrar na auga.

No minuto 1,07 vese como dúas nenas agárranse da man para facer un salto conxunto de pé. Ao mesmo tempo os nenos están saltando ao mar dende a zona baixa das escaleiras e xogando a chapuzarse os uns aos outros. No minuto 2 un rapaz salta dende o dique de cabeza collendo gran distancia e cos brazos en cruz e colocándoos no derradeiro segundo para a entrada na auga.

- **VÍDEO PORTO 56. Duración: 0,16 segundos.**

Descártase este vídeo pola escasa duración e a falla de contido.

- **VÍDEO PORTO 57. Duración: 1,06.**

No primeiro segundo vese como unha nena salta ao mar de pé, asemade uns nenos están nadando no mar e un deles repousa sobre un inchable tranquilamente e outro compañeiro está abordando unha chalana que está fondeada. No segundo 11 un neno

salta ao mar dende a zona da grúa dando un xiro de 360° sobre o eixo lonxitudinal e un compañeiro inmediatamente salta de pé detrás del. No segundo 30 vese como os rapaces que estaban no bote saltan ao mar e comezan a nadar cara a dirección da rampla nova mentres os compañeiros están nadando onde se quedaron despois de saltar.

- **VÍDEO PORTO 58. Duración: 1,48 minutos.**

Vemos como nenas e nenos xogan na rampla nova baixo a atenta mirada de avoas, nais e pais. Mergúllanse repetidas veces e nadan preto de onde fan pé. Os mais pequenos chapuzan e xogan coa auga. Mergúllanse, algún deles subindo a unhas escaleiras que están pegadas ao dique e saltan ao mar dende unha pequena altura.

- **VÍDEO PORTO 59. Duración: 2,23 minutos.**

Continúan os rapaces e rapazas xogando na rampla nova. Un pai colle ao que semella ser o seu fillo e balancéao no borde da rampla facendo que o vai a soltar de golpe ao mar. No segundo 24 dous rapaces comezan unha carreira cara unha pequena embarcación que debe estar a uns 20 metros da rampla, chegan á embarcación toman un pouco de aire e regresan a nado cara a rampla, un rapaz sae ao seu encontro na metade do camiño. Mentres na rampla un pequeno grupo de tres rapaces xogan a facelo morto e flotar algunha necesita axuda e unha compañeira ponse detrás dela pola cabeza e axúdaa a mantelo corpo flotando.

- **VÍDEO PORTO 60. Duración: 1,15.**

No segundo 43 vese como un rapaz se mergulla no mar collendo carreira e de cabeza. De súpeto un grupo de rapaces corre detrás del e sucesivamente comezan a saltar ao mar, na zona da rampla que está detrás do muro do gas, fano de distintas maneiras, de bomba, de cabeza con brazos en cruz, mortal adiante.

- **VÍDEO PORTO 61. Duración: 0,40 segundos.**

Dende a rampla nova tres nenos comezan outra carreira a nado ata a mesma embarcación que o fixeran uns minutos atrás. Agora son tres os que participan na carreira, tocan a proa e agárranse á corda de fondeo para descansar. Ao mesmo tempo unhas nenas xogan a flotar no mar unha delas axuda á outra para conseguilo.

- **VÍDEO PORTO 62. Duración: 0,49 segundos.**

Séguese a ver aos nenos agarrados á corda da embarcación descansando e de súpeto comezan a volta ao porto. Un dos nenos que está mirando a carreira sae para nadar con eles pero a súa destreza é menor para o nado e entorpece o ando do que vai primeiro. Ao mesmo tempo unhas nenas falan na auga e unha nena máis pequena tenta nadar cuns manguitos como axuda para flotar.

- **VÍDEO PORTO 63. Duración: 0,51 segundos.**

Un grupo de rapazas e rapaces permanecen sentados ao lado da grúa dialogando. No segundo 20 pódese ver como un dos nenos e nenas que se atopan nas escaleiras do muro do gas salta de pé ao mar. O resto dos compañeiros están subindo os inchables con forma de roda ás escaleiras. No segundo 35 un neno salta de pé dende o dique das comportas.

- **VÍDEO PORTO 64. Duración: 1,49 minutos.**

O grupo de rapaces que está na grúa dispónse a realizar varios saltos e afastan unha embarcación para non correr perigo de caer sobre ela. Un dos nenos salta ao mar cun inchable non se pode apreciar no vídeo que salto realiza.

- **VÍDEO PORTO 65. Duración: 1,19 minutos.**

Compróbase como nenas e nenos saltan de pé dende as escaleiras do muro do gas, Uns de pé, de cabeza, bomba, asemade dende o dique da comporta tamén asaltan ao mar de pé e de cabeza . Moitos das nenas e nenos que saltan ao mar van a nado cara os rapaces que permanecen nos inchables sen problema.

- **VÍDEO PORTO 66. Duración: 2, 39 minutos.**

As nenas e nenos continúan saltando ao mar dende as escaleiras do muro do gas. Un neno no segundo 4 salta ao mar facendo unha pequena carpa con pernas xuntas. Mentres a maioría dese grupo permanecen nadando e xogando a tirar aos que están nos inchables e algúns deles comezan a nadar cara a zona da grúa. Asemade na zona dos bancos vemos dous grupos de adolescentes xogando ao balón en diferentes grupos. No minuto 1,28 vemos como uns rapaces se mergullan dende un bote que está preto da zona dos bancos e ao mesmo tempo un rapaz salta dende o saínte ao mar.

No minuto 1,30 vese como varios rapaces van a nado cara unha embarcación e o resto de nenos e nenas van ás escaleiras do muro do gas para continuar cos saltos, ao mesmo tempo outros deles permanecen no mar simplemente flotando nos inchables. A actividade hoxe no porto é frenética.

- **VÍDEO PORTO 67. Duración: 2,03.**

No dique do muro un rapaz salta de cabeza sen coller carreira, no segundo 6 un neno salta de cabeza con brazos en cruz dende o dique pegado á caseta do muro do gas. Asemade unha parella de nenas dialogan na repisa das escaleiras tranquilamente. No segundo 13 un neno salta de cabeza ao mar dende as escaleiras mentres o resto das compañeiras e compañeiros retornan ás escaleiras. No segundo 19 un neno salta dende o dique pegado á caseta do gas con certo perigo xa debaixo aínda estaban compañeiros e unha repisa das escaleiras que está cuberta pola auga da marea, os nenos non parecen inquietarse por iso. No segundo 45 un dos nenos realiza un salto de cabeza con brazos en cruz e non pon as mans diante ata o momento da entrada na auga, realízao cunha gran plasticidade e técnica, mentres as compañeiras e compañeiros observan. No minuto 1,13 uns dos nenos salta ao mar de pé dende a caseta. Posteriormente tras varios segundos as nenas reúnen e comezan a dialogar mentres os nenos comezan a saltar dende as escaleiras e a caseta ao mar tanto de cabeza, de pé e outros seguen a desfrutar dos inchables desprazándose polo porto ao seu antoxo.

- **VÍDEO PORTO 68. Duración: 1,41 minutos.**

Obsérvase como na zona dos bancos se reúnen bastantes grupos de rapazas e rapaces. Dende o primeiro do clip pódese ver como hai dous grupos de rapaces xogando ao balón dando toques pasándoa entre eles. Mentres no fondo da imaxe vemos como un rapaz salta collendo unha breve carreira e saltando ao mar de pé, case inmediatamente no segundo 8, varios rapaces comezan a saltar dende esa zona facéndoo de distintas maneiras, mortal adiante un deles collendo gran altura xa que toma máis forza no salto apoiando no saínte no momento do salto. Seguidamente dous rapaces saltan ao mar un deles de pé sen carreira o outro realiza unha carreira para coller pulo e salta agrupado cos pes e logo no momento da entrada ao mar estende o corpo totalmente. No segundo 44 vese como uns rapaces abordan a lancha da cruz vermella para estar alí. No minuto 1,08 un neno salta de pé ao mar dende o dique das escaleiras do gas. No minuto 1,18 un neno fai un salto de cabeza con brazos estendidos en cruz dende o dique das escaleiras e recolle un inchable.

- ***VÍDEO PORTO 69. Duración: 1,08 minutos.***

No segundo 6 compróbese como os rapaces que están na lancha da cruz vermella saltan ao mar sucesivamente dende a embarcación de xeito acrobático, no segundo 25 un dos rapaces salta realizando unha especie de mortal lateral caendo de costas na auga e o compañeiro mergúllase de cabeza pero con todo o no aire relaxado. Outros rapaces van nadando cara a embarcación. De novo unha vez enriba da embarcación volve a saltar un deles ao mar non se aprecia de que xeito.

- ***VÍDEO PORTO 70. Duración: 1,17 minutos.***

No segundo 17 un rapaz da embarcación da cruz vermella salta de cabeza ao mar. No segundo 50 un dos rapaces que está na lancha salta de cabeza de tal xeito que cando os pes están entrando na auga está dando un cuchocarneiro debaixo da auga, outro compañeiro aborda a lancha que está ao lado que é un pouco máis alta e ponse na proa do bote e fai un mortal adiante caendo de costas ao mar, de novo outro rapaz salta dende a lancha da cruz vermella cun mortal adiante. Asemade uns nenos nadan na zona da grúa cunha pelota de gran tamaño.

- ***VÍDEO PORTO 71. Duración: 1,31 minutos.***

Neste clip obsérvase como varias embarcacións de pequeno tamaño permanecen abordadas por nenas e nenos que continúan nalgúns casos a mergullarse dende elas no segundo 50 pódese ver como se mergullan de pé e de cabeza dende a lancha da cruz vermella. Mentres outros grupos de rapazas e rapaces permanecen na zona dos bancos, alí dúas rapazas dialogan sobre quen se vai a tirar primeiro. Na grúa dende seguen a saltar ao mar algúns deles.

- **VÍDEO PORTO 72. Duración: 0,37 segundos.**

Vese neste clip que as rapazas que antes dialogaban agora xa se atreven a saltar dende a zona dos bancos. Mergúllanse unha detrás da outra e de pé as dúas. Mentres as embarcacións seguen abordadas e nunha delas un rapaz xoga a balancear a embarcación dun lado ao outro.

- **VÍDEO PORTO 73. Duración: 0,23 segundos.**

Compróbase como na zona dos bancos é un lugar de reunión para os rapazas e rapaces de Malpica. Vese a dous grupos xogando co balón e a un grupo xogando á baralla.

- **VÍDEO PORTO 74. Duración: 0,17 segundos.**

Na zona da grúa vese como dous rapaces pelexan por tirar un ao outro. Mentres os grupos de rapazas e rapaces seguen nas embarcacións.

- **VÍDEO PORTO 75. Duración: 0,17 segundos.**

Varios saltos sucesivos nas escaleiras do muro do gas por parte dos rapaces que se encontran alí. Os chimpos realizados son de pé, bomba, cabeza e mortal adiante.

- **VÍDEO PORTO 76. Duración: 0,19 segundos.**

Vídeo que se descarta porque as imaxes tomadas non son adecuadas.

- **VÍDEO PORTO 77. Duración: 0,52 segundos.**

Na zona dos bancos vese como dous grupos de rapaces xogan a dar toques en círculo cun balón. Un grupo deles permanece sentado e o outro todos os rapaces están de pé xogando.

- **VÍDEO PORTO 78. Duración: 0,18 segundos.**

Vídeo que se descarta xa que non existe nada que describir.

- **VÍDEO PORTO 79. Duración: 0, 22 segundos.**

Obsérvase como un rapaz logo de mergullarse vai a nado cara un bote no que se atopan dúas compañeiras que o axudan a subir á embarcación.

- **VÍDEO PORTO 80. Duración: 0,41 segundos.**

Pódese comproba a presenza de dúas parellas en sendas chalanas, nunha delas unha rapaza axuda a subir a un compañeiro que está na auga e na outra vese como dous rapaces permanecen de pé e comezan a balancear o bote suavemente dun lado a outro. Mentres nas escaleiras do muro do gas un grupo de rapaces continúan a bañarse e a saltar ao mar.

- **VÍDEO PORTO 81. Duración: 0,33 segundos.**

Este clip debe ser descartado xa que non hai nada destacable que poida se analizado.

- **VÍDEO PORTO 82. Duración: 0,53 segundos.**

Neste clip vese como uns nenos se bañan e nadan na rampla nova, na mesma secuencia un adulto chega para pegarse un pequeno baño, detrás deles un neno moi pequeno xoga a bater coas mans no mar. Asemade, vese como nais e pais están reparando dos nenos e nenas, como os secan coas toallas e os axudan a vestirse.

- **VÍDEO PORTO 83. Duración: 1 minuto.**

Séguese a ver a un pequeno grupo de nenos reunidos dialogando ata que un deles comeza a nadar ata o medio do mar, logo un compañeiro séguese ata onde este se detivo. Ao mesmo tempo un adulto chega e comeza a nadar. Mentres dous cativos xogan na beira da auga, un deles é retirado pola nai e levado fóra da auga para secalo e vestilo.

- **VÍDEO PORTO 84. Duración: 0,59 segundos.**

Continuación do clip anterior. Os dous rapaces seguen agardando no medio do mar a que os compañeiros que están na rampla se decidan a unirse a eles, no segundo 8 vese como comezan a nadar cara eles, unha vez que chegan a súa altura todos á vez retornan a porto a modo de carreira. Un dos nenos quédase atrás e semella que lle faltan folgos para chegar á rampla un compañeiro esténdelle a man para que poida collela e chegar a porto, o rapaza acepta a súa axuda e o outro tira del cara a rampla nunha mostra de solidariedade e compañeirismo. O adulto que nadaba preto deles observa a escena mentres regresa a nado. Os nenos máis pequenos seguen a xogar a mollalos pés e chapuzar na auga.

- **VÍDEO PORTO 85. Duración: 0,29 segundos.**

Obsérvase como un pequeno grupo de rapaces e rapazas están nunha pequena lancha, dous deles dentro dela e outros dous fóra dela, un dos que está fóra ten unha roda inchable e a outra rapaza está tentando subir á lancha coa axuda dun rapaz dos que está embarcado. Asemade dous aomñeiros mergúllanse dende a zona da grúa e aproxímanse a nado ao bote.

- **VÍDEO PORTO 86. Duración: 0,30 segundos.**

Este clip queda descartado xa que non se pode ver nada.

- **VÍDEO PORTO 87. Duración: 1,26 minutos.**

Este vídeo tamén queda descartado xa que non se ve nada relevante.

- **VÍDEO PORTO 88. Duración: 0,56 segundos.**

Pódese ver como na explanada da dársena nova, unha nena vai patinando con certa dificultade xa que está aprendendo e outro neno vai na bicicleta, ámbolos dous acompañados polo que semella ser a súa nai ou algún familiar. No segundo 21 aparece na escena unha adolescente deslizándose cuns patíns en liña pola súa destreza semella que tamén está perfeccionando a súa técnica. Nos bancos da dársena varios grupos de rapaces están reunidos e algúns dos rapaces están a xogar cun balón.

- **VÍDEO PORTO 89. Duración: 5 segundos.**

Descartado pola escasa duración.

- **VÍDEO PORTO 90. Duración: 1,27 minutos.**

Vese a un neno pedaleando na bicicleta pola explanada da dársena nova, tamén aparece a nena que estaba aprendendo a patinar e o neno que estaba aprendendo a andar na bici, seguen acompañados pola súa nai. Mentres os grupos de rapaces continúan reunidos nos bancos.

- **VÍDEO PORTO 91. Duración: 3 minutos.**

Obsérvase como os bancos da dársena están ocupados por grupos de mozas e mozos. Outros rapaces flotan no mar cuns inchables con forma de roda. No segundo 20 un rapaz toma carreira e realiza un salto tomando pulo na rampla da dársena e fai un xiro de 360 grados no eixo lonxitudinal. No segundo 45 aparece un rapaz cun balón e reúnese co resto de compañeiros e comezan a xogar a dar toques xogando ao que parece “a,e,i,o,u”. No segundo 1, 24 un rapaz colle carreira e salta de pé alcanzando unha gran distancia, non chega a ser un salto totalmente estendido. No segundo 1,47 pasa correndo ao meu carón e salta ao mar de pé, dende a zona lateral dos bancos da dársena, antes da grúa. Asemade varios rapaces continúan no mar flotando cos inchables con forma de

roda e algún deles bótase ao mar. No segundo 1, 57 obsérvase como un rapaz toma distancias na zona dos bancos medindo os pasos de carreira necesarios que deberá dar para poder tomar impulso e mergullarse, pero non chega a saltar ao mar.

Algúns dos rapaces con inchables soben polas escaleiras do muro do gas para tirarse, outros seguen no mar e outros veñen á zona dos bancos.

- **VÍDEO PORTO 92. Duración: 1, 29 minutos.**

Pódese ver como na zona dos bancos os grupos de mozas e mozos continúan reunidos. Uns seguen a xogar co balón e outros dialogan tranquilamente. No minuto 1,06 vese nun primeiro plano como un grupo de catro mozos prepáranse para facer un salto simultaneamente, fan unha conta de preparados listos e saltan collendo unha pequena carreira e saltan de pé ao mar; son cinco e un deles decide agardar no último intre e mergúllase despois do resto.

- **VÍDEO PORTO 93. Duración: 4, 25 minutos.**

Obsérvase neste clip como os rapaces na zona dos bancos seguen a xogar a dar toques cun balón e mantelo no aire, no segundo 1,19 cae o balón ao mar e inmediatamente un dos rapaces salta de pé ao mar detrás del. No segundo 1,32 outro rapaz mergúllase de pé. Mentres o resto dos mozos miran como se tiran, seguidamente outro rapaz colle carreira e salta de cabeza ao mar totalmente estendido, segundos despois outra moza salta de pé sen coller carreira. No minuto dous outro rapaz salta de pé collendo carreira. No minuto 2,17 outro rapaz salta de cabeza ao mar. Mentres algúns dos rapaces volven a xogar co balón. Outro rapaz no minuto 2, 47 salta de pé a partires dese intre varios saltos sucesivos de diferentes rapaces, algúns que xa se mergullaran con anterioridade permaneceron nunha pequena embarcación e outros flotando na auga. Logo deciden todos voltar á porto a nado, e os que estaban no bote saltan de cabeza ao mar. Ao mesmo tempo que regresan a porto un dende a zona dos bancos salta collendo carreira de pé e únese ao grupo que vai a nado. No minuto 3,49 un rapaz salta collendo carreira e saltando diante dos que regresan a nado para tentar molestarlles e salpicalos o máis posible. Outro grupo de rapaces permanecen nunhas lanchas e algún deles ten un inchable e méteo ao mar para subirse enriba del, ao mesmo tempo un par de compañeiros abandonan as embarcacións mergullándose de pé e de cabeza.

- **VÍDEO PORTO 94. Duración: 3,34 minutos.**

Vese como un grupo de rapaces corre dende a zona dos bancos para a punta do espigón das comportas, algúns saltan cara as escaleiras do muro do gas e outros permanecen a expectativa no dique. Mentres na zona das escaleiras do muro do gas os rapaces seguen a tirarse ao mar e na zona dos bancos permanecen reunidos e falando. No minuto, 1,15 dous rapaces realizan un salto simultáneo collendo carreira, un mergúllase de cabeza e outro de pé. No minuto 1,23 dende o dique da comporta dous rapaces saltan ao mar de pé collendo carreira. No minuto 1,33 dende a zona dos bancos outro rapaz salta ao mar dende a zona dos bancos con carreira e de pé. No minuto 2,18 pódese ver como un rapaz gabea polas rodas do muro do gas ata chegar ao dique mentres os compañeiros observan atentamente, no minuto 2,40 unha rapaza salta de cabeza dende as escaleiras do muro do gas e vai a nado cara as pedras do espigón da punta da comporta, asemade un par de rapaces toman carreira e saltan de pé alcanzando gran distancia. Inmediatamente despois unha rapaz salta de pé dende o dique do muro do gas. No minuto 3,15 prodúcense varios saltos sucesivos con carreira e de pé por parte de varios rapaces, uns saltando dende o dique da comporta e outros dende o muro das escaleiras.

- **VÍDEO PORTO 95. Duración: 0,11 segundos.**

Descártase este vídeo pola curta duración.

- **VÍDEO PORTO 96. Duración: 0,15 segundos.**

Vese coma na zona dos bancos un rapaz colle a unha rapaza e xoga a tirala ao mar. No muros do gas un rapaz salta de cabeza.

- **VÍDEO PORTO 97. Duración: 3,57 minutos.**

Na zona do muro do gas pódese ver a varios rapaces nadando que posteriormente se reúnen nas escaleiras do muro para falar. No minuto 1,20 unhas rapazas falan na punta do espigón da comporta e unha delas salta de pé ao mar retada polas outras,

seguidamente as dúas compañeiras saltan ao mesmo tempo de pé ao mar. Os rapaces permanecen atentos observando como as rapazas van a nado cara a súa posición nas escaleiras. No minuto 2,01 un rapaz colle carreira dende o dique do muro do gas e salta ao mar facendo o anxo e entrando de cabeza na auga, cando este está a rexurdir da auga un neno salta dende o espigón da comporta e case se produce un pequeno choque. No minuto 2,16 outro rapaz salta dende o dique do muro, nesta ocasión toma carreira e mergúllase de pé. No minuto 3,03 un neno salta ao mar facendo o anxo, tomando unha pequena carreira previa ao salto, baixo a atenta mirada dos compañeiros. No minuto 3,24 outro rapaz realiza outro salto do anxo dende o dique do muro do gas. No minuto 3, 35 uns rapaces comezan a berrar o nome dun compañeiro para darlle ánimos, non para que se tire senón para que faga un bo salto.

- ***VÍDEO PORTO 98. Duración: 0,51 segundos .***

No principio do clip un neno salta de pé ao mar dende o descanso das escaleiras do muro do gas. Mentres tres rapazas están situadas na caseta do gas no segundo 8 realizan un salto simultaneamente de pé e sen coller carreira. No resto do clip non hai ningunha acción destacable.

- ***VÍDEO PORTO 99. Duración: 0,23 segundos.***

Descártase este vídeo xa que non hai nada destacable.

- ***VÍDEO PORTO 100. Duración: 1,38 minutos.***

No muro do gas vemos a un grupo de rapaces, uns nas escaleiras e outros situados no dique pegados á caseta do muro do gas. No segundo 55 vese a unhas rapazas na lancha da cruz vermella falando tranquilamente mentres na zona dos bancos algunhas rapazas e rapaces dialogan animadamente.

- ***VÍDEO PORTO 101. Duración: 3,32 minutos.***

No segundo 0,17 un rapaz dende o descanso das escaleiras, colle carreira coas mans nas costas e salta de cabeza coas mans por diante no momento de entrar na auga. No segundo 43 un rapaz realiza un salto de cabeza pero agrupándose, ata tocar os nocellos, na fase voo para logo estender o corpo na entrada na auga. No minuto 1,05 outro rapaz salta de pé ao mar dende o dique, no segundo 1,32 outro rapaz, salta de cabeza sen carreira dende o descanso das escaleiras. No dique da comporta un grupo de rapaces permanece reunido falando tranquilamente. No minuto 1,57 un rapaz salta tomando unha pequena carreira, tenta agruparse durante a fase de voo pero non o logra e no momento de estender o corpo perde o control na postura e remata entrando de cabeza pero caendo case de costas, coa exclamación do resto dos rapaces polo impacto na auga.

No minuto 2,34 un mociño salta de pé dende o descanso das escaleiras. Un rapaz salta de cabeza dende o descanso das escaleiras e ao mesmo tempo outro rapaz salta de pé dende a caseta do gas, case se tocan ao saír da auga. No minuto 3,05 outro rapaz salta de cabeza, agrúpase na tocando os nocellos na fase de voo e logo esténdese para entrar de cabeza na auga. No minuto 3,22 dous rapaces saltan de pé, un dende o dique da comporta e outro dende o do muro do gas.

- **VÍDEO PORTO 102. Duración: 0,59 segundos.**

Dende o dique da comporta vese como un mozo salta collendo carreira, alcanzando unha gran distancia e mergúllase de cabeza. No segundo 10 un neno dende o descanso das escaleiras do muro do gas, salta de pé flexionando os xeonllos no momento de entrar na auga. Outros rapaces camiñan polo borde do dique pegados á caseta do gas un deles no segundo 0,25 salta de cabeza e ao mesmo intre outro neno salta de cabeza sen carreira dende o descanso das escaleiras. No segundo 0,48 un rapaz salta de pé dende o dique da comporta.

- **VÍDEO PORTO 103. Duración: 1,44 minutos.**

No segundo 0,6 un neno salta dende o muro do gas de cabeza, a entrada na auga é mala e entra de costas. O resto dos rapaces permanecen no muro observando. No segundo 0,30 un neno salta dende o descanso das escaleiras de cabeza sen mans por diante na entrada na auga. No minuto 1 vese como un grupo de mozos xogan co balón a dar

toques na explanada do dique da comporta. No minuto 1,07 outro mozo salta de cabeza dende o muro do gas, de seguido dende as escaleiras outro salta de pé ao mar e case ao mesmo tempo outro rapaz tírase de cabeza dende o muro do gas.

- **VÍDEO PORTO 104. Duración: 0,10 segundos.**

Un neno salta dende o muro do gas, flexionando os xeonllos na fase de voo e logo estendendo o corpo na entrada na auga.

- **VÍDEO PORTO 105. Duración: 2,53 minutos.**

Un neno salta de cabeza dende o descanso das escaleiras e ao mesmo tempo outro rapaz colle carreira e salta facendo o anxo pero perde o control no aire e acaba entrando de costas na auga. No segundo 0,24 dende o dique do gas, colle carreira e salta de cabeza. No segundo 0,27 un neno salta de cabeza dende descanso das escaleiras e o outro dende o muro do gas salta de pé. No segundo 0,45 outro rapaz dende o muro do gas, toma carreira e salta de cabeza coas mans pegadas ao corpo e logo esténdelas para entrar na auga. No segundo 0,50 un neno no descanso das escaleiras, lanza un inchable con forma de roda ao mar, salta e tenta entrar polo furado do inchable, non chega a ter éxito. Outro neno inmediatamente salta ao mar de pé e seguidamente outro mozo dende o dique mergúllase de cabeza na auga.

Logo no minuto 1,26 un mozo colle carreira e dende o dique do gas salta de cabeza facendo o anxo no aire. Tamén dende o dique da comporta outro mozo no minuto 1,34 salta de cabeza pero na fase de voo toca as palmas das mans contra as pernas e logo esténdese para entrar na auga. No minuto 1,42 outro mozo dende o dique do gas toma unha pequena carreira e salta de cabeza facendo o anxo. No minuto 1,59 outro rapaz dende o dique do gas salta de pé e logo colle o inchable. Asemade outro par de rapaces saltan dende o dique do gas, un de pé e o outro de cabeza ámbolos dous entrando na auga a cadanseu lado do neno que ten o inchable na auga.

De novo no minuto 2,45, outro neno se mergulla de cabeza logo de facer unhas probas, toma un pequena carreira e mergúllase de cabeza facendo o anxo na fase aérea para logo estender as mans na entrada á auga.

- **VÍDEO PORTO 106. Duración: 3, 01 minutos.**

Obsérvase como uns rapaces na explanada do dique da comporta, loitan a ver quen tira a quen ao mar. No segundo 0,51 un rapaz pasa ao meu carón collendo carreira e tírase de pé ao mar, seguidamente outro rapaz de menor idade tamén se tira de pé. Un neno no minuto 1,01 toma unha leve carreira e tírase de pé ao mar. No minuto 1,24 un mozo dende o dique do muro do gas mergúllase de cabeza facendo o anxo do aire para logo entrar na auga estendido. No minuto 1,29 dende o dique da comporta outro neno mergúllase de pé, collendo unha pequena carreira.

Dende o dique do muro do gas un rapaz pásalle un balón aos compañeiros que están no outro dique para que poidan seguir a xogar co balón, minuto 1,33. Outro neno no minuto 2,01 dende o dique da comporta mergúllase de pé. Dende o muro do gas un mozo salta de cabeza, no minuto 2,14. Tamén no minuto 2,49 outro neno dende o muro do gas salta de cabeza sen mans e no último intre estende as mans diante para a entrada na auga.

- **VÍDEO PORTO 107. Duración: 3,38 minutos.**

Xa no segundo 2 vese a un mozo mergullarse dende o dique da comporta, colle carreira e entra de cabeza no mar, baixo a mirada dunha rapaza que está de pé. No segundo 10 outro neno amaga con empurrar a outro neno polas costas para o mar. Ao mesmo tempo un grupo de rapaces xoga co balón na explanada a dar toques. No segundo 25 unha nena salta dende o dique da comporta, colle un pequeno impulso e mergúllase de pé.

Outro mozo dende a caseta do muro do gas salta de pé no segundo 0,53. No minuto 1,09 outro rapaz dende o mesmo lugar salta de cabeza. Segundos máis tarde outros nenos mergúllanse dende o dique do muro de pé, outro dende o dique da comporta que se tira de cabeza e outro máis dende a caseta do muro do gas. De novo dende o dique da comporta un mozo colle unha pequena carreira e salta de pé ao mar no minuto 1,43. Nese mesmo momento outro mozo mergúllase de cabeza dende a caseta do muro do gas e unha rapaza salta dende as escaleiras de pé.

Minuto 2,09 outro neno mergúllase de cabeza dende a caseta do muro do gas. Un par de segundos despois outro neno empurra a outro ao mar dende as escaleiras do muro do gas. Seguidamente un neno salta dende o dique do muro tomando uns pequenos pasos de carreira. No minuto 2,35 un mozo dende o dique do muro do gas toma carreira e salta facendo o anxo tomando gran altura, estendendo as mans adiante no momento de entrar na auga. No minuto 2,45 outro rapaz realiza o mesmo salto dende o mesmo lugar. Nas escaleiras do muro un rapaz empurra a outro no minuto 3,06. Dende as escalinata do muro un neno mergúllase de cabeza.

- **VÍDEO PORTO 108. Duración: 1,15.**

No comezo do clip un neno dende o descanso da escalinata salta de cabeza. No segundo 3 outro neno dende o dique do muro, toma carreira e salta facendo un xiro de 360° no eixo lonxitudinal. No segundo 20 dous saltos simultáneos non pactados, un deles dende o dique e outro dende as escaleiras do muro do gas, ámbolos dous de cabeza pero un colle carreira e facendo o anxo. Outro neno no segundo 53 dende o dique do muro, colle carreira e salta de cabeza facendo o anxo. Nos minuto 1,06 de novo dous saltos case simultáneos un dos saltadores faino dende o descanso das escaleiras de pé e outro dende o dique facendo o anxo.

- **VÍDEO PORTO 109. Duración: 0,49 segundos.**

Neste clip apreciase un momento de diálogo dos rapaces e no segundo 0,36 un deles dende o descanso das escaleiras salta facendo a rá e na fase aérea encóllese de novo e toca coas mans nas pernas para logo estenderse e entrar de cabeza no mar.

- **VÍDEO PORTO 110. Duración: 0,24 segundos.**

Este vídeo será descartado polo seu pouco contido e duración.

- **VÍDEO PORTO 111. Duración: 9,16 minutos.**

Segundo 0,16 dende o descanso das escaleiras do muro do gas, un neno realiza un salto de cabeza tomando unha pequena carreira e durante a fase aérea, fai que remata un balón coa cabeza, antes de entrar na auga. A continuación outro neno dende o mesmo lugar realiza o mesmo. No segundo 0,54 de novo dende o descanso das escaleiras un neno salta de cabeza. Tras un diálogo un neno no minuto 1,34 dende o descanso das escaleiras fai un mortal adiante. No minuto 1,53 dende o mesmo espazo un neno salta de cabeza. Case ao mesmo momento outro salta de costas de cabeza dende unha altura menor das escaleiras.

Minuto 2, un neno salta dende o dique do muro de pé. Pódese observar no minuto 2,12 como un pai ensina a súa filla a mergullarse e a bañarse, están situados no altura máis baixa das escaleiras, a nena despegase das escaleiras un chisco para retornar a nado, despois o pais continúa explicándolle como debe facer para animala o pai decide tirarse el para que a súa filla o siga. No minuto 2,20 un neno dende o descanso das escaleiras toma impulso e realiza un salto acrobático facendo unha especie de mortal e pirueta no aire para entrar de pé.

Unha nena no minuto 3,30 salta dende o descanso das escaleiras de pé. No minuto 3,53 o pai que esta coa nena sobe ata o descanso das escaleiras e móstralle á nena como se tira el ao mar, realiza un salto carpado con pernas estendidas adiante, toca coas mans nos pés e logo entra de cabeza, a súa filla ao velo salta aos brazos do pai. Outros rapaces collen os inchables métese no mar a flotar sobre eles.

No minuto 4,44 un neno, dende o dique toma unha breve carreira e realiza un salto do anxo perfecto. Dúas rapazas no minuto 4, 58 dende o descanso da escalinata, fan un salto conxunto agarradas polas mans, no último intre son empurradas sen consecuencias e entran de pé no mar. Minuto 5,03 dende o muro da caseta do gas, un neno salta de pé. No minuto 5, 18 dende o dique do muro do gas outro mozo salta de cabeza pero perde o control do corpo no aire e entra máis de costas que de cabeza. Minuto 5, 25 salta de cabeza ao mar dende o descanso do escaleirón. Seguidamente outro neno salta de cabeza dende o mesmo lugar. Minuto 5, 42 outro mozo salta de cabeza dende o descanso das escaleiras e inmediatamente outro mozo fai un salto de cabeza dende o dique do muro do gas.

Minuto 6,04 un neno dende o dique do muro colle carreira e fai un salto do anxo perfecto. Minuto 6,52 outra nena salta dende o descanso das escaleiras de pé ao mar. No minuto 6, 54 o pai que estaba coa súa filla, mergúllase facendo un salto carpado de cabeza. Mentres os nenos e nenas están reunidos bañándose nas escaleiras. Minuto 7, 05 dende o dique do muro do gas outro neno salta facendo o anxo, de seguido outro neno dende a caseta do gas fai o mesmo salto pero sen carreira e con maior risco xa que hai nenos debaixo e un escaleirón que permanece somerxido baixo o mar. Un mozo no minuto 7, 21 salta dende o dique do muro de pé. No minuto 7,32 dende a caseta do gas outro mozo salta de cabeza, facendo o anxo cunhas rapazas abaixo mirando as que pasa por enriba. A continuación outro compañeiro tamén se lanza de cabeza pero este toca coas mans nas pernas polo aire e logo esténdese para a entrada no mar. Minuto 7,15 un compañeiro dese neno salta de novo de cabeza voando sobre as cabezas das rapazas e poucos segundos máis tarde outro neno dende o dique do gas salta de pé. Dous nenos no minuto 7,32 saltan á vez sen telo pactado un dende as escaleiras e outro dende a caseta do gas, este fai o salto facendo o anxo. De seguido outros tres nenos un detrás do outro fan dous saltos de cabeza voando sobre as cabezas das nenas que están abaixo. No minuto 8,44 na zona dos bancos un mozo colle carreira e brinca de pé no mar. Segundos máis tarde 8,54 outro mozo salta de pé.

- **VÍDEO PORTO 112. Duración: 0,37 segundos.**

Un neno salta ao mar dende o caseta do gas de pé. Mentres outro grupo de nenos e nenas xogan a chapuzarse os uns aos outros nas escaleiras. Tamén outro neno dende o descanso da escalinata salta facendo un xiro de 360° sobre o eixo lonxitudinal, entra de pé no mar.

- **VÍDEO PORTO 113. Duración: 6,14 minutos.**

Seguen as rapazas e rapaces nas escaleiras do muro do gas. Segundo 11 e un neno salta de cabeza dende as escaleiras do dique. No segundo 24 outro neno salta de pé ao carón doutro compañeiro seu que está nadando. Un segundos máis tarde outro compañeiro del dende o descanso da escalinata salta de pé para salpicar e molestar ao compañeiro que está de costas a el nadando. Mentres o resto das rapazas e rapaces permanecen nas escaleiras. No segundo 0,51 un neno dende a caseta do gas salta de pé pasando por

enriba das cabezas das nenas que están abaixo na parte baixa das escaleiras. Nese mesmo intre outro rapaz mergúllase de cabeza, xusto despois unha nena salta dende o dique do gas salta de pé.

No minuto 1,14 vese a dous mozos achegándose a nado ata as escaleiras do muro do gas, outros nenos seguen enriba dos inchables. Vese como as rapazas e rapaces dialogan no descanso das escaleiras. Unha nena no minuto 1,40 dende o descanso das escaleiras, salta de pé.

No minuto 2,03 unha embarcación aparece e tódalas nenas e nenos desaparecen para deixarlle paso. Minuto 2,20 no descanso das escaleiras un neno empurra polas costas a unha nena, desequilibra e cae de pé ao mar. Minuto 2,35 un neno dende o dique do muro do gas, toma unha pequena carreira e salta de cabeza facendo o anxo, un salto perfecto moi ben realizado. Inmediatamente despois un mozo dende o dique das escaleiras toma uns pasos de carreira e fai un mortal adiante entrando de pé no mar. Outro mozo dende a mesma posición salta de pé cos xeonllos preto dos rapaces que saltaron antes para salpicalos na súa entrada na auga.

As mozas seguen reunidas falando e semella que están organizando algo, no minuto 3,03 algunhas delas comezan a collerse da man, un dos nenos pasa por detrás delas e fai que as vai empurrar ao mar, este é repreendido por tódalas nenas. No minuto 3,19 un grupo de nenas van saltar xuntas da man e no último minuto parte delas quedan paradas e deixan que salten dúas compañeiras entre risas do resto das compañeiras. No minuto 3,27 un neno dende o descanso das escaleiras salta de cabeza, toma uns pequenos pasos de pulo e salta ao mar pero apoiando as mans no borde para tomar forza e posteriormente entra de cabeza no mar, coas mans estendidas por diante, ao mesmo tempo un neno salta dende o dique de pé en dirección a onde están as rapazas para mollalas coa entrada na auga. No minuto 3,35 outro mozo dende o descanso das escaleiras o mesmo salto de cabeza apoiando as mans no borde das escaleiras e mergullándose de cabeza cos brazos estendidos. Minuto 3,49 e outra vez un dos nenos que saltaran con anterioridade realiza o mesmo salto apoiando as mans no borde das escaleiras para impulsarse coas mans, de seguido outro compañeiro realiza o mesmo salto. A continuación outro neno fai o mesmo salto so que desta vez a entrada faina sen estender os brazos e entra coa cabeza directamente no mar. Un dos rapaces que saltou

con anterioridade salta dende o descanso das escaleiras, nesta ocasión da un par de paso flexionase a modo de rá para coller forza de salta de cabeza sen estender as mans no momento da entrada ao mar.

Na parte baixa das escaleiras outros rapaces seguen a xogar cos inchables e a salpicarse uns a outros. As rapazas permanecen no descanso das escaleiras agarradas da man e parece que agardan un momento adecuado para tirarse todas xuntas. Minuto 4,34 un mozo dende o descanso das escaleiras do gas, toma un par de pasos e realiza un mortal adiante para entrar no mar de pé. No mesmo momento varios rapaces, individualmente, saltan dende a caseta de pé preto dos compañeiros que están no mar cos inchables, estes cando se decatan comezan a fuxir da zona de entrada.

No minuto 4,42 catro rapazas no descanso das escaleiras, realizan un salto conxunto agarradas polas mans, de pé. No momento que as rapazas toman saen á superficie outro neno salta de pé moi preto dunha delas para salpicalas. Seguidamente, outra nena dende o descanso das escaleiras de pé. Outro neno salta dende o dique de cabeza e segundos despois outro rapaz salta dende o mesmo lugar facendo o anxo estendendo os brazos no momento da entrada no mar. Un par de segundos máis tarde tamén dende o dique, outro mozo fai un mortal adiante entrando de pé no mar.

Minuto 5, 29 un neno dende o descanso das escaleiras fai un salto de pé con xiro de 360 grados sobre o eixo lonxitudinal. No minuto 5,34 unha moza dende o dique da comporta, fai un salto de pé. As rapazas das escaleiras están organizándose entre elas para facer un salto conxunto collidas da man, debido a que o descanso das escaleiras non é moi grande algunhas delas deben subir a distintas alturas das escaleiras, unha vez organizadas e situadas nas súas posicións, saltan ao mesmo tempo no minuto 6,02.

- **VÍDEO PORTO 114. Duración: 0,48 segundos.**

No segundo 0,3 vese como na zona dos bancos da dársena dous rapaces fan un salto simultaneamente tomando unha pequena carreira e saltar de pé.

Tamén no segundo 0,12 outro mozo dende a zona dos bancos da dársena, toma carreira e saltar ao mar de pé. No segundo 0,17 vemos como un grupo de rapaces están xogando cunhas colchóns inchables no mar entre as embarcacións.

- **VÍDEO PORTO 115. Duración: 4,43 minutos.**

Segundo 0,6 un rapaz dende o dique do muro do gas fai un mortal adiante entrando de pé na auga. Segundo 0,20 outro neno dende o dique do gas toma unha pequena carreira e salta ao mar facendo o anxo para logo estendelas mans para entrar de cabeza. Dúas rapazas no segundo 0.42 dende as escaleiras do muro saltan simultaneamente ao mar collidas pola man. No segundo 0,53 dende a zona dos bancos da dársena, colle carreira e salta ao mar facendo o anxo para entrar de cabeza. Ao mesmo tempo algúns rapaces xogan cos colchóns inchables na auga. Minuto 1,03 outro mozo dende a zona dos bancos, salta facendo o anxo e entrar de cabeza no mar.

Nas escaleiras do muro do gas, as rapazas seguen a organizarse para realizar un salto conxunto collidas todas das mans. Entrementres un dos rapaces dende o dique fai un mortal adiante facendo a entrada de pé. No minuto 1,32 dende as escaleiras do muro, tódalas rapazas situadas a distintas alturas das escaleiras, saltan en bloque de pé collidas polas mans. Seguidamente un neno dende o dique salta de pé. Minuto 1,37 e unha rapaza que non saltara con anterioridade co grupo de mozas, dende o descanso mergullase de pé.

Outro neno, dende o dique do muro, mergúllase dende facendo o anxo. No minuto 2,03 dende dique da comporta lanza ao mar un inchable con forma de roda e posteriormente salta de cabeza ao mar para collelo. De novo as nenas comezan a organizarse para facer de novo outro salto colectivo collidas pola man, mentres se organizan un dos rapaces empurra a unha das nenas e caen ao mar dúas xa que están collidas da man. Outra moza salta ao mar dende o dique do muro de pé.

Dende o descanso das escaleiras un mozo salta de bomba caendo moi preto dunha rapaza e así molestala coa auga que sae da entrada na auga. Minuto 3, un neno salta de cabeza dende o descanso das escaleiras. Un par de segundos máis tarde un neno dende o dique do muro do gas executa un mortal adiante entrando de pé no mar. No minuto 3,10 as rapazas comezan a organizarse para facer un salto conxunto en cadea, algúns dos rapaces están incomodándoas, ben saltando diante delas ou permanecendo no mar na zona de entrada ao mar. As rapazas están molestas e discuten

cos rapaces. Mentres tanto na zona dos bancos da dársena tres rapaces saltan sucesivamente, un facendo a bomba, outro un mortal adiante e outro rapaz de pé. Nas escaleiras do muro do gas de novo 5 rapazas fan un salto conxunto collidas da man.

- **VÍDEO PORTO 116 Duración: 0,27 segundos.**

Neste clip obsérvase na zona dos bancos da dársena a unha nena aprendendo a patinar, outro neno tamén aprendendo a ir na bici e a outro pequeno grupo de mozos xogando cun balón a dar toques.

- **VÍDEO PORTO 117. Duración: 0, 17 segundos.**

Este vídeo é descartado pola escasa duración e porque se observa o mesmo que no anterior clip.

- **VÍDEO PORTO 118. Duración: 0,13 segundos.**

Neste vídeo aínda que é curto pódese ver como un neno moi pequeno que está aprendendo a ir en bicicleta, observa moi atento dende a zona dos bancos da dársena ao grupo de mozas e mozos que se están a tirar dende as escaleiras do muro do gas.

- **VÍDEO PORTO 119. Duración: 5,51 minutos.**

Vese como nenas e nenos se están organizando para facer un salto conxunto dende as escaleiras do muro do gas. Cando semella que están preparados e dan a sinal de saltar outro neno interrompe a carreira dalgúns e saltan ao mar uns poucos que non se perciben deste detalle. Algúns rapaces aproveitan para saltar preto dos que están mo mar e salpicarlle o mais posible na entrada ao mar e outros saltan para que non poidan saltar xa que se sitúan na zona de entrada á auga. Estes rapaces son recriminados polo resto de compañeiros.

No minuto 2 están tódalas nenas e nenos situados nas escaleiras preparados para saltar agarrados da man no minuto 2,27 dan unha sinal e todos saltan agarrados polas

mans. De seguido varios compañeiros saltan ao mar de pé. Mentres outro grupo de mozas e mozos que se atopaban xogando noutra zona cos colchóns inchables achéganse para xogar cos nenos e nenas que están nas escaleiras.

No minuto 3,07 un rapaz realiza un mortal adiante dende o descanso das escaleiras. De novo no minuto 3, 14 pódese observar como outra vez nenas e nenos se organizan para realizar un salto conxunto todos collidos da man, mentres teñen que agardar que a zona de salto se despexe de xente, un dos rapaces estórballes facendo un mortal adiante no minuto 3,42, outro neno segundos despois sae da cadea e salta preto dos que están no mar cos inchables para salpicalos. Logo dos problemas dan a sinal de salto pero saltan descoordinados e soamente saltan os que están na parte superior das escaleiras e no dique o resto queda inmóbil e comezan a rirse deles.

Minuto 4,10 e vese como seguen a xogar cos colchóns inchables no medio do mar preto das escaleiras do muro do gas. No minuto 4, 27 e o resto das nenas e nenos que estaban alí preparados para saltar, finalmente saltan ao mar de pé e agarrados das mans. No tempo restante algúns rapaces saltan preto dos que están no mar para amolalos salpicando neles, tirándose de bomba e de pé. No minuto 4,47 dúas nenas saltan dende o descanso das escaleiras, de pé. Inmediatamente despois outro neno dende o dique salta de pé ao mar. No minuto 4.42 un neno trata de empurrar a unha compañeira e finalmente ela mesma salta simultaneamente con outra compañeira.

Os saltos continúan e no minuto 4,57 dende o dique do muro un neno salta facendo o anxo. Un mozo dende o dique do muro salta facendo un mortal pero nesta ocasión cae de costas ao mar, ante a sorpresa dos compañeiros. De seguido outro rapaz salta de cabeza. Ao lado deste, outro compañeiro salta de cabeza , seguidamente outro neno fai un mortal adiante entrando de pé, estes tres saltos son feitos dende o dique do muro.

2. 2. 2. VÍDEOS PRAIA

- **VÍDEO PRAIA 1. Duración: 1,10 minutos.**

Vese dende o principio un pequeno partido de fútbol na praia, no que participan un grupo de mozos. Detrás deles na beira do mar un rapaz recolle unha táboa de esvarar na auga da beira do mar. Mentres no lado dereito vese como un neno nos segundos 0, 15 e no 0,44 na beira do mar xogando co mesmo tipo de táboa que o anterior.

Na multitude de nenas e nenos que se están dentro do mar, pódese diferenciar como moitos deles están xogando coas ondas, ben a collelas indo á vía, con material específico como táboas “bodyboard”, outros xogan cos inchables coas ondas tamén, outros están a bañarse xogando co mar e nadando.

- **VÍDEO PRAIA 2 Duración: 1,26 minutos.**

Obsérvase dende o principio do clip, en primeiro plano como un grupo de mozos xoga un partido de fútbol na area, as porterías son dous “perillotes” de area proporcionalmente separados entre eles, simulan unha portería e o campo de xogo non está delimitado. No segundo 0,33 cambiase a cámara de posición e obsérvase como existe máis actividade no mar e na beira do mesmo. Vese a varios nenos xogando a deslizarse nas ondas, con pequenas táboas, algúns deles levan neoprenos para estar no mar. Outro neno nos segundo 0,47, recolle a táboa para volvela lanzar esvarando pola auga para logo tentar subir enriba dela e escorrer pola auga, tenta iso varias veces. Dentro do mar vese como nenas e nenos se bañan, coa vixilancia dos adultos en moitos dos casos. Na beira do mar, vese a unha parella de nenos xogando coa area. Tamén pódese observar como un adulto xoga cun neno a regatearse mutuamente cun balón.

- **VÍDEO PRAIA 3. Duración: 16, 42 minutos.**

Neste vídeo pódese ver distintas actividades lúdicas na praia, as condicións do mar son moi favorables sen olas practicamente. Ao principio vese a dous nenos xogando ás palas. Na marxe esquerda vense a dúas parellas de nenas e nenos xogando ás palas, unha das parellas é mixta e a outra feminina vese a partir do minuto 1,06.

No mar vese que hai un grupo de nenas e nenos xogando a coller ondas axudados de pequenas táboas de “bodyboard”, as veces collen ondas e veñen cara terra e outras simplemente se deslizan sobre elas dun lado a outro. As nenas e nenos máis pequenos

xogan co mar baixo o coidado dos seus pais e dos seus titores, estes xogan a chapuzar na auga e dar chimpos no mar cando chega unha onda a súa altura a. No minuto 4, 03 vese na marxe esquerda na beira do mar como un neno lanza a súa táboa na beira e logo corre para esvarar sobre dela na auga durante uns metros.

No mar continúan moitos deles a xogar coas ondas. Algúns nenos levan inchables e xogan con eles na auga, outros, flotan sobre deles. Un par de rapaces no minuto 5,13 saen do mar correndo, un deles tenta atrapar ao compañeiro xa fóra da auga e unha vez que o colle saen andando do plano da cámara. Mentres no mar algún rapaces xogan a ir á vía. Minuto 6,22 e vese a tres parellas de nenas e nenos de pouco idade xogando coa area, non se distingue o que están a facer concretamente. No minuto 7, 01 un adulto (non se sabe se é familiar ou amigo dalgunha das nenas coas que está xogando) faille unha broma a unha das nenas que está xogando ás palas golpeando a pelota sen que a nena se decate.

No minuto 7,25 obsérvase como un neno suxeita agarrándoo polas costas a outro compañeiro mentres o lanza cara atrás, quíttalle o balón e envíao a outra dirección para seguir xogando. No mar continuase vendo aos nenos xogando no mar a mergullarse, nadando, correndo e chapuzando na auga e tentando salpicarse unhas a outras. No minuto 8,01 vese na beira do mar a catro nenas brincando sobre as ondas do mar. No minuto 9 observase como os nenos seguen a disputar un partido na praia No minuto 10,22 vese na marxe inferior a distintas nenas e nenos que seguen a xoga coa area e detrás deles uns rapaces xogan a coller ondas e ir á vía, dous deles con táboa e outros dous sen ela, detrás deles dous rapaces xogan no mar cun balón a lanzalo uns a outros e preto deles unhas nenas xogan as carreiras para entrar na auga. Un pouco máis lonxe no minuto 11,37 vese como uns pais xogan na area cuns nenos pequenos. Minuto 13, vese como nenas e nenos de distintas idades xogan cuns inchables, ben a manterse sobre deles ou a tirar ao compañeiro. No minuto 13, 35 compróbase como un neno e unha nena pequena xogan ás palas cun adulto, aínda que a nena está máis interesada en xogar coa area. Tamén no 15,18 vese a dous nenos pequenos na beira do mar cunhas palas aínda que case non poden con elas. Mentres o resto segue mantendo as mesmas actividades lúdicas.

- **VIDEO PRAIA 4. Duración: 41 minutos.**

Neste vídeo pódese comprobar que a influencia das condicións meteorolóxicas sobre as actividades e prácticas lúdicas e directamente proporcional ao bo tempo que faga. Mellor bo tempo máis xente xoga. Malia que o clip dura moito soamente se pode observar a un par de rapazas ou rapaces tentando deslizarse sobre as ondas. Ata o minuto 16,50 que chega un pequeno grupo de rapaces cun balón e se comezan a organizar para xogar un pequeno partido na area. Primeiro comezan tres nenos dando toques e a regatearse uns aos outros. Pouco a pouco se engadindo máis compañeiros.

No minuto 20 obsérvase como unha nena e un nenos pasean en bicicleta polo paseo. No minuto 27, 21 vese como dous nenos pequenos saen correndo da auga. Outro pequeno grupo de nenos no minuto 28, 15 corren cara o mar para bañarse. Minuto 34,34 compróbese como dúas adolescentes van cara o mar equipadas con traxe de neopreno e dúas pequenas táboas de “bodyboard” para deslizarse nas poucas ondas existentes pero estas condicións favorecen a aprendizaxe no mar. Mentres os rapaces seguen a xogar un partido na area. Comeza a chover cada vez con máis intensidade e chega o momento de retirarse.

- ***VÍDEO PRAIA 5. Duración 24 minutos.***

As condicións climáticas son semellantes ás do clip anterior, con pouca actividade de xente nela. Dende o primeiro momento vese a un grupo de mozos, xogando un pequeno partido de fútbol na area. Na marxe esquerda da imaxe vese como dous nenos xogan ás palas baixo a mirada dun terceiro compañeiro que está de pé. Un par de nenos están xogando no mar bañándose. No minuto 3,50 enfócase cara a zona do Caldeirón, onde dende lonxe pódese ver a algún que outro neno andando polas pedras.

No minuto 6,32 a cámara volve a enfocar a zona central da praia, “Area Maior”, nesa zona seguen a xogar ao fútbol o mesmo grupo de rapaces, é curioso que falta de delimitación do campo, provoca que as accións de xogo se consigan na beira do mar coa auga de por medio. No minuto 6, 39 aparece outro neno na zona central da imaxe cun balón. Tamén na marxe esquerda da imaxe vese ao fondo a dúas parellas de nenas que están a dialogar e tentando facer un xesto técnico até que no minuto 7, 08 vese como tentar facer un pino apoiadas na area e téntano en repetidas ocasións.

Os rapaces que estaban xogando ás palas seguen pero o que era espectador está xogando neste momento. Tamén pódese ver a outra parella xogando ás palas pero neste caso son adolescentes. No minuto 10 obsérvase no centro da imaxe como unha muller adulta recolle a dous nenos pequenos e os afasta dos maiores e inmediatamente estes comezan a correr xunto con outro par de nenos e no minuto 10,15 comezan a correr en círculo uns detrás dos outros e a pillarse uns aos outros. Obsérvase como no minuto 15,54 un novo par de compañeiros se unen aos rapaces que estaban xogando ás palas, no minuto 18,28 un dos que perde xogando nas palas entrégalle a pala un dos compañeiros que observa, e así ocorre varias veces o perdedor entrega a raqueta ao seguinte, polo que se observa que están xogando ao rei de pista. Intres máis tarde dúas nenas engádense ao grupo dos rapaces das palas.

Minuto 24:31 vese como un grupo de tres nenas xogan na rea a facer formas. Están a realizar un campo de xogo empregando as pernas para realizar un rectángulo dividido en dous cadros, delimitando a zona de cada xogadora. Ao mesmo un neno remexe na area para facerse un pequeno asento para observar como xogan as nenas maiores. Elas comezan a pasarse unha pelota dun lado a outro do campo tentando de que non caia ao chan. Parán de súpeto e comezan a refacer unha parte do campo e voltar ao xogo. No minuto 27,04 prodúcese unha situación de abuso por parte de dous nenos que semellan ser amigos das nenas que fixeron o campo. Un deles achégase a unha delas e tenta metelas fóra do campo, outro compañeiro del permanece á marxe e non intervén na acción. Eles comezan a xogar ás palas en paralelo, pouco tempo máis tarde elas deciden ir bañarse ao mar e eles deixan as palas. Máis tarde o plano volve a cambiar e compróbase como seguen a xogar os mesmos grupos de rapazas e rapaces ás palas e ao fútbol.

- **VÍDEO PRAIA 6. Duración: 0,16 segundos.**

Este clip descártase xa que non ten valor nin pola duración nin pola calidade da imaxe.

- **VÍDEO PRAIA 7. Duración: 1,45 minutos.**

Vese na zona central do plano, como tres adultos entre 20-30 anos están a xogar ao balón. Un deles está a facer de porteiro, aclarar que a portería son dúas sandalias, colocadas en vertical. Os outros dous están a dar toques co balón no aire e facendo pases acrobáticos para rematar ao balón. Vanse trocando de posición no minuto 1, 14 prodúcese esta acción.

- ***VÍDEO PRAIA 8. Duración: 1,11 minutos.***

Obsérvase como unha nena xoga con dous caldeiros de area e coas mans a facer unha especie de muro. Tamén no segundo 0,42 vese unha nena xogando coas mans na area. Xusto detrás tres rapaces xogan a pases entre eles
No segundo 50 obsérvase como unha muller, realiza exercicios de quencemento xa que se dispón a practicar surf, vestida cun traxe de neopreno e unha táboa.

- ***VÍDEO PRAIA 9. Duración: 5,54 minutos.***

Obsérvase como os nenos que estaban no anterior clip seguen a xogar a dar pases co balón e as nenas xogan na area a facer furados na area.No segundo 0,33 vese a dous mozos de entre 20-30 xogando ao “freesbe”.

No minuto 1,37 dúas nenas que xogaban comezan a dialogar sobre onde situarse para seguir xogando. Minuto 3,32 un grupo de mozos de diferentes idades, xogan cun balón a dar toques. No minuto 4,35 na marxe dereita da imaxe aparecen dous mozos e comezan a xogar cunhas palas.

- ***VÍDEO PRAIA 10. Duración: 3,49 minutos.***

Obsérvase como un grupo de rapaces de distintas idades, dispostos en círculo xogan a dar toques e mantelo balón no aire. No minuto 1 vese como hai xente practicando surf e bodyboard. Na beira hai xente que se baña e algún rapaz xogando con inchables no mar. Os rapaces máis pequenos que dispoñen dunha táboa están na beira tentando de coller ondas. Obsérvase tamén como hai nenas e nenos xogando a saltar nas ondas, aqueles que son máis pequenos tamén o fan acompañados por adultos. No minuto 3,22 vese

como unha parella de mozos xogan ao freesbe outros ás palas. Mentres na parte de abaixo da imaxe unha nena xoga coa area a construír unha muralla ou algo similar.

- **VÍDEO PRAIA 11. Duración: 1,08 minutos.**

No centro da imaxe vese como uns rapaces está a xogar un partido de fútbol na area.

No segundo 0,37 obsérvase como dous nenos pequenos xogan cun balón a regatearse un ao outro. Tamén se pode apreciar como outros tres rapaces xogan co balón a tirar penaltis na area.

- **VÍDEO PRAIA 12. Duración: 6,35 minutos.**

No centro da imaxe obsérvase como un neno e un adulto xogan cun balón a dar pases entre eles. Tamén vese como un grupo de rapaces xoga un partido na area.

Por outra banda compróbase como un neno xoga coa area a facer unha forma, unha nena cun caldeiro e unha pala xoga coa area e unha nena pequena tamén permanece sentada xogando coa area. No minuto 1, 13 dúas parellas de rapazas están a xogar coa area en distintos lugares da praia.

A imaxe volve a zona central da praia e vese como seguen a xogar unha parella de nenos a regatearse entre si, outro grupo de rapaces tira penaltis e un adulto e un neno dan pases entre eles. No minuto 1,45 pódese comprobar en primeiro plano como un neno e dúas nenas xogan coa auga das duchas, unha pequena ferramenta e a area a facer unhas pequenas construcións. Minuto 2,31 e dous nenos que antes xogaban ao balón, collen unhas palas e comezan a xogar, primeiro fan un campo de xogo e despois póñense a xogar. Na marxe esquerda no minuto 3,18 vese como aparecen dous rapaces metendo unha carreira para chegar ao mar e unha vez que chegan métense ao mar correndo e mergullándose. No mar pódese ver a algúns rapaces con táboas e xogando a coller ondas cando rompen chegando á beira do mar.

- **VÍDEO PRAIA 13. Duración: 1,36 minutos.**

No centro da imaxe vese en primeiro plano unha nena xogando coa area, facendo unha morea de area. Máis ao fondo hai un grupo de adultos en círculo xogando a dar toques co balón, tratando de que non toque o chan aínda que non sempre o conseguen.

- **VÍDEO PRAIA 14. Duración: 0,13 segundos.**

Este vídeo será descartado porque non ten contido relevante para a investigación e pola súa duración.

- **VÍDEO PRAIA 15. Duración: 0,13 segundos.**

Este vídeo será descartado porque non ten contido relevante para a investigación e pola súa duración.

- **VÍDEO PRAIA 16. Duración: 1,50 minutos.**

Vese como dous nenos colocan os seus traxes de neoprenos para entrar na auga. Máis ao fondo dúas nenas xogan na area e detrás delas unha parella de nenos xogan cuns caldeiros a tirarse auga.

Mentres un grupo de rapaces continúa a xogar un partido de fútbol na area.

No minuto 1,06 vese como hai nenas e nenos xogando nas pedras do Caldeirón.

- **VÍDEO PRAIA 17. Duración: 1,17 minutos.**

No principio do vídeo vese a un adulto e unha nena xogando cun balón na beira do mar.

Ao seu carón un rapaz coloca unhas aletas nos pés para poder practicar bodyboard.

Ábrese o plano e pódese ver a unhas nenas na marxe esquerda xogando na area.

Na parte central uns nenos continúan a xogar un partido de fútbol. No segundo 0,33 vese a un grupo de nenas e nenos bañándose no mar, uns acompañados por táboas de bodyboard. Na parte central da praia continúan a xogan un grupo de adultos cun balón a mantelo no aire tratando de que non caia.

- **VÍDEO PRAIA 18. Duración: 4,12 minutos.**

Na imaxe vese como hai un par de nenas que xogan coa area en lugares distintos da praia e tamén a parella que está máis preto da beira do mar xogando tamén coa area,

facendo castelos de area. Na marxe dereita da imaxe preto das pedras do Caldeirón vese a un grupo de nenas e nenos xogando a chapuzarse e saltar sobre as ondas.

Na marxe esquerda un grupo de rapaces xoga un partido de fútbol na area. No mar hai varios cativos con táboas de bodyboard que xogan a ir á vía sobre as ondas, algún deles tamén ten posta unha pequena licra protectora. No minuto 1,20 obsérvase a un neno xogando cunha pala. Detrás del hai un grupo de tres nenas que xogan coa area facendo un furado no chan. No minuto 1,40 aparecen na imaxe unhas nenas e nenos acompañadas por dúas mulleres, o grupo xoga na area a facer formas ou algo semellante. Detrás deles un grupo de mozos xoga ao balón dando toques. Segundos máis tarde na parte dereita da praia un neno xoga soo ao balón. No mar o baño das rapazas e dos rapaces continúa, uns con táboas outros sen nada e todos xogando coas ondas do mar. Vese como moitos deles xogan a ir á vía con material ou sen material.

- **VÍDEO PRAIA 19. Duración: 0,11 segundos.**

Este vídeo é descartado pola escasa duración e ademais porque a imaxe é entorpecida pola presenza dunha persoa que tapa a imaxe.

- **VÍDEO PRAIA 20. Duración: 2,39 minutos.**

Na imaxe pódese ver como hai un par de rapaces xogando co balón cada un deles en distintas partes da praia, un deles de xeito individual e o outro está dando pases a algún compañeiro. Tamén se comproba como uns cativos seguen xogando coa area no mesmo lugar e xusto ao seu carón un par de mozos de distintas idades xogan ás palas. No segundo 30 un nutrido grupo de adultos dispónse a xogar un partido de fútbol na area.

Nesta ocasión están equipados cunhas pequenas porterías, tipo xoquei patíns. Fan dous equipos e comezan xogar. No minuto 1,31 vese na marxe dereita da imaxe como un neno xoga a dar toques co balón. No minuto 1,50 vese como uns adolescentes están preparándose para entrar na auga para facer bodyboard. Detrás deles están xogando un adulto e un neno ás palas e outra parella fan o mesmo ao seu lado. unhas nenas xogan preto desas parellas na area a facer pequenas construcións. No mar hai moitas nenas e nenos xogando coas ondas con ou sen material.

- **VÍDEO PRAIA 21. Duración: 2,14 minutos.**

Vese neste vídeo como distintos grupos de nenas e nenos están andando polas pedras. Algúns están a pescar ou mariscando collendo pequenos moluscos como poidan ser minchas ou algo así. Outros rapaces adícanse a saltar dunha rocha a outra . No minuto 1,56 obsérvase como unha nena comeza a pasar dunha rocha a outra con gran axilidade e destreza ata chegar á altura onde se atopan os compañeiros.

- **VÍDEO PRAIA 22. Duración: 2,26 minutos.**

Compróbase neste clip como nenos e nenas de distintas idades xogan nas pedras do Caldeirón. Algúns deles van con material como por exemplo: caldeiros, trueiros e liñas de pesca. Algún adulto tamén está acompañando a algún grupo de rapaces aínda que a maioría das nenas e nenos van pola súa conta. Uns adícanse a saltar de penedo en penedo, outros á pesca, outros ao marisqueo de pequenos crustáceos.

- **VÍDEO PRAIA 23. Duración: 2,22 minutos.**

Tamén neste clip pódese observar como rapaces e rapazas se desprazan polas pedras do Caldeirón dun lado a outro, tratando de atopar un lugar onde poder practicala pesca. Outros van saltando sen máis tratando de chegar o máis lonxe posible camiñando e brincando polas pedras. Rapaces de tódalas idades achéganse para ir polas pedras. No minuto 1,31 vese como dous nenos acompañados por uns adultos carretan unhas pequenas embarcacións atadas por unha corda. Outro neno que os acompaña semella ter unhas especie de coche do que vai tirando pola area.

- **VÍDEO PRAIA 24. Duración: 2,46.**

Neste clip vese como un grupo de homes xogan un pequeno partido de fútbol na area. Teñen delimitado o campo cunhas liñas marcadas na area e as porterías semellan ser mercadas. No minuto 1 unha muller xoga cuns nenos pequenos na area, facendo

pequenas escavacións. Na beira do mar os máis pequenos van á vía nas táboas e sen táboas.

No minuto 1,29 vese como hai máis rapaces xogando ao balón na area. Tamén obsérvase como un adulto xoga cun neno ás palas. Os nenos dos botes atados por cordas volven a pasar acompañados dos seus pais no minuto 1,43, o seu irmán. Mentres na zona central da area hai un neno xogando cun balón e detrás del un grupo de rapaces xoga un pequeno partido fútbol na area.

- **VÍDEO PRAIA 25. Duración: 6,22 minutos.**

No segundo 0,46 vese a tres rapazas facendo ximnasia na area na zona do Caldeirón. Realizan volteretas laterais e o pino. No minuto 1,41 vese como seguen a xogar un partido de fútbol coas porterías tipo xoquei patíns. Na praia sequeñ a facer figuras na area un grupo de adultos e uns nenos moi pequenos. No minuto 2,37 vese como un grupo de adultos xoga cun balón a mantelo no aire dando toques. No minuto 4,10 a cámara volve a centrarse nas nenas que están facendo volteretas. Hai que aclarar que neste vídeo a cámara en moitos momentos non enfoca ningunha acción.

- **VÍDEO PRAIA 26 Duración: 2,31 minutos.**

Nunha posición máis elevada na zona do Caldeirón vese como hai unha gran cantidade de xente practicando surf. Tamén no mar pódese observar como moita xente xoga a superalas ondas do mar por riba e por baixo do mar. Algúns teñen táboas e tratan de coller ondas e ir á vía.

- **VÍDEO PRAIA 27. Duración: 1.07 minutos.**

No comezo do clip vese como varias persoas están no mar practicando surf. No segundo 0,16 vese unha imaxe panorámica da praia na que se poden ver a tres mozos no primeiro plano da imaxe xogando entre eles cun balón dando toques. Detrás deles hai un grupo de rapaces xogando un partido de fútbol na area. Tamén se pode ver a grupo de nenas e nenos xogando ás palas detrás dos que xogan ao fútbol. Na marxe esquerda hai unha parella xogando ás palas no minuto 0,50. Observando a imaxe tamén se identifican a uns cinco grupos distintos en diferentes zonas da praia xogando coa area nalgún deles

tamén participan adultos no xogo. No mar moitas rapazas e rapaces xogan a ir á vía con material de apoio ou sen el.

- **VÍDEO PRAIA 28. Duración: 1,31 minutos.**

Neste clip tomado dende unha posición elevada na zona do Caldeirón pódense comprobar que unhas rapazas e uns nenos xogan na area xusto nas pedras do Caldeirón, parece que están facendo algún tipo de figura na area. No resto da imaxe vese como se manteñen as mesmas actividades que no clip anterior. Partidos de fútbol, ben sexan por equipos ou a regatearse uns a outros, xogos en círculo co balón,, xogo de palas, castelos de area. Na pedras tamén se poden ver a rapaces con trueiros e caldeiros polas pedras do Caldeirón, pescando ou saltando de rocha en rocha.

- **VÍDEO PRAIA 29. Duración: 0,50 segundos.**

Este vídeo queda descartado polo escaso valor informativo.

- **VÍDEO PRAIA 30. Duración: 3,17.**

Este clip comeza cunha panorámica do mar onde se pode comprobar como hai moita presenza de xente no mar practicando surf. A partires do segundo 0,37 a panorámica pasa a ser da praia. Nesa vese como seguen a xogar os mesmos rapaces na area co balón a dar toques. Na beira e na parte inferior da imaxe uns nenos pequenos xogan cunhas mulleres a darse sustos e a correr uns detrás dos outros. Máis afastados xogan tres nenos a pasarse entre eles un freebe na parte central da area e case pegados á beira do mar.

Na marxe superior da praia vese como distintos grupos e parellas seguen a xogar coas palas.

No minuto 1,11 a imaxe volve ao mar onde se pode seguir vendo a xente no mar xogando coas ondas. Segundos máis tarde a imaxe volve á praia onde se desenvolven as mesmas actividades que se desenvolvían. Na esquina inferior dereita os nenos que estaban con dúas mulleres agora comezan a coller area e a lanzala contra elas, comezan a fuxir elas dos nenos e estes a perseguilas. No 2, 21 o mar chega á altura onde unha nena tiña unha pequena construción que é levada por diante e esta levántase e salta na poza que deixa. Ao seu lado xusto hai un grupo que continúa a facer unha construción

de area. A imaxe volve ao mar e obsérvase como segue moita xente a xogar coas táboas a ir á vía e outros a superar as ondas por baixo ou por riba delas.

- **VÍDEO PRAIA 31. Duración: 3,09 minutos.**

No principio do clip vese como dous nenos e unha nena xogan a chutar a portería que improvisan con dúas moreas de area. Detrás deles unha nena moi pequena acompañada dun adulto xoga coa area.

A imaxe muda de plano e céntrase nunha muller e unha nena que xogan ás palas e con elas está un neno moi pequeno que anda a xogar cun balón a lanzalo. Segundo 30 e obsérvase como dúas parellas de nenas e nenas xogan coa area facendo cadansúa construción. Por diante deles pasan un adulto e un neno cunhas palas coas que se van a dispoñer a xogar.

Minuto 1,17 obsérvase un grupo de nenas e nenos xogando coa area. Segundos 1,42 máis tarde a imaxe céntrase nunhas nenas e un adulto que se atopan na area, ela está de pé sobre unha pequena táboa de bodyboard e agarda a que veña o mar para esvarar sobre a auga. Nos minuto 2,09 vese a un adulto correndo cara un furado que hai na area e un neno pequeno vai detrás del correndo para ir para onde está o adulto e seguir furando na area. Tamén se ven como seguen a xogar ás palas as mesmas parellas de adultos e nenos.

- **VÍDEO PRAIA 32. Duración: 0,38 segundos.**

Neste clip vese como dúas parellas compostas por adultos e nenos, unha delas feminina e a outra masculina, xogando coas palas.

Na beira do mar vese a un adulto axudando a unha nena que está de pé nunha táboa de bodyboard, cando ven unha onda este axuda á pequena a desprazala pola auga.

- **VÍDEO PRAIA 33. Duración: 2,36 minutos.**

Neste clip vese nun primeiro momento como un grupo de homes e rapaces xogan a dar toques cun balón dispostos en círculo. Tamén se pode ver como unha nena e dous nenos

xogan un pequeno rebumbio entre eles, minuto 2,00. Na parte central da praia hai varios grupos de nenas e nenos xogando a facer formas na area. Semella que están a construír nalgún caso algunha fortificación para cando o mar chegue a derrube o máis tarde posible, minuto 1,28. Nas pedras do Caldeirón vese como hai varios nenos e nenas xogando polas pedras a saltar ou ao marisqueo.

- ***VÍDEO PRAIA 34. Duración: 1,10.***

No clip vese como un par de nenos e unha nena xogan un pequeno rebumbio na area. Obsérvase a un adulto e un menor xogando ás palas. Na beira do mar un adulto cunha nena axudándoa a deslizarse sobre a beira do mar cunha pequena táboa. No mar un rapaz agarra a outro das mans e lánzao contra unha onda que bate neles. No segundo 19 aparece un adulto e unha nena pequena correndo detrás del e tentando salpicalo dándolle unhas patadas á auga. No segundo 0,44 vese a un grupo de adultos e nenos xogando a dar toques cun balón. Nas pedras do Caldeirón hai nenos tratando de pescar nas pozas que se forman coas mareas.

- ***VÍDEO PRAIA 35. Duración: 1,04.***

No comezo do clip vese como un neno xoga a dar toques a unha pelota cunha pala. Mentres no segundo 0,6 nas pedras do Caldeirón seguen nenas e nenos a saltar de rocha en rocha, pescando e xogando co medio. No segundo 0,36 vese como dous nenos collen auga cuns pequenos caldeiros na beira do mar No vídeo pódese ver tamén como un grupo de homes e mozos xogan un pequeno partido de fútbol pero sen porterías e sen meter gol, tratan de manter a posesión do balón entre os membros dun mesmo equipo.

- ***VÍDEO PRAIA 36. Duración: 0,51 segundos.***

No clip obsérvase a unha parella de adultos xogando ás palas. Na beira do mar vese como varias nenas e nenos xogan a ir á vía con táboas pequenas e sen elas. Asemade outros nenos xogan no mar a saltar coas ondas e a pasar por riba delas e por baixo.

- ***VÍDEO PRAIA 37. Duración: 1,01.***

Obsérvase neste clip a moitas nenas e nenos xogando coas ondas no comezo do clip.

No segundo 0,36 vese como un hai varios partidos de fútbol na area, en distintas zonas, tamén pódese comprobar como hai tres rapaces xogando a pasarse o balón entre eles. Dúas parellas de nenas xogan coa area cos seu caldeiros, palas e mans en sitios distintos na praia.

- **VÍDEO PRAIA 38. Duración: 1,04.**

No comezo do clip obsérvase preto da area a unha parella de rapaces xogando ás palas. Un neno que está a carón deles xoga cun balón el soo. As mesmas rapazas seguen a xogar coa area facendo formas. No seu lado están uns rapaces xogando a pasarse o un balón entre eles. Detrás deles outro grupo de rapaces xoga un partido de fútbol na area e un pouco máis lonxe outro grupo de nenos tamén xoga un pequeno rebumbio. Na beira do aparecen varias nenas e nenos deslizándose con pequenas táboas sobre o mar. Xusto ao seu lado unhas nenas corren pola auga dun lado a a outro. No mar seguen a bañarse e saltar sobre as ondas.

- **VÍDEO PRAIA 39. Duración: 0,22.**

Neste pequeno clip vese un pequeno partido de fútbol na area.

- **VÍDEO PRAIA 40. Duración: 2,49.**

Neste clip a imaxe está máis preto da beira do mar. Neste vídeo vese que hai unha gran cantidade de nenas e nenos xogando coas ondas do mar, con pequenas táboas van á vía e sen elas van co corpo soamente. Outras nenas e nenos báñanse coas ondas e outros corren pola beira e xogan a salpicarse uns a outros. No segundo 0,28 unha parella formada por un adulto e un neno xogan ás palas nun pequeno campo feito con liñas na area. Tras deles xogan u grupo de rapaces un partido de fútbol na area. Tamén detrás deles unha parella xoga ás palas.

No segundo 0, 48 a imaxe volta ao mar, na beira pódese ver a un neno que xoga cun balón e dentro do mar na beira unhas nenas agarradas da man saltan as ondas. Outros

xogan cos inchables ben flotando ou empregándoos como se fosen táboas. No minuto 1,28 aparecen tres rapaces correndo en dirección ao mar para acabar entrando de cabeza ao mar. Dentro da auga hai un par de rapaces xogando cunha pelota dentro da auga. Tamén se observan a varios nenos xogando á vía con e sen táboa. Os máis pequenos están na beira do mar saltando as ondas e salpicando nelas, algúns nenos en particular os máis pequenos permanecen baixo a vixilancia dun adulto.

- **VÍDEO PRAIA 41. Duración: 0,19 segundos.**

Neste vídeo vese como varios nenos de distintas idades xogan a ir á vía coas ondas.

- **VÍDEO PRAIA 42. Duración: 0,46 segundos.**

Neste clip obsérvase como nenas e nenos xogan no mar mergullándose coas ondas, saltando, correndo sobre elas. Tamén se pode ver a uns nenos xogando cun balón no mar, tirándoo e facendo carreiras a ver quen o recolle antes de que veña a onda.

- **VÍDEO PRAIA 43. Duración: 1,14 minutos.**

No clip vense as mesmas accións que no clip anterior. Nenos e nenas xogando coas ondas, indo á vía, axudados por táboas e sen elas. Nenas e nenos máis pequenos correndo pola beira salpicando. Outros correndo no mar para logo mergullarse.

- **VÍDEO PRAIA 44. Duración: 1,35 minutos.**

Obsérvase como nenos e nenas xogan polas pedras do Caldeirón. Uns a saltando de rocha en rocha e movéndose pola zona. Outros permanecen en pedras onde hai pozas pescando con trueiros, liñas e caldeiros. Os máis pequenos son en ocasións axudados por adultos a recoller pequenos cangrexos, minchas, etc.

- **VÍDEO PRAIA 45. Duración: 0,20 segundos.**

Neste clip vese a nenas nas pedras do Caldeirón pescando e a outro grupo de nenos e nenas tamén andando polas pedras e buscando pequenos moluscos.

- **VÍDEO PRAIA 46. Duración: 0,45 segundos.**

No vídeo obsérvase como dúas nenas, unha moi pequena e outra un pouco maior xogan ás palas. Están acompañadas dunha adulta e esta trata de ensinarlle a pequena pero esta é demasiado pequena para comprender be o xogo e para soste ben a pala e poder golpear correctamente. Despois duns intentos falidos a nena déixalle a pala a adulta e esta comeza a a xogar coa outra nena. Xustamente detrás delas dous nenos xogan cun balón de fútbol a dar pases entre eles.

- **VÍDEO PRAIA 47. Duración: 1,03.**

Dende o principio vese a unha nena moi pequena dando xiros sobre si mesma ata que cae mareada, un adulto está preto dela e lánzalle unha pequena pelota, outro neno que semella ser amigo ou irmán achégase á nena e a pelota. Agora nena e neno comezan a xogar entre eles a pases dándolle co pé distanciados. No mesmo clip vese a un par de rapaces xogando a regatearse entre eles. Tamén na imaxe vese como unha parella feminina, composta por unha adulta e unha menor xogan ás palas. No segundo 0,36 ao moverse a cámara obsérvase como unha parella de rapaces xogan ás palas. Outro grupo de rapaces xogan un partido de fútbol na area.

- **VÍDEO PRAIA 48. Duración: 1,04 minutos.**

Neste clip vese a varios nenos xogando un partido de fútbol na area. E a un pare de rapaces xogando a dar pases entre eles. No segundo 0,7 vese como varios nenos xogan na area a facer pequenas escavacións. No segundo 0,38 obsérvase como dúas mulleres xogan ás palas. Pegados á zona do Caldeirón un adulto e un neno xogan cunha cometa tentando que voe. Outro neno xoga cun balón el só na area.

- **VÍDEO PRAIA 49. Duración: 0,34segundos.**

Neste vídeo vese como dúas parellas adultas, unha feminina e outra masculina xogan ás palas. Posteriormente uns mozos chegan cunhas porterías de xoquei e colócanas preto das persoas que estaban xogando ás palas.

- **VÍDEO PRAIA 50. Duración: 0,59 segundos.**

No vídeo está unha parella de mulleres que xogaba ás palas muda a súa posición para xogar debido a que os mozos que ían xogar ao fútbol ocupan o espazo necesario para poder xogar cun perímetro de seguridade. Detrás delas uns nenos xogan ás palas tamén. Un adulto trata de voar a cometa o máis alto posible preto das pedras do Caldeirón Un par de nenos pequenos xogan a regatearse entre eles correndo pola area dun lado a outro. Na imaxe vese a unhas nenas xogando coa area baixo a mirada dunha adulta.

- **VÍDEO PRAIA 51. Duración: 0,38 segundos.**

Este vídeo será descartado xa que a imaxe non ten a suficiente calidade para poder ser analizada.

- **VÍDEO PRAIA 52. Duración: 0,33 segundos.**

Obsérvase como dúas parellas, unha feminina e outra masculina, de distintas idades xogan ás palas. Tamén se observa como un grupo de homes de distintas idades xogan un partido de fútbol na area cunha pequenas porterías.

- **VÍDEO PRAIA 53. Duración: 0,38 segundos.**

Na imaxe obsérvase a un adulto e unha nena pequena tratando de xogas ás palas. Na beira do mar vese como un neno pequeno corre arredor dun adulto e trata de salpicalo, pégalle patadas ao mar, corre en contra do mar a favor e incluso chega a caer na auga debido a unha onda que tira.

- **VÍDEO PRAIA 54. Duración: 0,10 segundos.**

Este clip queda descartado pola pouca duración do mesmo.

- **VÍDEO PRAIA 55. Duración: 0,23 segundos.**

Nun primeiro plano vese un partido de fútbol na area. No mar vese como varias persoas entran ao mar con neopreno e táboas para practicar surf. Tamén non mar vese a un grupo de persoas que se están a bañar, algunhas delas xogan a saltando sobre as ondas e contra delas

- **VÍDEO PRAIA 56. Duración: 0,27 segundos**

Neste clip obsérvase unha parella de mulleres xogando ás palas. Pódese ver na area restos de construcións de ter xogado a facer castelos de area. Nas pedras do Caldeirón seguen a xogar bastantes rapazas e rapaces saltando polas pedras e tratando de pescar nas pozas.

- **VÍDEO PRAIA 57. Duración: 0,59 segundos.**

Neste clip obsérvase a distintos grupos de nenas e nenos nas pedras do Caldeirón, algúns deles gabean por elas e saltan nelas, outros adícanse á pesca e ao marisqueo.

- **VÍDEO PRAIA 58. Duración: 1,53.**

Neste clip vese como hai unha gran actividade nas pedras do Caldeirón, nenas e nenos xogan co medio que os rodea, Saltan polas pedras, van dun lado a outro tratando de atopar a mellor poza para coller cangrexos, peixes ou camaróns e metelos nos seus caldeiros para logo mostralos ao resto dos compañeiros. O material co que contan son pequenos trueiros e liñas para a pesca e o resto desenvólveno coas mans. Tamén observamos a algún adulto que axuda neste tipo de actividade.

- **VÍDEO PRAIA 59. Duración: 0,22 segundos.**

Este vídeo é descartado xa que non achega ningunha imaxe que poida engadir datos relevantes.

- **VÍDEO PRAIA 60. Duración: 0,15 segundos.**

Neste obsérvanse a un par de parellas compostas por un adulto e un menor, cada unha de distinto sexo xogando ás palas. Vese tamén tres rapaces xogando a tirar á portería. Xa máis preto da beira do mar hai unha muller vendo como un neno pequeno xoga coa area a facer un furado.

- **VÍDEO PRAIA 61. Duración: 0,31 segundos.**

No vídeo vese como un adulto xoga ás palas cun neno. Outra parella formada por nenas tamén xoga ás palas. Tres nenos xogan un rebumbio ao fútbol na area. Outro neno xoga el soo cun balón conducíndoo dun lado a outro. Unha muller xoga na area cunha nena pequena. No mar varios nenos xogan coas ondas pasando por riba delas, outros xogan a coller olas con pequenas táboas de bodyboard.

- **VÍDEO PRAIA 62. Duración: 0,24 segundos.**

Neste clip vese a un grupo de rapaces xogando un partido de fútbol na area. Tamén un par de nenos xogando ás palas.

- **VÍDEO PRAIA 63. Duración: 0,26 segundos.**

No vídeo pódese ver como na beira do mar tres nenas xogan enriba dunha táboa de surf a mantelo equilibrio cando veñen as ondas, as tres están enriba da táboa. No mar vese a varios nenos con pequenas táboas de bodyboard tentando ir á vía nas ondas. Por outra banda outro par de nenos están correndo na auga e mergullándose nas ondas.

- **VÍDEO PRAIA 64. Duración: 0,29 segundos.**

No clip apreciase a varios nenos xogando á vía empregando unhas pequenas táboas de bodyboard. Outras nenas e nenos xogan a mergullarse cando veñen as ondas. Tamén hai algúns que se agarran entre eles e tentan meter ao compañeiro debaixo da auga e xogando co mar.

- **VÍDEO PRAIA 65. Duración: 0,18 segundos.**

Vese a un adulto e un neno xogando cun balón a facer malabarismos co balón. Detrás deles vese a nenos e nenas correndo da beira do mar cara a area e viceversa, cargando cun pequeno caldeiro no que lle levan auga a un compañeiro que está nunha piscina de area.

- **VÍDEO PRAIA 66. Duración: 0,51 segundos**

Neste vídeo compróbase como hai varias nenas e nenos xogando coas ondas con pequenas táboas de bodyboard e con inchables. Son nenas e nenos de pequena idade que a maioría deles están baixo a vixilancia dun adulto. Todos eles tratan de ir á vía nas ondas con máis ou menos éxito. O resto que non ten táboas xoga coas ondas do mar mergullándose nelas ou pasando por riba.

- **VÍDEO PRAIA 67. Duración: 0,19 segundos.**

No vídeo vese como dúas nenas pequenas xogan a mollarse no mar coas ondas e logo meten unha carreira e tópanse con dúas nenas que están nunha táboa de surf facendo que se deslizan sobre as ondas.

- **VÍDEO PRAIA 68. Duración: 0,10 segundos.**

Este vídeo queda descartado porque non se ve nada.

- **VÍDEO PRAIA 69. Duración: 0,21 segundos.**

Neste clip vese a unha nena indo á vía nunha pequena táboa de bodyboard, a outros nenos tentando facelo mesmo.

- **VÍDEO PRAIA 70. Duración: 0,56 segundos.**

No vídeo vese como uns nenos pequenos xogan na beira do mar a mergullarse, saltar nas ondas, salpicar e relacionarse co mar. Tamén se observan a outras nenas e nenos tratando de ir á vía con táboas. Na beira do mar vese de pasada como un adulto xoga ás carreiras cunha nena moi pequena.

- **VÍDEO PRAIA 71. Duración: 1,02 minutos.**

No principio do vídeo un adulto e un nenos xogan a salpicarse un ao outro antes de meterse máis cara dentro no mar. Vese como hai nenas e nenos tratando de ir á vía con inchables e pequenas táboas de bodyboard. Aqueles que non teñen táboa mergúllanse nas ondas sen máis. Tamén se aprecia como as nenas e nenos máis pequenos corren pola beira do mar saltando nas ondas, tentando esquivalas e correndo dun lado a outro coa excitación e a enerxía que lles produce vela onda preto deles.

- **VÍDEO PRAIA 72. Duración: 0,23 segundos.**

No clip obsérvase como un grupo de nenas está xogando cunha pelota, unha delas está pandando e o resto de compañeiras tentan que non colla a pelota. Fan fintas e movementos para enganala e que non poida collela pelota.

- **VÍDEO PRAIA 73. Duración: 0,36 segundos.**

Vese como un grupo de catro nenas xogan cunha pelota a pasala entre elas mentres unha compañeira está pandando e tenta por tódolos medios roubarlle a posesión da pelota para que pande outra nena.

Obsérvase tamén como un neno está a xogar na area facendo un furado coas súas mans.

- **VÍDEO PRAIA 74. Duración: 0,25 segundos.**

Obsérvase como tres nenas xogan ás carreiras entre elas e fan unha cadea tamén. Ao seu lado outro grupo de rapazas segue xogando a pasarse unha pelota cunha compañeira pandando.

- **VÍDEO PRAIA 75. Duración: 1,33 minutos.**

No vídeo obsérvase como un grupo de homes tenta montar un partido de fútbol na area cunhas pequenas porterías de plástico. Semella que teñen certas dificultades para facer equipos e ademais na zona onde se queren poñer a xogar hai outro grupo de nenos que están tamén xogando ao balón. Na imaxe tamén se comproba como hai xente que está xogando ás palas. Outros nenos están xogando na area facendo formas.

- **VÍDEO PRAIA 76. Duración: 0,55 segundos.**

No clip vese como dúas nenas moi pequenas xogan na area con caldeiros e xoguetes, teñen construída unha pequena piscina de area. Unha delas salta sobre a auga que está depositada no fondo. Xogan cuns inchables e báñanse con eles dentro da piscina. Todo isto sucede baixo a mirada de dúas mulleres que están pendentes de que non lle suceda nada.

- **VÍDEO PRAIA 77. Duración: 0,23 segundos.**

No vídeo vese a varios grupos de nenos e homes xogando co balón na rea a pasarse entre eles o mesmo. Pódese ver a unha parella xogando ás palas preto de todos estes grupos.

- **VÍDEO PRAIA 78. Duración: 0,23 segundos.**

Este vídeo é descartado xa que non se observa nada relevante no mesmo.

- **VÍDEO PRAIA 79. Duración: 0,46 segundos.**

No vídeo ves como varios nenos tratan de ir á vía, axudados por táboas de bodyboard. Tamén se ve como un grupo de nenos máis afastados da posición da cámara xogan ao mesmo pero sen material. Tentan coller as ondas a nado, outros mergúllase e xogan por riba das ondas.

- **VÍDEO PRAIA 80. Duración: 0,40 segundos.**

Neste caso o que se comproba é que hai varios partidos de fútbol na area ao longo da praia. Xogan dende nenos ata homes.

Tamén se ve como hai nenas e nenos xogando coa area espallados por toda a praia, con material ou sen el.

- **VÍDEO PRAIA 81. Duración: 0,31 segundos**

Obsérvase como dúas nenas xogan ás palas. Un adulto e un neno xogan a chutar á portería cun balón de plástico e cunha portería improvisada con dous moreas de area. Tras deles unhas nenas xogan na area.

- **VÍDEO PRAIA 82. Duración: 0,26 segundos.**

Vese como unha adulta e unha nena xogan ás palas. Diante delas unha nena moi pequena xoga na area e na pequena piscina que ten feita. Mentres nas pedras do Caldeirón hai nenos que andan a saltar dunha rocha a outra.

- **VÍDEO PRAIA 83. Duración: 1,48 minutos.**

Vese nas imaxes a un neno xogando no mar a ir á vía. A unha adulta e un neno xogando na beira do mar coa area. No mar vese a nenas e nenos xogando no mar a ir á vía cunha pequenas táboas e sen elas. Outros xogan a mergullarse por baixo e algún con inchables deixa levarse polas ondas.

Tres homes xogan a mantelo balón no aire dando toques. Ao seu carón hai dous nenos pequenos xogando na area. Tres nenos tamén xoga un rebumbio de fútbol entre eles. Outra parella de nenos xoga coa area escavando nela.

- **VÍDEO PRAIA 84. Duración: 1,40 minutos.**

Obsérvase como un grupo de tres homes xogan a mantelo balón no aire dando toques. Ao seu lado un neno e unha nena xogan facendo formas coas area. Hai outro pequeno grupo de rapaces que está xogando un rebumbio de fútbol.

No mar nenas e nenos xogan coas ondas, a ir á vía con táboas e sen elas, hai algúns que teñen inchables e xogan flotando por enriba das olas. Hai nenas e nenos que corren pola beira do mar para logo mergullarse.

- **VÍDEO PRAIA 85. Duración: 1,19 .**

Neste vídeo obsérvanse as mesmas condutas lúdicas que no clip analizado anteriormente.

- **VÍDEO PRAIA 86. Duración: 1,19 minutos**

No clip vese como no mar distintos nenos xogan a ir á vía sen material e tamén con pequenas táboas de bodyboard. Outros nenos mergúllanse e xogan coas ondas cando pasan pola súa posición. Na area un grupo de catro homes xoga a manter un balón no aire dando toques co pé.

- **VÍDEO PRAIA 87. Duración: 0,29 segundos**

No vídeo vese como un grupo de homes xoga a manter un balón no aire dando toques co pé, situados en cadrado.

- **VÍDEO PRAIA 88. Duración: 0,24 segundos.**

Neste clip vese como hai unha gran cantidade de nenas e nenos no mar tratando de ir á vía cando chegan as ondas, con material e sen el.

- **VÍDEO PRAIA 89. Duración: 1,57 minutos.**

Pódese comprobar como nenas e nenos de distintas idades xogan coas ondas no mar, indo á vía ou simplemente mergullándose. Algúns levan pequenas táboas de bodyboard e outros non levan nada. Preto das pedras do Caldeirón tamén se ve como hai unha parella xogando ás palas.

- **VÍDEO PRAIA 90. Duración: 1,57 minutos.**

No vídeo que é continuación do clip anterior seguen a observarse as mesmas actividades e mesmos xogos no mar. Na area na zona do Caldeirón hai unha parella xogando ás palas e ao seu lado un grupo de rapaces xogando un rebumbio ao fútbol.

- **VÍDEO PRAIA 91. Duración: 0,19 segundos.**

Vese como un adulto cunha pala axuda a un neno a facer formas e construcións na area. No mar seguen a xogar coas ondas, con inchables, táboas e sen material.

- **VÍDEO PRAIA 92. Duración: 1,17 minutos.**

No clip compróbase como hai unha gran cantidade de nenas e nenos no mar xogando a ir á vía coas ondas, moitos fano sen ningún tipo de material, outros con táboas de bodyboard e outros con inchables. Outros corren pola beira do mar salpicando e saltando. Na area un adulto e un neno seguen a facer unha gran escavación.

- **VÍDEO PRAIA 93. Duración: 4,06 minutos**

Neste clip vese a numerosos nenos xogando no mar coas ondas, con inchables, sen material e con táboas tratando de ir á vía. Outros grupos xogan a subirse enriba dos inchables e mantelo equilibrio neles ou derrubar aos compañeiros que están neles. Outros nenos corren pola beira do mar bañándose, entrando e saíndo do mar.

Na area vese a unha parella de nenos xogando ás palas. Unha muller adulta axuda a uns nenos a xogar coa area facendo formas. Tamén destacar que a marea está a subir polo que na area cada vez hai menos espazo para xogar.

- **VÍDEO PRAIA 94. Duración: 3,31 minutos**

Vese como un grupo de rapaces xuntan varios inchables con forma de roda e tratan de formar unha cadea e subirse enriba deles tratando de mantelo equilibrio, vese como cooperan en mantela cadea e axudarse uns aos outros para poder conseguilo, así seguen xogando durante todo o clip. Vese como unha pequena lancha inchable ocupada por nenos que están vogando para desprazarse polo mar. Outros nenos xogan a ir á vía, con material de apoio ou sen el. Hai outros nenos que teñen inchables pero xogan flotando sobre o mar. Tamén hai algún neno que está a xogar cunha pelota lanzando cara os compañeiros. Na area hai nenos que están xogando coa area a facer formas.

- **VÍDEO PRAIA 95. Duración: 1,49 minutos.**

Hai dous nenos xogando ás palas preto da beira do mar. Ao seu carón outro neno xoga coa area facendo formas, distanciada deste hai outra nena xogando coa area na beira mesmo do mar, chegando o mar a derrubar a súa muralla. No mar hai dúas nenas pequenas xogando a saltar nas ondas, mergullarse e a salpicarse entre elas. Tamén hai nenas e nenos con táboas indo á vía, outros xogan coas ondas sen material, mergúllanse e saltan sobre as ondas e tratan de ir á vía nalgúns casos.

- **VÍDEO PRAIA 96. Duración: 3,24 minutos.**

No vídeo vese como hai varios adultos con nenas e nenos. Un deles está sostendo a unha nena pequena que está de pé nunha táboa de bodyboard. Outros nenos xogan a ir á vía sen táboa e con táboa. Tamén hai nenas e nenos que xogan con inchables mantendo o equilibrio neles cando veñen as ondas e outros tratan de esvarar na onda. Hai adultos que lle axudan ás nenas e nenos a saltar sobre as ondas. Na beira un neno xoga cunha táboa tirándoa e logo poñerse de pé e esvarar na auga.

DIARIOS DE CAMPO

APÉNDICE 3. DIARIOS DE CAMPO

3. 1. DIARIO DE CAMPO CENTRO EDUCATIVO A

- *9 de Maio do 2012*

A visita ao centro está concertada coa Xefa de Estudos do CEIP A. O motivo da visita é para gravar e ter a opción de recoller datos sobre o funcionamento do programa de xogos populares no recreo. Hoxe os mestres ensaiaran no patio do recreo o modo de organización e funcionamento para detectar posibles fallos o incidencias que poidan aparecer no desenvolvemento do mesmo.

Unha das persoas responsables da iniciativa ensíname como vai estar distribuído o patio exterior (zona cuberta-zona aberta). Para iso teñen un taboleiro grande colgado nunha parede do patio pegada a porta de acceso ao patio.

No taboleiro podemos ver distintos documentos :

- Mapa de zonas de xogos
- Horarios días-xogos
- Alumnos responsables do material e os seus suplentes
- Fichas didácticas dos xogos divididas por cores que se corresponden con zonas de xogo

Nas zonas de xogo existen uns pequenos taboleiros que explican por zona a mesma información que no taboleiro grande.

A proba foi duns trinta minutos aproximadamente, simulando a duración dos recreos. Cando comeza o simulacro os profesores móstranse moi predispostos nun clima totalmente distendido. Pouco a pouco cada grupo de mestres vai para unha zona e

comeza a experimentar os xogos que hai asignados nela. Para recoller os datos o que se fixo foi ir coa cámara na man e gravando pequenos clips en cada zona, xa que era imposible recoller todo patio nun plano e con distintas accións ao mesmo tempo.

Os xogos que se practicaron foron os seguintes:

- Chapas
- Buxaina
- Salto á corda
- Pelouros e “tabas”
- Zancos
- Zorregadora
- Tres en raia
- Petanca
- Saltar a pata coxa
- Tres en raia

Durante a proba os mestres observaron que nalgunhas zonas non eran de todo axeitadas para algún xogo, como por exemplo no caso da buxaina e a petanca. Tamén algún problema de distribución de material, xa que este estaba en caixas e as veces había que desenredalo perdendo moito tempo para xogar. Ademais observamos algunhas discusións polo xeito de xogar, porque cada un decantábase por unhas normas e os outros non en concreto nas chapas, pelouros e tres en raia. No tres en raia o debate xerou bastante polémica relativo á maneira de facer tres en raia e como debían ser as liñas para facer tres en raia. Isto levou aos participantes a un gran debate entre eles sobre como xogar a isto.

Nalgunhas ocasións eu tamén fun participe das discusións e polémicas. Así mesmo participei nalgúns dos xogos coma na buxaina. A obriga de recoller datos impedía o pracer. Finalizado o simulacro quedo citado para poder gravar nos recreos concretando outra cita previamente para recoller gravacións durante os recreos e se é posible nas clases de EF.

- *Luns 11 de xuño do 2012*

O que me interesa destas gravacións e observacións non é facer unha análise minuciosa de todo o que poida acontecer no patio, porque o obxectivo non era analizar os recreos senón ver como funcionaba o proxecto nesa fase inicial e recoller o tipo de xogos que se levaban a cabo. Tamén aclarar que a imposibilidade de recoller todo o patio nun plano único era imposible, tanto polo deseño do espazo como pola cantidade de zonas destinadas a este proxecto. Os recreos do colexio comezan ás 11:20 e finalizan ás 11:45 en total vintecinco minutos nos que as rapazas e rapaces do colexio teñen que pór en marcha o programa de xogos nos recreos.

Unha vez que soa o timbre do recreo comezan a saír en tromba as rapaces e rapazas. Algúns deles van ao taboleiro grande para ver que xogos e zona teñen asignado asemade tamén poden comprobar cales son os responsables da entrega e recollida do material, estes deben apuntar quen o recolle e tachalos do caderno cando o devolven. O obxectivo era achegarse aos alumnos sen molestalos e tratando de ser un máis do centro. De feito, malia as primeiras miradas de curiosidade rapidamente os nenos e nenas seguían ao seu sen prestarme moita atención. Cando xa estaban nas cadeiras e mesas de cada zona ían tomando nota de quen collía o material e xa se poñían a xogar.

O que se pretendía era recoller o maior número posible de escenas onde as rapazas e rapaces do centro estivesen practicando algún dos xogos que tiñan propostos para cada día. Para iso graváronse pequenos clips de distinta duración nos que se recollían os xogos que se estaban a facer e se había algún feito moi destacado pois a gravación continuaba.

Non se estableceu ningún protocolo de observación senón que se foi gravando polo patio imitando a conduta dun mestre que poida estar de garda nese tempo achegándose a tódolos recunchos do patio escolar. Así graváronse distintas zonas do patio e recoller o que se estaba facendo nese intre na medida do posible.

Tamén este día mantiven algunha conversa informal con algunha das mestras e manifestaban a súa satisfacción por como estaba funcionando o tema dos xogos populares nos recreos. Ben certo que recoñecían que estaba nunha fase inicial pero xa comezaban a ver como a dinámica no patio de recreo trocara por completo. Non había

tantos conflitos e sen embargo os rapaces falaban moito máis e recoñecían que o máis difícil para os rapaces era negociar entre eles os equipos e cousas polo estilo. Algo que me chamou a atención foi o feito que os alumnos maiores ensinasen aos máis pequenos e tivesen un grado de responsabilidade co seu cometido, xa que nalgúns casos que puideren ver o rol non se limitaba a dar e recoller o material senón en organizar e axudar aos máis pequenos a xogar.

- ***Martes 12 de xuño do 2012***

A saída ao recreo é a mesma ca no día anterior, saída en tromba, algúns deles consultan o taboleiro, recollen o material e logo cada un vai para a zona asignada. Igual que no día anterior os rapaces autoxestionan o material e fanse responsables del. Hoxe seguín a mesma rutina que no día anterior. Procuo moverme por todo o espazo e recoller aqueles xogos que se estaban realizando en cada momento.

Hai certas zonas que a verdade non son os mellores espazos para xogar a nada, existe unha zona que é demasiado pequena non ten o espazo suficiente para facilitar o xogo, malia iso os rapaces son capaces de xogar. Hoxe na zona aberta do patio onde os rapaces xogan ao brilé. O que aconteceu é que á hora de facelos equipos para xogar había certas dificultades, chegando a intervir a mestra de garda en varias ocasións para indicarlles que fixeran uns equipos nos que se mesturasen nenos e nenas porque os primeiros equipos que elaboraron era unha división de nenos e nenas, para que non discutisen demasiado entre eles e que xogasen de forma axeitada tódolos nenos e nenas. Estiveron máis tempo negociando que xogando o que indica da dificultade para chegar a acordos, cada pouco facían pequenos grupos para discutir sobre o xogo e realmente de xogo efectivo pouco. A mestra aclaraba que a parte de negociar equipos e resolver os problemas é no que máis dificultade teñen as rapazas e rapaces do colexio. Os xogos foron desenvolvidos sen maiores problemas agás o caso do brilé. Unha vez que tocou a serea os responsables do material volven aos seus postos e recollen o material.

- ***Mércores 13 de xuño do 2012***

O recreo comeza de igual xeito que nos días anteriores, saen as rapazas e rapaces e algúns deles consultan no taboleiro grande a zona que lles toca que diríxense a ela para agardar pola entrega do material. Comezan a distribuírse os materiais en cada zona. No día anterior comentouse o feito de que nunha zona o espazo era moi reducido para xogar e hoxe comprobouse totalmente porque o grupo asignado a esa zona de xogos era moi numeroso e a verdade que se lle quedaba pequena esa zona. Algo sorprendente foi o feito de que os responsables da entrega do material tiveron a capacidade suficiente para poder ordenar e organizar as colas para das os materiais cunha responsabilidade e compromiso admirable.

Nos xogos de corda e na zorregadora houbo algunha que outra discusión por non cumprir as normas dun ou saltarse a orde de participación pero foron resoltas con diálogo por parte das rapazas e rapaces sen necesidade de ningún mestre. Outro distinto foi o do xogo do pano onde os participantes, en especial un neno cun carácter moi competitivo. Neste xogo tiñan algunha que outra dificultade para aclararse cos números que se ían asignando e un neno que participaba era moi competitivo e iso causou algunha que outra discusión dentro do desenvolvemento do xogo, chegando o rapaz a berrar e empurrar de xeito airado ás súas propias compañeiras de equipo. Un dos mestres comezou a xogar con eles ao pano e vendo que a conduta do rapaz non trocaba ou non comprendía que non podía enfadarse dese xeito tivo que deter o xogo para tranquilizalo e explicarlle que se tiña que relaxar e comportarse doutra forma cos compañeiros e xogar máis tranquilo. No resto das zonas de xogos non se recolleron incidentes deste tipo e foron resoltos sen problemas. Toca a campá e as nenas e nenos corren para devolver o material aos responsables de cada zona e remata o recreo.

- ***Xoves 14 de xuño do 2012***

O recreo comeza da mesma maneira que os outros días. Algúns dos nenos consultan o taboleiro grande e outros xa se dirixen cara a súa zona para agardar a entrega do material para xogar. Hoxe a climatoloxía foi adversa e estivo chovendo durante todo o recreo o que fixo que as zonas do patio exterior non foron empregadas para xogar o que fixo que as nenas e nenos se concentrasen no patio cuberto. Isto provocou que no houbera unha maior concentración de nenas e nenos en menos espazo. Este feito fixo que o recreo semellase caótico pero as nenas e nenos non tiñan confusión ningunha no

momento de xogar. Iso si que o feito de que chovese e todos estivesen na mesma zona provocou que houbera moitos grupos que estivesen paseando polo patio sen xogar a nada e se adicasen a falar entre eles e nada máis.

No xogo da corda houbo algunha que outra discusión entre os participantes e algún deles tamén non se comportaba correctamente e interrompía os brincos dos compañeiros. O xogo do pano tamén tivo algo de polémica á hora de asignar os números e ir a coller o pano pero sen máis problemas e nada comparable ao caso do outro día do neno. Hoxe coas mestras de garda estívose falando sobre os xogos no patio dos rapaces e o ben que estaba a funcionar e como unha delas ía asistir a un curso de formación sobre os xogos nunha escola da zona de Pontedeume chamada a Capela e o ben organizado que o tiñan nese centro escolar. Toca a campá e remata o recreo co mesmo ritual de devolución do material.

- ***Venres 15 de xuño do 2012***

Hoxe é o día que os rapaces teñen libre para poder xogar ao que eles queiran sen ter que ir a ningunha zona asignada nin nada polo estilo. Este feito unido a que había moitos aniversarios e as vacacións están moi preto fai que as nenas e nenos estean un pouco máis nerviosos do habitual. A verdade que se non teñen a obriga de ir a zonas para xogar adicáronse a pasear a gran maioría deles, outros a xogar á pilla e outro gran número ao fútbol.

Tamén hoxe estívose a falar cunha das mestras dun xeito moi cordial. Nesta conversa informal ela comentaba o ben que lle estaba facendo isto nos recreos aos rapaces aínda que hoxe non estivesen facendo case nada e explicaba que as nenas e nenos xa están cansos de tanta escola e deberes, que o rendimento xa non é igual. Asemade estivemos a falar das dificultades que teñen hoxe en día os nenos e nenas para relacionarse e cales poderían ser estas causas. Remata o recreo e a semana de observación.

3. 2. DIARIO DE CAMPO CENTRO EDUCATIVO B

- **24-5-2011**

Fase da observación comeza coa realización da mestra de Educación Física dunha unidade didáctica dunha semana de duración na que se traballaran os xogos populares.

Son as 15:30 e a serea do patio comeza a avisar ás crianzas de que o tempo de ir a clase chegou. Inmediatamente os escolares comezan a ordearse de forma ruidosa e caótica, correndo en tódalas direccións chocando uns con outros, brincando e berrando coma se fóra o fin do mundo. Comezan a facer filas indias no patio interior, que serve tamén coma sala de usos múltiples na clase de Educación Física. Unha vez feitas as filas tiñan que conseguir que todo o mundo estivese calado para poder ir para clase. As ringleiras estaban ordenadas por orden de curso. O primeiro grupo que foi para clase eran os de 6º de primaria e así sucesivamente comezaron a desfilar case a paso militar tódolos escolares das escolas de Educación Primaria de Buño para as súas aulas.

A mestra indícame que vai a buscar as crianzas á aula e que nun minuto estarán alí. Mentres eu observo o caixón dos xogos populares que solicitaron á Xunta de Galicia no mes de outubro e que chegou en maio, e que soamente poderán ter no centro durante esta semana xa que só llo ceden por unha semana. O caixón feito de madeira ten gravadas que poñen xogos populares, enriba de onde se encontra a pechadura. Abro o caixón e realizo un pequeno albarán do material que trae dentro que está composto por: chave ferrolana, ourensá e coruñesa todas elas son unhas réplicas talladas en madeira acompañando as chaves temos doce pesos tamén de madeira, unha base soporte para as chaves ferrolana e ourensá, seis aros de ferro e as súas respectivas guías feitas de ferro e cunha empuñadura de madeira, unha corda ou maroma. Dentro do mesmo había unha caixa de plástico que contiña máis material como: seis cordas vermellas para saltar á comba, unha bolsa que contiña seis “trompiños” e seis buxainas cos seus cordeis de atar, un saco con doce chapas con plastilina e rotuladas con Deporte Galego”, unhas cantas gomas de cores e catro panos de cores tamén. Xunto con ese material viñan unhas fichas explicativas de cada xogo dos que poderían facer co material.

Vai a ser a primeira clase co 1º grupo da tarde, primeiro contacto cos nenos e nenas do centro educativo, como era de agardar os escolares obsérvanme cunha certa curiosidade e certo recelo, son un elemento estraño que está invadindo as súas rotinas e o seu espazo. Os escolares chegan en fila, diríxense ao patio sorrintes e sen perderme de vista. Unha nena menos tímida ca o resto adícame as primeiras palabras: “hoxe temos ximnasia coa profe de ximnasia!”. Dirixímonos cara o caixón que está situado no corredor central ao lado da porta dunha pequena habitación onde teñen gardado o material de Educación Física. Os nenos colócanse de fronte ao caixón facendo un semicírculo e a mestra comeza a explicar os xogos que van a facer hoxe que se corresponden coas fichas da chave, mariola e aros. Algún dos escolares xa coñece a chave porque ou o seu pai ou avó xogan. Ademais recolle do caixón as chapas e un xiz e unhas buxainas e trompiños.

A mestra comeza a explicar os tipos de chave existentes e a maneira de xogar con elas. A continuación pasa a explicarlles como se xoga ao aro e inmediatamente reparte o material entreas crianzas. Avanzamos cara ao patio exterior, que está composto por unha pequena pista polideportiva ao aire libre presidida por dúas canastras a cada lado. Un pequeno espazo de herba que une a outra pequena pista na que se atopan dúas porterías de fútbol sala. Tamén existe un pequeno paso composto de adoquín de rúa, no que podemos observar distintos tipos de mariolas de cores.

A mestra reúne aos nenos e nenas na pista de baloncesto e comeza a organizar os grupos de clase formados por 4 membros e explica como xogar. Por unha banda estarán varios de nenos xogando aos aros, outro grupo estará xogando ás chapas e outro ás chaves. No momento de face os grupos comeza un pequeno rebumbio mentres fan os grupos e realiza unha pequena presentación. Unha vez organizados os grupos a mestra comeza a realizar unha explicación e eu ofrézome a axudar expoñendo como se xoga ao aro. A mestra accede se ningún tipo de problema. Comezo realizando unha explicación de como teño que suxeitar o aro, a forma de empuñala guía, como colocar a guía no aro. A continuación fago unha demostración rodando o aro, no que o primeiro que se ten que facer é camiñar empurrando o aro e non soltando o aro e logo camiñar. Os escolares comezan a practicar libremente cos aros, uns con máis éxito ca outros, pero con moita intensidade.

Outro grupo xoga as chapas nun recuncho da pista. As crianzas xogan a levar as chapas polos circuítos que xa estaban debuxados no chan. Golpean e levan as chapas polo circuíto con máis ou menos éxito, uns sáense do circuíto con maior facilidade pero en xeral todos e todas desfrutan bastante con este xogo. Mentres outro grupo está xogando á chave coa mestra realizando indicacións de como xogar e a distancia dende se ten que lanzar. As nenas/os respectan as quendas de lanzamento aínda que existen algúns pequenos roces pola orde, nada grave que eles mesmos solucionan sen necesidade da intervención do mestre.

A clase desenvólvese con normalidade, a mestra indica cando se ten que cambiar de xogo e os grupos van rotando por cada un dos xogos que se propoñeron para a clase. A meirande parte do tempo estou na zona dos aros explicando como se ten que xogar e manexar o aro. Aos escolares resúltalles bastante dificultoso o manexo do aro e a guía, xa que non conseguen realizar un enganche do aro de xeito correcto, malia esas dificultades están moi entusiasmados e poñen moita enerxía nel. As chapas supoñen un reto máis doado de facer e non teñen grandes dificultades para xogar dunha maneira fluída e sen grandes sobresaltos.

Outra cousa é a chave, xa que son poucos os que saben lanzar correctamente e menos os que son capaces de darlle. Isto fai que a dinámica de lanzamentos sexa bastante boa, xa que todos queren darlle e celebrar o lanzamento dun como propio. Porque cada vez que algún lle da á chave hai felicitacións, celebración e sobre todo moita alegría por parte de todos os que participan no xogo.

A clase remata e os nenos recollen e ordean o material e pousan este no patio para que o seguinte grupo poida xogar. Pouco duran as clases 45 minutos que se quedan en 30 minutos, xa que a recollida dos rapaces á aula, explicación e toma do material, división dos grupos, recollida do material e a hixiene no vestiario ao final da clase, reducen de xeito significativo os minutos netos de clase en comparación con outras materias.

Comeza a segunda clase da tarde, nesta ocasión a mestra vai a buscalos e xa directamente os trae ó patio onde explica de novo os xogos que se van a realizar, divide a clase en distintos grupos de 4 membros e séguese a mesma rutina, salvo que nesta

ocasión introduce a buxaina, xa que os nenos e nenas son un pouco maiores ca o grupo anterior. No momento que comezan a xogar, ofrézome para explicarlle como se xoga ao aro seguindo a mesma dinámica que na clase anterior, explicación de como suxeitar o aro, a guía, como enganchar o aro e como facelo xirar e correr con el. As nenas e nenos comezan a xogar libremente co aro, con maior ou menor acerto.

Achégase un rapaz que me pide que lle explique como se ata a buxaina para podela bailar. Nese intre un deles fai bailar unha buxaina e realiza un comentario aclaratorio sobre o tipo de buxaina que estamos empregando, e explica que non é das buxainas bailarinas, polo que resulta máis difícil bailala. Continúo explicando como atala para logo lanzala e que xire sobre o seu eixo lonxitudinal. Fago un lanzamento de demostración con escaso éxito (a verdade dende que cursei a asignatura de xogos tradicionais na carreira non volvera a ter unha buxaina na miña man). De novo o neno realiza un lanzamento da buxaina e faina bailar, e pon cara de satisfacción e os outros de admiración. Mentres continuo a explicarlles como se ata a mesma e realizo un lanzamento, esta vez si que logro que baile. Os nenos achéganse a que lles explique como se xoga co aro e como ese ata a buxaina unha e outra vez.

Na zona da herba xogan á chave coa presenza da mestra, que observa atentamente o acontecer das quendas e os múltiples fallos nos lanzamentos, en ocasións realiza algunha corrección sobre o xeito de lanzar pero pouco máis. Os escolares xogan libremente e realizo pequenas observacións e correccións nas maneira de collelos aros e cousas deste tipo.

A mestra vai mandando rotar os grupos e as dificultades son as mesmas en xeral. Pero hai algo que lles resulta moi custoso en dous xogos. Na buxaina o que máis dificultoso lles resulta é atala correctamente para logo podela bailar, moitos átana pero sen a forza suficiente e inmediatamente se desata da buxaina, outros montan a corda e lanzan e non se desenrosca, algúns lanzan e non bailan a buxaina. A buxaina desmoraliza a moitos deles, xa que lles supón unha gran dificultade todo o proceso.

Outro caso curioso é o aro que ten unha gran aceptación, pero as crianzas non conseguen recorrer unha distancia suficiente, aínda así supónlles un reto e non o deixan ás primeiras de cambio. Os erros máis comúns prodúcense na empuñadura da guía, na

colocación da guía e no momento de coordinar a acción de andar coa solta do aro para que avance e o poidan guiar libremente. Son poucos escolares os que nun principio son capaces de dominar o aro pero pouco a pouco comezan collerlle o truquiño e desfrutan correndo detrás del coma tolos.

Na chave o único problema é que son poucos os lanzamentos que logran impactar na chave, na maioría dos casos debido á rudimentaria técnica de lanzamento. Chega o final da clase as nenas/os berran e corren mentres deixan o material espallado ata que a mestra lles indica que deben recoller o material e transportalo ata o caixón dos xogos tradicionais.

- **25-5-2011**

Neste día empregouse unha cámara de vídeo para gravar algún dos grupos de primaria das escolas de Buño. As nenas e nenos tiñan unhas idades comprendidas entre os 7-9 anos. Hoxe soamente hai un grupo da escola que teña EF, polo que soamente poderei observar a súa clase.

No patio interior a mestra pasa lista e realiza unha breve presentación do que van a facer hoxe e tamén me presenta ao grupo. Nun primeiro momento existen moitas miradas curiosas. A mestra indícalles que se acheguen ao corredor onde se atopa o caixón dos xogos tradicionais e alí comeza a explicarlles que contén o arcón e que xogos hai dentro, as chaves, cordas etc. De seguido collen o material (aros, buxainas, trompos e dous tipos de chaves) entre varios escolares e transportan o material ata o patio exterior.

A mestra comeza a dividir a clase en distintos grupos e a cada grupo unha zona do patio co seu material correspondente, as chaves para o campiño e a zona de mariolas, os aros para o patio e as buxainas e trompos igualmente na pista. Mentres ela explica eu fago un percorrido pola zona de mariolas que están pintadas nun espazo de tránsito composto por acera e sobre ela hai varios tipos de mariolas debuxadas.

O que parecía sinxelo de explicar nun primeiro tornouse nalgo complicado na execución para a mestra, en especial cos aros xa que nin ela mesma sabía ben como tiña

que realizar a execución. Cando me decato diso amablemente ofrézome a axudarlle ás nenas e nenos deste grupo para que saiban como se manexa o aro e como se ata a buxaina e a técnica de lanzamento. Nalgún momento teño a sensación de que está un chisco superada, non porque non teña experiencia docente senón pola dificultade de atender a todos os grupos e ademais cada un xogando a unha cousa distinta o que lle dificulta poder prestarlle a atención necesaria. Creo que lle favoreceu a miña axuda para este contido. Así a meirande parte da hora estiveron axudando tanto á mestra como aos alumnos. Os rapaces descoñecían os xogos, agás algunha excepción que si que coñecían a buxaina e a chave, porque os seus pais ou avós xogan.

Os cambios de xogos e de estación marcábaos a mestra, creo que podería chamarse unha asignación de tarefas por estacións, xa que os distintos grupos que formou a mestra ían rotando por tódolos materiais e estacións, pero a través dun mando directo.

Salvo algún habilidoso poucos escolares eran capaces de facer rodar o aro. Na buxaina soamente un rapaz sabía bailala e nas chaves de cando en cando algunha e algún atináballe. As perinolas si que eran máis fáciles de xogar para as nenas e nenos pero ao mesmo tempo esa facilidade non os motivaba o suficiente, xa que ao pouco deixaban de estar interesados neles. Nos outros xogos non pasaba iso e mantiñan un nivel de motivación e de superación persoal maior que neste xogo. Este grupo mostrouse bastante participativo e con interese nos xogos que se realizaron na clase.

As crianzas mostráronse moi abertos coa miña presenza nas sesións e ademais o diálogo con eles é moi fluído xa que non me ven coma o profesor, senón como algo distinto non sabería explicar como me perciben eles, pero podo sentir que a forma de tratarme e de verme non é igual á consideración da mestra.

Na segunda hora de EF non fixo falta xuntar ás nenas e nenos nas gradas do pavillón, xa directamente viñeron para o patio exterior. Neste caso a mestra fixo unha breve presentación miña e a continuación explicou os xogos nos que ían a participar. Comezaron xogando ao pano, a mestra dividiu a clase en dous grupos e tras unha breve explicación comezaron a xogar. Mentres a mestra mais estabamos nun segundo plano observando como xogaban. Malia algunha confusión cos números e algunha regra

xogaron sen maior dificultade. Neste grupo ademais das chaves e as perinolas decide incluír a corda grande para facer sogá-tira. De novo divide á clase en zonas de traballo, nun lado están un grupo xogando coas perinolas e no outro coa chave. Na chave realizo algunha indicación sobre a forma de suxeitar o pello e como lanzar de xeito adecuado. A chave ferrolá resúltalles bastante difícil para atinarlle e conseguir facela xirar.

Xa na última parte da clase explica como se xoga ao sogá-tira e a verdade que foi o xogo que máis lles motivou a este grupo, participaron de xeito moi activo cun alto grao de intensidade e motivación, incluso con algún que outro pique. Aínda que eran todo nenas tiraron da corda coma verdadeiras amazonas cunha intensidade notable e víase que estaban desfrutando moito con este xogo.

Finaliza a clase e xa toca ir para os vestiarios para asearse e neste caso para marchar para casa. Unha cousa da que me decato é que o tempo das clases de EF non é suficiente, realmente foron 25-30 minutos de clase e seguro que se nos poñemos a analizar os tempos reais de movemento e xogo real quedarían reducidos bastante. Sería interesante realizar un estudo sobre o tempo real de movemento nas clases de EF.

- ***26-5-2011***

Hoxe igual ca en días anteriores a mestra xunta a todas as nenas e nenos no corredor central para recoller o material do arcón dos xogos tradicionais. Collemos as chaves, aros, perinolas, birlos e demais material para logo practicar na clase. Comeza a mestra a dividir a clase en dous grupos para xogar ao pano. Neste xogo estou nun segundo plano aínda que realizo algunha intervención nos grupos para aclarar algunha cousa sobre as regras do xogo. Hai algunha que outra risa, xa que algunhas crianzas descoñecen a dinámica do xogo e os pequenos trucos que podes realizar neste xogo, pero máis alá diso as nenas e nenos xogan sen problemas, como sempre o equipo gañador sempre está máis eufórico. Logo duns dez minutos xogando ao pano a mestra decide interrompelo para comezar con outros xogos que ten programados para hoxe.

Organiza a clase en tres zonas con distintos xogos, na pista estarán os que xogarán cas buxainas e coas perinolas, na zona das mariolas estará outro grupo e no campión os que xogarán coa chave. De novo coma nos outros días estou facendo

indicacións e participando no xogo das nenas e nenos. Principalmente coas buxainas e hoxe máis, xa que este grupo son nenos e nenas de 6 e 7 anos que non saben como atar a buxaina ou como collela. As perinolas teñen bastante aceptación en comparación con outros grupos de nenos maiores ca eles. Rétanse para ver que fai bailar durante máis tempo os trompiños e forman corrillos entre eles para xogar.

Nalgún momento da clase vou a cambiar de posición a cámara para recoller o que fan os outros grupiños. Na mariola achégase un rapaz que se queixa de que outro neno fixo unha infracción mentres o outro rapaz segue xogando. Na mariola cústalles un pouco coordinar os pés e os saltos para atinar coa ficha no número. Hai que aclarar que se están empregando os pellos das chaves para xogar á mariola, na miña opinión penso que isto aínda lles dificulta o xogo porque o pello é de madeira e redondo polo que no momento que toca no chan as veces roda e outras rebota con máis facilidade que se fose unha pedra. Na zona da chave as nenas e nenos xogan sen maior problema que recoller os pellos despois dos lanzamentos. Porque hai algún que lanza cando o outro está recollendo pero nada máis. A mestra indicaba cando había que pasar a outra zona e sempre que se produce o troco alá vou para as buxainas a explicarlles como vai o asunto. A verdade que sempre que hai buxaina ou aro é onde máis tempo paso explicando como se xoga.

Despois duns quince minutos a mestra detivo a clase e xuntou ao grupo no campión para xogar a soga-tira. A mestra organiza os equipos e colócase coma xuíza do xogo suxeitando a corda polo medio. A miña intervención é mínima, xa que non é necesaria. No momento que comeza a disputa as nenas e nenos tiran con todas as súas forzas. Os equipos polo que comprobei non estaban moi equilibrados, xa que sempre gañou o mesmo equipo. Cando comezaba a disputa unhas veces os membros do equipo caían, outras eran arrastrados pola herba e outras caían de tanta forza que poñían para tirar. As nenas e nenos responderon moi ben a este xogo malia que foi o que menos durou de todos, cinco minutos ao final da clase antes de marchar.

Logo desta clase virá o recreo para todo o colexio e a mestra neste día puxo todos os materiais dos xogos tradicionais espallados por todo o patio exterior conformando deste xeito un novo escenario do patio exterior para que as nenas e nenos de toda a escola puidesen xogar e experimentar cos materiais do caixón. Cando

chegaban ao patio os escolares e vían todo o material disposto polo patio ficaban un pouco sorprendidos ante tal despliegue. Pero enseguida lle metían man a algún material e se poñían a xogar con el e cos compañeiros. Deste xeito cada nena/o escollía aquilo que máis lle apetecía. Uns ían polos aros, outras pola soga -tira, e así se ían repartindo por todo o espazo e xogando con todo o material.

As miñas intervencións son para explicarlles como facer coa buxaina e co aro, xa que no resto dos xogos eles mesmos son capaces de xogar sen necesidade de axuda. Unha cousa que me chama a atención é o éxito da soga-tira nun grupo de rapazas que verdadeiramente teñen interese por este xogo e elas mesmas se organizan e xogan sen necesidade da supervisión dun adulto.

Ademais dos xogos populares, algunha rapazas traen os seus aros de ximnasia rítmica e póñense a practicar lanzamentos e cousas polo estilo. Pola outra banda está un grupo de rapaces que organizan un partidoño na pequena pista de fútbol sala que teñen, incluso un dos nenos chámame para que vaia alí a ver como xogan. O recreo apenas dura 20 minutos nos que as nenas e nenos disfrutaron dun recreo distinto ao habitual.

Logo do recreo ven outro grupo de alumnos e alumnas da escola. Neste caso son os máis pequenos. A mestra vai a buscalos e xa no patio seguía a mesma liturxia ca nas clases anteriores, dividiu a clase en zonas e grupos. Neste caso comezaron un grupo co aro e outro cas chapas e outro máis coa mariola. O feito de que fosen os máis pequenos dificultáballes bastante o manexo do aro porque case era tan grande o aro coma eles e despois o material era un pouco pesado para que eles puidesen manexalo sen problema. Nesta clase tamén lles estiven axudando ás cativas e cativos co aro case toda a clase. A mestra indicaba cando se tiña que realizar o troco de zona e cando se finalizaba o xogo. As chapas eran moi doadas de entender para eles xa que soamente tiñan que seguir o camiño que eles mesmos debuxaran cuns xices. Este xogo non lles supuña maior inconvinte.

3. 3. DIARIO DE CAMPO PORTO E PRAIA

- DIARIO DE OBSERVACIÓN AGOSTO 2011.

O que se recolle neste diario son as notas de campo que se foron tomando durante as gravacións feitas nos distintos espazos de especial interese para a práctica de xogos na vila de Malpica. Os espazos que se van observar serán praia e porto principalmente, xa que supoñen os dous espazos de maior importancia de Malpica e de cara á práctica de xogos ou actividades lúdicas características de poboación.

As gravacións non terán unha duración estipulada, xa que en ocasións virá determinada pola duración da batería e noutras polo interese dos vídeos recollidos. As primeiras observacións que se van a realizar na praia serán feitas dende a rampla da praia, xa que constitúe un elemento moi característico da praia de Malpica e no que debido á facilidade de acceso, concéntrase un gran número de rapaces e rapazas. Por estas razóns as gravacións na praia comezan nesta área.

Destacar que desde esta zona poden observarse tamén a maioría da praia e co zoom da cámara de vídeo poden chegar a unha gran distancia de observación. No porto principalmente a zona que se vai a observar será a nova ampliación da dársena e o muro do gas, xa que constitúe un lugar de especial interese para a xuntanza das distintas xeracións ata hoxe.

- *3 de agosto do 2011.*

Comezo as gravacións e observacións ás 17:00 da tarde, un día caluroso pouco nubrado e con vento frouxo e con calma chicha no mar coa marea subindo. Nun primeiro momento comezo a realizar unhas pequenas probas de gravación na zona central de praia, pero rapidamente decido mudarme á zona da rampla xa que poden recoller un maior número de condutas motrices lúdicas xa que existe unha maior concentración de persoas. Realizo un pequeno relato dos nenos e nenas que se encontran na auga con táboas de “bodyboard” aproximadamente hai uns 10 nenos e nenas con táboas xogando a coller as escasas ondas que hai hoxe no mar. Hai uns 4 nenos cos típicos flotadores de

circulares de plástico nadando. Uns 3 nenos e nenas con colchonetas e inchables xogando no mar. Un par de grupos xogando con balóns na auga. O resto de rapazas e rapaces xoga sen ningún tipo de material no mar. Xa na area hai varias nenas e nenos xogando ás palas, malia que non teñen moita frecuencia nos peloteos. Tamén podo observar que hai varios grupos moi pequenos de nenas e nenos xogando coa area uns na beira do mar e outros máis dentro. Por outra banda cando comezo as gravacións hai uns rapaces xogando ao balón cunhas pequenas porterías feitas cuns pequenos “perillotes” de area. Gravo tamén a outro grupo de nenos xogando un partidiño.

As gravacións na praia son 3 clips de distinta duración. Decido sobre as 17:40 finalizar as gravacións na praia, xa que coa marea subindo o espazo na praia vaise reducir moito e os espazos para que os nenos xoguen e vansen acumular todos nunha área moi reducida. Tamén vendo as condicións climatolóxicas que estamos sufrindo neste verán con escasos días de calor e bo tempo fanme tomar a decisión de ir ao porto para ver si realmente podo recoller algunha gravación relativa ás prácticas lúdicas no porto, xa que non sei cando volverei a ter a oportunidade de ter un día con estas condicións climatolóxicas tan propicias para a presenza de rapaces e rapazas no porto.

Chego ao porto sobre as 18:50 a distancia a percorrer entre porto e praia non son nin 200m. No porto sitúome na zona da ampliación da dársena nova, antes desta nova remodelación do porto existía unha escollera que coa marea baixa permitía o acceso a unha pequena praia. Agora iso xa non existe e deixou paso a unha extensión de cemento acondicionada para as pequenas embarcacións que permanecen fóra da auga e tamén foi deseñada para o uso recreativo das persoas xa que nela atopamos tumbonas de madeira perfectamente colocadas e deseñadas para tomar o sol nelas.

Teño sorte e atopo a dous pequenos grupos de rapaces con idades comprendidas entre os 10 anos e os 16 como moito, (apreciación persoal vendo as caras e corpos dos rapaces e rapazas). Un dos grupos están en bañador e coas toallas no cemento estricadas, os indicios parecen indicar que nalgún momento estiveron tirándose ao mar dende o porto. Collo a cámara e comezo a gravar.

De súpeto decátome da presenza de dúas rapazas xogando na nova rampla que se realizou preto da zona das chabolas. Alí elas xogan a nadar e a mergullarse incluso

xogan cunha embarcación que chega para atracar e que empurra a unha delas que se encontra nun inchable e así estarán nesa zona durante toda a tarde que se estivo recollendo gravacións no porto.

En ningún momento fun recriminado por gravar no porto aos rapaces nin pola súa parte nin por outra persoa que estivese por alí nesta tarde.

Cando se comezan as gravacións son 5 rapaces os que se encontran alí dándose un baño, a medida que vai pasando o tempo comezan a achegarse ao porto máis rapaces e rapazas. Comezan a mergullarse na zona da dársena nova pero a medida que se incrementa o nº de rapaces e rapazas desprázanse para o muro do gas.

Durante o tempo que se realizaron as gravacións realizaron distintos tipos de brincos e acrobacias no aire. Destacar o risco existente nalgunhas das acrobacias realizadas e as zonas dende se “chupaban” (expresión empregada polos nativos para definir a acción de tirarse ao mar). A gravación no porto rematou polo esgotamento da batería da cámara de vídeo, sobre as 19:00 aproximadamente.

- ***4 de Agosto 2011***

As gravacións comezan as 16:15 aproximadamente, adiantase a hora de gravación debido as cambiantes condicións climáticas de hoxe. O ceo está completamente nubrado e encapotado ameazando choiva. Malia isto a temperatura é alta e o ambiente e bochornoso, con vento do sur e a marea subindo. As gravacións tomaranse dende a zona da rampla da praia de Malpica. A praia está case deserta a maioría das persoas que están nela son maiores que adican o seu tempo a camiñar pola beira do mar. Sobre as 16:20 dúas surfistas na miña opinión inexpertas (vendo que se van meter na auga sen ter case ondas e de escasa calidade).

Hai unha avoa cun neno bañándose no mar e as dúas mozas surfistas e pouco máis na praia. Nas pedras do Caldeirón (zona lateral esquerda) vexo que andan a chimpar de rocha en rocha un adulto e un neno, non consigo adiviñar que é o que están facendo realmente. Logo o rapaza vai na procura doutro neno que estaba sentado nunha rocha e xuntos comezan de novo a explorar. Chega un grupo de rapaces cun balón e semella que se poñerán a xogar un partidiño na area. Así é despois de pousalas mochilas

na area comezan a organizar un partidoño entre eles. Mentres dous nenos van polo paseo andando na bicicleta ao longo do paseo. Outro grupiño de nenos pequenos acompañados por un adulto quitan a roupa e comezan a correr cara o mar e alí quedan bañándose tranquilamente.

Logo duns minutos aparecen outros dous nenos con táboas de "body", primeiro báñanse e logo collen as táboas para deslizarse nas ondas. Máis tarde chegan outros dous nenos que tamén van equipados con ese tipo de táboas e tamén se meten na auga a coller ondas. Ao pouco comezo a divisar nas Illas Sisargas un chuvasco potente que paseniñamente se achega á praia de Malpica. Comeza a chover intensamente e decido dar por finalizadas as gravacións xa que está chovendo demasiado para que a xente permaneza moito máis xogando no mar e na area. Os que practican surf aguantan un anaco máis pero tamén deciden abandonar a praia. Hoxe non se realizou ningunha gravación no porto debido ás condicións climáticas.

- *5 de agosto*

Comezo das gravacións as 16:30 decido adiantar a hora debido a inestabilidade do tempo e ameaza con chover. Vento do sur, temperatura agradable, ceo nubrado con algún claro ocasional. A zona de gravación é na rampla da praia. Marea subindo. A asistencia global da praia redúcese a pequenos grupos de persoas que se atopan na area, con ganas de praia máis que de desfrutala.

Xa cando chego hai un grupo de rapaces xogando na praia un partidoño cun balón, resultan ser os mesmos rapaces de onte que veñen a xogar sempre que poden, imaxino eu. Ao seu carón xogan ás palas dous nenos xogan coas palas e mentres una parella de rapaces xogan no mar bañándose, minutos máis tarde outro pequeno. Tamén podo ver a un pequeno grupo de rapaces xogando polas pedras do Caldeirón, algún deles está acompañado por un adulto. Dúas nenas xogan a coller ondas coas táboas de "body board". Un pequeno grupo de nenas fan divisións na area e comezan a xogar a lanzarse una pelota uns aos outros.

Un erro técnico provoca que non se recollan máis vídeos por hoxe, ademais diso as condicións climáticas adversas deste verán, tamén inflúen xa que logo de gravar uns

corenta minutos comeza a chover polo que a praia quedará deserta en poucos minutos. Logo dos chuvascos sucesivos que se produciron durante toda a tarde parece que amaina, pero xa é demasiado tarde para que a xente vaia a praia, malia iso consigo gravar un pequeno clip duns mozos xogando a realizar remates acrobáticos.

- ***6 de agosto***

O mal tempo impide que se poidan realizar gravacións na praia ou no porto. Os chuvascos e as baixas temperaturas para esta época do ano fai que as miñas observacións non teñan a continuidade suficiente, agardemos que para días vindeiros o tempo se poña un pouco da miña parte.

- ***7 de agosto***

De novo as condicións climatolóxicas non acompañan, malia que non chove a temperatura non invita a estar na praia, achégome para ver si hai rapaces xogando pero non é o día, so podemos ver a algún adulto paseando pola beira do mar e pouco máis. Para mañá as predicións meteorolóxicas son máis optimistas pero a verdade xa non sei de quen fiarme.

- ***8 de agosto***

Hoxe por fin fai un día de praia comezo as gravacións sobre as 17:00.

Lixeiro vento do nordés, mar con pequenas ondas e ceo case totalmente despexado coa marea baixando e cunha temperatura moi agradable. Logo de reflexionar penso que gravar pequenos clips de accións concretas en lugar de realizar vídeos de longa duración con tomas máis xerais, xa que por unha banda me facilitará a montaxe posterior e tamén facilitará a posible inclusión de vídeos en distintos formatos.

Hoxe decido situarme nas escaleiras onde teñen o posto de socorrismo para tomar as gravacións, cambio de zona porque nesta é onde se sitúan a meirande parte de nenos e nenas da praia de Malpica. Comezo a gravar, podo ver que hoxe vai ser un día bo xa que tódolos factores están ao meu favor. Hai un gran nº de nenos e nenas bañándose e tamén varios grupos de nenos e non tan nenos xogando ao balón, podo

contabilizar seis balóns simultaneamente na area. Tamén hai moitos nenos e adultos xogando coas palas, en ocasións xogan adultos con nenos, un feito que debo destacar. Ao longo da tarde mudo de sitio para recoller uns clips con maior detalle por esta razón, achégome a zona das pedras do Caldeirón que están cheas de nenos e nenas de distintas idades, nesta zona pasan de rocha a rocha, pescan e tamén hai presenza dos adultos neses xogos que en moitas ocasións participan con eles das actividades de pesca e marisqueo a pequena escala.

Xa pola tarde decido gravar un grupo de mozos e homes que todos eles son de Malpica e seguen xogando ao balón na praia coma se fosen nenos. Tamén compre destacar a gran cantidade de nenos e nenas que estaban no mar, moitos deles con material como poden ser flotadores e táboas de “bodyboard” un feito que me chama a atención e o emprego de traxe de neopreno por bastantes nenos pequenos mentres xogan cas táboas. Tamén aclarar que a moitos dos nenos e nenas que se bañan xogan sen ningún material e divírtense igualmente, saltando por enriba das ondas ou indo a vía, nadando ou mergullándose. Hoxe vin a un par de rapaces xogando cun “freesbe” feito que me chamou a atención xa que non é habitual.

As gravacións finalizan sobre as 19:00 horas.

- ***9 de agosto***

Hoxe as condicións climáticas son semellantes ás de onte con ceos despexados, temperatura agradable, marea baixando o único destacar que os ventos de nordés son moito máis intensos que os días anteriores, por esta razón moita parte da xente poñerá as súas toallas na zona do paseo do Caldeirón xa que nesta zona fai abrigo do vento do nordés. As gravacións comezan sobre as 16:30 máis ou menos coma os días anteriores. Debido ao vento hoxe as gravacións serán realizadas na zona do Caldeirón principalmente porque o vento é moi molesto e forte para realizar as gravacións con comodidade.

Coma nos días anteriores as prácticas lúdicas máis usuais na area de Malpica na actualidade son xogar co balón, as palas, castelos de area, xogar co mar de distintas maneiras con ou sen material. Un aspecto que ata o de agora non se apreciara foi a

intervención do servizo de salvamento no momento de poder bañarse, coas condición do mar e vento que hai hoxe os socorristas deciden intervir delimitando moito a zona de baño para que non existan riscos innecesarios.

Hoxe tamén gravei de preto moitos clips de curta duración centrándome en condutas motrices lúdicas concretas. Unha cousa da que me comezo a decatarse é que na maioría dos xogos que se realizan na praia existe un compoñente interxeracional. É dicir en moitas ocasións xogan nenos e nenas de distintas idades e tamén en moitas ocasións xogan con adultos, polo que isto lévame a unha pregunta: son as prácticas lúdicas de hoxe realizadas na praia de Malpica os xogos populares do século XXI da vila?

- *10 de agosto*

As condicións climáticas son semellantes as de onte con ventos de nordés aínda que máis lixeiros que no día de onte, mar con ondas abundantes e coa marea baixando toda a tarde ceo totalmente despexado e temperatura moi agradable. Hora 17:00. No día de hoxe decido ir a gravar ao porto para comprobar se con marea baixa e con unhas condicións coma as de hoxe as rapazas e rapaces de Malpica se xuntan non porto para bañarse no porto.

Unha vez que chego ao porto comprobo que realmente coa marea baixa non se xuntan os rapaces e rapazas da vila coma outros días, apenas unhas poucas nenas e nenos dun curso de piragua se contan na rampla nova e un par de rapaces pescando con cana dende o porto é a única presenza de nenas e nenos. Por esta razón decido ir para a praia.

Cando chego á praia decido tomar clips de accións concretas e tamén achegarme o máis preto para recoller algunha acción lúdica que se estea practicando. Nun primeiro momento gravo ás rapazas e rapaces que están xogando nas pedras do Caldeirón, estes xogan coller minchas, pescar lorchos, explorar polas pedras sempre dentro desa zona do Caldeirón.

Baixo para a praia que esta ategada de xente a simple vista poden observar que existen numerosas persoas e nenos xogando ás palas, nalgúns casos xogan nenos e adultos conxuntamente.

Gravo numerosos grupos de nenos e adultos xogando co balón que se estenden por toda a praia. Son de distintas idades, con distintos balóns, diferentes dimensións nos campos e distintas porterías, polo que é interesante destacar este aspecto cambiante e variado que ten xogar cun balón, que tamén se pode aplicar ao xogo das palas. Tamén hai numerosas nenas e nenos moito máis cativos que xogan a facer castelos de area e sempre ou case sempre con axuda ou supervisións dun adulto. Algunhas nenas xogan a pasarse unha pelota e facendo carreiras para ver quen a colle.

Hoxe grazas ás condicións do mar tamén hai unha representación nada desprezable de nenos e nenas supoño (xa que faise difícil distinguir en ocasións o xénero dos practicantes cando son nenos).

Unha reflexión para non esquecerme é a seguinte: os nosos avós, nais e coetáneos xeracionais xogaban a ir a vía, agora xogan a iso non soamente co seu corpo, senón tamén con materias de apoio como as táboas de bodyboard e o neopreno, e cumpren o mesmo obxectivo que é divertirse deslizándose nas ondas tanto dun xeito coma do outro, e eu preguntome porque un neno que leva neopreno e táboa dicimos que está practicando un “deporte” e o outro un divertimento ou xogo psicomotriz cando en realidade os dous fan o mesmo pero con medios distintos. Engado o surf nace nas culturas polinesias e hawaianas como un xogo e despois de tantos séculos non cambiou tanto so o feito de que existen campionatos e federacións que regulan e puntúan as manobras de practicantes que demostran as súas habilidades dentro dun contexto máis concreto que un surfista de a pé que sinceramente non deixa de practicar un xogo interactuando no medio natural. As gravacións finalizan sobre as 19:00 da tarde.

- ***11 de agosto***

As condicións climáticas adversas son unha constante neste verán, estou seguro de que en setembro imos ter un calor abafante, todo o que non veu no verán. Malia que non chove non fai sol está nubrado e non se presta para ir á praia.

- ***12 de agosto***

As condicións climáticas non melloran polo que hoxe tampouco se poderán recoller gravacións de ningún tipo.

- ***13 de agosto***

Tampouco hoxe se realizará ningunha gravación o tempo deste non verán está apoñer as cousa complicadas.

- ***14 de agosto***

Hoxe non estarei en Malpica pero de tódolos xeitos está chovendo, néboa e frío polo que tampouco estou perdendo un día de gravación tremendo.

- ***15 de agosto***

Por fin logo duns días de tempo moi adverso que impedían realizar algunha gravación logo de varios días sen poder gravar. Hoxe a marea esta alta polo que pouca extensión de area existe hoxe na praia, lixeiro vento do nordés e o ceo totalmente despexado e unha temperatura moi agradable.

Hoxe gravei no porto e afortunadamente estaba cheo de rapazas e rapaces no peirao. Varios grupiños de rapazas e rapaces situados nas tumbonas de madeira falan tranquilamente mentres no muro do gas un grupo de rapaces están tirándose enriba duns colchóns vellos que empregan tamén como colchonetas. Estiveron toda a tarde xogando cos colchóns sen descanso. Por outra banda estaban outro grupo de rapaces que se estaban tirando dende a zona nova da dársena que se cabe aínda ten unha maior altura e atractivo para “chuparse” e de feito os rapaces o que fan e coller carreira para tomar pulo e como a estrutura do porto vai cara arriba aínda lles permite coller máis altura nos seus saltos. Na rampla nova está as nenas e nenos máis pequenos aprendendo a nadar, as condicións da auga favorecen que así sexa. Hoxe foi un día de moita concentración de

rapaces e rapazas no porto e malia que os rapaces son os que máis se tiran tamén existen rapazas que se tiran e saltan dende o porto.

Unha das cousas que tamén quero comentar é que mentres o primeiro día me miraban coma un descoñecido que está gravando como se tiran, decátome que cada día que os gravo collen máis confianza comigo xa non me miran do mesmo xeito que antes, aínda que percibo que teñen intriga en saber porque os gravo tódolos días que están no porto.

A verdade que logo de varios días gravando teño a sensación de ser un bicho raro xa que non é habitual ver a unha persoa visitando os mesmos lugares e facendo gravacións sobre as mesmas cousas. De todos os xeitos penso que xa estou chegando a ter o nº de gravacións suficientes para comprobar o que me contaban os informantes nas entrevistas.

As gravacións finalizan sobre as 19:00

- *16 de agosto*

Hoxe as condicións climáticas son favorables con ventos do sur, marea alta e o mar en calma sen ondas, lixeiramente nubrado con claros e cun calor de bochorno. Coma no día de onte diríxome para o porto a gravar. Hoxe coa marea aínda máis chea ca onte, provoca que se concentren máis rapaces e rapazas no porto e nada máis chegar vexo a varios grupiños deles xogando co balón a “A, E, I, O, U” en distintos círculos na explanada do porto.

Moitos dos rapaces que onte tiñan como material os colchóns vellos hoxe tiñan inchables con forma circular que empregan para xogar e nadar con eles e tamén tentan facer diana saltando e tentando entrar polo medio do inchable, polo que puiden decatarme este tipo de material é moito máis fácil de manipular por eles en comparación cos colchóns de onte.

Por primeira vez hoxe as rapazas e rapaces abordan as chalanas que se atopan no porto e mergúllanse dende elas tanto rapaces coma rapazas. Dende elas tíranse ao mar e

volver a subir nelas para tomalo o sol e así sucesivamente. Hoxe estaban especialmente activos con demostracións en todo o porto. Os máis pequenos que se bañan na nova rampla tamén se tiraban dende o porto e a verdade que o facían con absoluta naturalidade. Os adultos observan aos pequenos e pequenas como se bañan, nadan e se mergullan no porto con absoluta naturalidade.

Primeira vez achegouse un rapaz para preguntarme sobre o que estaba a facer gravando tantos días, se era natural de Malpica porque o facía e para que era. Por primeira vez atrevéronse a preguntarme que estaba a facer. Tamén comezaban a facer bromas sobre si me ían a salpicar que tiñan que saudar á cámara antes de saltar e cousiñas polo estilo. A verdade foi un día de moita riqueza xa que puideron recoller abundante material visual para empregar na tese. Pero sigo pensando que teño material suficiente para traballar e triangular coas outras fontes de información. A ver que sae de todo isto.

- *17 de agosto*

Hoxe fai un día realmente bo, mar en calma con lixeiro vento do sur, marea subindo estará en preamar na maioría da tarde, ceo totalmente despexado e cunha temperatura moi agradable. As gravacións comezan sobre as 16:30. Gravarei con planos amplos para ver a praia en case a súa totalidade

Hoxe gravarei a praia e o porto para demostrar con datos visuais dun mesmo día que en función das condicións climáticas e da marea as rapazas e rapaces cunhas idades comprendidas entre os 10-16 prefiren ir ao porto a divertirse que permanecer na praia con marea chea e sen suficiente espazo para poder xogar entre eles. Mentres as nenas e nenos de menor idade permanecen na praia a cargo dos adultos que vixían e reparan deles.

Na praia de momento non hai unha gran concentración de nenos e nenas xogando. Podo ver algún grupiño de rapaces xogando cun balón a dar toques e que non caía. Uns xogando coa area e pouco máis. Tamén dentro da auga hai nenas e nenos bañándose tentando xogar a ir a vía, outros con táboa tentan coller ondas e algún que xoga cun inchable no mar. Pouquiña cousa máis se pode observar.

Tamén me acheguei para ver como un pai se esmeraba en realizar unha barcana para o seu neno. Máis tarde diríxome ao porto para facer algunha gravación, e comprobar como as condicións do mar e climáticas inflúen na presenza das nenas e nenos de maior idade no porto. No porto están case sempre os mesmos e as mesmas rapazas siatoados nos mesmos lugares e aínda que non lles asignan os bancos nin nada polo estilo si que respectan os sitios de cada grupo. Uns tíranse dende a zona nova da dársena e outros dende o muro do gas, en ocasións varían a zona de salto, pero a maior concentración de brincos ao mar é dende o muro do gas.

Os rapaces son moito máis activos que as rapazas polo menos o que levo eu observado nestes días de agosto, e semella que a participación é maior dos nenos nestas actividades que a das rapazas. Varios grupos de nenos xogan dende o muro do gas a saltar dende o porto e dende a outra beira do porto un grupo de rapaces algo maiores xogan cun balón a “A, E, I, O, U” e o que perde vai para o mar como penalización. Xogan en distintas partes da zona nova e principalmente xogan os rapaces mentres as mociñas xogan as cartas ou sinxelamente están falando ou bronceándose.

Remato sobre as 19:00

- ***18 de agosto***

As condicións climáticas hoxe son parecidas ás de onte, mar calma con marea alta, vento lixeiro do sur e ceos despexados completamente cunha temperatura moi agradable. As gravacións comezan sobre as 17:00.

Comezo as gravacións no porto xa que hoxe apenas hai espazo na praia para que os nenos poidan xogar. Xa o escribín con anterioridade que cando a marea está alta pouco espazo queda para que as rapazas e rapaces xoguen e os que permanecen na praia son menores que case sempre están baixo vixilancia dun adulto.

Cando chego ao porto están os mesmos rapaces e rapazas que nos outros días, achégome ao muro do gas para gravar como saltan dende o dique ao mar, aínda que tamén se tiran dende a zona nova do porto algúns rapaces. Algúns e algunhas deles teñen flotadores tipo roda ou colchonetas que van rotando por tódolos rapaces e rapazas

Hoxe ocorreu algo chamativo e que non ocorrera en tódolos días que viñera a gravar. Un grupo de nenas toman o mando e a dinámica dos saltos ao mar muda por completo. Mentres os grupos de rapaces saltan ao mar individualmente hoxe coa chegada das nenas realizaron saltos en cadea coordinando os saltos entre todos os nenos e nenas. Con isto dos saltos coordinados non me refiro a que os nenos non agardasen o momento oportuno para mergullarse senón que o facían sempre de xeito individual.

Noutros días as nenas saltaban e mergullábanse pero sempre quedaban nun segundo plano un pouco máis tímidas nas súas manifestacións motrices, saltaban pero sempre agardaban a ter un oco antes de que saltasen os rapaces, nunca co protagonismo de hoxe. Hoxe as nenas comezan a tirarse ao mar coas mans unidas e ás poucas repeticións os nenos únense sucesivamente e de xeito espontáneo ás rapazas ata facer unha cadea humana con case tódolos rapaces e rapazas que están nesa zona do porto. A verdade hai que admitir que é un éxito das rapazas que se producira unha colaboración deste tipo xa que os rapaces sempre eran saltos e demostracións individuais.

Hoxe tamén puíden observar como un pai se bañaba coa súa filla no porto. Un proceso de aprendizaxe do máis enriquecedor xa que por unha banda aprendía a nadar e por outro integrábase nos costumes das mociñas e mociños de Malpica. O pai incluso se atreve a realizar algún salto con acerta dificultade.

Outra cousa da que me decatei e non escribira nada ata hoxe é a curiosidade que desperta nos numerosos turistas e viaxantes e como permanecen durante certo tempo vendo e observando como as rapazas e rapaces de Malpica se lanzan ao mar. Logo de gravar no porto dirixinme á praia para ver contrastar o feito de que coa marea chea os nenos e nenas teñen menos facilidades para xogar debido á redución do espazo. Aínda que tamén xogan pero non se ven tantos partidiños, e principalmente xogan na auga.

Debido a un problema coa batería que se me esqueceu cargala teño que rematar antes do previsto.

- *19 de agosto*

Hoxe non puiden realizar demasiadas gravacións xa que tiveron que estar ao coidado dun menor e polo tanto non se realizaron moitos vídeos. As condicións climáticas de hoxe foron moi cambiantes con vento de nordés e a marea alta pero xa comezando a baixar, co cambio de ciclo das mareas, mar revolto con ondas de medio metro, e metro de tamaño. A temperatura agradable. Co paso da tarde a climatoloxía foi empeorando drasticamente.

Estiven todo o tempo na praia e puiden observar como nenas e nenos con idades máis pequenas prefiren xogar coa area a facer castelos cos caldeiros e coas mans e palas. Como tiña que ir cunha nena de cinco anos non podía gravar demasiado, estaba acompañado pero tiña que ir cargando cunha táboa de bodyboard e coa cámara polo que facíase imposible estar a todo. Pero aínda así puiden gravar un par de vídeos dentro da auga de rapaces xogando a ir a vía. Tamén compre destacar que co mar máis revolto as nenas e nenos disfrutaban máis xa que o simple feito de xogar coas ondas os divirte moito a maioría das nenas e nenos que están na auga.

Moitos deles non empregan ningún tipo de material para xogar e outros xogan con táboas de bodyboard e inchables de todo tipo. Mentres na area o balón e as palas son os principais protagonistas dos xogos tanto de adultos coma de menores. Pouco máis podo redactar do día de hoxe xa que estiven bastante pendente do coidado dunha menor que por certo mañá tamén terei que coidar, polo que mañá farei algunha anotación breve das cousas que me parezan máis relevantes.

- ***20 de agosto***

Hoxe non realicei ningún tipo de gravación xa que estiven ao cargo dunha nena de 5 anos e non era oportuno deixala e ir a gravar.

Hoxe coíncidía a marea subindo ao longo da tarde con pequenas ondas, lixeiro nordés, temperatura moi agradable. Xa que non puiden gravar anotei algunha cousa de interese.

Na zona de Canido en ocasións e cunhas condicións adecuadas de marea, vento e ondas do mar fórmase xunto ás pedras unha pequena “piscina” piscina natural na que as nenas e nenos máis cativos se bañan sempre baixo a supervisión dun adulto. A

verdade que esa pequena poza é moi frecuentada polos máis pequenos que se encontran pola zona de Canido. Con moita menor densidade de nenos tamén algunha rapaza e rapaz xogan polas pedras a pescar cangrexos e pequenos peixes e incluso algún que outro camarón. Debido ao calor que hai hoxe case tódolos nenos están na auga xogando ou na beira do mar, e na maioría dos casos a xogar co mar ben sen material ou con material inchable que facilita a flotabilidade dos pequenos.

Pouco máis que engadir hoxe xa que tamén un merece desfrutar un día de praia.

- ***21 de agosto***

Hoxe a climatoloxía volvese adversa, choiva abundante e néboas impiden gravar nin no porto nin na praia. Estiven vendo as predicións do tempo e dende logo non parece que vaian a mellorar.

- ***22 de agosto***

Mal tempo de novo, non vou a realizar ningunha gravación.

- ***23 de agosto***

Hoxe non estiven en Malpica polo que non realizarei ningunha gravación.

- ***24 de agosto***

Mal tempo con choiva e sen poder realizar ningunha gravación. Menos mal que o material que teño vai a ser suficiente para o traballo de análise.

- ***25 de agosto***

De novo o mal tempo é protagonista impedindo que poida realizar gravacións na praia, a verdade que en comparación co ano anterior está facendo un verán malo de verdade.

- ***26 de agosto***

Non estiven en Malpica, pero si nunha vila cercana e aínda que quixera realizar algunha gravación non ía ser posible xa que estivo toda a tarde con chuvascos e claros polo que seguramente ninguén estivera na praia, agás algún practicante de surf. Na vindeira fin de semana non realizarei ningunha gravación, porque coinciden as festas patronais de Malpica e a maioría dos rapaces prefiren ir á zona das atraccións da feira na zona do porto. Outra razón pola que non se pode gravar no peirao é esa que coas festas as infraestruturas das orquestras e postos de todo tipo fan que sexa practicamente imposible realizar calquera actividade que non sexa pasear polo peirao.

- ***29 de agosto***

Hoxe sopra vento do nordés, a marea está alta e o mar con ondas dun metro e cunha temperatura agradable. Realicei varios clips panorámicos para ver se con estas condicións existe o mesmo volume de actividades lúdicas na praia coa marea chegando ata o paseo marítimo. Hoxe no porto tampouco se pode gravar xa que están os remolques e demais cousas dos feirantes, e ademais están instalando unha carpa de grandes dimensións para unha feira de oportunidades polo que o transito de coches e camións dificultan moito que os rapaces e rapazas poidan xogar.

- ***30 de agosto***

Non puiden gravar absolutamente nada xa que o tempo dende logo non acompaña nada, choiva de inverno é o que hai neste fin do verán.

- ***31 de agosto***

O mesmo de onte, mal tempo choiva e frío para rematar o mes de agosto. Creo que se nos aveciña un inverno ben longo.

MATRICES

APÉNDICE 4. MATRICES CUALITATIVAS DE ACHÁDEGOS

4. 1. EXPLICACIÓN MATRIZ CONTEXTO ESCOLAR

De seguido presentamos a matriz que explica a categoría central do *contexto escolar*. Esta categoría ten diferentes dimensións que nos aproximan a distintos elementos dos xogos populares dentro da formación académica nos centros educativos na comunidade. Os códigos que se recollen nesta dimensión son o do *currículo*, integrada polos códigos *ditadura/transición* (recolle vivencias sobre a escola nesas épocas en relación ao xogo popular); o código de *programación curricular* (centrámonos no tipo de papel que ocupan os xogos populares nas programacións dos educadores); dentro desta categoría tamén temos o código de *iniciativas interdisciplinares*, focalizamos a nosa atención nos posibles proxectos curriculares interdisciplinares nas clases de EF; outro código que se presenta é o de *actividades extracurriculares* (achegámonos ao tipo de iniciativas que se desenvolven nos centros educativos que non se recollen no currículo oficial); tamén nesta categoría engadimos o código *programa lúdico recreos* (dámoslle peso aos programas de dinamización que se realizan nos descansos nos centros educativos); xa para rematar temos o código de axudas institucionais (poñemos a nosa atención nas axudas que reciben os centros educativos para fomentar os xogos populares).

Dentro da categoría central do *contexto escolar*, presentamos as categorías que a compoñen como é a de *profesorado*, aquí aproximámonos ao perfil dos profesionais. Nesta categoría inserimos os códigos de *formación docente* (aquí queremos saber se tiveron algunha formación específica relacionada cos xogos populares); outro elemento que situamos nesta categoría é o de *visión EF* (tratamos de interpretar cal é a súa perspectiva da clase de EF); outro código agregado á categoría é o de *iniciativas profesionais* (fai referencia ao tipo de accións que desenvolverían eles a nivel particular relacionadas co xogo popular); para finalizar temos o código de *concepto xogos populares* (neste punto queremos saber que entenden por xogo popular).

A terceira categoría que compón a categoría central de contexto escolar trata de explicar os tempos de recreo nos centros educativos e a súa relación cos xogos que se

practican nos mesmos. Na categoría de currículo tiñamos un código que nos aludía á presenza de programas de dinamización nos recreos e agora afondamos un pouco máis neste punto grazas á categoría *recreo*. Nela temos o código *tempos de recreo* (centrado na duración dos tempos de recreo e as posibilidades que ofrece para xogar); o próximo código é *problemática socialización primaria* (recollemos a complexidade das relacións sociais que existen nos centros escolares nos patios dos recreos); a continuación temos o código *socialización primaria* (centrámonos na socialización que realizan os escolares cos xogos); continuamos nesta categoría co código *xogos programa recreos* (recompilamos os xogos propostos nos centros escolares nos programas de dinamización dos recreos); e para rematar esta categoría temos o código *xogos populares escola* (o que nos interesa neste punto é saber cales son os xogos que gozan de maior difusión nos centros educativos).

Outra dimensión na categoría teórica do contexto escolar é a de *alumnado/familia*. Nela centrámonos nos aspectos relacionados coa participación do alumnado e das ANPAS no centro e nas iniciativas relacionadas cos xogos populares. Para isto temos os códigos *interese xogos populares* (centrado en saber se os xogos populares lles parecen algo atractivo para eles); outro código é o de *motivación EF* (neste caso veremos se as clases de EF son consideradas aburridas ou divertidas); o derradeiro código é participación familiar (a atención está posta no papel das familias en calquera actividade relacionada cos xogos populares).

Logo de repasar as categorías que conforman a matriz, pasaremos a ir explicando cada un dos códigos seguindo a mesma orde que nas categorías, polo que comezamos o repaso pola categoría do *currículo*. Iniciamos o noso repaso polo código *ditadura/transición*, neste caso constatamos como os diferentes informantes das distintas xeracións que se educaron neses períodos non tiveron ningún contido relacionado cos xogos populares. Neste recollemos as informacións das nativas e nativos, das xeracións que van das avoas/avós até chegar ás dos fillos, que malia que non se corresponden á transición si que están moito máis próximos a este período temporal que ao da actualidade. A cor coa identificamos o nivel de triangulación é verde grazas á presenza de diversos axentes, e empregamos as entrevistas etnográficas e o informe etnográfico para recoller información sobre o tema.

Na mesma categoría temos o código *programación curricular*, no cal temos por un lado o interese que teñen algúns dos informantes para que os xogos populares sexan postos en valor na escola. Do mesmo modo que contamos coas declaracións das mozas e mozos da etapa da Educación Secundaria que nos relatan cales son os contidos que se propoñen nas clases de EF, focalizadas principalmente nos deportes convencionais. Para completar a información neste código temos as declaracións dos educadores das etapas de Educación Primaria e Secundaria que nos mostran como na etapa de primaria existe un maior compromiso á hora de planificar este contido nas clases, se o comparamos coa Educación Secundaria. A cor de triangulación para este código é verde xa que existe un gran número de informantes con perfís moi diversos que nos brindan datos sobre o tema, a frecuencia e concorrencia das citas e do código. A isto sumamos os diferentes tipos de entrevistas que empregamos para recoller a información xunto coas gravacións obtidas no centro escolar B, por iso se inclúe unha “memo” que nos lembra que existen estes vídeos e un pequeno diario de campo, que nos brinda información sobre o contido dos xogos populares na primaria, neste centro en concreto.

Outro código é o de *iniciativas interdisciplinares*, neste punto o traballo interdisciplinar céntrase en accións ou programas concretos, non existe un traballo de colaboración e cooperación entre áreas no traballo dos contidos do currículo. A escasa coordinación entre áreas prodúcese en na etapa de Educación Primaria. A cor da triangulación é verde, porque malia que nos centramos nas declaracións do mínimo de axentes, pero a estas declaracións sumamos unha entrevista obtida dun xornal, realizada un integrante duns dos centros que nos ofrece máis información sobre o tema. Ademais de que sumamos un recordatorio que nos lembra que nos vídeos e no diario de campo, recollemos momentos nos que distintos profesores colaboran conxuntamente para o desenvolvemento dun proxecto.

O seguinte código é o de *actividades extracurriculares*, polo cal constatamos como as actividades realizadas fóra do currículo e fóra do centro educativo de cara a promover os xogos populares nos escolares non existen. Porén existen algunhas accións puntuais que van neste sentido en Educación Secundaria. No caso de Educación Primaria existen accións máis concretas que veremos noutro código. Aquí a cor asignada é a laranxa porque aínda que existen numerosos informantes, a recollida de información está centrada nas entrevistas etnográficas e semiestruturada.

A categoría complétase co código de *programa lúdico recreos*, con este código queremos darlle a maior visibilidade posible ás iniciativas centradas no xogo popular como contido. Neste punto son os centros de Educación Primaria os que realizan uns programas de dinamización dos recreos cunha orixe común, como son os problemas de socialización dos escolares. Pero a forma de desenvolvemos presenta grandes diferenzas entre un centro e o outro. Neste caso a cor da triangulación é verde xa que temos a variedade de informantes garantida, xunto con documento pdf dun xornal que nos completa ás declaracións dos informantes, engadimos que neste punto engadimos unha “memo” que tamén nos indica a existencia da análise dos vídeos dos centros educativos e dos diarios de campo, que apoian a información obtida das entrevistas etnográficas e semiestruturadas realizadas cos distintos informantes que están presentes neste código.

Xa para finalizar esta categoría temos o código *axudas institucionais*, para confirmar que tipo de colaboración reciben os centros educativos das Administracións locais, provinciais ou autonómicas para promover os xogos populares galegos entre os escolares. A participación destas entidades é case nula. Neste punto a cor da triangulación que recollemos é a laranxa, porque soamente nos servimos das entrevistas etnográficas e unha semiestruturada para recompilar a información e o volume de evidencias é máis reducido.

De seguido presentamos os códigos da categoría *profesorado*. Dentro dela temos o código *formación docentes*, o cal nos informa sobre a escasa formación específica relacionada cos xogos populares que recibiron a maioría dos educadores durante a súa formación. Neste punto salvo nun caso a formación específica sobre o xogo popular é escasa e de carácter autodidacta. A cor escollida para identificar o nivel de triangulación é vermella xa que o número de entrevistados é reducido e soamente empregamos a entrevista para recoller a información.

Outro código que estrutura esta categoría é *visión EF*, no cal podemos identificar cal é a perspectiva sobre a EF que manifestan os profesionais na súa práctica diaria. Por unha banda en primaria teñen unha visión máis aberta e pedagóxica, mentres que na secundaria céntrase máis no rendemento físico nas clases. Para este código contamos coas declaracións dos estudantes de secundaria e tamén dos profesionais que nos permitiran contrastar o discurso duns e outros. Para este código a cor da triangulación é

laranxa xa que soamente empregamos as entrevistas para recoller datos relacionados con este tema.

Seguimos a explicación da matriz co código *iniciativas profesionais*, que se centra en saber que propostas farían a nivel particular os educadores. Estas propostas son diversas, desde promover estes xogos en parques e áreas públicas, ata charlas con expertos. A cor que identifica a triangulación é vermella xa que non hai axentes que nos acheguen moita información sobre o tema e soamente empregamos as entrevistas para recompilar a información.

O código que completa esta categoría é concepto *xogo popular*, neste caso comprobamos como o termo xogo popular, ten para os informantes case o mesmo significado que tradicional. A cor que acompaña a triangulación deste código é vermella porque son poucos informantes e non hai máis que as entrevistas como técnica de recompilación de datos.

A seguinte categoría da que imos detallar os códigos é a de *recreo*, e o primeiro código que se presenta nela é *tempos de recreo*. Con este código comprobamos como os tempos de lecer nos centros educativos son escasos o que provoca que case non se xogue nos centros educativos. Así temos as declaracións dos adolescentes que nos relatan como son os seus tempos de lecer no instituto e tamén dos profesionais dos centros. Para este código a cor designada é verde xa que temos a triangulación de axentes garantida e tamén as técnicas empregadas son varias, desde as entrevistas etnográficas e semiestruturadas, ata os diarios de campo da estancia nos centros educativos e as análises dos vídeos que son gravados precisamente nos tempos de recreo dos centros escolares de primaria.

Outro código que engadimos é *problemática socialización primaria*, neste caso recollemos a preocupación dos educadores de primaria polas condutas violentas, segregadas e pasivas que manteñen moitos escolares, e que derivan en problemas de convivencia entre os escolares cando están nos recreos. A cor escollida para a triangulación é a verde, porque ademais dos datos obtidos coas entrevistas etnográficas e semiestruturadas, nas análises dos vídeos gravados recollemos algunha mostra destes problemas, e a isto sumamos a entrevista en pdf do xornal.

Outro código que se inclúe nesta categoría é o de *xogos programa recreos*, neste caso vemos como os xogos propostos nestes programas, son maioritariamente comúns nos dous centros. E tamén coinciden con algúns dos practicados polas diferentes xeracións na comunidade. A cor é verde para a triangulación, xa que ademais das entrevistas, temos as análises dos vídeos, o documento pdf.

Xa para rematar esta categoría temos o código *xogos populares escola*, que nos achega a unha realidade na que os xogos que dominan as escolas son o fútbol, algún xogo de pilla e pouca cousa máis, preocupante é a situación de secundaria onde apenas se xoga a nada. A cor coa identificamos a triangulación é verde porque temos moitos axentes que nos falan sobre o tema, e ademais empregamos as entrevistas e os vídeos para comprobar esta realidade.

Para finalizar a explicación da matriz, presentamos a categoría de *alumnado/familias*, que comeza co código *interese xogos populares*. Vemos neste código como os escolares teñen gañas de practicar e coñecer estes xogos e mesmo na etapa de secundaria ven con bos ollos realizar actividades relacionadas con este tema. A cor escollida para a triangulación é verde, porque cúmprese a triangulación de axentes, e tamén de técnicas de recollida de datos, xa que ademais das entrevistas temos unha “memo” que nos indica como nas gravacións nos centros, os escolares participan masivamente destes xogos nos programas de dinamización dos recreos.

O seguinte código é *motivación EF*, neste caso está centrado na ESO, xa que son os adolescentes os que nos manifestan a súa saturación ante a repetición constante, ano tras ano dos mesmos contidos na EF. Identificamos a triangulación coa cor laranxa polo nº de informantes implicados e polo emprego de entrevistas para recompilar a información.

A categoría complétase co código *participación familias*, que nos confirma a absoluta falta de cooperación entre as ANPAS e os centros educativos, xa que non participan dos proxectos dos recreos, e a súa presenza é moi limitada a ocasións moi puntuais. A cor escollida é laranxa xa que o número de axentes é reducido e soamente se empregaron as entrevistas etnográficas e semiestruturada na recolecta dos datos.

4. 1. 1 MATRIZ CONTEXTO ESCOLAR

Matriz 1. Contexto escolar.

			<i>Matriz Contexto Escolar</i>	
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Código</i>	<i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Contexto escolar	Currículo	Ditadura/ Transición	<p>Non. Si. Claro, fóra da escola si. Na escola non nos deixaba. Había moita vara daquela. Eramos 60 ou 70 rapaces na escola e para o mestre iso é unha esaxeración. Era a escola nacional non había escola de pago, e daquela iamos á escola 60 ou 70 rapaces, e ensinabamos uns aos outros, entendes? O que sabía sumar ensinaba, ti se sabías restar despois ias aprender a sumar, e así multiplicar, e ensinabamos os máis grandes aos máis pequenos, así. N1 - (36:39)</p> <p>Non, non iso era fóra da escola, cando saíamos da escola, no recreo case non xogábamos que tiñamos moi pouquiño tempo. PREGUNTA: E o mestre non vos facía xogar a nada? R: Non, nada máis que nos ensinaban a facer punto de cruz, e cousas de costura. Na escola faciánnos rezar cando entrabamos e cando saíamos, e máis faciánnos cantar o Cara el sol, e mais cantabas. N2 - (40:46)</p> <p>Resposta: Da escola, uff, moitas varas, moitas vareadas, nas mans e pouco máis. N4 - (28:29)</p> <p>Non, na escola sempre xogabamos no recreo, non había xogos dentro do que era a formación. N4 - (36:37)</p> <p>Nos recreos. PREGUNTA: Sempre? Na clase non había? R: Non había nada. N5 - (41:44)</p> <p>Na escola xogabamos, si. Porque tiñamos o patio dentro e non podíamos saír. Brilé e nos</p>	

píos que estaban. Porque sabes que aquilo fora unha fábrica?

PREGUNTA: De salgadura?

R: De Salgadura, e entón ao rematar o patio do colexio, para dentro tiña os píos e entón nós. Metíanse os rapaces que eran. Primeiro metíanse eles e despois íamos as rapazas, e andabamos por alí a saltar de pío en pío, ata que nos vía a mestra. Pero normalmente alí xogabamos ao brilé, ou á corda, ou á billa. O pouco espazo que che daba.

N5 - (46:49)

Sempre era no recreo, ou nos momentos de entrar ou saír do colexio, sempre era no recreo.

PREGUNTA: Non houbo ensinanza destes xogos por parte dos profesores?

R: Non houbo, que eu recorde.

N6 - (37:40)

No recreo, no recreo, e despois na hora de volver despois de comer. Normalmente íamos ao centro educativo, e para nós o colexio Bergantiños era un centro de lecer, polo menos para min. E cando remataba o colexio tamén nos quedabamos alí xogando ao fútbol, ao baloncesto ou ao que fora.

NDC2 - (33:34)

Ahhh, vale, pois na escola os tempos para xogar está marcados, tes recreos e tes E.F. E fóra diso as actividades extraescolares relacionadas cos xogos, unicamente iso na escola.

PREGUNTA: Iso era o que tiñades vos dentro da escola.

R: Na escola e no recreo, iso o tempo libre que non estabas dentro da aula, pois o que tocara.

N7 - (30:35)

Non, non a verdade é que a miña mestra dende, "bueno" que antes era parvuliños e (silencio) ata quinto de E.X.B foi sempre a mesma, unha señora que se chamaba Rosalía, da que gardo moi bos recordos dela, ehh si que nos deixaba na aula, tempo para xogar. Na aula tiñamos moito tempo para xogar. E ela mesma propoñía xogos. O que si non me lembro moito dos xogos, pero si que tiñamos moito tempo para xogar.

PREGUNTA: Cando xogabades non tempo libre, falábasme dos cen navíos. Algún xogo máis que practicásedes ou que practicases nese tempo libre?

R: Xa che digo, xogábamos tamén moito á pita cega, sobre todo a ese cando xogábamos dentro da escola, pois facías un pouquiño de sitio entre as mesas e "bueno", supoño.

PREGUNTA: Iso era dentro da escola ou onde?

R: Dentro da aula.

	<p>PREGUNTA: Coa supervisión da profesora? R: Eh, si, "bueno" deixaba xogar, tampouco era un xogo que requiría que ela estivera moi atenta a nós, pero si xogabamos dentro, sobre todo dentro. N8 - (44:50)</p> <p>Os xogos motrices tamén eran importantes durante as clases de E.X.B pero en poucas ocasións eran de tipo popular. Eran xogos de carreiras e de moito salto, tipo o can e o gato, tamén o salto á corda toda a clase, dous encargábanse de dar ritmo e unha fila situada detrás de calquera dos compañeiros e sucesivamente os nenos e nenas ían saltando, podían ser varios saltos consecutivos ou non, e tamén podía incrementar o número de saltadores á vez, e en ocasións cantabamos algunha canción como acompañamento ao xogo. Non me lembro de ningunha das cancións que se cantaban nas clases.</p> <p>Coa corda tamén xogabamos a soga-tira, que consistía en facer dous equipos colocar dous panos atados á corda cunha distancia equidistante entre ambos e despois facer unha marca non chan e o equipo que máis forte tiraba da corda acababa gañando o reto.</p> <p>Xogabamos tamén ao pano, consistía en facer dous equipos e a cada membro asignábaselle un número, cada vez que o compañeiro que sostíña o pano berraba un número debían saír correndo aqueles que tivesen ese número, levar o pano o seu campo e así eliminaban a un dos rivais. Non empregabamos ningún tipo de sistema de puntuación nin nada polo estilo, sinxelamente eras eliminado cando fracasabas no obxectivo do xogo. N11 - (55:57)</p>	
<p>Programación curricular</p>	<p>Pero na escola podían incentivar estes xogos, porque eran xogos de moita habilidade, mellores cos pasivos que hai hoxe de estar sentado mirando para mochila que ten a "Hanna Montana e Hello Kiti", todas esas, e o móbil. Hoxe se fas saltar a unha nena á corda, eu creo que non ten capacidade para saltala, nin para tirar tan forte a pelota contra as paredes e despois saltalas. Porque era a ver quen máis alto saltaba a pelota. N4 - (126:127)</p> <p>Non, non, tanto como contido obrigatorio non. Pero si debería ser unha sensibilidade de docentes e profesionais complementarios que comezan a acudir e asistir as aulas nos contornos educativos, si que poderían coñecer as plusvalías de promover o xogo tradicional máis noso. N6 - (111:111)</p> <p>Si, si, indubidablemente si. Non obrigatorio, pero si un contido que estivera presente, que se puxera enriba da mesa e que se invitase aos nenos a probalo, porque é lei de vida</p>	

simplemente iso. Non obrigatorio porque a obrigatoriedade non é a lei nin a forma, pero si invitar a coñecer o que somos.

N7 - (113:114)

Creo que si. Ehh, eu creo que si, ehh. O neno aprende xogando entón o xogo debería de ser unha materia sobre todo nos primeiros anos de escola, creo que os especialistas na materia así o din, e sobre todo na Educación Física vese que ten que ser todo baseado no xogo. (SILENCIO)

N8 - (159:160)

Resposta 2: Outro tipo. Algunha vez fomos á praia xogar cos discos.

PREGUNTA: Co fresbee?

RESPOSTA 2: Iso.

PREGUNTA: Gustaríavos facer máis cousas? Cousas máis diferentes.

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Porque é un pouco aburrido sempre os deportes, sempre?

RESPOSTA 2: Si, un pouco cansa, moito xa.

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Na vosa opinión debería cambiar un pouco nas clases de EF?

RESPOSTA 1-2: Si

N10 - (614:624)

Agora estamos co tema do bádminon.

PREGUNTA: No resto do curso que facedes?

RESPOSTA 1: No primeiro trimestre hai que ir correndo a San Hadrián.

PREGUNTA: Tódolos días?

RESPOSTA: Si, cando fai bo tempo claro.

PREGUNTA: Non é un pouco aburrido? Pregunto, ir tódolos días ir correr na clase en vez de ir á praia e facer outro tipo de actividades?

RESPOSTA 1: A min gústame ir correr.

PREGUNTA: Pero igual a outros compañeiros non lle gusta tanto. A ti gústache ir correr?

RESPOSTA 2: Si.

RESPOSTA 1: Claro ao mellor hai xente que lle gusta o fútbol, e outros correr, e vai alternando. Noutras clases fai fútbol, baloncesto, bádminon.

N10 - (480:494)

	<p>Pregunta: Nas clases de EF que facedes? Resposta 2: Xogamos ao brilé, bádminton. RESPOSTA 1: Fútbol, baloncesto. Despois algún día o que queiramos nós, andar cos patíns. RESPOSTA: Si, ademais saltar no trampolín, e dar “volteretas”. N10 - (140-144)</p> <p>Resposta 1: Deporte, máis baloncesto, bádminton, fútbol, correr. RESPOSTA 2: Si. N10 - (34:36)</p> <p>Resposta 1-2: Si, na maioría si. RESPOSTA: Se cadra algunha hora libre que temos e nos deixan ir ao pavillón. PREGUNTA: E xogades aos deportes. N10 - (74:77)</p> <p>Aquí non volos ensinan? Non tedes por exemplo unha semana onde xoguedes a estes xogos? Resposta 1: Aquí non. PREGUNTA: Non facedes algún tipo de actividade relacionada con isto? RESPOSTA 2: Se cadra, algunhas veces veñen darnos unha charla. N10 - (117:120)</p>	
	<p>Si, teño unha unidade didáctica orientada a iso. PREGUNTA: Así en grandes rasgos como a desenvolves? Porque antes contábasme que tiñades xogos populares. R: Si, iso foi independente á clase. Iso foi o claustro que o decidimos. Eu a miña programación xa a tiña feita, e xa tiña previsto iso. Unha unidade didáctica a finais de curso porque eses xogos é mellor xogalos ao aire libre, temos mellor tempo. Iso tiña prevista unha unidade didáctica a finais de curso cunhas catro ou cinco sesións tratando distintos xogos, de lanzamento, de pelota, etc. DP1 - (198:201)</p> <p>Si, deberían ter algo de discriminación positiva, e eu creo que aínda que teñen unha pequena parte de competitividade non teñen un carácter tan competitivo coma outros, ese carácter. PREGUNTA: Coma outros que te refires aos deportes convencionais? R: Si, si. DP1 - (173:176)</p>	

Totalmente, si, si. Eu penso que os xogos populares teñen que estar moi presentes na programación de calquera mestre, porque son moi beneficiosos dende o punto de vista curricular para traballar calquera tipo de contido. Calquera tipo de contido se pode traballar con xogos populares. E sobre todo, no aspecto de socialización, actitudinal, e son moi beneficiosos incluso teñen moita, moita aplicación. Unha aplicación moi extensa porque a partir de aí, podes traballar con certos materiais que xa son creados por eles. Trabállanse moitos valores que con outro tipo de actividades máis dirixidas máis mecánicas, pois quedan sen tocar.

DP2 - (137:138)

Si, eu sempre teño por costume sempre, como mínimo traballo unha unidade didáctica que é específica. na que aos rapaces lles explico un pouco, segundo sexa o nivel, e o ciclo no que estean. Explícolles en que consisten estes xogos, porque se lles chaman así, e logo se traballa especificamente con este tipo de xogos. Soen ser de seis sesións que non é moito. Pero claro, como temos que distribuír os contidos ao longo do curso iso é específico, e logo a maiores disto durante todo o curso practico outro tipo de contidos, os desenvolvo con xogos populares. É dicir adapto os xogos aos contidos. Pois porque é unha das características positivas que teñen que podes traballar un montón de contidos con estes xogos que son moi variados.

DP2 - (155:156)

Eu penso que realmente deben estar metidos para iniciarse noutro deporte, tomar esa base de asociacionismo, que é o que fago realmente. Ao mellor antes de xogar ao deporte do baloncesto pois o que lle fago un xogo popular para quecemento, entón xa pode entrar aí para favorecer os outros deportes. (Silencio) É unha ferramenta que realmente che vale a ti para aplicar na aprendizaxe doutros deportes.

DS1 - (174:179)

Non, así en concreto o bloque este a pesar de que nos libros de texto hai algún que chos pon. Eu non os programo nunha unidade en concreto. Despois noutras unidades, o que che dicía antes ao mellor nun quecemento, ou nun momento oportuno que vexo que os rapaces para motivalos métoo. Pero non como dicir programar esa unidade de xogos populares ou de xogos autóctonos pois non chego a facer.

PREGUNTA: Por que?

R: Porque ao mellor é que o che dicíamos antes. Non tiñamos un coñecemento moi profundo, entón pois claro. E tampouco nas escolas de maxisterio tampouco nos metían iso. E como

acabas de dicir parece que no INEF tamén o quitaron, parece que outras cousas foron absorbindo esas cousas que van quedando no esquecemento, se te das conta. Porque hai outro tipo de actividades, outro tipo de instalacións, xa ti vas practicar natación e non te metes nas escoliñas como iamos nós.

DS1 - (198:201)

Pero iso é libre dentro do currículo. Realmente está aí un tema que che aparece ao último do libro, pero nada máis.

PREGUNTA: Máis que nada como testemuña.

R: Efectivamente fala deles. Pero canta xente non sabe deles? Porque eu coñezo un pouco o tema porque vivín nunha aldea pero ao mellor xente da miña idade que vivían nas cidades, xa non vivían isto coñecen isto, nin a “canica” nin unha chea de cousas. É un tema que está aí, e mais se queres ti moi romántico destas cousas, pero eu creo que non hai tanta práctica, sobre todo a nivel de escola de rapaces.

DS1 - (132:135)

Pues por lo que te comentaba antes. Porque yo con el poco tiempo de clase que tengo primo más las actividades más dinámicas por así decirlo. Hombre si se puede considerar a lo mejor el brilé. El brilé, al brilé si que juegan, tiro de cuerda, etc. Hay una serie de actividades si, pero las damos como ejercicios de calentamiento pero en ningún momento poniéndoles el título de: "vamos hacer un juego tradicional que se hacía aquí, acá". Vamos hacemos muchos juegos de pilla, de pillar, policías y ladrones, vamos cincuenta mil cosas. Se puede adornar y venderlos como digo yo de esa manera, pero un apartado específico de unidad didáctica donde se trabaje eso no existe.

DS2 - (152:152)

Pues, bueno, ni positiva ni negativa. Yo lo que primo sobre todo trabajando en un centro como este que te decía, es la actividad. La actividad física, yo cualquier alumno mio que hables o preguntes de mi, etc. Pues siempre te darán la referencia de que soy un profesor que les da caña. Les da caña en el sentido físico, yo quiero que trabajen por lo que te comentaba antes. Yo quiero que tengan sobre todo, una necesidad de hacer ejercicio. Intento crearles un hábito deportivo, un hábito deportivo, movilizándolos y moviéndolos, y dándoles la necesidad de que una vez que acaban las clases, de que ellos tienen que seguir haciendo una actividad deportiva. Y yo eso lo encuentro muy bien, y muy asequible de dárselo a ellos con los deportes de equipo tradicionales. Los deportes de equipo, no los tradicionales. Los deportes de equipo de toda la vida, los convencionales. Yo el problema que veo para mi con

	<p>este tipo de actividades pues eso que son bastante, bastante pasivas por así decirlo. Entonces me rompe a mi ese esquema de trabajo, que a mi me gusta que exista esa dinámica de actividad en las clases. Otra cosa sería a lo mejor lo que se estudiaba o lo que se pedía en esta asignatura hace tiempo, que hubiese tres horas de clase a la semana entonces sería claramente para mi un tema a estudiar y a trabajar, evidentemente, si. Pero de momento, y ahora te digo yo para mi prima más la actividad física, por eso por la necesidad de crearles un hábito, un hábito deportivo y de otra manera no. DS2 - (131:132)</p> <p>Son actividades motivantes yo son las que busco, ya te digo. Después te digo de este tipo de actividades como no las veo tan motivantes no las integro en mi trabajo, porque no les veo salida en mi esquema de trabajo. Me gustan las cosas que les mueva el movimiento. DS2 - (200:200)</p> <p>Os vídeos presentados na análise do centro escolar B e o seu diario de campo recollen como se desenvolve o traballo na aula de EF dos xogos populares e no recreo do centro. Lembrar que desafortunadamente non se puido ter acceso a gravar nada das clases de EF do centro A, porque debido durante as miñas visitas non se desenvolveu ningunha unidade didáctica dos xogos populares, por problemas de loxística e organización que afectaban ao mestre de EF, por esta razón non se realizou ningunha observación nas súas clases de EF, xa que non traballou ese ano os xogos populares cunha unidade didáctica. (Memo)</p>	
<p>Contexto escolar</p> <p>Iniciativas interdisciplinares</p>	<p>Non vén nas materias, pero entre nós si que traballamos entre todos. PREGUNTA: Ademais vén pola proposta, pola xuntanza de area de EF e NL. Porque dentro do currículo escolar sabes que veñen na área de Expresión Artística, Coñecemento do Medio e Lingua Galega? R: Si, pero concretamente así nas áreas non os tratan. DP1 - (220:223)</p> <p>Si, eu creo que para utilizar eles na clase non. E aquí saíu para xogar no recreo para o tempo de lecer. Non o vén como un contido académico na súa área. PREGUNTA: ía dicirche sobre todo aqueles que teñen o contido dentro do currículo. R: A ver, eu non estou na clase dos demais, pero eu creo que non, que non o teñen. DP1 - (225:228)</p>	

Escola B periódico.pdf - (@353-@220)

Escola B periódico.pdf - (@181-@61)

Si, fíxose hai dous anos, fíxose unha exposición coa área de expresión plástica. Fíxose unha exposición co tema das buxainas, decoración de buxainas. Logo pois claro o coñecemento do medio tamén estaba un pouco relacionado. Tentamos sempre de tratar de maneira un pouco interdisciplinar o tema dos xogos, porque para nada son específicos dunha área se traballan diversos contidos.

DP2 - (161:162)

Pois penso que neste centro teño a sorte de que os meus compañeiros os valoran positivamente, e ademais están moi predispostos a axudar na súa divulgación. É xente bastante involucrada co tema, e si que teño moita sorte. Igual que aquí, hai noutros centros que a xente non está tan predisposta.

DP2 - (164:165)

Resposta 1: Claro, no momento que se organice isto o primeiro que vai a ir é a titorías. Para que traballen os titores nas clases.

PREGUNTA: Ou sexa, que vai haber unha primeira parte teórica na aula.

RESPOSTA 1: Primeiro vai a ser formativa cos profes para que todos dominemos en que consiste cada xogo e como vai a ser a organización. Despois cada titor se encarga cos seus alumnos de traballar todo isto. Xa é organización libre de cada titor, pero os nenos teñen que saír sabendo o que se van a atopar, e mailo de Educación Física.

DP3 - (50:53)

Resposta 1: Fixemos unha comisión de profes para colaborar neste proxecto.

RESPOSTA 2: O profe de EF que é Rubén, e a orientadora, a mestra de infantil, nolas dúas, a titora de 2º e ninguén máis. Unha titora de cada etapa Infantil e primaria, educación física, orientadora e xefa de estudos.

DP3 - (121:123)

Na análise dos vídeos do centro educativo A e no diario de campo A , hai mostras de como traballan de xeito colaborativo para levar adiante o programa lúdico dos recreos, no centro educativo A. Tamén lembrar que na etapa de secundaria non existe ningún tipo de traballo

	<p>interdisciplinar como así o manifestan os dous profesionais, non se insiren na matriz as declaracións porque contestan do mesmo xeito, negando esa posibilidade cun non rotundo, se argumentar nada ao respecto. (Memo)</p>	
<p>Actividades Extracurriculares</p>	<p>RESPOSTA 2: Aínda fixemos este ano. RESPOSTA 1: Si o da petanca. PREGUNTA: Aquí no instituto? RESPOSTA 2: Si. PREGUNTA: Iso que foi un día so? RESPOSTA 1: Iso foi o día da paz, non? RESPOSTA 2: Non. RESPOSTA 1: No magosto? RESPOSTA 2: Si no magosto. N10 - (24:32)</p> <p>RESPOSTA 2: Se cadra, algunhas veces veñen darnos unha charla. RESPOSTA 1: Aí atrás déronnos un papel a todo o instituto contando cal era o xogo que máis nos gustaba. PREGUNTA: Pero como foi iso do papel, explícame iso? RESPOSTA 1: Foi unha hora por dicilo así. Tivemos que estar falando dos xogos que coñeciamos, dos que nos gustaban, os que máis tal. PREGUNTA: Unha hora en que clase? Na de EF? RESPOSTA 1: A non, non. Non me lembro, pero dun día normal nunha clase, nunha hora. Perdemos unha clase ou dúas. RESPOSTA 2: E máis viñeron despois dar unha charla onde nos explicaron o das buxainas e todo iso. N10 - (120:126)</p> <p>Resposta 1-2: Si. PREGUNTA: Como fariades vós, como organizariades? RESPOSTA 1: Pois no patio, fóra traer así algún xogo e organizarse. RESPOSTA 2: Si. PREGUNTA: Dentro das clases, fóra? RESPOSTA 2: Fóra, fóra. PREGUNTA: Fóra das clases, ou fóra das clases de EF ou no recreo? RESPOSTA 1: No recreo e nas clases de EF.</p>	

PREGUNTA: Nos dous lados.
N10 - (854:863)

Resposta 1: Pois por exemplo darlle un día.

PREGUNTA: Un día ao ano, ao trimestre..?

Resposta 1: Un día ao trimestre, non estaría mal non me parece moito.

PREGUNTA: Que máis a parte do día ese que máis, como fariades nese día, que organizades?

RESPOSTA 1: Unha charla sobre os xogos?

PREGUNTA: Ese día ou antes?

RESPOSTA 1: Ese día, ou antes tampouco pasa nada. Pois unha charla explicando e despois probamos, saímos todos por fóra e probamos.

RESPOSTA 2: Se cadra así, como algunha vez fixeron no Castro de Borneiro, que vén xente e teñen alí os xogos montados e vanche explicando como se xoga e máis así.

PREGUNTA: Iso do Castro de Borneiro, onde é?

RESPOSTA 2: En Cabana.

PREGUNTA: Ti como fuches a iso?

RESPOSTA 2: Porque a min levoume un amigo de meu pai.

PREGUNTA: Que o fan alí tódolos anos?

RESPOSTA 2: Esta no concello de Cabana e gústalle iso.

PREGUNTA: Gustouche?

RESPOSTA 2: Si, e mais porque che fan obras de teatro, e fan cousas. Explicábanche como era un tear.

RESPOSTA 1: Está ben para pasar a tarde.

N10 - (278:295)

PREGUNTA: Voleibol ou así, e algunha cousa relacionada cos xogos populares pensades que sería positivo facela?

RESPOSTA 1: Eu penso que si.

PREGUNTA: Como pensades que se podería organizar unha actividade así na vós fósedes os responsables?

RESPOSTA 1: Pois collendo un grupo de cada clase e que falaran cos demais.

PREGUNTA: Iso que sería unha vez ao mes, unha ao ano, á semana. Canto tempo pensades que sería bo?

RESPOSTA 1: Unha vez ao trimestre.

PREGUNTA: E ti?

	<p>RESPOSTA 2: Unha vez ao mes. N10 - (411:418)</p> <p>Resposta 1-2: Si PREGUNTA: Como organizariades vós se fosedes os responsables? Unha vez ao mes, ao ano, á semana RESPOSTA 2: Pois, cantos días de ximnasia temos? Dous, pois un día cada dúas semanas. PREGUNTA: Ti tamén pensas así? RESPOSTA 2: Si. PREGUNTA: Nese día como organizades? RESPOSTA 2: Pois toda a clase facendo xogos populares e despois xa nada máis. PREGUNTA: Por que non llo propoñedes aos profesores? RESPOSTA 1: Algún día xa falamos diso pero.. PREGUNTA: Pero queda aí no aire. RESPOSTA 1: Si. PREGUNTA: A vós gustaríavos? RESPOSTA: Si. N10 - (626:639)</p>	
	<p>Xa falaches dos espazo que os tedes divididos e todo iso. Tendes algunha actividade programada fóra do centro educativo que vaia dirixida á practica dos xogos populares-tradicionais? Resposta: Non. DP1 - (241:242)</p> <p>Resposta: Fóra do centro? Fóra do centro non temos ningunha. PREGUNTA: Por que? R: Pois a verdade é que non hai unha razón concreta, cinguímonos dentro do marco escolar. E fóra do centro o que si fixemos o ano pasado foron visitas a brinquedos, que traballan moito. Pero non considero que sexan actividades programadas. Son máis pois iso visitas puntuais para que os rapaces vexan como traballan eles e un pouco os animen. DP2 - (176:179)</p> <p>Ehh, como centro nós soemos, pois cada dous anos ir á neve. Por que cada dous anos? Porque cada dous anos vaise a Paris e cada dous anos e outro vaise á neve. Entón, aí si que temos as dúas saídas esas, que van os rapaces de 2º e 3º. Cada dous anos se mira esa posibilidade de ir á neve. Despois tamén no mes de xuño tamén os levamos ao acuático de Cerceda. Este ano de</p>	

	<p>momento están sen programar, e tamén temos no mes de xaneiro ou febreiro imos a patinar ao coliseo á Coruña, antes iamos a Carballo pero non nos gusta a pista e decidimos este ano levalos á Coruña. DS1 - (229:230)</p> <p>Pues ayer he estado hablando con la chica de extraescolares y quizás vayamos a ver el museo este que está montando Ricardo en la tercera evaluación. DS2 - (173:174)</p>	
<p>Programa Lúdico Recreos</p>	<p>Non, cando comezamos con isto foron dúas semanas que estivemos explicándolle, entón cada curso foi o encargado de explicarlle o xogo aos demais nenos e nenas do cole. PREGUNTA: Cada mestre de cada curso? R: Cada curso, entón cada mestre ensináballe ese xogo aos alumnos da súa clase, practicaba con eles, explicáballes como era e practicábano. E eles despois que esas nenas e nenos xa sabían xogar a ese xogo, eran os nenos os que ensinaban aos demais. Isto fíxose no recreo. Un día había uns xogos, o luns uns, o martes outros, e o mércores outros. E distribuíamos por grupos e aí si que colaboraron todos, todos os profesores e despois non, xa xogan eles. PREGUNTA: Agora non, xa teñen a dinámica adquirida? R: Si, algúns si.(risas da mestra) Pintamos mariolas no patio, distribuímoslle un pouco as zonas para xogar aos distintos xogos. PREGUNTA: Esta idea xorde no claustro, pero a unha petición túa ou é que como detectades que existe un problema de socialización e de comportamento, e condutas un pouco distorsionadas no patio. É o claustro o que decide por imaxinación? R: Non, isto comezouse a falar coa compañeira de Normalización lingüística e máis eu. Comezámolo a falar e desde Normalización Lingüística dixeron que o ían propoñer eles e despois no claustro xa propuxérono eles, pero tomamos a decisión todos de levalo a cabo. PREGUNTA: Entón si que é interdisciplinar? R: Non vén nas materias, pero entre nós si que traballamos entre todos. PREGUNTA: Ademais vén pola proposta, pola xuntanza de area de EF e NL. Porque dentro do currículo escolar sabes que veñen na área de Expresión Artística, Coñecemento do Medio e Lingua Galega? R: Si, pero concretamente así nas áreas non os tratan. DP1 - (208:223)</p> <p>Escola B periódico.pdf - (@414-@215)</p> <p>Escola Buño periódico.pdf - (@246-@50)</p>	

Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo. Desde que o fixemos, foi por aí por xaneiro cando comezamos con iso, pois xa xogan algo máis. Puxemos material a disposición deles que antes non o tiñan e si que xogan á goma, xogan coa corda, collen balóns. Si que xogan algo máis.

PREGUNTA: Ese material vos dispoñédelo alí e eles cólleno libremente.

R: Si, temos unha caixa aí no corredor, e eles teñen un papel para anotarse. Teñen que anotar quen o leva, e o que leva, para despois devolveo.

PREGUNTA: Seguindo con este tema, hai un cambio dos rapaces?

R: Si. Si, que hai antes sempre viña algún: "ai é que este me pegou, o outro empurroume". Sempre e agora non.

PREGUNTA: Eles recollen o material e xogan libremente sen intervención dun adulto?

R: Si, agora si. Ao principio explicáronselles os xogos, estivemos con eles, practicando con eles. Os maiores, claro, cólleno antes e explicábanlle aos pequenos, e agora si que son eles os que xogan libremente.

DP1 - (80:89)

Resposta 1: Pois naceu porque entre os mestres empezamos a observar, xa cando comezamos no centro antes de estar no equipo directivo. Xa observamos que as dinámicas no recreo non nos gustaban entre os rapaces, só xogaban a dúas cousas a correr uns detrás dos outros e a xogar ao fútbol, entón xa faciamos a proposta de que había que darlles alternativas e tal. Entón cando nos metemos no equipo directivo pois dixemos: "agora temos a oportunidade de dar alternativas e de organizar algo". Entón un ano comezamos a facer coa buxaina e vimos que os nenos se interesaban, entón xa nos plantexamos a raíz de que un ano Fátima foi a un cole onde tiñan este tema moi ben traballado. Pois se nos uniu esa experiencia coa nosa intención de dar alternativas e comezamos a organizalo, un pouco baseándonos no que ela experimentou alí. Empezamos a recoller información e plantexarnos como organizalo.

DP3 - (16:17)

Resposta1: Estamos niso, non está funcionando aínda o dos recreos. Collen as cordas e xogan fóra, pero foi iniciativa deles, comezou así extraoficialmente. A intención é porque se comezou a pintar. As pinturas esas que ves polo patio eran decoración para iso, se pintaron algunhas cousas no chan, ao principio só había as mariolas e agora hai máis cousas pintadas. Falta por pintar cousas no patio exterior e despois vai ir organizado así (ensina un documento) cada zona ten un xogo. Cada xogo vai ter unha ficha.

DP3 - (37:38)

RESPOSTA 1: Se fixo unha caixa de cada cor, entón o material cos xogos de cada cor están metidos nesa caixa e os alumnos de 5º van a ser os responsables de cada día repartilo. Por que os de 6º son os responsables que se ocupan dos préstamos da biblioteca. Entón 5º se van a responsabilizar de xogos populares. Cada día colleran a súa caixa, farán os préstamos do material e recolleran ao final do patio.

PREGUNTA: Nestes materiais, ides construír algún tipo de material para ensinalles aos rapaces? Ou xa con isto xa pensades que vai seguir para adiante

RESPOSTA 2: Home había un xogo que era de encestar que era dos vasos, de encestar a pelotíña dentro. E o que falamos é de facelos na aula, pero despois unha compañeira trouxo un vasiño de encestar moi chulo, e ante tódolos proxectos que temos.

RESPOSTA 1: O que se traballou moito coa buxaina fixemos moitas actividades da buxaina.

PREGUNTA: Tendes documentado este tipo de traballo?

RESPOSTA 1: Pois queda, as buxainas que pintaron os rapaces.

RESPOSTA 2: Estarán enriba de cando a exposición.

RESPOSTA 1: Quedarán enriba? Pero fotos haberá seguro. Iso fixo, seguro que nos blogues do cole. Entras na páxina web do centro e nos blogues de aula ou de biblioteca vas atopar todo.

DP3 - (62:69)

Resposta 1: Fixemos unha comisión de profes para colaborar neste proxecto.

RESPOSTA 2: O profe de EF que é Rubén, e a orientadora, a mestra de infantil, nolas dúas, a titora de 2º e ninguén máis. Unha titora de cada etapa Infantil e primaria, educación física, orientadora e xefa de estudos.

DP3 - (121:123)

Resposta 1: Profesorado, que queiran facerse cargo nos recreos, que queiran involucrarse e mentalizar ao alumnado e ensinalles. Eu vexo que é o maior problema polo que vexo.

PREGUNTA: Ou sexa que non son os alumnos senón o profesorado.

RESPOSTA 1: O profesorado. Primeiro organizativo que non saquemos tempo para poñelo en marcha porque nada estamos atascadas e segundo que o profesorado colabore é o maior problema.

RESPOSTA 2: Para organizalo.

DP3 - (125:129)

Resposta 1: Todo o mundo está pillado de tempo. Iso para organizalo e por outro lado tódalas

	<p>iniciativas, proxectos que queres comezar pois a xente se satura porque todos estamos pillados de tempo tes moitas cousas que facer.</p> <p>RESPOSTA 2: Máis proxectos máis traballo, quero dicir máis traballo extraescolar porque tal e como estamos non nos da tempo a moito máis. Entón as cousas que se fan son na túa casa, non as estás facendo no horario que ti tes lectivo.</p> <p>RESPOSTA 1: Despois supón unha obrigas na hora do patio, porque despois cada profesorado ten que estar controlando a cada zona de xogos. Entón a liberdade que tes agora de vou para alí, vou para aquí. Despois tes unha responsabilidade na hora do recreo, non te podes mover.</p> <p>DP3 - (131:134)</p> <p>Resposta 1: Non, sempre se lles fai caso. Se eles, se lles propón algo, eles fan ofertas.</p> <p>RESPOSTA 2: Primeiro teñen que pasar o proceso de experimentar, como funciona, como reaccionan e despois eles xa virán coas propostas á aula. Logo che din: "profe preferimos este xogo ou aquel".</p> <p>RESPOSTA 1: Eles enseguida che fan propostas, eles son moi botados para adiante. E xa se ten feito o concurso de cartas de amor que foi idea deles, che propoñen moitas cousas aquí son moi botados para adiante</p> <p>DP3 - (144:147)</p> <p>As análises dos vídeos gravados nos centros, en especial no centro A, dan testemuña do funcionamento destes proxectos lúdicos nos recreos. Nos documentos das análise dos vídeos e nos diarios de campo dos centros tamén completan esta información.</p> <p>(Memo)</p>	
<p>Axudas Institucionais</p>	<p>Si, a principios de curso, non sei nin como me decatei que en Deporte Galego tiñan un material de xogos populares que podías solicitar e que nolo enviaban. Mandáronnolo agora, é un baúl de madeira e dentro trae unha corda para xogar ao soga-tira, despois ten feitas en madeira tres chaves a da Coruña, Ferrol e Ourense e os pellos para lanzalos. Trae algún peón e outras cordas pequenas, chapas.</p> <p>PREGUNTA: Trae billarda?</p> <p>R: Non. O problema que lle vexo é que soamente nolo deixan unha semana.</p> <p>PREGUNTA: Ah! Ese material soamente volo deixan unha semana?</p> <p>R: Si, unha semana ademais chegou o luns pola tarde a última hora e virán o venres a buscalo, non sei a que hora exactamente. É moi pouco, pouquísimo. Pero é que comezaron co préstamo, non sei se o organizaron ben.</p> <p>PREGUNTA: Logo de solícialo case un ano antes, dánvolos agora?</p>	

R: Si solicitámolo en setembro, pero xa non a nós. Non é que houbera moita demanda e que andara paseando por moitos colexios, non. É que comezaron agora os primeiros colexios, comezaron en maio. Eu creo que deberon de ter algún problema de organización e comezaron moi tarde. A ver, se para o ano que vén tamén o temos, volvémoslo a pedir e a ver se funciona mellor. Paréceme moi interesante porque vén cunhas fichas didácticas de como se xoga e está ben, pero penso que é moi pouco tempo.

DP1 - (243:250)

Resposta: Non, a verdade que é un proxecto, que é moi recente. Por aí, si que non podemos dicir nin que si nin que non, porque estamos comezando. O ano pasado xa foi un ano de tránsito, de iniciación onde conseguimos materiais, este ano xa se puxo en práctica. Como é tan recente non temos aínda nada.

DP2 - (196:197)

Resposta 1: Non contamos co concello.

PREGUNTA: Para nada?

RESPOSTA 1: Non.

RESPOSTA 2: A ANPA foi o único que nos doou as pinturas. O concello non nos dou nada porque tampouco o pedimos.

RESPOSTA 1: Non lle comunicamos ao concello.

PREGUNTA: Pensades que estarían receptivos?

RESPOSTA 1: Ummm, ao mellor para o tema da pintura. Pero de doar a pintura, de facelo non.

PREGUNTA: Pensades que por exemplo, tería unha continuidade curricular na programación.

RESPOSTA 1: Na súa programación?

PREGUNTA: Que eles continuase a vosa labor no centro que tivese unha continuidade fóra do que é actividade escolar.

RESPOSTA 1: Isto se funciona ben e se lle propoñen cousas pode que si, algunha iniciativa si, de actividades culturais si.

DP3 - (88:99)

Non, non houbo actividade que eu saiba nada. Non nada.

DS1 - (247:248)

Recibides ou solicitudes á administración educativa autonómica ou local algún tipo de apoio

	<p>para a divulgación dos xogos popular-tradicionais dentro do centro educativo? Resposta: No. PREGUNTA: Por que non solicitades? R: No, no la solicitamos, y tampoco se si hay o como se podría solicitar. No, más por ignorancia que por otra cosa. DS2 - (207:210)</p> <p>Eu observo o caixón dos xogos populares que solicitaron á Xunta de Galicia no mes de outubro e que chegou en maio, e que soamente poderán ter no centro durante esta semana xa que soamente llo ceden por unha semana. Diario de campo. B. - (15:15)</p>	
<p>Contexto Escolar</p> <p>Profesorado</p> <p>Formación Docentes</p>	<p>Tiven unha asignatura en maxisterio un curso. PREGUNTA: Exclusiva de xogos populares? R: Si. PREGUNTA: Onde na Coruña? R: Non, en Lugo. PREGUNTA: Dentro de maxisterio? R: Si, na especialidade de EF e non me lembro se foi en segundo ou en terceiro que unha das optativas que podías pedir eran xogos populares. PREGUNTA: Pensas que é positivo recibir este tipo de formación? R: Si, si. Para min foi unha das mellores signatures que tiven na carreira. DP1 - (187:196)</p> <p>Asistín a cursos, calquera curso relacionado coa EF sempre se traballa un pouco en diversas xornadas, pero si que é certo que non. É máis un pouco por iniciativa propia e curiosidade que por formación en si. Na carreira si que nos ensinaron un pouco, e logo nas actividades de formación. Pero non hai algo concreto que verse sobre este tema. DP2 - (149:150)</p> <p>Non, non. Nada porque ademais. Eu ben é verdade que despois fixera a especialidade de EF, fixera fóra da carreira de maxisterio entón foi unha ocasión que para crear o de EF a Xunta ofertounos aos que xa estabamos un pouco metidos aí. Entón liberounos un pouco de traballo e dounos un curso de catro meses, e foi un tema que tocamos pouco, tocamos máis ben a condición física, o baloncesto, os deportes pero o tema este de xogos tradicionais non me acordo agora, pero moi pouquiño. DS1 - (192:193)</p>	

	<p>Porque ao mellor é que o che dicíamos antes. Non tiñamos un coñecemento moi profundo, entón pois claro. E tampouco nas escolas de maxisterio tampouco nos metían iso. E como acabas de dicir parece que no INEF tamén o quitaron, parece que outras cousas foron absorbendo esas cousas que van quedando no esquecemento, se te das conta. Porque hai outro tipo de actividades, outro tipo de instalacións, xa ti vas practicar natación e non te metes nas escoliñas como iamos nós DS1 - (200:201)</p> <p>Directamente, no. Dentro de juegos si se dio algo. PREGUNTA: Pensas que sería positivo recibir unha formación? R: Siii, son juegos. Los juegos vamos, es que yo no discriminaría juegos de una manera y juegos de otra. Todos son positivos pero yo te digo según el ámbito de actuación y el tiempo de que dispongas, tu filosofía de trabajo etc. Pero bueno los juegos son juegos. Sean del tipo que sean. DS2 - (144:147)</p>	
<p>Contexto Escolar</p> <p>Profesionais</p> <p>Visión EF</p>	<p>Resposta 2: Moi distintos! RESPOSTA 1: Cun por dicilo así. PREGUNTA: Sen dicir nomes. RESPOSTA 1: Ah, vale. Manexamos nós as clases: "que facemos hoxe? Fútbol. Pois fútbol". Que era o que facíamos antes. Co de agora por dicilo así, o que queira. Se di tal. RESPOSTA 2: Normalmente temos un tema por cada avaliación. Esta por exemplo, estamos dando bádminton, a outra demos baloncesto. RESPOSTA 1: Iso si, imos correr seis veces a San Hadrián PREGUNTA: Cando fai bo tempo. N10 - (155:162)</p> <p>RESPOSTA 1: Son divertidas pero tamén é estrito. PREGUNTA: En que senso? RESPOSTA: En que tes que facer as cousas, non podes dicir : "isto non me gusta, non o fago". Telo que facer, aínda que sexa... Esforzarte. PREGUNTA: Que vides facendo nas clases? RESPOSTA 1: Agora estamos co tema do bádminton. PREGUNTA: No resto do curso que facedes? RESPOSTA 1: No primeiro trimestre hai que ir correndo a San Hadrián. PREGUNTA: Tódoos días?</p>	

RESPOSTA: Si, cando fai bo tempo claro.

PREGUNTA: Non é un pouco aburrido? Pregunto, ir tódolos días ir correr na clase en vez de ir á praia e facer outro tipo de actividades?

RESPOSTA 1: A min gústame ir correr.

PREGUNTA: Pero igual a outros compañeiros non lle gusta tanto. A ti gústache ir correr?

RESPOSTA 2: Si.

RESPOSTA 1: Claro ao mellor hai xente que lle gusta o fútbol, e outros correr, e vai alternando. Noutras clases fai fútbol, baloncesto, bádminton.

N10 - (480:494)

Resposta 2: Outro tipo. Algunha vez fomos á praia xogar cos discos.

PREGUNTA: Co fresbee?

RESPOSTA 2: Iso.

PREGUNTA: Gustaríavos facer máis cousas? Cousas máis diferentes.

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Porque é un pouco aburrido sempre os deportes, sempre?

RESPOSTA 2: Si, un pouco cansa, moito xa.

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: Na vosa opinión debería cambiar un pouco nas clases de EF?

RESPOSTA 1-2: Si

N10 - (614:624)

Resposta 1: Aburridas non, pero cansan un pouco.

RESPOSTA 2: Cansa un pouco que sexa sempre o mesmo.

PREGUNTA: Cánsavos, abúrrevos. Por que estades moito tempo facendo mesmo a mesma cousa?

RESPOSTA 2: Algunha vez estamos toda a hora xogando ao brilé.

PREGUNTA: E iso aburre?

RESPOSTA 2: Si, porque entre que discuten: "deches, non me deches"

PREGUNTA: Gustaríavos que houbese na clase catro ou cinco actividades e que puideses ir cambiando cada pouco tempo para que sexa máis dinámico, máis ameno?

RESPOSTA 1-2: Si

PREGUNTA. Por que así que pasa nas clases, chegades e estades co baloncesto e sempre baloncesto, por exemplo?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: Votades de menos un pouco iso que funcione doutra maneira. Iso dicídesllo ao

profesor?
 RESPOSTA 1: Eu ás veces si, pero...
 PREGUNTA: Pero como clase? Non ti só alí protestando un pouco.
 RESPOSTA: Algunhas veces pedímoslle que nos deixe xogar a algún xogo que nos guste a nós, e cando lle pedimos brilé algunhas veces cólalle, e déixanos e outras non.
 N10 - (737:751)

Resposta 2: A min gustoume moito que xogamos así na praia, na area.
 PREGUNTA: Xogos na praia, por exemplo, máis que estar correndo ata San Hadrián?
 RESPOSTA 1-2: Siiii.
 PREGUNTA: Vós tamén ides correr á San Hadrián?
 RESPOSTA 1-2: Si.
 RESPOSTA 1: Eu vou de boa gana.
 RESPOSTA 2: Eu tamén.
 PREGUNTA: Por que vos gusta.
 RESPOSTA 2: Cansa moito.
 PREGUNTA: Pero igual era mellor estar xogando e cansándovos igual na praia que correndo?
 RESPOSTA 1: Cambiar un pouco.
 N10 - (753:764)

Resposta 1-2: Si (risas)
 PREGUNTA: Por que?
 RESPOSTA 2: Porque é moi monótono e aburrido.
 PREGUNTA: É moi monótono e aburrido as clases. Pero cos dous profesores ou cun.
 RESPOSTA 1: Como cos dous profesores?
 PREGUNTA: Hai dous profesores no instituto e a vós dánvos clase os dous?
 RESPOSTA 1-2: Non.
 RESPOSTA 1: Un dá primeiro e segundo, o outro terceiro e cuarto.
 PREGUNTA: Daquela facedes os deportes, e dicides que é moi monótono?
 RESPOSTA 2: Para min si.
 PREGUNTA: Para ti?
 RESPOSTA 1: Si.
 PREGUNTA: Gustaríavos ter outro tipo de cousas, por exemplo?
 RESPOSTA 1: Non sei, outros deportes.
 RESPOSTA 2: Máis xogos, non tanto aí. Porque sempre facemos flexións e tal. A deportes

	<p>xogamos tamén, pero é aburrido. PREGUNTA: A ti abúrrete, e a ti? RESPOSTA 1: Tamén. PREGUNTA: Pensades que ao resto dos compañeiros? RESPOSTA 2: Home se están nas “colchonetas” tirados sen facer nada, pois si a verdade N10 - (833:852)</p> <p>Resposta 2: Xogamos ao brilé, bádminton. RESPOSTA 1: Fútbol, baloncesto. Despois algún día o que queiramos nós, andar cos patíns. RESPOSTA: Si, ademais saltar no trampolín, e dar volteretas. N10 - (602:605)</p>	
	<p>Eu penso que realmente deben estar metidos para iniciarse noutro deporte, tomar esa base de asociacionismo, que é o que fago realmente. Ao mellor antes de xogar ao deporte do baloncesto pois o que lle fago un xogo popular para quecemento, entón xa pode entrar aí para favorecer os outros deportes. (Silencio) É unha ferramenta que realmente che vale a ti para aplicar na aprendizaxe doutros deportes. DS1 - (174:179)</p> <p>La actividad física, yo cualquier alumno mio que hables o preguntes de mi, etc. Pues siempre te darán la referencia de que soy un profesor que les da caña. Les da caña en el sentido físico, yo quiero que trabajen por lo que te comentaba antes. Yo quiero que tengan sobre todo, una necesidad de hacer ejercicio. Intento crearles un hábito deportivo, un hábito deportivo, movilizándolos y moviéndolos, y dándoles la necesidad de que una vez que acaban las clases, de que ellos tienen que seguir haciendo una actividad deportiva. Y yo eso lo encuentro muy bien, y muy asequible de dárselo a ellos con los deportes de equipo tradicionales. Los deportes de equipo, no los tradicionales. DS2 - (132:132)</p> <p>Yo creo que si, por lo menos a mis clases vienen con la predisposición de trabajar y se nota porque además a mis clases vienen con ganas de ducharse, o sea vienen con ganas de ducharse, vienen con ganas de trabajar porque luego se duchan. Es decir, es un círculo vicioso que logré hacer muy bien en ese sentido. Como saben que van a currar ya vienen con ganas de ducharse. DS2 - (133:134)</p> <p>Exactamente, vienen con mentalidad y a veces alguna clase que te coincide que les estoy</p>	

		<p>haciendo test físicos son más livianas, les sabe a poco a los chavales y a las chavalas en general. DS2 - (135:136)</p> <p>Son actividades motivantes yo son las que busco, ya te digo. Después te digo de este tipo de actividades como no las veo tan motivantes no las integro en mi trabajo, porque no les veo salida en mi esquema de trabajo. Me gustan las cosas que les mueva el movimiento. DS2 - (200:200)</p> <p>Neste punto centrámonos na etapa de secundaria porque xa sabemos que na etapa de primaria teñen unha visión máis aberta da EF, e tamén empregan os xogos populares nos centros educativos como contido na materia de EF, e tamén nos programas lúdicos dos recreos. (Memo)</p>	
	Iniciativas profesionais	<p>Pois nos parques infantís, que teñan alí algún material ou algunha persoa encargada de proporcionarlle algún material, nas praias incluso. Nos lugares así de lecer. DP1 - (184:185)</p> <p>Pois mira, penso que no noso caso pois estamos tentando facer un proxecto moi interesante. Estamos en fase de iniciación, e sobre todo é iso que os rapaces aquí teñen que coñecer os xogos, teñen que practicalos, e teñen que desfrutalos para seguir con eles fóra. Por parte de outras institucións, quizais non sexa a persoa máis adecuada, non teña esa solución. Pero si que debería haber un maior número de iniciativas. Non sei, ao mellor de que maneira, en grandes acontecementos, ou xornadas onde se practicasen máis. Penso que igual un punto que une bastante, é o tema de practicalos dun xeito máis familiar, que se involucren ao mellor os pais ou diversos familiares. Porque iso sempre crea un bo ambiente e chama a atención de todos, penso que si se pode fomentar máis. DP2 - (146:147)</p> <p>Pues, por exemplo traer gente que este estudiada en el tema como se trajo a Ricardo Pérez. Enseñándoles algún tipo de actividad relacionada, publicando cosas aquí. Hace dos o tres años en la revista también se publicaron, se hizo una especie de reseña por varios alumnos que preguntaron a sus mayores cosas, ejercicios, actividades, juegos que hacían con sus mayores. Haciendo referencia a las cosas de atrás, vamos. DS2 - (141:142)</p>	
	Concepto populares	Xogos	A ver, que che digo? Pois que son transmitidos principalmente pola vía oral e que perduran no tempo e moitas veces transmitidos de pais a fillos.

PREGUNTA: Pero ti antes comentabas que había un salto interxeracional no que non se transmites así.

R: Por iso non son tan coñecidos.

PREGUNTA: Digamos que deixaron de ser populares para pasar a tradicionais? Desde a túa opinión. (Silencio)

R: Non, digamos que houbo un tempo que deixaron de ser populares. Tradicionais eu creo que foron sempre. "Bueno" ao principio non, cando se comezou, pero "bueno" tradicionais foron sempre, populares deixaron un tempo de ser.

DP1 - (165:171)

Si, os xogos tradicionais son os que se veñen practicando pois ao longo de moito tempo, e penso que son transmitidos por diversas xeracións, si que era por tradición oral. Agora si que hai moitos máis materiais o que che dicía antes. Impresos que versan sobre estes xogos, e son este tipo de xogos que se van transmitindo de xeración en xeración. Populares, pois porque acadan certo nivel de práctica certa popularidade dentro dun entorno determinado, entón eu entendo por xogos populares-tradicionais os que viñan practicando os meus antepasados. E tiñan un nivel de practica elevado, por tanto foron considerándose populares, e foron conservándose na tradición normalmente de maneira oral, e seguen pois presentes ata hoxe en día.

DP2 - (132:135)

Si, si. Home eu case son sinónimos tradicional e popular. Tradicional enténdese que ese xogo que sen saber porque sen estar regrado. Tradicional que por tradición se foi xogando sen escribir e sen nada, non. Os populares porque realmente son do pobo, da xente humilde con poucos medios, e un pouco tal. O xogo tradicional que veñen por comunicar os xogos transmitidos por medios orais. Iso bueno é o que entendo eu. Despois, tamén está o concepto de autóctono eu o entendo un pouquiño máis localizado en zonas moi concretas, autóctono do Courel ou autóctono de Sofán, isto é unha aldea da zona de Bergantiños. Entón ese é o concepto que teño eu.

Home si, si. Hai xogos que realmente non se practicaron porque a billarda en concreto falouse dela, meus pais xogaron, pero eu xa me acordo moi pouco de xogar á billarda, pero si que segue falando da billarda. Na historia está a billarda, non está na practica a billarda, pero que se pode dicir en calquera momento imos xogar á billarda e hai xente que sabe xogar á billarda, eu sei máis ou menos como se xoga á billarda. Igual pasa co trompo (buxaina) que aínda o seguen practicando hoxe, antes xogouse moito á "peonza", nós chamabámoslle o "trompo" e sabemos o que é. Que hai competitivo, pero todo mundo sabemos lanzalo trompo

	<p>e pasamos o tempo con el. Entón e a pesar de que non se practiquen seguen estando aí na historia. Non sei se era o que ía relacionado con iso. DS1 - (166:172)</p> <p>Hombre, pues yo creo que son juegos antiguos por así decirlo, que se practicaban desde hace muchos años y que sobre todo nos viene de la tradición oral en muchos casos, aunque hay mucho escrito, pero bueno es una tradición oral. Porque de hecho se ve que muchos que existen reciben diferentes nombres vamos. Más que por tradición escrita, porque eso va quedando por tradición oral. Aquí en Galicia, ya no te hablo de Asturias. La peonza o la buxaina se llama de ocho, diez, doce maneras diferentes y eso es simplemente por una tradición oral. PREGUNTA: Para ti é o mesmo xogo popular que tradicional? R: No era cuando estudiaba, sabía que había una diferencia pero ahora no recuerdo. Pero bueno podría englobarlo si. PREGUNTA: En función do contexto, digamos. R: Si. DS2 - (124:129)</p>	
<p>Contexto escolar</p> <p>Recreo</p> <p>Tempos de recreo</p>	<p>Unha hora corenta, un recreo de quince, hora e corenta, recreo de quince, hora e corenta e despois para casa. PREGUNTA: Ou sexa seis horas de clase e media hora de recreo. É pouco non, gustaríavos ter máis. RESPOSTA 1: Si ohh, iso si. RESPOSTA 2: Pero, a ver, se metemos máis horas de recreo, non van quitar horas de clase. Así que teríamos que ir máis tarde comer, así que tampouco. RESPOSTA 1: Preferimos así. PREGUNTA: Preferides marchar antes que ter máis recreo. N10 - (264:272)</p> <p>RESPOSTA 1: Dura quince minutos, cada un. PREGUNTA: Vos dá tempo? RESPOSTA 1: Porque, se ao mellor hai dez equipos, o luns xoga o A contra B, entón collen os dous recreos. O martes o C contra D, e así teñen media hora para xogar. A maioría da xente soe estar sentada ao sol vendo o partido. N10 - (81:90)</p> <p>Resposta 1: Eu penso que está ben, temos media hora, quince minutos para cada recreo.</p>	

	<p>PREGUNTA: Pero é suficiente se queres xogar a algo? RESPOSTA1: Home se queres xogar a algo. N10 - (470:473)</p> <p>Resposta 2: Si, vinte minutos polo menos. PREGUNTA : Vinte e vinte sería mellor, así faise un pouco curto o recreo? RESPOSTA 1-2: Si N10 - (475:478)</p> <p>Resposta 2: Son dous. RESPOSTA 1: De quince minutos. PREGUNTA: Parece pouco. RESPOSTA 2: De vinte polo menos. PREGUNTA: De vinte polo menos, estaría mellor. RESPOSTA 2: Polo menos. PREGUNTA: Por que? RESPOSTA 1: Porque así poderíamos ter máis tempo para descansar das clases. PREGUNTA: Porque saídes moi esgotados das clases RESPOSTA 1: Depende dalgunhas si, doutras non. RESPOSTA 2: Agora, por exemplo, antes de vir estabamos en inglés e antes tivemos exame. Cando temos máis dun no día eu que sei. N10 - (702:713)</p>	
	<p>A ver, de tempo real eu creo que fóra. Quero pensar que fóra, porque aquí realmente teñen un recreo de media hora. PREGUNTA: Nada máis? R: Si. DP1 - (109:112)</p> <p>Efectivamente, non teñen tempo para desfrutar eles dun tempo material para charlar e xogar dentro do patio, tal e como está o sistema educativo nada. Todo está tan regrado, tan regrado como che acabo de dicir que incluso se dis: "oe se podería montar unha cafetería". Pero tampouco se di, non se dá esa posibilidade, porque como lle vas dar tempo nun cuarto de hora, que entre baixar che toca serea, baixas tomas un bocadillo se o traes, vas o recreo e xa estás para subir. Non hai tempo, igual era mellor reducir a cinco xornadas ou cinco sesións de traballo na aula e despois xa nada e ao mellor empregar ese tempo libre. Pero temos en España un sistema tan apiñado, tan apiñado que non lle vexo opción.</p>	

	<p>DS1 - (109:110)</p> <p>Aquí, hombre juegan algo pero muy poco. Aquí por el tipo de instalación que tenemos, me refiero a los recreos. El tipo de instalaciones de las que pueden disfrutar, el poco tiempo del que pueden disfrutar no se presta a que haya una actividad continua, ni se cree una dinámica de necesidad de juego. Aquí se montan ligas de fútbol en los recreos de quince minutos, y el partido efectivo son siete minutos, o sea que no da. Es un llenar el tiempo, pero no es.</p> <p>DS2 - (79:82)</p> <p>A proba foi duns trinta minutos aproximadamente, simulando a duración dos recreos. Cando comeza o simulacro os profesores móstranse moi predispostos nun clima totalmente distendido. Pouco a pouco cada grupo de mestres vai para unha zona e comeza a experimentar os xogos que hai asignados para cada zona. Para recoller os datos o que se fixo foi ir coa cámara na man e gravando pequenos clips en cada zona xa que era imposible recoller todo patio nun plano e con distintas accións ao mesmo tempo.</p> <p>Diario observación Escola A - (15:16)</p> <p>Os recreos do colexio comezan ás 11:20 e finalizan ás 11:45 en total vintecinco minutos nos que as rapazas e rapaces do colexio teñen que por en marcha o programa de xogos nos recreos.</p> <p>Diario observación Escola A - (38:38)</p> <p>Nos diarios de campo dos centros escolares e na análise dos vídeos dos centros educativos, en especial no centro A, están centrados nas vivencias nos tempos de recreo polo que quedan contrastadas as declaracións dos informantes.</p> <p>(Memo)</p>	
<p>Problemática Socialización Primaria</p>	<p>Si, a partir de 3º fútbol, as nenas a pasear, xogan a pasear. En 1º e 2º xa xogan un pouco máis xuntos entre nenos e nenas, pero a pillarse sen ser o xogo da pilla, correr uns detrás dos outros e pouco máis. Polo menos a principio de curso xogaban só a iso. Ehh claro, había problemas nos recreos que ao final acábanse enfadando uns cos outros, acaban pelexándose. Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo. Desde que o fixemos, foi por aí por xaneiro cando comezamos con iso, pois xa xogan algo máis. Puxemos material a disposición deles que antes non o tiñan e si que xogan á goma, xogan coa corda, collen balóns. Si que xogan algo máis.</p> <p>DP1 - (80:83)</p>	

Escola B periódico.pdf - (@416-@354)

Escola B periódico.pdf - (@242-@181)]

De estar aburridos. Cando un neno non ten algo que facer, pois como non estou facendo nada, abúrrome e se me aburro teño que aburrir ao que teño ao lado. E ao final acábanse enfadando por tonterías. Empurroume ou me molestou, insultou, ou queixas así continuas. E non é porque sexa un grupo conflictivo ou un cole conflictivo. É así, porque claro non hai unha actividade que facer durante unha hora de lecer, entón abúrrome e os nenos veñenche: "están xogando ao fútbol e eu non podo e abúrrome".

RESPOSTA 1: E a correr, entón me empurran, agora caio, agora non sei que, ao final.

RESPOSTA: Entón si durante 25 minutos lle das actividades, pásanlle os 25 minutos voando.

E non van a ter entre eles, si vai haber discusións porque son moi competitivos entón.

RESPOSTA: "Agora non son o teu amigo, vou con este non con estes tres".

PREGUNTA: Iso pasou toda a vida.

RESPOSTA 1: Si. Agora ves que xogan á corda e están trinta alumnos. Antes iso era impensable.

DP3 - (167:184)

Hoxe na zona aberta do patio onde os rapaces xogan ao brilé. O que aconteceu é que á hora de facelos equipos para xogar había certas dificultades, chegando a intervir a mestra de garda en varias ocasións para indicarlles que fixeran uns equipos nos que se mesturasen nenos e nenas porque os primeiros equipos que elaboraron era unha división de nenos e nenas, para que non discutisen demasiado entre eles e que xogasen de forma axeitada tódolos nenos e nenas. Estiveron máis tempo negociando que xogando o que indica da dificultade para chegar a acordos, cada pouco facían pequenos grupos para discutir sobre o xogo e realmente de xogo efectivo pouco. A mestra aclaraba que a parte de negociar equipos e resolver os problemas é no que máis dificultade teñen as rapazas e rapaces do colexio.

Os xogos foron desenvolvidos sen maiores problemas agás o caso do brilé. Unha vez que tocou a serea os responsables do material volven aos seus postos e recollen o material.

Diario observación Escola A - (51:52)

No clip vese como unhas nenas e nenos xogan nun pequeno recuncho. Uns xogan a metela bola no funil, outras xogan co aro a darlle voltas polo nocello o maior tempo posible. Tamén obsérvase a dous nenos facendo trasnadas cos birlos, no canto de xogar con eles están

tirándollos á compañeira que é a responsable do material, é curioso que soamente son nenos os que están a facer trasnadas.

No patio exterior un grupo de nenas e nenos xogan un rebumbio de fútbol, cunha improvisada portería.

Análise vídeos Recreos - (167:168)

De súpeto chega un neno dos que estaban xogando ao brilé, para queixarse sobre unha acción do xogo a unha mestra que está de garda no recreo. A mestra trata de explicarlle a situación e tranquilizalo.

Análise vídeos Recreos - (174:174)

Neste vídeo volve a verse como xogan ao brilé no patio exterior, e comezan discutir e recriminarse entre eles algunhas accións do xogo. De novo volve a ter que intervir unha mestra, que me comenta que o que máis lle custa aos rapaces é ter que resolver os conflitos entre eles e admitir outras opinións. Ten que acudir de novo a tranquilizar os ánimos en especial dun neno que é algo máis competitivo ca o resto dos compañeiros.

Soa a serea que indica o fin do recreo.

Análise vídeos Recreos - (199:200)

No patio exterior vese a un grupo de nenos que xogan ao brilé. Un dos nenos é golpeado pola pelota e pasa á zona de brilados. Non se está a xogar cumprindo coas normas, cada un que colle a pelota atravesa os campos para lanzarlle a pelota ao compañeiro que lle apetece, o xogo comeza a ser algo persoal entre uns poucos participantes mentres o resto observa. Chega a producirse unha pequena agresión por parte dun neno a outro por ver quen tiña a posesión da pelota. Vai dexenerando a calidade do xogo pouco a pouco.

Análise vídeos Recreos - (268:268)

Un grupo de nenos está xogando ao pano nun corredor central do patio cuberto. Algúns dos que xogan móstranse impacientes por xogar correctamente e discuten coa nena que berra os números. Un neno móstrase moi alterado e contrariado coa situación, fai xestos e berra ostensiblemente. Un mestre comeza a xogar con eles. No momento que comeza a xogar con eles volven a numerarse no seu equipo. A nena que canta os números comeza de novo e xa no primeiro número que di hai unha confusión nun equipo e saen dous. Isto provoca unha situación de tensión no equipo, en especial nun neno que chega a perder o control e berra queixándose reiteradamente. O mestre intermedia un pouco e semella que se calmaron os ánimos, pero non é así. O equipo cun menos volve a numerarse. Cantan outro número e de

novo o mesmo equipo ten problemas no momento de saber quen sae e acaban perdendo o punto. Isto provoca unha reacción esaxerada do neno que comeza a recriminalle á compañeira que non saíse no seu número. Bérralle de tal xeito que o mestre ten que intervir para dicirlle ao neno que se tranquilice e que non berre deste modo. Continúan xogando cos problemas típicos de poñelos números. Hai despistes por parte dalgún neno que se trabuca nas saídas e sae cando non debe. O neno volve a berrarlle a compañeira porque non sae no seu número e de novo o mestre ten que intervir para numeralos e que non se produzan máis conflitos neste punto. Seguen a xogar na mesma liña baixo a supervisión do mestre.

Análise vídeos Recreos A- (273:273)

Nun recanto do patio xogan nenas e nenos á corda, neste grupo existen grandes diferenzas e discusións, a partires do minuto 2, 04 pódese comprobar como dúas nenas se enfrontan unha á outra, unha chega a empurrar á compañeira pra que se aparte do medio onde están xogando, e a que é empurrada recrimínalle a súa acción, namentres as compañeiras e compañeiros están parados observando atentamente, a nena que empurrou discute con outro neno acaloradamente. Logo dun pequeno intre sen brincar volven a brincar. Dous nenos comezan a molestar e saltar polo medio da corda e son recriminados por varias nenas chaga a tal punto que ten que intervir unha nena maior para calmar os ánimos e os rapaces desisten na súa conduta e marchan.

Análise vídeos Recreos - (325:325)

Outros xogan a pandalas e corren uns detrás doutros, unha nena dálle unhas patadas no cu a un compañeiro a modo de broma. Un dos rapaces que está nun grupo de rapazas e rapaces corre detrás dunha nena agarrándoa do pelo.

Análise vídeos Recreos A - (350:350)

Teñen unha pequena discusión entre elas e unha das que salta repite o salto, aínda que unha nena das que dá corda non debe estar moi conforme porque no seguinte intento dálle con moita forza á corda. Volver a repetir e a intensidade da corda diminúe un pouco pero non demasiado, está claro que as que dan corda queren que tropece coa corda.

Outro grupo de nenos está xogando a pandalas e tamén existe algunha polémica porque unha nena queixase de como foi agarrada á hora de ser collida e empurra ao neno que a pillou.

Análise vídeos Recreos A - (357:358)

As nenas que estaban xogando á corda seguen a xogar. Teñen algunha discusión xa que lle dan moi forte á corda e a que salta resúltalle imposible brincar sen tropezar coa corda no

	<p>corpo, malia que llo recrimina a unha delas, as nenas que dan corda seguen na súa teima de darlle moita forza á corda e conseguen que a compañeira vaia correndo ao director a dar unha queixa. Análise vídeos Recreos A - (369:369)</p> <p>Grupos de nenas e nenos xogan a pandalas dun lado a outro do patio cuberto. Nun caso escápaselle das mans e comezan a fuxir cara os baños e algún dálle patadas á porta pra poder entrar e coller ao compañeiro. Análise vídeos Recreos A - (385:385)</p>	
<p>Socialización Primaria</p>	<p>Tamén este día mantiven algunha conversa informal con algunha das mestras e manifestaban a súa satisfacción por como estaba funcionando o tema dos xogos populares nos recreos. Ben certo que recoñecían que estaba nunha fase inicial, pero xa comezaban a ver como a dinámica no patio de recreo trocara por completo. Non había tantos conflitos e en cambio os rapaces falaban moito máis e recoñecían que o máis difícil para os rapaces era negociar entre eles os equipos e cousas polo estilo. Diario observación Escola A - (43:43)</p> <p>No vídeo obsérvase como os nenos devolven o material que lles foi prestado para xogar e as responsables de tomar nota e recollelo fano de xeito moi rigoroso e axeitado. Anotan no caderno se o devolve todo e táchano da lista. Análise vídeos Recreos - (205:205)</p> <p>Seguidamente os responsables de hoxe do material comezan a dispoñer o mesmo para que os compañeiros o recollan. Hai certa impaciencia por algún neno para comezar a xogar e recoller o material. Un grupo de nenas e uns rapaces comezan a xogar á corda na zona central do patio cuberto, chegan a conseguir ter unha gran nº de participantes saltando ao mesmo tempo. Os nenos son os que lle dan á corda. Análise vídeos Recreos - (212:213)</p> <p>Un dos responsables da entrega do material participa activamente en ordenar unha ringleira para que lancen as pezas a unha rá xigante na que teñen que meter as pezas. Análise vídeos Recreos - (223:223)</p> <p>Na escena aparecen un grupo de nenas e un neno xogando ao pano, hai berros e emoción por perder ou gañar, algunha que recrimina por non dicir o seu nº.</p>	

	<p>Obsérvase tamén a unha nena xogando á corda individual e tamén se pode ver un gran grupo xogando á corda colectivamente.</p> <p>Algúns responsables do tratan de xogar a pasarse unha pelota pero un deles evítalo xa que se pon a molestar aos outros compañeiros roubándolles a pelota e non deixándoos tranquilos.</p> <p>Análise vídeos Recreos - (235:237)</p> <p>Neste clip hai nun grupo de nenas e un neno que están xogando ao pano. Hai moita tensión xa que se celebran os puntos coma grandes vitorias. No clip da tempo a que se produzan varias quendas de números, aínda que a que di os números se trabuca nunha ocasión.</p> <p>Análise vídeos Recreos - (247:247)</p> <p>Os que participan destes xogos, nalgunha ocasión chaman a atención dalgunha compañeira ou compañeiro para ensinalles como están a facer, as veces para explicar como se fai e outras para demostrar o ben que o fan.</p> <p>Análise vídeos Recreos - (257:257)</p>	
Xogos programa recreos	<p>Chirlomirlos de Antón Cortizas, e a partir de aí fomos traballando. E da experiencia de (initelible, pero falan dunha experiencia doutro CEIP que os axudou moito)</p> <p>DP3 - (85:86)</p> <p>Os xogos que se practicaron e rexistraron foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Chapas<input type="checkbox"/> Buxaina<input type="checkbox"/> Salto á corda<input type="checkbox"/> Pelouros, tabas<input type="checkbox"/> Zancos<input type="checkbox"/> Zorregadora<input type="checkbox"/> Tres en raia<input type="checkbox"/> Petanca<input type="checkbox"/> Saltar a pata coxa <p>Diario observación Escola Malpica - (17:27)</p> <p>Escola Buño periódico - (@122-@53)</p> <p>Neste vídeo vese como na parte do dereita do patio cuberto, hai nenas e nenos que están xogando cos zancos de corda, algúns camiñan outros corren, dialogan cos zancos postos.</p> <p>Tamén se pode ver a unha parella mixta como xogan no chan ao tres en raia que teñen pintado</p>	

para iso.
 Nun recuncho do patio cuberto outro grupo de nenas e nenos xogan á zorregadora
 Análise vídeos Recreos - (81:83)

Obsérvase como unha nena e un neno xogan ás tres en raia nun taboleiro pintado no chan. Un dos participantes fai tres en raia, mentres outras nenas e nenos observan como descorre a partida e fan algunha observación aos participantes.
 Nun pequeno corredor que hai no patio unhas nenas e un nenos xogan a percorrer un verme que está debuxado no chan, van dando pequenas zancadas en cada unha das partes do corpo do verme. Un dos nenos fai o percorrido en zancos de corda.
 Nun recuncho do patio seguen a xogar á zorregadora, os berros de apoio aos compañeiros son constantes neste xogo por parte do grupo que está xogando.
 Análise vídeos Recreos - (88:90)

Nesta zona hai por unha banda un numeroso grupo de nenos xogando un rebumbio de fútbol cunha portería improvisada. Son moitos e xogan ocupando unha gran parte do espazo.
 Análise vídeos Recreos - (95:95)

Ao seu lado hai outro grupo, neste caso de nenas que xogan ao brilé formando dous equipos.
 Análise vídeos Recreos - (96:96)

Están xogando a meter unha bola atada cunha corda no furoco dun funil.
 Análise vídeos Recreos.rtf - 37:6 [(106:106)

Hai outros que xogan con aros a bailalo nas cadeiras o maior tempo posible. Tamén xogan á petanca nun reducido espazo.
 Análise vídeos Recreos - (107:108)

Vese como xogan un grupo de nenas e un neno ao brilé. Semellan ser dun dos cursos dos maiores. A partida descorre con gran tensión xa que por un equipo hai poucos participantes por ser tocados coa pelota, que neste caso é de goma-espuma.
 Na outra parte do patio están xogando un rebumbio de fútbol.
 Análise vídeos Recreos - (119:120)

No clip apreciase como noutra pequena zona do patio hai unhas nenas xogando á buxaina, con máis ou menos acerto á hora de bailar a mesma.

	<p>Análise vídeos Recreos - (125:125)</p> <p>Neste clip vese como varios nenos e nenas xogan cos zancos camiñando polos debuxos dos circuítos das chapas e van dun lado a outro.</p> <p>Análise vídeos Recreos - (130:130)</p> <p>Neste punto non se inclúen máis observacións xa que queda claro cales son os xogos que son programados nestes proxectos dos recreos. Ad (Memo)</p>	
Xogos populares Escola	<p>Resposta 2: Depende, ás agochadas, fútbol. PREGUNTA: Ti RESPOSTA 1: Igual. PREGUNTA: Igual, es futboleira tamén? RESPOSTA 1: Si. N10 - (795:800)</p> <p>Resposta 1: Estar cos rapaces, xogamos cunha pelota pequena. Senón estou cos rapaces e falo, e así. PREGUNTA: A que xogas con esa pelota pequena? RESPOSTA1: Ao fútbol. PREGUNTA: E ti tamén ou estas coas amigas paseando? RESPOSTA 2: Estou cas amigas. N10 - (820:825)</p> <p>Resposta 2: En ximnasia? PREGUNTA: No recreo tamén. RESPOSTA 1: Eu nos recreos non xogo a nada. RESPOSTA 2: Eu tampouco. PREGUNTA: Non xogades a nada? E logo? RESPOSTA 1-2: Non RESPOSTA 2: Eu dou voltas. RESPOSTA 1: Eu quedo parado. PREGUNTA: Falando cos amigos nada máis? E logo por que non vos apetece xogar a nada? RESPOSTA 1-2: Si RESPOSTA 2: Aparte ninguén xoga, quitando un pouco ao fútbol alí detrás. N10 - (589:600)</p>	

	<p>Facer como fixemos hai dous anos. Ou sexa, un día todos no pavillón e facer equipos, ían por cursos, e facer partidos de volei. Ese día “molárame”. Iso facémolo, tódolos anos facemos algo, pero este ano fixemos o do fútbol, e normalmente sempre é o fútbol. Eu que sei gústame e tal, pero tamén me gustaría volei, eu que sei.</p> <p>N10 - (180:181)</p>	
	<p>Si, a partir de 3º fútbol, as nenas a pasear, xogan a pasear. En 1º e 2º xa xogan un pouco máis xuntos entre nenos e nenas, pero a pillarse sen ser o xogo da pilla, correr uns detrás dos outros e pouco máis. Polo menos a principio de curso xogaban só a iso. Ehh claro, había problemas nos recreos que ao final acábanse enfadando uns cos outros, acaban pelexándose. Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo</p> <p>DP1 - (80:83)</p> <p>Pois os rapaces de aquí, sobre todo os rapaces ao fútbol, como ocorre na maioría dos centros que visitei. E as rapazas segundo o rango de idade, si que soen xogar moito á pilla. E si que cando son maiores, si que se ve que van decrecendo no nivel de xogos.</p> <p>DP2 - (72:72)</p> <p>Resposta 1: Non se xogaba, practicamente fútbol era o que vías xogar aos nenos fóra. Era a fútbol e a correr uns detrás doutros, había moitas pelexas. Non xogaban. RESPOSTA 2: As maquiñas tamén ultimamente, algún que a traía a súa Nintendo. RESPOSTA 1: Si, ata agora pouco, basicamente fútbol e correr. RESPOSTA 2: Fútbol e correr. DP3 - (19:23)</p> <p>Resposta 1: Igual, igual. Os nenos máis fútbol, pero despois correr. RESPOSTA 2: As nenas pasean polo patio. RESPOSTA 1: Algunha xoga ao fútbol. PREGUNTA: Teñen actividades menos físicas? RESPOSTA 2: Si, menos físicas, totalmente. DP3 - (25:30)</p> <p>Os rapaces o fútbol e as rapazas sobre todo o baile. Hai algunhas rapazas tamén que lles gusta o fútbol, pero é unha minoría ehh. Ao mellor nun grupo te podes atopar unha ou dúas, pero non é o habitual, que xogan ben e lles gusta xogar.</p>	

	<p>DS1 - (89:91)</p> <p>Aquí se montan ligas de fútbol en los recreos de quince minutos, y el partido efectivo son siete minutos, o sea que no da. Es un llenar el tiempo, pero no es.</p> <p>DS2 - (82:82)]</p> <p>Este feito unido a que había moitos aniversarios e as vacacións están moi preto fai que as nenas e nenos estean un pouco máis nerviosos do habitual.</p> <p>A verdade que se non teñen a obriga de ir a zonas para xogar adicáronse a pasear a gran maioría deles, outros a xogar á pilla e outro gran número ao fútbol.</p> <p>Diario observación Escola Malpica - (77:78)</p>			
<p>Contexto Escolar</p>	<p>Alumnado/ Familias</p>	<p>Interese populares</p> <p>xogos</p>	<p>Voleibol ou así, e algunha cousa relacionada cos xogos populares pensades que sería positivo facela?</p> <p>RESPOSTA 1: Eu penso que si.</p> <p>PREGUNTA: Como pensades que se podería organizar unha actividade así na vós fósedes os responsables?</p> <p>RESPOSTA 1: Pois collendo un grupo de cada clase e que falaran cos demais.</p> <p>PREGUNTA: Iso que sería unha vez ao mes, unha ao ano, á semana. Canto tempo pensades que sería bo?</p> <p>RESPOSTA 1: Unha vez ao trimestre.</p> <p>PREGUNTA: E ti?</p> <p>RESPOSTA 2: Unha vez ao mes.</p> <p>N10 - (411:418)</p> <p>Resposta 1: Home os xogos populares vanse perdendo ao estar no instituto, non pensas tanto niso, en xogar. Céntrate máis nos deportes.</p> <p>PREGUNTA: Pero céntrate porque non chos ensinan ou porque che gusta máis?</p> <p>RESPOSTA 1: Porque che gustan máis.</p> <p>PREGUNTA: Pero en cambio ti no practicas. Soamente fútbol cando estás na clase.</p> <p>RESPOSTA 1: Eu practicaba, pero tiven que deixalo.</p> <p>PREGUNTA: Porque o deixaches?</p> <p>RESPOSTA 1: Por problemas de saúde de lesións.</p> <p>N10 - (451:458)</p> <p>Pareceríavos ben facer outro tipo de actividades, por exemplo, organizar algo de xogos populares?</p>	

	<p>Resposta 1-2: Si PREGUNTA: Como organizariades vós se fósedes os responsables? Unha vez ao mes, ao ano, á semana RESPOSTA 2: Pois, cantos días de ximnasia temos? Dous, pois un día cada dúas semanas. PREGUNTA: Ti tamén pensas así? RESPOSTA 2: Si. PREGUNTA: Nese día como organizades? RESPOSTA 2: Pois toda a clase facendo xogos populares e despois xa nada máis. PREGUNTA: Por que non llo propoñedes aos profesores? RESPOSTA 1: Algún día xa falamos diso pero.. PREGUNTA: Pero queda aí no aire. RESPOSTA 1: Si. PREGUNTA: A vós gustaríavos? RESPOSTA: Si. N10 - (626:639)</p> <p>Gustaríavos facer algún tipo de actividade relacionada con estes xogos? Para coñecelos máis. Resposta 1: Si, estaría ben. RESPOSTA 2: Si. N10 - (248:250)</p> <p>Pensades que sería positivo ter máis iniciativas deste tipo? Resposta 1: Positivo si. PREGUNTA: Para romper un pouco coa monotonía das clases? RESPOSTA 1: Por dicilo así. Eu que sei, é a cultura eses xogos son os populares. N10 - (259:262)</p>	
	<p>Si, é curioso que en moitos casos, fóra dos máis practicados os rapaces non coñecen e tal. Pero unha vez que os xogos son explicados son tomados con boa predisposición, aos rapaces lles gusta. E si que triúnfan bastante. DP2 - (140:141)</p> <p>Entón un ano comezamos a facer coa buxaina e vimos que os nenos se interesaban, entón xa nos plantexamos a raíz de que un ano Fátima foi a un cole onde tiñan este tema moi ben traballado. Pois se nos uniu esa experiencia coa nosa intención de dar alternativas e comezamos a organizalo, un pouco baseándonos no que ela experimentou alí. Empezamos a recoller información e plantexarnos como organizalo.</p>	

DP3 - (17:17)

Pregunta: Aos rapaces o pouco que levan experimentado con isto das cordas que me contabas, como perciben o tema?

Resposta 1- 2: Moi ben

RESPOSTA 1: Eu co tema das cordas estou alucinada eh. Porque ademais foi así algo moi espontáneo. Comezaron a vir cordas, non sei ben como foi o tema.

RESPOSTA: A mestra Pilar que sacou unha corda ao recreo e comezou cos nenos, e entón xa aí, e na hora da custodio, aí neses momentos de entrada e saída.

RESPOSTA 1: Foi case sen querer.

RESPOSTA 2: E os nenos vendo que o mestrado, que os mestres se involucran eles tamén se senten máis receptivos.

RESPOSTA 1: Si, porque se nos ven saltar, nos ven darlle a corda.

RESPOSTA 2: Claro para ensinarlles.

RESPOSTA 1: Enseguida che veñen: "nos das, saltas?"

PREGUNTA: Interésalles, é algo novo para eles.

DP3 - (101:110)

Si, si. Hoxe en concreto ehh, que xa contaba contigo. Pois mira eh, espontaneamente: "algún sabe algún xogo de antes? Eu ese xogo xa o coñecía de atrás". Non me lembro como se chamaba o xogo ese, todos se poñen detrás dunha liña, un ponse de costas e vai mirando. "Palomita negra, palomita branca", entón vemos que os rapaces acabaron unha vez e oe: "repetimos! Repetimos!" Repetímolo e tivemos toda a clase, de tal forma que esperta interese neles. Creo que e sobre todo nalgúns da clase é moito máis motivador ca ao mellor tiros á canastra.

DS1 - (181:182)

Penso que si, cando a xente que lles ensina, cando a xente involucrada é xente que participou. Por exemplo, se un avó lle ensina a un neno que el bailaba a buxaina, e lle ensina entón si que desperta interese. Pero ao mellor un monitor só non, home si que lles chama a atención, pero antes ou despois déixano, pero si ven que os seus avós xogaban e que os seu pais tamén xogaban chámalles máis a atención.

DC1 - (200:200)

Nos consta que si, cando facemos algunha xornada eventual ao ano de xogos populares que se soe facer. Pois si que lle gusta moito, e aprender cousas novas, todo o que sexa aprender

	<p>cousas novas gústalle. NDC2 - (195:196)</p> <p>Nas gravacións obtidas nos centros escolares mostran como as cativas e cativos, participan activamente nestes xogos, o que nos pode servir de indicador para recoñecer o nivel de atención que prestan a estes xogos os escolares. (Memo)</p>	
<p>Motivación EF</p>	<p>Resposta 2: Outro tipo. Algunha vez fomos á praia xogar cos discos. PREGUNTA: Co fresbee? RESPOSTA 2: Iso. PREGUNTA: Gustaríavos facer máis cousas? Cousas máis diferentes. RESPOSTA 2: Si. PREGUNTA: Porque é un pouco aburrido sempre os deportes, sempre? RESPOSTA 2: Si, un pouco cansa, moito xa. RESPOSTA 1: Si. PREGUNTA: Na vosa opinión debería cambiar un pouco nas clases de EF? RESPOSTA 1-2: Si N10 - (614:624)</p> <p>Resposta 2: A min gustoume moito que xogáramos así na praia, na area. PREGUNTA: Xogos na praia, por exemplo, máis que estar correndo ata San Hadrián? RESPOSTA 1-2: Siiii. PREGUNTA: Vós tamén ides correr á San Hadrián? RESPOSTA 1-2: Si. RESPOSTA 1: Eu vou de boa gana. RESPOSTA 2: Eu tamén. PREGUNTA: Por que vos gusta. RESPOSTA 2: Cansa moito. PREGUNTA: Pero igual era mellor estar xogando e cansándovos igual na praia que correndo? RESPOSTA 1: Cambiar un pouco. N10 - (753:764)</p> <p>Resposta 1-2: Depende. PREGUNTA: Depende de que? RESPOSTA 2: Porque hai algunha vez foliada, uns non queren ir cos outros.</p>	

PREGUNTA: Hai pelexas?

RESPOSTA 2: Non hai pelexas pero...

PREGUNTA: Discuten

RESPOSTA 2: Si

N10 - (687:694)

Resposta 1: Aburridas non, pero cansan un pouco.

RESPOSTA 2: Cansa un pouco que sexa sempre o mesmo.

PREGUNTA: Cásavos, abúrrevos. Por que estades moito tempo facendo mesmo a mesma cousa?

RESPOSTA 2: Algunha vez estamos toda a hora xogando ao brilé.

PREGUNTA: E iso aburre?

RESPOSTA 2: Si, porque entre que discuten: "dechese, non me dechese"

PREGUNTA: Gustaríavos que houbera na clase catro ou cinco actividades e que puidese ir cambiando cada pouco tempo para que sexa máis dinámico, máis ameno?

RESPOSTA 1-2: Si

PREGUNTA: Por que así que pasa nas clases, chegades e estades co baloncesto e sempre baloncesto, por exemplo?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: Votades de menos un pouco iso que funcione doutra maneira. Iso dicídesllo ao profesor?

RESPOSTA 1: Eu ás veces si, pero...

PREGUNTA: Pero como clase? Non ti só alí protestando un pouco.

RESPOSTA: Algunhas veces pedímoslle que nos deixe xogar a algún xogo que nos guste a nós, e cando lle pedimos brilé algunhas veces cólalle, e déixanos e outras non.

N10 - (737:751)

Resposta 1-2: Si (risas)

PREGUNTA: Por que?

RESPOSTA 2: Porque é moi monótono e aburrido.

PREGUNTA: É moi monótono e aburrido as clases. Pero cos dous profesores ou cun.

RESPOSTA 1: Como cos dous profesores?

PREGUNTA: Hai dous profesores no instituto e a vós dánvos clase os dous?

RESPOSTA 1-2: Non.

RESPOSTA 1: Un dá primeiro e segundo, o outro terceiro e cuarto.

PREGUNTA: Daquela facedes os deportes, e dicides que é moi monótono?

	<p>RESPOSTA 2: Para min si. PREGUNTA: Para ti? RESPOSTA 1: Si. PREGUNTA: Gustariavos ter outro tipo de cousas, por exemplo? RESPOSTA 1: Non sei, outros deportes. RESPOSTA 2: Máis xogos, non tanto aí. Porque sempre facemos flexións e tal. A deportes xogamos tamén, pero é aburrido. PREGUNTA: A ti abúrrete, e a ti? RESPOSTA 1: Tamén. PREGUNTA: Pensades que ao resto dos compañeiros? RESPOSTA 2: Home se están nas “colchonetas” tirados sen facer nada, pois si a verdade. N10 - (833:852)</p>	
	<p>Hai que recoñecer outra cousa dos rapaces. Os rapaces teñen moito medo a actividade física, non todos. Pero hai certos alumnos e mais certas alumnas que para eles é un trauma. (indescifrable) Hai rapaces que van con medo, entón tes que ter esa sensibilidade con eles. O brilé é unha cousa que a gran maioría lle gusta. Ben porque non o complica moito, ben porque un pode estar un pouquiño ao seu aire e van por aí. Pero non pensemos que a clase todos van moi contentos senón que non, coidado! E despois hai outros que din: "teño que ducharme". Oe, hai xente que ao mellor ducharse é un problema porque non se acostuman a poñerse diante dos compañeiros porque... Entón iso telo que ir logrando que ao mellor se comecen a duchar dous ou tres que os outros vexan que non pasa nada e incorporándoos a actividade. DS1 - (244:245)</p> <p>Repetímolo e tivemos toda a clase, de tal forma que esperta interese neles. Creo que é sobre todo nalgúns da clase é moito máis motivador que ao mellor tiros á canastra. DS1 - (182:182)</p> <p>Muy bien, al principio se quejan. Porque todo lo que sea romper la monotonía de estos chavales es, es. Además romper la monotonía por la actividad es, les choca. Pero después lo agradecen, porque además es una hora de clase pero que no están en clase. Es una hora que si, que al final realmente les gusta. Y al final en muchos casos echan de menos cuando llega el último día de salir fuera cuando les dices: "bueno ahora vamos a empezar con el gimnasio o lo que fuera". Pues les apetece seguir claro. Hay días que no se presta para salir porque aquí el tiempo cambia y hace viento y tal, pero bueno.</p>	

	DS2 - (170:171)	
Participación familias	<p>Actualmente non o fago, pero creo que estaría ben que ao mellor puideran vir pais e avós pois a contarlle un xogo. Eu o que lles digo que pregunten na casa, que lles conten o que fixeron aquí. Que pregunten na casa se eles xogaban a iso. Iso si que lle digo que o fagan.</p> <p>DP1 - (263:264)</p> <p>Nos o que facemos ou o que estamos facendo nesta iniciación. Ter como responsables a alumnos de ciclos avanzados, pero si que é certo que os pais cando están presentes, cando veñen e están presentes nos centros curiosamente interveñen e algo que lles gusta, e soen involucrarse, e axudar. Entón é algo que ves que si, que ten un certo éxito.</p> <p>PREGUNTA: Tendes pensado facer algo a parte de cando os veñan a buscar?</p> <p>R: Si claro. Temos pensado nun principio continuar con este proxecto, que os xogos se establezan como cotiá. A partir de aí involucrar máis á comunidade educativa. É un traballo importante, pero tamén é un traballo continuo e longo, leva un tempo non podemos pretender que en dous meses estean xogando cos pais porque é máis complicado ca iso.</p> <p>DP2 - (202:205)</p> <p>Resposta 1: De momento non hai nada.</p> <p>RESPOSTA 2: Non porque é a nivel interno nas horas de lecer e dentro do horario lectivo co cal non.</p> <p>RESPOSTA : Claro é que de momento só nos plantexamos, porque para organizalo aquí é bastante (difícil). Porque para sacar tempo, porque mira para xuntarnos contigo. Entón imos máis amodo do que queriamos, pero despois se isto se pon a funcionar xa miraremos de facer cousas e que veñan. Por exemplo, no das buxainas si que nos plantexaramos traer e facer demostracións. Logo sería organizar actividades ao redor disto, pero de momento instauralo.</p> <p>DP3 - (79:82)</p> <p>Eu penso que hai bastante entendemento entre pais e profesorado. Hai pouca relación porque os pais están moi ocupados. Entón cando che vai vir un pai aquí mirar, realmente? Moi pouco, porque os pais entran ao mellor a traballar ás 8 oito da mañá e pola tarde hai poucos que poidan dicir esta mañá vou ir falar co profesor.</p> <p>PREGUNTA: Xa non digo no sentido de vir falar unha titoría.</p> <p>R: De darlle interese a actividade dos rapaces?</p> <p>PREGUNTA: Si.</p> <p>R: Eu penso que si. Hai excepcións, pero eu creo que Malpica é un pobo onde os pais están preocupados.</p>	

PREGUNTA: Pero participan?

R: Se os chamas para unha actividade como en Entroido ou Nadal os pais están aquí, e hai que traer os bocadillos e están aquí, e hai que traer coca colas e están aquí. Faise unha festa no pavillón e cada pai trae pois unhas orellas, outro unhas filloas e faise unha festa, quero dicir que os chamas e veñen. Hai excepcións, ao mellor estaslle reprendendo ao rapaz e despois venche el a ti.

DS1 - (253:264)

No, yo ya te digo que no. Hace años hicieron unos cuantos alumnos míos un artículo para la revista, y la colaboración fué de sus padres, porque era el requisito. Os xogos dos nosos avós se titulaba, entonces pues era eso preguntar a los mayores. Costó bastante trabajo, yo pensé que iban a salir cosas, cosas y cosas, y no. Yo no sé si la gente se olvida, se relaja o no sé. O no sé para a pensar a veces en las cosas que hizo de niño, porque cuando te paras a pensar te empiezas a acordar de cosas y tal.

DS2 - (218:218)

4. 2 EXPLICACIÓN MATRIZ CONTEXTO MUNICIPAL

A matriz que presentamos a continuación é a do *contexto municipal*, neste caso estamos explicando unha dimensión que se compón de diferentes categorías incluídas nesta dimensión. Esta é composta por polas categorías *programación* e *poboación, profesionais*. Tratamos con estas tres categorías de explicar que tipo de propostas relacionadas co lecer e coa educación física se organizan desde o concello. Nesta matriz recollemos principalmente as declaracións dos escolares entrevistados, porque nos parece relevante saber como perciben eles as accións que se dirixen desde o concello, e por outra parte temos as opinións dos profesionais educativos centrándonos principalmente nas que nos proporcionan os traballadores nesta área do concello. Malia que tamén se conta en ocasións coas manifestacións dalgúns nativos que están máis relacionados co ámbito educativo.

Dentro da categoría de *programación* están os códigos *actividades extraescolares* (refírese ao tipo de actividades extraescolares que se fan no concello), o seguinte código que temos é *iniciativas municipais* (que se centra en descubrir se existen accións que vaian orientadas a promocionar o xogo popular no concello), inserimos nesta categoría o código *iniciativas interdisciplinares* (aquí recollemos información relativa ao traballo conxunto desde distintas áreas do concello para realizar propostas e actividades), completamos esta categoría co código *recursos municipais* (focalízase na dispoñibilidade dos recursos que posúe o concello para organizar actividades).

No código de *actividades extraescolares* apreciamos cal é o perfil das actividades programadas polo concello, dunha banda temos aos escolares que nos relatán a pouca oferta que existe e a tipoloxía das actividades, todas enfocadas cara o deporte. E por outro lado temos a percepción dos profesionais sobre as actividades que se fan no concello, neste caso as actividades realizadas cos xogos populares como contido non está presente nas actividades que oferta o concello. Neste código a cor da triangulación é verde porque existe un contraste entre os informantes con distintos perfís e tamén porque empregamos entrevistas etnográficas e semiestruturadas para obter a información.

O seguinte código é de *iniciativas municipais* céntrase nas opinións dos profesionais á hora de valorar como se enfoca o tema das actividades lúdicas desde o concello, e como valoran estes educadores o papel do concello no momento de organizalas e se son axeitadas e suficientes as propostas do concello para promover o xogo entre os escolares. A cor da triangulación é laranxa porque soamente se triangula a información entre axentes cun perfil semellante e soamente empregamos a entrevista etnográfica para obter información relacionada con isto.

Inserimos nesta categoría o código *iniciativas interdisciplinares* para saber se existe un traballo colaborativo ou cooperativo entre a área de deportes e outras áreas do concello. Neste punto a colaboración para programar proxectos ou actividades é inexistente. A cor asignada é a vermella porque non existe triangulación de axentes e soamente se emprega unha técnica de recollida de datos.

Rematamos a categoría co código *recursos municipais* que explica cales son os recursos dos que se fai uso no concello para organizar as actividades, tanto a nivel de recursos humanos, materiais e económicos. Temos as declaracións dos informantes máis novos que nos explican a falta de recursos destinados a proporcionarlles actividades e instalacións no seu tempo de lecer. En contraste a isto temos a percepción dos profesionais que aclaran este tema, e como inflúe a dispoñibilidade dos recursos para para programar determinados contidos e actividades. Aquí asignamos unha cor laranxa xa que existen distintos puntos de vista dos informantes e tamén porque se empregan dous tipos de entrevistas para compilar a información.

A seguinte categoría que compón a dimensión do *contexto municipal* é a de *poboación*, aparece formada polo códigos *demandas sociais* (referido ao tipo de necesidades sociais sobre as que se programan as actividades extraescolares do concello), o outro código é a participación familiar (alude á participación das familias nas propostas do concello).

Comezamos a descrición desta categoría polo código *demandas sociais*, neste temos os puntos de vista dos escolares, que nos proporcionan as súas inquietudes sobre cales son as cousas que o concello debería organizar para eles. No outro polo temos a opinión dos programadores que nos explican que se programa en función das

necesidades da poboación. Neste punto semella que as necesidades dos máis mozos non coinciden coas que perciben desde o concello. Para este código o nivel de triangulación é laranxa polo número de informantes e porque se empregaron entrevistas semiestruturadas e etnográficas no proceso de recollida de datos.

O seguinte código é o de *participación familiar*, neste soamente se recollen as opinións dos profesionais que están ao cargo da organización das actividades extraescolares. Aquí todo indica que a inclusión das familias nas actividades organizadas polo concello, está moi limitada a días moi puntuais e son conscientes desta baixa participación familiar nelas. A cor é vermella porque soamente temos dous axentes que nos aclaren o tema e unha técnica de recollida da información.

Outra categoría que é a dos *profesionais educativos*, que está estruturada cos códigos *concepto xogos populares* (explica o que entenden os profesionais que é o xogo popular), engadimos o código *iniciativas profesionais* (queremos saber que farían eles para promover os xogos populares), e rematamos a categoría co código *formación específica*, (neste punto describimos o tipo de formación específica recibida en relación aos xogos populares). Nesta categoría indicar que soamente se recollen as declaracións dos profesionais con vinculación co concello.

O primeiro código é *concepto xogos populares*, neste caso queremos aproximarnos ao que entenden os profesionais por xogo popular e tradicional, basicamente entenden que os dous termos definen as mesmas manifestacións lúdicas. A cor é vermella polo baixo nivel de triangulación de técnicas e de axentes.

Outro código desta categoría é *iniciativas profesionais*, neste caso presentamos qué tipo de accións levarían adiante de cara a unha maior difusión dos xogos populares. Neste punto as propostas unha centrada na organización da actividade e por outro lado no tipo de recursos para facelas. Neste caso ao igual que no anterior a cor é vermella polas mesmas razóns expostas no código que precede a este.

O derradeiro código desta categoría é o de *formación específica*, neste caso interesámonos en coñecer se os informantes tiveron a oportunidade de recibir formación específica relacionada cos xogos populares. Neste punto a formación neste tipo de

contidos é moi limitada reducida a algunha cousa puntual feita durante os seus estudos académicos. Ao igual que nos dous casos anteriores e polas mesmas razóns a cor é vermella na triangulación.

4. 2. 1. MATRIZ CONTEXTO MUNICIPAL

Matriz 2. Contexto Municipal

<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Código</i>	<i>Matriz Contexto Municipal Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Contexto Municipal	Programación	Actividades extraescolares	<p>Resposta 1: A verdade que en Malpica non hai moita cousa, e puxeron a piscina e está parada.</p> <p>RESPOSTA 2: Antes aínda estaba ben, porque antes facían xogos no porto.</p> <p>PREGUNTA: Agora xa non os fan?</p> <p>RESPOSTA 2: Non, deixaron de facelos. A última vez fixéronos no pavillón que estaban arranxando o porto, e dende esa non os volveron a facer.</p> <p>N10 - (200:204)</p> <p>RESPOSTA 1: Por exemplo, eu se estivera en Coruña. Para o ano que ven xa vou marchar para a Coruña. Facer un ciclo de FP que en Ponteceso non o hai. E xa estiven falando co meu primo de meternos a tenis e fútbol americano, sabes? Aquí non o podes facer, xa che digo fútbol, baloncesto e acabouse, e nada máis.</p> <p>PREGUNTA: Tampouco vos dan máis opcións, porque por exemplo, non se organiza nada as fins de semana por parte do concello.</p> <p>RESPOSTA 1: Claro, e se queres ir á piscina tes que ir a Carballo ou a Cabana.</p> <p>N10 - (315:317)</p> <p>Resposta 1: Con poñer a piscina eu penso que xa estaría, porque poñerse a construír algo non. Pero deportes máis ou menos.</p> <p>RESPOSTA 2: Aínda fan, hai rutas. Fan o día da bicicleta e así. Tampouco...</p> <p>PREGUNTA: Tampouco fan moita cousa polo que me contades?</p> <p>RESPOSTA 1: Non fan campionatos nin nada, iso si que me parece unha tontería. Se queremos xogar campionatos.</p> <p>PREGUNTA: Tedes que organizalos?</p> <p>RESPOSTA 1: Non, fóra a Baio, Ponteceso onde sexa. Normalmente a Baio.</p> <p>N10 - (206:212)</p>	

Resposta 1: O concello organiza no polideportivo, pero son deportes todo.
 PREGUNTA: Que deportes son?
 RESPOSTA 1: Fútbol, baile, baloncesto e ximnasia rítmica e creo que nada máis.
 N10 - (423:426)

RESPOSTA 1-2: Si,
 PREGUNTA: Por exemplo, que non teñades en Malpica, porque vós cando non estades aquí no voso tempo libre que opcións tedes?
 RESPOSTA 1: Moi poucas, como non te apuntes aos deportes que fan no polideportivo outra cousa non hai.
 N10 - (438:441)

PREGUNTA: Non me refiro a actividades obrigatorias que teñas que ir. Digo que se houbese, por exemplo, que botasen unha película no centro cívico pola tarde iriades?
 RESPOSTA: Si.
 PREGUNTA: Ou sexa que non ides ás cousas porque non se vos oferta nada, soamente os deportes.
 RESPOSTA: De verán fan un pouquiño máis, poñen películas ao aire libre na rúa e fan concertos que lle gusta á xente, é máis para que veñan turistas, pero de inverno nada, está todo parado.
 PREGUNTA: Claro, non hai que pensar soamente nos turistas senón nos que viven aquí.
 N10 - (513:517)

RESPOSTA 2: Nin idea.
 PREGUNTA: Non ides a ningunha actividade extraescolar?
 RESPOSTA 1: Eu non.
 RESPOSTA: Eu tampouco. Vou a baile pero non é extraescolar.
 PREGUNTA: Que organiza unha asociación de baile ou algo así? E ti non vas a nada. Cando saes de aquí vaste cos amigos e para casa?
 RESPOSTA: Si, para casa.
 N10 - (641:647)

Resposta 2: A verdade que non hai nada.
 PREGUNTA: Gustaríavos ter cousas pra facer na fin de semana?
 RESPOSTA 2: Si, así que se reuniran para facer algo.

	<p>PREGUNTA: Por exemplo, que che gustaría facer cos amigos, unha ruta ata Monte Neme na bicicleta ou ir andar ata San Hadrián ou unha película no centro cívico ou no teleclub?</p> <p>RESPOSTA 2: Si, moitas veces imos nas bici. Antes había películas no teleclub pero quitáronas.</p> <p>PREGUNTA: As fins de semana estades un pouco aburridos.</p> <p>RESPOSTA 2: Aburridos non, porque nós imos para o campo e estamos aló pero se houbera actividades iríamos, pero como non hai.</p> <p>N10 - (669:676)</p>	
Contexto Municipal	<p>Si, si eu penso que tanto a nivel de aquí, de instituto Urbano Lugrís como a nivel de Concello eu creo que lle están ofertando moitas posibilidades. Polo menos eu vexo papeis de cursos que lle están ofertando. Sexa fútbol, sexa atletismo, sexa baloncesto. Incluso me parece, agora non me recordo. Aquí, chegan ao principio do curso, que o concello lle manda, a concellaría de deportes os papeis para apuntarse. Agora que se apunten ou non, é outro tema. Eu creo que lle facilitan bastante as posibilidades. O que pasa é que non queren en moitos casos.</p> <p>DS1 - (94:98)</p> <p>Penso que si. A pesar de que non teño moito coñecemento do concello, pero se te das conta hai unha manifestación, sobre todo que se chama aquí en Malpica que se chama xogo no porto, que é no final de curso. No porto lle montan todo tipo de xogos, entón en certa medida pois algo se preocupan. Non sei se é con fins políticos ou lúdicos, pero haber hainos. E despois tamén lle organizan me parece o día da bicicleta, outro tipo de para todos. Que máis? "Bueno" xa hai outro tipo de deportes, e xa organiza outro tipo de actividades non as coñezo de preto, pero aquí os papeis chegan. E no porto acórdome de estar algunha ocasión neste tipo de actividade, xa fai anos e creo que seguen con este tipo de actividade. Non sei se con fins políticos ou con outros fins.</p> <p>PREGUNTA: Ou por verdadeiro interese.</p> <p>R: Efectivamente, de tódolos xeitos os medios pónenos o técnico e a monitora, entón quere dicir que... O que fan non sei, pero facer, fano. Os rapaces vexo que os tratan e que miran por eles.</p> <p>DS1 - (156:159)</p> <p>No, yo creo que no. Me da a mi la sensación de que no, tampoco estoy muy al tanto por las actividades. Aquí el ochenta o el noventa por ciento son las que oferta el</p>	

municipio. En primer lugar el municipio creo que tiene una dispersión bastante importante y eso también dificulta. Otro problema que puede haber bajo mi punto de vista, es el problema de la conciencia de los padres de la necesidad de que se metan en actividades físico deportivas, como un valor más a la hora de formar a la persona y quizás eso creo que debería de concienciarse algo más, me da a mi la sensación.

PREGUNTA: Debe haber unha labor máis pedagóxica por parte do concello?

R: ¿Más pedagógica? Si, si, quizá más pedagógica. No sabría decirte exactamente, porque yo la desventaja que tengo al no vivir aquí que conozco el contexto cuando vengo y lo que veo aquí no por lo que veo en Malpica. Tampoco te puedo extrapolar, pero a mi me da la sensación esa, que a lo mejor debería implicarse más el concello no solo en ofertar actividades, porque yo me imagino que alguna actividad seguramente no se llena. Porque veo a veces que tienen bádminton pero a bádminton realmente saben jugar tres. ¿El resto de gente que se apunta a badminton donde está? Por ejemplo, por ponerte el badminton porque lo voy hacer ahora, y siempre me pasa igual que hacen bádminton, y luego ves que no saben ni coger la raqueta. Y yo digo pero ¿cómo?

DS2 - (68:71)

Si, algunhas veces iso, tento facer algunha unidade didáctica ou algunhas ou varias sesións. E sobre todo iso coa xente maior, pois para tratar de que non se esquezan dos xogos de cando eran pequenos.

DC1 - (221:221)

Resposta: Non.

PREGUNTA: Non existe nada, quero dicir non os levades ao monte a recoñecer algo.

R: Non, en deportes non. A ver, hai o día da bici, pero vamos (risas). A ver algunha vez no verán. No verán si que as actividades varían, e daquela aí temos actividades puntuais. Temos ido por exemplo, a picadeiros onde hai cabalos e para ver tamén plantas, como lle poñen as ferraduras ao cabalo e cousas así, pero de xogos non. Non hai saídas así. Minto, nalgún campus deportivo dos que facemos no verán si que ao mellor, dentro dos xogos. Pois o xogo da sog-a-tira, carreiras de sacos. Pero actividade específica dirixida a ese tema, non.

DC1 - (265:268)

Resposta: Pouco, porque as actividades xa veñen dadas, baloncesto, fútbol.

PREGUNTA: Non hai, por exemplo, a hora de xogos, na que ti pos o material alí e os

rapaces vaian xogar libremente.

R: É que non hai tempo xa para iso.

PREGUNTA: Por que non hai ese tempo?

R: Por que hai unha persoa soa para traballar e non dá, claro.

PREGUNTA: Entendo o que me queres dicir, pero non entendo.

R: A ver, eu cheguei aquí fai dez anos e por exemplo, cando empezamos había menos actividades e había algún monitor para colaborar, e daquela había unha actividade.

PREGUNTA: Perdoa que te interrompa. Non sodes dous?

R: Si, pero el é técnico.

PREGUNTA: E non fai, non dá

R: Non, as clases dounas eu.

DC1 - (246:257)

Resposta: Non hai ningún motivo especial, penso. Penso que o motivo, non ter medios para poder facelo tanto humanos como materiais, penso que non hai ningún outro motivo. Penso que é cuestión de que cousas se lle dan máis valor ou que cousas se necesitan. De prioridades e penso que nada máis, non porque se teña nada en contra, nin porque se pense que con eles non se poida traballar.

DC1 - (284:285)

De feito, este verán unha das actividades que ofertamos, de xeito de balde. Foi xogos na praia, non se presentou ninguén. Había unha nena, non lle interesa e é un pouco reflexo da realidade de aquí, o mar é para traballar. En cambio outras veces sacamos cursos de vela e funcionan. Funcionan porque debe ser que hai máis pasta, ou non sei.

NDC2 - (31:31)

Eu entendo que se pode facer de todo. O paradigma do deporte para min, para min, a nivel técnico ou onde me gustaría apoiar sempre é no atletismo, pero as veces podo, e as veces non podo. No atletismo collen todos e ao mellor tes aí o enganche. Nos xogos populares-tradicionais pode participar todo o mundo, no atletismo colle todo o mundo, outra cousa é que poida facelo e moitas veces ou case sempre non depende de min. Porque si que poderíamos xogar á billa, pero si lle dedicas tempo a iso, non lle podes dedicar a outra cousa, e hai que priorizar en función das demandas que existen

NDC2 - (218:221)

Agora mesmo estamos moi, moi involucrados coa posta en marcha da piscina. Co cal

	<p>meternos, enfrascarnos noutra estratexia, noutra modalidade, no que suporía outra parte máis do noso traballo a facer algo máis é complicado e estratexias (silencio). Se facer concursos é facer. Levalos aos patios dos colexios, aínda que xa che digo é algo complicado até o día de hoxe. Até agora as actividades que levamos aos coles son ben recibidas. Sempre que os profesores non teñen que traballar fóra do seu horario, e nós o que facemos é case todo fóra do horario lectivo. Entón cremos, que os mestres serían unha parte importante ou fundamental da práctica deportiva. Incluso máis que os mestres os pais.</p> <p>NDC2 - (185:186)</p>	
<p>Iniciativas municipais</p>	<p>Eu creo que pouco, pouco. Algo hai pero non é suficiente, eu creo.</p> <p>PREGUNTA: Que é o que fan?</p> <p>R: Que eu saiba pois teñen o campo de fútbol e póneno a disposición deles e pouco máis.</p> <p>PREGUNTA: O campo de fútbol de aí?</p> <p>R: Si.</p> <p>DP1 - (157:162)</p> <p>Eu penso que non. Eu penso que ademais das actividades que teñen os rapaces despois do horario escolar, non se crean eses espazos, eses lugares que propician a práctica de calquera tipo de xogo.</p> <p>DP2 - (129:130)</p> <p>A verdade que eu no tempo que levo aquí non vin ningunha iniciativa que fomentase a práctica deste tipo de xogos.</p> <p>PREGUNTA: Deste ou de outro tipo cando falo de xogos motores quero dicir.</p> <p>R: Si, non vai máis alá das actividades extraescolares. Pero a verdade que non poñen ningunha traba e sempre si que están. Se se presenta algo están dispostos a participar e a axudar. Nese sentido penso que o que falta sempre é un pouco de iniciativa.</p> <p>PREGUNTA: Eles non teñen a iniciativa sempre van un pouco a remolque?</p> <p>R: Exactamente.</p> <p>DP2 - (122:127)</p> <p>Penso que si. A pesar de que non teño moito coñecemento do concello, pero se te das conta hai unha manifestación, sobre todo que se chama aquí en Malpica que se chama xogo no porto, que é no final de curso. No porto lle montan todo tipo de xogos, entón en certa medida pois algo se preocupan. Non sei se é con fins políticos ou lúdicos,</p>	

pero haber hainos. E despois tamén lle organizan me parece o día da bicicleta, outro tipo de para todos. Que máis? "Bueno" xa hai outro tipo de deportes, e xa organiza outro tipo de actividades non as coñezo de preto, pero aquí os papeis chegan. E no porto acórdome de estar algunha ocasión neste tipo de actividade, xa fai anos e creo que seguen con este tipo de actividade. Non sei se con fins políticos ou con outros fins.

PREGUNTA: Ou por verdadeiro interese.

R: Efectivamente, de tódolos xeitos os medios pónenos o técnico e a monitora, entón quere dicir que... O que fan non sei, pero facer, fano. Os rapaces vexo que os tratan e que miran por eles.

DS1 - (156:159)

Aquí en Malpica te refires? Librementemente. Igual non son suficientes pero algo hai. Se ti colles está ruta que vai de Malpica vindo todo pola praia de Beo (Quere dicir Seaia) que vai ata San Hadrián, aí hai unha serie, e gastáronse moitos cartos, hai un circuito. Realmente entón dirás ti: "se o levan á práctica ou non os nenos". Pero iso indica que algo o concello preocupado está, en teoría ou había que gastalos cartos e gastalos aí. Que ao final parece que vai quedando un pouquiño abandonado, pero eu teño feito ese percorrido e haber xente que o estaba facendo. Incluso teño levado aos rapaces algunha vez andando a San Hadrián e facendo as estacións. Despois outras áreas que o concello fixo, pois mira alí mesmo onde o colexio de Buño tamén fixo as súas instalacións, xa nunha zona polideportiva. Que poderían facer máis? Eu, home, penso que neste aspecto penso que traballan no concello de Malpica. Ti es de aquí, non? Quero dicir, a min non me gusta. Eu non teño nada que ver con todo isto, pero estou ensinando uns casos que dis ti preocupar, se preocupan. Que despois, que oe, que os fins non sexan, pero estase facendo en Buño que hai algúns parques infantís, e en Malpica tamén hai algo alí. Incluso alí na praia, alí arriba tamén hai unha especie de balancíns para nenos. Xa poderían facer máis, pero eu creo que así dentro das pequenas posibilidades que hai, non imos vir aquí con instalacións de.. Porque é un concello pequeno con moi poucos rapaces, pero algo vaise facendo.

DS1 - (161:162)

Resposta: No, yo creo que no. Me da a mi la sensación de que no, tampoco estoy muy al tanto por las actividades. Aquí el ochenta o el noventa por ciento son las que oferta el municipio. En primer lugar el municipio creo que tiene una dispersión bastante importante y eso también dificulta

DS2 - (68:69)

Por jugar libremente. ¿Qué se entiende? ¿Qué les creen parques con canastas para que jueguen libremente?

PREGUNTA: Por exemplo.

R: Pues si. Eso vamos es necesario. Debería haber más, logicamente espacios abiertos donde libremente puedan ir con su pelota a jugar, o una pared para darle con una pelota y una raqueta, o un rocodromo para hacer una travesía sin más, que eso tampoco. Si claro, además son alicientes. Cada vez los chavales, por desgracia tienen más tiempo libre, pues por motivos ya no solo de tiempo libre después de los estudios, muchos de ellos están en el paro con edad muy joven y necesitan tener la cabeza ocupada en cosas sanas, por así decirlo. Es muy fácil perderse un poco y acabar metido donde no se debe.

DS2 - (119:122)

Yo, siempre diré que no. Pero siempre diré que no, porque siempre es necesario. Es como las actividades culturales. ¿Son suficientes? No. Siempre hay que tender a más, porque para mi es prioritario que cada vez, se ve más que son más sedentarios los chavales. Cada vez tienen menos hábitos deportivos y eso es fundamental. Lo que no puede ser gente con treinta, treinta y cinco años que en los análisis de sangre parecen ya casi viejos, entonces eso se debe a una falta de hábito deportivo. Elemental, eh. No te hablo de...

DS2 - (116:117)

Suficientes nunca, porque penso que todo o que se intenta para que os nenos poidan xogar, e se poidan desenvolver nunca está demais. O que pasa que Malpica é unha vila así un pouco diferente, non hai moitos espazos onde poder. Sabes? Moitas veces estivemos así comentando que claro que soamente poden xogar no colexio e que non hai pistas aquí. Pero claro, aquí no centro da vila onde colocas unha pista é moi complicado, e outro espazo que hai así grande é o porto e non hai.

PREGUNTA: No porto si que xogan libremente.

R: Exactamente é que eu penso que...

PREGUNTA: É un pouco paradoxal o que me estás contando. É un pouco contradictorio no sentido de que ti explícame que non hai posibilidade de construír de facer ou de adaptar.

R: Sempre hai posibilidades, eh. Eu penso que hai algunha.

PREGUNTA: Ben, está ben. Sen embargo, eu vexo que os adaptan as súas condutas motrices lúdicas aos espazos que teñen, entón gustaríame que aclarases un pouco máis o tema.

R: Home. Eu penso que ao mellor os espazos non son os máis axeitados a hoxe en día. Porque ao mellor hai algún parque que non está todo o utilizado que se podería utilizar. Pero todo isto é cuestión de ir cambiando e aspectos de cartos e se pode e hai ou non, iso eu non o domino, entendes? Penso, que si que se podería facer algo.

PREGUNTA: Ti fálame dos cartos e tal, eh.

R: De cartos nunca falo.(risas)

PREGUNTA: Ti falas das posibilidades. Se depende da economía, se depende de factores que ti non controlas e que non está na túa man, evidentemente, porque ti non es a lexisladora, nin a que xestiona, digamos. Eh, digamos, un equipamento público deportivo como poida ser unha piscina municipal que costa “x” millóns, é un equipamento moi caro e moi custoso de manter, sen embargo a creación ou adaptación dalgún espazo, non custaría moito.

R: Non custaría moito.

DC1 - (167:178)

Penso, que facilidades si que as teñen porque teñen espazos para poder xogar. De feito antes non tiñamos instalacións, e quizais ao mellor pois iso substituíu ao que facíamos antes. O que facíamos era, pois iso na rúa sen máis instalacións e agora hai máis instalacións e esas instalacións utilízanse para outro tipo de actividades. Actividades máis estandarizadas ou máis profesionais. Sabes? Deportes xa de equipo.

DC1 - (91:92)

Creo que non, pero tamén che digo que na dinámica (silencio), ao mellor tamén podería ir por outra liña que é actividade cultural e recreativa. Iso é botar balóns fóra, pero na dinámica que ten o departamento de deportes. Agora mesmo estaba máis centrado nas actividades regradas que de algún xeito podemos fomentar, porque tamén nos están axudando institucións como a Xunta o a Deputación a facer esas actividades e non os xogos populares-tradicionais.

NDC2 - (168:168)

A ninguén se lle pon unha pistola no peito para facer as cousas. É dicir poden xogar, e é cuestión de imaxinación, de buscar as súas alternativas. As políticas que saen dos

	<p>concellos, ao mellor están máis encamiñadas ao deporte non ao xogo especificamente. Que a xente, si pode xogar cando queira e onde queira, pero o concello non é quen para impedirlle nada a ninguén. NDC2 - (176:177)</p> <p>Podería ser. Xa che digo que sempre nós poderíamos esforzar un pouquiño máis. Eu son consciente da nosa limitación, poderíamos poñer algo máis da nosa parte, pero. NDC2 - (229:229)</p> <p>Até agora non a houbo. Eles veñen con proxectos de por aí adiante, eles din: "queremos facer balonmán en tal sitio". Se interesa fano e non che consultan a ti, se é bo facelo ou non, fano. E ti aí tes que xestionar, despois quen vai ser o monitor, quen vai impartir as clases, e como se vai a pagar. Porque para todos estes inventos fai falla cartos, porque aínda que pareza mentira dificilmente fas cousas sen recursos, que poden ser inventados e nós podemos facer moitas cousas, pero sempre estamos no mesmo. As actividades que a xente demanda, pois nós temos un horario que está moi limitado que son as trinta e sete horas e media semanais. Pero queren que fagamos o domingo, e o domingo vas pero non o cobras, até agora era así. Pero vai ser que non, se podo decidir se vou ou non vou, non vou. Tristemente é o que hai. Xa hai tempo que deixei de traballar para o inglés, e teño o malo costume que cando traballo gústame cobrar. Iso é un vicio pero é o que hai. NDC2 - (215:216)</p> <p>PREGUNTA: Digamos que son decisións políticas? R: Decisións políticas de todos eh! De todos non vou excluír a ninguén. PREGUNTA: Son propostas que exclúen aos profesionais? R: A realidade foi esa. PREGUNTA: E en moitas ocasións pasa iso? R: Si, pero nós non podemos facer nada. Quen toma as decisións son os políticos, nos somos os traballadores. NDC2 - (209:214)</p>		
<p>Programación</p>	<p>Iniciativas interdisciplinares</p>	<p>É que non che sei dicir, non teño nin idea. Sinto moito pero non teño nin idea. Sei que algunhas veces cando por exemplo, cas persoas maiores. Pero non sei si é desde cultura ou desde traballo social ou asuntos sociais, non sei desde onde se fai. Sei que cando as señoras teñen acudido a algunha actividade puntual pois téñenme comentado: "xogamos á ra, e xogamos a tal". Pero claro non sei dende onde sae esa</p>	

	<p>iniciativa. DC1 - (241:244)</p> <p>Resposta: Nas miñas funcións nada. PREGUNTA: Nin o departamento de cultura, nin de medio ambiente. R: Non o de cultura nada. Nós os de deportes a parte, un mundo aparte. Non, é que non hai traballo entre diferentes departamentos. PREGUNTA: Cada un ten a súa área e ninguén se mete. Ninguén se mete a facer un programa de colaboración conxunta das distintas áreas. R: Falouse moitas veces desde o noso departamento, eu particularmente fixen a proposta de que por exemplo, coa xente maior ca terceira idade pois que se podía facer en lugar de clases de ximnasia terapéutica, clase de memoria, clase de non sei que. Pois tratar de facer un obradoiro conxunto no que iso tivesen moitas actividades diferentes para elas. PREGUNTA: Tratar de que se involucrasen distintos departamentos, pero non vai adiante. R: Non se fai isto. PREGUNTA: Por que pensas que non se fai, por comodidade, por descoñecemento, ou por dificultades insalvables? R: Por comodidade. Penso que si porque a xente non se quere involucrar. PREGUNTA: Digamos que ti propós pero non hai unha aceptación desas propostas que ti fas, que non se asumen como súas e non interesa R: No, e mais que para facer este tipo de traballos hai que molestarse, hai que reunirse, hai que traballar. Hai que ver que podo chegar eu, a ver que pode poñer el, e daquela hai que reunirse. E daquela por comodidade, pois moitas veces oes pois mira eu fago o meu, ti fas o teu. E ao final o que se ve prexudicado é o usuario. DC1 - (228:239)</p>	
<p>Contexto Municipal</p>	<p>Programación</p> <p>Recursos Municipais</p> <p>RESPOSTA 1: Por exemplo, eu se estivera en Coruña. Para o ano que ven xa vou marchar para a Coruña. Facer un ciclo de FP que en Ponteceso non o hai. E xa estiven falando co meu primo de meternos a tenis e fútbol americano, sabes? Aquí non o podes facer, xa che digo fútbol, baloncesto e acabouse, e nada máis. PREGUNTA: Tampouco vos dan máis opcións, porque por exemplo, non se organiza nada as fins de semana por parte do concello. RESPOSTA 1: Claro, e se queres ir á piscina tes que ir a Carballo ou a Cabana. N10 - (315:317)</p>	

	<p>PREGUNTA: Gustaríavos ter algunha cousa máis, distinta? RESPOSTA 1: Natación. PREGUNTA: Pero non tedes piscina. RESPOSTA 1: Piscina hai, pero está inutilizada. PREGUNTA: Porque está pechada a piscina. RESPOSTA 1: Disque porque non hai auga. RESPOSTA 2: Polo acceso. PREGUNTA: Pero ao pavillón ides andando e está ao lado. RESPOSTA 1: Polo acceso de obra, porque como está tan enriba, disque non chega, pero antes chegaba. PREGUNTA: Non pensades que pode ser por outra cousa N10 - (427:436)</p> <p>RESPOSTA: Fatal! A piscina tiña que estar aberta e agora polo verán non se nota tanto, pero polo inverno. PREGUNTA: Ti pensas que é rentable ter esa piscina? RESPOSTA 1: Non sei. Iso xa non o sei. RESPOSTA 2: Eu creo que se a piscina lla ofreceron ás empresas, e as empresas non colleron será que non. PREGUNTA: Daquela, por exemplo, se cos cartos que custou a piscina se fixeran outras cousas en Malpica, orientadas a vós ou aos maiores? RESPOSTA 1: A piscina parada non fai nada. PREGUNTA: Por exemplo, unhas canastras no porto? RESPOSTA 2: Se arranxaran o pavillón. PREGUNTA: E logo que lle pasa ao pavillón? RESPOSTA 1: No pavillón antes había xoquei agora non o hai. RESPOSTA 2: No pavillón, de inverno como chova. RESPOSTA 1: Como chova moito. RESPOSTA 2: Moito non, non lle fai falla chover moito e se chove moito unha piscina hai aí. RESPOSTA: O único así que fan é o teatro no centro cívico que teñen para os nenos. PREGUNTA: Non vos podedes apuntar? RESPOSTA 1: Poder, podemos pero eu que sei. PREGUNTA: Non vos gusta tanto. N10 - (320:336)</p>	
	<p>E daquela chega un momento que ti tes unha programación e por exemplo, nós</p>	

traballamos ata infantís. Pois había unha hora, un oco aí libre e facíase multideporte e os nenos podían vir e xogar ao que quixeran. Claro chega o momento que tes moitos nenos e non dan as horas para poder. Sabes? E fóronse ampliando, pois deportes e agora podes ir a competir co deporte escolar, e imos co baloncesto e daquela xa tes que ter máis horas de adestramento, e ao final non hai esa hora de deporte libre. Entendes? Esa hora aquí non a hai, tampouco hai conserxe no pavillón, co cal aínda que ti quixeras abrir, ten que haber alí un responsable, é difícil.

DC1 - (259:259)

Non hai ningún motivo especial, penso. Penso que o motivo, non ter medios para poder facelo tanto humanos como materiais, penso que non hai ningún outro motivo. Penso que é cuestión de que cousas se lle dan máis valor ou que cousas se necesitan. De prioridades e penso que nada máis, non porque se teña nada en contra, nin porque se pense que con eles non se poida traballar.

PREGUNTA: Digamos que é unha cousa de loxística e que se opta por outro tipo de alternativas.

R: Si, é un pouco o que dicíamos antes. A xente solicita máis outras cousas. Era o que dicíamos da piscina, solicítase unha piscina, e ao mellor teu fillo non ten onde xogar. Por exemplo, este ano pasou cos pais que moitas veces queren que vaian a competir a campionatos, e ao mellor non se dan conta de que a partir de "x" anos, xa non é que non teñan campionatos, é que non poden adestrar e non se pensa máis alá, e dis ti: "vale". Penso que o primeiro e ir paso a paso e ter o básico se tes o básico podes ir dando pasos.

DC1 - (284:287)

PREGUNTA: Non hai, por exemplo, a hora de xogos, na que ti pos o material alí e os rapaces vaian xogar libremente.

R: É que non hai tempo xa para iso.

PREGUNTA: Por que non hai ese tempo?

R: Por que hai unha persoa soa para traballar e non dá, claro.

PREGUNTA: Entendo o que me queres dicir, pero non entendo.

R: A ver, eu cheguei aquí fai dez anos e por exemplo, cando empezamos había menos actividades e había algún monitor para colaborar, e daquela había unha actividade.

PREGUNTA: Perdoa que te interrompa. Non sodes dous?

R: Si, pero el é técnico.

PREGUNTA: E non fai, non dá

R: Non, as clases dounas eu.
DC1 - (248:257)

Eu non teño coñecemento sobre as subvencións que recibimos, pero creo que as normais. Refírome a equipamento e actividades. Actividades que engloba o programa de actividades, pero nada máis.
DC1 - (270:273)

PREGUNTA: Ti fálasme dos cartos e tal, eh.

R: De cartos nunca falo.(risas)

PREGUNTA: Ti falas das posibilidades. Se depende da economía, se depende de factores que ti non controlas e que non está na túa man, evidentemente, porque ti non es a lexisladora, nin a que xestiona, digamos. Eh, digamos, un equipamento público deportivo como poida ser unha piscina municipal que costa “x” millóns, é un equipamento moi caro e moi custoso de manter, sen embargo a creación ou adaptación dalgún espazo, non custaría moito.

R: Non custaría moito.

PREGUNTA: Entón isto.

R: Aí, hai un problema grande porque que é o que solicitan os pais? "Ou espazo ou a piscina?A piscina". E non se dan conta que os seus fillos non teñen onde xogar. Eu penso que as veces é como se nos, coma se quixeramos copiar o que hai nos sitios. E ao mellor, noutros sitios esas cousas van detrás de outras, pero aquí aínda non hai esas. Pero a xente non quere quedar detrás dos outros sitios.

DC1 - (175:180)

Hai un bedel, pero é un bedel compartido co centro cívico, e prefire estar no cívico. Ou mandas para alí un monitor naquelas horas a facer xogos, e entón estás dirixindo ti a actividade, ou senón estamos condicionados pola ordenanza á hora de ir abrir. Que o feito de entrar na instalación e vas facer uso dela, e pagas que son unhas cantidades mínimas, e non queren pagar. A xente prefire que se lle dea todo de balde, por iso estamos falando de xogos fóra dunha instalación. Ou a diriximos nós e poñemos día dos xogos populares-tradicionais tódolos mércores e poñémoslle os aros, a mariola, as cordas para xogar, e así xa non sería un deporte libre.

NDC2 - (183:183)

Recibes ou solicitudes algunha axuda ou subvención das administracións

provinciais ou autonómicas?

Resposta: Puntualmente, puntualmente, hai uns anos apareceu unha axuda, do "cachibol". Para terceira idade, para as señoras. Tiñan moito interese en que aprenderan o "catchball", era un balón grande. Pois mandaron un libro, o balón non o mandaron.

PREGUNTA: Nin axuda económica nin cesión de material ou algo así?

R: Iso depende das necesidades de cada concello, e se o concello necesita para facer unha pista polideportiva en Barizo destina os fondos que vai a pedir para facer unha pista polideportiva en Barizo, con todas a súa indumentaria de disfrace, porterías, canastras o que faga falta, redes para o arredor para poñela ben bonita. Iso as subvencións que se piden normalmente, son para colaboración á deputación para monitoraxe e demais. Específicos para o tema deportivo non se pide nada. Temos aí, acabamos de sacar uns aparellos que tampouco son tradicionais, que debían de ser de algún amigo que tiña unha fábrica que tiña moitos aparellos, para a xente da terceira idade.

PREGUNTA: Iso son os espazos saudables, que é unha iniciativa de Fundación Deporte Galego.

R: Pois se Deporte Galego di que os xogos populares-tradicionais teñen que saír, pois eles nun momento dado sairán cunha promoción de buxainas e demais, porque non saben onde meter a pasta.

NDC2 - (231:236)

Aí me consta que estamos fallando, cos pais que veñen sobre todo para reforzalos, darlle unha chocolatina pero non temos pasta. Ti ves que ao final todo se reduce a cartos.

NDC2 - (243:243)

Resposta: Creo que non, pero tamén che digo que na dinámica (silencio), ao mellor tamén podería ir por outra liña que é actividade cultural e recreativa. Iso é botar balóns fóra, pero na dinámica que ten o departamento de deportes. Agora mesmo estaba máis centrado nas actividades regradas que de algún xeito podemos fomentar, porque tamén nos están axudando institucións como a Xunta o a Deputación a facer esas actividades e non os xogos populares-tradicionais.

PREGUNTA: En que sentido vos axudan?

R: En plan economicamente.

PREGUNTA: Para a compra de material?

R: Con subvencións para levar aos rapaces que é o máis caro de todo.

PREGUNTA: Estades dentro do programa Xogade?

R: Si, no programa Xogade.

NDC2 -167:174)

Imos ter cartos? Porque é a pregunta que sempre fago. Se temos cartos para poder promocionar, podemos traer a xente que controla, que hai especialistas ensinarlle cinco ou seis xogos distintos, facer xornadas pois poderíanse facer. Pero se non hai cartos dificilmente se fan algunhas cousas. Cartos como subvencións, axudas ou tal. Aínda que che pareza raro as cousas fanse se hai pasta. Hai noutros concellos e me consta que so fan aquilo para o que teñen subvención.

PREGUNTA: Ti coméntasme agora que se non hai cartos é difícil que se poidan facer esas actividades, e sen embargo hai cartos para pedir determinada instalación que ten un volume de inversión moi importante e de custos anuais que é difícil de manter, e non hai cartos para outro tipo cousas que teñen un custe moitísimo menor e non se fan. Por que pensas que é iso?

R: A iso respóndoches que esa instalación que a día de hoxe está feita e que eu visitei por primeira vez o catorce de setembro do ano 2011. (...) Como eu non tiven acceso a nada, a nada absolutamente, a nada de información, nin de deseño, nin de información de esa instalación. Non se me tivo en conta para nada, non me sinto responsable absolutamente de nada do que se fixo. Agora si, voume comer o marrón xa empezou o outro día polo tema da xestión da industria e demais. Que os documentos están mal, e había que arranxalos, e tiven que arranxalos eu. Pero ata día de hoxe non tiña ningún tipo de información.

NDC2 - (203:206)

Houbo cartos puntualmente, porque era un proxecto que alguén quería que se fixera. Entendían a xente que estaba aquí toda, os plenarios todos, non lle vou a botar a culpa a ninguén aprobaron. Tela, entón sobre iso o pobo de Malpica, ten que decidir. E decidiu seguir adiante coa piscina, porque en teoría estes que están aquí son representantes do pobo no concello, e iso a sorte que temos en democracia que cada certo tempo vaise renovando. A sorte ou a desgraza, vaite ti a saber. Entón a día de hoxe, xa che digo que está a instalación feita. Hai pasta para iso? Houbo, porque alguén determinou que a había, pero nin ao técnico de deportes nin á compañeira do técnico de deportes que é animadora deportiva do concello non se lle consultou

	<p>absolutamente nada. Nin sobre o deseño da instalación, nin sobre a xestión, nin onde se ía a facer non se nos consultou nada. É máis o 31 de agosto do ano 2010 prometéusenos que se nos ía levar á instalación nunha xuntanza con quen mandaba naquel momento e coa concelleira. Eu repítoche o 14 de setembro do 2011 e xa fai meses que o anterior equipo de goberno non está, pois foi a primeira vez que visitei a instalación. E atopeime unha instalación impresionante e son consciente de que aí, hai un montón de cartos. Un montón da cartos, que realmente se poñemos nunha balanza que prefires facer xogos tradicionais durante cincocentos anos e ter unha piscina? Eu dígoche sinceramente prefiro facer xogos tradicionais, pero non depende de min eu aquí estou para asesorar, non estou para decidir. NDC2 - (207:208)</p> <p>Porque para todos estes inventos fai falla cartos, porque aínda que pareza mentira dificilmente fas cousas sen recursos, que poden ser inventados e nós podemos facer moitas cousas, pero sempre estamos no mesmo. As actividades que a xente demanda, pois nós temos un horario que está moi limitado que son as trinta e sete horas e media semanais. Pero queren que fagamos o domingo, e o domingo vas pero non o cobras, até agora era así. Pero vai ser que non, se podo decidir se vou ou non vou. Tristemente é o que hai. Xa hai tempo que deixei de traballar para o inglés, e teño a mala costume que cando traballo gústame cobrar. Iso é un vicio pero é o que hai. NDC2 - (216:216)</p> <p>Se non se fixera dábanos a pasta, o que se inverteu aí, para levar durante cen anos aos rapaces, aos seus fillos e aos seus netos á piscina onde quixeran poñéndolle nós o bus a onde quixeran. Pero non é o caso. NDC2 - (222:223)</p>		
<p>Poboación</p>	<p>Demandas Sociais</p>	<p>Resposta 2: A verdade que non hai nada. PREGUNTA: Gustaríavos ter cousas pra facer na fin de semana? RESPOSTA 2: Si, así que se reuniran para facer algo. PREGUNTA: Por exemplo, que che gustaría facer cos amigos, unha ruta ata Monte Neme na bicicleta ou ir andar ata San Hadrián ou unha película no centro cívico ou no teleclub? RESPOSTA 2: Si, moitas veces imos nas bici. Antes había películas no teleclub pero quitáronas. PREGUNTA: As fins de semana estades un pouco aburridos. RESPOSTA 2: Aburridos non, porque nós imos para o campo e estamos aló pero se</p>	

houbera actividades iríamos, pero como non hai.
 N10 - (669:676)

PREGUNTA: Nas clases de EF. Pero digo se vos gustaría que o concello puxera xogos no pavillón ou na praia.
 RESPOSTA 1: De inverno no pavillón estaría ben.
 PREGUNTA: Pero ti non dis que vas a fútbol? Que xogas co Malpica?
 RESPOSTA 1: A ver, si, pero.
 PREGUNTA: Non vas as actividades do concello, pero sabes que existen?
 RESPOSTA 1-2: Si.
 PREGUNTA: E ti tampouco vas?
 RESPOSTA 2: Non.
 PREGUNTA: Que vos gustaría que fixera o concello para que tivesedes, eu que sei nas fins de semana, que sería bo para as rapazas e rapaces?
 RESPOSTA 2: Xogos e así.
 PREGUNTA: Por exemplo, os compañeiros dicían de poñer películas, porque teñen que ir a outros lados para velas.
 RESPOSTA 1: Si.
 PREGUNTA: Por exemplo, outras actividades máis relacionadas coas actividades física, por exemplo o surf.
 RESPOSTA 1-2: Si, si.
 PREGUNTA: Si, gustariavos o surf. Non o hai, tampouco baixo moito a Malpica pero creo que non. Non vos chega o folleto non sabedes.
 N10 - (886:913)

Resposta 1: Pois un centro comercial que teña algo de lecer.
 PREGUNTA: Iso é un pouco ciencia ficción, algo máis real.
 RESPOSTA: Se abren unha piscina que non vale para nada. Porque non poden abrir algo así? Viría máis xente.
 PREGUNTA: En lugar dun centro comercial, que ten que ter tendas e unha serie de cousas. A parte dun centro comercial para ir estar quentiño e que teña cines e todo iso, que está ben pero que non é do concello. Por parte do concello fanse outro tipo de actividades por exemplo, teatro, danza e cousas así, que pensades diso.
 RESPOSTA 1: Pola miña parte deberían organizar moitas máis cousas de baile.
 PREGUNTA: Gústache, que houbese máis actividades desas. Doutro tipo? Se tivésedes máis actividades iriades ou quedariades no porto?

	<p>RESPOSTA: Home é que actividades na fin de semana tampouco che apetece moito, porque xa fas pola semana.</p> <p>PREGUNTA: Non me refiro a actividades obrigatorias que teñas que ir. Digo que se houbese, por exemplo, que botasen unha película no centro cívico pola tarde iriades?</p> <p>RESPOSTA: Si.</p> <p>PREGUNTA: Ou sexa que non ides ás cousas porque non se vos oferta nada, soamente os deportes.</p> <p>RESPOSTA: De verán fan un pouquiño máis, poñen películas ao aire libre na rúa e fan concertos que lle gusta á xente, é máis para que veñan turistas, pero de inverno nada, está todo parado.</p> <p>PREGUNTA: Claro, non hai que pensar soamente nos turistas senón nos que viven aquí.</p> <p>N10 - (505:517)</p>		
<p>Contexto Municipal</p>	<p>Poboación</p>	<p>Otro problema que puede haber bajo mi punto de vista, es el problema de la conciencia de los padres de la necesidad de que se metan en actividades físico deportivas, como un valor más a la hora de formar a la persona y quizás eso creo que debería de concienciarse algo más, me da a mi la sensación.</p> <p>PREGUNTA: Debe haber unha labor máis pedagóxica por parte do concello?</p> <p>R: ¿Más pedagóxica? Si, si, quizá máis pedagóxica. No sabría decirte exactamente, porque yo la desventaja que tengo al no vivir aquí que conozco el contexto cuando vengo y lo que veo aquí no por lo que veo en Malpica. Tampoco te puedo extrapolar, pero a mi me da la sensación esa, que a lo mejor debería implicarse más el concello no solo en ofertar actividades, porque yo me imagino que alguna actividad seguramente no se llena. Porque veo a veces que tienen bádminton pero a bádminton realmente saben jugar tres. ¿El resto de gente que se apunta a badminton donde está? Por ejemplo, por ponerte el badminton porque lo voy hacer ahora, y siempre me pasa igual que hacen bádminton, y luego ves que no saben ni coger la raqueta. Y yo digo pero ¿cómo?</p> <p>DS2 - (68:71)</p> <p>Home, (silencio) estes rapaces fan actividade física, pero que é unha sociedade aquí en Malpica sobre todo de acatar unhas normas. Entón nun momento prefiren, no momento que os chames ti para entrar no equipo de Malpica ou entrar naquelas escolas deportivas, eles queren actividade libre.</p> <p>DS1 - (102:102)</p>	

R: Aí, hai un problema grande porque que é o que solicitan os pais? "Ou espazo ou a piscina?A piscina". E non se dan conta que os seus fillos non teñen onde xogar. Eu penso que as veces é como se nos, coma se quixeramos copiar o que hai nos sitios. E ao mellor, noutros sitios esas cousas van detrás de outras, pero aquí aínda non hai esas. Pero a xente non quere quedar detrás dos outros sitios.

PREGUNTA: Digamos que non soamente aplicado a Malpica, isto é un fenómeno que se produce en tódolos lugares. Que a nivel local sempre queremos ter máis, cando igual non podemos telo.

R: Claro, é que de feito unha piscina para un pobo pequeno, é como hipotecarse e ao mellor hai outras formas de chegar a ter actividades, ou de chegar a ter ese tipo de actividade, pero buscando outras formas. Pero aí entran os egos da xente. Entendes? Todo mundo quere ter igual que os demais e ao mellor igual que os demais non se pode.

DC1 - (179:182)

PREGUNTA: Digamos que é unha cousa de loxística e que se opta por outro tipo de alternativas.

R: Si, é un pouco o que dicíamos antes. A xente solicita máis outras cousas. Era o que dicíamos da piscina, solicítase unha piscina, e ao mellor teu fillo non ten onde xogar. Por exemplo, este ano pasou cos pais que moitas veces queren que vaian a competir a campionatos, e ao mellor non se dan conta de que a partir de "x" anos, xa non é que non teñan campionatos, é que non poden adestrar e non se pensa máis alá, e dis ti: "vale". Penso que o primeiro e ir paso a paso e ter o básico se tes o básico podes ir dando pasos.

DC1 - (286:287)

PREGUNTA: Digamos que hai certa inseguridade cidadá, trasladado isto a Malpica pensas que existe inseguridade de que os rapaces non poidan para xogar na rúa?

R: Agora mesmo os rapaces non xogan se os pais non están mirando para eles, e como os pais non queren mirar para eles, pois non xogan. Téñenos alí moi cómodos cando nós facemos actividades, que non son actividades evidentemente, de xogos populares-tradicionais. Pero aproveitan a estrutura que está montada para levalos ao pavillón, e mentres están no pavillón si xogan. Pero mentres están por fóra dificilmente ves un neno. Unicamente que non sexa de Malpica vila, senón da aldea que teñen máis espazos porque aquí en Malpica tes o parque para xogar. E a vida do Concello de Malpica non é so Malpica vila son todos os municipios (parroquias). A xente de fóra de Malpica vila si xoga moito máis que os nenos de aquí, e hai nenos de aquí que só xogan cando van ás actividades municipais, iso é unha realidade.

	<p>PREGUNTA: Sen embargo, teñen ou sexa, quero dicir que teñen un espazo como é a praia e non o empregan?</p> <p>R: A praia está infrautilizada porque aínda que pareza mentira, despois de todo o tempo que levamos de loitar contra esa idea que ten a xente de facer actividades no mar, pois na area actividades. Malpica segue vivindo tristemente de costas ao mar, é dicir a actividade do mar é para traballar. E para sacar uns recursos e actividades como o surf, todo o que podes facer na praia, pois normalmente non soen ter acollida. De feito, este verán unha das actividades que ofertamos, de xeito de balde. Foi xogos na praia, non se presentou ninguén. Había unha nena, non lle interesa e é un pouco reflexo da realidade de aquí, o mar é para traballar. En cambio outras veces sacamos cursos de vela e funcionan. Funcionan porque debe ser que hai máis pasta, ou non sei.</p> <p>NDC2 - (28:31)</p> <p>Porque si que poderíamos xogar á billa, pero si lle dedicas tempo a iso, non lle podes dedicar a outra cousa, e hai que priorizar en función das demandas que existen. E a xente che demanda fútbol e baloncesto, e iso é o que tes que intentar dar. Demándanche natación, pois tentas darlle natación. Nun momento dado tiñamos cursos de natación que levabamos aos nenos ata Laracha, facían o curso e volvían, e custaba unha pasta. Pero pagaban encantados, pagaban esa pasta encantados. Agora mesmo non o podemos facer porque temos unha piscina aquí e mentres non se lle dea saída a esta piscina, non podemos facer cursos noutros lados, non é de recibo.</p> <p>PREGUNTA: Si claro, se tes unha instalación aquí ao lado.</p> <p>R: Se non se fixera dábanos a pasta, o que se inverteu aí, para levar durante cen anos aos rapaces, aos seus fillos e aos seus netos á piscina onde quixeran poñéndolle nós o bus a onde quixeran. Pero non é o caso.</p> <p>NDC2 - (221:223)</p>	
Participación Familias	<p>Claro o pouco que facemos son os campus multideportivos de verán pero aí ti tes os teus monitores e non ven xente de fóra. Para min sería algo positivo pois tratar de involucrar á xente e que de forma puntual. Pois iso que lle viñese a ensinar aos nenos, pois iso catro pais e avós que veñan a competir cos rapaces pois non sei ás bolas ou ao soga-tira, penso que sería algo positivo. Pero ao mellor non se tivo esa iniciativa ou non se levou a cabo.</p> <p>(Silencio)</p> <p>DC1 - (275:276)</p> <p>Non, nós moitas veces pecamos diso, pero ademais nese sentido creo que somos, non sei se dos poucos. Temos xuntanzas periódicas para comunicarlle o que imos facer a nivel</p>	

			<p>deportivo, a nivel de xogos e demais nin contamos con eles. Unha vez ao ano dicímoslle que veñan xogar cos seus fillos e iso a algúns xa lle parece moito.</p> <p>PREGUNTA: Non hai un feedback positivo a participar nesas actividades.</p> <p>R: Case que non, veñen obrigados pero veñen, e séntense obrigados a vir. Pero vamos a ver son os vosos fillos. Se non vides a xogar cos vosos fillos que ides facer? Facemos equipos. Digo a nivel deportivo, non de xogos tradicionais.</p> <p>PREGUNTA: E funciona ben a actividade ese día os pais ven que é positivo e sen embargo?</p> <p>R: Cústalles vir ese día, é a clausura das escolas municipais traemos aos pais a xogar contra os nenos ao final deberíamos ter un detalle cos pais. Aí me consta que estamos fallando, cos pais que veñen sobre todo para reforzalos, darlle unha chocolatina pero non temos pasta. Ti ves que ao final todo se reduce a cartos.</p> <p>NDC2 - (238:243)</p>
Profesionais	Concepto populares	xogos	<p>Para min máis ou menos é o mesmo. O xogo tradicional e o xogo popular é o mesmo.</p> <p>PREGUNTA: Algunha característica relevante que compartan os dous ou que poidas dicir algunha cousa.</p> <p>R: Que poida ser un xogo que poida practicar calquera persoa que non fai falla un material excesivo ou sexa un material accesible.</p> <p>PREGUNTA: (silencio) Entón non pensas que algún xogo popular se converteu en tradicional?</p> <p>R: Si. A ver, pero para min ou sexa os xogos que son populares practicamente son todos tradicionais ao final chega o momento que todos son tradicionais, todos eses xogos.</p> <p>DC1 - (185:192)</p> <p>Os xogos populares é aquilo ehh, que se celebra ehh, ao que pode chegar calquera en idade ehhh e condición, calquera persoa pode xogar a el. E tradicional que é algo típico desa zona, aquí típico hai algúns xogos que me dicías ti da nica. ehh O do Humbolt (bar) a Paco do Humbolt escoiteille falar a el, pero non sei como se xoga. Pode haber algúns xogos. (...) Como xogos tradicionais aquí en Malpica, eu creo que se van adoptando doutros lados. Como tal non coñezo ningún específico de aquí. Non che digo que non exista específico de Malpica. Pero como era pregunta?</p> <p>Pregunta: Si entendes que o xogo popular e mesmo que o tradicional?</p> <p>R: Pois basicamente para min si.</p> <p>PREGUNTA: Algunha característica que compartan que consideres relevante.</p> <p>R: Popular é que chega a todo o mundo, e tradicional é esa diferenciación a pesar que son uns xogos moi similares. Eu dentro de ese ámbito incluíría xogos que non son deporte,</p>

	pois a mariola a buxaina, que nalgúns sitios tamén fan campionatos diso. NDC2 - (188:193)	
Iniciativas profesionais	<p>Involucrar á xente maior. Penso que ao mellor facer unha unidade didáctica, pero igual que moitas veces cando ti queres promocionar o fútbol, ou baloncesto, traes a unha persoa a un deportista famoso ou a alguén moi popular na zona ou algo así. Pois penso que se pode facer o mesmo con xente maior, que en resumidas contas son como os deportistas de elite de agora, non? DC1 - (205:206)</p> <p>Imos ter cartos? Porque é a pregunta que sempre fago. Se temos cartos para poder promocionar, podemos traer a xente que controla, que hai especialistas ensinalle cinco ou seis xogos distintos, facer xornadas pois poderíanse facer. Pero se non hai cartos dificilmente se fan algunhas cousas. Cartos como subvencións, axudas ou tal. Aínda que che pareza raro as cousas fanse se hai pasta. Hai noutros concellos e me consta que so fan aquilo para o que teñen subvención. NDC2 - (203:204)</p>	
Formación específica	<p>Si. Dentro diso había algún bloque sobre xogos tradicionais, pero nada máis. PREGUNTA: Nada máis. Non cursaches ningunha asignatura específica? R: Específica non. PREGUNTA: E había esa asignatura cando ti cursaches a carreira? R: Non, cando eu cursei non. DC1 - (208:215)</p> <p>Non, lin algún libro como o de Pérez i Verdes, e algún máis de xogo popular galego, pero non tiven ningunha formación específica. Nas clases de EF tamén nos obrigaban a facer un choio de douscentos xogos, que non era formación específica. Nós colliamos as fichas e copiábamos as de anos anteriores, pero nada máis tampouco os levabamos á práctica. NDC2 - (225:226)</p>	

Matriz 2. 1

4. 3. EXPLICACIÓN MATRIZ ESPAZOS

A continuación explicamos a matriz referida á categoría dos Espazos de xogo. Esta categoría dos *espazos* está formada polos seguintes códigos: *Espazos informais* (refírese aos espazos de xogo da contorna), *Praia* (alude especificamente á praia como área de xogo), *Porto* (refírese ao porto como lugar para a práctica dalgúns dos xogos populares), *Presión urbanística* (expresa a relación entre o desenvolvemento urbanístico e a evolución dos espazos de xogo), *Espazos formais* (fai referencia a aquelas instalacións construídas coa finalidade de xogar).

O primeiro código que se recolle na matriz de Espazos é o de *Espazos informais*, neste código vemos como os lugares para xogar, son espazos ao aire libre situados na contorna, tipo prazas, rúas, montes, agras, prados, campos, etc. Este código engloba a todo este tipo de espazos, principalmente nas xeracións dos máis vellos estes espazos eran os únicos que existían xa que non se dispoñían de instalacións específicas para xogar. Neste punto a cor que indica o nivel de triangulación é a verde xa que existe unha ampla participación de axentes e de técnicas recollida de datos.

Na investigación temos o código da *Cerca*, que alude a un espazo xa desaparecido, pero que na memoria dos entrevistados está aínda presente, como lugar de xogos e reunión das distintas xeracións, especialmente as correspondentes ás avoas/os e nais/pais e en menor medida á dos fillos. Xa nas xeracións actuais este espazo non o puideron desfrutar porque desapareceu por completo debido á desaparición das escolas que estaban preto de alí. A cor de triangulación é a verde pola elevada cantidade de informantes, que nos falan deste espazo e tamén porque ademais das entrevistas realizadas achegamos fotografías na investigación que corroboran a existencia deste espazo, como así queda reflectido na análise do espazo.

O seguinte código que compón esta matriz é o denominado como *Praia*, este código xorde da importancia que adquire este lugar dentro das vivencias lúdicas das distintas xeracións recollidas na investigación. Con este código damos vida á un espazo característico da comunidade, no que a día de hoxe se continúa a xogar, como así o testemuñan as gravacións presentadas na investigación. Ademais este espazo é presentando a través da fotografías nas cales comprobamos a transformación deste

lugar. A cor é verde xa que a triangulación de axentes é moi ampla, como as técnicas de recollida de datos, e así mesmo tamén se insire algunha memo que nos permite recordar a importancia deste espazo na investigación como na vida da comunidade.

Outro código que se insire dentro desta categoría é o *Porto*. Este código ao vén se subliñar a importancia na vida lúdica e social dun espazo como este nunha comunidade mariñeira. O porto non soamente se converte en motor económico, senón que se transforma en ágora lúdica de tódalas xeracións desde as máis vellas até as máis novas actuais, dando lugar a manifestacións lúdicas propias que se convierten en imprescindibles na vida dos informantes. Neste caso a cor tamén é verde e apoiámonos nos mesmos argumentos explicados nos códigos da *Cerca* e da *Praia*.

Ademais dos códigos que aluden á tipoloxía dos espazos de xogo e aos espazos máis representativos, inserimos nesta categoría o código *Presión Urbanística*, polo cal podemos ver como os espazos foron transformándose, evolucionando ou desaparecendo ao longo das distintas xeracións, e como o xogo tivo que ir adaptándose a esta evolución, especialmente no porto. Como xa comentamos anteriormente nas fotografías que se se presentan na investigación podemos observar a transformación dos espazos de xogo máis importantes da comunidade. E como estes espazos foron evolucionando en favor de intereses inmobiliarios, industriais e turísticos. A cor empregada na triangulación é verde, por ser amplamente confirmada polos axentes e polas técnicas de recollidas de datos presentes, entrevistas, fotografías, gravacións, e memos que compoñen este código.

Xa para rematar temos o derradeiro código desta matriz que é o que se etiqueta como *Espazos formais*. Neste caso centrámonos nas declaracións dos informantes máis novos e dos profesionais educativos, para constatar que na actualidade os espazos como pistas polideportivas, pavillóns, colexios, etc. Son empregados dun xeito natural para reunirse e xogar. Para este código a cor tamén é a verde xa que empregamos as entrevistas, fotografías e as gravacións nos centros educativos para constatar que as instalacións deportivas e escolares, son punto de actividade lúdica nas xeracións actuais.

4. 3. 1. MATRIZ ESPAZOS

Matriz 3. Espazos

			<i>Matriz Espazos</i>	
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Códigos</i>	<i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Condicionantes Socioculturais	Espazos	Espazos informais	<p>Mira, sabes onde xogabamos a buxaina? O sitio de xogar a buxaina era, a ver se me sei explicar. Tito de peseta, sabes onde ten a tenda? Alí case chegaba a acera, alí era barro nú e alí xogabamos á buxaina, [...] Na cerca tamén xogabamos alí onde a escola, tamén á buxaina e á corda. Á corda si que xogabamos na rúa, non na area, e despois todos na area. N1 - (101:102)</p> <p>E en Buño xogabase, non se saía tanto a rúa como en Malpica, era o ambiente máis caseiro, xogabas máis nas leiras ou nos camiños, así á beira das casas, e nos recreos (patios) das escolas, son diferentes ambientes, moi diferenciados. N4 - (73:73)</p> <p>En Malpica, na Cerca que estaban alí no Caldeirón as escolas, e na praia iso xaaa, no Caldeirón moitísimo, no Caldeirón enténdese polas pedras N4 - (72:73)</p> <p>Nos xogabamos moito, porque a goma permitíacho nas beirarrúas das Venturillas, onde está agora Foto Artús. Pois, alí había unha beirarrúa material que sobresaía, que despois recurtaron. Pero antes soamente había un carril de estrada de rúa, e o resto era todo beirarrúa, e a casa tiña uns banquiños. E á metade sentábanse nos bancos tomar o sol, e o resto xogaban, ao que é a goma. E despois desde alí tamén pandabas aos tres navíos. Alí era un sitio onde estabamos. Máis tarde xa fomos, outro sitio era tamén o campo detrás de Tano, tamén había uns píos. O noso vai ser os píos. Alí tamén estabamos bastante porque eran xogos de agachadas e tal. Despois pola praia, a praia. N5 - (80:81)</p> <p>Fundamentalmente na vila, na, na vila. Nós colonizabamos os espazos, é dicir se nun espazo había un portalón, esa era unha porteria, un garaxe era unha portería, un campo de barbeito das patacas era un estadio. Ehhh, a praia en marea baixa aí xa de todo, a praia en marea chea xogabamos na area seca, ehhh unha horta cunha árbore iso era o terreo dos indios e dos</p>	

vaqueiros. Interactuabamos co medio, entón nese sentido marcaba moito o tipo de xogos.
N6 - (60:61)

Porque as circunstancias mo permitían. Agora mesmo na escola, na escola tamén xogabamos, pero os tempos eran máis curtos. Os recreos eran cando empezabas á clase, neses momentos era cando xogabas. Despois na rúa permitíanche desde que saías da escola, estabamos normalmente na rúa. Agora, eu recoñezo que iso non se pode. Nin se debe polas circunstancias de inseguridade cidadán e demais, e tampouco hai os espazos para xogar como tiñamos nós. Eu, por exemplo, estudei a primaria en Carballo e tiña todo o monte para min, para min e para os resto dos da escola.

NDC2 - (24:27)

Hai nenos que teñen unhas zonas axardinadas ao lado da súa casa ben públicas ou privadas, e xogan por aí. Aquí en Malpica os espazos para xogar son o porto, a praia e o pavillón.

NDC2 - (139:139)

Si, pois eu que sei. Eu acórdome que aquí en Malpica por exemplo, pois superaba o que era unha clase, eramos 30 ou 40 persoas. Non había unha limitación espacial concreta, era o pobo enteiro, desde xogar a pillar, desde porto de Malpica, desde facer barcanas na praia, xogar as buxainas, os patinetes, as bicicletas o que nos saíra dentro do contorno natural. Calquera cousa que fose en grupo, a quen se ocorrese, porque estabamos fóra da casa, e estabamos por aí, e podíamos facer cousas, pois podíamos facer cousas de todo tipo, incluso facíamos "play-backs" de cancións, en casas de vez en cando eh. Xuntos, facendo todo o que se nos pasaba pola cabeza, coa liberdade de poder escoller estando por aquí, polo contorno natural.

N7 - (27:28)

Non, eh. Na rúa principal onde se pon [Ah] Onde se poñía o palco que hoxe en día está inutilizado, porque cambiaron. Pois antes alí facíase un pequeno campo e os rapaces do pobo inventabamos un xogo.

N8 - (88:92)

A medida que ía avanzando o ano e o bo tempo comezaba a dar a súa mellor faciana, os xogos se ben xa eran todos ou case todos ó aire libre, tomaban outra dimensión xa que o bo tempo sempre invita a que se alarguen as xornadas na rúa e aparece un novo elemento, ata agora case era imposible de saborear. A natureza que mostraba todo o seu potencial e por suposto a posibilidade de facer outras actividades.

	<p>N11 - (20:20)</p> <p>Ou no campo da festa, que está aí detrás, ou no pavillón ou no campo de fútbol. PREGUNTA: Ao porto ides? RESPOSTA1: Xogar ao fútbol te refires? RESPOSTA 2: Non. PREGUNTA: Non, a quedar cos amigos. RESPOSTA 1: Agora dar unha volta e nada máis. É raro. N10 - (44:51)</p> <p>Si na Feira Nova xogase á chave e máis ao fútbol no campo. Despois nos parques. PREGUNTA: Nos parques de Buño porque en Leiloio tampouco hai moito máis. RESPOSTA 2: A raxeira. PREGUNTA: Onde está iso? RESPOSTA 2: Nas escolas da Raxeiras para atrás, onde está a igrexa de Leiloio pois por alí detrás das escolas hai un campo. PREGUNTA: E ti? N10 - (561:567)</p>	
<p>A Cerca</p>	<p>Agora explícocho todo. Non sabes, onde está a galleguiña? Que vas dar a unhas escaleiras, hai un bar baleiro que é Solares, toda aquela agra, todo aquilo todo, todo, era herba franca, e a escola eran aquelas casiñas que hai alí enriba. E todo aquilo era unha agra, non sabes? N1 - (50:51)</p> <p>Na Cerca soamente cando íamos aos recreos da escola. N2 - (102:105)</p> <p>Na Cerca! Era onde máis íamos xogar. Alí na Cerca porque alí había escola todo o día, tanto á tarde como á noite, non sabes? E como sempre, estaba sempre libre, había unha cerca grande, e alí podías xogar a todo. Podías xogar á buxaina, á mariola as rapazas por exemplo, e nós xogabamos así. Onde nos encontrabamos. N3 - (81:82)</p> <p>En Malpica, na Cerca que estaban alí no Caldeirón as escolas, e na praia iso xaaa, no Caldeirón moitísimo, no Caldeirón enténdese polas pedras, "bueno N4 - (72:73)</p>	

			<p>Si, si, existía pero eu non ía á Cerca. Porque a Cerca era máis para a xente de aquí. Para min quedaba un pouco fóra de man. NDC2 - (78:81)</p> <p>E despois recordo diferentes sitios para xogar iamos tamén moito á Cerca, ao arredor das escolas. Porque eu creo que tamén eh, no que xa tes collído ese sitio, o campo xa estaba montado alí, xa sabíamos cal era unha portería e cal era a outra, un pouco, non? N8 - (88:88)</p> <p>Na parte da análise da evolución espacial identificamos esta zona nas fotografías que se rexistraron e clasificaron para esta investigación. (Memo)</p>	
Condicionantes Socioculturais	Espazos	A praia	<p>Non, non, fóra da escola iamos sempre para a praia, que tiñamos unha praia preciosa. PREGUNTA: Iades a praia? R: Si, si, á praia sempre iamos todo os días, e de noite levabamos cada pasada ao chegar a casa. Nos xogabamos ao corrompa. N1 - (57:60)</p> <p>Nos ao cinto xogabamos na grúa e despois case todo na praia. A pelota á praia, o corrompa á praia, era o único sitio que hai, e antes para que chegase arriba a marea, non chegaba nunca. Case sempre xogabamos na praia. N1 - (98:99)</p> <p>O corrompa é. Mira, de verán, facíamos así contra as pedras, (Caldeirón) facíamos un círculo grande e contra Canido xunta as escaleiras facíamos outro círculo grande, entón era a ver quen pillaba, eramos 30 ou 40 rapaces todos dentro do círculo, e de repente: "Listo?! Listo!" E saíamos todos correndo, e un tiña que ir pillando, ata que se acabara, ata que chegamos ao outro círculo e cando chegabamos ao outro círculo, xa estábamos a salvo. N1 - (61:62)</p> <p>Pois, mira, os sitios onde máis xogábamos eran ahí abaixo na praia e máis no perillote. PREGUNTA: Cal é o perillote? R: O perillote era onde está o bar do JB, aí era o perillote, non había cemento era todo un montón de terra. E cando había baixa de mar e subía, o mar ías portas, chegaba á nosa porta ho! Cando había baixa de mar naquela época, pois alí era terra e tiraban aí as "barreduras" de todo no perillote.</p>	

N2 - (98:101)

A praia, agora non temos praia. Antes era unha praia grande, onde está o Oceano (bar) alí era todo praia, alí poñíámonos todas ao sol. Agora é paseo marítimo agora xa nada. Agora non hai praia. Había aquel terraplén onde están as casas antes de chegar á furna e por aí si que íamos xogar, ves! Por aí si que íamos xogar, viñamos así cara baixo.

PREGUNTA: A rolos?

R: Si, a rolos, íamos dando voltas coa area ata abaixo de todo. Porque era moi bonito. "Veña, imos tirarnos pola costa para baixo" Pero nenos e nenas, todos. Aí no verán si que o pasabamos moi ben. Agora non hai nada diso desapareceu todo.

N2 - (113:116)

Si, na praia. Iamos sempre á praia, daquela campos había poucos. Os campos que había, non podías ir, porque ao mellor estabas xogando e víñache a dona da horta, que estaba espiándote, cando che ía o balón fóra ía e collíache cravábache unha navalla, picábache no balón e xa non xogabas e a virxe! Quedásbache sen balón. (silencio)

N3 - (57:58)

Despois á area, íamos máis ben de rapazolos xa facer "gamberradas". Facer "gamberradas" chamábase "ouchea". Nós chamabámoslle "ouchea". Esperar a que canto máis mal tempo houbera, máis nos mollabamos e, claro despois poñíaste a secar os zapatos antes de ir para á casa. Claro! Porque senón túa nai matábase ao chegar. E levabas os calcetíns queimados, os zapatos queimados (risas). Non sabes? Ao mellor secábalos tanto, tanto, tanto, que cando ías poñelo zapato tirabas do calcetín e rompíache e marchabas co calcetín.

N3 - (83:84)

En Malpica, na Cerca que estaban alí no Caldeirón as escolas, e na praia iso xaaa, no Caldeirón moitísimo, no Caldeirón enténdese polas pedras, "bueno

N4 - (72:73)

Entón, naquela baixada eu acórdome, non xoguei porque xogaban os da escola que ían alí, á billa, ao palán, non sabes? O que vai para a grúa, ademais, era chan de terra para a buxaina para facer os "furolos" eses, non sei como lle chamaban. Eu normalmente xogaba na praia ou nas Venturillas

N5 - (110:110)

a praia en marea baixa aí xa de todo, a praia en marea chea xogabamos na area seca, ehhh unha horta cunha árbore iso era o terreo dos indios e dos vaqueiros. Interactuabamos co medio, entón nese sentido marcaba moito o tipo de xogos.

N6 - (61:61)

PREGUNTA: Para non molestar, non?

R: Claro. Había mariñeiros que estaban durmindo antes de ir para o mar, ou que viñeran do mar e estaban durmindo, pois ide xogar á area, porque alí podías darlle ao balón, berrar, correr, saltar, ti caer no chan que non te magoabas, non estorbabas, e por iso digo que era a nosa ágora lúdica por excelencia.

N6 - (65:66)

pero cando viña o verán, despois de ir á praia, bañarte nas ondas e ir á vía, porque despois tamén aproveitabas as ondas, ir a non había surf, nin bodisurf, nin windsurf, ninguén tiña unha táboa, pero nos tamén facíamos surf co corpo e aproveitabamos moi ben esa interacción co medio. Todo o que tiña que ver ca praia disfrutaba, todo o que era ir aos panchos á bocana do porto, aos "pulpos", ás barbadas, todo iso, eu disfrutaba especialmente.

N6 - (94:94)

A ver nós andabamos polas lapas, perdón polo Caldeirón saltando de pedra en pedra

NDC2 - (42:42)

Eh, pois eu dende pequeno, recordo ir xogar moito á praia, porque "bueno" grazas que temos sorte de ter unha praia no pobo, e despois recordo varios sitios pola rúa.

N8 - (87:88)

Andar pola pedras ou "ouchear" (palabra local) na procura de pequenos moluscos, por exemplo minchas, lapas, e calquera cousa que se movese, tamén era unha un xogo moi oportuno durante o verán na praia de Malpica. Chimpando de rocha a rocha, de poza en poza, unha actividade que espertaba a curiosidade en cada nova pedra que saltabas, investigando o entorno que non era visible dende a area, un territorio cheo de misterios indescifrables para un nenos curioso.

N11 - (42:42)

Na praia de Malpica existe un xogo moi común e habitual que aínda se conserva é "ir a vía" consiste en ir na onda co corpo totalmente estendido e coas mans por diante para protexerte, e

	<p>un vai esvarando sobre o mar até chegar á beira do mar. Este xogo é moi entretido, aínda agora sempre que me baño o fago porque realmente é moi emocionante e sinxelo de facer, non necesitas nada de nada, o único e que haxa ondas e non necesariamente de gran tamaño, para poder xogar, agora canto máis grandes maior dificultade e emoción e moi frecuente ver a grupos de nenos e nenas competindo a ver quen colle máis ondas ou a ver quen chega antes á area. Hoxe en día os nenos empregan o corpo e tamén táboas tipo "bodyboard" en moitas ocasións.</p> <p>N11 - (40:41)</p> <p>Tamén neste clip pódese observar como rapaces e rapazas se desprazan polas pedras do Caldeirón dun lado a outro, tratando de atopar un lugar onde poder practicala pesca. Outros van saltando sen máis tratando de chegar o máis lonxe posible camiñando e brincando polas pedras. Rapaces de tódalas idades achéganse para ir polas pedras.</p> <p>Análise vídeos Praia - (173:174)</p> <p>Lembrar que na investigación existe toda unha parte de análise dos vídeos da Praia polo que queda absolutamente contrastado que a Praia é unha zona de xogos para tódalas xeracións da comunidade. A estas gravacións sumamos as fotografías presentadas na investigación nas que podemos ver como a praia foi evolucionando (Memo)</p>	
<p>O porto</p>	<p>Ao saír da escola: "Imos xogar ó fútbol? Na ribeira ou na area?" Porque antes a ribeira é onde está agora a dársena, onde está todo aquilo era unha praiña.</p> <p>PREGUNTA: No porto?</p> <p>R: Si no porto, chamábanlle a ribeira, o bar Dársena para baixo ata o Pescador, "bueno" ata a grúa era unha praiña coma a de Malpica todía, pero alí facía falta que estivese a marea moi baixa porque era unha praiña moi corta, e a outra era unha praia moi grande.</p> <p>PREGUNTA: A praia grande.</p> <p>R: Si, Carallo! Era ancha e moito máis grande que agora, antes chegaba as casas, despois fixeron o paseo marítimo e acabaron con ela.</p> <p>N1 - (88:93)</p> <p>En mozos daquela eran Chucho de Santiago e Ricardo o do Bar Novo, que eran os que máis xogaban a estes xogos. E tamén iamos bañarnos á dársena, bañarnos. Chamabámoslle a piscina cando era a dársena pequeniña, como está agora pero doutra forma non? E iamos bañarnos. Dicían: "imos á piscina bañarnos". E iamos para a dársena bañarnos. E tirabámonos desde alí, o muro, xogabamos a chuparnos.</p>	

N2 - (78:78)

Non, no porto cando iamos no verán a bañarnos nada máis, no verán si. Porque eu xa saín pouco, porque mamá me facía ir á costura, e a bordar, e daquela andaba pouco pola rúa. Mentres fun pequena si, pero despois cando xa tiña trece ou catorce anos, xa me obrigaron a ir aprendendo cousas e saír da rúa.

N2 - (104:105)

O muro do gas, a xente xa os rapaciños sen medo xa se tiran dende o muro do gas, despois xa tiran dende a caseta do surtidor, os que perden o medo vanse tirando, como facíamos nós antes. Mira nós tirabámonos dende a porta da dársena, dende a viseira da lonxa.

PREGUNTA: A lonxa vella?

R: Si desde a lonxa vella, desde a viseira. Tirarte dentro da dársena. Mira que xa pasaba a rúa que pasa agora, aínda. E tirábaste, tirábase todo o mundo. Toda miña mocidade tirábase todo o mundo.

N3 - (232:235)

A xente de Malpica aprendeu todo o mundo a nadar alí, tanto vellos, vellas, nenos, nenas. Iso case todos foron no porto. Aínda incluso agora, agora vén máis rapazada ao porto que á praia, porque saben que (silencio) aprenden mellor a nadar, non sei porque.

N3 - (222:225)

Despois xogabamos moitísimo no contorno, interactuabamos con el e xogar. Dende andar nas embarcacións figurando que eramos navegantes e descubridores, ata ir pescar na bocana do porto

N6 - (35:35)

Pois aquí en Malpica, como eu son do Camiño do río, na parte de abaixo había unha explanada onde estaba a Cruz Vermella e mais o "taller". Pois por aí nós xogabamos, aí aínda era de terra e podíamos facer "guás", e xogar á billa, a cousas destas.

NDC2 - (75:75)

No porto claro. Se entendes por xogar andar de barco en barco, e andar pescando.

PREGUNTA: Si entendo iso. E por exemplo, o de tirarse dende o muro do gas, e estas cousas.

R: Si. Pero eu non sabía nadar. Eu vía como os outros se lanzaban, pero eu nunca me tirei. De feito, aprendín a nadar aos dezaioito anos, por cabezón. Eu si ía ver como os outros se

lanzaban, pero eu nunca. Si se lanzaban, de feito dende a grúa grande antes tirábanse, en marea chea claro.

NDC2 - (82:87)

No porto, sobre todo a pillar. Eu recordo xogar moito a pillar, e mais na época estival ou cando chegaba o bo tempo, alí si que temos xogado moito. Porque era, é moi de Malpica irnos bañar á dársena e ao muro do gas, que son dúas zonas onde os nenos e aínda hoxe se bañan moito. Entón ao mesmo tempo que ías alí a pasar a tarde de verán, pois ao mesmo tempo practicabas xogos. Pero aí sobre todo xogos de pilla.

N8 - (95:96)

No porto era algo marabilloso, porque había competicións a tirarse na auga, ou como se di en Malpica a “chuparse” expresión que significa tirarte de cabeza ou saltar dende altura ó mar. Alí pasabas a tarde, tirándote e subindo e sucesivamente ao muro do gas, tanto nenas como nenos. No porto existía unha zona para os máis pequenos. Agora xa non existe debido a última ampliación do porto que acabou cunha das zonas de máis encanto, vistosidade, e vida no verán de todo Malpica, tamén era atractivo para os visitantes xa que alí estaban as máis pequenas e pequenos aprendendo a nadar na rampla do “Piojo”, alí aprendeu case toda a vila a nadar dunha parte ata agora, os rapaces máis pequenos xogaban sen problema na auga e era moi frecuente ver moitos nenos e nenas alí xogando co mar. Moitos dos que non sabían nadar levaban chalecos salvavidas e outros os manguitos de plástico. Nese pequeno espazo xogábase ao nado, á pesca de carlous, que son un tipo de moluscos grandes que antes había en abundancia, dubido que agora sigan existindo no porto, a pescar xureliños, luras en definitiva o que facían tódolos rapaces da vila.

N11 - (37:37)

Vos bañades no porto?

Resposta 1: Si

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Vou a poñervos un vídeo.

RESPOSTA 1: Campal ese, se cadra aínda estou por aí.

PREGUNTA: Non sei se coñeces a algún rapaz destes, pero de verán que pasades a maior parte do tempo no porto ou na praia?

RESPOSTA 1-2: Depende todo da marea.

PREGUNTA: Depende da marea?

	<p>RESPOSTA 1: Porque se está marea baixa imos á praia xogar ao fútbol e cando sobe imos ao porto, normalmente. N10 - (53:61)</p> <p>A que xogades aquí, no porto? Resposta 1: Como é o do balón? É que non che sei o nome. PREGUNTA: A “ a, e, i, o, u”? RESPOSTA: Non, tamén. Xogamos a un que é un estilo do pilla, pilla pero con balón, sabes. RESPOSTA 2: Tirar o balón e despois tes que ir a por el. RESPOSTA 1: A toques, rondos, a “a, e, i, o, u”. PREGUNTA: E sen balón, a tirarvos ao mar, soamente saltar ao mar? RESPOSTA 1: "Chuparnos". Mais que nada si. Podes facer unhas carreiras a nado pero é raro. PREGUNTA: Hai algún xogo que se chame rei, tirándose de cabeza ou algo así? RESPOSTA 1: Non sei. Nin idea. N10 - (63:72)</p> <p>A actividade no porto hoxe é frenética xa que hai rapazas e rapaces en todo o porto. No segundo 54 captúrase coma un grupo de adolescentes están xogando na zona dos bancos cun balón a dar toques. Análise vídeos porto - (93:93)</p> <p>Continúan os rapaces e rapazas xogando na rampla nova. Un pai colle ao que semella ser o seu fillo e balancéao no borde da rampla facendo que o vai a soltar de golpe ao mar. No segundo 24 dous rapaces comezan unha carreira cara unha pequena embarcación que debe estar a uns 20 metros da rampla, chegan á embarcación toman un pouco de aire e regresan a nado cara a rampla, un rapaz sae ao seu encontro na metade do camiño. Mentres na rampla un pequeno grupo de tres rapaces xogan a facelo morto e flotar algunha necesita axuda e unha compañeira ponse detrás dela pola cabeza e axúdaa a mantelo corpo flotando. Análise vídeos porto - (328:328)</p> <p>Na investigación existe toda unha recompilación de clips de vídeo nos que se comproba claramente como o porto é un dos espazos lúdicos máis frecuentados polas distintas xeracións de mozas e mozos na actualidade. Completamos os vídeos coas fotografías analizadas na investigación que presentan a evolución temporal e espacial do porto. (Memo)</p>	
Presión	Si, Carallo! Era ancha e moito máis grande que agora, antes chegaba as casas, despois fixeron	

Urbanística	<p>o paseo marítimo e acabaron con ela. N1 - (92:93)</p> <p>Mira a praia, a praia debía de ser, "bueno" o mundo cambiou eu iso comprendoo. Eu son de antes, pero comprendo tamén o que é a cousa, a praia ata o Océano (bar) case está ben, pero de alí para aló (Canido) chegáballe o paseño de enriba e o resto 5 ou 6 metros debería ser area. Alí quitóuselle demasiado, alí onde o Océano, aquela puntiña por riba e así había un paseo normal, para que queremos dous paseos? Ou é que temos unha praia tan grandísima. Nós cando eramos rapaces naquelas casas de diante, nós alí tirabamonos, saltos (fiunnn) todo era area para baixo, todo aquilo que agora é herba antes era area, pero cos anos foi chegando o mar arriba foi xuntando a terra e nacente as herbas e fai que sexa terra. Antes a praia daba gusto uff, pero moitas cousas acabouse con todo ohh. Nesta praia non da o sol con tanto edificio que están pegados a praia, o carto, o cemento foi acabando con todo, cos montes ca praia, o cemento acaba con todo.</p> <p>N1 - (105:106)</p> <p>A praia, agora non temos praia. Antes era unha praia grande, onde está o Oceano (bar) alí era todo praia, alí poñíámonos todas ao sol. Agora é paseo marítimo agora xa nada. Agora non hai praia. Había aquel terraplén onde están as casas antes de chegar á furna e por aí si que íamos xogar, ves! Por aí si que íamos xogar, viñamos así cara baixo.</p> <p>N2 - (107:114)</p> <p>Perderon si, porque claro as Cercas de Limia e iso, xa se fixeron casas e iso xa non existe, a fábrica nosa onde está o Cornecho (bar) xa se perdeu.</p> <p>N2 - (107:114)</p> <p>Non, por exemplo, na Cerca, o que lle chamámoslle nós a Cerca, onde estaba as escolas, agora fixeron uhh, fixeron uhh, o centro médico. Puideron deixalo como estaba porque total o centro médico agora non traballa, e puideron deixalo como estaba. Fixeron unhas casas para os mestres, non pagaban patacón ningún nin nada. Ata que se fartaron e deixáronas todas abandonadas e está todo aí abandonado, agora non vale nada (silencio)</p> <p>N3 - (90:91)</p> <p>Moito, moito, moito, moito menos ese foi a cousa máis tonta do mundo foi deixar, obrar esas casas tan grandes. Porque as casas esas, antes daba o sol dende as 8 da mañá que saía o sol ata as 6, 7, 8 da tarde ata que se poñía, víase toda a praia con sol, e agora non. Hai anos xa dende</p>	
-------------	--	--

que fixeron os edificios, agora quéntache un pouco pola mañá e chega a 1 da tarde e xa tapa o sol.

N3 - (205:210)

Non, a Cerca xa non existe, está todo construído, e no porto nunca vexo a ningún neno xogar, salvo de verán algún neno nadando un pouco por alí, iso cambiou totalmente.

PREGUNTA: Porque cambiou, ou porque pensas que cambiou?

R: Unha porque xa non deixan pescar, creo, outra pola televisión.

PREGUNTA: Non, refírome aos sitios.

R: Ahh, os sitios. Os pobos, os lugares onde xogabamos, pois polo cemento que meteron nos sitios.

PREGUNTA: A praia era a mesma?

R: Non, non, non, non. Antes por exemplo, no “Piojo” en Malpica, onde está agora a dársena, había antes a ribeira, unha praia. Hoxe iso non existe que é todo cemento é todo, hai lanchas alí, pero sobre todo porque é todo cemento, non atopas nada natural alí.

N4 - (79:86)

Non, a praia. O resto hai casas.

PREGUNTA: Vale xa me contestaches.

R: Non, casas e mais a rúa. Ti sabes onde é por foto Artús e agora hai dous carrís e antes non.

N5 - (82:85)

Obviamente, eh acabou, a fagotización do espazo público pola amplitude das construcións e a adecuación do espazo público dunha forma máis urbana, como pode ser xardín público, parques eh, pois iso tamén marca o tipo de xogos, entón moitos deses espazos que antes eran desacampados ou que se podía xogar porque se vía normal que os rapaces xogasen aí, pois agora non existen, desgraciadamente. Pero tamén hai outros hábitos lúdicos, xogar máis individualmente, xogar con videoconsolas, internet ect. Un xogo máis fogareño, non tanto no espazo público, e eu sempre lembro unha frase que era moi habitual xogaras onde xogaras, que a tribo, a xente nos dicía: "ide xogar á area!!"- Iso dicíannolo moi a miúdo. Se eran as catro da tarde e estabamos xogando un partido.

N6 - (63:64)

Os espazos xa non son os mesmos, hai moitas zonas asfaltadas onde se podería xogar.

N6 - (98:98)

Está deseñada a instalación para actividade económica que é a pesca, de feito hai carteis que está prohibido o baño, pescar. Hai carteis, e dentro de pouco estará prohibido ir alí, se non vas a sacar pasta.

NDC2 - (123:123)

Si, que se foi urbanizando máis o contorno de Malpica. Creo que se urbanizou máis e quedan menos sitios para xogar, que realmente entraría outra situación que che digo. Que os rapaces agora normalmente non os deixan ir sós, porque nós andabamos por todo o pobo e ninguén nos dicía nada. Agora é máis difícil ver a un rapaz só. Hai algúns, pero sempre son os mesmos e con isto non digo nada, non digo que sexa malo nin bo.

NDC2 - (91:92)

Si, xa che digo. Quitandoo, (silencio) o da áncora que agora por culpa das obras quedou inutilizado, eh. O que son os xogos no porto eu sigo vendo aos nenos xogando polas explanadas a pillar. O que si que se perdeu sobre todo foi o da Cerca. Porque ao desaparecer o colexio, onde hoxe é o centro de saúde, pois agora non é unha zona onde vexa moitos nenos xogar. Aínda que eu creo que non xogan tanto como antes na, pola rúa. Ou polo menos eu non vexo a tantos nenos como antes.

N8 - (97:98)

"Bueno" neste caso en particular o que se pretende é a mellora dun espazo para o traballo dos mariñeiros, non? O traballo principal do pobo, entón pois un pouco os cativos téñense que adaptar ao novo espazo que hai, eles mesmos se están adaptando. Non teñen a rampla da dársena, pero utilizan a escollera outra zona ou o muro do gas. É dicir, esta era moi cómoda porque era unha zona de baixada fácil, pero é dicir ti adaptaste ao espazo que hai senón está a rampla e non nos podemos bañar alí, pois buscamos outro sitio. É dicir o espazo é o de menos ti atopas un sitio onde poder divertirte e xogar cos teus compañeiros.

N8 - (168:169)

Lembro tamén a pequena praia que se deixaba ver cando había baixamar moi grande e entón xogabamos tamén nela ó balón, poucas veces pasaba iso pero aínda me lembro dela. Agora xa non existe foi cuberta por grandes cantidades de bloque para poder construír enriba a nova zona de bancos da dársena.

No porto tamén ías ata a punta das obras e pasábala tarde andando por aqueles cubos de pedra xigantes.

N11 - (38:40)

	<p>En el puerto (silencio) cuando nos vamos a bañar, juegan a eso de llevársela, sabes? PREGUNTA: Non, o coñezo. Non sei, conta. R: Pues uno coje la pelota y el otro, pues le tiene que dar a otra persona, y vale todo el puerto. N9 - (136:143)</p> <p>Non sei se coñeces a algún rapaz destes, pero de verán que pasades a maior parte do tempo no porto ou na praia? RESPOSTA 1-2: Depende todo da marea. PREGUNTA: Depende da marea? RESPOSTA 1: Porque se está marea baixa imos á praia xogar ao fútbol e cando sobe imos ao porto, normalmente. N10 - (53:61)</p> <p>Na parte da presentación visual dos espazos a través das fotografías podemos ver como a presión urbanística e industrial, vai evolucionando ao longo das distintas épocas do século XX e XXI. (Memo)</p>	
Espazos Formais	<p>Resposta 2: No campo da festa. Resposta 1: Ou no campo da festa, que está aí detrás, ou no pavillón ou no campo de fútbol. N10 - (44:46)</p> <p>RESPOSTA 1: A ver, a maioría dos que imos temos todos equipos de fútbol, estamos todos no Malpica, e entón, por exemplo, nós adestramos martes e venres e eses días xa non podemos ir ao pavillón e os luns tamén temos clase pola tarde. Despois exames, salvo que non estudes. N10 - (229:229)</p> <p>Resposta 1: O concello organiza no polideportivo, pero son deportes todo. N10 - (423:424)</p> <p>E despois está o campo de fútbol que entramos por detrás. Salta un, abre a porta e entran todos. N10 - (198:198)</p>	
	<p>Si, os maiores van sempre para a pista de fútbol de arriba, sempre. Despois, claro, os de infantil xa lle temos unha zona de xogos reducida, onde teñen a zona dos columpios, e despois os pequenos están case sempre na pista de abaixo de baloncesto, e nun anaco que hai alí de herba. Os pequenos de primeiro e segundo están sobre todo sempre por aí, os de quinto e sexto</p>	

están na pista grande, e os de terceiro e cuarto que tamén xogan ao fútbol, e como hai outra pista de fútbol pois tamén están abaixo, pero como son máis pequenos os maiores son os que mandan.

DP1 - (105:107)

Na clase os practicamos no pavillón, e logo tanto no recreo como, (como agora este fóra tal) Pois no patio de recreo, na zona cuberta e na que non está cuberta.

DP2 - (174:174)

Para xogar como che dicía antes, basicamente o parque, e logo as actividades deportivas e recreativas teñen o centro cívico, e o pavillón se me falas da vila. E despois en Buño teñen actividades, pero son actividades regradas na maioría dos casos. Para xogar en si os patios dos colexios cando están nos recreos. Pero eu penso que pouco xogarán, adicaranse a dar voltas ao instituto e cando toque a bucina entran e punto.

NDC2 - (135:136)

Avanzamos cara ao patio exterior, que está composto por unha pequena pista polideportiva ao aire libre presidida por dúas canastras a cada lado. Un pequeno espazo de herba que une a outra pequena pista na que se atopan dúas porterías de fútbol sala. Tamén existe un pequeno paso composto de acera de rúa, no que podemos observar distintos tipos de mariolas de cores.

Diario de campo - (22:22)

Neste vídeo pódese ver un percorrido por todo o patio de recreo con todo os materiais espallados en distintas zonas do espazo, tamén se fai un reconto do material co que contan.

Así na zona de terra temos as dúas claves situadas ao lado da cancha de baloncesto.

A zona das mariolas situada nun corredor do patio.

Na pequena zona de herba hai unha corda preparada para xogar ao soga-tira.

O resto do material está situado nun lateral da pista de baloncesto para que as crianzas o recollan libremente e xoguen con el. No material disposto atopamos uns birlos, buxainas, bailaretes, panos, aros e guías, gomas e cordas para saltar.

Análise vídeos Buño - (92:96)

4. 4. EXPLICACIÓN MATRIZ LECER MOCIDADE

A seguinte matriz que explicamos é de Lecer mocidade, nesta categoría pretendemos asomar cales son as posibilidades de lecer na xuventude da comunidade, e ver se dentro do seu tempo libre os xogos populares están presentes, ou se existen outro tipo de actividades que os escolares practiquen no seu tempo de lecer. Esta categoría está formada polos códigos de *actividades no lecer* (aproxímanos ao tipo de actividades que realiza a xuventude no seu tempo libre), o seguinte código é *opcións de lecer* (neste caso queremos saber se a xuventude de agora ten as suficientes posibilidades para xogar no seu tempo fóra das clases), o último código que compón esta categoría é o de pasatempos tecnolóxicos (aquí tratamos o tema das novas tecnoloxías no tempo libre da xuventude). Nesta matriz contamos coas manifestacións dos nativos de tódalas idades e coas dos profesionais do sector educativo.

O primeiro código que presentamos aquí é o de *actividades no lecer*, aquí temos a visión dos máis vellos, que consideran que hoxe en día a xuventude non fai moitas cousas no seu tempo libre, por motivos diversos. Os máis novos describen algunhas das actividades que fan no seu tempo libre, sendo moi poucas as actividades que fan no seu tempo de lecer. Os educadores pensan que as actividades que realizan hoxe en día as rapazas e rapaces están moi programadas polos pais. Aquí decidimos asignar a cor verde porque a presenza de distintos perfís de informantes prodúcese, as técnicas de recollida de datos tamén se sustentan en distintas modalidades de entrevistas, etnográficas e semiestruturadas, e a isto engadimos unha “memo” que nos recorda o valor dos vídeos á hora de identificar as actividades no lecer, durante o tempo estival.

Outro código presente é o de *opcións de lecer*, aquí comprobamos como a visión sobre as posibilidades e opcións para xogar no tempo de lecer son moi dispares. Mentres os nativos adultos en liña xeral pensan que teñen suficientes oportunidades para desfrutar do xogo, e sobre todo en comparación coas súa xuventude. A xuventude manifesta que non teñen moita posibilidade e optan por pasar o tempo nos bares, ou buscar fóra da comunidade ter cousas novas para facer no seu tempo libre. Os educadores perciben de xeito distinto e na maioría dos casos, opinan que a xuventude non ten as mesmas posibilidades de lecer que tiveron outras xeracións. Neste código a cor escollida é a laranxa porque a triangulación de axentes existe, e tamén polo tipo de entrevistas empregadas para obter a información.

Nesta categoría presentamos outro código *pasatempos tecnolóxicos*, neste caso o que se recolle é principalmente é a preocupación dos adultos polo uso masivo das tecnoloxías no tempo de lecer, en contraposición á visión destas por parte das mozas e mozos, que non consideran que o seu tempo de lecer estea moi monopolizado por este tipo de recursos. A cor para a triangulación é laranxa polos mesmos motivos que explicamos no código anterior

4. 4. 1. MATRIZ LECER MOCIDADE

Matriz 4. Lecer Mocidade

<i>Matriz Lecer mocidade</i>				
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Códigos</i>	<i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Condicionantes Socioculturais	Lecer mocidade	Actividades lecer	no	<p>Eu estouche dicindo que ando por todo, por aí e nunca vexo a ningún rapaz xogar a nada. Se ves un sentado, aí está ca maquinita, non vexo outra cousa. N1 - (166:166)</p> <p>Os nenos de agora é que non teñen tempo nin para xogar, porque saen das escolas do recreo e veñen para a casa e teñen que facer os deberes despois van para o bar ou van para unha casa de xogos, xogar ás máquinas ou ao que sexa . Non disfrutan das cousas de disfrutar ao aire libre, na rúa. N2 - (197:197)</p> <p>Eu creo que os rapaces de agora teñen outras cousas máis modernas e non se paran a aprender esas cousas de antes. Non, porque ti agora non ves a ninguén cunha corda, a unha nena saltando á corda. Agora con doce anos xa andan con mozo e xa non. Xa abandonan o xogo todo, e máis a súa nenez. É que estas xa non disfrutan da nenez, porque van ás escolas, das escolas cos deberes para a casa, xa non teñen nin tempo para xogar. N2 - (185:186)</p> <p>PREGUNTA: Non tes tempo para xogar, por que? R: Porque el colegio, las clases después del colegio, no da mucho tiempo para jugar. PREGUNTA: Non, pero non rematades cedo as clases, as dúas, ou non? R: No, porque en mi colegio tengo clase por la mañana, voy a casa a comer y luego vuelvo por la tarde y luego tengo clases extraescolares hasta las 7 y hasta las 7 y media no llego a casa PREGUNTA: E nas clases extraescolares, de que van? R: Nada de asignaturas normales, matemáticas, lengua... PREGUNTA: Non tedes deportes ou nada parecido? R: Si te quieres apuntar si, pero. PREGUNTA: Ahh. Ti so vas as clases de estudar?</p>

R: Si, claro.
 PREGUNTA: E cando saes da escola?
 R: Para casa, hacer los deberes y estudiar.
 N9 - (208:221)

No fútbolín.
 PREGUNTA: Pero esa non vale.
 RESPOSTA 1: Pasamos horas no fútbolín.
 PREGUNTA: Pasades moitas horas no fútbolín?
 RESPOSTA 1: Bastante.
 PREGUNTA: Cando non estades no fútbolín.
 RESPOSTA: Falando cos amigos, ao mellor quedamos no porto. Tumbámonos nas hamacas a maioría do tempo pasámolo dando voltas, paseos por Malpica. Outra cousa que facer, non hai moito máis.
 N10 - (135:142)

RESPOSTA 1: No equipo de fútbol campo, e máis fútbol sala.
 RESPOSTA 2: Eu ao único así que tal vou a baile rexional e pandeireta.
 RESPOSTA 1: Pero as rapazas que van, fan aerobic.
 PREGUNTA: Fan aerobic aquí as chicas?
 RESPOSTA: As máis pequenas algunha de 1º e 2º que fan baloncesto. Andrea fai baloncesto.
 N10 - (144:153)

Resposta 2: A verdade que non hai nada.
 PREGUNTA: Gustariavos ter cousas pra facer na fin de semana?
 RESPOSTA 2: Si, así que se reuniran para facer algo.
 PREGUNTA: Por exemplo, que che gustaría facer cos amigos, unha ruta ata Monte Neme na bicicleta ou ir andar ata San Hadrián ou unha película no centro cívico ou no teleclub?
 RESPOSTA 2: Si, moitas veces imos nas bici. Antes había películas no teleclub pero quitáronas.
 PREGUNTA: As fins de semana estades un pouco aburridos.
 RESPOSTA 2: Aburridos non, porque nós imos para o campo e estamos aló pero se houbera actividades iríamos, pero como non hai.
 N10 - (669:676)

RESPOSTA 2: No parque.
PREGUNTA: Quedades alí cos amigos e que facedes?
RESPOSTA 2: Falar e xogar.
RESPOSTA 1: Falar, xogar eu que sei.
PREGUNTA: Xogar a que? Todo os días ao fútbol.
RESPOSTA 1: Ás agochadas.
RESPOSTA 2: Ao tenis.
PREGUNTA: Aos deportes basicamente.
RESPOSTA 1: Si
N10 -(806:814)

RESPOSTA 2: De verán vas para a praia ou para o porto e aínda.
RESPOSTA 2: De inverno, non saímos do bar.
RESPOSTA 1: De inverno non saímos do bar ou imos a casa dun amigo ver unha película.
Pero sabes, “Play”, todo televisión por dicilo así.
N10 - (216:218)

Nos videos do porto e da praia comprobamos como no tempo estival a xuventude da comunidade xoga ao aire libre, e realizan actividades lúdicas con un componente motriz, saltos no porto, nadar, ir á vía, etc. Son xogos que están presentes nas gravacións. Semella que este dinamismo no inverno non ten continuidade segundo as delcaracións dos informantes.
(Memo)

Eu creo que algo si, porque as veces non lles deixamos tempo para que xoguen eles. Non? Témoslle a vida moi organizada. Saen de aquí e teñen clase, pois teñen fútbol, e despois pois teñen clase de manualidades ou clase de inglés. Non sei creo que os nenos de hoxe en día teñen a vida moi organizada, e non se poden expresar eles espontaneamente ou xogar de forma espontánea.
DP1 - (143:144)

Home sen dúbida, sen dúbida. Porque a claro a cousa séguese noutro momento, a informática. Eses xogos que existían espontaneamente, hoxe o tempo teñen, as actividades programas, entón iso quítalles tempo. Os tempos cambiaron totalmente, os xogos de antes hoxe non os hai. Hoxe xa vas e quedas, aos rapaces quítaselles esa creatividade, claro non se lles deixa tempo libre para as súas actividades. Antes había un (salmo) en todo o día e facía o que quería. Eu acórdome dun domingo pola tarde que chovía e xuntabámonos todos e

	<p>tiñamos toda a tarde para crear xogo, agora non hai ese tempo libre. DS1 - (147:148)</p> <p>Eu creo que en parte porque os nenos non están xuntos. Eu penso que desde que rematan as actividades. Por exemplo, pódenos mandar a actividades extraescolares para que estean cos outros nenos pero a partir de aí, pois ao mellor un neno vai de catro e media a cinco e media a unha actividade e a partir das cinco e media practicamente vai para a súa casa. E se non vai para a súa casa, vai á biblioteca a internet. DC1 - (145:145)</p>	
<p>Lecer Mocidade</p> <p>Opcións no lecer</p>	<p>Para xogar? Teñen máis coño, os rapaces de Malpica, ata neste tempo non van a ningún lado, hai quen estuda e hai quen fai que estuda. Hai ou non hai? Eu seino, coñezo unha chea deles que fan que estudan e andan, que segundo saen xa van para o Leño ou o Submarino (bares). É ou non é? É outro mundo “Puli”, o mundo foise virando, e para min que se virou todo para mal, para min que se virou todo para mal, porque eu non vexo onde imos ir parar [...]. N1 - (173:174)</p> <p>Si, si, aínda que estivera fóra da escola debería poñerlle algo para que pasaran os rapaciños o tempo, e estiveran entretidos e vivirán a vida. Pensando xa na saúde dos rapaces, de non estar tirados todo o día na rúa e non coller vicios e todo iso, eu penso que si un pouco. Eu creo que Moncho (Alcalde) que se preocupou bastante ao principio, agora non sei, están co de facer equipos de fútbol na praia. N2 - (203:204)</p> <p>O que pasa que a xente de Malpica non vale pra nada. PREGUNTA: Por que? R: Porque a xente de Malpica non é nada animada, non se une para facer estas cousas. Ti pensas que é? PREGUNTA: Eu non che podos dicir [risas]. Eu estou facendo a entrevista. R: Eu paréceme que a xente de Malpica non é nada. PREGUNTA: Perdeu. R: Perdeu todo. Porque mira os rapaciños entre películas de televisión, vídeos e unha cousa e outra, perdeu o encanto todo de cousas de desfrutar. Porque a min paréceme que estamos todo o día ca televisión acendida, e hai rapaciñas que veñen do colexio: "ponme os debuxos animados e ponme o outro". Deberían estar na rúa ou nun xardín, na praia paseando, ou no porto mesmo.</p>	

PREGUNTA: Igual non saben nin xogar.

R: Eu digo que si, que non. Que non saben xogar. Ti ves na rúa rapaciños xogar a algo?

PREGUNTA: Non, moitos non vexo.

R: Nin ensinan, nin os pais moitos viviron xa iso e xa non lle ensinan aos fillos

N2 - (205:216)

Teñen máis. Porque, mira, se queren mercar unha buxaina non hai quen llo quite, que algún xa ten máis cartos ca nós. Teñen máis cartos os rapaciños de agora para cousas así, ca tiñan meus pais para darnos a nós. Despois, non sei dicirche. Teñen máis posibilidades ca nós. Uf para mercar unha buxaina, tiñas que estar aforrando os chocolates que che daba túa avoa, ou túa nai, nada. "Bueno" túa avoa máis ben. Eu ía sempre onde miña avoa, eu levaba sempre aos amigos e dicíalle: bueno eu marcho que teño que ir merendar: "Paramos! Descanso!" E viñan todos. Porque miña avoa dáballe a todos. Xa me dicía ela: "Ou non traes a ninguén, ou senón hai que darlle a todos".

N3 - (252:252)

As mesmas oportunidades para xogar na rúa ao mellor non as teñen, teñen tantas maquinitas, teñen tanto ordenador, tanta televisión, e hoxe a rúa non se vai coma antes. Pero na escola podían incentivar estes xogos, porque eran xogos de moita habilidade, mellores cos pasivos que hai hoxe de estar sentado mirando para mochila que ten a "Hanna Montana e Hello Kiti", todas esas, e o móbil.

N4 - (125:128)

Pero agora tamén tes un día material e dígolle eu: "pero ide para a praia, che! Xogar á pelota". Estanche aquí ou na casa coa maquinita. Quero dicir, ter teñen as mesmas, porque para xogar na rúa non fai falla ter. Pero que pasa que agora teñen máis onde escoller, escollen outra cousa máis cómoda para eles, digo eu.

N5 - (136:136)

A ver, oportunidades téñenas todas. O problema é facerllas ver, e que sexan copartícipes desa realización, porque non é tanto culpa deles que non saiban xogar. Eles fan o que ven, como nos fixemos. Se eles non ven habitualmente a nenos xogando a pandala, a laviscura, ás agochadas. Xogan ás agochadas, pero xogan na casa. debaixo dunha cama, por detrás da lavadora.

N6 - (103:104)

Si, as oportunidades si. Eu creo que si. Porque, "bueno" as mesmas, mesmas non, polo que acabo de dicir. Nós tiñamos, creo máis actividades por parte do concello e das asociacións culturais. Pero se nos quitamos deste xogos pautados por eles, o que son xogos na rúa feitos por nós teñen as mesmas. É dicir, o porto está aí para todos, a area está aí para todos, senón van é porque non queren, ou porque lle gusta máis facer outras cousas.

N8 - (147:148)

Pasamos horas no fútbolín.

PREGUNTA: Pasades moitas horas no fútbolín?

RESPOSTA 1: Bastante.

PREGUNTA: Cando non estades no fútbolín.

RESPOSTA: Falando cos amigos, ao mellor quedamos no porto. Tombámonos nas hamacas a maioría do tempo pasámolo dando voltas, paseos por Malpica. Outra cousa que facer, non hai moito máis.

N10 - (135:142)

RESPOSTA 2: De verán vas para a praia ou para o porto e aínda.

RESPOSTA 2: De inverno, non saímos do bar.

RESPOSTA 1: De inverno non saímos do bar ou imos a casa dun amigo ver unha película. Pero sabes, "Play", todo televisión por dicilo así.

N10 - (216:218)

Resposta 1: Pois se non é verán pois si que te aburres. Porque non hai cines, non hai birlerías. O único que tes é porto e praia. Pasear nada máis.

RESPOSTA 2: Eu vou a Carballo porque están alí os cines e iso. E daquela vou ata alí.

N10 - (501:503)

Penso que hoxe en día teñen menos posibilidades, porque están máis tempo, hai maior sedentarismo. Están máis tempo na casa con outro tipo de xogos, moitas veces relacionados coa tecnoloxía que tamén é boa, pero claro perden moita socialización. No rural, pois teñen maior facilidade porque si que é certo que están máis tempo na rúa. O que pasa que claro a poboación é dispersa, tamén hai casos de alumnos que viven moi afastados dos seus compañeiros, entón iso non facilita tanto.

DP2 - (80:80)

Si, si eu penso que tanto a nivel de aquí, de instituto Urbano Lugrís como a nivel de Concello eu creo que lle están ofertando moitas posibilidades. Polo menos eu vexo papeis de

	<p> cursos que lle están ofertando. Sexa fútbol, sexa atletismo, sexa baloncesto. Incluso me parece, agora non me recordo. Aquí, chegan ao principio do curso, que o concello lle manda, a concellaría de deportes os papeis para apuntarse. Agora que se apunten ou non, é outro tema. Eu creo que lle facilitan bastante as posibilidades. O que pasa é que non queren en moitos casos. DS1 - (94:98)</p> <p>No, yo creo que no. Me da a mi la sensación de que no, tampoco estoy muy al tanto por las actividades. Aquí el ochenta o el noventa por ciento son las que oferta el municipio. En primer lugar el municipio creo que tiene una dispersión bastante importante y eso también dificulta. Otro problema que puede haber bajo mi punto de vista, es el problema de la conciencia de los padres de la necesidad de que se metan en actividades físico deportivas, como un valor más a la hora de formar a la persona y quizás eso creo que debería de concienciarse algo más, me da a mi la sensación. DS2 - (68:69)</p> <p>Os rapaces si, pero depende do que lle deixen nas casas. Os rapaces queren xogar a todo, queren estar xogando todo o día. Pero nas casas ao mellor non lles deixan, polas circunstancias non poden traelos aquí. Sabes ou es coñecedor, senón dígocho eu, da dispersión xeográfica que existe neste concello. E que neste colexio hai alumnos de Cerqueda, Santiso entón aí xogarían os nenos unha vez que chegan as súas casas, xogarían nos seu núcleos poboacionais. NDC2 - (123:123)</p>	
<p>Pasatempos tecnolóxicos</p>	<p>Se ves un sentado, aí está ca maquinita, non vexo outra cousa. N1 - (166:166)</p> <p>Pasábase fame, pero había máis diversión ca Deus!!! Era unha marabilla, e hoxe non hai nada, maquinitas e ordenador . E nada máis e ao carallo! N1 - (76:76)</p> <p>As mesmas oportunidades para xogar na rúa ao mellor non as teñen, teñen tantas maquinitas, teñen tanto ordenador, tanta televisión, e hoxe a rúa non se vai coma antes. N4 - (125:126)</p> <p>Pero agora tamén tes un día material e dígolle eu: "pero idee para a praia, che! Xogar á pelota". Estanche aquí ou na casa coa maquinita. Quero dicir, ter teñen as mesmas porque</p>	

para xogar na rúa non fai falla ter. Pero que pasa que agora teñen máis onde escoller, escollen outra cousa máis cómoda para eles, digo eu.

N5 - (136:136)

Pero tamén hai outros hábitos lúdicos, xogar máis individualmente, xogar con videoconsolas, internet ect. Un xogo máis fogareño, non tanto no espazo público, e eu sempre lembro unha frase que era moi habitual xogaras onde xogaras, que a tribo, a xente nos dicía: "ide xogar á area!!"- Iso dicíannolo moi a miúdo. Se eran as catro da tarde e estabamos xogando un partido.

N6 - (64:64)

Os nenos prefiren xogar obviamente co que lles resulta máis coñecido que son as videoconsolas, as Nintendo, os móbiles, internet, a televisión, e estase a perder un cúmulo de creatividade tremendo.

N6 - (101:101)

Teño 36 pois dende os meus 14 ou 13 anos ata agora, penso que se perderon un lote de cousas, polo que eu vexo, ca chegada do ordenador, da rede, da "play-station" e todas estas historias. Creo que o xogo popular, incluso diría que está en perigo de extinción. Mentres haxa pobos e vida rural está a salvo, pero nas cidades creo que está bastante fodida a cousa con respecto ao xogo popular.

N7 - (99:99)

Xogades á "playstation" e cousas destas ou preferides outro tipo de actividades.

Resposta 2: Eu nada.

PREGUNTA: Ti nada.

RESPOSTA 1: Eu, algo á "play" xogo, pero prefiro actividades deportivas que "play"

N10 - (144:147)

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 2: Eu á "Play" ou algo así.

PREGUNTA: E ti a nada, a nada de nada? E logo que fas cando estás no teu tempo libre?

RESPOSTA 2: Ou pasear, ou en internet.

N10 - (358:361)

Resposta 1: Eu algo ao ordenador.

	<p>PREGUNTA: Que preferides xogar co ordenador ou estar por aí cos amigos? RESPOSTA 2: Depende porque eu os sábados ando todo o día cos amigos e daquela pola noite. PREGUNTA: Estás á túa bola co ordenador. RESPOSTA 2: Si. RESPOSTA 1: Eu, igual ca ela. PREGUNTA: Andades todo o día por aí, e despois ao ordenador. N10 - (678:685)</p> <p>Resposta 1: Non sei, porque eu que sei. Agora fanse máis outras actividades non sei. Agora anda toda xente con móbil, e antes andabas, non andaba así. Despois a “Play” ordenadores, etc. N10 - (253:253)</p>	
	<p>Eu creo que agora hai outros, outras modas, antes non tiñamos tantos videoxogos, e non tiñamos tanta televisión. Eu penso que agora están máis influenciados por iso e que lles gusta máis. Se lles deixas xogar no ordenador eu creo que prefiren quedar xogando no ordenador que saír a xogar eles. DP1 - (101:101)</p> <p>Sobre todo nas casas, estes xogos espontáneos están substituídos por xogos máis mecánicos, por xogos máis ehh. Supoño que tamén interveñen fins comerciais, e certos materiais, si de carácter máis estático. Porque claro un pouco vai relacionado cos nosos hábitos, coas nosas rutinas. Se nós pasamos o maior tempo de lecer no fogar, pois ao final, claro tes que buscar outras alternativas que non sexan xogos espontáneos que requiran espazo, que requiran compañeiros, adversarios. DP2 - (112:112)</p> <p>RESPOSTA 2: As maqiniñas tamén ultimamente, algún que a traía a súa Nintendo. RESPOSTA 1: Si, ata agora pouco, basicamente fútbol e correr. RESPOSTA 2: Fútbol e correr. DP3 - (19:23)</p> <p>Despois un problema que temos nesta sociedade é o das maqiniñas que hoxe en día practicamente hai moitos nenos que nin deporte fan que o fútbol e baloncesto tampouco lles... Porque están ensimesmados coa maquina e daquela é un problema que hai aí.</p>	

DC1 - (94:94)

Quizais sería o mesmo que faciamos nós, só que nós o faciamos con xogos populares e con outro tipo de materiais, e eles agora fano coa “Wii”, coa “Play” ou o monopatín con motor xa (risas), e daquela, pois iso.

DC1 - (122:122)

4. 5. EXPLICACIÓN MATRIZ MATERIAIS

A seguinte matriz é a referida aos utensilios e materiais empregados nos xogos populares da comunidade. É polo tanto a matriz da categoría dos *materiais*, a cal está formada polos códigos *materiais típicos* (neste caso falamos dos materiais máis comúns nos xogos populares, tipo aro, buxaina, etc). Outro código que está nesta categoría é o de *materiais de reciclaxe* (aquí o que se recolle é como os xoguetes e materiais empregados para xogar, proveñen do aproveitamento de distintos instrumentos ou obxectos); o seguinte código é materiais actuais (alude á tipoloxía de materiais que empregan as xeracións actuais nos xogos populares da comunidade); xa para rematar esta categoría temos o código materiais escolares (este permite aproximarnos á realidade lúdica dos centros a través dos materiais que empregan os docentes).

O primeiro código que se presenta nesta matriz é *materiais típicos*, neste caso vemos como os materiais dos xogos populares na comunidade, eran os que tradicionalmente se empregaban en cada xogo. Estamos falando de materiais como os aros, as buxainas, a chave, liñas, caldeiros, etc. Neste caso a cor que identifica a triangulación é verde xa que contamos coas declaracións de numerosos informantes, asemade contamos coas entrevistas, informe autobiográfico e unha recuperación dun análise dos vídeos para reforzar este código.

O código de *materiais de reciclaxe*, amósanos como as xeracións máis vellas debían pensar en como aproveitar distintos materiais que non estaban deseñados para xogar con eles. Estes podían ser feitos a partir de obxectos cotiás como calcetíns, redes, ata ser elaborados a partir de pólas de árbores, ou de calquera outro material. Neste caso a cor que identifica este código é a verde, xa que existe unha ampla presenza de informantes que nos ofrecen información sobre o tema, e as técnicas empregadas son as entrevistas e o informe autobiográfico.

O terceiro código que compón esta categoría é o de *materiais actuais*, neste caso centrámonos nos materiais que se observaban nas gravacións obtidas durante a investigación. Neste punto podemos ver como os inchables, caldeiros de plástico, táboas para deslizarse no mar, neoprenos, e outros materiais que non existían en épocas anteriores, están masivamente popularizados nas xeracións de hoxe. Para este caso a cor

é laranxa xa que soamente temos as análise das gravacións como técnica de recollida de datos.

Rematando esta categoría está o código de materiais escolares co que queremos comprobar, se os centros escolares teñen materiais para levar adiante xogos populares, e ver tamén que tipo de materiais levan os escolares aos centros para saber se existe presenza dos materiais típicos que eran empregados en xeracións pasadas na actualidade. Vemos como os materiais cos que acoden os escolares aos centros son moi poucos, sendo os balóns ou as pelotas e pouco máis o que levan aos centros educativos. Pola parte dos centros escolares existen recursos suficientes para poñer en práctica os xogos populares. A cor é verde, xa que temos moita presenza de axentes e tamén de diversas técnicas entrevistas, análise dos vídeos e incluso algunha “memo” do diario de campo que permite asignar esta cor.

4. 5. 1. MATRIZ MATERIAIS

Matriz 5. Materiais

<i>Matriz Materiais</i>				
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Código</i>	<i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Condicionantes socioculturais	Materiais	Materiais típicos	<p>Si iso mercabámolo nós, si. Tamén o diablo tamén o “yo-yo” faciamos así. PREGUNTA: Tamén reciclábades daquela? R: Agarda que che vou ensinar, para que vexas ti o que fun recuperando dende que. [levántase e vai buscar unha carraca] Esta conseguina este ano. Fixéronma en Santiago a man, este ano en Santiago. Teño un tirabalas. PREGUNTA: Ah, un tirapedras. R: Si, este collino en Salamanca, o tirabalas. Este tamén o collín en Salamanca [un xoguete que posúe dúas bolas suxeitas por dúas pezas que o moves arriba e abaixo para facer que choquen as bolas] Recuperei a buxaina de madeira. [Continúa N2 - (122:127)]</p> <p>O aro, por exemplo, ías a unha chatarrería, a un ferreiro e non che cobraba nada. Dicíaslle: "faimo un aro". Facíache un aro, pero claro ás veces cansábase porque íamos 5 ou 6 xuntos. E o homiño tiña que traballar para os seus fillos para comer. PREGUNTA: Ou sexa que recollíades os materiais vós e buscabádesvos a vida? R: Si, nós. Despois sabes o que había? Outro xogo que me acordo, que lle chamaban a carraca. Era así un conto de madeira (fai un xesto indicando unha forma rectangular) e tiña así unhas estrías e dábaslle voltas e ía (onomatopeia) “gra, gra, gra, gra...” Non sabes? Como un parrulo. [sí, si]. “gra, gra, gra, gra”. Éache un chiste así, naquel tempo. Despois, tamén había outro, por exemplo, que era a espada en Semana Santa, eu xa houben de perdelo ollo por dúas veces. PREGUNTA: Xogabades aos espadachíns? R: Si, xogabas cunha espada de madeira, dunha varanda facías unha espada N3 - (104:111)</p> <p>Nada goma e unha pelota, o pau do palán e mailo da billa e nada máis. Pouca cousa, era barato. PREGUNTA: Por que eses materiais? R: Eu non sei. A min xa me viñeron dados. Tampouco había tantos xoguetes como para... Nós tiñamos unha boneca en reis, se cadra. Non é como agora, non tiñamos máis. Non sei, era porque eran os que había daquela.</p>	

N5 - (87:90)

O aro que non che dixer, porque tampouco me gustaba que non o usei, pero Juan pásao pipa xogando ao aro, porque se acorda de cando era pequeno, e a rá e estamos toda a tarde xogando. Quéroche dicir non todos hai poucos, pero sempre hai algún que saca o que, porque ademais son bonitos e máis son feitos doutro material que non tes agora, de plástico, son de madeira. Non todos, pero algún si.

N5 - (139:139)

Pois, tamén dende empregar o propio contorno, había cachos de corda polo porto de arraxar as redes, pois empregabámolo e sempre había alguén que tiña unha pelota, se a pelota non era de plástico, e era xa dun material máis duro, deses “curtis” que alguén lle regalaban por Nadal ou de aniversario, ese tiña un tesouro, pois animábalo: "Oes vai buscalo balón, o curtis". Sobre todo para ir xogar á area, e despois temos feito partidos con botellas de aceite, con botellas de lixivia, e rematar de cabeza, e as porterías eran dúas pedras, dous ladrillos. E na area as barcanas facíamolas coas mans, con area e algas que deixaba o “gholfe”, que deixaba o mar en pedras que nos recollíamos. Utilizabamos sobre todo a imaxinación, e sobre todo o medio.

N6 - (68:69)

Tamén eran xogos onde o utensilio pois sempre había un avó, un pai, un irmán maior que cho facía. Un veciño que che preparaba o palenque, o aro, e hoxe en día a estrutura familiar é outra, a socialización faise moito cara dentro dos fogares, e todo iso fai que sexa unha perda.

N6 - (98:98)

Pois, o que tocaba na época, cando era a bicicleta cada un poñía na súa bicicleta, pois o que podía. E cando era a buxaina cada un tiña a súa buxaina personalizada, cando era o punzón cada un tiña o seu punzón, cando era o patinete cada un tiña o mellor patinete, e todo así, todo así. Eh había moita xente que era moi mañosa e que facía na súa casa as súas historias, mira escopetas con pinzas, arcos con varillas de paraugas, todo era así cousas destas, que incluso as veces eran perigosos, perigosos que podían danar e matar persoas, pero facíanse. As veces había épocas nas que era ir poñer latas encima das paredes, e con pinzas e gomas e faciamos obxectos arroxadizos e faciamos así.

N7 - (69:70)

Pois a nós valíanos con moi pouco. Xa che digo sobre todo o balón porque eu dende pequeno andiven sempre cun balón. Eu saía tódalas tardes co meu balón aínda que despois deixaras o balón na esquina, a pelota era un material indispensable iso seguro, acórdome sempre. Despois xa che digo un pouco o que estivera nesa época un pouco de moda. Pois cando tocaban as buxainas, pois saías coa túa

	<p>buxaina ou se nos daba por ehh. Tamén en Malpica eu recordo xogar no verán a guerras de globos de auga, foi un xogo ao que xogábamos moito, moito, moito. Entón un pouco o que estivera de moda nese momento. Pasabamos épocas, pois xogando á buxaina, e outras botabas xogando ao fútbol, como outras veces xogabas aos "escondites", non era moito de utilizar moitos materiais, non. N8 - (102:103)</p> <p>Pois nun principio eran as bolas, das que cheguei a ter infinidade delas incluso miña avoa me chegou a dar bolas de madeira, xa que as que tiña eu eran de cristal N11 - (9:9)</p> <p>Tamén xogabamos ás chapas, para conseguir as chapas íamos a calquera bar do pobo e pedíamos chapas das botellas de cristal, logo traballabámolas cun martelo ou con pedras os bordes para que quedasen ben planas, en ocasións era miña nai quen me axudaba a facelo. Unha vez que estaban preparadas eran personalizadas con caras de famosos, deportistas, artistas ect... Facíamos carreiras por un percorrido debuxado na terra ou no cemento cun resto de barro ou de ladrillo N11 - (10:10)</p> <p>exemplo: caldeiros, trueiros e liñas de pesca Análise vídeos praia.- (168:168)</p>	
Materiais reciclaxe	<p>E a pelota quen a tiña? Non a tiña ninguén, facíamos unha pelota, as pelotas non había quen as movese. Facíamos todo a trapos, e con fíos, e ías amarrando, e despois cando chegaba a pelota ao mar e mollábase. Quen movía a pelota? N1 - (84:84)</p> <p>Non hai nada que se acabou con todo. Estou falando, estaban así os paxaros (xesto de moitos) e alí pescabamos tamén os paxaros, alí onde ten a casa Vences onde o río unha casa marela, e todo aquilo era horta de patacas, había un canal de auga e os paxaros van beber, e que facíamos nós collíamos unha rede grande, metíámola debaixo da auga coma unha trampa e cando os paxaros viña beber e... RAS! Despois tamén facíamos arcos e frechas cos "taraios", e andabamos ás frechas. As cordas dábannolas os pais do mar para andar, a corda e todo iso, tódalas cousas facíámolas nós. Non había nada antes "Puli", agora hai de todo. Quen tiña un ordenador na casa antes? Ninguén N1 - (108:113)</p> <p>Ai, iso facíámolo todo nós. Non sendo as buxainas. Para as buxainas xa había que ter cartos para ir compralas, que non cha daba calquera.</p>	

N3 - (105:105)

O aro, por exemplo, ías a unha chatarrería, a un ferreiro e non che cobraba nada. Dicíaslle: "faimo un aro". Facíache un aro, pero claro ás veces cansábase porque íamos 5 ou 6 xuntos. E o homiño tiña que traballar para os seus fillos para comer.

N3 - (106:107)

Si, xogabas cunha espada de madeira, dunha varanda facías unha espada.

N3 - (110:111)

Os materiais, excepto a corda e a goma eran feitos, por exemplo a billa facíala ti dun pau, ahhh, claro o balón tamén era feito,

N4 - (88:89)

Nos tiñámolo feito, pero había xente que os facía con materiais.

PREGUNTA: Porque empregades eses materiais e non outros?

R: Porque non había cartos, collías o que tiñas arredor, uns trapos que os enrolabas e xa tiñas un balón. N4 - (90:93)

A mariola, a corda, aí tamén a goma! Xogar á goma, nuns sitios chámase goma, pero é estira, que é a que se pon nas cinturas dos pantalóns, así (facendo xesto de cintura) e atábase nos dous extremos e xogabamos 3 rapazas, dúas polos lados e outra saltaba, e ía, íamos levantando pola altura da persoa que saltaba

N4 - (34:34)

En Buño xogábase moito, chamábanse lilas ou lilos, non estou segura, creo que eran lilas. Cando se cocían as olas, pois había pezas defectuosas e íámoslos buscar aos fornos, e con iso xogabamos o que se coñece como as casiñas, "bueno" non sei como se coñecerá hoxe, chamábanse lilos ou lilas, cos cus das cuncas, das potas con cachiños das pezas cocidas.

N4 - (40:40)

Si, si, pinzas da roupa si, íamos ás carpinterías e os paus longos que lle sobaban, e facíamos escopetas, poñías pinzas atrás e gomas e diante unha punta e soltabas a punta e chiun saía disparado, e era todo con material da casa, que da carpintería que lle sobaba e así reciclable todo.

N7 - (71:72)

	<p>Entón alí tamén se daba unhas condicións específicas para xogar a iso, e soamente necesitabamos unha caixa de cartón e unha pelota de tenis, e faciamos a portería e coa pelota de tenis. Alí montábanse os chamados mundialitos, o que nós lle dicíamos. N8 - (94:94)</p> <p>Xogar ao xoquei, cos carabullos das berzas ou con calquera pau que tivese forma parecida a un “stick” de xoquei. Cos paus e unha pelota de tenis ou calquera bola que fose pequena e non quedaba nada máis que poñer unhas chaquetas ou caixas de froita para facer as porterías e xa estaba a partida montada. Non precisabamos de nada máis, valía calquera lugar que fose un terreo o máis liso posible, este tamén era un xogo de nenos. N11 - (25:25)</p> <p>No verán cando maduraba o millo adicabámonos a ir ao millo e comelo cando aínda esta leitoso o gran do millo, pero tamén asaltabamos as plantacións, na procura dos grans para ter munición para os tiramillos, eran coma uns tiracroios que se facían coa boca dunha botella de plástico e logo colocábase un globo polo lado do tapón e fixébase con cinta ou esparadrapo, e xa tiñas un tiramillos. Servía para darlle ás dianas ou botes que nos colocabamos, ou para darnos entre nós mesmos, sempre xogabamos nenos a isto nunca as rapazas. N11 - (26:26)</p> <p>A area tamén daba moito xogo, xa que faciamos figuras e despois eran vestidas con algas, e cousas que íamos atopando pola praia e que lle colocabamos, para que quedasen máis vistosas. Non podía faltar un clásico na praia como xogar ao balón na area, organizábamos pequenos partidos ao fútbol na area. N11 - (33:34)</p>	
Materiais actuais	<p>Todos teñen cinco balóns, e o que non ten cinco ten dez. E xogan ao fútbol co que teñen que xogar e coas súas botas. Todo máis especializado. E a nivel de xogos populares-tradicionais ao mellor como non lle traías unha bola de marca xa non queren xogar. É unha opinión miña non unha realidade. NDC2 - (37:37)</p> <p>Estes visten traxes de neopreno Análise vídeos porto - (11:11)</p> <p>No minuto 8,50 chegan unha rapaza e un neno cunha roda inchable Análise vídeos porto.- (33:33)</p>	

Soamente se pode apreciar que os rapaces están nadando, un deles con inchable.
Análise vídeos porto - (45:45)

No segundo 34 no muro do gas unhas nenas e nenos xogan cuns inchables con forma de roda.
Análise vídeos porto.- (257:257)

Xogando cuns inchables con forma de aro,
Análise vídeos porto - (277:277)

Cos inchables e outros saltan sobre os inchables que están na auga.
Análise vídeos porto. - (293:293)

Outros rapaces flotan no mar cuns inchables con forma de roda
Análise vídeos porto - (497:497)

No minuto 1,14 vese a dous mozos achegándose a nado ata as escaleiras do muro do gas, outros nenos seguen enriba dos inchables.
Análise vídeos porto. - (640:640)

Collelas indo á vía, con material específico como táboas “bodyboard” , outros xogan cos inchables coas ondas tamén, outros están a bañarse xogando co mar e nadando.
Análise vídeos praia - (7:7)

Con pequenas táboas, algúns deles levan neoprenos para estar no mar. Outro neno no segundo 0,47, recolle a táboa para volvela lanzar esvarando pola auga para logo tentar subir enriba dela e escorrer pola auga, tenta iso varias veces
Análise vídeos praia - (15:15)

Nenos xogando a coller ondas axudados de pequenas táboas de “bodyboard”.
Análise vídeos praia - (21:21)

Nenas e nenos de distintas idades xogan cuns inchables
Análise vídeos praia - (27:27)

Dous nenos pequenos na beira do mar cunhas palas
Análise vídeos praia.rtf - (27:27)

Dúas adolescentes van cara o mar equipadas con traxe de neopreno e dúas pequenas táboas de “bodyboard” para deslizarse nas poucas ondas existentes pero estas condicións favorecen a aprendizaxe no mar.

Análise vídeos praia - (36:36)

Algún rapaz xogando con inchables no mar. Os rapaces máis pequenos que dispoñen dunha táboa están na beira tentando de coller ondas

Análise vídeos praia - (81:81)

Xogan ao fresbee

Análise vídeos praia - (81:81)

No principio do vídeo vese a un adulto e unha nena xogando cun balón na beira do mar. Ao seu carón un rapaz coloca unhas aletas nos pés para poder practicar bodyboard.

Análise vídeos Praia - (128:128)

Dúas parellas de nenas xogan coa area cos seu caldeiros, palas e mans en sitios distintos na praia.

Análise vídeos praia - (280:280)

O material co que contan son pequenos trueiros e liñas para a pesca e o resto desenvólveno coas mans. Tamén observamos a algún adulto que axuda neste tipo de actividade.

Análise vídeos praia - (398:398)

Detrás deles na beira do mar un rapaz recolle unha táboa de esvarar na auga da beira do mar

Análise vídeos praia - (6:6)

Algúns nenos levan inchables e xogan con eles na auga, outros, flotan sobre deles.

Análise vídeos praia - (21:21)

Minuto 13, vese como nenas e nenos de distintas idades xogan cuns inchables, ben a manterse sobre deles ou a tirar ao compañeiro. No minuto 13, 35 compróbase como un neno e unha nena pequena xogan ás palas cun adulto, aínda que a nena está máis interesada en xogar coa area. Tamén no 15,18 vese a dous nenos pequenos na beira do mar cunhas palas aínda que case non poden con elas. Mentres o resto segue mantendo as mesmas actividades lúdicas.

Análise vídeos praia - (27:27)

	<p>No segundo 0,33 vese a dous mozos de entre 20-30 xogando ao “frisbee”. Análise vídeos praia - (72:72)</p> <p>No mar hai varios cativos con táboas de bodyboard que xogan a ir á vía sobre as ondas, algún deles tamén ten posta unha pequena licra protectora. Análise vídeos praia - (140:140)</p> <p>No minuto 1,50 vese como uns adolescentes están preparándose para entrar na auga para facer bodyboard. Análise vídeos praia - (156:156)</p> <p>Outros xogan cos inchables ben flotando ou empregándoos como se fosen táboas. No minuto 1,28 aparecen tres rapaces correndo en dirección ao mar para acabar entrando de cabeza ao mar. Análise vídeos praia - (299:299)</p> <p>Táboas de bodyboard tentando ir á vía nas ondas. Análise vídeos praia - (427:427)</p> <p>nenas e nenos tratando de ir á vía con inchables e pequenas táboas de bodyboard. Análise vídeos praia - (469:469)</p> <p>Na beira un neno xoga cunha táboa tirándoa e logo poñerse de pé e esvarar na auga. Análise vídeos Praia - (613:613)</p>	
<p>Materiais Escolares</p>	<p>Que traían eles, o balón e algunha corda. PREGUNTA: E vós que facilidades? R: Pois, agora si que temos corda, gomas, bolas, chapas, balóns. PREGUNTA: As bolas son mercadas evidentemente, pero as cordas, chapas e isto que proveñen da reciclaxe de algunha cousa ou mercádelas? R: As chapas trouxéronas os nenos da casa, pedímoslle que as trouxeran, e o demais é todo mercado. DP1 - (114:119)</p> <p>Si, a principios de curso, non sei nin como me decatei que en Deporte Galego tiñan un material de xogos populares que podías solicitar e que nolo enviaban. Mandáronnolo agora, é un baúl de madeira e dentro trae unha corda para xogar ao soga-tira, despois ten feitas en madeira tres chaves a da Coruña, Ferrol e Ourense e os pellos para lanzalos. Trae algún peón e outras cordas pequenas, chapas. PREGUNTA: Trae billarda?</p>	

R: Non. O problema que lle vexo é que soamente nolo deixan unha semana.

PREGUNTA: Ah! Ese material soamente volo deixan unha semana?

R: Si, unha semana ademais chegou o luns pola tarde a última hora e virán o venres a buscalo, non sei a que hora exactamente. É moi pouco, pouquísimo. Pero é que comezaron co préstamo, non sei se o organizaron ben

DP1 - (243:248)

Que traían eles, houbo fai anos unha práctica dunha exposición de buxainas, e a maioría deles teñen na casa. Iso si que o traen por tempadas, pero agora mesmo tódolos materiais son facilitados por nós.

PREGUNTA: Non traen nada da casa?

R: Non traen nada.

PREGUNTA: Por que o centro non admite ou por que ou sinxelamente non o traen?

R: Non o traen. Traen xogos máis actuais non relacionados cos xogos populares.

DP2 - (92:97)

Si aquí mercamos o material a ANPA, por medio do concello axudou moito. Facilitaron tamén materiais, e logo tamén dende a área de EF aportei. Co presuposto da área mercamos as cousas que consideramos importantes.

DP2 - (182:182)

Resposta 1: Os materiais están xa practicamente todos. Faltaban as fichas dos xogos de mesa que está pintados no chan. A ver materiais?

RESPOSTA 2: As cordas, buxainas, gomas.

RESPOSTA 1: Buxainas, chapas os zancos, panos.

PREGUNTA: Este material?

RESPOSTA 1: Algún doouno a ANPA, outro o mercamos, outro xa existía no cole.

RESPOSTA 2: Outro doárono tamén os nenos, as buxainas que fan traendo da casa, que lle pedimos algunha a maiores que quixeran doar.

DP3 - (55:61)

RESPOSTA 2: Home había un xogo que era de encestar que era dos vasos, de encestar a pelotíña dentro. E o que falamos é de facelos na aula, pero despois unha compañeira trouxo un vasiño de encestar moi chulo, e ante tódolos proxectos que temos.

RESPOSTA 1: O que se traballou moito coa buxaina fixemos moitas actividades da buxaina.

PREGUNTA: Tendes documentado este tipo de traballo?

RESPOSTA 1: Pois queda, as buxainas que pintaron os rapaces.

RESPSOTA 2: Estarán enriba de cando a exposición.

RESPOSTA 1: Quedarán enriba? Pero fotos haberá seguro. Iso fixo, seguro que nos blogues do cole. Entrás na páxina web do centro e nos blogues de aula ou de biblioteca vas atopar todo.

DP3 - (64:69)

Home en principio moi pouco material realmente. Tampouco é tanto o que che acabo de dicir. Entón de material neste momento pode haber os panos para identificalos, pode haber unhas camisetas que lle dou unha cor a cada un tamén para outro tipo de xogos. Ben pelotas, ben camisetas, ben panos, porque tampouco practicamos outra cousa. Podería ser a chave pero tampouco a practicamos porque eses deportes tamén con estes rapaces son algo perigosos. É dicir, eu venme unha bola de ferro ou cunha, como se chama? Unha xavelina pois non a quero ver.

DS1 - (232:233)

Observo o caixón dos xogos populares que solicitaron á Xunta de Galicia no mes de outubro e que chegou en maio, e que soamente poderán ter no centro durante esta semana xa que soamente llo ceden por unha semana. O caixón feito de madeira ten gravadas as letras no centro enriba de onde se encontra a pechadura que poñen xogos populares, abro o caixón e realizo un pequeno albarán do material que trae dentro que está composto por: chave ferrolana, ourensá e coruñesa todas elas son unhas réplicas talladas en madeira acompañando as chaves temos doce pesos tamén de madeira, unha base soporte para as chaves ferrolana e ourensá, seis aros de ferro e as súas respectivas guías feitas de ferro e cunha enpuñadura de madeira, unha corda ou maroma. Dentro do mesmo caixón había unha caixa de plástico que contiña máis material como: seis cordas vermellas para saltar á comba, unha bolsa que contiña seis trompiños e seis buxainas cos seus cordeles de atar, un saco con doce chapas con plastilina e rotuladas con Deporte Galego”, unhas cantas gomas de cores e catro panos de cores tamén. Xunto con ese material viñan unhas fichas explicativas de cada xogo dos que poderían facer co material.

Diario de campo. Buño - (15:15)

Caixón dos xogos tradicionais e alí comeza a explicarlles que contén o arcón e que xogos hai dentro, as chaves, cordas etc. De seguido collen o material (aros, buxainas, bailaretos e dous tipos de chaves) entre varios alumnos e alumnas transportan o material ata o patio exterior.

Diario de campo.B - (67:67)

Un dos nenos fai o percorrido en zancos de corda.

Análise vídeos Recreos A. - (89:89)

Unha rá xigante na que teñen que meter as pezas. Moitas nenas e nenos collen unha especie de lazo cunha bola nun extremo, este semella unha bola estilo carcerario antigo. As nenas e nenos meten o pé no aro e despois teñen que facer que a bola dea voltas arredor do pé de apoio saltando a pata coxa.
Análise vídeos Recreos A.- (223:223)

Lembrar que nos vídeos dos dous centros escolares se recolle claramente con que tipo de materiais xogan na escola, son sobre todo materiais que se empregaban anteriormente polas xeracións anteriores, e que agora na escola lle redescobren estes materiais para que os escolares aprendan os que foron xogos populares noutras épocas.
(Memo)

4. 6. EXPLICACIÓN MATRIZ REGULAMENTO

A seguinte categoría é a relacionada coas regras, que está inserida na categoría *regulamento*. Neste caso soamente temos dous códigos que a compoñen que son o código de *funcionamento regras* (con este código interesámonos en saber como era a dinámica das regras, desde a súa posta en común ao seu aprendizaxe) e o código de *trampas* (con este código vemos cal é o comportamento en relación ás infraccións). No caso desta categoría queremos explicar como era o funcionamento dos xogos, dentro dun marco normativo no que son os propios practicantes os encargados de velar polo cumprimento das regras. No caso desta matriz soamente se recollen declaracións das propias nativas e nativos.

O primeiro código de *funcionamento regras*, obsérvase como as normas malia que xa viñan dunhas xeracións a outras, podían ser modificadas polos participantes adaptándoas as necesidades que tivesen en cada momento, o que podía derivar en situacións de conflito nalgúns casos. Neste punto tamén incluimos un extracto dunha observación recollida nun centro educativo, como mostra da variedade de normas que poden existir para un mesmo xogo. Neste punto a triangulación identificámola con cor laranxa, xa que soamente se recolle información a través da entrevistas, e malia que incluimos unha pequena mostra das observacións, consideramos que é a modo de anécdota que confirma que as normas dos xogos populares variaban dun lugar a outro.

O seguinte código que temos é o de *trampas*, este código o que nos permite é ver como se solucionaba o tema das infraccións nos xogos populares da comunidade. Neste punto o que comprobamos que moitos dos antivalores que se manifestan nos xogos populares, son como consecuencia das infraccións da regras. Agresións, pelexas, abuso, etc. Son condutas que se poñen de manifesto principalmente cando as normas non son acatadas por unha parte dos que xogan. Neste código a cor da triangulación é verde, xa que existe unha ampla triangulación de axentes e a información está recollida a través de entrevistas e informe autobiográfico.

4. 6. 1. MATRIZ REGULAMENTO

Matriz 6. Regulamento

			<i>Matriz Regulamento</i>	
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Códigos</i>	<i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Condicionantes Socioculturais	Regulamento	Funcionamento regras	<p>Dos intereses sempre, cando queriamos xogar ao fútbol, as veces xuntabamos 40, e saímos da escola: "veña imos xogar á area ao fútbol". E ían vindo máis e máis, e iamos escollendo os mellores: "ti dalle cara Canido, ti con nós". E así, e se podías sempre escollías aos mellores e os máis frouxos no outro equipo (risas), pero os malos como tiñan orgullo empezaban a patada limpa, patas nas canillas. N1 - (115:116)</p> <p>As regras do xogo, non había regras do xogo daquela. PREGUNTA: Non había? R: Non había nada. N2 - (133:136)</p> <p>Si, si, si. Iso cada un facía como lle daba a gana, ti poñías as túas normas. Por exemplo a pillar, había quen tiña que levar a un ao lombo, outros daban a machucar. Iso poñías ti as normas, cada un. N3 - (131:142)</p> <p>Pois ao comezo dicíase: "panda calquera". E poñíase. Pero xa nos viñan dadas tamén. Quero dicir que non se trocaban porque si, tódolos días. Quero dicir, os tres navíos ao mar ese, que ao mellor íamos, que a min parecíame unha burrada de xogo porque corrías todo Malpica e ías ata os pinos de Cotelo por enriba. Pois a min como xa me viñeron dados nós non inventamos nada. Sabes que pasa? Ao mellor na corda si que podía haber unha nova canción, nada máis. N5 - (92:93)</p> <p>Non. Mantiñámolas porque se transmitían de xeración en xeración, quero dicir, que xogar a montana churra, ou a pandalas, ou os grandes e pequenos, que era ir correndo os pequenos detrás dos grandes e os grandes detrás dos pequenos, era así son catro normas. Outro que me acordo agora, o palenque ou a billa que lle chamamos nós. Sabes o que é? N6 - (71:72)</p>	

Resposta: A verdade é que as veces eramos bastante cabróns, e cambiabámolos en función do noso interese. En función do interese de gañar, de xuntarte coa xente que fose máis potente, ata despois coñeces mellor o espazo, ata aquí fóra ata aquí non, aquí podes aquí non, se ti sabes xogar mellor e fas cousas que os outros non controlan, pois isto si vale esoutro non, todo iso (risas)

N7 - (74:75)

Resposta: Pois tiña que aprender a pelo, coma todo o mundo. Homeee! Ninguén llas explicaba ata que preguntaba, porque non lle quedaba outra. Porque xa estaba ata ao cu de levábalas ou deeee.... pois dicíaslle: "pois isto é así espabilate a base de xogar aprendes".

N7 - (74:81)

Eu penso que era un pouco por consenso, non se poñía en dúbida as normas do xogo, xa estaban postas de antemán. Eu nunca recordo poñer moitas normas, eu creo que como che dicía antes, se os maiores as puxeron e tiñas que aprendelas.

PREGUNTA: Podíanse cambiar en función do momento?

R: Mmm (SILENCIO) non me lembro moi ben, pero supoño que si. Eu sempre recordo de xogar sempre coas mesmas regras. Por exemplo, na áncora recordo que sempre estaban as mesmas regras e ninguén se propoñía trocalas. É dicir: "¡imos cambiar..." Non, non, eran as que había e estaba así, postas para todos. Era curioso, alí comezaban a xogar o primeiro que chegaba e máis o dono do balón, ninguén propoñía. É dicir, era un xogo no que o que chagaba a tres goles, ou non me lembro se eran tres ou cinco, supoño que era un pouco polo número de xente que houbera. E o que era o rei do campo, é dicir o que gañaba enfrontábase a outro que estaba agardando a que lle tocase o seu turno. Pero os primeiros que comezaban eran o primeiro e mais o que chegaba co balón. É dicir, se ti chegabas alí pero non tiñas balón, o que viña co balón era o do balón o que xogaba contra ti. Entón era unha norma que estaba implícita no xogo e ninguén se propoñía cambiar, xa era coñecida por todos.

N8 - (105:108)

Evidentemente preguntabas. É dicir, ti chegabas a un sitio no que (silencio) nunca xogaches ou non coñecías eh lle preguntabas aos que estaban xogando para que chas explicaran. É dicir, nese momento tíñaste que enterar de como xogaban para poder entrar un pouco na dinámica do xogo.

N8 - (109:114)

No monte xogabamos aos indios e os vaqueiros, partidas case infinitas nas que os equipos

	<p>respectaban as normas coma se un pacto de cabaleiros fose. Podías agocharte onde quixeses, facer emboscadas, camuflarte, enganar o que quixeses, pero iso si cando un escoitaba: Ta ta, estas morto! Inmediatamente sabías que había que entregarse e voltar a casa, de caso contrario algún compañeiro podía exercer o seu dereito de berrar: Xogo revoltó! Daquela automaticamente parábase a partida e discutíase sobre a infracción das normas e comezaba a partida de novo ou dábase por perdida automaticamente segundo fose a infracción de grave, e isto era respectado por todos. Porque de non ser así, se cadra non xogabas nesa tarde nin o día seguinte, e tamén existía a posibilidade de que che quentasen os fociños se eras teimudo nos teus argumentos. As partidas eran entre os rapaces da mesma zona do pobo ou entre equipos de zona, así estaban os da praza, da costa, do empalme, de xaviña, ect... Sempre xogabamos os nenos sen as nenas.</p> <p>N11 - (22:22)</p> <p>Hombre a veces si, porque entre que unos juegan de una manera, luego que las reglas no son las mismas por cualquier cosa, otros que tienen mal perder y cosas así.</p> <p>PREGUNTA: Cando non sabedes as normas, explicádesvolas?</p> <p>R: Si.</p> <p>N9 - (226:237)</p>	
<p>Condicionantes Socioculturais</p> <p>Regulamento</p>	<p>Un grupo de profesoras e profesores están xogando aos pelouros. Xorde unha discusión pola maneira de xogar. Unha recrimínalle á outra que deixa botar a pelota para coller os pelouros é que así é máis fácil. A outra dille que ela xogaba así na infancia é que a ela dáballe igual como xogase a compañeira que cada un tiña unha forma distinta de xogar e que ela en Andalucía xogaba así e que non se metese na súa vida. Un dos profesores ironiza coa discusión e ameázalles con retirarlle o xogo se continúa a polémica.</p> <p>Análise vídeos Recreos - (31:31)</p>	
<p>Trampas</p>	<p>Cando había algún trampulleiro?</p> <p>R: Buuuu, había piñas moitas veces meu filliño, hoo cantas veces “agharreabamos”. Duraban moito tempo e vouche explicar porque. Antes en Malpica case todos eramos familiares, antes casaban case todos uns entre os outros, eu non que xa casei cunha da aldea e teu pai tamén. Pero antes era así, os Chouciños cos Villares e así. Entón ti dáballe unha castaña a un compañeiro meu, ou primo que era máis (físicamente) ca el daquela era: "Abusón!" E viña un que era teu primo e veña, e despois un do outro lado, e así empezabamos andar a piñas todos xuntos (risas). Pero gozabamos, e de alí a un momento xa eramos todos amigos outra vez. Nada a piña limpa, non collías pedras nin paus, a piña limpa non era nada ohh, ti dábame a min eu a ti, cousas de rapaces.</p> <p>N1 - (119:122)</p>	

Cando había trampulleiros tiñamos moita rabia, enfadabámonos: "Es un trampulleiro, non fas máis ca trampas, non é así".

PREGUNTA: Castigábedelos?

R: Non os castigabamos, rifabamos con el ou con ela, con quen fora.

N2 - (145:148)

Ooiiiiiii! Nada, non pasaba nada. Porque os trampulleiros eran sempre os máis grandes, e mandaban eles e había que facer o que quixeran eles (Risas). Ameazábante con darche unha hostia, ou dábancha e despois chegabas á casa: "papá aaahhh!" E aínda levabas outra. Valía máis calar.

N3 - (133:142)

Home, collías a fama de trampulleiro, e os compañeiros apartábante un pouco, si, si. Home trampas non lle gusta a ninguén facelas, salvo en momentos dados, collías fama e quedabas un pouco illado.

N4 - (101:102)

Pois chamábaslle trampulleiro, dicíaslle que non xogaba máis ata o outro día. Non xogaba ese día nada máis [risas] despois esquecíaste. Pero si que había trampulleiros, claro que había.

N5 - (94:95)

Porque esas normas xa viñan dadas. A trampa, está nos pasos. Entón claro si o ves: "así non vale!! Me cago en tal!! Non sei que". Lío, podía haber trompazos tranquilamente, se xogaban os rapaces sós seguro que había tortas. (risas)

N5 - (97:97)

Normalmente xa había as súas normas de castigo, perdías puntuación, saíaste do xogo, pero digamos que nos partidos non había árbitros, nos xogos non había árbitros todos, sabíamos o que era man o que era penalti, aínda así cando xogabas contra os grandes, abusaban.

N6 - (75:78)

Pois depende da forza que tivese o trampulleiro. Se era un trampulleiro que era bo trampulleiro, pero que despois as podía levar, como o cazaran levábaas. Se era un compañeiro forte podía facer trampas que ninguén lle ía dicir nada.

PREGUNTA: Había castigo daquela?

R: A medida da forza era moi importante naquela momento, o poder tñao a forza, e o liderado

tíñao a forza, na rúa é che así.

N7 - (78:81)

Puff, Eu creo que sempre houbo trampulleiros. Eu creo que nunca pasou nada. É dicir, creo que tamén é unha cousa que ten que ver xogos non?

PREGUNTA: Non había pois eu que sei, penalizacións, ou pois agora non xogas máis, perdes turno?

R: O que o facía, o que facía trampa perdía iso seguro, pero "bueno" era unha cousa que a ver. Non habitualmente, pero nun xogo de nenos con normas eu penso que imposible que non haxa trampulleiros, porque o neno por natureza quere gañar. A min pásame agora que os meus cativos na aula, quedaste mirando para o patio inconscientemente, ves que o neno intenta gañarlle ao outro, ti non te metes e eles mesmos solucionan os problemas. Que pasa que un neno máis, un pouco máis pícaro, pois sempre sae gañando, pero "bueno" que é unha cousa que vai implícita ao xogo.

PREGUNTA: Cando non se sabían as normas que pasaba?

R: Evidentemente preguntabas. É dicir, ti chegabas a un sitio no que (silencio) nunca xogaches ou non coñecías eh lle preguntabas aos que estaban xogando para que chas explicaran. É dicir, nese momento tíñaste que enterar de como xogaban para poder entrar un pouco na dinámica do xogo.

N8 - (109:114)

Podías agocharte onde quixeses, facer emboscadas, camuflarte, enganar o que quixeses, pero iso si cando un escoitaba: Ta ta, estas morto! Inmediatamente sabías que había que entregarse e voltar a casa, de caso contrario algún compañeiro podía exercer o seu dereito de berrar: Xogo revoltó! Daquela automaticamente parábase a partida e discutíase sobre a infracción das normas e comezaba a partida de novo ou dábase por perdida automaticamente segundo fose a infracción de grave, e isto era respectado por todos. Porque de non ser así, se cadra non xogabas nesa tarde nin o día seguinte, e tamén existía a posibilidade de que che quentasen os fociños se eras teimudo nos teus argumentos.

N11 - (22:22)

PREGUNTA: Cando hai trampulleiros?

R: Hombre se les dice, y contestan: No, no se que. Fastidía un poco, pero siempre los hay.

PREGUNTA: Castigádelos ou deixádelos xogar?

R: Los dejamos jugar.

N9 - (226:237)

4. 7. EXPLICACIÓN MATRIZ VÍAS DE TRANSMISIÓN

Nesta matriz presentamos os temas relacionados coas Vías de transmisión, que está composta polos seguintes códigos, *Orais interxeracionais* (alude á cadea de transmisión oral dos xogos), *Novas canles comunicación* (fai referencia a canles non orais), *Adquisición por modelos* (explica como se aprendían os xogos populares), *Enculturación lúdica xuventude* (recolle información que explica o nivel de coñecemento dos xogos populares nas xeracións máis novas), *Ruptura xeracional* (mostra como a cadea de transmisión quebra interxeracionalmente).

Dentro da categoría de vías de transmisión, temos o código *oral interxeracional*, nel recollemos as declaracións que nos indican como a cadea oral interxeracional foi a que estivo presente nas distintas xeracións, sendo as xeracións das avoas, nais e fillos nas que esta forma de transmisión tivo un maior impacto.

Neste punto o nivel de triangulación e de cor laranxa xa que a información é recollida a través de entrevistas etnográficas e o informe autobiográfico. A triangulación de axentes é ampla xa que se presenta unha gran variedade de informantes que se manifestan sobre o tema.

Outro código ligado a esta categoría é o identificado como *novas canles de comunicación*.. Neste punto o que tratamos de recoller é a importancia das novas formas alternativas de transmisión e conservación dos xogos populares, as cales poden axudar a manter os xogos populares vivos hoxe en día. Neste caso soamente se presentan as declaracións dos profesionais educativos, xa que aos nativos non se lles preguntou por este tema nas entrevistas. A triangulación neste código identificámola cunha cor verde porque consideramos que a triangulación de axentes dos educadores é axeitada malia que non se recollan manifestacións aludindo ao tema de tódolos entrevistados. Ademais é necesario lembrar que dentro dos profesionais educativos foron oito entrevistados en total, polo que se correspondería coa metade dos informantes dentro deste perfil. As declaracións dos informantes vense completadas polas gravacións obtidas nos centros escolares, xa que dan mostra de como a escola é unha nova vía de transmisión dos xogos populares. Por esta razón engadimos unha memo para confirmar e lembrar que nas gravacións recollidas a escola pode ser unha nova canle de transmisión dos xogos

moi potente. Nestas observacións recóllese como a través de unidades didácticas específicas e programas extracurriculares se poden traballar este tipo de contido.

O seguinte tema que está dentro da categoría de vías de transmisión é o que explica como se aprendían eses xogos, este tema está etiquetado como *Adquisición imitación modelos*. Nese caso o que reflicte son as declaracións e datos referidos ao tema da aprendizaxe dos xogos. A imitación de modelos para aprender a xogar a moitos dos xogos populares recollidos na investigación sitúase como principal canle de aprendizaxe para tódalas xeracións. Isto queda refrendado polas declaracións dos informantes de distintas xeracións. Neste caso a triangulación de axentes está cinguida aos nativos en exclusiva, hai máis de catro axentes que se manifestan sobre o tema e as técnicas empregadas para a recollida de datos son tres, entrevistas etnográficas e as gravacións.

Outro código que completa esta categoría das *Vías de transmisión* é o relacionado co rachamento da transmisión oral entre as distintas xeracións ao que nomeamos como *ruptura interxeracional*. Neste caso recolleemos como a gran maioría dos informantes nativos non tivo a oportunidade de transmitir os xogos populares aos seus netos ou fillos. No caso dos informantes máis novos esta transmisión interxeracional de pais a fillos semella que non está moi asentada na súa vida diaria. Tamén se recollen declaracións dos educadores en relación ao tema que van na liña que reafirma esa ruptura interxeracional de adultos a nenos. Malia que nas gravacións obtidas no porto e na praia, comprobamos como aínda existe unha transmisión interxeracional dalgunhas prácticas lúdicas nas xeracións actuais, como así o confirma a memo que se insire a modo de recordatorio. A cor que identifica a triangulación neste código é a verde, porque neste código xa que a ampla triangulación de axentes e técnicas de recollida de datos que estruturan este código así nolo permiten.

Para finalizar esta categoría temos outro código que é denominado como *enculturación lúdica xuventude*. Neste punto o que se recolle son informacións de nativos e educadores nas que expliquen se consideran que existe un coñecemento xeralizado dos xogos populares nas xeracións dos xoves actuais. En definitiva se os procesos de transmisión e perpetuación dos xogos populares da comunidade ten como resultado o coñecemento dos xogos populares das xeracións máis vellas, por parte das

novas xeracións de mozas e mozos. Ademais das declaracións dos informantes existe unha memo que nos recorda que aínda existe certa enculturación lúdica asociada a determinados xogos populares da comunidade como se recolle nas gravacións obtidas, principalmente no porto.

Este tema é presentado de cor verde xa que está apoiado por unha ampla triangulación de axentes, xa que se presentan declaracións dos nativos e tamén dos profesionais educativos. Ademais a información é obtida a través de entrevistas etnográficas e tamén se recollen vídeos na praia e no porto nos que se comproba como parte dos xogos populares das xeracións pasadas seguen a manterse nas xeracións actuais.

4. 7. 1. MATRIZ VÍAS DE TRANSMISIÓN

Matriz 7. Vías de transmisión.

<i>Matriz Vías Transmisión</i>				
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Código</i>	<i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Condicionantes socioculturais	Vías de transmisión	Orais interxeracionais	<p>Viña duns para os outros, dos máis vellos para os máis novos. N1 - (81:82)</p> <p>Home fómos aprendendo de xeración en xeración, pero na escola apréndelos duns rapaces con outros. N4 - (51:52)</p> <p>Pois non sei. A min ninguén, quero dicir que estaban na rúa, estaba na rúa. PREGUNTA: Ti chegabas alí e xa. R: Xa estaba, si. N5 - (57:60)</p> <p>A través da práctica, oralmente e a través da práctica. Establecíanse as mínimas regras e despois facíase e rapidamente se collía a dinámica. N6 - (54:55)</p> <p>Pero é unha mágoa, porque efectivamente hai moitos xogos que foi dunha transmisión de pais a fillos, N6 - (98:98)</p> <p>Pois alí estábamos miña avoa e máis eu, un neno que non levantaba nin medio metro cun balón de plástico do Mundial de España 82, co debuxo de “Naranjito” ben grande, que case era igual de grande ca min. Eu pegándolle patadas e miña avoa de porteira, estes foron os meus primeiros pasos da miña carreira futbolística xa que despois sempre xoguei a fútbol sala e grande tanto como afeccionado como deportista federado. N11 - (4:4)</p> <p>As árbores estaban ben sinaladas con cravos, supoño que as xeracións anteriores se</p>	

	<p>encargaran de cravar, eu nunca cravei ningún porque non facía falla e ademais estaban ben colocados para que un puidese ir facendo os agarres e apoios necesarios ata chegar a zona das pólas e alí xa non necesitabas de nada, salvo as túas mans, pernas e as túas habilidades coma escalador e unha alta dose de bravura. Porque había que ser bravo para chegar até a copa das árbores N11 - (23:23)</p> <p>No, me enseñaron lo típico, es esto y se juega así, pero nunca jugué. PREGUNTA: Nunca xogaches, ensinároncho, pero nunca xogaches. Quen cho ensinou, papá, ou non te acordas? R: Eh, a ver, no me acuerdo. Bueno si la peonza si, me enseñaron en el colegio, y luego lo típico los amigos en el jardín y jugué, pero tampoco demasiado. N9 - (96:99)</p> <p>A vía de transmisión oral aínda permanece hoxe en día viva para determinadas actividades, como son os xogos no porto e na praia, saltos, nado, vogar nos botes, barcanas, etc. Aínda que cremos que este intercambio oral é menor que nas xeracións pasadas pola tipoloxía dos xogos, que teñen un carácter máis individual que colectivo. (MEMO)</p>	
<p>Novas canles de comunicación</p>	<p>Eu, non sei, non creo que se lle ensinen nada na escola destas cousas. Ti que dis, a ti ensináronche na escola algo diso? PREGUNTA: A min, non. R: Pois eu creo, que tampouco porque nunca vexo a ningún rapaz xogando a iso, nunca os vexo. N1 - (168:171)</p> <p>Non, non para nada a escola o que fai en gran medida é perpetuar o que xa hai, e outorgarlle unha pátina de politicamente correcto que isto é o que se estila, e o que se fai, e en algúns casos fomenta iso. É unha mágoa porque cos recursos que teñen, os coñecementos que teñen, os espazos que teñen, e a sensibilidade que ten o profesorado e outros profesionais que podería haber e non hai. Ou os que hai non teñen esa cualificación ou sensibilidade de respecto ao patrimonio. Dende logo é un cúmulo de experiencias que se están perdendo, hai iniciativas por aí de recuperación de xogos populares, pero que son pequenas aldeas de Asterix. N6 - (109:110)</p>	

	<p>Non, non, tanto como contido obrigatorio non. Pero si debería ser unha sensibilidade de docentes e profesionais complementarios que comezan a acudir e asistir as aulas nos contornos educativos, si que poderían coñecer as plusvalías de promover o xogo tradicional máis noso. N6 - (111:111)</p> <p>O mundo laboral na E.F. Non é predestinado e cando te metes nun concello tes que estar preparado para todo. Porque cando vén a época do verán, cando hai sol, e hai espazos fóra teste que montar a vida fóra, para darlle alimentos aos nenos e daquela hai que montar xogos populares, actividades ao aire libre e daquela os xogos populares non poden faltar. Entón hai que pasar por aí, en certos momentos hai que ir á praia, ao campo, facer carreiras de orientación, os xogos libres na natureza, o xogo popular entra. N7 - (116:117)</p> <p>Creo que se debería facer máis. Evidentemente creo que na escola non se fai o suficiente para que non se perdan determinados xogos, quitando algúns colexios que fan actividades puntuais, o día dos xogos populares ou calquera actividade así. Creo que se podería facer máis. N8 - (154:157)</p>	
	<p>Eu creo que non, que se non o facemos na escola mal, pero debería ser a familia tamén a que contribuíra, "bueno" a sociedade en xeral que contribuíra á difusión. DP1 - (181:182)</p> <p>Non, penso que debería haber un maior apoio de diversas institucións. Pero si que é certo que a escola é un lugar moi importante para que se conserven e se poidan difundir. Aquí hoxe en día, incúlcense moitos hábitos, moitas "rutinas" de xogo, ou si aquí os practican temos maiores posibilidades de que se sigan practicando fóra DP2 - (143:144)</p> <p>Antes penso que eran por comunicación oral, e agora si que hai máis materiais editados e impresos, incluso na web que tratan sobre os xogos, e hai moi bos materiais. Penso que se poden aprender mediante a busca, pola curiosidade, se pode acceder a moitos materiais. DP2 - (102:103)</p> <p>Penso que si, é que realmente hoxe en día é case o único medio de transmisión. Os rapaces de primaria veñen para aquí e vexo que alí na escola tamén llos explicaron, algún</p>	

profesor, e despois continuo aquí con eles. Home, raramente porque non tes tempo pra todo, pero sobre todo en quecementos e cousas así si que fago.

DS1 - (184:185)

Creo que tamén as novas editoriais penso que se esqueceron un pouco tamén do tema este. E posiblemente se inventou outras cousiñas, pero non o tradicional ese como a billarda, as bolas non hai ou como era o “trompo” (buxaina) foise máis ben a outro tipo de xogos distintos.

DS1 - (125:125)

Bueno, si entendemos por vías de comunicación, todo tipo de vías. No, porque agora hay unas que pueden estar informados de cualquier cosa, no solo por la transmisión de sus padres y sus abuelos. Teclean buxaina en “Google” y saben más o menos lo que es una buxaina sin consultárselo a nadie. Pueden tener los métodos de antes y los actuales. Y les gustan más los actuales desde luego, antes de ir a preguntar a su abuelo y que le cuenten como jugaban, van a mirar a la página determinada, o antes ir a la biblioteca a ver el libro de Chirlosmirlos o cualquier cosa le preguntan a quién sea. A quién sea en “Google” me refiero.

DS2 - (90:93)

Eu penso que non. Penso que antes a parte máis importante de transmisión eran os irmáns maiores e os amigos maiores e agora practicamente iso na escola. Ou senón agora por exemplo, coas maquiñiñas, porque se intercambian os xogos. Quizais sería o mesmo que faciamos nós, só que nós o faciamos con xogos populares e con outro tipo de materiais, e eles agora fano coa “Wii”, coa “Play” ou o monopatín con motor xa (risas), e daquela, pois iso.

DC1 - (121:122)

Home, soamente na escola, sempre se pode ir un pouco máis alá. Pero si penso que si se ensinaran habitualmente, o fixeran dunha forma correcta penso que si se pode manter.

DC1 - (202:203)

Pois, non sei que dicirche. Nós estabamos máis tempo que agora na rúa, e nós xogabamos ao que viamos, e nós xogabamos coma os outros. Agora como me dá que os rapaces non están moito na rúa, pois o ven pola TV, ou no patio do colexio cando algún descobre algo novo, ou polas modas que traen de fóra.

			<p>NDC2 - (149:150)</p> <p>As gravacións nos centros de primaria dan constancia de como a escola é unha nova canle de transmisión dos xogos populares. No caso da investigación hai gravacións nas que se recollen unidades didácticas na clase de EF, e tamén nos patios de recreo nos diarios de campo e ademais nas análises dos patios dos recreos cando se aplicaban os programas de xogos populares. (Memo)</p>
Condicionantes	Vías de transmisión	Adquisición Imitación modelos	<p>Ai, aprendíamolos nós, non facía falta que nos ensinara ninguén. Cada un aprendía por si só. [risas] PREGUNTA: Aprendiades vós mesmos pero como? R: Mirando o que facía o outro. O primeiro que facía un e despois copiabamos todos. Como fan agora. N2 - (69:72)</p> <p>Nada, nada, nada. Tanto de 5 anos para arriba ata os 40. Moitas veces os que non ían á escola viñan, igual xogar para onde nós, e xogabamos todos igual (silencio) N3 - (85:88)</p> <p>Por imitación era, era os grandes, os pequenos, xogabamos moi interxeneracionalmente, sobre todo os xogos de a pillar, a pandalas, o "escondite". Era moi habitual que os maiores que nos podían levar 3, 4 ou 5 anos, xogabamos con eles, educaban ludicamente aos que viñan de atrás. N6 - (48:49)</p> <p>Ninguén nace aprendido, ti ves a uns e un día entras, e despois segues, e despois aprendes, e despois se che gusta transmítelo, coma todo na vida. N7 - (53:54)</p> <p>En tódolos xogos había participantes de distintas idades, e nos xogos os maiores eran os que se encargaban de velar polo cumprimento das normas e de impoñer as sancións a aqueles que non as cumpriren, en ocasións as sancións podían levar o castigo físico como elemento de reprimenda para aquelas infraccións graves, ou o mesmo xogo era bruto e salvaxe na súa natureza. Cando xogabamos non tiñamos un profesor que nos explicase os xogos simplemente con mirar e observar detidamente xa chegaba, xa estabas preparado para xogar, imitabas o que vías que facía o resto dos rapaces.</p>

	<p>N11 - (43:44)</p> <p>Nas gravacións do porto e da praia recóllense moitas escenas nas que existen nenas e nenos de distintas xeracións xogando a saltar desde o porto, "ouchea" polas pedras, ir á vía, as palas, ao balón, ect. Aprenden a través da imitación de modelos na actualidade tamén. (Memo)</p>	
<p>Ruptura interxeracional</p>	<p>Que carallo ía ensinar! Se Cuevas (fillo) non quería nada máis que xogar ao fútbol. Cuevas dende que naceu non sabía nada máis que xogar ca pelota, e aínda a Esteban (neto) tamén lle leva idea. Eu non nunca me levou idea o fútbol, cando me dicían de xogar. N1 - (83:84)</p> <p>Non, non, porque eles xa colleron outras cousas, as bicicletas, os patíns e todo iso. N2 - (74:75)</p> <p>Non, non, nada. De "ouchea" xa nada, porque os nenos xa non van nin tolos, como íamos nós, nin tolos. (silencio) N3 - (249:250)</p> <p>Netos non teño, os meus fillos colleron outros mundos, e non nunca os vin xogar, unicamente ao fútbol, a min tamén me gustaba xogar moito ao balón, á pelota non, ao balón. N4 - (54:56)</p> <p>Eu si. Porque eu tiven unha época que daba clases. Era unha especie de Amaliña, sabes? Que tiña unha gardería. Entón si que sempre me cadrou de estar con nenos e ensinarlles. N5 - (62:63)</p> <p>Si, si. Pero ensíneinos máis como familiar, porque a miña infancia foi truncada nese sentido, porque eu marchei aos 10 anos, e xogos na cidade xa eran máis regrados, a rebumbio, no patio, a unhas horas, cuns espazos determinados, o terreo de xogo marcado, entón nese sentido a miña función socializadora a través do xogo co xogo, pois ehha truncouse. Pero si que aos meus sobriños, aos meus fillos non sei si por deformación profesional, ou porque valoro ese traslado de patrimonio lúdico ás diferentes xeracións si que o fixen.</p>	

N6 - (51:52)

O mundo laboral na E.F. Non é predestinado e cando te metes nun concello tes que estar preparado para todo. Porque cando vén a época do verán, cando hai sol, e hai espazos fóra teste que montar a vida fóra, para darlle alimentos aos nenos e daquela hai que montar xogos populares, actividades ao aire libre e daquela os xogos populares non poden faltar. Entón hai que pasar por aí, en certos momentos hai que ir á praia, ao campo, facer carreiras de orientación, os xogos libres na natureza, o xogo popular entra.

N7 - (117:117)

PEGUNTA: Como os coñeciches?

R: En el colegio

PREGUNTA: No colexio?

R: Si

PREGUNTA: Non che ensinaron ningún xogo mamá ou papá, ou os amigos?

R: No, que me de cuenta, pero a lo mejor si.

N9 - (49:56)

No, me enseñaron lo típico, es esto y se juega así, pero nunca jugué.

PREGUNTA: Nunca xogaches, ensinároncho, pero nunca xogaches. Quen cho ensinou, papá, ou non te acordas?

R: Eh, a ver, no me acuerdo. Bueno si la peonza si, me enseñaron en el colegio, y luego lo típico los amigos en el jardín y jugué, pero tampoco demasiado.

N9 - (96:99)

RESPOSTA 2: Non, eu non me tirei pero si que vin tirarse. Tampouco xogo á chave pero vin xogar, xoga meu pai.

PREGUNTA: Ti non xogas á chave?

RESPOSTA 2: Xoguei unha vez pero...

PREGUNTA: Non se che dá ben?

RESPOSTA 2: Non.

N10 - (575:579)

Vós cando erades máis pequenos xogastes ás agachadas e iso, pero xogáchedes cos vosos pais, ensináronvos algún xogo destes?

Resposta 1: Creo que cando era máis pequeniña si, pero non me acordo moi ben.

	<p>N10 - (420:421)</p> <p>Nos vídeos do porto principalmente existen numerosas escenas e clips nos que se comproba que aínda existe certa transmisión interxeracional. Xa que hai pais que acoden a ensinarlle no porto a nadar. Nos vídeos da praia vese como tamén hai numerosas escenas nas que adultos ensinan como cavar na area, a xogar ás palas. Así mesmo tamén se pode ver como existe certa transmisión interxeracional entre a mocidade da vila.</p> <p>(Memo)</p>	
	<p>Porque eles non os coñecen, eu creo que houbo unha xeración na que houbo un parón no que se perdeu a práctica deses xogos. E hai aí unha xeración que non coñece ese tipo de xogos, entón claro, non os pode transmitir.</p> <p>DP1 - (128:129)</p> <p>Efectivamente fala deles. Pero canta xente non sabe deles? Porque eu coñezo un pouco o tema porque vivín nunha aldea pero ao mellor xente da miña idade que vivían nas cidades, xa non vivían isto coñecen isto, nin a “canica” nin unha chea de cousas. É un tema que está aí, e mais se queres ti moi romántico destas cousas, pero eu creo que non hai tanta práctica, sobre todo a nivel de escola de rapaces.</p> <p>DS1 - (135:135)</p> <p>No, no. Porque es lo que te digo, mis hijos y me imagino que le pasa ahora a mucha gente, que los niños de núcleos urbanos no viven en la calle. Yo creo que el juego tradicional este es más de transmisión en la calle. Ahora pasan de salir del cole a la actividad de turno y de la actividad de turno a casa en muchos casos.</p> <p>DS2 - (31:32)</p> <p>Pueden tener los métodos de antes y los actuales. Y les gustan más los actuales desde luego, antes de ir a preguntar a su abuelo y que le cuenten como jugaban, van a mirar a la página determinada, o antes ir a la biblioteca a ver el libro de Chirlosmirlos o cualquier cosa le preguntan a quién sea. A quién sea en “Google” me refiero.</p> <p>DS2 - (93:93)</p>	
<p>Enculturación Lúdica xuventude</p>	<p>Eu penso que non, penso que non, porque nunca os vexo, entendes? Si ves un día un, mira ese rapaz carallo. Nunca os vexo.</p> <p>N1 – (148:149)</p> <p>Eu, non sei, non creo que se lle ensinen nada na escola destas cousas. Ti que dis, a ti</p>	

ensináronche na escola algo diso?

PREGUNTA: A min, non.

R: Pois eu creo, que tampouco porque nunca vexo a ningún rapaz xogando a iso, nunca os vexo.

N1 - (168:171)

Pensas que os rapaces de agora coñecen estes xogos?

Resposta: Eu creo que os rapaces de agora teñen outras cousas máis modernas e non se paran a aprender esas cousas de antes. Non, porque ti agora non ves a ninguén cunha corda, a unha nena saltando á corda. Agora con doce anos xa andan con mozo e xa non. Xa abandonan o xogo todo, e máis a súa nenez. É que estas xa non desfrutan da nenez, porque van ás escolas, das escolas cos deberes para a casa, xa non teñen nin tempo para xogar.

N2 - (185:186)

Non! Nada, nada! Nin os coñecen porque se os coñecesen. A buxaina aínda.

PREGUNTA: Ves a algún?

R: Si, vexo aínda a algún, (silencio) por Semana Santa. Despois, nada, ao aro nada. Ao aro ese nunca máis se viu en Malpica. Eu vino así en Carballo (ruídos de caer cousas, dun mariñeiro que traballa con el) Vin así, alí a un xitaniño así en Carballo e acordouseme, e ata me caía a min a lágrima de alegría. "Mira para aí aínda segue". E nada máis, non vin máis. E a baralla ao peperiche nada. A mocidade de agora nada, dedícanse a outras cousas.

N3 - (240:243)

Eu creo que non, porque ata me parece que os xogos que empregan agora da corda me parecen moi individuais, que é como o adestramento que fan os boxeadores, moi individual, saltan á corda individual. Pero antes individual había, pero moi pouquiño, antes era todo con tódolos nenos, participabamos tódalas rapazas na corda, e a que tiña a corda ou a goma esa era a máis querida.

Pensas que os xogos populares se lle ensinan ós máis pequenos?

Resposta: Non.

N4 - (119:12)

Moitos deles non, moitos deles non. Algúns é imposible agora desenvolvelos, por exemplo se queren ir pescar aos panchos non poden. Non hai, esquilmouse esa especie,

polo menos na bocana do porto. Pero é unha mágoa, porque efectivamente hai moitos xogos que foi dunha transmisión de pais a fillos, de maiores a menores fóronse perdendo, os espazos xa non son os mesmos, hai moitas zonas asfaltadas onde se podería xogar. Tamén eran xogos onde o utensilio pois sempre había un avó, un pai, un irmán maior que cho facía. Un veciño que che preparaba o palenque, o aro, e hoxe en día a estrutura familiar é outra, a socialización faise moito cara dentro dos fogares, e todo iso fai que sexa unha perda.

N6 - (96:98)

Non, penso que se perdeu moitísimo, nestes teño 36 pois dende os meus 14 ou 13 anos ata agora, penso que se perderon un lote de cousas, polo que eu vexo, ca chegada do ordenador, da rede, da "play-station" e todas estas historias. Creo que o xogo popular, incluso diría que está en perigo de extinción. Mentres haxa pobos e vida rural está a a salvo, pero nas cidades creo que está bastante fodida a cousa con respecto ao xogo popular.

N7 - (98:99)

Si, é certo que nos colexios é raro non ver, eh a típica xornada de xogos populares, que creo que a súa función e explicarlle aos nenos estes xogos que se perden.

N8 - (90:91)

Algúns si e outros non, porque non se xogan. Pero a maioría deles si. Os xogos da pilla, os xogos do "escondite", xogos de (silencio) por exemplo. Si que é certo que outros moitos igual non. Eu acórdome de xogar a xogos chamados de nenas, que eran os xogos da mariola , os xogos da goma, que se cantaba unha canción e andabas a facer saltos dun lado a outro, agora mesmo non vexo nin xogar ás nenas. E eses eran uns xogos que nós xogabamos moito, os nenos. Pois os nenos non o coñecen e antes era típico polas rúas de Malpica, ver pintada cun xiz unha mariola no chan, e agora mesmo non o ves. É dicir, antes si se xogaba e agora non se xoga tanto a iso.

N8 - (130:131)

Nada, as "canicas" si.

PREGUNTA: O aro, a rá?

RESPOSTA 1: Non.

PREGUNTA: Nin sequera os coñecedes?

RESPOSTA 1: A maioría non.

	<p>N10 - (110:115)</p> <p>Os de sempre, á mariola, as agochadas, á roda, á corda. PREGUNTA: Á roda? Como é iso da roda, é levar un aro? RESPOSTA 1: Non, un grupo de rapaces póñense agarrados da man e comezan a cantar e van dando voltas. PREGUNTA: Iso que o facíades na escola? RESPOSTA 1: En Primaria</p> <p>N10 - (363:370)</p> <p>Nos vídeos do porto e praia vese como aínda existe un proceso de enculturación espontáneo no que algúns xogos son mantidos repertorio local grazas ao contacto interxeracional das xeracións máis mozas. Isto pode verse claramente nos vídeos do porto xa que se reúnen grupos de distintas idades nos que a manifestación do “childlore” está presente dunha maneira natural. (MEMO)</p>	
	<p>Penso que pouco a pouco, e sobre todo cando están no centro si que van coñecendo. É raro que lle preguntes a un rapaz por un xogo popular, sobre todo a un rapaz que xa estea avanzado na escolaridade e que non o coñeza. Pero claro, antes das primeiras unidades, si que teñen un descoñecemento bastante grande. DP2 - (193:194)</p> <p>Estes que che acabo de contar, si. Poderíache facer un pouco de enumeración dos que faciamos nós aquí. O brilé que é moi popular aquí e tamén xa é moi coñecido, encántalle que disfrutan con el, co brilé. Veñen os de primeiro: "podemos xogar ao brilé?" Entón tes que deirxarlle esa ilusión. DS1 - (242:243)</p> <p>Porque no tienen, vamos la transmisión en sus casas me imagino que alguno la tendrá, algún conocimiento de actividades de atrás. Tampoco es algo que interese, que interese, vamos socialmente, no sé me dá esa sensación. DS2 - (202:205)</p>	

4. 8. EXPLICACIÓN MATRIZ XÉNERO

A matriz relacionada coa categoría do *xénero*, está composta polos códigos *xogos de xénero*, (refírese á practica de determinados xogos en función o xénero dos participantes); outro código é *sociedade e xénero* (alude ao papel que desenvolve a sociedade en establecer uns roles e xogos en función do xénero); o seguinte código é *coeducación escolar e xénero* (con este pretendemos achegarnos ao papel da escola no tratamento do xénero); xa para finalizar esta categoría temos o código de *xogo escolar e xénero* (aquí achegámonos á realidade dos xogos que son practicados en función do xénero nos centros educativos). Nesta categoría recollemos as declaracións dos nativos por unha banda que nos recordan como vivenciaron os xogos na infancia en relación ao tema do xénero, e como este tema se percibía desde a sociedade local a grandes rasgos. Tamén cremos que é imprescindible saber como se artellaba este tema na escola, tanto polo lado das experiencias das nativas e nativos, como polo lado dos profesionais, así mesmo vemos nesta matriz cal é a actividade lúdica en función do xénero nas escolas no momento actual.

O primeiro código é o de *xogos de xénero*, recollemos as lembranzas dos informantes que nos indican que si que existían xogos de nenas e nenos, pero é curioso que semella existía bastante xogo en común a pesar de que existían xogos de exclusivos de cada xénero, neste caso tódalas xeracións desde as avoas/avós ata chegar aos fillos teñen o mesmo discurso, recordan ter xogos de nenas e nenos, malia que en ocasións xogaban de xeito mesturado a estes xogos. Aquí o nivel de triangulación indicámolo en cor verde xa que a triangulación de axentes é moi ampla e ademais empregamos as entrevistas e o informe autobiográfico para recoller a información.

O seguinte código é o de *sociedade e xénero*, vemos como a influencia da sociedade nas condutas lúdicas da infancia e mocidade dos informantes. Neste caso son as xeracións máis vellas as que lembran con maior intensidade esta presión social sobre o tipo de xogos que debían practicar en función do xénero. Outra perspectiva que temos sobre a presión social sobre o xogo na comunidade, é a dos profesionais educativos que nos aproximan á realidade actual e como vén eles o tema da influencia social e os xogos das nenas e nenos desde a súa perspectiva. Malia que os avances sociais neste tema son claros aínda semella que se mantén a perpetuación de modelos en función do xénero. Para este código designamos unha cor laranxa xa que a triangulación de axentes nativos

é limitada a poucos axentes, e soamente empregamos as entrevistas como técnica de recollida de datos.

Outro aspecto relacionado co xogo e o xénero, está relacionado co código coeducación escolar e xénero, no que tratamos de describir como a influencia da escola e do modelo educativo, inflúe directamente á hora de que se xoguen a unhas cousas ou a outras. Aquí temos as lembranzas dalgúns nativos que nos recordan como a escola era segregada e que non existía moita coeducación na época na que estudaban. E na outra cara da moeda temos as declaracións dos profesionais educativos que nos relatan como vén eles o tema do xénero na escola, e como se enfrontan eles ante este tema nas súas clases. Neste punto a cor designada é laranxa pola triangulación de axentes, que é moi baixa no caso dos nativos, pero que se ve compensada coa dos profesionais, e as técnicas para recoller a información son as entrevistas.

A categoría é completada co código *xogo escolar e xénero*, que nos relata a tipoloxía de xogos que son practicados na actualidade nos centros escolares, e que nos permite contrastar se existe unha aposta pola integración dos xéneros nos xogos que son producidos na escola. Temos que incidir que existe na actualidade unha gran segregación lúdica das nenas e nenos nas dúas etapas educativas, e que froito desta segregación e a falta de repertorio lúdico, nos centros de primaria levaron sendas iniciativas nos recreos para intentar reconducir esta problemática, xunto con outros problemas detectados nos centros de primaria. A cor asignada é verde xa que existen as declaracións dos escolares e dos profesionais, e tamén debido a que se empregaron as entrevistas etnográficas e semiestruturadas, xunto coas gravacións obtidas nos centros escolares para contrastar este código.

4. 8. 1. MATRIZ XÉNERO

Matriz 8. Xénero

<i>Matriz Xénero</i>				<i>Triangulación</i>
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Códigos</i>	<i>Manifestado por</i>	
Condicionantes Socioculturais	Xénero	Xogos de xénero	<p>"Bueno", si ao saír da escola, pero non nos xuntabamos moito. Non porque eu tiña unha navalliña, que chamaba a navalliña do tío Enrique, era un pouquiño máis pequena ca isto así de pau (case un dedo de larga con empuñadura e todo), eu era tremendo ehhe, e as rapazas estaban xogando, cantando: "ALI CHORI PATACA FRITA", no medio e medio de Malpica, alí na acera de Cachón. Era onde está o Banco Galego onde había acera, ata onde está o cachón pouco máis, despois era todo barro e pozas e aquilo era cemento, e as rapazas poñíanse alí. Alá imos saltar cas nenas, e as nenas: "os nenos Non!" E dábannos tiróns cando estabamos saltando, e gordos cando. Me cago na! E eu tiña unha navalliña así, eu era tremendo hoo, tódolos días queixas na casa, e eu metíame na corda e cando chegaba por aquí: (cintura) "Tiraaa!" E tiraban e eu collía e cortáballe a corda (risas) e despois xa andaban atrás de min sempre e dicíanlle ao meu pai, e cando chegaba a casa leña.</p> <p>N1 - (95:96)</p> <p>Si acórdome, pero eran os rapaces máis ben. Si e despois había tamén... Ai, omo se chama, oh?</p> <p>PREGUNTA: A chave?</p> <p>R: Si, a chave, que xogaban os homes aquí diante, que era o bar de Manolo de Añón,</p> <p>PREGUNTA: No Submarino?(cafetería)</p> <p>R: Si, no Submarino pero na parte de enriba, porque alí era terra, e colocaban a chave alí, os mozos tamén.</p> <p>N2 - (62:67)</p> <p>Umm, case tódolos nenos faciamos as mesmas cousas.</p> <p>PREGUNTA: Pero ti antes contábasme que os nenos xogaban máis ao corrompa e a estas cousas?</p> <p>R: Si, pero máis ou menos xogabamos ás mesmas cousas. Á billa tamén xogabamos as mulleres e mailos homes, incluso na praia xogabamos á billa. Faciamos así unha morea de area [indica que facían unha pequena morea de area] poñíamos a billa e PLAF!!! Xogabamos os rapaces e máis as rapazas.</p> <p>N2 - (80:85)</p> <p>Eu nadaba á vía e máis había cada nadadora bárbara. Os sábados na praia nadando, desde aquí ata o outro</p>	

lado nadando, si. Con dezaioito ou dezanove anos, había tres ou catro que lle chamaban Carmén de Ramón, a Paoliña, Minota espera que máis, Bienvenida a de Olegario. Esas tirábanse desde as pontes dos barcos nos portos e tirábanse desde as pontes ao mar na ribeira. Había rapazas moi valentes daquela xa para iso.

PREGUNTA: Non había ningún problema, non lle prohibían?

R: Non lle prohibían nada. Cada un facía o que podía.

N2 - (164:167)

Eu, xogos de nenos e nenas claro que había. Pero á corda xogaban as nenas, antes xogaban as nenas soas e os nenos sós, pero eu como non teño irmáns, nin teño nada, e tiveren moita relación con dous primos por iso xoguei a cousas de nenos.

PREGUNTA: Dependía un pouco do ámbito familiar que xogases con nenos ou con nenas?

R: Moitísimo Claro, dependía.

N4 - (67:70)

Porque as nenas xogabamos ao brilé pero despois queríamos xogar cos nenos ao palán, o tres navíos.

N5 - (35:35)

Resposta: Si, brilé e corda. Si brilé, corda. Porque o fútbol xa non era noso. Agora aínda xogan moitas nenas, antes non. E iso os tres navíos e as agachadas. Porque podíamos xogar todos.

N5 - (69:69)

Si, normalmente si. Normalmente, eramos todos os amigos da mesma idade, de oito anos, podía vir algún. Normalmente tiñamos aquelas cuadrillas. Antes xogábase moito na rúa, pero cada un tiña as súas cuadrillas e as súas amizades. Viña un máis grande e dicíalle: "pois hai que xogar así". Falabamos dos xogos que eran de nenos e de nenas?

PREGUNTA: Si.

R: Había algún rapaz que viña xogar con nós á corda, pero logo lle chamaban "mariquita" ou calquera cousa, ou que viña xogar ao brilé. Pero despois había separación, podía haber un rapaz.

N5 - (70:76)

O brilé, e facer perillotes e saltar. Se tiñamos goma, á goma ou facer corazóns.

PREGUNTA: Ir á vía, facíades?

R: Máis os rapaces.

PREGUNTA: Máis os nenos que as nenas?

R: Máis os nenos. As nenas, algunha que lle chamábase "marimacho" ao mellor, sabes? Iamos pero non

coma eles que ir á vía era cousa de nenos.
N5 - (111:116)

Si, si. Fundamentalmente os rapaces xogabamos ao fútbol os rapaces. E logo eh xogos de máis carácter, eh, mixto eh. É dicir rapaces, nenos e nenas xogando á mariola, que era de pintar uns cadros cuns números na rúa e cunha pedra, a poder ser un anaquiño de terrazo, que esvarase bastante ben, pois xogabamos á mariola. Tamén xogabamos á corda que acompañabamos con cancións: “a vi, chorola, que perdeches chora”. Ou: “rei, rei cantos anos vivirei, vintecinco non o sei” Pois o que aguantaras. Despois xa había xogos como a laviscura o "escondite".

N6 - (31:32)

Eu ao das nenas nunca xoguei.

PREGUNTA: Non? Por exemplo?

R: Pois, non sei me imaxino que xogarían ás casiñas e a cousas desas.

PREGUNTA: Á mariola nunca xogaches?

R: Ah, si.

PREGUNTA: E a corda?

R: Á corda tamén. Si eu nese sentido era un pouco atípico. Xogaban dous ou tres, pero non tódolos nenos. Había a goma tamén.

NDC2 - (61:67)

Si, si, si e mais vouche dicir unha cousa, por exemplo, na miña xeración e na miña clase. A miña clase, sacámola do que era a escola e xogabamos a fútbol praia todos xuntos da miña escola, eramos Sesi, Pombo.... todos estes e xogabamos ao brilé coas rapazas, os campionatos xogabamos. É dicir non había deportes de nenos e nenas.

N7 - (56:56)

Eu acórdome de xogar a xogos chamados de nenas, que eran os xogos da mariola, os xogos da goma, que se cantaba unha canción e andabas a facer saltos dun lado a outro, agora mesmo non vexo nin xogar ás nenas. E eses eran uns xogos que nós xogabamos moito, os nenos. Pois os nenos non o coñecen e antes era típico polas rúas de Malpica, ver pintada cun xiz unha mariola no chan, e agora mesmo non o ves. É dicir, antes si se xogaba e agora non se xoga tanto a iso

N8 - (131:131)

Xogar ao xoquei, cos carabullos das berzas ou con calquera pau que tivese forma parecida a un “stick” de xoquei. Cos paus e unha pelota de tenis ou calquera bola que fose pequena e non quedaba nada máis que

	<p>poñer unhas chaquetas ou caixas de froita para facer as porterías e xa estaba a partida montada. Non precisabamos de nada máis, valía calquera lugar que fose un terreo o máis liso posible, este tamén era un xogo de nenos. N11 - (25:25)</p> <p>No verán cando maduraba o millo adicabámonos a ir ao millo e comelo cando aínda esta leitoso o gran do millo, pero tamén asaltabamos as plantacións, na procura dos grans para ter munición para os tiramillos, eran coma uns tiracroios que se facían coa boca dunha botella de plástico e logo colocábase un globo polo lado do tapón e fixébase con cinta ou esparadrapo, e xa tiñas un tiramillos. Servía para darlle ás dianas ou botes que nos colocabamos, ou para darnos entre nós mesmos, sempre xogabamos nenos a isto nunca as rapazas. N11 - (26:26)</p> <p>No porto tamén aprendías a vogar nas chalanas ou botes, dalgún amigo. É unha vila mariñeira e sempre había algún pai, avó, amigo ou coñecido que che deixaba a chalana ou ía unha persoa maior cos máis pequenos para seguridade e aprendías a vogar, para moitos rapaces era xa un primeiro contacto coa súa futura profesión de mariñeiro. No porto non existía moita diferenza entre nenos e nenas xa que os xogos eran de todos, quizais os nenos fosen un pouco máis atrevidos cas rapazas. N11 - (38:39)</p> <p>Nas gravacións obtidas collemos escenas no porto, e comprobamos como nenas e nenos, xogan a mergullarse no mar, saltando desde o dique do porto, nadando, etc. Na praia tamén temos mostras de como nenas e nenos , xogan conxuntamente a saltar polas pedras, pescar, xogos coa area, nadar, ir a vía, etc. (MEMO)</p>	
<p>Sociedade – Xénero</p>	<p>Pois dende que vin do colexio, que non quixen estudar, pois adiqueime a facer o traballo da casa de arriba, limpar as habitacións, aprendín a bordar, aprendín a coser. Aprendín a bordar a man, a máquina, ou sexa que aprendín tódolos traballos de manualidades, aprendín a todos. Miña nai obrigoume a aprender de todo para que o día que mecasara fora unha muller completa. N2 - (23:24)</p> <p>Non, non iso era fóra da escola, cando saíamos da escola, no recreo case non xogábamos que tiñamos moi pouquiño tempo. PREGUNTA: E o mestre non vos facía xogar a nada? R: Non, nada máis que nos ensinaban a facer punto de cruz, e cousas de costura. N2 - (40:43)</p>	

Si, o que pasa que eu das nenas xa pouco me acordo. As nenas andábanche así, a xogar aos médicos e cousas así pero xa non podías xogar. Porque viñan os pais e quitabánchas de diante.

PREGUNTA: Eran os pais os que as separaban?

R: Si, si, si.

PREGUNTA: A ti téñente separado?

R: Si, carallo! Moitas veces.

PREGUNTA Igual querendo xogar á mariola ou algo así?

R: Si, a todos, a todos. Ou ao “escondite” mesmo coas rapazas xa non podías xogar, vixiábante máis os pais ca nós. [xa, xa, xa]

PREGUNTA: Non era que vós ou as rapazas non quixerades?

R: Non, non, non.

PREGUNTA: Era cousa dos maiores?

R: Si, dos pais.

N3 - (60:71)

Eu, xogos de nenos e nenas claro que había. Pero á corda xogaban as nenas, antes xogaban as nenas soas e os nenos sós, pero eu como non teño irmáns, nin teño nada, e tiveren moita relación con dous primos por iso xoguei a cousas de nenos.

PREGUNTA: Dependía un pouco do ámbito familiar que xogases con nenos ou con nenas?

R: Moitísimo Claro, dependía.

N4 - (67:70)

A min paréceme que viña xa imposta dende moito antes, xa había xogos masculinos e xogos femininos. Xa estaba feito así. Entón cando dicían: "xogades ao brilé? Ai ao brilé, ai ao brilé". Dicían os rapaces. Sabes cando xogaban máis? Cando xa eran máis grandíños, de catorce e quince anos. Polo tema de ligar e de facer manitas e tal. Pero oito, sete e nove anos xogabamos nenas por un lado e nenos polo outro.

N5 - (77:78)

Eu creo que no fondo, che viña dicindo, eran xogos de nenas e xogos de rapaces. Non era que os pais lle impuxeran, a sociedade parece que xa non admitía iso. As rapazas xogaban coas bonecas e os rapaces coa pelota. Había unha separación.

DS1 - (63:68)

Non, eu creo que foise igualando a cousa un pouco. Os xogos, son xogos mixtos e incluso hai que mirar un pouco incluso como era tanto rapazas como rapaces sempre xogaron un pouco. Ao brilé van xogando, non é que digan os rapaces non, non se mesturan coma en tódolos ordes da sociedade está coa

coeducación, vanse xuntando. Non é coma antes de rapaces, hoxe están mesturados. Entón vaise facendo unha uniformidade, a pesar de que claro, ás rapazas non lle gusta tanto o fútbol, elas van por outros derroteiros, gústalle máis o baile pero nun principio colaboran todos.

DS1 - (139:140)

Porque la sociedad es así y yo creo que vamos siempre fué montado así en ese plan y siempre existió esas diferencias. Ahora no tanto, ahora yo, por ejemplo, tengo un hijo de nueve años le encanta saltar a la cuerda, y no lo ve como una actividad de chicos o de chicas. Pero antes no, antes no. El saltar a la comba vamos

DS2 - (37:37)

Preferentemente las rapazas por si solas, es decir si yo no les mando hacer nada. Son unas chicas en general, es decir si no están condicionadas por mi en clase no suelen tener ningún tipo de actividad preestablecida, ni fijada. Es muy raro, es un tipo de sociedad donde los chavales si hacen deportes, deportes clásicos. Son muy futbolistas, y de otros deportes también se interesan, y se interesan a medida que los empiezan a conocer un poquito. Pero realmente yo veo que las chicas les cuesta bastante. Yo no sé si es la sociedad aquí que en ese sentido potencia más la actividad hacia los chicos y las chicas son más de quedarse en casa o de estar más al margen de este tipo de actividades.

DS2 - (66:66)

Yo me imagino, depende de la condición social uno de los motivos que te comentaba antes, claramente. Y yo veo que hay una tendencia más a la actividad por parte de los chicos, el motivo exactamente no lo sé, habría que estudiar un motivo sociológico, pero bueno eso pasa y seguirá pasando durante bastante tiempo. También reconozco que si les conduces tú y montas los grupos de la manera que tú creas oportuna, no suele haber ningún tipo de problema ni rechazo por lo menos en mi caso, porque es lo normal. Pero si le dejas a ellos espontáneamente sigue habiendo esa tendencia. Sobre todo, si existen juegos que son un poco más motóricos o más de fuerza, etc. Pues ya ellos procuran vincularse los chicos de una manera y las chicas de otra.

DS2 - (95:98)

Penso que estamos nun momento quizais un pouco complicado. Penso que houbo un momento no que estaba ben visto que as nenas xogaran cos nenos. Porén parece que hai unha corrente que trata outra vez de separalos.

PREGUNTA: Iso é por parte deles ou máis ben que non é espontánea deles? Pois iso que me contabas que unhas nenas querían xogar a unhas cousas e os nenos xogaban a aquelas, pero independentemente diso había conexión entre os dous para xogar.

Condicionantes Socioculturais	Xénero	Co-educación escolar	<p>R: Pero para xogar, a ver, por exemplo, unha rapaza ten un carácter forte e é capaz de impoñerse ao mellor vai seguir xogando pero ao mellor é unha rapaza que é máis retraída pois como lle digan: "ti aquí non xogas porque isto é de nenos" ou "ti es un marimacho". Pois a nena ao mellor xa se queda. E non vexo esa axuda por parte dos profesionais para, para, para. Non para obrigarlles, porque non creo que sexa o que se deba de facer, senón para transmitirlles porque debe ser igual para todos. Eu boto iso en falta, eu vexo que moitas veces no patio de colexio ou en moitos sitios que os separan, é algo en contra. DC1 - (124:127)</p> <p>As veces dende as propias nais no lugar dende os pais, dende as nais e iso é algo que che choca. “Jolín”! Nos días que estamos non debería pasar iso. Ou ao revés eh. Nenos que ao mellor queren ir a aerobico ou queren ir a calquera actividade así, e te sigan mirando como se foras un bicho raro. DC1 - (132:133)</p> <p>Si. Mira iso vén das casas. Para min, é unha opinión miña, iso vén das casas que impoñen eses roles. Levamos moito tempo loitando contra eles, pero non somos capaces. Porque nós entendemos que o deporte e o xogo é para todos sen distinción de sexos, nin de relixión, nin de raza, nin de nada. Pero normalmente atopámonos coa realidade que é. As nenas van a pandeireta e a gaita como actividades lúdicas recreativas, e os rapaces van ao fútbol. De xeito xenérico non é unha barbaridade en si. NDC2 - (69:70)</p> <p>O malo que vin eu, na escola, que aínda o teño aquí (senalando a cabeza). Daquela había escola de nenas e escola de nenos. Caaa! Nooon, nunca, non. Aquí tiñamos unha mestra das rapazas que era malísima, a mestra das rapazas chamábanlle Dona Anita. A casa onde está o Banco de Galicia, alí chámanlle a casa de Cachón, e a de Dona Anita é da casa de Cachón. E cando nos saíamos da escola, berraba sempre: "Niñas! Apartarse de los niños". E non nos deixaban estar xuntos. E non estabamos, iso era unha tolería, apartábannos delas tamén, entendes? Despois xa houbo escola mixta. N1 - (46:47)</p> <p>PREGUNTA: E que a min contáronme que unha tal señorita Ana, que era mestra non deixaba xuntar ás nenas e aos nenos? R: Ai sí, pero eu xa non fun a esa escola. PREGUNTA: Pero sabes iso? R: Bueno oía algo, porque eu como ía a particular, pois eu niso xa non estou ao tanto. PREGUNTA: Ahh e que a min contáronme que eran máis ben os maiores os que separaban aos nenos e nenas. R: Si, claro, porque había escola de nenos e de nenas nunha casa que hai. A ver como cho vou dicir? Indo pola rúa de San Ramón para arriba, non sabes? Que hai unha casa antiga, que me parece que era dos de</p>
-------------------------------	--------	----------------------	---

	<p>Limia que soben unhas escaleiras e que aínda hai unhas palmeiras dentro. PREGUNTA: Ai si. R: Pois, aí eran as escolas de homes e de mulleres, pero eran separadas as de mulleres para un lado e as dos homes para o outro. PREGUNTA: Na Cerca? R: Na Cerca! Pero na Cerca de Limia lle chamaban, porque era todo unha cerca así, [facendo o xesto dun recadro] e as mulleres ían para un lado e os homes para outro. N2 - (84:93)</p> <p>Había, Sabes o que non había? Coeducación. É dicir, non había o sentido de poder misturarnos todos e tal, nos faciamos un equipo de rapaces (masculino) pero xogabamos na liga de brilé, todos rapaces pero na liga de brilé que era cousa de nenas, pero nós xogabamos e queriamos gañar. Non había coeducación porque os nenos querían xogar todos xuntos eles e as nenas todas xuntas elas. Teño 36 anos estouche falando fai vinte anos e para arriba, que viñamos do franquismo aínda. Que eu nacín no franquismo, que nacín no 74 e daquela... coidado na escola, coeducación moi pouquiña. Pero isto non quere dicir que non xogaras a cousas de nenas, nos queriamos xogar a todo. Ao que había apuntámonos, nós queriamos xogar, de nenas ou de nenos iso era así. N7 - (56:58)</p>	
	<p>A ver se é no recreo, non. Porque considero que é o tempo deles e unha cousa é que lles guíes ou lle deas algunha suxestión, pero son eles os que deben decidir a que xogar e con quen xogar e como. Pero nas clases de EF, si. As veces pois dicindo: "veña facemos parellas". Aínda que eles tentan, pero dígolles: "parellas mixtas". E aí tento buscar o que máis lles guste porque as veces é difícil e outras veces déixoo. Pois nenos contra nenas, pois nenas contra nenos. Tampouco imos estar aí: "non, non, non". Todos mesturados sempre, non. DP1 - (254:255)</p> <p>Non, non creo que a segregación sexa por tipo de sexos, mais ben por tipo de habilidades ou competencia no xogo. Por iso che digo que, o que falabamos antes da competitividade é un aspecto positivo, porque sempre fomenta o interese e o compañeirismo. Pero claro é un tema que ten que estar sempre moi controlado, que non dea lugar a discriminacións eles teñen que saber as súas posibilidades, e as súas limitacións. E a súa vez axudar a superalas como a si mesmo como ao resto. Ten que ser un elemento moi complicado de xestionar, pero moi importante. DP2 - (184:185)</p> <p>Non, eu creo que foise igualando a cousa un pouco. Os xogos, son xogos mixtos e incluso hai que mirar un pouco incluso como era tanto rapazas como rapaces sempre xogaron un pouco. Ao brilé van xogando,</p>	

non é que digan os rapaces non, non se mesturan coma en tódolos ordes da sociedade está coa coeducación, vanse xuntando. Non é coma antes de rapaces, hoxe están mesturados. Entón vaise facendo unha uniformidade, a pesar de que claro, ás rapazas non lle gusta tanto o fútbol, elas van por outros derroteiros, gústalle máis o baile pero nun principio colaboran todos.

DS1 - (139:140)

También reconozco que si les conduces tú y montas los grupos de la manera que tú creas oportuna, no suele haber ningún tipo de problema, ni rechazo por lo menos en mi caso, porque es lo normal. Pero si le dejas a ellos espontáneamente sigue habiendo esa tendencia. Sobre todo, si existen juegos que son un poco más motóricos o más de fuerza, etc. Pues ya ellos procuran vincularse los chicos de una manera y las chicas de otra.

DS2 - (98:98)

Depende del tipo de actividades que haga. A lo mejor si estoy haciendo de la unidad didáctica algún apartado de fuerza, que hay dos o tres clases así de fuerza, pues procuro que sean de similar fuerza. Ellos también entienden de similar fuerza y en muchos casos lo asocian al mismo sexo. Yo ahí ya influyo. Porque tampoco quiere decir- que se pongan chicos con chicas- Influyo más positivamente en decir - quiero parejas mixtas- entonces ahí ya no me meto. Pero cuando son actividades ya que veo que es necesario. Hay algunas de lucha también, no hace falta decirles: "chicos con chicos- porque suena raro- chicas con chicas". Porque son cosas de contacto. Si le comentas gente de similar fuerza, por ejemplo, en ese caso ya no existe ningún problema porque automáticamente las parejas ya son del (mismo sexo). No existe sensación de discriminación bajo mi punto de vista.

DS2 - (183:190)

Preferentemente las rapazas por si solas, es decir si yo no les mando hacer nada. Son unas chicas en general, es decir si no están condicionadas por mi en clase no suelen tener ningún tipo de actividad preestablecida, ni fijada. Es muy raro, es un tipo de sociedad donde los chavales si hacen deportes, deportes clásicos. Son muy futbolistas, y de otros deportes también se interesan, y se interesan a medida que los empiezan a conocer un poquito. Pero realmente yo veo que las chicas les cuesta bastante. Yo no sé si es la sociedad aquí que en ese sentido potencia más la actividad hacia los chicos y las chicas son más de quedarse en casa o de estar más al margen de este tipo de actividades. Se nota cierta diferencia, y ya con una edad como empiezan a tener, como los que tengo yo en tercero y cuarto, ya en esas diferencias se nota que unos tienen destrezas por haber hecho actividades y otros no las tienen y se nota bastante claramente. Hay alguna niña que hace algo y destaca bastante.

DS2 - (65:66)

Pero para xogar, a ver, por exemplo, unha rapaza ten un carácter forte e é capaz de impoñerse ao mellor vai seguir xogando pero ao mellor é unha rapaza que é máis retraída pois como lle digan: "ti aquí non xogas porque isto é de nenos" ou "ti es un marimacho". Pois a nena ao mellor xa se queda. E non vexo esa axuda por parte dos profesionais para, para, para. Non para obrigarlles, porque non creo que sexa o que se deba de facer, senón para transmitirilles porque debe ser igual para todos. Eu boto iso en falta, eu vexo que moitas veces no patio de colexio ou en moitos sitios que os separan, é algo en contra.

DC1 - (124:127)

Penso que dende o departamento de deportes estamos facendo esforzos nese sentido. Si, que se está tratando de que os nenos e as nenas teñan as mesmas actividades que poida participar calquera neno e nena na actividade. Desde a parte que me toca trato de que non se dean eses problemas que pode haber entre nenos e nenas, ou porque unha nena xogue ao fútbol se lle trate distinto. Eu iría máis alá, non o transmitiría soamente ao aspecto do sexismo. Penso que quizais hai máis problemas, e dámoslle moita importancia a ese tipo de problema. Pero penso que ao mellor hai máis problemas entre o que é o gordiño, o que é máis torpe, e aí si que os nenos apartan a uns dos outros. Penso que aí si que se están facendo esforzos para que todos xoguen.

DC1 - (162:165)

Non, non son os educadores os que os separan, senón que non fan nada para que non pase iso, entendes? Por exemplo, eu non separo aos meus nenos na miña clase, pero fago todo o contrario, tento de mesturalos sempre. E non vexo esa parte. Iso involucrase desa maneira porque creo que é algo bo para todos. Quizais eu o vivo un pouco, eu de pequena xogaba ao fútbol e recibín moitas, e seguí xogando ao fútbol porque o meu carácter. Sabes? Non me ía quedar sen xogar porque mo dixera quen fora, pero insultáronme moitas veces e vexo que iso hoxe en día en Malpica, pode seguir pasando non por parte da maioría, pero si que segue a haber ese punto.

DC1 - (128:131)

Hai xente que quere que exista, e a min dáme a impresión que hai nenas moi botadas para adiante, e que queren xogar a calquera cousa. Non so me dá a impresión e que quero crer iso. Antes había nenas que xogaban podías contalas cos dedos da man, pero agora cada vez máis. De feito, o outro día levei unha sorpresa moi grande que estaban xogando na clase de EF, fun facer un recado dentro do pavillón, e había sete ou oito nenas xogando ao fútbol contra tres nenos, e xogaban calquera deles, cando iso antes era impensable. Ao mellor, é porque España quedou campioa do mundo e hai que sacar que todo mundo xogue.

NDC2 - (152:153)

Xogo

Xogar, xogan menos, as cousas como son. Pero hai rapazas que xogan tamén no noso equipo.

<p>escolar e xénero</p>	<p>PREGUNTA: E ti, xogan máis as rapazas que os rapaces? RESPOSTA 2: Non, xogan máis os rapaces. N10 - (92:95)</p> <p>Refírome que non hai rapazas, ou hai poucas rapazas que queiran xogar. Na miña clase pode haber tres. PREGUNTA: Pero fan outras cousas? RESPOSTA 2: As outras rapazas cando non se xoga están tiradas ao sol ou están mirando como xogan. PREGUNTA: Ou sexa, que non fan nada. RESPOSTA 1-2: Non. N10 - (97:102)</p> <p>RESPOSTA 1: No noso caso non. RESPOSTA 2: Sempre xogamos todos. PREGUNTA: Sempre xogades todos ao mesmo, non hai problemas. N10 - (696:700)</p>	
<p>Si fútbol e as nenas a mirar como xogan, algunha, algunha xoga tamén con eles, pero poucas. DP1 - (95:98)</p> <p>Si, a partir de 3º fútbol, as nenas a pasear, xogan a pasear. En 1º e 2º xa xogan un pouco máis xuntos entre nenos e nenas, pero a pillarse sen ser o xogo da pilla, correr uns detrás dos outros e pouco máis. Polo menos a principio de curso xogaban só a iso. Ehh claro, había problemas nos recreos que ao final acábanse enfadando uns cos outros, acaban pelexándose. Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo. Desde que o fixemos, foi por aí por xaneiro cando comezamos con iso, pois xa xogan algo máis. Puxemos material a disposición deles que antes non o tiñan e si que xogan á goma, xogan coa corda, collen balóns. Si que xogan algo máis. DP1 - (81:83)</p>		
<p>Penso que si. Segue habendo unha separación, pero non sabería tampouco contestar a esta pregunta porque tódolos rapaces se integran bastante. Si, que é certo que os rapaces soen tender máis a xogos de pelota, e quizais as nenas pois máis a xogos de corda, de goma, máis de destrezas. Pero todos se involucran bastante ben e con interese. DP2 - (105:106)</p>		
<p>Eh. Pois os rapaces de aquí, sobre todo os rapaces ao fútbol, como ocorre na maioría dos centros que visitei. E as rapazas segundo o rango de idade, si que soen xogar moito á pilla. E si que cando son maiores, si que se ve que van decrecendo no nivel de xogos. Aquí como se está implantando, precisamente o tema</p>		

do obradoiro dos xogos populares. Agora mesmo practicamente tódolos rapaces xogan coa corda. Un pouco porque se foi introducindo intencionadamente e funcionando. O tema moitas veces é o descoñecemento, ou a falta de iniciativa por parte deles.

DP2 - (72:72)

Igual, igual. Os nenos máis fútbol, pero despois correr.

RESPOSTA 2: As nenas pasean polo patio.

RESPOSTA 1: Algunha xoga ao fútbol.

PREGUNTA: Teñen actividades menos físicas?

RESPOSTA 2: Si, menos físicas, totalmente.

DP3 - (25:30)

PREGUNTA: Unha participación moi masiva.

RESPOSTA 1: Que estiveran trinta nenos xogando ao mesmo e divertíndose?!

RESPOSTA 2: Nenos e nenas!

RESPOSTA 1: Nenos e nenas!

PREGUNTA: Porque antes era, había unhas condutas moi segregadas.

RESPOSTA 1-2: Si. Máis segregadas.

RESPOSTA 2: Estaban ao fútbol e elas pois a mariola, pero coa corda están participando todos.

RESPOSTA 1: E o dos grupiños non me deixan xogar con eles. Agora hai dúas cordas, dous grupos masivos.

PREGUNTA: E todos participan. Ou sexa, que un cambio con só incorporar dúas cordas xa cambia a dinámica.

RESPOSTA 1-2: Só con cordas.

DP3 - (175:184)

PREGUNTA: Refírome, se as nenas en concreto que falabades de que só pasean?

RESPOSTA 1: Si vías que non tiñan alternativas de xogos, pasean, teñen líos entre elas, discuten e pouco máis. Xogan un pouco ás mariolas porque as teñen pintadas no chan, e agora cando empezamos con isto só están as cordas a súa disposición, e xa revolucionou o patio completamente. Chegan e o primeiro que collen é a corda, están todos xogando á corda nenos e nenas. Eu incluso teño unha clase que eran futeboleiros total e agora me meto con eles, lles digo: "que, o fútbol que!" Porque xa non están abaixo xogando ao fútbol, os ves xogando á corda cos demais.

DP3 - (34:35)

O que máis lle gusta ao rapaz de Malpica é o fútbol. (Silencio) Non sei se é porque adestran pola praia. Un

pouquiño tamén de lorchararía, non tes falta de baixarte, é máis fácil xogar de pé. É o que lle gusta. Despois xogar a outros deportes é un pouco máis difícil, e acórdome algo xa, por exemplo, do voleibol que montamos un pouquiño aquí. Pero a gran maioría o que queren é xogar á pelota. Pero xogar sobre todo sós. Despois ás rapazas, o que lle gusta ás rapazas moito é a danza, o baile. Dende logo que elas a isto, velas bailar e elas mesmas como lle poñas o casete xa bailan. Son as dúas cousas que lles gustan máis.

Os rapaces o fútbol e as rapazas sobre todo o baile. Hai algunhas rapazas tamén que lles gusta o fútbol, pero é unha minoría ehh. Ao mellor nun grupo te podes atopar unha ou dúas, pero non é o habitual, que xogan ben e lles gusta xogar.

DS1 - (90:91)

Home, esas situacións o ideal é que xogaran todos a todo. Agora eu hoxe en día a experiencia que teño case prefiro que haxa un deporte individualizado. É dicir, que eles busquen o que máis lle guste. Non impoñerlle un deporte en concreto. Entón que eu estou nunha aula, nunha clase despois dun quecemento. E uns rapaces che din que queren isto, e outros catro ou cinco que che din que queren tirar á canastra e outras queremos ir bailar esta danza, pois eu prefiro iso. Non uniformar. Entón se queres uniformar vaiche haber moitos rapaces que van estar sen traballar e moitos se van quedar, entón eu prefiro diversificar. Dar opción coma nos maiores, é dicir, ti cando ides a un sitio un vai a unha cousa, e outro fai outra por libre. Impoñer nunha clase cun orde actividade é fodida. Entón o mellor é dicir. A ver hai que ter unha orde, dominar a situación para lle deixar facer. Entón a ver, oe porque hoxe se hai un grupo de catro que ao mellor están moi entretidos xogando ao baloncesto, e vexo que hai outros rapaces noutro espazo, porque lle reparto o espazo, e piden o “fresbe” pois tamén llo deixo. Vexo outras que me queren facer música e bailar, pois tamén as deixo. Ao mellor un que o vexa dende fóra di: "isto é unha desorde". Hoxe a educación ten que ser individualizada. Pois como un vai a un polideportivo e uns están traballando na piscina, outros no ximnasio e cada un traballando ao seu aire. Hai que deixalos traballar. (Silencio)

DS1 - (239:240)

Aquí ya te digo sobre todo la actividad física libre practicamente es de los niños. Las chicas pues miran, pasean, alguna a lo mejor en algún partido se pone a jugar y tal pero no.

DS2 - (85:85)

Yo me imagino, depende de la condición social uno de los motivos que te comentaba antes, claramente. Y yo veo que hay una tendencia más a la actividad por parte de los chicos, el motivo exactamente no lo sé, habría que estudiar un motivo sociológico, pero bueno eso pasa y seguirá pasando durante bastante tiempo. También reconozco que si les conduces tú y montas los grupos de la manera que tú creas oportuna, no suele haber ningún tipo de problema ni rechazo por lo menos en mi caso, porque es lo normal. Pero si le dejas a ellos espontáneamente sigue habiendo esa tendencia. Sobre todo, si existen

juegos que son un poco más motóricos o más de fuerza, etc. Pues ya ellos procuran vincularse los chicos de una manera y las chicas de otra.

DS2 - (95:98)

Depende del tipo de actividades que haga. A lo mejor si estoy haciendo de la unidad didáctica algún apartado de fuerza, que hay dos o tres clases así de fuerza, pues procuro que sean de similar fuerza. Ellos también entienden de similar fuerza y en muchos casos lo asocian al mismo sexo. Yo ahí ya influyo. Porque tampoco quiere decir- que se pongan chicos con chicas- Influyo más positivamente en decir - quiero parejas mixtas- entonces ahí ya no me meto. Pero cuando son actividades ya que veo que es necesario. Hay algunas de lucha también, no hace falta decirles: "chicos con chicos- porque suena raro- chicas con chicas". Porque son cosas de contacto. Si le comentas gente de similar fuerza, por ejemplo, en ese caso ya no existe ningún problema porque automáticamente las parejas ya son del (mismo sexo). No existe sensación de discriminación bajo mi punto de vista.

DS2 - (183:190)

Preferentemente las rapazas por si solas, es decir si yo no les mando hacer nada. Son unas chicas en general, es decir si no están condicionadas por mi en clase no suelen tener ningún tipo de actividad preestablecida, ni fijada. Es muy raro, es un tipo de sociedad donde los chavales si hacen deportes, deportes clásicos. Son muy futbolistas, y de otros deportes también se interesan, y se interesan a medida que los empiezan a conocer un poquito. Pero realmente yo veo que las chicas les cuesta bastante. Yo no sé si es la sociedad aquí que en ese sentido potencia más la actividad hacia los chicos y las chicas son más de quedarse en casa o de estar más al margen de este tipo de actividades. Se nota cierta diferencia, y ya con una edad como empiezan a tener, como los que tengo yo en tercero y cuarto, ya en esas diferencias se nota que unos tienen destrezas por haber hecho actividades y otros no las tienen y se nota bastante claramente. Hay alguna niña que hace algo y destaca bastante.

DS2 - (65:66)

Neste vídeo recóllese unha escena interesante. Porque unha das mestras realiza unha intervención no xeito que teñen as nenas e nenos que están xogando ao brilé. No vídeo anterior víase como dialogaban para facelos equipos, pois agora xa os teñen feitos pero o problema é que fixeron equipos segregados, é dicir nenas nun lado e nenos no outro. A mestra intervén e indícalles que volvan a facer equipos de novo. De novo se volven a reunir e comezan a discutir sobre como facelos equipos. Para facelos dúas nenas comezan a escoller aos compañeiros que se sitúan en fila e comezan a facelo co “pito, pito, gorgorito”.

Análise vídeos Recreos - (162:162)

Nos videos dos centros escolares podemos ver como grazas aos programas de xogos a interacción lúdica

de ámbolos dous xéneros é intensa. No caso do centro A vemos como nos vídeos do día libre as condutas lúdicas volven a ser pasivas e segregadas.
(Memo)

4. 9. EXPLICACIÓN MATRIZ VALORES/ANTIVALORES

A matriz que se corresponde con Antivalores e Valores, insírese na dimensión de condicionantes socioculturais, e o que presentamos nesta matriz é a categoría dos Antivalores e Valores. Esta categoría foi elaborada sumando distintos elementos de interese que se corresponden cos seguintes códigos: *abuso* (relacionado co “bullying” nos xogos populares); *violencia* (intenta expoñer como se manifesta a violencia no xogos); *competitividade* (engloba aspectos relacionados coa competencia que se manifestada nos xogos populares); *valor motriz* (explica como os xogos populares son importantes a nivel motriz), *valor socioafectivo* (recolle como estes xogos inflúen no desenvolvemento socioafectivo a nivel individual e colectivo).

Comezamos a presentación dos resultados na matriz polos antivalores que son os códigos *abuso* e a *violencia* que se produce nos xogos populares locais. Dentro código do abuso centrámonos principalmente nas declaracións de informantes masculinos en exclusiva, xa que foron os informantes de xénero masculino os que expuxeron este tema nas súas declaracións. A tendencia ao abuso por parte dos maiores ou máis fortes sobre dos máis pequenos e máis febles, queda recollida neste tema. Son os informantes de xénero masculino son os que teñen máis presente o tema do abuso nos xogos de cando eran nenos.

Este tema está identificado cor laranxa porque malia que se recollen informacións a través da entrevista etnográfica e do informe autobiográfico, non existe unha gran presenza deste tema no discurso dos demais entrevistados. Debido á pouca triangulación de axentes que se manifesta neste código decidimos identificar o nivel de triangulación con cor laranxa para indicalo.

Seguindo cos Antivalores está o código da *violencia*, neste soamente se recollen as declaracións dos nativos nas que se identifica a violencia no desenvolvemento dos xogos, Esta violencia pode emanar do conflito que xurde á hora de establecer e cumprir as normas de xogo, e tamén pola propia dinámica interna segundo a tipoloxía dos xogos, por exemplo xogar a pedradas, ao cinto, as espadas, son claros exemplos nos que a agresión ao adversario está permitida. Nestes xogos nos que se manifestaba a violencia como algo normal e natural parecía algo asumido sen problema pola comunidade.

Neste punto non se inclúen informacións dos profesionais educativos, aínda que tamén no punto da problemática de socialización na etapa de EP tamén aluden aos problemas de socialización que teñen nos centros educativos. Pero neste caso soamente nos centramos nos xogos populares practicados polas distintas xeracións sen entrar no contexto escolar. O nivel de triangulación neste tema é obtido pola triangulación de axentes femininos e masculinos de distintas xeracións, e tamén polo emprego de entrevistas etnográficas e informe autobiográfico para a obtención da información neste tema, por iso a cor escollida é a laranxa.

No relativo aos Valores decidimos situar o código da *competitividade* posterior ao da *violencia*, porque en certos momentos a competitividade levada ao extremo pode ser un antivalor e malia que no estudo non se entende como un antivalor, si que pode haber certas interpretacións sobre a competitividade que a entendan coma tal. Polo tanto neste código queda constancia de como o xogo popular na comunidade en liñas xerais tiña un carácter competitivo, aínda que non houbo unha competición institucionalizada por federacións ou outro tipo de axentes. Tamén se insire neste punto a visión que posúen os profesionais educativos en relación a este tema para saber cal é a visión da competitividade que teñen e como tratan eles de xestionala no campo dos xogos e da EF.

Este tema é cunha cor laranxa porque a triangulación de axentes é moi elevada, mais as técnicas de recollida de datos empregadas céntrase nas entrevistas en exclusiva.

Seguindo coa categoría no tema de Valores atopamos o código do *valor motriz*, que trata de explicar a importancia que teñen os xogos populares, á hora de facilitar o desenvolvemento das distintas habilidades motrices. Malia que a maioría dos informantes destacan que os xogos practicados non eran difíciles de xogar, si que demandaban dun alto nivel de destreza para acadar un certo nivel de soltura nos xogos e de capacidade física para destacar sobre os demais participantes. O tema tamén é tratado por parte profesionais educativos nos que existe certa disparidade de opinións á hora de valorar o potencial motriz destes xogos. Principalmente entre o discurso dos profesionais da EP e os da ESO.

Neste caso a triangulación está identificada cunha cor verde, xa que se existe unha amplísima triangulación de axentes e tamén de técnicas de recollida de datos, xa que se tamén este tema queda recollido nas análises dos vídeos tanto de porto e praia que se

centran nos xogos populares motrices e tamén nas observacións recollidas nos centros escolares, xa que sempre se observan a nenos realizando algún tipo de actividade motriz nos recreos e na aula de EF, que confirman o potencial motriz dos xogos populares.

Rematamos xa esta categoría de antivalores e valores co código nomeado como *valor sociafectivo*. Neste caso recollemos as declaracións dos informantes nativos de diversas xeracións que manifestan a importancia destes xogos a nivel social e afectivo nas súas vidas, sendo os xogos populares asociados a valores como a amizade, solidariedade, empatía, e tamén con emocións positivas vividas na infancia e mocidade dos informantes. Por outra banda temos aos profesionais educativos dos que recollemos as súas opinións e da importancia que poden ter estes xogos a nivel socioafectivo en comparación cas prácticas deportivas que dominan hoxe en día o lecer das cativas e cativos. A isto engándese as análises dos vídeos nos cales en moitos dos clips vese como os participantes se relacionan dialogando, discutindo, ríndose, etc. Engadir que dentro da análise do contexto escolar vemos como nos dous centros educativos que se presentan nesta investigación, se recollen iniciativas cos xogos populares, como medio facilitador das relacións sociais nos escolares.

Para este punto asignamos a cor verde xa que a triangulación de axentes é moi ampla e tamén porque as técnicas de recollida de datos son as entrevistas e as gravacións dos vídeos.

4. 9. 1. MATRIZ VALORES/ANTIVALORES

Matriz 9. Valores/antivalores

<i>Matriz Valores-Antivalores</i>				
<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Códigos</i>	<i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
Condicionantes socioculturais	Valores/ Antivalores	Abuso	<p>Buuuu, había piñas moitas veces meu filliño, hoo cantas veces “agharreabamos”. Duraban moito tempo e vouche explicar porque. Antes en Malpica case todos eramos familiares, antes casaban case todos uns entre os outros, eu non que xa casei cunha da aldea e teu pai tamén. Pero antes era así, os Chouciños cos Villares e así. Entón ti dábaslle unha castaña a un compañeiro meu, ou primo que era máis (fiscamente) ca el daquela era: "Abusón!" E viña un que era teu primo e veña, e despois un do outro lado, e así empezabamos andar a piñas todos xuntos (risas). Pero gozabamos, e de alí a un momento xa eramos todos amigos outra vez. Nada a piña limpa, non collías pedras nin paus, a piña limpa non era nada ohh, ti dábasme a min eu a ti, cousas de rapaces</p> <p>N1 - (121:122)</p> <p>Ehh, ohh. Os máis grandiños, os máis grandes tamén eran os que máis abusaban. PREGUNTA: Eran os que máis abusaban? R: Si, eran os que máis abusaban. N3 - (41:44)</p> <p>Oooiiiiii! Nada, non pasaba nada. Porque os trampulleiros eran sempre os máis grandes, e mandaban eles e había que facer o que quixeran eles (Risas). Amezábante con darche unha hostia, ou dábancha e despois chegabas á casa: "papá aaahhh!" E aínda levabas outra. Valía máis calar. N3 - (133:134)</p> <p>Si explicábanse, pero algún asasino dos máis vellos, igual che estaba explicando como xa che estaba dando, non sabes? E dicías: "Hostia!" Non xogo, a este conto non xogo, a este non volvo xogar (risas). PREGUNTA: Había moito abusón? R: Uff, había moito abusón nos grandes. PREGUNTA: Había moita violencia nos xogos?</p>	

	<p>R: Si, si, si. PREGUNTA: Ehh, e era? R: Ameazábante, ho! Ameazábante, mandaban todo eles, ho! Tiñas que facer o que quixeran eles. N3 - (135:142)</p> <p>Normalmente xa había as súas normas de castigo, perdías puntuación, saíste do xogo, pero digamos que nos partidos non había árbitros, nos xogos non había árbitros todos, sabíamos o que era man o que era penalti, aínda así cando xogabas contra os grandes, abusaban. N6 - (77:80)</p> <p>Pois depende da forza que tivese o trampulleiro. Se era un trampulleiro que era bo trampulleiro, pero que despois as podía levar, como o cazaran levábaas. Se era un compañeiro forte podía facer trampas que ninguén lle ía dicir nada. PREGUNTA: Había castigo daquela? R: A medida da forza era moi importante naquela momento, o poder tíñao a forza, e o liderato tíñao a forza, na rúa é che así. N7 - (78:81)</p> <p>As veces as patadas no cu eran verdadeiras agresións, porque as veces collíase a algún compañeiro despistado e a patada podía desprazar ao outro uns metros. Sobre todo os máis fortes e grandes eran moitas veces os que máis forte pegaban aos máis pequenos, a isto nunca xogaban as nenas. N11 - (28:28)</p>
Violencia	<p>E A roda dividía Corea de Malpica, nós chamabámoslle Corea aos da Atalaia, hai uns anos houbo a Guerra de Corea, non sabes? Pois nós os de enriba chamabámoslle os coreanos, e cando saíamos da escola preparabámonos, e a pedrada limpa. Pero a pedradas! Aínda teño aquí a sinal, a pedrada limpa (risas) N1 - (84:84)</p> <p>Dos intereses sempre, cando queríamos xogar ao fútbol, as veces xuntabamos 40, e saímos da escola: "veña imos xogar á area ao fútbol". E ían vindo máis e máis, e íamos escollendo os mellores: "ti dalle cara Canido, ti con nós". E así, e se podías sempre escollías aos mellores e os máis frouxos no outro equipo (risas), pero os malos como tiñan orgullo empezaban a patada limpa, patas nas canillas. PREGUNTA: Tontos non eran.</p>

R: Non, pero como non había bota non había nada, non había lesións, porque se ti me dabas unha patada no pé, a ti tamén che doía. Non é coma agora que che dan cas botas esas e matante, e xogabamos así. De inverno remangados, con bañador "bueno" bañador daquela maneira, que eu ata os catorce anos andaba case ca minga ao aire (risas) eu e máis os outros eh, eu tiña un taparrabos delgadoño, non había nada ho.

N1 - (115:118)

Era...quitábala correa, e a ver un virábase así, non todos virados así (de costas) e un escondía a correa, e ía e berraba: "Xa está!" Despois ia un corre, corre, corre... e dicíamos: "Frio! Quente!" E todos: "Quente, quente!" Ata que atopaba o cinto, e comezaba a cintazos con todos, e a correazos con todos, non, sabes? (risas) E así, era o que había daquela.

N1 - (44:45)

Faciamos un círculo, ah un círculo aquí e outro aquí (distancia equidistante) e pillaba un, e iamos pillando uns aos outros, e quitabamos os calcetíns e ao saír do círculo a calcetinazos, e nós que faciamos, colliamos os calcetíns e metíamoslle area dentro da punta do calcetín, e iso doe moito, e daquela entre nós prohibimos iso, pero fillos de p... como eramos algúns deles que facíamos, mollabamos os calcetíns na auga (risas) e largabas e quedábache todo marcado, de noite andabamos así. Non había outros entretementos, a corrompa e arma barra.

N1 -(65:65)

Fago que che dou a ti e doulle ó outro, ou ao revés, e ti teste que abaixar, para que non che dea, e se me colles cambiamos. (risas) e dabamos con toda a forza, algún que tiña moito peso tiraba patas para arriba aos outros (risas). Eramos como animais oh (risas) oíches a metade faltábanos a pluma (alusión ós indios)(risas) si coño non había outra vida, entendes? Era todo así, e acabouse.

N1 - (73:73)

Eramos como animais oh (risas) oíches a metade faltábanos a pluma (alusión ós indios)(risas) si coño non había outra vida, entendes? Era todo así, e acabouse.

N1 - (73:73)

Cando había trampulleiros tiñamos moita rabia, enfadabámonos: "Es un trampulleiro, non fas máis ca trampas, non é así".

PREGUNTA: Castigabádelos?

R: Non os castigabamos, rifabamos con el ou con ela, con quen fora.

N2 - (145:148)

Por exemplo, o “peperiche”, empezabas a dar e unha vez que perdías, a baralla que che quedaba ían. Por exemplo, perdías e sacabas o as de espadas e daquela dábanche o peperiche na man e era un “rebellisco” (tanisco), pero dábancho os seis se estaban xogando seis, había veces que saías coa man inflamada, eh! (risas). Despois era, por exemplo, quedaba na baralla un tres ou quedaban os catro tres, eran catro toques ou tres toques, ao mellor aparecían os catros 3 e daquela dábanche 12 veces cada uns dos participantes.

N3 - (56:56)

Claro, nós marchabamos para a casa e viña para o outro día e cascábanos aínda por riba. Tiñas un conto destes, dábatche 3 petos no lombo co puño cerrado.

PREGUNTA: Como era iso dos 3 petos?

R: Ai non me acordo, como lle chamaban así 3 petos, era levar 3 golpes no lombo.

PREGUNTA: Por perder?

R: Por perder, por perder non, por non os atopar. E eles ao mellor ían na casa, como eran os máis vellos.

PREGUNTA: Daquela os máis vellos abusaban de vós?

R: Sempre, sempre os máis vellos abusaban de nós sempre, e nós dos máis pequenos (risas).

N3 - (47:53)

Porque esas normas xa viñan dadas. A trampa, está nos pasos. Entón claro si o ves: "así non vale!! Me cago en tal!! Non sei que". Lío, podía haber trompazos tranquilamente, se xogaban os rapaces sós seguro que había tortas. (risas)

N5 - (97:97)

PREGUNTA: Había castigo físico?

R: EHHHH, había xogos nos que o castigo físico era a ollos de agora salvaxe, salvaxe. Por exemplo, xogar aos indios e vaqueiros con arcos en cabanas, e disparar cos arcos de frechas feitas de varillas de paraugas, pois nas cachas, nas pernas.

N6 - (79:80)

Outro xogo era ovo, pico, araña, no que realmente se podían facer algunha que outra barbaridade xa que no momento que ti pandabas non había maneira de saber se os demais compañeiros, estaban aliados entre si para que ti estiveses máis tempo, que teñas a cabeza entre as pernas dun compañeiro e que salten enriba de ti se que se vexa o que se está a realizar pois

	<p>faite desconfiar un pouco, ademais había algúns que saltaban a facer dano ás veces. Os compañeiros ían saltando enriba un detrás doutro ata que saltaba o derradeiro e daquela o que saltara de primeiro facía o xesto coa man e facendo xestos de un ovo, con puño, pico co dedo corazón e araña coa palma aberta e cos dedos semiflexionados,. O que estaba debaixo tiña que acertar para cambiar e pasar a saltar, e a nai dicía : "ovo, pico araña?" e daquela o que estaba debaixo tiña que acertar. Podíase xogar por equipos ou individual. N11 - (15:15)</p> <p>Tamén se xogaba á cuncha, neste xogo un dos que xogaba escondía a cuncha ou chapa e o resto dos participantes non sabía onde estaba, unha vez que estaba agochada a cuncha daba a orde para que o resto a fose a buscar, mentres os participantes bucaban pola cuncha pola praza ou onde fose a nai ía berrando: "frío, quente". Para ir despistando, se atopabas a cuncha o seguinte que tiñas que facer e ir dando patadas no cu aos demais participantes, se eras un pouco listo non dicías que tiñas a cuncha e cando o menos agardaban os compañeiros comezabas a repartir patadas no cu. As veces as patadas no cu eran verdadeiras agresións, porque as veces collíase a algún compañeiro despistado e a patada podía desprazar ao outro uns metros. Sobre todo os máis fortes e grandes eran moitas veces os que máis forte pegaban aos máis pequenos, a isto nunca xogaban as nenas. N11 - (28:28)</p> <p>Había que poñerse as pilas xa que de caso contrario podías estar toda a tarde pandando, o espazo era sempre a praza de Buño e sempre xogabamos tirando á noitiña tanto nenos coma nenas, pero principalmente eramos nenos os que xogabamos, cando un dos participantes se negaba a seguir pandando aplicábaselle un correctivo a modo de castigo que era a chamada aceiteira, que consistía en recitar o abecedario e ir dándolle cos cotelos do puño nas costas dos compañeiros que marchasen sen rematar os xogos. N11 - (16:16)</p>	
<p>Competitividade</p>	<p>Mellor era ganar carallo. Mira eu non creo nesas cousas amigables, cando hai fútbol carallo para o amigable largan cada patada. Mira en tódalas cousas todo o mundo quere gañar, eu nunca xoguei á baralla nunca fun home de xogar, pero cando os vexo no bar xogando a partida que non están xogando nada e cabréanse, pero xogan o orgullo. Todo o mundo quere gañar, é o orgullo. É ou non é? Todo mundo quere gañar. N1 - (124:126)</p> <p>Non, non había así moita. Xogabamos por xogar por pasar o tempo. Pero non por interese de</p>	

ningunha cousa de nada.

N2 - (150:151)

Eran Ho! Eran competitivos.

PREGUNTA: Entre vós erades... Había que ganar ouuu?

R: Si, si. Alí había que gañar sempre, non é como agora no fútbol que gana quen gana. Alí había que gañar sempre. Aí suabas a camisola xogando. (risas)

N3 - (144:147)

Eu creo que si, a todos nos gusta gañar, aínda que esteas xogando. Era a ver quen saltaba mellor, quen remataba mellor a mariola, eu creo que si que eran competitivos.

N4 - (104:105)

Home, todo mundo quería gañar pero coma sempre. Como pode haber, eu que sei os xogos agora. Eu fíxome cando xogan ao fútbol aquí no recreo, e andan a morte e son sempre os mesmos equipos, xa saen e teñen cinco, e cinco claro. En vinte minutos fan un partido de “champions” e nós tamén en vinte minutos faciamos do recreo. A min paréceme que os nenos eran máis competitivos que as nenas, parécemo. Tiñan aquela ansia de gañar, nós como xogabamos á goma ou ao brilé. Ves! Se había nenos no brilé había máis ansia de gañar, poñíanlle máis ganas eles, aquela cousa, en cambio as nenas. Oes, fodíache perder como todo Deus, pero nada máis, xogabas para pasalo ben. Pero en cambio cos nenos, a min paréceme que eran máis competitivos os nenos daquela época e agora tamén.

N5 - (99:100)

Si, si, si, si. Todo mundo quería xogar e gañar, todo mundo na rúa quere gañar, sempre todo o mundo quere gañar. Se perdes na rúa estas fodido, e daquela queres gañar sempre, e irás a aqueles xogos onde poidas gañar, para ser alguén en algo, e poder destacar en algo e que te respecten en algo

N7 - (83:84)

Si, deberían ter algo de discriminación positiva, e eu creo que aínda que teñen unha pequena parte de competitividade non teñen un carácter tan competitivo coma outros, ese carácter.

PREGUNTA: Coma outros que te refires aos deportes convencionais?

R: Si, si.

DP1 - (173:176)

Eu creo que menor, porque a ver normalmente son xogos descoñecidos para todos entón non hai. Algún si que pode destacar que sexa máis hábil e si que pode destacar. Pero en xeral como ningún sabe xogar parten todos do mesmo nivel e xa non hai tanta competitividade. Eu creo

que non hai tanta competitividade por iso, porque máis ou menos teñen todos o mesmo nivel. Creo que é así.

DP1 - (257:258)

Depende, depende. Xeralmente si, porque xeralmente os xogos soen ser competitivos. De feito é moi difícil plantexar un xogo que non o sexa. Pola característica xa innata dos rapaces e das rapazas, pero uns máis que outros.

DP2 - (57:57)

Resposta: Si, eu son da opinión de que é unha parte importante, e sobre todo é unha parte en que debe ser controlable. É dicir, que sexa un aspecto positivo que non interfira no xogo de maneira negativa.

DP2 - (99:100)

Si eles son bastante competitivos igual, non tanto como nos grandes deportes que imperan hoxe en día. Porque aí xa están condicionados por outras cousas, pero si logo son bastante competitivos. Pero estes xogos o bo que teñen é que claro, como moitos non son tan coñecidos non hai tanta diferenza nas habilidades que eles teñen. E logo claro como teñen un carácter moi variado, entón nun xogo unha persoa destaca moito, pero noutro é a outra persoa a que destaca, entón é como máis repartido.

DP2 - (190:191)

Resposta: Non, non creo que a segregación sexa por tipo de sexos, mais ben por tipo de habilidades ou competencia no xogo. Por iso che digo que, o que falabamos antes da competitividade é un aspecto positivo, porque sempre fomenta o interese e o compañeirismo. Pero claro é un tema que ten que estar sempre moi controlado, que non dea lugar a discriminacións eles teñen que saber as súas posibilidades, e as súas limitacións. E a súa vez axudar a superalas como a si mesmo como ao resto. Ten que ser un elemento moi complicado de xestionar, pero moi importante.

DP2 - (185:185)

Non eu penso que non, que eles mesmos se queren satisfacer por eles. Non porque digan nos somos de 1ºA os outros son de 2ºB imos a bailar mellor ca eles, non. Eu penso que as de 1ºA están bailando, gústalle bailar o seu baile, e despois actuar. Hai unha época que van actuar ao centro cívico, e alí cada un expresa e actúa, pero non hai esa rivalidade, nin esa competitividade. Nin premio, nós tampouco damos premio a quen baile máis. Cada un que se exprese como queira. Entendes?

	<p>DS1 - (117:122)</p> <p>A ver, estamos nun mundo baixo o meu punto de vista que é competitivo, e o que ten que sacar son ensinanzas positivas para a vida. Hai que saber gañar e saber perder, e nós o que ensinamos é a participar. O noso obxectivo, o noso lema é se gañas ben, se perdes ben e se empatas tamén ben. Porque nos imos a sacar o mesmo rendemento, non estamos buscando superdeportistas. O que queremos é que os rapaces xoguen, e participen, e iso é o máis difícil, de mantelos, de fidelizalos aos participantes, nada máis.</p> <p>NDC2 - (146:147)</p>	
<p>Valor motriz</p>	<p>Non, home sempre hai uns mellores ca outros pero non facía falta. Por exemplo, ca billa eramos 2, 4, os que fosen. Había algún que non cheiraba a pelota, pero iso tamén pasa agora.</p> <p>N1 - (128:129)</p> <p>A min o corrompa, a min correr, a min gustábame moito correr. Antes estabamos todos así (indica co dedo índice), agora teñen uns tacos nos costados así (aludindo aos michelins) están obesos, obesas. Chámanlle así, non? Antes non había rapaces así, "bueno" tampouco non había que comer, pero antes non había rapaces nin rapazas así, antes estabamos todo o día correndo, facendo deporte, xogando. Agora non fan nada ehhe, e mais eran outras comidas ehhe, antes comías caldo, caldeirada, comías cousas sans, e agora pizzas, hamburguesas todo unha puta merda, están todo o día cos paquetiños eses (facendo xesto de ter un paquete na man)(risas) Iso é malísimo, non, é?</p> <p>N1 - (143:144)</p> <p>Para xogar á corda, e algunhas cousas había que ser habilidoso porque había que ir saltando así. Si había e máis á churra.</p> <p>PREGUNTA: A monta na churra?</p> <p>R: Si, ese. Tamén iamos pola praia e había, e caías. Había de todo.</p> <p>N2 - (153:156)</p> <p>Resposta: Siiii, si. Difíciles non eran difíciles, pero si que tiñas que ser hábil porque tiñas que correr moito, tiñas que saltar, se querías estar aí, tiñas que espelirte.</p> <p>N4 - (107:108)</p> <p>E tamén recordo agora que estou falando das pelotas que había un xogo da pelota, que a ías botando cunha man (levantase para explicar) ías botando e ías dicindo ti: “mi pelota, salta y bota de una mano para la otra”, e a medidas que a ías cambiando(de man) íala pasando por debaixo das pernas tamén. E con iso movías todo, eses xogos non creo que os fagan, excepto na</p>	

clase de ximnasia, pero antes facíámolos nós.

N4 - (128:128)

Non sei si había que selo, pero os habilidosos en certos xogos triunfaban, eran tamén os referentes na infancia.

N6 - 15:28 [(85:86)]

Que va!! Non, e é máis se son moi difíciles, pero son motivadores, xa funcionan mellor as cousas porque se son motivadores e divertidos non importa a dificultade que teñan. Porque te motivan, pero se son aburridos da igual as normas que poñas, que se non te motivan non o aprendes, porque non queres xogar porque non che apetece. Pero como sexa divertido a normativa da igual porque un cree que canto máis difícil máis motivador. Entendes o que che quero dicir? E aprendes a base de xogar.

N7 - (86:87)

Non, eu creo que, polo menos a miña xeración nunca foi de xogos moi difíciles, son xogos que, que creo que todo o mundo coñece. Son fáciles de xogar e que non teñen ningún tipo de dificultade.

N8 - (119:120)

Pero o máis divertido era sempre o máis perigoso, nesta praia na parte dereita ao fondo existe un espazo natural onde as rochas forman pozas. Pois ben alí estaban o pozo da cunca, chamado así porque facía a forma dunha cunca e sendo dunha vila oleira non lle podían por outro nome, este pozo é pouco profundo, con fondo de area e alí podías tirarte ou nadar un pouco cando eras máis pequeno, o outro pozo era chamando Pozo do Demo chamado así porque alí morrera xa moita xente e por iso o nome, pero ese era o mellor cando estaba a marea chea; tiña a profundidade suficiente para mergullarte de cabeza dende as rochas que estaban ben por riba en altura e reitiro isto porque había certa altura, alí era o mellor porque había concurso de saltos de bomba, de pé, de cabeza, os de cabeza eran os máis divertidos e ademais eran os máis espectaculares e tamén onde eu deixaba a boca aberta a tódolos demais. Eu era o máis pequeno de todos tanto en idade coma en corpo sen embargo era o máis áxil e habilidoso, tamén o que mellor nadaba, non digo isto por medrar o meu ego persoal senón porque era recoñecido polos amigos. Esta facilidade que tiña facía que me tirase de cabeza e non salpicase nada e facía unhas entradas na auga moi boas. E así pasabamos a tarde cando a marea o permitía.

N11 - (32:32)

Non é que se tivese que ser un prodixio da natureza para poder xogar a estas cousas, requirían

	<p>de certa habilidade pero non dunha especialización específica para xogar, iso si canto mellor xogases maior estima social tiñas e maior respecto por parte dos compañeiros, aínda que tamén podías espertar algunha que outra envexa entre os compañeiros de xogo.</p> <p>Na maioría xogábase ó aire libre sempre en relación co contorno, ben podías xogar nunha praza, pista, nun monte que estivese preto, no porto, na praia en calquera lugar que non fose transitado por coches ou que tivese unhas dimensións moi reducidas que fixeran o xogo imposible.</p> <p>N11 - (45:46)</p> <p>Nos vídeos que tivemos a oportunidade de gravar no porto, puidemos ver como a habilidade e a capacidade motriz dalgúns adolescentes á hora de saltar desde o porto e facer acrobacias nos seus saltos.</p> <p>(Memo)</p>	
	<p>A verdade que sempre o fago cos xogos populares porque me parecen os máis axeitados e incluso gústalles moito o tema de zancos. As habilidades motrices básicas trabállanse todas, por medio deste tipo de xogos. Logo hai moitas habilidades específicas de lanzamentos e recepcións que si que tamén, tamén as desenvolvemos con estes xogos.</p> <p>DP2 - (168:168)</p> <p>Todas las habilidades motrices no. Yo creo que no.</p> <p>PREGUNTA: Por que?</p> <p>R: Porque yo creo que no. Si, si por ejemplo aspectos de fuerza, condición de resistencia mucho mejor con otro tipo de actividades mucho más lúdicas. El, no le veo el aspecto tan lúdico a muchas actividades de deportes modernos, por así decirlo, con los tradicionales. Los veo menos motivantes para los chavales, es mi opinión, claro.</p> <p>DS2 - (195:197)</p> <p>Pensas que a través dos xogos populares-tradicionais se poden desenvolver as habilidades e capacidades físico-motrices, na mesma medida que nos deportes convencionais?</p> <p>Resposta: Si, eu penso que si. Non sei se na mesma medida pero penso que si se poden desenvolver.</p> <p>DC1 - (278:279)</p> <p>Nas análises de tódolos vídeos tanto dos da praia, porto e das escolas de A e B, pode verse como os diferentes xogos populares sempre hai nenas e nenos en movemento. Estes vídeos constatan que os xogos populares son unha ferramenta moi útil para desenvolver tódalas habilidades básicas motrices e as capacidades físicas.</p>	

	(memo)	
Socioafectivo	<p>Pero gozabamos, vivíase. Mira aquilo era unha marabilla, que che vou dicir “che”. Se cadra estou equivocado, pero mira que che vou dicir “Puli”. Eu para min que era a xente, a ver se me sei explicar ehh, que a xente era máis amiga, había outra amizade que non hai hoxe, paréceme a min ehh, nos veciños, nos amigos, paréceme que agora hai outra cousa.</p> <p>PREGUNTA: Outro sentido na vida?</p> <p>R: Eu creo que hai máis interese na vida, entendes? Todo é polo interese, todo mundo anda ao seu, case non hai amigos ehh, e máis non. Todo o mundo anda ao seu, entendes? Eramos máis unidos foder, unha cousa preciosa era. Pasábase fame, pero había máis diversión ca Deus!!! Era unha marabilla, e hoxe non hai nada, maquinatas e ordenador e nada máis e ó carallo!</p> <p>N1 - (74:76)</p> <p>Si, si, si. Eramos máis unidos. Eu digo que era polo xogo, porque ti se colles unha maquinata, e vas agora, que che podo dicir para a punta das obras (díque), e te pos ti só a xogar á maquinata. Aí non hai amizades, non hai xuntanza coa xente, e nós estabamos non, todos estábamos na escola, e dicíanme C.....(nome): "ves despois de merendar para a area? Non vou ás seis que non me deixan antes". Despois estabamos na area ou na Cerca. Estabamos sempre xuntos. Agora ves dous ou tres xuntos, outros dous xuntos.</p> <p>Eu creo que a xente era de outra maneira coño, un veciño ía á casa doutro, coñeciámonos todos, agora cerrala porta, ninguén vai a ningún lado. Había outra amizade na xente, eu digo aquí, non na capital que vives nun edificio e non coñeces ao do terceiro.</p> <p>Pero nos pobiños había outra cousa “che”, eu recórdome cando era rapaz, que chegaba a casa de miña avoa, e estaban os veciños todos xuntos, había unha unión que non hai hoxe. Hoxe anda todo o mundo por puro interese, entendes? Eu quero ter unha casa coma a túa, uns tenis como os teus.</p> <p>PREGUNTA: Todo é ter, e ter.</p> <p>R: Todo é ter, ter, ter e nada máis ca ter, "bueno" no que eu penso, o que me da a miña mente, o que me da a miña escola que eu tiven. Paréceme que é outra xente, non outra xente, outros mundos, eu para min que antes a xente era máis unida, todo máis unido.</p> <p>N1 - (180:185)</p> <p>Resposta: Era un entretemento marabilloso. Si, porque pasabas o día entretido. Tanto xogando no verán na praia como xogando polo inverno ao parchís, ás damas a todo iso. Si un entretemento bárbaro.</p> <p>N2 - (173:174)</p>	

Eu creo que non, porque ata me parece que os xogos que empregan agora da corda me parecen moi individuais, que é como o adestramento que fan os boxeadores, moi individual, saltan á corda individual. Pero antes individual había, pero moi pouquiño, antes era todo con tódolos nenos, participabamos tódalas rapazas na corda, e a que tiña a corda ou a goma esa era a máis querida.

N4 - (119:120)

E nos recreos, era a gloria bendita ir para os recreos, menos cando te castigaban, claro. Pero era iso liberdade, amizade e pasalo ben sacarte daquelas, porque antes era bastante duro que non é coma agora.

N5 - (125:125)

Pois dende logo, un momento de relación de interacción social, un momento de descuberta no contorno. Cando digo descuberta refírome, pois a diferenza que había entre un pino do país e unha maceira, entre un xilgaro e un verdelo, ou entre un pardal e unha anduriña, quero dicir que iso aprendíamolo co xogo. E despois unha maneira de interaccionar cos maiores, e de iniciarte á vida, ás conversas ehhs sobre o sexo, sobre moitas cousas que teñen que ver co sentido da vida descubríalas a través do xogo.

N6 - (90:91)

Todo, porque o xogo é o que te saca a ti do que é a educación do núcleo familiar, é o que te socializa é o que reforza o concepto da amizade, onde non hai maiores, protectores, educadores. Onde só es ti e mais os teus amigos... Esas normas aprendelas a pelo entre nós, sabes? É unha forma de educación, de autoeducación, sen profesores. E o xogo para iso é básico, entendes? Para a formación integral do rapaz é necesaria a educación na casa, no colexio e é necesario o xogo claramente, coma a educación na casa e máis no colexio. O xogo é básico na educación, e na formación integral do individuo, senón hai xogo pérdese unha parte importante da educación eu creo que é así.

N7 - (92:93)

Home! Pois supoño que o mesmo que significa para todos, para todo neno non? O xogo vai unido á infancia, non? Eu medrei xogando, eu desfrutaba xogando cos meus amigos. É ben certo que eu era así por chamalo un pouco aburrido, porque pasaba a metade da tarde coa pelota, pero eu penso que unha forma de aprender e mesmo de medrar. Non hai moito, oín nunha discusión cun compañeiro de cole que dicíamos que eramos diferentes porque tínhamos rúa. Chamámoslle, que medramos na rúa nos mesmos, solucionabamos os nosos problemas sen

necesidade de ningún adulto. É dicir, ti botábaste á rúa, pasabas a tarde cos teus amigos, xogabas e solucionabas os teus problemas, aprendías un pouquiño, eh, por ti so, un pouco a sobrevivir, é dicir non a sobrevivir, a vivir cos teus amigos e cas túas disputas, cas túas leas pero nunca nada pasaba. É dicir, porque un protestaba o outro pedía unha explicación e chegabas a un conflito, pero ti mesmo o solucionabas con él. Chegaba o día seguinte e non pasou nada, e estabamos todos. Eu penso que iso se perdeu un pouquiño, penso que os nenos eh, non teñen esa, como dicimos nós, esa rúa. Esas horas de xogar xuntos sen que ninguén che poña unhas normas, é dicir, sen ter que ser un xogo pautado por un maior. A nós ninguén nos pautaba nada, xogabamos e punto, ninguén pedía explicacións, eran as normas que se puxeron entre todos. E un pouco che axudan a medrar, pero eu penso que se perdeu un pouquiño.
N8 - (127:128)

Pois un pouco o que falaba antes. O xogar a diferentes cousas enriquece, e xa non so a nivel deportivo de xogar a esas cousas, senón tamén a nivel persoal. É dicir, o que falabamos antes, de saír e que haxa un xogo feito por nós mesmos. Porque había xogos que si que son de tódolos sitios, pero que ti lle pos as túas normas, non? E vén condicionada polo sitio, ou polos gustos desa xente que xoga, pero que é un pouco un xogo teu, entón o xogar así cos teus compañeiros, e solucionar os problemas por ti mesmo, e por eles creo que che axuda un pouquiño a medrar como persoa tamén, ao mesmo tempo que divertirte, porque o xogo o que ten que ser é diversión, non?
N8 - (150:151)

Bien, porque al estar entretenida me lo paso bastante bien, y como suelo estar acompañada pues bien.
N9 - (223:224)

Home, pode ser o feito de divertirse e pasar tempo cos amigos, aínda que os xogos sexan distintos.
DP1 - (149:150)

E sobre todo, no aspecto de socialización, actitudinal, e son moi beneficiosos incluso teñen moita, moita aplicación. Unha aplicación moi extensa porque a partir de aí, podes traballar con certos materiais que xa son creados por eles. Trabállanse moitos valores que con outro tipo de actividades máis dirixidas máis mecánicas, pois quedan sen tocar.
DP2 - (138:138)

Que teñen as mesmas posibilidades que calquera tipo de deporte, e incluso máis porque moitos

xogos populares levan implícitas unha maior carga de valores que os deportes. Ademais que nos deportes ao estar tan institucionalizados sempre provocan maior número de conflitos.

DP2 - (188:188)

Hombre todo tipo de juego es una interrelación con alguien. Lo que pasa, es que yo ahora creo que quizás les viene mejor, porque cada vez son más individualistas los chavales. Más individualistas, pero por la sociedad que tienen. Ahora si pueden estar con su consola o con su mp3 o mp4 prefieren estar en muchos casos así que no en grupo, me da a mi esa sensación. Eso antes no pasaba, quizás en ese sentido las tecnología se pueda volver un poco en contra.

PREGUNTA: Ten maior significancia?

R: Si, para mi si. No había caído pero si.

DS2 - (101:103)

Para min os puntos clave nas escolas son eses. Todo o que fago vai enfocado a iso. Aquí por exemplo, superpoñemos o comportamento, ou que todos se relacionen con todos, ou que todos se respecten, o afán de superación superponse á mellora técnica. Eu emprégoo como unha ferramenta máis para o meu traballo.

DC1 - (226:226)

Resposta: Eu penso que é diferente. É diferente polo que dicíamos, por ese afán competitivo que ten o fútbol. Que é un partido, e un gaña e outro perde, pero nos xogos populares tamén, un gaña e outro perde. O que pasa que é algo diferente. Non sei, xogar máis entre amigos sen competir. E penso que é como ti o enfoques se o enfocas o fútbol como un afán competitivo pois claro pasa o mesmo pero senón penso que si que pode ser igual.

DC1 - (281:282)

Unha vez que o deposita este comeza a correr e o que ten a testemuña trata de pillar ao outro compañeiro e este debe alcanzar o sitio libre con éxito. Con este xogo hai un gran barullo e participación por parte das nenas e nenos que están xogando a iso, hai moitos berros de emoción e apoio ás compañeiras e compañeiros.

Análise vídeos Recreos - (83:83)

Hai certo diálogo entres as participantes por como debe ser a técnica a empregar para facelo con éxito.

Análise vídeos Recreos - (106:106)

Unha das mestras está presente nesta zona e axuda ás nenas e nenos a xogar cos distintos

materiais.

Análise vídeos Recreos - (109:109)

Vese como xogan un grupo de nenas e un neno ao brilé. Semellan ser dun dos cursos dos maiores. A partida descorre con gran tensión xa que por un equipo hai poucos participantes por ser tocados coa pelota, que neste caso é de goma-espuma.

Na outra parte do patio están xogando un rebumbio de fútbol.

Análise vídeos Recreos - (119:120)

No resto do clip vese como os responsables do material recollen do almacén o mesmo e comezan a repartilo co resto das nenas e nenos do colexio. Obsérvase unha gran responsabilidade e implicación polos nenos á hora de facer esta tarefa, tanto polos que anotan como polos que recollen o material xa que agardan pacientemente a que se lles entregue.

Análise vídeos Recreos - (145:145)

4.10. EXPLICACIÓN MATRIZ XOGOS POPULARES

A matriz que presentamos a continuación é *xogos populares*, na que facemos referencia ao tipo de xogos que foron practicados polas diferentes xeracións, centrándonos nas declaracións dos informantes principalmente. Está composta polos códigos *xogos populares locais* (refírese aos xogos practicados na comunidade estudada); o seguinte código é *xogos populares cantados* (refírese a aquelas prácticas que puidesen incluír algunha cantiga); outro código contido nesta categoría é *xogos populares e traballo* (indica se algunhas das manifestacións lúdicas están relacionadas ou inspiradas nos traballos máis representativos da comunidade); sumamos tamén o código de *xogos populares estacionais* (que nos aproxima á temporalidade dos xogos populares); o seguinte código é *xogos populares pasivos* (refírese a aqueles xogos que non teñen un compoñente motor); sumamos nesta categoría o código *risco xogos populares* (alude á posible perigosidade que poidan ter algúns xogos practicados na comunidade); á categoría engadimos o código *prácticas lúdicas actuais* (céntrase en detectar se as manifestacións lúdicas actuais son consideradas como xogos populares polos profesionais).

O primeiro código que se recolle na matriz é *xogos populares locais*, no que nos centramos en recoller os distintos xogos que se practican na comunidade. Esta recollida facémola ao longo de tódalas xeracións que entrevistamos na investigación, destacamos a variedade de xogos recollidos e a riqueza destes a nivel motor. Neste caso o nivel de triangulación é identificado coa cor verde, grazas á triangulación de axentes que existe, ademais que as técnicas de recollida de datos empregadas neste caso son diferentes tipos de entrevistas e o informe autobiográfico, ademais do documento elaborado no cal se recollen os xogos populares da comunidade clasificados e o cal se pode consultar nos anexos. Indicar que nesta código se restrinxiu o número de citas, debido ao gran volume e para simplificar escollemos unha mostra representativa, e que non incrementase en exceso o volume de páxinas da matriz, para facilitar a lectura ou revisión da mesma.

Un novo código que se inclúe nesta matriz é *xogos populares cantados*, neste punto os xogos que se identifican con cantos ou rimas, son fundamentalmente xogos de corda, e como excepción algún xogo de corro. A presenza destes xogos no discurso dos informantes é moi limitado. A cor para a triangulación xa que a presenza de axentes é moi limitada é a técnica empregada é a entrevista etnográfica.

Outro código é *xogos populares e traballo*, neste caso a existencia de xogos inspirados nos traballos da comunidade están presentes, grazas a xogos como “ouchear” as ondas, nas pedras, vogar nas chalanas, etc. Destacamos a triangulación deste código coa cor verde porque o número de axentes é amplo e as técnicas de recollida de son as entrevistas, informe autobiográfico e mesmo nalgunha das gravacións obtidas temos xogos nas pedras que nos confirman este feito.

Temos nesta categoría o código de *xogos populares estacionais*, grazas a este código podemos afirmar que na comunidade os xogos tiñan e teñen un marcado carácter estacional, sendo as épocas estivais as que congregan unha maior actividade lúdica. Neste caso a cor é verde porque a triangulación de axentes existe e tamén temos as entrevistas, informe autobiográfico, xunto cun par de “memos” aclaratorias que nos falan da recollida das gravacións no verán e que moitos dos xogos relatados no informe autobiográfico son practicados nas épocas de bo tempo.

O seguinte código de *xogos populares pasivos*, permite identificar unha tipoloxía de xogos que non estaban contemplados na investigación, e que si que tiveron presenza na vida lúdica da comunidade, pero que nesta investigación non nos centramos neles. Para este código a triangulación é laranxa polo número de axentes envoltos no tema e debido a que soamente empregamos as entrevistas para compilar información.

Un código que relacionamos a esta categoría é o de *risco xogos populares*, aquí damos conta de como algúns xogos concretos, teñen un compoñente de risco bastante elevado. Podemos incluso falar dun risco de morte á hora de realizalos, como poden ser algúns tipos de saltos que se realizan no porto, as cucañas, entre outros. A cor é laranxa xa que existe unha presenza de axentes considerable e tamén grazas a que temos as entrevistas, informe autobiográfico e as gravacións que completan este código.

Outra achega a esta matriz é o código *prácticas lúdicas actuais*, neste caso poñemos o foco de atención nas actividades lúdicas que gozan dunha maior popularidade dentro das xeracións actuais, como o surf, skate, etc. Neste caso centrámonos nas declaracións dos profesionais xa que teñen un maior nivel de coñecemento e profundidade sobre o tema. Neste caso non consideran que sexan xogos populares e manteñen unha perspectiva bastante pechada a que estas actividades sexan xogos populares, malia que contan cunha ampla difusión entre a poboación máis nova.

A triangulación identificámola coa cor verde xa que ademais das entrevistas, existe unha “memo” que nos fala ao respecto.

4. 10. 1 MATRIZ XOGOS POPULARES

Matriz 10. Xogos populares.

<i>Categoría Teórica</i>	<i>Categoría</i>	<i>Código</i>	<i>Matriz Xogos populares</i> <i>Manifestado por</i>	<i>Triangulación</i>
	Xogos populares	Xogos locais	populares	
			<p>Era...quitábala correa, e a ver un virábase así, non todos virados así (de costas) e un escondía a correa, e ía e berraba: "Xa está!" Despois ía un corre, corre, corre... e dicíamos: "Frio! Quente!" E todos: "Quente, quente!" Ata que atopaba o cinto, e comezaba a cintazos con todos, e a correazos con todos, non, sabes? (risas) E así, era o que había daquela. E despois xogaban as rapazas á corda, as rapazas xogaban á corda.</p> <p>N1 - (44:45)</p> <p>E xogabámosche a isto, despois xogaban as rapazas á corda, nos xogabamos a mariola, (risas) ou a billa. Nunca xogaches á billa? Non xogaches!</p> <p>PREGUNTA: Eu, a min a billa non me tocou de neno, tocoume cando era xa grande.</p> <p>R: Nós xogabamos moito, alí porque era un sitio moi bo.</p> <p>N1 - (47:49)</p> <p>E alí xogabamos á billa, era un sitio precioso, era un sitio moi grande. E despois de alí, estiven nas escolas nacionais, e despois xa fun noviño de todo para o mar. Eu cando fun para o mar, non sabía nin restar, nin sumar, non sabía nada. Non, ves que nunca ía á escola? Porque non quería. Meu era carpinteiro e fíxome unha carteiriña de madeira preciosa, vernizada e todo, e tiña unha pizarrilla así (cadrado pequeno), e dous cachos de xiz, unha pluma esgallada, porque daquela non había para ter outra cousa, un tinteiriño así, (pequeno) e un silabario. O silabario xa estaba sen tapa e sen nada, tiña dúas follas, metíao alí; meu pai que traballaba de carpinteiro, se non ía ao mar traballaba de carpinteiro. E eu miraba se non me vía meu pai, nas casas de pedra de antes había furocos, e eu collía, metía a carteira nun oco tapábaa cunha pedra por diante e ía cara a Atalaia, andar aos paxaros.</p> <p>N1 - (51:51)</p> <p>Xogabamos á mariola, xogabamos á corda moito, e despois facíamos aros de ferros, non sabes? Con eses contos [facendo o xesto da guía]. Despois merquei uns patíns e patinaba, patinaba dentro da lonxa que era aí, no concello que vendían o peixe. E dentro era todo</p>	

cemento, e patinaba dentro da lonxa e íamos patinar para aí dentro.

N2 - (32:37)

Si, ás mesmas cousas, daquela era o que había non había outras cousas. Non había semellantes cousas distintas que hai agora. [silencio] E había un xogo tamén, que ese era no verán na praia que había que facíamos un círculo así [facendo o xesto coas mans], facíamos unha circunferencia e despois poñíamonos separadas así [indica a distancia de separación], e collíamos unha pedra ou un caño e tirabamoslo detrás dunha persona, e esa tiña que ir correndo detrás de ti. Eran os xogos que tiñamos. Despois collíamos un cordón cun botón e íámolo pasando así [de man en man], ás agochadas e dicíamos cantando: “el cordón pasó por aquí, yo no lo ví”. Non sabes? Así cantando e resulta que tiña que adiviñar o que estaba castigado, así no medio no centro, e onde estaba o anel, e senón seguía pandando.

PREGUNTA: E o da pedra igual?

R: Si, si, o que non collía, pandaba outra vez.

N2 - (48:51)

Si, si. De xente de xuventude, de nenos, hai máis no porto que na praia.

PREGUNTA: E ti pensas que agora coa obra nova esta, non vai perder un pouco?

R: Home! Perder moito, perdeu xa. Por exemplo, hai un ano ou dous anos, desde que se fixo, moita xente perde, porque non tes sitio coma antes.

PREGUNTA: Antes era máis de nenos pequenos?

R: Si claro, antes tiñas unha rampla, que tiña non sei, pero tiña case un campo de fútbol, e tiñan "colchonetiñas", tiñan toalla, tiñan de todo canto había. E tiñan outro sitio agora non hai sitio. Agora hai moita xente na porta da lonxa, e máis na rampla que vai dar á dársena.

PREGUNTA: No muro do gas?

R: O muro do gas, a xente xa os rapaciños sen medo xa se tiran dende o muro do gas, despois xa tiran dende a caseta do surtidor, os que perden o medo vanse tirando, como facíamos nós antes. Mira nós tirabámonos dende a porta da dársena, dende a viseira da lonxa.

PREGUNTA: A lonxa vella?

R: Si desde a lonxa vella, desde a viseira. Tirarte dentro da dársena. Mira que xa pasaba a rúa que pasa agora, aínda. E tirábaste, tirábase todo o mundo. Toda miña mocidade tirábase todo o mundo.

N3 - (222:235)

6ª.-Pregunta: E mira a que xogábades cando érades nenos?

Resposta: Xogabamos á buxaina. Tratábase de facer un círculo e botar se cadra un patacón ou

así, ehh, bótase a sortes e ao que lle tocara de saír, lanzaba a buxaina. Se che cadraba de que a buxaina caese no círculo, podíala coller coa man e mentres bailaba na man, podías ir collendo os patacóns que puideras, ata que acabase de bailar e cando paraba tocáballe a outro.

PREGUNTA: E xogabades a máis cousas?

R: Si! Xogabamos de noite antes de ir para a casa ás agachadas (escondite), a pillar a uns e outros, así, os pequenos aos grandes, despois xogabamos a un aro, tratábase dun aro (comeza a sonar a sirena do porto) cunha forquilla que facías ti así de arame (indica coas mans a forma do ferro que facía de guía para o aro) e xogabamos, así era o xogo que tiñamos.

N3 - (33:36)

Non, ahhh. A mariola, a corda, aí tamén a goma! Xogar á goma, nuns sitios chámase goma, pero é estira, que é a que se pon nas cinturas dos pantalóns, así (facendo xesto de cintura) e atábase nos dous extremos e xogabamos 3 rapazas, dúas polos lados e outra saltaba, e íamos levantando pola altura da persoa que saltaba

N4 - (34:34)

Eraann, a goma, a mariola, as quedas, é en Buño chámase en Buño, as quedas era tocar a un compañeiro e ese era o que corría detrás dos outros compañeiros dos seguintes, entendes? E despois ao "escondite". Que non sei como se chama en galego? O "escondite".

En Malpica de verán era ir para a praia, e andar por alí polo Caldeirón saltando, andar polos botes, pescar xureliños alí no porto.

N4 - (42:44)

Enredabamos alí, nadabamos, aprendiamos a nadar alí. Tamén tirabámonos dende a rampla, dende os botes, e alí pasabas a tarde ou o día.

N4 - (45:46)

Aiiiiii! Tamén había outro xogo en Malpica que consistía en lanzar o balón contra a parede, e cando a pelota rebotaba ti tiñala que saltar, sabes como che digo? Tirábala plim e tiñala que saltar.

N4 - (56:56)

Si, brilé e corda. Si brilé, corda. Porque o fútbol xa non era noso. Agora aínda xogan moitas nenas, antes non. E iso os tres navíos e as agachadas. Porque podíamos xogar todos.

N5 - (68:69)

Eu no porto nada, porque non ía a case nada. E na praia, na baixada que vai, onde está O pescador había unhas escolas, había unha baixada. Entón, naquela baixada eu acórdome, non xoguei porque xogaban os da escola que ían alí, á billa, ao palán, non sabes? O que vai para a grúa, ademais, era chan de terra para a buxaina para facer os "furolos" eses, non sei como lle chamaban. Eu normalmente xogaba na praia ou nas Venturillas.

PREGUNTA: Na praia que xogos facíades?

R: O brilé, e facer perillotes e saltar. Se tiñamos goma, á goma ou facer corazóns.

PREGUNTA: Ir á vía, facíades?

R: Máis os rapaces.

PREGUNTA: Máis os nenos que as nenas?

R: Máis os nenos. As nenas, algunha que lle chamábase "marimacho" ao mellor, sabes? Iamos pero non coma eles que ir á vía era cousa de nenos.

N5 - (109:116)

O aro que non che dixen, porque tampouco me gustaba que non o usei,

N5 - (139:139)

sabes que marcaba moito o tipo de xogos e a cantidade? A estación do ano, é dicir chegaba a primavera xogabas a uns xogos que o tempo permitía, ou pola luz ou polo chan, é dicir se na primavera comezaba a facer bo tempo, e menos pozas, e menos mal tempo digamos, o solo tamén estaba mellor e daquela xogabamos á buxaina, xogabamos co punzón un círculo no chan, xogabamos ás chapas, aos boliches que lle chamabamos nós, a mariola. En cambio no inverno se cadra, xogabamos máis ao aro, ou a facer un bote, un barco cunha lata de aceite que nos axudaban as nais ou as avoas, ou xogabamos máis na praia, cando o mar estaba máis embravecido, a facer as barcanas que eran coma buques, proa ao mar, e nada agardar a que viñera e xogabamos a "ouchear". "Bueno" había cada, cadaaaaa, "bueno" ía dicir tunda, pero a tunda viña despois (risas), cada molladura tremenda, tremenda.

N6 - (57:58)

Pois, seguramente ehhhh, se se pode denominar xogo, máis unha actividade, pero cando viña o verán, despois de ir á praia, bañarte nas ondas e ir á vía, porque despois tamén aproveitabas as ondas, ir a non había surf, nin bodisurf, nin windsurf, ninguén tiña unha táboa, pero nos tamén facíamos surf co corpo e aproveitabamos moi ben esa interacción co medio. Todo o que tiña que ver ca praia desfrutaba, todo o que era ir aos panchos á bocana do porto, aos "pulpos", ás barbadas, todo iso, eu desfrutaba especialmente.

N6 - (93:94)

Algún si. Mira xogabamos ao peón, ás bolas, á billarda. A billarda descubríno aquí en Malpica. A billa que lle chaman, noutro lado chámanlle billarda. Os aros, de arrastrar o aro, e logo xogos populares eran os que había. A miña vida transcorreu entre Malpica e Carballo. E xogaba ás agachadas ao que xogaban o resto dos compañeiros.

NDC2 - (16:16)

Tamén, e ensinar a nadar a algún colega meu sen saber eu nadar. Eu dende o bote (risas), fáloche en serio el nadaba, e eu dáballo ao remo: "aguanta aquí, arrima alí un pouco máis". Sen saber realmente o que te estabas xogando.

NDC2 - (44:44)

As "canicas", noutro lado lle chaman as bolas. O peón, e algo de aro e pouco máis. Eu o que dicías antes de andar polos barcos, que andabamos sempre polos botes, de bote en bote. Para nós non era un xogo, era porque queríamos ir pescar e era o divertimento que tiñamos, pero tampouco era un xogo.

NDC2 - (56:56)

Reproducías, uns nun sitios. A ver, os da escola sacábalos fóra da escola pola tarde cos teus amigos, se che interesaban e se eran bonitos. Por exemplo, os que che ensinaban a aprender saltar en E.F. Un por riba do outro, a cabalo, e todas estas historias, así un por riba do outro, pum pum. E iso reproducíámolo na praia ao mellor, e cousas así, e viceversa. Moitas veces no recreo cando era a época da buxaina no recreo en vez de xogar ao fútbol, xogabamos á buxaina, entendes? E era así.

N7 - (41:41)

Fútbol, non che vou mentir, non che vou mentir, pero "bueno" había derivados nas rúas, vouche falar de algo moi importante que na miña educación foi fundamental, e no meu proceso de aprendizaxe do fútbol foi fundamental. Chamábanse os "mundialitos" e xogabamos coa portería cunha caixa da froita, ancha non estreita, e a pelota era unha pelota de tenis, e iso para a coordinación e a praxia fina era a p... os.... E xogabamos moitas, moitas, moitas, moitas veces e ata 20 ou 30 persoas, de 1x1, 2x2, 3x3, 4x4... Tamén coas caixas xogabamos ao tenis, e os adoquíns da rúa facían os cadrados e cas caixas facían de rede, e a tenis tamén temos xogado, pónoche exemplos na rúa, na rúa, non facía falta material didáctico.

N7 - (60:61)

Vouche falar de algo moi importante que na miña educación foi fundamental, e no meu proceso de aprendizaxe do fútbol foi fundamental. Chamábanse os “mundialitos” e xogabamos coa portería cunha caixa da froita, ancha non estreita, e a pelota era unha pelota de tenis, e iso para a coordinación e a praxia fina era a p... os.... E xogabamos moitas, moitas, moitas, moitas veces e ata 20 ou 30 persoas, de 1x1, 2x2, 3x3, 4x4... Tamén coas caixas xogabamos ao tenis, e os adoquíns da rúa facían os cadrados e cas caixas facían de rede, e a tenis tamén temos xogado, pónoche exemplos na rúa, na rúa, non facía falta material didáctico.

N7 - (61:61)

Pois cando tocaban as buxainas, pois saías coa túa buxaina ou se nos daba por ehh. Tamén en Malpica eu recordo xogar no verán a guerras de globos de auga, foi un xogo ao que xogábamos moito, moito, moito. Entón un pouco o que tivera de moda nese momento. Pasabamos épocas, pois xogando á buxaina, e outras botabas xogando ao fútbol, como outras veces xogabas aos "escondites", non era moito de utilizar moitos materiais, non.

N8 - (103:103)

Na praia eu do que máis me lembro son dos partidos de fútbol praia. En Malpica houbo, hai e sigue habendo porque é unha das cousas que non se perdeu, son moitas competicións de fútbol praia, ehh. Era raro chegar á praia a Malpica e non ver un partido, evidentemente xogas coa marea, porque coa marea arriba non se pode xogar, é dicir non queda area para xogar, entón é unha cousa coa que tes que contar. E despois xogabas un pouco a todo

N8 - (125:125)

Cando eras máis pequeno xogas a pillar, eu na area acórdome de xogar a pillar, e sobre todo despois xogar no mar. No mar recordo xogar á vía que lle chamamos nós. É dicir, coller, facer surf sen táboa, aproveitar a forza da onda para que te trouxera á terra. É o típico xogo que non ten normas, cada un desfruta, coma facer surf. Acórdome de xogar ás palas tamén, é dicir un par de raquetas e unha pelota, e xogar a pasar a pelota. Pero "bueno" no había unha zona na que xogaras, se non era un partido de competición feito por unha, bueno por unha liga, que alí si que marcaba o campo de xogo, como as ligas de voleibol. Pero o xogo en si era espontáneo utilizábase toda a area.

N8 - (125:125)

Outro xogo que era moi arriscado era gabear polas árbores, ben fosen eucaliptos, pinos ou carballos daba igual. O que me parece increíble agora, porque realmente era un xogo moi

arriscado xa que o que era capaz de subir máis alto era o que gañaba, pois alí estábamos nós uns rapaces sen medo as alturas. As árbores estaban ben sinaladas con cravos, supoño que as xeracións anteriores se encargaran de cravar, eu nunca cravei ningún porque non facía falla e ademais estaban ben colocados para que un puidese ir facendo os agarres e apoios necesarios ata chegar a zona das pólas e alí xa non necesitabas de nada, salvo as túas mans, pernas e as túas habilidades coma escalador e unha alta dose de bravura. Porque había que ser bravo para chegar até a copa das árbores. Unha vez que estabas alí debías abanear ben na copa para que tivese máis emoción, o problema era baixar porque algunha póla xogábache unha mala pasada e daquela podías caer ata que te parase outra póla máis grande, nunca xogou a isto ningunha rapaza que eu me lembre.

N11 - (23:23)

Xogar ao xoquei, cos carabullos das berzas ou con calquera pau que tivese forma parecida a un “stick” de xoquei. Cos paus e unha pelota de tenis ou calquera bola que fose pequena e non quedaba nada máis que poñer unhas chaquetas ou caixas de froita para facer as porterías e xa estaba a partida montada. Non precisabamos de nada máis, valía calquera lugar que fose un terreo o máis liso posible, este tamén era un xogo de nenos.

N11 - (25:25)

No verán cando maduraba o millo adicabámonos a ir ao millo e comelo cando aínda esta leitoso o gran do millo, pero tamén asaltabamos as plantacións, na procura dos grans para ter munición para os tiramillos, eran coma uns tiracroios que se facían coa boca dunha botella de plástico e logo colocábase un globo polo lado do tapón e fixébase con cinta ou esparadrapo, e xa tiñas un tiramillos. Servía para darlle ás dianas ou botes que nos colocabamos, ou para darnos entre nós mesmos, sempre xogabamos nenos a isto nunca as rapazas.

N11 - (26:26)

En el puerto (silencio) cuando nos vamos a bañar, juegan a eso de llevársela, sabes?

PREGUNTA: Non, o coñezo. Non sei, conta.

R: Pues uno coje la pelota y el otro, pues le tiene que dar a otra persona, y vale todo el puerto.

PREGUNTA: Pero iso que se xoga. Que é correndo?

R: Corriendo, nadando como quieras.

PREGUNTA: Por todo o porto.

R: Uhum. (asentindo coa cabeza)

N9 - (140:150)

Aparte de nadar, eu que sei vos tirades, saltades?

Resposta: Yo solo nado normal, pero si que hay gente que se tira y luego patinar, a veces patinar.

N9 - (140:150)

Resposta: Si, a las lapas, si también

PREGUNTA: Andar á vía, sabes o que é?

R: En el agua?

PREGUNTA: si na auga. Sabes o que é?

R: Si, a eso también

PREGUNTA: E (silencio) a iso xogades nenos e nenas todos xuntos?

R: Si.

N9 - (152:159)

Resposta 2: Fútbol, baloncesto.

Resposta 1: Fútbol, buxaina.

PREGUNTA: Os deportes basicamente?

RESPOSTA 1-2: Si.

N10 - (555:559)

RESPOSTA 2: Nós tamén xogamos ao fútbol, nós tamén aló xogamos todos ao fútbol.

PREGUNTA: Soamente xogades ao fútbol?

RESPOSTA 2: Non, porque soamente levan o balón nada máis para xogar ao fútbol.

PREGUNTA: E non levades outras cousas ou davos pereza?

RESPOSTA 2: Algunha si. Antes algún día aínda iamos cos patíns e así, pero agora.

N10 - (583:587)

PREGUNTA: Quedades alí cos amigos e que facedes?

RESPOSTA 2: Falar e xogar.

RESPOSTA 1: Falar, xogar eu que sei.

PREGUNTA: Xogar a que? Todos os días ao fútbol.

RESPOSTA 1: Ás agochadas.

RESPOSTA 2: Ao tenis.

PREGUNTA: Aos deportes basicamente.

RESPOSTA 1: Si

N10 - (807:814)

	<p>PREGUNTA: E cando non xogades ó baloncesto en Malpica. A que xogades? R: Depende, es que Malpica tampoco, a las palas en la playa, al fútbol playa. PREGUNTA: e ao porto. Ti acórdaste de algo no porto? R: Al puerto si. PREGUNTA: A que xogades no porto? R: En el puerto (silencio) cuando nos vamos a bañar, juegan a eso de llevársela, sabes? PREGUNTA: Non, o coñezo. Non sei, conta. R: Pues uno coge la pelota y el otro, pues le tiene que dar a otra persona, y vale todo el puerto. PREGUNTA: Pero iso que se xoga. Que é correndo? R: Corriendo, nadando como quieras. PREGUNTA: Por todo o porto. R: Uhum. (asentindo coa cabeza) N9 - (136:147)</p> <p>Hai que lembrar que existe un documento no cal se recollen os xogos populares obtidos das entrevistas. Nel aparecen os xogos clasificados e ordeados segundo a modalidade do xogo. (Memo)</p>	
<p>Xogos populares- Cantados</p>	<p>"Bueno", si ao saír da escola, pero non nos xuntabamos moito. Non porque eu tiña unha navalliña, que chamaba a navalliña do tío Enrique, era un pouquiño máis pequena ca isto así de pau (case un dedo de larga con empuñadura e todo), eu era tremendo eh, e as rapazas estaban xogando, cantando: "ALI CHORI PATACA FRITA", no medio e medio de Malpica, alí na acera de Cachón. N1 - (96:96)</p> <p>Tirabámosllo detrás dunha persona, e esa tiña que ir correndo detrás de ti. Eran os xogos que tiñamos. Despois colliamos un cordón cun botón e íámolo pasando así [de man en man], ás agochadas e dicíamos cantando: "el cordón pasó por aquí, yo no lo ví". Non sabes? Así cantando e resulta que tñao que adiviñar o que estaba castigado, así no medio no centro, e onde estaba o anel, e senón seguía pandando. PREGUNTA: E o da pedra igual? R: Si, si, o que non collía, pandaba outra vez. N2 - (49:51)</p> <p>Si,si. Eu recuerdo algunha aínda. (risas) (cantando): "soy la reina de los mares, ustedes lo van</p>	

	<p>a ver, tiro mi pañuelo al suelo y vuelvo a recoger, pañuelito, pañuelito quien me lo diera tener guardadito en el bolsillo con un pliegue de papel”. Ti ías saltando, e isto era dun lado a outro, sen dar a volta a corda, cun balanceo, e ti tirabas o pano ao solo, e despois tññalo que recoller. Todo iso saltando sempre e cantando a canción. E despois o máis forte, máis forte, que aí si que tiñas que moita, moitaaa ahhh. A ver, capacidade de concentración porque é máis saltar moito porque comezaba lento, as dúas rapazas dándolle á corda, comezaba lento e chamábase :(cantando)"Pan, vino, agua, queso” Non, “Pan, queso, agua, tocino, tocino, tocino, tocino (incrementando a velocidade) e a medida que ia "tocino, tocino, tocino", a corda ía a máis xirando, xirando, xirando, e ti tiñas que ir saltando. Despois tamén había outro que nos poñíamos un grupo delas (nenas) e poñíamonos en fila e iamos entrando na corda, o grupo que formabamos a fila e iamos entrando na corda, e saltabamos todas na corda á par. N4 - (64:65)</p> <p>Pois a min como xa me viñeron dados nós non inventamos nada. Sabes que pasa? Ao mellor na corda si que podía haber unha nova canción, nada máis. Q N5 - (93:93)</p> <p>Si, si. Fundamentalmente os rapaces xogabamos ao fútbol os rapaces. E logo eh xogos de máis carácter, eh, mixto eh. É dicir rapaces, nenos e nenas xogando á mariola, que era de pintar uns cadros cuns números na rúa e cunha pedra, a poder ser un anaquiño de terrazo, que esvarase bastante ben, pois xogabamos á mariola. Tamén xogabamos á corda que acompañabamos con cancións: “a vi, chorola, que perdeches chora”. Ou: “rei, rei cantos anos vivirei, vintecinco non o sei” Pois o que aguantaras. Despois xa había xogos como a laviscura o "escondite". N6 - (31:32)</p>	
<p>Xogos populares- Traballo</p>	<p>Pola noite iamos uns para un lado, outros para o outro, e xogabamos pola noite, así ao anoitecer. Pero cos traballos non. N2 - (53:56)</p> <p>PREGUNTA : A min téñenme contado que ían polas pedras na ribeira e así facendo que pescaban. R: Colliamos nécoras coas agullas de calcetar, iamos ás pedras de aquí na ribeira, nas pedras. PREGUNTA: Onde está o Caldeirón? R: Si onde está o Leño (cafetería) iamos ás nécoras cunha agulla de calcetar. Iamos ás nécoras e colliamos lapas, ourizos..., e iso que antes había por tódolos lados, collíamos que non era coma agora. Colliamos iso para nós máis ben para pasar o tempo, e as nécoras eran</p>	

para comer, e as minchas tamén os "minchóns" grandes, aínda o outro día pasou un señor cunha bolsa deles.

N2 - (57:60)

Eu iso, non collín, unicamente o que tiña relación co de pescar, e os dos lilos, tamén ven derivado do medio que se vivía en Buño.

N4 - (48:49)

Non, iamos ás lapas unicamente. Si podíamos ir ás lapas, e as minchas, pero iso xa o faciamos máis de mocíños. Quero dicir de quince e dezaseis anos. Ías, así a media tarde e collías lapas e minchas e asábalas. Pero iso, xa non era un xogo, era unha especie de botellón, pero antigo. [risas] Non, eu non creo que xogos que faciamos nós tiveran relación. Nós non, eu porque, nunca me gustou ir en bote porque me mareaba, e entón non.

N5 - (54:55)

Sobre todo traballos que teñen que ver co mar, había moitos dos rapaces, viamos e faciamos o que viamos. E o que viamos era andar cas redes ir a pescar, preparar os aparellos, vogar, todo iso. E é raro que alguén non tivera un pai, un avó, un tío, ou un amigo mariñeiro entón. Incluso os nenos tiñan o seu bote pequeno, non? Pois auxiliar de non sei que, era unha ilusión dispoñer dunha embarcación dunha chalana, e iamos moitísimo aos "pulpos", ás sollas, a mirar polo espello, a coller camarón, pescar os panchos na bocana do porto, as xardas, largar uns tramalliños que eran un cacho de rede, pero era moi habitual iso, si, si.

N6 - (45:46)

A ver nós andabamos polas lapas, perdón polo Caldeirón saltando de pedra en pedra ehh, tamén aos polbos. Pero non entendía que fose un xogo naquel momento, andabas aos ourizos, pero despois non os comías. Ás lapas tamén fomos, ao mellor era unha maneira de malgastar os recursos, ao mellor si que as empregabamos para ir pescar.

NDC2 - (42:42)

Resposta: Como que?

PREGUNTA: Eh Pois bueno facer co millo algún tipo de xogo.

R: Tiñamos relacionado ca cultura, non co traballo, non co mundo porque o mundo laboral tampouco cho metían moito na cabeza, sabes? O mundo laboral representábancho nunha excursión, ías ver o muíño de non sei que, e vías como facían a fariña para.... Un día e nada mais.

	<p>N7 - (43:46)</p> <p>Nese pequeno espazo xogábase ao nado, á pesca de carlous, que son un tipo de moluscos grandes que antes había en abundancia, dubido que agora sigan existindo no porto, a pescar xureliños, luras en definitiva o que facían tódolos rapaces da vila.</p> <p>N11 - (37:37)</p> <p>No porto tamén aprendías a vogar nas chalanas ou botes, dalgún amigo. É unha vila mariñeira e sempre había algún pai, avó, amigo ou coñecido que che deixaba a chalana ou ía unha persoa maior cos máis pequenos para seguridade e aprendías a vogar, para moitos rapaces era xa un primeiro contacto coa súa futura profesión de mariñeiro. No porto non existía moita diferenza entre nenos e nenas xa que os xogos eran de todos, quizais os nenos fosen un pouco máis atrevidos cas rapazas.</p> <p>Lembro tamén a pequena praia que se deixaba ver cando había baixamar moi grande e entón xogabamos tamén nela ó balón, poucas veces pasaba iso pero aínda me lembro dela. Agora xa non existe foi cuberta por grandes cantidades de bloque para poder construír enriba a nova zona de bancos da dársena.</p> <p>N11 - (38:39)</p> <p>Nalgunhas gravacións da praia e do porto podemos ver como hai nenos que xogan a pescar, a recoller pequenos moluscos. (Memo).</p>	
<p>Xogos populares locais</p> <p>Xogos populares- Estacionais</p>	<p>"Bueno", a pelota xogabamos máis ben non verán. Porque quen paraba de inverno na praia? Despois aos outros xogos xogabamos todo o ano por onde a grúa. As cartas, perdón os mistos, as cartas dos mistos. Vouche contar, as caixas dos mistos hai que son de cartón, e daquela cortabas e deixabas a parte de arriba, e a de abaixo e andabas cos petos cheos: "a ver quen gana, cara ou cruz. Veña botas ti" Había que revirar a carta, e se non a revirabas cambiaba o turno, despois tirabas a carta contra a parede e caía enriba das outras, e despois tirabas da túa carta, e despois arrastrabas a carta coas que fosen caendo enriba. E se viñan arrastro eran todas túas, xogos que non había outra cousa.</p> <p>N1 - (131:132)</p> <p>Si, de inverno xogabamos máis á corda e máis a cen navíos á mar. E de verán xa xogabas ás raquetas, a cousas así máis de verán. As raquetas xa as tiña dende que era ben pequena.</p> <p>N2 - (160:161)</p>	

Si, claro, claro. Por exemplo no verán era máis de buxainas, perdón. No inverno era máis de buxainas, do aro e esas cousas. Porque chovía e claro. Por exemplo, no verán xa tes outra cousas, vas a praia, xogas ao fútbol, é outra cousa.

N3 - (160:161)

Si, pero non recordo como era. Non me é posible dicir cales se empregaban ao comezo da escola e ao comezo do verán.

N4 - (110:111)

Resposta: sabes que marcaba moito o tipo de xogos e a cantidade? A estación do ano, é dicir chegaba a primavera xogabas a uns xogos que o tempo permitía, ou pola luz ou polo chan, é dicir se na primavera comezaba a facer bo tempo, e menos pozas, e menos mal tempo digamos, o solo tamén estaba mellor e daquela xogabamos á buxaina, xogabamos co punzón un círculo no chan, xogabamos ás chapas, aos boliches que lle chamabamos nós, a mariola. En cambio no inverno se cadra, xogabamos máis ao aro, ou a facer un bote, un barco cunha lata de aceite que nos axudaban as nais ou as avoas, ou xogabamos máis na praia, cando o mar estaba máis embravecido, a facer as barcanas que eran coma buques, proa ao mar, e nada agardar a que viñera e xogabamos a "ouchear". "Bueno" había cada, cadaaaaa, "bueno" fá dicir tunda, pero a tunda viña despois (risas), cada molladura tremenda, tremenda.

N6 - (58:58)

Non che podo dar os ciclos exactos, pero si que había ciclos, non che podo dicir de febreiro a marzo, pero si que había ciclos de cousas ó longo do ano, viñache o patinete e despois non sabías moi ben como empezaban as bicicletas e despois a buxaina, e sacábala túa e así pouco a pouco todos, e así con outros xogos.

N7 - (89:90)

Si, si sempre un pouco creo que foi o que comentamos antes na entrevista. É dicir, por exemplo, non me lembro cal era a época da buxaina, pero si que me acordo que durante o ano chegaba un momento que as buxainas chegaban ás tendas, e era a época na que comezabas a xogar coa buxaina. E iso pasaba un pouco a moda, que non era unha moda, porque era periódica tódolos anos e parabas de xogar. Cortábase xogar a iso, e despois había algúns que se xogaba durante todo o ano, pero "bueno" tamén había, xa che digo os xogos de pillar no porto, eran no verán eu non me lembro de xogar no porto noutra época.

N8 - (122:123)

	<p>A medida que ía avanzando o ano e o bo tempo comezaba a dar a súa mellor faciana, os xogos se ben xa eran todos ou case todos ó aire libre, tomaban outra dimensión xa que o bo tempo sempre invita a que se alarguen as xornadas na rúa e aparece un novo elemento, ata agora case era imposible de saborear. A natureza que mostraba todo o seu potencial e por suposto a posibilidade de facer outras actividades. N11 - (20:20)</p> <p>Si. Bueno depende, porque en verano ya cambia, porque puedes jugar algo al aire libre, y claro vas a la playa, el "freesbe", las palas y todas esas cosas. PREGUNTA: As palas, "freesbe" e a que máis xogades? R: El fútbol playa, ahhh el brilé, que se me olvidaba, a qué más(silencio) ¡Ah! ¡A la indiaca! N9 - (239:244)</p> <p>Grazas as gravacións obtidas na praia e no porto podemos comprobar como moitos dos xogos recollidos teñen un claro compoñente estacional. O que apoia ás declaracións dos informantes. (Memo)</p> <p>Aclarar que nunha gran parte do informe autobiográfico estase facendo referencia á xogos e actividades realizadas principalmente nos períodos da primavera e verán. (Memo)</p>	
Xogos populares-Pasivos	<p>As cartas, perdón os mistos, as cartas dos mistos. Vouche contar, as caixas dos mistos hai que son de cartón, e daquela cortabas e deixabas a parte de arriba, e a de abaixo e andabas cos petos cheos: "a ver quen gana, cara ou cruz. Veña botas ti" Había que revirar a carta, e se non a revirabas cambiaba o turno, despois tirabas a carta contra a parede e caía enriba das outras, e despois tirabas da túa carta, e despois arrastrabas a carta coas que fosen caendo enriba. E se viñan arrastro eran todas túas, xogos que non había outra cousa. N1 - (132:132)</p> <p>A min gustábame moito o parchís, e mailo xadrez. Meu pai xogaba moi ben e ensinábame. Era o que máis me gustaba. N2 - (176:177)</p> <p>Xogabamos ao parchís, era normal. Había tamén a lotaría tamén se xogaba á lotaría, que máis xogos había daquela? As damas, o xadrez. Eu xogaba con papá ao xadrez aquí. Que máis había? O que ten o parchís por detrás. PREGUNTA: A oca?</p>	

				<p>R: A oca, iso xogabamos a cousas desas. N2 - (138:140)</p> <p>O da baralla, o da baralla e máis escravo. Por exemplo, o “peperiche”, empezabas a dar e unha vez que perdías, a baralla que che quedaba ían. Por exemplo, perdías e sacabas o as de espadas e daquela dábanche o peperiche na man e era un “rebellisco” (tanisco) pero dábancho os seis se estaban xogando seis, había veces que saías coa man inflamada, eh! (risas). Despois era, por exemplo, quedaba na baralla un tres ou quedaban os catro tres, eran catro toques ou tres toques, ao mellor aparecían os catros 3 e daquela dábanche 12 veces cada uns dos participantes. N3 - (55:56)</p> <p>Xogabamos os mesmos e podían variar un pouco, porque despois cada un andaba ambulante ehhhh, e por exemplo, en Buño xogábase moito, chamábanse lilas ou lilos, non estou segura, creo que eran lilas. Cando se cocían as olas, pois había pezas defectuosas e iamolos buscar aos fornos, e con iso xogabamos o que se coñece como as casiñas, "bueno" non sei como se coñecerá hoxe, chamábanse lilos ou lilas, cos cus das cuncas, das potas con cachíños das pezas cocidas. N4 - (39:40)</p> <p>Eu xoguei cos meus primos en Buño, eu xogaba moito cos meus primos en Buño. E xogaba moito aos indios e aos vaqueiros, e tamén a un xogo que non recordo velo en ningún lugar máis, en Buño xogábase ás palletas, as palletas consistía en recortar as caras das caixas de mistos e facer como unha especie de baralla, xuntábanse moitas e achegabas unha, tiñas unha carta desas que era a que mandaba unha carta desas, chamábanse palletas e esa carta arrimábala a unha parede ou un valado e deixábala caer e ías, e ía cada, cada, neno que tiñamos palletas iamos deixando caer (facendo os xestos contra a parede) cando unha palleta dende a parede tocaba nas que había no chan ese gañaba e consistía neso. N4 - (32:32)</p> <p>Home tamén se levaba moito xogar ao típico que xogaban os nenos pequenos, que era formar unha familia e iso, un era a nai outro era o pai e resto eran os fillos. N8 - (56:56)</p>
Xogos populares	Xogos populares- Locais	Risco populares	xogos	<p>Era...quitábala correa, e a ver un virábase así, non todos virados así (de costas) e un escondía a correa, e ía e berraba: "Xa está!" Despois ia un corre, corre, corre... e dicíamos: "Frio! Quente!" E todos: "Quente, quente!" Ata que atopaba o cinto, e comezaba a cintazos con</p>

todos, e a correazos con todos, non, sabes? (risas) E así, era o que había daquela. E despois xogaban as rapazas á corda, as rapazas xogaban á corda.

N1 - (44:45)

Mira onde estaba A roda (bar), pois alí vivía eu, onde A roda. Pois alí eran cañeiras de facer esterco para as leiras, para plantar patacas e isto. E A roda dividía Corea de Malpica, nós chamabámoslle Corea aos da Atalaia, hai uns anos houbo a Guerra de Corea, non sabes? Pois nós os de enriba chamabámoslle os coreanos, e cando saíamos da escola preparabámonos, e a pedrada limpa. Pero a pedradas! Aínda teño aquí a sinal, a pedrada limpa (risas).

PREGUNTA: Ao saír da clase e veña!

R: A pedradas uns cos outros, non había televisión, non había nada e andabamos así.

N1 - (84:86)

Si, iamos alugar as bicicletas. O meu dicíame: "non che merco bicicleta ningunha que vas ter un accidente". El non me consentiu cousa ningunha de perigo. Pero nos colliamos a merenda e marchabamos para Seiruga e iamos en bicicleta sen que o souberan os pais. Iamos a panda toda das rapazas, alugabamos as bicicletas e marchabamos e tiñamos a bicicleta todo o día.

N2 - 21:52 [(170:171)] by Super</

Aí era, por exemplo, como aí nos países baixos (referencia ás revoltas da zona do Magreb que estaban a acontecer nese momento) era guerra, todo guerra. Xuntabas un camión de pedras e despois era a pedradas uns cos outros. Se che daban cagábaste en Deus!

N3 - (149:152)

PREGUNTA: O das cucañas, que vos xuntabades, tódolos rapaces?

R: Si, o que quixera ir, que non tivera medo, o que non tivera medo, que había que ter medo que a primeira vez estábamos todos borrachos. Trouxéramos unha botella de coñac, adrede para "pimplarnos" (beber). Que isto non é un chiste, que isto é.

PREGUNTA: había moito perigo?

R: Había moito, moito, perigo. Porque xa che digo se caes para un lado ou outro do pau, podes quedar inútil tranquilamente, ou podes levar unha hostia no peito como teño levado eu moitas, ou na cabeza, porque aí non sabes como vas caer. (silencio)

N3 - (194:197)

Iso pasoulle a un rapaz, que aínda vive, grazas a Deus. Chámase Ricardo da Ghavota, Ricardiño. Aquel tamén nos viu tirar a todos e el tamén era de aquí, pero estivera moito

tempo estudando fóra. E veu, pero máis ben veu de "chulete": "como vós tírome eu!- Tira pero ten coidado que non fai callado. Bueno, bueno!". E houbo que ir buscalo abaixo, estaba todo "escoñado". A un fulano de aquí, que aínda vive que se chama Antoniño de Favores, Tono. Ese tamén foi para as cucañas: "Cago en Deus! E ese conto é difícil?! Monto eu!- (silencio) "Claro, vén que ninguén cho quita, aquí pode vir quen queira"- "Pois eu voume tirar ho!"- "Tírate!". E espera, espera, pero despois non xurdía o fulano. Non sabía nadar. El vía tan fácil, quería coller a bandeira sen caer ao mar. "Ven! Que iso dío todo o mundo, pero despois hai que vir." O fulano veu tirouse ao mar, e nos vimos burbullas, burbullas. "Hostia! Este home non vén!" Tirouse ao mar e estaba que non lle daba nin ás mans nin ás pernas, estaba esperando a que o foran coller, e xa tiña trinta moitos moitos anos, o que pasa que nós eramos nenos e non sabiamos tampouco que el non sabía nadar. El díxo: "fago eu, fago eu!"
N3 - (203:203)

EHHHH, había xogos nos que o castigo físico era a ollos de agora salvaxe, salvaxe. Por exemplo, xogar aos indios e vaqueiros con arcos en cabanas, e disparar cos arcos de frechas feitas de varillas de paraugas, pois nas cachas, nas pernas. "Bueno"
N6 - (79:80)

Ou xogabamos a baixar por, eran xogos un tanto animais daquela, baixar por un poste da luz, non? Coma se fósomos bombeiros e moitas veces caíamos dende metros de altura, magoarse xogando era moi habitual.
N6 - (43:43)

Si. Pero eu non sabía nadar. Eu vía como os outros se lanzaban, pero eu nunca me tirei. De feito, aprendín a nadar aos dezaioito anos, por cabezón. Eu si ía ver como os outros se lanzaban, pero eu nunca. Si se lanzaban, de feito dende a grúa grande antes tirábanse, en marea chea claro.
NDC2 - (87:87)

Pois, o que tocaba na época, cando era a bicicleta cada un poñía na súa bicicleta, pois o que podía. E cando era a buxaina cada un tiña a súa buxaina personalizada, cando era o punzón cada un tiña o seu punzón, cando era o patinete cada un tiña o mellor patinete, e todo así, todo así. Eh había moita xente que era moi mañosa e que facía na súa casa as súas historias, mira escopetas con pinzas, arcos con varillas de paraugas, todo era así cousas destas, que incluso as veces eran perigosos, perigosos que podían danar e matar persoas, pero facíanse. As veces había épocas nas que era ir poñer latas encima das paredes, e con pinzas e gomas e faciamos

obxectos arroxadizos e faciamos así.

N7 - (69:70)

Outro xogo que era moi arriscado era gabear polas árbores, ben fosen eucaliptos, pinos ou carballos daba igual. O que me parece increíble agora, porque realmente era un xogo moi arriscado xa que o que era capaz de subir máis alto era o que gañaba, pois alí estábamos nós uns rapaces sen medo as alturas. As árbores estaban ben sinaladas con cravos, supoño que as xeracións anteriores se encargaran de cravar, eu nunca cravei ningún porque non facía falla e ademais estaban ben colocados para que un puidese ir facendo os agarres e apoios necesarios ata chegar a zona das pólas e alí xa non necesitabas de nada, salvo as túas mans, pernas e as túas habilidades coma escalador e unha alta dose de bravura. Porque había que ser bravo para chegar até a copa das árbores. Unha vez que estabas alí debías abanear ben na copa para que tivese máis emoción, o problema era baixar porque algunha póla xogábache unha mala pasada e daquela podías caer ata que te parase outra póla máis grande, nunca xogou a isto ningunha rapaza que eu me lembre.

N11 - (23:23)

Pero o máis divertido era sempre o máis perigoso, nesta praia na parte dereita ao fondo existe un espazo natural onde as rochas forman pozas. Pois ben alí estaban o pozo da cunca, chamado así porque facía a forma dunha cunca e sendo dunha vila oleira non lle podían por outro nome, este pozo é pouco profundo, con fondo de area e alí podías tirarte ou nadar un pouco cando eras máis pequeno, o outro pozo era chamando Pozo do Demo chamado así porque alí morrera xa moita xente e por iso o nome, pero ese era o mellor cando estaba a marea chea; tiña a profundidade suficiente para mergullarte de cabeza dende as rochas que estaban ben por riba en altura e reitero isto porque había certa altura, alí era o mellor porque había concurso de saltos de bomba, de pé, de cabeza, os de cabeza eran os máis divertidos e ademais eran os máis espectaculares e tamén onde eu deixaba a boca aberta a tódolos demais. Eu era o máis pequeno de todos tanto en idade coma en corpo sen embargo era o máis áxil e habilidoso, tamén o que mellor nadaba, non digo isto por medrar o meu ego persoal senón porque era recoñecido polos amigos. Esta facilidade que tiña facía que me tirase de cabeza e non salpicase nada e facía unhas entradas na auga moi boas. E así pasabamos a tarde cando a marea o permitía.

N11 - (32:32)

No minuto 7, 15 prodúcese unha situación de risco xa que un dos nenos mergúllase e cando está saíndo da auga un dos compañeiros salta de costas e sen decatarse case cae sobre del. No

7,43 un deles realiza de novo un mergullo de cabeza facendo un apoio no borde do dique coas mans.

Análise vídeos porto. - (32:32)

E ao mesmo tempo un empurra a outro ao mar dende as escaleiras e case no mesmo intre outro salta de cabeza dende a beira de en fronte.

No 10,20 dous saltos sucesivos con certo perigo xa que os realizan dende o caseto do muro do gas pero para caer no mar necesitan evitar as escaleiras que están xusto debaixo polo que é unha acción bastante arriscada.

Análise vídeos porto. - (33:34)

De novo no minuto 11 un compañeiro empurra a outro como represalia por salpicalos e mentres uns falan e descansan outros saltan de lado a lado do porto.

Análise vídeos porto. - (35:35)

No minuto 1 un neno salta de cabeza sen mans e ao mesmo tempo tres nenas comezan a pelexar por tirar a unha das compañeiras,

Análise vídeos porto. - (40:40)

No segundo 32 un dos rapaces que están na grúa decide saltar de cabeza pero no último segundo dubida e salta pero caendo moi mal case de costas en lugar de cabeza. A compañeira exclama de asombro ante tal entrada na auga.

Análise vídeos porto. - (178:178)

No segundo 1,38 un dos rapaces salta dende a zona dos bancos de cabeza pero co impulso que leva non controla no aire o corpo e acaba entrando en diagonal e de costas en sentido inverso o que debería ser. Logo no segundo 1,54 na mesma zona dos bancos un dos rapaces empurra a outro e este cae ao mar totalmente desequilibrado, outros compañeiros saltan despois de pé e tipo bomba.

Análise vídeos porto. - (180:180)

No segundo 11 vemos como unha rapaza e un rapaz se dispoñen a facer un salto simultáneo de pé. Logo no segundo 29 un dos compañeiros toma carreira e salta case enriba dos compañeiros para salpicalos.

Análise vídeos porto - (210:210)

No segundo 21 na zona de detrás da caseta do gas, un rapaz colle carreira e realiza un mortal adiante pero a execución non é moi boa e acaba dándose un golpe de costas, afortunadamente par el viste neopreno e para un pouco máis o golpe.

Análise vídeos porto. - (236:236)

No segundo 28 vese como un dos nenos salta de bomba para salpicar ás compañeiras e compañeiros que están nos inchables, logo no segundo 34 outro rapaz salta de pé para salpicar tamén e inmediatamente outro rapaz salta de bomba preto dos amigos que están na auga, mentres unha rapaza sitúase na caseta do muro do gas e dispónse a saltar e chaga un compañeiro cun inchable e tírao ao mar e salta de cabeza a nena salta inmediatamente despois de pé

Análise vídeos porto. - (277:277)

O grupo de rapaces que está na grúa dispónse a realizar varios saltos e afastan unha embarcación para non correr perigo de caer sobre ela.

Análise vídeos porto. - (354:354)

No segundo 19 un neno salta dende o dique pegado á caseta do gas con certo perigo xa debaixo aínda estaban compañeiros e unha repisa das escaleiras que está cuberta pola auga da marea, os nenos non parecen inquietarse por iso

Análise vídeos porto. - (370:370)

Na zona da grúa vese como dous rapaces pelexan por tirar un ao outro.

Análise vídeos porto. - (407:407)

Un rapaz salta tomando unha pequena carreira, tenta agruparse durante a fase de voo pero non o logra e no momento de estender o corpo perde o control na postura e remata entrando de cabeza pero caendo case de costas, coa exclamación do resto dos rapaces polo impacto na auga.

Análise vídeos porto. - (555:555)

Un rapaz salta de cabeza dende o descanso das escaleiras e ao mesmo tempo outro rapaz salta de pé dende a caseta do gas, case se tocan ao saír da auga.

Análise vídeos porto. - (557:557)

ao mesmo tempo outro rapaz colle carreira e salta facendo o anxo pero perde o control no aire

e acaba entrando de costas na auga
Análise vídeos porto. - (580:580)

Obsérvase como uns rapaces na explanada do dique da comporta, loitan a ver quen tira a quen ao mar

Análise vídeos porto. - (587:587)

No segundo 10 outro neno amaga con empurrar a outro neno polas costas para o mar.

Análise vídeos porto. - (594:594)

No segundo 0,51 un neno dende a caseta do gas salta de pé pasando por enriba das cabezas das nenas que están abaixo na parte baixa das escaleiras. Nese mesmo intre outro rapaz mergúllase de cabeza, xusto despois unha nena salta dende o dique do gas salta de pé.

Análise vídeos porto. - (639:639)

Minuto 2,20 no descanso das escaleiras un neno empurra polas costas a unha nena, desequilibra e cae de pé ao mar.

Análise vídeos porto. - (643:643)

Minuto 4,34 un mozo dende o descanso das escaleiras do gas, toma un par de pasos e realiza un mortal adiante para entrar no mar de pé. No mesmo momento varios rapaces, individualmente, saltan dende a caseta de pé preto dos compañeiros que están no mar cos inchables, estes cando se decatan comezan a fuxir da zona de entrada.

Análise vídeos porto..rtf - (648:648)

Dende o descanso das escaleiras un mozo salta de bomba caendo moi preto dunha rapaza e así molestala coa auga que sae da entrada na auga. Minuto 3, un neno salta de cabeza dende o descanso das escaleiras

Análise vídeos porto..rtf - (668:668)

Algúns rapaces aproveitan para saltar preto dos que están no mar e salpicarlle o mais posible na entrada ao mar e outros saltan para que non poidan saltar xa que se sitúan na zona de entrada á auga. Estes rapaces son recriminados polo resto de compañeiros.

No minuto 2 están tódalas nenas e nenos situados nas escaleiras preparados para saltar agarrados da man no minuto 2,27 dan unha sinal e todos saltan agarrados polas mans.

Análise vídeos porto. - (690:691)

	<p>No minuto 4, 27 e o resto das nenas e nenos que estaban alí preparados para saltar, finalmente saltan ao mar de pé e agarrados das mans.</p> <p>No tempo restante algúns rapaces saltan preto dos que están no mar para amolalos salpicando neles, tirándose de bomba e de pé. No minuto 4,47 dúas nenas saltan dende o descanso das escaleiras, de pé. Inmediatamente despois outro neno dende o dique salta de pé ao mar. No minuto 4.42 un neno trata de empurrar a unha compañeira e finalmente ela mesma salta simultaneamente con outra compañeira.</p> <p>Análise vídeos porto..rtf - (694:695)</p> <p>Os saltos continúan e no minuto 4,57 dende o dique do muro un neno salta facendo o anxo. Un mozo dende o dique do muro salta facendo un mortal pero nesta ocasión cae de costas ao mar, ante a sorpresa dos compañeir</p> <p>Análise vídeos porto. - (696:696)</p>	
Xogos populares- Actualidade	<p>Eu creo que algo si, porque as veces non lles deixamos tempo para que xoguen eles. Non? Témoslle a vida moi organizada. Saen de aquí e teñen clase, pois teñen fútbol, e despois pois teñen clase de manualidades ou clase de inglés. Non sei creo que os nenos de hoxe en día teñen a vida moi organizada, e non se poden expresar eles espontaneamente ou xogar de forma espontánea.</p> <p>DP1 - (143:144)</p> <p>Consideras que as novas practicas no lecer das nenas e nenos como surf ou skate, estarían dentro dos xogos populares do S. XXI? "Bueno" aquí son demasiado pequenos para isto pero. Resposta: Si, claro. Home pensando en maiores pode ser, pero non creo que cheguen a ser populares, populares.</p> <p>DP1 - (146:147)</p> <p>A verdade que hai moitos xogos novos que están baseados en xogos populares. Imaxino que lles dan outro aspecto igual máis moderno, que sexa máis motivador. E sobre todo penso que se lucran moitas marcas comerciais, pero si que é certo que eu vexo certos aparatos como as buxainas, esas que tiran que se basea na buxaina de toda a vida. O que pasa que eu vexo que empeora un pouco a dinámica do xogo, pero si que parten desas ideas moitas cousas.</p> <p>PREGUNTA: Ou sexa que consideras que manteñen ese pouso, que son populares?</p> <p>R: Penso que se basean no popular, pero por outro lado si que perden un pouco a esencia do xogo popular, que é un xogo máis espontáneo. Como dicías ti antes é un xogo no que incluso se poden fabricar moitos materiais na maioría deles, porque precisamente se caracterizan por</p>	

ser xogos que non necesitas moito material, ou en caso de necesitalo o podes facer ti. Entón claro, estes novos xogos parece que están baseados un pouco no, pois un pouco no mercantilismo que impera hoxe en día.

DP2 - (114:117)

É que o están cambiando, realmente son os que están ocupando agora. O surf, como dis ti que non é o surf, o que o inventou aí que está comercializado e cobrado. O outro anda de balde, pero "bueno" iso é o que están facendo. Están substituíndo ao outro, entón todo este depor, este tipo de actividades están substituíndo a aquelas que nós faciamos antes. Porque estas non as podíamos facer, entón aquelas que faciamos nós antes, hoxe non se fan porque se fan outras, estamos cambiando unhas polas outras.

DS1 - (150:151)

Home sen dúbida, sen dúbida. Porque a claro a cousa séguese noutro momento, a informática. Eses xogos que existían espontaneamente, hoxe o tempo teñen, as actividades programas, entón iso quítalles tempo. Os tempos cambiaron totalmente, os xogos de antes hoxe non os hai.

DS1 - (147:148)

¿Cómo populares? Llegarán a serlo. Ahora no porque en muchos casos son deportes relativamente nuevos. Si me lo preguntas dentro de cien años, si aquí estamos. Te diré si son juegos populares, de momento no. Además son juegos mucho más atractivos.

PREGUNTA: Intúés?

R: Yo lo intuyo, vamos si. Simplemente son más atractivos, más dinámicos. Yo creo que en los juegos la dinámica influye mucho. Que sean dinámicos influye mucho en que capten a la gente. Juegos que expresen también cierto status, manera de ser, filosofía de la vida. El surf hay gente que le gusta porque le gusta coger olas y a otros les gusta por lo que significa, lo que hay detrás el tipo de vida, así de bohemia. Y yo creo que si que vamos acabarán siendo populares alguno de ellos.

DS2 - (108:111)

A que xogan? Ao fútbol, ao baloncesto e pouco máis.

PREGUNTA: Pouco máis?

R: Si, porque incluso de tentar algunha vez de xogar á mariola, xogar á corda. O ano pasado quixen facer unha sesión para a xente maior nas clases, para recordaran vellos tempos e xogaran á corda e a goma e tal. E para preguntarlle a unha nena que soubera como se xogaba,

buff moi pouquiñas sabían xogar. Cando lles explicabas, porque algunha das maiores xa non se lembraba: "é que eu non me lembro como era isto?" E preguntarlles e non sabían. Sabían moi pouquiñas.

DC1 - (87:89)

Eu véxoas máis como actividades deportivas porque ao final ves que é un deporte que eles tratan de imitar. Pero non o vexo coma un xogo. O de antes era un xogo, onde non había competitividade, onde non hai campionatos nada diso. Era un xogo máis entre os amigos, nada máis. Sen embargo, o outro vexo como unha actividade deportiva que eles queren imitar, ao mellor queren imitar a algún ídolo ou a alguén que o fai ben.

DC1 - (149:152)

O que dicimos de xogos populares a por exemplo, que estea xogando a Wii?

PREGUNTA: Si.

R: Pois claramente. Á "Wii", á "Play" e demais.

PREGUNTA: Por que pensas que pasa isto?

R: Eu creo que en parte porque os nenos non están xuntos. Eu penso que desde que rematan as actividades. Por exemplo, pódenos mandar a actividades extraescolares para que estean cos outros nenos pero a partir de aí, pois ao mellor un neno vai de catro e media a cinco e media a unha actividade e a partir das cinco e media practicamente vai para a súa casa. E se non vai para a súa casa, vai á biblioteca a internet. Na biblioteca non se relaciona cos que están ao lado, relacionase con outros que está lonxe. É algo que non acabo de entender porque nese os nenos si que están alí e en lugar de xogar entre eles tratan de buscar ou ter relación con outra xente que está fóra é algo que eu non o acabo de comprender.

PREGUNTA: Chámache a atención?

R: A min chámame moito a atención.

DC1 - (140:147)

Eu dentro do centro educativo non. Podo falar das nosas escolas. A espontaneidade do rapaz vese limitada polas circunstancias. Se o rapaz se anota a unha clase baloncesto invención, invención. Eles non van a inventar nada, eles van a facer o que lle digan, e normalmente as clases son guiadas. Espontaneamente si que teñen moita imaxinación os rapaces, pero xorden poucas cousas, moi pouquiñas.

NDC2 - (158:159)

Pode ser, pódese chegar a entender iso. Aínda que en si son deportes regrados, tanto o surf

como o skate son actividades que son deportes.
NDC2 - (161:162)

Nas análise dos vídeos da praia e do porto podemos comprobar, como actividades como o surf, o bobyboard, entre outras gozan unha gran popularidade nas xeracións máis novas.
(Memo)

MAPAS CONCEPTUAIS

APÉNDICE 5. MAPAS CONCEPTUAIS

5. 1. MAPAS CONCEPTUAIS CONTEXTO ESCOLAR

5. 1. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/CURRÍCULO


No mapa conceptual que presentamos temos unha parte da dimensión do *contexto escolar* centrada na categoría do *currículo*. Neste caso existe a conexión entre a categoría e a dimensión coa relación "é unha", xa que partimos de elementos concretos ligados a temas que vinculamos co currículo escolar. A categoría do currículo está conectada cos códigos *axudas institucionais escolares, actividades extracurriculares, programa lúdico recreos, iniciativas interdisciplinares, programación curricular*, coa relación "é unha", debido a que partimos de temas moi concretos relacionados coa programación curricular que se elabora nos centros educativos. Neste mapa non se inclúe o código *ditadura/transición* xa que non podemos establecer ningunha relación coa situación actual que se vive nos centros escolares da comunidade, polo tanto decidimos evitar a súa inclusión no mapa.

Nos códigos que compoñen esta categoría temos o código de *axudas institucionais* que está conectado coa relación "está asociado con", cos códigos *programa lúdico recreos, programación curricular, actividades extracurriculares*. A primeira ligazón entre os códigos *axudas institucionais* e *actividades extracurriculares*, indícanos como as posibles colaboracións que se reciben nalgún dos centros educativos é froito das necesidades que teñen para desenvolver as actividades, de aí que se solicite en determinados momentos certa colaboración por parte das institucións. Por outra banda temos a mesma relación entre o código *axudas institucionais escolares* e *programación curricular*, en ocasións a solicitude de recursos ou axudas xorde do tipo de programación curricular que propoñen os disitntos docentes que precisan duns recursos determinados dos que carecen para levar adiante os contidos relacionados cos xogos populares. Outro empalme que producimos entre os códigos *axudas institucionais escolares* e *programa lúdico recreos*, debido a que para realizar determinados proxectos

fóra do currículo é necesario que as institucións locais, se manteñan en contacto cos centros para saber as súas peticións e colaborar na medida do posible.

O código *programa lúdico recreos* está anexionado con *actividades extracurriculares*, coa relación de "é parte de", porque é un elemento que se realiza fóra do que é a programación docente nos tempos de lecer dos escolares, no que a participación dos docentes é voluntaria. Ademais o código *programa lúdico recreos* está unido ao código *iniciativas interdisciplinares* coa relación de "está asociado con", porque na elaboración dos proxectos colaboran distintos docentes que buscan co proxectos distintos obxectivos, xa que os seus intereses á hora de poñer en marcha os proxectos diferentes.

5. 1. 2. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/CURRÍCULO



5. 1. 3. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR /PROFESORADO


O mapa que presentamos correspóndese coa categoría do *profesorado*, que se enmarca na dimensión de *contexto escolar*. Para unir a dimensión coa categoría establecemos unha relación de "é unha", xa que imos do tema concreto dos docentes para comprender o contexto escolar na súa totalidade. Dentro desta categoría temos os códigos *formación docentes*, *iniciativas dos profesionais*, *visión EF*, *definición xogos populares*, que manteñen a relación de "é unha" coa categoría *profesorado*, porque partimos duns elementos concretos asociados ao perfil docente dos centros educativos.

A primeira ligazón é a do código *definición xogos populares* co código *formación docentes* coa relación de "está asociado con", xa que a idea que teñen os profesionais sobre o xogo popular, está relativamente vinculado ao tipo de estudos recibidos polos profesionais.

Noutro punto temos a unión entre os códigos *iniciativas dos profesionais* e *formación docentes*, coa relación "está asociado con", porque as posibles propostas que poidan ter os profesionais da EF deberían estar vinculadas ao tipo de formación recibida.

Outra unión que se expresa neste mapa conceptual, é entre o código *visión EF* e *formación docentes*, neste caso a relación é de "é causa de", debido a que os docentes manteñen unha posición diferente segundo sexa o seu "background" formativo, tanto en relación aos xogos populares como en xeral na área de EF.

5. 1. 4. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/PROFESORADO



5. 1. 5. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/RECREO

Agora imos presentar o mapa conceptual que describe as conexións a categoría do *recreo* dentro da dimensión *contexto escolar*. Neste mapa temos a ligazón entre a categoría *recreo* e a dimensión coa relación de "é unha", porque partimos dun aspecto concreto que se centra na realidade que se vive nos patios escolares cando soa a serea do recreo. A categoría que está composta polos códigos *tempos de recreo*, *problemática socialización primaria*, *socialización primaria programa recreos*, *xogos programas recreos*, *xogos populares escola*, mantén con estes códigos a relación de "é unha", xa que son temas moi particulares asociados aos recreos nos centros educativos.

Comezamos coa explicación das diferentes ligazóns do código *tempos de recreo* o cal está conectado cos códigos *problemática socialización primaria*, *socialización primaria programa recreos*, *xogos populares-escola*, *xogos programas recreos*. A relación con estes é "está asociado con" porque entendemos que todos os códigos mencionados manteñen unha vinculación cos tempos de lecer dos que poden facer uso os escolares, e nos cales se producen diferentes fenómenos onde teñen cabida distintas manifestacións lúdicas.


As seguintes unións son as correspondentes ao código *problemática socialización primaria*, que conecta con *socialización primaria programa recreos* coa relación de "contradí". Xa que a falta de socialización e de dinamismo detectada nos recreos nos centros de primaria está completamente oposta ao nivel de participación e relación que manifestan os escolares cos programas de dinamización nos centros educativos durante os recreos. Outro nexos que presentamos para o código *problemática socialización primaria* é o encadeamento co código *xogos populares escola*, neste caso a relación é de "é causa de", porque a falta de riqueza lúdica nos recreos e de alternativas aos xogos máis difundidos nestes contextos provoca que se produzan situacións de conflito social entre as cativas e cativos.

Outro código é o de *socialización primaria programa recreos* que está vinculado co código *xogos programas recreos* coa relación de "é causa de", porque o a

mellora das relacións sociais entre os escolares nace da tipoloxía e da variedade de xogos que se inclúen nos programas de dinamización dos recreos, o que permite unha maior comunicación entre os escolares e unha mellor ocupación do seu tempo de lecer.

Engadimos nesta rede a unión entre o código *xogos programa recreos* co código *xogos populares escola* coa relación de "contradí". Porque os xogos que gozan de maior popularidade nos patios escolares dos centros educativos, non se corresponden cos xogos propostos desde os equipos docentes involucrados, malia que os xogos propostos son considerados como populares-tradicionais segundo a bibliografía relacionada co tema.

5. 1. 6. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR/RECREOS



5. 1. 7. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR /ALUMNADO-FAMILIAS


O mapa conceptual que amosamos a continuación explica as relacións existentes entre algúns códigos das categorías *currículo* e *alumnado/familias*. É preciso aclarar que as relacións entre os códigos da mesma categoría non se explican neste caso, porque xa están convintemente explicadas no documento particular que lle corresponde a cada unha delas.

A categoría do currículo presenta os códigos *programa lúdico recreos*, *programación curricular* e *actividades extracurriculares*. Pola categoría de alumnado/familia están os códigos *interese nenas/os xogos populares* e *motivación EF*.

Na categoría de alumnado/familia o código *motivación EF*, está ligado ao código *programación curricular* coa relación "é causa de", debido a que o tipo de contidos propostos nas clases de EF teñen un efecto inmediato nas ganas do alumnado para participar e involucrarse nas clases de EF.

Por outra parte presentamos unha conexión entre o código *interese xogos populares* e *programa lúdico recreos* coa relación "está asociado con", porque os escolares senten unha motivación positiva cara estes xogos nas iniciativas programadas nos recreos. Tamén establecemos a ligazón entre os códigos *interese xogos populares* e *actividades extracurriculares* coa mesma relación de "está asociado con", xa que os estudantes que demostran ganas de participar e organizar actividades relacionadas con este contido dentro do instituto.

5. 1. 8. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR CURRÍCULO/ALUMNADO-FAMILIAS




5. 1. 9. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR PROFESORADO/ALUMNADO-FAMILIAS

O mapa que explicamos de seguido relaciona os códigos entre as categorías do *profesorado* e *alumnado/familia*. Neste caso o código presente na categoría de *profesorado* é o de *visión EF*, e na categoría de *alumnado familia* está *motivación EF*.

Na categoría de *alumnado/familia*, temos o código *motivación EF* que está unido ao código *visión EF*, coa relación de “é causa de”, porque en función do tipo de perspectiva que teñen os docentes da materia, os estudantes mostran un maior ou menor grado de interese na materia de EF, polo tanto unha visión moi centrada en determinados contidos, ou segundo a tipoloxía da estrutura das sesións, entre outros elementos. Poden ser factores que incentiven ou diminúan o interese polas clases de EF.

5. 1. 10. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR PROFESORADO/ALUMNADO




5. 1. 11. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO ESCOLAR CURRÍCULO /PROFESORADO

O mapa conceptual que expoñemos a continuación explica as conexións entre os códigos das categorías *profesorado* e *currículo*. Neste mapa soamente presentamos aqueles códigos das tres categorías que teñen algunha relación entre eles. A categoría do *profesorado* presenta os códigos *visión EF* e *formación docentes*, pola categoría do *currículo* temos os códigos actividades curriculares temos os códigos *programación curricular* e *iniciativas interdisciplinares*.

No caso do código *visión EF* está unido ao código de *programación curricular* coa descrición "está asociado con", porque malia que o currículo oficial está redactado polas administracións competentes a interpretación que fagan del os profesionais da EF terá a súa proxección no tipo de contidos que seleccionen para impartir nas súas aulas. Despois temos o código *formación docentes* que se vincula co código *programación curricular* coa relación "está asociado con", debido a que o tipo de formación recibida e os coñecementos sobre uns contidos ou outros favorece a elaboración de determinadas programacións de contidos que poden ir cara un sentido máis lúdico, segundo sexa a bagaxe dos educadores.

Nesta rede temos outra vinculación entre os códigos *formación docentes* e *actividades extracurriculares* coa relación "está asociado con", debido a que forma de traballar de xeito interdisciplinar forma parte da cultura docente que posúen os educadores, que deriva na posible organización de actividades interdisciplinares sexan a nivel curricular ou extracurriculares.

5. 1. 12. MAPA CONCEPTUAL CURRÍCULO/PROFESORADO



5. 1. 13. EXPLICACIÓN CONTEXTO ESCOLAR/RECREO/XÉNERO

O mapa conceptual que presentamos ten como obxectivo explicar as conexións existentes entre códigos das categorías *xénero*, *currículo* e *recreos*. Para unha mellor comprensión da representación gráfica do mapa conceptual eliminamos do mesmo os códigos de cada categoría que non se unen a outros de categorías diferentes, xa existen os mapas concretos de cada categoría e a presenza dos códigos na súa totalidade.

No caso da categoría do *xénero* presentamos os códigos *xogo escolar e xénero e coeducación escolar*, na categoría dos recreos temos os códigos *socialización primaria programa recreos*, *xogos programas recreos*, *problemática socialización primaria*, na seguinte categoría de currículo temos o código *programa lúdico recreos*.

Na categoría de *xénero* o primeiro código de *coeducación escolar* está vinculado co código *socialización primaria programa recreos* coa relación "está asociado con", xa que a interacción social entre os escolares dos diferentes xéneros son elementos que se retroalimentan mutuamente. Xa que sen coeducación non é posible unha boa comunicación e interacción entre os escolares, e viceversa. A seguinte unión establecemola entre o código *coeducación escolar* e *xogos programa recreos* que teñen a relación de "está asociado con", porque a busca dun espazo de convivencia para os dous xéneros nos recreos ten a súa orixe na tipoloxía de xogos escollidos para desenvolver nos recreos. Estes xogos pretenden romper a segregación lúdica e incrementar o nivel de integración de ámbolos dous xéneros. Continuando co código de *coeducación escolar* creamos a conexión co código *programa lúdico recreos* coa relación "está asociado con", porque existe unha vinculación entre as orixes dos programas de dinamización dos recreos e a busca dunha educación que incremente a relación entre nenas e nenos nos patios escolares nos tempos de recreo.


Na mesma categoría do *xénero* presentamos o *xogo escolar e xénero*, neste caso existe unha vinculación co código *problemática socialización primaria*, coa relación "é parte de", debido a que a tipoloxía de xogos que manifestan nenas e nenos nos patios escolares é considerada como parte do problema de relación social que existe nos centros escolares, con especial atención na Educación Primaria.

Na categoría de recreo temos os códigos *socialización primaria programa recreos*, *xogos programas recreos* e *problemática socialización primaria*. Para o código de *socialización primaria recreos* creamos a conexión co código programa lúdico recreos coa relación "é causa de", debido a que o incremento e mellora dos procesos comunicativos e de diálogo nos escolares de primaria é grazas á aplicación das iniciativas levadas adiante nos centros educativos de primaria.

O seguinte código desta categoría é *xogos programas recreos* que está enlazado co código xogo escolar e xénero coa relación "é causa de", xa que a escasa interacción entre nenas e nenos nos xogos nos patios e a pouca diversidade dos xogos practicados, ten como resposta a elaboración dun catálogo de xogos para rachar coa segregación lúdica escolar. A súa vez o código *xogos programas recreos* está enlazado co código *programa lúdico recreos*, coa descripción "é parte de", porque os xogos propostos nos programas son un elemento dos mesmos, aínda que sexan o elemento principal.

Para finalizar temos na categoría do currículo o código *programa lúdico recreos* o cal conectamos co código *xogo escolar e xénero* coa descripción "é causa de", porque grazas á *segregación lúdica escolar*, ten como consecuencia a resposta por parte dos claustros a elaboración destes plans de choque nos recreos. Tamén creamos entre o código *programa lúdico recreos* e *problemática socialización primaria* o vínculo coa relación "é causa de", debido aos constantes problemas que nenas e nenos teñen para relacionarse nos patios de recreo xorden estes programas lúdicos para reducir e corrixir a conflictividade nos patios escolares.

5. 1. 14. MAPA CONCEPTUAL /CONTEXTO ESCOLAR/RECREOS/XÉNERO



5. 2. MAPAS CONCEPTUAIS CONTEXTO MUNICIPAL E LECER MOCIDADE

5. 2. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO MUNICIPAL

No seguinte mapa conceptual explicamos a dimensión do *contexto municipal*. Esta dimensión está composta polas categorías, *programación*, *poboación* e *profesionais*. Están ligadas cunha relación de "é unha" xa que parten do máis concreto ao máis xeral. Estas categorías aparecen conectadas entre elas cunha relación de "está asociado con", xa que existe unha influencia directa entre a planificación do concello e as necesidades da poboación, e tamén inflúe nesta acción municipal o papel dos profesionais que son os encargados de levar adiante as actividades do concello. Por esta razón tódas as categorías teñen influencia unhas sobre as outras e viceversa.

Na categoría de *programación* temos os códigos *actividades extraescolares*, *iniciativas municipais*, *interdiscipliniedade actividades e recursos municipais*. Estes códigos están unidos a programación mediante a relación "é unha" porque se vai do concepto máis específico ao máis global que neste caso é a categoría *programación* o que engloba os códigos. Neste mapa temos o *código actividades extraescolares* que esta unido ao *códigos recursos municipais, demandas sociais e iniciativas municipais* coa relación "é causa de", porque as actividades extraescolares xorden como consecuencia da tipoloxía de iniciativas que desenvolve o concello en materia de lecer. Ao mesmo tempo estas actividades son planificadas en función das posibilidades económicas, humanas e materiais das que dispón o concello. E por outro lado a tipoloxía das actividades extraescolares que se organizan no concello son froito das necesidades da poboación da comunidade.


Outro código que se presenta nesta rede é o de *interdiscipliniedade actividades* que o presentamos conectado ás *actividades extraescolares* coa relación "é parte de", xa que consideramos que a multidiscipliniedade é un aspecto que forma parte das propias actividades. Outra unión do código *interdiscipliniedade actividades* prodúcese co

código *iniciativas municipais*. Neste caso unha relación de "é causa de" porque depende directamente do tipo de proxectos e da maneira de traballar do concello, como da presenza de varias áreas no momento de elaborar as programacións anuais do concello. Despois temos o código *iniciativas municipais* que ademais das relacións que explicamos nas liñas anteriores, está enlazado ao código *recursos municipais*, coa conexión "está asociado con", porque en función dos medios existentes as iniciativas seguen unha tendencia máis enfocada ao deporte que a outro tipo de accións. Este mesmo código de *iniciativas municipais*, ten unha conexión co código *demandas sociais*, identificada como "é causa de" xa que as iniciativas promovidas polo concello son en teoría froito das peticións da poboación local.

Na categoría de *poboación* temos os códigos de *participación familiar* e *demandas sociais*, que están unidos coa relación "é unha" coa categoría porque son os temas concretos que presentamos neste tema. Establecemos un vínculo de "está asociado con" porque entendemos que a inclusión das familias nas actividades extraescolares está moi relacionado co tipo de peticións que realiza a sociedade no relativo ao seu papel nelas. Tamén establecemos a mesma ligazón de "está asociado con" para os códigos *demandas sociais* e *recursos municipais*, porque o tipo de recursos cos que se conta no concello e a distribución dos mesmos está en parte condicionada polas esixencias da poboación.

A outra categoría que se recolle neste mapa é a de *profesionais*, que está composta polos códigos *iniciativas dos profesionais*, *formación docentes* e *definición xogos populares*. Nesta temos anexionados cos códigos *iniciativas dos profesionais* e *definición xogos populares*, co código *formación docentes*, coa denominación de "está asociado con" debido a que o concepto que teñen os profesionais sobre os xogos populares e as iniciativas que propoñen a nivel particular están directamente entroncado co tipo de formación específica recibida sobre o tema dos xogos populares. Ademais asociamos o código *formación docentes* co código *iniciativas municipais* coa ligazón de "está asociado con", porque as propostas levadas adiante no concello están en parte condicionadas polo tipo de sensibilidade e formación da que dispoñen os profesionais cara o tema dos xogos populares

5 . 2. 2. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO MUNICIPAL



5. 2. 3. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO MUNICIPAL/LEGER MOCIDADE

Xunto co mapa conceptual da dimensión *contexto municipal* presentamos o mapa de *lecer mocidade*, consideramos que existe unha relación directa no uso do tempo de lecer que realiza a mocidade e as posibilidades que lle ofrecen desde a corporación municipal. Para isto conectamos as categorías de *lecer mocidade* coas de *programación* e *poboación* cunha relación “está asociado con”.

O código *actividades no lecer* está enlazado aos códigos *demandas sociais*, *pasatempos tecnolóxicos*, *recursos municipais* e *actividades extraescolares*, coa identificación “está asociado con”. No primeiro caso as ocupacións que realiza a mocidade no seu tempo de lecer, ten que ver co tipo de necesidades e coas cousas que demandan para facer fóra dos centros escolares. A outra unión igual que a anterior é a que se establece entre o código *actividades no lecer* e *actividades extraescolares*, neste caso as actividades que realiza a xuventude teñen moito que ver coas actividades ofertadas polo concello. Por outra parte tamén temos o enlace entre *actividades no lecer* con *recursos municipais*, xa que unha parte importante das actividades que escollen facer as mozas e mozos está ligado ao tipo de recursos que son postos a disposición da xuventude, tanto a nivel de actividades programadas como dos medios que se poñen a disposición para que teñan a oportunidade de facer actividades pola súa conta. Anexamos tamén *actividades no lecer* con *pasatempos tecnolóxicos*, porque segundo as evidencias recollidas unha parte das actividades que realizan no lecer as mozas e mozos, están ligadas ao uso das novas novas tecnoloxías no seu tempo libre.


Outra relación que establecemos é entre os códigos *actividades no lecer* con *opcións de lecer*. Nesta ocasión designamos esta como “é causa de”, porque as actividades que realiza a xuventude no seu tempo de lecer, xorden como consecuencia da existencia de oportunidades para ocupar o seu tempo na realización de diversas actividades sexan programadas ou por libre.

Por outra banda temos o código *opcións de lecer* que está ligado aos códigos *actividades extraescolares*, *iniciativas municipais*, *demandas sociais* e *recursos municipais* coa relación de “é causa de”. Neste punto cremos que as diferentes posibilidades de lecer que se se lle ofrecen ás mozas e mozos da comunidade no seu

tempo libre, manteñen esta conexión con estes códigos porque as opcións que escolle a xuventude e que se lle ofrecen, están directamente relacionados co tipo de accións que se desenvolven desde o concello tendo en conta as actividades non lectivas, as necesidades da poboación, o tipo de recursos dos que dispón o concello e dos proxectos que pon en marcha a corporación municipal.

Xa para rematar o código *pasatempos tecnolóxicos* está unido ao código *opcións de lecer* coa relación “é causa de”, xa que o uso de novas tecnoloxías na mocidade local prodúcese debido do tipo de posibilidades de lecer das que poden desfrutar hoxe en día mozas e mozos, que en comparación coas xeracións pasadas nas que non existían estes avances tecnolóxicos e a súa difusión era menor que na actualidade.

5. 2. 4. MAPA CONCEPTUAL CONTEXTO MUNICIPAL/LECER MOCIDADE



5. 3. MAPAS CONCEPTUAIS ESPAZOS

5. 3. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL ESPAZOS


No seguinte mapa conceptual presentamos a categoría dos *espazos*, a cal está inserida dentro da dimensión de *condicionantes socioculturais*. Este mapa presenta a categoría dos Espazos á que están ligados os códigos, *espazos informais*, *a cerca*, *praia*, *porto*, *presión urbanística* e *espazos formais* coa expresión "é unha" porque se sitúan nun nivel máis concreto da análise.

Os códigos *A Cerca*, *Espazos informais*, *Praia e Porto*, teñen unha correspondencia co código de *Presión Urbanística* de "está asociado con", porque entendemos que a evolución dos espazos informais e os máis característicos da comunidade están en evolución constante debido á presión inmobiliaria e industrial que se exerce sobre eles. As constantes remodelacións da paisaxe da praia, do porto, a desaparición da cerca, están ligadas directamente á presión exercida sobre estes espazos.

Os códigos *A cerca*, *Praia e Porto* posúen unha correspondencia co código *Espazos informais* de "é parte de", porque estes espazos son a selección máis representativa das zonas de xogo da comunidade, as cales sobresaen na investigación por enriba doutros espazos de xogo. Pero que ao mesmo tempo son espazos informais de xogo.

Sumamos por outro lado o nexos entre *Espazos Formais* e *Presión Urbanística* na cal empregamos a nomenclatura "é causa de". Nesta ocasión apuntamos que a construción destes espazos é necesariamente consecuencia directa das novas necesidades ás que teñen que facer frente na comunidade. A construción de pavillóns deportivos, piscinas, campos de fútbol, pistas polideportivas, son froito dunha nova perspectiva dos espazos de xogo, que ten como trasfondo a presión urbanística na comunidade.

5.3.2. MAPA CONCEPTUAL ESPAZOS



5. 4. MAPAS CONCEPTUAIS MATERIAIS

5. 4. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL MATERIAIS


No seguinte mapa conceptual relacionado cos *materiais* temos enlazados á categoría de materiais os códigos *materiais típicos*, *materiais reciclaxe*, *materiais actuais* e *materiais escolares*, coa relación "é unha", xa que imos do máis xeral ao máis concreto no tema dos materiais empregados para xogar nas diferentes xeracións.

As conexións entre o código *materiais escolares* e os códigos *materiais típicos*, *materiais reciclaxe* e *materiais actuais*, teñen unha relación de "está asociado a", porque o emprego de diferentes materiais para practicar os xogos populares nos centros escolares ten a súa razón de ser no uso daqueles materiais que se consideran típicos e propios da tradición de cada xogo. Por outra parte os centros escolares tamén fan uso de materiais que non so deseñados para o xogo e reconvírtenos en material de xogo escolar. Tamén se valen de novos materiais que antes non existían para empregarlos no momento de practicar xogos populares propostos polos centros ou docentes.

O código de *materiais actuais* está conectado con *materiais de reciclaxe* coa relación de "contradí", xa que na actualidade os materiais que usan os rapaces non se obteñen da reciclaxe doutros obxectos, materiais ou da súa propia construción. Tamén no caso da outra relación os materiais típicos empregados nos xogos populares pouco teñen que ver en moitos casos cos materiais que se empregan hoxe en día polas xeracións actuais, inchables, neoprenos, balóns de plástico, caldeiros de plástico, son materiais que non estaban presentes nas xeracións máis vellas deste estudo.

Outra conexión que establecemos é entre os códigos *materiais de reciclaxe* e *materiais típicos* neste caso a relación é de "é parte de", xa que a reciclaxe dos obxectos e diferentes materiais é unha maneira de crear os materiais típicos necesarios para o xogo popular.

5. 4. 2. MAPA CONCEPTUAL MATERIAIS



5. 5. MAPAS CONCEPTUAIS REGULAMENTO/VALORES-ANTIVALORES

5. 5. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL REGULAMENTO /VALORES-ANTIVALORES


No mapa conceptual que presenta as categorías dos *Antivalores/Valores e Regulamento*, podemos comprobar como estas dúas categorías están ligadas entre si coa relación "está asociado con", porque algúns dos fenómenos que se recollen dentro dos códigos que compoñen a categoría dos *Antivalores/Valores* están moi relacionados co regulamento. Algúns dos posibles Antivalores e Valores que se manifestan nos xogos populares locais, é grazas ao tipo de funcionamento das regras nos xogos e tamén as trampas que se daban nos xogos. Por esta razón facemos este tipo de relación, xa que o regulamento é un elemento que dá lugar a distintas manifestacións sociais que non se manifestarían na dinámica dos xogos populares da comunidade se o regulamento destes xogos estivese moito máis estandarizado ou unificado como ocorre noutro tipo de actividades lúdicas e deportivas.

Deste xeito no mapa que emana da categoría *regulamento* que se presenta, temos as relacións entre os códigos *trampas e funcionamento regras*, que no caso destes dous códigos, entendemos que estes dous códigos deben ter unha ligazón de "está asociado con" xa que un sen o outro non se poden dar. Porque as trampas son unha manifestación que vulnera a lexitimidade do funcionamento das regras establecidas, e a súa manifestación ten orixe no tipo de dinámica que se crea través do funcionamento das regras.

Continuamos explicando as relacións entre os códigos *funcionamento regras e trampas* cos antivalores *violencia e abuso*. Para este caso asignamos unha relación causal "é causa de". Porque entendemos que a violencia e o abuso que se produce no desenvolvemento dos xogos populares locais é produto funcionamento do regulamento e por causa das trampas que se realizan por parte dos participantes. Por esta razón unimos estes dous pares de códigos coa relación de "é causa de".

Rematamos este mapa conceptual explicando outra relación máis, que se produce entre os códigos *funcionamento regras* e *valor socioafectivo*, debido a que a dinámica do regramento dos xogos dá orixe a moitas situacións nas que os participantes deben facer uso das habilidades necesarias para comezar o xogo, resolver algún conflito, etc. Por esta razón vinculamos estes dous códigos cunha relación de "está asociado con", porque moitos dos valores socioafectivos que se poden adquirir nos xogos populares están moi ligados ao tipo de dinámicas que existen en torno ao funcionamento das regras.

5. 5. 2. MAPA CONCEPTUAL REGULAMENTO/VALORES-ANTIVALORES



5. 5. 3. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL VALORES-ANTIVALORES


A continuación o que se explica é o mapa conceptual no que se recollen os códigos que compoñen a mesma e as relacións que se establecen entre os códigos da categoría *antivalores e valores*. A categoría antivalores/valores está composta polos códigos *abuso, violencia, competitividade, valor motriz e valor socioafectivo*. Nas relacións que se mostran na rede presentamos por unha banda as relacións é un/unha para estes códigos que compoñen a categoría.

Por un lado temos a relación que se establece entre os códigos *violencia e abuso*, neste caso establecemos que o abuso "é parte" da *violencia*, xa que o *Abuso* nos xogos populares é unha manifestación concreta dun tipo de *violencia*, que é exercida dos máis poderosos sobre dos máis febles, de aí que a liguemos desta forma.

Outras relación que temos nestes dous códigos de *violencia e abuso* é a unión co código de *valor socioafectivo*, cunha relación de "contradí", xa que os valores que en teoría posúen os xogos populares entran en contradición cos antivalores que tamén existen nos xogos populares locais. Polo tanto os códigos de *violencia e abuso* están en contradición cos *valores socioafectivos* en positivo que posúen os xogos populares.

Outras relacións existentes son as que se producen entre os códigos *competitividade, valor motriz e valor socioafectivo*, neste caso establécese unha relación de "está sociado con", xa que os xogos populares inciden nos tres tipos de valores e son interdependentes uns dos doutros. Xa que por unha banda o *valor socioafectivo* está moi ligado ao tipo de *competitividade* que se manifesta nos xogos populares da comunidade. Logo temos a relación entre o *valor socioafectivo* e o *valor motriz*, pensamos que estes dous valores tamén están asociados de xeito bidireccional entre eles, xa que o *valor socioafectivo* tamén depende en gran medida do potencial *motriz* que teñen estes xogos e viceversa. Para rematar temos a mesma relación entre *valor motriz e competitividade*, porque a *competitividade* nos xogos populares está moi ligada á capacidade *motriz* dos participantes nos xogos populares nos que uns serán capaces de se máis competitivos nuns xogos nos que teñan unha maior habilidade e ao mesmo tempo serán menos competitivos nos que non dominan, e á inversa. Isto pode ser un factor chave á hora de participar nos xogos populares.

5. 5. 4. MAPA CONCEPTUAL VALORES-ANTIVALORES



5. 6. MAPAS CONCEPTUAIS XÉNERO

5. 6. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL XÉNERO


Neste mapa conceptual que presentamos sobre a categoría do xénero temos os códigos de *sociedade e xénero*, *coeducación escolar*, *xogo e xénero*, e *xogo escolar e xénero*. Estes están conectados coa relación "é unha" con xénero porque imos dos temas máis concretos ao tema máis global que se trata na categoría.

O código *sociedade e xénero* está ligado ao código de *coeducación escolar*, coa relación "está asociado con", porque entendemos que a evolución da sociedade en xeral tamén se debería plasmar no progreso dos modelos educativos máis integradores en cuestión de xénero. Polo tanto entendemos que a escola reflicte o modelo social no período temporal no que nos atopamos.

O seguinte código é *xogo escolar e xénero* o cal unimos cos códigos *sociedade e xénero e coeducación escolar*, coa relación de "é causa de", debido a que os xogos que se practican na escola son consecuencia dun modelo social que se reflicte nos xogos que escollen nenas e nenos nos centros educativos. Tamén os xogos que se practican polos escolares son froito dun determinado modelo educativo que se reproduce a través de determinadas prácticas docentes. Ao mesmo tempo o código *xogo escolar e xénero* está vinculado co código de *xogos de xénero* coa relación "é parte de", porque o tema do xénero e do xogo nas escolas é un aspecto que completa ou forma parte do tema de xogos de xénero, só que centrado nas escolas no momento actual, en contraposición ao barrido xeracional que se fai no outro código.

Outro código que se presenta no mapa é o de *xogos de xénero*, establecemos con este código unha correspondencia cos códigos *sociedade e xénero e coeducación escolar* coa relación "é causa de". Xa que a práctica de determinados xogos populares en función do xénero xorde pola influencia directa que realiza a sociedade para marcar uns determinados roles lúdicos segundo o xénero, e por outra banda a práctica de determinados xogos xorde como causa dun modelo educativo determinado, que neste caso non se enmarca dentro do modelo da coeducación de xéneros

5. 6. 2. MAPA CONCEPTUAL XÉNERO



5. 7. MAPAS CONCEPTUAIS VÍAS DE TRANSMISIÓN

5. 7. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL VÍAS DE TRANSMISIÓN

Este mapa conceptual presenta as relacións existentes entre os códigos que compoñen a categoría de *vías de transmisión*, que está inserida na dimensión de condicionantes socioculturais. Esta categoría de vías de transmisión componse de cinco códigos *orais interxeracionais, novas canles de comunicación, enculturación lúdica xuventude, adquisición por imitación de modelos e ruptura interxeracional*. Estes códigos están unidos á categoría de *vías de transmisión* mediante a relación "é unha" xa que vai dos temas máis específicos ao tema máis xeral que os engloba.

Nas relacións establecidas entre os códigos temos a unión entre o código *adquisición por imitación modelos e ruptura interxeracional*. Neste caso establecemos a relación de "contradí", xa que a aprendizaxe dos xogos populares locais a través da imitación de modelos entre iguais contradí ao código que nos indica que existe unha ruptura interxeracional nas distintas xeracións.

Outra relación que se reflexa no mapa conceptual é a que se dá entre o código de *adquisición por imitación de modelos* e o código de *novas canles de comunicación*. Para este caso establecemos unha correspondencia de "contradí" porque entendemos que o código *adquisición por modelos* choca directamente co código de *novas canles de comunicación*, porque fronte a un proceso natural de aprendizaxe dos xogos populares entre iguais, pasamos a un novo paradigma de aprendizaxe no que a escola, libros e outros recursos compoñen os medios polos que se aprenden moitos xogos populares das xeracións pasadas.

Este mesmo nexos de "contradí" o establecemos entre o código *orais interxeracionais* e *novas canles de comunicación*. Resulta claro que son os polos opostos da transmisión e conservación dos xogos populares, xa que a transmisión oral da cultura neste caso dos xogos é a principal forma que tivo a sociedade para aprender

diferentes manifestacións culturais, mentres que as novas canles de comunicación ofrecen unha dimensión dos coñecementos populares máis formal.


Outro nexos que establecemos é o representado entre o código de *ruptura interxeracional* e *novas canles de comunicación*, neste caso entendemos que a correspondencia é de "é causa de" porque as novas formas de transmisión que existen na actualidade xorden para completar o baleiro que se produce debido á que pouco a pouco a cadea interxeracional entra en declive e estas adquiren un maior protagonismo.

Por outro lado temos as conexións entre o código *ruptura interxeracional* e os códigos *orais interxeracionais*. Nesta presentamos unha ligadura de "é casusa de", porque a cadea de transmisión oral dos xogos populares malia estar presente ao longo de distintas xeracións, entendemos que a *ruptura interxeracional* é unha causa directa da quebra da cadea oral interxeracional que ten como consecuencia unha menor transmisión dos xogos populares entre pais e fillos.

Despois para o código *enculturación lúdica xuventude* asociámolo aos outros códigos con "é causa de", xa que en menor ou maior medida o coñecemento e práctica dos xogos populares é consecuencia da cadea de transmisión oral, da aprendizaxe por imitación de modelos, das novas canles de comunicación e tamén da *ruptura interxeracional*, todos estes elementos teñen unha influencia directa na enculturación lúdica nas xeracións actuais.

Xa para rematar o mapa conceptual inserimos a ligazón entre os códigos *adquisición por imitación de modelos* e *Orais interxeracionais* como "é causa de", porque a aprendizaxe dos xogos a través de modelos é consecuencia directa da comunicación e transmisión oral dos xogos populares. As diferentes xeracións de adultos aprenderon a xogar a estes briquedos grazas ao contacto e difusión da cultura lúdica de xeito oral e á interacción entre iguais.

5. 7. 2. MAPA CONCEPTUAL VÍAS DE TRANSMISIÓN




5. 8. MAPAS CONCEPTUAIS XOGOS POPULARES

5. 8. 1. EXPLICACIÓN MAPAS CONCEPTUAL XOGOS POPULARES

Neste mapa conceptual presentamos as conexións da categoría *xogos populares locais*, cos códigos *xogos populares locais estacionais*, *xogos populares locais pasivos*, *xogos populares locais e traballo*, e *xogos populares locais cantados*. Nesta rede as únicas conexións que establecemos son entre os códigos e a categoría coa relación de "é unha". Debido a que empregamos estes códigos para recuperar algúns elementos que mostran a presenza dalgunha característica concreta dos xogos populares, como poida ser o emprego de cantigas no desenvolvemento dos xogos, se están inspirados nos traballos da comunidade, etc. Neste mapas os códigos soamente se están aplicando ás entrevistas realizadas, non se empregan para as observacións recollidas durante a investigación, aínda que despois se poidan establecer distintas conexións entre eles.

5. 8. 2. MAPA CONCEPTUAL XOGOS POPULARES 1



5. 9. MAPAS CONCEPTUAIS CATEGORÍAS CONDICIONANTES SOCIOCULTURAI

5. 9. 1. EXPLICACIÓN MAPA CONCEPTUAL CATEGORIAS CONDICIONANTES

O mapa que presentamos a continuación presenta as relacións entre as *categorías xogos populares locais, vías de transmisión, regulamento, espazos, xénero, valores/antivalores e materiais*.

A primeira conexión que establecemos é a que une a todas as categorías coa categoría de xogos populares locais, coa relación "é parte de", xa que consideramos que todas as temáticas que se tratan no estudo son pezas que parten do tema central, que son os xogos populares da comunidade. Por esta razón decidimos indicar que estes temas son aspectos que conforman a riqueza dos xogos populares.

Mostramos a conexión entre a categoría *regulamento, e valores/antivalores*, coa relación "está asociado con", debido a que o regulamento pode ser un factor determinante á hora de que en ocasións se manifeste a violencia nos xogos, e ao mesmo tempo é un elemento que provoca a aparición de determinados valores sociais que están vinculados ao tipo de regulamentación tan flexible que existe dentro dos xogos populares. Isto facilita o proceso de adquisición de determinadas habilidades sociais, comunicativas e afectivas.


Outra ligazón que presentamos no mapa conceptual é a que establecemos entre a categoría de *valores/antivalores*, coas *vías de transmisión*, coa relación de "está asociado con", xa que grazas a este determinado conxunto de *valores/antivalores*, son perpetuados na comunidade. No caso da nosa investigación queremos destacar para fuxir dunha visión idealista e romántica dos xogos populares, mostrando un aspecto que estivo presente nos xogos populares das distintas xeracións como os antivalores do abuso e a violencia.

A seguinte conexión que establecemos é entre a categoría dos *materiais* e a categoría do *espazos* coa ligazón “está asociado con”, porque en moitos xogos practicados os materiais eran obtidos da contorna e do medio natural, construíndo xoguetes reciclando materiais naturais, dos traballos, roupas, etc.

Outra ligazón que se establece é a que se produce entre o *xénero* e os *materiais*, co nexa “está asociado con”, xa que en moitas ocasións os materiais de xogo que eran empregados viña determinado polo xénero das crianzas, aínda que existise moita práctica compartida de xogos, os materiais estaban tamén asociados en ocasións ao xénero dos participantes.

A última unión que presentamos é a de *vías de transmisión* con *espazos*, neste caso a relación é de “está asociado con” xa que o uso dos espazos de xogo tamén está moi relacionado coa transmisión oral e coa práctica dos xogos interxeracionalmente, así cada xeración tiña que adaptarse aos espazos dispoñibles en cada época.

5. 9. 2. MAPA CONCEPTUAL CATEGORÍAS



CATÁLOGO XOGOS POPULARES LOCAIS

APÉNDICE 6. CATÁLOGO RECOMPILATORIO XOGOS POPULARES

6. 1. XOGOS DE LANZAMENTO/PRECISIÓN/DISTANCIA

Nome: A billa, billarda ou estornela.

Descrición: xogo de golpeo por equipos ou parellas de xogadores. Decídese previamente a puntuación máxima e a continuación a orde de lanzamento, soltando á billa ao aire e golpeándoa, o que a mande máis lonxe comeza a partida. Colócase a billa no chan, nunha marca previamente realizada, formada por dúas pedras, ou calquera outro material que cumpra a función, comunmente son chamadas como “as cepas” que serven para colocar a billa. O lanzador avisa que vai e facer o lanzamento e dille: se pide, o batedor contestará de xeito afirmativo ou negativo: “pido ou non pido”. Ata que o batedor non acepte, o lanzador non pode enviarlle a billa para que sexa bateada.

Unha vez que a billa é lanzada e golpeada fóra zona de lanzamentos. Na seguinte oportunidade para bater, co pau grande golpease a billa por un extremo, de tal xeito que se eleve a unha altura axeitada para realizar un segundo golpeo de maior intensidade que se realiza no ar, co obxectivo de mandala o máis lonxe posible. O equipo rival debe coller a billa antes de que chegue ao chan para cambiala orde de golpeo, e solicitar un número de puntos, que o lanzador pode aceptar e seguir lanzando, para superar esa puntuación superando o seu lanzamento anterior no próximo. Se non acepta cambia o equipo lanzador. No caso de que non se recolla no ar, o receptor deberá recollela do chan e tentará devolvela á zona de lanzamento e o adversario ten que evitar que caia na zona de lanzamento golpeándoa no aire. Se cae dentro, cámbiase a orde de lanzamento. Se non acerta a metela o lanzador que estaba na quenda debe golpear a billa nun intento dende o punto onde caera antes, así sucesivamente até chegar á a zona límite. Se un xogador esgota os tres intentos, négóciase a distancia xogando un número determinado de paláns e deben contar a distancia que presupoñen co palán, o que acerte gaña un determinado nº de puntos previamente negociados. Para iso o batedor debe estimar a distancia en paláns, dicindo unha cantidade de paláns, se o rival acepta dirá: “douchas” e o batedor suma eses puntos, no caso de que o equipo non estea de acordo dirá: “mídeas”. O batedor debe contar os paláns que hai distancia, se acerta suma o

dobre de puntos, se di de menos, suma a diferenza de paláns, e no caso de que exceda, perde a súa quenda.

Variante: tamén se pode xogar a golpear a maior distancia posible sen sistema de puntuación.

Xogadores: mínimo dous, máximo indefinido por equipos.

Xénero: ambos.

Espazo: grandes localizacións sen obstáculos, agras, prados, praias, ect.

Materiais: madeira. Podían ser pólas de árbores ou pequenas estacas, etc. A peza pequena é denominada como billa, billarda ou estornela. Cunha póla pequena algo gorda cunha largura dunha palma da man, trabállase polos laterais para que quede con forma cónica polos extremos. O pau máis grande é o palán de medio metro aproximadamente que serve para golpear.

Regras:

Sempre golpea o mesmo xogador, salvo que chegue a zona límite ou collan a billa no aire.

Tres intentos de para golpear a billa de saída e nos lugares posteriores.

Se fallas esgotas as tres oportunidades perdes a quenda e non puntúas.

Se a billa queda detrás da posición de lanzamento conservase a quenda e non se puntúa.

Se a billa queda na mesma posición sen ser golpeada perdes quenda.

6. 2. XOGOS DE LANZAMENTO E PRECISIÓN

Nome: As bolas.

Descrición: consiste en lanzar pequenas bólas cos dedos índice e polgar contra outras bólas que están nun círculo que son doutros participantes e tentar metelas fóra do círculo. Cada bola que se sae pasa a ser propiedade do xogador que atinou a mandala fóra. Os xogadores lanzan ou pousan un número de bolas igual ao de xogadores. Deciden a orde de lanzamento ás sortes e comezan a xogar. A nena ou neno, que sae debe golpear á morea de bolas que hai dentro do círculo. Cada vez que sacas bóla segues tirando, se fallas ou non sacas bola, pasa a quenda. Existen algunhas accións que pode facer o lanzador como pedir “cuartas” para aproximarse á bola do adversario ou tamén outra acción como denominada “limpar” onde se permite ao xogador quitar algunha cousa que puidese estorbar na

traxectoria da bola no lanzamento. Cada vez que un xogador mete unha bola fóra, gaña esa bola en propiedade.

Variante:

a raia. Os lanzadores fan unha raia e teñen que ser capaces de deixala o máis preto da raia ou enriba dela. O que se achegue máis gaña as bólas dos adversarios.

O gúa. Consiste en meter a bola nun pequeno furado na terra dentro dun círculo, o xogador que meta a bóla antes ca os adversarios gaña as bolas destes. Pódese golpear a outras bólas par evitar que o contrincante a meta dentro.

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: Indiferente, aínda que maioritariamente practicado por nenos.

Espazo: na rúa, lugares de terra de superficie plana.

Materiais: bolas, antigamente podían ser de madeira, coa evolución dos materiais existen de cristal e aceiro.

Regras:

Se a túa bola vai fóra no lanzamento perdes quenda.

En caso de que atines e a túa vaia fóra non gañas bóla.

Na raia, non se pode pasar a liña.

No “gúa” debes mtela bóla no furado

Nome: A buxaina

Descrición: xogo que consiste en facer bailar a propia buxaina. Un obxecto que ten forma cónica, que polo lado superior ten un saínte circular chamado cota, duns 2 centímetros aproximadamente, e polo lado de baixo ten un pequeno saínte en forma de punta chamado ferrón. A buxaina é envolvida por unha corda ou piola, que nun extremo ten un nó e no outro extremo pode ter unha pequena chapa metálica que facilita a suxeitar a corda. Comézase facendo un círculo arredor da cota e baixar a corda ata o ferrón facelo mesmo ca na cota e ir envolvendo sucesivamente cara arriba, ata envolver case toda a barriga coa piola, logo lánzase con forza, realizando un xesto brusco e seco, contra o chan para que baile de xeito circular sobre o eixo lonxitudinal da mesma.

Unha vez que dominabas a buxaina podíase coller coa man e ila pasando polo corpo mentres bailaba. Existía reto entre os participantes para demostrar quen era capaz de facela bailar a buxaina dun xeito máis vistoso.

Variante: Os croques. Sorteábase quen lanzaba. Depositábase unha buxaina dalgún participante nun círculo e outros rivais lanzaban tentando de darlle á buxaina do medio ben para mandala buxaina fóra do círculo ou quebrala.

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: tradicionalmente de nenos, máis que de nenas.

Espazo: calquera ou ben con superficie de terra ou de cemento.

Materiais: Cordel e buxaina.

Regras:

Se o lanzador falla debe pasar quenda.

Se o lanzador manda a buxaina do círculo fóra, quédase con ela.

Nome: A chave

Descrición: xogo de lanzamento, que conta cunha gran difusión por toda Galiza nas distintas variantes existentes. Neste xogo existe unha especie de pluma, cunha base circular e feita de ferro que debe ser derribada co lanzamento dos pellos ou pesos de medio quilo, que son unhas pezas circulares planas feitas normalmente ou de ferro ou chumbo, duns 8 centímetros de diámetro e 2 centímetros de grosor. A distancia de lanzamento pode variar pero aproximadamente uns catorce metros, vinte alancadas máis ou menos. Á hora de lanzar os pés deben estar por detrás da liña de lanzamento. A puntuación pode variar segundo decidan os xogadores, a nivel de competición regulada e federada son 8 puntos por cada vez que se derrube a chave chegando a un máximo de cen en competición. O número de lanzamentos pode variar entre dous ou tres, hai que derrubar a chave para que puntúen os 8 tantos pero no caso de que quede preto é 1 punto, a puntuación vaise restando do total da puntuación establecida ao principio, e vaise rexistrando ou ben nunha pizarra ou nunha folla de rexistro elaborada para o xogo

Variante: a chave ourensá e ferrolá.

Xogadores: mínimo dous, máximo catro ou seis, para facelo dinámico e non facer quendas de lanzamento moi longas.

Xénero: maioritariamente de xénero masculino.

Espazo: calquera que sexa plano e que teña o longo suficiente.

Materiais: Chave e "pellos" de ferro de medio quilo de peso aproximadamente e tamén pode empregarse unha especie de caixón que se sitúa detrás da chave para evitar que saian disparados os "pellos."

Regras:

Decidir a orde das quendas cun lanzamento, o que acerte a darlle comeza a tirar.

Fixar o número de lanzamentos e de puntuación.

Nome: A rá

Descrición: xogo de lanzamento de precisión. O participante dende unha distancia de 2 ou 3 metros aproximadamente, debe meter uns pequenos pellos nos furocos dun caixón rectangular con catro patas, na parte superior ten unha ra ca boca aberta, e nos laterais da ra hai tanto diante como ao seu carón distintos buratos con distintos complementos coma unha especie de muíño e noutros cun pequeno arco metálico que simula pequena ponte, que dificulta a entrada dos pellos dentro do burato. E debaixo ten un caixón para recoller as fichas que van caendo. Consiste en meter as fichas dentro da boca da ra e dos buratos, cada burato ten unha puntuación distinta sendo a ra a de maior puntuación, a puntuación pode variar segundo onde caia o pello, deste xeito na rá vale 200 puntos, nas pontes 50, no muíño 100, nos outros furocos pode variar entre 10 e 40 puntos, dependendo de si están nunha posición ou outra.

Variante: sen variante.

Xogadores: pode xogarse de modo individual, pero normalmente conta cun mínimo de dous xogadores e un máximo non superior a 8 xa que senón as quendas para lanzar poden ser moi longas.

Xénero: ambos.

Espazo: calquera que sexa liso para que non se incline o caixón.

Materiais: caixón da ra e pellos que normalmente eran de chumbo ou ferro.

Regras:

Sorteo da orde de lanzamento.

Sumar o maior número de puntos nas quendas acordadas.

Nome: O punzón.

Descrición: xogo de lanzamento, consistente en lanzar un obxecto punzante ao chan e deixalo cravado o máis vertical posible.

Variante:

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: xogo de nenos,.

Espazos: lugares onde exista herba e terra húmida para que crave mellor o punzón.

Materiais: un desaparafusador, unha navalla, ou calquera obxecto similar.

Regras:

Cravar o obxecto punzante na terra.

Nome: Os pelouros/tabas

Descrición: para xogar necesítanse 5 pedras ou pelouros, coios ou seixos, preferiblemente que sexan redondeados, normalmente eran collidos das pedras das praias. Unha vez que temos os croios escollemos unha pedra que nalgúns zonas é coutadeira e noutras chámanlle pelouro. Unha vez que se decide a orde de participación comezase a xogar. Primeiro, espallamos no chan os pelouros, collemos un e comezamos unha serie de fases que se deben superar con éxito. Lanzamos a pedra ao ar e coa mesma man recollo unha das que están no chan, namentres a outra está no ar, así sucesivamente con todos os pelouros. Logo de que teña collidos un a un todos os pelouros, paso a collelos de dous en dous, de tres en tres, sempre coa mesma man e co pelouro nai sempre no ar.

Unha vez superada esta fase, espállanse de novo os pelouros no chan, coa man libre facemos unha ponte co dedo polgar e indicador, lanzase ao ar a pedra nai e despois hai que pasar por debaixo da ponte o resto dos pelouros, un a un sen que toque o chan o pelouro que se lanza ao ar. Logo temos que colocar a man libre coa palma cara arriba, mentres se manda ao ar o pelouro nai, tense que ir pasando un a un os outros á palma da man sen que toque o chan o outro pelouro. A seguinte acción é darlle a volta á man libre e abrir ben os dedos neste caso mentres o pelouro está no ar, débese ir colocando o resto entre os dedos en sucesivos lanzamentos sen que caia ao chan o pelouro nai.

Outro paso é colocar a man libre semipechada e mentres o pelouro está no ar, vanse metendo un a un na cavidade o resto. O seguinte reto é lanzar ao ar o pelouro e sen que caia tense que ir collendo un a un os outros e ir deixándoos no seu lugar. Pasamos a outra proba que consiste en colocar a man libre apoiada sobre as xemas dos dedos a modo dunha gaiola ou araña e mentres se lanza o pelouro ao ar hai que ir colocando cada un dos outros coios entre os dedos comezando polo polgar e indicador e así sucesivamente e despois no último

lanzamento collelos todos dunha vez. Na fase final hai que lanzar ao ar o pelouro nai e mentres está no ar coller os catro pelouros dunha vez e bater no chan.

Variante: a ponte. Na que se lanza a pedra, e mentres está no aire, debemos pasar as pedriñas polo oco que queda de apoiar o dedo índice e o polgar no chan.

Outra variante pode ser xogada cos ósos de animais en lugar de pedriñas.

Tamén existe outra que na que o lanzador manda unha pedra ao aire e colle un pelouro coa mesma man e así sucesivamente aumentando o número de pelouros que se collen no mesmo lanzamento.

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: ambos, principalmente nenas.

Espazo: praia, rúa, prado, etc.

Materiais: cinco ou seis pedras. Tamén pode ser xogado con ósos de animais e unha pequena pelota de goma que rebote ben.. Na actualidade úsanse de plástico en lugar de ósos.

Regras:

Se non o consegues perdes quenda de lanzamento

Nome: Os tirapedras

Descrición: Consiste en elaborar cun pau en forma de “Y” grego e unha goma e un anaco de caucho ou algo de material similar, un artefacto que permite lanzar pedras con gran velocidade e precisión, para atinar en brancos móbiles ou fixos. Poden realizarse dianas para facer competicións entre os participantes con diferentes puntuacións, tamén se pode xogar a atinar en calquera obxecto que estea en movemento. Para lanzar segundo se sexa zurdo ou destro colleremos o tirapedras coa man non hábil e coa outra man tiramos da goma que debe estar cargada previamente. Esténdese o brazo que suxeita o tiratacos e poñémolo diante do nariz e coa outra man tiramos da goma para logo soltar contra o obxectivo.

Variante: os tiramillos. Coa evolución dos materiais tamén se poden facer artefactos similares cos bicos das botellas de plástico, cústase o mesmo. Polo extremo onde se curta péchase cun globo inchable de plástico e suxéitase con cinta adhesiva ao redor para que o globo non escape no momento do lanzamento.

Xogadores: un mínimo, máximo indefinido.

Xénero: nenos principalmente.

Espazo: calquera ao aire libre que non teña perigo para os lanzamentos.

Materiais: Madeira, gomas, caucho, botellas de plástico, globos, cinta adhesiva, pedras, millo, garavanzos, bolas, etc.

6. 3. XOGOS DE LOCOMOCIÓN E BRINCOS

Nome: A corda.

Descrición: consiste en facer mover unha corda polos extremos cun ritmo que permita o salto non medio.

Variante:

Unha variante consiste en colocarse dous nenos ou nenas un en cada extremo da corda e movela corda facendo un círculo con ritmo acompasado, mentres unha fila de compañeiros situada nos extremos comeza a pasar polo medio e facer un salto e pasar ao lado contrario de onde saíu, agardar polo resto dos compañeiros ou compañeiras. O ritmo da corda vaise incrementando pouco a pouco.

Semellante a anterior so que neste caso debese permanecer no medio facendo saltos sucesivos e sumando compañeiras ou compañeiros non medio. O ritmo da corda vaise incrementando paseniño cando van entrando máis participantes.

A terceira variante é facer un balanceo ca corda coma se fose un balancín e facer saltos continuos, ó mesmo tempo que se vai aumentando o ritmo da corda.

A corda individual, onde a saltadora ou saltador tenta facer o maior número de saltos, cambiando os apoios dos pés. Pódense facer carreiras de cordas onde os participantes percorren unha distancia.

Todas estas variantes da corda sempre son acompañadas con distintas cancións, das que rescatamos as que foron mencionadas polos distintos informantes.

1ª “Rei, rei, rei,

cantos anos vivirei?

Vintecinco non o sei.

Un, dous, tres....” (cóntase ata que se falle no salto)

2ª “ Soy la reina de los mares,

ustedes lo van a ver,

tiro mi pañuelo al suelo (tírase o pano ao chan)

y lo vuelvo a recoger, (recóllese o pano e así sucesivamente en cada salto)

pañuelito, pañuelito,

quien te pudiera tener,
guardadito en el bolsillo,
con un plieque de papel.”

3ª “Auga, pan, queixo,
touciño, touciño, touciño” (repítese a palabra, cada vez máis rápido en cada salto e o ritmo da corda increméntase ata que tropece coa corda)

Xogadores: mínimo un ou tres, máximo indefinido.

Xénero: ambos, principalmente nenas.

Espazo: calquera, con superficie plana.

Materiais: unha corda larga e que tivese un certo grosor.

Regras:

O xogador que tropeza na corda pasa a darlle á corda no extremo.

Nome: A goma

Descrición: xogo que consiste en colocar unha goma elástica nos pés de dous participantes que se sitúan un en fronte do outro, de tal xeito que a goma faga un rectángulo. Un terceiro participante ten que superala goma en altura, cunha combinación de pequenos saltos alternativos de pernas, estilo a pata coxa ou cas pernas xuntas, segundo a combinación dos pasos. Ao saltar podemos saltar sen tocar a goma, ou caendo cos pés enriba dela, tamén se pode enganchar a goma co pé no salto para que se faga un rombo cos pés. Vanse subindo as alturas a goma a medida que o xogo vai avanzando e o do medio non comete erros

Variante: Outra posibilidade é realizar ca goma como teas de araña onde os participantes teñen que pasar polo medio sen tocar a goma.

Xogadores: mínimo tres, máximo indefinido.

Xénero: principalmente practicado por nenas.

Espazo: calquera.

Materiais: unha goma elástica, tipo das que se empregan nas cinturas dos pantalóns, ou unha goma fina.

Regras:

Non tocar a goma.

Nome: A mariola

Descrición: xogo no que se debuxa no chan uns cadrados e numéranse para ir saltándoos de xeito sucesivo, normalmente do 1 ao 7, ou ao 9. Existen diversas formas de debuxar mariolas, normalmente con forma de cogomelo ou paraugas. Unha vez que están debuxados, as xogadoras ou xogadores lanzan unha pedra en cada cadrado seguindo a orde numérica, xa situada a pedra no número o xogador na ida debe saltar a pata coxa sobre os números e brincar por riba da pedra sen caer na cela correspondente, se as celas son dobres a participante debe apoiar os dous pés, unha vez que se chega ao final debe regresar e cando chega á cela da pedra debe collela na man e saltar por riba da cela onde estaba a pedra.

Variante: Os debuxos que se fagan no chan poden variar.

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: ambos, pero de nenas principalmente.

Espazo: a rúa, prazas, parques, etc.

Materiais: un xiz ou anaco de ladrillo pra pintar a mariola, e unha pedra pra saltar á mariola.

Regras:

A pedra non pode saír do debuxo.

Tamén se pode recoller a pedra cando ves de volta en lugar de guiala co pé.

Nome: As pandas

Descrición: consiste en brincar por enriba do compañeiro, que se sitúa nunha posición coas pernas semiflexionadas coa cabeza protexida polas mans. A posición imita ao poldro de ximnasia deportiva. Poden ser xogado facendo distintas formas xeométricas ou en liña recta.

Variante:

Xogadores: pode ser xogado por un mínimo de dous e o máximo que se queira.

Xénero: ambos

Espazo: serve calquera localización.

Materiais: ningún

Regras:

Non caer brincando.

Nome: Saltos ao mar

Descrición: xogo que consiste en brincar ó mar dende distintos lugares estratéxicos do porto, dependendo do risco que asuma o saltador e onde os rapaces e rapazas amosan as súas habilidades para facer saltos acrobáticos.

Táboa 35 Clasificación tipos de saltos ao mar no porto

Clasificación saltos acrobáticos no porto

Con carreira	Curta 1-2 metros Media 3-4 metros Longa + de 4 metros
Sen carreira	
Con altura	Curta 1-2 metros Media 3-4 metros Elevada + de 4 metros
Individuais	
Colectivos	
Simultáneos	
Con rotación	Eixo lonxitudinal Eixo transversal Eixo antero-posterior
De fronte	
De costas	
Estendido	
Agrupado	
Con apoio de mans previo	
Sen apoio de mans previo	
Entrada na auga coas mans	
Entrada na auga cos pés	

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazo: o porto.

Zonas de salto: tellado da lonxa vella antigamente, muro do gas e as escaleiras do muro, a rampla do carro, na zona nova dos banco da dársena, na nova rampla, e na grúa dos barcos nas distintas épocas do porto, embarcacións atracadas no porto.

Materiais: ningún necesariamente. Agora coa evolución dos materiais algunhas nenas e nenos empregan traxes de neopreno para mantela temperatura corporal. Tamén se poden xogar con materiais inchables para saltar sobre eles.

Regras:

Nome: Móntana churra, ovo pico araña.

Descrición: este xogo particípase por equipos de 4 ou 5 integrantes, máis un participante que fai de nai. Fanse as sortes e comeza un equipo a pandar. A nai situase nunha parede ou unha árbore, ou lago semellante que permita a nai apoiar as costas. No medio das pernas da nai ou contra o peito en posición de poldro, colócase o primeiro membro do equipo que vai pandar e o resto dos membros fan unha cadea de poldros coa cabeza entre as pernas das compañeiras ou compañeiros. Mentres o outro equipo dende unha distancia de varios metros 4 ou 5, van saltando sobre os que pandan. Cando se comeza a un dos que salta ten que avisar berrando: Churra!! E os que pandan contestar: monta na churra!!! Unha vez están tódalas xogadoras ou xogadores enriba poden facerse por parte do equipo saltador tres sinais que son: picos (o puño pechado cun dedo estirado, ben pode ser o polgar ou o indicador), porros ou ovo (o puño pechado), tainas ou araña (a man extendida coa palma cara abaixo). O que está diante de todo no equipo que panda debe adiviñar para a sinal que fai para que pase a pandar o outro equipo.

Variante: das pandas ou de ovo, pico, araña.

Xogadores: mínimo tres xogadores máximo indefinido.

Xénero: ambos, principalmente nenos.

Espazo: indefinido

Materiais: ningún

Regras:

O que cae pasa a ser o poldro.

Se non soportas o peso segues sendo poldro.

Nome: O perillote.

Descrición: Xogo que consiste en realizar unha morea de area, e colocar unha pluma na cima da mesma. Os xogadores van saíndo por roldas e teñen que brincar

por riba da morea sen derribar a pluma, a medida que vai avanzando o xogo, o tamaño da morea vai incrementando a altura, se tiras a pluma estás eliminado.

Variante: colocar a pluma e facer unha carreira colectiva para ver quen a colle primeiro.

Pódese facer un perillote, colocar a pluma enriba e cada xogador vai quitando unha pouca area coa man até que algún tire a pluma.

Xogadores: mínimo dous, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazo: a praia.

Materiais: area e pluma de gaivota.

Regras:

Non derrubala pluma

6. 4. XOGOS DE EQUILIBRIO

Nome: A cucaña

Descrición: xogo de mar que consiste en colocar un pau, tipo poste da luz, de grandes dimensións na proa dun barco, ou a babor ou estribor, que podía ser impregnado cun pouco aceite ou graxa dependendo dos recursos. Os participantes deben ir andando ou correndo, polo pau para coller unha bandeira que está situada no extremo, tamén se pode colocar un premio. Gaña aquel que colle a bandeirola.

Variante: a cucaña en terra que consiste nun pau con graxa e hai que subilo en vertical.

Xogadores: indefinido, canto maior o número mellor.

Xénero: nenos e homes.

Espazo: no porto principalmente, en lugares onde exista o suficiente calado de profundidade para caer ó mar sen tocar no fondo

Materiais: embarcación e poste grande.

Regras:

Collelo pano.

Os xogadores negociaban un sistema de puntuación.

6. 5. XOGOS DE AGOCHADAS

Nome: A laviscura, ou agochadas

Descrición: deberase escoller quen vai a pandar botándoo a sortes, unha vez decidido o que panda debe contar un ata un número concreto que é decidido polos participantes. Mentres o que panda conta o resto das nenas e nenos vanse agochando en diferentes lugares. Cando o que panda remate debe berrar: aí vou!. Nese momento debe ir en busca dos demais, que están agochados. Os rivais deben estar atentos a que non os descubra. Cando se descubra a algún rival o que panda debe ir correndo á casa e berrar polo rival descuberto (di o nome da compañeira ou compañeiro), nese intre o que estaba agochado está eliminado. No, caso contrario os que se agochan deben ir correndo á casa e berrar: por min! Pero tamén pode pasar que se o que panda descubre a unha nena ou neno e o que está agochado e este se da conta, poden meter unha carreira para ver quen chega ben para delatar ou para librarse. Outra posibilidade é que se poida liberar a todos os compañeiros, cando un dos que se agochan chega a casa sen que o que panda o vexa pode berrar: Por min e por todos os compañeiros! Aquí o que sucede é que as rapazas ou rapaces que estaban eliminados, poden volver a agocharse. O xogo remata cando se libran todos ou se descubren a todos.

Variante:

Xogadores: mínimo dous, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazo: calquera tanto ao aire libre como en espazos pechados

Materiais: ningún.

Regras:

Descubrir aos participantes.

Podes liberar aos compañeiros cantando “ Por min e todos os meus compañeiros”

Nome: A pita cega

Descrición: un participante é vendado nos ollos, compróbase que non pode ver nada. Mentres o resto dos compañeiros colócanse ao redor del e tratan de que o xogador que panda non os colla, pódese enganar e tocar ao que panda. Cando un xogador é atrapado, intercambian os roles e volven a comezar a xogar.

Variante:

Xogadores: mínimo 3, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazo: calquera

Materiais: un pano pra vendalos ollos

Regras:

Atrapar a un participante cos ollos vendados.

No momento que un participante é atrapado, pasa a pandar.

Nome: Bote, botero.

Descrición: xogo que consiste en agocharse, mentres un compañeiro panda custodiando unha botella de plástico, para que os demais non poidan golpeala cos pés. Cando comeza a descubrir aos rivais debe ir correndo á panda onde está a botella, collela e dicir: “bote, botero por...” e nese intre o rapaz descuberto deixa de xogar. Se polo contrario un dos que están agochados corre á panda e lle da tres patadas á botella, automaticamente libera aos que están se xogar e corren a agocharse de novo mentres o que está pandando debe ir recollela botella e poñela na panda de novo.

Variante:

Xogadores: máis de tres.

Xénero: nenos.

Espazo: Prazas, rúas.

Materiais: Unha botella de plástico.

Regras:

Custodiala botella.

Cantar “ Bote, botero por...”

Golpeala botella tres veces para librar aos compañeiros.

Nome: Cen navíos ao mar.

Descrición: xogo por equipos no que un equipo pandaba e o outro fuxía. Ao berro de “Cen navíos ao mar, e outros cen a navegar” daba comezo o xogo. Logo dunha conta de números un equipo tiña que ir a buscar aos membros do equipo rival e descubrir os lugares onde estaban agochados. Os que escapaban podían agocharse de xeito individual non facía falla que todo o grupo estivera no mesmo lugar e o mesmo os rivais. As partidas podían durar todo o día.

Variantes:

Xogadores: normalmente é un xogo cun gran nº de participantes.

Xénero: ambos

Espazo: a rúa, a vila, etc.

Materiais: ningún

Regras:

No momento que un era descuberto tiña que deixar de xogar.

6. 6. XOGOS DE COLABORACIÓN-OPOSICIÓN

Nome: A nica

Descrición: especie de polo ou xoquei rústico, xogábase por equipos, consistía en elaborar unha bola cunha buxaina a que se lle quitaba o ferrón e se envolvía con trapos para facer unha bola. Con ramas de árbores ou arbustos, construíase unha maza ou pau similar a un “stick” de xoquei, de igual xeito que no xogo da porca. Xogábase pisando a bola para despois ser golpeada cara a porta contraria que era unha liña de marca ao fondo de cada campo.

Variante: Xoquei con paus e carabullos, en lugar de xogar na area da praia era xogado nas rúas cunha pelota pequena tipo tenis.

Xogadores: mínimo catro, máximo indefinido.

Xénero: xogado polos nenos

Espazo: a praia

Materiais: unha buxaina vella, trapos e paus con forma de mazo, normalmente de taraio.

Regras:

Metela nica na zona de marca do adversario.

Non se pode acosar ao rival de xeito lateral e tiña que ser golpeada de fronte en caso de que se golpease de xeito lateral ou dende as costas dun adversario supoñía unha sanción que tiña a seguinte expresión: “si ves do revés un pau nos pes”.

Nome: O brilé

Descrición: xogo de pelota que se xoga por equipos, nun espazo que se divide nunha zona central dividida en dous campos rectangulares e dúas zonas nos

extremos, o xogo consiste en ir eliminando os rivais lanzando o balón o corpo se que poidan collelo e retelo, hai que golpear co balón ó adversario sen que bote no chan e non vale dar nos pes tampouco, cada xogador que é tocado ca pelota é dicir brilado, pasa a zona do extremo oposto onde tamén pode lanzar ós rivais ou pasarlle a pelota os seus compañeiros.

Variante:

Xogadores: para poder xogar un mínimo de catro, pero cantos máis mellor.

Xénero: ambos

Espazo: calquera ao aire libre, praia, rúa, prazas, etc.

Materiais: unha pelota.

Regras:

Sorteo dos equipos que se pode facer botándoo a sortes ou facendo o mítico xogo de ouro e prata, para ir escollendo os equipos.

Se a pelota bota antes de golpear ao rival non se contabiliza como brilado.

Non se considera xogador brilado cando o balón lle da nos pés ao adversario.

Unha vez brilado debes ir á zona de brilados que está situada no extremo do campo do rival.

Se brilas a alguén estando na zona de brilados retornas á zona de xogo cos outros compañeiros do teu equipo.

Deberán ser brilados todos os adversarios pra que a partida remate.

Nome: Mundialiños

Descrición: xogo de balón, onde se xoga ao balón cos pés, con calquera tipo de pelota ou balón que non sexa, e se empregan materiais alternativos, para delimitar os campos de xogo. Pode ser un xogo de oposición ou de colaboración-oposición dependerá do número de participantes.

Variante: Estes tamén poden ser xogados na area da praia.

Xogadores: mínimo 2, máximo indefinido. Pode ser 1x1, 2x2, 3x3, etc.

Xénero: principalmente nenos.

Espazo: calquera superficie que non posúa vexetación (toxos e arbustos excesivos), e se pode ser plana sen desniveis mellor, prazas, pequenas hortas, rúas, praia, ect.

Materiais: calquera obxecto esférico, pelotas de tenis, balóns de plástico, caixas de froita, etc.

Regras:

Son pactadas no momento de xogar polos participantes.

Os espazos podían condicionar o tipo de regras, por exemplo se vale ou no o rebote contra a parede.

O nº de goles conseguidos ou de partidas gañadas daba lugar ao vencedor. O gañador era denominado rei de pista.

6. 7. XOGOS DE OPOSICIÓN

Nome: As palas

Descrición: xogo no que se trata de golpear unha pelota coa pala e mandarlla ao rival. Pódese xogar a dar o maior número de golpes á pelota, ou pódese realizar un duelo entre os participantes. Tamén se pode realizar un campo debuxado na area para ter un espazo delimitado.

Variante:

Xogadores: mínimo un e máximo 4.

Xénero: ambos

Espazo: a praia principalmente, aínda que pode ser practicado en outros espazos como prazas, parques, etc.

Material: palas e unha pelota.

Regras:

Si hai un partido entre participantes, defínese o modelo de tanteo.

6. 8. XOGOS DE TRABALLO

Nome: As chalanas ou botes

Descrición: consistía en empregar as embarcacións chamadas chalanas, con distintos fins. Cas chalanas podíase vogar simplemente polo porto para dar unha volta, tamén había carreiras de chalanas entre os membros da comunidade, ou facer que se era capitán dun barco, ou pescar directamente dende as mesmas. Tamén se xogaban a brincar por elas sen outro obxectivo ca ese. Tamén se

empregaba un cristal para poder ver dende a superficie o fondo do mar co corpo na embarcación.

Variante: as trañas que existen noutras zonas de Galicia.

Xogadores: mínimo un, máximo a capacidade da chalana que podía variar en función do tamaño de catro a oito.

Xénero: nenos e mozos principalmente.

Espazo: o porto.

Material: chalana e remos.

Regras:

No caso de que organizase unha carreira, establecer unha distancia e quen chega primeiro gaña.

Nome: A pesca

Descrición: actividade lúdica por excelencia da vila, consistente en conseguir peixes ou marisco con diferentes artes de pesca.

Variante: As carroadas, consistentes en recoller marisco principalmente minchas, lapas para cocelas e ser degustadas

Tamén se pescaban paxaros empregando os tramallos do mar.

Xogadores: individual ou colectivo.

Xénero: ambos.

Espazo: porto ou praia. Na pesca debemos incluír ir a bocana do porto ós panchos, na dársena pescar xureliños, marisqueo polas rochas da praia, ir ós polbos.

Materiais: vara de pesca ou sen ela, unha liña, anzol, chumbada, cebo, caldeiro, trueiro ou sen material.

Regras:

Nome: Manualidades co barro

Descrición: actividade que consiste en facer formas co barro, ben poderían ser feitas sobre taboleiros nas idades máis novas e no torno os maiores.

Variante:

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido. Aínda que isto é unha actividade basicamente individual

Xénero: ambos. Aínda que antigamente eran os nenos os que tiñan un rol predominante.

Espazo: obradoiro dos oleiros.

Materiais: Barro, útiles de traballo pra moldealo e torno de oleiro.

Regras:

6. 9. XOGOS DE EXPLORACIÓN DA CONTORNA

Nome: O mergullo

Descrición: xogo que consistía en somerxerse dentro do mar e nadar e mirar o fondo ou pescar nel.

Variante:

Xogadores: individual ou varios.

Xénero: ambos.

Espazo: Porto ou praia.

Materiais: Gafas de mergullador, aletas ou sen nada.

Regras:

Nome: “Ouchear” polas pedras

Descrición: Unha actividade moi frecuente para as rapazas e rapaces de Malpica, era andar polas pedras que existen na praia principalmente, que consiste en andar brincando de pedra en pedra evitando as pozas e chegando o máis lonxe posible.

Variante:

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazos: a praia.

Materiais: ningún.

Regras:

Nome: Gabear as árbores

Descrición: Xogo que consistía en gabear as árbores co obxectivo de chegar canto máis arriba mellor. Tamén se podían cambiar as árbores polos postes da luz.

Variante:

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: nenos principalmente.

Espazo: monte ou lugares onde houbera árbores.

Material: Nalgunhas árbores había cravos grandes que xa colocaran xeracións anteriores, para facilitar o ascenso ás primeiras pólas das árbores.

Regras:

Chegar o máis arriba posible e abanear a árbore.

6. 10. XOGOS DE PELOTA

Nome: A pelota

Descrición: existen dúas modalidades que se facían ca pelota.

Unha delas chamada a pelota contra a parede, xogo no que había que lanzar a pelota contra a parede a pelota con forza e unha vez que viña de volta da parede deixala botar e tentar brincar por riba da mesma, ou facer algunha cabriola ou xiro, que estivese pactado polos xogadores.

Variante: xogábase a botar a pelota contra o chan e ir dando botes sucesivos mentres se cantaba unha canción “mi pelota, salta y bota de una mano para la otra” e a medida que se vai botando vanse facendo manobras sen perder o control da pelota.

Xogadores: mínimo un xogador, máximo indefinido.

Xénero: principalmente feminino.

Espazos: calquera que tivese un chan firme e liso, e unha parede preto.

Materiais: pelota ou balón.

Regras:

Non tropezar coa pelota.

Nome: Balón na area

Descrición: consiste en xogar co balón na area a dar toques, principalmente.

Variante: “ a, e, i, o, u” que consiste en dar toques cantando as letras en alto, na “u” golpease o balón con maior forza para darlle a un compañeiro no corpo. Unha vez que esgotes as oportunidades por non collela pelota ou che dan con ela un nº determinado de veces a sanción é ir ao mar a bañarse.

Xogadores: mínimo dous, máximo indefinido.

Xénero: nenos principalmente.

Materiais: balón, que antigamente estaba elaborado con calcetíns atados ou trapos e agora xa é de materiais industriais.

Espazo: a praia, aínda que tamén se pode xogar no porto.

Regras:

Mantelo balón no aire dando toques cos pés, sen que caia.

6. 10. XOGOS PASIVOS

Nome: As palletas

Descrición: recurtando as caixas de mistos, facían barallas e xogaban a apiñar moreas de cartas collían unha e deixábana deslizar pola unha parede, mesa ou valado. Se a palleta caía nas cartas de abaixo, aquel que o lograse gañaba todas as cartas.

Variante:

Xogadores: mínimo dous, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazo: calquera con paredes preto.

Materiais: caixa de mistos para elaborar as cartas.

Regras:

Se a carta caía na morea o xogador gañaba as cartas.

Nome: Os botóns asubiadores

Descrición: Xogo que se fai unindo dous botóns con fíos polo medio e que consiste en tirar dos fíos e facer asubiar os botóns mentres xiran.

Variante: Eses mesmos botóns podían ser empregados pra xogar de xeito colectivo. Un grupo de participantes colócanse sentados en círculo. Un deles panda no medio, mentres o resto debe ir pasando os botóns dun xogador a outro, sen que o que panda se dea conta e non saiba onde está. Os participantes cantan a seguinte rima mentres xogan: “ O cordón pasou por aquí, eu non o vin” . No momento que se descubre quen ten o botón cambian os roles.

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido. É un xogo de tipo individual.

Xénero: principalmente era de nenas.

Espazo: calquera.

Materiais: dous botóns e fíos.

Regras:

Nome: A carraca

Descrición: trátase de facer ruído cun obxecto que ten o mesmo mecanismo ca un muíño de auga, so que neste caso hai unha peza que toca nos bordes doutra e provoca un son moi potente.

Variante:

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido. Xogo de carácter individual.

Xénero: ambos.

Espazo: calquera.

Materiais: carraca de madeira, ou de outro tipo de material.

Regras:

Nome: Os lilos

Descrición: Xogo que consistía en recoller as pezas escachadas das coceduras do barro. Tipo cuncas, tarteiras, etc. E xogar a facer de cocíneiras.

Variante:

Xogadores: un mínimo, máximo indefinido.

Xénero: principalmente nenas.

Espazos: rúa, fogar.

Materiais: pezas de barro escachadas.

Regras:

Nome: Xogos de taboleiro,

Descrición: xogos que precisan dun taboleiro e de fichas para ser xogados. O xadrez, as damas, a oca.

Xogadores: dependendo xogo entre 2 e 4.

Xénero: ambos.

Espazos: xogos de interiores.

Materiais: taboleiros, fichas e dados,segundo o xogo.

Regras:

Determinadas para cada xogo.

6. 11. XOGOS MATERIAIS RECICLAXE

Nome: As espadas

Descrición: xogo que consistía en realizar espadas ou ben con polas de árbores ou con madeira tipo táboa fina, que se puidese modelar para logo facer pelexas entre os rapaces simulando que eran espadachíns.

Variante:

Xogadores: mínimo dous, máximo indefinido.

Xénero: nenos.

Espazo: calquera.

Materiais: táboas de madeira ou polas das árbores.

Regras:

Nome: As pistolas

Descrición: xogo que consiste en elaborar unha pequena pistola con dúas pinzas. Desmóntase unha e colócase unha parte no medio da outra, o ferro situase suxeitando a pinza do medio e da baixo, sobresaíndo unha parte do ferro por baixo. Logo colócase unha pedriña no medio e accionase o ferro por baixo a modo de gatillo.

Variante:

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido. Xogo de carácter individual.

Xénero: ambos. Aínda que principalmente era de nenos.

Espazo: calquera.

Materiais: Pinzas de tendela roupa de madeira.

Regras:

Nome: As barcanas/ figuras na area

Descrición: Xogo que consiste en realizar ca area da praia unha forma que imite a proa dun barco ou un barco. Este pode ser decorado cas algas do mar ou cunchas de distintos animais como lapas ou minchas, ect. A barcana debe ter a moita

consistencia xa que unha vez que está feita hai que agardar a que suba a marea e resista os golpes das ondas do mar.

Variante: na area pódese facer calquera tipo de forma e construción de area, polo que moitas nenas e nenos xogan a facer castelos, pozos para bañarse, figuras, etc.

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazo: a praia.

Materiais: area e restos de algas ou animais. Agora cos avances nos materiais tamén hai caldeiros de plástico, e palas

Regras:

Nome: Arcos e frechas

Descrición: consiste en elaborar arcos e as frechas con distintos materiais, normalmente os arcos eran feitos con taraio e as frechas podían ser feitas do mesmo material ou doutra madeira, ou tamén cas varillas dos paraugas. Unha vez que estaban feitos podían xogar a tirar a botes que facían de dianas, animais ou a darse uns ós outros.

Variante:

Xogadores: mínimo dous, máximo indefinido.

Xénero: nenos.

Espazo: calquera espazo amplo.

Materiais: taraio, varillas, madeiras flexibles tipo mirto.

Regras:

Nome: As chapas ou boliches

Descrición: neste enredo necesítanse chapas de botella de refrescos, estas poden ser traballadas previamente ao xogo. Para iso colócase unha pequena moeda de 5 céntimos, barro ou plastilina no fondo da chapa para que lle dea consistencia e peso á chapa, unha vez feito isto, podemos decorala con caras ou debuxos e pasarlle celo por enriba para que non se despegue. O seguinte paso para xogar é debuxar cun xiz ou un anaco de ladrillo, un circuíto no chan de distancia variable segundo conveñan as nenas ou nenos cunha saída e unha chegada, neste circuíto poden facerse estacións tipo cárceres, pontes, etc. As cales permiten dinamizar moito máis o xogo. Decidida a orde lanzamento, as cativas e cativos deben

golpear co dedo indicador normalmente a chapa, con tino de que non saia dos límites do camiño debuxado ata chegar á meta. As quendas de lanzamento son alternativas.

Variante: pódese xogar a facer partidos de fútbol entre equipos de adversarios. Para iso debuxase un campo e cun garavanzo que se emprega como se fose unha pelota.

Xogadores: mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: ambos, aínda que principalmente xogaban os nenos.

Espazos: rúas lisas, prazas, etc.

Materiais: chapas de botella, garavanzos e un xiz ou semellante.

Regras:

Non se pode saír do circuío.

No caso de saír, comézase dende a saída.

6. 12. XOGOS DE LOCOMOCIÓN

Nome: Arma barra

Descrición: brinquedo de persecución onde se realizaban dous círculos equidistantes. Xogábase por equipos. Hai que pillar uns aos outros, e cando estaban os de un equipo todos collidos dentro do círculo, quitaban os calcetíns e perseguían aos rivais, dándolles cos calcetíns, que en moitas ocasións eran recheos de area nas puntas para que o efecto látego fose maior, chegou a prohibirse pola dor que causaba, o que pasa que nalgúns casos substituían a area mollando os calcetíns no mar para que seguise mantendo o efecto látego.

Variante: calquera xogo de pilla.

Xogadores: mínimo catro, máximo indefinido, cantos maior número de participantes mellor.

Xénero: nenos.

Espazo: a praia.

Materiais: calcetíns.

Regras:

Coller a todos os rivais.

Nome: A pedra

Descrición: os participantes sitúanse facendo un círculo cun espazo no medio que os separa e cada un colocado a unha distancia equidistante uns dos outros. Un participante ten unha pedra no seu poder e vai correndo por fóra do círculo, no momento que decide deixa a pedra pousada detrás dun compañeiro e daquela este debe collela pedra e saír correndo detrás do que lle pousou a pedra para collelo. Se non o collía seguía pandando o que lle pasaran a pedra.

Variante: a zorregadora, practicada noutros lugares da comunidade autónoma.

Xogadores: máis de 4 xogadores polo menos.

Xénero: nenas.

Espazo: a praia.

Materiais: unha pedra.

Regras:

Capturar ao que pousa a pedra.

Nome: O corrompa

Descrición: xogo de carreiras, onde se realizaban dous círculos grandes un en cada extremo da praia, un equipo pandaba e cando se da o sinal hai que saír correndo sen que te pille o que panda, ata chegar ao outro círculo que era a casa, ou ata que os pillase a todos.

Variante:

Xogadores: mínimo tres para poder xogar, máximo indefinido, o normal eran trinta ou máis rapaces.

Xénero: nenos principalmente

Espazo: a praia.

Materiais: ningún.

Regras:

Nome: A pandalas

Descrición: é un xogo de carreiras onde un dos participantes ten que perseguir ó resto dos compañeiros mentres escapan del, o que panda cando toca a un dos compañeiros cambian de roles e o que era perseguidor agora ten que escapar e viceversa.

Variante:

Xogadores: mínimo 3, máximo indefinido.

Xénero: ambos

Espazo: rúa, praia, patio, parque, etc.

Materiais: ningún.

Regras:

Nome: O aro

Descrición: consiste en ir guiando un aro de metal cunha vara de metal que posúe nun extremo unha curvatura en forma de “U” que guía o aro e dálle pulo ó mesmo. Pode xogarse individualmente ou ben facendo carreiras.

Xogadores: individual, aínda que se pode compartir o aro.

Xénero:

Espazos: a rúa. Calquera que teña unha superficie lisa, para que facilite que o aro se mova.

Materiais: Aro metálico. E a guía metálico ou de madeira tamén pode ser.

Regras:

Nome: Pomba negra, pomba branca

Descrición: Un xogador que neste caso panda, debe estar de fronte a unha parede e de costas ao resto dos participantes. O resto dos participantes están situados a uns 10-15 metros como mínimo de distancia e colocados en liña. O xogador que panda debe berrar: “ Pomba negra, pomba branca” no tempo que canta esa frase o resto de xogadores deben avanzar cara a posición onde está o xogador que panda. No momento que deixa de cantar a frase o xogador debe xirar e ver tratar de coller a algún xogador en movemento, cando xa rematou a frase. No caso que vexa a algún movéndose fóra de orde, debe indicarllo e ese xogador volta a comezar dende o principio da distancia. O xogador que panda tamén pode enganar dando as costas aos demais e facer que vai comezar a cantar e inesperadamente para os outros darse a volta e coller de improviso a algún dos xogadores en movemento.

Variante:

Xogadores: mínimo 2, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazo: rúa, parques, prazas, adros, ect.

Materiais: ningún.

Regras:

Cantar a frase.

Moverse sen que sexas visto polo que panda.

Se te delata o xogador que panda débese regresar ao comezo da distancia.

Nome: O cinto

Descrición: xogo onde o que panda debe darse a volta, mentres o resto agocha un cinto e vai berrando: “frio ou quente” para enganar aos demais. Unha vez que está agochado o que panda debe buscalo, mentres segue as indicacións dos compañeiros que permanecen quietos berrando, quente ou frío segundo se achegue ó cinto ou non, unha vez que o atopa o resto comeza a correr e o que pandaba a pegarlles co cinto. Evidentemente este xogo pode ser adaptado aos tempos que corren e procurar non andar a cintazos entre os rapaces, pódese substituír polo contacto coa man.

Variante: a cuncha. Neste caso un xogador esconde unha cuncha e o resto debe atopala. No momento que a atopa o participante este pode calar a boca para a continuación comezar a repartir patadas no cu ao resto de xogadores que están a buscar por ela

Xogadores: mínimo tres, máximo indefinido, cantos máis participantes mellor.

Xénero: nenos.

Espazo: calquera.

Materiais: un cinto.

Regras:

Nome: As bicicletas

Descrición: andar ca bicicleta por diferentes lugares. Pódense organizar carreiras entre os participantes.

Variante:

Xogadores: individual ou varios.

Xénero: ambos.

Espazo: calquera ao aire libre.

Materiais: Bicicletas.

Regras:

Nome: O patinete

Descrición: xogo que consiste en propulsarse cun patinete , que estaba feito antigamente con madeira, que consta dunha base que podía ser unha táboa, na parte inferior da táboa colocábase catro rodas dúas diante e dúas detrás que en ocasións podían estar unidas por un eixe. Na parte dianteira colocábase unha especie de soporte vertical que podía ser cadrado ou cilíndrico no que se colocaba ou un volante ou un pau transversal como soporte para apoiar as mans.

Variante:

Xogadores: Individual.

Xénero: ambos.

Espazos: a rúa.

Materiais: poden estar construídos con madeira, ou outro tipo de materiais. A medida que avanzaron as tecnoloxías os materiais tamén foron mudando.

Regras:

Nome: Ir a vía

Descrición: Xogo que consiste na interacción directa entre as ondas do mar e o corpo, consiste en coordinar o nado e a onda para logo deslizarse na auga soamente coa forza de propulsión do mar, mantendo o corpo en tendido prono en coa máxima tensión en todo o corpo, existe unha modalidade onde se vai en liña recta e coas mans diante para protección e que sirva para abrir camiño e ir máis rápido, e outra que consiste en deslizarse seguindo a parede da onda.

Variante:

Xogadores: individual, aínda que pode haber moitos xogando ó mesmo tempo.

Xénero: ambos.

Espazo: na praia, no mar e que non sexa un día de ondas de moitos metros.

Materiais: ningún.

Regras:

Nome: O nado

Descrición: acción de nadar tanto no porto, coma na praia. podendo ser nado libre ou realizando carreiras normalmente no porto dende o muro do gas ata a grúa.

Variante:

Xogadores: individual e tamén pode ser colectivo.

Xénero: ambos.

Espazo: o porto, rampla do carro, muro do gas, grúa e a praia.

Materiais: ningún

Regras:

Nome: Ir a rolos

Descrición: consiste en tirarse deitado dende enriba das dunas cara abaixo. O participante vai xirando sobre o eixo lonxitudinal coa propia inercia da pendente da duna.

Variante: con algún obxecto que faga de superficie de apoio, que permita ir sentado tamén se baixa como se fose unha zorra das que se empregan na neve.

Xogadores: Mínimo un, máximo indefinido.

Xénero: ambos.

Espazo: Praia

Materiais: ningún ou algunha bandexa ou obxecto plano que serva pra esvarar na area.

Regras:

6. 13. XOGOS DE IMITACIÓN

Nome: Indios e vaqueiros

Descrición: xogo que consiste en imitar os indios e vaqueiros onde se forman equipos e se xoga nun escenario natural onde uns xogan a derrotar ós outros.

Variante:

Xogadores: mínimo catro, máximo indefinido, cantos máis participantes mellor.

Xénero: nenos

Espazo: calquera, preferiblemente onde exista certa vexetación.

Materiais: pódese xogar sen ningún material, ou con paus que fan de pistolas ou calquera obxecto que semelle un rifle ou algo así.

Regras:

Nome: Os médicos

Descrición: consiste en imitar os roles de médico, enfermeiras e doentes.

Variante:

Xogadores: mínimo 2, máximo indefinido.

Xénero: nenas principalmente, aínda que os nenos tamén participan.

Espazo: calquera.

Material: ningún.

Regras:

6. 14. XOGOS DE LOITA

Nome: O abellón/Pucheiro cacerolo

Descrición: xogo no que se trata de amagar e golpear. Colócanse tres persoas en paralelo, pernas semiflexionadas, os xogadores que se sitúan nos laterais colocan a man que quede no exterior tapando o lado da faciana que queda no interior. O xogador que queda no medio e o encargado de golpear, primeiro comeza a realizar sons tipo “buuuuu” e ó mesmo tempo comeza a amagar para logo golpear na man que os outros dous compañeiros teñen protexendo a faciana.

Variante:

Xogadores: mínimo e máximo tres.

Xénero: nenos.

Espazo: calquera.

Materiais: ningún.

Regras:

Golpear ao rival na faciana.

Nome: As pedradas

Descrición: xogo por equipos no que se trata de lazar pedras para darlle ao rival. Existen dúas zonas de lanzamento de pedras desde as que cada equipo lanza as súas pedras, para golpear ao equipo rival.

Espazos: áreas abertas con poucos obstáculos.

Xénero: nenos exclusivamente

Materiais: pedras

Regras:

Eliminar ao rival.

INFORME ETNOGRÁFICO DESCRIPTIVO

7. INFORME ETNOGRÁFICO DESCRIPTIVO

7. 1. O XOGO POPULAR NO CONTEXTO ESCOLAR

Este apartado está relacionado coa categoría teórica do contexto escolar. Nel detallaremos cal é o papel do xogo popular na etapa escolar dos informantes de maior idade. Así mesmo aproximámonos á realidade actual da escola centrando a nosa atención sobre a área de EF e a presenza do xogo popular nesta área de coñecemento. Ademais trataremos outros temas relevantes para trazar unha visión máis completa da realidade dos xogos populares nos centros educativos da comunidade. Esta presentación narrativa descriptiva está apoiada no exposto nos mapas conceptuais [apéndice 5.1] e na matriz da dimensión contexto escolar [apéndice 4.2]. As fontes sobre as que nos apoiamos para a análise son as entrevistas ás nativas e nativos, escolares, aos docentes, informe autobiográfico e análise dos vídeos e fotografías.

7. 1. 1. O XOGO POPULAR NA ESCOLA DA DITADURA E DA TRANSICIÓN.

Comezamos centrándonos nas vivencias dos informantes de maior idade, desde a ata chegar á xeración dos fillos. Grazas ás manifestacións obtidas podemos confirmar que durante o franquismo e na primeira etapa da democracia a presenza do xogo popular na escola como contido curricular foi inexistente. Partimos das xeración das avoas e avós, para explicar que a formación académica era máis escasa en comparación a outras xeracións posteriores. Para situarnos, é preciso lembrar que a comunidade tiña unha gran carencia educativa histórica. O concello xa fora obxecto da visita das misións pedagóxicas. Nesa visita estreouse o primeiro teatro de marionetas das misións (Porto, 1985). Podemos imaxinar que o nivel das escolas que existían antes da guerra e despois da mesma na comunidade non debía ser o máis idóneas, sabendo das dificultades e necesidades que existían despois da guerra. Segundo as informacións recollidas o xogo popular durante toda a etapa do franquismo estivo ausente do que era a formación curricular dos informantes, ningún dos entrevistados manifesta ter tido nas clases relacionadas co xogo.

- Nativas/os

Non. Si. Claro, fóra da escola si. Na escola non nos deixaba. Había moita vara daquela. Eramos 60 ou 70 rapaces na escola e para o mestre iso é unha esaxeración. Era a Escola Nacional, non había escola de pago. E daquela iamos á escola 60 ou 70 rapaces, e ensinabamos uns aos outros, entendes? O que sabía sumar ensinaba, ti se sabías restar despois ías aprender a sumar, e así multiplicar, e ensinabamos os máis grandes aos máis pequenos, así". ♂N1 - (36:39)

Non, non iso era fóra da escola, cando saíamos da escola, no recreo case non xogábamos que tiñamos moi pouquiño tempo.

PREGUNTA: E o mestre non vos facía xogar a nada?

R: Non, nada máis que nos ensinaban a facer punto de cruz, e cousas de costura. Na escola facíannos rezar cando entrabamos e cando saíamos, facíannos cantar o Cara el sol, e mais cantabas. ♀N2 - (40:46)

Da escola, uff, moitas varas, moitas vareadas, nas mans e pouco máis. ♀N4 - (28:29)

Non, na escola sempre xogabamos no recreo, non había xogos dentro do que era a formación. ♀N4 - (36:37)

Comprobamos como na ditadura a escola era un escenario no que o xogo non estaba considerado como unha opción pedagóxica, soamente nos escasos recreos que tiñan os informantes na escola se practicaban algúns xogos como o brilé, a corda, o balón, bota bota mi pelota, mariola, etc. Algúns dos informantes mesmo relatan como eran aquelas aulas da Escola Nacional, que estaban cheas de escolares, carentes dos recursos suficientes para que o mestre puidese atender a todas as necesidades do alumnado. Xa que en moitas ocasións eran os propios estudantes os que tiñan que ensinar os contidos uns aos outros, porque o mestre non era quen de axudar a todos os escolares na aula. A formación escolar en especial nas xeracións máis adultas caracterizábase por ser unha educación segregada, con diferentes contidos segundo o

xénero dos escolares, algo que apunta Gónzalez (2009) como comúnna época da ditadura. Ademais era frecuente que na escola existise o castigo físico, algúns informantes declaran ter sufrido a violencia por parte dos mestres das escolas. Esta circunstancia recórdanos a famosa rima da época de “a letra con sangue entra”.

Cando nos achegamos á xeración dos fillos, que coincide coa primeira fase da transición democrática, observamos como os xogos populares comezan a aparecer nas clases da chamada E.X.B. Logo dunha época marcada pola ausencia do xogo como recurso pedagóxico, nesta etapa comeza a aflorar nas propostas pedagóxicas.

Xa che digo, xogábamos tamén moito á pita cega, sobre todo a ese cando xogábamos dentro da escola, pois facías un pouquiño de sitio entre as mesas e “bueno”, supoño.

PREGUNTA: Iso era dentro da escola ou onde?

R: Dentro da aula.

PREGUNTA: Coa supervisión da profesora?

R: Eh, si, "bueno" deixaba xogar, tampouco era un xogo que requiría que ela estivera moi atenta a nós, pero si xogabamos dentro, sobre todo dentro”. ♂ N8 - (44:50)

Despois de repasar as vivencias escolares dos informantes queda claro que o xogo popular foi un elemento educativo que estivo reducido á presenza nos patios escolares durante os tempos de recreo á marxe dos contidos curriculares. Non houbo unha ensinanza destes xogos por parte dos docentes nas aulas polas que pasaron as xeracións adultas presentes no estudo. No relato dos informantes de maior idade a EF non tivo presenza na formación académica. Para moitos informantes os xogos populares foron por eles mesmos a única forma de EF que tiveron na maioría dos casos, aínda que estes fosen contemplados nos currículos escolares (Bustos et al., 2010). Soamente cando nos achegamos á primeira etapa da transición na chamada E.X.B. é cando existe unha pequena presenza do xogo popular como elemento educativo que é aplicado como contido nas aulas e na materia de EF.

7. 1. 2. O XOGO POPULAR NO CURRÍCULO DA EF NAS ESCOLAS ACTUAIS.

Neste punto achegámonos ao tema do xogo popular no currículo da EF na actualidade. Para facelo deterémonos nun primeiro momento na percepción das nativas/os e o papel que estes xogos deberían ter na escola. Posteriormente centrámonos nas valoracións dos escolares e docentes de Educación Primaria e Educación Secundaria da área de EF, para detallar a presenza do xogo na materia de EF,

As nativas/os consideran que o xogo popular no contexto educativo non está o suficientemente potenciado. Baixo a súa opinión este debe ser un escenario que posúa unha maior sensibilidade cara estes xogos. Entenden os informantes que a escola debería difundir e traballar máis este contido, polas súas potencialidades motrices, socioafectivas e culturais, e tamén en parte para contrarrestar as actividades pasivas e os pasatempos tecnolóxicos actuais. Malia que algúns dos informantes se expresan en contra de que sexa un contido obrigatorio dentro da formación académica, en xeral eles pensan que os xogos populares son un contido moi útil contexto educativo. Estiman que é preciso que os escolares aprendan uns determinados conceptos baixo a forma do xogo, sobre todo nos primeiros anos e con especial atención na EF.

- Nativas/os

Pero na escola podían incentivar estes xogos, porque eran xogos de moita habilidade, mellores cos pasivos que hai hoxe de estar sentado mirando para mochila que ten a "Hanna Montana e Hello Kitty", todas esas, e o móbil. Hoxe se fas saltar a unha nena á corda, eu creo que non ten capacidade para saltala, nin para tirar tan forte a pelota contra as paredes e despois saltalas. Porque era a ver quen máis alto saltaba a pelota. ♀N4 - (126:127)

Si, si, indubidablemente si. Non obrigatorio, pero si un contido que estivera presente, que se puxera enriba da mesa e que se invitase aos nenos a probalo, porque é lei de vida simplemente iso. Non obrigatorio porque a obrigatoriedade

non é a lei nin a forma, pero si invitar a coñecer o que somos. ♂N7 - (113:114)

De seguido exploraremos a presenza dos xogos populares dentro das programacións curriculares de EF, tanto na etapa de Educación Primaria coma na Educación Secundaria. Para facelo contaremos coas declaracións dos educadores e tamén dalgúns escolares da Educación Secundaria, que nos axudará a contrastar as informacións dos profesores desta etapa. Desta maneira teremos un mellor retrato do papel que posúen os xogos populares no ámbito da EF escolar.

- Etapa Primaria

Comezaremos caracterizando o peso dos xogos populares como contido na etapa de Educación Primaria. Nas clases de EF desta etapa os xogos populares posúen certa presenza nas programacións curriculares. Segundo as declaracións dos docentes entrevistados en ocasións os xogos populares son presentados como xogos preparatorios para desenvolver posteriormente outros contidos centrais. Pero tamén nos indican que contan cunha unidade didáctica na que se traballa de maneira específica este contido. Malia que a lei permite unha ampla marxe para o deseño das programacións curriculares, nestes casos óptase por desenvolver nunha semana esta unidade didáctica que conta cunhas cinco sesións nos dous centros de Educación Primaria. Desafortunadamente non tivemos acceso ao documento no que se plasman as unidades didácticas, pero si que puidemos observar e filmar o desenvolvemento da unidade didáctica durante unha semana no centro educativo B. Esta semana está descrita no diario de campo B [apéndice 3.2] e na análise dos vídeos do centro B [apéndice 2.1.2]. No caso do centro A, non tivemos oportunidade de filmar debido a problemas organizativos no centro escolar que afectaban ao responsable da materia polo que non puidemos filmar o desenvolvemento da súa unidade didáctica.

- Docentes

Si, teño unha unidade didáctica orientada a iso.

PREGUNTA: Así en grandes rasgos como a desenvolves? Porque antes contábasme que tiñades xogos populares.

R: Si, iso foi independente á clase. Iso foi o claustro que o decidimos. Eu a miña programación xa a tiña feita, e xa tiña previsto iso. Unha unidade didáctica a finais de curso porque eses xogos é mellor xogalos ao aire libre, temos mellor tempo. Iso tiña prevista unha unidade didáctica a finais de curso cunhas catro ou cinco sesións tratando distintos xogos, de lanzamento, de pelota, etc. ♀DPI - (198:201).

Os educadores da Educación Primaria valoran principalmente os xogos populares desde unha perspectiva recreativa e socializadora, xa que os consideran como un contido de peso para traballar elementos de carácter actitudinais. Aínda que recoñecen o potencial destes para desenvolver as habilidades motrices, fan máis fincapé no aspecto recreativo e social dos xogos populares. Os docentes consideran que son un excelente medio co que poden traballar determinados aspectos do currículo que con outros contidos lles resulta máis complexo desenvolverlos, máis adiante no punto de valores e antivalores [7.6] detallamos a consideración destes como un contido de gran impacto a nivel socioafectivo. Nas análises dos vídeos dos CEIP [apéndice 2.1] e nos diarios de campo [apéndices 3.1; 3.2]], recollemos a socialización dos escolares a través dos xogos populares. Neste senso os docentes recollen o exposto no marco teórico onde expoñemos a potencialidade dos xogos populares de cara a socialización dos participantes (Gallardo, 2003; Kishimoto, 2005; Marín, 1995).

Totalmente, si, si. Eu penso que os xogos populares teñen que estar moi presentes na programación de calquera mestre, porque son moi beneficiosos dende o punto de vista curricular para traballar calquera tipo de contido. Calquera tipo de contido se pode traballar con xogos populares. E sobre todo, no aspecto de socialización, actitudinal, e son moi beneficiosos incluso teñen moita, moita aplicación. Unha aplicación moi extensa porque a partir de aí, podes traballar con certos materiais que xa son creados por eles. Trabállanse moitos valores que con outro tipo de actividades máis dirixidas máis mecánicas, pois quedan sen tocar. ♂DP2 - (137:138).

Grazas ás observacións realizadas no Centro educativo B, podemos concluír que o nivel de inserción dos xogos populares nas clases de EF é moi limitado e o coñecemento destes entre os escolares é case inexistente. Durante esta semana de

observación no centro educativo B, mentres era desenvolvida a unidade didáctica dos xogos populares. Nesta semana comprobamos como a maioría dos escolares descoñecían xogos como o aro, a chave, sogá-tira, a buxaina, os bailaretes, soamente eran coñecedores dalgúns xogos populares como o pano, as pandas, mariolas, chapas ou tres en raia, que foran presentados previamente para o programa de dinamización lúdica nos recreos, do que falaremos no punto 7.1.7. Durante a semana que se desenvolveu a unidade didáctica relacionada co contido, foron traballados xogos como as chapas, a chave, o aro, o sogá-torra, mariola, e o pano.

A escasa duración das sesións de EF forzaba a que os xogos fosen experimentados en curtos espazos de tempo. O tempo das clases estaba limitado polas chegadas e saídas dos escolares, as explicacións previas, a colocación e recollida do material, a organización dos grupos, explicacións da sesión, etc. Ao final o tempo efectivo das clases quedaba reducido a unha escasa media hora aproximadamente. Isto facía que o impacto dos xogos populares nas clases non fose o suficientemente potente, como para que os escolares interiorizaran estes xogos nas clases de EF. Debemos subliñar que a presentación dos xogos populares na Educación Primaria, realízase dunha forma descontextualizada, xa que segundo nos indican os docentes da Educación Primaria, non existe un traballo de aproximación ao xogo popular desde unha perspectiva cultural e de inmersión na contorna inmediata dos escolares. Desta forma os xogos populares son traballados como un contido máis, no que non se afonda sobre a compoñente sociocultural que estes xogos posúen.

- Etapa secundaria/

No caso da EF na etapa da Educación Secundaria, desafortunadamente os xogos populares non teñen presenza dentro da programación curricular. Nesta etapa educativa, os profesionais optan por desenvolver outros contidos na súa materia. Estes xogos son empregados como exercicios de quecemento ou introdutorios a outro tipo de contidos que se traballen nas clases, as veces son empregados como actividades recreativas sen peso específico no currículo.

- Docentes/Escolares

Eu penso que realmente deben estar metidos para iniciarse noutro deporte, tomar esa base de asociacionismo, que é o que fago realmente. Ao mellor antes de xogar ao deporte do baloncesto pois o que lle fago un xogo popular para quecemento, entón xa pode entrar aí para favorecer os outros deportes. (Silencio) É unha ferramenta que realmente che vale a ti para aplicar na aprendizaxe doutros deportes”. ♂DS1 - (174:179)

Resposta 2: Xogamos ao brilé, bádminton.

RESPOSTA 1: Fútbol, baloncesto. Despois algún día o que queiramos nós, andar cos patíns.

RESPOSTA: Si, ademais saltar no trampolín, e dar “volteretas”. ♂♀ N10 - (140-144)

Resposta 1: Deporte, máis baloncesto, bádminton, fútbol, correr.

RESPOSTA 2: Si. ♂♀ N10 - (34:36)

Aquí non volos ensinan? Non tedes por exemplo unha semana onde xoguedes estes xogos?

Resposta 1: Aquí non.

PREGUNTA: Non facedes algún tipo de actividade relacionada con isto?

RESPOSTA 2: Se cadra, algunhas veces veñen darnos unha charla. ♀♂N10 - (117:120).

Os deportes convencionais e as actividades relacionadas coa condición física, son os contidos que monopolizan o currículo nesta etapa. Este feito é confirmado polos escolares que sinalan que os deportes ocupan case a totalidade das clases de EF, salvo cando saen a correr fóra da escola pola ruta de San Hadrián. O tratamento específico dos xogos populares queda reducido a algunha actividade puntual como a charla que dou Ricardo Pérez y Verdes no instituto que está recollida nunha gravación que non foi transcrita para inserir nos apéndices, pero si rexistrada para ter constancia dela. Fóra destas iniciativas tan puntuais os xogos populares non posúen ningún peso no currículo na EF da etapa da ESO.

Malia que é recoñecido a pouca práctica e coñecemento que existe destes xogos na escola, as razóns para que non se empreguen os xogos populares nesta etapa son contundentes:

- Primeiro porque consideran que estes xogos deben ser usados para iniciarse aos deportes, xa que son estes os que encaixan dentro da súa visión curricular.
- Outra razón está relacionada coa liberdade que teñen os docentes para realizar programación curricular. Este é un contido que no currículo oficial ten moi pouco peso no currículo e non optan por programalo.
- Fálannos tamén do descoñecemento deste contido en relación a outros que son moito máis familiares polo que é máis doado programalos.
- Ademais un dos docentes considera estes xogos como algo pouco motivador para as súas clases, xa que o seu esquema de traballo está centrado na condición física e na procura de actividades motivadoras que neste caso son maioritariamente os deportes. Comprobaremos en futuros apartados se realmente os contidos programados realmente motivan aos escolares.

Pero iso é libre dentro do currículo. Realmente está aí un tema que che aparece ao último do libro, pero nada máis.

PREGUNTA: Máis que nada como testemuña.

R: Efectivamente fala deles. Pero canta xente non sabe deles? Porque eu coñezo un pouco o tema porque vivín nunha aldea pero ao mellor xente da miña idade que vivían nas cidades, xa non vivían isto coñecen isto, nin a “canica” nin unha chea de cousas. É un tema que está aí, e mais se queres ti moi romántico destas cousas, pero eu creo que non hai tanta práctica, sobre todo a nivel de escola de rapaces. ⚔DS1 - (132:135)

Son actividades motivantes yo son las que busco, ya te digo. Después te digo de este tipo de actividades como no las veo tan motivantes no las integro en mi trabajo, porque no les veo salida en mi esquema de trabajo. Me gustan las cosas que les mueva el movimiento. ⚔DS2 - (200:200)

No momento de contrastar os discursos dos docentes de Educación Primaria e da Educación Secundaria, é sinxelo afirmar que os educadores da Educación Primaria posúen unha visión máis aberta sobre a inclusión dos xogos populares nas súas programacións curriculares, xa que valoran como positivo inserir este contido nas súas clases. No caso contrario están os docentes da Educación Secundaria que entenden que este contido non é algo ao que se lle deba dedicar un tratamento específico nas súas clases.

7. 1. 3. O XOGO POPLAR E AS AXUDAS INSTITUIONAIS NAS ESCOLAS.

Neste punto facemos un repaso aos medios de apoio (subvencións, materiais, etc) que son proporcionados polas administracións públicas co obxectivo de promover a divulgación dos xogos populares nos centros educativos da comunidade, tanto na área de EF coma no centro en xeral.

- Etapa primaria

Neste caso soamente nos podemos referir á axuda recibida para divulgar os xogos populares nos centros de Educación Primaria, xa que na ESO non solicitan nin reciben ningún tipo de axuda que se enfoque á divulgación dos xogos populares entre a poboación escolar. Porén nos centros de Educación Primaria temos o caso do centro educativo B que si tivo solicitado á Secretaría Xeral para o Deporte o baúl dos xogos populares do programa Xogade que xestiona a Fundación Deporte Galego. Neste caso recibiron na escola un gran arcón con materiais como claves de madeira, buxainas, cordas, fichas didácticas, etc. Este material baúl foi solicitado á administración no principio de curso no ano 2010, pero recibírono case co curso escolar finalizado xa que a cesión deste material tivo lugar a finais do mes de xuño do 2011. Despois de agardar un curso escolar enteiro por este material soamente puideron facer uso catro días e medio, porque recibírono un luns pola mañá e tiveron que devolvelo o venres desa mesma semana. Este pouco tempo de cesión dos materiais resulta claramente insuficiente e pouco ambicioso por parte da administración responsable, xa que á vista

das observacións realizadas neste centro escolar os escolares non experimentan o suficiente con este material. As causas desta pouca experimentación son escasos prazos de cesión do material, a duración efectiva das clases de EF e a escasa duración dos tempos de recreo. Estes factores fan que a vivencia con este tipo de materiais sexa escasa para interiorizar e dominar minimamente os xogos populares propostos no arcón.

No centro educativo A de Educación Primaria non solicitan ningún tipo de axuda para a divulgación deste contido na escola, pero si que nos sinalan que sempre que solicitan axuda ao concello para calquera tipo de cousa, mostran unha disposición moi boa para facilitarlles a súa axuda. Pero ata o momento non solicitaron, nin recibiron ningunha axuda das administracións para a difusión dos xogos populares na escola.

- Docentes

Si, a principios de curso, non sei nin como me decatei que en Deporte Galego tiñan un material de xogos populares que podías solicitar e que nolo enviaban. Mandáronnolo agora, é un baúl de madeira e dentro trae unha corda para xogar ao soga-tira, despois ten feitas en madeira tres claves a da Coruña, Ferrol e Ourense e os pellos para lanzalos. Trae algún peón e outras cordas pequenas, chapas.

PREGUNTA: Trae billarda?

R: Non. O problema que lle vexo é que soamente nolo deixan unha semana.

PREGUNTA: Ah! Ese material soamente volo deixan unha semana?

R: Si, unha semana ademais chegou o luns pola tarde a última hora e virán o venres a buscalo, non sei a que hora exactamente. É moi pouco, pouquísimo. Pero é que comezaron co préstamo, non sei se o organizaron ben.

PREGUNTA: Logo de solicitalo case un ano antes, dánvolo agora?

R: Si solicitámolo en setembro, pero xa non a nós. Non é que houbera moita demanda e que andara paseando por moitos colexios, non. É que comezaron agora os primeiros colexios, comezaron en maio. Eu creo que deberon de ter algún problema de organización e comezaron moi tarde. A ver, se para o ano que vén tamén o temos, volvémoslo a pedir e a ver se funciona mellor. Paréceme moi interesante, porque vén cunhas fichas didácticas de como se xoga e está ben, pero penso que é moi pouco tempo. ♀ DP1 - (243:250)

7. 1. 4. O XOGO POPULAR E A INTERDISCIPLINARIEDADE NA EF.

Outro aspecto polo que nos interesamos dentro do contexto escolar é o tema do traballo interdisciplinario dos xogos populares na EF e as diferentes áreas. Neste punto soamente presentamos as evidencias recollidas dos profesionais da Educación Primaria, porque na Educación Secundaria os educadores afirmaron de maneira rotunda que non había traballo interdisciplinario entre a área de EF e outras disciplinas, algo comprensible tendo en conta que non se insire este contido na programación curricular da EF.

- Etapa primaria

No caso dos centros escolares de Educación Primaria atopamos que o traballo interdisciplinario cos xogos populares como contido de referencia é practicamente nulo. Malia que se recoñeza a presenza deste noutras áreas e o potencial que este ten para ser desenvolvido desta maneira. Só se nos comentou unha actividade no centro educativo A que relaciona o traballo de artes plásticas e os xogos populares, a través dunha proposta de decoración de buxainas. Nesta proposta pedagóxica no ano 2009 os escolares traballaban decorando buxainas, para despois realizar unha exposición con elas, e por suposto para bailalas nos recreos.

- Docentes

Si, eu creo que para utilizar eles na clase non. E aquí saíu para xogar no recreo para o tempo de lecer. Non o vén como un contido académico na súa área.

PREGUNTA: ía dicirche sobre todo aqueles que teñen o contido dentro do currículo.

R: A ver, eu non estou na clase dos demais, pero eu creo que non, que non o teñen. ♀DPI - (225:228)

Si, fíxose hai dous anos, fíxose unha exposición coa área de expresión plástica. Fíxose unha exposición co tema das buxainas, decoración de buxainas. Logo pois claro o coñecemento do medio tamén estaba un pouco relacionado.

Tentamos sempre de tratar de maneira un pouco interdisciplinario o tema dos xogos, porque para nada son específicos dunha área, se traballan diversos contidos. ♂DP2 - (161:162)

Seguindo co tema é curioso que nos centros escolares de Educación Primaria non haxa proxectos de interdisciplinarios para traballar este contido. Agora ben debemos sinalar que si que existe un traballo colaborativo nos centros na organización dos programas de dinamización lúdica nos recreos. No punto 7.1.7 describiremos máis máis ao miúdo o traballo colaborativo nestes programas. O feito de non se realice ningún tipo de proxecto interdisciplinario na EF indícanos que nos centros existe unha separación clara entre áreas, sendo as materias unha especie de compartimentos estancos nos que non existe interconexión entre os contidos das diferentes áreas. Contrasta isto, coa predisposición positiva dalgúns dos docentes dos claustros, para colaborar nos proxectos lúdicos dos recreos que organizaron nos dous centros. Na análise dos vídeos do centro A temos mostras desa colaboración [apéndices 2.1.1; 3.1]. Aínda que non son traballos interdisciplinarios puros, si que estes programas requiren dunha cooperación e colaboración entre mestres de diferentes áreas e departamentos, como Normalización Lingüística, EF, xefatura de estudos, departamento de orientación, titores de grupos, etc. Pero entendemos que non poden ser clasificados como proxectos interdisciplinarios.

Este contexto negativo levou ao claustro a propoñerse mudar esta situación. Neste pequeno CEIP, que conta con 102 alumnos dende o segundo ciclo de Infantil ata o último curso de Primaria, todos os departamentos colaboran na maioría das actividades. Deste xeito, na organización en posta en activo da iniciativa traballaron ademais do Equipo de Dinamización, os titores, o departamento de Biblioteca, cuxa coordinadora é P.G. e o departamento de Orientación, xa que se incluíu no Plan de Convivencia do Centro”. ♀Escola B periódico.pdf - (@353-@220)

Resposta 1: Fixemos unha comisión de profes para colaborar neste proxecto.

RESPOSTA 2: O profe de EF que é R, e a orientadora, a mestra de infantil, nolas dúas, a titora de 2º e ninguén máis. Unha titora de cada etapa Infantil e Primaria, educación física, orientadora e xefa de estudos. ♀DP3 - (121:123)

Polo tanto nos centros de EP temos unha maneira de traballar un pouco paradoxal, porque por unha banda case non se desenvolven iniciativas interdisciplinarias, porén existe un traballo cooperativo para organizar actividades extracurriculares para desenvolver programas lúdicos nos recreos. Nas análises dos vídeos do centro A [apéndice 2.1.1] recollemos como o claustro de profesores colaboran nunha pequena sesión piloto, para ver como se vai desenvolver o programa lúdico dos recreos. Isto móstranos como por un lado os educadores son capaces de colaborar para algunhas cousas, pero que no momento de traballar de xeito interdisciplinario cos xogos populares esta circunstancia non se produce.

7. 1. 5. O XOGO POPULAR E AS ACTIVIDADES EXTRACURRICULARES FÓRA DOS CENTROS.

Agora focalizamos a nosa atención naquelas iniciativas que se programan á marxe do que do que se traballa nas programacións da área de EF. Queremos precisar se existen iniciativas á marxe do deseño curricular que sexan orientadas á promoción dos xogos populares fóra dos centros escolares. Neste caso ademais das declaracións dos docentes, presentamos as manifestacións dos escolares da Educación Secundaria, para ver se existe un interese neles por facer algunha cousa a maiores con este contido como eixo central.

- Etapa primaria

Na etapa de Educación Primaria nos centros visitados non existen actividades extracurriculares orientadas a promover os xogos populares fóra dos límites espaciais dos centros escolares. A tendencia nos centros é a que os escolares experimenten cos xogos só dentro das escolas. Algo que semella sorprendente baixo a nosa perspectiva, porque a situación xeográfica dos dous centros visitados permite que se poidan facer saídas fóra da escola para que os escolares experimenten estes xogos na súa vila, é dicir no contexto propio dos xogos. A situación xeográfica dos centros permite acceder a zonas das vilas e a espazos naturais dun xeito doado e cun risco mínimo. Por esta razón nos parece chamativo que non se realicen iniciativas de posta en valor dos xogos nas

vilas. No caso do centro educativo A, queremos lembrar que teñen a praia a uns escasos 200 metros, e no caso do centro teñen nun radio de 500 metros o parque da igrexa, rúas e rueiros completamente baleiros, o complexo etnográfico do forno do forte, o campo da fonte, espazos moi aproveitables para realizar actividades relacionadas cos xogos populares. Pese que a non existe unha explicación clara ante esta cuestión. Entendemos que isto é consecuencia dun traballo descontextualizado dos xogos populares na área de EF e nos centros escolares, xa que non hai unha integración do contido na propia contorna na que residen os escolares.

- Docentes

Resposta: Fóra do centro? Fóra do centro non temos ningunha.

PREGUNTA: Por que?

R: Pois a verdade é que non hai unha razón concreta, cinguímonos dentro do marco escolar. E fóra do centro o que si fixemos o ano pasado foron visitas a brinquedos, que traballan moito. Pero non considero que sexan actividades programadas. Son máis pois iso visitas puntuais para que os rapaces vexan como traballan eles e un pouco os animen. ♂DP2 - (176:179)

- Etapa secundaria

A etapa de Educación Secundaria O que xa estaba caracterizada por unha moita menos presenza do xogo popular na materia de EF, a tendencia non varía. Non existe ningunha actividade extracurricular que executen fóra do centro educativo orientada á promoción dos xogos populares na contorna, en liña co programado na área. Pero si que a raíz dunha actividade puntual relacionada cunha charla de promoción da buxaina e do MELGA, impartida por Ricardo Pérez y Verdes, o departamento de EF, comezou a plantexarse a visita ao MELGA en Ponteceso. Malia que non se programan xogos populares como tales fóra do centro educativo, queremos subliñar que ao contrario dos centros de Educación Primaria, na Educación Secundaria realizan actividades físicas, recreativas e lúdicas, como xogar co freesbe, e cousas polo estilo fóra dos límites escolares, na praia que posúen a escasos 100 e na ruta de sendeirismo que está na praia.

- Docentes

Pues ayer he estado hablando con la chica de extraescolares y quizás vayamos a ver el museo este que está montando Ricardo en la tercera evaluación. ♂DS2 (173:174)

Por parte dos escolares da Educación Secundaria percibimos unha actitude aberta de cara a realizar actividades relacionadas cos xogos populares, dentro e fóra dos centros educativos. A súa predisposición a realizar actividades cos xogos populares, entendemos que responde á necesidade de rachar cos contidos clásicos da área e ao interese que neles desperta experimentar novos contidos. Na etapa de Secundaria os escolares están abertos a que se realice algún tipo de actividade extracurricular relacionada cos xogos populares, e que esta se manteña no tempo, ben fose un día ao mes, á semana, etc. O que confirma a necesidade de incrementar a presenza de actividades alternativas aos deportes nos contidos da materia nesta etapa.

Resposta 1-2: Si

PREGUNTA: Como organizariades vós se fosedes os responsables? Unha vez ao mes, ao ano, á semana

RESPOSTA 2: Pois, cantos días de ximnasia temos? Dous, pois un día cada dúas semanas.

PREGUNTA: Ti tamén pensas así?

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Nese día como organizades?

RESPOSTA 2: Pois toda a clase facendo xogos populares e despois xa nada máis.

PREGUNTA: Por que non llo propoñedes aos profesores?

RESPOSTA 1: Algún día xa falamos diso pero..

PREGUNTA: Pero queda aí no aire.

RESPOSTA 1: Si.

PREGUNTA: A vós gustaríavos?

RESPOSTA: Si. ♀♂N10 - (626:639)

7. 1. 6. O XOGO POPULAR E OS TEMPOS DE RECREO.

A continuación datallamos a presenza dos xogos populares nos tempos de lecer nas escolas. Para facelo detallaremos a duración dos recreos nos centros e os tempos de lecer dos que dispoñen os escolares na súa xornada lectiva; a organización das actividades extracurriculares lúdicas dentro dos CEIP nos tempos de lecer; ademais recollemos cales son os xogos ou actividades que teñen unha maior difusión dentro de todos os centros educativos.

- Etapa Primaria/Secundaria

Comezamos expoñendo a duración dos tempos de lecer nos centros educativos e como se organizan estes. Queremos destacar que tanto na etapa de Educación Primaria coma na Educación Secundaria os tempos de lecer para os escolares son moi escasos e curtos. Grazas ás evidencias recollidas comprobamos como os recreos teñen unha duración ao redor duns trinta minutos, e na etapa da Educación Secundaria están divididos en dous recreos de quince minutos de duración.

- Docentes/Escolares

A ver, de tempo real eu creo que fóra. Quero pensar que fóra, porque aquí realmente teñen un recreo de media hora.

PREGUNTA: Nada máis?

R: Si. ♀DPI - (109:112)

Unha hora corenta, un recreo de quince, hora e corenta, recreo de quince, hora e corenta e despois para casa.

PREGUNTA: Ou sexa seis horas de clase e media hora de recreo. É pouco non, gustaríavos ter máis.

RESPOSTA 1: Si ohh, iso si.

RESPOSTA 2: Pero, a ver, se metemos máis horas de recreo, non van quitar horas de clase. Así que teríamos que ir máis tarde comer, así que tampouco.

RESPOSTA 1: Preferimos así.

PREGUNTA: Preferides marchar antes que ter máis recreo. ♀♂N10 - (264:272)

Descubrimos o pouco tempo existente para o lecer nunha xornada escolar tan esixente como a que teñen os escolares hoxe en día. Os escasos tempos de recreo non favorecen a que o xogo estea presente nos patios escolares, principalmente na etapa da ESO, na que practicamente no se xoga a nada durante os dous recreos de 15 minutos. Pensamos que o feito de que na Educación Primaria o recreo non sexa dividido en dúas partes fomenta que o xogo estea máis presente que na Educación Secundaria. Na análise dos vídeos dos centros A e B [apéndice 2.1], vemos como a escasa media hora que teñen lles dá unha maior marxe para que os escolares poidan xogar nos patios.

7. 1. 7. OS XOGOS POPULARES NOS RECREOS.

- Etapa Primaria/Secundaria

Agora pasamos a detallar cales son os xogos que teñen maior difusión nos patios de recreo dos centros escolares da comunidade. Neste caso existe unha uniformidade en todas as etapas educativas, tanto na Educación Primaria coma na Educación Secundaria. Os xogos máis populares son o fútbol, xogar a pandalas, e un pouco o brilé na Educación Secundaria, ademais de pasear polo patio. Constatamos unha situación desoladora nos patios escolares, xa que a socialización a través do xogo é moi escasa e a variedade de xogos practicamente nula. Xa comentabamos anteriormente que a pouca duración dos recreos non favorecía o xogo, ademais agora lle sumamos que os xogos que gozan de maior popularidade son dous ou tres. Así o retrato da realidade lúdica espontánea dos escolares nas dúas etapas resulta descorazonador de cara a supervivencia dos xogos populares, e para o propio desenvolvemento dos escolares como persoas.

- Docentes/Escolares

Si, a partir de 3º fútbol, as nenas a pasear, xogan a pasear. En 1º e 2º xa xogan un pouco máis xuntos entre nenos e nenas, pero a pillarse sen ser o xogo da

pilla, correr uns detrás dos outros e pouco máis. Polo menos a principio de curso xogaban só a iso. Ehh claro, había problemas nos recreos que ao final acábanse enfadando uns cos outros, acaban pelexándose. Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo. ♀DP1 - (80:83)

Resposta 1: Non se xogaba, practicamente fútbol era o que vías xogar aos nenos fóra. Era a fútbol e a correr uns detrás doutros, había moitas pelexas. Non xogaban.

RESPOSTA 2: As maquiniñas tamén ultimamente, algún que a traía a súa Nintendo.

RESPOSTA 1: Si, ata agora pouco, basicamente fútbol e correr.

RESPOSTA 2: Fútbol e correr. ♀DP3 - (19:23)

Os rapaces o fútbol e as rapazas sobre todo o baile. Hai algunhas rapazas tamén que lles gusta o fútbol, pero é unha minoría ehh. Ao mellor nun grupo te podes atopar unha ou dúas, pero non é o habitual, que xogan ben e lles gusta xogar. ♂DS1 - (89:91)

Resposta 2: En ximnasia?

PREGUNTA: No recreo tamén.

RESPOSTA 1: Eu nos recreos non xogo a nada.

RESPOSTA 2: Eu tampouco.

PREGUNTA: Non xogades a nada? E logo?

RESPOSTA 1-2: Non

RESPOSTA 2: Eu dou voltas.

RESPOSTA 1: Eu quedo parado.

PREGUNTA: Falando cos amigos nada máis? E logo por que non vos apetece xogar a nada?

RESPOSTA 1-2: Si

RESPOSTA 2: Aparte ninguén xoga, quitando un pouco ao fútbol alí detrás.

♀♂N10 - (589:600)

7. 1. 7. 1. OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LÚDICA: CAUSAS.

Os CEIPs da comunidade decidiron en anos distintos poñer en marcha cadanseu programa de dinamización lúdica nos recreos cos xogos populares como protagonistas. As causas que motivan a posta en marcha destas experiencias son comúns en ámbolos dous centros:

- A ausencia dunha diversidade lúdica nos recreos e tempos de lecer. Os partidos de fútbol, a pilla e os paseos, son as actividades que monopolizan o tempo dos escolares nos recreos.
- Os problemas de socialización e a segregación entre os escolares nos patios de recreo.

Unha parte dos claustros dos centros educativos ao observar que nos patios escolares se producían este tipo de situacións, decidiron organizar equipos de traballo para cambiar a situación nos recreos. Os obxectivos dos programas son:

- Incrementar o nivel de actividade lúdica dos escolares, a variedade das actividades e o coñecemento dos xogos populares.
- Reducir a conflitividade nos recreos e mellorar a convivencia.
- Elevar a socialización conxunta dos dous xéneros e a actividade física.

Resúltanos chamativo que nos dous centros escolares se produza este fenómeno. Isto é un síntoma que nos debe preocupar, xa que as novas xeracións descoñecen unha gran parte do patrimonio lúdico das xeracións pasadas. Por outra parte a falta de habilidades sociais e os problemas derivados desta ausencia socialización en termos de igualdade e equidade, debería facernos replantexarnos algunhas situacións nos centros escolares.

- Docentes

Si, a partir de 3º fútbol, as nenas a pasear, xogan a pasear. En 1º e 2º xa xogan un pouco máis xuntos entre nenos e nenas, pero a pillarse sen ser o xogo da

pilla, correr uns detrás dos outros e pouco máis. Polo menos a principio de curso xogaban só a iso. Ehh claro, había problemas nos recreos que ao final acábanse enfadando uns cos outros, acaban pelexándose. Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo. Desde que o fixemos, foi por aí por xaneiro cando comezamos con iso, pois xa xogan algo máis. Puxemos material a disposición deles que antes non o tiñan e si que xogan á goma, xogan coa corda, collen balóns. Si que xogan algo máis. ♀DPI - (80:83)

Observamos que os rapaces non sabían xogar a nada durante os recreos e que iso problemas entre eles, todo eran liortas e, incluso, pelexas, comenta N.C. membro do Equipo de Dinamización. Escola B periódico.pdf – (@416-@354)

De estar aburridos. Cando un neno non ten algo que facer, pois como non estou facendo nada, abúrrome e se me aburro teño que aburrir ao que teño ao lado. E ao final acábanse enfadando por tonterías. Empurroume ou me molestou, insultou, ou queixas así continuas. E non é porque sexa un grupo conflitivo ou un cole conflitivo. É así, porque claro non hai unha actividade que facer durante unha hora de lecer, entón abúrrome e os nenos véñenche: "están xogando ao fútbol e eu non podo e abúrrome. ♀DP3.

7. 1. 7. 2. OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LÚDICA: A ORGANIZACIÓN.

As orixes para poñer en marcha os programas son as mesmas, pero a maneira de organizalo varía dun centro a outro. De seguido pasaremos a explicar como se organizaron os diferentes equipos docentes para a posta en marcha dos programas nos centros, detallaremos as singularidades de cada proxecto e os procesos que seguiron durante a posta en marcha e o seu desenvolvemento.

- Docentes

Como vimos que había problemas destes, pois comezamos a introducir os xogos populares na hora do recreo. Desde que o fixemos, foi por aí, por xaneiro cando

comezamos con iso, pois xa xogan algo máis. Puxemos material a disposición deles que antes non o tiñan e si que xogan á goma, xogan coa corda, collen balóns. Si que xogan algo máis.

PREGUNTA: Ese material vós dispoñédelo alí e eles cólleno libremente.

R: Si, temos unha caixa aí no corredor, e eles teñen un papel para anotarse. Teñen que anotar quen o leva, e o que leva, para despois devolvelo.

PREGUNTA: Seguindo con este tema, hai un cambio dos rapaces?

R: Si. Si, que hai antes sempre viña algún: "ai é que este me pegou, o outro empurroume". Sempre e agora non.

PREGUNTA: Eles recollen o material e xogan libremente sen intervención dun adulto?

R: Si, agora si. Ao principio explicáronselles os xogos, estivemos con eles, practicando con eles. Os maiores, claro, cólleno antes e explicábanlle aos pequenos, e agora si que son eles os que xogan libremente. ♀DP1 - (80:89)

Resposta 1: Pois naceu porque entre os mestres empezamos a observar, xa cando comezamos no centro antes de estar no equipo directivo. Xa observamos que as dinámicas no recreo non nos gustaban entre os rapaces, só xogaban a dúas cousas a correr uns detrás dos outros e a xogar ao fútbol, entón xa faciamos a proposta de que había que darlles alternativas e tal. Entón cando nos metemos no equipo directivo pois dixemos: "agora temos a oportunidade de dar alternativas e de organizar algo". Entón un ano comezamos a facer coa buxaina e vimos que os nenos se interesaban, entón xa nos plantexamos a raíz de que un ano Fátima foi a un cole onde tiñan este tema moi ben traballado. Pois se nos uniu esa experiencia coa nosa intención de dar alternativas e comezamos a organizalo, un pouco baseándonos no que ela experimentou alí. Empezamos a recoller información e plantexarnos como organizalo. ♀DP3 - (16:17)

- CENTRO EDUCATIVO A

No centro educativo A este proxecto toma corpo a raíz da entrada dalgúns docentes no equipo directivo. Este feito coincide coa visita dunha docente ao centro da Capela en As Pontes onde organizan obradoiros de sensibilización cos xogos populares.

A partir deste momento comezan a pensar na idea de facer algo cos xogos populares e deciden poñer a experiencia previa das buxainas, que xa comentamos anteriormente. A organización do programa recae nun equipo de cinco persoas, dúas titoras das etapas Infantil e Primaria, o mestre de EF, a xefatura de estudos e a orientadora do centro. O proxecto comeza a funcionar a finais do curso do ano 2012. A fase previa do programa consistiu en recolectar os materiais de xogo, pintar o patio con distintas mariolas de cores, taboleiros para xogar ao tres en raia e tamén hai circuítos para as chapas, tamén as paredes están decoradas coas ilustracións do libro *Chirlormirlos* de Cortizas (2001). Ademais tamén solicitan á ANPA unha pequena colaboración coa pintura para decorar o patio con debuxos.

Para a organización do patio decidiron a división deste por zonas de xogos, cada unha delas ten unha cor identificativa asignada. Cada zona debía ser empregada por un curso distinto de maneira rotativa, deste xeito os escolares pasarían por todas as zonas do patio durante a semana lectiva. Para indicar as zonas e orientar aos escolares, dispuxeron varios taboleiros polo patio, distribuíron un co esquema da organización xeral no que se dispón o mapa do patio coas zonas, os xogos, os días e cursos, como os responsables dos materiais, e despois un para cada zona cos xogos correspondentes, responsables de material, etc. Os venres é día libre e os escolares poden facer o que queiran e non hai obriga de xogar nas zonas nin aplicar o programa de xogos populares.

Outra parte da preparación do programa consistía na explicación do proxecto nas clases aos escolares e a explicación dos xogos e da organización do programa para que souberan xogar minimamente antes de comezar a dinámica no patio. Un elemento interesante no desenvolvemento do programa é a participación dos alumnos de 5º curso, como responsables do control da entrega e recollida do material. Estes escolares anotan nun caderno a que persoa lle entregan os xoguetes e anotan a devolución ao final do recreo. Na análise dos vídeos [apéndice 2.1.1] recolleemos como se producen as entregas e recollidas dos materiais. Os responsables do material tamén rotan polas zonas de xogos e ademais hai quendas para asumir a función. Ademais existe unha lista de suplentes que en caso de non estar presente o compañeiro dese día sería o suplente o que asuma a tarefa. Deste xeito os escolares participan a nivel organizativo e recreativo no programa. Este é un punto moi interesante xa que fai que os escolares teñan dereitos e responsabilidades dentro do programa. Debemos indicar que na estancia no campo

comprobamos como os encargados do material, tomaban con compromiso o seu papel, ademais existía un respecto por parte dos demais compañeiros. Na análise dos vídeos do centro A [apéndice 2.1.1], recollemos diferentes escenas nas que se describe isto.

Antes de que comezara o programa, os mestres do centro fixeron unha proba piloto, na que experimentaban algúns dos xogos nas distintas zonas para detectar erros ou posibles imprevistos. Nas gravacións obtidas recollemos a boa predisposición dos participantes nesta sesión, e como os procesos de diálogo e discusión nos xogos tamén se producen nos docentes [apéndice 2.1.1; 3.1.1]. Logo desta sesión ultimarían os poucos problemas detectados para dar comezo ao programa nos recreos de forma oficial. Previamente á posta en marcha do programa foron introducidas nos recreos unhas cordas para que os escolares comezaran a xogar a saltar pola súa conta. Dentro das dificultades coas que se atopaban para levar a bo porto este proxecto foi o tema da mobilización do profesorado, xa que existen problemas de sobrecarga de traballo dos docentes do centro e resultaba difícil para o equipo organizador atopar compañeiros que quixeran participar, porque isto supoñía un traballo extra.

Resposta 1: Estamos niso, non está funcionando aínda o dos recreos. Collen as cordas e xogan fóra, pero foi iniciativa deles, comezou así extraoficialmente. A intención é porque se comezou a pintar. As pinturas esas que ves polo patio eran decoración para iso, se pintaron algunhas cousas no chan, ao principio só había as mariolas e agora hai máis cousas pintadas. Falta por pintar cousas no patio exterior e despois vai ir organizado así (ensina un documento) cada zona ten un xogo. Cada xogo vai ter unha ficha. ♀DP3 - (37:38)

Resposta 1: Fixemos unha comisión de profes para colaborar neste proxecto.

RESPOSTA 2: O profe de EF que é Rubén, e a orientadora, a mestra de infantil, nolas dúas, a titora de 2º e ninguén máis. Unha titora de cada etapa Infantil e primaria, educación física, orientadora e xefa de estudos. ♀DP3 - (121:123)

Resposta 1: Todo o mundo está pillado de tempo. Iso para organizalo e por outro lado tódalas iniciativas, proxectos que queres comezar pois a xente se satura porque todos estamos pillados de tempo tes moitas cousas que facer.

RESPOSTA 2: Máis proxectos máis traballo, quero dicir máis traballo extraescolar porque tal e como estamos non nos da tempo a moito máis. Entón as cousas que se fan son na túa casa, non as estás facendo no horario que ti tes lectivo.

RESPOSTA 1: Despois supón unha obrigas na hora do patio, porque despois cada profesorado ten que estar controlando a cada zona de xogos. Entón a liberdade que tes agora de vou para alí, vou para aquí. Despois tes unha responsabilidade na hora do recreo, non te podes mover. ♀DP3 - (131:134)

- CENTRO EDUCATIVO B

No caso do centro educativo B, a forma de organizar o programa foi algo distinta á da outra escola. Neste caso o equipo organizador estaba composto por unha parte do equipo de Normalización Lingüística, mestra de EF e coordinadora da biblioteca, departamento de orientación e os titores de cada curso. Durante dúas semanas comezaron traballando cos xogos populares nas clases, para cada grupo asignábase un xogo, e traballábano na aula ata que os escolares dos cursos superiores o dominaban por completo.

O seguinte paso era explicarlles os xogos ao resto dos escolares no patio do recreo, así para cada día da semana ían explicando os xogos sucesivamente uns escolares aos outros, para que todos coñeceran os xogos propostos para o programa. Outra parte da fase previa foi a elaboración dunhas fichas didácticas de cada xogo que estaban espalladas polos piares do patio cuberto. Os escolares tamén pintaban nos patios as súas mariolas, tres en raia, circuítos para as chapas, etc, así que dunha maneira máis inconsciente que consciente tamén se desenvolvían habilidades doutras áreas como plástica, lingua, educación en valores, etc. Esta era outra forma para lograr a súa adhesión ao programa e incrementar o coñecemento sobre os xogos. Logo desta fase de familiarización os escolares tiñan a súa disposición un baúl con materiais como birlos, panos, chapas, etc, para xogar no recreo. Neste caso non existía ningún responsable de material. Os escolares debían anotar nuha lista o material que recollían e firmar individualmente a súa entrega. Ao igual que no anterior programa tamén existía unha distribución das zonas do patio para cada tipo de xogos aínda que neste caso era de libre elección.

Antes de comezar a xogar nos recreos, traballouse cos xogos populares na aula. Cada grupo converteuse nun especialista nun xogo e nas titorías os mestres afondaban sobre eles. Cando esta fase xa estivo ben desenvolvida, houbo unha semana que servía para poñer en común os coñecementos de cada grupo. Cada día un ciclo encargábase de amosarlle aos resto do alumnado en que consistían os xogos nos que eran entendidos. “Isto serviu para que se mostrasen máis interesados, medroulles o orgullo e amosábanse fachendosos por saber algo que o resto descoñecía”, explica C. ♀Escola B periódico.pdf - (@414-@215).

Nas filmacións obtidas [apéndices 2.2; 3.3] comprobamos como os xogos que viñan no arcón do programa Xogade, eran incorporados aos recreos, incrementando o número de xogos aos que os escolares podían acceder. Grazas ás observacións obtidas tivemos a constancia da elevada participación dos escolares, do interese e da aceptación que os xogos populares espertan nos escolares.



Figura 40. Ficha didáctica programa de dinamización lúdica.



Figura 41. Os maiores ensinando aos máis pequenos o tres en raia.

7. 1. 7. 3. OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LÚDICA: COMPARATIVA.

Os dous centros escolares traballaron cos programas de dinamización lúdica coas mesmas preocupacións e cos mesmos obxectivos, pero a súa organización difire un pouco. No centro educativo A, a organización do proxecto é algo máis complexa, xa que os escolares teñen zonas de xogos para cada día da semana, mentres que no caso B, aínda que existen zonas para os xogos os escolares poden escoller libremente a que xogar, sen necesidade de ter que experimentar os xogos populares, en contraposición ao que ocorría no outro caso no que os escolares tiñan a obriga de ir a unha zona e practicar estes xogos.

No momento de involucrar aos escolares as estratexias tamén son distintas, mentres no centro A os escolares de 5º participan activamente todos os días asumindo a responsabilidade dos da entrega de materiais e axudar aos máis pequenos cos xogos. No caso do centro B os escolares maiores soamente se involucran no momento de explicar os xogos na fase de sensibilización, debido a que no seu programa non existe unha

asignación de tarefas no momento de desenvolver o proxecto no recreo, no seu caso soamente deben indicar nunha lista o seu nome e o material que collen para logo devolvelo, non existe ningunha obriga de ningún escolar durante os recreos

Existen tamén diferencias nos recursos materiais empregados no centro educativo A contaban con moito máis material para xogar que no centro B. Na escola A tiñan para cada zona distintos caixóns con abundante e moita máis variedade no material, xa que tiñan boliches, aros, zancos, birlos, unha rá xigante, buxainas, chapas, tabas, cordas, panos, etc. Nesta escola a única axuda que solicitaron ou que recibiron foron as pinturas doadas pola ANPA, polo demais todo foi sen recibir nada de apoio de ningunha institución administrativa. Mentres no centro escolar B contaban cunha caixa con materiais tipo cordas, birlos de plástico, xices, chapas, balóns, panos cordas e gomas. Debemos lembrar que no momento de estar no campo recollendo datos, recibiron un baúl da Xunta de Galicia con claves, buxainas, aros de metal, cordas, bailaretes que nesa semana empregaron para poñelo a disposición das crianzas no recreo, na análise dos vídeos no centro A e no diario de campo [apéndices 2.1.2; 3.2]. damos conta disto

Pouco teñen que ver os xogos propostos nos programas lúdicos co limitado repertorio co que se expresaban nos recreos, nos que xogar a pillar, e ao fútbol eran os xogos máis populares nos centros educativos. Pero no día libre do centro A, observamos como as dinámicas volven a ser as mesmas que cando non existía o programa cun gran grupo xogando ao fútbol, outros escolares xogando a correr, e o resto paseando, na análise dos vídeos do centro A, recolleemos varios clips [apéndice 2.1.1]. Esta volta ás dinámicas de antes, e indicador que nos devolve á realidade dos recreos neste centro, entendemos que a pouca implantación do programa, sumado a outros factores como a falta de contextualización dos xogos, fai que as dinámicas sociais nos recreos retornen ao punto de partida.

Difiren nos dous proxectos os períodos nos que se realizaron estas iniciativas, no caso da escola B este levouse desde xaneiro 2011 até o fin de curso escolar. Os motivos que levaron a suspensión deste programa foron, por unha banda o traslado das dúas educadoras que levaban o peso do programa, e por outra a falta de compromiso por parte do resto do claustro para continuar co proxecto, contactos posteriores coas

docentes así nolo confirmaron. Desgraciadamente no caso do centro A tamén ocorreu algo semellante, malia que este programa foi implantado a finais do curso do ano 2012 a súa duración foi escasa, xa que o cambio de destino dunha das impulsoras do proxecto e o embarazodoutra compañeira fixo que soamente durante este ano se mantivese o programa de xeito constante. En visitas posteriores de visitas de carácter informal certificamos que xa non se estaba desenvolvendo o programa coa mesma intesidade. Con estes cambios resalta a importancia de ter docentes que posúan unha sensibilidade por este contido, como tamén un compromiso para traballar en equipo dun xeito ambicioso a prol dos escolares. A continuación expoñemos unha táboa resumo comparando os aspectos máis relevantes do funcionamento de cada programa.

Táboa 36. Comparación programas dinamización lúdica recreos.

<i>Comparación Programas dinamización lúdica</i>		
	<i>Centro Educativo A</i>	<i>Centro Educativo B</i>
Equipos organizativos	Unha titora Educación Infantil, 1 titora Educación, mestre EF, Xefa de estudos, Orientadora	Parte equipo Normalización Lingüística, Mestra EF, Orientadora, varios titores cursos.
Fase preparatoria	Varios meses. Pintar patio escolar, recompilación materiais de xogo de juego (apoio ANPA), organización zonas patio asignación xogos a cada zona,horarios e cursos. Fase de sensibilización nas aulas. Xornada de simulación para a detección erros por parte dos docentes.	2 semanas de traballo previo. 1 Xogo para cada grupo, converterse en expertos para despois ensinar ao resto dos escolares. Elaboración de fichas didácticas e distribución polo patio cuberto. Pintar patio con xogos
Espazos de xogo	Zonas de patio asignadas para cada día da semana (identificadas con cores) e para grupo, con xogos concretos para cada zona.. Asignación rsponsables rotatorios para cada día da semana.	Espazos de xgo organizados de selección libre.
Materiais de xogo	Caixas de materiais en cada zona. Gran abundancia de materiais, máis materiais que no centro B. Buxainas, zancos, rá, pelouros, tabas, boliches, chapas, etc. Cada escolar anota o que material que recolle.	Baúl con listado con materiais diversos , cordas,birlos, panos,chapas. 1Baúl con listado con materiales diverso, cuerdas, bolos, pañuelos, chapas, ect. 1 Baúl do programa Xogade durante unha semana (chaves, panos, buxainas, cordas).
Materiais didácticos	Tableros de distribución	Fichas didácticas con xogos

Responsabilidades escolares	zonas de juego, fichas didácticas con xogos. Escolares de 5º curso, responsables de repartir material, anotar saída e recepción material. Axudar aos compañeiros máis pequenos.	Elaboración fichas, pintar xogos, os escolares maiores ensinan os xogos aos pequenos. Anotar o material que se colle na listae
Organización semanal	De luns a xoves . Venres día de xogo libre.	Todos os días da semana.
Duración temporal	Parte curso 2012	Parte curso 2011
Dificultades	Organización equipos docentes, falta de continuidade no tempo, disolución equipos de traballo (traslados de destino).	Organización equipos docentes, falta de continuidade no tempo, disolución equipos de traballo (traslados de destino).
Logro de obxectivos	Si (parcialmente)	Si (parcialmente)

7. 1. 7. 4. OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LÚDICA: LOGROS.

Se temos en conta que os obxectivos principais dos programas eran reducir a conflitividade nos patios, mellorar a integración e incrementar a variedade de actividades lúdicas nos recreos. Podemos confirmar a través das entrevistas e as observacións [apéndices 2.1;2. 2; 3.1], que a convivencia nos recreos melloraron e as actividades lúdicas aumentaron en riqueza e variedade. En ámbolos dous centros grazas á aplicación dos xogos populares nos recreos, os escolares tiveron unha evolución nas súas condutas sociais positiva, así nolo manifestan algúns responsables dos proxectos, que valoran de xeito moi positivo a mellora do clima nos patios de recreo e a redución dos conflitos.

O balance por parte do equipo docente do centro é moi positivo, xa que se conseguiu rachar co ambiente negativo entre os rapaces e “nenos que antes tiñan problemas entre eles, agora xogan sen problemas. ♀Escola B periódico.pdf - (@242-@181)]

Tamén este día mantiven algunha conversa informal con algunha das mestras e manifestaban a súa satisfacción por como estaba funcionando o tema dos xogos populares nos recreos. Ben certo que recoñecían que estaba nunha fase inicial,

pero xa comezaban a ver como a dinámica no patio de recreo trocara por completo. Non había tantos conflitos e en cambio os rapaces falaban moito máis e recoñecían que o máis difícil para os rapaces era negociar entre eles os equipos e cousas polo estilo. Diario observación Escola A - (43:43)

Observamos que os programas axudaron a mellorar a socialización dos escolares e a suavizar o clima de convivencia nos centros educativos. Pero tamén é preciso sinalar que aínda coa posta en marcha dos proxectos, aínda se observaban condutas anómalas durante a práctica dos xogos populares. Nas observacións realizadas [apéndice 2.1] no centro A apreciamos con máis intensidade esta conflitividade entre os escolares. Quizais a falta de costume para xogar e organizarse, nun primeiro momento cause certos conflitos entre algúns participantes que desexen impoñer os seus criterios. Este é un elemento dos que os docentes están ao tanto, por esta razón mantiveron un rol participativo e supervisor en moitos dos xogos. Recollemos un exemplo chamativo no que un escolar cun exceso de competitividade que non é quen de controlar a súa motivación pola victoria. Este instinto por gañar levouno a berrar e insultar a unha compañeira, ante esta situación o mestre que estaba xogando con eles, obrigado pola deriva do incidente que pasaba de simple diálogo ou discusión a un conflito no que se perdía o respecto entre os escolares.

Un grupo de nenos está xogando ao pano nun corredor central do patio cuberto. Algúns dos que xogan móstranse impacientes por xogar correctamente e discuten coa nena que canta os números. Un neno móstrase moi alterado e contrariado coa situación, fai xestos e berra ostensiblemente. Un mestre comeza a xogar con eles. No momento que comeza a xogar con eles volven a numerarse no seu equipo. A nena que canta os números comeza de novo e xa no primeiro número que di hai unha confusión nun equipo, xa que saen dous nenos polo pano. Isto provoca unha situación de tensión no equipo, en especial nun neno que chega a perder o control e berra queixándose reiteradamente. O mestre intermedia un pouco e semella que se calmaron os ánimos, pero non é así. O equipo cun menos volve a numerarse. Cantan outro número e de novo o mesmo equipo ten problemas no momento de saber quen sae polo que acaban perdendo o punto. Isto provoca unha reacción esaxerada do neno que comeza a recriminalle á compañeira que non saíse no seu número. Bérrolle de tal xeito

que o mestre ten que intervir para dicirlle ao neno que se tranquilice e que non berre deste modo. Continúan xogando cos problemas típicos de poñer os números. Hai despistes por parte dalgún neno que se trabuca nas saídas e sae cando non debe. O neno volve a berrarlle a compañeira porque non sae no seu número, e de novo o mestre ten que intervir para numeralos e que non se produzan máis conflitos neste punto. Seguen a xogar na mesma liña baixo a supervisión do mestre. Análise vídeos Recreos A- (273:273).

Este exemplo é unha mostra do tipo de conflitos xurdidos no desenvolvemento dos xogos populares nos recreos, nada que non acontecese na infancia de cada un de nós. Pero antes estas situacións os educadores neste caso deben estar atentos para intervir e saber manexar a situación, minimizando o conflito a través do diálogo cos escolares, apoiada coa súa propia inclusión no xogo, para que se suavice a tensión entre os xogadores, sen necesidade de aplicar castigos ou sancións aos escolares. Debemos lembrar que nos xogos populares a violencia tamén está presente de xeito verbal e físico, por isto é preciso recalcar que estes programas que a presenza do educador como compañeiro e supervisor, pensamos que axuda a incrementar o éxito deste tipo de programas e a reconducir as situacións de graves conflitos.

7. 1. 8. INTERESES, PERSPECTIVAS SOBRE AS CLASES DE EF E PARTICIPACIÓN ANPAS NAS PROPOSTAS ESCOLARES.

Neste apartado trataremos de achegarnos á visión da EF. Xa fixemos algunha alusión ao tema da visión da EF no punto do currículo. Neste caso contrastaremos as valoracións dos docentes de Educación Primaria e da Educación Secundaria. Completaremos este tema co tipo de formación específica relacionada cos xogos populares que recibiron os docentes, para tratar contrastar o peso destes na formación dos educadores. Para finalizar o apartado puntualizaremos a presenza das ANPAS en relación as iniciativas relacionadas cos xogos populares nos centros escolares.

- Etapa EP/Etapa ESO

Como xa describimos no punto do currículo, eran os educadores de Educación Primaria os que traballaban de xeito específico os xogos populares nas súas clases, en contraposición aos da Educación Secundaria que non o facían. Neste senso entendemos que mentres os educadores de Primaria teñen unha visión máis aberta e pedagóxica da EF. Mentres que no caso da Educación Secundaria posúen visión máis instrumental da EF, focalizada no rendemento motor e na adquisición de hábitos de saúde a través do desenvolvemento das capacidades físicas.

Na etapa da Educación Secundaria os estudantes coinciden afirmando que as clases sempre están centradas nos mesmos contidos todos os anos. Os contidos propostos polos docentes céntranse no fútbol, baloncesto, bádminton e a condición física. Soamente se programan unha poucas sesións fóra do centro, loxicamente cando o tempo o permite. Estas sesións son enfocadas cara a condición física xa que deben facer un percorrido por unha ruta que vai desde a praia de Seaia, situada a 100 metros do colexio, ata a capela do cabo San Hadrián, polo demais poucas innovacións nos contidos das clases, con excepción dalgún día que foron a praia de Seaia a xogar.

- Escolares/Docentes

Resposta 1: Aburridas non, pero cansan un pouco.

RESPOSTA 2: Cansa un pouco que sexa sempre o mesmo.

PREGUNTA: Cánsavos, abúrrevos. Por que estades moito tempo facendo mesmo a mesma cousa?

RESPOSTA 2: Algunha vez estamos toda a hora xogando ao brilé.

PREGUNTA: E iso aburre?

RESPOSTA 2: Si, porque entre que discuten: "deches, non me deches"

PREGUNTA: Gustaríavos que houbese na clase catro ou cinco actividades e que puideses ir cambiando cada pouco tempo para que sexa máis dinámico, máis ameno?

RESPOSTA 1-2: Si

PREGUNTA. Por que así que pasa nas clases, chegades e estades co baloncesto e sempre baloncesto, por exemplo?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: Votades de menos un pouco iso que funcione doutra maneira. Iso dicídesllo ao profesor?

RESPOSTA 1: Eu ás veces si, pero...

PREGUNTA: Pero como clase? Non ti só alí protestando un pouco.

RESPOSTA: Algunhas veces pedímoslle que nos deixe xogar a algún xogo que nos guste a nós, e cando lle pedimos brilé algunhas veces cólalle, e déixanos e outras non. ♀♂N10 - (737:751)

Como xa comentamos na parte da programación curricular os docentes da Educación Secundaria non se mostran partidarios de darlle maior peso aos xogos populares nas súas programacións. Manteñen unha concepción da EF máis hixienista ou utilitarista da materia, en contraposición á visión máis social e recreativa que posúen os docentes de Educación Primaria. Isto é argumentado por un dos docentes da Educación Secundaria dun xeito claro, xa que non concibe unha EF sen certo esforzo físico de intensidade elevada, busca que nas súas clases a motivación dos escolares e a predisposición cara a EF a través dunha carga intensa nas sesións.

Yo creo que si, por lo menos a mis clases vienen con la predisposición de trabajar y se nota porque además a mis clases vienen con ganas de ducharse, o sea vienen con ganas de ducharse, vienen con ganas de trabajar porque luego se duchan. Es decir, es un círculo vicioso que logré hacer muy bien en ese sentido. Como saben que van a currar ya vienen con ganas de ducharse. ♂DS2 - (133:134)

Exactamente, vienen con mentalidad y a veces alguna clase que te coincide que les estoy haciendo test físicos son más livianas, les sabe a poco a los chavales y a las chavalas en general. ♂DS2 - (135:136)

O contraste entre o que manifestan os escolares que non acaban de enganchar definitivamente coa materia, e o discurso dos docentes afirmando que logra motivar aos alumnos, baseándose na esixencia física das clases, é claro. Esta contraposición de visión fai que a motivación cara as clases de EF non sexa tan positiva como a que pensa este educador. De feito o outro responsable da materia argumenta que non todos os escolares asisten cunha gran motivación, recoñecendo que as veces os xogos populares poida que

sexan máis motivadores para os escolares que practicar outros deportes. Esta diverxencia nos argumentos contradí ao outro profesor, este razoamento expresado polo outro profesor apoia en parte ás declaracións dos escolares que maioritariamente confesaban que as clases de EF son monótonas, e que é preciso que existan algúns cambios nelas para facelas máis motivadoras.

Hai que recoñecer outra cousa dos rapaces. Os rapaces teñen moito medo a actividade física, non todos. Pero hai certos alumnos e mais certas alumnas que para eles é un trauma. (indescifrable) Hai rapaces que van con medo, entón tes que ter esa sensibilidade con eles. O brilé é unha cousa que a gran maioría lle gusta, ben porque non o complica moito, ben porque un pode estar un pouquiño ao seu aire e van por aí. Pero non pensemos que a clase todos van moi contentos senón que non, coidado! E despois hai outros que din: "teño que ducharme". Oe, hai xente que ao mellor ducharse é un problema porque non se acostuman a poñerse diante dos compañeiros porque... Entón iso telo que ir logrando que ao mellor se comecen a duchar dous ou tres que os outros vexan que non pasa nada e incorporándoos a actividade. DS1 - (244:245)

Muy bien, al principio se quejan. Porque todo lo que sea romper la monotonía de estos chavales es, es. Además romper la monotonía por la actividad es, les choca. Pero después lo agradecen, porque además es una hora de clase pero que no están en clase. Es una hora que si, que al final realmente les gusta. Y al final en muchos casos echan de menos cuando llega el último día de salir fuera cuando les dices: "bueno ahora vamos a empezar con el gimnasio o lo que fuera". Pues les apetece seguir claro. Hay días que no se presta para salir porque aquí el tiempo cambia, y hace viento, y tal, pero bueno. ♂DS2 - (170:171)

Resposta 1: Aburridas non, pero cansan un pouco.

RESPOSTA 2: Cansa un pouco que sexa sempre o mesmo.

PREGUNTA: Cánsavos, abúrrevos. Por que estades moito tempo facendo mesmo a mesma cousa?

RESPOSTA 2: Algunha vez estamos toda a hora xogando ao brilé.

PREGUNTA: E iso aburre?

RESPOSTA 2: Si, porque entre que discuten: "deches, non me deches"

PREGUNTA: Gustariavos que houbese na clase catro ou cinco actividades e que puideses ir cambiando cada pouco tempo para que sexa máis dinámico, máis ameno?

RESPOSTA 1-2: Si

PREGUNTA. Por que así que pasa nas clases, chegades e estades co baloncesto e sempre baloncesto, por exemplo?

RESPOSTA 1-2: Si.

PREGUNTA: Votades de menos un pouco iso que funcione doutra maneira. Iso dicídesllo ao profesor?

RESPOSTA 1: Eu ás veces si, pero...

PREGUNTA: Pero como clase? Non ti só, alí protestando un pouco.

RESPOSTA: Algunhas veces pedímoslle que nos deixe xogar a algún xogo que nos guste a nós, e cando lle pedimos brilé algunhas veces cólalle, e déixanos e outras non. ♀♂N10 - (737:751)

Observamos como a motivación cara as clases de EF ten diferentes prismas no IES da comunidade. Nunha banda a monotonía da programación e da repetición dos mesmos contidos ano tras ano, non motiva aos estudantes o suficiente e chega a causar certa problemática na clase. Isto é recoñecido por un dos docentes que fala da pouca predisposición cara a EF que poden ter algúns estudantes, aludindo nun primeiro momento ao tipo de actividades que ao mellor non lles gustan a moitos dos escolares, e tamén polo tema da ducha que pode chegar a ser algo traumático para os estudantes. Contrasta isto coa manifesta busca da ducha nos escolares por parte do outro docente da materia.

Mentres que a realidade das clases da EF vai por un lado, e a visión do profesorado fomenta un tipo de EF que non acaba de conectar cos escolares. Os intereses dos escolares e a súa motivación cara a EF van nunha dirección que lles procure novos estímulos e vivencias non relacionadas cos deportes e as actividades habituais da materia. Ademais parece que o diálogo entre escolares e profesores non semella moi fluído porque a nada que os profesores escoitasen algunhas das opinións dos escolares decatáranse que as clases de EF non motivan aos estudantes como eles pensan.

Entendemos que para incorporar novidades nas programacións de EF e nas dinámicas dos centros educativos, sexa preciso ter unha formación pedagóxica máis completa, que dote aos educadores dos recursos e habilidades suficientes para realizar propostas atractivas para os escolares. No caso dos educadores entrevistados soamente unha deles tivo unha formación específica relacionada cos xogos populares durante os seus estudos universitarios. Cremos que isto prexudica principalmente aos profesionais, xa que carecen dun coñecemento suficiente para achegar estes xogos as súas clases. E por outra banda este déficit tamén afecta aos escolares, porque en certa medida vén como as posibilidades de variar os contidos na materia se reducen, e ao mesmo tempo non se lles ofrece a oportunidade de coñecer estes xogos.

Tiven unha asignatura en maxisterio, un curso.

PREGUNTA: Exclusiva de xogos populares?

R: Si.

PREGUNTA: Onde na Coruña?

R: Non, en Lugo.

PREGUNTA: Dentro de maxisterio?

R: Si, na especialidade de EF e non me lembro se foi en segundo ou en terceiro que unha das optativas que podías pedir eran xogos populares.

PREGUNTA: Pensas que é positivo recibir este tipo de formación?

R: Si, si. Para min foi unha das mellores asignaturas que tiven na carreira”.

♀DP1 - (187:196)

Directamente, no. Dentro de juegos si se dio algo.

PREGUNTA: Pensas que sería positivo recibir unha formación?

R: Siii, son juegos. Los juegos vamos, es que yo no discriminaría juegos de una manera y juegos de otra. Todos son positivos pero yo te digo según el ámbito de actuación y el tiempo de que dispongas, tu filosofía de trabajo etc. Pero bueno los juegos son juegos. Sean del tipo que sean. ♂DS2 - (144:147)

Á vista das declaracións é obvio que a formación específica sobre os xogos populares é moi escasa nos profesionais. A meirande parte da formación recibida, estaba centrada noutros contidos, como os deportes e a condición física. Mesmo un dos

docentes da ESO puntualiza que non é necesario que se diferencie entre uns xogos e outros, porque ao fin e o cabo son todos xogos. Afirmación que nos confirma o descoñecemento sobre o contido e a falta de discriminación positiva ou sensibilidade que os xogos populares precisan para non desaparecer.

Si, si. Home eu case son sinónimos tradicional e popular. Tradicional enténdese que ese xogo que sen saber porque sen estar regrado. Tradicional que por tradición se foi xogando sen escribir e sen nada, non. Os populares porque realmente son do pobo, da xente humilde con poucos medios, e un pouco tal. O xogo tradicional que veñen por comunicar os xogos transmitidos por medios orais. Iso bueno é o que entendo eu. Despois, tamén está o concepto de autóctono eu o entendo un pouquiño máis localizado en zonas moi concretas, autóctono do Courel ou autóctono de Sofán, isto é unha aldea da zona de Bergantiños. Entón ese é o concepto que teño eu. ♂DS1 - (166:172)

Pensamos que as iniciativas que elaboran os profesionais ou que se propoñen nas clases de EF e nos centros educativos, están asociadas ao nivel de coñecementos sobre este tema. Nos dous centros de Educación Primaria iniciaron estes programas por un interese sobre o contido, xa que nos dous casos había educadoras que tiveran algunha formación específica sobre o tema, ben cursando unha materia na carreira ou a través de formación complementaria pola súa conta.

Estas propostas espertaron o interese dunha gran parte dos escolares. Son os propios docentes os que manifestaron o interese e a motivación dos escolares por participar nestas actividades e experimentar cos xogos populares. Os docentes móstranse sorprendidos de como as nenas e nenos se involucraron con estes xogos. Este interese por parte dos estudantes mantíñano na ESO, que malia que non tiñan ningunha actividade deste tipo consideraban como positivo participar ou organizar algunha actividade deste tipo que poña en valor os xogos populares. Mesmo un dos profesores de EF na Educación Secundaria, resalta o feito de que estes xogos poidan ser moito máis motivadores para algúns estudantes que os contidos relacionados cos deportes. Lástima que despois só programen os mesmos contidos ano tras ano.

Resposta 1- 2: Moi ben

RESPOSTA 1: Eu co tema das cordas estou alucinada eh. Porque ademais foi así algo moi espontáneo. Comezaron a vir cordas, non sei ben como foi o tema.

RESPOSTA: A mestra Pilar que sacou unha corda ao recreo e comezou cos nenos, e entón xa aí, e na hora da custodio, aí neses momentos de entrada e saída.

RESPOSTA 1: Foi case sen querer.

RESPOSTA 2: E os nenos vendo que o mestrado, que os mestres se involucran eles tamén se senten máis receptivos.

RESPOSTA 1: Si, porque se nos ven saltar, nos ven darlle a corda.

RESPOSTA 2: Claro para ensinarlles.

RESPOSTA 1: Enseguida che veñen: "nos das, saltas?"

PREGUNTA: Interésalles, é algo novo para eles. ♀♀ DP3 - (101:110)

Xa no tocante á participación familiar nas actividades propostas polos centros confirmamos que as ANPAS non estiveron presentes nas iniciativas elaboradas nos centros educativos. A participación das ANPAS nas actividades dos centros educativos, están cinguidas a actividades moi puntuais, festas, visitas aos titores, traballos esporádicos, etc. Non existe unha cultura de colaboración entre escola e ANPAS de cara a axudar ou participar en accións educativas, como poidan ser os programas de dinamización dos recreos. Isto non implica que as nais e pais dos escolares non se preocupen polo que sucede na escola. Sinxelamente a función das ANPAS está restrinxida á participación en accións dos centros escolares moi puntuais, que non supoñen unha implicación máis fonda nas propostas elaboradas polos claustros. Cremos que a participación das ANPAS á hora de poñer en valor os xogos populares, suporía elevar o impacto dos xogos nas experiencias dos escolares, das familias, e dos propios docentes.

Actualmente non o fago, pero creo que estaría ben que ao mellor puideran vir pais e avós pois a contarlle un xogo. Eu o que lles digo que pregunten na casa, que lles conten o que fixeron aquí. Que pregunten na casa se eles xogaban a iso. Iso si que lle digo que o fagan. ♀DPI - (263:264)

No, yo ya te digo que no. Hace años hicieron unos cuantos alumnos míos un artículo para la revista, y la colaboración fue de sus padres, porque era el

requisito. Os xogos dos nosos avós, se titulaba. Entonces pues era eso preguntar a los mayores. Costó bastante trabajo, yo pensé que iban a salir cosas, cosas y cosas, y no. Yo no sé si la gente se olvida, se relaja o no sé. O no sé para a pensar a veces en las cosas que hizo de niño, porque cuando te paras a pensar te empiezas a acordar de cosas y tal. ♂DS2 - (218:218

7. 4. O XOGO POPULAR NO CONTEXTO MUNICIPAL

No seguinte apartado expoñeremos os temas relativos á perspectiva municipal e a súa atención sobre os xogos populares desde a perspectiva da EF. Para isto expoñeremos cales son as actividades e iniciativas que se programan desde o concello a prol da divulgación e conservación dos xogos populares. Estamos interesados en describir como se actúa desde unha dimensión educativa diferente á das escolas. Engadimos a esta presentación dos datos a matriz do contexto municipal [apéndice 4.2] e as redes conceptual correspondentes [apéndice 5.2]. Durante a nosa exposición reflectiremos as valoracións dos profesionais municipais, que en ocasións serán completadas coas declaracións dos outros perfís de informantes, como as nativas/os, docentes e os escolares.

7. 4. 1. O XOGO POPULAR E PROGRAMACIÓN EXTRAESCOLAR.

Dentro da programación municipal son as actividades extraescolares as que ocupan a maior parte da oferta educativa que ofrece o concello en materia de EF. Na oferta recreativa e lúdica promovida desde o municipio para o curso escolar está relacionada cos seguintes deportes: baloncesto, fútbol, ximnasia rítmica, fútbol sala, ou aerobic. Estas actividades son presentados en formato de escolas deportivas, competicións, e xornadas puntuais. Mentres que no verán o concello facilita a xestión para campamentos de verán, actividades puntuais como o día da bicicleta, unha travesía a nado ás illas Sisargas, ou o concurso de castelos e barcanas de area e competicións de fútbol praia, e unha xornada puntual de xogos populares para a 3ª idade. Ademais destas actividades que oferta o concello existe unha pequena escola de surf, un club náutico que organiza

algún curso de verán de vela e piragüismo Todo o mencionado compón o groso de actividades organizadas desde a concellaría de deportes.

- Os escolares

Os escolares entrevistados fálannos da escaseza nas actividades ofertadas polo concello, o cal limita as posibilidades de acceder a outro tipo de oferta de lecer nos seus tempos non lectivos. Esta pouca variedade na oferta inflúe á hora de que os adolescentes se apunten ás actividades, xa que estas non conectan cos intereses das mozas e mozos entrevistados, de aí que non estiveran anotados a nada da grella de actividades. Os escolares coincidiron sinalando que non hai opción a facer máis cousas. Tampouco existen competicións deportivas que se lles ofrezan nestas idades, e a única actividade cun carácter máis lúdica eran os xogos no porto, pero que na actualidade non existe. Destacan os adolescentes o factor estacional, sinalan que durante o inverno é cando menos opcións hai, mentrés que no verán semella que as propostas de lecer e culturais son maiores. Por esta razón reclaman unha maior atención no inverno para os residentes do concello durante todo o ano, e que non se pense soamente en termos de oferta turística.

Resposta 1: O concello organiza no polideportivo, pero son deportes todo.

PREGUNTA: Que deportes son?

RESPOSTA 1: Fútbol, baile, baloncesto e ximnasia rítmica e creo que nada máis. ♀♂N10 - (423:426)

Resposta 1: A verdade que en Malpica non hai moita cousa, e puxeron a piscina e está parada.

RESPOSTA 2: Antes aínda estaba ben, porque antes facían xogos no porto.

PREGUNTA: Agora xa non os fan?

RESPOSTA 2: Non, deixaron de facelos. A última vez fixéronos no pavillón que estaban arranxando o porto, e dende esa non os volveron a facer. ♀♂N10 - (200:204)

PREGUNTA: Non me refiro a actividades obrigatorias que teñas que ir. Digo que se houbera, por exemplo, que botasen unha película no centro cívico pola tarde iriades?

RESPOSTA: Si.

PREGUNTA: Ou sexa que non ides ás cousas porque non se vos oferta nada, soamente os deportes.

RESPOSTA: De verán fan un pouquiño máis, poñen películas ao aire libre na rúa e fan concertos que lle gusta á xente, é máis para que veñan turistas, pero de inverno nada, está todo parado.

PREGUNTA: Claro, non hai que pensar soamente nos turistas senón nos que viven aquí. ♀♂N10 - (513:517)

- Docentes centros escolares

No caso dos docentes é preciso puntualizar que non posúen un coñecemento exacto sobre o tipo de actividades que oferta o concello. Pero recoñecen que aínda que se fan esforzos por parte dun concello pequeno con poboación dispersa, afirman que as actividades extraescolares están orientadas basicamente cara os deportes. Ademais consideran que quizais as actividades propostas non estea chegando á sociedade na medida que deberían, aínda que o concello faga esforzos.

Os responsables do concello pola súa parte afirman que case non se realizan actividades extraescolares encamiñadas á conservación ou difusión dos xogos populares. A única actividade que se organiza desde esta área é para a 3ª idade da que temos tamén constancia grazas ao xornal dixital Que pasa na Costa (Cerqueiro, 2013). Parece ser que tamén se programou nun verán unha actividade encamiñada aos xogos na praia, pero ao final non se realizou porque non se anotou xente. Desafortunadamente os esforzos municipais non están orientados a recuperar e promover o patrimonio lúdico galego, senón que está absolutamente focalizado na promoción dos deportes convencionais.

- Docentes Concello

De feito, este verán unha das actividades que ofertamos, de xeito de balde. Foi xogos na praia, non se presentou ninguén. Había unha nena, non lle interesa e é un pouco reflexo da realidade de aquí, o mar é para traballar. En cambio, outras veces sacamos cursos de vela e funcionan. Funcionan porque debe ser que hai máis pasta, ou non sei. ♂NDC2 - (31:31)

O feito de que non se programen actividades extraescolares cos xogos populares como contido non responde a unha razón concreta, senón a un conxunto de factores que orientan a oferta da EF cara unha proposta máis deportiva. Ben sexa polo tipo de recursos cos que contan no concello, a predisposición dos profesionais cara unhas actividades concretas, das prioridades marcadas polas demandas sociais, ou polo tipo de axudas recibidas por outras administracións.

Resposta: Non hai ningún motivo especial, penso. Penso que o motivo, non ter medios para poder facelo tanto humanos como materiais, penso que non hai ningún outro motivo. Penso que é cuestión de que cousas se lle dan máis valor ou que cousas se necesitan. De prioridades e penso que nada máis, non porque se teña nada en contra, nin porque se pense que con eles non se poida traballar. ♀DC1 - (284:285)

Eu entendo que se pode facer de todo. O paradigma do deporte para min, para min, a nivel técnico ou onde me gustaría apoiar sempre é no atletismo, pero as veces podo, e as veces non podo. No atletismo collen todos e ao mellor tes aí o enganche. Nos xogos populares-tradicionais pode participar todo o mundo, no atletismo colle todo o mundo, outra cousa é que poida facelo e moitas veces ou case sempre non depende de min. Porque si que poderíamos xogar á billa, pero si lle dedicas tempo a iso, non lle podes dedicar a outra cousa, e hai que priorizar en función das demandas que existen. NDC2 - (218:221)

7. 4. 2. OS XOGOS POPULARES E AS INICIATIVAS DE PROMOCIÓN NO CONCELLO.

Fóra das actividades extraescolares do concello queremos saber se existen outras iniciativas futuras que vaian encamiñadas á recuperación e conservación do patrimonio lúdico local. No caso deste concello non existe case ningunha proposta orientada a facilitar os medios e as canles apropiadas para favorecer situacións nas que os xogos populares estean presentes no tempo de lecer da poboación. Non se orixinan novos escenarios nos que a infancia e a mocidade poidan practicar distintas actividades afastadas da actividade deportiva convencional.

No caso da promoción do deporte e de investimento en instalacións deportivas si que foron realizados grandes esforzos a todos os niveis. A posta en marcha de novas instalacións deportivas que en épocas pasadas non existían, fai que as iniciativas municipais se orienten cara as actividades deportivas máis institucionalizadas. Este dominio dos deportes é unha cuestión que está en parte orientada polo tipo de axudas que reciben de administracións públicas superiores orientadas en exclusiva á difusión do deporte.

- Docentes concello

Penso, que facilidades si que as teñen porque teñen espazos para poder xogar. De feito antes non tiñamos instalacións, e quizais ao mellor pois iso substituíu ao que faciamos antes. O que faciamos era, pois iso na rúa sen máis instalacións e agora hai máis instalacións e esas instalacións utilízanse para outro tipo de actividades. Actividades máis estandarizadas ou máis profesionais. Sabes? Deportes xa de equipo. ♀DC1 - (91:92)

Creo que non, pero tamén che digo que na dinámica (silencio), ao mellor tamén podería ir por outra liña que é actividade cultural e recreativa. Iso é botar balóns fóra, pero na dinámica que ten o departamento de deportes, agora mesmo estaba máis centrado nas actividades regradas que de algún xeito podemos fomentar, porque tamén nos están axudando institucións como a Xunta ou a Deputación a facer esas actividades e non os xogos populares-tradicionais. ♂NDC2 - (168:168)

Malia que os profesionais asumen a súa parte de responsabilidade sobre a oferta municipal, as axudas e subvencións inflúen decisivamente no tipo de iniciativas promovidas desde o concello. Tamén por partes dos profesionais se indica que responden as demandas da poboación e da política. A programación do concello está marcada pola demanda social que aparentemente só piden deportes, ademais isto é xustificable co argumento de que ninguén é obrigado a asistir ás actividades extraescolares programadas, e que é unha cuestión de ter iniciativa propia por parte da poboación que se practiquen os xogos populares. Debemos recordar que as gravacións realizadas na praia e no porto e a súa posterior análise [apéndice 2.2] recolle o xogo popular practicado libremente sen necesidade de que o concello sexa o encargado de organizar nada. Ademais en ocasións as propostas están marcadas pola política emanada do concello e de administracións superiores que marcan unha liña de actuación coas axudas e programas desenvolvidos desde estas.

A ninguén se lle pon unha pistola no peito para facer as cousas. É dicir poden xogar, e é cuestión de imaxinación, de buscar as súas alternativas. As políticas que saen dos concellos, ao mellor están máis encamiñadas ao deporte non ao xogo especificamente. Que a xente, si pode xogar cando queira e onde queira, pero o concello non é quen para impedirlle nada a ninguén. ♂NDC2 - (176:177)

PREGUNTA: Digamos que son decisións políticas?

R: Decisións políticas de todos eh! De todos non vou excluír a ninguén.

PREGUNTA: Son propostas que exclúen aos profesionais?

R: A realidade foi esa.

PREGUNTA: E en moitas ocasións pasa iso?

R: Si, pero nós non podemos facer nada. Quen toma as decisións son os políticos, nos somos os traballadores. ♂NDC2 - (209:214)

No concello non existen iniciativas que se programan non teñen un carácter interdisciplinario. A ausencia de sinerxías positivas entre departamentos dá lugar a unha falta de cooperación entre elas. Por esta razón non existe un fluxo de iniciativas entre as diferentes áreas que teñen competencias á hora de organizar actividades de lecer en xeral, traballan de maneira illada uns doutros.

PREGUNTA: Por que pensas que non se fai, por comodidade, por descoñecemento, ou por dificultades insalvables?

R: Por comodidade. Penso que si porque a xente non se quere involucrar.

PREGUNTA: Digamos que ti propós pero non hai unha aceptación desas propostas que ti fas, que non se asumen como súas e non interesa

R: Non, e mais que para facer este tipo de traballos hai que molestarse, hai que reunirse, hai que traballar. Hai que ver que podo chegar eu, a ver que pode poñer el, e daquela hai que reunirse. E daquela por comodidade, pois moitas veces, “oes pois mira eu fago o meu, ti fas o teu”. E ao final o que se ve prexudicado é o usuario. ♀DC1 - (228:239)

7. 4. 3. OS XOGOS POPULARES E OS RECURSOS MUNICIPAIS.

No que se refire ao tipo de recursos que posúe o concello podemos dividilos en: materiais, humanos, e económicos. Un dos puntos máis polémicos foi o relativo aos recursos do concello destinados aos xogos populares, xa que malia que practicamente non se destina ningún recurso á promoción dos xogos populares, si que se realizaron fortes investimentos en instalacións deportivas que posteriormente nin chegaron a funcionar. No caso das instalacións que dispoñen no concello para realizar as actividades son principalmente as instalacións escolares, o pavillón polideportivo e os campos de fútbol municipais. Pero a instalación máis polémica e chamativa é unha piscina cun custe que sobrepasaba o millón de euros (Longueira, 2014; Suárez, 2012), que soamente estivo un mes aberta e logo tivo que pechar debido a súa inviabilidade económica. Mentres isto acontecía o pavillón tiña danos que non eran reparados, como así nolo indican os escolares que critican que non se abra a piscina e por outra parte que non se arranxe o pavillón.

Este tipo de distribución dos recursos é criticada polos escolares. Xa que mentres eles non teñen unha oferta de actividades axeitadas aos seus intereses, o pavillón non era arranxado, observaban como se construían outro tipo de instalacións que finalmente non rematan repercutindo no beneficio da poboación. Constatamos a

mala xestión dos recursos económicos e o nulo interese que os xogos populares teñen á hora de distribuír os fondos do concello. Como nos indican os informantes adultos estas actuacións foron consecuencia das decisións tomadas na corporación local das que os nosos informantes non teñen nin a facultade para tomar este tipo de decisións, nin son consultados para adoptar este tipo de accións que teñen unha relación directa co seu departamento. Ademais disto aseguran non ter recibido ningunha información relativa ao proxecto ata que chegaron os problemas para xestionala, que foi nese momento no que tiveron que facerse cargo desta instalación. Ante este tipo de situacións manifestan a súa contrariedade, xa que se antepoñen determinados intereses sen ter en conta as limitacións do concello, e das consecuencias a posteriori.

- Docentes concello

Houbo cartos puntualmente, porque era un proxecto que alguén quería que se fixera. Entendían a xente que estaba aquí toda, os plenarios todos, non lle vou a botar a culpa a ninguén aprobaron. Tela, entón sobre iso o pobo de Malpica, ten que decidir. E decidiu seguir adiante coa piscina, porque en teoría estes que están aquí son representantes do pobo no concello, e iso a sorte que temos en democracia que cada certo tempo vaise renovando. A sorte ou a desgraza, vaite ti a saber. Entón a día de hoxe, xa che digo que está a instalación feita. Hai pasta para iso? Houbo, porque alguén determinou que a había, pero nin ao técnico de deportes nin á compañeira do técnico de deportes que é animadora deportiva do concello non se lle consultou absolutamente nada. Nin sobre o deseño da instalación, nin sobre a xestión, nin onde se ía a facer non se nos consultou nada. É máis o 31 de agosto do ano 2010 prometéusenos que se nos ía levar á instalación nunha xuntanza con quen mandaba naquel momento e coa concelleira. Eu repítoche o 14 de setembro do 2011 e xa fai meses que o anterior equipo de goberno non está, pois foi a primeira vez que visitei a instalación. E atopeime unha instalación impresionante e son consciente de que aí, hai un montón de cartos. Un montón de cartos, que realmente se poñemos nunha balanza que prefires facer xogos tradicionais durante cincocentos anos ou ter unha piscina? Eu dígoche sinceramente prefiro facer xogos tradicionais, pero non depende de min eu aquí estou para asesorar, non estou para decidir. NDC2 - (207:208)

Ademais no concello están limitados polos recursos humanos dos que dispoñen no departamento de deportes, que impide a realización de máis proxectos e iniciativas. O concello na actualidade conta con dúas persoas encargadas da xestión e das clases de extraescolares. Esta situación provoca que a presenza dos profesionais sexa limitada a unhas horas nas que debe dar todas as clases de extraescolares, adestramentos e a actividade para maiores, que segundo os profesionais fai complexo que se poidan ofertar máis actividades. Mesmo carecen de recursos humanos á hora de poder abrir o pavillón para os rapaces, simplemente para que estean alí os escolares xogando. O concello non dispón dunha persoa que poida abrialle aos usuarios para utilizalo, porque o responsable é compartido co centro cívico e parece ser que nunca está no pavillón, polo que a rapazada tampouco pode acudir ao pavillón a xogar a cuberto porque nunca hai ninguén alí vixiando que non se produza algunha incidencia.

E daquela chega un momento que ti tes unha programación e por exemplo, nós traballamos ata infantís. Pois había unha hora, un oco aí libre e facíase multideporte e os nenos podían vir e xogar ao que quixeran. Claro chega o momento que tes moitos nenos e non dan as horas para poder. Sabes? E fóronse ampliando, pois deportes e agora podes ir a competir co deporte escolar, e imos co baloncesto e daquela xa tes que ter máis horas de adestramento, e ao final non hai esa hora de deporte libre. Entendes? Esa hora aquí non a hai, tampouco hai conserxe no pavillón, co cal aínda que ti quixeras abrir, ten que haber alí un responsable, é difícil. ♀DC1 - (259:259)

Hai un bedel, pero é un bedel compartido co centro cívico, e prefire estar no cívico. Ou mandas para alí un monitor naquelas horas a facer xogos, e entón estás dirixindo ti a actividade, ou senón estamos condicionados pola ordenanza á hora de ir abrir. Que o feito de entrar na instalación e vas facer uso dela, e pagas que son unhas cantidades mínimas, e non queren pagar. A xente prefire que se lle dea todo de balde, por iso estamos falando de xogos fóra dunha instalación. Ou a diriximos nós e poñemos día dos xogos populares-tradicionais todos os mércores e poñémoslle os aros, a mariola, as cordas para xogar, e así xa non sería un deporte libre. ♂NDC2 - (183:183)

Outro elemento que condiciona claramente as iniciativas municipais son os recursos económicos. Neste sentido os recursos cos que conta o concello, unha parte destas achega económicas proviñan de subvencións da Xunta ou da Deputación provincial. Estas axudas estaban orientadas principalmente a cubrir equipamentos deportivos, tipo porterías, as zonas de espazos saudables, entre outras cousas. Isto dificulta que se realicen actividades relacionadas cos xogos populares, xa que a financiación en moitas ocasións depende do tipo de axudas que as administracións ofrecen. Ademais das axudas para os recursos materiais tamén recibían apoio para que o concello participase nas competicións do programa Xogade. Neste caso as axudas van encamiñadas a financiar o transporte dos escolares ás competicións deportivas.

Creo que non, pero tamén che digo que na dinámica (silencio), ao mellor tamén podería ir por outra liña que é actividade cultural e recreativa. Iso é botar balóns fóra, pero na dinámica que ten o departamento de deportes. Agora mesmo estaba máis centrado nas actividades regradas que de algún xeito podemos fomentar, porque tamén nos están axudando institucións como a Xunta o a Deputación a facer esas actividades e non os xogos populares-tradicionais.

PREGUNTA: En que sentido vos axudan?

R: En plan economicamente.

PREGUNTA: Para a compra de material?

R: Con subvencións para levar aos rapaces que é o máis caro de todo.

PREGUNTA: Estades dentro do programa Xogade?

R: Si, no programa Xogade. (NDC2 -167:174)

Logo de repasar a tipoloxía de recursos cos que conta o concello, entendemos que as limitacións a nivel de recursos coas que conta o departamento de deportes, non son un elemento crucial á hora de que non se planifiquen programas orientados á conservación e difusión dos xogos populares no concello. Como describimos nos parágrafos anteriores, accións como a construción dunha piscina de máis dun millón de euros, mentres se carece doutras cousas, evidencia a falta de planificación do concello en materia de lecer. Desta non se pode facer responsables aos traballadores do concello, porque ao final eles non toman as decisións que fan posible determinados investimentos. O descrito con anterioridade ofreceunos unha perspectiva máis ampla que nos permite afirmar que os xogos populares son os grandes esquecidos nas

iniciativas do concello, a ausencia dunha programación que inclúa este tipo de contido que precise dunha memoria económica coa que se poida xustificar ante a Xunta de Galicia, tampouco favorece a que se destinen axudas para a divulgación dos xogos populares. Ademais consideramos que os recursos non son impedimento para que se leve algunha iniciativa de cara á promoción e conservación dos xogos populares nas iniciativas municipais. Como comprobamos nos centros educativos non se precisa dunha gran loxística, nin dun investimento enorme á hora de organizar algún tipo de actividade, senón que é unha cuestión de compromiso e constancia.

7. 4. 4. OS XOGOS POPULARES E AS DEMANDAS SOCIAIS NO CONCELLO.

Outro elemento que semella influir nas programacións do concello son as esixencias da poboación. Como en calquera lugar as accións municipais deben estar orientadas a cubrir as necesidades da poboación. Este argumento é empregado para xustificar a ausencia de iniciativas relacionadas cos xogos populares, por iso detallaremos o tema das demandas sociais que condicionan dun xeito tan decisivo as actividades programadas polo concello e nas cales non se contemplan os xogos populares.

No caso dos escolares entrevistados reclaman un maior abano de actividades para facer no concello. Estes adolescentes láianse da pouca oferta existente no concello e ademais que esta non responde as súas inquedanzas. Como xa comentabamos anteriormente as actividades do concello están limitadas ao fútbol, baloncesto, rítmica e aeróbic. Os escolares requiren máis actividades que conecten coas súas necesidades, algo que na actualidade parece que non ocorre. En liñas xerais reclaman transporte para ir á piscina ante a imposibilidade de usar a propia piscina do concello, máis actividades culturais e recreativas na fin de semana e unha maior oferta nas actividades extraescolares.

- Escolares

Resposta 2: A verdade que non hai nada.

PREGUNTA: Gustaríavos ter cousas pra facer na fin de semana?

RESPOSTA 2: Si, así que se reuniran para facer algo.

PREGUNTA: Por exemplo, que che gustaría facer cos amigos, unha ruta ata Monte Neme na bicicleta ou ir andar ata San Hadrián ou unha película no centro cívico ou no teleclub?

RESPOSTA 2: Si, moitas veces imos nas bici. Antes había películas no teleclub pero quitáronas.

PREGUNTA: As fins de semana estades un pouco aburridos.

RESPOSTA 2: Aburridos non, porque nós imos para o campo e estamos aló pero se houbera actividades iríamos, pero como non hai. ♂♀N10 - (669:676)

Os docentes aínda que non se meten a fondo sobre o tema, deslizan algúns aspectos sobre a sociedade do concello que nos permiten afondar e coñecer un pouco máis a realidade social do municipio e comprender mellor as súas necesidades. No caso dos docentes perciben que a mocidade da comunidade precisa dunha maior liberdade para as súas actividades. Outro aspecto que subliñan é a ausencia dunha concienciación por parte das familias sobre a importancia das actividades extraescolares. Por iso pensan que o concello debería incidir máis en facer fincapé na necesidade de que os escolares ocupen o seu tempo libre dun xeito san, e non só centrarse en ofertar actividades deportivas.

- Docentes concello

R: Aí, hai un problema grande porque que é o que solicitan os pais? "Ou espazo ou a piscina?A piscina". E non se dan conta que os seus fillos non teñen onde xogar. Eu penso que as veces é como se nos, coma se quixeramos copiar o que hai nos sitios. E ao mellor, noutros sitios esas cousas van detrás de outras, pero aquí aínda non hai esas. Pero a xente non quere quedar detrás dos outros sitios.

PREGUNTA: Digamos que non soamente aplicado a Malpica, isto é un fenómeno que se produce en tódolos lugares. Que a nivel local sempre queremos ter máis, cando igual non podemos telo.

R: Claro, é que de feito unha piscina para un pobo pequeno, é como hipotecarse e ao mellor hai outras formas de chegar a ter actividades, ou de chegar a ter ese tipo de actividade, pero buscando outras formas. Pero aí entran os egos da

xente. Entendes? Todo mundo quere ter igual que os demais e ao mellor igual que os demais non se pode. ♀DC1 - (179:182)

Pola parte do concello explican como as súas propostas están en consonancia coas necesidades que lles esixe a poboación. Pero en ocasións as peticións da poboación non están o suficientemente razoadas e contrastadas, polo que o cumprimento das súas demandas orixina situacións nas que en lugar de saír beneficiada a poboación, acaba por ser prexudicada. Como comentabamos anteriormente semella que non hai unha labor pedagóxica orientada a explicar á poboación as limitacións do municipio, e a partir dese punto tratar de reestruturar a oferta municipal tratando de conxugar as necesidades e as demandas cos recursos dispoñibles.

Por outra banda queda claro que nas demandas da poboación semella que os xogos populares non están presentes dentro destas reclamacións. Para o concello o feito de que non se propoñan xogos populares na súa programación, responde principalmente ao tipo de demandas sociais que lles son reclamadas en materia de lecer e tempo libre. A este factor súmase que o dedicarlle tempo aos xogos populares restaría tempo e recursos para outras actividades que en teoría teñen unha maior demanda na comunidade. Parece que a poboación soamente demanda fútbol e baloncesto, pero como comentaban as mozas e mozos entrevistados a oferta que existe é moi limitada e sempre a mesma. Quizais por iso ningún dos entrevistados asistise a actividades do concello, algo que tamén apuntaban algún dos docentes que non observaba unha participación masiva dos seus escolares neste tipo de actividades.

Porque si que poderíamos xogar á billa, pero si lle dedicas tempo a iso, non lle podes dedicar a outra cousa, e hai que priorizar en función das demandas que existen. E a xente che demanda fútbol e baloncesto, e iso é o que tes que intentar dar. Demándanche natación, pois tentas darlle natación. Nun momento dado tiñamos cursos de natación que levabamos aos nenos ata Laracha, facían o curso e volvían, e custaba unha pasta. Pero pagaban encantados, pagaban esa pasta encantados. Agora mesmo non o podemos facer porque temos unha piscina aquí e mentres non se lle dea saída a esta piscina, non podemos facer cursos noutros lados, non é de recibo.

PREGUNTA: Si claro, se tes unha instalación aquí ao lado.

R: Se non se fixera dábanos a pasta, o que se inverteu aí, daba para levar durante cen anos aos rapaces, aos seus fillos e aos seus netos á piscina onde quixeran poñéndolle nós o bus a onde quixeran. Pero non é o caso. ♂NDC2 - (221:223)

Outro elemento que nos preocupa ao igual que acontece no contexto escolar é a participación das familias nas actividades organizadas polo municipio. Neste caso a colaboración e a asistencia das familias nas iniciativas resulta practicamente inexistente. Non existen as canles axeitadas que fomenten a participación familiar en proxectos ou actividades que teñan os xogos populares como eixo central. Algo que tampouco ocorre co resto de actividades que se elaboran por parte do concello. Aínda que o concello realiza reunións periódicas para informar sobre as actividades programadas, xornadas de portas abertas, os familiares non parecen moi receptivos de cara a participar nestas xornadas. Esta situación causa certa contrariedade nos responsables do concello, xa que son momentos para convivir cos propios fillos na maioría dos casos, pero a realidade demostra que en moitos casos isto non se produce.

Non, nós moitas veces pecamos diso, pero ademais nese sentido creo que somos, non sei se dos poucos. Temos xuntanzas periódicas para comunicarlle o que imos facer a nivel deportivo, a nivel de xogos e demais nin contamos con eles. Unha vez ao ano dicímoslle que veñan xogar cos seus fillos e iso a algúns xa lle parece moito.

PREGUNTA: Non hai un feedback positivo a participar nesas actividades.

R: Case que non, veñen obrigados pero veñen, e séntense obrigados a vir. Pero vamos a ver son os vosos fillos. Se non vides a xogar cos vosos fillos que ides facer? Facemos equipos. Digo a nivel deportivo, non de xogos tradicionais.

PREGUNTA: E funciona ben a actividade ese día os pais ven que é positivo e sen embargo?

R: Cústalles vir ese día, é a clausura das escolas municipais traemos aos pais a xogar contra os nenos ao final deberíamos ter un detalle cos pais. Aí me consta que estamos fallando, cos pais que veñen sobre todo para reforzalos, darlle unha chocolatina pero non temos pasta. Ti ves que ao final todo se reduce a cartos. ♂NDC2 - (238:243)

No relativo ás iniciativas que poñerían para a promoción e conservación dos xogos populares, indícanos que a participación de maiores que dominen os xogos sería unha boa maneira de presentar as actividades. Ademais disto propoñen contar coa presenza de expertos que poidan presentar os xogos cun maior coñecemento sobre os mesmos. Pero fan fincapé de novo no tema da dispoñibilidade de certos recursos económicos que permitan desenvolver este tipo accións encamiñadas a difundir e conservar os xogos populares. Ademais a falta de formación específica sobre o tema dificulta que os profesionais relacionados coa EF adquiran un coñecemento moito máis fondo sobre o tema, e desenvolvan unha maior sensibilidade de cara a este contido.

Involucrar á xente maior. Penso que ao mellor facer unha unidade didáctica, pero igual que moitas veces cando ti queres promocionar o fútbol, ou baloncesto, traes a unha persoa a un deportista famoso ou a alguén moi popular na zona ou algo así. Pois penso que se pode facer o mesmo con xente maior, que en resumidas contas son como os deportistas de elite de agora, non? ♀DC1 - (205:206)

Imos ter cartos? Porque é a pregunta que sempre fago. Se temos cartos para poder promocionar, podemos traer a xente que controla, que hai especialistas ensinarlle cinco ou seis xogos distintos, facer xornadas pois poderíanse facer. Pero se non hai cartos dificilmente se fan algunhas cousas. Cartos como subvencións, axudas ou tal. Aínda que che pareza raro as cousas fanse se hai pasta. Hai noutros concellos e me consta que so fan aquilo para o que teñen subvención. ♂NDC2 - (203:204)

7. 5. O XOGO POPULAR E O LECER DA MOCIDADE

No seguinte punto falaremos do lecer da mocidade na comunidade para comprobar se os xogos populares están presentes como manifestación recreativa e lúdica no tempo de lecer. O feito de aproximarnos ao tempo de lecer da xuventude ofrécenos a posibilidade para describir nas xeracións actuais a presenza dos xogos populares das xeracións pasadas. Para explicar este tema ademais temos a matriz de achádegos do lecer [apéndice 4.4] e o mapa conceptual que se corresponde [apéndice 5.4]. Isto permite

realizar unha mellor presentación dos datos e a relación existente entre o lecer xuvenil e os temas tratados co contexto municipal. Para realizar isto contaremos coas declaracións dalgúns nativos das xeracións máis vellas, as manifestacións dos escolares entrevistados e mesmo dos educadores.

7. 5. 1. O XOGO POPULAR NO LECER DA MOCIDADE.

No caso da mocidade entrevistada a oferta das extraescolares é escasa e non coinciden moito cos intereses dos escolares entrevistados. Os escolares entrevistados nalgúns casos ocupan unha pequena parte do seu tempo de lecer, practicando algunha actividade deportiva, e en menor medida outro tipo de actividades como as musicais. Outros estudantes sinxelamente non realizan ningún tipo de actividade e dispoñen libremente do seu tempo para quedar cos amigos, pasear, ou outro tipo de actividades. Ademais indícanos que non teñen tempo suficiente para facer moitas actividades, debido a que están demasiado ocupados coas tarefas escolares e case non lle queda tempo libre para disfrutar.

- Escolares/Nativas/os

RESPOSTA 1: No equipo de fútbol campo, e máis fútbol sala.

RESPOSTA 2: Eu ao único así que tal vou a baile rexional e pandeireta.

RESPOSTA 1: Pero as rapazas que van, fan aerobic.

PREGUNTA: Fan aerobic aquí as chicas?

RESPOSTA: As máis pequenas algunha de 1º e 2º que fan baloncesto. Andrea fai baloncesto. ♂♀ N10 - (144:153)

PREGUNTA: Non tes tempo para xogar, por que?

R: Porque el colegio, las clases después del colegio, no da mucho tiempo para jugar.

PREGUNTA: Non, pero non rematades cedo as clases, as dúas, ou non?

R: No, porque en mi colegio tengo clase por la mañana, voy a casa a comer y luego vuelvo por la tarde y luego tengo clases extraescolares hasta las 7 y hasta las 7 y media no llevo a casa

PREGUNTA: E nas clases extraescolares, de que van?

R: Nada de asignaturas normales, matemáticas, lengua...

PREGUNTA: Non tedes deportes ou nada parecido?

R: Si te quieres apuntar si, pero.

PREGUNTA: Ahh. Ti so vas as clases de estudar?

R: Si, claro.

PREGUNTA: E cando saes da escola?

R: Para casa, hacer los deberes y estudiar. ♀N9 - (208:221)

Outro elemento que nos parece preocupante é a tipoloxía dalgúns hábitos no tempo libre. No inverno unha parte da mocidade pasa moito tempo nos bares xogando ao fútbolín. Isto tamén é advertido polas nativas/os de maior idade, que reflexionan sobre o feito de que por unha banda os escolares teñen demasiadas obrigas escolares, e ao mesmo tempo non saben desfrutar da rúa e acaban realizando no seu tempo libre actividades que non están relacionadas co xogo na rúa, senón co consumo nos bares, os pasatempos electrónicos, ligar. Todo isto é realizado a idades moi temperás o cal lles impide desfrutar dun xeito máis san desta etapa da vida.

RESPOSTA 2: De verán vas para a praia ou para o porto e aínda.

RESPOSTA 2: De inverno, non saímos do bar.

RESPOSTA 1: De inverno non saímos do bar ou imos a casa dun amigo ver unha película. Pero sabes, “Play”, todo televisión por dicilo así. ♀♂N10 - (216:218)

Eu creo que os rapaces de agora teñen outras cousas máis modernas e non se paran a aprender esas cousas de antes. Non, porque ti agora non ves a ninguén cunha corda, a unha nena saltando á corda. Agora con doce anos xa andan con mozo e xa non. Xa abandonan o xogo todo, e máis a súa nenez. É que estas xa non desfrutan da nenez, porque van ás escolas, das escolas cos deberes para a casa, xa non teñen nin tempo para xogar. ♀N2 - (185:186)

O que si podemos afirmar é que no inverno cando climatoloxía é máis adversa, os escolares están limitados á hora de poder facer actividades ao aire libre. Por esta razón están un pouco obrigados a permanecer máis tempo en espazos pechados. Pero si

que no verán como se recolle nos vídeos analizados da praia e do porto [apéndice 2.2] a xuventude segue a manter vivos algúns xogos populares, como os saltos no porto, “ouchea” polas pedras do Caldeirón, facer figuras de area, xogar ao balón, as palas etc. Interpretamos polo tanto que unha vez que os escolares dispoñen dunha maior liberdade nas súas obrigas e unha mellor climatoloxía, en moitos casos optan por reunirse no porto e na praia para xogar e estar coas compañeiras e compañeiros tendo un uso do tempo libre máis relacionado cos xogos populares, como acontecía nas xeracións adultas.

Os docentes pola súa parte advirten da problemática que teñen hoxe en día os escolares co seu tempo libre. Os docentes consideran que existe unha sobrecarga de responsabilidades e obrigas sobre os escolares, entenden que as xeracións actuais carecen da liberdade que tiñan eles para reunirse á marxe da escola e das actividades extraescolares. Asemade indicánnos que a evolución tecnolóxica na que viven estas xeracións marca tamén o uso que fan do seu tempo libre, o que limita que non se relacionen coma as xeracións pasadas nin nos espazos das xeracións pasadas.

- Docentes escolas/concello

Eu creo que algo si, porque as veces non lles deixamos tempo para que xoguen eles. Non? Témoslle a vida moi organizada. Saen de aquí e teñen clase, pois teñen fútbol, e despois pois teñen clase de manualidades ou clase de inglés. Non sei creo que os nenos de hoxe en día teñen a vida moi organizada, e non se poden expresar eles espontaneamente ou xogar de forma espontánea. ♀DP1 - (143:144)

Eu creo que en parte porque os nenos non están xuntos. Eu penso que desde que rematan as actividades. Por exemplo, pódenos mandar a actividades extraescolares para que estean cos outros nenos pero a partir de aí, pois ao mellor un neno vai de catro e media a cinco e media a unha actividade e a partir das cinco e media practicamente vai para a súa casa. E se non vai para a súa casa, vai á biblioteca a internet. ♀DC1 - (145:145)

7. 5. 2. O XOGO POPULAR E AS OPCIÓN S DE LECER DA MOCIDADE.

En relación ás as posibilidades que teñen os escolares para empregar o seu tempo libre, estaban limitadas en relación ao tipo de oferta municipal. Agora ben para as xeracións máis vellas as posibilidades das que gozan na actualidade as nenas e nenos son maiores cas que tiveron na súa época. Aquí o salto xeracional é claro, xa que a gran parte das nativas/os da comunidade non tiveron na súa infancia e mocidade ningunha apositabilidade de desfrutar de todos os medios e oferta da que pode facer uso a mocidade na actualidade. Por iso as xeracións adultas quéixanse de que as novas xeracións de non saber empregar o seu tempo libre e malgastalo en televisión, videoxogos, internet, etc . Pero tamén existen algunhas valoracións que recoñecen que quizais as novas xeracións non teñen ese contacto co xogo na rúa como tiñan eles antes, porque á mocidade non se lles fai ver as posibilidades que teñen hoxe en día para xogar e tratar de inculcarlles ese hábito por xogar. Entenden que isto provocou que os xogos populares que practicaban nas súas xeracións non teñan a mesma capacidade para atraer ás novas xeracións, xa que non existe unha concienciación sobre a importancia de aproveitar o tempo libre xogando nas contornas.

- Nativas/os

Para xogar? Teñen máis coño, os rapaces de Malpica, ata neste tempo non van a ningún lado, hai quen estuda e hai quen fai que estuda. Hai ou non hai? Eu seino, coñezo unha chea deles que fan que estudan e andan, que segundo saen xa van para o Leño ou o Submarino (bares). É ou non é? É outro mundo "Puli", o mundo foise virando, e para min que se virou todo para mal, para min que se virou todo para mal, porque eu non vexo onde imos ir parar [...].
♂NI - (173:174)

Pero agora tamén tes un día material e dígolle eu: "pero ide para a praia, che! Xogar á pelota". Estanche aquí ou na casa coa maquineta. Quero dicir, ter teñen as mesmas, porque para xogar na rúa non fai falla ter. Pero que pasa que agora teñen máis onde escoller, escollen outra cousa máis cómoda para eles, digo eu.

♀N5 - (136:136)

A ver, oportunidades téñenas todas. O problema é facerllas ver, e que sexan copartícipes desa realización, porque non é tanto culpa deles que non saiban xogar. Eles fan o que ven, como nos fixemos. Se eles non ven habitualmente a nenos xogando a pandala, a laviscura, ás agochadas. Xogan ás agochadas, pero xogan na casa. debaixo dunha cama, por detrás da lavadora. ♀N6 - (103:104)

No caso dos educadores a percepción sobre as opcións de lecer que teñen os escolares van na liña manifestada polas nativas/os adultos. Pero engaden outro elemento como é a dispersión da poboación que dificulta que se poidan reunir cos grupos de amigos, xa que non poden quedar porque viven lonxe uns dos outros e iso dificulta que poidan quedar e xogar máis na contorna

- Docentes escolas/concello

Penso que hoxe en día teñen menos posibilidades, porque están máis tempo, hai maior sedentarismo. Están máis tempo na casa con outro tipo de xogos, moitas veces relacionados coa tecnoloxía que tamén é boa, pero claro perden moita socialización. No rural, pois teñen maior facilidade porque si que é certo que están máis tempo na rúa. O que pasa que claro a poboación é dispersa, tamén hai casos de alumnos que viven moi afastados dos seus compañeiros, entón iso non facilita tanto. ♂DP2 - (80:80)

7. 5. 3. OS PASATEMPOS TECNOLÓXICOS NA MOCIDADE.

Un dos temas máis mencionados polos adultos é a cuestión dos pasatempos tecnolóxicos que existen na actualidade. As xeracións máis vellas pensan que na actualidade a mocidade viven moi pegada aos trebellos tecnolóxicos como os teléfonos móbiles, videoconsolas, ordenadores, etc. Para as xeracións adultas estes pasatempos son menos atractivos que os xogos populares, xa que se perde a relación persoal coas

amizades, non se aprenden a relacionar fóra do mundo virtual, practican actividades máis individualistas, nin desenvolven actividades físicas ao aire libre.

- Nativas/os/escolares

Pero agora tamén tes un día material e dígolle eu: "pero idee para a praia, che! Xogar á pelota". Estanche aquí ou na casa coa maquineta. Quero dicir, ter teñen as mesmas porque para xogar na rúa non fai falla ter. Pero que pasa que agora teñen máis onde escoller, escollen outra cousa máis cómoda para eles, digo eu.
♀N5 - (136:136)

Pero tamén hai outros hábitos lúdicos, xogar máis individualmente, xogar con videoconsolas, internet ect. Un xogo máis fogareño, non tanto no espazo público, e eu sempre lembro unha frase que era moi habitual xogaras onde xogaras, que a tribo, a xente nos dicía: "ide xogar á area!!"- Iso diciannolo moi a miúdo. Se eran as catro da tarde e estabamos xogando un partido. ♂N6 - (64:64)

Os escolares entrevistados aínda que recoñecen que usan os pasatempos tecnolóxicos, non semella que fagan un uso abusivo deles. Algúns din que os empregan despois de estar pola rúa cos amigos, outros que nin fan uso deles, para outros a preferencia son as actividades deportivas.

- Escolares

Xogades á "playstation" e cousas destas ou preferides outro tipo de actividades.

Resposta 2: Eu nada.

PREGUNTA: Ti nada.

RESPOSTA 1: Eu, algo á "play" xogo, pero prefiro actividades deportivas que "play". ♂♀N10 - (144:147)

PREGUNTA: E ti?

RESPOSTA 2: Eu á "Play" ou algo así.

PREGUNTA: E ti a nada, a nada de nada? E logo que fas cando estás no teu tempo libre?

RESPOSTA 2: Ou pasear, ou en internet. ♀♂N10 - (358:361)

Resposta 1: Eu algo ao ordenador.

PREGUNTA: Que preferides xogar co ordenador ou estar por aí cos amigos?

RESPOSTA 2: Depende porque eu os sábados ando todo o día cos amigos e daquela pola noite.

PREGUNTA: Estás á túa bola co ordenador.

RESPOSTA 2: Si.

RESPOSTA 1: Eu, igual ca ela.

PREGUNTA: Andades todo o día por aí, e despois ao ordenador. ♀♂N10 - (678:685)

Resposta 1: Non sei, porque eu que sei. Agora fanse máis outras actividades non sei. Agora anda toda xente con móbil, e antes andabas, non andaba así. Despois a “Play” ordenadores, etc. ♀♂N10 - (253:253)

Os educadores entrevistados manifestan argumentos similares aos recollidos por parte das nativas/os. Aluden á menor presenza da infancia nos espazos públicos, maior sedentarismo na infancia, etc. Ademais engaden o feito de que existe unha maior presión sobre as novas xeracións no relativo ao consumismo, xa que estas permanecen máis expostas ás presións comerciais. Isto tamén pode influír no feito de que as modas hoxe en día estean máis relacionadas cos hábitos máis tecnolóxicos. Ademais manifestan que quizais estes xogos sexan os populares da época na que vivimos e da sociedade diximodernista (Kirby, 2009) na que vivimos.

- Docentes escolas/concello

Eu creo que agora hai outros, outras modas, antes non tiñamos tantos videoxogos, e non tiñamos tanta televisión. Eu penso que agora están máis influenciados por iso e que lles gusta máis. Se lles deixas xogar no ordenador eu creo que prefiren quedar xogando no ordenador que saír a xogar eles. ♀DP1 - (101:101)

Sobre todo nas casas, estes xogos espontáneos están substituídos por xogos máis mecánicos, por xogos máis ehh. Supoño que tamén interveñen fins comerciais, e certos materiais, si de carácter máis estático. Porque claro un pouco vai relacionado cos nosos hábitos, coas nosas rutinas. Se nós pasamos o maior tempo de lecer no fogar, pois ao final, claro tes que buscar outras alternativas que non sexan xogos espontáneos que requiran espazo, que requiran compañeiros, adversarios. ♂DP2 - (112:112)

Quizais sería o mesmo que faciamos nós, só que nós o faciamos con xogos populares e con outro tipo de materiais, e eles agora fano coa “Wii”, coa “Play” ou o monopatín con motor xa (risas), e daquela, pois iso. ♀DC1 - (122:122)

7. 6. O XOGO POPULARE E OS VALORES /ANTIVALORES E REGULAMENTO

Neste apartado o que recollemos son as vivencias relativas aos valores, antivalores expresados nos xogos populares locais. Centramos a nosa atención nas xeracións máis vellas, xa que son estas as que tiveron unha maior experiencia lúdica cos xogos populares. Pero isto non significa que non nos aproximemos ao contexto educativo, tamén queremos recoller as valoracións dos profesionais en relación a algúns dos temas que están relacionados cos valores e antivalores, para que teñamos unha perspectiva desde unha óptica máis pedagóxica. Deste xeito presentaremos as valoracións das nativas/os e docentes relacionadas co tema. Ademais achegamos os mapas conceptuais [apéndice 5.6] e a matrices correspondentes do regulamento e dos valores-antivalores [apéndices 4.6, 4.9].

7. 6. 1. O XOGO POPULAR, AS NORMAS, O ABUSO E A VIOLENCIA.

Dentro da comunidade os xogo populares non foron un contexto no que sempre reinase a cordialidade entre os participantes. Os informantes relatan como o abuso dos maiores ou dos máis fortes estaba presente na práctica dos xogos populares. Este abuso era practicado dun xeito bastante cruel por parte dos chamados *abusóns*, que aproveitaban a maior experiencia nos xogos para impoñer unha determinada maneira de xogar, explicar o xogo dun xeito violento para intimidar aos máis cativos, aplicar os castigos ou sancións dunha forma agresiva e violenta, ou impoñer a súa forza para cometer trampas.

- Nativas/os

Si explicábanse, pero algún asasino dos máis vellos, igual che estaba explicando, como xa che estaba dando. Non sabes? E dicías: "Hostia! Non xogo, a este conto non xogo, a este non volvo xogar" (risas).

PREGUNTA: Había moito abusón?

R: Uff, había moito abusón nos grandes.

PREGUNTA: Había moita violencia nos xogos?

R: Si, si, si.

PREGUNTA: Ehh, e era?

R: Ameazábante, ho! Ameazábante, mandaban todo eles, ho! Tiñas que facer o que quixeran eles. ♂N3 - (135:142)

Normalmente xa había as súas normas de castigo, perdías puntuación, saíaste do xogo, pero digamos que nos partidos non había árbitros, nos xogos non había árbitros todos, sabíamos o que era man o que era penalti, aínda así cando xogabas contra os grandes, abusaban. ♂N6 - (77:80)

Pois depende da forza que tivese o trampulleiro. Se era un trampulleiro que era bo trampulleiro, pero que despois as podía levar, como o cazaran levábaas. Se era un compañeiro forte podía facer trampas que ninguén lle ía dicir nada.

PREGUNTA: Había castigo daquela?

R: A medida da forza era moi importante naquela momento. O poder tíñao a forza, e o liderado tíñao a forza, na rúa é che así. ♂N7 - (78:81)

Nos xogos populares locais o abuso e a violencia estaban relacionados co funcionamento da normas, as trampas, infraccións, castigos, coa selección dos equipos, etc. As liortas, as pelexas, o choque de forzas duns e outros por impoñer o seu criterio, tiña como consecuencia que os máis fortes e grandes dominaban aos máis febles e pequenos a través de agresións físicas ou do medo, que remataban coa imposición do criterio dos abusóns sobre os outros, en lugar de chegar a un acordo.

Oooiiiiii! Nada, non pasaba nada. Porque os trampulleiros eran sempre os máis grandes, e mandaban eles e había que facer o que quixeran eles (Risas). Ameazábante con darche unha hostia, ou dábancha e despois chegabas á casa: "papá aaahhh!" E aínda levabas outra. Valía máis calar. ♂N3 - (133:142)

Este abuso e agresión física nos xogos populares debíase aos conflitos xerados en torno aos regulamentos. A violencia no xogo tiña maior presenza no xénero masculino que no feminino. Os informantes de xénero masculino fan referencia ás agresións físicas como algo que acontecía dun xeito natural entre as distintas xeracións de nenos. Pola contra as nativas á hora de falar dos conflitos xordidos en relación ás trampas, recoñecen que si existía conflito e podía haber discusións e mesmo agresións, pero non fan unha alusión tan clara e directa á violencia no xogo. Isto interpretámolo como unha clara forma de socializarse dun xeito distinto entre as nenas e nenos, porque malia que nos dous xéneros se recoñece a existencia de situacións de conflito a forma de solucionarlos parecía ser menos agresiva no caso das nenas que nos nenos. Explican as nativas/os a existencia de prohibicións e discriminación sobre aquelas nenas e nenos que se dedicaban a facer trampas con certa frecuencia.

Home, collías a fama de trampulleiro, e os compañeiros apartábante un pouco, si, si. Home trampas non lle gusta a ningún facelas, salvo en momentos dados, collías fama e quedabas un pouco illado. ♀N4 - (101:102)

Pois chamábaslle trampulleiro, dicíaslle que non xogaba máis ata o outro día. Non xogaba ese día nada máis [risas] despois esquecíaste. Pero si que había trampulleiros, claro que había. ♀N5 - (94:95)

Porque esas normas xa viñan dadas. A trampa, está nos pasos. Entón claro si o ves: "así non vale!! Me cago en tal!! Non sei que". Lío, podía haber trompazos tranquilamente, se xogaban os rapaces sós seguro que había tortas. (risas) ♀N5 (97:97)

O feito de que os xogos populares posúan unhas normas máis flexibles que outras actividades recreativas e deportivas, por unha parte fomenta o diálogo, a participación e a resolución de conflitos, e o desenvolvemento de diferentes habilidades sociais nos participantes. Pero, ao mesmo tempo esta facilidade para cambiar as normas, podería ser unha fonte de fortes disputas entre as propias crianzas, sendo o xénero masculino o que manifestaba condutas máis agresivas relacionadas coa violencia física á hora de solucionar os conflitos.

No caso da nosa investigación comprobamos como nos xogos populares practicados polas distintas xeracións adultas, os regulamentos dos xogos procedían da transmisión oral interxeracional. As normas eran transmitidas, adquiridas e interiorizadas dun xeito natural, a través de pequenas explicacións, pola imitación de modelos, e pola propia práctica dos xogos.

Non. Mantiñámolas porque se transmitían de xeración en xeración, quero dicir, que xogar a montana churra, ou a pandalas, ou os grandes e pequenos, que era ir correndo os pequenos detrás dos grandes e os grandes detrás dos pequenos, era así son catro normas. Outro que me acordo agora, o palenque ou a billa que lle chamamos nós. Sabes o que é? ♂N6 - (71:72)

As normas que marcaban o desenvolvemento dos xogos populares, malia que estas eran transmitidas a través da cadea oral interxeracional. Tamén podían ser trocadas en función das necesidades dos xogos, ou mesmo dos intereses dos participantes. Isto é confirmado por algúns dos informantes entrevistados, que curiosamente volven a ser de xénero masculino os que afirman que as normas eran modificadas en función dos intereses dos participantes. Como xa comentamos anteriormente o feito de modificar as normas a favor dun grupo, ou duns intereses, era a orixe de moitos dos abusos e agresións que se producían nos xogos populares.

Dos intereses sempre, cando queríamos xogar ao fútbol, as veces xuntabamos 40, e saímos da escola: "veña imos xogar á area ao fútbol". E ían vindo máis e máis, e iamos escollendo os mellores: "ti dálle cara Canido, ti con nós". E así, e se podías sempre escollías aos mellores e os máis frouxos no outro equipo (risas), pero os malos como tiñan orgullo empezaban a patada limpa, patas nas canellas. ♂N1 - (115:116)

Resposta: A verdade é que as veces eramos bastante cabróns, e cambiabámolos en función do noso interese. En función do interese de gañar, de xuntarte coa xente que fose máis potente, ata despois coñeces mellor o espazo, ata aquí fóra ata aquí non, aquí podes aquí non, se ti sabes xogar mellor e fas cousas que os outros non controlan, pois isto si vale esoutro non, todo iso (risas) ♂N7 - (74:75)

Comentamos nos parágrafos anteriores que a violencia estaba presente nos xogos populares locais debido ao abuso que os maiores ou os máis fortes facían sobre do resto dos participantes. Pero a violencia tamén estaba tamén presente en moitos dos xogos practicados polas xeracións máis adultas. Volvemos neste caso a subliñar o feito de que sexa o xénero masculino o que aluda a esta cuestión, polo que estamos en condicións de afirmar que os xogos populares nos que participaban os nenos eran máis agresivos ou violentos non só polos conflitos xerados polas normas, senón polo tipo de xogos que practicaban. Xogos como as guerras a pedradas, loitas con espadas, os arcos e as frechas, o cinto, a cuncha, ou o abellón, son unha mostra de xogos populares nos que a violencia estaba presente na propia natureza do xogo. Os xogos violentos e as situación de agresividade nos xogos eran asumidas polos participantes como algo natural dentro dos xogos, deste xeito a violencia era consentida e asumida polo grupo de iguais.

E A roda dividía Corea de Malpica, nós chamabámoslle Corea aos da Atalaia, hai uns anos houbo a Guerra de Corea, non sabes? Pois nós os de enriba chamabámoslle os coreanos, e cando saíamos da escola preparabámonos, e a pedrada limpa. Pero a pedradas! Aínda teño aquí a sinal, a pedrada limpa (risas.) ♂N1 - (84:84)

PREGUNTA: Había castigo físico?

R: EHHHH, había xogos nos que o castigo físico era a ollos de agora salvaxe, salvaxe. Por exemplo, xogar aos indios e vaqueiros con arcos en cabanas, e disparar cos arcos de frechas feitas de varillas de paraugas, pois nas cachas, nas pernas. ♂N6 - (79:80)

Había que poñerse as pilas xa que de caso contrario podías estar toda a tarde pandando, o espazo era sempre a praza de Buño e sempre xogabamos tirando á noitiña tanto nenos coma nenas, pero principalmente eramos nenos os que xogabamos, cando un dos participantes se negaba a seguir pandando aplicábaselle un correctivo a modo de castigo que era a chamada aceiteira, que consistía en recitar o abecedario e ir dándolle cos cotelos do puño nas costas dos compañeiros que marchasen sen rematar os xogos. ♂N11 - (16:16)

7. 6. 2. O XOGO POPULAR, A COMPETITIVIDADE, O VALOR MOTRIZ E SOCIO EDUCATIVO.

Na comunidade moitos dos xogos populares eran xogados cunha vontade competitiva por parte das crianzas. Esta competitividade é un valor que pode ser considerado como un antivalor en función da situación de xogo e como é expresada esta durante o desenvolvemento do mesmo, por esta razón parécenos oportuno destacala neste punto. A competitividade nos xogos non estaba focalizada só como algo cuantitativo relacionado cun marcador numérico. Nos xogos populares que non tiñan ese carácter sumatorio a competitividade viña pola calidade e habilidade que mostraban as crianzas xogando, por exemplo nos saltos ao porto, nos que cada nena e neno tentan en moitas ocasións facer saltos máis acrobáticos que o resto das crianzas. Nas filmacións obtidas no porto [apéndice 2.1], comprobamos como se manifesta este tipo de competitividade.

- Nativas/os

Mellor era ganar carallo. Mira eu non creo nesas cousas amigables, cando hai fútbol carallo para o amigable, largan cada patada. Mira en tódalas cousas

todo omundo quere gañar, eu nunca xoguei á baralla nunca fun home de xogar, pero cando os vexo no bar xogando a partida que non están xogando nada e cabréanse, pero xogan o orgullo. Todo o mundo quere gañar, é o orgullo. É ou non é? Todo mundo quere gañar. ♂N1 - (124:126)

Eu creo que si, a todos nos gusta gañar, aínda que esteas xogando. Era a ver quen saltaba mellor, quen remataba mellor a mariola, eu creo que si que eran competitivos. ♀N4 - (104:105)

Si, si, si, si. Todo mundo quería xogar e gañar, todo mundo na rúa quere gañar, sempre todo o mundo quere gañar. Se perdes na rúa estas fodido, e daquela queres gañar sempre, e irás a aqueles xogos onde poidas gañar, para ser alguén en algo, e poder destacar en algo e que te respecten en algo. ♂N7 - (83:84)

O interese por gañar e facer as mellores accións era común a todas/os, aínda que como nos indica unha das nativas gañar é algo que a todos lles gusta. Pero semella que a competitividade no xénero masculino era maior que no feminino. Unha das informantes establece unha comparación coas novas xeracións nas que observa algo moi parecido ao que acontecía cando ela era nena.

Home, todo mundo quería gañar pero coma sempre. Como pode haber, eu que sei os xogos agora. Eu fíxome cando xogan ao fútbol aquí no recreo, e andan a morte e son sempre os mesmos equipos, xa saen e teñen cinco, e cinco claro. En vinte minutos fan un partido de “champions”, e nós tamén en vinte minutos faciamos do recreo. A min paréceme que os nenos eran máis competitivos que as nenas, parécemo. Tiñan aquela ansia de gañar, nós como xogabamos á goma ou ao brilé. Ves! Se había nenos no brilé había máis ansia de gañar, poñíanlle máis ganas eles, aquela cousa, en cambio as nenas. Oes, fodíache perder como todo Deus, pero nada máis, xogabas para pasalo ben. Pero, en cambio cos nenos, a min paréceme que eran máis competitivos os nenos daquela época e agora tamén. ♀N5 - (99:100)

O feito de que os xogos populares presentados nas clases de EF sexan na súa gran maioría descoñecidos para os escolares provoca que a competitividade con este

contido no contexto escolar sexa menor que nos deportes convencionais. O dominio que os escolares teñen sobre os xogos populares é menor en comparación con outras actividades deportivas. Esta circunstancia é percibida polos docentes de Educación Primaria como un factor determinante á hora de que os escolares se mostren menos competitivos que con outras actividades deportivas programadas nas clases de EF. En liñas xerais a competitividade considerana como algo positivo que debe ser encauzada e supervisada polos propios profesionais para que a competitividade non sexa vista como a busca da vitoria sobre calquera outra cousa, e sexa percibida polos escolares como o afán ou motivación pola superación.

- Docentes

Eu creo que menor, porque a ver normalmente son xogos descoñecidos para todos entón non hai. Algún si que pode destacar que sexa máis hábil e si que pode destacar. Pero en xeral como ningún sabe xogar parten todos do mesmo nivel e xa non hai tanta competitividade. Eu creo que non hai tanta competitividade por iso, porque máis ou menos teñen todos o mesmo nivel. Creo que é así. ♀DP1 - (257:258)

Si eles son bastante competitivos igual, non tanto como nos grandes deportes que imperan hoxe en día. Porque aí xa están condicionados por outras cousas, pero si logo son bastante competitivos. Pero estes xogos o bo que teñen é que claro, como moitos non son tan coñecidos non hai tanta diferenza nas habilidades que eles teñen. E logo claro como teñen un carácter moi variado, entón nun xogo unha persoa destaca moito, pero noutro é a outra persoa a que destaca, entón é como máis repartido. ♂DP2 - (190:191)

Outro elemento de interese nos xogos populares é a posibilidade de desenvolver as habilidades motrices e as capacidades físicas. Para unha parte das nativas/os este feito non pasa desapercibido, por iso comentan como en moitos dos xogos populares os participantes debían ser o máis competentes posible nas súas execucións para ser o máis destacado no xogo, e así obter certo recoñecemento social. O feito de que os xogos populares fosen tan variados facía que o desenvolvemento motriz das xeracións pasadas tivera gran riqueza. Ademais con posibilidades de desenvolver a motricidade no medio

acuático e terrestre. Como nos apuntaba unha das nativas no momento actual os xogos populares poida que sexan practicados na EF, pero as xeracións pasadas que non tiveron outra EF que os propios xogos populares, puideron desenvolver unha motricidade totalmente completa grazas á práctica destes xogos. Nas filmacións [apéndices 2.2.1; 2.2.2] observamos como os xogos populares locais que practicaban as novas xeracións no porto e na praia, son actividades polas que que pensamos se poden desenvolver a motricidade dun xeito global e integral.

- Nativas/os

Resposta: Siiii, si. Difíciles non eran difíciles, pero si que tiñas que ser hábil porque tiñas que correr moito, tiñas que saltar, se querías estar aí, tiñas que espelirte. ♀N4 - (107:108)

Non sei si había que selo, pero os habilidosos en certos xogos triunfaban, eran tamén os referentes na infancia. ♂N6 - (85:86)

No que se refire aos docentes de EF, existe unha maior disparidade á hora de considerar os xogos populares como un medio para desenvolver as habilidades motrices. Os docentes da Educación Primaria e do concello, consideran os xogos populares un medio axeitado para desenvolver dun xeito global a motricidade. Porén na posición contraria atópanse os docentes da Educación Secundaria. Eles non consideran que estes xogos poidan chegar a desenvolver a motricidade e as capacidades físicas de maneira tan completa como os deportes ou outro tipo de actividades. Como xa explicamos dentro do apartado do contexto escolar, a visión que posúen sobre a EF nas dúas etapas varía, sendo na etapa da Educación Secundaria na que manteñen unha visión máis hixienista e centrada no rendemento físico, por esta razón manteñen este criterio á hora de valorar os xogos populares como un medio de desenvolvemento motriz.

- Docentes escolas

A verdade que sempre o fago cos xogos populares porque me parecen os máis axeitados e incluso gústalles moito o tema de zancos. As habilidades motrices

básicas trabállanse todas, por medio deste tipo de xogos. Logo hai moitas habilidades específicas de lanzamentos e recepcións que si que tamén, tamén as desenvolvemos con estes xogos. ♂DP2 - (168:168)

Todas las habilidades motrices no. Yo creo que no.

PREGUNTA: Por que?

R: Porque yo creo que no. Si, si por ejemplo, aspectos de fuerza, condición de resistencia mucho mejor con otro tipo de actividades mucho más lúdicas. El, no le veo el aspecto tan lúdico a muchas actividades de deportes modernos, por así decirlo, con los tradicionales. Los veo menos motivantes para los chavales, es mi opinión, claro. ♂DS2 - (195:197)

Outro aspecto que as nativas/os destacan con cariño é o tema da dos valores sociais e culturais que desenvolveron grazas aos xogos populares, porque que lles ofrecían un contexto de relación e interacción cos seus iguais. Como nos recordan as nativas/os os xogos populares supuxeron unha maneira de relacionarse entre o grupo de iguais, de facer amizades, aproveitar o tempo dun xeito lúdico, de aprender a compartir, a aceptar ao resto dos compañeiros, a adquirir un grao de autonomía, a coñecer os valores culturais da comunidade, ademais de ser unha vía de escape á realidade tan dura que as xeracións máis adultas tiveron que superar, xa que vivíña nunha época de grandes necesidades en todos os aspectos. Todos os informantes entrevistados lembran cun sorriso aqueles momentos de liberdade coas amigas/os.

- Nativas/os

Todo, porque o xogo é o que te saca a ti do que é a educación do núcleo familiar, é o que te socializa é o que reforza o concepto da amizade, onde non hai maiores, protectores, educadores. Onde só es ti e mais os teus amigos... Esas normas aprendelas a pelo entre nós, sabes? É unha forma de educación, de autoeducación, sen profesores. E o xogo para iso é básico, entendes? Para a formación integral do rapaz é necesaria a educación na casa, no colexio e é necesario o xogo claramente, coma a educación na casa e máis no colexio. O xogo é básico na educación, e na formación integral do individuo, senón hai

xogo pérdese unha parte importante da educación, eu creo que é así. ♂N7 - (92:93)

Ademais as nativas/os das xeracións adultas consideran que na actualidade existe un individualismo nas novas xeracións que non existía no pasado. As xeracións adultas identifican os pasatempos tecnolóxicos, e a posesión-consumismo individual como factores negativos que afectan no tipo de relacións que establecen na actualidade as novas xeracións. Estiman os adultos que xa non comparten xogos nin xoguete como o facían nas súas xeracións. Consideran que a perda do xogo popular nas novas xeracións fai que se perdan os valores socioculturais da comunidade, e pensan que as novas xeracións non sexan capaces de aprender determinadas habilidades sociais que serán precisas para o futuro, algo que preocupa de forma clara aos adultos.

Si, si, si. Eramos máis unidos. Eu digo que era polo xogo, porque ti se colles unha maquineta, e vas agora, que che podo dicir para a punta das obras (dique), e te pos ti só a xogar á maquineta. Aí non hai amizades, non hai xuntanza coa xente, e nós estabamos non, todos estábamos na escola, e dicíanme C.....(nome): "ves despois de merendar para a area? Non vou ás seis que non me deixan antes". Despois estabamos na area ou na Cerca. Estabamos sempre xuntos. Agora ves dous ou tres xuntos, outros dous xuntos. ♂N1 - (180:185)

Eu creo que non, porque ata me parece que os xogos que empregan agora da corda me parecen moi individuais, que é como o adestramento que fan os boxeadores, moi individual, saltan á corda individual. Pero antes individual había, pero moi pouquiño, antes era todo con todos os nenos, participabamos todas as rapazas na corda, e a que tiña a corda ou a goma esa era a máis querida. ♀N4 - (119:120)

No caso dos docentes todos estiman que os xogos populares son un contido apropiado, para que os escolares adquiran uns valores que sexan positivos de cara a súa formación como persoas. Algo curioso que recollemos das declaracións dos profesionais é o feito de que valoren os xogos populares por enriba doutros contidos e actividades que propoñen nas súas clases de EF. Neste senso no caso dos profesionais consideran que os deportes convencionais como actividades moito máis competitivas, nas que os conflitos entre os participantes prodúcense con maior frecuencia. Como xa

acontecía coas declaracións das nativas/os, os docentes aluden ao individualismo que existe hoxe en día na sociedade e como consecuencia nas novas xeracións. Por esta razón valoran aos xogos populares como un contido que favorece dun xeito claro a adquisición e aprendizaxe de determinados valores que con outro tipo de actividades lúdicas e recreativas non se produce. Porén a hora de poñer en valor estes xogos nas súas programacións curriculares da EF a aposta polos xogos populares como un contido de peso na área era moi limitado.

- Docentes escolas/concello

E sobre todo, no aspecto de socialización, actitudinal, e son moi beneficiosos incluso teñen moita, moita aplicación. Unha aplicación moi extensa porque a partir de aí, podes traballar con certos materiais que xa son creados por eles. Trabállanse moitos valores que con outro tipo de actividades máis dirixidas máis mecánicas, pois quedan sen tocar. ♂DP2 - (138:138)

Resposta: Eu penso que é diferente. É diferente polo que dicíamos, por ese afán competitivo que ten o fútbol. Que é un partido, e un gaña e outro perde, pero nos xogos populares tamén, un gaña e outro perde. O que pasa que é algo diferente. Non sei, xogar máis entre amigos sen competir. E penso que é como ti o enfoques se o enfocas o fútbol como un afán competitivo pois claro pasa o mesmo pero senón penso que si que pode ser igual. ♀DC1 - (281:282)

Como xa describimos no punto dos programas dos recreos [apéndice 7.1.7] os xogos populares foron empregados no contexto dos recreos para mellorar a convivencia entre os escolares. Todo debido ao potencial psicosocial que estes xogos posúen e que unha parte dos claustros de Educación Primaria souberon aproveitar para mellorar a socialización dos escolares ante as situacións de conflitividade que se producían nos patios de recreo. Grazas ás observacións nos centros escolares comprobamos como escolares interactuaban positivamente nos programas de dinamización lúdica.

7. 7. O XOGO POPULAR E O XÉNERO

Neste punto o que detallamos son as vivencias das diferentes xeracións en relación ao xénero e os xogos populares na poboación, asemade describimos a realidade dos xogos e o xénero dentro do contexto escolar. O tema do xénero na escola non foi introducido dentro do contexto escolar porque consideramos que tería moita máis visibilización inserido dentro da categoría do xénero, xa que nos interesa é resaltar o xénero e o xogo popular como unha cuestión independente. Trazaremos un retrato da realidade local a través do relato dos seus protagonistas e dos docentes, para mostrar cal é o papel do xénero en relación ao xogo popular. Ademais desta narración sobre o xénero e os xogos populares na comunidade estudada, presentamos os mapas conceptuais do xénero [apéndice 5.7], e a matriz do xénero [apéndice 4.1] que apoian a seguinte presentación dos datos.

7. 7. 1. O XOGO POPULAR DAS NENAS E NENOS.

No relativo ao xénero grazas ás declaracións das nativas/os, sabemos que existiron algúns momentos nos que as crianzas practicaron xogos pero de maneira separada, especialmente nas xeracións máis adultas, xa que xogaron en moitas ocasións por separado á corda, mariola, a goma, as pedradas, as espadas, a buxaina, a chave, cucañas entre outros. Co decorrer das xeracións estes xogos adquiriron un carácter máis mesturado no momento da súa práctica, pasando de ser xogos exclusivos dun xénero a ser practicados por ambos. Pero tamén recolleemos evidencias da existencia de xogos de corte mesturado como acontecía a billarda, o baño, o perillote, ás agachadas, a vía, os rolos, a pandalas, a panda, montana churra... Na actualidade nas observacións realizadas non apreciamos unha diferenciación de xéneros nos xogos recollidos no porto e na praia, pero si que constatamos como os xogos de balón como os mundialiños na area da praia, “a, e, i, o, u”, son dominados polo xénero masculino. Porén os xogos nas pedras do Caldeirón, os saltos ao mar desde o porto, as palas, as construcións de area, ir á vía, as bicis, etc son practicados indistintamente polos dous xéneros, en ocasións de maneira conxunta e outras por separado.

- Nativas/os

"Bueno", si ao saír da escola, pero non nos xuntabamos moito. Non porque eu tiña unha navalliña, que chamaba a navalliña do tío Enrique, era un pouquiño máis pequena ca isto así de pau (case un dedo de larga con empuñadura e todo), eu era tremendo ehhe, e as rapazas estaban xogando, cantando: "ALICHORI PATACA FRITA", no medio e medio de Malpica, alí na a beirarrúa de Cachón. Era onde está o Banco Galego onde había a beirarrúa, ata onde está o cachón pouco máis, despois era todo barro e pozas e aquilo era cemento, e as rapazas poñíanse alí. Alá imos saltar cas nenas, e as nenas: "os nenos Non!" E dábannos tiróns cando estabamos saltando, e gordos cando. Me cago na! E eu tiña unha navalliña así, eu era tremendo hoo, tódolos días queixas na casa, e eu metíame na corda e cando chegaba por aquí: (cintura) "Tiraaa!" E tiraban e eu collía e cortáballe a corda (risas) e despois xa andaban atrás de min sempre e dicíanlle ao meu pai, e cando chegaba a casa leña. ♂N1 - (95:96)

Umm, case todo os nenos faciamos as mesmas cousas.

PREGUNTA: Pero ti antes contábasme que os nenos xogaban máis ao corrompa e a estas cousas?

R: Si, pero máis ou menos xogabamos ás mesmas cousas. Á billa tamén xogabamos as mulleres e mailos homes, incluso na praia xogabamos á billa. Faciamos así unha morea de area [indica que facían unha pequena morea de area] poñiamos a billa e PLAF!!! Xogabamos os rapaces e máis as rapazas. ♀N2 - (80:85)

Si, si. Fundamentalmente os rapaces xogabamos ao fútbol os rapaces. E logo eh xogos de máis carácter, ehhe, mixto eh. É dicir rapaces, nenos e nenas xogando á mariola, que era de pintar uns cadros cuns números na rúa e cunha pedra, a poder ser un anaquiño de terrazo, que esvarase bastante ben, pois xogabamos á mariola. Tamén xogabamos á corda que acompañabamos con cancións: "a vi, chorola, que perdeches chora". Ou: "rei, rei cantos anos vivirei, vintecinco non o sei" Pois o que aguantaras. Despois xa había xogos como a laviscura o "escondite. ♂N6 - (31:32)

Ao longo das distintas xeracións comprobamos que malia que si existían momentos nos que as cativas e cativos xogaban de maneira segregada. Os informantes

indicáronnos que existía unha práctica de moitos xogos dun xeito conxunto. Aínda que existan diferentes gustos por uns xogos segundo fose xénero, parece que na comunidade estaba aceptado o feito de que nenas e nenos xogasen xuntos a unha gran variedade de xogos. O feito de que a práctica fose conxunta en determinados xogos, orixinaba en ocasións certa discriminación ou mofas que se traducían en adxectivos como *marimacho* ou *mariquita*. Este feito indícanos a presenza de determinados estereotipos sociais que eran asociados á práctica de determinados xogos en función do xénero das crianzas. A existencia deste tipo de condutas é un claro indicador do tipo de sociedade que se buscaba nesa época, e que a través dos xogos tamén se procuraba a perpetuación dos roles destinados para cada xénero. A influencia do modelo social está patente nalgúns casos chegando a impedir que os dous xéneros se relacionen a través dos xogos. Atopamos evidencias que nos constatan que cando a segregación lúdica na infancia e mocidade da comunidade aparecía, a principal causa fose a presión social ou familiar á que se sometía ás cativas e cativos, así nolo puntualizan algúns dos informantes.

R: Había algún rapaz que viña xogar con nós á corda, pero logo lle chamaban "mariquita" ou calquera cousa, ou que viña xogar ao brilé. Pero despois había separación, podía haber un rapaz. ♀ N5 - (70:76)

O brilé, e facer perillotes e saltar. Se tiñamos goma, á goma ou facer corazóns.

PREGUNTA: Ir á vía, facíades?

R: Máis os rapaces.

PREGUNTA: Máis os nenos que as nenas?

R: Máis os nenos. As nenas, algunha que lle chamábamos "marimacho" ao mellor, sabes? Iamos pero non coma eles que ir á vía era cousa de nenos. ♀ N5 - (111:116)

Eu, xogos de nenos e nenas claro que había. Pero á corda xogaban as nenas, antes xogaban as nenas soas e os nenos sós, pero eu como non teño irmáns, nin teño nada, e tiven moita relación con dous primos por iso xoguei a cousas de nenos.

PREGUNTA: Dependía un pouco do ámbito familiar que xogases con nenos ou con nenas?

R: Moitísimo Claro, dependía. ♀ N4 - (67:70)

7. 7. 2. A SOCIEDADE E O XÉNERO.

A influencia dos maiores sobre o tipo de relacións que deberían ter os dous xéneros á hora de xogar era determinante para que as crianzas xogasen xuntascon independencia do xénero. A imposición de certos roles nas xeracións adultas era un elemento de importancia, xa que en ocasións non eran as crianzas as que se separaban nos xogos, senón que era a propia escola e as familias as que buscaban esa separación. Isto estaba en consonancia coa época que lle tocou vivir a gran parte dos informantes de maior idade, que estivo rexida por unha ditadura na que a segregación de xéneros era imposta en moitos ámbitos da vida. Con este panorama o xogo non podía quedar á marxe desa imposición de roles e estereotipos asociados ao xénero.

- Nativas/os

Si, o que pasa que eu das nenas xa pouco me acordo. As nenas andábanche así, a xogar aos médicos e cousas así pero xa non podías xogar. Porque viñan os pais e quitábanchas de diante.

PREGUNTA: Eran os pais os que as separaban?

R: Si, si, si.

PREGUNTA: A ti téñente separado?

R: Si, carallo! Moitas veces.

PREGUNTA Igual querendo xogar á mariola ou algo así?

R: Si, a todos, a todos. Ou ao “escondite” mesmo coas rapazas xa non podías xogar, vixiábante máis os pais ca nós. [xa, xa, xa]

PREGUNTA: Non era que vós ou as rapazas non quixerades?

R: Non, non, non.

PREGUNTA: Era cousa dos maiores?

R: Si, dos pais”. ♂N3 - (60:71)

A min paréceme que viña xa imposta dende moito antes, xa había xogos masculinos e xogos femininos. Xa estaba feito así. Entón cando dicían: "xogades ao brilé? Ai ao brilé, ai ao brilé". Dicían os rapaces. Sabes cando xogaban máis? Cando xa eran máis grandíños, de catorce e quince anos. Polo

tema de ligar e de facer manitas e tal. Pero oito, sete e nove anos xogabamos nenas por un lado e nenos polo outro. ♀N5 - (77:78)

A presión social sobre o xénero poderíamos pensar que é cousa do pasado, pero lamentablemente na actualidade, aínda existen moitos estereotipos asociados aos xogos. Como nos indican os docentes malia que se logrou un avance á hora de integrar aos dous xéneros. Os docentes aínda contemplan como na sociedade local o tema do xénero e a práctica de determinadas actividades lúdicas están fortemente estereotipadas. Esta preocupación pola separación de xéneros era unha das causas que forzaba aos equipos docentes a poñer en marcha os programas de dinamización lúdica.

- Docentes escolas/concello

Pero realmente yo veo que las chicas les cuesta bastante. Yo no sé si es la sociedad aquí que en ese sentido potencia más la actividad hacia los chicos y las chicas son más de quedarse en casa o de estar más al margen de este tipo de actividades. ♂DS2 - (66:66)

As veces dende as propias nais no lugar dende os pais, dende as nais e iso é algo que che choca. “Jolín”! Nos días que estamos non debería pasar iso. Ou ao revés eh. Nenos que ao mellor queren ir a aerobic ou queren ir a calquera actividade así, e te sigan mirando como se foras un bicho raro. ♀DC1 - (132:133)

Si. Mira iso vén das casas. Para min, é unha opinión miña, iso vén das casas que imponen eses roles. Levamos moito tempo loitando contra eles, pero non somos capaces. Porque nós entendemos que o deporte e o xogo é para todos sen distinción de sexos, nin de relixión, nin de raza, nin de nada. Pero normalmente atopámonos coa realidade que é. As nenas van a pandeireta e a gaita como actividades lúdicas recreativas, e os rapaces van ao fútbol. De xeito xenérico non é unha barbaridade en si. ♂NDC2 - (69:70)

Os profesionais que están en contacto diario coas crianzas e coa xuventude do concello, insisten na segregación lúdica que existe hoxe en día no concello. Pensan que

existe unha reprodución dos estereotipos asociados ao xénero derivada do modelo familiar que é imposto nos fogares, nos que semella que aínda se conservan certos tics do pasado. Malia ter avanzado cara a igualdade de xénero en moitos campos da sociedade, parece que as actividades lúdicas e recreativas seguen a estar marcadas por determinados estereotipos sociais que inflúen negativamente de cara a reducir a segregación de xéneros nos xogos practicados nos contextos escolares e nas actividades extraescolares.

7. 7. 3. A COEDUCACIÓN DOS XÉNEROS.

Comentabamos nos parágrafos anteriores que eran as figuras de autoridade como as familias e a escola as que exercían determinada presión para evitar que as crianzas puideran xogar e relacionarse conxuntamente. Neste sentido entendemos que a ausencia dunha igualdade nas escolas que fomentase a integración de ambos xéneros, incrementaba a presión das familias para que evitaran que as nenas e nenos xogasen xuntos. Neste modelo de sociedade a coeducación non tiña cabida dentro do modelo educativo que as xeracións adultas experimentaron. Estas xeracións (salvo unha parte da dos fillos e as actuais) padeceron o control dos propios profesionais que segregaban nos propios xogos a nenas e nenos, porque o modelo educativo imposto así o impoñía. Deste xeito evitaban que se relacionaran xuntos, e por suposto que non xogaran xuntos. Co tempo a sociedade avanzou, pero como nos describe outro informante na época da transición malia que os colexios xa eran mesturados, os xogos eran segregados e aínda que en ocasións se practicase conxuntamente sempre o facían con equipos de nenas e de nenos. Podían practicar o mesmo xogo, pero por separado, así as nenas xogaban entre elas e os nenos entre eles sen que houbera unha interacción conxunta a través dos xogos. Aínda que as escolas xa eran mesturadas, o modelo da coeducación e da discriminación positiva de xénero non existía na dinámica escolar.

- Nativas/os

*O malo que vin eu, na escola, que aínda o teño aquí (senalando a cabeza).
Daquela había escola de nenas e escola de nenos. Caaa! Nooon, nunca, non.*

Aquí tiñamos unha mestra das rapazas que era malísima, a mestra das rapazas chamábanlle Dona Anita. A casa onde está o Banco de Galicia, alí chámalle a casa de Cachón, e a de Dona Anita é da casa de Cachón. E cando nos saíamos da escola, berraba sempre: "Niñas! Apartarse de los niños". E non nos deixaban estar xuntos. E non estabamos, iso era unha tolería, apartábbanos delas tamén, entendes? Despois xa houbo escola mixta. ♂N1 - (46:47)

Había. Sabes o que non había? Coeducación. É dicir, non había o sentido de poder mesturarnos todos e tal, nos faciamos un equipo de rapaces (masculino) pero xogabamos na liga de brilé, todos rapaces pero na liga de brilé que era cousa de nenas, pero nós xogabamos e queriamos gañar. Non había coeducación porque os nenos querían xogar todos xuntos eles e as nenas todas xuntas elas. Teño 36 anos estouche falando fai vinte anos e para arriba, que viñamos do franquismo aínda. Que eu nacín no franquismo, que nacín no 74 e daquela... coidado na escola, coeducación moi pouquiña. Pero isto non quere dicir que non xogaras a cousas de nenas, nos queriamos xogar a todo. Ao que había apuntámonos, nós queriamos xogar, de nenas ou de nenos iso era así. ♂N7 - (56:58)

Na actualidade contamos coas declaracións dos profesionais para saber se hoxe en día a escola está na liña da escola mesturada ou dunha escola centrada na coeducación. No caso dos docentes da Educación Primaria, recoñecen que existe unha segregación nos xogos que practican os escolares, tanto nos patios de recreo como nas súas clases. No caso da docente do centro B indícanos que soamente intervéñ para rachar estas situacións de segregación cando están nas súas clases, pero aínda así pensa que non é necesario que se mesturen continuamente. Nas análise dos vídeos do centro educativo B [apéndices 2.1.2; 3.2] describimos como nas súas clases tenta organizar os grupos de maneira equitativa, sempre que a situación o permite, xa que existían grupos nos a proporción de nenas e nenos non era equitativa. Porén no caso do docente do centro educativo A, estima que non existe unha segregación por xénero, senón que responde a unha cuestión de habilidades e competencia nos xogos que practican, que finalmente deriva na separación por xéneros en función do tipo de actividade. A segregación no centro educativo A tamén estaba presente nos tempos do recreo, esta era unha das razóns que motivou a posta en marcha do programa.

- Docentes Escolas/concello

A ver se é no recreo, non. Porque considero que é o tempo deles e unha cousa é que lles guíes ou lle deas algunha suxestión, pero son eles os que deben decidir a que xogar e con quen xogar e como. Pero nas clases de EF, si. As veces pois dicindo: "veña facemos parellas". Aínda que eles tentan, pero dígolles: "parellas mixtas". E aí tento buscar o que máis lles guste porque as veces é difícil e outras veces déixooos. Pois nenos contra nenas, pois nenas contra nenos. Tampouco imos estar aí: "non, non, non". Todos mesturados sempre, non. ♀DPI - (254:255)

No caso da Educación Secundaria os docentes explican que a segregación nas actividades lúdicas e nas súas clases de EF, é menor que en épocas pasadas. Pero admiten que existen determinadas actividades e xogos que están moi asociados ao xénero, o fútbol no caso masculino e o aerobio no feminino. Destacan que existe unha tendencia á separarse por xénero, sobre todo nos xogos que implican unha maior actividade física, ademais subliñan que as nenas son as que manteñen unha conduta moito máis pasiva que os nenos. Para rachar estas situacións as estratexias son similares ca en Educación Primaria, como facer parellas mesturadas, ou grupos máis heteroxéneos que impliquen unha maior relación entre eles. Aínda que existen momentos nos que se segue a producir certa segregación nas clases en función de certas actividades que impliquen contacto ou que requiran dunha maior potencia física, ou competencia motriz. Entedemos que este tipo de diferenciación de xénero polo tipo de actividades, polo tipo de habilidades ou capacidades físicas, acaba reproducir de maneira oculta o discurso da segregación de xéneros nas actividades lúdicas e físicas, xa que a busca da integración só se produce nuns límites determinados polo nivel de habilidade, condición física, ect.

Depende del tipo de actividades que haga. A lo mejor si estoy haciendo de la unidad didáctica algún apartado de fuerza, que hay dos o tres clases así de fuerza, pues procuro que sean de similar fuerza. Ellos también entienden de similar fuerza y en muchos casos lo asocian al mismo sexo. Yo ahí ya influyo. Porque tampoco quiere decir: "que se pongan chicos con chicas". Influyo más positivamente en decir: "quiero parejas mixtas". Entonces ahí ya no me meto.

Pero cuando son actividades ya que veo que es necesario. Hay algunas de lucha también, no hace falta decirles: "chicos con chicos- porque suena raro- chicas con chicas". Porque son cosas de contacto. Si le comentas gente de similar fuerza, por ejemplo, en ese caso ya no existe ningún problema. Porque automáticamente las parejas ya son del (mismo sexo). No existe sensación de discriminación bajo mi punto de vista. ♂DS2 - (183:190)

Os responsables municipais manifestaban o seu compromiso para buscar a integración dos dous xéneros nas actividades organizadas desde o concello. Pero os seus esforzos por integrar chocaban coa resistencia dalgúns persoas a prol desta integración dos xéneros. Comentaban como cada día máis as nenas xogan a cousas de nenos e viceversa. Agora ben, poñían o foco de atención nos centros escolares, onde detectaban que o xogo estaba condicionado polo xénero e reclamaban maior atención por parte dos educadores nos centros. De feito un dos informantes criticaba abertamente aos docentes das escolas pola súa pasividade á hora de atallar situacións nas que observa esta segregación ou discriminación por razón do xénero, especialmente nos recreos. Esta informante incide na necesidade de que se interveña dun xeito razoable para abordar este tipo de problemas. Quizais esta maior sensibilidade cara o tema nos profesionais do concello veña da propia experiencia dunha dos informantes, que nos relata como tivo que pasar por situación similares, de aí que a súa perspectiva sobre o tema sexa máis crítica e proactiva coa que manifestan os docentes das dúas etapas educativas.

Non, non son os educadores os que os separan, senón que non fan nada para que non pase iso, entendes? Por exemplo, eu non separo aos meus nenos na miña clase, pero fago todo o contrario, tento de mesturalos sempre. E non vexo esa parte. Iso involucrase desa maneira porque creo que é algo bo para todos. Quizais eu o vivo un pouco, eu de pequena xogaba ao fútbol e recibín moitas, e seguí xogando ao fútbol porque o meu carácter. Sabes? Non me ía quedar sen xogar porque mo dixera quen fora, pero insultáronme moitas veces e vexo que iso hoxe en día en Malpica, pode seguir pasando non por parte da maioría, pero si que segue a haber ese punto. ♀DC1 - (128:131)

As estratexias para evitar as situacións de segregación nas actividades lúdicas nas dúas etapas educativas están moi limitadas. Estas nacen da motivación persoal e sensibiliade de cada docente e non dunha planificación común de centro na que aborden o problema cunha estratexia estruturada. As únicas iniciativas foron os programas de dinamización lúdica nos recreos, que ademais de buscar a redución da conflitividade nos patios de recreo, tamén buscaban integrar un pouco máis aos xéneros a través dos xogos, e que non se mantivesen as prácticas lúdicas hexemónicas estereotipadas existentes. No caso da ESO, non puxeran en marcha ningún tipo de programa ou actividade encamiñada a cambiar esta situación.

7. 7. 4. O XOGO ESCOLAR E O XÉNERO.

Despois das declaracións dos docentes da Educación Primaria, da Educación Secundaria, dos escolares da ESO, e coas gravacións e a posterior análise dos vídeos [apéndice 2], podemos afirmar que a segregación nos xogos na escola está presente nos centros educativos. Nas escolas do concello as nenas non xogan a case nada, soamente a pasear polo patio e no caso dos nenos case en exclusiva xogan ao fútbol, e soamente son os xogos de carreiras ou de “pilla” cando coinciden os dous xéneros.

- Docentes escolas/escolares

Si fútbol e as nenas a mirar como xogan, algunha, algunha xoga tamén con eles, pero poucas. ♀DP1 - (95:98)

Igual, igual. Os nenos máis fútbol, pero despois correr.

RESPOSTA 2: As nenas pasean polo patio.

RESPOSTA 1: Algunha xoga ao fútbol.

PREGUNTA: Teñen actividades menos físicas?

RESPOSTA 2: Si, menos físicas, totalmente. ♀DP3 - (25:30)

Na etapa da Educación Secundaria os patróns de xogo seguen sendo os mesmos que na Educación Primaria. Aínda que tamén algúns escolares afirman que existen grupos que xogan conxuntamente a determinadas actividades. Pero a tendencia lúdica

dos xéneros é a mesma que se presenta na anterior etapa. Na etapa da Educación Secundaria non tivemos constancia por ningunha das fontes consultadas que se elaborase algunha estratexia encamiñada a reducir esta segregación.

Aquí ya te digo sobre todo la actividad física libre practicamente es de los niños. Las chicas pues miran, pasean, alguna a lo mejor en algún partido se pone a jugar y tal pero no. ♂DS2 - (85:85)

Refírome que non hai rapazas, ou hai poucas rapazas que queiran xogar. Na miña clase pode haber tres.

PREGUNTA: Pero fan outras cousas?

RESPOSTA 2: As outras rapazas cando non se xoga están tiradas ao sol ou están mirando como xogan.

PREGUNTA: Ou sexa, que non fan nada.

RESPOSTA 1-2: Non. ♀♂N10 - (97:102)

7. 8. O XOGO POPULARE E AS VÍAS DE TRANSMISIÓN

No seguinte apartado describiremos cales son as formas de difusión, divulgación e conservación dos xogos populares na comunidade. Deste xeito queremos reflectir o nivel de coñecemento sobre os xogos populares que teñen as novas xeracións. Para isto presentaremos neste punto as declaracións das nativas/os, que completaremos coas apreciacións dos docentes nalgún tema concreto. Ademais para completar esta temática acompañamos o mapa conceptual das vías de transmisión [apéndice 5.8], xunto coa matriz de resultados correspondente [apéndice 5.8]. Deste xeito teremos unha mellor representación sobre as formas de conservación dos xogos populares a nivel local.

7. 8. 1. O XOGO POPULAR E A CADEA ORAL.

As diferentes xeracións adultas presentadas no estudo aprenderon a practicar os xogos populares, grazas ao intercambio e transmisión oral de carácter interxeracional. Desde a

xeración das avoa/os ata a xeración das fillas-fillos estes xogos foron transmitidos a través da cadea oral desde tempos remotos. Os informantes admiten que estes xogos eran transmitidos dos máis vellos aos máis novos, e tamén entre iguais nos espazos de reunión. A cadea oral mutaba co tempo adaptándose ás necesidades de cada xeración, así cada xogo adquiría ou perdía matices en función da zona e dos transmisores dos xogos

- Nativas/os

Home fómolos aprendendo de xeración en xeración, pero na escola apréndelos duns rapaces con outros. ♀N4 - (51:52).

Pois non sei. A min ninguén, quero dicir que estaban na rúa, estaba na rúa.

PREGUNTA: Ti chegabas alí e xa.

R: Xa estaba, si. ♀N5 - (57:60).

A cadea de transmisión oral servía para transmitir os xogos pero ademais o coñecemento das dinámicas dos xogos era acompañada pola imitación de modelos. No momento de aprender a xogar as crianzas non seguían un proceso estruturado de aprendizaxe, as cativas e cativos imitaban o que facían aqueles que tiñan un maior dominio do xogo. Para aprender non existían progresións metodolóxicas que guiasen aos menos hábiles na dinámica do xogo. As nativas/os debían estar espelidos no momento de coller o funcionamento do xogo a maior para integrarse no xogo canto antes. A integración no xogo era realizada a través dos modelos de referencia, que eran aquelas crianzas que coñecían con anterioridade o xogo e que se prestaban a explicarlle ao resto a dinámica do xogo. Esta maneira de aprender aínda se mantén vixente nas xeracións actuais xa que no porto e na praia, especialmente aquelas crianzas que son máis pequenas, observan o que fan os maiores para despois tratar de repetilo, así o comprobamos nas gravacións efectuadas.

Por imitación era, era os grandes, os pequenos, xogabamos moi interxeneracionalmente, sobre todo os xogos de a pillar, a pandalas, o "escondite". Era moi habitual que os maiores que nos podían levar 3, 4 ou 5

anos, xogabamos con eles, educaban ludicamente aos que viñan de atrás. ⚡N6 - (48:49)

7. 8. 2. O XOGO POPULAR E AS NOVAS CANLES DE TRANSMISIÓN.

A perda case total da cadea oral dos xogos populares, fai que aparezan novas maneiras de manter vivo o patrimonio lúdico. Para unha parte dos informantes a escola pasa a ser unha vía de transmisión dos xogos populares de vital importancia, aínda que non parece que para as xeracións máis vellas esta vía chegue a ser totalmente eficaz. Xa que para eles os centros educativos non se preocupan por ensinar os xogos populares. Segundo as nativas/os a escola está máis focalizada noutras actividades que non teñen nada que ver cos xogos da súa infancia. Para as nativas/os a escola non acaba de explotar a potencialidade dos xogos populares nas súas propostas.

- Nativas/os

Non, non, para nada a escola o que fai en gran medida é perpetuar o que xa hai, e outorgarlle unha pátina de politicamente correcto que isto é o que se estila, e o que se fai, e en algúns casos fomenta iso. É unha mágoa porque cos recursos que teñen, os coñecementos que teñen, os espazos que teñen, e a sensibilidade que ten o profesorado e outros profesionais que podería haber e non hai. Ou os que hai, non teñen esa cualificación ou sensibilidade de respecto ao patrimonio. Dende logo é un cúmulo de experiencias que se están perdendo, hai iniciativas por aí de recuperación de xogos populares, pero que son pequenas aldeas de Asterix. ⚡N6 - (109:110)

No caso dos profesionais entrevistados a opinión xeral é a de que a escola converteuse practicamente na principal vía de conservación e divulgación dos xogos populares. A escola considéranla unha canle básica na promoción do coñecemento, xa que os escolares pasan moito tempo na e escola e iso podería favorecer na adquisición de novos hábitos lúdicos no lecer dos escolares. Como comprobamos a posta en valor dos xogos populares dentro da escola é realizada desde unha perspectiva máis

instrumental que cultural polo que o trasfondo interxeracional e da herdanza cultural queda nun plano secundario nas escolas da comunidade. O contraputo está nos profesionais xa que consideran de vital importancia a implicación da sociedade e de institucións de todo tipo para axudar a manter o patrimonio lúdico vivo, xa que é unha cuestión que non só afecta ao ámbito escolar.

Outras canles de transmisión que son expostas polos docentes son as abondosas publicacións e materiais didácticos que permiten ter un acceso a estes xogos. Como xa describimos no apartado do contexto escolar o equipo encargado do centro educativo A consultara a obra de *Chirlormirlos* (Cortizas, 2001), para recoller xogos e mesmo empregaron as ilustracións do libro para decorar o patio escolares. Dentro das novas canles atopamos as novas tecnoloxías da información como “internet”, que como nos recorda un dos informantes, agora as novas xeracións poden ter as vías tradicionais e as máis modernas, acorde aos tempos nos que vivimos. Pero malia que existe toda unha gama de posibilidades de traballo coas TIC, nos centros educativos non realizan ningunha proposta neste sentido.

- Docentes escolas

Non, penso que debería haber un maior apoio de diversas institucións. Pero si que é certo que a escola é un lugar moi importante para que se conserven e se poidan difundir. Aquí hoxe en día, incúlcense moitos hábitos, moitas "rutinas" de xogo, ou si aquí os practican temos maiores posibilidades de que se sigan practicando fóra. ⚡DP2 - (143-147)

Bueno, si entendemos por vías de comunicación, todo tipo de vías. No, porque ahora hay unas que pueden estar informados de cualquier cosa, no solo por la transmisión de sus padres y sus abuelos. Teclean buxaina en “Google” y saben más o menos lo que es una buxaina sin consultárselo a nadie. Pueden tener los métodos de antes y los actuales. Y les gustan más los actuales desde luego, antes de ir a preguntar a su abuelo y que le cuenten como jugaban, van a mirar a la página determinada, o antes ir a la biblioteca a ver el libro de Chirlosmirlos o cualquier cosa le preguntan a quién sea. A quién sea en “Google” me refiero. ⚡DS2 - (90:93)

7. 8. 3. O XOGO POPULAR E A QUEBRA INTERXERACIONAL.

A cadea oral interxeracional non permanece inmutable ao longo das distintas xeracións ata chegar ao momento actual. Co transcórren das décadas e o paso a través das distintas etapas nas vidas dos nosos informantes a cadea de transmisión oral sofre un proceso de debilitación no proceso de conservación e difusión dos xogos populares na poboación local infantil . Como nos recoñecen a maioría dos informantes, eles non son conscientes de terlle ensinado ningún dos xogos populares que practicaron na súa infancia e mocidade aos seus descendentes. Aínda que eles pensan desta maneira, quizais teñan ensinado algún que outro xogo e non sexan conscientes de telo feito. A cadea oral que durante centos de décadas mantivo a vida lúdica da comunidade vida, sofre ao longo de todo o século XX un deterioro que provoca o descoñecemento de moitos dos xogos populares nas novas xeracións.

- Nativas/os

Que carallo ía ensinar! Se Cuevas (fillo) non quería nada máis que xogar ao fútbol. Cuevas dende que naceu non sabía nada máis que xogar ca pelota, e aínda a Esteban (neto) tamén lle leva idea. Eu non nunca me levou idea o fútbol, cando me dicían de xogar. ♂N1 – (83:84)

Unha parte dos adultos admiten que dunha maneira consciente non lle ensinaron ningún xogo aos seus descendentes ou familiares. Pero, tamén atopamos casos nos que si admiten que algúns xogos si que llos ensinaron a nenas e nenos con independencia de que fosen familiares ou non. Nestes casos son persoas que tiveron ou teñen algún tipo de relación co eido da educación en calquera das súas variantes. Resulta curioso que sexa xente cunha maior sensibilidade pedagóxica a que fose capaz de ensinar algún xogo popular ás xeracións menores e a que teña maior conciencia deste feito. Entendemos que estes serían os depositarios activos dos que falabamos no marco teórico [punto 2.3] e o resto os pasivos.

Eu si. Porque eu tiven unha época que daba clases. Era unha especie de Amaliña, sabes? Que tiña unha gardería. Entón si que sempre me cadrou de estar con nenos e ensinalles. ♀N5 - (62:63)

Os adolescentes entrevistados confirmáronnos a quebra da cadea oral. As novas xeracións non teñen no recordo a constancia de que lle ensinasen os xogos populares como algo cotiá. Algúns dos participantes na investigación das novas xeracións si que lembran como algún familiar lle ten ensinado nalgún momento puntual algún xogo, pero máis alá diso non teñen asumido como algo natural esta transmisión interxeracional dos xogos populares. Debemos recordar que grazas ás gravacións obtidas no porto e na praia [apéndices 2.1; 2.2] tamén puidemos recoller algúns exemplos nos que adultos ensinan e acompañan ás cativas e cativos no xogo, ensinándolles a mergullarse no porto, xogando na area, ás palas, á pesca nas rochas, etc. Desta forma confirmamos que a cadea oral aínda existe pero está ligada ao carácter estacional dos xogos, a lugares concretos, polo que o impacto da cadea oral é moi limitado.

PEGUNTA: Como os coñeciches?

R: En el colegio

PREGUNTA: No colexio?

R: Si

PREGUNTA: Non che ensinaron ningún xogo mamá ou papá, ou os amigos?

R: No, que me de cuenta, pero a lo mejor si. ♀N9 - (49:56)

Os profesionais da educación coinciden coas nativas/os ao afirmar que na actualidade a cadea transmisión está practicamente quebrada. Identifican un parón xeracional que provoca o descoñecemento de moitos dos xogos populares das xeracións pasadas nas novas xeracións de nenas e nenos.

- Docentes escolas

Efectivamente fala deles. Pero canta xente non sabe deles? Porque eu coñezo un pouco o tema porque vivín nunha aldea pero ao mellor xente da miña idade que vivían nas cidades, xa non vivían isto coñecen isto, nin a “canica” nin unha chea de cousas. É un tema que está aí, e mais se queres ti moi romántico destas cousas, pero eu creo que non hai tanta práctica, sobre todo a nivel de escola de rapaces. ♂DS1 - (135:135)

7. 8. 4. O XOGO POPULAR E A ENCULTURACIÓN LÚDICA DA XUVENTUDE.

Á hora de valorar o coñecemento dos xogos populares polas novas xeracións atopamos unha situación preocupante. O coñecemento do patrimonio lúdico das xeracións pasadas é moi escaso. Unha maioría dos adultos opinan que na actualidade os xogos que eles practicaron durante a súa infancia e mocidade non son coñecidos pola rapazada actual. Consideran que as novas xeracións posúen moitas cousas para facer no seu tempo libre, e outro tipo de entretementos, polo que o xogo espontáneo na rúa non está presente como nas xeracións pasadas. Asemade aluden á evolución dos espazos da comunidade como un elemento que dificulta a práctica dos xogos populares na rúa. Tamén aprezan que agora a rapazada non sae a xogar na rúa coma antes e pasan máis tempo na casa, noutros espazos realizando outro tipo de actividades nas que os xogos populares non teñen presenza. Por iso entenden que as novas xeracións non posúen o nivel de enculturación lúdica que tiñan as xeracións pasadas.

- Nativas/os

Eu creo que os rapaces de agora teñen outras cousas máis modernas e non se paran a aprender esas cousas de antes. Non, porque ti agora non ves a ninguén cunha corda, a unha nena saltando á corda. Agora con doce anos xa andan con mozo e xa non. Xa abandonan o xogo todo, e máis a súa nenez. É que estas xa non disfrutan da nenez, porque van ás escolas, das escolas cos deberes para a casa, xa non teñen nin tempo para xogar. ♀N2 - (185:186)

Cando os adolescentes foron preguntados por algún xogo popular que coñecesen as respostas eran bastante limitadas. Coñecían un número bastante baixo de xogos, como a corda, a mariola, a buxaina, a chave, pero pouco máis, un exemplo diso témolo na entrevista N9 [apéndice 1.10] onde se lle enumeran unha serie de xogos e soamente é capaz de identificar uns poucos. O mesmo acontece co resto de rapazas e rapaces entrevistados. Pero en cambio nas observacións [apéndice 2.2] confirmamos como os saltos no porto, ir á vía, as construcións na area, o balón, xogar nas pedras do Caldeirón a pescar e saltar polas pedras están presentes nas xeracións actuais. Con estes datos podemos afirmar que o nivel de enculturación lúdica nas xeracións actuais é moito

menor que nas pasadas, xa que nin practican, nin coñecen un gran volumen de xogos populares das xeracións pasadas.

7. 9. O XOGO POPULAR E OS MATERIAIS DE XOGO

A continuación explicaremos os tipos de materiais empregados polas diferentes xeracións nos xogos populares practicados pola comunidade. Para facelo detallaremos o tipo de obxectos e útiles empregados para xogar nas xeracións adultas, para comprobar se na actualidade estes materiais teñen presenza nas xeracións máis novas e no contexto educativo. Como nos outros apartados este relato está completad coa matriz dos materiais [apéndice 4.5] e do mapa conceptual dos materiais [apéndice 5.5].

7. 9. 1. O XOGO POPULAR E OS MATERIAIS TÍPICOS E RECICLADOS.

Os materiais de xogo están asociados á cultura de cada comunidade. Neste senso a comunidade estudada non é unha excepción da realidade galega. Nesta comunidade atopamos xoguetes típicos como os aros, as carracas, rás, claves, estornelas, balóns, cordas, gomas, etc. Este tipo de xoguetes corresponderíanse cos materiais clásicos que atopamos na tradición do xoguete popular galego. Nas evidencias recollidas das xeracións máis vellas, a escaseza de recursos e falta de agasallos obrigaba a construír os xoguetes aos propios rapaces, ou a solicitar axuda dalgún familiar adulto, ou mesmo precisar da colaboración dos chamados artesáns que axudaban ás crianzas coa construción de xoguetes ou doándolles os materiais necesarios. Como apuntabamos no marco teórico os artesáns tiveron ao longo da historia a responsabilidade de elaborar moitos dos xoguetes populares das crianzas.

- Nativas/*os*

O aro, por exemplo, ías a unha chatarrería, a un ferreiro e non che cobraba nada. Dicíaslle: "faiame un aro". Facíache un aro, pero claro ás veces cansábase

porque iamos 5 ou 6 xuntos. E o homiño tiña que traballar para os seus fillos para comer.

PREGUNTA: Ou sexa que recollades os materiais vós e buscabádesvos a vida?

R: Si, nós. Despois sabes o que había? Outro xogo que me acordo, que lle chamaban a carraca. Era así un conto de madeira (fai un xesto indicando unha forma rectangular) e tiña así unhas estrías e dábaslle voltas e ía (onomatopeia) “gra, gra, gra, gra...” Non sabes? Como un parrulo. [si, si]. “gra, gra, gra, gra”. Érache un chiste así, naquel tempo. Despois, tamén había outro, por exemplo, que era a espada en Semana Santa, eu xa houben de perdelo ollo por dúas veces.

PREGUNTA: Xogabades aos espadachíns?

R: Si, xogabas cunha espada de madeira, dunha varanda facías unha espada.

♂N3 - (104:111)

Tamén eran xogos onde o utensilio pois sempre había un avó, un pai, un irmán maior que cho facía. Un veciño que che preparaba o palenque, o aro, e hoxe en día a estrutura familiar é outra, a socialización faise moito cara dentro dos fogares, e todo iso fai que sexa unha perda. ♂N6 - (98:98)

Dentro da vida lúdica da comunidade recollemos testemuños que nos confirman a estacionalidade no emprego dos materiais. Deste xeito en cada estación do ano podían empregarse distintos xoguetes. Non podemos determinar en que momento se empregaban, xa que non fomos capaces de rescatar ese dato das fontes orais. Pero coas análises dos vídeos da praia e do porto [apéndice 2.2] recollemos distintos xogos populares como ir á vía, facer figuras na area, pescar nas pozas do Caldeirón, as palas, o baño no porto, andar coas chalanas, nos que claramente se empregan materiais ou elementos que están ligados á estación do verán. Porén non podemos determinar a época de uso doutros xoguetes como poidan ser as espadas, os arcos e frechas, a corda, etc.

Pois, o que tocaba na época, cando era a bicicleta cada un poñía na súa bicicleta, pois o que podía. E cando era a buxaina cada un tiña a súa buxaina personalizada, cando era o punzón cada un tiña o seu punzón, cando era o patinete cada un tiña o mellor patinete, e todo así, todo así. Eh había moita xente que era moi mañosa e que facía na súa casa as súas historias, mira

escopetas con pinzas, arcos con varillas de paraugas, todo era así cousas destas, que incluso as veces eran perigosos, perigosos que podían danar e matar persoas, pero facíanse. As veces había épocas nas que era ir poñer latas encima das paredes, e con pinzas e gomas e faciamos obxectos arroxadizos e faciamos así. ♂N7 - (69:70)

Os xoguetes populares estaban construídos de distintos materiais. É máis calquera obxecto podía ser considerado como un xoguete. No noso estudo aprezaemos como nas xeracións adultas a reciclaxe de materiais era vital na elaboración dos xoguetes. A falta de recursos económicos que permitise mercar xoguetes de carácter artesanal ou industrial, obrigáballes a adaptar os recursos dispoñibles aos xogos practicados. Neste sentido expresar algún exemplo como as billas que procedían das pólas das árbores, os balóns estaban construídos con calcetíns, e as gomas eran da reciclaxe das costureiras, nos mundialiños de fútbol, ou de xoquei se aproveitásen elementos como caixas da froita, pelotas de tenis, carabullos das verzas, etc. Neste sentido as crianzas tiñan unha gran capacidade de adaptación ao medio circundante e operaban con creatividade para adaptar unha gran variedade de materiais as súas necesidades lúdicas.

En Buño xogábase moito, chamábanse lilas ou lilos, non estou segura, creo que eran lilas. Cando se cocían as olas, pois había pezas defectuosas e iámolos buscar aos fornos, e con iso xogabamos o que se coñece como as casiñas, "bueno" non sei como se coñecerá hoxe, chamábanse lilos ou lilas, cos cus das cuncas, das potas con cachiños das pezas cocidas. ♀N4 - (40:40)

Xogar ao xoquei, cos carabullos das berzas ou con calquera pau que tivese forma parecida a un "stick" de xoquei. Cos paus e unha pelota de tenis ou calquera bola que fose pequena e non quedaba nada máis que poñer unhas chaquetas ou caixas de froita para facer as porterías e xa estaba a partida montada. Non precisabamos de nada máis, valía calquera lugar que fose un terreo o máis liso posible, este tamén era un xogo de nenos. ♂N11 - (25:25)

Na poboación existía un uso materiais relacionados coas profesións típicas da comunidade. Deste xeito temos que as xeracións de maior idade empregaban restos de

redes dos barcos para pescar paxaros, os restos das fornadas das pezas defectuosas como podían ser as cuncas, tarteiras, chocolateiras, ánforas, etc. estes restos eran empregados para xogar aos lilos ou lilas. As nenas e nenos tiñan a súa particular vaixela para xogar, as chalanas eran empregadas para facer carreiras no mar, etc. Ademais outros gremios artesáns como os ferreiros e carpinteiros eran provedores de materiais como aros, buxainas, espadas, tirapedras.

7. 9. 2. O XOGO POPULAR E OS MATERIAIS MODERNOS E ESCOLARES.

Neste punto grazas ás observacións da praia e do porto [apéndice 2.2] observamos cales son os materiais empregados polas novas xeracións. Puidemos comprobar como na actualidade as táboas de surf e bodyboard, os inchables, as palas, caldeiros de plástico, palas e figuras plásticas de animais, liñas, trueiros, balóns, neoprenos, algúns freesbe, constitúen o groso dos materiais que empregados polas novas xeracións para os seus xogos na praia e no porto. A isto hai que engadir que tamén xogan coa area, o mar, as rochas, e algúns animais como cangrexos, camaróns, minchas, lapas, e tamén con algún peixe como os lorchos de distintos tamaños se agochan e resgardan en pozas e rochas da zona do Caldeirón na praia.

- Observacións

Soamente se pode apreciar que os rapaces están nadando, un deles con inchable. Análise vídeos porto - (45:45)

No segundo 34 no muro do gas unhas nenas e nenos xogan cuns inchables con forma de roda. Análise vídeos porto.- (257:257)

No principio do vídeo vese a un adulto e unha nena xogando cun balón na beira do mar. Ao seu carón un rapaz coloca unhas aletas nos pés para poder practicar bodyboard". Análise vídeos Praia - (128:128)

O material co que contan son pequenos trueiros e liñas para a pesca e o resto desenvólveno coas mans. Tamén observamos a algún adulto que axuda neste tipo de actividade. Análise vídeos praia - (398:398)

Detrás deles na beira do mar un rapaz recolle unha táboa de esvarar na auga da beira do mar. Análise vídeos praia - (6:6)

Logo das observacións recollidas verificamos que os materiais plásticos e sintéticos son os que dominan a composición dos materiais de xogo que emprega a rapazada na actualidade. Mentres as xeracións pasadas empregaban materiais máis ecolóxicos e relacionados co medio, agora os materiais empregados nunha gran porcentaxe proceden da comercialización dos mesmos. Evidentemente as xeracións actuais empregan máis materiais plásticos e sintéticos en todo tipo de xogos, como son os inchables de múltiples formas que empregan no mar, as táboas de surf e bodyboard feitas de espumas e fibras sintéticas, balóns de plástico, caldeiros de praia e utensilios de plástico, etc.

Na investigación tamén nos interesamos por saber que tipo de materiais son empregados nos centros educativos para desenvolver as actividades lúdicas, sexa nos programas de dinamización lúdica ou nas clases de EF. Grazas ás entrevistas realizadas aos docentes [apéndice 1.2] e as estancias dentro dos centros escolares [apéndices 2.1; 3.1] puidemos comprobar os materiais empregados nos xogos populares das escolas. Como xa confirmamos dentro do apartado do contexto escolar os xogos populares son algo residual dentro da actividade lúdica espontánea dos escolaresnas dúas etapas educativas, polo que o uso de materiais típicos asociados aos xogos populares, non son empregados de maneira habitual polos escolares.

Os materiais que dominan a actividade lúdica nas escolas están asociados á práctica do xogo predeportivo, sendo os balóns de fútbol, baloncesto, petos e materiais similares, os empregados de xeito habitual nas clases de EF e nos patios escolares. Só cos programas de dinamización lúdica os escolares tiveron a ocasión de experimentar cunha parte dos materiais clásicos dos xogos populares. Aínda que en ocasións estes eran reproducións dos materiais clásicos, como no caso das tabas que eran de plástico, zancos de cordas e apoios de plástico, claves de madeira no canto de ser de ferro, etc.

Esta evolución dos materiais permite unha mellor adaptación e funcionalidade ás necesidades das crianzas e dos centros escolares. No caso dos materiais empregados nos programas de dinamización lúdica os materiais eran mercados, doados pola ANPA, OU prestados polo programa Xogade. Nestes programas non existía nada que estivera relacionado coa construción de xoguetes polos propios escolares. Soamente nunha ocasión no centro educativo A realizouse unha actividade na que os escolares decoraban buxainas para despois poñelas en exposición. Salvo esta iniciativa non existiu nada máis que estivera orientado a potenciar o traballo dos xoguetes populares nas escolas de Educación Primaria ou na Educación Secundaria.

- **Docentes**

Resposta 1: Os materiais están xa practicamente todos. Faltaban as fichas dos xogos de mesa que está pintados no chan. A ver materiais?

RESPOSTA 2: As cordas, buxainas, gomas.

RESPOSTA 1: Buxainas, chapas os zancos, panos.

PREGUNTA: Este material?

RESPOSTA 1: Algún doouno a ANPA, outro o mercamos, outro xa existía no cole.

RESPOSTA 2: Outro doárono tamén os nenos, as buxainas que ían traendo da casa, que lle pedimos algunha a maiores que quixeran doar. ♀♀DP3 - (55:61)

- **Diario de campo**

Observo o caixón dos xogos populares que solicitaron á Xunta de Galicia no mes de outubro e que chegou en maio, que soamente poderán ter no centro durante esta semana. Xa que exclusivamente é cedido por unha semana. O caixón feito de madeira ten gravadas as letras no centro, enriba de onde se encontra a pechadura pon xogos populares. Abro o caixón e realizo un pequeno albarán do material que trae dentro que está composto por: unha chave ferrolá, ourensá e coruñesa todas elas son unhas réplicas talladas en madeira acompañando as chaves temos doce pesos tamén de madeira, unha base soporte para as chaves ferrolá e ourensá, seis aros de ferro e as súas respectivas guías feitas de ferro cunha empuñadura de madeira, unha corda

ou maroma. Dentro do mesmo caixón había unha caixa de plástico que contiña máis material como: seis cordas vermellas para saltar á corda, unha bolsa que contiña seis trompiños e seis buxainas cos seus cordeis de atar, un saco con doce chapas con plastilina e rotuladas con Deporte Galego”, unhas cantas gomas de cores e catro panos de cores tamén. Xunto con ese material viñan unhas fichas explicativas de cada xogo. Diario de campo. B - (15:15)

A consideración dos materiais de xogo e dos xoguetes populares dentro dos centros educativos de EP, non vai máis alá da concepción destes como un medio instrumental para xogar. Pero non existe unha reflexión sobre o valor didáctico e cultural que posúe a elaboración dos xoguetes polos escolares. Poñamos por exemplo, os pelouros que empregaban os docentes do centro educativo A na primeira sesión de control do programa de xogos [apéndices 2.1.1]. Estes eran unhas pedriñas normais de beira de praia, tamén chamados “croios” pola poboación nativa. Estes non son recollidos, seleccionados, decorados ou pintados polos escolares, isto elimina unha parte vital da práctica dos xogos populares como é a construción ou aproveitamento dos medios que ofrece a contorna para xogar. Pensamos que o feito de que os escolares participen na selección e construción dos xoguetes en calquera dos programas de dinamización lúdica dos centros educativos, podería ser un elemento que reforzara o mellor coñecemento dos xogos populares, o incremento da adhesión aos xogos e ao programa, ademais de favorecer o desenvolvemento de habilidades manuais, cognitivas e afectivo-emocionais cara os xoguetes e os xogos populares.

7. 10. O XOGO POPULAR E OS ESPAZOS DE XOGO

De seguido presentamos o tema dos espazos de xogo na comunidade e a análise descritiva destes. Para realizar esta descrición empregamos as fotografías presentadas no apartado da narración visual dos espazos [apéndice 8] . Estas fotografías e mailas declaracións dos informantes permítenos realizar unha reconstrución dos espazos de xogos máis detallada facilitando a aproximación a uns escenarios que co paso evolucionan na súa morfoloxía e significado. Esta narración conta ademais coa matriz dos espazos [apéndices 4.3; 4.3.1] e o mapa conceptual correspondente [apéndice 5.3].

7. 10. 1. O XOGO POPULAR E OS ESPAZOS ESTANDARIZADOS.

As xeracións actuais teñen a posibilidade de experimentar o xogo nunhas instalacións escolares e deportivas que as xeracións pasadas non tiñan no concello. Polo tanto é lóxico que na actualidade as xeracións actuais acudan aos centros educativos para xogar, xa que nos centros dispoñen de espazos acondicionados para practicar distintas actividades recreativas e deportivas.

Dentro do que é a xornada escolar os docentes non propoñen actividades para facer fóra dos centros escolares. Salvo en contadas excepcións na Educación Secundaria onde os docentes dependendo da climatoloxía inclúen algunhas actividades fóra dos límites espaciais dos centros escolares. Así podemos confirmar que os espazos de xogos empregados habitualmente son os pavillóns, pistas deportivas e salas de usos múltiples. Malia que os centros escolares dispoñen de contornos naturais de doada accesibilidade e distintos zonas da vila, os docentes case sempre se decantan por realizar todas as actividades recreativas dentro dos límites dos espazos escolares. Esta situación indica a escasa posta en valor dos xogos populares nos espazos na contorna. Nas fotografías Fce1, Fce2 e Fce3 [apéndice 8.4] observamos os espazos estandarizados dos centros escolares. Nestas imaxes contabilízanse 3 pavillóns cubertos de diversas dimensións, varias pistas polideportivas ao aire libre e tamén un campo de fútbol. Soamente o centro educativo B (Fce3) conta cunha área verde entre as pistas polideportivas.

- ***Docentes escolas/concello/escolares***

Pois utilizan o pavillón que é o que viches ti a, o patio libre. Despois hai veces que baixamos á praia sobre todo cando ven un pouquiño de bo tempo na primavera para un pouco para o “freesbe” incluso para tipo de relevos que realizamos e empregamos pois a praia de abaixo e sobre todo empregamos o itinerario que vai ata San Hadrián para marcha ou incluso carreiras de natureza, como se din? Carreiras de orientación. Entón temos un patio interior, o patio cuberto, o patio ao aire libre a praia. ♂ DSI - (187:191)

Si, os maiores van sempre para a pista de fútbol de arriba sempre. Despois

claro os de infantil xa lle temos unha zona de xogos reducida onde teñen a zona dos columpios e despois os pequenos están case sempre na pista de abaixo de baloncesto e nun anaco que hai ali de herba. Os pequenos de primeiro e segundo están sobre todo sempre por aí os de quinto e sexto están na pista grande e os de terceiro e cuarto que tamén xogan ao fútbol e como hai outra pista de fútbol pois tamén están abaixo pero como son máis pequenos os maiores son os que mandan. ♀DPI - (93:93)

RESPOSTA 1: Está o pavillón que é de fútbol sala.

PREGUNTA: Ao pavillón podedes acceder?

RESPOSTA 2: Alégase.

RESPOSTA 1: Alégase por días, nós témolo alugado tódolos xoves de sete a nove.

PREGUNTA: Canto pagades?

RESPOSTA 1-2: Seis euros e dous céntimos.

RESPOSTA 1: Pero refírome que somos vinte e sei que sae a pouco cada un. Sempre imos os mesmos de quince a vinte máis. ♀♂ N10 - (190:196).

7. 10. 2. O XOGO POPULAR NOS ESPAZOS NON ESTANDARIZADOS.

As xeracións adultas practicaban os xogos populares con total normalidade ao aire libre nos espazos non estandarizados como as rúas, prazas, na praia, nos prados, montes, porto, etc. Estes espazos que non estaban deseñados con fins lúdicos son os que estas xeracións empregaban para xogar de forma xeralizada. Debemos puntualizar que coa chegada da democracia os espazos estandarizados das escolas comezan a ter maior presenza nos hábitos lúdicos destas xeracións.

- *Nativas/os*

En Malpica, na Cerca que estaban alí no Caldeirón as escolas, e na praia eso xaaa, no Caldeirón moitísimo, no Caldeirón enténdese polas pedras ♀N4.- (79:80)

Despois xogabamos moitísimo no contorno, interactuabamos con el e xogar, desdeandar nas embarcacións figurando que eramos navegantes e descubridores, ata ir pescar na bocana do porto, ou íamos as poucas árbores que había por alí a facer cabanas, ós paxaros, á froita e xogabamos aos indios e os vaqueiros, e dende logo había outra zona ou agra pública por excelencia lúdica que era a area. na area xogabamos aos cacharrillos ou aos médicos cas rapazas, ou xogabamos a facer unha barcana, un barco de area e algas, fronte ó mar ata que viñeran as ondas, ou xogabamos partidos sen fin porque duraban horas, e tamén moito na area, nas pedras do caldeirón, íamos moitos as minchas, ás lapas a buscar ferralla, a bañarnos, buscar polbos, ect. Era interactuar co medio que tiñas. ♂N6 - (36:36).

Grazas ás evidencias obtidas, constatamos que as xeracións actuais tamén xogan nalgúns dos espazos empregados polas xeracións pasadas como son o porto e a praia. Debemos puntualizar que moitas veces non están na rúa ou neses espazos para xogar, senón para reunirse coas súas amizades. As peculiaridades do núcleo urbano fai que aínda se conserven estes espazos como significativos para as novas xeracións, xa que estes posúen unha compoñente identitaria bastante potente na comunidade.

7. 10. 3. O XOGO POPULAR NO PORTO. “AO SAÍR DA ESCOLA:

Unha das grandes áreas lúdicas da comunidade é o porto, nel todas as xeracións empregaron este espazo para xogar. Esta vila mariñeira está asentada nunha península. o porto sempre estivo ligado aos traballos relacionados coa pesca, debemos lembrar que Malpica antigamente foi un porto baleeiro de aí a importancia do porto e da pesca na comunidade. O porto como espazo foi variando o seu aspecto e distribución ao longo das sucesivas décadas. No documento fp1 [apéndice 8. 1] obsservamos unha panorámica da vila ao completo. Nela podemos contemplar o aspecto do porto no ano 1929, nesa imaxe observamos como o porto era natural. No espazo non existía ningún tipo de dique de abrigo, as embarcacións refuxiábanse dos temporais debaixo do monte da Atalaia e retirando as embarcacións en terra. Nesa época o porto tiña unha pequena

praia natural, denominada pola poboación local como a "ribeira" ou "piojo".

- Nativas/os

Ao saír da escola: “imos xogar ó fútbol? Na ribeira ou na area?” Porque antes a ribeira é onde está agora a dársena, onde está todo aquilo era unha praiña.

PREGUNTA: No porto?-Si no porto, chamábanlle a ribeira, o bar dársena pa baixo ata o pescador bueno ata a grúa era unha praiña coma a de Malpica todaña, pero alí facía falta que estivese a marea moi baixa porque era unha praiña moi corta, e a outra era unha praia moi grande. N1 - (84:88)

Non, non, non, non. Antes por exemplo no “Piojo” en Malpica onde está agora a dársena había antes a ribeira, unha praia. N4 - (96:97.)

A praia do porto soamente estaba accesible con marea baixa. A chada “ribeira” era empregada polas xeracións das avoas/os e nais/pais para xogar nela. Na seguinte fotografía da serie do porto a fp2 mostramos outra imaxe na que podemos apreciar a grúa, a rampla e parcialmente a praia natural do porto. A zona da grúa era un espazo de xogos no que a rapazada dispoñía dunha pequena explanada para xogar ao balón, ao cinto, ás bolas, a buxaina, etc. Xa na década dos anos 30 e coa II República no goberno, comezaron as primeiras obras de ampliación do porto que pasaría a ter o seu primeiro dique de abrigo, mentres a zona da grúa permanecía igual durante a década dos anos 30, ata chegar á década dos 40 na fp3 ollamos como esta imaxe do 1943 non difire demasiado da fp2. Na mesma época no outro lado do porto, na fp4, con data do 1943 observamos rematado o primeiro dique de abrigo do porto. A partires de esta primeira obra, nas sucesivas décadas o porto iría deixando de lado ese porto natural máis próximo á pesca artesanal para evolucionar cara un porto industrial. O porto toma vida propia nas sucesivas remodelacións que achegaron novos espazos de xogo para as distintas xeracións.

Poucos anos despois da finalización da primeira ampliación o porto segue a súa particular evolución, na fp5 disntiguimos outra ampliación do porto. Nesta nova obra gañóuselle terreo ao mar para dotar ao porto dunha nova lonxa para a subasta do peixe e unha nova dársena que é rematada alá polo ano 1956. Na mesma imaxe vemos no

recuncho da marxe inferior dereita a nova grúa construída para sacar ás embarcacións do mar, as cales cada vez son máis aparatosas. Na fp6, podemos ver rematada toda a obra de ampliación do porto cun novo dique de abrigo máis amplo e cunha nova dársena que permite ás embarcacións refuxiarse dos grandes temporais de mar.

Nese momento as mozas e mozos de Malpica contarán cun novo espazo para expresarse dun xeito lúdico. Conquistaron estes espazos que non estaban deseñados para xogar. Deste xeito as zonas de xogos no porto pasaron a ser a grúa, a praia ou ribeira, o muro do gas e a lonxa. O muro do gas recibirá este nome porque as embarcacións teñen o surtidor de gasolina aí. Estes novos lugares serán no futuro un lugar de referencia na vida lúdica da comunidade, especialmente a partir da xeración das nais/pais ata chega as actuais. A lonxa e o muro do gas convértense en improvisadas plataformas de salto. Desde o tellado da lonxa vella a mocidade saltaba ao mar, superaban a beirarrúa que había debaixo para mergullarse na dársena e desde o muro do gas tamén se realizaban estes saltos ao mar.

En mozos daquela eran Chucho de Satiago e Ricardo o do bar Novo, que eran os que máis xogaban a estes xogos. E tamén íamos bañarnos á dársena bañarnos. Chamabámoslle a piscina cando era a dársena pequeniña, como está agora pero doutra forma non? E íamos bañarnos. Dicían: “Imos á piscina bañarnos” .E íamos para a dársena bañarnos”. E tirabámonos desde alí o muro, xogabamos a chuparnos. ♀N2(67:67).

O muro do gas, a xente xa os rapaciños sen medo xa se tiran dende o muro do gas, despois xa tiran dende a caseta do surtidor, os que perden o medo vanse tirando, como facíamos nós antes. Mira nós tirabámonos dende a porta da dársena. Dende a viseira da lonxa.

PREGUNTA: a lonxa vella? Si desde a lonxa vella, desde a viseira tirarte dentro da dársena. Mira que xa pasaba a rúa que pasa agora, aínda. E tirábaste tirábase todo o mundo. Toda miña mocidade tirábase todo o mundo. ♂N3 - (162:163).

Ti viches a moita xente nadar no “piojo”?

Resposta: Si, si, si. Aí e onde aprendeu todo o mundo.

PREGUNTA: aprendeu todo o mundo a nadar? A xente de Malpica aprendeu todo o mundo a nadar alí, tanto vellos, vellas, nenos, nenas. Iso case todos foron no porto. Aínda incluso agora. Agora vén máis rapazada ao porto que á praia, porque saben que (silencio) aprenden mellor a nadar, non sei por que. ⚓N3 (156:158).

Na década dos 60 o porto mantivo as mesmas instalacións e servizos, na fp7 apreciamos como se mantiveron as mesmas infraestruturas portuarias. Esta será unha das derradeiras imaxes na que poder apreciar a dársena de atraque, o muro do gas, a "ribeira" e a grúa, porque a finais dos anos 60 unha nova remodelación do porto está en camiño. Na fp8, cunha vista aérea perfecta, permítenos distinguir como a dársena estaba ampliada e a parte natural do porto pasou a ser engulida polo cemento, coa fin de darlle un espazo maior e de mellor calidade ás embarcacións. Consecuentemente o porto deixou de ser definitivamente un porto natural para converterse nun porto industrial.

Con esta nova ampliación o porto pasa a ter unha dársena máis grande. Nela constrúese unha rampla para arranxar as embarcacións, esta zona será chamada pola poboación como a rampla do "carro". Aínda que a nova dársena eliminou a praia, algúns días de mareas vivas podíase ver os restos daquela praia. Nos documentos fp9 e fp10 observamos por un lado a dársena con todas as embarcacións amarradas e na outra imaxe observamos como un grupo de crianzas xogan nesa zona do porto a “chuparse”⁴¹ no mar. O porto sofre outra reordenación e ampliación na década dos 80 e nos 90, as zonas de xogo serán a zona da grúa, a rampla do carro e o muro do gas, estes espazos foron de uso frecuente polas xeración dos fillos ata finais da década dos 90.

No porto era algo marabilloso, porque había competicións a tirarse na auga, ou como se di en Malpica a “chuparse” expresión que significa tirarte de cabeza ou saltar dende altura ó mar. Alí pasabas a tarde, tirándote e subindo e sucesivamente ao muro do gas, tanto nenas como nenos. No porto existía unha zona para os máis pequenos. Agora xa non existe debido a última ampliación do porto que acabou cunha das zonas de máis encanto, vistosidade, e vida no verán de todo Malpica, tamén era atractivo para os visitantes xa que alí estaban as

⁴¹ Expresión empregada pola poboación local para indicar que se xoga a bañarse no mar.

máis pequenas e pequenos aprendendo a nadar na rampla do “Piojo”, alí aprendeu case toda a vila a nadar dunha parte ata agora, os rapaces máis pequenos xogaban sen problema na auga e era moi frecuente ver moitos nenos e nenas alí xogando co mar. ♂N11 - (37:37)

Na fp11 vemos desde o aire como o porto se mantivo así ata chegado no novo século XXI, coa chegada do novo século o porto sofre o que sería a súa penúltima modificación. Nesta nova remodelación do porto a rampla do carro foi destruída para levantar unha explanada de grandes dimensións, a cal se habilitará en dúas zonas. Unha delas para que os barcos poidan arranxar as embarcacións e outra para o lecer. Este novo espazo, está dotado cuns bancos para que a xente poida tombarse nos días solleiros. Con esta nova ampliación foi construída unha pequena rampla para que as embarcacións de menor tamaño poidan ter acceso á terra. Esta nova rampla e maila zona dos bancos será conquistada polas xeracións actuais Nas filmacións obtidas durante a investigación estas dúas zonas son empregadas polas rapazas e rapaces para mergullarse no porto.

Pregunta: Vos bañádesvos no porto?

Resposta 1: Si

RESPOSTA 2: Si.

PREGUNTA: Vou a poñervos un vídeo.

RESPOSTA 1: Campal ese, se cadra aínda estou por aí.

PREGUNTA: Non sei se coñeces a algún rapaz destes, pero de verán que pasades a maior parte do tempo no porto ou na praia?

RESPOSTA 1-2: Depende todo da marea.

PREGUNTA: Depende da marea?

RESPOSTA 1: Porque se está marea baixa imos á praia xogar ao fútbol e cando sobe imos ao porto, normalmente. ♂♀N10-(53:61)

PREGUNTA: Tirarte dende o porto nunca?

RESPOSTA: Non.

RESPOSTA 2: Eu si.

PREGUNTA: Ti si?

RESPOSTA 2: Non, eu non me tirei pero si que vin tirarse. Tampouco xogo á

chave pero vin xogar, xoga meu pai. ♀♂N10-(571:579)

Nos documentos fotográficos fp12 e fp13 contemplamos as novas áreas do porto. Na actualidade no porto existen varias zonas onde se xoga, a zona dos bancos, a grúa, o muro do gas e rampla nova. Estas zonas, constitúen os espazos nos que as novas xeracións gozan do xogo no porto. Por idades os máis mozos están situados nas zonas dos bancos, grúa e muro do gas, os que aínda non son mozos que están na puberdade soen estar no muro do gas e os máis pequenos tamén se sitúan na rampla acompañados en moitas ocasións por algún adulto responsable. O porto convértese nun lugar de reunión e refuxio para os adolescentes onde poder estar e fóra do control dos adultos, experimentar o risco, xogar aos saltos no porto. Este espazo permítelles crear un mundo propio onde o adulto non é un profesor e un supervisor das dos seus comportamentos, isto coincide co manifestado por Tonucci (2009) e Derr (2006) que indican a necesidade dunhas vivencias lúdicas lonxe do control adulto, maior vivencia co contorno e que lle ofrezan maior autonomía e independencia ás xeracións actuais

Unha boa parte das gravacións realizadas na investigación [apéndices 2.2.1] foron obtidas no porto. Nestas filmacións observamos como as novas xeracións empregan o porto como centro de reunión e xogo. Deste xeito queda claro que o porto sempre foi empregado como lugar de xogos por todas as xeracións da comunidade. Ademais coas sucesivas obras que transformaron o porto, propiciaron novos xogos que antes non existían, como son os saltos acrobáticos ao mar, desde o tellado da lonxa vella, desde o muro do gas, a rampla do carro, a zona dos bancos maila rampla nova. As diversas xeracións ocuparon dun xeito natural este espazo ao longo do tempo, cunha capacidade admirable para adaptar este lugar ao xogo.

7. 10. 4. O XOGO POPULAR NA PRAIA.

Debemos destacar a praia como un dos grandes espazos no que todas as xeracións tiveron ocasión de xogar. Esta é unha das zonas observadas durante a investigación [apéndices 2.2.2], pola súa importancia nas declaracións dos informantes.. A praia pasou de ser un espazo virxe, a unha área con numerosas transformacións urbanísticas.

Polo tanto é preciso realizar un percorrido visual para detallar a evolución do espazo [apéndice 8.2]. No documento fotográfico fpr 1 na praia de Malpica, distinguimos a chamada Area Maior con marea baixa, desde o que era o Monte da furna. Na imaxe vese como as edificacións existentes á beira da praia son pequenas vivendas unifamiliares que non invaden a praia, senón que están construídas enriba das rochas. Na mesma fotografía tamén apreciamos no recuncho inferior a zona de rochas do Caldeirón.

- *Nativas/os*

Nos ao cinto xogabamos na grúa e despois case todo na praia, a pelota a praia, o corrompa a praia, era o único sitio hai, e antes para que chegase arriba a marea, non chegaba nunca. Case sempre xogabamos na praia. ♂N1 - (93:94)

Claro. Había mariñeiros que estaban durmindo antes de ir para o mar, ou que viñeran do mar e estaban durmindo. "Pois ide xogar á area". Porque alí podías darlle ó balón, berrar, correr, saltar, ti caer no chan que non te magoabas, non estorbabas e por iso digo que era a nosa ágora lúdica por excelencia. ♂N6 - (68:68)

Na zona onde se sitúan os dous individuos cara o centro da praia era onde se xogaba a baixar a "rolos". Desde esas dunas ascendentes era desde onde se tiraban as rapazas e rapaces das xeracións das avoas/os e das nais/pais. Na fpr2 distinguimos de fronte esas dunas ascendentes das que se tiraban as cativas e cativos. Queremos indicar que estas fotografías correspóndense coa décadas dos anos 30-40, polo tanto o estado da praia nesa zona non se transformou subitamente, senón que foi destruída polo urbanismo salvaxe co paso das décadas.

A praia, agora non temos praia. Antes era unha praia grande, onde está o Océano (bar) alí era todo praia, alí poñíámonos todas ao sol. Agora é paseo marítimo agora xa nada. Agora non hai praia. Había aquel terraplén onde están as casas antes de chegar á furna e por aí si que íamos xogar, ves! Por aí si que íamos xogar, viñamos así cara baixo.

PREGUNTA: A rolos? Si, a rolos, iamos dando voltas coa area ata abaixo de todo. Porque era moi bonito: "Veña, imos tirarnos pola costa para baixo". Pero nenos e nenas, todos. Aí no verán si que o pasabamos moi ben. Agora non hai nada diso desapareceu todo". ♀ N2 ()

Na fpr2 ollamos nun primeiro plano as rochas do Caldeirón. Estas rochas forman parte da praia, nelas como recollen Fraga and Pose (2001) había unha gran afluencia de xente que acudía a darse baños terapéuticos de algas. Nesta zona a rapazada de todas as xeracións xogaron a "ouchear" polas pedras (saltar nas pedras), a nadar xa que coas mareas altas facíanse algunhas pozas que servían para que os máis pequenos se bañasen, pescar, marisquear e a experimentar cos crustáceos e animais mariños que caesen nas mans das cativas e cativos.

En Malpica, na Cerca que estaban alí no Caldeirón as escolas, e na praia esoxaaa, no Caldeirón moitísimo, no Caldeirón enténdese polas pedras. ♀N4 (79:80)

No fondo da imaxe fpr2 apreciamos unha continuación da Area Maior pasando o monte da furna, esa zona chámase Canido. Esta zona tamén era empregada pola mocidade para xogar. Na praia como espazo de xogos non soamente era a parte da area a que se empregaba para xogar, senón que o mar tamén era un medio ideal para xogar. Tanto dentro da auga coma fóra, deste xeito recóllense xogos como ir á vía e as barcanas [apéndices 6.11] como os máis representativos desta interacción co mar e a area.

O corrompa é mira, de verán, facíamos así contra as pedras (Caldeirón) facíamos un círculo grande e contra Canido xunta as escaleiras facíamos outro círculo grande, entón era a ver quen pillaba, eramos 30 ou 40 rapaces todos dentro do círculo, e de repente, ¡Listo!? ¡Listo! E saíamos todos correndo e un tiña que ir pillando, ata que se acabara, ata que chegamos ó outro círculo e cando chegabamos ó outro círculo xa estábamos a salvo. ♂N1 - (60:61)

Despois á area, íamos máis ben de rapazolos xa facer gamberradas. Facer gamberradas chamábase "ouchear". Nós chamámoslle "ouchear". Esperar a

que canto máis mal tempo houbera, máis nos mollábamos e claro despois poñíaste a secar os zapatos antes de ir para á casa. Claro! Porque senón túa nai matábate ao chegar e levabas os calcetíns queimados, os zapatos queimados (risas) non sabes? Ao mellor secábalos tanto, tanto, tanto, que cando ías poñelo zapato tirabas do calcetín e rompíache e marchabas co calcetín ♂N3.- (70:70).

No mar recordo xogar á vía que lle chamamos nós. É dicir coller, facer surf sen táboa, aproveitar a forza da onda para que te trouxera á terra. É o típico xogo que non ten normas, cada un disfruta, coma facer surf. ♂N8 - (101:101)

Na fpr3 divisamos a praia con marea chea con toda a area da que aínda se dispoñía para xogar. Tamén observamos como xente de todas as idades disfrutaban do lecer na praia, isto indica que existe un apego sobre a praia como lugar de reunión e recreo para a comunidade. Esta sería unha estampa da praia durante décadas, pero coa chegada das décadas dos 60, 70, 80, 90 e principios do século XXI a presión urbanística fixo estragos na praia. Nos documentos fpr4, fpr5 e fpr6, comprobamos como o espazo virxe e a súa paisaxe mudaba nas sucesivas décadas. Na fpr6, poden verse as zonas de xogos dentro da praia, as rochas do Caldeirón, a Area Maior, o mar e Canido.

Pois mira os sitios onde máis xogábamos, eran ahí abaixo na praia e máis no perillote.

PREGUNTA: cal é o perillote?- O perillote era onde está o bar do JB, ahí era o perillote, non había cemento era todo un montón de terra. E cando había, baixa de mar e subía o mar ías para casa, chegaba a nosa porta oh! Cando había baixa de mar naquela época, pois alí era terra e tiraban aí as barreduras de todo no perillote. ♀.N2 - (81:83)

Na actualidade a praia malia a súa evolución continúa sendo un espazo lúdico para grandes e pequenos de todas as idades. Grazas ás observacións realizadas [apéndice 2.2.2] comprobamos como as xeracións actuais continúan xogando empregar neste lugar no verán. A praia é un dos espazos lúdicos máis frecuentados pola poboación, especialmente durante o período estival. Durante os meses de calor as xeracións máis novas, gozan da praia, xogan nas pedras do Caldeirón, fan figuras na area, van á vía no mar, xogan ás palas, ao balón, a pandalas, etc. Isto confírmanos que a

praia aínda mantén certa vixencia como ágora lúdica dentro das vidas de todas as xeracións. Quizais as xeracións máis novas actuais non frecuenten con tanta intensidade a praia como as xeracións pasadas, polas dinámicas de ocupación do tempo libre do curso escolar.

Si, a las lapas si también

PREGUNTA: andar á vía, sabes o que é?- En el agua?

PREGUNTA: si na auga. Sabes o que é? - Si, a eso también” N9 (100:104).

A praia está infrautilizada porque aínda que pareza mentira despois de todo o tempo que levamos de loitar contra esa idea que ten a xente de facer actividades no mar, pois na area actividades. Malpica segue vivindo tristemente de costas ao mar é dicir a actividade do mar é para traballar e para sacar uns recursos e actividades como o surf, todo o que podes facer na praia pois normalmente non soen ter acollida. De feito, este verán unha das actividades que ofertamos de xeito de balde. Foi xogos na praia, non se presentou ninguén. Había unha nena, non lle interesa e é un pouco reflexo da realidade de aquí, o mar é para traballar. En cambio outras veces sacamos cursos de vela e funcionan. Funcionan porque debe ser que hai máis pasta ou non sei. NDC2 - (25:25)

É incuestionable que as xeracións actuais manteñen viva a praia como lugar de reunión e de xogo, malia que en ocasións isto non sexa percibido polas xeracións maiores. Aínda que en ocasións o concello propón actividades nela que non teñen demanda pola poboación local, outras veces as actividades como a liguiña de verán para nenos de fútbol praia, concurso de castelos e barcanas de area e as clases de surf, gozan de gran tirón no verán. Ademais destas actividades algúns xogos populares seguen vivos nas xeracións actuais na praia. Na actualidade, os xogos populares con maior difusión son ir á vía sen táboa e con ela, mergullarse no mar, saltar nas pedras do Caldeirón, facer figuras na area que poden ser barcanas ás veces, xogar ao balón na area, as palas, e o surf.

7. 10. 5. O XOGO POPULAR NA CERCA.

Outrora as xeracións dos avós, pais e dos fillos tiveron outro lugar que arestora non existe debido ao desenvolvemento urbanístico. A cerca como se pode apreciar na fc1, era unha gran área verde na que a infancia se reunía para xogar. A Cerca constituía unha das poucas zonas verdes que existían dentro do núcleo da vila, este estaba ao lado das antigas escolas nacionais e servía como patio de recreo da escola. Pero este espazo tamén era frecuentado polas nenas e nenos fóra dos horarios escolares. Era unha zona de reunión das xeracións adultas, en especial das avóas/os, nais/pais, aínda que a xeración dos fillos tamén disfrutou parcialmente do espazo. Na actualidade este espazo non existe, polo que as xeracións actuais xa descoñecen este lugar. Realizando unha comparativa entre as fotografías fc1, fpr1, fpr3 e fp11, podemos examinar como as construcións enguliron a única zona verde virxe dentro do casco urbán. Soamente a través das fotografías se pode lembrar a súa presenza.

- Nativas/os

Agora explícocho todo. Non sabes, onde está a galleguiña? Que vas dar a unhas escaleiras, hai un bar baleiro que é Solares, toda aquela agra, todo aquilo todo, todo era herba franca, e a escola eran aquelas casiñas que hai alí enriba. E todo aquilo era unha agra. Non sabes?. ♂N1 (50:50)

E alí xogabamos a billa, era un sitio precioso, era un sitio moi grande, e despois de alí, estiven nas escolas nacionais, e despois xa fun noviño de todo para o mar, eu cando fun para o mar, non sabí nin restar nin sumar, non sabía nada. Non, ves que nunca iba a escola? ♂N1 (50:50)

Na Cerca! Era onde máis íamos xogar. Alí na Cerca porque alí había escola todo o día, á tarde como á noite. Non sabes?. E como sempre estaba libre, había unha cerca grande, e alí podías xogar a todo. Podías xogar á buxaina, á mariola as rapazas por exemplo, e nós xogabamos así. Onde nos encontrabamos. ♂N3 (69:69)

En Malpica, na Cerca que estaban alí no Caldeirón as escolas, e na praia esoxaaa, no Caldeirón moitísimo, no Caldeirón enténdese polas pedras. ♂N4-(79:80)

E despois recordo diferentes sitios para xogar íamos tamén moito á Cerca, arredor das escolas. Porque eu creo que, tamén, eh, no que xa tes collido ese sitio o campo xa estaba montado alí, xa sabíamos cal era unha portería e cal era a outra, un pouco non? ♂N8 - (76:76)

7. 10. 6. O XOGO POPULAR E A TRANSFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS ESPAZOS DE XOGO.

Outrora case que os únicos espazos de xogo eran naturais e salvaxes na maioría dos casos, pero coa chegada do desenvolvemento urbanístico e industrial baseado en criterios de carácter industrial e inmobiliario, que non funcionais, provoca que os espazos naturais sexan profundamente transformados en distintos momentos históricos. Na narración fotográfica dos espazos [apéndice 8], comprobamos como os espazos de xogos naturais son transformados paseniñamente a base de cemento e ladrillo. Estes espazos foron orientados cara usos industriais, urbanísticos e turísticos. Estas transformacións realizáronse sen ter en conta outros factores á hora de planificar e ordenar os espazos nas sucesivas décadas. Semella que soamente se reflexiona sobre os espazos como lugares nos que é necesario actuar para obter unha contrapartida económica, en moitos casos especulando cos terreos facendo construcións megalíticas en zonas imposibles, como exemplo a fpr15 na que se pode ver claramente como as edificacións son dun gran volume, xunto cun paseo marítimo que elimina metros de areal, o que na actualidade causa problemas nas mareas vivas e épocas de temporal. Nas valoracións dos informantes exprésase a barbarie urbanística que desfixo totalmente a natureza nos espazos nos que xogaban cando eran nenos.

- Nativas/os

Non, non, non, non. Antes por exemplo no “Piojo” en Malpica onde está agora

a dársena había antes a ribeira unha praia. Hoxe iso non existe que é todo cemento é todo. Hai lanchas alí, pero sobre todo porque é todo cemento, non atopas nada natural alí. ♀N4 -(88:97)

O traballo principal do pobo entón pois un pouco os cativos téñense que adaptar ao novo espazo que hai, eles mesmos se están adaptando. Non teñen a rampla da dársena pero utilizan a escollera outra zona ou o muro do gas. É dicir, esta era moi cómoda porque era unha zona de baixada fácil, pero é dicir ti adáptaste ao espazo que hai senón está a rampla e non nos podemos bañar alí pois buscamos outro sitio, é dicir o espazo é o de menos ti atopas un sitio onde poder divertirte e xogar cos teus compañeiros. ♂N8 -(139:140)

Na praia tamén se produciron numerosas agresións urbanísticas. A construción dun paseo marítimo excesivo para este tipo de areal ou a construción masiva de edificacións a carón do mar. Isto provocou a desaparición das dunas, a destrución do monte da furna, e a redución do propio areal. As edificacións son tan enormes, que fan sombra na praia cando o solo avanza no día. Isto ofrécenos un exemplo da escasa responsabilidade coa que foron construídas as vivendas na vila.

Mira a praia. A praia debía de ser, o mundo cambiou, eu iso comprendo, eu son de antes pero comprendo tamén o que é a cousa, a praia ata o océano (bar) case está ben, pero de alí para aló (Canido) chegáballe o paseño de enriba e o resto 5 ou 6 metros debería ser area, alí quitóuselle demasiado, alí onde o océano aquela puntiña por riba e así había un paseo normal, para que queremos dous paseos, ou é que temos unha praia tan grandísima. Nós cando eramos rapaces naquelas casas de diante, nós alí tirabámonos saltos (fiunnn) todo era area para baixo, todo aquilo que agora é herba antes era area, pero cos anos foi chegando o mar arriba foi xuntando a terra e nacendo as herbas e fai que sexa terra. Antes a praia daba gusto uff, pero moitas cousas acabouse con todo ohh. Nesta praia non da o sol con tanto edificio que están pegados a praia, o carto o cemento foi acabando con todo, cos montes ca praia o cemento acaba con todo. N1-(99:99)

A praia, agora non temos praia. Antes era unha praia grande, onde está o

Oceano (bar) alí era todo praia, alí poñíamonos todas ao sol. Agora é paseo marítimo agora xa nada. Agora non hai praia. Había aquel terraplén onde están as casas antes de chegar á furna e por aí si que íamos xogar, ves! Por aí si que íamos xogar, viñamos así cara baixo. N2-(87:91)

(referíndose á praia) Moito, moito, moito, moito menos ese foi a cousa máis tonta do mundo foi deixar, obrar esas casas tan grandes. Porque as casas esas, antes daba o sol dende as 8 da mañán que saía o sol ata as 6, 7, 8 da tarde ata que se poñía, víase toda a praia con sol, e agora non. Hai anos xa dende que fixeron os edificios, agora quéntache un pouco pola mañán e chega a 1 da tarde e xa tapa o sol. N3 - (145:148)

Todas estas transformacións sobre a contorna, causan certa amargura e desafección nos informantes da xeraciónsmáis adultas ao comprobar a destrución de todo os lugares nos que pasaron gran parte da súa infancia. Láianse dos poucos espazos que quedan na actualidade, e tamén pensan que os cambios non foron necesariamente acertados. A desaparición da Cerca é lembrada por algúns dos informantes como unha actuación sen perspectiva que non mellorou a vida do pobo como debería e ao final eliminou a única área verde que quedaba na vila.

Perderon si, porque claro as Cercas de Limia e iso xa se fixeron casas e iso xa non existe, a fábrica nosa onde está o Cornecho xa se perdeu.

PREGUNTA: Era unha fábrica? Si era unha fábrica de salgaduras dos meus avós. Alí tiñan caseta para poñer as redes apiladas e todo iso, había unha fábrica de salgadura de Vilagarcía e todo iso pero vamos, desapareceu todo.

♀N2 ()

Non, a Cerca xa non existe, está todo construído, e no porto nunca vexo a ningún neno xogar salvo de verán algún neno nadando un pouco por alí, iso cambiou totalmente. N4 ()

Non, por exemplo na Cerca, o que lle chamámoslle nós a Cerca, onde estaba as escolas, agora fixeron uhh, fixeron uhh, o centro médico. Puideron deixalo como estaba porque total o centro médico agora non traballa, e puideron

deixalo como estaba. Fixeron unhas casas para os mestres, non pagaban patacón ningún nin nada. Ata que se fartaron e deixáronas todas abandonadas e está todo aí abandonado, agora non vale nada. (silencio) ♂N3- (73:74)

A evolución urbanística mal planificada, orientada sempre cara os intereses económicos. En ocasións xustificadas como poidan ser as inversións no porto, son razoables desde un punto de vista socioeconómico para as xentes da comunidade porque supoñía un sector fundamental da comunidade. No caso concreto do porto as transformacións non supuxeron a eliminación dos xogos populares, senón que esas modificacións incentivaron a creatividade nas manifestacións lúdicas locais que se manteñen hoxe vixentes. Agora ben a presión urbanística á que se someteu ao litoral da praia, é indubidablemente unha auténtica aberración arquitectónica, urbanística e paisaxística. Estas actuacións remataron co encanto natural dunha praia que na actualidade soamente é operativa cen por cen, cando as mareas son vivas e cando é a baixamar. Como destacaba un dos informantes a excesiva altura das edificacións provoca que o sol non brille e que haxa sombra na area, o cal da mostra dun pequeno exemplo do tipo de construcións que se realizaron, eliminando zonas de gran valor natural como a furna e as dunas ascendentes, que son extremadamente difíciles de ver. Soamente na praia do Trece preto de Camariñas existen este tipo de dunas na Costa da Morte. E non soamente o valor natural que é incalculable, senón que se arrebatou a un espazo público para beneficiar a uns intereses inmobiliarios e en ocasións de dubidosa legalidade⁴².

Obviamente, eh acabou, a fagotización do espazo público pola amplitude das construcións e a adecuación do espazo público dunha forma máis urbana, como pode ser xardín público, parques eh, Pois iso tamén marca o tipo de xogos, entón moitos deses espazos que antes eran desacampados ou que se podía xogar porque se vía normal que os rapaces xogasen aí pois agora non existen, desgraciadamente. Pero tamén hai outros hábitos lúdicos, xogar máis individualmente, xogar con videoconsolas, internet ect, un xogo máis fogareño

⁴² Diferentes corporacións de goberno estiveron relacionadas con conflitos delitos relacionados coa expedición de licencias de obras e construcións inmobiliarias durante distintos períodos e con gobernos de todas as formacións políticas. Na actualidade o anterior alcalde e o actual permanecen imputados por presuntos delitos urbanísticos.

non tanto no espazo público e eu sempre lembro unha frase que era moi habitual xogaras onde xogaras, que a tribu, a xente nos dicía: “ide xogar á area!”. Iso dicíannolo moi a miúdo. Se eran as catro da tarde e estabamos xogando un partido. ↗N6-(65:66).

Igualmente mal planificados están os espazos de xogo como os parques, nos que os xogos populares da comunidade non teñen presenza. A ausencia de criterio provoca que as xeracións actuais, non teñan lugares acondicionados ás necesidades lúdicas, nin tampouco onde se poidan reunir comodamente. Por esta razón en moitas ocasións a mocidade acude aos patios polideportivos escolares, para xogar e reunirse. Normalmente nestes espazos son os deportes o que predominan, deixando á marxe os xogos populares. Ademais normalmente neses espazos sempre son programadas actividades deportivas por parte do concello e da escola. O incremento das actividades deportivas grazas á existencia de novas instalacións escolares e deportivas, unido a outros factores sinalados no marco teórico [4.3], provoca que cada vez máis as xeracións actuais desaparezan das rúas e polo tanto o xogo popular, en detrimento dun xogo máis tecnolóxico, deportivo ou fogareño. No caso concreto que se presenta nesta investigación, a evolución espacial da lugar a desaparición de determinados xogos populares na praia, e a aparición doutros no porto. Existe unha maior presenza dos xogos populares asociados á praia e ao porto, o cal da orixe a unha actividade motriz propia e característica da vila.

NARRACIÓN VISUAL DOS ESPAZOS

APÉNDICE 8. NARRACIÓN VISUAL DOS ESPAZOS

8. 1. O PORTO



Figura 42. Vista panorámica do porto no ano 1929.

Táboa 37. Datos fotografía porto 1(fp1).

Unidade información	de Concello Malpica, Centro cívico . CMCC
Lugar físico	Biblioteca Municipal Malpica. BMM
Tipo documento	de Fotográfico
Título	Vista xeral do porto.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF e papel.
Condições accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Panorámica paisaxística.
Data	1929
Resumo	Panorámica da vila mariñeira de Malpica co cabo de San Hadrián ao fondo. Na foto aparece o propio autor da fotografía Laxe Vidal. Nesta fotografía vese o porto natural de Malpica se ningún tipo de construción. Sería coa II República no ano 1931 cando comezarían as primeiras obras correspondentes ao dique de abrigo ou chamada polos nativos como “punta das obras” estas obras comezan na década dos 30 que pasarían por sucesivas fases que se verán a continuación na narración visual fotográfica. As últimas obras efectuadas no porto correspóndense coa primeira década do século XXI.
Descritor temático	O Porto. OP.
Descritor xeográfico	Malpica. M.
Lugar do evento	O castelo.
Nº de fotografía	Fp1.



Figura 43. Vista da grúa e a rampla, á finais da década dos 20.

Táboa 38. Datos fotografía porto 2 (fp2).

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	Vistas da dársena. Muro e grúa.
Título Fondo ou colección	ou Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF e papel.
Condições de accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Panorámica.
Data	Finais década anos 20.
Resumo	Vista do porto finais da década dos vinte. Na marxe inferior esquerda vese a grúa para elevar ás embarcacións do mar. Tamén se observan pequenos botes e demais útiles de traballo. No centro da imaxe pódense observar dornas e detrás delas unha pequena praia que é denominada como a “ribeira”, a cal soamente é accesible con marea baixa.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Enriba da grúa.
Nº de fotografía	Fp2.



Figura 7. Vista da grúa e da rampla década a mediados dos 40.

Táboa 39. Datos fotografía porto 3(fp3).

Unidade información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo documento	de Fotográfico.
Título	A grúa e a rampla antiga.
Título Fondo colección	ou Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto 1.
Formato	TIF e papel.
Condições accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Escena.
Data	1946.
Resumo	Vista da grúa e da rampla antiga. Nas décadas vindeiras novas ampliacións da zona da grúa serán protagonistas neste lado do peirao. Ampliase así o espazo para as embarcacións e labores de traballo relacionadas coa pesca. Por outra banda tamén serán as cativas e cativos de Malpica os protagonistas ocupando este novo espazo. Apareciase tamén como se mantén a ribeira natural que aínda segue sendo porto e espazo de xogo, ao ser unha praia.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Grúa.
Nº de fotografía	Fp3.



Figura 44. Vista do primeiro dique de abrigo década dos 40.

Táboa 40. Datos fotografía porto 4 (fp4).

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo documento	de Fotográfico.
Título	Flota pesqueira.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF e papel.
Condições accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Escena.
Data	Xullo de 1943.
Resumo	O porto carecía de servizos mínimos para o desenvolvemento da pesca no ano 1931 coa II República, comeza a primeira construción do dique de abrigo que finalmente no ano 1943 terá rematada o seu primeiro dique de abrigo. Pódese observar como o dique xa está case rematado e o novo acceso ó porto que é a costa do porto na actualidade. A marea chea impide ver a praia que é chamada polos nativos “A ribeira”. D. Eduardo Vila, o enxeñeiro do porto Malpicán, traballa constantemente na mellora del presentando ás autoridades proxectos de ampliación.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	O Castelo.
Nº de fotografía	Fp4.

Puerto de Malpica de Benjentiños y Lonja



Figura 45. Vista da grúa, dársena e as obras do muro do gas no 1949.

Táboa 41. Datos fotografía porto 5 (fp5).

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	O muro do gas estábase a construír.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF e papel.
Condicións accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Panorámica.
Data	1949.
Resumo	<p>O muro do gas estábase a construír, mentres que a lonxa, muro de sostén das terras, fábrica do xeo e a vivenda do encargado xa estaban rematados.</p> <p>Vese dende este ángulo unha panorámica dunha das grandes modificacións do espazo do porto, durante esta década a construción de todo un muro de contención que é onde se apoian as vivendas que se ven no fondo da imaxe na parte superior da mesma, a lonxa vella e a rampla e muro do gas, suporán un gran cambio tecnolóxico dentro do funcionamento do porto. O tellado da lonxa e o muro do gas será lugar de xogo e encontro das xeracións máis novas. O porto queda con estas obras dividido en tres zonas, a ribeira, a grúa e o muro do gas.</p>
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	do Camiño do Río.
Nº de fotografía	Fp5.



Figura 46. Vista dársena ano 1956.

Táboa 42. Datos fotografía porto 6 (fp6).

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	As obras da lonxa.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF e papel.
Condicións accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Escena.
Data	1956.
Resumo	Unha década máis tarde, novas obras de ampliación do dique e da dársena rematados vistas desde enriba. Nesta fotografía apreciase o estado final do porto unha vez que as obras da dársena están rematadas, parte dese aspecto aínda hoxe se mantén. Pódese apreciar que a nova dársena non destruíu a “Ribeira” na súa totalidade e aínda mantén esa característica de porto natural, aínda que cada década que pasa o porto vai mudando de porto natural cara un porto industrial, acorde con desenvolvemento tecnolóxico da industria pesqueira. Vese na marxe esquerda a lonxa, desde o seu tellado os mozos saltan ao mar. E vese no centro da imaxe a comporta de paso para acceder á dársena.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Casas da Ribeira.
Nº de fotografía	Fp6.




Figura 47. Vista panorámica do porto na década dos 60.

Táboa 43. Datos fotografía porto 7 (fp7).

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	A festa dos casados.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos
Titulo serie	Porto
Formato	TIF e papel
Condicións accesibilidade	Accesible a todo o mundo
Especialidade fotográfica	Escena.
Data	1965.
Resumo	Foto do porto na festa dos casados no 20 de xaneiro do 1965. Vese o aspecto final das sucesivas obras sobre o peirao. Será nesta década dos sesenta cando se comece de novo unha nova remodelación do porto pesqueiro, nel ampliarase a dársena de abrigo para as embarcacións e destruírase a Ribeira, malia que aínda se poderá ver a area da praia ata a década dos 80. Tamén se poden observar o cambio na construción de vivendas, cada vez son máis voluminosas e de ladrillo.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	O Castelo.
Nº de fotografía	Fp7.



Figura 48. Vista aérea do porto no ano 1969, comeza unha nova ampliación do peirao.

Táboa 44. Datos fotografía porto 8 (fp8).

Unidade información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo documento	de Fotográfico.
Título	No ano 69 iniciouse o muro de reconstrución e reforzo da dársena.
Título Fondo colección	ou Malpica en fotos.
Título serie	Porto.
Formato	TIF e papel.
Condições accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Panorámica aérea.
Data	1969.
Resumo	Vista aérea do porto na que se pode apreciar o aspecto xeral do porto e os distintos espazos creados. Esta imaxe mostra o que sería o aspecto básico do porto a partir da década dos 70, 80 e 90 ata case a actualidade. Obsérvase desde este plano aéreo como a dársena xa eliminou por completo a “Ribeira”. Xa nesta época vese como este espazo pouco ten que ver cas primeiras imaxes do principio, así nos anos posteriores aparecerá a rampla do carro, situada na dársena. Esta rampla será coñecida pola poboación como o “piojo”.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	No aire.
Nº de fotografía	Fp8.



Figura 49. Vista da dársena e a rampla do carro dos barcos a finais da década dos 70.

Táboa 45. Datos fotografía porto 9 (fp9).

Unidade información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo documento	de Fotográfico.
Título	Vista parcial da nova dársena.
Título Fondo colección	ou Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF e papel.
Condições accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Escena.
Data	Década dos 70.
Resumo	Vista da dársena con marea chea, a rampla do carro, tamén chamada polos nativos “O piojo”. Nesa rampla as embarcacións serán reparadas, mentres que as xeracións anteriores puideron xogar na “Ribeira”, as xeracións posteriores farano no chamado “Piojo” ou rampla do carro. Este espazo será lugar de reunión e xogo para as xeracións de finais da década dos 70, 80, e 90. Polas súas características de calado con marea chea e baixa as cativas e cativos poderán mergullarse e xogar co mar sen problemas de oleaxe.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Costa da lonxa.
Nº de fotografía	Fp9.



Figura 50. Crianças bañándose na rampla do carro.

Táboa 46. Datos fotografía porto 10 (fp10).

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	Nenos na rampla
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF.
Condicións accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Escena
Data	Década dos 80
Resumo	Escena de nenas e nenos, xogando na rampla do carro no “piojo”. Este espazo creado na década de finais dos 60, sería un dos espazos máis concorridos polas xeracións dos fillos. Esta zona convértese na zona de baño para tódalas cativas e cativos da vila. Non soamente se frecuentaba para nadar senón que tamén era empregada para pescar, andar nas chalanas e mergullarse. Pasaría a ser un dos centros de reunión e xogo dos pequenos.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Rampla do carro no “piojo”
Nº de fotografía	Fp10



Figura 51. Vista aérea porto nos anos 90.

Táboa 47. Datos fotografía porto 11(fp11).

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	Malpica desde o aire.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	TIF.
Condições accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Panorámica aérea.
Data	Década do 90.
Resumo	Vista panorámica do que sería o aspecto final do porto no final do século XX. Podemos ver todos os espazos, a dársena, muro do gas, lonxa vella, lonxa nova, fábrica do xeo e punta das obras na marxe dereita da imaxe e no peirao sur todo o terreo que se lle gañou ó mar a partir de onde está a grúa, en sucesivas ampliacións constrúese a nave das redeiras para que poidan traballar sen estar ao aire libre. Xa pouco se asemella a aquel porto natural de finais da década dos 20. Malia isto as distintas xeracións souberon conquistar as distintas zonas do porto para o seu uso lúdico.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	do No aire.
Nº de fotografía	de Fp11



Figura 52. Vista da dársena no ano 2010.

Táboa 48. Datos fotografía porto 12.

Unidade de información	Fondo Propio
Lugar físico	Arquivo dixital
Tipo de documento	Fotográfico
Título	Porto de Malpica .
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	JPG.
Condições accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Panorámica.
Data	Xuño do 2010.
Resumo	Vista parcial da dársena na actualidade. Logo das obras de ampliación do porto e a substitución da rampla do carro por unha explanada e a instalación no porto dunha grúa elevadora máis moderna. Vemos como se lle rouba aínda máis terreo ó mar para distintos usos, esta nova ampliación está protexida con valados metálicos que soamente se abre cando hai eventos tipo festas ou cousas polo estilo. Nesta nova zona a xuventude terá un novo lugar de reunión e xogo, xa que na parte central da imaxe aprécianse os novos bancos de madeira que están orientados ao sol e que desde esa zona as mozas e mozos saltan ao mar desde unha altura duns 4-5 metros aproximadamente.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	do Camiño do Río.
Nº de fotografía	de Fp12.



Figura 53. Vista desde satélite do porto na actualidade.

Táboa 49. Datos fotografía porto 13.

Unidade de información	Fondo propio.
Lugar físico	SigPac.
Tipo de documento	Fotográfico.
Título	Porto de Malpica.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	Porto.
Formato	JPG.
Condições accesibilidade	Uso público a través da aplicación Sigpac na rede.
Especialidade fotográfica	Panorámica satélite.
Data	Agosto 2012.
Resumo	Vista cenital do porto vía satélite, na imaxe aparecen sinaladas tódolos espazos que foron construídos ao longo destas décadas que acaban de ser expostas nas fotografías anteriores. Obsérvase claramente todo o terreo gañado ao mar e as como as instalacións portuarias adquiren maiores dimensións a medida que os requirimentos industriais pesqueiros así o demandan. Os espazos de xogo que usan na actualidade dentro do porto son: a nova zona dos bancos, muro do gas e rampla nova.
Descritor temático	OP.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Vía satélite
Nº de fotografía	de Fp13

8. 2. A PRAIA



Figura 54. Vista da praia con marea baixa. A xente espectante contempla un partido de fútbol praia.

Táboa 15. Datos fotografía praia 1(fpr1).

Unidade información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo documento	de Fotográfico.
Título	Praia de Malpica
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos
Titulo serie	A vila.
Formato	TIF.
Condições accesibilidade	Acceso restrinxido. Xa que se atopa escanado nun ordenador de uso privado para os traballadores do centro cívico.
Especialidade fotográfica	Paixasística.
Data	Sen determinar.
Resumo	Na imaxe a area maior da praia de Malpica con marea baixa. Ao fondo da imaxe apreciase unha zona rochosa que é zona do Caldeirón, outro espazo de lecer dentro da praia. No fondo podemos ver o monte da Atalaia e debaixo del a Cerca, outro dos espazos de xogo das distintas xeracións. Xa na area maior vemos como a xente se congrega observando un partido de fútbol praia, cousa común por aquela época xa que aínda non existía campo de fútbol na vila e o único lugar para xogar ao balón era a praia con marea baixa.
Descritor temático	PM.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Furna de Canido.
Nº de fotografía	Fpr1.



Figura 55. As xentes tomando un baño de algas nas pedras do Caldeiron nos anos 30, ao fondo as dunas e Canido.

Táboa 50. Datos fotografía praia 2 (fpr2).

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	de Fotográfico.
Título	Praia de Malpica.
Título Fondo ou colección	Fondo Malpica en fotos.
Titulo serie	A vila.
Formato	TIF.
Condições de accesibilidade	Acceso restrinxido. Xa que se atopa escanado nun ordenador de uso privado para os traballadores do centro cívico.
Especialidade fotográfica	Escena.
Data	1930 (<u>Fraga & Pose, 2001</u>)
Resumo	Nesta fotografía vese a area maior da praia e ao fondo da mesma unhas pequenas dunas ascendentes, que serán empregadas polas nenas e nenos para baixar a rolos por elas. No lado dereito vese unha pequena prominencia que separa a area maior do lado de Canido. Na extremo inferior da fotografía vese como a xente ven a disfrutar dos baños terapéuticos con algas na zona do Caldeirón que é un dos espazos lúdicos e reunión para as rapazas e rapaces. Facendo un “zoom” na fotografía apreciase con maior detalle os grupos de cativos e cativas e como son principalmente mulleres as que están tomando os baños.
Descritor temático	PM.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	do Pedras do Caldeirón.
Nº de fotografía	de Fpr2.



Figura 56. Vista da praia con marea chea. A expansión urbanística comeza.

Táboa 51. Datos fotografía praia 3(fpr3).

Unidade información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo documento	de Fotográfico.
Título	Vista xeral do porto.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	A vila
Formato	TIF.
Condições accesibilidade	Acceso restrinxido porque está nun dos ordenadores que empregan os traballadores do centro cívico.
Especialidade fotográfica	Escena.
Data	Sen determinar.
Resumo	Escena da praia con marea chea, obsérvase como está a xente distribuída en pequenos grupos pasando o tempo, confirmando a praia como lugar de reunión e esparcemento para toda a poboación. Na imaxe pódese ver que as casas e as construcións que están á beira da praia son de vivendas con poucas alturas e o seu número é maior en comparación coa primeira imaxe mostrada da praia, será na década dos 60 e 70 en diante cando o chamado “feismo urbano” na costa da vila dea comezo. Nas fotografías posteriores veremos como os edificios comen terreo á praia. No lugar onde sacaron a fotografía as cativas e cativos xogaban a baixar a rolos pola costas de area que existían, na actualidade isto desapareceu.
Descritor temático	PM.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Furna de Canido.
Nº de fotografía	Fpr3.



Figura 57. Vista da praia década dos 80. Os grandes edificios invaden a praia.

Táboa 52. Datos fotografía praia 4(fpr4).

Unidade información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo documento	de Fotográfico.
Título	Praia de Malpica.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	A vila.
Formato	TIF e papel.
Condicións accesibilidade	Accesible a todo o mundo.
Especialidade fotográfica	Paisaxística.
Data	Década dos 80 aproximadamente.
Resumen	Panorámica da praia, nesta fotografía vese como novas edificacións máis voluminosas e con moitas alturas copan a imaxe xunto co primeiro paseo marítimo que tivo a localidade. A praia mingua en dimensións e gaña en cemento. Nas seguintes décadas maiores e máis voluminosas serán as construcións tanto de vivendas como a ampliación do paseo marítimo.
Descritor temático	PM.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Monte de Canido.
Nº de fotografía	Fpr4.



Figura 58. A praia na actualidade. A consolidación da masificación inmobiliaria.

Táboa 53. Datos fotografía praiar 5(fpr5)

Unidade de información	de CMCC.
Lugar físico	BMM.
Tipo de documento	Fotográfico.
Título	A praia.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	A vila.
Formato	TIF.
Condições accesibilidade	Acceso restrinxido. Xa que se atopa escanado nun ordenador de uso privado para os traballadores do centro cívico.
Especialidade fotográfica	Paisaxística.
Data	Principios de século XXI.
Resumen	Na imaxe pódese ver con claridade a evolución da praia tanto a nivel de construcións de vivendas, como a evolución do paseo marítimo que aumentou en tamaño en distancia xa que agora cruza a praia de lado a outro, ten maior superficie de uso peonil e incluso un pequeno parque infantil na marxe inferior da fotografía.
Descritor temático	PM.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Casas do Ventorrillo.
Nº de fotografía	Fpr5.



Figura 59. Vista satélite da praia- Zonas da praia.

Táboa 54. Datos fotografía praia 6.

Unidade de información	de Fondo propio.
Lugar físico	En rede.
Tipo de documento	Fotográfico.
Título	Praia de Malpica vista desde satélite.
Título Fondo ou colección	Malpica en fotos.
Titulo serie	A vila.
Formato	JPG.
Condições de accesibilidade	Acceso público xa que a aplicación Sigpac que permite sacar estas fotos desde satélite é de uso libre.
Especialidade fotográfica	Vista satélite.
Data	Agosto 2012.
Resumen	Neste caso pódese ver desde unha vista cenital o aspecto da praia na actualidade. Pódense ver as zonas principais da praia. Son a area maior e a zona do Caldeirón os sitios escollidos para o xogo. É apreciable a presión urbanística que leva sufrindo o litoral desde a década dos 70 en diante principalmente.
Descritor temático	PM.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Vía satélite.
Nº de fotografía	Fpr6.

8. 3. A CERCA



Figura 60. Vista panorámica da Cerca, década do 40.

Táboa 55. Datos fotografía Cerca (1).

Unidade de información	de Concello Malpica, Centro cívico . CMCC
Lugar físico	Biblioteca Municipal Malpica.
Tipo de documento	de Fotográfico
Título	Malpica vista xeral
Título Fondo ou colección	Fondo Malpica en fotos
Titulo serie	Malpica en fotos 2
Formato	TIF
Condições de accesibilidade	Acceso restrinxido. Xa que se atopa escanado nun ordenador de uso privado para os traballadores do centro cívico.
Especialidade fotográfica	Panorámica
Data	década dos 40.
Resumo	Na imaxe pódese ver todo Malpica na marxe esquerda vese unha gran área sen ningún tipo de construción que está indicada como a Cerca. Este foi un lugar de xogo e recreo para moitas das xeracións de Malpica que ían ás escolas da Cerca, as cales estaban ao seu carón. Ca expansión urbanística este espazo desaparece para ser substituído por edificacións de vivendas de maiores dimensións cas que aparecen na imaxe, será unha área que desaparecerá paseniñamente.
Descritor temático	C.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	do Pedra Queimada.
Nº de fotografía	de Fc1.

8.4. OS ESPAZOS ESCOLARES



Figura 61. Vista cenital centro educativo A.

Táboa 56. Datos fotografía Centro educativo 1(fce1)

Unidade de información	de Fondo propio.
Lugar físico	Na rede.
Tipo de documento	Fotográfico.
Título	Escola Primaria A.
Título Fondo ou colección	Escolas Concello.
Titulo serie	Espazos escolares.
Formato	JPG.
Condições accesibilidade	Acceso a todo mundo na aplicación Sigpac de uso libre na rede.
Especialidade fotográfica	Vista satélite.
Data	Agosto 2012.
Resumo	Nesta imaxe aparecen marcadas as zonas de xogo dentro das instalacións escolares. Tódolos espazos son construídos para que as actividades deportivas poidan ser practicadas sen ningún tipo de problemas. Destacar que a pista polideportiva vermella xa non existe e que na actualidade hai unha piscina completamente equipada que está inutilizada polo custe que esixe o mantemento da mesma. No edificio principal existe un espazo con columnas polo medio que fai de patio cuberto, pódese ver revisando as gravacións da escola. A escasos 100 metros teñen a praia, a cal nunca visitan dentro das actividades escolares.
Descritor temático	EP1.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Vía satélite.
Nº de fotografía	Fce1.



Figura 62. Vista cenital centro educativo B.

Táboa 57. Datos fotografía Centro educativo 2 (fce2).

Unidade de información	de Fondo propio.
Lugar físico	Na rede.
Tipo de documento	Fotográfico.
Título	Escola Primaria B.
Título Fondo ou colección	Escolas Concello.
Titulo serie	Espazos escolares.
Formato	JPG.
Condições accesibilidade	Acceso a todo mundo na aplicación Sigpac de uso libre na rede.
Especialidade fotográfica	Panorámica satélite.
Data	Agosto 2012.
Resumen	Nesta imaxe aparecen marcadas as zonas de xogo dentro das instalacións escolares. Tódolos espazos son construídos para que as actividades deportivas poidan ser practicadas sen ningún tipo de problemas. Destacar que existen 3 pistas polideportivas abertas e dúas zonas verdes pequenas. Nunha está un parque infantil e a outra é un pequeno herbal no medio de das dúas pistas polideportivas inferiores. No pavillón de usos múltiples non hai parqué, soamente é unha superficie de cemento sen ningún tratamento, cunhas pequenas gradas e con dúas canastras en cada extremo. Tamén serve como almacén do material ximnástico. Así mesmo ao carón da escola teñen un campo de fútbol que tamén é accesible ao colexio se os docentes o quixeran dispor xa que é do concello.
Descritor temático	EP1.
Descritor xeográfico	B.
Lugar do evento	Vía satélite.
Nº de fotografía	Fce2.



Figura 63. Vista cenital centro educativo secundaria.

Táboa 58. Datos fotografía centro educativo 3(fce3).

Unidade de información	de Fondo propio.
Lugar físico	Na rede.
Tipo documento	de Fotográfico.
Título	Escola C.
Título Fondo ou colección	Escolas Concello.
Título serie	Espazos escolares.
Formato	JPG.
Condições accesibilidade	Acceso a todo mundo na aplicación Sigpac de uso libre na rede.
Especialidade fotográfica	Vista cenital satélite.
Data	Agosto 2012.
Resumen	Neste caso podemos apreciar como as dimensións do instituto de secundaria, son máis pequenas e contan cunha pequena zona cuberta que da paso a unha pista polideportiva descuberta. Tamén teñen un pequeno pavillón deportivo que os propios escolares denominan como “galpón” pola súa dimensión reducida.
Descritor temático	ES1.
Descritor xeográfico	M.
Lugar do evento	Vía satélite.
Nº de fotografía	Fce3.

